CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Aspectos teóricos da fraseoloxía

Anatolij Baránov
Dmitrij Dobrovol'skij

XUNTA DE GALICIA

ALFABETO RUSO*

Letra	Translitera-ción gráfica en galego	Comentarios	
		Pronúnciase aproximadamente como	O alófono máis representativo é, segundo o A. F. I.,
А а	a		
Б б	b		
В в	v	*v* de *voisin* en francés (é un sonido labio-dental)	/ v /
Г г	g, gu		
Д д	d		
Е е	ie, e		
Ё ё	io, o		
Ж ж	j	*j* de *je* en francés	/ ʒ /
З з	z	*s* de *française* en francés	/ z /
И и	i	*i* de *fraseoloxía* en galego	/ i /
Й й	i	*i* de *maio* en galego	/ j /
К к	k		
Л л	l		
М м	m		
Н н	n		
О о	o		
П п	p		
Р р	r		
С с	s		
Т т	t		
У у	u		
Ф ф	f		
Х х	gh	*j* de *jota* en castelán	/ x /
Ц ц	ts	*zz* de *piazza* en italiano	/ ts /
Ч ч	ch	*ch* de *coche* en galego	/ tʃ /
Ш ш	x	*x* de *fraseoloxía* en galego	/ ʃ /
Щ щ	sch	*x* de *fraseoloxía* en galego, pero con unha subida adicional da parte mediana da lingua	/ ʃtʃ /
Ъ ъ	-	non se pronuncia	
Ы ы	i	non ten equivalencia fonética nas linguas románicas; poderase ler parecido a *i* de *lingua* en galego	/ ɨ /
Ь ь	-	non se pronuncia	
Э э	e		
Ю ю	iu, u		
Я я	ia, a		

* Esta é unha guía moi simplificada de pronunciación que pretende facilita-la lectura deste libro.

ALFABETO RUSO*

Letra	Translitera-ción gráfica en galego	Comentarios	
		Pronúnciase aproximadamente como	O alófono máis representativo é, segundo o A. F. I.,
А а	a		
Б б	b		
В в	v	*v* de *voisin* en francés (é un sonido labio-dental)	/ v /
Г г	g, gu		
Д д	d		
Е е	ie, e		
Ё ё	io, o		
Ж ж	j	*j* de *je* en francés	/ ʒ /
З з	z	*s* de *française* en francés	/ z /
И и	i	*i* de *fraseoloxía* en galego	/ i /
Й й	i	*i* de *maio* en galego	/ j /
К к	k		
Л л	l		
М м	m		
Н н	n		
О о	o		
П п	p		
Р р	r		
С с	s		
Т т	t		
У у	u		
Ф ф	f		
Х х	gh	*j* de *jota* en castelán	/ x /
Ц ц	ts	*zz* de *piazza* en italiano	/ ts /
Ч ч	ch	*ch* de *coche* en galego	/ tʃ /
Ш ш	x	*x* de *fraseoloxía* en galego	/ ʃ /
Щ щ	sch	*x* de *fraseoloxía* en galego, pero con unha subida adicional da parte mediana da lingua	/ ʃtʃ /
Ъ ъ	-	non se pronuncia	
Ы ы	i	non ten equivalencia fonética nas linguas románicas; poderase ler parecido a *i* de *lingua* en galego	/ ɨ /
Ь ь	-	non se pronuncia	
Э э	e		
Ю ю	iu, u		
Я я	ia, a		

* Esta é unha guía moi simplificada de pronunciación que pretende facilita-la lectura deste libro.

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

ANXO M. LORENZO SUÁREZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico paremias@cirp.es

http://www.cirp.es

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009
Autores ANATOLIJ BARÁNOV e DMITRIJ DOBROVOL'SKIJ
Título *Aspectos teóricos da fraseoloxía*
Título orixinal ruso
АСПЕКТЫ ТЕОРИИ ФРАЗЕОЛОГИИ
Lugar e ano da edición rusa
Moscova, 2008
Equipo que elaborou a versión galega
FERNANDO DE CASTRO GARCÍA (tradución)
MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA, PATRICIA BUJÁN OTERO, CRISTINA RODRÍGUEZ NIETO, EMMA M.ª SALGUEIRO VEIGA, ALBA VIDAL FERNÁNDEZ (revisión galega)
XESÚS FERRO RUIBAL (coordinación)

ISBN: 978-84-453-4838-3

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

D.L.: C 3081-2009

Imprime: Grafisant, S.L.
Santiago de Compostela

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Anatolij Baránov
Dmitrij Dobrovol'skij

Aspectos teóricos da fraseoloxía

2009
XUNTA DE GALICIA

Que os fraseólogos eslavos levan a dianteira nesta especialidade non é ningún segredo. Razóns de historia política poden explicar esta precocidade pero é un feito que a fraseoloxía occidental vén facendo nos dous últimos decenios o camiño de recolleita, codificación e análise que os eslavos xa percorreron algúns decenios antes. Coñece-lo que eles fixeron evítanos *inventa-las bicicletas* e por iso é ben que de cando en cando importemos produtos fraseolóxicos e fraseográficos que acaban de saír en Rusia para vermos de colle--lo paso deles.

No ano 2000 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades puxo a disposición dos investigadores galegos dúas obras do profesor de San Petersburgo, Valerii Mokienko: *As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía* e tamén *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.* Esgotada a edición, poden lerse na Rede: o primeiro en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.pub_detalle2?p_id=53; o segundo en http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.pub_detalle2?p_id=52. Aquelas obras foron moi ben recibidas por fraseólogos galegos pero tamén por investigadores de diferentes puntos de Europa que dan lido o galego pero non o ruso. E hai xa entre nós investigacións que son debedoras das perspectivas que nos abriu o Dr. Mokienko.

E agora, dende Moscova, os profesores Anatolij Baránov e Dmitrij Dobrovol'skij, os dous da Academia das Ciencias de Rusia, ofrécennos unha nova revisión de conxunto do que é esta especialidade tan atractiva e dende unha perspectiva diferente. *Aspectos teóricos da fraseoloxía* enriquece de maneira substancial a nosa visión do fenómeno fraseolóxico. Estamos seguros de que esta nova sementeira asentará o traballo fraseolóxico sobre bases cada vez máis sólidas.

Hai neste evento científico un matiz humanístico que nos prace explicitar. Cando o profesor Dobrovols'kij coñeceu en vivo en Santiago de Compostela o esforzo do pobo galego por sacar do ostracismo a súa lingua e devolverlle a presenza pública e internacional que tivera na Idade Media, manifestou a súa simpatía co proceso e inmediatamente co prof. Baránov entregounos unha demorada reflexión ("Tesouro de fraseoloxía como problema semántico e lexicográfico") que viu a luz en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8,2006,45-94. Dous anos despois decidiron que *Aspectos teóricos da fraseoloxía,* que acaba de saír en ruso (Moscova 2008), teña en lingua galega a súa primeira tradución. A nosa gratitude como fraseólogos e como galegos é ilimitada.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Este libro contén unha reflexión verbo dos problemas fundamentais da fraseoloxía: as categorías idiomaticidade e UF, as características específicas dos fraseoloxismos como parte especial do dicionario, a tipoloxía dos fraseoloxismos, as particularidades da semántica dos fraseoloxismos e o concepto modelo de significado, a relación do significado real dun fraseoloxismo coa forma interna, os métodos de explicación da forma interna no modelo de significado dunha UF, o comportamento discursivo e sintáctico dos fraseoloxismos, as particularidades da fraseoloxía de diferentes autores, así coma a relación da fraseoloxía coa cultura dun pobo. A modo de base teórica utilízanse os posicionamentos da semántica lingüística actual, a lexicografía teórica e a teoría do discurso. Ademais, enúncianse novas preguntas cuxas respostas non foron posibles ata a etapa actual de desenvolvemento da ciencia sobre a lingua, ó estuda-las categorías da ciencia e da lingüística cognitivas.

Esta monografía vai dirixida tanto a especialistas en fraseoloxía, semántica léxica e lexicografía coma a estudantes de filoloxía.

Índice

Introdución ó problema 11

Parte 1. Categorías fundamentais da fraseoloxía 27

Capítulo 1. A idiomaticidade e o concepto de unidade fraseolóxica (UF) 29

1.0. Formulación do problema 29
1.1. A categoría da idiomaticidade e os seus compoñentes 31
1.2. A fixación como categoría lingüística 53
1.3. Está relacionada a fixación coa idiomaticidade? 58
1.4. A categoría da irregularidade e o principio de economía 59
1.5. O limiar da irregularidade á hora de definir unha UF 61

Capítulo 2. Elementos da tipoloxía dos fraseoloxismos 69

2.1. UUFF vs. proverbios 70
2.2. Palabras aladas 72
2.3. A fraseoloxía gramatical 76
2.4. O concepto de fórmula de fala 81

Parte 2. A semántica e a sintaxe das UUFF 99

Capítulo 3. O plano do contido das UUFF: a forma interna como parte da semántica 101

3.1. A figuratividade das UUFF na perspectiva cognitivo-psicolóxica e lingüística 102
3.2. O compoñente figurativo na semántica das UUFF: efectos semánticos e métodos de interpretación lexicográfica 114
3.3. Funcións das entidades materiais como signos 206
3.4. A forma interna como fenómeno lingüístico e cognitivo 214

Capítulo 4. O plano do contido das UUFF: a modelación cognitiva do significado real dunha UF 217

4.1. Formulación da tarefa 217
4.2. Conxunto das principais operacións cognitivas 220
4.3. Modelación cognitiva do significado real das UUFF 232

Capítulo 5. O aspecto nacional-cultural da fraseoloxía 243

5.1. As características específicas nacional-culturais na fraseoloxía: o enfoque comparativo 243
5.2. O carácter específico nacional-cultural na fraseoloxía: o enfoque introspectivo 262

Capítulo 6. As UUFF: a semántica da sintaxe 279

6.1. A negación nas UUFF: restricións semántico-sintácticas 279
6.2. A pasivización das UUFF: semántica e sintaxe 317

Parte 3. As UUFF e o dicionario 349

Capítulo 7. O Tesouro da idiomática 351

7.1. Sobre o problema da construción dun Tesouro das UUFF rusas 351
7.2. O *Dicionario tesouro da idiomática rusa actual*: fundamentos teóricos 365
7.3. O Tesouro como obxecto de investigación semántica: significados cuantificadores na idiomática rusa 385
7.4. O «comezo» e o «final» na idiomática rusa 397

Capítulo 8. As UUFF no dicionario monolingüe 409

8.1. O novo *Dicionario fraseolóxico ruso*: fundamentos do proxecto e criterios de realización 409
8.2. A polisemia regular no campo da idiomática 444

Parte 4. As UUFF no discurso 461

Capítulo 9. A semántica das UUFF e a intención comunicativa 463

9.1. Formulación do problema e material de investigación 463
9.2. O papel da metáfora na organización dos textos do discurso de conciliación 467
9.3. Propiedades discursivas das UUFF e das metáforas e a súa representación no dicionario 474

Capítulo 10. A idiomática de autor 479

10.1. A UF de autor: cara a unha definición do concepto 479
10.2. As UUFF nas obras de F. M. Dostoievski 489
10.3. Unha expresión de Dostoievski: ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] como «delimitador» da forza dunha proposición 506
10.4. A fraseoloxía d'*A Dama de picas* de Púxkin 512

Capítulo 11. Características discursivas, estilísticas e temporais das UUFF 533

Conclusións 551

Lista de abreviaturas empregadas 555
Bibliografía 559
Índice de formas lingüísticas 589
Índice de materias 619
Índice de autores 637

Introdución ó problema

A fraseoloxía é unha disciplina lingüística relativamente nova que estuda as combinacións fixas de palabras (nun senso amplo), os fraseoloxismos. Tamén se denomina fraseoloxía ó conxunto dos propios fraseoloxismos dunha lingua concreta. Dentro das diferentes clasificacións que existen, o máis frecuente é que por fraseoloxismos se entenda combinacións fixas de palabras dos seguintes tipos: **unidades fraseolóxicas** (a partir de agora UUFF) (*бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*[1], 'lacazanear'], *откинуть копыта* [*guinda-los pezuños*, 'morrer, espichala'], *водить за нос* [*levar polo nariz*, 'enganar'], *стреляный воробей* [*un pardal disparado*, 'persoa con experiencia da vida'], *до упаду* [*ata a caída*, 'ata o final'], *по полной* [*polo completo*, 'ó máximo, completamente']); **colocacións** (*проливной дождь* [*choiva que penetra ó caer*, 'choiva intensa'], *принимать решение* [*tomar unha decisión*], *зерно истины* [*un gran de verdade*, 'cantidade mínima de verdade'], *ставить вопрос* [*poñer unha pregunta*]); **proverbios** (*тише едешь – дальше будешь* [*canto máis amodo vaias, máis lonxe has chegar*], *не в свои сани не садись* [*non sentes nunha zorra que non sexa a túa*, 'non te metas en algo demasiado complicado, que exceda as túas posibilidades']) e **ditos** (*вот тебе, бабушка, и Юрьев день!* [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*, 'expresión de desagrado cando non se cumpre algo co que se contaba']; *опять двадцать пять* [*de novo vinte e cinco*, 'expresión de desagrado diante dunha situación que se repite']). Nos enfoques tradicionais distínguese tamén a categoría das **palabras aladas**, expresións coma *шел в комнату – попал в другую* [*foi a un cuarto, foi parar noutro*, 'o resultado de algo é diferente do planeado orixinalmente']; *грабь награбленное* [*rouba o roubado*, 'xustificación dunha acción incorrecta cando xa se cometeu outra incorrecta con anterioridade']; *лучше быть мертвым, чем красным* [*mellor estar morto ca ser vermello* (comunista)[2]]. Algúns enfoques máis recentes da fraseoloxía mencionan tamén categorías tales coma os **fraseoloxismos gramaticais** (*едва не* [*case, por pouco*]; *чуть не* [*case, por pouco*]; *как бы там ни было* [*como se alí non fose*, 'pase o que pase']) e os **fraseoesquemas** (*X он и в Африке X* [*el é X e en África tamén é X*, 'expresión enérxica da verdadeira natureza de alguén']; *всем X-ам X* [*a tódolos X un X*, 'expresión que indica a suma

[1] N. do t.: *Bakluxi* (antigo tipo de culler de madeira) é unha palabra hoxe baleira de contido que só se usa neste fraseoloxismo.
[2] N. do t.: Expresión antibolxevique da guerra civil rusa de 1917-20.

calidade dun elemento dun conxunto con respecto ós outros, o X dos X']; *X как X* [*X coma X*, 'algo é dunha calidade mediocre, non sobresae entre os demais elementos do mesmo grupo']). Para designar estes últimos, nós empregarémo-lo termo **fraseoloxismos sintácticos**. Na monografía xeral de V. N. Telia (Телия 1996) e no manual de H. Burger (Burger 1998) ó conxunto de tipos de fraseoloxismos recoñecidos universalmente súmanselle ademais os denominados **clixés**, cuxa división non está baseada en criterios suficientemente claros.

Naturalmente, en cada clasificación utilízanse diferentes criterios para a división dos tipos de fraseoloxismos, así coma diferentes termos para designalos. A clasificación exposta previamente non está de todo fundamentada teoricamente pero é comprensible dun xeito intuitivo e utilízase na praxe de traballos fraseolóxicos e lexicográficos. Deste xeito, son coñecidos os dicionarios de locucións, colocacións, proverbios e ditos, así coma de palabras aladas. Unha das tarefas deste libro é presentar argumentos que fundamenten e expliquen estes grupos evidentes de xeito intuitivo. Deterémonos brevemente nalgunhas clasificacións coñecidas de fraseoloxismos que parten de diferentes concepcións teóricas da fraseoloxía, tanto rusas coma estranxeiras. Isto permitiranos determinar con máis claridade o lugar que ocupa a achega que nós ofrecemos dentro do panorama xeral das investigacións sobre fraseoloxía.

A tradición dos estudos fraseolóxicos en Rusia está ligada en primeiro lugar ó nome de V. V. Vinogradov, que nos anos 40 do século XX propuxo unha clasificación dos fraseoloxismos que se remonta á concepción do lingüista suízo Ch. Bally (Балли 1955)[3]. Segundo Vinogradov, as unidades fraseolóxicas clasifícanse en tres tipos principais: 1) **fusións fraseolóxicas** (combinacións fixas de palabras que non están motivadas pola forma interna): *точить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar'], *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo']); 2) **unidades fraseolóxicas** (combinacións fixas de palabras cunha forma interna transparente): *подливать масла в огонь* [*botarlle aceite ó lume*, 'avivar un conflito'], *вынь да положь* [*sácao e pono*, 'inmediatamente, agora mesmo'] e 3) **combinacións fraseolóxicas** (expresións nas que unha das palabras é utilizada co significado literal e a segunda está ligada a un significado idiomático): *корень зла* [*a raíz do mal*], *принимать меры* [*tomar medidas*], *одержать победу* [*alcanza-la vitoria/vencer*], *радость обуяла* [*a ledicia atrapouno*, 'encher(se) de alegría'], onde *зло* [*mal*], *меры* [*medidas*], *победа* [*vitoria*] e *радость* [*ledicia*] conservan o seu significado orixinal, mentres que as palabras *корень* [*raíz*], *принимать* [*tomar*], *одержать* [*alcanzar*] e *обуять* [*atrapar*] dan como resultado nesta unión un significado de carácter idiomático (Виноградов 1946, 1947).

No estudo de V. V. Vinogradov os proverbios e os ditos non se mencionan explicitamente e, por iso mesmo, non se subdividen en clases específicas. A xulgar polos exemplos presentados por V. V. Vinogradov, ditos coma *как бы не так* [*como*

[3] Nalgunhas investigacións de carácter xeral sobre fraseoloxía, a historia da fraseoloxía rusa remóntase ós traballos de N. V. Lomonosov. Véx. neste sentido Архангельский 1964: 8 e seguintes.

non así, 'non hai!, era boa!'] pertencen á categoría das fusións fraseolóxicas, mentres que proverbios coma *час от часу не легче* [*unha hora non é máis doada cá outra*, 'de mal en peor, cada vez peor'] entran na categoría das unidades fraseolóxicas. Nos traballos de V. V. Vinogradov non se estudaron nin os fraseoloxismos gramaticais nin os fraseoesquemas.

A concepción de V. V. Vinogradov determinou durante moitos anos o desenvolvemento da fraseoloxía soviética no marco da rusística e, en parte, tamén foi adoptada noutros países. A teoría de V. V. Vinogradov foi modificada e desenvolvida nalgúns traballos coñecidos. Así, N. M. Xanskii engadiulle á clasificación de Vinogradov o grupo das **expresións fraseolóxicas**, polas que se entendía, por unha banda, proverbios coma *хрен редьки не слаще* [*o ravo salvaxe non é máis doce có ravo*, 'dá o mesmo, é igual'], *волков бояться – в лес не ходить* [*quen teña medo dos lobos que non vaia ó bosque*, 'o que non queira couces, que non vaia á feira das bestas'] e, pola outra, denominacións coma *высшее учебное заведение* [*centro de estudos superiores*]. Os primeiros denominábanse "expresións fraseolóxicas de carácter comunicativo" e os segundos, "expresións fraseolóxicas de carácter nominativo". As expresións fraseolóxicas son «xiros fraseolóxicos fixos na súa composición e uso que non só son descompoñibles semanticamente, senón que están constituídos no seu conxunto por palabras con significados independentes» (Шанский 1963: 44). Isto último suscita algunhas cuestións. De feito, expresións coma *высшее учебное заведение* [*centro de estudos superiores*] corresponden a estes criterios, pero as paremias *хрен редьки не слаще* [*o ravo salvaxe non é máis doce có ravo*] e *волков бояться – в лес не ходить* [*quen teña medo dos lobos que non vaia ó bosque*] están claramente reinterpretadas semanticamente, é dicir, os significados destas expresións non derivan da suma directa dos significados «independentes» das palabras que as compoñen.

Na descrición da fraseoloxía doutras linguas propuxéronse principalmente clasificacións baseadas noutros criterios, como acontece nas teorías fraseolóxicas elaboradas por N. N. Amosova, A. V. Kunin, I. I. Chernixeva e outros. I. E. Anichkov entrou en aberta polémica con V. V. Vinogradov ó propoñe-la súa propia teoría fraseolóxica. En varias investigacións, consideraba a fraseoloxía a disciplina lingüística que trata a combinabilidade de palabras (oposta á sintaxe, como ciencia que trata a combinabilidade de formas de palabras). I. E. Anichkov utilizaba de feito o termo «unidade fraseolóxica» en relación a calquera combinación de palabras, empezando polas independentes e rematando polos proverbios e as UUFF no sentido actual. Unha das ideas principais de I. E. Anichkov consiste en que calquera combinación de palabras, nunha medida ou noutra, implica que esas palabras están ligadas.

A diferenza de V. V. Vinogradov, I. E. Anichkov baseaba a súa clasificación principalmente en parámetros estruturais, sen recorrer ó concepto de motivación. Como resultado distinguíanse tres tipos de combinacións de palabras: 1) combinacións de palabras formadas por unha palabra con significado pleno e outra sen significado pleno (*to look at*, *to laugh at*, *an attempt at*, *at home*, *at liberty*); 2) combinacións de dúas

palabras con significado pleno (*bad headache*, *a sheet of paper*, *to want badly*); 3) combinacións de tres ou máis palabras con significado pleno que teñen a estrutura dunha oración, así coma combinacións de varias oracións (Anichkov 1997a: 105). É evidente que no último tipo da clasificación proposta se inclúen fragmentos textuais enteiros. Por iso mesmo, na concepción de I. E. Anichkov a fraseoloxía sae dos límites do dicionario e adquire uns límites completamente diferentes, poñéndose ó mesmo nivel cá lingüística textual.

Segundo criterios non-estruturais, é dicir, seguindo un criterio diferente, a clasificación propoñía a división noutras dúas clases de fraseoloxismos: 1) colocacións (combinacións fraseolóxicas na concepción de Vinogradov) e 2) UUFF, proverbios e fórmulas da fala na concepción actual. Iu. D. Apresián sinala que moitas das ideas de I. E. Anichkov foron determinantes na súa época (Апресян 1989). En parte I. E. Anichkov achegouse moito á división das funcións léxicas (sobre todo da función léxica de MAGN). A orixinal concepción de I. E. Anichkov, dun interese indubidable, sae dos límites da fraseoloxía propiamente dita.

Tamén difire substancialmente da concepción de V. V. Vinogradov a teoría da fraseoloxía proposta por A. I. Molotkov, que serviu de base ó famoso *Dicionario fraseolóxico da lingua rusa*, realizado baixo a súa dirección (Молотков 1986). Ó establecer unha clasificación dos fraseoloxismos este estudoso salienta que as palabras que entran na estrutura das expresións fraseolóxicas perden as súas funcións léxicas e sintácticas: «os compoñentes dun fraseoloxismo perden tódalas características dunha palabra (agás a súa forma sonora)» (Молотков 1986: 9). Como resultado diso, no conxunto da fraseoloxía entran unicamente as UUFF como se conciben actualmente, e exclúense as colocacións, os proverbios, os ditos e as palabras aladas. Disto despréndese que dende esta perspectiva non se consideran determinantes o parámetro da fixación e o da reproducibilidade. En realidade, aínda que está claro que tódolos fraseoloxismos clasificados segundo este parámetro son fixos, de acordo con esta concepción non tódalas combinacións de palabras fixas e reproducibles regularmente pertencen á clase dos fraseoloxismos.

Na maioría dos casos non resulta evidente a aplicabilidade do criterio da perda das funcións léxicas e sintácticas. Por exemplo, no caso da expresión *набить руку* [*darlle golpes á man*, 'ter experiencia en algo, estar curtido en algo'], rexistrada no dicionario dirixido por A. I. Molotkov (e que se realiza en contextos do tipo *Он набил руку в таможенном деле/в торговле матрешками/на воровстве* [*está curtido en asuntos de alfándegas/no comercio de matrioxkas/no roubo*]), dificilmente se pode afirmar que esta UF conteña as formas *набил* [*deulle golpes*] e *руку* [*man*], pois estas xa non son lexemas da lingua rusa e «perden tódalas características dunha palabra». Sería diferente se a expresión en conxunto fose reinterpretada semanticamente (para máis detalle, véxase o capítulo 1). Outro problema do achegamento de Molotkov é o feito de restrinxir radicalmente a fraseoloxía ás UUFF propiamente ditas. Se, para a elaboración dun dicionario, tal decisión parece completamente razoable, como base teórica xeral para o estudo da fraseoloxía resulta claramente desafortunada, en tanto en canto non

queda claro a que disciplina pertencen as colocacións, os refráns, os proverbios etc.

Outra achega, cun volume de fenómenos fraseolóxicos substancialmente maior, constitúena os traballos de V. L. Arghanghelskii (Архангельский 1964). Segundo esta concepción, forman parte da fraseoloxía tódalas combinacións fixas de palabras (na terminoloxía de V. L. Arghangelskii, «frasemas» e «frases fixas»). Os frasemas teñen unha estrutura de combinación de palabras e as frases fixas, unha estrutura de oración. V. L. Arghangelskii propón diferentes clasificacións dos fraseoloxismos segundo criterios diferentes, entre eles segundo a función sintáctica (Архангельский 1964: 185 e seguintes). Na base da taxonomía fundamental de V. L. Arghangelskii están as ideas de L. Elmslev sobre os tipos de relacións entre as unidades lingüísticas: a interdependencia (dependencia mutua), a determinación (dependencia nun sentido) e a constelación (unión libre). Como resultado disto, os fraseoloxismos divídense en tres tipos: 1. **fraseoloxismos baseados na interdependencia** (*шуры-муры* [*xuri-muri*, 'amoríos, andanzas, intrigas'], *денно и нощно* [*de día e de noite*]); 2. **fraseoloxismos baseados na determinación** (*бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*[4], 'lacazanear'], *исчадие ада* [*monstro do inferno*, 'persoa noxenta, repugnante'], *попасть впросак* [*caer no vprosak*[5], 'atoparse nunha situación embarazosa, incómoda ou ridícula']); 3. **estruturas baseadas na determinación en presenza de indeterminación [constelación: A.B., D.D.] dos membros no plano semántico** (Архангельский 1964: 182) (*понурить голову* [*baixa-la cabeza*, 'entristecerse'], *скалить зубы* [*mostra-los dentes*, 'sorrir, rir'], *топорная работа* [*traballo basto*, 'traballo mal feito'], *трескучий мороз* [*frío que trisca*, 'moito frío'], *хлопать глазами/ушами* [*bater cos ollos/coas orellas*, 'estar despistado'], *зло/досада/страх/смех берет* [*o mal/a irritación/o medo/a risa colle*, 'enfadarse; algo irrita/dá medo/fai rir']). Estes grupos subdivídense en numerosos subgrupos. A finalidade de tal clasificación non resulta evidente. Dende un punto de vista intuitivo, os grupos nos que se subdivide esta clasificación non sempre son homoxéneos, é dicir, non se entende cales son os fenómenos lingüísticos que están na base dun ou outro grupo. Así, a unificación no último grupo de UUFF (*скалить зубы* [*mostra-los dentes*, 'sorrir, rir'], *понурить голову* [*baixa-la cabeza*, 'entristecerse']) e colocacións moi heteroxéneas (*топорная работа* [*traballo basto*, 'traballo mal feito'], *трескучий мороз* [*frío que trisca*, 'moito frío'], *зло берет* [*o mal colle*, 'algo enfada']) non está motivada semanticamente. Por outra banda, un modo de descrición coma este semella ser completamente natural no contexto do achegamento estrutural dos anos 60 e 70.

Unha particularidade fundamental da concepción de V. L. Arghangelskii é a consideración como grupo dos fraseoloxismos gramaticais, das **UUFF desgastadas semanticamente** (*семантически опустошенных ФЕ*): *то есть* [*isto é*, 'é dicir'], *как будто* [*como fose isto*, 'como se']; *по мере того* [*a medida disto*, 'a medida que'], *как* [*como*]*; не взирая на* [*sen mirar a*, 'a pesar de']; *не то чтобы не... а* [*non aquilo que non sexa... senón*, 'non é que... senón']; *едва ли не* [*case non*, 'dificilmente,

[4] N. do t.: Véxase a nota 1.
[5] N. do t.: Trátase dunha palabra baleira de contido fóra deste fraseoloxismo.

apenas']; *вовсе не* [*enteiramente non*, 'en absoluto']; e outros (Архангельский 1964: 67).

M. M. Kopilenko e Z. D. Popova propuxeron unha clasificación dos fraseoloxismos baseada fundamentalmente en parámetros semánticos. Partindo do presuposto totalmente razoable de que entre as combinacións de palabras absolutamente independentes e as combinacións de palabras estritamente fixadas e opacas existe unha gran cantidade de casos de transición, os autores constrúen unha clasificación detallada, pero dá a impresión de que as diferentes clases que dela derivan son unha construción artificial e non-motivada. Na base desta clasificación están as particularidades da semántica das palabras que forman parte dunha determinada expresión. Os tipos principais de significado das palabras son **denotativo (D)** e **connotativo (C)**. Polos primeiros parecen entenderse os significados directos e os recibidos deles como resultado de transformacións tropolóxicas, mentres que ós segundos pertencen casos coma *куриный* [*de galiña*] na combinación *куриная память* [*memoria de galiña*, 'moi mala memoria'] ou *лавочка* [*tendiña*] na combinación *по пьяной лавочке* [*pola tendiña chea*, 'completamente ebrio']. Probablemente, os significados connotativos interprétanse coma únicos para a palabra nunha combinación fixada concreta. Dentro dos significados denotativos distínguense dúas subclases e, dentro dos connotativos, tres. Tódalas combinacións de palabras compostas de dúas, ou como máximo, tres palabras clasifícanse segundo a pertenza dos seus compoñentes ó grupo D ou C. Por exemplo, *дети учатся* [*os nenos estudan*] é unha combinación de palabras D1D1, é dicir, ámbolos dous compoñentes utilízanse cos seus significados directos. Por outra banda, a expresión *шерочка с машерочкой* [*xérochka s maxérochka*[6], 'dúas mulleres que se levan moi ben, amigas inseparables'] clasifícase no grupo C3C3, pois consta de dous compoñentes únicos.

Por algunha razón os autores tamén relacionan coa fraseoloxía as combinacións de palabras do tipo D1D1, é dicir, combinacións libres de palabras sen ningún trazo de idiomaticidade ou fixación en absoluto; pero, por outra banda, exclúen do ámbito da fraseoloxía calquera combinación de palabras constituída por máis de tres palabras con significado pleno; e tampouco consideran fraseoloxismos os proverbios, os ditos e as fórmulas da fala que presentan unha estrutura de oración.

Igual que en moitos dos casos anteriores, os grupos que se derivan da clasificación dos fraseoloxismos non cadran co que sabemos intuitivamente. Dá a impresión de que as clasificacións se fan simplemente por facer.

D. N. Xmelev, ó analizar no seu manual sobre o léxico da lingua rusa as clasificacións de fraseoloxismos existentes, formula a súa propia teoría fraseolóxica. Este autor considera que a principal característica dos fraseoloxismos (a que os distingue das combinacións libres de palabras) é a súa unión, interna ou externa (paradigmática). A clasificación que propón ten en conta os tipos de unión. Así, a unión pode ser

[6] N. do t.: Deformación do francés *soeur* e *ma soeur-ochka*.

paradigmática, no sentido de que o fraseoloxismo ocupa unha cela determinada nunha taxonomía ou outra e, dende este punto de vista, representa unha unidade nominativa íntegra da lingua (comp. *белый гриб* [*cogomelo branco*, 'boleto branco'[7]] en contraposición a outros nomes de cogomelos —tanto dunha coma de varias palabras—; *львиный зев* [*fauces de león*, 'dente de león'] na serie dos outros nomes de flores; *двоюродный брат* [*irmán de segundo grao*, 'curmán'] no sistema de termos de parentesco). A unión sintagmática é análoga á determinación de V. L. Arghangelskii: «un dos compoñentes dunha combinación de palabras é imposible fóra dun contorno léxico determinado» (Шмелев 1977: 313). Este tipo de unión realízase en expresións tales coma *вменить в вину/в заслугу/в обязанность* [*atribuír en culpa/en mérito/en obriga*, 'bota-la culpa; atribuír méritos; impoñer unha obriga'], *смежить глаза/очи/веки* [*pecha-los ollos/as pálpebras*], *слёзно просить/молить/умолять* [*pedir/suplicar/implorar con bágoas*], *закадычный друг* [*amigo íntimo*]. O terceiro tipo de unión é a unión derivativa. Este tipo de unión caracteriza os significados das palabras nunha combinación de palabras xurdida como resultado de diferentes transformacións semánticas, incluíndo as tropolóxicas. Aquí entran, por exemplo, as expresións *снег идет* [*a neve vai*, 'neva'], *глубокая осень/ночь/старость* [*outono/noite/vellez profundo/a*]. A clasificación dos fraseoloxismos xorde como derivada da clasificación dos tipos de unión. Dado que nunha mesma forma poden estar representados diferentes tipos de unión, o número total de clases é sete (Шмелев 1977: 319).

Nos exemplos citados vese que moitas das delimitacións que se fan non son evidentes. Así, por exemplo, non está nada claro en que se distinguen as expresións *смотреть сквозь пальцы* [*mirar por entre os dedos*, 'facer como se non se vise algo que está mal'] e *замолвить словечко* [*falar unha palabriña*, 'interceder, falar a favor de alguén'], que pertencen a clases diferentes. Dende o punto de vista actual, tanto unha coma a outra son UUFF. Por outra banda, non se entende por que entran na mesma clase as expresións *плыть по течению* [*navegar/nadar coa corrente*, 'segui-la corrente'] e *железная дорога* [*camiño de ferro*, 'ferrocarril']. Na nosa opinión, é máis importante separar, tendo en conta o dito, *львиный зев* [*dente de león*] e *белый гриб* [*boleto branco*] (e, do mesmo xeito, *железная дорога* [*ferrocarril*] e *плыть по течению* [*segui-la corrente*]). O que acontece é que *львиный зев* [*dente de león*] supón o resultado dunha reinterpretación total da expresión, mentres que no caso de *белый гриб* [*boleto branco*] non é así, xa que só se reinterpreta o compoñente *белый* [*branco*]. Isto percíbeno dunha maneira intuitiva os falantes. Con todo, non é de estrañar que esta clasificación tampouco obtivese difusión práctica.

Cómpre sinalar que D. N. Xmelev introduciu o termo «fraseoesquema», que o autor incluía entre as construcións sintácticas produtivas do ruso; por exemplo, no modelo produtivo co amplo recheo léxico de «primeiro fai isto, despois fai o outro» (*ты сначала узнай, а тогда уж говори* [*ti primeiro infórmate e despois fala*]; *сначала научитесь вежливости, а потом уж разговаривайте с людьми* [*primeiro aprenda*

[7] N. do t.: Os nomes máis comúns en galego para os cogomelos do tipo *Boletus* son *madeirudo* ou *cogordo.*

educación e despois fale coa xente]). Está claro que nesta concepción un fraseoesquema non pertence á fraseoloxía, senón que entra no campo da sintaxe. Ademais, na concepción de D. N. Xmelev, por medio dos fraseoesquemas tamén se poden construír fraseoloxismos propiamente ditos. Así, por medio do esquema: *хоть* [*aínda que*] + 2ª persoa sing. do modo imperativo[8], fórmanse as UUFF *хоть пруд пруди* [*aínda que poza e pozas*, 'en gran cantidade, a esgalla'], *хоть отбавляй* [*aínda que quites*, 'en gran cantidade'], *хоть шаром покати* [*aínda que botes a rodar unha bóla*, 'ausencia total de posesións, nada de nada'], *хоть в петлю лезь* [*aínda que entres no lazo*, 'resulta imposible saír dunha situación difícil'] (Xmelev 1977: 327-330). Máis tarde diferentes investigadores entenderon este termo de maneira distinta, en particular xa existe a tradición de clasificar entre os fraseosquemas as expresións do tipo *X он и в Африке X* [*el é X e en África tamén é X*, 'expresión enérxica da verdadeira natureza de alguén'], *не X, а X-ище* [*non é X, senón X-azo*, 'expresión da magnitude de alguén/algo'], *всем X-ам X* [*a tódolos X un X*, 'expresión que indica a suma calidade dun elemento dun conxunto con respecto ós outros, o X dos X'], *X X-ом* [*X é X*, 'expresión que indica que unha persoa/cousa non é nada extraordinario, un máis dos elementos do conxunto ó que pertence'], *V1*$_{inf}$-то [partícula -то] *X V1*$_{praet}$, *но/да/только V2* [*pero/aínda que/só que*] (*Написать-то он написал, только читать это все равно невозможно* [*Escribir* (+ partícula -то), *escribiuno, só que aínda así é imposible lelo*]). Na rusística estas formas con frecuencia non se denominan fraseoesquemas, senón **fraseoloxismos sintácticos**, comp., por exemplo, Русская грамматика 1980: 383; Величко 1996; Всеволодова, Лим 2002. O que máis se aproxima a esta concepción é o que C. Fillmore denomina construcións (Fillmore 1990; Fillmore *et al.* 1988). Seguindo esta tradición, xa consolidada, denominamos estas expresións **fraseoloxismos sintácticos**.

Así, na lingüística soviética e rusa propuxéronse tanto variantes modificadas da clasificación de V. V. Vinogradov coma tamén concepcións orixinais que, xeralmente, delimitaban os tipos de fraseoloxismos seguindo criterios puramente estruturais que non tiñan unha argumentación clara a nivel intuitivo e que, por iso mesmo, non respondían completamente á cuestión das peculiaridades específicas que presentan os fraseoloxismos como grupo especial do léxico dunha lingua natural.

Entre os investigadores rusos que traballaban coas linguas xermánicas e románicas xurdiron concepcións teóricas orixinais. Así, I. I. Chernixeva elaborou un enfoque que estaba na base da descrición científica da fraseoloxía alemá na lingüística tanto rusa coma estranxeira (Чернышева 1970; Černyševa 1980). Os parámetros básicos da clasificación son a presenza de reinterpretación semántica, o carácter en serie ou único da combinación e a creación das formas segundo un esquema fixo (*vide supra* o concepto de fraseoesquema). A aplicación dos parámetros indicados permitiu formar catro clases de fraseoloxismos (na terminoloxía da autora, «complexos verbais fixos»):

1. **fraseoloxismos propiamente ditos**, que se subdividen en varios grupos;

[8] N. do t.: A sintaxe do galego nestes casos esixe o uso do subxuntivo, non do imperativo.

2. **combinacións fraseoloxizadas de palabras** (formacións en serie coma: (ruso) *зло/тоска/досада берет* [*o mal/aburrimento/a irritación colle*, 'é para enfadarse!; que aburrimento!; que rabia!'], (alem.). *blinde Tasche/Tür, blindes Fenster* (literalmente, «peto cego, porta cega, fiestra cega»), onde *blind* realiza o significado de 'falso, onde o corte non chega ata o final');

3. **formacións segundo un modelo**, por exemplo, alem. ***X hin X her***, que corresponde ó ruso ***X X-ом*** [***X é X***, 'expresión de que unha persoa/cousa non é nada extraordinario, un máis dos elementos do conxunto ó que pertence'] (fraseoesquema na nosa concepción, *vide supra*);

4. **denominacións lexicalizadas de máis dunha palabra** (coma *Ближний Восток* [*Oriente Próximo*]).

A primeira das clases enunciadas anteriormente subdivídese en 1) UUFF (**unidades fraseolóxicas** na terminoloxía de I. I. Chernixeva); 2) **combinacións fraseolóxicas** (colocacións que non permiten a produción en serie, comp. *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*, 'vencer'] fronte a *зло/тоска/досада берет* [*o mal/aburrimento/a irritación colle*, 'é para enfadarse!; que aburrimento!; que rabia!']; 3) **frases fixas** (principalmente proverbios e ditos).

A fraseoloxía soviética dos anos 50 e 70 adiantou claramente o desenvolvemento desta disciplina no estranxeiro. Moitas das ideas formuladas polos lingüistas soviéticos neste período foron adoptadas e desenvolvidas nos países de lingua inglesa e, sobre todo, nos de lingua alemá. O desenvolvemento da fraseoloxía alemá (maiormente en Alemaña e Suíza), que se apoiaba na experiencia de investigadores soviéticos[9], é un bo exemplo disto. A tradición alemá caracterizouse pola aceptación da multitude de criterios de clasificación existentes, establecendo así que a elección da clasificación vén determinada pola tarefa ante a que se atope o investigador. Por exemplo, nunha monografía da autoría de V. Fleischer expóñense diferentes clasificacións de fraseoloxismos, incluíndo tanto as que empregan parámetros morfosintácticos (fraseoloxismos substantivos, adxectivais, adverbiais e verbais) coma as que empregan parámetros comunicativos (fraseoloxismos nominativos e comunicativos; véxase o apartado dedicado ás fórmulas de fala dende a nosa perspectiva) etc. En moitos aspectos, este traballo e outras investigacións en lingua alemá apoiáronse nas ideas de I. I. Chernixeva.

O famoso manual de fraseoloxía de H. Burger ofrece unha ampla clasificación de combinacións fixas de palabras, que supera os límites da concepción tradicional da fraseoloxía. Burger distingue tres clases principais de fraseoloxismos: a primeira clase constitúena os «fraseoloxismos referenciais» (calquera fraseoloxismo ó que se lle pode asignar polo menos un referente, incluíndo unha situación), comp. *schwarzes Brett,*

[9] Comp. Burger 1973; Häusermann 1977; Jaksche *et al*. 1981; Fleischer 1997 (primeira edición 1982); Burger *et al*. 1982.

jmdn. übers Ohr hauen, Morgenstund hat Gold im Mund); a segunda clase son os «fraseoloxismos estruturais», que corresponden ós fraseoloxismos gramaticais na nosa terminoloxía (*in Bezug auf, sowohl – als auch*); e, finalmente, a terceira clase compóñena os «fraseoloxismos comunicativos» ou «fórmulas clixé» (*Routineformeln*), que inclúen as fórmulas de fala da nosa concepción (*guten Morgen*), así coma un amplo espectro de combinacións de palabras non reinterpretadas que desempeñan funcións metatextuais (*ich meine*). Cada unha destas clases vólvese subdividir en grupos máis específicos. Así, os «fraseoloxismos referenciais» subdivídense en «nominativos» e «proposicionais». Ó primeiro grupo pertencen as UUFF, as «UUFF parciais» (*Teilidiome*, é dicir, locucións con compoñentes dotados de significado directo, por exemplo *бежать сломя голову* [*correr rompendo a cabeza*, 'correr moi rápido'], onde o verbo *бежать* [*correr*] é utilizado no seu significado directo) e as colocacións, mentres que no segundo están os proverbios, os ditos, as locucións de estrutura predicativa (coma *денег куры не клюют у кого-л.* [*a alguén as galiñas non lle peteiran nos cartos*, 'alguén é moi rico, ten moitos cartos']; comp. alem. *jmds. Thron wackelt*) e os «lugares comúns» (*man lebt ja nur einmal*) (Burger 1998: 36-40).

O interese pola clasificación dos fraseoloxismos diminúe visiblemente xa nos anos 70 do século XX. As clasificacións quedan relegadas ó campo dos manuais convencionais. O interese desprázase cara ás investigacións concretas das propiedades sintácticas e semánticas dos fraseoloxismos, do seu comportamento discursivo, da pragmática e das particularidades da súa percepción psicolóxica. Esta última dirección está representada sobre todo na psicolingüística e na psicoloxía cognitiva americana e italiana[10]. Dos traballos feitos en alemán, cómpre destacar principalmente os artigos de A. Häcki-Buhofer (Häcki-Buhofer 1989, 1993, 1996). No centro de atención dos investigadores que se interesaban polo fenómeno da figuratividade dende un punto de vista puramente cognitivo están os problemas relacionados co recoñecemento dos fraseoloxismos por parte dos falantes, así coma coas particularidades da recepción da semántica (do significado real ou da forma interna). En diferentes experimentos demostrouse que cando o falante dunha lingua entende UUFF de uso estendido non recorre á súa interpretación literal. A dobre interpretación —*double take effect*— preséntase unicamente en contextos especiais: no caso de xogos de palabras e de conservación da homonimia. De tódolos xeitos, a interpretación literal dunha UF non supón unha condición imprescindible para que se dea unha correcta comprensión do seu significado real[11]. Sobreenténdese que isto non quere dicir que a forma interna non sexa esencial para o significado real e que o falante non a perciba. A forma interna segue a ser unha parte importante do plano do contido dunha UF, como tamén foi demostrado en

[10] Véx., en particular, Horowitz, Manelis 1973; Gibbs 1980, 1985, 1986, 1987, 1990, 1993; Gibbs, Nayak 1989; Gibbs, Nayak, Bolton, Keppel 1989; Gibbs, Nayak, Cutting 1989; Gibbs, O'Brien 1990; Nayak, Gibbs 1990; Gibbs, Colston no prelo; Kemper 1981; Ackerman 1982; Estill, Kemper 1982; Cacciari 1993; Cacciari, Glucksberg 1991; Cacciari, Rumiati, Glucksberg 1992; Cacciari, Tabossi 1988; Tabossi, Zardon 1995; Schweigert 1986, 1991; Cronk, Schweigert 1992; Schweigert, Moates 1988; Popiel, McRae 1988; Glucksberg 1993; Keysar, Bly 1995, 1999.

[11] Comp. os experimentos descritos nos traballos Gibbs 1980, 1985, 1986; Popiel, McRae 1988; Schweigert 1986, 1991; Cronk, Schweigert 1992; Schweigert, Moates 1988.

experimentos psicolingüísticos[12].

A lingüística americana caracterízase polo seu interese no aspecto sintáctico do comportamento das locucións, como reacción ás ideas da gramática xenerativo-transformacional[13], xunto ó estudo dos aspectos psicolingüísticos do funcionamento da fraseoloxía.

Resulta curiosa a fortuna dun grupo de fraseoloxismos: as colocacións. Este grupo foi clasificado con bastante claridade non só por mor das particularidades da súa estrutura e semántica, senón tamén grazas á creación dun potente aparato de descrición: o das funcións léxicas (Жолковский, Мельчук 1967). Na fraseoloxía actual esta división ocupa un dos lugares centrais e atrae a atención non só de especialistas en fraseoloxía propiamente ditos, senón tamén de lingüistas aplicados que se dedican á creación de modelos informáticos do funcionamento do sistema lingüístico ou que elaboran medios de apoio informático a proxectos lexicográficos[14].

Cómpre tamén mencionar algunhas outras liñas de investigación dos fraseoloxismos que se están a desenvolver de maneira activa. Falamos do estudo da etimoloxía, tratado xa en moitas linguas europeas[15]; da investigación dos métodos formais de variabilidade das UUFF[16]; das relacións da fraseoloxía coa cultura dun pobo[17]; así coma tamén da descrición das particularidades da utilización de fraseoloxismos por parte de diferentes autores (a «fraseoloxía de autor»)[18].

Na actualidade o centro das investigacións sobre fraseoloxía desprazouse de Rusia (máis exactamente, da URSS) a Europa Occidental, mentres que nos EUA a fraseoloxía segue a ser unha disciplina bastante exótica. Disto dan testemuño a realización de congresos internacionais europeos[19] de frecuencia periódica, a enciclopedia *Fraseoloxía* (*Фразеология*) —actualmente no prelo— (HSK Phr) e a publicación anual *Phraseology* que ten prevista a editorial Mouton de Gruyter. Sorprende que tradicionalmente a lingüística anglosaxona non lle prestase a atención debida á

[12] Véx., en particular, Gibbs 1990, 1993; Cacciari, Glucksberg 1991; Cacciari, Rumiati, Glucksberg 1992; Cacciari, Tabossi 1988; Keysar, Bly 1995.
[13] Véx. Chafe 1968; Weinreich 1969; Fraser 1970; McCawley 1971; Newmeyer 1974; Wasow, Sag, Nunberg 1983; Nunberg, Sag, Wasow 1994. Entre os traballos de carácter similar de autores de Europa Occidental, cómpre mencionar Schenk 1992, Linden 1994.
[14] Véx., por exemplo Heid 1994; Pedrazzini 1994; Wanner 1996; Fontenelle 1997; Krenn 2000.
[15] Comp. traballos como os de Mokienko 1980; Tolstoi 1995; Eckert 1991; Eismann 1992; Schowe 1993; Schmidt-Wiegand 1996; Burger, Linke 1998; Bierich 2003; Wanzeck 2003, así como o índice bibliográfico Mieder 2001.
[16] Comp. Диброва 1979; Barz 1992; Korhonen 1992; Mellado Blanco 1997; Dobrovol'skij 2000c, 2000f, 2001a, 2001b, 2002d; Langlotz 2001b, 2003.
[17] Comp. Телия 1996; Добровольский 1997, 1998; Фразеология в контексте 1999; Культурные слои 2004; Dobrovol'skij, Piirainen 1997, 2005.
[18] Comp. Баранов, Добровольский 1996а, 2005б; Добровольский 2001, 2005б; Fackel-Redensarten 1999; Breiteneder, Dobrovol'skij 2005a, 2005b.
[19] Véx. Conferencias da Sociedade europea de fraseólogos *Europhras*, por exemplo: Gréciano 1989; Palm 1991; Sandig 1994; Palm-Meister 2004.

fraseoloxía e que aínda agora siga sen facelo[20].

Na fraseoloxía rusa actual domina a liña de investigación lexicográfica. Na última década apareceron varios dicionarios baixo a dirección de V. N. Telia (*SOVRIA* e *BFS*), nos que se leva a cabo un intento de representar dun xeito regular os contextos de uso das UUFF nas diferentes formas da categoría da persoa (en 1ª, 2ª e 3ª persoa). Ademais diso, as entradas do dicionario conteñen uns elementos que sinalan as condicións pragmáticas para o emprego da UF, a intención típica (intención comunicativa) do falante (comp. 'dise con desprezo', 'pronúnciase coma exhortación', 'dise con desaprobación' etc.). Entre as particularidades do dicionario tamén cómpre incluí-la organización temática dos significados (*SOVRIA*). Un trazo característico do *BFS* (que comprende arredor de 1500 unidades) consiste en que nas entradas do dicionario se mostra o vencello dos fraseoloxismos con determinados aspectos da tradición cultural. Os fraseoloxismos que se describen están agrupados en «niños» baseados nas características comúns dos seus compoñentes metafóricos. No dicionario de A. I. Fedorova atópase un catálogo de fraseoloxismos bastante detallado, que inclúe o glosario do dicionario dirixido por A. I. Molotkov, así coma a súa ampliación (Федоров 2000)[21].

O dicionario de S. I. Lubenskaia (Лубенская 2004) ocupa un lugar relevante na corrente lexicográfica. Este dicionario, cuxa primeira edición viu a luz nos Estados Unidos (*REDI*), na actualidade constitúe, na nosa opinión, a descrición lexicográfica máis completa e minuciosa da fraseoloxía comparada do ruso e do inglés.

O coñecemento da bibliografía existente sobre fraseoloxía —tanto da rusa coma da estranxeira— amosa que en xeral o que lles interesa ós investigadores é un círculo delimitado de cuestións:

- a clasificación dos fraseoloxismos segundo diferentes fundamentos/criterios (tipoloxía dos fraseoloxismos),

- a variación da forma dos fraseoloxismos,

- as características específicas dos fraseoloxismos e as posibilidades de describilos a nivel lexicográfico (lexicoloxía e lexicografía dos fraseoloxismos),

- o comportamento sintáctico dos fraseoloxismos (en primeiro lugar das UUFF, na tradición americana no marco da gramática xenerativa),

- as particularidades da fraseoloxía de diferentes autores (fraseoloxía de autor),

[20] Comp., non obstante, Makkai 1972; Cowie 1998; Moon 1998; Wray 2002; así como a antoloxía que W. Mieder publica regularmente en *Proverbium: Yearbook of International Proverb Scholarship* (Vermont).
[21] Comp. tamén as seguintes edicións de dicionarios: Яранцев 1997; Мокиенко, Бирих 1998; Бирих, Мокиенко, Степанова 1997; Берков, Мокиенко, Шулежкова 2006; Фелицына, Мокиенко 1999.

- as particularidades do comportamento das UUFF no discurso concreto (aspecto discursivo da fraseoloxía),

- os aspectos psicolingüísticos da recepción da fraseoloxía.

Na nosa exposición ímonos referir en varias ocasións ós traballos máis interesantes das últimas décadas sobre fraseoloxía, incluíndo investigacións pouco coñecidas no campo dos estudos de fraseoloxía rusos.

O presente libro está dedicado a algúns destes aspectos da teoría da fraseoloxía, así coma a outros problemas, novos para a tradición fraseolóxica rusa. Na base do achegamento teórico á fraseoloxía que propoñemos atópase a concepción de que os fraseoloxismos representan un fenómeno non só puramente lingüístico, senón tamén cognitivo, no sentido de que o compoñente figurativo dun fraseoloxismo, mesmo se este non inflúe inmediatamente no significado real, representa unha parte do plano do contido. Esta hipótese sobre a **realidade semántica da forma interna** determina tanto a elección dos aspectos que se estudarán a continuación coma a súa interpretación.

Dende o punto de vista estrutural, o libro está dividido en catro partes. Na primeira parte ofrécese unha presentación das categorías básicas da fraseoloxía; na segunda abórdase a semántica e mailas particularidades sintácticas dos fraseoloxismos; na terceira, os principios da descrición lexicográfica da fraseoloxía e, finalmente, a cuarta parte está dedicada completamente ó funcionamento dos fraseoloxismos nos diferentes tipos de discursos. Cada unha das partes contén varios capítulos.

No capítulo 1 estúdanse os principais compoñentes da categoría da idiomaticidade, que está na base da formación da clase dos fraseoloxismos e principalmente das UUFF. Neste mesmo capítulo ofrécese unha definición do concepto de UF e desenvólvense criterios operacionais para a clasificación das UUFF. O capítulo 2 está dedicado ós criterios da tipoloxía dos fraseoloxismos, e nel analízanse de maneira individual varios tipos de UUFF, que por primeira vez se clasifican seguindo esta concepción.

Nos achegamentos formais ó estudo do sistema da lingua predominou a idea de que o significado dun fraseoloxismo é practicamente idéntico ó significado dunha palabra. Esta posición, típica da lingüística dos anos 50-80 do século XX, foi substituída na tradición postestruturalista pola idea de que a semántica dos fraseoloxismos se diferencia substancialmente da semántica das palabras e das combinacións regulares de palabras. Amosa-las características específicas da semántica dos fraseoloxismos pasou a se-la tarefa máis importante da fraseoloxía. O capítulo 3 está dedicado ó problema da descrición do plano do contido dos fraseoloxismos. Neste capítulo préstaselle unha atención especial ós conceptos da forma interna das locucións e da imaxe, así coma ás posibilidades de descrición da forma interna e as súas representacións na explicación semántica, na definición. É tamén aquí onde se abordan os principios da creación dunha metalinguaxe que permita transmiti-lo compoñente metafórico do significado e o lugar desta linguaxe no conxunto das metalinguaxes da semántica lingüística.

Cómpre considera-lo achegamento cognitivo á semántica das unidades fraseolóxicas como unha das correntes con máis perspectivas dentro das investigacións fraseolóxicas. No capítulo 4 proponse unha metalinguaxe para describi-las operacións cognitivas sobre os coñecementos que conducen á formación do significado real dunha UF. O status teórico do proceso de derivación do significado real aínda non se coñece na súa totalidade, pero, aínda así, é evidente que o conxunto de ferramentas elaborado se pode empregar para a clasificación orientada cognitivamente daquelas UUFF cunha forma interna viva.

Coa aparición de varios traballos de A. Wierzbicka e doutros investigadores, nos que se demostrou que a categorización lingüística do mundo depende da cultura en maior medida do que ata entón se pensaba, púxose de moda o estudo das características culturais específicas dos fraseoloxismos. No capítulo 5 propóñense métodos de investigación do compoñente cultural no plano do contido das UUFF.

Os fraseoloxismos, aínda que son equiparables á palabra ó nivel da semántica léxica, sintacticamente compórtanse coma combinacións de palabras, onde a unión fraseolóxica destas combinacións de palabras se manifesta en variadas e impredicibles limitacións no emprego das transformacións sintácticas. Esta corrente no estudo dos fraseoloxismos practicamente non está presente na tradición rusa, aínda que na lingüística americana sempre foi central. No capítulo 6 analízanse dúas transformacións sintácticas en relación á semántica das locucións: a introdución dunha negación e a pasivización.

No capítulo 7 abórdanse os problemas da creación dun tesouro de expresións idiomáticas. O tesouro de expresións idiomáticas é ó mesmo tempo instrumento e obxecto de investigación. Como instrumento pode ser utilizado para o estudo do conxunto dos campos semánticos das UUFF, para a ilustración das relacións semánticas típicas entre os grupos de UUFF segundo o principio da rede semántica, e tamén para a descrición das UUFF ó xeito dunha análise conceptual. Como obxecto, un tesouro o suficientemente amplo é un corpus representativo de UUFF, provisto de información sobre as súas características básicas semánticas, estilísticas e discursivas.

O achegamento lexicográfico á descrición e ó estudo da fraseoloxía continúa no capítulo 8, no que se abordan os fundamentos teóricos do modelo de entrada dun dicionario monolingüe de expresións idiomáticas rusas actuais. Unha particularidade das UUFF, e máis amplamente tamén dos fraseoloxismos, é a gran variabilidade no uso, que se manifesta tanto na variabilidade da forma coma na da semántica, especialmente en usos humorísticos. O proxecto do dicionario monolingüe descrito contempla as posibilidades de reflectir nun formato de dicionario os diferentes aspectos da variabilidade das locucións. É tamén aquí onde se abordan os problemas da descrición semántica da polisemia das UUFF.

No conxunto dos problemas abordados tamén se inclúen as particularidades do funcionamento das UUFF no discurso. O capítulo 9 está dedicado ó estudo da

interacción entre a semántica das UUFF e os modos de expresión da intención comunicativa en discursos ben estruturados. No capítulo 10 discútense as particularidades do emprego dos fraseoloxismos nas novelas de F. M. Dostoievski e as obras en prosa de A. S. Púxkin. No capítulo 11 abórdanse as cuestións que tradicionalmente se encadran no ámbito da lexicografía: as marcas estilísticas. Neste capítulo amósase que detrás do complexo das marcas estilísticas dos fraseoloxismos se ocultan características discursivas que difiren substancialmente entre si.

Os exemplos utilizados no libro foron extraídos dos córpora de textos creados no departamento de lexicografía experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN baixo a dirección dos autores. Principalmente utilizáronse o *Corpus de textos xornalísticos rusos actuais* (no sucesivo «Corpus xorn.»), o *Corpus de literatura dos anos 60-90* (no sucesivo «Corpus pros. rus.») e o *Corpus de literatura policial* (no sucesivo «Corpus polic.»). Os dous primeiros córpora teñen máis de 26 millóns de contextos de uso de palabras cada un e o último, 15 millóns aproximadamente. Unha parte considerable dos exemplos tomouse da *Base de datos das expresións idiomáticas rusas actuais*, que inclúe ó redor de cincuenta mil exemplos de uso de fraseoloxismos en literatura e en textos xornalísticos actuais. Esta base tamén foi elaborada no departamento de lexicografía experimental IRIA RAN como instrumento de investigación e descrición lexicográfica da fraseoloxía rusa, en parte durante a creación do *Dicionario tesouro da idiomática rusa actual*. Ademais en ocasións utilizouse o *Corpus nacional da lingua rusa* e materiais da Internet en lingua rusa.

PARTE 1. CATEGORÍAS FUNDAMENTAIS DA FRASEOLOXÍA

Capítulo 1. A idiomaticidade e o concepto de unidade fraseolóxica (UF)[22]

1.0. Formulación do problema

Non existe unha definición de expresión idiomática aceptada universalmente, que sexa compartida por lingüistas de diferentes escolas. A tarefa deste capítulo é formular unha definición de unidade fraseolóxica fundamentada en criterios máis ben operacionais, que permita distinguir con certa fiabilidade as UUFF dos fraseoloxismos doutras clases. A definición ideal debería responder á intuición do falante da lingua, ou polo menos non contradicila. Os problemas da definición do concepto de UF e de idiomaticidade abordámolos con anterioridade en varios traballos (Баранов, Добровольский 1991, 1996б, 2005a). Aquí desenvolveremos e detallarémo-las posicións formuladas anteriormente. Tamén ampliaremos considerablemente o conxunto de exemplos lingüísticos que ilustran as manifestacións da idiomaticidade.

A idiomática trátase de maneira diferente nas distintas concepcións teóricas. Con todo, é posible percibir trazos comúns á maioría das definicións de UF. Eses trazos comúns son tres ideas fundamentais: a **pluriverbalidade,** a **fixación** e a **idiomaticidade** (Гак 1977; Burger *et al*. 1982; Fleischer 1997). Dado que dificilmente se pode afirmar que as definicións existentes «funcionen» ben para a totalidade das UUFF, é natural preguntarse que son estas categorías, presentes nas definicións. A dicotomía monoverbalidade-pluriverbalidade pódese considera-lo único concepto relativamente claro e operativo, aínda que mesmo aquí xorden problemas ligados á presenza ou ausencia dunha tradición ortográfica, á diferenciación das palabras e ás combinacións de palabras, de palabras e oracións etc. nun determinado tipo morfolóxico de lingua[23].

[22] Este capítulo é unha versión substancialmente precisada e ampliada do artigo Баранов, Добровольский 1996б.

[23] A tradición ortográfica tamén exerce unha influencia substancial na clasificación da expresión como combinación de palabras ou como palabras independentes. Por exemplo, expresións do tipo *[друзья] не разлей вода* [*amigos que non separas con auga*, 'amigos moi unidos'] segundo as últimas tendencias ortográficas escríbense xunto (*неразлейвода* [*non-separas-con-auga*, 'dúas persoas que se levan moi ben, inseparables'], POC), feito que as exclúe formalmente do ámbito da idiomática. Nalgúns casos o influxo das tendencias ortográficas ignora as expresións correspondentes no conxunto da idiomática. Resulta interesante

A categoría da fixación está substancialmente menos definida, véx. por exemplo Мельчук 1960, 1968. Volveremos a ela ó longo da nosa exposición.

O concepto que máis preguntas suscita é o da idiomaticidade. A primeira vista, expresións coma *Он говорит идиоматично*, *Его речь идиоматична* [*el fala de xeito idiomático*, *a súa fala é idiomática*] en xeral non se relacionan co emprego de expresións idiomáticas. Xeralmente refírese a un alto grao de dominio da lingua: o falante non só é quen de expresar correctamente os seus pensamentos, senón tamén de transmitilos dun xeito máis sofisticado, utilizando metáforas convencionais, metáforas creativas, combinacións de significantes non plenamente regulares etc. O discurso idiomático esixe o coñecemento daquelas regras do comportamento lingüístico que poden resultar únicas, aplicables unicamente nun determinado tipo de situación de comunicación. Noutras palabras, idiomaticidade significa xeralmente complexidade no modo de expresa-lo contido, pero non no sentido de complicación máxima das formas lingüísticas coma tales, senón no de «concentración» da expresión e no de composicionalidade da súa comprensión. A idiomaticidade do discurso a miúdo leva a unha maior simplicidade sintáctica, acompañada dunha maior carga semántica dos compoñentes individuais do enunciado. Comp. *В зале было настолько много людей, что не было ни одного свободного места* [*na sala había tanta xente que non había nin un só sitio libre*] e *Зал был битком набит* [*a sala estaba chea a golpes (estaba ateigada)*]; *Роман долго добивался от меня согласия на свои предложения, что вызвало у меня крайне отрицательную реакцию* [*Román tratou de consegui-lo meu consentimento con respecto ás súas propostas, o cal suscitou en min unha reacción extremadamente negativa*] e *Роман достал меня своими предложениями* [*Román conseguiume (fartoume) coas súas propostas*].

Os actos de fala indirectos son máis idiomáticos cós directos, non pola simplicidade sintáctica nin pola complexidade semántica, senón porque para a súa comprensión cómpren operacións mentais adicionais (de aí a non-trivialidade da comprensión). Comp. *Закрой окно!* [*pecha a fiestra!*] vs. *Что-то стало прохладно!* [*parece que refrescou!*]; *Вам пора уходить!* [*é hora de marchardes!*] vs. *Уже поздно, а вам завтра на работу* [*xa é tarde e mañá tedes que ir traballar*]. No caso do emprego do acto de fala indirecto, o receptor ten que realizar operacións adicionais para «calcular» o sentido do enunciado verbal en comparación co acto de fala «directo», para decatarse de que tralo enunciado verbal *Что-то стало прохладно!* [*parece que refrescou!*] non figura a descrición dunha situación, senón a petición de pecha-la fiestra, mentres que o acto de fala *Уже поздно, а вам завтра на работу* [*xa é tarde e mañá tedes que ir traballar*] non expresa a preocupación do falante polo interlocutor, senón o desexo de librarse del canto antes.

Así mesmo, tamén será idiomático un texto que conteña unha información implícita

---

que no alemán a última reforma ortográfica levou a un aumento considerable da cantidade de fraseoloxismos, pois moitas palabras que se escribían xuntas agora escríbense separadas. O chinés presenta unha situación aínda máis complexa, onde as categorías de «palabra» e de «morfema» practicamente coinciden e aínda así a clase dos fraseoloxismos séguese establecendo.

considerable (presuposicións, consecuencias, implicaturas do discurso, insinuacións, alusións etc). Dende unha perspectiva inxenua, a idiomaticidade aumenta substancialmente coa presenza de xogos de palabras, é dicir, cantos máis estratos de sentido haxa no plano do contido do texto, máis idiomático será este.

A concepción da idiomaticidade en Апресян 1995б presenta un matiz diferente. Nela a idiomaticidade relaciónase co cumprimento das normas «de composición sintáctica, semántica e léxica» asentadas nunha lingua dada (Апресян 1995б: 11). Sinalaremos, non obstante, que neste caso ten lugar unha ampliación substancial da categoría da idiomaticidade e practicamente prodúcese a súa identificación coa categoría da norma. Entre os factores citados por Iu. D. Apresián, na nosa concepción, só forma parte da idiomaticidade o cumprimento das «normas dificilmente motivadas», en particular a observación das regras da combinación léxica non deducibles da interpretación (ou non descritas nos termos das clases semánticas), é dicir, non-motivadas semanticamente. Noutras palabras, a expresión *проливной дождь* [*choiva que penetra ó caer*, 'choiva intensa'] é idiomática, pero *сильный дождь* [*choiva forte*] non o é, pois a primeira está unida lexicamente, mentres que a segunda se xera segundo as regras regulares da combinación semántica.

Está claro que o emprego de UUFF non é máis ca unha das manifestacións da idiomaticidade. A idiomaticidade, sendo unha categoría máis xeral que se atopa na base da definición dunha UF, require unha análise especial. Sinalaremos que a coincidencia das raíces nos termos rusos «идиома» [/idioma/ *unidade fraseolóxica*] e «идиоматичность» [/idiomatichnost/ *idiomaticidade*] é un factor puramente casual, externo e que de ningún xeito crea un círculo vicioso. En principio, en ruso no canto do termo «идиома» pódese utiliza-la combinación de palabras «fraseoloxismo en sentido estrito».

1.1. A categoría da idiomaticidade e os seus compoñentes

Existen moitas definicións diferentes de idiomaticidade e tería pouco sentido enumeralas unha tras outra (véx. o estudo detallado das definicións existentes, por exemplo, en Makkai 1978; Dobrovol'skij, Piirainen 2005). Podemos afirmar, a pesar diso, que todas elas se reducen a tres ideas (factores) básicas: a **reinterpretación**, a **opacidade** e a **complexidade do modo de indica-lo obxecto denotado.** Ofrecerémo-la nosa definición destes conceptos:

> **(i)** A interpretación do significado 'A' da expresión *A* como significado 'B' é unha operación que leva á transformación de 'A' en 'B' segundo o principio **R**.

Noutras palabras, o que se quere dicir é que unha expresión que ten un significado directo se entende en sentido figurado e o sentido figurado está relacionado co directo por medio dalgunha relación ou regra. O máis frecuente é que nesta función aparezan transformacións tropolóxicas. Por exemplo, *нос* [*nariz/proa*] nos enunciados *Он*

почесал нос [*rañou o nariz*] e *Он стоял на носу корабля* [*estaba na proa do barco*] tamén é unha expresión *A*, que no primeiro caso se reinterpreta como 'A' e no segundo como 'B'. A modo de relación **R** neste caso aparece unha metáfora. Neste exemplo vese que a reinterpretación como compoñente da idiomaticidade non se limita ás expresións idiomáticas, senón que caracteriza a derivación semántica de calquera tipo.

> **(ii)** A opacidade da expresión *A* é unha calidade desta expresión que impide o «cálculo» do significado 'A' por mor da ausencia dunha regra que permita revela-lo significado 'A' ou por mor da ausencia dun ou de varios compoñentes da expresión *A* no dicionario[24].

Aquí referímonos a dous casos diferentes: 1) reinterpretacións que non é posible realizar no plano sincrónico sen recorrer á etimoloxía (comp. *дуба дать* [*da-lo carballo*] co significado de *morrer*); e 2) expresións con compoñentes únicos cuxo significado non é restablecido de ningún xeito polo falante (a palabra *заговен* [*vixilia*] na expresión idiomática *до морковкиных заговен* [*ata as vixilias de cenoria*, 'xamais'], a palabra *охулки* [*blasfemia*, uso único] na expresión *охулки на руку не класть* [*non poñer unha blasfemia sobre a man*, 'non perder unha boa ocasión, un posible beneficio']). A miúdo estes dous casos conviven; comp. a expresión *до морковкиных заговен* [*ata as vixilias de cenoria*] na que a forma *морковкиных* [*de cenoria*] está reinterpretada dun xeito que non é comprensible para un falante actual de ruso, mentres que a forma *заговен* é única. Precisamente por isto é natural unificar nunha única categoría os casos estudados.

> **(iii)** A complexidade no modo de indica-lo obxecto denotado é propia de calquera expresión que existe na lingua xunto a unha denominación máis sinxela e estándar da mesma entidade.

En xeral na lingua actúa o principio de iconicidade, segundo o cal unha expresión máis complicada na forma tamén está construída semanticamente dunha maneira máis complicada (véx. o estudo do problema da iconicidade no contexto da teoría cognitiva da metáfora en Лакофф, Джонсон 2004: 158 e seguintes). Comp., por exemplo, *опоздать* vs. *прийти к шапочному разбору* [*chegar con atraso* vs. *chegar á hora do reparto dos chapeus*]; *обманывать* vs. *вешать лапшу на уши* [*enganar* vs. *pendurarlle a alguén un fideo nas orellas*]; *Москва* vs. *Третий Рим* [*Moscova* vs. *A terceira Roma*]; *Америка* vs. *Новый Свет* [*América* vs. *O novo mundo*].

Deste xeito, a expresión *пускать козла в огород* [*ceiba-lo castrón na leira*, 'deixar que alguén entre nun lugar onde pode causar danos'] é idiomática polo criterio (i), e o principio **R** neste caso resulta ser un mecanismo de metaforización: a situación de deixar acceder a alguén ó recurso dunha persoa de xeito inxustificado e insensato «codifícase» coa axuda da metáfora CASTRÓN NA LEIRA. A expresión *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo'] é idiomática segundo o

[24] Aquí, obviamente, por «dicionario» non se entende unha fonte lexicográfica concreta, senón unha categoría oposta á gramática.

criterio (ii)[25]. O que acontece é que no ruso moderno non existen como palabras independentes os lexemas *ничтоже* [*nada*] e *сумняшеся* [*dubidaron*]. Deste xeito, esta expresión é idiomática a causa da ausencia dos seus compoñentes no dicionario. No caso das expresións *выписывать мыслете* [*escribi-las letras mislete*[26], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol'] ou *точить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar'] a opacidade está ligada ó feito de que estas palabras non posúen un significado autónomo en ruso, non son unidades do dicionario mental, un dos compoñentes non é «lexicográfico»: *мыслете* [*letras mislete*] e *лясы* [*balaústres*].

Por outra banda, o fraseoloxismo *наговорить сорок бочек [арестантов] (кому-л.)* [*dicirlle corenta barrís de presos a alguén*, 'dicirlle moitas cousas irreais a alguén'] non presenta compoñentes únicos. Non obstante, é idiomático a causa da súa opacidade (segundo o criterio ii), pois no ruso moderno non é posible calcula-lo significado desta expresión idiomática partindo dos seus compoñentes por separado: non hai unha regra que permita descifra-la metáfora incomprensible que nun tempo debeu de ser motivada.

A propiedade da opacidade está directamente relacionada cos coñecementos do receptor, tanto individuais coma xerais dentro da súa comunidade lingüística. Unicamente este segundo tipo de coñecementos é esencial para ulteriores discusións[27]. A opacidade, segundo se desprende da definición, pode estar condicionada por dous factores completamente diferentes: por unha banda, resulta difícil deduci-lo significado conxunto do significado dos compoñentes aplicando as normas comúns da composición semántica e, por outra, no dicionario non hai información sobre o significado dun ou de varios compoñentes desa expresión.

Pódese dicir que a reinterpretación é a visión dunha expresión idiomática dende o punto de vista da súa xeración, mentres que a opacidade o é dende o punto de vista da súa comprensión. Precisamente por isto nalgúns casos crúzanse (véx. 1.1.2.). Enténdese que estamos a referirnos a expresións coma *дать дуба* [*da-lo carballo*, 'morrer'] e non a expresións coma *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo'], que dende o principio non tiñan nada que ver coa categoría da interpretación, pois presentan formas gramaticais anticuadas de palabras utilizadas cun significado directo.

No relativo ó terceiro factor da idiomaticidade —a complexidade no modo de indica-lo obxecto denotado—, pódese realizar tanto illadamente coma en combinación con outros factores. A expresión idiomática *иметь место быть* [*ter lugar de ser/estar*, 'ter lugar, existir'] é idiomática unicamente segundo este criterio (véx. o estudo máis

[25] En realidade a situación é algo máis complicada: as expresións ás que lles é propia a reinterpretación tamén poden posuír unha determinada parte opaca (*vide infra*).
[26] N. do t.: Letras mislete, letras 'M'.
[27] O termo «opacidade» utilízase con outro significado na semántica lóxica en relación coa imposibilidade de determinar/defini-lo significado verdadeiro dalgúns compoñentes proposicionais do enunciado (Quine 1976). Sen dúbida aquí existe unha analoxía co uso deste termo, aínda que no noso caso non ten sentido falar dun significado verdadeiro. A analoxía atinxe máis ben á posibilidade de revelar algunhas propiedades semánticas dos compoñentes da expresión lingüística.

detallado deste aspecto na sección 1.1.3.1.), xa que existen dous modos máis sinxelos e comúns de enuncia-lo mesmo pensamento: *иметь место* [*ter lugar*] ou *быть* [*ser*/*estar*], mentres que as expresións *арапа заправлять* [*capitanea-lo pícaro*, 'enganar'] e *забивать баки* [*enche-los depósitos*, 'dar escusas que non son verdade, contar mentiras'] son idiomáticas porque supoñen, sen dúbida, un modo máis complicado de referirse ó obxecto denotado (comp. *лгать* [*mentir*], *обманывать* [*enganar*]), e porque ó mesmo tempo se reinterpretan semanticamente e son opacas. A complexidade non segue sempre o principio de iconicidade: dende o punto de vista do contido mesmo pode resultar máis complexa unha expresión dunha soa palabra ca unha de dúas. Así, a expresión *знак запрета* [*signo de prohibición*, 'sinal que indica que algo está prohibido'] é semanticamente máis sinxela cá palabra *кирпич* [*tixolo*[28]] (no seu significado propio), pois na última está claramente presente a forma interna.

Subliñaremos unha vez máis que os factores de idiomaticidade enumerados non só caracterizan a fraseoloxía, senón a lingua na súa totalidade, é dicir, tamén outro tipo de expresións dunha lingua natural. Así, a maioría das metáforas vivas son complexas e están reinterpretadas; comp. a metáfora *голова раскалывается* [*a cabeza fende*, 'sentir unha dor de cabeza moi forte'] e a expresión non-metafórica *голова болит* [*a cabeza doe*]; ou a expresión neutral *противоречия в законодательстве* [*contradicións na lexislación*] e o seu equivalente metafórico *война законов* [*guerra de leis*, 'leis contraditorias']. No relativo ó factor da opacidade, a súa acción, naturalmente, tampouco se limita ó ámbito da fraseoloxía. Moitas das metáforas «borrosas» que se ocultan detrás de significados léxicos son opacas e neste sentido idiomáticas, comp. *рехнуться* [*tolear*] (no sentido de «perde-lo xuízo»[29]), *перекинуться* [*envorcarse*] (no sentido de «morrer»).

Estudemos, logo, separadamente os tipos de **reinterpretación**, de **opacidade** e de **complexidade**.

1.1.1. Empecemos pola categoría da reinterpretación

1.1.1.1. Reinterpretación en sentido estrito: *A* & 'A' & «A» → *A* & 'B' & «B»

Referímonos a aquel caso no que unha expresión *A* co significado 'A' e o extensional (da súa correspondente situación) «A» se reinterpreta de xeito que adquire o significado 'B', o cal se corresponde coa situación «B»[30]. Un caso típico de reinterpretación deste tipo é a UF rusa *teatro do absurdo* [*teatro do absurdo*], 'situación na cal dende o punto de vista do falante se infrinxen os principios básicos da lóxica natural'. Esta UF xurdiu

[28] N. do t.: A palabra «tixolo» ten un significado secundario: 'sinal de stop'.
[29] N. do t.: En ruso trátase dunha palabra polisémica, que etimoloxicamente significa 'ir a rumbo, vagar'.
[30] Obviamente, os esquemas presentados nesta sección están substancialmente simplificados. Así, neste esquema cumpriría mostra-las condicións de uso de A (a sintaxe), así como dividir A en compoñentes (cada un con cadanseu significado orixinal e coas condicións de uso). Aquí e no resto do esquema móstranse só aqueles compoñentes que son esenciais para o aspecto da idiomaticidade que é obxecto de discusión.

como resultado da reinterpretación da locución terminolóxica *театр абсурда* [*teatro do absurdo*], propia da dramaturxia. Noutras palabras, a expresión *A* (neste caso *театр абсурда*) co significado de 'xénero específico da dramaturxia' (é dicir, 'A'), pertencente á clase de situacións «A» (exemplos de obras do xénero obxecto de estudo) foi reinterpretada con outro significado ('B': 'situación na cal dende o punto de vista do falante se infrinxen os principios básicos da lóxica natural'), pertencente á clase de situacións «B». Tamén sofren reinterpretacións propiamente ditas as UUFF *под дулом автомата* [*baixo a boca da metralleta*, 'obrigado, pola forza'], *верхушка айсберга* [*a punta do iceberg*, 'única parte visible de algo meirande'], *открыть Америку* [*descubrir América*, 'anuncia-lo descubrimento de algo que xa hai tempo que é coñecido'], *окончен бал* [*rematou o baile*, 'expresión de que algo rematou'], *банка с пауками* [*bote con arañas*, 'grupo de xente moi perigosa ou mala'], *перевернуть вверх дном (что-л.)* [*envorcar de arriba ó fondo*, 'poñer patas arriba'], *вылить ведро помоев (на кого-л.)* [*baleira-lo caldeiro de lavar (a alguén)*, 'amoestar duramente alguén'], *охота на ведьм* [*caza de bruxas*], *лакмусовая бумажка* [*papel tornasol*, 'posta a proba de alguén'], *ходить на задних лапках (перед кем-л.)* [*ir sobre as patas de atrás (perante alguén)*, 'arrastrarse (perante alguén)'], *брать быка за рога* [*toma--lo touro polos cornos*, 'afrontar unha situación difícil']; ingl. *to throw in the towel/sponge*, [*to be caught*] *between a rock and a hard place*, *to have cold feet*; alem. *auf eigenen Beinen stehen*, *(jmdm.) platzt der Kragen*, *sich in die Haare geraten*, *(jmdn.) aufs Kreuz legen*, *(jmdn). hinters Licht führen*, *[sich] kein Blatt vor den Mund nehmen*, *den Nagel auf den Kopf treffen.* De falarmos do ámbito do léxico na súa totalidade, tamén presentarían este tipo de idiomaticidade tódalas palabras empregadas en sentido figurado, coma as metáforas, as metonimias etc.

1.1.1.2. Reinterpretación intensional: *A* & 'A' & «∅» → *A* & 'B' & «B»

A diferenza do caso anterior, no caso da reinterpretación intensional falta o extensional da expresión de orixe. Un exemplo deste tipo é a expresión idiomática *буря в стакане воды* [*treboada nun vaso de auga*], 'situación na cal unha ou varias persoas expresan o seu descontento con respecto a algo importante dende o seu punto de vista, pero que é valorado polo falante como insignificante dende unha perspectiva máis ampla do mundo'. O extensional da expresión *буря в стакане воды* está ausente nunha lectura literal, pois a palabra *буря* [*treboada*] no seu significado directo non se combina con nomes referidos a volumes e a espazos pequenos. Tamén presentan esta clase de reinterpretación expresións coma: *адская машина* [*máquina infernal*] (co significado de 'bomba'), *глаз-алмаз* [*ollo-diamante*, 'boa vista á hora de medir ou avaliar algo'], *показать небо в алмазах кому-л.* [*mostra-lo ceo en diamantes*, 'facerlle ver a alguén con que se topou'], *ходячий анекдот* [*chiste andante*, 'persoa á que sempre lle pasa de todo'], *кровавая баня* [*baño de sangue*, 'loita cruenta'], *лезть в бутылку* [*entrar na botella*, 'enfadarse moito']; ingl. *to send someone away with a flea in his/her ear*; alem. *Haare auf den Zähnen haben*, *die Beine in die Hand nehmen*, *Bauklötze staunen*, *(jmdm.) einen Bären aufbinden; lügen*, *dass sich die Balken biegen*. No caso da última expresión poderíanse considerar como extensión situacións do tipo *Муравей залез в бутылку* [*unha formiga entrou na botella*], aínda que neste caso cambia a dimensión,

que nunha lingua natural xeralmente se corresponde co corpo humano (comp. os numerosos traballos sobre o antropocentrismo da semántica lingüística).

No límite da reinterpretación intensional atópanse aqueles casos nos que o intensional, se non se teñen coñecementos de etimoloxía, resulta opaco, comp. *заливать/забивать баки* [*enche-los depósitos*, 'dar escusas que non son verdade, contar mentiras']: *И мне, конечно, обидно за честных коммунистов, особенно людей пожилого возраста, которым* ***забивают баки*** [*E a min, obviamente, resúltame ofensivo polos comunistas honrados, sobre todo a xente anciá, ós que lles* ***enchen os depósitos***] (Corpus xorn.); – *Ты же ведь чердачник, Копченый, а не мокрушник, поэтому, пока не поздно, колись – где взял золотой браслет? И если ты надумаешь мне* ***забивать баки****, то про наш предстоящий разговор я тебе все объяснил...* [*Ti o que es é un aduaneiro, Afumado, e non un asasino; por iso, antes de que sexa tarde, admíteo: onde collíche-la pulseira de ouro? E se te-la intención de* ***encherme os depósitos*** *xa che expliquei todo o concernente á nosa conversa...*] (Irmáns Veiner. *A era da misericordia*, Эра милосердия). En todos estes casos o significado «literal» está escurecido.

1.1.1.3. Reinterpretación por compoñentes: (a_1 & 'a_1' +...+ a_k & 'a_k' + a_n & 'a_n') → A = (a_1 & 'b_1', ..., a_k & 'b_k', a_n & 'b_n')

Por reinterpretación por compoñentes enténdese aquel modo de formación de UUFF que non presupón o desprazamento de significado tropolóxico dunha combinación de palabras, senón que «recompón» a UF a partir de todas e cada unha das palabras que se reinterpretan. Seguindo este modelo, a miúdo xorden UUFF baseadas na convencionalización dun xogo de palabras. Así, o fraseoloxismo *отставной козы барабанщик* [*tamborileiro de cabra retirada*, 'persoa de pouca ou nula importancia'] non ten significado literal (tanto no sentido extensional coma no intensional) e xurdiu como resultado da reinterpretación dos seus compoñentes, cada un dos cales pode ser entendido como indicador dun status social baixo.

Comp.: —Ti tes visto tolos de verdade? —preguntoulle o velliño submiso, prostrado por cousa das hemorroides, á moza médica en prácticas. Na tenda botáronse a rir. —A ver, eu non son unha psiquiatra —respondeu ela turbada. —Iso, iso —constataba o velliño coa satisfacción dun bébedo— non hai xeito de ocultalo, ti es practicamente unha doutora e eu son ***отставной козы барабанщик***! [*o tamborileiro dunha cabra retirada!*] (Corpus pros. rus.). Neste caso seguimos estando ante a reinterpretación dun todo, xa que ningún dos compoñentes da expresión fraseolóxica se corresponde co significado literal da palabra en cuestión (comp. en contraposición a isto o punto 1.1.1.4.). Comp. tamén as UUFF *не пришей кобыле хвост* [*non cósa-lo rabo á egua*, 'díselle a unha persoa que non ten nada que ver cunha situación ou asunto'] e *десятая/седьмая вода на киселе* [*a décima/sétima auga no kísel*[31], 'familiar moi afastado']: *Были, конечно, и математики, и физики, но гуманитариев и*

[31] N. do t.: *Kísel* é a xelea tradicional rusa, que se fai cocendo avea ou froitas con fécula.

естественников было больше, один только я затесался меж ними как ***не пришей кобыле хвост****, будущий животновод из сельскохозяйственной академии* [*Había, por suposto, matemáticos e físicos, pero había máis humanistas e naturalistas; eu era o único que se metera entre eles como* ***non cósa-lo rabo á egua*** *futuro criador de animais da academia de agricultura*] (A. Lukianov. *O pau*, Палка); *Вы состояли в родственных отношениях с Кривошеиным, в каких именно? –В отдаленных, – неловко усмехнулся студент. –Так,* ***седьмая вода на киселе*** [*—Vostede era parente de Krivoxeini; que relación tiñan exactamente? —Moi afastado —sorriu incomodamente o estudante—,* ***a sétima auga no kísel***] (Corpus pros. rus.).

Nalgunhas teorías fraseolóxicas con esta clase e mais coas anteriores esgotábase practicamente a categoría das expresións fraseolóxicas; comp. Heller 1980.

1.1.1.4. Reinterpretación total vs. parcial

A reinterpretación pode atinxir non só a expresión, senón tamén os seus compoñentes (un ou varios). O primeiro caso presentouse, a modo de fórmula, nos puntos 1.1.1.1., 1.1.1.2. e 1.1.1.3. Un caso típico de reinterpretación dun compoñente é a expresión idiomática *раздавить бутылку* [*esmaga-la botella*] co significado de 'beber unha botella de bebida alcohólica' (comp. os seguintes exemplos: *День космонавтики по-настоящему гульнули только те двое, что сейчас на станции «Мир». Верные источники донесли, там они даже* ***раздавили пузырь*** [*O día da Astronáutica os únicos que estiveron verdadeiramente de xolda foron aqueles dous na estación Mir. Fontes fidedignas informaron de que aló mesmo* ***esmagaron a burbulla***] (Corpus xorn.); *В известном анекдоте про двенадцатиголового Змея Горыныча просыпаются две головы и говорят: давай, пока другие спят,* ***бутылку раздавим****. Тут третья голова открывает глаза: конечно, говорит, как пить – так по отдельности, а блевать – все вместе...* [*No célebre chiste sobre Gorínich, o dragón de doce cabezas, espertan dúas cabezas e din: «Veña, ho, mentres as outras dormen,* ***esmaguémo-la botella****». E nisto que a terceira cabeza abre os ollos e di: «Si, claro, para beber, por separado, pero para golsar, todas xuntas...»*] (Textos lit. int.). A forma *бутылку* [*botella*] conserva nesta expresión fraseolóxica o seu significado (que xurdiu como resultado dunha transformación metonímica regular: *бутылка* [*botella*] 'recipiente' → 'contido do recipiente') e non participa no proceso de reinterpretación. Noutras palabras, dificilmente se pode dicir que esta UF xurdise como resultado da reinterpretación do significado da locución *раздавить бутылку* [*esmaga-la botella*] no seu significado directo (comp. *В этой жуткой давке мне наступили на сумку и* ***раздавили бутылку*** [*Nesta horrorosa multitude pisáronme o bolso e* ***esmagáronme a botella***]). Sería máis correcto describir isto así: $(a_1$ & 'a_1' +...+ a_k & 'a_k' + a_n & 'a_n') → A = (a_1 & 'a_1', ..., a_k & 'b', a_n & 'a_n'). Na primeira parte da fórmula considéranse as palabras por separado cos seus significados directos, e na segunda parte unicamente se considera a expresión A, constituída por varios compoñentes, algúns dos cales conservan o seu significado directo (a_1 & 'a_1'), mentres que outros

son reinterpretados (***a*$_k$ & 'a$_k$' → *a*$_k$ & 'b'**). Comp. o concepto de «UUFF parciais» (*Teilidiome*) na concepción de H. Burger (Burger 1998: 36-40).

A este mesmo grupo de expresións idiomáticas tamén pertencen expresións coma *типа важная птица* [*un paxaro importante*, 'persoa importante'], *вернемся к нашим баранам*[32] [*volvamos ós nosos cordeiros*, 'exhortación para volver ó tema principal da conversa'], *по пьяной лавочке* [*pola tendiña chea*, 'completamente ebrio'].

1.1.1.5. Reinterpretación referencial: *A* & 'A' & «A» → *A* & 'A' & «a$_k$», onde a$_k$ representa un elemento do conxunto {«A»}

Por reinterpretación referencial enténdense aqueles casos nos que na expresión lingüística se produce unha redución da referencia, principalmente un afianzamento da referencia nun único obxecto denotado. Comp. os seguintes exemplos:

гений всех времен и народов [*xenio de tódolos tempos e pobos*, 'Stalin']: Наш «*гений всех времен и народов*» так прополол страну, что и столетие пройдет, а не забудется [*O noso* «xenio de tódolos tempos e pobos» *desbravou tanto o país que pasarán séculos e non será esquecido*] (G. Baklánov. *Diferente*, Разное);

лучший друг [*советских*] *физкультурников* [*o mellor amigo dos deportistas (soviéticos)*, 'Stalin']: На фото – футбольный матч. Стадион украшает громадное приветствие *Лучшему другу физкультурников*. Ну, кто им был, догадаться несложно [*Na foto vese un partido de fútbol. O estadio adobía cun saúdo masivo* ó mellor amigo dos deportistas. *A ver, non é complicado adiviñar de quen se trataba*] (Corpus xorn.);

лучший друг [*всех*] *пожарников* [*o mellor amigo de (tódolos) bombeiros*, 'Stalin']: Было и смешно, и грустно. Он знал, что я ненастоящий Сталин, но все равно испугался. Вот какова сила искусства. И страха перед *лучшим другом всех пожарников* [*Era divertido e ó mesmo tempo triste. El sabía que eu non era o auténtico, pero aínda así asustouse. Velaí a forza da arte. E a do medo perante* o mellor amigo de tódolos bombeiros] (Corpus xorn.);

самый человечный человек [*a persoa máis humana*, 'Lenin']: После захвата власти большевиками в октябре 1917 года *«самый человечный человек»* не гнушался лично подписывать приказы и отдавать распоряжения о ликвидации тысяч и тысяч своих сограждан [*Despois de que os bolxeviques tomasen o poder en outubro de 1917,* «a persoa máis humana» *non tivo reparos en asinar persoalmente e ordena-la liquidación de milleiros e milleiros dos seus concidadáns*] (Corpus xorn.);

[32] Dende un punto de vista sincrónico, esta UF pódese considerar como unha reinterpretación do compoñente *баранам* [*cordeiros*], aínda que etimoloxicamente é un calco da expresión francesa *revenons à nos moutons*.

матерый человечище [*homazo con experiencia, sabio*, 'Lev Tolstoi']: Отсюда стартует долгая дорога Софьи Андреевны, закончившаяся под замерзшими окнами дома на станции Астапово, где *Матерый Человечище*, Зеркало Русской Революции закончил свое существование в ноябре 1910 года [*A partir de alí comeza o longo camiño de Sofía Andréevna, a cal acabou debaixo das xeadas ventás da estación de Astapovo, onde* o homazo con experiencia*, o espello da Revolución Rusa, rematou a súa existencia en novembro de 1910*] (Xorn. int.);

ум, честь и совесть нашей эпохи [*intelixencia, honra e conciencia da nosa época*, 'o partido comunista']: Партбилет, как и в позабытые времена, становится пропуском в начальственное кресло. Обладатели новых корочек по-прежнему олицетворяют *ум, честь и совесть нашей эпохи* [*O carné do partido, igual que nos tempos esquecidos, convértese en salvoconduto para chegar ós postos de dirección. Os posuidores dos novos carnés encarnan* a intelixencia, a honra e a conciencia da nosa época] (Corpus xorn.);

Северная Пальмира [*A Palmira do Norte*, 'San Petersburgo']: Инициатива губернатора *Северной Пальмиры* о придании Санкт-Петербургу статуса культурной столицы стала основным предметом споров во время президентского визита [*A iniciativa do gobernador da* Palmira do Norte *sobre a concesión do status de capital cultural a San Petersburgo converteuse no obxecto principal de litixio durante a visita do presidente*] (Corpus xorn.).

A unicidade e singularidade do obxecto denotado reflíctese no esquema co **a** en negriña. Volvemos chama-la atención sobre o feito de que non é en absoluto obrigatorio contempla-las locucións citadas coma UUFF: o importante é que nelas é inherente certo grao de idiomaticidade.

Dependendo do tipo do obxecto denotado, a reinterpretación referencial pode conducir á unicidade e á singularidade (*vide supra*) e tamén a unha especificación que non xera unicidade. Tales son os casos de redución da referencia *светлое будущее* [*futuro claro*, 'futuro prometedor'], onde o significado se reinterpreta no marco dunha concepción ideolóxica concreta, é dicir, *светлое будущее* [*futuro claro*] reinterprétase exclusivamente coma 'comunismo': *Мать, инвалид детства, обманув медкомиссию, добровольцем прошла войну от Сталинграда до Вены. Потом, убрав в комод ордена и медали, со всей страной строила* ***светлое будущее*** [*A miña nai, inválida de guerra, despois de engana-la comisión de médicos, foi á guerra como voluntaria, de Stalingrado a Viena. Despois, coas ordes e as medallas na cómoda, construíu con todo o país* ***un futuro claro***] (Corpus xorn.). No marco do concepto de progreso, a expresión *светлое будущее* [*futuro claro*] pódese entender nun sentido máis amplo, perdendo neste proceso o status de UF. Incluso é posible analizar exemplos coma *маленький человек* [*persoa pequena*, 'persoa corrente, cidadán medio'] (*Двести лет назад обращение к* ***маленькому человеку*** *и обыденному событию было открытием, поворотом, актом справедливости* [*Hai douscentos anos, a atención que se lle prestou á* ***persoa pequena*** *e ó acontecemento*

cotián foi un descubrimento, un punto de inflexión, un acto de xustiza] (Corpus xorn.)), que remiten a unha determinada tradición da teoría da literatura e da cultura.

O proceso de reinterpretación referencial tamén é característico da formación de termos. Comp. locucións coma *новая история* [*historia nova*, 'historia moderna'], *гражданское право* [*dereito do cidadán*, 'dereito civil'], *компонентный анализ* [*análise compoñencial*], *формальная логика* [*lóxica formal*] e outros. Noutras palabras, o termo *новая история* [*historia nova*] non significa en absoluto unha historia que aconteceu relativamente hai pouco tempo, senón que se refire a un período temporal estritamente fixado e contraponse á historia contemporánea (en ruso 'новейшая история', *historia máis nova*), á historia antiga, á historia medieval etc. O dereito civil non é o dereito do cidadán, senón esa parte específica da xurisprudencia. Dun xeito análogo, a análise compoñencial non é calquera análise por compoñentes, por constituíntes, senón unha rama concreta da semántica. A lóxica formal non é a lóxica que considera a forma, senón a lóxica construída sobre principios definidos no campo de que se trate.

1.1.1.6. Reinterpretación das características gramaticais: $(a_1 \,\&\, c_1 + ... + a_k \,\&\, c_k + a_n \,\&\, c_n) \rightarrow A = (a_1 \,\&\, c_1, ..., a_k \,\&\, c_q, a_n \,\&\, c_n)$

Esquematicamente este caso descríbese como o cambio das características gramaticais (**c**) dun dos compoñentes do todo a_k **(**$c_k \rightarrow c_q$, onde **q** non é igual a **k)**, o cal leva a que o compoñente a_k, que forma parte da expresión, cambie de categoría; comp. *быть/держаться... вась-вась (с кем-л.)* [*estar de Vasia-Vasia con alguén*, 'ter moi boas relacións, moita confianza con alguén'], *надеяться на авось* [*confiar en 'ó chou'*], *не ах [как]*, *не ахти [какой/как...]* [*non ai! (como), non ah! (que tipo de/como)*, 'non é moi bo que digamos'], *на ты (с кем-л./чем-л.)* [*estar 'de ti' (con alguén)*, 'ter confianza con alguén, falarse de ti'], *без(о) всяких но* [*sen peros*, 'sen obxectar nada'], *стоять... на атасе* [*estar en 'atención!'*, 'asumi-lo papel de vixía mentres os outros membros dun grupo fan algo prohibido'], alem. [*ohne*] *Wenn und Aber.* Así, na expresión *надеяться на авось* [*confiar en 'ó chou'*], a partícula *авось* [*ó chou*] compórtase coma un substantivo. O compoñente *вась-вась* na expresión *быть/держаться... вась-вась с кем-л.* [*estar de Vasia-Vasia con alguén*] relaciónase co apelativo *Вась!*[33], que pola súa forma presupón unha proximidade social entre os comunicantes, reflectida na forma interna co «dobre» *Вась* que indica que ámbolos dous comunicantes se dirixen un ó outro dun xeito informal. Na expresión este compoñente adquire o status de adverbio. A forma *стоять... на атасе* relaciónase coa interxección *атас* [*atención!*, *coidado!*], que adopta as características dun substantivo. Comp. os seguintes exemplos:

быть/держаться... вась-вась (с кем-л.) [*estar de Vasia-Vasia con alguén*]: Бывший немецкий подлипала вскоре и здесь *стал вась-вась* со всей лагобслугой

[33] N. do t.: Diminutivo familiar do nome Vasilii.

и слишком часто спал в рабочее время, если только не распевал перед своими покровителями. Поймать с поличным участников этого альянса постепенно превратилось у начальника в навязчивое стремление [*O ex-lambecús alemán mesmo aquí rapidamente* se fixo Vasia-Vasia *con todo o servizo do campo de concentración e con demasiada frecuencia durmía no tempo de traballo, cando non cantaba diante dos seus protectores. Coller nas patacas os participantes desta alianza pouco a pouco se converteu no obstinado empeño do xefe*] (Xorn. Int.);

надеяться на авось [*confiar en 'ó chou'*]: Экономическая политика территорий должна быть современной и грамотной. Как, например, в Москве, Новгородской, Новосибирской и многих других областях и республиках. А там, где *надеются на авось* или на силу московских связей, совершают большую ошибку [*A política económica dos territorios ten que ser moderna e razoable, coma, por exemplo, en Moscova, na rexión de Novgorod, Novosibirsk e moitas outras rexións e repúblicas. E aló onde* confien en 'ó chou' *ou na forza das relacións con Moscova están a cometer un grande erro*] (Corpus xorn.);

не ах [как] [*non ai! (como)*, 'de maneira non-profesional, incompetente, mal feito']: До начала предвыборной кампании они были друзьями. И когда Козлов стал мэром, в дружеской беседе они ему часто говорили, что администрирует он *не ах как*, что хорошо бы вместо выделения земельных участков налево-направо заняться отоплением жилых домов [*Ata o comezo da campaña electoral eles eran amigos. E cando Kozlov se fixo alcalde, eles, en conversa amigable, dicíanlle que administraba* non ai! como *(de maneira incompetente), que no canto de asignar terreos sen criterio ningún estaría ben ocuparse da calefacción das vivendas*] (Corpus xorn.);

не ахти [какой/как...] [*non ah! (que tipo de/como)*, 'malo, regular, non bo']: Ситуация осложнялась еще и тем, что в районе взлетно-посадочной полосы дул резкий боковой ветер, да и вообще погода была *не ахти*. Истребитель сопровождения «потерял» на какое-то время «Буран» на подлете к полосе [*A situación complicouse aínda máis polo feito de que na zona da pista de aterraxe sopraba un forte vento de lado e en xeral o tempo* non ah! *(non era moi bo). O caza de escolta «perdeu» por un tempo o «Buran» durante o voo de achegamento á pista*] (Corpus xorn.);

стоять... на атасе [*estar en 'atención!'*, 'asumi-lo papel de vixía mentres os outros membros dun grupo fan algo prohibido']: К вечеру подъезжает Сапог с двумя амбалами, один, кажется, Мозоль, а второго я не знаю. Машину на углу оставили, осмотрелись, Сапог с Мозолем в подъезд зашли, третий *на атасе* остался [*Cara á noitiña chega o Bota con dous mangallóns, un, paréceme, o Calo, e o outro non o coñezo. Deixaron o coche na esquina, miraron arredor, o Bota entrou no portal co Calo e o terceiro quedou* en 'atención!'] (Corpus detect.).

1.1.1.7. Idiomaticidade de cita: *A* & 'A' → *A* & 'B' → *A** & 'B*'[34]

Outro tipo de reinterpretación é a idiomaticidade da cita. Nestes casos unha expresión que está formada baseándose noutra expresión (por exemplo, unha expresión idiomática derivada dun proverbio) remite á semántica da expresión de partida. Deste xeito, actualízanse ó mesmo tempo dous estratos no plano do contido e isto garante a idiomaticidade da expresión resultante. Comp. a expresión idiomática *сесть не в свои сани* [*non sentar na zorra dun*, 'facer algo máis alá das capacidades reais dun'], que se remonta ó proverbio *не в свои сани не садись* [*non sentes nunha zorra que non sexa a túa*, 'non te metas en algo demasiado complicado, que exceda as túas posibilidades']. O proceso de formación da expresión pódese concibir en dúas etapas. Na primeira etapa, a partir da expresión con significado literal *Не в свои сани не садись!* [*non sentes nunha zorra que non sexa túa!*] (***A* & 'A'**), dirixida a unha persoa concreta, xorde o proverbio co significado xeneralizado de 'non ocuparse dun asunto que excede as propias capacidades' (***A* & 'B'**). Nunha segunda etapa, a partir deste proverbio nun proceso de redución fórmase a expresión *сесть не в свои сани* [*non sentar na zorra dun*, 'facer algo máis alá das capacidades reais dun'] (***A** & 'B*'**). Seguindo este mesmo modelo xorde a idiomaticidade en expresións coma: *на блюдечке с голубой каемочкой* [*nun pratiño con bordiño azul*, '(ofrecerlle a alguén o que desexa) sen esforzo ningún por parte deste'] (esta pódese concibir como resultado da redución e da modificación parcial do enunciado *Сам принесет деньги на блюдечке с голубой каемкой?* [*El mesmo traerá os cartos nun pratiño co bordiño azul?*] da novela de Ilf e Petrov *Золотой теленок* [*O tenreiro dourado*]); ou coma estoutra *ключ от квартиры, где деньги лежат* [*a chave do piso onde están os cartos*, 'expresión que indica que as esixencias do interlocutor son excesivas, que se debe conformar co que está a recibir'] (redución e modificación da cita da novela de Ilf e Petrov *Двенадцать стульев* [*As doce cadeiras*]: *Может быть, вам дать еще ключ от квартиры, где деньги лежат?* [*Pode ser que aínda lle han de da-la chave do piso onde están os cartos?*]).

Expresións idiomáticas coma *объять необъятное* [*abrangue-lo inabranguible*] son de índole diferente. Esta expresión xurdiu a partir do aforismo de Kozma Prutkov *нельзя объять необъятное* [*non se pode abrangue-lo inabranguible*] e percíbese coma unha cita. A diferenza do caso anterior, aquí é difícil falar dunha reinterpretación semántica do significado orixinal nunha primeira etapa, pois a frase *нельзя объять необъятное* [*non se pode abrangue-lo inabranguible*] non é que fose interpretada por Kozma Prutkov, senón máis ben que adquiriu o status de fenómeno literario e cultural, sendo introducida no sistema orixinal de aforismos do autor ficticio.

Un caso particular represéntano as expresións idiomáticas coma *человек в футляре* [*persoa nunha funda*, 'persoa pechada en si mesma']. Esta expresión non xurdiu como resultado dunha redución e dunha modificación, senón que, máis ben, supón unha

[34] ***A**** parcialmente coincide con ***A*** na forma. **'B*'** parcialmente coincide con **'B'** na semántica. Ademais, nalgúns casos a coincidencia tamén pode ser total.

remisión intertextual ó coñecido personaxe do relato de Chéghov.

1.1.1.8. Pseudoexhaustividade: a_1 & 'a_1' +...+ a_n & 'a_n' → A = ((a_1 & 'a_1', ..., a_n & 'a_n') & ('b_1', ..., 'b_n'))

A pseudoexhaustividade caracteriza expresións idiomáticas coma *ни сват ни брат* [*nin consogro nin irmán*, 'non ser parente en absoluto, non ter que ver con alguén']; *ни кола ни двора* [*(non ter) nin pau nin patio*, 'non ter absolutamente nada']. O procedemento de pseudoexhaustividade fundaméntase en que se enumeran algúns elementos dun conxunto común, os cales non o esgotan, pero reinterprétanse como se se enumerasen realmente tódolos elementos do conxunto (os elementos complementarios do conxunto desígnanse no esquema por medio da serie **'b_1', ..., 'b_n'**). Así, na expresión idiomática *ни сват ни брат* [*nin consogro nin irmán*] o significado real de 'persoa coa que o falante non ten ningunha obriga no que atinxa ás relacións persoais do propio falante' non se esgota coas relacións *быть сватом* [*ser consogro*] e *быть братом* [*ser irmán*]. Dun xeito análogo, a expresión *ни кола ни двора* [*(non ter) nin pau nin patio*], polo menos dende un punto de vista sincrónico non esgota os obxectos de posesión potenciais. Na elección dos elementos que representan o conxunto común do que se trate pode participa-lo factor da complexidade formal (rima, semellanza fónica etc.; para máis detalles, *vide infra*). Este modo de codificación idiomática do sentido tamén se utiliza noutras linguas e non está necesariamente ligado ás expresións idiomáticas propiamente ditas. Así, na palabra chinesa *dasiao* (大小) (*tamaño*), a semántica transmítese por medio dos dous morfemas *da*, co significado de 'grande', e *siao*, co significado de 'pequeno', é dicir, o campo do tamaño desígnase por medio dos dous puntos extremos.

Casos coma os de *вынь да положь* [*sácao e pono*, 'inmediatamente'] e *выкрасить и выбросить* [*pintar e botar*, 'algo non se pode utilizar por ser de moi mala calidade, non ten uso ningún'] están próximos á pseudoexhaustividade. Aquí, para indica-lo significado emprégase a enumeración das accións posibles na situación correspondente. Así, por exemplo, a insistente esixencia da expresión *вынь да положь* [*sácao e pono*] transmítese por medio da sucesión ordenada de accións características dunha situación de esixencia dun determinado tipo. A idea da imposibilidade de utilizar algunha cousa exprésase na unidade idiomática *выкрасить и выбросить* [*pintar e botar*] a través da omisión do compoñente que estaría no medio da secuencia habitual de accións (algo similar a «pintar-utilizar-botar»). Na teoría cognitiva estas sucesións regulares de accións denomínanse «scenarios», estruturas cognitivas nas que se fixa a experiencia do ser humano, os seus coñecementos da realidade.

Para remata-la análise dos tipos de reinterpretación, subliñaremos que como consecuencia dela aparece un conxunto de características expresivas (figuratividade, emotividade, carácter estilístico etc.) relacionadas habitualmente coas expresións idiomáticas. Ademais, na fraseoloxía tradicional, as características expresivas considéranse os criterios máis importantes á hora de incluír un fraseoloxismo na clase

das UUFF. Na nosa concepción isto é a miúdo unha característica secundaria, consecuencia da reinterpretación.

1.1.2. Examinemos agora a categoría da **opacidade**. Aínda que en moitos casos a opacidade e a reinterpretación non se exclúen mutuamente e actúan á vez, tendo en conta a lóxica de exposición elixida, é natural examinar por separado a categoría da opacidade. Como se dixo antes, a opacidade está relacionada ben coa ausencia de normas comúns de dedución, ben coa ausencia dun ou varios compoñentes da UF no dicionario. A continuación estúdanse tres tipos de opacidade: os dous primeiros pódense reducir á ausencia de regras comúns de dedución, mentres que o terceiro se explica pola presenza de compoñentes únicos.

1.1.2.1. Opacidade da deducibilidade: a_1 & 'a_1' +...+ a_n & 'a_n' → A = (a_1, ..., a_n) & 'A' = F('a_1', ..., 'a_n').

A opacidade da deducibilidade adoitábase describir noutros termos como a non-aditividade da fusión dos significados (comp. Мельчук 1960, 1968, onde a non-aditividade da fusión dos significados se equipara á idiomaticidade). Está claro que a opacidade da deducibilidade non se refire, nin moito menos, a tódolos casos de non-aditividade da fusión dos significados. O que acontece é que a formación da semántica da maioría das UUFF require regras non-aditivas de combinación do significado das palabras que compoñen tales expresións; véx. Балли 1955; Щерба 1974; Гак 1972; Апресян 1995б. Por iso mesmo a opacidade da deducibilidade atinxe só ás regras non-estándar da combinación de significados de palabras. A miúdo a idiomaticidade relaciónase precisamente con este tipo de opacidade.

No esquema, á regra non-estándar correspóndelle a función **F** dalgúns argumentos (dos significados **'a_1', ..., 'a_n'**). Está claro que isto é unha simple xeneralización, xa que pode haber varias regras e no campo de acción da función (o campo de partida) pode que non aparezan tódolos elementos, senón só algúns. Con todo, neste contexto da investigación isto non é esencial.

Na concepción de Mel'čuk (Мельчук 1960, 1968) mencionada previamente só se recoñecen coma idiomáticas aquelas expresións a cuxos compoñentes non se lles pode asignar de ningún xeito significados independentes. Así, o fraseoloxismo *не видно ни зги* [*non se ve nin zga*, 'non se ve absolutamente nada'] considérase non-idiomático, xa que ó compoñente *зги*[35] [*zga*] pódeselle atribuír un significado independente; comp. Mel'čuk 1968: 54. O que acontece, non obstante, é que a expresión *не видно ни зги* [*non se ve nin zga*], en realidade, poderíase considerar unha colocación, pero non pola independencia «técnica» da palabra *зги* [*zga*], senón pola regularidade semántica da locución *не видно* [*non se ve*] no marco dun modo irregular de expresar un significado MAGN. Con todo, é máis conveniente considerar que *не видно ни зги* [*non se ve nin*

[35] N. do t.: Forma arcaica da palabra «camiño», hoxe opaca.

zga] é unha UF, pois a función léxica MAGN de *не видно* [*non se ve*] neste fraseoloxismo non está expresada por unha palabra, senón por unha locución: *ни зги* [*nin zga*]. Estritamente falando, aquí a UF propiamente dita é *ни зги* [*nin zga*]. Isto vén determinado polo feito de que *ни* [*nin*] modifica en *ни зги* [*nin zga*] unha unidade léxica que no ruso moderno non ten un significado independente.

Está claro que a opacidade da deducibilidade é unha consecuencia típica da reinterpretación. Con moita frecuencia a reinterpretación realízase mediante regras únicas. Así, a expresión idiomática *брать быка за рога* [*toma-lo touro polos cornos*, 'afrontar unha situación difícil'], citada anteriormente para ilustra-la reinterpretación en sentido estrito (véx. 1.1.1.1), serve ó mesmo tempo coma exemplo da opacidade da deducibilidade, pois pódese considerar que non existen regras estándar que permitan deduci-lo significado real da expresión a partir do significado dos seus compoñentes. Sinalaremos que as expresións reinterpretadas non sempre posúen, nin moito menos, a propiedade da opacidade. Nalgúns casos para o «cálculo» do significado real pódense utiliza-los coñecementos sobre as implicaturas do discurso e sobre os modelos metafóricos típicos A VIDA É UN XOGO, UN ACONTECEMENTO É MOVEMENTO, A VIDA É UN CAMIÑO, A RESOLUCIÓN DUN PROBLEMA É UN CAMIÑO etc. Neste sentido, as expresións *стоять на пути (у кого-л.)* [*estar no camiño (a alguén)*, 'ser un impedimento para que alguén faga algo'], *пойти каким-л. путем* [*ir por un determinado camiño*, 'proceder dun xeito determinado'] están reinterpretadas, pero non son opacas. A influencia que estas regras exercen sobre o grao de idiomaticidade (no aspecto da opacidade) da expresión resultante require unha discusión complementaria (*vide infra*).

A opacidade da deducibilidade é un factor de idiomaticidade independente, aínda que estreitamente vinculado á reinterpretación. Noutras palabras, se como resultado da reinterpretación xorde unha unidade motivada, daquela non hai fundamentos para falar de opacidade (comp. aquelas expresións motivadas semanticamente, tales coma *потерять голову* [*perde-la cabeza*, 'facer algo insensato, sen xuízo'], *выжить из ума, испустить дух* [*ceiba-lo espírito/alento*, 'morrer'], *проводить в последний путь* [*acompañar na derradeira viaxe*, 'enterrar un morto']). Non obstante, se como resultado da reinterpretación xorde unha expresión non-motivada, entón é natural considerar que se está a realizar un factor complementario da idiomaticidade: a opacidade (por exemplo *дать дуба* [*da-lo carballo*, 'morrer'], *шнурки в стакане* [*os amallós están no vaso*, 'os pais están na casa, o que implica que non se pode facer algo prohibido na casa'], *выставить кеды* [*poñe-los tenis fóra*, 'morrer, espichala'], *груз 200* [*carga de 200*, 'cadáver, morto'], *принять на грудь* [*tomar ó corazón*, 'beber alcohol']).

1.1.2.2. Opacidade da forma reducida: $A = \{a_{\mathbf{n}}\} \rightarrow B = \{a_{\mathbf{k}}\}$, onde $\{a_{\mathbf{k}}\} \subset \{a_{\mathbf{n}}\}$, onde $\{a_{\mathbf{k}}\}$, é dicir, é un subconxunto estrito de $\{a_{\mathbf{n}}\}$[36].

Este tipo de opacidade caracterízase polo feito de que unha expresión completa e totalmente opaca redúcese a fragmentos que a compoñen. Os compoñentes omitidos, con todo, non desaparecen semanticamente e, así, para a comprensión de determinada expresión requírense certas operacións cognitivas complementarias con respecto ó estándar. Isto leva á opacidade e ó mesmo tempo complica o modo de indica-lo obxecto denotado (véx. 1.1.3).

Moi a miúdo a idiomaticidade deste tipo xorde debido a unha apócope da forma plena da expresión fixa. Así, a expresión idiomática *пуститься во все тяжкие* [*cometer tódolos graves*, 'entregarse a unha vida viciosa, levar unha vida inmoral'] formouse como resultado da redución da expresión plena *пуститься во все тяжкие грехи* [*cometer tódolos pecados graves*, 'entregarse a unha vida viciosa, inmoral']. Na súa forma plena esta expresión non se emprega practicamente nunca. A expresión idiomática *себе дороже* [*máis cara para un mesmo*, 'algo terá consecuencias graves no futuro'] formouse como resultado da omisión do compoñente verbal da locución, que se pode reconstruír coma *себе дороже обойдется/будет/встанет* [*máis cara para un mesmo resultará/será/sairá*]. Compárense tamén os casos semellantes *все путем* [*todo polo camiño*, 'todo vai/está ben'] (similares a *все идет правильным путем* [*todo vai polo camiño*]), *на все сто* [*a todo o cen*, 'completamente, de todo'] (de *на все сто процентов* [*a todo o cen por cen*]). Se a modo de locución orixinal aparece unha expresión idiomática entón, ó se produci-la apócope, refórzase a idiomaticidade da expresión; comp. a expresión *по полной* [*polo completo*, 'ó máximo, completamente'], xurdida a partir da expresión *по полной программе* [*polo programa completo*].

Exemplos próximos a este caso son aquelas UUFF que en esencia representan formas proposicionais con valencias obrigatorias omitidas. Restituír estas últimas e enchelas con actantes conduce á perda da idiomaticidade. Por exemplo, a conxunción composta *как только X, (так) сразу Y* [*en canto* X, *(entón) de contado* Y] en frases coma ***Как только*** *уважаемый гость из дальнего зарубежья приезжает в Россию, его* ***сразу*** *кормят-поят и куда-нибудь ведут или везут* [***En canto*** *vén a Rusia, dun lugar afastado do estranxeiro, un convidado prezado,* ***de contado*** *lle dan de comer e beber e o levan a algures*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец) transfórmase na expresión fixa *как только так сразу* [*en canto entón de contado*, 'de contado']; comp. (1):

(1) **a.** En principio eu estou de acordo con que os parlamentarios dun país tan grandioso como é o noso non teñen que ter menos cós lords británicos ou os

[36] Neste esquema (e posteriormente) utilízase o aparato da teoría de conxuntos. Noutras palabras, a designación $\{a_{\mathbf{n}}\}$ corresponde a un conxunto de elementos elevados á potencia **n**.

> senadores americanos. E que o teñan, pero non hoxe, senón ó día seguinte. Ó día seguinte de que o votante ruso alcance o americano no soldo. ***Как только – так сразу***! [*en canto – entón de contado!*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец); **b.** Oh! Esta vez si que tivemos un Presidente axuizado. É que ***как только, так сразу***! [*en canto, entón de contado!*] comprendeu que en Rusia cómpre cambia-lo clima de investimento (Corpus xorn.).

Comp. tamén os fraseoloxismos análogos *от X до Y* [*dende X ata Y*, 'dende o comezo ata o final, completamente']→ *от и до* [*dende e ata*, 'completamente']: *Я пытался придумать, как бы привлечь ее внимание, и в то же время прикидывал, как это я с ней проживу всю жизнь –* ***от и до****!* [*Intentaba que se me ocorrese unha maneira de atrae-la súa atención e ó mesmo tempo trataba de imaxinar como había de pasar toda a miña vida con ela,* ***dende e ata****!*] (Corpus pros. rus.); *подумать только об X* [*pensar só en X*, 'expresión de sorpresa ante un feito']→ *подумать только!* [*pensar só!*, 'hai que ver!, mira ti!']: *– Вы это слышали? Наша Сарочка вышла замуж за портного. –* ***Подумать только****! Теперь будет богатой женщиной* [*—Oístes isto? A nosa Sárochka casou co xastre. —****Pensar só****! Agora vai ser unha muller rica*] (Corpus pros. rus.).

1.1.2.3. Opacidade compoñencial: $A = (a_1, ..., a_k, ..., a_n)$, onde $a_k \notin D$, onde D é o dicionario dunha lingua dada

O esencial destoutro tipo de opacidade —a opacidade compoñencial— radica en que na expresión están presentes elementos léxicos que non están no dicionario. Se se considera que a opacidade compoñencial é un tipo de idiomaticidade, entón cómpre considerar idiomáticas expresións coma *не видно ни зги* [*non se ve nin zga*[37]]. Observemos que dende o punto de vista da opacidade compoñencial tamén locucións formadas por compoñentes únicos coma *заклятый враг* [*inimigo xurado,* 'inimigo a morte'], *расквасить нос* [*cruza-lo nariz*, 'dar unha labazada'] son idiomáticas (comp. a interpretación oposta feita por I. A. Mel'čuk (Мельчук 1968)). Outra cuestión é se estas locucións son expresións idiomáticas ou non. Posteriormente habemos de volver sobre este problema. A interpretación da idiomaticidade, formulada nunha serie de investigacións (véx. Weinreich 1966, 1969; Мельчук 1968) unicamente como o carácter non-estándar das regras coas que se fusionan os significados, non se corresponde coa concepción 'natural' desta categoría, pois as combinacións opacas de palabras (nun dos seus significados) que dende un punto de vista natural son claramente idiomáticas, sairían deste eido se operamos con esta descrición. Expresións deste tipo, concretamente, son as expresións *семо и овамо*[38] [*aquí e alí*], *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo']; ingl. *dribs and drabs*, *tweedledum and tweedledee*; alem. *Krethi und Plethi*, *Lug und Trug*, *in Saus und*

[37] N. do t.: Véxase a nota 35.
[38] N. do t.: Elementos únicos, arcaicos.

Braus; holan. *tegen heug en meug*, *met hutje en mutje* (na terminoloxía de U. Weinrich son *pseudo-idioms*).

Parece evidente que tralo feito de existir un compoñente que non ten significado autónomo e só se emprega en combinacións léxicas[39] existen diferentes causas que determinan o grao de opacidade. Así, a forma *лясы* [*balaústres*] na expresión fraseolóxica *мочить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar'] é completamente opaca, mentres que a forma *путеводная* [*de guía*] nas expresións idiomáticas *путеводная звезда* [*estrela de guía*, 'estrela polar'] e *путеводная нить* [*fío de guía*, 'fío de Ariadna'] é opaca dado que non aparece no dicionario, pero é deducible grazas á súa motivación semántica (comp. 1.1.2.1.)[40]. Así, o grao de opacidade dun compoñente único pode ser diferente. Comp. expresións, por unha banda, coma alem. *(jmdm.) die Leviten lesen, einen Rochus haben (auf jmdn.)*, *sein Scherflein beitragen (zu etw.)* e, por outra, *den Drehwurm haben, (jmdm.) reißt der Geduldsfaden, ins Fettnäpchen treten*. É relevante o feito de que este factor non inflúe á hora de clasificar unha expresión como expresión idiomática ou como colocación (para máis detalle *vide infra*). Así, clasifica-las combinacións fixas de palabras *грецкий орех* [*noz grega*, 'noz'], *заклятый враг* [*inimigo xurado*, 'inimigo a morte'], *проливной дождь* [*choiva que penetra ó caer*, 'choiva intensa, chuvieira'] coma expresións idiomáticas sería pouco razoable, pero non polo feito de que os morfemas radicais dos compoñentes únicos se atopen noutras palabras do ruso e non sexan únicos de seu. Da mesma maneira os compoñentes únicos constrúense en expresións coma *подколодная змея* [*serpe debaixo dun cepo*, 'persoa malvada'] e *путеводная нить* [*fío guía*, 'fío de Ariadna'], as cales, a pesar de todo, si son expresións idiomáticas. Os morfemas destas expresións non son únicos, pero as propias locucións si están reinterpretadas. Comp. tamén as expresións *закадычный друг* [*amigo íntimo*] e *заклятый враг* [*inimigo xurado*]. Aínda que o grao da opacidade compoñencial da primeira sexa máis alto có da segunda, ámbalas dúas pertencen á clase das colocacións. Noutras palabras, o factor do grao de opacidade inflúe exclusivamente no grao de motivación do fraseoloxismo.

No grupo das expresións con opacidade compoñencial figuran non só as combinacións de palabras con compoñentes únicos xurdidos historicamente como resultado dun desenvolvemento natural da lingua, senón tamén as expresións con formacións morfolóxicas irregulares coma *на полном серьезе* [*no serio completo*[41], 'totalmente en serio'] (*Один из местных «вероучителей»* ***на полном серьезе*** *доказывал, что «в Коране записано», будто бы чеченцы произошли от ветхозаветного Ноя* [*Un dos*

[39] Neste caso, referímonos a un diccionario mental e non a obras de consulta reais. Nestas últimas aparecen a miúdo as entradas correspondentes, pero nelas indícase a unicidade do elemento: a súa combinabilidade cunha palabra concreta. Así, no *Pequeno dicionario monolingüe* (MAC) a entrada da palabra *преткновение* remite de inmediato á expresión idiomática *камень преткновения* [*pedra obstáculo*, 'tropezo'] (N. do t.: «non-lexicográfico», en termos dos autores).

[40] No *Pequeno dicionario académico*, na palabra *путеводный* [*de guía*] distínguense os significados 'aquilo que indica o camiño/a dirección, que conduce a algures/algo' e 'aquilo/aquel que dirixe, ordena'. A xulgar polos exemplos proporcionados, estes significados son anticuados e non se usan no ruso moderno.

[41] N. do t.: Emprego irregular dun adxectivo como substantivo.

«predicadores» locais demostraba ***no serio completo*** *que os chechenos descenden do Noé do Vello Testamento*] (Corpus xorn.)); *по утрянке/утряку* [*pola mañanciña*[42], 'pola mañá'] (*Сегодня* ***по утряку*** *никак встать не мог, голова как бревно. Подлечился остатками портвешка – только после этого стал предметы различать* [*Hoxe* ***pola mañanciña*** *non me daba erguido; tiña unha resaca tremenda. Cureime cuns restos de viño do Porto, e non foi ata entón que empecei a distingui-los obxectos*] (Corpus pros. rus.)).

1.1.3. Pasemos á discusión do terceiro factor da idiomaticidade: a **complexidade** no modo de referirse ó obxecto denotado.

A complexidade no modo de referirse ó obxecto denotado maniféstase en dúas variantes: na ampliación da forma e na súa redución. Tanto a ampliación da forma coma a súa redución, que dan lugar a efectos semánticos e pragmáticos de diferente tipo, son unha das manifestacións típicas do funcionamento do sistema lingüístico, equiparables á función poética da linguaxe (no sentido de R. Jakobson)[43]. Son tamén unha parte importantísima do fenómeno dos xogos de palabras.

A alteración da forma, entre outras cousas, maniféstase en que unha denominación estándar (unha descrición) é substituída por unha non-estándar. Ó falarmos da complicación da descrición (a complexidade no modo de referirse a algo) en conxunto, é oportuno lembra-lo famoso exemplo de G. Frege que ilustra o concepto de descrición: o emprego das expresións *утренняя звезда* [*estrela da mañá*] e *вечерняя звезда* [*estrela da noitiña*] en relación ó mesmo obxecto: Venus. Como o planeta Venus ten na lingua natural a denominación estándar *Венера* [/venera/], daquela calquera descrición desenvolvida pode considerarse como complicada e en certo modo máis idiomática. Por esta lóxica moitos casos de reinterpretación levan á complicación da descrición. Así, as expresións idiomáticas co significado de «morrer» (*отбросить коньки* [*guinda-los patíns*], *дать дуба* [*da-lo carballo*], *протянуть ноги* [*estira-las pernas*], *сыграть в ящик* [*xogar ó caixón*]) supoñen un modo máis complicado de referirse ó obxecto denotado có do verbo común *умереть* [*morrer*].

Está claro que o parámetro da idiomaticidade que estamos a tratar non é propio daquelas UUFF que non teñen un equivalente lexicalizado univerbal. Comp. expresións coma *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'], *купить кота в мешке* [*mercar un gato nun saco*, 'ser enganado nun trato'], *выпустить джина из бутылки* [*ceiba-lo xenio da botella*, 'cometer unha acción cunha infinidade de consecuencias negativas', *выпустить пар* [*ceibar vapor*, 'cometer unha acción que serve para aliviar unha tensión, desabafar], alem. *der lachende Dritte* ('parte que recibe o beneficio dun conflito entre outras dúas partes e que non participa directamente nese conflito'). Estas expresións poden ser idiomáticas segundo o parámetro da opacidade e segundo o parámetro da reinterpretación.

[42] N. do t.: En ruso, o uso do diminutivo nesta expresión é o que lle confire o carácter irregular.
[43] Comp. tamén a categoría «separación» segundo V. Xklovskii (Xklovskii 1919).

A opacidade da deducibilidade está estreitamente ligada á reinterpretación e existen casos onde a opacidade é unha consecuencia directa da reinterpretación (comp. *дать дуба* [*da-lo carballo*], *лыка/лыко не вязать* [*non tecer un líber*[44], 'non dar falado por mor da ebriedade']); de maneira semellante tamén a complicación da forma a miúdo resulta estar estreitamente ligada tanto á opacidade da deducibilidade coma á reinterpretación (comp., non obstante, 1.1.3.1.). Nunha concepción ampla, calquera expresión idiomática supón unha certa complexidade no modo de referirse ó obxecto denotado se existe un modo máis sinxelo de expresa-lo mesmo significado.

1.1.3.1. Complicación da descrición por medio de quasi-sinónimos e reduplicacións: $A = (a_1, ..., a_n)$ & 'A' & «A» → $A^* = (a_1, ..., a_n, ..., a_k)$ & 'A*' & «A*», onde k > n

Nesta fórmula o asterisco ó lado do símbolo **A** indica unha alteración da forma (***A****) e do significado (**'A*' & «A*»**) na expresión resultante con relación á orixinal. Do esquema despréndese que a complicación dunha descrición deste tipo presupón a aparición de compoñentes adicionais na forma resultante, os cales representan ou ben quasi-sinónimos xa existentes na descrición estándar das palabras (comp. *всем и каждому* [*a/para todos e a cada un*, 'a/para todo o mundo'], *все и вся* [*todo e toda*, 'todo o mundo'], *иметь место быть* [*ter lugar ser*, 'ter lugar, existir'], *всего ничего* [*de todo de nada*, 'moi pouco, case nada']), ou ben a súa reduplicación (*хоть криком кричи* [*aínda que berres cun berro*, 'por moito que protestes'], *на веки вечные* [*polos séculos eternos*, 'por moito tempo'], *во веки веков* [*polos séculos dos séculos*, 'polos séculos dos séculos'], *век вековать* [*«seculear» un século*, 'pasar toda a vida dunha maneira determinada'], *ходуном ходить* [*camiñar camiñando*, 'estar en continuo movemento, non dar parado'])[45].

Dende un punto de vista semántico, a complicación da descrición que está a ser estudada dá lugar a un aumento do significado de tipo MAGN. A ampliación da forma produce un «aumento» do contido, o cal corresponde ó principio de iconicidade. Enténdese que este tipo de complicación da descrición non leva á opacidade: ó contrario, o significado resultante faise mesmo máis transparente. É ben pouco razoable considerar estas expresións sequera como resultado da acción da reinterpretación, xa que nin un só dos seus compoñentes se pode someter a transformacións tropolóxicas. A idiomaticidade das locucións deste tipo está ligada exclusivamente á complexidade no modo de referirse ó obxecto denotado.

Nalgúns casos topámonos coa imitación dun diálogo natural. Así, en expresións coma *знать не знаю, ведать не ведаю* [*saber non sei, coñecer non coñezo*, 'non saber nada

[44] N. do t.: O líber (floema secundario) é a capa interna da casca, a máis próxima ó *cambium*, usado para ata-los inxertos.

[45] Comp. tamén a expresión idiomática *проще простого* [*máis simple có simple*, 'simplísimo'] da que, ademais, é difícil indica-la expresión orixinal que se complica posteriormente, aínda que parece que pode ser reconstruída como *очень просто* [*moi simple/sinxelo*].

de nada, non ter nin idea'], a reduplicación fundaméntase na imitación de enunciados cun tópico verbal, característicos do discurso cotián, comp.: – *Ты этого действительно хочешь? – Хотеть-то я хочу, да кто ж мне даст* [*—Ti de verdade querías aquilo? —Querer, quéroo* (lit. 'querer + partícula *mo*, eu quéroo')*, pero quen mo vai dar*]. O tópico na forma superficial do enunciado realízase neste caso no infinitivo do verbo coa partícula *mo*. O emprego de quasi-sinónimos *знать* [*saber*] e *ведать* [*coñecer*] supón no caso da expresión idiomática *знать не знаю, ведать не ведаю* [*saber non sei, coñecer non coñezo*, 'non saber nada de nada, non ter nin idea'] un factor complementario da complicación da descrición. Comp.: – *Отвалите от меня с вашими кухонными посиделками. Кто там среди вас прав, кто виноват –* ***знать не знаю и ведать не ведаю*** [*Apartádevos de onda min coas vosas paroladas de cociña,* ***saber non sei, coñecer non coñezo*** *quen é o que ten razón e quen ten a culpa de vós*] (Corpus pros. rus.).

Un determinado tipo de reduplicación caracteriza tamén a expresión *всякая всячина* [*todo de todo*, 'todo tipo de cousas'], aínda que inclúe ademais o compoñente único *всячина*[46], que, como se pode ver, é un factor decisivo á hora de interpreta-la expresión como idiomática.

1.1.3.2. Asimilación da forma: $A = (a_1, ..., a_n)$, podendo elementos de A estar ligados entre si por unha relación formal F

A asimilación da forma maniféstase en que os compoñentes $a_1, ..., a_n$, que constitúen a expresión A, están relacionados entre si non só por medio de regras sintácticas e semánticas estándar, senón tamén por unha relación formal adicional **F**, que leva a que entre os compoñentes $a_1, ..., a_n$ xurda unha semellanza formal. O máis frecuente é a rima, comp. *глаз-алмаз* [/glaz-almaz/ *ollo-diamante*, 'ter boa vista á hora de medir ou avaliar algo, ter ollo clínico']; *куда ни кинь, всюду – клин* [/kudá ni kin, vsiudu klin/ *guindes onde guindes por todas partes hai unha cuña*, 'situación sen saída']; *наш пострел везде поспел* [/nax postrel vezdé pospel/ *o noso fedello tivo tempo de ir a todas partes*, 'persoa moi inquieta, fedellona']; *ни сват ни брат* [/ni svat ni brat/ *nin consogro nin irmán*, 'non ser parente en absoluto, non ter que ver con alguén']. Ó conxunto de casos de asimilación formal pertencen tamén as aliteracións (características das linguas xermánicas, comp. as expresións idiomáticas alemás *mit Kind und Kegel* 'con tódolos membros da familia; todos xuntos', *Land und Leute* 'o país e maila xente', as inglesas *spick and span* 'limpo e coidado', *safe and sound* 'vivo e salvo'), asonancias etc.

[46] N. do t.: Palabra derivada de 'todo', 'cada'.

1.1.3.3. Complicación da descrición por medio de substitucións eufemísticas: *A* & 'A' → *A* & 'B' → *A** & 'B'

Este esquema ilustra aqueles casos nos que unha parte, cuxo emprego se percibe como prohibido, se substitúe por outra expresión máis neutral. No esquema esta alteración da forma, que non afecta ó significado real da expresión, desígnase coma ***A* & 'B' → *A** & 'B'.**

Falando de expresións idiomáticas, e en particular das obscenas, a complicación da descrición redúcese ó seguinte: o plano da expresión da expresión idiomática obscena, formada como resultado dunha reinterpretación, sofre alteracións que levan á aparición dunha descrición máis complicada. Esta descrición remite ó significado fixado na expresión orixinal, que a miúdo (non obrigatoriamente) é unha expresión idiomática. Comp. os seguintes exemplos:

послать на легком катере/на хутор бабочек ловить/в баню [*mandar nunha lancha lixeira/a un casarío a cazar bolboretas/ó baño*, 'mandar a paseo']: – Быстро выметайтесь! – кричал он. – С глаз долой, *на хутор бабочек ловить*! Дом послезавтра сносят [*—Lisquen de contado! —berrou el—. Fóra,* a un casarío a cazar bolboretas! *A casa derrúbana pasadomañá*] (Corpus pros. rus.); Конфликт спровоцировали депутаты правых фракций. Особенно отличился депутат Бойко, который обзывал Жириновского фашистом и *посылал в баню* [*O conflito provocárono os deputados das fraccións de dereitas. De maneira especial distinguiuse o deputado Boiko, quen chamou fascista a Jirinovskii e* mandouno ó baño] (Corpus xorn.);

мать твою за ногу [*a túa nai pola perna*, 'a nai que te pariu']: Вижу нетерпенье на лицах друзей. Где же ты бродишь, *мать твою за ногу*? На-ка держи вот стакан, только не пролей смотри! [*Vexo impaciencia nas caras dos amigos. Pero onde andas ti*, a túa nai pola perna*? A ver, ho, terma ben do vaso, mira, non o vaias derramar!*] (Textos lit. int.);

послать/пойти к такой-то матери/бабушке [*enviar/ir onda certa nai/avoa*, 'mandar a paseo']: – Что тут поделаешь, если политиканам легче провести шоу, чем накормить голодных детей. Можно *послать* их *к такой-то матери* и не голосовать. Кому-то станет легче? [*E que lle vas facer se os políticos se senten mellor facendo un show antes que alimentando nenos famentos? É posible* mandalos onda certa nai *e non votar. Quen se vai sentir mellor?*] (Corpus xorn.); Чтобы вырастить гектар семенника сахарной свеклы, необходимо затратить 3,5–4 тысяч рублей, а на гектар пшеницы – всего 300 рублей. Неудивительно, что в головах иных руководителей свеклосовхозов рождается вопрос: «а не *послать* ли нам это семеноводство *к такой-то бабушке*?» [*Para cultivar unha hectárea de sementes de remolacha azucreira é necesario gastar 3,5–4 mil rublos e para unha hectárea de trigo só 300 rublos. Non é de estrañar que nas cabezas doutros directores de sovghoses de*

remolacha azucreira xurda a pregunta: «e non deberiamos mandar onda certa avoa *este cultivo de sementes?»*] (Corpus xorn.);

пойти/послать к едрене фене [*ir/enviar á robusta 'Fenia'*[47], 'expresión para insultar alguén para mostrarlle desprezo']: Ты максималист, как я посмотрю. Ответь мне, что такое свобода, ради которой ты готов все *отправить к едрене фене*? [*Ti es un maximalista, polo que podo ver. Respóndeme, que é iso da liberdade pola que ti estás disposto a* enviar todo á robusta 'Fenia'*?*] (Corpus de fala coloquial).

A comprensión e o emprego destas expresións idiomáticas como eufemismos fundaméntanse no coñecemento das correspondentes expresións obscenas. A esencia deste tipo de complicación radica no establecemento dunha relación paradigmática entre a UF de partida e a súa modificación: a UF de partida é o resultado da reinterpretación, mentres que a modificación é o resultado do cambio de denominación. É evidente que nalgúns casos algunhas expresións perden a relación coa expresión idiomática obscena orixinal no nivel sincrónico (comp. *накрыться медным тазом* [*taparse cunha almofía de cobre*, 'fracasar en algo; morrer']). Estes exemplos, naturalmente, pertencen a outros grupos.

Para remata-la discusión sobre a categoría da idiomaticidade, subliñaremos que a idiomaticidade non se pode contemplar como unha condición suficiente para clasificar unha expresión lingüística como pertencente á clase das UUFF. Como mostran os exemplos citados anteriormente, o dominio da idiomaticidade resulta ser substancialmente máis amplo. Ademais, é importante ter presente que os aspectos da idiomaticidade que acabamos de distinguir —a reinterpretación, a opacidade (polo menos algúns tipos) e a complicación no modo de referirse ó obxecto denotado— na maioría dos casos interaccionan estreitamente uns cos outros. Precisamente por esta razón é natural construír unha definición da idiomaticidade partindo destes tres factores básicos.

1.2. A fixación como categoría lingüística

1.2.1. As manifestacións da idiomaticidade tratadas aquí, como xa dixemos, non levan en tódolos casos, nin moito menos, á formación de UUFF. A condición máis importante para incluír unha expresión na clase das UUFF é (ademais da súa idiomaticidade) a fixación. Na fixación distínguense o aspecto **estrutural** e o aspecto **de uso** (social, segundo В.Г. Гак 1977). O primeiro caracteriza a expresión dende o punto de vista da súa estrutura interna (restricións de transformación, defectividade do paradigma etc.). O aspecto do uso, en cambio, refírese á recepción da expresión por parte da comunidade lingüística, á percepción da frecuente repetición da expresión na fala de diferentes falantes.

Na bibliografía especializada existen intentos de elaborar unha definición formal da

[47] N. do t.: Eufemismo de *mandar á nai fodida*, expresión que quere dicir 'mandar ó carallo'.

fixación. Así, I. A. Mel'čuk relaciona a fixación coa predicibilidade/prognosticabilidade da aparición dun compoñente da locución con respecto a outro: «Outro [...] trazo característico das combinacións fixas é a súa fixación, entendida aquí como a combinabilidade restrinxida dos significantes, é dicir, como unha probabilidade condicional suficientemente alta de *B* en presenza de *A*: *A* predí (prognostica) *B* firmemente. Noutras palabras, a combinación $A + B$ é fixa se calquera combinación $A + X$; onde $X \neq B$, non é posible nesa lingua» (Мельчук 1968: 54). Segundo esta concepción serían fixas unicamente as locucións cun compoñente único e só respecto a dito compoñente único; así, a expresión *точить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar'] é fixa por mor de *лясы* [*balaústres*], mentres que pola forma *точить* [*tornear*, *afiar*] xa non é fixa segundo Mel'čuk. É posible que tal interpretación da idiomaticidade responda (ou respondese no seu día) ós fundamentos do enfoque estruturalista da lingua; con todo, dificilmente se corresponde coa percepción natural da categoría da fixación, xa que para calquera falante expresións coma *на седьмом небе* [*no sétimo ceo*, 'nun estado de felicidade total'] e *соль земли* [*o sal da terra*, 'esencia, representantes máis significativos dunha terra/dun país'] sen dúbida son fixas, aínda que os seus compoñentes non se predín mutuamente. É evidente que a concepción da idiomaticidade exposta por I. A. Mel'čuk está moi determinada polo aspecto estrutural deste fenómeno e ademais nun sentido moi estrito. Na actualidade o aspecto do uso é máis importante.

O aspecto do uso da fixación maniféstase na reprodución regular dunha locución por parte dos falantes dunha lingua. A dimensión estrutural da fixación non é obrigatoria. Se non hai usualización entón non ten sentido falar de fixación dende un punto de vista estrutural ou dende calquera outro. Así, as colocacións *принимать решение* [*tomar unha decisión*], *приводить пример* [*traer un exemplo*, 'citar un exemplo'] estruturalmente non se diferencian en nada de combinacións libres de palabras, sendo á vez expresións fixas que non se poden xerar por regras produtivas e teñen que ser rexistradas no dicionario. Por outra banda, o factor da fixación estrutural (a defectividade do paradigma, a rima, as restricións na capacidade de transformación etc.) en combinación coa usualización reforza a fixación.

Dentro da lingüística, parece imposible revelar con seguridade as verdadeiras causas da formación de xiros fixos. Na maioría dos casos, os motivos da fixación teñen un carácter extralingüístico. Neste sentido pode ser relevante a importancia cultural do texto-fonte (véx. as numerosas expresións de orixe bíblica, as expresións idiomáticas que entraron no ruso de obras coma *Горе от ума* [*Pena da mente*] de A. S. Griboedov, *Двенадцать стульев* [*Doce cadeiras*] e *Золотой теленок* [*O tenreiro dourado*] de I. Ilf e E. Petrov; as expresións idiomáticas de W. Shakespeare no inglés etc.); o contexto histórico-cultural (véx. a presenza dunha gran cantidade de préstamos franceses na idiomática rusa); o aumento do prestixio e/ou a ampliación do ámbito de funcionamento de determinados sub-códigos, incluídos os argots (comp. o uso estendido de expresións lingüísticas do argot dos campos de concentración no período postsoviético). Moitas causas da usualización, con todo, seguen a ser totalmente descoñecidas, comp. as expresións relativamente recentes *по жизни* [*por vida*, 'de

feito'], *крыша поехала у кого-л.* [*a alguén movéuselle o tellado*, 'tolear'], *есть как не в себя* [*non estar coma en si mesmo*, 'non atoparse ben, non estar a gusto']. A participación dos factores lingüísticos propiamente ditos na usualización parece ser moi reducida.

O nivel de usualización non parece ser unha constante no caso das diferentes expresións fixas e pode ser valorado estatisticamente. Lamentablemente non estamos en condicións de ofrecer unha expresión matemática do factor de fixación e no sucesivo apoiámonos unicamente na nosa intuición, reforzada pola tradición lexicográfica (pola presenza da locución no dicionario). Dende o punto de vista da distribución da información entre o dicionario dunha lingua e a súa gramática, as expresións fixas rexístranse no dicionario e non se xeran cada vez segundo as regras da gramática. Quereriamos considera-la fixación unha característica esencial e non o reflexo dun modelo, é dicir, que non dependa dun modelo concreto formalizado de lingua, que distribúe ó seu xeito a información entre o dicionario e a gramática. Así. Iu. D. Apresián sinala que é posible un modelo de lingua que describa a expresión idiomática *вешать нос* [*pendura-lo nariz*, 'desanimarse, renderse'] coma unha combinación libre de palabras. Para isto abonda con asignarlles ós compoñentes os significados correspondentes no dicionario, aínda que dende un punto de vista esencial este é un procedemento artificial, que non responde á intuición dos falantes[48] (Апресян 1995б: 116).

1.2.2. Igual que acontece coa idiomaticidade, a fixación pódese presentar desagregada en parámetros. Estes parámetros teñen un carácter estrutural, é dicir, son auxiliares para que se produza a fixación ou ben para mantela en uso, na fala.

1.2.2.1. Restrición na formación de variantes

Existen diferentes graos de variabilidade, tanto pola cantidade dos compoñentes «substituídos» coma pola cantidade dos compoñentes «substituíntes». Así, na expresión *висеть на волоске* [*estar pendurado dun peliño*, 'atoparse nunha situación inestable, delicada, pender dun fío'] poden variar tanto o compoñente *висеть* [*pendurar*] (comp. *держаться на волоске* [*manterse nun peliño*]) coma o compoñente *волоске* [*peliño*] (comp. *висеть/держаться на ниточке* [*estar pendurado/manterse dun fío*]; para máis detalles, véx. Диброва 1979; comp. tamén o intento de fixación no dicionario das variacións de autor en Мелерович, Мокиенко 1997). Por outra banda, na expresión *мчаться/нестись/скакать... во весь опор* [*pasar rápido/desprazarse/saltar... en todo opor*[49]] varía unicamente o compoñente verbal, pero o conxunto de «substitutos» é bastante numeroso (*мчаться/нестись/скакать* [*pasar rápido/desprazarse/saltar*] etc.). Por outra parte, é obvio que existen casos de ausencia total de variantes, comp. *собаку съесть* [*comer un can*, 'ter moita experiencia en algo, coñecer moi ben algo'].

[48] Comp. a análise demostrativa do exemplo *to rub noses* en Weinreich 1966: 450.
[49] N. do t.: Elemento único.

Cómpre subliñar que non se pode contempla-la fixación absoluta do conxunto de compoñentes dunha expresión como un criterio imprescindible para incluíla na clase das UUFF. Non obstante, unha ampla liberdade na variación dos elementos fai pensar que existe a posibilidade de describi-la locución como libre. Así, é pouco acertado considera-la locución *нести чушь* [*levar disparates*, 'dicir disparates, cousas sen sentido'] como idiomática, xa que *нести* [*levar*] se pode substituír por numerosos verbos: *пороть*, *говорить*, *писать* [*zoupar*, *dicir*, *escribir*] e *чушь* [*disparates*] tamén se pode substituír facilmente por *ерунду*, *фигню*, *хрень*, *ахинею*, *галиматью*, *бред*[50] [*parvadas*, *desatinos*, *desvaríos etc.*] Ademais, a palabra *чушь* [*disparates*], igual que tódalas outras palabras do mesmo campo semántico, emprégase por separado: *Что за чушь/бред/ерунда/фигня* [*Pero que disparate/parvada/despropósito/desvarío!*] etc. Coa variabilidade, nun sentido amplo, relaciónase tamén a posibilidade de altera-la orde das palabras na locución (comp., por unha banda, *не ударить в грязь лицом* [*non dar na lama coa cara*, 'saír airoso dunha situación'] → *не ударить лицом в грязь* [*non dar coa cara na lama*] e, pola outra, *раз плюнуть* [*unha vez cuspir*, 'ser moi doado'] → ?*плюнуть раз* [?*cuspir unha vez*]; *знать не знаю, ведать не ведаю* [*saber non sei, coñecer non coñezo*, 'non saber nada de nada'] → **ведать не ведаю, знать не знаю* [**coñecer non coñezo saber non sei*]).

1.2.2.2. Defectividade morfolóxica dunha UF

As expresións idiomáticas a miúdo teñen restricións á hora de flexionaren os seus compoñentes. Así, varias expresións idiomáticas verbais caracterízanse pola ausencia de formas de primeira persoa, comp. *выносить сор из избы* [*saca-lo lixo da casa*, 'saca-los trapos sucios a relucir'] – ?*Я выношу сор из избы*[51] [?*eu saco o lixo da casa*]. Cómpre sinalar que estas restricións se poden debilitar en contextos específicos, comp. por exemplo, o contexto da cita *Он обвиняет меня в том, что я выношу сор из избы* [*el acúsame de que eu saco o lixo da casa*]. Non se permite o uso de ningunha forma gramatical, agás o imperativo (e mailas formas funcionalmente análogas ó imperativo) no caso da expresión idiomática *не бери в голову* [*non poñas na cabeza*, 'imprecación do falante ó oínte para que este non se preocupe por algo']. Así, non é demasiado correcto dicir ??*Он ничего не брал в голову* [??*El non puxo nada na cabeza*]. No caso das UUFF nominais e dos compoñentes nominais das expresións idiomáticas verbais é típica a imposibilidade de formación regular do número, comp. *Физика – его ахиллесова пята* [*a física é o seu talón de Aquiles*] e **Физика и химия – его ахиллесовы пяты* [**a física e maila química son os seus talóns de Aquiles*]; se se pasa ó plural a expresión *не ударить в грязь лицом* [*non dar na lama coa cara*] a concordancia en número é imposible, comp. **Они не ударили лицами в грязь* [**non deron coas caras na lama*]. Tamén se pode considerar un exemplo disto o fraseoloxismo *впасть/удариться в амбицию* [*caer/golpear na ambición*, 'dar mostras innecesarias de arrogancia polo éxito persoal']; comp. a imposibilidade de dicir

[50] Compárese, non obstante, a imposibilidade de **пороть бред* [*zoupar + desvaríos*].
[51] Este tipo de defectividade pódese explicar dende a idea do «suicidio ilocutivo» (Вендлер 1985).

впасть в амбиции* [caer nas ambicións*].

No caso de moitos fraseoloxismos, as restricións morfolóxicas son unha consecuencia da situación que está na base da forma interna. Por exemplo, a locución *ахиллесова пята* [*talón de Aquiles*] non ten plural a causa da referencia ó mito.

1.2.2.3. Permeabilidade sintáctica

As combinacións libres de palabras permiten realizar diversas transformacións sintácticas que modifican a súa forma sintáctica ou o seu contorno. Entre estas transformacións está, por exemplo, a introdución dun complemento acompañando o substantivo (*читать книгу* → *читать интересную книгу* [*ler un libro* → *ler un libro interesante*]), a introdución da negación nunha frase verbal (*строить дом* → *не строить дом* [*construír unha casa* → *non construír unha casa*]), a formación dunha subordinada de relativo que se refire a un dos compoñentes da locución (*строить дом* → *строить дом, который должен понравиться всем* [*construír unha casa* → *construír unha casa que lles ten que gustar a todos*]), a formación da voz pasiva (*студент купил словарь* → *словарь был куплен студентом* [*o estudante mercou un dicionario* → *o dicionario foi mercado polo estudante*]). Moitas expresións idiomáticas non admiten transformacións deste tipo, comp. *вешать лапшу на уши* [*pendurarlle un fideo nas orellas*, 'enganar'] → **вешать лапшу на* ***свои/чужие*** *уши,* **вешать* ***длинную*** *лапшу на уши* [**pendurarlle un fideo en orellas* ***propias/alleas***, **pendurarlle un* ***longo*** *fideo nas orellas'*] (introdución dun complemento adxectival); *не лаптем щи хлебать* [*non come-la sopa cunha alpargata*, 'non ser algo que calquera poida facer'] → **не лаптем щи хлебать****, которые сварил Иван Иванович*** [**non come-la sopa* ***que fixo Iván Ivánovich*** *cunha alpargata*] (formación dunha subordinada relativa); *навострить лыжи* [*afía-los esquís*, 'liscar rapidamente'] → ****не*** *навострить лыжи* [**non afía-los esquís*] (introdución da negación); *ломать голову над чем-л.*[*rompe-la cabeza sobre algo*, 'pensar moito para resolver algo'] → **голова* ***ломается*** *над чем-л.* [**a cabeza é rota sobre algo*] (formación da pasiva). Posteriormente, no capítulo 6, trataranse algunhas particularidades do comportamento sintáctico das UUFF.

A comparación de expresións impermeables sintacticamente con expresións permeables suscita varias preguntas. A locución *катить бочку на кого-л.* [*rodarlle un barril a alguén*, 'acusar, amoestar, rifarlle a alguén'] permite a maioría das transformacións mencionadas (comp. *Я на него бочку* ***не*** *качу; Он катит на меня* ***большую*** *бочку; Его отрицательная рецензия на мою диссертацию – это просто бочка,* ***которую*** *он на меня давно катит*) [*Eu* ***non*** *lle rodo un barril; El ródame un* ***gran*** *barril; A súa recensión negativa da miña disertación é simplemente un barril* ***que*** *me rodou hai moito tempo*]. Podería pensarse daquela que se trata dunha expresión que presenta menor fixación cás UUFF citadas anteriormente. Con todo, dende un punto de

vista intuitivo, isto non é así: as expresións *не лаптем щи хлебать* [*non come-la sopa cunha alpargata*] ou *навострить лыжи* [*afía-los esquís*] non se perciben como máis fixas ca *катить бочку* [*rodarlle un barril a alguén*]. O problema é que as causas da fixación están tan pouco estudadas que non podemos afirmar con seguridade que levou á usualización de calquera destas expresións. Do mesmo xeito, non podemos establecer estritamente a forza da fixación, pois non temos claro o conxunto mesmo das causas da usualización.

1.3. Está relacionada a fixación coa idiomaticidade?

Do exposto anteriormente despréndese que a fixación e a idiomaticidade non están directamente relacionadas unha coa outra. A proba disto é a existencia de locucións fixas pero non-idiomáticas e, por outra banda, de locucións non-fixas pero que si son idiomáticas. Así, a clase das colocacións (locucións coma *ставить вопрос* [*poñer unha pregunta*], *принимать меры/решения* [*tomar medidas/decisións*], *радость охватила* [*a ledicia tomou posesión de alguén*, 'a alguén lle entrou unha gran ledicia'], *производить впечатление* [*producir unha impresión*] etc.) caracterízase indiscutiblemente pola fixación, pero só se pode falar da idiomaticidade das colocacións se se cumpren moitas outras condicións e unicamente con relación ó compoñente «ligado fraseoloxicamente» (comp. 1.1.1.3.). Por outra banda, non todo o idiomático é fixo (comp. o título do artigo sobre a situación material dos militares publicado no *Moskóvskii komsomólets*: *Кошелек с лампасами*[52] (*Un moedeiro con bandas militares*[53]).

Non obstante, a independencia externa da idiomaticidade e da fixación non impide ver nelas algo en común: as diferentes formas de manifestación da irregularidade. A **categoría da irregularidade** pertence ó campo da síntese das expresións lingüísticas e pódese definir da seguinte maneira:

Irregularidade: emprego dunha regra menos común, cando existe outra máis xeral, á hora de formar unha expresión lingüística.

Nalgún caso particular a regra menos común resulta ser única. Dende un punto de vista cognitivo, a irregularidade maniféstase na complexidade no proceso de xeración dunha expresión lingüística (na utilización de procedementos cognitivos complementarios, no aumento da cadea de transformacións cognitivas etc., véx. cap. 4) (Баранов, Добровольский 1990, 2000; Dobrovol'skij 1995a).

Tódolos factores da idiomaticidade e da fixación descritos aquí obviamente pódense

[52] Sobre a independencia da fixación e a idiomaticidade escribiu I. A. Mel'čuk (1960, 1968). Non obstante, dado que a súa interpretación destas categorías se diferencia substancialmente da nosa, tras unha conclusión semellante na forma ocúltanse concepcións substancialmente diferentes.

[53] N. do t.: Xogo de palabras que alude á corrupción entre os militares e os cartos que rouban ("bandas militares" refírese ás raias laterais dos pantalóns antigos dos militares).

incluír dentro da categoría da irregularidade[54]. A irregularidade na lingua, á súa vez, lévanos ó principio de economía, que foi tratado amplamente nas investigacións lingüísticas.

1.4. A categoría da irregularidade e o principio de economía

As polémicas discusións de principios dos anos 60 na lingüística aplicada e na lingüística matemática sobre a correlación entre un dicionario económico e unha gramática efectiva apelaban ó principio da economía de esforzos (Zipf 1949): correcto era aquilo que puidese ser realizado cun ordenador, e realizable era aquilo que fose económico. Nos traballos de A. Martinet xurdían problemas análogos, que eran analizados a través do prisma da lingüística teórica (Мартине 1960). Ademais, o límite entre a perspectiva teórica e a aplicada na lingüística é bastante convencional. Non obstante, dende o punto de vista da teoría lingüística ligada ó principio de economía, o problema da distribución da información lingüística entre o dicionario e a gramática non é unha fantasía casual, unha creación dun modelo lingüístico informático, senón unha categoría esencial que está presente dun modo real na conciencia lingüística. A memoria humana e as súas posibilidades de operar con coñecementos non son, nin moito menos, ilimitadas. Precisamente por isto a fixación no dicionario de unidades do mesmo tipo ca *пятое колесо в телеге* [*a quinta roda do carro*, 'algo totalmente innecesario, superfluo'] como catro palabras independentes con significados específicos que se realizan unicamente na expresión fraseolóxica é antieconómica, non só dende o punto de vista das tarefas descritivas, senón que ademais é pouco axeitada para o funcionamento do sistema cognitivo humano. Ademais, o establecemento dun isomorfismo entre os bloques semánticos e os compoñentes individuais dunha UF a miúdo resulta problemático (véx. a «opacidade da deducibilidade» no apartado 1.1.2.1.).

Deste xeito, a discriminación dun sistema fraseolóxico, tal e como se vén facendo nas descricións tradicionais, ten unha xustificación totalmente comprensible: resulta máis económico conservar estas expresións coma entidades únicas, coma unidades do léxico, sen xeralas cada vez de novo no proceso comunicativo. Esta idea aparece en Ch. Bally: «[...] unha regra especial e arbitraria require un esforzo meirande ca unha regra xeral e racional» (Балли 1955: 205). Disto despréndese que a clase dos fraseoloxismos en conxunto se distingue coma tal en virtude da súa irregularidade. Pero que lugar ocupan as UUFF na extensa clase dos fraseoloxismos? Sería desexable que o modelo teórico de UUFF construído se achegase o máximo á concepción natural desta categoría, compartida pola maioría dos lingüistas. Esta concepción baséase na idea de que as UUFF ocupan unha posición central con respecto ó conxunto dos fraseoloxismos; noutras palabras, as expresións idiomáticas son as máis irregulares. Dado que, dentro

[54] Do dito non se debe concluír que a irregularidade é a única causa da fixación. Tamén se poden institucionalizar expresións completamente regulares, comp. por exemplo, nomes de empresas, títulos de películas, de obras de teatro, de estados etc. Unha cuestión particular que require un tratamento á parte é a relación da irregularidade coa idiomaticidade. A idiomaticidade, nas manifestacións descritas aquí, podería considerarse un caso particular de irrregularidade.

da concepción exposta aquí, a propiedade da irregularidade se manifesta na idiomaticidade e na fixación, as UUFF, en comparación cos outros fraseoloxismos, deben posuír estas propiedades en maior medida e por iso mesmo definímo-las UUFF do seguinte xeito:

> **Expresións idiomáticas**: formacións superiores á palabra caracterizadas por un alto grao de idiomaticidade e fixación.

Cunha definición así resulta evidente que non hai unha fronteira clara entre as UUFF e os fraseoloxismos doutras clases (colocacións, fraseoloxismos gramaticais etc.), xa que tamén os outros grupos de fraseoloxismos posúen fixación necesariamente e tamén poden ter certa idiomaticidade (tanto no sentido da opacidade coma no sentido da reinterpretación). Así, as locucións fraseolóxicas *грецкий орех* [*noz grega*, 'noz'] e *перочинный нож* [*coitelo de preparar plumas*] son opacas[55] (no sentido de 1.1.2.3.) e fixas e, dun xeito análogo, pódese dicir que unha colocación coma *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*, 'vencer'] é fixa e opaca por mor do compoñente *одержать* [*prevalecer*][56]. Por outra banda, as colocacións *зерно истины* [*un gran de verdade*] e *червь сомнения* [*o verme da dúbida*] conteñen elementos reinterpretados. Aínda así, intuitivamente estas expresións non se deberían incluír entre as UUFF: o compoñente semanticamente básico exprésase por medio dunha nominación directa: *истина* [*verdade*] e *сомнение* [*dúbida*]. Noutras palabras, estas expresións son máis regulares do que lle corresponde á concepción «ideal» dunha expresión idiomática.

A fixación das colocacións está relacionada en primeiro lugar coa arbitrariedade na elección do elemento semanticamente «desgastado». Así, no caso da colocación *принимать решение* [*tomar unha decisión*] é difícil explicar por que de entre a multitude de verbos que no plano do contido teñen o compoñente co significado 'vontade de iniciar algo' (*брать*, *производить*, *совершать*, *делать* [*coller, producir, realizar, facer*] etc.) se elixe precisamente *принимать* [*tomar*]. Unha comparación tipolóxica elemental mostra que noutras linguas, en combinacións análogas, se empregan outros verbos, por exemplo, en ingl. *to make/to take a decision*, en alem. *eine Entscheidung treffen* ou *einen Beschluss fassen*, en franc. *prendre une décision*. Nesta arbitrariedade tamén radica a irregularidade decisiva das colocacións (comp. en relación a este termo Ch. Bally «o condicionamento arbitrario» (Балли 1955: 172)). No que se refire á irregularidade das expresións idiomáticas é doutra natureza, como foi exposto anteriormente. Para describi-la irregularidade das colocacións relacionada coa arbitrariedade da elección, emprégase o famoso aparato de funcións léxicas. O feito de que unha cantidade enorme de colocacións se poida representar por medio dun conxunto limitado de funcións léxicas é a proba de que o grao de irregularidade das

[55] Notemos que a opacidade (así como, en realidade, tamén a idiomaticidade) é gradual: hai expresións máis ou menos opacas, ou compoñentes únicos máis ou menos motivados, comp. *перочинный нож* [*coitelo de preparar plumas*, 'cortaplumas'] (onde o grao de motivación é alto e, conforme a isto, o grao de opacidade baixo) e *не видно ни зги* [*non se ve nin zga*, 'non se ve absolutamente nada'] (grao de motivación baixo e grao de opacidade alto).

[56] N. do t.: Este verbo non ten significado por si só en ruso; emprégase unicamente en combinación con outras palabras.

colocacións é relativamente baixo en comparación coa irregularidade das expresións idiomáticas. Isto demóstrao tamén a presenza de diversas regularidades na elección, semanticamente motivada, do colocador (do verbo funcional) nas series de colocacións construídas por medio dese verbo. Por exemplo, o verbo *вести* [*levar*] pode aparecer como colocador unicamente con substantivos que designan tipos de actividades: *вести расследование/борьбу/переговоры/репортаж/боевые действия* [*levar unha investigación/unha loita/negociacións/unha reportaxe/accións bélicas*]; os verbos *испытывать* [*experimentar*] e *питать* [*alimentar/sentir*] aparecen con substantivos que designan estados, mentres que *питать* [*alimentar*] se combina exclusivamente con designacións de estados mentais e emocionais do ser humano e con nomes de sentimentos e relacións: *испытывать боль/голод/мучения/лишения/страх/стыд* [*experimentar dor/fame/tormentos/privacións/medo/vergoña*], *питать доверие/надежду/антипатию/отвращение/уважение* [*alimentar confianza/esperanza/antipatía/repugnancia/respecto*], aínda que non é posible **питать боль/голод/мучения* [**alimentar dor/fame/tormentos*] (Апресян 2004).

Dado que as UUFF forman a parte central do sistema fraseolóxico dunha lingua, estas caracterízanse por teren o grao máis alto de irregularidade. Para distingui-las expresións idiomáticas dos outros tipos de fraseoloxismos é indispensable indica-lo limiar mínimo de irregularidade para as UUFF. A seguir profundaremos nesta cuestión.

1.5. O limiar da irregularidade á hora de definir unha UF

A fraseoloxía tradicional non ofrece ningunha resposta razoable á pregunta de que características específicas teñen que posuí-las UUFF en contraposición ós outros tipos de fraseoloxismos. O intento de orientarse cara a unha única propiedade (calquera) da idiomaticidade non dá os resultados desexados, xa que ningunha das propiedades da idiomaticidade destacadas é indispensable e suficiente para tódalas expresións idiomáticas en conxunto (Баранов, Добровольский 1996б, 2005а). A estratexia cuantitativa para resolver este problema, que radicaba na fixación de «pesos» ou «gravidades específicas» para cada factor da irregularidade, resultou desafortunada, pois non se consegue predici-lo efecto da combinación de varios factores diferentes, dado que este non é igual á simple suma deles (Баранов, Добровольский 1991).

Como as expresións idiomáticas son un conxunto moi heteroxéneo, non funcionan nin a estratexia tradicional nin a cuantitativa. É máis razoable orientarse cara a grupos concretos de expresións idiomáticas, onde cada un deles posúe cadanseu conxunto de trazos que determinan o limiar de irregularidade (de idiomaticidade e de fixación). Con todo, pódense distinguir varios factores parcialmente comúns a todos, que é esencial ter en conta para incluír un fraseoloxismo na clase das UUFF. Observaremos que a miúdo os propios factores forman os grupos correspondentes. Estudemos algúns destes factores e os grupos de expresións idiomáticas relacionados con eles.

Factor 1. Tipo de modelo metafórico. Unha parte considerable dos fraseoloxismos en sentido amplo contén no seu conxunto substantivos que se repiten en

numerosas expresións fixas. Por exemplo, os compoñentes *сердце*, *душа*, *ум*, *голова*, *рука*, *мозги*, *нога* [*corazón, alma, mente, cabeza, man/brazo, cerebro, pé/perna*] son moi frecuentes. Chamaremos a estes compoñentes **compoñentes produtivos**. As locucións formadas con estes compoñentes posúen certo grao de idiomaticidade (e por regra xeral están reinterpretadas). Comp., por exemplo, *за* ***сердце*** *берет (что-л. кого-л.)* [*coller alguén polo corazón*, 'conmover profundamente alguén'], *положа* ***руку*** *на* ***сердце*** [*poñendo a man no corazón*, 'falando con sinceridade'], *чует мое* ***сердце*** [*o meu corazón sénteo*, 'expresión dun presentimento, xeralmente algo negativo']; *запасть в* ***душу*** [*caer na alma*, 'algo impresionou alguén tanto que se converteu nunha idea insistente, que non o abandona'], ***душа*** *нараспашку* [*coa alma aberta de par en par*, 'ser moi sincero'], ***душа*** *не на месте* [*a alma non está no seu lugar*, 'atoparse nun estado de intranquilidade']; *думать* ***головой*** [*pensar coa cabeza*, 'ser sensato, actuar de maneira racional']; ***голова*** *кругом идет (у кого-л. от чего-л.)* [*a cabeza xíralle (a alguén por algo)*, 'estar confuso, impresionado polos acontecementos']; *выкручивать* ***руки*** *(кому-л.)* [*retorcerlle as mans a alguén*, 'importunar, acosar alguén continuamente, facerlle a vida imposible'], *под белы* ***руки*** *взять/подхватить (кого-л.)* [*tomar/atrapar (alguén) baixo as mans brancas*, 'tratar (alguén) con moita atención'], ***руки*** *коротки (у кого-л.)* [*as mans son demasiado cortas*, 'non te-lo poder ou a posibilidade de facer algo']; *без царя в* ***голове*** [*sen un tsar na cabeza*, 'persoa parva']; *выжить из* ***ума*** [*saír con vida da intelixencia*, 'chochear'], *из* ***ума*** *вон* [*fóra da cabeza*, 'sacarlle da cabeza algo'], ***ума*** *не приложу* [*non aplico a cabeza*, 'non dar entendido algo'], *себе на* ***уме*** [*a si mesmo na mente*, 'dise da persoa astuta que non amosa as súas intencións']; *до* ***мозга*** *костей* [*ata o miolo dos ósos*, 'completamente, totalmente'], *дать по* ***мозгам*** *(кому-л.)* [*darlle polos miolos a alguén*, 'amoestar alguén fortemente; subirlle á cabeza (alcohol)'], *раскинуть* ***мозгами*** [*abri-lo cerebro*, 'poñerse a pensar para atopar unha solución'], *вправлять* ***мозги*** *(кому-л.)* [*endereitarlle o cerebro a alguén*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'], ***мозги*** *встали раком (у кого-л.)* [*os miolos (de alguén) ruxéronse coma un cangrexo*, 'non pensar de maneira racional, ter ideas estrañas']; *ни в зуб* ***ногой*** *(кто-л. в чем-л.)* [*(non ser capaz de dar) nin coa perna nun dente*, 'ser un pailán, inepto'], *одной* ***ногой*** *в могиле* [*cun pé na tumba*, 'estar a piques de morrer']; *одна* ***нога*** *здесь*, *другая – там* [*unha perna aquí e a outra alá*, 'moi rápido, axiña']; *[сам] черт* ***ногу*** *сломит (где-л./в чем-л.)* [*(o propio) demo rompe unha perna (en algures/en algo)*, 'algo é moi complicado e difícil, impenetrable']. Ó examinar estas expresións xorde a pregunta de que criterio se empregou para clasificalas coma UUFF propiamente ditas. Considerar coma UUFF a totalidade das expresións que conteñen estes compoñentes é ben pouco razoable, dado que nas combinacións de palabras deste tipo se fixan a miúdo transformacións tropolóxicas regulares, normalmente descritas nos dicionarios coma significados figurados. Así, é máis natural interpretar expresións coma *на свежую голову* [*en cabeza fresca*, 'nun estado mental claro, coa capacidade de razoar'] como combinacións de palabras relativamente libres, pois o significado de 'intelixencia, conciencia, xuízo' é un exemplo típico deste desprazamento metonímico regular. É interesante que os dicionarios monolingües (incluído o *Pequeno dicionario académico*) actúan de maneira contraditoria en tales expresións, indicando por separado os significados e ó mesmo tempo situándoas na parte da entrada do dicionario que aparece

despois dun rombo. Así, na entrada da voz *голова* [*cabeza*] no *MAS* (*Málenkii Akademichiskii Slovar*, *Маленкий Академичиский Словарь*) indícase por separado o significado *fig.* de 'intelixencia, conciencia, xuízo', mentres que a expresión *на свежую голову* [*en cabeza fresca*] aparece na entrada despois do rombo, aínda que é evidente que é con este significado co que se realiza o lexema *cabeza* nesta locución.

A economicidade da descrición lingüística require que se clasifiquen unicamente coma UUFF aquelas unidades nas que está representado un modelo metafórico non-estándar para o significado que se está a describir. Pola contra, se na reinterpretación se emprega un modelo que é estándar para o compoñente produtivo, entón é máis correcto describi--la combinación de palabras correspondente coma máis ou menos regular, independentemente de se os dicionarios distinguen ese significado ou non.

Ilustremos esta idea co exemplo das locucións co compoñente produtivo *ум* [*mente*][57]. A análise do material permite distingui-los seguintes tipos de metáforas nas expresións co compoñente *ум*.

As metáforas máis características do concepto de MENTE son as de ESPAZO e maila de RECIPIENTE. A metáfora de ESPAZO está representada en dúas variantes: un espazo externo con respecto á persoa (*LOCUS* EXTERNO) e un espazo dentro da persoa (ESPAZO INTERNO). Do mesmo xeito que na metáfora ESPAZO, na metáfora RECIPIENTE distínguense dúas variantes: un recipiente externo con respecto á persoa (RECIPIENTE EXTERNO) e un recipiente dentro da persoa (RECIPIENTE INTERNO).

O *LOCUS* INTERNO e mailo RECIPIENTE INTERNO representan unha reinterpretación completamente estándar da MENTE como algo que se atopa dentro da persoa. De feito, unha parte considerable da esfera do mental (as emocións, a memoria, o xuízo) adóitase concibir como algo que se atopa dentro da persoa. Comp. *бушевавшие в нем эмоции* [*emocións desenfreadas dentro del*], *забил себе голову всякой ерундой* [*encheu a cabeza con todo tipo de parvadas*, 'crer en moitas cousas que non teñen fundamento ningún, que son parvadas'], *не пускать в сознание мысль* [*non deixar entrar un pensamento na conciencia*, 'estar tan pechado mentalmente que non acepta ningunha idea racional']. Deste xeito, as metáforas A MENTE É UN *LOCUS* INTERNO e A MENTE É UN RECIPIENTE INTERNO forman parte do conxunto de transformacións tropolóxicas regulares de significado. Conforme a isto, as expresións nas que está representada esta metáfora non son UUFF. Comp. *прийти на ум (кому-л.)* [*vir á cabeza*, 'ocorrérselle algo a alguén'], *на уме (что-л. у кого-л.)* [*en mente (algo a alguén)*, 'ter no pensamento'], *взбрести на ум (кому-л.)* [*vir á cabeza con dificultade*, 'ocorrérselle (algo a alguén)'], *держать в уме (что-л.)* [*manter na mente*, 'reter na memoria']. Non obstante, expresións coma *из ума вон* [*fóra da cabeza*, 'sacar unha idea da cabeza, disuadir de algo']; *один пишем, два в уме* [*escribimos un,*

[57] N. do t.: Trátase dun compoñente polisémico que aquí foi traducido de diferente maneira segundo o contexto (mente, intelixencia, cabeza).

na mente temos dous, 'o que un está a dicir ou escribir non é idéntico ó que un pensa'], baseadas na mesma metáfora, convén consideralas idiomáticas, pois posúen trazos complementarios de irregularidade. Así a expresión *из ума вон* [*fóra da cabeza*] non é estándar dende un punto de vista sintáctico (*вон* [*fóra*] nas construcións sen verbo utilízase só en imperativos coma *Вон из комнаты!* [*fóra do cuarto!*]); por outra parte, a expresión *один пишем, два в уме* [*escribimos un, na mente temos dous*, 'o que un está a dicir ou escribir non é idéntico ó que un pensa'] complícase de maneira adicional debido á metáfora CÓMPUTO.

As concepcións da MENTE coma certo espazo ou recipiente que se atopa fóra da persoa son menos estándar no caso dos fraseoloxismos e os significados que estamos a examinar. A causa disto convén considerar UUFF tódalas expresións que conteñen a metáfora do *LOCUS* EXTERNO ou do RECIPIENTE EXTERNO. Comp. *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'tolear'], *свести с ума (кого-л.)* [*baixar da mente (a alguén)*, 'facer tolear alguén'], *себе на уме* [*a si mesmo na mente*, 'dise da persoa astuta que non amosa as súas intencións'], *довести до ума (что-л.)* [*levar (algo) ata a mente*, 'concluír, rematar'], *не в своем уме* [*non estar na propia mente*, 'non estar cordo'], *из ума выжить* [*saír con vida da intelixencia*, 'chochear'], *в здравом уме и твердой памяти* [*en mente sa e memoria dura*, 'te-las capacidades mentais intactas']. É interesante o feito de que os tipos de metáforas se corresponden especificamente cos significados das correspondentes expresións idiomáticas. Así, o RECIPIENTE INTERNO está relacionado máis ben co proceso do pensamento, mentres que o EXTERNO coa calidade dun pensamento estándar vs. un non-estándar.

A MENTE coma INSTRUMENTO é unha idea perfectamente natural. A concepción de entidades abstractas coma obxectos (a proxección metafórica AS CATEGORÍAS ABSTRACTAS SON OBXECTOS) é típica do pensamento do ser humano (comp. *поставить вопрос* [*poñer unha pregunta*]). A metáfora instrumental neste sentido resulta ser un dos tipos da metáfora O OBXECTO DUNHA ACCIÓN É UN OBXECTO FÍSICO. Comp. expresións coma *ворочать умом* [*revira-la mente*, 'pensar moito sobre algo'], *жить своим умом* [*vivi-la propia mente*, 'ser capaz de pensar por si mesmo'], *своим умом дойти (до чего-л.)* [*chegar coa propia mente (ata algo)*, 'chegar a comprender, descubrir algo pensando por si mesmo'], que convén considerar UUFF. Por outra banda, determinadas expresións baseadas nunha metáfora instrumental, pero que conteñen trazos complementarios de irregularidade, forman parte do grupo das expresións idiomáticas. Así, o fraseoloxismo *взяться за ум* [*collerse á mente*, 'facerse sensato'] é unha expresión idiomática, xa que non se trata tanto do emprego da mente coma un instrumento de pensamento senón dun comportamento «normativo», é dicir, a frase *он взялся за ум* [*el colleuse á mente*] non designa 'el comezou a pensar', senón 'el comezou a comportarse acorde ás normas sociais'. Outro exemplo: *не чьего-л. ума дело* [*non é un asunto da mente de alguén*, 'algo é un asunto propio no que non deben inxerirse os demais'] cómpre consideralo expresión idiomática por mor da sintaxe non-estándar (o complemento en xenitivo atópase diante da palabra que complementa). A metáfora presente na expresión *задним умом крепок* [*forte coa mente traseira*, 'persoa incapaz de tomar unha decisión

correcta a tempo'] complícase por medio de trazos adicionais de «fachadidade»[58] e/ou de «pluralidade». De feito, *задний ум* [*mente traseira*] presupón a presenza do concepto de «mente dianteira», non codificado por formas lingüísticas no ruso. O fraseoloxismo *с умом* [*coa mente*, 'correctamente, con xeito, ben feito'] tamén é unha expresión idiomática, xa que o seu significado real non se reduce ó significado de 'intelixentemente', senón que significa aproximadamente 'ben', é dicir, ten lugar unha reinterpretación complementaria. Por exemplo, *сделано с умом* [*feito coa mente*] significa 'ben feito' e non 'feito intelixentemente'. É razoable considerar idiomática a expresión *ума не приложу* [*non aplico a cabeza*, 'non dar entendido algo'] por mor da irregularidade da súa formación; comp. a imposibilidade de **приложу ум*, **ты не приложишь ума* [**aplico a mente*, **ti non aplíca-la mente*] etc. Para unha discusión máis detallada de factores de irregularidade semellantes, véxase Баранов, Добровольский 1991.

A idea da MENTE coma RECURSO tamén é estándar. O que acontece é que a concepción da mente coma instrumento concorda ben coa metáfora do RECURSO: dado que un instrumento é útil nunha actividade da vida humana, este é facilmente concibible coma recurso. A diferenza principal entre un recurso e un instrumento redúcese a que un recurso se gasta no proceso de utilización, mentres que un instrumento non. Estas consideracións explican por que no caso do concepto MENTE as metáforas do recurso se perciben como algo tan estándar coma as instrumentais. Por esta razón, expresións coma *набираться ума* [*encherse de mente*, 'estudar, aprender'], *бог не дал ума* [*Deus non lle deu intelixencia*, 'non estar dotado de moita intelixencia'], *нет ни капли ума* [*nin unha pinga de intelixencia*, 'nada de intelixencia'] non son idiomáticas. Con todo, mesmo aquí, se hai factores adicionais de irregularidade, atopámonos ante expresións idiomáticas. Así, a causa da reduplicación[59] a expresión *набраться ума-разума* [*encherse de mente*] convén considerala unha expresión idiomática. O fraseoloxismo *ума – палата* [*a mente é un pozo*, 'ter moitos coñecementos'] forma parte das expresións idiomáticas a causa da metaforización adicional baseada na representación da MENTE COMA UN *LOCUS* EXTERNO: resulta entón que a mente é algo externo á persoa e que se atopa fóra, como parte dunha construción. En contextos coma *Давай не будем ему ничего говорить, а то ему* ***ума хватит*** *пойти и все передать* [*Non lle digamos nada, se non* ***terá intelixencia dabondo (para)*** *ir e contalo todo*] a expresión *ума хватит (кому-л. сделать что-л.)* [*ter intelixencia dabondo para facer algo*, 'ser posible que alguén se comporte dunha maneira estúpida'] é unha expresión idiomática por mor da reinterpretación da idea tropolóxica estándar de 'intelixentemente' no sentido contrario, é dicir, comportarse coma un parvo. Noutras palabras, *ума хватит (кому-л. сделать что-л.)* [*ter intelixencia dabondo para facer algo*] non significa que 'alguén non ten suficiente intelixencia para facer algo', senón que 'alguén é quen de proceder coma un parvo nunha situación dada'.

[58] N. do t.: O feito de que haxa unha parte dianteira e outra traseira.
[59] N. do t.: A forma coa que se expresa a palabra «mente» (*ума-разума* /um-razum/) está formada por dúas palabras coa mesma raíz: «mente» e «raciocinio», o cal é intraducible.

A metáfora da PERSONIFICACIÓN, que é a máis frecuente na lingua, raramente se emprega en relación ó concepto de MENTE. De acordo con isto, son idiomáticas expresións coma *ум за разум зашел* [*a mente volveuse raciocinio*, 'alguén se volveu irracional, fai loucuras'].

Nalgúns casos as expresións con *умом* [*mente*, en caso instrumental] como compoñente produtivo son difíciles de identificar cunha metáfora determinada debido á irregularidade da sintaxe e da morfoloxía. Así, na expresión *раскинуть умом* [*abri-la mente*, 'darlle moitas voltas a algo pensando'] a combinación non-estándar do compoñente produtivo co verbo *раскинуть* [*abrir*], que xeralmente non rexe o caso instrumental, leva á opacidade. Aquí MENTE pódese chegar a interpretar, aínda que con non pouca dificultade, como SUBSTANCIA. En calquera caso, esta expresión é unha UF a causa da súa opacidade.

Factor 2. A importancia do compoñente opaco. Os fraseoloxismos con compoñentes opacos do tipo *с ведома* [*de coñecemento*[60], 'co coñecemento por parte de alguén, sabéndoo'], *без ведома* [*sen o coñecemento*[61], 'sen o coñecemento por parte de alguén, sen sabelo'], *во всеуслышание (заявить)* [*(declarar) en oídos de todos*[62], 'publicamente, en voz alta'], *во всеоружии (встретить)* [*(recibir) con todo o armamento*[63], 'armado de pés a cabeza'] están moi motivados e son semanticamente transparentes. Aínda así, convén situalos na clase das UUFF. A cuestión é que nestes casos é esencial o factor da importancia nominal (da importancia para a denominación) do compoñente opaco. O contido fundamental destas expresións non está concentrado nas preposicións, senón nos substantivos. Por outra banda, para a comprensión de colocacións coma *закадычный друг* [*amigo íntimo*] e *грецкий орех* [*noz grega*] resulta máis importante o compoñente transparente, é dicir *друг* [*amigo*] e *орех* [*noz*, froito seco], respectivamente. Así, se a parte da expresión que é importante para a nominación é transparente e non está reinterpretada, entón esa combinación de palabras non é unha UF, aínda que o compoñente menos importante para a denominación sexa opaco.

O fraseoloxismo *без спроса* [*sen demanda*, 'sen permiso'] pola súa forma externa está moi próximo ás expresións idiomáticas *с ведома* [*de coñecemento*, 'co coñecemento por parte de alguén, sabéndoo'], *без ведома* [*sen o coñecemento*, 'sen o coñecemento por parte de alguén, sen sabelo']; non obstante, convén ter en consideración a presenza doutros significados non ligados fraseoloxicamente na palabra *спрос* [*demanda*], comp. *Какой с него спрос?* [*cal é a súa demanda?*]; *Спрос с него маленький* [*a súa demanda é pequena*]; *На нефильтрованное пиво большой спрос* [*hai unha gran demanda de cervexa non filtrada*]. Aínda que os significados da palabra *спрос* [*demanda*] nos distintos contextos non son idénticos, a existencia destes significados diferentes (con algúns dos que se pode utilizar soa) non permite dicir que sexa única,

[60] N. do t.: Este 'coñecemento' é un compoñente único.
[61] N. do t.: Este 'coñecemento' é un compoñente único.
[62] N. do t.: Este 'en oídos de todos' é un compoñente único.
[63] N. do t.: Este 'con todo o armamento' é un compoñente único.

rebaixando polo tanto o grao de irregularidade das combinacións de palabras do tipo *без спроса* [*sen demanda*, 'sen permiso']. Deste xeito, estas combinacións de palabras representan casos de transición. Na nosa concepción, non se trata de expresións idiomáticas, senón de colocacións.

Factor 3. O carácter non-estándar do segundo termo da comparación. Tradicionalmente a clase das comparacións fixas foi incluída no ámbito da idiomática, aínda que se pode observar unha clara diferenza entre, por unha banda, as comparacións fixas coma *белый как снег* [*branco coma a neve*] e, por outra, aquelas coma *беречь как зеницу ока* [*coidar coma a meniña do ollo*, 'coidar moito']. A cuestión é que a conxunción *как* [*como*] explicita compoñentes importantes do procedemento da reinterpretación, o cal leva á diminución do grao de idiomaticidade. Isto significa que clasificar coma expresións idiomáticas comparacións fixas con conxuncións coma *как*, *словно*, *будто*, *точно* [*como*, *igual que*, *como se*, *igual que como*] require factores adicionais de idiomaticidade e/ou de fixación. Así, na locución *беречь как зеницу ока* [*coidar coma a meniña do ollo*, 'coidar moito'] está presente o compoñente único *зеница* [*meniña, pupila*], feito que permite falar de opacidade compoñencial. Como segundo termo da comparación aquí aparece un elemento que non é totalmente comprensible para o falante. Na expresión idiomática *покраснеть как маков цвет* [*poñerse rubio coma a flor da papoula*, 'poñerse moi rubio'] a combinación de palabras única é *маков цвет* [*a flor/cor da papoula*], que dificilmente se pode concibir fóra do marco desta expresión (comp. **В вазе на столе стоял маков цвет* [**No vaso enriba da mesa había unha flor de papoula*]). Outro segundo termo de comparación non totalmente claro está presente na expresión idiomática *в долгу как в шелку* [*metido en débedas coma en seda*, 'con moitas débedas'], xa que dende un punto de vista sincrónico as palabras *долг* [*débeda*] e *шелк* [*seda*] non teñen nada en común[64]. Pódese considerar que ademais da opacidade da deducibilidade nesta expresión idiomática xoga un papel complementario a asimilación da forma (véx. 1.1.3.2.): *долгу как в шелку* [/v dolgú kak v xolkú/].

En comparación coas expresións idiomáticas indicadas, expresións do tipo *белый как снег* [*branco coma a neve*], *сладкий как мед* [*doce coma o mel*], *звонкий как колокольчик* [*sonoro coma unha campaíña*], que son fixas, resultan regulares debido ó evidente que é o segundo termo da comparación. Por este motivo, dentro da nosa teoría dificilmente se pode xustifica-la súa inclusión no grupo das UUFF. Esta decisión correspóndese co método de selección das UUFF comparativas adoptado pola serie lexicográfica *Duden* (comp. sobre todo o dicionario fraseolóxico *Duden*).

A modo de factor de irregularidade adicional no caso das comparacións fixas tamén se pode da-la reinterpretación, comp. *вертеться как белка в колесе* [*dar voltas coma un esquío nunha roda*, 'estar moi atarefado'], onde o que se reinterpreta é a expresión enteira no seu conxunto (véx. reflexións semellantes en Жуков 1978: 86-87). En

[64] Como factor de fixación adicional, nesta expresión idiomática pódese considera-la presenza dun segundo caso preposicional.

realidade, non se trata dun movemento circular que recorde o comportamento dun esquío, senón dunha actividade desenvolvida por unha persoa. Deste xeito, o verbo *вертеться* [*dar voltas*] aquí non se emprega no seu significado literal.

É obvio que dende este enfoque tamén existen casos de transición nos que é difícil tomar unha decisión final e determinar se tales expresións se deben incluír no grupo das expresións idiomáticas ou non.

***

A ciencia da lingua sempre se atopou entre Escila e Caribde: por unha banda a teoría lingüística tropezaba coa non-discreción do seu obxecto de estudo e, pola outra, o canon científico, ligado a peculiaridades da percepción e interpretación da actividade puramente humanas, esixíalle a desmembración dos fenómenos descritos en constituíntes discretos. No ámbito da fraseoloxía isto reflectíase ben en afirmacións demasiado xerais sobre a figuratividade e a expresividade das expresións idiomáticas (o cal non era en absoluto operativo), ben nun sistema de ríxidas oposicións que levaban a unha clara división entre as diferentes clases, que non coincidía, non obstante, coas ideas intuitivas sobre as súas fronteiras. Pódese considerar que o enfoque presentado aquí é un intento de superar estas contradicións. Cada un dos trazos salientados formúlase con precisión, o que corresponde á idea da discreción dos elementos da metalingua de descrición. No entanto, a vaguidade que acompaña as fronteiras pouco claras das UUFF (a súa non-discreción) exprésase na amplitude da lista de trazos, así coma na imposibilidade de ofrecer un conxunto de trazos de irregularidade necesarias e suficientes para todo tipo de entidades que se perciban intuitivamente coma UUFF.

As propiedades da irregularidade dos fraseoloxismos que acabamos de tratar —a idiomaticidade (cos factores de reinterpretación, opacidade e complexidade no modo de referirse ó obxecto denotado) e a fixación—, supoñen uns dos campos da teoría fraseolóxica tradicionalmente problemáticos. Outro aspecto teórico é a tipoloxía dos fraseoloxismos. A súa división en diferentes tipos, obviamente, está relacionada coas características esenciais dos fraseoloxismos no seu conxunto: isto xa se formulou con anterioridade na explicación sobre o limiar da idiomaticidade das UUFF; non obstante, as clasificacións de fraseoloxismos normalmente estúdanse por separado e nalgúns casos faise considerando características estruturais en certa maneira casuais (véx. a análise dalgunhas clasificacións deste tipo na «Introdución ó problema»). Pasemos agora á clasificación dos fraseoloxismos, tendo en conta as características da irregularidade sinaladas.

Capítulo 2. Elementos da tipoloxía dos fraseoloxismos

Segundo a nosa concepción distínguense cinco tipos de fraseoloxismos:

- UUFF (*шишка на ровном месте* [*croque nun lugar plano*, 'persoa que se sobrevalora demasiado de maneira inxustificada, que se dá moita importancia']).

- Colocacións (*зло берет* [*o mal colle*, 'enfadarse']).

- Proverbios (*цыплят по осени считают* [*os pitos cóntanse en outono*, 'cómpre agardar ata o final antes de avaliar un resultado']).

- Fraseoloxismos gramaticais (*во что бы то ни стало* [*custe no que custe*, 'teña o prezo que teña, custe o que custe, ó prezo que sexa']).

- Fraseoloxismos sintácticos (*X он и в Африке X* [*el é X e en África tamén é X*, 'expresión enérxica da verdadeira natureza de alguén']).

As expresións que tradicionalmente se clasificaban coma ditos (expresións coma *вот тебе, бабушка, и Юрьев день!* [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*, 'expresión de desagrado cando non se cumpre algo co que se contaba'], *старость не радость* [/stárost ne rádost/ *a vellez non é unha ledicia*, 'expresión que alude ós inconvenientes e sufrimentos da vellez'], *час от часу не легче* [*unha hora non é máis doada ca outra*, 'de mal en peor, cada vez peor']) nós incluímolas no conxunto das UUFF (*vide infra* o apartado ó respecto). A miúdo a clase das palabras aladas intégrase parcialmente na clase das UUFF e na clase dos ditos e proverbios; así mesmo tamén queda en parte fóra dos límites da fraseoloxía (véx. 2.2.). No que atinxe ás UUFF, os criterios empregados para a súa clasificación analizáronse con detalle no capítulo anterior, onde tamén se estudaron as características máis importantes das colocacións. Resumindo esta análise pódese formula-la seguinte definición:

> **Colocacións**: son fraseoloxismos de baixa idiomaticidade coa estrutura dunha frase, nas que o compoñente semántico principal é utilizado no seu significado directo.

No relativo á súa tipoloxía, resulta evidente que cómpre distinguir polo menos as **colocacións-magn**, as **colocacións-oper-func**, as **colocacións-real-fact** e as **colocacións metafóricas**. As colocacións-magn son combinacións fixas de palabras cun compoñente que transmite dun xeito particular o sentido de MAGN, coma *жгучий брюнет* [*moreno ardente*, 'home atractivo de cabelos escuros e con temperamento'], *закадычный друг* [*amigo íntimo*], *заклятый враг* [*inimigo xurado*, 'inimigo a morte'], *закоренелый преступник* [*delincuente arraigado*, 'delincuente reincidente'], *проливной дождь* [*choiva que penetra ó caer*, 'choiva intensa']. Dun xeito análogo, as colocacións-oper-func son combinacións fixas de palabras cun compoñente que transmite dun xeito non-estándar os sentidos de OPER ou FUNC, comp. *принимать решение* [*tomar unha decisión*], *ставить вопрос* [*poñer unha pregunta*], *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*, 'vencer'], *потерпеть поражение* [*padece-la derrota*], *взять реванш* [*toma-lo desquite*, 'vingarse'], mentres que as colocacións-real-fact son, respectivamente, combinacións fixas de palabras que transmiten dun xeito non-estándar os sentidos de REAL ou FACT (tamén en combinación con outros sentidos do tipo CAUS, FIN); comp. *желание сбывается* [*un desexo cúmprese*], *справедливость торжествует* [*a xustiza vence*], *долг велит кому-л. сделать что-л* [*o deber ordénalle a alguén que faga algo*, 'alguén sente que ten a obriga, o deber de facer algo'], *слово/обещание связывает кого-л.* [*a palabra/promesa ata alguén*, 'estar comprometido a cumprir algo por mor dunha promesa feita'], *возлагать ответственность на кого-л.* [*poñer responsabilidades en alguén*], *вернуть слово кому-л.* [*devolverlle a palabra a alguén*, 'devolverlle a alguén a posibilidade de expresarse'], *искупать грех* [*expia-lo pecado*, 'expia-la culpa'], *заступать на вахту* [*entrar a facer garda*, 'desempeñar un traballo']. As colocacións metafóricas son combinacións fixas coma *зерно истины* [*un gran de verdade*] e *червь сомнения* [*o verme da dúbida*], é dicir, frases nas que un dos compoñentes se usa co seu significado literal e o segundo coma unha metáfora que modifica o significado do primeiro compoñente[65].

Neste capítulo estudarémo-los criterios de clasificación dos fraseoloxismos coma proverbios (2.1.) e os parámetros fundamentais de clasificación da fraseoloxía gramatical (2.3.); tamén introduciremos un novo tipo dentro da clase das UUFF (as fórmulas de fala) e presentarémo-la súa tipoloxía (2.4.)

2.1. UUFF vs. proverbios

Os parámetros da idiomaticidade e da fixación sinalados permiten distingui-las UUFF dos fraseoloxismos doutros grupos, pero non distinguen as UUFF dos proverbios, pois os proverbios son sempre fixos e en moitos casos tamén idiomáticos. Sería desexable

[65] Os seguintes autores dedicaron toda unha serie de traballos ás particularidades semánticas das colocacións: V. N. Telia (Телия 1981), E. G. Borisova (Борисова 1995, 1996), T. Reuther (Ройтер 1994; Reuther 2003), I. A. Mel'čuk (Мельчук 1968; Mel'čuk 1995, 1998) (incluíndo a obra escrita xunto a L. Wanner (Mel'čuk, Wanner 1994)), J. Bahns (Bahns 1996), A. Polguère (Polguère 2000), I. D. Apresian (Апресян 2004), F. Hausmann (Hausmann 2004); véx. tamén a colección de artigos Wanner 1996 e os dicionarios Дерибас 1983, Дерягина 1987.

indica-las características das UUFF que as distinguen dos proverbios sen reducir toda a diferenza á estrutura superficial: oración vs. frase. Xeralmente no ámbito da idiomática inclúense unicamente as frases e as unidades predicativas (formas proposicionais) coma *денег куры не клюют (у кого-л.)* [*a alguén as galiñas non lle peteiran nos cartos*, 'alguén é moi rico, ten moitos cartos']. Nas descricións tradicionais excluíanse do conxunto das UUFF as construcións análogas á oración na forma e na función, e incluíanse no ámbito da paremioloxía.

Agora ben, o grupo das expresións que se consideraban paremias tradicionalmente é heteroxéneo. Por unha banda, clasifícanse coma paremias sentenzas coma *не в свои сани не садись* [*non sentes nunha zorra que non sexa a túa*, 'non te metas en algo demasiado complicado, que exceda as túas posibilidades'], *на всякого мудреца довольно простоты* [*todo sabio ten inocencia dabondo*, 'calquera se pode enganar'], *цыплят по осени считают* [*os pitos cóntanse en outono*, 'cómpre agardar ata o final antes de avaliar un resultado'] (proverbios); e por outra banda, expresións coma *вот тебе, бабушка, и Юрьев день!* [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*, 'expresión de desagrado cando non se cumpre algo co que se contaba'], *лед тронулся* [*o xeo rompeu*, 'algo dá comezo'], *жребий брошен* [*a sorte está botada*, 'as consecuencias dunha decisión xa son irreversibles'], *мосты сожжены* [*as pontes están queimadas*, 'xa non hai posibilidade de ir atrás'] (algunhas delas tradicionalmente descríbense coma ditos). O último grupo destas expresións diferénciase substancialmente do primeiro (Добровольский 1990б).

Pódense distingui-los seguintes parámetros, segundo os cales os proverbios (expresións do primeiro grupo) se distinguen das UUFF (expresións que clasificamos no segundo grupo):

1) a presenza dun significado cuantificador de universalidade no plano do contido dos proverbios (isto exprésase a miúdo no nivel superficial con lexemas coma *всякий*, *каждый* [*todo*, *cada*], pero tamén por medio dunha forma persoal de carácter xeneralizante do verbo na súa estrutura);

2) a presenza dunha «forza de recomendación» na semántica ilocutiva dos proverbios segundo Hare (Хэар 1985) e a súa ausencia na semántica ilocutiva dos enunciados-UUFF (incluíndo os ditos);

3) a maior dependencia discursiva dos enunciados-UUFF en comparación cos proverbios.

A dependencia discursiva dos enunciados-UUFF manifestase en que estes son requiridos ilocutivamente[66], ben pola réplica anterior do interlocutor, ben por algúns aspectos da situación de comunicación que non teñen por que reflectirse necesariamente nas formas lingüísticas.

[66] Sobre o concepto de obriga ilocutiva, véx. Баранов, Крейдлин 1992.

O que acabamos de expoñer permítenos defini-los proverbios da seguinte maneira:

> **Proverbios**: fraseoloxismos coa estrutura dunha oración que teñen no seu significado a idea de universalidade, unha semántica ilocutiva de recomendación ou de consello (ensinanza moral) e que se caracterizan por unha relativa autonomía discursiva.

Baseándonos nos parámetros de diferenciación dos proverbios e dos enunciados-UUFF que acabamos de expoñer, pódese presentar unha proba operacional que permite determinar se unha expresión é un proverbio ou unha UF. A presenza dunha «forza de recomendación» (ensinanza moral) e dunha semántica de xeneralización ofrece a posibilidade de prolongar un texto que contén un proverbio por medio de construcións introducidas por conxuncións e palabras conxuntivas coma *поэтому*, *следовательно*, *по этой причине* [*por isto*, *consecuentemente*, *por este motivo*]. Por exemplo, a expresión *на воре шапка горит* [*ó ladrón árdelle a gorra*, 'situación na que unha persoa que cometeu algo malo se ve inevitablemente delatada, así coma a súa acción'] pertence ó grupo dos proverbios, pois é posible un enunciado do tipo *На воре шапка горит, поэтому он и занервничал!* [*ó ladrón árdelle a gorra, por iso se puxo nervioso!*]. En contraposición a isto, a UF *опять двадцать пять* [/opiat' dvátsat' piat'/ *de novo vinte e cinco*, 'expresión de desagrado diante dunha situación que se repite'] non se pode situar no contexto da semántica causal (comp. a imposibilidade de **Опять двадцать пять, поэтому я устал/я недоволен* [**de novo vinte e cinco, por iso estou cansado/insatisfeito*]). Algúns ditos permiten ampliacións de forma análogas. Aínda así, toda expresión resultante ten en tal caso unha semántica ilocutiva en principio diferente. Así, por exemplo, o dito *чем богаты, тем и рады* [*co que somos ricos estamos contentos*, 'expresión de satisfacción do falante co que ten, carencia de ambición de máis posesións materiais'] permite o seguinte contexto: *Чем богаты, тем и рады, поэтому не обессудьте* [*co que somos ricos estamos contentos, por iso non me xulguedes mal (ofrézovo-lo pouco que teño, desculpádeme)*], pero non así un contexto do tipo **Чем богаты, тем и рады, поэтому садитесь за стол/поэтому много не ешьте* [**co que somos ricos estamos contentos, por iso sentade á mesa/por iso non comades moito*]. O que acontece é que neste exemplo o enunciado no seu conxunto non é unha demostración derivada dunha regra xeral, senón simplemente a explicación dunha situación concreta. Así, o emprego da proba proposta require a consideración da semántica ilocutiva da expresión resultante.

2.2. Palabras aladas

Na fraseoloxía tradicional denomínanse palabras aladas as seguintes expresións:

> **Palabras aladas**: frases de diferente estrutura, na maioría dos casos de carácter aforístico, cuxa fonte ou orixe (literaria, folclórica, xornalística etc.) se entende como universalmente coñecida.

É interesante o feito de que a propia expresión «palabras aladas» se considera un préstamo tomado de Homero, aínda que este por palabras aladas entendía algo

completamente diferente, comp. na *Ilíada*: *Зевс призывает его и крылатые речи вещает: / Мчися, обманчивый Сон, к кораблям быстролетным ахеян* [*Zeus chámao onda el e con palabras aladas anúncialle: / Vai rápido, ilusivo Sono, onda as naves de veloz voo dos aqueos*]. Parece que este termo se comezou a utilizar dende o ano 1864, cando por primeira vez saíu á luz o célebre dicionario de Georg Büchmann *Palabras aladas* (Büchmann 1864).

Desta definición despréndese, evidentemente, que as palabras aladas non conforman unha categoría estritamente lingüística, senón que forman un subconxunto de fraseoloxismos, na maioría dos casos de UUFF ou de proverbios. Hai que considerar que tódolos fraseoloxismos de orixe bíblica son palabras aladas? Para quen coñece os textos das Sagradas Escrituras tódalas expresións bíblicas son palabras aladas, xa que se remontan a unha fonte culturalmente significativa, mentres que para quen non os coñeza son simplemente expresións fixas do ruso. Como cualificar, por exemplo, unha expresión coma *время жить, время умирать* [*tempo de vivir, tempo de morrer*]? Para algunhas persoas esta expresión pertence ó grupo das palabras aladas porque a fonte é coñecida —o libro *Eclesiastés*—, para outras porque é o título dunha novela de E. M. Remark e, por outra parte, para outras non se trata en absoluto dunha palabra alada, senón simplemente dunha expresión fixa rusa de baixa idiomaticidade e de carácter aforístico.

Son palabras aladas as expresións que se remontan á antigüidade, coma *жребий брошен* [*a sorte está botada*]? Para aqueles que estudaron latín e que se lembran do que significa *alea jacta est* parece que si, xa que estas palabras se lle atribúen a Xulio César (se facemos caso a Suetonio, César dixo estas palabras en latín e, de crermos a Plutarco, foi en grego). Cal ten que ser neste caso o criterio decisivo: a asociación que fan os falantes actuais do ruso desta expresión coas campañas militares de César, en particular co paso do Rubicón, ou a presenza de testemuños históricos que confirman que estas palabras foron pronunciadas por César? E como cualifica-la expresión (próxima debido ó tipo de asociación que fai o falante) *перейти Рубикон* [*cruza-lo Rubicón*]? Segundo algúns testemuños, César tamén pronunciou algo similar a *Rubiconem transeo*. En calquera caso, dende o punto de vista da etimoloxía, da situación e da semántica, as expresións *перейти Рубикон* [*cruza-lo Rubicón*] e *жребий брошен* [*a sorte está botada*] son do mesmo tipo. Ata que punto é importante para a descrición lingüística destas expresións e doutras semellantes saber que dixo César e como o fixo?

Enténdese que as preguntas formuladas non son relevantes lingüisticamente. Precisamente por isto na lingüística teórica nunca se empregou o concepto de palabras aladas. A categoría das palabras aladas quedaba, pois, relegada ó grupo dos enfoques tradicionais da descrición do material lingüístico anteriores á súa interpretación teórica. Aínda así, este concepto tivo moito éxito, o que confirma o seu valor en certo modo heurístico, que tamén se manifesta na extraordinaria popularidade dos diferentes dicionarios de palabras aladas; véx. Ашукин, Ашукина 1966; БСК, e tamén Михельсон 1912. Ademais, no marco do paradigma cognitivo pódeselle atribuír tamén

un determinado status teórico, xa que o enfoque cognitivo para a investigación da lingua permite interpretar categorías tales coma o fondo común de coñecementos dunha comunidade cultural.

O valor heurístico do concepto de palabras aladas manifféstase en que en varios casos as suposicións sobre a existencia dun fondo común de coñecementos arredor da orixe dunha expresión fixa idiomatizada ou doutra permiten «empaquetar» no seu plano do contido moita información adicional que non se pode descifrar sen a activación deses coñecementos. Noutras palabras, as alusións ó autor dunha expresión alada ou á fonte-orixe e ós seus protagonistas poden ser parte do significado do enunciado (ás veces mesmo unha parte máis importante cá semántica propiamente dita da expresión empregada). Por exemplo, os versos da famosa canción de Iuz Alexkovskii *Вы здесь из искры раздували пламя / Спасибо вам, я греюсь у костра* [*Vostede aquí a partir dunha faísca avivou unha lapa / Doulle as grazas, estou a arder na fogueira*], dirixidas a Stalin, conteñen unha dobre alusión. En primeiro lugar, a expresión *из искры раздували пламя* [*a partir dunha faísca avivou unha lapa*] remite o oínte ó celebre verso *из искры возгорится пламя* [*a partir dunha faísca acéndese unha lapa*] da resposta poética de Odoevskii á misiva de Púxkin ós decabristas «na profundidade dos minerais siberianos» («Во глубине сибирских руд»), e deste xeito os presos dos campos stalinistas compáranse cos decabristas. Por outra banda, esta expresión contén unha alusión ó xornal *Iskra* [*Faísca*] e, consecuentemente, á actividade política dos bolxeviques. O verso seguinte *спасибо вам, я греюсь у костра* [*Doulle as grazas, estou a arder na fogueira*] ofrece a posibilidade de reinterpreta-la imaxe de *пламя* [*lapa*] no seu sentido literal, é dicir, ten lugar unha materialización da metáfora. Ó mesmo tempo este verso pódese ler incluso en sentido metafórico: as fogueiras dos campos de concentración como as consecuencias da lapa da revolución, avivada polos bolxeviques.

Tal saturación informativa do texto só é posible a condición de que o receptor teña coñecementos sobre a fonte da expresión. Deste xeito, o feito de que a expresión *из искры возгорится пламя* [*da faísca acéndese a lapa*] pertenza ó grupo das palabras aladas, é dicir, que a maioría dos falantes da lingua (ou, polo menos, da xente culta) a relacionen coa súa fonte, permítelle ó autor utilizala dun xeito orixinal, acadando uns impresionantes efectos artísticos. Está claro que os fraseoloxismos comúns non permiten un emprego orixinal coma neste caso.

Os casos nos que a fonte da expresión alada é universalmente coñecida (é dicir, cando, estritamente falando, é unha cita) caracterízanse por seren usados con tódolos trazos da «modalidade de cita»: o falante introduce no discurso a obra que se cita, o que permite levar a cabo paralelos implícitos entre a situación e o fragmento correspondente da obra fonte. A expresión alada percíbese coma «estilo indirecto» e emprégase habitualmente acompañada de «introducións» coma *как говорил Остап Бендер...* [*como dicía Ostap Bender...*] que indican claramente que se trata dunha cita. Non obstante, nos casos nos que a fonte está (parcialmente) esquecida, feito a miúdo relacionado coa alta frecuencia

de uso da correspondente palabra alada, entón percíbese máis ben coma un fraseoloxismo «normal» (é dicir, anónimo).

A cuestión de por que determinadas obras se converten nunha fonte de palabras aladas, mentres que no caso doutras (a miúdo non menos coñecidas e importantes culturalmente) non é así, merece unha análise especial. No caso da cultura rusa, as fontes de palabras aladas máis produtivas parecen se-las fábulas de I. A. Krylov (*а воз и ныне там* [*e o carro agora está aló*, 'expresión que indica o fracaso dun proxecto porque as accións non se coordinaron ben, pola falta de incompetencia']; *так поди же попляши* [*anda vai bailar!*, 'expresión de desagrado dirixida ao interlocutor para que este deixe de amolar coas súas críticas e comentarios']; *мартышка и очки* [*o mono e as lentes*, 'designación dunha persoa ignorante que non sabe empregar un recurso, a que lle bota a culpa ó recurso que non sabe usar']; *тришкин кафтан* [*o caftán de Trixka*, 'a solución incorrecta dun problema conduce a problemas máis graves']; *демьянова уха* [*a 'ughá'*[67] *de Damián*, 'situación na que un se ve obrigado a participar en algo ou a beneficiarse dun recurso'] e outras); *Горе от ума* [*Pena da mente*] de A. S. Griboedov (*счастливые часов не наблюдают* [*os felices non observan o reloxo*, 'as persoas felices non teñen preocupacións']; *сюда я больше не ездок* [*aquí non hei de volver*, 'expresión de desagrado respecto a un lugar ó que non se quere volver']; *ах, боже мой, что станет говорить княгиня Марья Алексевна* [*ai, meu Deus, que vai dici-la princesa Maria Alekséevna*, 'expresión de desagrado ante a preocupación que alguén ten pola opinión dos demais']; *шел в комнату, попал в другую* [*foi a un cuarto, foi parar noutro*, 'o resultado de algo é diferente do planeado orixinalmente']; *дистанция огромного размера* [*distancia dunha enorme dimensión*, 'expresión irónica que esaxera a dificultade dunha acción ante a negativa de alguén a facela']; *пожар способствовал ей много к украшенью* [*o incendio axudouna a facerse máis fermosa*, 'mesmo unha desgraza pode resultar beneficiosa nalgún aspecto'] e outras), e, posteriormente, as novelas de Ilia Ilf e Evgenii Petrov *Двенадцать стульев* [*As doce cadeiras*] e *Золотой теленок* [*O tenreiro dourado*] (*пилите, Шура, пилите* [*serra, Xura, serra*, 'referencia sarcástica e humorística a un traballo inútil e estúpido']; *на блюдечке с голубой каемочкой* [*nun pratiño con bordiño azul*, '(ofrecerlle a alguén o que desexa) sen esforzo ningún por parte deste, (servir algo) en bandexa']; *лед тронулся, господа присяжные заседатели* [*o xeo rompeu, señores do xurado*, 'un proceso xa se puxo en marcha']; *почем опиум для народа?* [*a que prezo o opio para o pobo?*, 'expresión de indignación ante unha situación de engano']; *не делайте из пищи культа* [*non fagades un culto da comida*, 'non hai que esaxera-la importancia da comida']).

Resulta interesante o feito de que algunhas das expresións tomadas como préstamos destas novelas se perciban coma citas, mentres que outras que practicamente perderon a relación coa fonte percíbense coma UUFF. Por exemplo, a expresión *лед тронулся господа присяжные заседатели* [*o xeo rompeu, señores membros do xurado*, 'algo dá comezo'] introduce de maneira inequívoca no discurso a imaxe de Ostap Bender,

[67] N. do t.: Sopa de peixe.

mentres que a forma apocopada desta expresión *лед тронулся* [*o xeo rompeu*], empregada nun contexto que non conteña claras alusións á fonte, dificilmente se asocia con este personaxe literario e pode ser descrita coma unha UF común. De xeito similar tamén a expresión *на блюдечке с голубой каемочкой* [*nun pratiño con bordiño azul*] se pode empregar sen ningunha relación asociativa coa fonte e debe incluírse nos dicionarios fraseolóxicos. Pola contra, expresións coma *ключи от квартиры, где деньги лежат* [*a chave do piso onde están os cartos*, 'expresión que indica que as esixencias do interlocutor son excesivas, que se debe conformar co que está a recibir'] ou *пилите, Шура, пилите, они золотые* [*serra, Xura, serra, son de ouro*, 'referencia sarcástica e humorística a un traballo inútil e estúpido'] conservan o seu carácter de citas.

Como xa foi dito, dende o noso punto de vista, a categoría das palabras aladas distínguese coma tal consonte criterios non-lingüísticos e intégrase parcialmente na clase das UUFF e parcialmente na dos proverbios. As palabras aladas son un concepto cognitivo estreitamente ligado á tradición cultural, de aí a variabilidade desta clase: unha persoa que non leu a I. Ilf e a E. Petrov non entenderá a maioría das palabras aladas citadas provenientes destas novelas.

2.3. A fraseoloxía gramatical

A fraseoloxía gramatical non forma parte do conxunto de áreas de actividade universalmente recoñecidos das que tradicionalmente se ocupan os fraseólogos. Unha das formulacións deste campo de investigación remóntase ós traballos de V. V. Vinogradov, que clasificou entre os fraseoloxismos gramaticais as combinacións fixas de palabras que inclúen arcaísmos gramaticais, comp. *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo'], *была не была, и вся недолга* [*estivese ou non estivese, ademais non dura moito tempo*, 'expresión emocional que anima a facer algo, mesmo a arriscarse'] (Виноградов 1977). É evidente, non obstante, que o termo «fraseoloxía gramatical» ten un contido máis profundo e caracteriza todo o conxunto de modos de expresión irregulares de significados gramaticais. Dependendo da interpretación do concepto de significado gramatical tamén se modifica o campo de investigación da fraseoloxía gramatical. Nunha concepción estrita, o significado gramatical forma parte do campo do funcionamento das categorías gramaticais. Neste caso a tarefa da fraseoloxía gramatical redúcese á descrición e investigación dos casos de expresión irregular e idiomática dos significados dos gramemas das categorías gramaticais (comp. o ríxido vencello cos tipos específicos e moi limitados de contextos dos casos «de espera» e «de inclusión[68]», segundo Зализняк 1967).

Non obstante, o termo «gramatical» na locución *грамматическое явление* [*fenómeno gramatical*] ten, obviamente, unha interpretación máis ampla, que comprende non só os fenómenos morfolóxicos, senón tamén os sintácticos (comp. o concepto de esquema estrutural fraseoloxizado de oración segundo Русская грамматика 1980: 96, 98) e

[68] N. do t.: Casos sintácticos moi complicados do ruso e de uso restrinxido.

mesmo os fenómenos léxicos dunha lingua natural; nunha palabra, todas aquelas regularidades de construción do sistema lingüístico que forman parte da competencia da gramática. Nunha concepción tan ampla o significado gramatical inclúe a base do plano do contido da oración (o resultado da interacción das categorías gramaticais e dos lexemas que forman parte delas) que nunha das interpretacións compón a esencia da categoría da predicatividade, formada por significados temporais e modais (modalidade obxectiva vs. subxectiva) ligados directamente á pragmática do enunciado (ó momento da fala, á forza ilocutiva etc.). A ampliación real do «gramatical» tamén amplía o obxecto de análise da fraseoloxía gramatical, que xa é o campo dos modos de expresión idiomáticos irregulares das relacións gramaticais (nunha concepción ampla).

V. V. Vinogradov describiu unha parte significativa dos fraseoloxismos deste tipo entre as unidades fraseolóxicas coma «ditos conxuntivos», que conteñen preposicións, conxuncións, pronomes demostrativos e tamén algunhas partículas modais, comp. *до тех пор пока* [*ata eses tempos mentres*, 'ata que'], *с тех пор как* [*dende aqueles tempos mentres*, 'dende que'], *между тем как* [*entre iso como*, 'mentres que'], *после того как* [*despois diso como*, 'despois de'], *подобно тому как* [*parecido a iso como*, 'parecido a como'], *едва только/лишь* [*apenas só*, 'en canto'], *чуть лишь* [*apenas só*, 'en canto'] (Виноградов 1977: 157). Parece evidente que non só forman parte dos fraseoloxismos as conxuncións compostas que expresan unha ou outra relación semantico-sintáctica entre os compoñentes da oración. Como xa foi dito, dende o punto de vista do contido dentro da clase fraseolóxica que estamos a tratar entran os modos de manifestación irregular de todo o complexo de significados gramaticais da oración, mentres que dende a perspectiva formal unha parte significativa deste grupo de fraseoloxismos se pode definir como tódolos resultados posibles de combinar entre si locucións constituídas por palabras auxiliares (partículas, conxuncións, interxeccións) cuxo significado non se deduce por medio de regras regulares a partir dos significados dos compoñentes que as constitúen.

Así, entre os fraseoloxismos gramaticais nós incluímo-las seguintes formas lingüísticas:

> **Fraseoloxismos gramaticais**: son expresións de máis dunha palabra que dende o punto de vista do contido (i) se caracterizan pola idiomaticidade do significado (é dicir, o seu plano do contido non se pode describir con axuda das regras estándar), e os cales (ii) están relacionados cunha expresión irregular dos significados gramaticais (incluíndo os modais) e/ou representan combinacións de diversas palabras auxiliares.

Ó grupo dos fraseoloxismos gramaticais pertencen, por exemplo, as expresións *чуть что* [*case que*, 'en caso de que, se, en canto'], *только так* [*só así*, 'unicamente deste xeito, así'], *как раз* [*como vez*, 'precisamente, xustamente'], *ну вот* [*pois velaquí*, 'pois, daquela'], *да и* [*e mesmo*], *из-под* [*dende-debaixo*, 'de debaixo de'], *из-за* [*dende-detrás*, 'de detrás de; por mor de'], *по-над* [*por-enriba de*, 'por varios lugares, por enriba de algo'], *как ... так и* [*como... así tamén*, 'tanto... coma'], *не только ... но и* [*non só... senón e*, 'non só... senón tamén']. Estas expresións caracterízanse pola

idiomaticidade do significado e son, así mesmo, combinacións de palabras auxiliares. Ademais, estas formas empréganse para expresar significados gramaticais nunha concepción ampla: relacións propias de construcións temporais (*чуть что* [*en canto*]), de formas preposicionais con significado espacial (*из-под*, *из-за*, *по-над* [*de debaixo de*, *por mor de*, *por varios lugares por enriba de algo*]), partículas (*только так*, *как раз*, *ну вот*, *да и* [*só así*, *xustamente*, *pois*, *e mesmo*]). Por outra banda, no ámbito da fraseoloxía gramatical tamén entran as formas *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos']. Dende un punto de vista formal, estas expresións están formadas por frases con significado pleno e por palabras auxiliares e utilízanse para expresa-las relacións modais.

Algúns dos fraseoloxismos gramaticais entrecrúzanse coa clase das UUFF (comp. por exemplo, *чуть что* [*case que*], *только так* [*só así*], *по крайней мере*, *по меньшей мере* [*pola medida extrema*, *pola medida menor*, 'polo menos']). Aínda así, a causa da súa semántica específica, débese considerar que unha parte significativa destes fraseoloxismos, en particular as conxuncións dobres coma *как ... так и* [*tanto...coma*], non pertence ás UUFF en sentido estrito.

Tamén forman parte da fraseoloxía gramatical toda unha serie de expresións cuxos significados, en xeral, son «calculables» segundo as regras comúns, pero requiren unha longa serie de conclusións, así coma tamén aquelas locucións compostas por palabras auxiliares nas que os significados próximos non se combinan dun xeito totalmente regular. No plano do contido da expresión resultante, estes últimos non se destrúen nin se reforzan: a expresión amosa un grao elevado de «fusión» semántica dos compoñentes da locución. Así, na semántica da locución *да ведь* [*pero se*, *pero se é que*] a partícula *да* [*se*][69] proporciona a idea de «elemento coñecido» (o que caracteriza a semántica do *да* «clasificador» en contextos do tipo: ***Да*** *понятно, понятно, можешь не повторять* [***se*** *está claro, está claro, non tes por que repetilo*] (Баранов 1987)), mentres que *ведь* [*é que*] achega a idea de «obviedade». Ademais, tanto a partícula *да* coma a partícula *ведь* aparecen a miúdo en actos de fala con funcións ilocutivas de obxección ou aviso. A similitude da semántica léxica e ilocutiva destas partículas proporciona unha «amálgama» de significado do plano do contido das partículas *да* e *ведь*. O resultado é a construción fixa e estreitamente fusionada dende o punto de vista semántico e pragmático *да ведь* [*pero se*, *pero se é que*], que se considera naturalmente como fraseoloxismo gramatical. Comp. os seguintes contextos: *Меня тут же вызвали в какой-то здравпункт или диспансер. И задали такой один вопрос: «По какой причине у вас пар?» Я им говорю: «****Да ведь*** *как раз пара-то у меня и нет»* [*Daquela chamáronme a un ambulatorio ou clínica. E fixéronme esta pregunta: «Por que motivo ten vostede vapor?». E eu respóndolle: «****Pero se é que*** *precisamente o que se di vapor non teño»*] (Ven. Erofeev. *A noite de Valpurgis, ou os pasos do comendador*, Вальпургиева ночь, или шаги командора); *Но тут вдруг в траве зашевелилось что-то черное, длинное. Егорка даже вздрогнул: «Гадюка? – и вдруг понял: –****Да ведь*** *это же Бобкин хвост!»* [*Pero nisto que de súpeto na herba*

[69] N. do t.: Partícula polisémica que significa 'se', 'e' e 'si'.

se moveu unha cousa negra e longa. Egorka mesmo se estremeceu: «Unha cóbrega? —e de súpeto entendeu—. ***Pero se*** *é o rabo de Bobok!»*] (V. Bianki. *Feitos e fábulas do bosque*, Лесные были и небылицы).

A locución *да хоть* [*pois*, *polo menos*], empregada en contextos do tipo: *Какую вам чашку дать? –* ***Да хоть*** *эту* [*—Que cunca lle dou? —****Pois*** *esta* ***mesma***] tamén posúe unha particularidade análoga. Aquí a «fusión» semántica vén dada a través da idea de «rapidez de xeración da réplica», transmitida por medio do uso da partícula *да* co significado que estamos a considerar e pola «arbitrariedade da elección do exemplo», proporcionada pola partícula *хоть* [*polo menos*; *calquera*]. De feito, a elección arbitraria de entre as opcións que ofrece un conxunto combínase a miúdo coa rapidez, coa operatividade da execución deste procedemento. En consecuencia, a «rapidez» e a «arbitrariedade da elección» forman unha unión semántica fixa motivada pola pragmática das situacións.

Moitos fraseoloxismos gramaticais a nivel da semántica están ligados a tipos concretos de discurso (Баранов 1990a). Así, o fraseoloxismo gramatical *и вот* [*e velaquí*] emprégase no discurso narrativo con diferentes funcións. Pode introducir un resumo, unha conclusión da situación descrita, como se pode observar nos seguintes exemplos: *Понимаешь, вчера на лекции достаю платок, и оттуда вот так – земля! Это я по делянкам лазил* ***и вот*** *– набрался...* [*Sabes? Onte en clase tirei o pano e velaquí que del me caeu terra! Estivera a gabear polas leiras* ***e velaquí*** *que collín unha chea de terra...*] (A. Dudintsev. *Roupas brancas*, Белые одежды); *– Я здоров как бык. Но эти проклятые семейные сцены... Короче говоря, я поссорился с баронессой –* ***и вот*** *я здесь* [*Eu estou san coma un boi. Pero estas malditas escenas de familia... Falando claro, rifei coa baronesa* ***e velaquí*** *estou*] (A. e B. Strugatski. *É difícil ser un deus*, Трудно быть богом). Este fraseoloxismo emprégase para introducir na narración unha nova escena que está directamente ligada á escena que acaba de ser descrita, comp. *Виктор целый год не был в родном городе.* ***И вот*** *он снова дома; Шум и крики несутся из оскорбленного дикой матерщиной девственно-чистого зимнего леса,* ***и вот*** *на поляну, тяжело ныряя в снег, качая горбом, вымахал перепуганный, отбитый от табуна, затравленный, оглушенный зверь* [*Víktor non estivera todo o ano na súa cidade natal.* ***E velaquí*** *que está de novo na casa; o ruído e os berros óense dende a invernal fraga virxe e limpa, ofendida pola súa salvaxe blasfemia,* ***e velaquí*** *alí estaba, no claro do bosque, metendo fortemente o fociño na neve e abaneando a xiba, o enxordecido animal, que se sacudiu asustado, rexeitado pola manda, acurralado*] (V. Astafev. *O tsar-peixe*, Царь-рыба).

O fraseoloxismo gramatical *ну вот* [*pois velaquí*, 'pois, daquela, a ver'] utilízase no estilo narrativo para continua-lo que se está a relatar: *–* ***Ну вот****, добрались мы до места; Татаринов.* ***Ну вот****, сидим мы это за столиком тут, и Нина Павловна с нами была, и вдруг эта Беренс подходит к нам прямо к столику, – вы представляете* [*Chegamos,* ***pois****, ó lugar; Tatarinov.* ***Daquela****, estabamos sentados á mesa e Nina Pavlovna estaba connosco e, de súpeto, esta Berens achegouse directamente á nosa mesa, vostede imaxínase?*] (L. Andreev. *Anfisa*, Анфиса). Algúns

fraseoloxismos gramaticais están ligados ó discurso argumentativo. Así, o fraseoloxismo *и то* [*e iso*, 'con todo, aínda así'] no contexto *Я* ***и то*** *все успел решить* [*Eu* ***e iso*** *dei solucionado todo*] funciona como contraargumento á afirmación previa sobre a falta de tempo para resolver unha tarefa, un (traballo de) control, un exame etc.: *– Времени для последней контрольной по математике было маловато. – Ничего подобного! Я* ***и то*** *все успел решить, хотя многое давно уже позабыл* [*Había pouco tempo para o derradeiro control de matemáticas. —Pero quita, quita! Eu* ***e iso*** *dei solucionado todo, aínda que moitas cousas xa as esquecín hai tempo*]. Sinalaremos que *и то* tamén se refire ó feito de que o suxeito que realizou a acción se entende como unha persoa para a que esta acción representa un problema particular. No exemplo ofrecido o falante inclúese entre aquelas persoas que non son moi hábiles coas matemáticas.

Algúns fraseoloxismos gramaticais empréganse para introducir un exemplo, é dicir, son **exemplificadores**. A expresión *такие, как* [*tales como*] introduce un exemplo-modelo co cal se teñen que comparar outros exemplos, ós que atinxe verdadeiramente o xuízo: *Какие же у нас основания предполагать, что* ***такие, как*** *Зиновьев, Каменев, Бухарин, не сумеют воспользоваться подходящей ситуацией, имея за собой не тысячи, а десятки тысяч притаившихся сторонников?* [*Pero que fundamentos temos para supoñer que persoas* ***tales coma*** *Zinovev, Kamenev e Bugharin non van ser quen de aproveita-la situación axeitada, tendo detrás deles non milleiros, senón decenas de milleiros de partidarios que se ocultan?*] (A. Rybakov. *Os fillos de Arbat*, Дети Арбата). O fraseoloxismo-exemplificador *как то* [*como por exemplo*, *a saber*] permite introducir exemplos na perspectiva do receptor como unha enumeración cuxos elementos son equitativos semántica e pragmaticamente, sen que se contemple a posibilidade de esgota-la lista: *Покамест ему подавались разные обычные в трактирах блюда,* ***как-то****: щи с слоеным пирожком, нарочно сберегаемым для проезжающих в течение нескольких неделей, мозги с горошком, сосиски с капустой* [*Mentres tanto servíronlle diferentes pratos habituais nas tabernas,* ***coma por exemplo****, sopa xchi con piroxki*[70] *de follado (gardada a propósito para os viaxeiros que estivesen de paso no transcurso de varias semanas), miolos con chícharos e salchichas con col*] (N. Gogol. *Almas mortas*, Мертвые души); [...] *видно, уже народ такой, только и удаются те совещания, которые составляются для того, чтобы помутить или пообедать,* ***как-то****: клубы и всякие воксалы на немецкую ногу* [(...) *vese que o pobo xa é así, só saen ben aquelas xuntanzas que se convocan para estar de xolda ou xantar,* ***a saber****, clubs e estacións de tren á alemá*] (N. Gogol. *Almas mortas*, Мертвые души).

Os fraseoloxismos gramaticais moi raramente se clasifican como unha subclase especial dos fraseoloxismos. As unidades desta clase en xeral simplemente se sitúan fóra dos límites da fraseoloxía, sen sequera entrar no campo de interese doutras disciplinas lingüísticas (a sintaxe, o léxico). No mellor dos casos descríbense coma

[70] N. do t.: O *xchi* é unha sopa típica de verduras de orixe ucraína; os *piroxki* son pasta rechea, semellante ós raviolis e ós tortellini.

locucións compostas por palabras auxiliares, equivalentes a unha palabra (véx. por exemplo, Рогожникова 2002). Neste sentido tivo un pouco máis de fortuna outro tipo de fraseoloxismos «non-clásicos»: as fórmulas de fala.

2.4. O concepto de fórmula de fala

2.4.1. As UUFF e a situación de comunicación

As clasificacións dos fraseoloxismos baséanse tradicionalmente en características estruturais e semánticas (véx. «Introdución ó problema»). O estudo dos fraseoloxismos segundo súa relación coa situación comunicativa permite atopar outra dimensión de clasificación, que non foi considerada nas descricións tradicionais. UUFF tales coma *старость не радость* [/stárost ne rádost/ *a vellez non é unha ledicia*, 'expresión que alude ós inconvenientes e sufrimentos da vellez'], *не гони лошадей* [*non apúre-los cabalos*, 'expresión para insta-lo interlocutor a que se calme e se deteña'], *избави бог* [*líbreme Deus*], *дурак или родом так?* [*es/é parvo ou de nacemento?*, 'expresión despectiva sobre alguén que se comporta dun xeito estúpido'], *поживем – увидим* [*viviremos-veremos*, 'expresión de indeterminación respecto a algo, o tempo decidirá'], *как только так сразу* [*en canto entón de contado*, 'de contado'], a diferenza dos fraseoloxismos *коломенская верста* [*verstá*[71] *de Kolomenskoe*, 'persoa de grande estatura'], *пить горькую* [*beber unha amarga*, 'beber moito alcohol'], *принимать в штыки* [*acoller nas baionetas*, 'recibir de malos modos'], relaciónanse máis estreitamente con factores concretos dunha situación comunicativa. Así, a UF *старость не радость* [/stárost ne rádost/ *a vellez non é unha ledicia*] pódese empregar como comentario discursivo sobre algunhas accións dos participantes dunha situación comunicativa, similar a 'valorando unha situación, o falante explica as dificultades que se lle presentaron a alguén polo feito de que esa persoa sexa vella'. Comp. os contextos (1):

(1) **a.** —[...] Aburriuse; se cadra, bebeu de máis... Faille falta tanto a un vello así?! —Siiiii —uniuse á súa opinión a caixeira—, ***старость не радость*** [*a vellez non é unha ledicia*]... Imos á sala, rapazas! (L. Lagin. *O vello Ghottabich*, Старик Хоттабыч). **b.** Lémbrome agora —mentiu Enen—, si, xusto pasoulle a súa nota. Perdoe, esquecino completamente. —***Старость не радость*** [*a vellez non é unha ledicia*] —salaiou Várvara Vladislavovna—, agora vou correndo onda o homeópata; fai milagres, insuflou en min unha nova vida (I. Grekova. *A cátedra*, Кафедра).

A remisión a unha situación comunicativa mostra con exactitude a dependencia discursiva da UF *старость не радость*. É doado ver que tal remisión está ausente nas UUFF *до седых волос* [*ata o cabelo gris*, 'ata avanzada idade, ata a vellez'], *старая дева* [*vella virxe*, 'denominación despectiva para unha muller entrada en anos que non casou'], *на краю могилы* [*ó bordo da tumba*, 'a piques de morrer'], *божий одуванчик*

[71] N. do t.: Unidade de lonxitude.

[*dente de león de Deus*, 'persoa de idade avanzada e moi delicada'], *пропахнуть нафталином* [*cheirar a naftalina*, 'persoa ou cousa anticuada, de mentalidade moi retrógrada ou desfasada']. Así, a caracterización da UF *старость не радость* segundo parámetros puramente semánticos (é dicir, clasificala, xunto ás UUFF enumeradas, dentro do campo semántico VELLEZ) resulta insuficiente para describi-la súa función discursiva. A presenza dunha remisión directa a unha situación comunicativa permite incluí-las UUFF coma *старость не радость* entre as expresións deícticas, é dicir, nunha clase especial de UUFF establecida segundo un parámetro diferente ós tipos estruturais ou semánticos.

Pódense citar máis exemplos. Así, a UF *не гони лошадей* [*non apúre-los cabalos*, 'expresión para insta-lo interlocutor a que se calme e se deteña'] utilízase unicamente como reacción inmediata a unha acción demasiado precipitada por parte do interlocutor. Por outra banda, a UF *бог в помощь* [*Deus en axuda*, 'expresión para darlle azos a alguén ante un traballo, ás veces cun significado irónico'] é performativa, é un acto de fala desiderativo e por iso mesmo está vinculada por definición a unha situación concreta. Propoñemos denominar estas UUFF **fórmulas de fala**. Nas fórmulas de fala póñense de manifesto máis ca nas demais UUFF as limitacións para a realización das categorías gramaticais. Por exemplo, expresións coma *дело – швах* [*o asunto está débil*, 'o asunto está mal'], *дело в шляпе* [*o asunto está no gorro*, 'xa se conseguiu o que se pretendía conseguir'] non permiten un uso en tempo futuro, comp.: ??*дело будет в шляпе* [??*o asunto estará no gorro*], ??*дело будет швах* [??*o asunto estará débil*] etc[72]; mentres que pola contra o tempo presente e mailo pasado son totalmente aceptables, comp.: *Под попреки жены, исхитрись-ка, изволь / Сочинить переход из це-дура в ха-моль, / От семейных ссор, от долгов и склок, / Никуда не деться и* ***дело – швах*** [*Amáñate, por favor, baixo os reproches da túa muller, / para compoñe-la transición de do-dura a si-mo / das rifas familiares dos deberes e liortas, / non hai escapatoria e* ***o asunto está débil***] (A. Galich. *Bagh,* Бах); *– И ведь еще ничего не известно, – сказал Хлебовводов* [...]. *– Он, может быть, отлил, а потом водой разбавил... и вообще это, может быть, вода. Набросал туда синьки для крепости и думает, что* ***дело в шляпе****...* [*E o caso é que aínda non se sabe nada —dixo Ghlebovvódov* (...). *—El, se cadra, verteu un pouco da botella e despois reduciuno con auga... e en xeral isto pode ser auga. Botoulle anil para que fose máis forte e pensa que* ***o asunto está no gorro****...*] (A. e B. Strugatskii. *Conto sobre a troica*, Сказка о тройке). Comp. tamén a UF *лить как из ведра* [*verter coma dende un caldeiro*, 'chover intensamente'], que non é unha fórmula de fala, e a fórmula de fala semanticamente próxima *разверзлись хляби небесные* [*abríronse as simas celestes*, 'chover intensamente']. A expresión *лить как из ведра* [*verter coma dende un caldeiro*] permite usos coma *Вчера лило как из ведра* [*onte verteu coma dende un caldeiro*]; *Завтра по прогнозу будет лить как из ведра* [*mañá segundo o prognóstico vai verter coma dende un caldeiro*], mentres que dicir ??*Вчера разверзлись*

[72] Nós consideramos que contextos semellantes ó seguinte non son completamente normativos: *Mesmo se as negociacións co «Commersant» que están levando a cabo os representantes do ONEKSIM rematan con éxito o asunto, pódese dicir, будет в шляпе* [*estará no gorro*, 'estará arranxado'] (*Nezavisimaia gazeta*, Независимая газета).

хляби небесные [??*onte abríronse as simas celestes*] ou ??*Завтра по прогнозу разверзнутся хляби небесные* [??*mañá segundo o prognóstico abriranse as simas celestes*] non é posible.

A fixación da forza ilocutiva, que se ofrece na forma de partida do dicionario, é propia das fórmulas de fala. Por exemplo, se comparámo-las dúas UUFF *и куда только смотрит (кто-л.)?* [*e para onde está a mirar (alguén)?*, 'expresión de queixa polo feito de que non se lle presta suficiente atención a algo'] e *блоха в кармане и вошь на аркане (у кого-л.)*[73] [*o carracho no peto e o piollo no lazo (de alguén)*, 'persoa moi pobre, que non ten nada'], a primeira emprégase unicamente en preguntas retóricas, mentres que a segunda permite diferentes contextos ilocutivos. Compárese (a) unha pregunta retórica e (b) un contexto narrativo: (**a**) – *Спасибо еще, что нас на таможне не трясли. – А чего нас трясти? Разве не видно, что у нас* ***блоха в кармане и вошь на аркане****?* [*—Menos mal que non nos rexistraron na alfándega. — E logo que nos van rexistrar? Seica non se ve que* ***temos un carracho no peto e un piollo no lazo****?*] (Corpus pros. rus.) **(b)** – *Этот еврейский котяра так себе на уме, что не знаешь, чего от него ждать. Жаль только, что у его жида* ***вошь в кармане да блоха на аркане****, а то б я с него за этого кота и сто баксов слупил бы* [*Este gato xudeu é tan astuto que non sabes que esperar del. Só que é unha mágoa que o seu dono xudeu* ***teña un carracho no peto e un piollo no lazo****, se non había de sacarlle cen dólares polo que fai o gato*] (V. Kunin. *Kisia*, Кыся). Por este motivo unicamente a primeira UF pertence ó grupo das fórmulas de fala.

Outro exemplo ilustrativo: a UF *каким ветром [занесло]* [*que vento (o trouxo)*, 'expresión de sorpresa cando se ve alguén que non se esperaba']. Esta expresión posúe dous tipos de emprego: formulaicos e non-formulaicos. Nos empregos formulaicos a forza ilocutiva está fixada (esta UF é unha fórmula interrogativa), e as valencias son desempeñadas por actantes-participantes dunha situación comunicativa concreta. Comp (2):

(2) **a.** —Director! Ex-... —reparou Rul inseguro. Raia botouse a rir: — E ***каким ветром занесло***? [*que vento te trae por aquí?*] Botáronte? —Eu mesmo o deixei (V. Gonik. *Amor de tempada*, Сезонная любовь). **b.** Ó lado, Simka-Gulliver sacou as súas longas pernas fóra e está a fumar. —Ola —digo—. ***каким ветром***? [*que vento?*] —Entra! Sera-lo noso convidado! —responde Kisulia con acento xeorxiano e abre as portiñas de atrás (V. Kunin. *Internena*, Интердевочка).

Nos usos formulaicos esta expresión a miúdo perde o verbo e, polo tanto, a valencia (comp. 2b). Nos usos non-formulaicos a situación é diferente. As valencias destas UUFF son desempeñadas por medio de actantes que non son participantes directos da situación comunicativa, senón que a forza ilocutiva varía. Así, (3a) é unha oración

[73] Cunha posible variación da estrutura dos compoñentes: *вошь в кармане и блоха на аркане (у кого-л.)* [*piollo no peto e carracho no lazo*].

enunciativa, (3b) unha pregunta indirecta e (3c) unha pregunta propiamente dita:

(3) **a.** A estes personaxes ucraínos de Gogol co alcume de Panas e Grizko ***занесло каким-то ветром*** [*levounos algún vento*] ás xeadas de San Petersburgo. Se cadra viñeron de Ucraína para gañaren cartos (Corpus xorn.). **b**. El era un home de teatro ata a medula. Á indulxente pregunta do alumno de ***каким ветром занесло*** [*que vento levara*] ó profesor ó teatro da estación de Kursk este respondeu simplemente: «Un crítico ten que dar voltas» (Corpus xorn.). **c.** En Vólogda acábase de abri-lo Museo do corpo diplomático. Montárono no edificio no que de febreiro a xullo de 1918 se atopaba a embaixada dos EUA en Rusia. Pero ***каким ветром занесло*** [*que vento trouxo*] aquí ós diplomáticos estranxeiros? (Corpus xorn.).

As fórmulas de fala na súa forma máis xeral pódense definir da seguinte maneira:

Fórmulas de fala: UUFF de diferentes tipos estruturais (principalmente enunciados acabados) cunha forza ilocutiva fixada.

No plano do contido remiten a unha situación comunicativa, polo que neste sentido son deícticas. As características específicas do seu significado obrigan a estudar estas unidades como unha clase á parte. Dado que a remisión á situación comunicativa se pode realizar de diferentes maneiras, dentro da clase das fórmulas discursivas distínguense varias subclases. Examinarémolas máis detalladamente, sinalando para cada subclase o compoñente de interpretación que lles é común, que especifica o carácter da unión coa situación comunicativa.

2.4.2. UUFF-comentarios

Entre as UUFF que son fórmulas de fala é imprescindible distinguir un grupo de expresións cuxa función consiste no comentario de determinados aspectos da situación comunicativa. Aquí pódense incluír UUFF coma *шутка сказать* [*broma dicir*, 'algo non é unha nimiedade, non é unha broma']; *дурак, и уши холодные* [*parvo, e aínda por riba as orellas frías*, 'alguén é moi parvo']; *не лаптем щи хлебаем* [*non comémo--lo xchi*[74] *cunha alpargata*, 'non somos parvos']; *лед тронулся* [*o xeo rompeu*, 'algo dá comezo, púxose en marcha']; *дела идут – контора пишет* [*os asuntos van, a oficina escribe*, 'expresión que indica que un negocio vai ben']; *за что боролись, на то и напоролись* [*aquilo polo que loitamos acabou mancándonos*, 'expresión que indica que os esforzos postos nunha causa resultan ter un efecto adverso, con consecuencias desagradables']; comp. (4). A estas expresións denominarémolas **comentarios**.

(4) **a.** Pero se a xente na guerra vendía o último! [...] un litro de leite no mercado custaba aproximadamente o mesmo ca unha culleriña de prata e agora o novo acumúlase e mira, Aivazovskii. ***Шутка сказать*** [*broma dicir*] adquirir un

[74] N. do t.: Véxase a nota 70.

> Aivazóvskii[75] (I. Trifonov. *A casa no peirao*, Дом на набережной). **b.** —[...] A volos dous vanvos recoñecer con condecoracións. —Mellor que maten a un con condecoracións que sen elas —digo de broma sombriamente. —***Дурак и уши холодные*** [*é parvo e aínda por riba ten as orellas frías*] —rebate Boris. —Sirvo a Rusia—berra el, estirándose (E. Kukarkin. *Narracións e relatos*, Рассказы и повести).

Dende un punto de vista estrutural as UUFF citadas constitúen enunciados acabados. O compoñente xeral do significado destas unidades inclúe unha referencia a aspectos particulares da situación. A súa principal función tamén radica no comentario da particularidade, o que ás veces traslada a comunicación a un metanivel, do nivel da información ó nivel da valoración subxectiva (4a). Comp. a contraposición semellante do texto e o metatexto en Вежбицка 1978.

Ademais, dentro deste grupo pódense distinguir aqueles fraseoloxismos que tradicionalmente se atribúen á clase dos ditos. A diferenza dos proverbios coma *не в свои сани не садись* [*non sentes nunha zorra que non sexa a túa*, 'non te metas en algo demasiado complicado, que exceda as túas posibilidades'], *цыплят по осени считают* [*os pitos cóntanse en outono*, 'cómpre agardar ata o final antes de avaliar un resultado'] (que nós non clasificamos entre as UUFF propiamente ditas), estes non conteñen na súa estrutura semántica un cuantificador de universalidade e non posúen forza de recomendación. Os proverbios están próximos ás fórmulas discursivas no relativo ás súas propiedades, non obstante, en comparación cos ditos son autónomos a nivel do discurso en maior medida. Na interpretación dun proverbio, a causa do compoñente de universalidade do significado, falta a remisión á situación de comunicación. Pódese dicir, non obstante, que no proverbio a relación coa situación comunicativa existe, pero non é directa, senón que se produce a través da situación típica representada na súa semántica. Cómpre ademais ter en conta que a semántica xeneralizante dos proverbios permite empregalos en actos de argumentación. No caso dos ditos isto non é posible.

Enténdese que a fronteira entre os proverbios e os ditos representados nas fórmulas-comentarios de fala é pouco nítida. Se a semántica de universalidade está completamente ausente (comp. ditos coma *вот тебе, бабушка, и Юрьев день!* [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*, 'expresión de desagrado cando non se cumpre algo co que se contaba']; *не было печали, так черти накачали* [*non había pena e os demos inflárona*, 'nunha situación non complicada xorden problemas'] nos exemplos 5a e 5b), daquela as formas correspondentes distínguense considerablemente dos proverbios e sempre esixen ilocutivamente un ou outro factor da situación comunicativa. Aínda así, existen ditos que nalgúns contextos aceptan unha reinterpretación como enunciados de carácter xeral. Así, o dito *старость не радость* [/stárost ne rádost/ *a vellez non é unha ledicia*, 'expresión que alude ós inconvenientes e sufrimentos da vellez'] ás veces pode entenderse como unha sentenza que caracteriza

[75] N. do t.: Pintor ruso.

un estado de cousas tipificado.

Presentaremos exemplos de emprego dos ditos *вот тебе, бабушка, и Юрьев день!* [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*, 'expresión de desagrado cando non se cumpre algo co que se contaba'] e *не было печали, так черти накачали* [*non había pena e os demos inflárona*, 'nunha situación non problemática xorden dificultades']:

(5) **a.** O conflito coa dirección prolongouse ata o cuarto curso. Dado que excluírme a causa dos malos resultados non era posible, os mestres decidiron en segredo vingarse representando dramas no teatro rexional de Moscova: ***Вот тебе, бабушка, и Юрьев день***! [*velaquí tes tamén, avoa, o día de san Xurxo!*] A idea dos que se afanaban tanto naquilo implicaba que ese teatro, descoñecido por todos, esquecido mesmo por Deus e polos espectadores, se atopase en Noginsk. Tódolos días tres horas de acó para aló no tren eléctrico. Segui-lo que estaba prescrito: unha tolemia total (A. Panikin. *Apuntes dun fabricante ruso*, Записки русского фабриканта); **b.** —Pois a ver, señor capitán —dixo o rei dun modo bastante desagradable—, xa basta de lacazanear no Louvre. É hora de botarlles man ós asuntos! D'Artagnan sentiuse mal ó oír estas palabras. Dáballe preguiza ocuparse dos asuntos. «***Не было печали, так черти накачали***! [*non había pena e os demos inflárona!*]», pensou el apesarado (O. Vovk. *Os catro mosqueteiros ou co estropallo polo cranio*, Четыре мушкетера или мочалкой по черепу).

A aparición de ditos no discurso depende directamente dos factores da situación comunicativa: é sempre unha reacción ós acontecementos que se producen. Na explicación semántica dos ditos isto poderíase presentar cun compoñente similar a 'valorando unha determinada situación' ou 'nunha situación determinada xurdiron inesperadamente circunstancias negativas': *Не было печали, так черти накачали* [*non había pena, e os demos inflárona*] ≈ 'expresión que indica que nun contexto totalmente positivo nunha situación concreta xurdiron inesperadamente circunstancias negativas que se perciben como un problema esencial e que se entenden como resultado de accións dirixidas intencionadamente por forzas sobrenaturais hostís que son (segundo concepcións relixiosas) o centro do mal'.

Un comentario pode referirse non só a acontecementos externos en relación ó falante, senón tamén ó seu estado cognitivo ou a diferentes procesos mentais. Así, a UF *дай бог памяти* [*que Deus me dea memoria*, 'expresión que indica o desexo de ser exacto lembrando algo'] chama a atención sobre o proceso de lembrarse de algo (6a), mentres que *попытка – не пытка* [*o intento non é un tormento*, 'hai que arriscarse para conseguir algo'] úsase para comentar un procedemento cognitivo da toma dunha decisión (6b):

(6) **a**. A estación do Báltico e... E a estación de Varsovia ó lado, a ver... Daquela quere dicir que aquí hai dúas estacións, alí tres estacións, catro estacións, ***дай бог памяти*** [*que Deus me dea memoria*], pero onde é a quinta estación? E

velaquí a quinta estación. Xa está todo! Cinco estacións (Corpus de textos de diálogos). **b.** —Escoita —di—, vaiamos fóra da cidade a unha boa casa. Celebrarémo-la Pascua. Alí ten que haber unhas cantas mulleres engaiolantes. Eu estarei coa miña moza e ti bótate ó mar aberto das aventuras. —Moi ben —digo—, ***попытка не пытка*** [*o intento non é un tormento*], eu non teño problemas (F. Iskander. *Sandro de Chegem*, Сандро из Чегема).

As UUFF deste subgrupo teñen que conter na explicación semántica un compoñente que indica a valoración por parte do falante do estado da súa conciencia: *попытка не пытка* [*o intento non é un tormento*] ≈ 'expresión que indica que, despois de analiza-las posibilidades existentes de logra-lo que se desexa, o falante toma a decisión de intentar poñela en práctica, malia a probabilidade do fracaso, pois as consecuencias do fracaso poden ser menos importantes cós resultados do éxito'. As UUFF-comentarios deste tipo sempre trasladan a comunicación a un metanivel, transmitindo unha reflexión do falante sobre o estado das cousas e o proceso de comunicación.

No grupo das UUFF-comentarios entra tamén un tipo máis de fórmulas de fala, que se poden denominar **semi-autónomas**. Por exemplo, *хоть [ты] убей* [*aínda que mates*, 'de ningunha maneira'], *хоть [ты] тресни* [*aínda que fendas/rebentes*, 'non hai maneira'], *хоть [ты] лопни* [*aínda que rebente*, 'non hai maneira']. A diferenza doutros comentarios, estes non son oracións sintacticamente autónomas. En construcións sintácticas correctas estas expresións forman parte da estrutura de oracións compostas coma *хоть ты тресни*, *но/а P* [*aínda que fendas/rebentes, pero/non obstante*, 'non hai maneira de']. Non obstante, no discurso tenden ó illamento sintáctico e moi a miúdo actúan como elementos de parcelación, o que permite contemplalas como fórmulas de fala.

(7) **a.** Pavel pensou que cumpriría chamar alguén para aquel asunto porque el mesmo – ***хоть убей*** – [*aínda que mates*] se había de poñer a resolvelo e mesmo había de saír do patio correndo e dar voltas ata que se arranxasen as cousas (V. Rasputin. *A despedida da nai*, Прощание с Матерой). **b**. O pai púxose a conta-las últimas novas: pouco a pouco as familias foron marchando da residencia cada unha ó seu piso, no seu lugar instalaron ós que tiñan un permiso de residencia provisional e eses – ***хоть убей*** – [*aínda que mates*], cumprían as obrigas comunais de limpeza da cociña e do baño comúns; houbo que darlle un par de labazadas ó típico espelido, e agora está a varre-lo corredor coma un bendito... (I. Poliakov. *Apofegei*, Апофегей).

O peculiar status sintáctico das fórmulas discursivas semi-autónomas manifestase no xeito no que se puntúan. Por exemplo, no canto de comas pódese emprega-lo guión que, na lingua rusa, é un signo de illamento máis forte (comp. 7) ou mesmo o punto (comp. 8):

(8) **a.** Non había maneira de pensar. En nada. E aínda que chegase unha tristeza coma aquela, a pena aínda así por algún motivo non se sentía nada. Pero aínda

que el era un bruto a miúdo se poñía nervioso, mesmo se entristecía, e púñase a matinar. Pero aínda así, nada de nada. [...] Seguiu sufrindo. Cuspiu e foi cara á tenda. Un quedara varado. Non se daba pensado. ***Хоть ты тресни*** [*aínda que rebente*] (M. Veller. *Pensamentos*, Думы). **b.** Entón algo se bloqueou. Simplemente un eclipse. Pois, ***хоть убей*** [*aínda que mates*]. Hai nada aínda me lembraba, agora mesmiño, e despois desapareceu. Totalmente (A. Pokrovskii. *Fusilar*, Расстрелять).

Un exemplo próximo é a construción cun imperativo «xeneralizante» coma *ищи ветра в поле* [*busca vento no campo*, 'expresión que se di cando é totalmente imposible atopar algo'], *поминай как звали* [*rememora como se chamaba*, 'dise cando alguén foi visto pouco tempo, desapareceu pronto'], *дай бог ноги* [*que Deus dea pés*, 'expresión de desexo de chegar a un lugar físico, camiñar etc.']. Sintacticamente forman parte dunha oración composta. Comp. (9):

(9) «As nenas son parvas —explicou unha das colaboradoras do SPTU—, non saben que arredor hai un lameiro». Non foi posible facelas volver a todas. As que son un pouco máis espelidas van polo bosque ó longo da estrada cara á ruta de Moscova, sentan no camión dun transportista e ***поминай как звали*** [*rememora como se chamaba*], Rusia é grande (*Segodnia*, Сегодня).

As expresións que estamos a tratar, pola súa estrutura, son oracións. A súa relación coa situación comunicativa neste caso maniféstase en que estas expresións non son posibles sen unha proposición precedente que describa certos aspectos do estado de cousas do que se está a falar. Noutras palabras, esta estrutura sintáctica pode ser descrita coma unha sucesión de proposicións *P [u] поминай как звали* [*P [e] rememora como se chamaba*]; *P [u] дай бог ноги* [*P [e] que Deus dea pés*]. Enténdese que toda fórmula discursiva deste tipo impón uns límites á semántica da proposición anterior. Por exemplo, no caso da expresión *дай бог ноги* [*que Deus dea pés*] trátase dunha situación que conduce a unha saída, a unha fuxida, a unha situación que é a súa causa, ou ben ás accións que preceden inmediatamente a tal saída. Comp. (10), causa; (11), accións que conducen á fuxida:

(10) **a**. Adestrados para a ofensiva, para o ataque impune, psicoloxicamente eles non están preparados para a defensa e, algo comprensible, demóranse na reacción. En troques, a nosa táctica é o ataque preventivo e ***дай бог ноги***! [*que Deus dea pés!*] (A. Stepanov. *Xaque eterno*, Вечный шах). **b.** Tan pronto como chocan coa resistencia, ***давай Бог ноги*** [*que Deus dea pés*]. E se cae unha vítima indefensa, entón esganífana coma hienas (V. Bezimiannii. *O maníaco*, Маньяк).

(11) **a**. [...] O «Niva», despois de xemer a causa do derradeiro esforzo, saíu furiosamente de onde estaba. Agora ***дай бог ноги*** [*que Deus dea*] (A. Stepanov. *A parada dos peregrinos*, Привал странников). **b.** Disparei e el de súpeto caeu. Mandei a pistola «Walter» ó diaño, saltei por riba de Vartán e

давай Бог ноги [*que Deus dea pés*] (V. Bezimiannii. *Asasinato no entreacto*, Убийство в антракте).

Analicemos outra subclase interesante das fórmulas-comentarios de fala. A esta subclase pertencen expresións coma *ваша карта/масть/ставка бита* [*a súa carta/o seu pau/a súa aposta está matada*, 'xa non hai máis oportunidades; un intento resultou infrutuoso'], *положение хуже губернаторского* [*a situación é peor cá do gobernador*[76], 'situación desafortunada e desagradable']. Comp., por exemplo, os contextos (12):

(12) **a.** Sabémolo todo. Ó longo de dous anos vostede colaborou activamente cos servizos de intelixencia israelís Mosad. Así que ***ваша карта бита*** [*a súa carta xa está matada*]. Só lle ha de axudar facer unha confesión sincera (Corpus xorn.). **b.** Non serve de nada que me intente cargar cun asunto que non é meu! ***Ваша масть бита***! [*a súa carta xa está matada!*]. Xa non (Corpus xorn.). **c.** ***Положение хуже губернаторского*** [*a situación é peor cá do gobernador*]. Os pensionistas de Tver deitáronse enriba das vías do tren (Corpus xorn.). **d.** O presidente recoñece: ***положение хуже губернаторского*** [*a situación é peor cá do gobernador*] pero aínda así mellor do que estaba hai dous ou tres anos (Corpus xorn.).

En varios contextos nestas UUFF aparece unha valencia atributiva, por exemplo, *положение хуже губернаторского (чье-л./у кого-л.)* [*a situación (de algo/alguén) é peor cá do gobernador*], que os inscribe nunha estrutura sintacticamente máis complicada. Comp.: ***Положение*** *у Спиридонова/****Положение*** *Спиридонова* ***хуже губернаторского*** [***A situación*** *que ten Spiridónov/****A situación*** *de Spiridónov* ***é peor cá do gobernador***]. *Pregunteille se non se había de sentir oprimido por aquilo. «Que lle imos facer? —encolleu os ombreiros—. O traballo éche así»*]. Isto, con todo, non cambia o seu status na nosa descrición, porque é natural considerar como realización dunha valencia non-predicativa do substantivo *situación* tanto o grupo preposicional *у Спиридонова* [*de Spiridónov*] coma o complemento en xenitivo *Спиридонова* [*de Spiridónov*]. Porén, na fórmula de fala *ваша карта/масть/ставка бита* [*a súa carta/o seu pau/a súa aposta está matada*] esta valencia xa está presente na estrutura de partida. A súa variabilidade (comp. contextos 13) non cambia o seu status como fórmulas, aínda que xera certos usos que non son moi habituais no caso das fórmulas.

(13) **a.** O gobernador marítimo non ten outras ideas económicas á parte da proclamación da súa «peculiaridade» e o seu interminable «veña!». ***Бита*** *китайская* ***карта*** [*a carta chinesa está matada*]: o centro deu a entender de maneira inequívoca que non tolerará ningún intento de privilexios federais, e a fronteira está onde o decidiron Moscova e Pequín (Corpus xorn.). **b.** As serodias protestas do gobernador da cidade apenas serán tomadas en

[76] N. do t.: Tipo de cabalo utilizado para estimular sexualmente unha egua antes de que sexa montada por un cabalo de raza.

consideración naqueles ámbitos onde reina un espírito... E aínda por riba uns días máis tarde despois do Petr de Moscova apareceu o de Lípetsk e de dimensións aínda meirandes! Así que ó nivel da monumental propaganda *московская* ***карта бита*** [*a carta de Moscova está matada*]... o que é moi sintomático e dificilmente se pode considerar unha coincidencia (Xornalismo de internet). **c.** «Ai! Eu vin aquí non só en calidade de neto potencial, senón tamén coma experimentado espía —admite Dahlberg—. Ora ben, agora *моя* ***карта бита*** [*a miña carta está matada*], o pasado pasado está, eu arrepíntome e pídolle asilo político» (Saxa Sokolov. *Palisandria*, Палисандрия).

Nalgunhas fórmulas de fala a valencia atributiva deste tipo é obrigatoria, comp. (14):

(14) **a.** En Rusia a institución dos executores xurídicos non funciona. O seu inimigo-demandado pode suborna-lo executivo xudicial e aínda máis facilmente ameazalo. Daquela ***плакали*** *ваши* ***денежки*** [*choraban os seus cartos*, 'perder unha cantidade de cartos'] (Corpus xorn.). **b.** Agora xa nin sequera teñen medo dos empregados de alfándegas, senón dos *racketeers* ucraínos[77]. É que unha vez pasado Ilovaisk e ata a seguinte fronteira rusa o tren aínda percorre unhas boas 10 ou 12 horas. «Eu ía soa no compartimento e de súpeto na estación seguinte entran no tren uns ladróns ós que os avisara algún de Ilovaisk con malas intención e ***плакали*** *мои* ***денежки*** [*choraban os meus cartos*]» (Corpus xorn.). **c.** Se o goberno non cumpre as condicións do acordo coa MVF daquela, ***плакали*** *наши* ***денежки*** [*choraban os nosos cartos*] (Corpus xorn.).

2.4.3. UUFF-Performativas

O segundo grupo de fórmulas de fala fórmano os enunciados acabados ou as formas proposicionais que son **performativas**. Así, os UUFF-enunciados *вот те/тебе крест* [*velaquí unha cruz para ti*, 'expresión para confirma-la veracidade do que di o falante; xúrocho'], *зуб даю* [*dou un dente*, 'expresión para garanti-la veracidade do que di o falante dunha maneira incondicional; xúrocho'], *век свободы не видать* [*a era da liberdade non se ve*, 'expresión para garanti-la veracidade do que di o falante dunha maneira incondicional; xúrocho'] etc., realizan o acto discursivo do XURAMENTO, comp. (15):

(15) **a.** —[...] E non estás a mentir? —dubidou el— ***Зуб даю***! [*dou un dente!*] —xurou Sevka e cuspiu impetuosamente para un lado (V. Tokareva. *Narracións e relatos*, Рассказы и повести). **b.** —***Вот те крест***! [*velaquí unha cruz para ti!*] —exclamou Bartolomeu, que de ningún xeito esperaba un xiro tal nos acontecementos. A cruz de Bartolomeu non convencía a demonoloxía de Vor. —Eu xa dei a miña palabra! —indignouse Bartolomeu. —Eu créote —

[77] N. do t.: Membros dunha organización de tipo mafiosa baseada na chantaxe.

dixo Vor convencido (A. Bitov. *O profesor de simetría*, Преподаватель симметрии).

A diferenza dos performativos habituais, que a miúdo aceptan unha valencia subxectiva (***Я*** *те клянусь: моей ноги там больше не будет* [***Eu*** *xúrocho: non hei de volver poñer un pé aló*]), as UUFF-performativas na maioría dos casos teñen limitacións para a realización de tal valencia subxectiva. Comp.: *Я зуб даю* [*Eu dou un dente*][78] é peor que *Зуб даю* [*Dou un dente*], *Вот те крест* [*Velaquí unha cruz para ti*] mentres que é imposible **Я те крест даю* [**Eu dou unha cruz para ti*].

As UUFF *с богом* [*con Deus*, 'adeus'], *ни пуха ни пера* [*nin peluxe nin pluma*, 'fórmula para desexar sorte'], *совет да любовь* [*consello e amor*, 'fórmula para desexar felicidade ós acabados de casar'] realizan o acto discursivo de DESEXOS DE BOA SORTE/DESPEDIDA, comp. (16):

(16) **a.** E polo que respecta á alma, / aquilo xa é hora de esquecelo. / Veña, adeus, fermosa moza! / ***Ни пуха, ни пера***! [*nin peluxe nin pluma!*] (A. Gálich. *Cando eu volva*, Когда я вернусь (versos e poemas)). **b.** O propio pai pronunciou un discurso enteiro, vese que o preparara con antelación [...]. A nai de Nataxa dixo brevemente: —***совет да любовь*** [*consello e amor*] para os noivos —levantouse da mesa e fíxolles reverencias unha e outra vez a todos, un por un, inclinándose ata a cintura... (V. Vladimirov. *O seu tempo*, Свое время). **c.** —E non se encurve. O señor aprecia o aspecto gallardo e o porte perfecto—. Maxa abrazou a Gerstener, bicouno nas dúas meixelas: —***С Богом***... [*Con Deus*] (V. Kunin. *Historias de cine*, Киноповести).

O termo «performativo» emprégase aquí no seu sentido habitual, ó xeito de J. Austin (Остин 1986), quen denominaba deste xeito unha ampla clase de enunciados que non indican algún estado do mundo, senón que eles mesmos constitúen eses mesmos estados. Segundo esta concepción a presenza dunha fórmula performativa explícita —cun verbo en primeira persoa nun tempo real de presente— non é condición indispensable para incluí-lo enunciado no grupo dos performativos. Segundo Austin, os performativos sen verbo performativo na forma gramatical que corresponda chámanse «implícitos» ou «primarios» (en contraposición ós performativos «explícitos» na fórmula performativa explícita). Por exemplo, unha afirmación do tipo *Я вернусь до полуночи* [*Hei de volver antes de medianoite*] nunha situación determinada interprétase como un acto discursivo de promesa, sinónimo do enunciado *Я обещаю, что вернусь до полуночи* [*Prometo que hei de volver antes de medianoite*] e dende este punto de vista forma parte dos performativos.

Así, segundo a idea universalmente aceptada sobre o que son os performativos, estes

[78] Compárese, por outra banda, o normal que é *Да я зуб даю...* [*Pois eu dou un dente...* (forma máis enfática coa partícula *да*)]. O que acontece neste caso é que a partícula *да* co significado clasificador presupón un contexto polémico cunha distinción comunicativa do falante que está a xurar.

contémplanse como expresións que non describen tanto unha acción senón que son a acción mesma. Isto por definición lígaos dende un punto de vista pragmático á situación comunicativa: a execución da acción, do acto, non é posible fóra da situación concreta. Efectivamente, a sucesión de accións ligadas mutuamente tamén forma a propia situación. Dende este punto de vista, cómpre abordar ademais o problema do seu reflexo na explicación semántica da situación comunicativa. No caso das UUFF-performativas é imprescindible prever que na representación semántica apareza un verbo performativo na fórmula performativa explícita en primeira persoa de singular/plural dun tempo actual de presente que reproduce o acto de fala: 'eu esixo...', 'eu xuro...', 'eu desexo éxito...' etc.

Entre as UUFF-performativas que posúen valencias abertas pódense distinguir, por exemplo, aquelas expresións que introducen no discurso o acto discursivo da MALDICIÓN: *чтоб глаза повылезали/вылези (у кого-л.)* [*que os ollos lle saian (a alguén)*, 'fórmula de maldición'], *чтоб пусто было (кому-л.)* [*que (a alguén) lle sexa baleiro*, 'fórmula de maldición'], *чтоб руки отсохли (у кого-л.)* [*que lle queden secas as mans*, 'fórmula de maldición'].

(17) **a.** Ela quixo facerse artista, e nisto que apareceu aquel maldito pintor ***чтобы*** *ему* ***пусто было*** [*que lle sexa baleiro*] e seduciuna. El, por certo, é un grande aduaneiro e rufián! (L. Petruxévskaia. *Obras*, Пьесы). **b.** Levo buscándoo dende a mañá. Escribiume ó enderezo cunha letra ***чтоб*** *у него* ***руки и ноги отсохли*** [*que lle queden secas as mans e as pernas*], mire vostede como escribiu, vostede mire este «г». E este «m»? (M. Jvanetskii. *Como se fai isto*, Как это делается).

Entre as expresións deste grupo atópanse unidades que tamén permiten usos non-performativos. Por exemplo, a expresión *зуб даю* [*dou un dente*, 'confirmación da veracidade do que di o falante'] non permite a transformación **Он дает зуб* [**el dá un dente*], pero *ни пуха ни пера* [*nin peluxe nin pluma*, 'fórmula para desexar sorte'] tamén posúe unha forma coma *Она пожелала мне ни пуха ни пера* [*ela desexoume nin peluxe nin pluma*] Compárese, ademais (18):

(18) **a.** O noso irmán é o propio grande azar, e a fortuna a nosa irmá. / Aínda que por se acaso estamos alerta. / En terra ***пожелали ни пуха, ни пера*** [*desexáronnos nin peluxe nin pluma*], / os astros sonnos favorables (V. Visotskii. *Bendito grande océano*, Благословен великий океан). **b.** Eu agardei ata que todos marchasen. A Arsik pedinlle que quedase. El aprendeume a utiliza-la instalación en diferentes condicións, desexoume ***пожелал ни пуха ни пера*** [*nin peluxe nin pluma*] e tamén marchou (A. Jitinskii. *Arsik*, Арсик).

Dende o noso punto de vista nestes casos os usos básicos son os performativos e por esa razón os non-performativos descríbense como variantes dos performativos. Para introducir estas expresións no dicionario en forma de entrada léxica é natural emprega-

-la fórmula performativa. Ademais, a elección dunha determinada variante de representación vén determinada principalmente pola diferenza no significado das UUFF-performativas e as correspondentes UUFF non-performativas. Así, *X пожелал Y-у ни пуха ни пера* [*X desexoulle a Y nin peluxe nin pluma*] significa 'X díxolle a Y: «Ни пуха ни пера!» [*nin peluxe nin pluma!*]'. Por este motivo é natural que a forma performativa se considere a entrada do dicionario. Unha situación diferente é a que se pode observar no caso de UUFF coma *по рукам!* [*polas mans!*, 'expresión utilizada para pechar un trato'] e *ударить по рукам* [*golpear polas mans*, 'facer un trato, estar conforme'] (no sentido da expresión de conformidade cando se pecha un trato), xa que a expresión *Они ударили по рукам* [*eles golpearon polas mans*] non significa «Eles dixeron "*По рукам!* [*polas mans!*]" no momento de pecha-lo trato».

Sinalaremos que, de xeito semellante a como as UUFF son o centro do sistema fraseolóxico, as UUFF-performativas forman o núcleo da clase das fórmulas de fala. Nelas exprésase de forma clara a relación coa situación comunicativa, coas variables pragmáticas «aquí» e «agora».

2.4.4. As UUFF como factor de estabilización do estado emocional

Os performativos están estreitamente ligados a unha situación comunicativa debido ó feito de que a acción xerada por eles e mailas súas consecuencias (o efecto perlocutivo) unicamente son posibles nunha situación real na que se pronuncie a expresión de que se trate. Nese caso o acto de fala xera unha acción non-verbal. Tamén é posible, non obstante, que a xeración se produza na dirección contraria (xusto á inversa), cando é a situación a que actúa coa función de *trigger* (gatillo) e motiva a realización do acto de fala. Xa estudamos un caso de UUFF deste tipo: as UUFF-comentarios. Hai outro grupo de fórmulas de fala que caracteriza aqueles casos nos que o que resulta se-lo *trigger* é o estado cognitivo do falante (incluído o estado emocional). No conxunto deste grupo atópanse as UUFF que expresan ABRAIO: *батюшки светы!* [*pais santos!*, 'meu Deus!'], *откуда что берется!* [*de onde que cousa aparece!*, mira ti!], *где это видано [где это слыхано]!* [*onde foi visto isto (onde foi oído)!*, 'pero onde se viu!'], *вот те [и] на!* [*velaquí eses [e] en!*, 'vaia!'], *гляди ж ты!* [*pero mira ti!*], *держите меня!* [*aguantádeme!*, 'hai que ver!'], *елки зеленые!* [*abetos verdes!*, 'caramba!'], *ишь ты!* [*/ix/ ti!*, 'fíxate!'], *интересное кино!*; *надо же!* [*pero é necesario!*, 'será posible?!'], *ничего себе!* [*nada a si mesmo!*, 'hai que ver!'], *ну и ну!* [*veña e veña!*, 'vaia, vaia!']; DESCONTENTO: *хорош гусь!* [*un bo ganso!*, 'ese é boa peza!'], *к чертовой матери!* [*á nai do demo!*, 'ó carallo!'], *слов нет [одни эмоции]!* [*non hai palabras (só emocións)!*, 'non teño palabras!']) e outras emocións. Comp. (19):

(19) **a.** —Que a un lle guste Picasso é hipocrisía? —Está claro que como os que din que lles gusta Picasso a miúdo non o entenden, daquela iso é o que é hipocrisía. —Meu Deus! ***Держите меня***! [*Aguantádeme!*] —riu Marina—. Que a un lle guste Picasso é hipocrisía! Ai, ai, ai! As caras de ámbolos dous estaban acesas, os ollos ardíanlles cun profundo resplandor (I. Trifonov.

Troco, Обмен). **b.** «Non debería adormecer!» penso eu con preocupación. «Non teño espertador e podo adormecer. Que escándalo sería!: "Quedou durmido cando tiña un duelo! ***Хорош гусь***! [*Bo ganso!*]". "Non, ho, o que é é simplemente un covarde! Finxiu que quedou durmido!"» (A. Jitinskii. *Eu soño*, Снюсь). **c**. A multitude arredor do automóbil ardendo inflábase e inflábase, así que detrás dela xa empezaba a non verse nada á parte dunha negra columna de fume. —Venderémolo! ***К чертовой матери***! [*Á nai do demo!*] Hoxe mesmo vendémolo! —laiouse Ianévskaia (E. Kozlovskii. *Atopámonos no Paraíso...*, Мы встретились в Раю...).

Dado que o falante, por definición, é parte da situación comunicativa, estas expresións en certo sentido están próximas ós comentarios, aínda que en principio se distinguen das UUFF-comentarios polo feito de non comentaren o que acontece, é dicir, por non informaren ó receptor do estado do falante (en todo caso esta non é a súa función directa), senón por seren un modo de articula-la debilitación da forza emocional ou psíquica do estado anímico do suxeito, estado que ameaza con altera-lo funcionamento normal da mente da persoa. A expresión discursiva desta emoción[79] causa o seu debilitación. As fórmulas de fala do grupo que estamos a estudar pódense denominar **«respiradoiros emocionais»** ou «**seguros emocionais»**. Está claro que o grao de intensidade deste estado varía moito, feito que non permite establecer de maneira inequívoca a relación entre a emoción e a expresión lingüística-respiradoiro. Así mesmo, canto máis débil é a emoción menor é o papel desempeñado pola UF-respiradoiro, converténdose neses casos nun simple marcador dunha emoción ou doutra. Aínda así, en contextos paradigmáticos a relación entre a emoción e a UF-respiradoiro é moi intensa, por exemplo, a que se dá nunha situación como a de mancarse nun dedo cun martelo, comp. circunstancias semellantes no exemplo (20):

(20) Uns cornos desfondaron a portiña e a grandes saltos foron ó bosque. Urfin Jius, engurrado e mazado, levantouse do chan: —***Черт побери***! [*que o demo colla!*, 'que o demo o leve!'] —xemeu el, apalpando a punta da anca. —Isto xa é demasiado! O pelello con reproche dixo: —E logo non sabes, amo, que agora é o tempo no que os cervos están así de agresivos. E menos mal que te deixou con vida... (A. Volkov. *Urfin Jius e os seus soldados de madeira*, Урфин Джюс и его деревянные солдаты).

A súa función atopa o seu reflexo natural no comportamento sintáctico. As emocións son en gran medida individuais e están estreitamente ligadas a unha situación comunicativa. É difícil reproducir no estilo indirecto o intento humano de debilitar unha emoción por medio dunha acción lingüística (que é a función principal das UUFF que estamos a estudar), xa que no estilo indirecto unha persoa «aprópiase»

[79] Aquí pódense lembrar diversas tradicións psicoterapéuticas fundamentadas na idea da enunciación, da explicación articulada do estado psíquico para vivila e logra-la homeostase psicolóxica. Comp. en relación a isto as numerosas versións da psicanálise, da programación neurolingüística etc. Na programación neurolingüística, expresións coma as que estamos a analizar desempeñan un papel clave nas técnicas psicoterapéuticas de «calibración» e «ancoraxe».

parcialmente dos resultados da actividade psíquica doutra (de quen enuncia o texto), comp. a inadmisibilidade de exemplos do tipo: **Урфин Джюс с неудовольствием сказал, что черт побери* [**Urfin Jius dixo con desagrado que o demo colla*]; **Она недовольно сказала, что хорош гусь* [**Ela dixo, con aire descontento, que el é un bo ganso*]; **Она обрадовалась, что гляди ж ты!* [**Ela aledouse de que 'mira ti!'*]. En cambio, nestes casos a reprodución en estilo directo é totalmente posible (véx. exemplos anteriores). No caso do estilo indirecto reprodúcese sobre todo unha proposición do que foi dito, e nas fórmulas de fala-respiradoiros non existe unha proposición coma tal, pero hai, metaforicamente, un acto de liberación da enerxía psíquica destrutiva. A ausencia dunha proposición nestas expresións (en todo caso no sentido universalmente aceptado) fainas sintacticamente impenetrables. Nelas é imposible, por exemplo, introducir unha negación, comp. **не батюшки светы!* [**non pais santos!*]; **не откуда что берется!* [**non de onde vaia cousa aparece!*]; **не где это видано [где это слыхано]!* [**non onde foi visto isto [onde foi oído]!*], **не вот те [и] на!* [**non velaquí eses [e] en!*] etc. Por esta mesma razón as UUFF-respiradoiros non poden estar no campo de acción de diferentes marcos modais, comp. a imposibilidade de **Как мне кажется, черт побери!* [**Como me parece, que o demo o leve!*]; **Как мне представляется совершенно неожиданным, вот те на!* [**Como me parece totalmente inesperado, vaia!*]; **Я утверждаю: Хорош гусь!* [**Eu confirmo: vaia elemento!*].

Aproveitaremos para sinalar que estas e outras limitacións semellantes son propias de outros tipos de fórmulas discursivas (aínda que se poden explicar por outros motivos).

No modelo semántico do significado, as fórmulas discursivas que estamos a abordar teñen que conter unha referencia á emoción que xurdiu na situación comunicativa, por exemplo 'reaccionando á emoción X que xurdiu en min e que intento expresar, despois de diminuí-la súa intensidade digo...'.

2.4.5. Fórmulas de resposta

Un tipo especial de fórmulas de fala constitúeno UUFF que son o segundo elemento de dous actos de fala relacionados ilocutivamente. Este acto de fala é requirido ilocutivamente polo anterior e, en xeral, reproduce algunhas particularidades fonéticas do acto de fala precedente. As seguintes UUFF forman parte deste grupo: *[– Ну?] – Баранки гну* [/Nu? Baranki gnu/ *(Que?) Retorzo roscas*]; *[– Где?] – У тебя на бороде* [/Gde? U tebia na borode/ *(Onde?) Na túa barba!*]; *[– Откуда?] – От верблюда* [/Otkuda? Ot verbliuda/ *(De onde?) Do camelo*]; *[– Куда?] – На кудыкину гору* [/Kuda? Na kudikinu goru/ *(A onde?) Á montaña de Kudik*]; *[– Почему?] По качану* [/Pochemú? Po kachanú/ *(Por que?) Polo canoto*]; *[– Говорят.] – Кур доят* [/Govoriat. Kur doiat/ *(Din) Muxen polos*]; *[– Привет!] – Привет от старых штиблет* [/Privet. Privet ot starigh xtiblet/ *(Ola!) Ola de parte dos vellos zapatos*]; *[– Как дела?] – Как сажа бела!* [/Kak delá. Kak saja belá/ *(Que tal?) Coma a feluxe branca!*]. Chamarémolas **fórmulas de resposta**.

(21) **a.** A miúdo viña o médico, un rapaz novo: —*Ну, как дела*? [*Daquela, que tal?*] —***Как сажа бела*** [*Coma a feluxe branca*, 'imos tirando'] —respondía Efim con dificultade, nos seus afundidos ollos escuros por un intre acendíase unha estraña alegría. —Fago balance. —Déixeno!... —Estou de broma —tranquilizábao Efim (V. Xúxkin. *Dos anos infantís de Ián Popov*, Из детских лет Ивана Попова). **b.** —E onde imos correndo? —***На Кудыкину гору*** [*Á montaña de Kudik*, 'a ningures'], que máis che ten onde imos? Todos son iguais, tanto os bos coma os malos (V. Xúkxin. *Dos anos infantís de Ián Popov*, Из детских лет Ивана Попова]. **c.** —[...] Quería falar doutra cousa. —De que? —Da falsa liberdade e da dependencia. —*Ну-ну!* [*Que, que!*] —... ***баранки гну***! [*Retorzo roscas!*, 'e logo?'] (Textos do concurso literario «Тенета-98»).

A principal función pragmática das réplicas de resposta deste tipo é chama-la atención sobre o pouco apropiado que é o acto de fala precedente do interlocutor. A medida na que este non é apropiado pode variar moito. Ademais, xunto á expresión do carácter inadecuado do acto de fala, as fórmulas de resposta tamén poden achegar significados adicionais á situación. A expresión da impropiedade, obviamente, tamén é consecuencia do desexo de non responder á pregunta precedente (no caso de que esta fose unha verdadeira pregunta e non un acto de fala indirecto). Ademais as fórmulas de resposta conteñen na súa semántica un compoñente común como 'considerando que o acto de fala anterior altera unha ou outra condición do curso da conversación, eu digo...'.

2.4.6. Fórmulas de interrogación

Xunto ás fórmulas de resposta distínguense tamén as **fórmulas de interrogación**. A maioría delas son preguntas retóricas. Semanticamente constitúen a valoración dun aspecto ou outro da situación comunicativa. Por exemplo, o falante pode valorarse a si mesmo: *а я, что – лысый?* [*e eu que, son calvo?*, 'expresión coa que o falante lle pregunta ó interlocutor se é peor cós demais ou ha de ter menos dereitos']; ó interlocutor: *дурак или родом так?* [*es/é parvo ou de nacemento?*, 'expresión despectiva sobre alguén que se comporta dun xeito estúpido'], *какая муха тебя укусила?* [*que mosca te picou?*, 'maneira de preguntarlle a alguén que problema ten co interlocutor']; ou, finalmente, o problema do que se está a falar: *а был ли мальчик?* [*E había un neno?*, 'expresión de incerteza con respecto a algo'].

(22) **a.** Toda a vergoña, todo o desconcerto das horas pasadas confluíron nese brote de ira: —Ti que, Nikita? —preguntou Grubin, que botaba fume no coche—. ***Какая муха*** *тебя* ***укусила***? [*Que mosca te picou?*] (Kir Bulichev. *A poción de Marte*, Марсианское зелье). **b.** A ver, eu xa non teño nin idea de como se permite ir de fariseo. E se vostedes, aínda así, sendo maliciosos co rostro que eu inventei, replican cun escéptico: «***А был ли мальчик***? [*E había un neno?*]» (porque é unha broma vella, seguramente, que aínda non se deixou de

usar); sen medo atrévome a dar unha resposta positiva [...] (Saxa Sokolov. *Palisandria*, Палисандрия).

A particularidade que presentan as fórmulas de interrogación cando se comparan con preguntas habituais radica en que son requiridas ilocutivamente pola situación comunicativa. Nisto parécense ás preguntas cun tema non-inherente (Баранов, Кобозева 1983) e ás preguntas con función ilocutiva, pero, a diferenza delas, as fórmulas de interrogación, ó seren UUFF, son expresións reinterpretadas semanticamente e/ou opacas, non susceptibles de seren interpretadas segundo determinadas regras produtivas. Noutras palabras, se o emprego de preguntas con ilocución indirecta presupón o «cálculo» do significado segundo as correspondentes regras do discurso (as regras da gramática do «falante-oínte»), as fórmulas de interrogación, aínda que se identifican como preguntas nunha función ilocutiva indirecta, requiren ó mesmo tempo coñecementos puramente léxicos; por exemplo que *лысый* [*calvo*] na fórmula *а я, что – лысый?* [*e eu que, son calvo?*] se entenda coma 'considerablemente peor ca tódolos demais individuos'. As posibilidades de éxito das fórmulas de interrogación discursivas inícianse inmediatamente cunha situación comunicativa. Esta é a principal razón de que as UFFF-fórmulas de interrogación se clasifiquen entre as fórmulas de fala.

2.4.7. Fórmulas de modalidade epistémica

No material analizado tamén se atoparon UUFF relacionadas cunha expresión de valoración da veracidade/falsidade, seguridade/inseguridade do falante con respecto ó dito, coma *знамо дело* [*asunto coñecido*, 'algo coñecido']; *ясный перец* [*pemento claro*, 'algo está claro, enténdese ben']; *[один] бог знает/ведает* [*(só) Deus sabe/coñece*, 'expresión de incerteza con respecto ó tema do que se fala']; *за что купил*, *за то и продаю* [*véndoo polo que o comprei*, 'expresión que subliña que un non se responsabiliza polo que acaba de dicir, que se limita a reproducilo']. Comp. (23):

(23) **a.** —Pode ser que sexa difícil soa? —empezou Paxka dende lonxe. —He, he —riu incomodamente Anisia—, ***Знамо дело*** [*asunto coñecido*]... (V. Xúxkin. *Un rapaz así vive*, Живет такой парень). **b.** —Non pode ser! —***За что купил, за то и продаю*** [*Véndoo polo que o comprei*] —dixo o presidente case con sentimento de culpa (A. Strugátskii. *Expedición ó inferno*, Экспедиция в преисподнюю).

Dun xeito convencional pódense denominar **fórmulas de modalidade epistémica**. Agora, é difícil dicir se forman unha clase especial dentro da subclase das fórmulas de fala, xa que en certa maneira están próximas ás UUFF-comentarios. Sintacticamente algunhas funcionan como expresións parentéticas (xiros introdutorios). Dende un punto de vista comunicativo supoñen a reacción directa a un ou a outro acto de fala, que introduce un contido proposicional que esixe unha valoración de autenticidade por parte do falante.

A clasificación proposta, igual que moitas outras tipoloxías lingüísticas, permite solapamentos. Por exemplo, a UF *врать готово* [*disposto a mentir*] na sucesión de réplicas *[– Честное слово] – Врать готово* [/Chestnoe slovo - Vrat gotovo/ *(Palabra de honor) Disposto a mentir*, 'expresión de escepticismo ante a afirmación do outro de que algo é verdade'] é, por unha banda, un comentario e, pola outra, posúe certas características das fórmulas de resposta: é requirida ilocutivamente pola réplica que a precede e repite algunhas das súas particularidades fonéticas. Ademais, como se está a valora-la sinceridade do xuramento precedente, esta UF tamén se pode contemplar coma unha fórmula de modalidade epistémica.

Cómpre tamén subliñar unha vez máis que a mesma expresión se pode empregar tanto coma fórmula de fala coma UF non-formulaica. Así, *ни тпру ни ну [ни кукареку]* [*nin 'tpru' nin 'nun' (pois)*, 'algo non dá resultados nin causa efecto'] é unha fórmula discursiva en contextos do tipo: *Начальство подгоняет, заказчики обрывают телефон, мол, мы вам сделали предоплату, а где обещанная программа? А у нас все застряло,* ***ни тпру ни ну*** [*A dirección métenos présa, os clientes non deixan de chamar, fixémosvos un pagamento por adiantado, e onde está o programa prometido? E aquí todo está parado,* ***nin 'tpru' nin 'un'***]. Aquí realízase a idea de 'fracaso', 'mala sorte'. Por outra banda, en exemplos coma *Он в этих делах* ***ни тпру ни ну*** [*El nestes asuntos* ***nin 'tpru' nin 'un'***] obsérvase claramente o uso non-formulaico do significado de 'descoñecemento'.

***

Na primeira parte abordáronse as categorías máis importantes da fraseoloxía (os conceptos de idiomaticidade e fixación); presentáronse as categorías que constitúen a idiomaticidade e analizáronse os modos de realización destas categorías; formuláronse os criterios de división das UUFF como centro do sistema fraseolóxico; ofreceuse unha tipoloxía de fraseoloxismos e caracterizáronse brevemente as diferentes clases. Isto permite pasar á análise de aspectos concretos do funcionamento do sistema fraseolóxico, en primeiro lugar da idiomática. A seguinte parte desta obra está dedicada á descrición da semántica e a sintaxe das UUFF.

PARTE 2. SEMÁNTICA E SINTAXE DAS UUFF

Capítulo 3. O plano do contido das UUFF: a forma interna como parte da semántica

No desenvolvemento da teoría semántica a etapa postestruturalista caracterízase polo aumento do interese polos aspectos do plano do contido das formas lingüísticas ás que o estruturalismo renunciaba completamente. Como é ben sabido, segundo F. de Saussure a relación entre o plano da expresión e o plano do contido do signo lingüístico é arbitraria e apóiase exclusivamente nunha convención social (Соссюр 1977: 100, 104). De feito, a palabra rusa *стол* [*mesa*] e a palabra inglesa *table* non teñen nada en común no plano da expresión, aínda que designan o mesmo. Non obstante, non todo o sistema léxico, nin moito menos, está construído segundo o principio de arbitrariedade (compárense os conceptos de motivación relativa, léxica e gramatical en Соссюр 1977: 163-165). Ademais das formas derivadas, claramente motivadas polos seus constituíntes, é evidente que tamén están motivados os fraseoloxismos cunha forma interna viva. Así mesmo, en moitos casos a transparencia da forma interna inflúe no significado real da UF e, polo tanto, no seu uso.

Moitos investigadores sinalan que a particularidade da idiomática radica na presenza de figuratividade nas UUFF, que está relacionada coa forma interna (véx. a análise de varios puntos de vista en Телия 1996: 187 e seguintes). O estudo da forma interna dos fraseoloxismos e da súa influencia no significado real é moi complexo e variado, e tódolos seus aspectos dificilmente se poden describir nun só libro. Posteriormente deterémonos en varias liñas de investigación sobre a forma interna.

En primeiro lugar xorde dun xeito natural a pregunta de se a forma interna é percibida polos falantes dunha lingua e, de ser así, como ocorre isto. Dado que na psicolingüística desenvolvida en Rusia esta liña de investigación practicamente non foi tratada, nós dirixímo-la nosa atención ó estudo da experiencia dos investigadores americanos e italianos que se ocuparon deste problema.

En segundo lugar atopámonos coa cuestión de ata que punto a forma interna inflúe dun modo concreto no significado real e que modos de descrición deste fenómeno se poden propoñer na explicación das UUFF.

En terceiro lugar, que entidades conceptuais se atopan detrás do fenómeno da forma interna? Máis exactamente, como é a interrelación entre a metáfora e o símbolo na forma interna?

3.1. A figuratividade das UUFF na perspectiva cognitivo-psicolóxica e lingüística

Un concepto non é indiferente á súa manifestación lingüística e por iso, se nunha lingua existen varias UUFF que expresan o mesmo concepto de maneiras distintas (comp., por exemplo, conceptos, coma 'medo', 'ira/furia', 'ledicia', 'sufrimento', 'morte', 'pobreza', que teñen diferentes formas de expresión na idiomática de moitas linguas europeas), entón existen fundamentos para considerar que estamos en cada caso ante diferentes modos de interpretación dese concepto. No plano do contido isto pode levar ó cambio da representación semántica do concepto. Así, por exemplo, o 'medo' mediante o que *в жилах стынет кровь* [*o sangue conxélase nas veas*, 'ter moito medo, sentir terror'], distínguese do concepto de 'medo' polo que *дрожат колени* [*tremen os xeonllos*, 'ter moito medo']. Dado que as UUFF se caracterizan na maioría dos casos pola presenza dunha forma interna máis ou menos viva, é conveniente prestarlle atención ó compoñente figurativo, ademais de a outros constituíntes do plano do contido, á hora de describi-lo seu significado.

Así, é evidente que dende un punto de vista estritamente lingüístico a forma interna é un aspecto importante do plano do contido das UUFF motivadas. Non obstante, o que non está tan claro é se posúe unha realidade psicolóxica para o falante da lingua na mesma medida que, por exemplo, a categoría do significado léxico. Como as investigacións de psicolingüística están fóra do ámbito dos nosos intereses, resulta natural entender esta sección como unha revisión analítica de varias concepcións actuais da figuratividade, elaboradas coas UUFF no marco das investigacións experimentais-psicolóxicas orientadas cognitivamente, cunha posterior interpretación lingüística dos resultados obtidos (comp. tamén a revisión en Добровольский 1996б).

3.1.0. Independentemente da tradición lingüística do estudo da fraseoloxía (véx. neste sentido «Introdución ó problema») nalgúns países (sobre todo nos EUA e Italia) desenvólvese unha liña de investigación paralela que —por paradoxal que sexa— practicamente ignora por completo a existencia da primeira, comp.: Swinney, Cutler 1979; Gibbs 1980, 1985, 1986, 1987, 1990; Gibbs, Nayak 1989; Gibbs, Nayak, Bolton, Keppel 1989; Estill, Kemper 1982; Schweigert 1986, 1991; Schweigert, Moates 1988; Popiel, McRae 1988; Cacciari 1993; Cacciari, Tabossi 1988; Cacciari, Glucksberg 1991; Cronk, Schweigert 1992; Tabossi, Zardon 1995. Ademais, os representantes da primeira liña de investigación (de xeito convencional pódese denominar «fraseoloxía tradicional») ignoran da mesma maneira a existencia da segunda liña (tamén convencionalmente «cognitivo-psicolóxica»). A única excepción da que temos noticia son os traballos dos lingüistas suízos H. Burger e A. Häcki Buhofer, que mostran explicitamente o coñecemento de ámbalas dúas tradicións (comp., por exemplo, Häcki

Buhofer 1989; Burger 1998).

O motivo desta coexistencia paralela independente radica a primeira vista non só e non tanto na orientación cara ó hermetismo da comunidade científica (bastante estendida na lingüística), senón nunha concepción diferente, *a priori*, do obxecto de investigación. Mentres que a fraseoloxía tradicional estuda o comportamento das UUFF na fala e as súas particularidades sistemáticas (no seu sentido máis amplo), as investigacións cognitivo-psicolóxicas concentran a súa atención nos procedementos mentais que garanten a comprensión das UUFF.

As investigacións cognitivo-psicolóxicas conteñen un interesante material experimental que aínda non foi tido en conta dende posicións propiamente lingüísticas. Ademais, para un lector ruso familiarizarse con estes traballos (menos coñecidos cás investigacións levadas a cabo dentro da fraseoloxía tradicional) tamén pode resultar en si mesmo interesante.

Os diversos puntos de vista enunciados nas investigacións cognitivo-psicolóxicas sobre a natureza da figuratividade, o seu status cognitivo e o seu papel na concepción das UUFF pódense reducir, en principio, a dúas concepcións que rivalizan entre si: a primeira pódese denominar «hipótese conceptual-metafórica» e a segunda «hipótese da interferencia».

3.1.1. A «hipótese conceptual-metafórica» relaciónase fundamentalmente cos traballos de R. Gibbs e os seus colegas (Gibbs 1990, 1993; Gibbs, Nayak 1989; Gibbs, O'Brien 1990; Nayak, Gibbs 1990; Gibbs, Colston no prelo). En esencia esta hipótese redúcese ó seguinte: a motivación figurativa das UUFF non se basea en representacións visuais concretas provocadas pola lectura literal desa UF, senón en modos de interpretación relativamente abstractos dunhas entidades en termos doutras, é dicir, en metáforas. Por exemplo, A CONCIENCIA É UN RECIPIENTE, A FURIA É CALOR, O AMOR É UNHA VIAXE etc. (Lakoff, Johnson 1980; Kövecses 1986; Lakoff 1987, 1993; Лакофф, Джонсон 2004). Estes modos de interpretación están fixados na lingua e son parte da percepción do mundo dunha comunidade lingüística e cultural concreta. R. Gibbs denomínaas, seguindo a G. Lakoff, «metáforas conceptuais» (*conceptual metaphors*). Máis afortunado, por outra parte, é o termo «modelo metafórico» (*metaphoric model*; comp. Lakoff 1987), termo que tamén empregaremos na nosa exposición.

Segundo R. Gibbs as UUFF inglesas *to spill the beans* e *to let the cat out of the bag* posúen un constituínte figurativo idéntico. A interpretación de ámbalas dúas UUFF fundaméntase na activación simultánea de dous modelos metafóricos: A CONCIENCIA É UN RECIPIENTE e AS IDEAS SON ENTIDADES FÍSICAS (*MIND IS A CONTAINER* e *IDEAS ARE PHYSICAL ENTITIES*). Esta interpretación avála na os resultados dos experimentos realizados, baseados no método do interrogatorio directo. Os falantes da lingua interpretan *beans* 'fabas' e *cat* 'gato' como entidades do ámbito do mental (ideas) que ata o momento do enunciado se atopan nun

recipiente, independentemente de se a designación deste recipiente está presente na estrutura superficial da UF. Noutras palabras, nestas UUFF os falantes da lingua activan na conciencia os mesmos modelos metafóricos, o que leva á semellanza dos significados reais destas UUFF: as dúas teñen o significado de 'to reveal a secret' ('revelar un segredo', 'poñer en coñecemento doutras persoas uns feitos que se supoñía que había que manter fóra do seu coñecemento') (Gibbs 1990: 432-433).

Non obstante, segundo a hipótese conceptual-metafórica, se na base da motivación figurativa dalgunhas UUFF de significado semellante se atopan diferentes modelos metafóricos, non se poden substituír reciprocamente en contextos idénticos sen que se produza un cambio concreto de significado. Así, por exemplo, 'furia' pódese conceptualizar como 'líquido quentado ata unha temperatura alta nun recipiente pechado'(*ANGER IS HEATED FLUID IN A CONTAINER*) e como 'comportamento propio dun animal' (*ANGER IS ANIMAL BEHAVIOR*).

Para demostrar esta tese leváronse a cabo varios experimentos (Nayak, Gibbs 1990) nos que as persoas coas que se realizaba a proba tiñan que escoller entre dúas UUFF de significado próximo a que concordaba mellor co contexto que se lles presentaba. Compárese o seguinte par de contextos diagnósticos:

(1) *Mary was very tense about this evening's dinner party. The fact that Bob had not come home to help was making her fume. She was getting hotter with every passing minute. Dinner would not be ready before the guests arrived. As it got close to five o'clock the pressure was really building up. Mary's tolerance was reaching its limits. When Bob strolled at ten minutes to five whistling and smiling, Mary...*

(Mary estaba moi nerviosa por mor da cea daquela noite. O feito de que Bob non fose á casa para axudar facía que botase fume do enfado. A cada minuto acendíase máis. A cea non ía estar lista antes de que chegasen os convidados. Cando eran case as cinco a tensión xa aumentara moito. A paciencia de Mary estaba chegando ós seus límites. Cando ás cinco menos dez Bob entrou amodo, asubiando e sorrindo, Mary...)

(2) *Mary was getting very grouchy about this evening's dinner party. She prowled around the house waiting for Bob to come home to help. She was growling under her breath about Bob's lateness. Her mood was becoming more savage with every passing minute. As it got closer to five o'clock Mary was ferociously angry with Bob. When Bob strolled in at 4:30 whistling and smiling, Mary...*

(Mary estaba poñéndose de fociños por mor da cea-festa daquela noite. Ía dun lado para outro da casa osmando se Bob chegaba para axudar, refungaba porque Bob aínda non viñera. A cada minuto que pasaba íaselle poñendo máis cara de can. Cando xa eran case as cinco, Mary estaba feita unha fera brava.

> Cando Bob entrou tranquilamente ás 4.30 asubiando e sorrindo, Mary...) (Gibbs 1993: 70-71).

As respostas dos suxeitos que participaron no estudo amosaron que no contexto (1) é máis natural a aparición da UF *blew her stack* ('estoupou'), mentres que no contexto (2) a UF *bit his head off* ('arrincoulle a cabeza dunha trabada'). Aínda que neste caso a decisión a favor dunha das UUFF estaba orientada e apoiábase de maneira evidente na coherencia metafórica do texto (comp. expresións coma *getting hotter, the pressure was really building up* no contexto 1 e *prowled around the house, growling under her breath* no contexto 2); segundo R. Gibbs, entre as dúas UUFF tamén se manifestan diferenzas semánticas propiamente ditas. En comparación a *to blow one's stack*, a UF *to bite sb.'s head off* presupón unha manifestación de ira intencionada, máis clara e aberta (Gibbs 1993: 71). Sinalaremos que estas diferenzas se corresponden inequivocamente coa particularidade das imaxes: compárese, por unha parte, o comportamento dun animal enfurecido, que implica o papel axente do actante suxeito da UF, e, pola outra, a imaxe do vapor saíndo para fóra, asociado coa perda de control dunha situación.

Os partidarios da «hipótese conceptual-metafórica» tamén levaron a cabo varios experimentos dirixidos a demostra-la realidade psicolóxica dos modelos metafóricos como elo motivador entre a forma do signo (elemento constituínte da UF) e o seu significado real (figurado); comp. Gibbs, O'Brien 1990. Con este obxectivo pedíaselles ós suxeitos que participaron no experimento que respondesen a preguntas sobre o carácter das representacións figurativas que lles xurdían ante a visión mental no momento de percibir esas UUFF. Así, no caso da UF *to spill the beans* fixéronselle-las seguintes preguntas:

— Onde se atopaban as fabas antes de que as esparexesen?

— Cal é o tamaño do recipiente no que se atopaban as fabas?

— As fabas están cociñadas ou crúas?

— As fabas foron esparexidas intencionadamente ou non?

— As fabas esparexidas atópanse formando unha morea ordenada ou non?

— É doado recolle-las fabas esparexidas ou non?

A maioría dos suxeitos respondeu a estas preguntas da mesma maneira, indicando que antes de que as esparexesen, as fabas estaban nun recipiente cuxo tamaño é comparable ó tamaño da cabeza dunha persoa, estaban crúas e non foran esparexidas intencionadamente; ademais, as fabas esparexidas non se atopan nunha morea ordenada, senón espalladas de xeito que sería moi difícil recollelas.

Dado que a coincidencia que se dá na uniformidade das respostas está excluída estatisticamente e a interpretación da figuratividade contida nelas non se desprende dos significados literais das palabras *spill* e *beans* (isto, con todo, é pouco probable, polo menos no caso do verbo *spill*, en cuxo significado hai unha referencia ó carácter non-premeditado da acción), dedúcese que a conclusión natural-lingüística se realiza baseándose nos modelos metafóricos A CONCIENCIA É UN RECIPIENTE e AS IDEAS SON ENTIDADES FÍSICAS, modelos que materializan a comparación do recipiente das fabas (*beans-container*) coa cabeza e a das fabas esparexidas co contido de segredos desvelados que xa non se poden devolver ó seu estado orixinal «non-desvelado» (comp. tamén a exposición dunha cuestión análoga coas mesmas conclusións no célebre libro de G. Lakoff *Women, Fire and Dangerous Things*, tradución rusa (Лакофф 2004: 579 e seguintes)).

Malia o carácter aparentemente convincente das teses formuladas dende esta concepción, quedan abertas diversas cuestións esenciais (comp. a crítica deste enfoque en Keysar, Bly 1999; Dobrovol'skij 2003). Deterémonos en dúas delas, xa que teñen unha relación directa cos problemas que están a ser abordados aquí.

A primeira cuestión está relacionada coa imposibilidade de describir dende esta perspectiva algunhas diferenzas semánticas que se perciben intuitivamente entre UUFF de significado próximo. Son, por exemplo, as UUFF *to spill the beans*, *to let the cat out of the bag*, *to blow the lid off* sinónimos totais? Dende o punto de vista da «hipótese conceptual-metafórica» esta pregunta ten unha resposta afirmativa, posto que todas estas UUFF nunha primeira aproximación pódense reinterpretar coma 'to reveal a secret' e o seu constituínte figurativo redúcese a dous modelos metafóricos activados simultaneamente: A CONCIENCIA É UN RECIPIENTE e AS IDEAS SON ENTIDADES FÍSICAS. Esta resposta, non obstante, entra en contradición coa intuición lingüística, algo sobre o que chama a atención o mesmo R. Gibbs (Gibbs 1990: 421). *To spill the beans* emprégase en situacións nas que o axente revela segredos persoais doutra persoa, mentres que *to blow the lid off* pódese utilizar máis ben en situacións nas que do que se trata é da revelación de segredos relacionados, por exemplo, coa corrupción dun goberno. No marco da «hipótese conceptual-metafórica» estes feitos non atopan explicación.

As diferenzas no uso destas UUFF fundaméntanse nas peculiaridades do compoñente figurativo do seu significado. *To blow the lid off* activa na conciencia a idea dunha pota fervendo tapada cun testo. A acción de levanta-lo testo corresponde, pola lóxica da interacción entre o dominio fonte e o dominio meta (*source domain* e *target domain*, segundo G. Lakoff (Lakoff 1987)), á idea de facer accesible intencionadamente unha información secreta. Quen dá mirado dentro da pota recibe información sobre procesos e acontecementos ocultos á observación nunha situación normal. Esta interpretación apóiase na comparación tradicional entre accións que non se destinan a unha ampla difusión pública e unha COCIÑA. Comp. *кухня писателя* [*a cociña do escritor*, 'o lugar/campo de creación dun escritor'], *политическая/театральная кухня* [*a cociña política/teatral*, 'o campo de actividade política/teatral'] *etc*. *To spill the beans*, ó

evocar na conciencia a idea de fabas esparexidas, correspóndese coa idea dunha revelación casual e non-intencionada de segredos. A diferenza da acción de abri-lo recipiente pechado, que presupón un papel activo por parte do observador (*to blow the lid off*), o descubrimento accidental do contido do recipiente (*to spill the beans*) asígnalles uns papeis diferentes ós participantes da situación (ó axente e mais ó receptor). Noutras palabras, estas UUFF activan diferentes *frames* de partida, o que implica diferenzas nos *frames* resultantes, é dicir, as estruturas de coñecemento que están na base da semántica destas UUFF non son idénticas (véx. o capítulo 4).

Así, a «hipótese conceptual-metafórica», que interpreta en termos abstractos o contido do compoñente figurativo de modelos metafóricos, non dá descrito lingüisticamente as particularidades relevantes da imaxe, que se manifestan como as consecuencias derivadas da metáfora no funcionamento discursivo das UUFF (sobre as consecuencias da metáfora véx. Lakoff, Johnson 1980; Лакофф, Джонсон 2004). Estes modelos metafóricos formúlanse nun nivel de abstracción demasiado alto como para mostrar características semánticas esenciais. Tamén fala a favor desta consideración a orientación dos principios da semántica das UUFF cara ó nivel básico de categorización (no sentido de E. Rosch (Rosch 1978)), para máis detalles, véxase Dobrovol'skij 1995a: 87-90, o que exclúe a posibilidade de describir de maneira completa o compoñente figurativo en termos coma RECIPIENTE ou ENTIDADE FÍSICA. Para a semántica das UUFF estudadas resultan máis significativas, por unha banda, a idea de abri-lo testo da pota na que se está a cocer algo e, pola outra, a idea das fabas esparexidas por casualidade, non simplemente a idea dun recipiente que contén algúns obxectos físicos.

O segundo problema que xorde ó analiza-la «hipótese conceptual-metafórica» está relacionado coa lexitimidade da metodoloxía experimental empregada. As preguntas que se lles facían ós suxeitos co obxectivo de establece-las realidades psicolóxicas dos modelos metafóricos non sempre eran neutrais e conducían ós suxeitos a unha resposta concreta. Noutras palabras, as respostas que se obtiveron dificilmente se poden considerar argumentos serios a favor desta concepción. Parece imposible obter datos sólidos sobre como os falantes dunha lingua interpretan unha ou outra imaxe por medio da interrogación directa. Non se descarta que os suxeitos, ó seren interrogados sobre algo que require en moitos casos unha resposta alternativa, non analicen as ideas figurativas que xorden na súa conciencia ó considera-la UF, senón que escollan a resposta que se axusta mellor ó coñecemento que eles teñen do significado da UF. Así, coñecendo a semántica de *to spill the beans*, o suxeito, partindo do coñecemento do significado real, pode chegar á conclusión de que, dado que certo significado oculto resultou coñecido por outros, entón antes disto atopábase en algures. É natural daquela considerar que tal lugar é un recipiente pechado. Por isto mesmo, no transcurso do experimento descrito non se esclarecen ideas figurativas en sentido estrito, senón posibles interpretacións metafóricas do significado real. G. Lakoff, decatándose dos problemas que presentan este tipo de experimentos, escribe: «Está claro que pode ser que se trate dunha cuestión diferente: que a imaxe non se conserve, senón que se xere cando un investigador coma min lle pregunta a alguén sobre o significado dunha UF.

Aínda así, isto non cambia a esencia da cuestión. Podémolo observar facéndono-la pregunta de que condiciona a posibilidade de xerar tal imaxe e por que as imaxes xeradas nestes casos non se caracterizan por un conxunto de trazos casuais, senón que son relativamente uniformes» (Лакофф 2004: 581). Para esta resposta, que nos deixa perplexos, hai outra máis sinxela: as imaxes xéranse ademais por medio dos significados literais das palabras que entran na estrutura dunha UF, neste caso por medio do verbo *spill*.

Sorprendentemente, tanto R. Gibbs coma G. Lakoff, así coma moitos colegas seus, consideran que existe unha teoría «clásica», «tradicional» ou «común» das UUFF que nega a motivación: «Segundo a teoría clásica das UUFF non hai fundamentos en absoluto para que a unha UF se lle asocie unha imaxe convencional ligada a un significado concreto. Segundo esta teoría clásica, as UUFF posúen un significado arbitrario: calquera serie de palabras ten calquera significado. [...] Segundo a teoría clásica, a UF simplemente une palabras cun significado e non hai ningún fundamento para falar da presenza dunha imaxe convencional ligada a esta UF» (Лакофф 2004: 578); «Segundo a teoría tradicional das UUFF, as palabras simplemente se asocian directamente ós seus significados, sen axuda de calquera imaxe ou metáfora» (Лакофф 2004: 581). Non se descarta que unha visión tan exótica da fraseoloxía tradicional se explique pola ampla difusión das ideas da gramática xenerativa nos EUA, onde as UUFF se presentan como formacións absolutamente opacas e non-motivadas (para máis detalles, véx. Dobrovol'skij, Piirainen 2005). Na tradición europea sempre se considerou que na maioría dos casos os significados das UUFF están motivados. Compárese a particular opinión de V. N. Telia: «Normalmente considérase que as UUFF son combinacións de palabras con dous planos: designan algo e motivan esta designación de maneira figurada. [...] A razón de que as UUFF conserven a motivación ou o empeño en descifra-lo seu significado radica en que a súa fonte está constituída por aquelas combinacións de palabras nas que se reflicten os aspectos máis diversos da vida dun pobo, dun falante dunha lingua, en xeral, da súa experiencia corrente e cotiá» (Телия 1995: 11-12).

Nos experimentos de R. Gibbs e os seus colegas, o coñecemento do significado real dunha UF parece conferirlle á lectura da imaxe unha orientación semántica, ó tempo que as preguntas cun obxectivo definido funcionan coma unha indicación para a interpretación das ideas figurativas (nun principio e maioritariamente moi amorfas). Noutras palabras, nestes experimentos os modelos metafóricos dos que se obtén coñecemento no proceso da conclusión natural-lingüística non desempeñan un papel xerador, senón máis ben interpretador.

Así mesmo, acontece que, malia o postulado principal da «hipótese conceptual-metafórica», os modelos metafóricos son secundarios en relación ás representacións figurativas fixadas en UUFF concretas e en relación ás dos coñecementos ligados a elas. As UUFF motivadas pódense someter a unha interpretación figurativa consciente, pero non porque se inscriban nun modelo metafórico ou noutro; ó contrario, os propios modelos débense derivar *postfactum* da interpretación a un nivel máis abstracto de

imaxes concretas fixadas na lingua. Un argumento adicional a favor desta interpretación pode se-lo feito de que non sempre, nin moito menos, é posible deduci-lo significado dunha UF descoñecida a partir da súa imaxe, mesmo no caso de que esta imaxe sexa transparente e se corresponda cun modelo metafórico estendido na lingua.

Isto non significa que haxa que renunciar a emprega-lo aparato dos modelos metafóricos. Nalgúns casos resulta ser un cómodo instrumento para describi-las particularidades figurativas de diferentes grupos de UUFF (*vide infra*) e pode desempeñar unha función heurística, sobre todo se o nivel de abstracción no que se materializa a confrontación entre o dominio meta e o dominio fonte non é demasiado alto. Trátase unicamente da utilidade do uso de modelos metafóricos neste tipo de experimentos e na formulación das correspondentes conclusións.

3.1.2. A «hipótese da interferencia» (Cacciari, Glucksberg 1991; Cacciari, Rumiati, Glucksberg 1992) propón unha visión diferente das imaxes fixadas nas UUFF, en moitos aspectos oposta. O principal postulado desta concepción consiste no seguinte: as UUFF suscitan na conciencia imaxes que se basean exclusivamente nos significados directos dos compoñentes das expresións idiomáticas (comp. observacións semellantes nos traballos de Simpson 1981; Tabossi 1988; Rayner, Frazier 1989). Estas imaxes non dependen nin dos modelos metafóricos nin do significado real da UF. Ademais, poden entrar en clara contradición co significado real (de aí o propio nome de «hipótese da interferencia»).

Nun artigo de C. Cacciari, R. I. Rumiati e S. Glucksberg (Cacciari, Rumiati, Glucksberg 1992) descríbense varios experimentos realizados co obxectivo de verificar esta hipótese. No primeiro estadio do experimento establécese a tarefa de agrupar UUFF heteroxéneas segundo dous parámetros independentes: (a) o grao de uso e (b) o grao de transparencia semántica. Ós suxeitos do experimento presentáronselles 260 UUFF italianas que tiñan que distribuír en grupos baseándose nestes parámetros. Como resultado obtivéronse catro grupos de UUFF:

1) de uso común e semanticamente transparentes;

2) de uso non-común e semanticamente transparentes;

3) de uso común e semanticamente opacas;

4) de uso non-común e semanticamente opacas.

Considerando as ideas tradicionais sobre a natureza da motivación figurativa poderíase esperar que as UUFF semanticamente transparentes se interpretasen máis ben a través dos significados directos dos seus compoñentes, sobre todo se estas UUFF se utilizan pouco e precisan unha comprensión máis consciente (grupo 2). Por outra banda, é lóxico supoñer que as UUFF de uso común e semanticamente opacas (grupo 3) non teñen por que provocar imaxes baseadas nos significados directos dos seus

compoñentes, xa que neste caso o modo máis curto e cognitivamente racional de comprendelas é dirixirse directamente ó seu significado real.

Como resultado do cuestionario realizado no segundo estadio do experimento, resultou que, malia estas expectativas, as imaxes suscitadas polas UUFF dos catro grupos na maioría dos casos baseábanse nos significados literais dos compoñentes. Ós suxeitos propúxoselles describir detalladamente as imaxes que xurdían na súa conciencia ó percibiren as UUFF. A continuación, os encargados de realiza-lo experimento traballaron cos datos obtidos e determinaron cal era o criterio das representacións figurativas: (a) os significados literais de cada un dos compoñentes ou (b) o significado real da UF.

A modo de exemplo das representacións figurativas do tipo (a) podemos cita-la seguinte interpretación do compoñente figurativo da UF *to break the ice*[80] (compárese a expresión rusa *растопить лед (в отношениях с кем-л.)* [*derrete-lo xeo (nunha relación con alguén)*, 'retoma-lo contacto con alguén']): «o esquimó da gorra de pel rompe, cun pico na man, os anacos do xeo que o arrodea por todas partes». Esta imaxe mental revela a correlación entre os significados literais dos compoñentes *break* e *ice*, pero non está relacionada de ningún xeito nin co significado real desta UF 'eliminar un sentimento de desconfianza e frialdade nas relacións entre os participantes dunha situación' nin co modelo metafórico A AUSENCIA DE CONTACTO EMOCIONAL É O FRÍO (que dende o punto de vista da «hipótese conceptual-metafórica» se podería contemplar coma a base da motivación). As representacións figurativas do tipo (b) pódense ilustrar co seguinte exemplo de interpretación desta UF: «Xente con martelos e ciceis na man atópase en ámbolos dous lados do cadorno xeado, que recorda o muro de Berlín, e intentan abrir unha fenda nel». Neste caso a imaxe correspóndese co significado real da UF e pódese interpretar en termos de modelos metafóricos, pois o xeo concíbese coma un obstáculo que divide a xente e os intentos de fendelo son como os intentos de eliminar este obstáculo.

Os resultados dos experimentos de C. Cacciari, R. I. Rumiati e S. Glucksberg amosaron que arredor do 78% das respostas dos suxeitos da investigación pertencen a representacións figurativas do tipo (a) e, dese xeito, puxeron en dúbida a lexitimidade da «hipótese conceptual-metafórica». Ademais, nin o grao de transparencia semántica nin o grao de uso da UF exercen unha influencia perceptible no carácter das representacións figurativas.

Ó analizar estes resultados dende un punto de vista lingüístico, xorden varias preguntas cuxa discusión pode resultar beneficiosa para precisa-lo carácter do compoñente figurativo, así coma do seu status no plano do contido das UUFF. A cuestión máis importante é ata que punto son lingüisticamente relevantes os resultados obtidos. Sen discutirmos aínda a adecuación das metodoloxías experimentais empregadas,

[80] Na exposición dos resultados do experimento, os autores empregan os equivalentes ingleses das correspondentes UUFF italianas.

sinalaremos que os resultados obtidos unicamente demostran que un falante concreto dunha lingua ou doutra asocia a determinadas UUFF unhas representacións figurativas ou outras, as cales son asociacións individuais. Estas representacións figurativas coma fenómeno mental propiamente dito son estritamente individuais e en principio non se poden xeneralizar, nin, en consecuencia, interpretar. Á hora de realizar unha descrición lingüística da semántica das UUFF unicamente parecen ser interesantes aqueles elementos da imaxe mental que atopan unha expresión lingüística (na maioría dos casos en forma de limitacións específicas de combinabilidade e/ou de limitacións situacionais). É obvio que a imaxe do esquimó co pico para rompe-lo xeo non inflúe no emprego da UF *to break the ice*.

Os fenómenos mentais que se describen no marco da «hipótese da interferencia» indiscutiblemente suscitan certo interese psicolóxico, pero é difícil que se poidan incorporar á descrición lingüística. Para a lingüística o resultado positivo desta análise consiste en que mostrou con evidencia, por unha banda, que as asociacións figurativas individuais non son idénticas e, pola outra, que o compoñente figurativo é un compoñente do plano do contido da UF.

Ademais das pretensións puramente lingüísticas que se poden esixir dos resultados obtidos no transcurso de ámbalas dúas hipóteses, por outra parte, a propia metodoloxía dos experimentos produce certa perplexidade. O interrogatorio directo levado a cabo nos experimentos presupoñía que o falante lle prestaba atención ós significados das palabras das que estaba constituída a UF. En cambio, no uso habitual que se fai das UUFF, o falante non dirixe conscientemente a atención ós significados das palabras-compoñentes. Noutras palabras, nos experimentos creouse unha situación artificial que non tiña relación co uso real das formas lingüísticas.

3.1.3. Parece que o potencial figurativo dunha UF é un fenómeno máis complexo e variado do que se entende por imaxe lingüística ou forma interna da unidade léxica nas investigacións lingüísticas. Cando se actualiza unha UF na visualización mental dos falantes xorden imaxes semi-visuais que poden estar relacionadas ou non co significado real das UUFF e que en determinadas circunstancias (comp. a situación do interrogatorio experimental) os falantes poden describir e interpretar de maneira consciente. Os interrogatorios fragmentarios que realizamos con falantes de alemán entre os anos 1992 e 1994 mostraron que á hora de percibir determinadas UUFF xorde na memoria unha imaxe que non se atopaba nela, así coma outra información (mesmo a situación na que os interrogados supostamente oíron por primeira vez esas expresións). Polo tanto, pode ser que as asociacións semi-visuais que suscitan as UUFF non estean en absoluto relacionadas nin cos significados literais dos compoñentes, como afirma a «hipótese da interferencia», nin cos modelos metafóricos, como se desprende da «hipótese conceptual-metafórica».

Con independencia destas representacións semi-visuais intuitivas lingüisticamente, detrás de toda UF motivada atópase fixado certo coñecemento que se pode deducir da estrutura conceptual de partida e que, en xeral, non está rexistrado pola conciencia. O

significado real da UF, entendida coma estrutura semántica formada como resultado dun desprazamento metafórico ou máis raramente metonímico, herda e incorpora determinados trazos do *frame* ou do *scenario* concreto de partida que se atopa trala UF. Así, a UF *носить воду решетом* [*levar auga nunha peneira*, 'facer algo completamente inútil'] non só significa 'facer algo en balde conscientemente, sen resultado' (*FSRIA*; *SFS*), senón 'dedicarse a calquera actividade orientada a un fin específico empregando conscientemente medios que non son axeitados para iso, o que inevitablemente conduce ó fracaso'. Comp. para contrasta-la UF *переливать из пустого в порожнее* [*verter do baleiro ó baleiro*, 'facer algo completamente inútil, pasa-lo tempo a falar e non facer nada útil'], onde non se pode aplicar esta explicación, aínda que a definición do FSRIA é moi semellante á da UF *носить воду решетом* [*levar auga nunha peneira*]: 'dedicarse a un asunto inútil; perde-lo tempo sen ningún obxecto'[81]. Dende un punto de vista semántico é totalmente irrelevante como imaxina a auga e maila peneira un falante de ruso ó oí-la expresión ou se sequera imaxina algo. En xeral, o importante é saber que unha peneira non é un instrumento axeitado para o transporte de auga (para máis detalles, véx. Добровольский 1988; Баранов, Добровольский 1990; *vide infra*). Ó se activar por medio da UF, este coñecemento proporciona a base cognitiva para a conclusión natural-lingüística e entra no plano do contido desta UF. Non se trata, polo tanto, de representacións semi-visuais, senón de operacións sobre o coñecemento.

O papel das pistas cognitivas do significado orixinal no plano do contido dunha UF pode ser diferente e ademais depende do grao da súa transparencia semántica. Os casos nos que a relación do significado real co *frame* orixinal non é evidente son os que teñen maior interese para a análise semántica, de xeito que é unha tarefa fundamental a busca de modos concretos de reflectir estas pistas na estrutura da definición.

O problema de como reflecti-la forma interna na estrutura da definición abórdase posteriormente neste capítulo (véx. a sección 3.3.2.). Sinalaremos ademais que o modo de resolver este problema vén determinado pola teoría semántica usada para formula-las definicións, así coma polo que se lle esixe á metalinguaxe. Compárense a definición feita por I. A. Mel'čuk e T. Reuther da UF alemá *etw. (nicht) übers Herz bringen können* que contén a explicación do potencial simbólico do 'corazón' e das súas consecuencias semánticas (Mel'čuk, Reuther 1984), ou o enfoque proposto no *SOVRIA* para a descrición do significado de varias UUFF rusas que permite unha remisión directa á forma interna, introducida polo operador 'sobreenténdese'[82]. Non se descarta que no caso de diferentes tipos de UUFF sexa oportuno buscar diferentes modos de descrición do compoñente figurativo do significado (véx. as seccións 3.2. e 3.3.).

En Апресян В., Апресян Ю. 1993 chámase a atención sobre a importancia da

[81] No *FSRIA* tamén consta outro significado para esta expresión: 'pasa-lo tempo a falar, estar de parola'.

[82] «Despois da definición sitúase, en caso de que sexa necesario, un comentario secundario sobre o significado, xeralmente introducido pola palabra «sobreenténdese». Esta parte da definición aclara os matices do significado relacionados co contido figurativo da UF pero que non formaban parte da definición» (*SOVRIA*: 20).

metáfora como modo de explicación da semántica dunha palabra (sobre todo das palabras que designan emocións) e tamén se presentan as correspondentes definicións[83]. Como se desprende desa exposición, no caso da fraseoloxía o problema radica en algo diferente. Se en Апресян В., Апресян Ю. 1993 se intentaba resolve-lo problema do emprego da metáfora para defini-los significados non-metafóricos de unidades léxicas coma *cmpax* [*medo*], aquí do que se trata é das posibilidades de explica-lo compoñente figurativo de unidades metafóricas utilizando medios non-metafóricos.

Con independencia de como se plasme o compoñente figurativo na estrutura da definición e de se chega a plasmarse ou non (véxase a presentación das UUFF nos dicionarios tradicionais), este compoñente supón unha parte importante do plano do contido dunha UF (coma, ademais, tamén de palabras cun significado metafórico motivado). Os efectos semánticos decisivos condicionados pola particularidade da imaxe poden servir para corroboralo.

Utilizarémo-lo seguinte exemplo para ilustrar isto: o significado da UF inglesa *to fall off the back of a lorry* (lit. «caer da parte de atrás dun camión») descríbese no *Longman DEI* coma 'to be stolen' ('ser roubado'), mentres que as observacións sobre o uso desta UF amosan que o seu campo de funcionamento está estritamente restrinxido e que estas restricións están motivadas pola imaxe. A UF *to fall off the back of a lorry* emprégase en situacións nas que se fala de mercadorías vendidas (xeralmente na rúa), cuxo prezo incriblemente baixo fai sospeitar que puideron ser roubadas ou mercadas ilegalmente. Compárese, por exemplo, no *Longman DEI*: '*these watches were so cheap I think they* fell off the back of a lorry (estes reloxos foron tan baratos que coido que se cadra son roubados)'. A motivación materialízase por medio do emprego dunha substitución eufemística non-estándar particular. O razoamento que se produce neste caso pódese describir aproximadamente do seguinte xeito: é posible explicar un prezo tan baixo por dous motivos, ou ben a mercadoría foi roubada ou ben caeu do contedor dun camión mentres a transportaban e quen a está a vender recolleuna polo camiño. Aínda que o falante se refire en realidade á primeira situación, a expresión úsase como se tivese lugar o segundo caso, o que proporciona un efecto humorístico adicional.

As particularidades do uso desta UF non se basean na imaxe visual do camión ou do obxecto que caeu del, nin no modelo metafórico que enlaza o dominio fonte (o RECIPIENTE, neste caso, é o contedor do camión) co dominio meta (o ROUBO), senón en complexas operacións sobre o coñecemento do mundo que parten da lectura literal da UF.

Como resultado da análise da perspectiva cognitivo-psicolóxica da fraseoloxía é evidente que as imaxes mentais se poden contemplar en tres niveis diferentes:

[83] Na *Guía de palabras discursivas do ruso*, as metáforas empregábanse como modo complementario de descrición da semántica das partículas e das súas combinacións (Баранов, Плунгян, Рахилина 1993).

(i) o nivel das representacións individuais semi-visuais;

(ii) o nivel das estruturas de coñecemento, dos *frames* e dos *scenarios* que se atopan na base do compoñente figurativo dunha UF e que inflúen nas particularidades da súa semántica e da súa pragmática;

(iii) o nivel das relacións abstractas entre o dominio fonte e o dominio meta da metáfora representada na forma interna.

Este modelo de tres niveis explica por que se obtiveron resultados tan diferentes nas concepcións teóricas estudadas en 3.1.1. e 3.1.2. A «hipótese da interferencia» está orientada cara ó nivel (i), mentres que a «hipótese conceptual-metafórica» cara ó nivel (iii). Resulta interesante o feito de que ningunha destas concepcións lle prestara atención ó nivel intermedio (ii), nivel básico dende o punto de vista dos aspectos da figuratividade. De feito, no exemplo analizado, *to fall off the back of a lorry*, a motivación non se fundamenta nin no modelo metafórico, que confronta o dominio fonte co dominio meta, nin nas asociacións individuais dos falantes da lingua, senón no coñecemento dunha situación tipificada, dun *frame* que xorde como resultado da interacción da persoa co mundo que a rodea.

3.2. O compoñente figurativo na semántica das UUFF: efectos semánticos e métodos de interpretación lexicográfica

3.2.1. Características específicas da imaxe e efectos semánticos[84]

Baseándonos nas consideracións expostas na sección anterior pódense formular algunhas hipóteses relativas á natureza do compoñente figurativo no significado das UUFF:

— o compoñente figurativo non se basea en representacións semi-visuais, senón en coñecementos e operacións que están por riba delas;

— as particularidades da imaxe relevantes semanticamente manifóstanse nun nivel de abstracción medio, orientado a «coñecementos cotiáns» (comp. coa idea do nivel básico de categorización, moi coñecido na semántica dos prototipos, coma base dunha conceptualización inxenua do mundo);

— estes coñecementos serven non só coma base para a formación do significado real dunha UF, senón que tamén poden ser adquiridos por este e poden manifestarse, daquela, coma unha parte del. Isto permite falar ademais dun compoñente figurativo no significado das UUFF;

[84] Nesta sección inclúese, con considerables adicións, o material do artigo de Добровольский 1996б.

— o compoñente figurativo desempeña a función de modificador do concepto, permitindo levar a cabo unha diferenciación semántica dentro do campo segundo criterios parcialmente diferentes, segundo a estrutura cognitiva na que se basea a forma interna; nesta función diferenciadora é onde parece que cómpre busca-la causa da existencia dunha gran cantidade de UUFF cun significado semellante na mesma lingua;

— o compoñente figurativo no plano do contido pódese manifestar en restricións combinatorias e/ou situacionais de diferente tipo; isto pode servir coma instrumento de diagnóstico que permita revela-los efectos da influencia da forma interna no significado[85]; aínda así, non significa que a ausencia de influencia na combinabilidade indique que o compoñente figurativo sexa irrelevante, é dicir, os seus efectos pódense atopar noutras dimensións do plano do contido, por exemplo, no ámbito da «figuratividade pura» (véxase a idea tradicional de que a esencia da fraseoloxía se manifesta no potencial figurativo-expresivo das UUFF).

Nesta sección trataremos sobre todo os dous últimos puntos. De seren certas, as UUFF dun campo semántico con diferentes compoñentes figurativos terían que comportarse de maneira diferente na fala.

Para a comprobación desta hipótese recorreremos ás UUFF do campo 'amoestación/castigo' e intentaremos estudar con exemplos as particularidades do seu uso.

3.2.1.1. UUFF de 'amoestación/castigo': a imaxe e o significado real

A UF *вызвать на ковер* [*chamar á alfombra*, 'chamar un traballador ó despacho do xefe para que este lle faga unha chamada á orde/eficiencia etc.'] emprégase exclusivamente en situacións nas que un xefe cun cargo elevado lle indica a un subordinado que se presente onda el para recibir unha amoestación verbal por cometer erros no traballo. O subordinado diríxese con este fin á instancia de que se trate (ministerio, oficina de alto nivel, dirección etc.) (comp. os exemplos 3-6). É moi posible que se produza unha situación na que a diferenza de status entre o axente e o paciente sexa tan grande que o primeiro non coñeza persoalmente o segundo. Ademais, é importante que ámbolos dous participantes da situación pertenzan ó mesmo campo profesional, ocupando posicións específicas nunha xerarquía.

(3) Supoñamos que un tenente da KGB captura unha prostituta de alto nivel e que ela resulta ser capitá da KGB, e no canto de arresta-la prostituta ***вызывают на ковер*** [*chaman á alfombra*] o propio tenente, mentres que a fermosa e

[85] Sinalaremos que o contrario non é certo, pois as diferenzas no uso poden estar condicionadas por outras causas.

malvada capitá xa lle rendeu contas ó coronel (A. Minkin. *A capital*, Столица)[86].

(4) Velaquí que todo se disparou, comezou a retorcerse, os propios superiores ***вызывает на ковер*** [*chaman á alfombra*] os seus subordinados para pedirlles explicacións e os que teñen experiencia e levan anos alí murmuran: «Recoñece a túa culpa [...], se non hante botar á rúa» (A. Minkin. *A capital*, Столица).

(5) A comezos de xuño do ano pasado o xeneral Popov comunicoulle ó persoal do Goberno xeral de primeira instancia do MVD da URSS que o 12 de xuño (o día das eleccións presidenciais) no ministerio ía ser día laborable. O 12 de xuño, da sección de instrución unicamente faltaron ó traballo tres persoas: o tenente coronel Savchenko, o tenente coronel Poliakov e o capitán Gerasimov. Ó día seguinte o xeneral Popov ***вызвал «на ковер»*** Savchenko [*chamou* a Savchenko *á alfombra*], acusouno de incumpri-lo xuramento, chamoulle «anticomunista» e «enfermo psíquico» (A. Minkin. *A capital*, Столица).

(6) Xixmárev, oh, Xixmárev, óesme ben? Douche tres días de prazo e daquela ten que estar feito seguro, está claro? A expedición a min, que carallo!, preocúpame pouco, máis che vale que te sorprendas de que o presidente do comité executivo está obrigado a ocuparse da merda. Cambio e corto, Xixmárev. Se non cumpres ***приглашаю на ковер*** [*convídote á alfombra*] no meu despacho! (P. Alexkovskii. *Lóxica implacable*, Неумолимая логика).

Sinalaremos que non tódalas diferenzas semánticas desta UF con respecto a outras do campo 'amoestación/castigo' se poden deducir das particularidades da imaxe. Así, a presenza do compoñente semántico 'propoñerlle a alguén que se presente' está máis motivada polo significado do verbo *вызвать* [*chamar*, *citar*] (ou o verbo menos estándar nesta UF *приглашать* [*convidar*] no contexto 6) que pola imaxe en conxunto. Por outra banda, resulta evidente que o compoñente figurativo desempeña un papel concreto na especificación das relacións de status entre os participantes dunha situación. Independentemente da etimoloxía da UF (que, como acontece a miúdo na fraseoloxía, é discutible), *ковер* [*alfombra*] enténdese hoxe en día coma o atributo prototípico do despacho dos superiores e xera asociacións que impoñen as correspondentes restricións de uso. A UF *снять голову* [*quita-la cabeza*, 'dar unha forte amoestación ou aplicar un severo castigo'] suscita a idea dunha amoestación/castigo completamente diferente; comp. a imposibilidade da súa substitución en calquera dos contextos 3-6. No plano do contido desta UF están presentes trazos da imaxe dunha execución: unicamente alguén con poder, unha persoa á que se lle outorga o dereito de executar e absolver pode *снять голову* [*quita-la cabeza*]. A diferenza de *вызвать на ковер* [*chamar á alfombra*], na base do

[86] O contexto ten un carácter claramente lúdico e contén unha materialización da metáfora. Para o problema que está a ser abordado aquí, isto é irrelevante.

significado desta UF non está presente a idea dunha amoestación verbal ligada a unha desagradable chamada ó suxeito para acudir ó despacho do xefe, senón que está presente a idea dun castigo ou penalización moi serios, que non presupón un contacto persoal directo do axente e o paciente (é dicir, o axente pode actuar a través de intermediarios-executores). Isto confírmao a predilección por formas persoais indeterminadas coma *С меня за это голову снимут* [*por iso vanme corta-la cabeza*]. Se en *вызов на ковер* [*chamada á alfombra*] está presente a intención de recibir explicacións relacionadas coas accións censurables do suxeito, *снятие головы* [*corte de cabeza*] ten coma obxectivo sobre todo castigalo.

(7) —Quen é el e quen lle deu permiso para construír aquí? E Sergunkov por que non lle dixo nada a ela diso? E se construíu de maneira ilegal? Pois vanlle ***голову снимут*** [*quita-la cabeza*]. Agora por riba do tellado gabeaban uns obreiros, estaban a revestilo de papel alcatranado. Sania achegouse ó almacén e preguntoulle ó último obreiro, o do guecho: —Quen é o máis vello de vós? (B. Mojaev. *Sania*, Саня).

(8) Aleksandr Ivánovich, non me seduza, que me van ***голову снимут*** [*quita-la cabeza*] (Vikt. Erofeev. *A obra de tres cabezas*, Трехглавое детище).

(9) —Vanme ***голову снимут*** [*corta-la cabeza*], falta pouco para a liberdade condicional, truncarán tódolos meus logros —queixábase o xefe do estado maior (V. Delone. *Retratos nun marco punzante*, Портреты в колючей раме).

Os exemplos mostran que o máis frecuente é que a UF apareza en contextos de temor e non de ameaza propiamente dita. Neste sentido a definición desta UF no *XFS*, que a clasifica entre as situacións de ameaza, non é totalmente correcta. Ademais, é probable que este efecto estea motivado polo feito de que a imposición do castigo (que se atopa na base da forma interna) non requira obrigatoriamente un contacto directo entre a instancia castigadora e aquela persoa á que vai dirixido. Sinalaremos que a UF *снять голову* [*quita-la cabeza*] se emprega en formas de futuro hipotético, características de situacións de temor. Esta UF practicamente non se utiliza no pasado: *С него сняли голову* [*quitáronlle a cabeza*] (comp., non obstante, *Его вызвали на ковер* [*chamárono á alfombra*]). Isto está relacionado co feito de que se o castigo se consumou, xa non hai lugar para temores e ameazas.

A UF *шкуру содрать/снять* [*arrincar/tira-lo pelello*, 'aplicarlle un severo castigo a alguén'] está próxima a *снять голову* [*quita-la cabeza*] debido ó seu significado e ás súas particularidades de uso.

(10) O camiño ten que estar sen pavimentar, xa llelo expliquei, imbéciles. Mañá eles xa estarán aló! Levan a máquina, criminais estúpidos!... Vanme ***шкуру сдерут***! [*arrinca-lo pelello!*]. Ala, á merda!... Facede o que queirades!

(R. Ibrahimbekov, N. Mighalkov. *O barbeiro siberiano*, Сибирский цирюльник).

É interesante comparar *снять голову* [*quita-la cabeza*] con *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*], semellante á anterior na forma interna. Malia a aparente semellanza destas UUFF, atópanse bastantes diferenzas esenciais relacionadas coas distintas estruturas cognitivas nas que se basea a estrutura interna. Se se entende a imaxe non coma a representación visual da separación da cabeza do tronco, senón coma a activación dun *frame* relevante ligado, por unha banda, a un castigo e, pola outra, ó feito de causar unha mutilación física, entón queda claro que se debe considerar que *отрывание головы* [*arrinca-la cabeza*] e *снятие головы* [*quita-la cabeza*] son elementos de diferentes estruturas conceptuais.

O compoñente figurativo da UF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] non está ligado á idea dunha execución, senón á representación hipertrófica de inflixir danos físicos, é dicir, o axente exerce influencia sobre o paciente non en virtude dun poder outorgado oficialmente, senón polo dereito de se-lo máis forte e/ou vello.

(11) —Moscovita! A que debemos este honor? Ti que es: criminal ou prisioneiro político? Por que estás en prisión? —responderon dende o edificio. —Cala a boca —berrou o xefe entre eles—, ó novato non lle fagades ningunha pregunta. Se está no caldeiro será por algo. Durmide, animais. E ti escoita, cala! Se non ***голову оторву*** [*arríncoche a cabeza*] —dirixiuse a min (V. Delone. *Retratos nun marco punzante,* Портреты в колючей раме).

(12) Ás veces canto baixiño, ás veces forte. Ó final Liudka non atura máis e aparece no limiar cunha zapatilla na man. O neno queda petrificado. —Pararás, ti, peste, pararás? —O neno cala. —Xa me fartaches, entendes? Como volva a oírte unha vez máis ***голову оторву*** [*arríncoche a cabeza*], quero durmir (P. Alexóvskii. *Ene, mene, mnai*, Эне, мене, мнай).

A imaxe de inflixir mutilacións corporais para castigar exclúe aquelas situacións nas que os participantes se atopan en relacións formais. A regulamentación social e formal das relacións entre a instancia que castiga e o castigado nunha situación de execución implica a aparición dunha consecuencia semántica moi importante no significado da UF *снять голову* [*quita-la cabeza*]: estipula a infracción de certas regras ou normas (a xulgar polos exemplos trátase a miúdo nun contexto profesional), pola que se produce o castigo. Na UF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] e semellantes pode haber unha infracción das regras, pero tamén pode que non exista tal infracción. A relación entre a semántica das UUFF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] e *снять голову* [*quita-la cabeza*] é privativa en virtude deste parámetro semántico. Precisamente por isto nos exemplos (11) e (12) o uso da UF *снять голову* [*quita-la cabeza*] non é afortunado estilisticamente. Baseándonos no que acabamos de dicir pódense propoñe-las seguintes definicións para as UUFF que estamos a analizar:

снять голову с кого-л. за что-л. [*quita-la cabeza*]: 'facendo uso dun dereito lexítimo, castigar alguén severamente pola consumación de feitos no ámbito profesional que van en contra das regras establecidas, o que se interpreta coma unha execución' ☑ emprégase a miúdo en actos discursivos de temor e ameaza[87].

голову оторвать кому-л. за что-л. [*arrinca-la cabeza*]: 'nunha situación de superioridade que condiciona a situación, castigar alguén pola consumación de accións que van en contra dos desexos dun suxeito, o que se interpreta como inflixir mutilacións físicas' ☑ emprégase a miúdo en actos discursivos de temor e ameaza.

Enténdese que a UF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] de acordo co criterio de figuratividade e segundo trazos semánticos está máis próxima no significado real de expresións coma *вырвать / выдрать ноги* [*arrinca-las pernas*, 'amoestar alguén severamente'] ou *уши оборвать* [*arrinca-las orellas*, 'amoestar alguén severamente'] que da UF *снять голову*[88] [*quita-la cabeza*]. Comp. a naturalidade con que se usa *уши оборвать* [*arrinca-las orellas*] en relación ós nenos (13a), pero tamén a ameaza que un marido lle dirixe á súa muller na célebre canción de V. Visotskii (13b):

(13) **a.** Velaquí tes, Sania, a brocha e maila pintura. Se para a hora de xantar non pintáche-lo valado, heiche de ***все уши оборву*** [*arrinca-las orellas*] (Corpus pros. rus.). **b.** Non andes co agrónomo, ***ноги выдерну*** [*arrincareiche as pernas*]. / Podes ir pasear un par de veces co presidente (V. Visotskii. *Dúas cartas*, Два письма).

A diferenza da UF *снять голову* [*quita-la cabeza*], os contextos preferidos para este tipo de UUFF son os de ameaza, feito motivado polas relacións informais entre os participantes da situación e porque o tipo de dano físico causado, fixado na forma interna, non está regulamentado coma castigo oficial: na cultura europea é posible condenar alguén a que o fusilen, o decapiten, o despecen etc., pero non se pode condenar alguén a que lle arrinquen a cabeza, as pernas ou as orellas. Os actos oficiais de ameaza forman parte dos usos performativos da lingua e están claramente regulamentados en cada sociedade concreta. Por este motivo nos actos oficiais de ameaza non se pode emprega-la UF *снять голову* [*quita-la cabeza*]. Se na comunicación informal aínda é posible dicir *еще раз опоздаешь – голову сниму!* [*como te volvas atrasar unha vez máis quítoche a cabeza!*], nunha orde oficial é imposible unha formulación semellante. Enténdese, pois, que en ameazas non-oficiais as UUFF coma *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] sexan absolutamente orgánicas.

Resulta interesante o feito de que neste grupo de UUFF tamén sexa característica a ausencia de formas de pasado (de calquera tipo): [???]*Петр* ***оторвал/отрывал*** *ему* ***голову*** [[???]*Petr arrincoulle/arrancáballe a cabeza*]; [???]*Петр оборвал/обрывал ему*

[87] Aquí e posteriormente emprégase a notación de *Dicionario monolingüe da idiomática rusa moderna*. Para máis detalles, véx. a sección 8.1.7.

[88] Sinalaremos que as UUFF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*], *вырвать/выдрать ноги* [*arrinca-las pernas*] e *уши оборвать* [*arrinca-las orellas*] posúen réximes idénticos.

уши [*Petr arrincoulle/arrincáballe as orellas*]; ???*Петр* ***вырвал/вырывал*** *ему* ***ноги*** [*Petr arrincoulle/arrincáballe as pernas*]. O uso da UF en pasado parece trasladala ó plano literal. Compárese o contexto lúdico de *Nikolai Nikoláevich* de Iuz Alexkovskii: *«*[...] ***ноги из жопы выдерну****». И выдрал одну, другую соседи не дали* [(...) *heille de arrinca-las pernas do cu. Unha arrinqueilla, a outra non me deixaron os veciños*]. O surrealismo hiperbólico dunha imaxe que funciona intensificando a ilocución, oportuna nun contexto de ameaza informal, resulta inoportuno en contextos descritivos. A favor desta argumentación atopamos tamén o feito de que UUFF máis próximas semanticamente a estas expresións, pero cunha imaxe menos viva, si permiten o uso en pasado: *задать перцу* [*darlle pementa a alguén*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'], *задать на орехи* [*darlle a alguén para noces*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'], *разделать под орех* [*arranxar alguén debaixo dunha nogueira*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'].

Ata o de agora, os significados estudados pertencen exclusivamente ó campo da 'amoestación/castigo'. A maioría das UUFF que estamos a estudar son polisémicas, nalgúns casos pódese mesmo falar dunha polisemia regular: *дать жизни* [*dar vida*, 'demostrarlle a alguén autoridade dunha maneira física ou verbal'], *намылить шею* [*enxaboa-lo pescozo*, 'castigar dunha maneira física ou verbal'] co significado de acción física e non física (*SFS*)[89]. Así, ademais do significado tratado aquí, en *разделать под орех* [*arranxar alguén debaixo dunha nogueira*] pódense distinguir polo menos os seguintes significados, baseándonos nos contextos de uso existentes (o primeiro deles é anticuado e no contexto estudado é máis ben humorístico):

1) 'actuando no papel dunha persoa activa, exercer en alguén unha acción física cun fin determinado, manifestando celo e minuciosidade': *Славную, славную задали вы нам профилактику, милый доктор, уважили, называется, на закате лет: только жилы похрустывали. Вылечить, может быть и не вылечили, но* ***разделали под орех****. Какое уж тут понарошку, когда по всей форме использовали* [*Vostede deunos unha profilaxe excelente, excelente, querido doutor, tivo unha consideración connosco, que estamos no solpor das nosas vidas: só os tendóns renxían. Curar pode ser que non curasen, pero* ***arranxáronnos debaixo dunha nogueira****. Pero hai que dicir que o fixeron de verdade e utilizáronnos completamente*] (Saxa Sókolov. *Palisandria*, Палисандрия).

2) 'participando nunha competición deportiva e estando en posesión dunha superioridade notable, vence-lo contrario cunha grande marxe': *Была там какая-то волейбольная команда, о ней и не слышал никто* [...]. *Народ молодой, азартный, и*

[89] Neste caso é posible falar dunha polisemia regular, posto que en varias UUFF co significado de acción física sobre alguén é característica a presenza dun sentido de amoestación/castigo e/ou de superioridade e vitoria. Cómpre sinalar que o campo da polisemia regular na idiomática non está limitado polas expresións estudadas aquí (comp. por exemplo, UUFF do tipo *за плечами* [*detrás dos ombreiros*, 'sen o coñecemento de alguén / no pasado'], *за спиной* [*detrás das costas*, 'sen o coñecemento de alguén / no pasado'], nun sentido espacial e temporal) e ten que ser obxecto dunha investigación especial (para máis detalles, véxase a sección 8.2.).

разделывали *они своих старших товарищей* ***под орех*** [*Había aló un equipo de voleibol do que non oíra falar ninguén* (...). *A xente era nova, frenética e ós seus vellos amigos* ***arranxáronos debaixo dunha nogueira***] (M. Kuraev. *A rolda nocturna*, Ночной дозор).

É evidente que a relación da UF co acto de fala depende do seu significado concreto.

A UF *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*, 'reprender, castigar, amoestar'] utilízase menos cás estudadas anteriormente e percíbese coma anticuada. Ademais, caracterízase por presentar certas diferenzas na semántica.

(14) Dúas semanas despois deste feito tivo lugar o xuízo. E o xuíz popular tamén resultou ser un home nervioso, ***прописал ижицу*** [*prescribiu a letra ijitsa*, 'reprimir, castigar, amoestar'] (M. Zoshchenko. *Xente nerviosa*, Нервные люди).

As particularidades distintivas da UF *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*] radican no feito de que a súa valencia subxectiva é desempeñada polo actante que designa a persoa que polo seu status ten potestade para condenar a un castigo, sen ser ó mesmo tempo o executor dese castigo. De aí a imposibilidade de empregar esta UF en actos de ameaza: ???*Будешь пререкаться – ижицу пропишу*[90] [???*Como te equivoques prescríboche a letra ijitsa*]. Esta particularidade semántica parece remitir ó acto da escritura, fixado na forma interna. Para calquera falante actual de ruso a expresión *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*] asóciase a unha orde escrita, independentemente de se isto se corresponde coa etimoloxía da UF ou non (comp. o exemplo 14).

Se debido á forma interna a UF *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*] se interpreta como semellante ó acto de redactar unha orde escrita, entón enténdese que o suxeito que padece o castigo se atopa fóra da situación descrita. É posible que unha particularidade da sintaxe desta UF estea relacionada con este feito: a valencia paciente, en xeral, queda sen completar. Os falantes de ruso consultados (a pesar dos datos recollidos nos dicionarios *FSRIA* e *SFS*) dubidaban da posibilidade de dicir ?*Он прописал ему ижицу* [*el prescribiulle a el a letra ijitsa*] no canto da forma *Он прописал ижицу* [*el prescribiulle a letra ijitsa*]). Se consideramos argumentos provenientes do compoñente figurativo, pódese atopar unha explicación: o obxecto ó que se dirixe a acción directa do axente non é o paciente, senón o texto. É sintomático que mesmo no uso (tipicamente de autor) desta UF en V. Visotskii a valencia do paciente queda sen completar:

(15) Móvense cara a min con receo / os meus antigos compañeiros, / bípedes, racionais / escriben dous e levan tres. / Eles ***пропишут ижицу*** [*prescriben a*

[90] No FSRI, paradoxalmente, afírmase que esta UF se utiliza «xeralmente como expresión de ameaza».

letra ijitsa], / non teñen os ollos tenros. / Un picoume con noxo / e fixo un resumo (V. Visotskii. *Gerbarii*, Гербарий).

Podería parecer que os contextos de uso coma o (16) contradín o que acabamos de dicir. Non obstante, neles realízase outro significado desta UF, hoxe anticuado, o de 'inflixir unha derrota cunha gran superioridade':

(16) Deixa, deixa que a súa frota se achegue ás nosas fortalezas, hanlle de ***пропишут ижицу*** [*a el hanlle de prescribi-la letra ijitsa*] (S. Sergeev-Tsenskii. *As penalidades de Sebastopol*, Севастопольская страда).

As UUFF cuxo compoñente figurativo está relacionado coas ideas de limpar, lavar e ordenar pola forza non designan amoestación e/ou castigo en sentido puro, senón unha certa intención educativa, é dicir, trátase dunha amoestación co obxectivo de corrixi-lo paciente, de que rectifique o seu comportamento no futuro. Comp. UUFF coma *продрать с песочком* [*limpar fretando con area*, 'dar unha boa reprimenda'], *прочистить/прополоскать мозги* [*limpar/enxuga-los miolos*, 'dar unha boa reprimenda'], *снять стружку* [*quitar unha labra*, 'dar unha boa reprimenda'].

Ó mesmo tempo prestaremos atención a unha situación aparentemente indiscutible, pero que a miúdo é contestada pola fraseoloxía tradicional: a figuratividade das UUFF non posúe diferenzas cualitativas con respecto á figuratividade das palabras con uso metafórico; trátase máis ben de diferenzas cuantitativas (na maioría das UUFF a figuratividade é unha característica constitutiva). Así, a UF *продрать с песочком* [*limpar fretando con area*, 'amoestar'] no aspecto do compoñente figurativo non se diferencia en nada do verbo *пропесочить* [*fretar con area*]. Compárese o seguinte exemplo:

(17) Chegou a guerra, é culpa miña, / e velaquí que por esta culpa / o sarxento me ***песочит*** [*freta con area*], / para que entenda a guerra. / Prepárame un sarxento / nos vindeiros combates. / E cen mortes agoira a guerra, / é culpa miña, culpa miña, / e cen mortes son miñas! (A. Gálich. *Kuzmin o Inmortal*, Бессмертный Кузмин).

A idea de crítica relacionada co desexo de corrixi-la conduta do paciente (compoñente «educativo» da semántica), fixada nos significados do verbo *пропесочить* [*fretar con area*] e da UF *продрать с песочком* [*limpar fretando con area*], evidentemente relaciónase coa idea de limpeza presente na imaxe, que transmite o significado real a través de «limpar, quita-la sucidade lavando», é dicir, «mellorar, acada-la conduta axeitada».

Na UF *прочистить/прополоскать мозги*[91] [*limpar/enxuga-los miolos*] esta idea, coa

[91] Nesta UF ese significado realízase unicamente na forma de aspecto perfectivo. A forma de aspecto imperfectivo *полоскать мозги* [*enxuga-los miolos*] significa algo similar a 'dicir deliberadamente algo falso,

modificación da base figurativa, adquire un matiz adicional: 'corrixi-los pensamentos' e, ademais, como resultado, 'corrixi-la conduta'. Isto achégaa á expresión *выбить дурь из головы* [*sacar (pola forza) as parvadas da cabeza*, 'amoestar alguén para quitarlle as parvadas da cabeza']. Comp. (18), mesmo un uso en certo modo non-estándar desta UF en V. Visotskii (18d):

(18) **a.** Recentemente un dos adxuntos do secretario xeral da OTAN, laiándose do carácter intratable dos políticos e militares rusos, dixo unha frase: que era imprescindible ***прочистить мозги*** [*limparlles a fondo os miolos*] a todos eles (Corpus xorn.). **b.** Agora a conversa con Katia estaba á orde do día. Artem queríalle ***прочистить мозги*** [*limpar a fondo os miolos*] e meterlle na cabeza a sensata idea de que fora ela mesma a que causara todas aquelas contrariedades (Corpus detect.). **c.** Klíntsov turrou do «elemento» cara ó coche, prometendo que no centro de recollida de bébedos lle habían de ***прочистят мозги*** [*limpar a fondo os miolos*] (Corpus detect.) **d.** Volvín toca-la barra á altura de dous metros doce, / e o adestrador díxome directamente, / que os nosos xefes están na fila dez, / e que me han de ***прополощут мозги*** [*lava-los miolos*] / se non cambio agora mesmo / da perna incorrecta —a dereita— á esquerda (V. Visotskii. *Cancionciña sobre o saltador de altura*, Песенка про прыгуна в высоту).

Os usos en contextos de temor non son característicos das UUFF deste grupo, feito que se explica polas particularidades do seu significado, comentadas anteriormente. Dicir ?*Боюсь, что меня продерут с песочком* [?*Temo que me limpen fretando con area*] é tan estraño coma dicir ?*Боюсь, что меня исправят* [?*Temo que me corrixan*]. Estas restricións atinxen, en menor medida, a expresións coma *задать головомойку*[92] [*dar un lavado de cabeza*, 'dar unha boa reprimenda']. É posible que isto se explique polo feito de que a idea de limpeza asociada á intención educativa na expresión *задать головомойку* [*dar un lavado de cabeza*] está presente en menor medida ca en *продрать с песочком* [*limpar fretando con area*] ou en *снять стружку* [*quitar unha labra*], posto que *головомойка* [*lavado de cabeza*] nunca se utiliza en si mesmo co significado literal de 'lava-la cabeza' e non parece activa-lo *frame* de LAVAR coma tal.

En certo sentido as UUFF deste grupo recordan a expresión *вызвать на ковер* [*chamar á alfombra*, 'chamar un traballador ó despacho do xefe para que este lle faga unha chamada á orde/eficiencia etc.'] (véxase a obrigatoriedade dun contacto directo entre o axente e o paciente no momento da pronuncia da amoestación e a desigualdade

---

intentando influír no receptor para acada-los propios fins'. Comp. *Нечего мне тут мозги полоскать! Что я не понимаю, что здесь происходит на самом деле!* [*Aquí non hai con que enxugarme os miolos! (enganarme, contarme lerias) Que é iso de que eu non entendo o que está a pasar de verdade aquí?!*].

[92] Esta expresión non é estritamente unha UF, senón unha colocación, xa que o substantivo *головомойка* [*lavado de cabeza*, 'boa reprimenda'] se emprega independentemente co significado correspondente. Con todo, abordando a problemática do compoñente figurativo, é razoable estudar esta expresión xunto coas UUFF que posúen unha imaxe semellante.

de status dos participantes da situación) coa única diferenza, aínda que substancial, de que o seu emprego non está restrinxido á situación de chamar ó despacho do xefe. Ademais, na semántica da expresión *вызвать на ковер* [*chamar á alfombra*] non está fixada directamente a idea do desexo de corrixi-la conduta do paciente.

Pódese entender que a amoestación, expresada coa axuda de UUFF coma *продрать с песочком* [*limpar fretando con area*], *снять стружку* [*quitar unha labra*], resulta útil para o paciente, e considerar que as relacións entre este e o axente son informais, aínda que tamén asimétricas (comp. exemplo 17). Por este motivo, a aparición da UF *вызвать на ковер* [*chamar á alfombra*] en contextos de temor, que non son característicos das expresións que aquí estamos a tratar, resulta máis afortunada: *Как бы меня за это на ковер не вызвали* [*como non me van chamar á alfombra por iso*], pero ?*Как бы с меня за это стружку не сняли* [?*como non me van quitar unha labra por iso*]. Compárense os exemplos normativos do emprego da última UF: - *Из кабинета своего убежал, надоело. Каждые полчаса начальство по телефону* ***стружку снимает*** [*Saíu do seu despacho, estaba farto. Cada media hora os xefes* ***quitan unha labra*** *por teléfono (danlle unha reprimenda a alguén)*] (Corpus detect.); *Зеленков уже определил для себя, как отзовется о больнице: показуха и прожектерство, скажет он, а потом начнет* ***снимать стружку*** [*Zelenkov, pola súa banda, xa decidiu que opinión terá sobre o hospital: vai dicir «Foi todo feito para aparentar e o proxecto non tiña fundamento», e despois empezará a* ***quitar unha labra***] (Corpus detect.).

A diferenza das UUFF descritas anteriormente, expresións coma *дать жизни* [*darlle vida a alguén*, 'dar unha boa reprimenda'], *дать духу* [*darlle espírito a alguén*, 'dar unha boa reprimenda'] non designan un castigo a causa dunha falta, senón a acción de provocar contrariedades de carácter xeral, o que non está de ningún xeito relacionado coa intención de corrixi-la conduta do paciente, comp. (19):

(19) Fedorovigh-Smirnov ceibou entón unha ofensiva gargallada e Pantelei pensou que, facéndollas pagar a Vadim, había de volver e ***даст жизни*** [*darlle vida*] ó porco chacal-antisemita, e levar unhas estrelas do ballet ó faiado da súa casa e deitarse con elas, con tres, e escribir non había de escribir nada nin hoxe, nin mañá, nunca (V. Aksenov. *A queimadura*, Ожог).

Xustamente por este motivo esa UF non se emprega en situacións de temor. Comp. a imposibilidade de dicir ???*Как бы он не дал мне жизни* [???*Como non me vai dar vida*], comprensible porque o temor só é posible nunha situación de consumación dunha falta. Aínda así, esta UF é totalmente aceptable nun contexto de ameaza, onde *дать жизни* [*dar vida*] alude ó propio castigo e un dos actantes estándar dunha situación de ameaza diría: *Смотри, сделай все вовремя, а то я тебе* ***дам жизни****!* [*Mira, fai todo con tempo, se non* ***heiche de dar vida****!*].

A idea de sacar a un paciente dun estado de tranquilidade á forza, que se atopa na base da imaxe *дать жизни* [*dar vida*] e das expresións semellantes, está máis preto da idea

de inflixir danos físicos, comp. as UUFF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*], *вырвать ноги* [*arrinca-las pernas*] etc. Por outra parte, en comparación con UUFF coma *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*], as UUFF coma *дать жизни* [*dar vida*] caracterízanse por unha intensidade de influencia algo menor. Esta suposición pódese comprobar facilmente poñendo no contexto (19) a UF *оторвать голову* [*arrinca-la cabeza*] ou *вырвать ноги* [*dar vida*].

A forma interna da UF *взять в оборот* [*meter alguén no xiro*[93], 'darlle unha boa reprimenda a alguén'] tamén está ligada á idea de sacar alguén do seu equilibrio. Non obstante, o emprego desta UF no contexto (19) é imposible, aínda que o dicionario *SFS* chega a definila coma sinónimo perfecto da expresión *дать жизни* [*dar vida*] na acepción que a nós nos interesa. Do mesmo xeito que as UUFF *взять в переплет* [*tomar na encadernación*, 'influír decisivamente sobre alguén'] e *взять в работу* [*coller no traballo*, 'involucrar'], fixadas nos dicionarios pero cun uso considerablemente menor e, aparentemente, anticuadas, a expresión *Взять в оборот* [*meter alguén no xiro*] provoca na conciencia a imaxe de implicación en accións de carácter activo, o que se manifesta nas particularidades de uso desta UF. O paciente que *берут в оборот* [*meten no xiro*] é introducido no ámbito persoal do axente, e suponse que os participantes da situación están vinculados (aínda que só sexa nun futuro inmediato) por unha actividade conxunta. Este compoñente está ausente no plano do contido das UUFF *дать жизни* [*dar vida*] e *дать духу* [*dar espírito*].

A idea de humillación é característica no caso das UUFF *вставить фитиль* [*meter unha mecha*, 'dar unha boa amoestación'], *вставить клизму* [*meter unha lavativa*, 'dar unha boa amoestación'], *вставить пистон* [*meter un pistón*, 'dar unha boa amoestación'], o que se deduce de maneira inequívoca do compoñente figurativo. De feito, nestas locucións o verbo *вставить* [*poñer*, *meter*] presupón a manipulación dunha parte tabú do corpo humano. A violación do tabú humilla aquel sobre o que se realizan estas accións. Os seguintes contextos exemplifícano:

(20) **a.** Xa despois, uns cantos días máis tarde, matinando sobre as miñas aventuras, primeiro empecei a sospeitar que tiveran lugar no cotián, por dicilo dalgunha maneira, pero despois mira o que se me ocorreu: que o atemorizado xornalista ruso chegase a ***вставил фитиль*** [*meterlle unha mecha*, 'darlle unha boa reprimenda'] ó goberno do barrio en realidade non podía suceder de ningún xeito, e volvín introducirme na cuarta dimensión, onde da maneira máis natural se producen os milagres máis espectaculares (V. Petsugh. *A cuarta dimensión*, Четвертое измерение). **b.** O vicerredactor xeral do servizo ruso «A onda alemá» sinalou que «os nosos sindicatos odian tanto calquera tipo de superiores que están dispostos a ***поставить*** *им* ***клизму*** [*meterlles unha lavativa*] en canto se presente a mínima oportunidade». Pero nin sequera eles deron atopado un delito nas accións da dirección da emisora de radio (Corpus xorn.). **c.** Cando cansa, o segundo de a bordo estombállase na butaca do salón

[93] N. do t.: Parte dos arreos dun cabalo.

e ou ben adormece de contado ou ben convoca tódolos comandantes da subdivisión para ***вставить пистон*** [*meterlles un pistón*] ou ben redacta o diario de accións militares (Xorn. int.).

Comp. tamén o uso, en certo modo non-estándar pero que conserva a idea de humillación, da UF *вставить фитиль* [*meter unha mecha*] en A. I. Soljenitsin:

(21) Se cadra foi baixo a presión dos 'sensatos' ortodoxos, que querían presentar a toda costa a historia dos campos de concentración á súa maneira (poñéndose a eles mesmos coma as principais vítimas e os principais protagonistas), pero, máis ben, para dicilo máis suavemente: foi simplemente para quitárlle-la iniciativa («***вставить фитиля***» [*meter unha mecha*]), adiantarse a Tvardovskii unha vez feito o duro camiño e se-lo primeiro en arrebata-lo premio (A. I. Soljenitsin. *Encornábase un tenreiro cun carballo*, Бодался теленок с дубом).

A imaxe que se atopa na base da forma interna desta UF e doutras semellantes suscita a idea dun procedemento que non é perigoso para a vida, pero que é desagradable e humillante para o paciente[94]. A substitución da UF *вставить фитиль* [*meter unha mecha*] por calquera outra UF cun significado de 'amoestación/castigo', cunha forma interna diferente, cambia o significado do enunciado, comp. *вставить фитиль районному руководству* [*meterlle unha mecha ó goberno do barrio*] vs. *дать жизни районному руководству* [*darlle vida ó goberno do barrio*] ou *снять стружку с районного руководства* [*quitarlle unha labra ó goberno do barrio*].

Para remata-la análise das UUFF coa semántica de 'amoestación/castigo' quereriamos prestar atención ó feito de que a descrición que acabamos de facer das correspondencias entre o compoñente figurativo e as particularidades do significado dunha UF —correspondencias que se manifestan no seu uso— non se debe entender coma un intento de reducir toda a diversidade semántica das UUFF ás características específicas da imaxe. Noutras palabras, na idiomática dificilmente se pode falar de «transparencia total» no sentido de A. Wierzbicka (comp. Фрумкина 1990, 1994: 100). Como exemplo negativo da tese da «transparencia total» pódese cita-la UF *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*, 'darlle unha boa lección a alguén'], onde non resulta evidente o carácter da imaxe. O dicionario *XFS* trátaa coma sinónimo da UF *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*, 'reprimir, castigar, amoestar']. Aínda así, comparando os exemplos obsérvase que entre eles existen determinadas diferenzas semánticas. A expresión *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*] non está ligada á idea de ordenar un castigo, senón que máis ben supón unha mostra directa das relacións entre os participantes da situación. Noutras palabras, *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*] non é tanto castiga-lo paciente como facelo recoñece-lo

[94] En usos non-estándar como *А осмелится кто нас пугать, / Тому мы мигом* [*E se alguén se atreve a asustarnos, / de contado lle...*], o papel do compoñente figurativo ***поставим клизму*** [*poñer unha lavativa*, 'dar unha boa reprimenda'] (A. Zinovev) non está completamente claro. Neste caso a elección da UF pode vir ditada pola medida e pola rima, así como polo recurso estilístico de imitar unha fala pouco cultivada.

papel dominante do axente. Por iso frases coma **Я тебе за это покажу кузькину мать* [**Por isto hei de amosarche a nai de Kuzka*, 'por isto heiche de dar unha lección'] non son posibles[95].

(22) Vós tedes medo porque os revanchistas están en Bonn, / porque Washington ameaza con alcanzarvos, / pero o propio Ghruxchév dixo xa na ONU / que lles habemos de ***покажем кузькину** им **мать***! [*amosa-la nai de Kuzka!*] (V. Visotskii. *Carta dos obreiros da fábrica de Tambov ás autoridades chinesas*, Письмо рабочих тамбовского завода китайским руководителям).

(23) En certo momento 'rosa', cando se lle nubrou a cabeza por mor do logro acadado, un demo descoñecido murmuroulle astutamente: «o teu momento estelar xa chegou, meu Nikita, o teu excepcional destino. Colle as rendas con valor, e adiante! ***Покажи** всем **кузькину мать*** [*amósalles a todos a nai de Kuzka*] [...]». E entráronlle ganas de crear algo que deixase a todo o mundo abraiado e coa boca aberta. Como mínimo alcanzar e superar América nos próximos anos. Na técnica xa a superamos. [...] Agora queda alcanzalos no nivel de vida. En realidade, ***Показать кузькину мать*** [*amosárlle-la nai de Kuzka*] (*Literatúrnaia Gazeta*, Литературная газета).

(24) «Os soviéticos teñen un orgullo particular, ós burgueses mirámolos dende arriba», lémbrase? Si, aquilo, dende logo, foi demasiado, e agora que? [...] Dade axuda humanitaria, irmanciños burgueses, concedédenos créditos, carallo, veña, facede investimentos, se non... E se non han de vi-los vermello-marróns, hanvos de ***покажут кузькину мать***! [*amosa-la nai de Kuzka!*] (*Nezavísimaia Gazeta*, Независимая газета).

(25) —Pero nós —di— logo acabaremos con esta ilusión óptica do pobo baixo a aparencia dunha guerra. Porque —di— sabemos perfectamente que por riba dos ministros agora hai un paisano dos nosos ó servizo do tsar chamado Grigorii Efimich e halles de ***кузькину мать покажет*** [*amosa-la nai de Kuzka*] (Evg. Zamiatin. *Pásaselle a palabra ó camarada Churigin*, Слово предоставляется товарищу Чурыгину).

Non obstante, estas particularidades semánticas de ningún xeito se poden deducir da interpretación da imaxe da UF, que se percibe con dificultade[96].

---

[95] A imposibilidade de utiliza-la UF *прописать ижицу* [*prescribi-la letra ijitsa*, 'dar unha boa reprimenda, castigar'] en contextos análogos explícase por outras razóns, véx. anteriormente.

[96] Non se descarta que o verbo *показать* [*mostrar*] na estrutura dunha UF dirixa en certa medida a súa especificación semántica: 'mostrar quen é aquí o principal; mostrar quen é aquí o que manda'. Comp. a semántica análoga do verbo *показать* en contextos de ameaza como *Я тебе покажу!* [*Heiche de ensinar!*], así como a UF *показать, где раки зимуют* [*ensinar onde pasan o verán os cangrexos*, 'dar unha reprimenda, dar unha lección'], semellante polas súas particularidades de emprego: *Cando de súpeto toda a imaxe do animado restaurante se abriu á mirada de Konstantin Petróvich, este sentía na profundidade da*

3.2.1.2. As UUFF do 'medo': sobre o problema da desmembración dun campo semántico en base á imaxe

Na sección anterior tratouse a cuestión (próxima ás tarefas da lexicografía) da influencia das características específicas da imaxe dunha UF sobre o seu significado real e o seu uso na lingua. Nesta sección imos tratar en primeiro lugar a posibilidade de distinguir diferentes invariantes figurativas que se corresponden coas particularidades semánticas das UUFF. Se o compoñente figurativo é unha parte do plano do contido dunha UF relevante para o seu funcionamento, entón, despois de clasificar dentro dun campo semántico ou doutro as UUFF próximas no nivel figurativo, obteremos agrupacións que posúen un potencial heurístico específico para descubrir e describir certas particularidades do seu significado.

A discusión destes problemas pódese contemplar no marco da resolución das tarefas derivadas da creación dun tesouro de UUFF organizado en dúas direccións: «do concepto á imaxe» e «da imaxe ó concepto» (Dobrovol'skij 1995a: 135-137).

Tratarémo-lo campo semántico do 'medo' e intentaremos atopar un modo de desmembralo que reflicta a heteroxeneidade semántica das UUFF que entran nel. Para a elección deste campo tivéronse en conta varias consideracións.

En primeiro lugar, a conceptualización das emocións (a diferenza da conceptualización das entidades do mundo material) está determinada en gran medida por factores lingüísticos. Dado que o ámbito das emocións non é accesible a través da observación directa, a fixación lingüística das reaccións sintomáticas e os estados físicos que se asocian de maneira fixa cunha emoción ou outra é a base sobre a que, nunha imaxe inxenua do mundo, se forman as ideas sobre as características esenciais dunha emoción determinada. As expresións de base tropolóxica conforman a base conceptual para o tratamento mental dos fenómenos «invisibles». Podemos ontoloxiza-las nosas emocións, as nosas vivencias espirituais e as reaccións psíquicas se atopámo-lo xeito de trasladalas do mundo «invisible» dos fenómenos da mente ó mundo «visible» e obxectivable das reaccións físicas (comp. en relación a isto o concepto da imaxe inxenua do ser humano en Апресян 1995г). Do importante papel da lingua na conceptualización dos estados espirituais derívase que unha emoción codificada na lingua coa mesma palabra, pero que posúe diferentes interpretacións figurativas, se modifica de maneira significativa e neste sentido resulta diferente de si mesma. En consecuencia, é lóxico supoñer que nun campo semántico tal coma o do 'medo' unha clasificación que se fundamente no criterio figurativo pode precisar e amplia-las ideas existentes sobre a estrutura interna deste campo.

---

súa alma —en algures na espiña dorsal do núcleo— un doce, penetrante e movido pelo que tremía. Como se estivese a camiñar por riba dun aramio a unha altura de catrocentos metros e, aínda que as paredes abaneaban, ameazando con esboroarse, el ía con paso solto e lixeiro, medido, en liña recta todo o tempo. E o público mirando cos ollos coma pratos, aguantando a respiración, e confiando en ti como se foses Deus: «Kostia, non cedas! Konstantin Petrovich, non falles, ***покажи им, где раки зимуют****!* [*ensínalles onde pasan o inverno os cangrexos!*]» (Abram Terts. *No circo*, В цирке).

En segundo lugar, xa existe unha tradición seria do estudo da semántica do 'medo'[97], que resulta de grande axuda á hora de resolve-la tarefa ante a que nos atopamos.

Para responder á pregunta de se se observan correspondencias —aínda que sexan aproximadas— entre as diferentes interpretacións figurativas do 'medo' e determinadas particularidades semánticas das UUFF é necesario estruturar de antemán o campo obxecto de estudo, baseándonos nunha ou noutra oposición semántica. A análise dos correspondentes traballos (Иорданская 1970; Bergenholtz 1980; Wierzbicka 1990b; Апресян 1992), ademais do material léxico do que dispoñemos do ruso, o alemán, o inglés e o neerlandés, permítenos distinguir no caso do campo semántico do 'medo' as seguintes oposicións semánticas:

(i) medo forte vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade;

(ii) medo débil vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade;

(iii) medo provocado pola espera de algo malo vs. medo coma reacción a algo malo;

(iv) medo coma emoción «persoal» (provocada polas circunstancias que afectan ós intereses persoais dun suxeito) vs. medo coma emoción «allea»;

(v) medo que permite vs. medo que non permite o control sobre a propia conduta;

(vi) medo coma estado que se presenta de súpeto vs. medo coma estado cuxo inicio non posúe carácter repentino;

(vii) medo coma un estado continuo vs. medo coma un estado de breve duración temporal;

(viii) medo provocado por un estímulo directo vs. medo provocado por motivos afastados no espazo e no tempo.

Coa axuda destas oposicións pódense describi-las diferenzas semánticas entre as diferentes unidades léxicas que designan o medo. Así, as palabras *страх* [*medo*] e *паника* [*pánico*] diferéncianse unha da outra, en particular, polo feito de que unha persoa presa do pánico perde o control sobre a súa conduta, mentres que o medo non presupón unha perda de autocontrol. *Испуг* [*susto*] é un estado que se presenta de súpeto e é de breve duración temporal. *Испуг* [*susto*], a diferenza de *страх* [*medo*], sempre é provocado por un impulso directo e normalmente é un sentimento de menor

[97] Véxase, por exemplo, Иорданская 1970; Успенский 1979; Bergenholtz 1980; Kövecses 1990; Iordanskaja, Mel'čuk 1990; Wierzbicka 1990b; Зализняк 1992; В. Апресян, Ю. Апресян 1993; Апресян 1995.

intensidade. Os verbos *побаиваться* [*ter algo de medo*, *temer un pouco*] e *опасаться* [*temer*, *ter receo*] normalmente aluden a un baixo grao de emoción, mentres que o verbo *бояться* [*ter medo*] non contén especificacións semánticas neste sentido. *Ужас* [*horror*, *terror*] é un sentimento máis intenso que *страх* [*medo*], ademais de que *ужас* [*horror*, *terror*], en xeral, expresa unha reacción a algo que xa sucedeu, mentres que *страх* [*medo*] se usa habitualmente referido ó futuro. *Страх* [*medo*] é unha emoción moi «persoal» (ligada á espera de situacións desagradables para un mesmo ou para persoas próximas), mentres que *ужас* [*horror*, *terror*] pódese referir mesmo a acontecementos que se atopan alén da esfera persoal do suxeito. Se, por exemplo, o desenvolvemento da situación política nos provoca un sentimento de *страх* [*medo*], isto quere dicir que tememos polo noso benestar e polo futuro dos nosos fillos, pero se percibimos eses mesmos acontecementos políticos con *ужас* [*horror*, *terror*] tamén se pode tratar dunha situación que non nos afecte persoalmente.

O ámbito das emocións é moi amplo e variado e cada lingua concreta lexicaliza unicamente fragmentos relativamente pequenos deste ámbito (Wierzbicka 1999). Enténdese que o déficit de denominacións directas implica conceptualizacións figurativas, o que se pode observar con claridade no caso do campo semántico do medo. As descricións existentes de «imaxes do medo» pódense dividir de maneira convencional en (a) concepcións de metáfora básica e (b) concepcións orientadas de maneira extensiva. As primeiras caracterízanse polo intento de distinguir un modelo metafórico principal e as segundas polo intento de describir tódalas hipóstases metafóricas e metonímicas do medo.

V. A. Uspenskii, partindo da presenza no ruso de expresións coma *страх нападает* [*o medo ataca*], *охватывает* [*atrapa*], *душит* [*sufoca*], *сковывает* [*inmobiliza*], *парализует* [*paraliza*] alguén, propón interpreta-lo medo «coma unha criatura hostil, semellante a un artrópodo ou polbo xigante provisto dun aguillón cunha substancia paralizante» (Успенский 1979: 146). É interesante que, independentemente de ata que punto sexa propia da conciencia lingüística dun falante actual do ruso tal interpretación do medo coma 'unha criatura hostil' (comp. os contextos do tipo 26), nas UUFF este modelo metafórico non está presente:

(26) Nós nunca falabamos en alto sobre as envexosas desgrazas que pendían enriba de nós. E só polas noites, cando se mesturan o sono e maila vixilia, cando pérde-lo control sobre as palabras e os pensamentos, cando se relaxa o resorte da tensión de moitos anos, só entón vencen os monstros. Levántanse diante dos nosos ollos un detrás do outro, engánchante pola gorxa cos seus dedos pegañentos (E. Gainsbourg. *A cruel ruta*, Крутой маршрут).

V. I. Apresián e Iu. D. Apresián sinalan que nestes casos estamos ante metáforas mortas (comp. tamén Телия 1994: 98) e propoñen a modo de metáfora de base o 'frío': «reacción da alma ó medo semellante á reacción do corpo ó frío» (В. Апресян,

Ю. Апресян 1993: 31)[98]. A idea de 'frío' está presente na forma interna de varias UUFF que designan o medo, por exemplo, *страх леденит кровь* [*o medo conxela o sangue*, 'ter moito medo'], *кровь стынет/леденеет в жилах* [*o sangue conxélase nas veas*, 'ter moito medo']. Principalmente o modelo metafórico O MEDO É FRÍO fundaméntase en síntomas condicionados fisioloxicamente, que falan a favor da universalidade deste modelo (véx. observacións analóxicas relativas ó modelo metafórico A IRA É CALOR en Lakoff 1987): rus. *дрожать от страха* [*tremer de medo*], ingl. *to shiver with fright*, alem. *zittern vor Angst*, neerl. *beven/bibberen van angst*, franc. *trembler de peur*, ital. *tremare della paura*. As mesmas expresións poden designar tanto a reacción provocada polo medo coma polo frío, por exemplo, *стучать зубами* [*bate-los dentes*] tanto de frío coma de medo.

Resulta interesante o feito de que a comparación de carácter fixo *дрожать как лист* [*tremer coma unha folla*], empregada con frecuencia nas novelas de F. M. Dostoievski, apareza a miúdo cun papel de signo ambivalente que se pode ler tanto cun significado coma con outro.

(27) Ó final a Xátov expulsárono. A mañá era gris e fría. Apoiouse coa cara contra o muro, exactamente igual có día anterior, cando entraba Erkel. El ***дрожал как лист*** [*tremía coma unha folla*], dáballe medo pensar, pero a súa mente aferrábase co pensamento a todo o que se lle presentaba, como adoita acontecer nun soño. Os soños cativábano sen parar e sen parar rachábanse, igual que fíos podres (F. M. Dostoievski. *Demos*, Бесы).

(28) Espertou todo suado, co pelo mollado de suor, abafando, e no seu horror incorporouse [...]. Todo o seu corpo estaba roto; na súa alma había confusión e escuridade. Puxo os cóbados nos xeonllos e apoiou a cabeza enriba de ámbolos dous brazos. —Meu Deus! —exclamou—, pero pode ser, a ver, pode ser que eu de verdade vaia colle-lo machado, que me poña a bourarlle na testa, que lle esnaquice o cranio... que vaia escorregar no medio do sangue quente e pegañento, forza-la fechadura, roubar e tremer; agacharme, todo enchoupado de sangue...co machado...Señor, é posible? —El ***дрожал как лист*** [*tremía coma unha folla*] mentres dicía isto (F. M. Dostoievski. *Crime e castigo*, Преступление и наказание).

A clasificación da metáfora do FRÍO coma metáfora básica non significa que os compoñentes figurativos de tódalas UUFF se poidan reducir a este único dominio fonte; comp. UUFF coma *колени подгибаются* [*tremen os xeonllos*, 'experimentar un

[98] Comp. tamén as reflexións de V. V. Rozanov sobre o papel do frío na vida emocional dunha persoa: *Esa terrible xeada á noite. Véñenlle a un pensamentos arrepiantes. Hai algo hostil no elemento do «frío», tanto para un organismo humano como para un organismo de sangue «quente». El* ten medo do frío *e, en certo modo,* ten medo animicamente*, pero non coa pel, non cos músculos. A súa alma faise ruda, ruda, como «a pel dun ganso ó frío». Velaquí a «liberdade da personalidade humana». Non, «a alma é libre» unicamente se «quentaron o cuarto e está quente». Sen isto ela non é libre, senón que ten medo, está asustada e é ruda* (V. V. Rozánov. *Apocalipse do noso tempo*, Апокалипсис нашего времени).

medo moi forte'], *душа уходит в пятки* [*a alma vai ós calcañares*, 'experimentar un medo/susto moi forte'], *наложить в штаны* [*enche-los pantalóns*, 'experimentar medo/un susto moi forte']. Mesmo as expresións *стучать зубами* [*bater cos dentes*, 'experimentar un medo intenso'] e *дрожать как (осиновый) лист* [*tremer coma unha folla (de álamo)*, 'experimentar un medo intenso'] non se poden considerar representantes «puros» do modelo metafórico O MEDO É FRÍO, xa que neles, ademais da idea de 'frío' tamén está presente a idea de 'disfunción física'[99] (véx. os exemplos 27-28).

G. Lakoff e Z. Kövecses elaboraron unha concepción da representación da semántica das emocións orientada extensivamente (Lakoff, Kövecses 1987; Lakoff 1987; Kövecses 1990). En Kövecses (1990: 70-78) diferéncianse modos metonímicos e metafóricos de expresa-lo medo. Ós primeiros pertencen síntomas coma a perda da capacidade de moverse (*she was frozen in her boots*), de respirar (*she was breathless with fear*), de falar (*I was speechless with fear*), de pensar (*you scared me out of my wits*) e ós segundos modelos metafóricos coma O MEDO É UN LÍQUIDO NUN RECIPIENTE (*fear was rising in him*) e O MEDO É UN ELEMENTO (*fear swept over him*).

Dende o punto de vista das tarefas que propoñemos nesta sección, este modo de descrición suscita dúas obxeccións serias. En primeiro lugar, na clasificación das diferentes «imaxes» do medo a desmembración innecesaria complica calquera xeneralización posible, posto que practicamente para cada expresión lingüística se propón un modelo metafórico (ou metonímico). Nalgúns casos as diferenzas entre as «metáforas e as metonimias do medo» resultan artificiais e non se poden comprobar. Así, Z. Kövecses distingue como dominios fonte autónomos: INIMIGO ENCARNIZADO (*A VICIOUS ENEMY*), TORTURADOR (*TORMENTOR*), SER SOBRENATURAL (*A SUPERNATURAL BEING*) e OPOÑENTE (*AN OPPONENT*). Non resulta evidente de que xeito cómpre interpretar expresións coma *Страх охватил меня* [*o medo agarroume*, 'o medo apoderouse de min'] ou *На меня напал страх* [*o medo atacoume*, 'o medo apoderouse de min']: neste caso trátase dun inimigo encarnizado, un torturador, un ser sobrenatural ou un opoñente?

En segundo lugar, a separación da metáfora e a metonimia no ámbito da ontoloxización das emocións é dificilmente xustificable. A interpretación de expresións coma *поджилки трясутся* [*tremen os tendóns*, 'ter medo'] ou *волосы встали дыбом* [*puxéronse os pelos de punta*, 'ter medo de súpeto'] coma alusións metonímicas a síntomas externos non reflicte a esencia convencional destas expresións. Non se trata dunha fixación lingüística de síntomas reais, senón de síntomas *как бы* [*como se*] (Иорданская 1972: 7). Noutras palabras, cando dicimos que a alguén lle *дрожат колени* [*tremen os xeonllos*] non nos estamos a referir á reacción fisiolóxica real externa ó medo, senón que estamos a conceptualiza-lo estado psíquico a través dun dos

[99] A combinación dos significados de 'frío' e 'disfunción física' (independentemente da serie de metáforas de «medo») tamén é característica da palabra *озноб* [*arrepío*].

posibles síntomas, que se atribúe a este estado na conciencia cotiá do falante.

O compoñente *как бы* ou *как если бы* [*como se*] practicamente traslada expresións sintomáticas comúns da clase das expresións metonímicas á das metafórico-metonímicas (sobre a penetración mutua da metáfora e a metonimias véx. Goossens 1990). A esencia convencional das expresións sintomáticas estándar —e as UUFF, por definición, son expresións comúns— faise evidente cando non se cumpren as regras convencionais. Cando A. P. Chéghov n'*O oso* utiliza as UUFF *мороз по коже дерет* [*a xeada arrinca pola pel*, 'sentir arrepíos'] e *поджилки трясутся* [*tremen os tendóns*] non co significado de medo, senón coma síntomas de ira, percíbese coma o acto involuntario dun personaxe de revelarse tal e como é, como alusión indirecta á súa aversión ou incapacidade de valorar correctamente o seu estado emocional; lembrémo--lo inesperado desenlace desta trama aínda que os síntomas de descenso de temperatura do corpo e o tremor das extremidades no mundo real non se restrinxen ó dominio do medo:

(29) [Smirnov:] Que furioso estou hoxe, que furioso! Do enfado tódolos ***поджилки трясутся*** [*tendóns tremen*] e quedei sen respiración... Ai, meu Deus, mesmo me sinto mal! [...] Por iso precisamente a min nunca me gustou e non me gusta falar coas mulleres. Para min é máis doado estar sentado enriba dun bocoi con pólvora ca estar cunha muller. Brr!... Mesmo ***мороз по коже дерет*** [*a xeada arrinca pola pel*], ata tal extremo me enfadou esta muller! Cando me atopo diante dunha criatura poética, por moi lonxe que estea, empezo a ter cambras nos papos das pernas a causa da ira. Resúltame algo insoportable (A. P. Chéghov. *O oso*, Медведь).

A distinción entre expresións metafóricas (*fear was rising in him*, *fear swept over him*) e sintomáticas (*she was frozen in her boots*, *she was breathless with fear*) é problemática segundo Kövecses non só porque as últimas son en esencia metáforas-metonimias convencionais, senón porque ademais nalgúns contextos certas metáforas evidentes se poden entender coma referencias a síntomas reais, comp. (30):

(30) Vostede, probablemente, ha de dicir que a a alma non pode ***уходить в пятки*** [*irse ós calcañares*]. Polo que a min respecta, ai! En demasiadas ocasións de verdade ***душа уходила в пятки*** [*a alma fóiseme ós calcañares*] como para tomalo como unha metáfora ou unha mentira. É inevitable que nalgunha ocasión sinta precisamente ***душу в пятках*** [*a alma nos calcañares*]. E mesmo sei por que vías no organismo se dirixe ós calcañares. Se vostede non entende isto non lle pode facer nada. Non todo o mundo o entende por igual (A. F. Lósev. *A dialéctica do mito*, Диалектика мифа).

De termos en conta as consideracións indicadas, ten pouco fundamento a subdivisión tradicional destas UUFF entre unidades «sintomáticas» (coma *зубы стучат от страха* [*os dentes tremen de medo*]) e unidades baseadas na pura conceptualización, é dicir, que describen fenómenos non observables directamente (coma *кровь*

стынет/леденеет в жилах [*o sangue conxélase nas veas*]).

O método de descrición máis axeitado para o noso obxectivo é o método de descrición do compoñente figurativo das UUFF baseado en varios modelos metafóricos que se sitúan nun nivel de abstracción «medio», comparable a un nivel básico de categorización.

A análise do material permite distinguir tres modelos metafóricos[100] no campo semántico do 'medo', que tamén resultan ser importantes noutras linguas:

(a) FRÍO: *страх леденит кровь/сердце/душу* [*o medo conxela o sangue/o corazón/a alma*], *кровь стынет/леденеет в жилах* [*o sangue conxélase nas veas*], *волосы встали дыбом (от ужаса)* [*o pelo púxose de punta (de terror)*], *мороз по коже (дерет/ползет...)* [*a xeada pola pel (arrinca/gabea...)*], *мороз/холод по спине* [*a xeada/o frío polas costas*], *холодок бежит по спине* [*un friíño corre polas costas*], *мурашки бегут/ползут по спине/по коже* [*un formigo corre/gabea polas costas/pola pel*], *покрыться гусиной кожей* [*cubrirse con pel de ganso*];

ingl. *to curdle/chill/freeze someone's/the blood*, *someone's blood ran cold, the blood turned to ice in one's veins*, *to get/have the shivers/willies*, *to chill/freeze someone's spine/marrow*, *to send chills/a chill up/down (up and down) someone's spine*, *to send shivers/a shiver up/down (up and down) someone's back/spine*, *someone's hair stands on end*;

alem. *zittern wie Espenlaub*, *jmdm. stehen die Haare zu Berge*, *jmdm. sträuben sich die Haare*;

neerl. *sidderen als een espeblad*, *zijn haren rijzen te berge*;

(b) DEFECACIÓN: *полные штаны (от страха)* [*pantalóns cheos (de medo)*], *наложить/наделать в штаны (от страха)* [*encher/facer nos pantalóns (de medo)*], *медвежья болезнь* [*medo de oso*], *очко заработало/работает* [*o esfínter traballou/traballa*];

ingl. *to frighten the shit out of someone*, *to have one's pants full*, *to shit bricks*;

alem. *die Hosen (gestrichen) voll haben*, *sich in die Hosen machen/scheißen*, *(vor jmdm./etw.) Schiss haben/kriegen*, *jmdm. geht der Arsch mit Grundeis/auf Grundeis*;

neerl. *in zijn broek doen/schijten*;

[100] Neste caso non se consideraron as UUFF cunha forma interna «escurecida» (como *небо с овчинку показалось* [*aparecéuselle o ceo cunha ovella*, 'ter moito medo']) ou con imaxes singulares que non posúen outras analoxías (como *бояться как черт ладана* [*ter medo como o demo ó incenso*, 'ter moito medo']).

(c) DISFUNCIÓN FÍSICA: *коленки/колени дрожат/трясутся/подгибаются* [*os xeonlliños/xeonllos tremen/dóbranse*], *поджилки трясутся (от страха)* [*tremen os tendóns*], *ноги стали ватными* [*as pernas fixéronse de algodón*], *душа ушла в пятки* [*a alma foise ós calcañares*], *ни жив ни мертв* [*nin vivo nin morto*], *земля уходит из-под ног* [*a terra vaise debaixo dos pés*], *сосет под ложечкой* [*(alguén) chucha debaixo da culleriña*];

ingl. *someone's knees knock together*, *to shake in one's shoes*, *to be rooted to the spot/ground*, *to catch one's breath*, *to have one's heart in one's boots*, *to have one's heart in one's mouth*, *to have/get butterflies in one's stomach/tummy*, *in a cold sweat*, *to sweat blood*;

alem. *mit weichen Knien*, *in den Knien weich werden*, *weiche Knie haben, jmdm. werden die Knie weich*, *zur Salzsäule erstarren, jmdm. bleibt das Herz stehen*, *Blut (und Wasser) schwitzen*;

neerl. *met knikkende knieen*, *aan de grond genageld staan*, *geen adem kunnen halen*, *de adem stokte in zijn keel*, *zijn hart stond stil/klopte in de keel*, *de angst sloeg mij om het hart*, *met bonzend hart*, *water en bloed zweten*, *het koude zweet/angstzweet brak hem uit*.

As UUFF que se clasifican no último modelo metafórico pódense dividir nos seguintes subconxuntos:

(c') trastorno de funcións fisioloxicamente importantes do organismo (parada cardíaca, parálise etc.: *все оборвалось внутри* [*todo se desgarrou dentro*], *сердце упало/оборвалось* [*o corazón caeu/desgarrouse*]);

(c'') reacción intensa do organismo (por exemplo, o latexo do corazón, a sudación: *сердце затрепетало* [*o corazón botouse a tremer*], *прошиб холодный пот* [*saíu suor fría*]);

(c''') debilidade propiamente dita (por exemplo, incapacidade de manterse de pé: *колени подгибаются* [*os xeonllos dóbranse*]).

Estes subconxuntos correspóndense ata certo punto coas funcións léxicas complexas propostas por L. N. Iordánskaia: *Stop*, *Excess* e *Obstr* (Иорданская 1972), que en principio poden servir coma base para elaborar unha descrición alternativa das UUFF que expresan medo. Unha representación deste tipo é a que describe os síntomas das emocións en termos do modelo «Significado ↔ Texto» do xeito máis axeitado e económico posible. Para o noso propósito, non obstante, é dificilmente aceptable, pois non está orientada a un nivel semántico, senón a un nivel sintáctico profundo, e non está dirixida á explicación dunha imaxe, senón á descrición de expresións sintomáticas coma funcións de dous argumentos: o do sentimento X e o dunha parte do organismo

Y, considerada como o lugar das transformacións sintomáticas. Conforme a estes principios, as UUFF de compoñente figurativo próximo, coma *колени дрожат* [*os xeonllos tremen*] e *колени подгибаются* [*os xeonllos dóbranse*] clasifícanse en grupos diferentes, posto que se describen seguindo dúas funcións léxicas distintas: o *Excess* («funcionamiento extraordinario das pernas coma síntoma de medo») e o *Stop* («parada no funcionamento das pernas coma síntoma do medo»). Por outra banda, UUFF con compoñentes figurativos e consecuencias semánticas tan diferentes coma *наделать в штаны* [*encher/facer nos pantalóns (de medo)*] e *обливаться холодным потом* [*cubrirse de suor fría*] clasifícanse no mesmo grupo, definido segundo a función léxica do *Excess*.

O modelo metafórico (b) en principio pódese considerar coma un caso particular do modelo (c), pero dende un punto de vista heurístico está xustificado clasificar nunha clase independente aquelas expresións fundamentadas no modelo (b). Así, entre as UUFF coma, por unha banda, *наложить/наделать/навалить в штаны (от страха)* [*encher/facer nos pantalóns (de medo)*] e, pola outra, *поджилки трясутся* [*tremen os tendóns*] percíbense de maneira intuitiva diferenzas semánticas.

O modelo O MEDO É UN SER HOSTIL non se pode clasificar, posto que, en primeiro lugar, non está presente na idiomática rusa[101] (expresións coma *страх обуял* [*o medo apoderouse (de alguén)*] e, aínda con maior motivo, *страх охватил* [*o medo agarrou alguén*] non son UUFF nun sentido estrito, nin dende a perspectiva da descrición económica (Мельчук 1960) nin dende o punto de vista da esencia da idiomaticidade (véx. o capítulo 1)) e, en segundo lugar, como xa se comentou anteriormente, na conciencia lingüística actual non se percibe coma unha metáfora viva.

Tódolos modelos metafóricos que acabamos de distinguir non só están presentes na idiomática do ruso, senón tamén na doutras linguas. Ademais dos exemplos alemáns, ingleses e neerlandeses enumerados anteriormente, coñecemos exemplos da fraseoloxía francesa, italiana, lituana e húngara. Aparentemente, pódese falar da universalidade dos principios destas metáforas, condicionada polo seu estreito vencello coa fisioloxía. É perfectamente comprensible que o universal teña un peso específico tan grande na conceptualización do medo e, a xulgar polos datos, isto tamén é característico doutras emocións primarias condicionadas fisioloxicamente. Poden presentarse diferentes

[101] Ó recorrermos a outras linguas e, en particular, ó levar a cabo estudos comparativos, resulta útil ter en conta este modelo metafórico (Добровольский 1994; Dobrovol'skij 1995b). A metáfora da PERSONIFICACIÓN do medo, non sendo característica da idiomática rusa, é típica dabondo na literatura. Compárense os seguintes contextos: ***Страх берет меня за руку и ведет***. [...] ***Я люблю, я уважаю страх. Чуть было не сказал: «с ним мне не страшно!»*** [...] ***Страх распрягает*** *лошадей, когда нужно ехать, и* ***посылает*** *нам сны с беспричинно-низкими потолками* [***O medo cólleme da man e lévame.*** (...) ***Eu amo, eu respecto o medo. Fáltame pouco para dicir: «con el non teño medo!»*** (...) ***O medo desunxe*** *os cabalos cando hai que marchar e* ***envíanos*** *soños con teitos baixos sen motivo*] (O. Mandelxtam. *O selo exipcio*, Египетская марка); – *Послушайте, гражданка, – негодующе вмешивается вдруг Дерковская, – чего же вы лезли в политическую жизнь, если вами так* ***владеет страх*** *за вашу драгоценную жизнь?* [*Escoite, cidadá, —entrométese indignado de súpeto Derkovskaia— por que se meteu na vida política se* ***o temor*** *pola súa vida* ***a domina*** *desa maneira?*] (E. Gainsburg. *A ruta cruel*, Крутой маршрут).

modelos metafóricos en combinación uns cos outros; por exemplo, o FRÍO e a DISFUNCIÓN FÍSICA realízase ó mesmo tempo en UUFF coma *холодный пот прошиб* [*saíu suor fría*], *дрожать как осиновый лист* [*tremer coma unha folla de álamo*], *зуб на зуб не попадает от страха* [*un dente non cae sobre o outro do medo*], *бросать в дрожь* [*lanzar no tremer*], *дрожмя дрожать* [*treme-lo tremor*], *похолодело под ложечкой* [*sentir frío debaixo da culleriña*]. Comp. ingl. *to get cold feet*, *in a cold sweat*; alem. *zittern wie Espenlaub*, *kalte Füße bekommen/kriegen*; neerl. *sidderen als een espeblad*; *het koude zweet (brak iem. uit)*. Compárese tamén a UF alemá *jmdm. geht der Arsch mit Grundeis/auf Grundeis*, que combina a imaxe do FRÍO coa imaxe da DEFECACIÓN e *jmdm. rutscht das Herz in die Hose(n)*, que combina a DEFECACIÓN coa DISFUNCIÓN FÍSICA.

UUFF coma as anteriores pertencen a máis dun subgrupo da clasificación proposta e deben ser descritas como lles corresponde. O solapamento de diferentes subgrupos non pon en dúbida a validez da clasificación levada a cabo e no seu conxunto confirma a tese da posibilidade, en principio, da interacción de diferentes metáforas dentro da mesma expresión lingüística (véxase acerca deste fenómeno Lindner 1983: 146, Баранов 2003). O uso simultáneo de varios modelos metafóricos atópase con bastante frecuencia en contextos de uso non-comúns, comp. (31), no que se realiza a metáfora da DEFECACIÓN e da DISFUNCIÓN FÍSICA:

(31) Daquela, a primeira directriz é comerlle a moral a este artista, de xeito que ***от страха душа с поносом вышла*** [*co medo a alma saia con diarrea*]. A ver, para nós iso, como poderás ver, está tirado. Vaia número lle montamos onte na cela, así, sen preparalo! (E. Topol. *A praza vermella*, Красная площадь).

Intentemos responder á pregunta de se existen correspondencias entre os significados reais das UUFF e os modelos metafóricos que se atopan na base das súas formas internas. Evidentemente, o sema 'medo' unifica todas estas UUFF, pero é interesante determinar se se distingue en algo un medo que se describe, por exemplo, coma o frío, dun medo conceptualizado coma unha disfunción física. Ou é que tódalas diferenzas se reducen unicamente ás particularidades específicas da imaxe?

En primeiro lugar tratarémo-las oposicións semánticas descritas con anterioridade: (i) medo forte vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade; (ii) medo débil vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade; (iii) medo provocado pola espera de algo malo vs. medo coma reacción a algo malo; (iv) medo coma emoción «persoal» (provocada polas circunstancias que afectan ós intereses persoais dun suxeito) vs. medo coma emoción «allea»; (v) medo que permite vs. medo que non permite o control sobre a propia conduta; (vi) medo coma estado que se presenta de súpeto vs. medo coma estado cuxo inicio non posúe carácter repentino; (vii) medo coma un estado continuo vs. medo coma un estado de breve duración temporal; (viii) medo provocado por un estímulo directo vs. medo provocado por motivos afastados no espazo e no tempo.

En xeral dá a impresión de que tódalas UUFF que designan medo tenden a expresar un

sentimento intenso, de xeito que as oposicións de «medo forte vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade» e de «medo débil vs. medo non marcado nun parámetro de intensidade» resultan de pouca importancia. É evidente que para expresar emocións neutrais ou débiles —dende o punto de vista da intensidade—, en xeral, empréganse recursos da lingua que non son idiomáticos. A necesidade de recorrer a unha UF xorde no falante cando sente que a expresividade das denominacións comúns das que dispón resulta insuficiente. O dito, por suposto, non quere dicir que entre as distintas UUFF que expresan medo non haxa diferenzas graduais de intensidade. Así, un medo que *леденящий сердце* [*corazón que se conxela*] na maioría dos casos é máis forte ca un medo que fai que a un *душа уходит в пятки* [*a alma se lle vaia ós calcañares*], comp. a resistencia destas UUFF a seren intercambiadas nos contextos (32) e (33):

(32) Non se pode entender onde van correndo tan precipitadamente e todos á vez, nin que levan nas mans, pero ***страх леденит сердце*** [*o medo conxélalle-lo corazón*]. Kiiánov intenta mimetizarse co formigón, desaparece na sombra dunha columna, ninguén o ve, pero el ve ben, e de preto, como a multitude lle pasa correndo por diante (I. Trifónov. *Tempo e espazo*, Время и место).

(33) Eu, ó final, alarmei os meus ucraínos, precisaban un comandante. E eu xa lle pedira pola mañá ó veciño aduaneiro un coitelo, collérao e agachárao, é dicir, polo si ou polo non. O comandante enfureceuse. E marchou. Eu díxenlles: «Non sexades covardes, ucraínos!» Pero a eles xa lles ***душа в пятки ушла*** [*fora a alma ós calcañares*], tremíanlle-las pernas (F. M. Dostoievski. *Anotacións da casa morta*, Записки из мертвого дома).

Non se exclúe que a imposibilidade de intercambio tamén dependa de parámetros pragmáticos, xa que a UF *страх леденит сердце* [*o medo conxela o corazón*] pertence máis ben a un estilo elevado, mentres que *душа уходит в пятки* [*a alma vaise ós calcañares*] é neutra e mesmo tende a utilizarse na lingua falada común. Compárese tamén a imposibilidade de réplicas nun diálogo coma *Что? Страх леденит сердце?* [*Que? O medo conxéla(che) o corazón?*] tendo en conta a norma: *Что? Душа ушла в пятки?* [*Que? A alma fóiseche ós calcañares?*].

En calquera caso, non se poden establecer correspondencias de ningún tipo entre os modelos metafóricos e o grao de intensidade do sentimento que se experimenta. Dificilmente se pode afirmar que, por exemplo, as UUFF do FRÍO sempre designen un medo máis forte cás UUFF da DEFECACIÓN ou da DISFUNCIÓN FÍSICA. O falante pode describi-la mesma situación por medio das expresións *мороз по коже* [*a xeada polas costas*], *наложить в штаны* [*enche-los pantalóns*] e *колени дрожат* [*os xeonllos tremen*]; a elección da UF depende máis da relación do falante co suxeito da emoción ca do grao da súa intensidade.

No relativo ás oposicións entre a «espera de algo malo vs. reacción a algo malo» e a «emoción persoal vs. allea» unicamente se pode clasificar con seguridade a UF *волосы встают дыбом* [*os pelos póñense de punta*], que polas súas particularidades

semánticas está máis próxima ó *ужас* [*horror*] ca ó *страх* [*medo*]. Contextos coma (34), (35) e (36), tan diferentes polo seu carácter e estilo, veñen confirma-lo seguinte: trátase en tódolos casos dunha reacción a algo que, dende o punto de vista do falante, é horrible; algo que non afecta directamente o ámbito dos seus intereses persoais (no sentido de que o suxeito non experimenta medo por posibles acontecementos inminentes que o ameacen directamente a el ou os seus achegados).

(34) —Por que me queren enviar ó exército a min? —dixo Vasia, mirando o seu amigo directamente ós ollos—. Por que? Que fixen eu? ***Волосы стали дыбом*** [*os pelos puxéronselle de punta*] a Arkadii; non quería crer. Estaba enriba del coma morto (F. M. Dostoievski. *Corazón débil*, Слабое сердце).

(35) Pero estas transformacións sociais anulan por completo a sindromática anterior. A anamnesia faise ficción. Miro na historia da enfermidade do ser humano e ***волосы встают дыбом*** [*os pelos póñenseme de punta*]: o lánguido esquizofrénico converteuse en tres anos nun psicópata (V. Sorokin, A. Zeldóvich. *Moscova*, Москва).

(36) Tiña Solovev o demo dentro? Si, claro que o tiña. «Demo» no sentido de que facía o pallaso e inventaba o demo, e a súa propia vida era algo totalmente demoníaco. O seu célebre discurso sobre a catástrofe do primeiro de marzo xa é algo tan diabólico, unha mofa tal da realidade que ***волосы встают дыбом*** [*os pelos póñense de punta*] (D. Galdovskii. *O camiño sen saída infinito*, Бесконечный тупик).

As UUFF equiparables pola súa forma interna á expresión *волосы встают дыбом* [*os pelos póñense de punta*] compórtanse noutras linguas de maneira análoga; comp. os contextos no inglés (37) e no alemán (38-40). Ademais, a quasi-sinonimia con locucións coma *быть в ужасе* [*estar en terror*], *прийти в ужас* [*chegar ó terror*] consérvase mesmo nun contexto claramente irónico (39), así coma en contextos lixeiramente xocosos (40). O elemento máis importante que unifica todos estes usos das UUFF *someone's hair stands [up] on end* e *jmdm. stehen die Haare zu Berge* é a ausencia do compoñente semántico 'ter medo' no seu plano do contido.

(37) **a.** *Steve and Jack gave a talk about their trek across the Polar ice cap. It was very interesting but it* ***made my hair stand on end*** *just to hear about the dangers they faced* (*ODCIE*). **b.** *The sight of him lying there on the floor* ***made my hair stand on end*** (*Longman DEI*). **c.** *Why, I could tell you things that would* ***make your hair stand up on end*** (*Private Eye*).

(38) **a.** *Beim Betrachten des Abstimmungsplakats, angeblich gegen das Kontaktnetz für Kosovo-Albaner, und der in allen Haushaltungen der Stadt Zürich verteilten Abstimmungspropaganda der SVP* ***stehen*** *mir buchstäblich* ***die Haare zu Berge*** (*Züricher Tagesanzeiger*). **b.** *Kirijenko will dem Heer russischer Bürokraten liebgewordene Vergünstigungen streichen – vom*

Dienstwagen bis zu kostenlosen Aufenthalten in Regierungssanatorien und Erholungsheimen. Außerdem will er die «Reptilienfonds» einzelner Ministerien auflösen: Geld, das in keinem offiziellen Haushalt auftaucht. Eine Prüfung von Finanzminister Michail Sadornow, «bei deren Ergebnissen jedem ***die Haare zu Berge stehen****», habe ergeben, daß umgerechnet fünf Milliarden Mark auf Konten geparkt seien* (*Frankfurter Rundschau*). **c.** *Ihnen allen gemeinsam: Die Sucht der Protagonisten, Grenzbereiche auszuloten. Was die «Leistungs-Extremisten» so alles «Sport» nennen, lässt den meisten Menschen* ***die Haare zu Berge stehen****. Dort, in fast unüberwindlichen Felslabyrinthen der Rocky Mountains, klettern Freeclimber waghalsig voran, ein Paar Paddler aus Bayern stürzen sich mitten in Afrika im Kajak Stromschnellen hinunter, Radfahren bekommt auf fast senkrechten Abhängen in British Columbia eine völlig neue Bedeutung, ja und in Paris haben ein paar Jungs eine recht eigenwillige Art der Fortbewegung für sich entdeckt: Auf ihrer Tour durch die Seine-Metropole meiden sie meist Straßen und kraxeln stattdessen lieber glatte Hauswände hinauf und hinunter* (*Mannheimer Morgen*).

(39) *Für Gänsehaut sorgten vielversprechende Titel wie «Der Frosch mit der Maske», «Der Zinker», «Das indische Tuch» oder «Die toten Augen von London». Aber auch die immerhin insgesamt 300 phantasievoll inszenierten Abgänge, darunter eine Mühlenradfolter und ein Skorpionbiß, können nicht darüber hinwegtäuschen, daß das einzige, was dem Zuschauer heutzutage wirklich* ***die Haare zu Berge stehen*** *läßt, die hanebüchenen Konstruktionen sind* (*Frankfurter Rundschau*).

(40) **a.** *Es gibt nur einen einzigen Motor, einen sehr leisen 2-Liter-Vierzylinder mit 16 Ventilen und 133 PS Leistung. Er ist überaus kultiviert laufend und so schaltfaul zu fahren, daß einem Fahrlehrer* ***die Haare zu Berge stehen*** (*Die Presse*). ***b.*** *Der Kandidat ist Bierbrauer in Wanne-Eickel? Die Kandidatin schneidert erotische Herren-Unterwäsche? «Ach, das ist aber schööööön!!» «Nein, wie phantastisch!» Hera, das ist die Mami, deren Teenie-Sprößling die erste große Liebe zum Kaffee mitbringt. Und so reagiert sie auch auf alle Sprüche und Witze: Nur ja den Kleinen nicht den Spaß verderben, immer freundlich lächeln – auch wenn einem eigentlich vor Entsetzen* ***die Haare zu Berge stehen****. Doch nun will Hera Lind die Herzblatt-Rose an den Nagel hängen und sich wieder mehr um ihre eigenen Kinder kümmern. Denn die kommen wahrscheinlich jetzt langsam ins flirtfähige Alter* (*Die Presse*).

Sinalaremos así mesmo que os dicionarios non sempre recollen esta particularidade semántica da UF *волосы встают дыбом* [*os pelos póñense de punta*]. En *XFS*: 69, por exemplo, esta defínese coma o feito de que 'a alguén lle entre unha insoportable sensación de espanto, sentir medo', é dicir, a idea de «terror» non se explicita de ningún xeito. Por outra parte, o «horror» aparece na definición da UF *небо с овчинку кажется* [*aparecéuselle o ceo cunha ovella*] 'sentirse mal, a desgusto, por medo,

horror, dor etc.' (*XFS*: 213); esta palabra resulta inadecuada coma elemento metalingüístico, xa que a substitución da UF *небо с овчинку кажется* [*aparecéuselle o ceo cunha ovella*] en 34-36, así coma en contextos semellantes, é inaceptable.

Neste caso, tamén resulta difícil dar coas correspondencias entre as oposicións que estamos a analizar e os modelos metafóricos. De maneira intuitiva pódese presupoñer que as demais UUFF do FRÍO recordan polo seu comportamento discursivo á expresión *волосы встают дыбом* [*os pelos póñense de punta*]. De feito, existe a posibilidade de emprega-las UUFF do FRÍO e outras expresións con esta metáfora para designa-las reaccións a algo que xa aconteceu, algo que non afecta necesariamente de maneira directa o ámbito persoal do suxeito, comp. (41), (44), aínda que tamén é doado atopar exemplos contraditorios, comp. (32), (42), (43), (45), onde do que se trata é dunha emoción «persoal», dirixida ó futuro, ademais dos contextos (46) e (47), que permiten unha interpretación ambivalente[102].

(41) Alguén está dicindo que eu mostro un interese malsán polos petos alleos? Mostro, pero un san; eu votei por este alcalde e quero, a fin de contas, saber quen é e de que se ocupa nese posto. E resulta que o alcalde di que non pasa nada cando os funcionarios estatais compaxinan o cargo estatal cos negocios. Cariña de bo si que ten, pero aínda así cando fala pensas que ***мороз по коже*** [*xeada pola pel*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица).

(42) El imaxinaba con detalle a súa ausencia nesta vida... ***Мороз пробежал по его спине*** [*a xeada correulle polas costas*] (L. N. Tolstói. *Guerra e Paz*, Война и мир).

(43) El era para min máis ca un familiar, / comía da miña man, / e nisto que me mira ós ollos e ***холодно спине*** [*sinto frío nas costas*] (V. Visotskii. *Historia do camiño*, Дорожная история).

(44) *«A collection of horror stories,» the blurb went on, «guaranteed to* ***chill the spines*** *of the most sceptical readers»* (*ODCIE*).

(45) *When we got home the light was on in our flat. The idea that someone was in there waiting for us* ***sent a chill down my spine*** (*Longman DEI*).

(46) **a.** *There was a sudden scream from the building. We all* ***got the shivers*** *and came home as quickly as we could* (*Longman DEI*). **b.** *The news of the accident* ***sent a shiver down his back*** (*Longman DEI*).

[102] Ademais, para a UF *jmdm. stehen die Haare zu Berge*, equivalente alemá da UF rusa *у кого-л. волосы встают дыбом* [*os pelos póñense de punta*], tamén se poden indicar varios contextos (pode ser que non sexan completamente comúns) que permitan unha interpretación semellante. Comp. *«Wenn die Eltern wüßten, wie die sogenannten sorgsam ausgewählten Gastfamilien manchmal rekrutiert werden, würden ihnen* ***die Haare zu Berge stehen****.» Kaum ein deutscher Anbieter kennt die Familien persönlich, dafür sind die meisten Unternehmen viel zu groß* (Frankfurter Rundschau).

(47) *There were now many possibilities. Perhaps she would simply lead him on and on into some dark chamber of doubt and fear. Even the threat, the hint, of absolute hate could* ***chill the blood****. One possibility which did not exist for Franca, since something in her had already killed it dead, was that one day Jack might tire of Alison, or Alison of Jack* (BNC).

Tampouco se indica a oposición «posibilidade vs. imposibilidade de controla-la propia conduta» das UUFF, é dicir, non é un dos semas distintivos en termos de significado. Partindo da lóxica da imaxe, poderíase presupoñer que as UUFF de DEFECACIÓN deberían tender á designación dun medo que non permite o control sobre a conduta, xa que na base da súa figuratividade está o medo da persoa a perde-lo control sobre as súas funcións fisiolóxicas. Aínda que isto non é así: enunciados coma *Я, конечно,* ***в штаны наложил****, но виду не подал* [*Eu, por suposto,* ***enchín os pantalóns****, pero non deixei que se notase*] amosan claramente que esta UF en si mesma non implica representacións dun medo-pánico polo que se perde o control sobre a conduta.

As UUFF que estamos a analizar amosan diferenzas específicas en virtude das características da sensación de medo: «carácter repentino», «continuidade» e «inmediatez». Aínda que esa sensación pode ser moi continuada (*Весь год он испытывал гнетущее чувство страха* [*Todo o ano experimentou unha oprimente sensación de medo*]), nin sequera unha soa das UUFF estudadas se emprega para designa-lo medo coma unha emoción prolongada; comp. a imposibilidade de ???*Весь год он* ***клал в штаны / дрожал как осиновый лист*** [???*todo o ano* ***estivo a enche-los pantalóns / tremer coma unha folla de álamo***]. Non obstante, esta última UF pódese usar con intervalos de tempo relativamente longos: *Целый час животное* ***трясло как осиновый лист*** [*O animal estivo unha hora enteira* ***tremendo coma unha folla de álamo***]. Tamén é posible que se dean situacións nas que a sensación de medo se repite de maneira regular durante un intervalo longo de tempo, comp. *Перед каждый уроком английского у него* ***тряслись колени / душа уходила в пятки*** [*Antes de cada clase de inglés* ***tremíanlle os xeonllos / a alma íaselle ós calcañares***].

Pódese te-la impresión de que as UUFF baseadas no modelo metafórico O MEDO É DEFECACIÓN tenden a transmitir en xeral estados que se presentan de maneira repentina e que non duran moito, provocados por un estímulo inmediato (como o son dun disparo ou unha persoa armada que de súpeto emerxe da escuridade). Así, é incorrecto dicir ?*Сидя в приемной зубного врача и ожидая своей очереди, он* ***наложил полные штаны*** [?*Estando sentado na recepción do dentista e esperando a súa vez* ***enchía os pantalóns todos***] onde a norma prevé *Сидя в приемной зубного врача и ожидая своей очереди, он* ***дрожал как осиновый лист / еле сдерживал дрожь в коленках*** [*Estando sentado na recepción do dentista e esperando a súa vez* ***tremía coma unha folla de álamo / apenas daba aguantado o tremor nos xeonllos***].

Estas restricións, con todo, non están tan ligadas ó dominio fonte coma á clase semántica do verbo: compárese, por unha banda, a impropiedade de ?*задрожал как осиновый лист* [?*botouse a tremer coma unha folla de álamo*] e, por outra ?*клал/делал*

в штаны от страха [*?enchía/facía nos pantalóns co medo*]. Se na oración citada con anterioridade substituímos *наложил полные штаны* [*enche-los pantalóns*] por *с полными штанами* [*cos pantalóns cheos*] ou *наложив в штаны* [*despois de enche-los pantalóns*] e levamos a cabo as transformacións sintácticas necesarias, o enunciado resultante adecuarase completamente á norma: *Он сидел в приемной зубного врача и ожидал своей очереди* ***с полными штанами от страха / наложив полные штаны от страха*** [*estaba sentado na sala de espera do dentista e esperaba a súa vez* ***cos pantalóns cheos polo medo / despois de enche-los pantalóns polo medo***].

Naqueles casos nos que a UF permite expresar diferentes modos de acción (*Aktionsarten*), o seu comportamento na fala permite diferentes variantes en relación ás características que estamos a estudar. Así, *мороз подрал по коже* [*a xeada arrincou(lle) pola pel*] en (48) provoca a idea dunha sensación de medo que se presentou de maneira repentina, foi causada por un temor directo e non foi prolongada, mentres que *мороз по коже подирает* [*a xeada arrínca(lle) pola pel*] en (49) suscita a idea dunha emoción que non se caracteriza por ser repentina e breve e que non está ligada a un temor directo.

(48) Onte o escriba do Vólost pasou á noitiña, e mira ti que na bufarda apareceu un fociño de porco e gruñiu dunha maneira tal que el sentiu ***мороз подрал по коже*** [*a xeada a arrincarlle pola pel*] (N. V. Gógol. *A feira de Sorochin*, Сорочинская ярмарка).

(49) Por que eu? É que xa me ***мороз по коже подирает*** [*arrinca a xeada pola pel*] só de pensar que, ó cabo, terei que ir onda eles (I. S. Turgénev. *O solteiro*, Холостяк).

Compárese, analoxicamente, por unha banda (50), e pola outra (51):

(50) Tamén se esqueceron de pensar que a súa filla está en perigo. Eu, pola miña parte, tamén lles aseguro que iso, polo que se ve, non é nada, pero a min mesmo ***душа в пятки уходит*** [*váiseme a alma ós calcañares*] (I. S. Turgénev. *O médico de distrito*, Уездный лекарь).

(51) Decatácheste de como está a mirar ó redor? Unicamente polo medo... temos medo de todo: que se un estalo por aquí, que se un golpe por alí... e xa ***душа в пятки*** [*se nos vai a alma ós calcañares*] (D. N. Mamin-Sibirniak. *Nas malas almas*, В худых душах).

Dun xeito semellante, no inglés a mesma UF *(to get) cold feet* pódese referir a unha sensación repentina de medo (52-54) (en xeral non moi prolongada) e pode quedar non definida en relación a esta característica (55) ou pola contra designar estados que é posible interpretar coma repetitivos e relativamente duradeiros (56):

(52) *After weeks of preparation he suddenly* ***got cold feet*** *on the day of the wedding* (*Longman DEI*).

(53) *He also fails to point out that if Mr Superman signs the policy and suddenly* ***gets cold feet*** *the next day, it is not too late to extricate himself* (*The Sunday Times*).

(54) *I went up to Scotland where by now they had dug the hole for this second plant and it looked absolutely enormous. I began to* ***get cold feet****, but these other two guys were totally positive and they were absolutely right. Those two plants came on stream at a time when we needed all the capacity they could provide* (BNC).

(55) **a.** *I don't know how genuine that sudden bit of urgent business was; perhaps he just* ***got cold feet*** *and wanted me to go ahead and soften things up* (John Wain). **b.** *Make up your mind – now I decide to stay, you start* ***getting cold feet*** (Bernard Kops).

(56) *All seemed set, and each day passed without any signs of* ***cold feet*** *on the part of my colleagues* (Field-Marshal Montgomery).

En xeral pódese constatar que non se observan correspondencias inequívocas entre as oposicións enumeradas anteriormente, que caracterizan a estrutura semántica do campo 'medo', e os modelos metafóricos que estruturan este campo segundo un criterio figurativo. No mellor dos casos pódese falar aquí de preferencias cualitativas específicas. A razón disto, non obstante, non radica nunha ausencia total de correspondencias entre os diversos modelos metafóricos e as particularidades de significado das UUFF que se basean neles (iso significaría que o compoñente figurativo non inflúe no comportamento discursivo das unidades léxicas e contradiría o exposto na sección 3.2.1.1.), senón no feito de que as UUFF se poderían opoñer unhas ás outras semanticamente segundo outras características, á parte das propias das palabras que designan as correspondentes emocións. É dicir, as oposicións semánticas reveladas nas palabras e nos seus significados literais (coma *страх*, *ужас*, *испуг*, *боязнь*, *паника* [*medo*, *terror*, *susto*, *temor*, *pánico*]), non son un instrumento completamente axeitado para a descrición dos trazos específicos das expresións idiomáticas.

A continuación analizaremos varios exemplos e intentaremos atopar oposicións semánticas que sexan relevantes para a descrición da semántica das UUFF do campo 'medo'. Estudaremos varios contextos que remiten ó modelo metafórico O MEDO É FRÍO.

(57) De súpeto todo se volveu silencioso. No silencio oíase o cabalo refungar polo po, pero ninguén o vía, todos miraban cara a arriba: aló, abaneándose, aboiaba unha cabeza enriba dunha lanza. Unha orella cortáranlla, nas pálpebras

pechadas pousáranse moscas, o vento axitaba a rubia barba. Amosando os dentes, a cabeza sorríalles ós romanos, a eles ***по спинам бежал холодок*** [*corríalles un friíño polas costas*] (Evg. Zamiatin. *O látego de Deus*, Бич Божий).

(58) [Svetlovídov:] Un foxo negro sen fondo, coma unha tumba na que se agacha a propia morte... Brr! Vai frío! Da sala sopra corrente coma se fose o tiro dunha cheminea... Velaquí o lugar máis auténtico para invoca-los espíritos! Arrepiante de raio... ***По спине мурашки забегали*** [*polas costas empezaba a correr un formigo*] (A. P. Chéghov. *O canto do cisne*, Лебединая песня).

(59) As cabezas afeitadas e os corpos dos detidos, tan suorentos que estaban vermellos, aínda parecían máis monstruosos. Nas costas suorentas decote aparecían as cicatrices dos golpes dos látegos e dos paus recibidos no pasado, de xeito que agora estas costas parecían de novo cubertas de feridas. Unhas cicatrices terribles! Mirando para eles, ***мороз прошел по коже*** [*unha xeada correume pola pel*] (F. M. Dostoievski. *Anotacións dunha casa morta*, Записки из мертвого дома).

(60) Acoitelouse a si mesmo / que conversa máis alegre! Escoito esta canción e ***кровь стынет в жилах*** [*o sangue queda conxelado nas veas*]. Si, é el. Cinto de pel. Pantalóns de montar rachados e botas cortas, recortadas. Aféitase cun anaco de sabre. Aféitase tódolos días, mirándose nun cacho de espello de campaña. Pero por algunha razón sempre está mal afeitado (I. Arábov. *Os anos mozos de Dante*, Юные годы Данта).

(61) —Vostede teno todo: educación, dilixencia, cariño ós nenos. Pero... a min ***похолодело под ложечкой*** [*entroume frío por debaixo do estómago*]. O significado daquel 'pero' estaba claro. Se cadra o departamento de persoal faille a vida imposible porque está a manter unha terrorista na «fronte ideolóxica» (E. Gainsburg. *A ruta cruel*, Крутой маршрут).

(62) Daquela, como dicían, era a época do 'rehabili-nacemento' tardío. Tardío porque houbo millóns de persoas que non quedaron con vida. E os que si quedaron vivos e saíron en liberdade contaban cousas que facían que á xente corrente ***волосы дыбом вставали*** [*se lle levantasen os pelos*] (M. Zaráev. *A provincia*, Провинция).

Parécenos pouco probable a posibilidade de substituí-las expresións empregadas nestes contextos por UUFF de DISFUNCIÓN FÍSICA (coma *колени подогнулись* [*os xeonllos dobráronse*]) ou de DEFECACIÓN. A causa disto estriba no feito de que practicamente en tódolos exemplos de uso das UUFF do FRÍO (compárense tamén os contextos 32 e 34-49) se trata dunha sensación que non dana a dignidade do suxeito e que está provocada por causas obxectivas consideradas polo falante totalmente serias. O suxeito da emoción non se concibe coma unha persoa temerosa e tímida por

natureza, merecedora de mofa ou compaixón, senón que a sensación que experimenta vese motivada e xustificada por circunstancias externas. Esta variedade do medo contémplase coma unha sensación máis «nobre» ca «humillante». Ademais, as propiedades enumeradas da emoción descrita nos contextos (57-62) están próximas a unha idea de medo similar a este, un medo que non afecta necesariamente o ámbito persoal do suxeito da emoción. Noutras palabras, trátase dun sentimento próximo ó terror.

Nalgúns casos, particularmente nos usos non-habituais, algunhas destas características pódense neutralizar; por exemplo, en (63) non hai ningunha referencia ás causas externas da sensación experimentada (comp. tamén o contexto 42), pero a súa seriedade e nobreza non se poñen en dúbida. Isto tamén atinxe mesmo a contaminacións marcadamente xocosas do tipo (64):

(63) A min ***вечным холодом и льдом сковало кровь*** [*o sangue paralizoume o eterno frío e mailo xeo*] / polo medo de vivir e polo presentimento da morte (V. Visotskii. *Romance*, Романс).

(64) Nós non eramos opoñentes encarnizados daquel réxime, aínda que daquela o secretario do TS. K. Demíchev nos acusaba de facermos un cartel por despeito d'*A Liberación* (e nós nin sequera viramos aquel cartel). Mais, por outra banda, en realidade fixeramos *O control* por culpa de películas coma *A Liberación*. Viramos aquelas películas, puxerámonos furiosos e fixemos cousas por despeito. Mesmo *20 días sen guerra* e *O meu amigo Iván Lapxin*... Porque cando empezas a afondar na historia desta guerra, a recolle-los granciños un por un, tópaste con algo que, como dicía o defunto Vitia Demin, «***волосы стынут в жилах*** [*o pelo queda conxelado nas veas*]» (A. German. Entrevista para a revista *Kinostsenarii*).

A correspondencia entre a semántica das UUFF coa base metafórica do FRÍO e a seriedade das causas que provocan o medo manifféstase dun xeito particularmente evidente en contextos xocosos do tipo (65). Dado que as causas da sensación experimentada, en opinión do falante, non son serias dabondo, este considera inadecuado o uso da UF *волосы встали дыбом* [*póñense os pelos de punta*], feito que se atopa reflectido directamente no texto:

(65) A miña amiga é á súa maneira un xenio da palabra. Ela vai e di: «Entroume un terror salvaxe, indescritible, e ***волосы на моей голове встали дыбом*** [*os pelos da miña cabeza puxéronseme de punta*]» ou «E boteime a chorar. Tremíanme os ombreiros...». Ultimamente repite estas frases desgarradoras con máis frecuencia do normal: tódalas súas conversas son sobre os seus intentos de alugar un piso. Aínda que ***волосы становятся дыбом*** [*os pelos non se lle poñen de punta*] e os ombreiros non lles tremen a tódolos que o intentan, alugar unha vivenda é un proceso laborioso, desacougante e verdadeiramente ruinoso (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица).

Neste contexto pódese concibi-la aparición de practicamente calquera UF do grupo do FRÍO, pero non da DEFECACIÓN ou a DISFUNCIÓN FÍSICA; comp. *...и кровь заледенела у меня в жилах* [*...e o sangue conxelóuseme nas veas*], *...и мурашки поползли по моей коже* [*...e un formigo gabeoume pola pel*], pero ?*...и душа моя ушла в пятки* [?*...a miña alma foise ós calcañares*], ?*...и у меня затряслись поджилки* [?*...a min puxéronseme a treme-los tendóns*] e xa nin falar de ?*...и я наделала в штаны* [?*...e fixen nos pantalóns*].

As UUFF do modelo O MEDO É UNHA DISFUNCIÓN FÍSICA pódense contrapoñer en conxunto ás UUFF do FRÍO polas características indicadas. Por exemplo, unha persoa á que *душа уходит в пятки* [*a alma lle vai ós calcañares*] enténdese coma covarde nun caso estándar e o medo que esa persoa experimenta concíbese como esaxerado, non xustificado polas dimensións reais do perigo (comp. o contexto 51). En contextos de primeira persoa (50), estas características esvaécense ata certo punto, pero mesmo neste caso o falante expresa o seu estado por medio de causas internas antes que por causas externas e non o dramatiza, ó contrario do que acontece en (65). Aínda así, este uso en primeira persoa da UF *душа уходит в пятки* [*a alma vaille ós calcañares*] posúe un matiz de autoironía. Dun xeito moi semellante compórtanse as UUFF *коленки дрожат/трясутся/подгибаются*, *поджилки трясутся (от страха)* [*os xeonlliños tremen/tórcense*, *os tendóns tremen (de medo)*].

A falta de respecto en relación a esta variedade do medo maniféstase de maneira particularmente notoria en contextos xocosos específicos:

(66) Isto foi confirmado recentemente por un experimento científico: se se pon en equilibrio a unha persoa de disposición de ánimo tranquila enriba dunha prancha horizontal co punto de apoio no centro, e se procede a asustala, ***пятки*** [*os calcañares*] levántanse para arriba, xa que a eles ***уходит душа*** [*vai a alma*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица).

En (67) o uso poético desta UF constrúese sobre as asociacións «innobres» da mesma. Na primeira réplica o falante presenta o suxeito da sensación coma unha persoa covarde e que non merece respecto. Na réplica de resposta, baseándose nunha materialización da metáfora, xérase unha imaxe completamente nova, tráxica, que contrasta coa imaxe da DISFUNCIÓN FÍSICA que se atopa na UF e que se pode reinterpretar no seu significado real coma 'debilidade de espírito':

(67) É débil dispararse; seica hai tempo que ***в пятки ушла душа*** [*a alma foise ós calcañares*]. / Paciencia, psicópatas e histéricas! / Os poetas camiñan cos calcañares polo gume do coitelo / e cortan as súas almas descalzas ata se faceren sangue (V. Visotskii. *Sobre datas e cifras fatais*, О фатальных датах и цифрах).

A oposición entre DISFUNCIÓN FÍSICA e FRÍO baseada nestas características faise evidente ó intentar introducir no contexto (67) as UUFF do grupo do FRÍO. Así, o

enunciado ?*Слабо стреляться – **мороз**, мол, **по коже*** [?*É débil dispararse; seica **a xeada vai pola pel***] percíbese coma non-normativo, pero en principio poderíase dicir *Слабо стреляться – **в штаны**, мол, **наложил*** [*é débil dispararse, seica **encheu os pantalóns***]. Deste xeito, as UUFF do FRÍO opóñense tanto ás UUFF da DISFUNCIÓN FÍSICA coma ás UUFF da DEFECACIÓN; a diferenza entre as últimas consiste en que as UUFF da DEFECACIÓN expresan o medo coma unha sensación aínda máis humillante para a persoa que o experimenta, sendo este un medo privado de toda nobreza. Compárense, por unha banda, os contextos do tipo (68-71) e, pola outra, os do tipo (72-74):

(68) Era unha persoa que seguía a lei e aínda por riba comunista e aínda por riba xudeu. E, seguramente, dirixíase á cita co seu fillo-terrorista non sen ***дрожи в коленках*** [*tremor nos xeonllos*]. Pero queríame moito. Puxo a súa túnica con ombreiras de tenente coronel e foi ó norte (V. Frid. 58 1/2).

(69) **a.** *«*[...] *Can't you stay to tea?» «I'm afraid not, thank you. I've got to call in somewhere on my way home,» Breeze explained, as she took her leave.* **With her heart in her mouth** *she entered the imposing portals of Mon Ré, and rang the bell. In a voice that shook in spite of her efforts to control it, she asked if she could see Mrs Blessington-Dalrymple* (BNC). **b.** *A club notorious in the area as a hang-out for the criminally inclined was suggested as a place where someone might know of them or their whereabouts. Before the return to Northern Ireland, John and Derek went to it. On opening the door, Derek saw two of them drinking at a table. John walked across to them. He* **was shaking in his shoes***, but said as calmly as he could, «You roughed up a man from Belfast a few nights ago»* (BNC). **c.** *That Raskolnikov is not by nature timorous is the author's assurance to his readers, dependable through nineteenthcentury novelistic convention. That Raskolnikov is not really afraid is, in its latent truth and force, what he tells himself. The two narrative modes walk side by side in bold yet relaxed society, and support each other in the face of the fact that Raskolnikov* **is shaking in his shoes** (BNC).

(70) **a.** *The mistake was made even more stupid by the fact that he had known for some time the big tides were due. The very high bore tides rarely occured during the hours of darkness, but he knew this one was predicted to be a twenty seven footer, and that meant danger. The thought of it* **brought** *him* **out in a cold sweat** *as he ran desperately on* (BNC). **b.** *All right, she could see his point. Moving Seawitch and herself out of Gibraltar would be the quickest and most effective way of killing public interest. But while a cruise across the Mediterranean with Clive Kemp had posed no problems at all, the very thought of being alone on a boat with Nathan Bryce for however long it took to sail two thousand miles* **brought** *her* **out in a cold sweat** *and* **turned** *her* **insides to jelly** (BNC).

(71) **a.** *Angesichts der öffentlichen Diskussion um das Parlament als Selbstbedienungsladen* **bekamen** *die Unterhändler da* **kalte Füße** (*Mannheimer Morgen*). **b.** *Er und seine SPD haben vielmehr* **kalte Füße bekommen**, *wollen nicht den Schwarzen Peter einstecken, wenn der Einzelhandel in den kommenden Wochen weitere Umsatzeinbußen verbuchen muß und diese dann der Stadt und ihrem umstrittenen Sperr-Experiment anlastet* (*Mannheimer Morgen*). **c.** *Im stets um die Förderung der deutschen Sprache in aller Welt bemühten Bildungsministerium* **bekommen** *manche bereits* **kalte Füße**: *«Eines Tages», unkt ein Ministerialer, «werden wir noch froh sein, daß die deutsche Sprache so schwer zu lernen ist.» Anders als das Bundesausbildungsförderungsgesetz setzen die meisten anderen Sozialgesetze nicht die deutsche Staatsangehörigkeit voraus, sondern nur einen Wohnsitz in der Bundesrepublik* (*Mannheimer Morgen*).

(72) **a.** [...] de tódolos xeitos, non é cousa dos líderes políticos nin dos xefes do comité central (estes só saben botar peidos co medo e ouvear pola radio «irmáns e irmás!» e ir correndo a Carallogrado ***с полными штанами*** [*cos pantalóns cheos*]) o de face-la guerra, senón que é cousa del, do profesional militar con tradición militar cuxos devanceiros levan unha decena de xeracións defendendo a Patria de inimigos e de sublevacións [...] (E. Kozlovskii. *A voz de América*, Голос Америки). **b.** Como adiantaron o avión xaponés que tiña que levar a Pu I a Tokio... Como un certo emigrante ruso informou e el mesmo os levou a unha sala onde o emperador e o seu séquito esperaban ese avión. Como todos «***наделали в штаны*** [*fixeron nos pantalóns*]» e só Pu I se comportou á maneira dun emperador. Con orgullo e independentemente do que estaba pasando puxo a pistola enriba da mesa e —foi o único!— sentou. E tódolos demais quedaron de pé, firmes... (L. Gúrevich. *A caída, ou As cambras do dragón*, Падение, или Судороги дракона).

(73) *«Try to like her a little, Mike,» I reproached him, very encouraged. «You can't like women like that. Liking is too negligible an emotion. Anyway, she* **scares** *me* **shitless**» (P. Duncker. *Hallucinating Foucault*).

(74) **a.** *«Wir vier sind die einzigen Mädchen im Kurs. Aber nur wir sind noch übrig: Die Jungs* **hatten** *alle* **Schiß** *vor dem Auftritt und sind nicht mehr gekommen», sagt eine der Schülerinnen* (*Frankfurter Rundschau*). **b.** *Je länger Clinton am Hebel der Macht sitzt, desto klarer wird seine Profilierungssucht gegenüber den Kriegstreibern im In- und Ausland. Seine Bücklinge vor den Reaktionären im Inland haben bereits System; dass er auch bei andern Ländern versucht, auf ähnliche Art zu wirken, erstaunt nicht angesichts der Bereitschaft der befreundeten Nationen, lieber* ***in die Hosen*** *zu* **machen**, *als eine Schelte des Weltpolizisten zu gewärtigen* (*Züricher Tagesanzeiger*).

Como se plasma nestes exemplos, as causas que desencadean a sensación de medo poden ser obxectivamente máis serias incluso no caso do uso das UUFF de DEFECACIÓN. O importante é que o falante valora a reacción do suxeito como pouco axeitada para as circunstancias e/ou expresa a súa desaprobación a raíz desa reacción. Este xuízo que cualifica a reacción como non-axeitada obsérvase claramente nos seguintes contextos alemáns en particular:

(75) *So kommt es von Fall zu Fall zu unseligen Mißverständnissen zwischen Mensch und Tier: Der eine* **hat** *plötzlich ob des hinter ihm herjagenden «Wildes»* **die Hosen voll** *und reagiert falsch* (*Mannheimer Morgen*).

(76) *Bandenkriege um Territorien und Geschäftsanteile fordern weitaus die meisten Todesopfer. «Unsere Kinder bringen sich gegenseitig um», klagen die Mütter aus den Armenvierteln. «Und je jünger sie sind, desto rücksichtsloser.» Vor der Polizei haben sie keine Angst. «Wenn die kommen,* **haben** *die* **die Hosen** *schon* **voll bis zum Rand»** (*Mannheimer Morgen*).

(77) *Das ist, so erklärt das fünfköpfige Beraterteam dem deutschen Nachrichtenmagazin «Der Spiegel», besonders wichtig, weil die «Supermänner» vor allem Probleme haben, Probleme zuzugeben. Mehr als die Hälfte der Anrufer nennen ihre Namen nicht. «Kaum zu glauben», erklärt Notruf-Chef Harald Butzko, Therapeut und Unternehmensberater, «wie viele Manager blanken* **Schiß** *davor* **haben**, *über ihr Innenleben zu reden. Eine halbe Million deutscher Führungskräfte hätte Hilfe nötig, hinter der Fassade des starken Mannes finden sich viele verdammt arme Schweine.» Sie sind süchtig nach Erfolg – fehlt er, droht der völlige Absturz* (Neue Kronen-Zeitung).

Ó utilizar estas UUFF en primeira persoa prodúcense efectos pragmáticos adicionais relacionados co feito de que o falante describe as súas propias accións e reaccións emocionais ben como non correspondentes ás súas elevadas orientacións morais, ben como pouco axeitadas á situación (en realidade, bastante inofensiva); compárense os contextos ingleses e alemáns (78):

(78) **a.** *I have two children, small children. And I've been told something could happen to them.* [...] *I went to the chief, told him I've always done my duty, sometimes went beyond the call of duty, but I'm no hero. My life I'm willing to lay down, but not the lives of my wife and children. I asked for a transfer. Then I went and told everybody what a coward I am, and how I'm* **shitting in my pants**. *Now I'm saying it to you and to whoever's listening to us. I've ruined my career, I've lost my self-respect, I'm a man without honor, but I'm saving my loved ones* (U. Eco. *Foucault's Pendulum. Translated from the Italian by W. Weaver*). **b.** *Unlike some she could mention, she had never claimed to have stayed unmarried out of any particular principle. It had just happened that way. «Connie.» «Oh,» she cried, «what the hell d'you think*

you're doing, creeping up on me like that? You **frightened the shit out of** *me.» «I'm sorry,» said Scarlet. «I've got no shoes on – it was so hot. What are you doing down there?»* (BNC). **c.** *«Ich* **hab' Schiß gekriegt** *und nichts gemacht», sagte auch ein 19jähriger Zeuge, Opfer der Gemeinschaftsentführung* (*Frankfurter Rundschau*). **d.** *«*[...] *also ich möchte das Ding am liebsten überhaupt nicht anfassen. Ich* **habe** *schon immer* **Schiß**, *wenn eine Spinne im Zimmer ist»* (*Stern*).

Deste xeito, no caso dos dominios fonte das UUFF que estamos a estudar pódese falar dunha tripla oposición: FRÍO – DISFUNCIÓN FÍSICA – DEFECACIÓN, onde as UUFF da DISFUNCIÓN FÍSICA (coma terceiro membro da oposición) amosan unha certa indeterminación, que corresponde á súa ambigüidade figurativa. As expresións que se comportan dun xeito máis neutral son as expresións do tipo *дрожать как осиновый лист* [*tremer coma unha folla de álamo*], que combinan a figuratividade do FRÍO e da DISFUNCIÓN FÍSICA. As UUFF da DISFUNCIÓN FÍSICA do subgrupo da 'alteración de funcións fisioloxicamente importantes do organismo (parada do corazón, parálise etc.)' coma *все оборвалось внутри* [*todo rachou por dentro*], *сердце упало/захолонуло* [*o corazón caeu/quedou xeado*] manifestan polas súas particularidades semánticas unha semellanza significativamente maior coas UUFF do FRÍO que coas UUFF da DEFECACIÓN. Ademais, a diferenza das UUFF do FRÍO, *сердце захолонуло* [*o corazón quedou xeado*] en (79) designa un medo que sae máis ben de dentro, máis ca un medo condicionado por circunstancias externas:

(79) Elizabeta Gavrilovna non quería durmir. Pechou os ollos porque a aburría mira-lo balbordo da xente no cuarto. E viu: a pendente xeada polo inverno, a vivísima cor azul, os troncos chantados na terra, no profundo do patio da casa, o can no porche, a rabiosa cadela de tiro e ***захолонуло от страха сердце*** [*do medo quedoulle xeado o corazón*]. Porque xa era hora de decidir: debería ir ou non? (I. Trifónov. *Tempo e espazo*, Время и место).

Así pois, na idiomática do campo do medo resultaron esenciais as tres oposicións semánticas seguintes, que en certo modo están relacionadas entre si:

(i) medo «nobre» vs. «non-nobre» (é dicir, o medo coma sensación que non rebaixa o status do suxeito ós ollos do falante vs. sensación que rebaixa a súa dignidade);

(ii) medo «axeitado para as circunstancias» vs. medo «desaxeitado» (é dicir, o medo coma sensación causada, dende o punto de vista do falante, por motivos serios vs. motivos non-serios);

(iii) medo coma estado interno inherente ó suxeito vs. estado condicionado por causas puramente externas (é dicir, o medo coma unha propiedade da natureza de alguén, «o medo do covarde» vs. «o medo coma un estado xurdido debido a factores externos»).

As correspondencias postas en evidencia entre os modelos metafóricos e estas oposicións semánticas non son de carácter casual, senón que se supeditan á lóxica das imaxes fixadas nas UUFF deste campo. Canto máis «fisiolóxica» sexa unha imaxe menos «nobre» será a sensación conceptualizada por medio desa imaxe. A imaxe do FRÍO asóciase cunha forza externa en relación ó ser humano, forza á que se ve obrigado a facer fronte, por iso tamén o medo expresado a través do FRÍO é entendido coma unha sensación condicionada por causas externas serias. As imaxes de DISFUNCIÓN FÍSICA e de DEFECACIÓN, pola contra, provocan a idea de estados internos do ser humano que xorden mesmo sen o efecto de forzas externas sobre el. Neste caso considérase que a propia persoa ten a responsabilidade sobre o seu estado, en particular sobre as súas manifestacións externas, e a incapacidade de dominarse é censurada polo contorno. Se cadra, unicamente se fai unha excepción no caso daqueles estados ligados á alteración de funcións fisiolóxicas importantes do organismo. O medo conceptualizado con axuda destas imaxes enténdese coma unha sensación seria, aínda que máis ben condicionada interiormente, o que non lle causa prexuízo ningún á dignidade do suxeito. Cando na imaxe dunha UF están presentes ó mesmo tempo as ideas de FRÍO e de DISFUNCIÓN FÍSICA, aumenta o grao de dependencia dos efectos semánticos con respecto ó contexto, mentres que as posibilidades da súa interacción co contexto se amplían.

As oposicións semánticas propostas posúen unha forza explicativa maior cós argumentos «estilísticos» tradicionais sobre as diferenzas perceptibles intuitivamente no uso das UUFF do medo. É normal que as características estilísticas das unidades léxicas, ó seren un fenómeno real do uso destas unidades, inflúan nas condicións da súa realización. Con todo, existen varias particularidades de uso que non se poden explicar dende unha perspectiva estilística, xa que teñen un carácter semántico, feito que xa se demostrou anteriormente.

Da análise levada a cabo pódese deducir que dentro de determinados campos semánticos é posible distinguir diferentes subconxuntos de UUFF baseados nas semellanzas e nas diferenzas existentes no carácter do seu compoñente figurativo. Á hora de describi-la estrutura de campos semellantes e a estrutura da semántica de determinadas UUFF, resulta totalmente axeitado e xustificado heuristicamente ter en conta o compoñente figurativo. En conxunto, a análise das UUFF dos campos semánticos da 'amoestación/castigo' e do 'medo' demostra a validez das hipóteses formuladas ó comezo da sección 3.2.1.

***

A continuación, comentarémo-las nosas conclusións. Nas UUFF cunha forma interna viva, o compoñente figurativo é un elemento do plano do contido e inflúe no emprego da UF na fala. Neste caso o que resulta esencial non son as ideas individuais que xorden na conciencia do falante/oínte, senón as operacións que realiza sobre coñecementos relevantes ligados á lectura literal da UF.

Determinados grupos de UUFF cuxa clasificación se basea na semellanza do seu significado e que forman parte deste campo semántico pódense estruturar segundo un parámetro de figuratividade. O potencial heurístico dunha clasificación semellante aumenta se os modelos metafóricos empregados coma criterio non posúen un carácter demasiado abstracto e están orientados a un nivel básico de categorización (compárense, por unha banda, as metáforas de «container» ou as «ontolóxicas» empregadas tradicionalmente en traballos de semántica cognitiva, evidentemente demasiado abstractas para unha análise semántica, e, pola outra, as invariantes figurativas distinguidas con anterioridade).

Nunha serie de casos, ter conta o compoñente figurativo posibilita dividi-lo conxunto de UUFF dun campo semántico en subconxuntos, próximos esencialmente a series quasi-sinónimas, o que á súa vez crea os presupostos para presenta-las semellanzas semánticas e as diferenzas na estrutura da definición das expresións dunha maneira máis coherente. Recorrer á imaxe permítenos, ademais, distinguir oposicións semánticas para varios campos, que son elementos nucleares do campo do que se trate e que non se revelan no léxico usado con significado literal.

O compoñente figurativo axuda non só a revela-las diferenzas semánticas entre UUFF con significados semellantes dentro do mesmo campo, senón tamén a amosa-las relacións existentes entre UUFF de diferentes campos. Unha única invariable figurativa permite relacionar entre si UUFF de distintos campos semánticos. Partindo destas consideracións cómpre sinala-las boas perspectivas que ofrece a idea da «dobre desmembración» no tesouro de UUFF, é dicir, un tesouro que presupoña a descomposición dun conxunto de UUFF en subconxuntos seguindo tanto un criterio estritamente conceptual coma un figurativo. A confrontación de ámbalas dúas estruturas pode producir resultados cruciais na investigación de trazos universais e específicos no campo da idiomática; comp. Dobrovol'skij 1988.

O Tesouro da idiomática con «dobre desmembración» permite presentar non só aqueles casos nos que un concepto se expresa coa axuda de diferentes imaxes, senón tamén aqueles nos que UUFF que pertencen a campos semánticos entre os que aparentemente está ausente calquera tipo de relación teñen aspectos da forma interna en común; comp. a imaxe GOLPE NA CABEZA en UUFF con significado tan diferente coma *врезать промеж глаз* [*cortar entre os ollos*, 'dar un golpe na cara'], *как обухом по голове* [*como se me desen na cabeza coa parte de atrás dun machado*, 'quedar moi abraiado, estupefacto'], *как пыльным мешком пришибленный* [*como pegado cun saco poeirento*, 'ser parvo, ter pouca intelixencia']. Se recoñecemos que o compoñente figurativo nas UUFF cunha forma interna viva é parte do seu significado, daquela tamén teremos que estar de acordo co feito de que as relacións entre UUFF baseadas na identidade ou na semellanza da imaxe terán consecuencias semánticas semellantes no significado real. Está claro que esta cuestión merece un estudo particular. Por esta razón, calquera descrición da idiomática que aspire a ser completa e a explica-la presenza de relacións entre os grupos de UUFF sinalados tamén ten que tomar en consideración estas relacións semánticas entre a imaxe e o significado real.

3.2.2. A forma interna das UUFF e o seu reflexo na definición e no modelo de significado dun fraseoloxismo

3.2.2.1. A forma interna como parte do significado

As metalinguaxes que se empregan para describi-lo plano do contido das unidades léxicas (incluíndo as UUFF) na lingüística actual resultan inútiles á hora de describi-la parte do significado ligada ó modo de referirse ó obxecto denotado. Aínda que na tradición lóxica, xa dende os tempos de G. Frege, se lle prestaba atención á forma da descrición (comp. a análise de descricións de *утренняя звезда* [*estrela da mañá*, 'Venus'] e *вечерняя звезда* [*estrela do serán*, 'Venus'], Фреге 1977), non se elaboraban metalinguaxes semánticas para describir esta parte do plano do contido das expresións lingüísticas que estivesen orientadas lingüisticamente. No estruturalismo non se pretendía resolver esta tarefa, pois plasma-lo modo de referirse ó obxecto denotado na expresión lingüística non estaba no centro de atención dos investigadores (dende un punto de vista teórico, non estaba claro se o «modo de referirse» formaba parte do plano do contido da unidade lingüística en sentido estrito ou non). Na lingüística a categoría lóxico-semántica do «modo de referirse» relaciónase sobre todo cos conceptos da forma interna e do compoñente figurativo; comp. Потебня 1913[103].

Na maioría das unidades léxicas trata-la cuestión do reflexo da forma interna na representación semántica (en sentido amplo) é posible, aínda que non moi importante, dado que a forma interna é recoñecida de maneira real unicamente nunha parte do léxico relativamente pequena. No campo da idiomática a porcentaxe de unidades que conteñen un elemento figurativo vivo é considerablemente máis alta, feito que traslada o problema da explicación da forma interna do dominio da teoría pura ó da práctica.

Na sección anterior demostrouse que a parte figurativa do plano do contido dunha UF inflúe no significado e non se ve limitada por asociacións individuais, a miúdo bastante casuais. A demostración da influencia da forma interna na combinabilidade da unidade é con frecuencia un argumento esencial, aínda que non decisivo, a favor da inclusión do compoñente figurativo na representación semántica. Analizaremos varios exemplos disto:

Para a UF *на каждом шагу* [*a cada paso*] os dicionarios fraseolóxicos propoñen as seguintes definicións: 'por todas partes, en tódolos lugares; continuamente, sempre' (*FSRIA*) e 'continuamente, en todas partes' (*KRAFS*); 1) 'por todas partes, en tódolos lugares, por tódolos sitios'; 2) 'continuamente, seguido'; 3) 'por todas partes, continuamente' (*SOVRIA*); 'constantly and/or everywhere' (*REDI*).

[103] W. Von Humboldt (citado habitualmente en contextos semellantes) entendía polo termo *innere Form der Sprache* algo completamente diferente. A idea de Humboldt consiste en que na «forma interna da lingua» radican as peculiaridades específicas da percepción do mundo por parte dos falantes das diferentes linguas (Humboldt 1963). Noutras palabras, segundo este autor a categoría *innere Form der Sprache* anticipa a teoría de Sapir-Worf e outras correntes neo-humboldtianas. A problemática fraseolóxica propiamente dita é, neste caso, particularmente periférica.

Comezaremos por dicir que no caso da UF *на каждом шагу* [*a cada paso*] é conveniente distinguir dous significados e non só un, coma en *FSRIA*, *KRAFS* e *REDI*, nin tres, coma en *SOVRIA*[104]. A diferenza entre os dous significados pódese ilustrar por medio dos exemplos (80) e (81):

(80) Kostia depende dun cento de circunstancias, o perigo axéxao ***на каждом шагу*** [*a cada paso*, 'en todas partes'] (A. Ribakov. *Os fillos de Arbat*, Дети Арбата).

(81) O defunto Víktor Geórgich xa hai tempo que me dicía que con eles cómpre mante-la severidade, se non Nikolai é un impertinente e di insolencias ***на каждом шагу*** [*a cada paso*, 'seguido'] (V. Sorokin. *Norma*, Норма)[105].

Como se pode observar, o primeiro significado é máis ben espacial ('por todas partes, por tódolos sitios'), mentres que o segundo é temporal ('continuamente, todo o tempo, seguido'). A realización dun significado ou doutro depende da semántica do predicado que estea unido á UF.

A seguir, analizarémo-lo primeiro significado desta UF (o espacial) comparándoo coa UF de significado semellante *на каждом углу*[106] [*en cada recanto*, 'por todas partes'], que posúe un compoñente figurativo parcialmente diferente. Pódese presupoñer que as UUFF *на каждом шагу* [*a cada paso*] (co primeiro significado) e *на каждом углу* [*en cada recanto*] son idénticas semanticamente. Como manifesta, en particular, a posibilidade de intercambiar reciprocamente estas unidades nalgúns contextos, comp. (80'):

(80') Kostia depende de cen circunstancias, o perigo axéxao ***на каждом шагу/на каждом углу*** [*a cada paso*/*en cada recanto*] (A. Ribákov. *Os fillos de Arbat*, Дети Арбата).

Non obstante, é doado amosar que o intercambio non é posible en varios contextos, comp. (82) e (83):

(82) Máis arriba na montaña a fraga facíase cada vez menos mesta e agora chegaba ata o mesmo campo, ***на каждом шагу/*на каждом углу*** [*a cada paso*/**en cada recanto*] sobresaían cepas e cepiñas, lonxe do camiño había ciscadas

[104] En *SOVRIA*, no terceiro significado utilízanse contextos nos que é aceptable unha interpretación tanto espacial coma temporal. Estes casos, en principio, atópanse con bastante frecuencia e é normal describilos como contextos de neutralización (véx. o argumento deste enfoque dende un punto de vista cognitivo en Баранов, Добровольский 1997).

[105] Consérvase a puntuación empregada polo autor.

[106] Resulta interesante que ningún dos dicionarios indicados previamente recolla a UF *на каждом углу* [*en cada recanto*, 'por todas partes'], mentres que a UF *на каждом шагу* [*a cada paso*] se inclúe no glosario. Este feito é unha proba máis da insuficiencia da descrición moderna da idiomática rusa nas edicións lexicográficas, incluíndo as máis actuais.

provisións de varas, xa ennegrecidas e esgazadas (V. Rasputin. *O derradeiro prazo*, Последний срок).

(83) Toda a miña biografía é unha cadea de coincidencias ben organizadas. ***На каждом шагу/*на каждом углу*** [*a cada paso*/**en cada recanto*] distingo o dedo sinalador signo do destino (S. Dovlátov. *A zona*, Зона).

A imposibilidade de empregar *на каждом углу* [*en cada recanto*] no exemplo (82) indica que esta UF non se pode utilizar con relación a espazos deshabitados coma unha fraga. Isto está relacionado co feito de que a forma interna desta UF está viva para o falante e, ó ser parte do plano do contido, inflúe no seu uso. O grao de *esvaecemento* da metáfora que se atopa na base de *на каждом шагу* [*a cada paso*] é un pouco máis alto en comparación co de *на каждом углу* [*en cada recanto*]. Isto permite utilizala en contextos máis abstractos, comp. (83), e posibilita a formación dun significado temporal baseado no espacial (o que non é posible no caso de *на каждом углу* [*en cada recanto*]). Comp. *Николай грубит на каждом шагу* [*Nikolai di insolencias a cada paso*] e a evidente anomalía deste significado en ???*Николай грубит на каждом углу* [???*Nikolai di insolencias en cada recanto*].

Poderíase pensar que na oposición das UUFF obxecto de análise, a expresión *на каждом углу* [*en cada recanto*] está marcada, é dicir, que en tódolos exemplos *на каждом углу* [*en cada recanto*] se pode substituír por *на каждом шагу* [*a cada paso*], pero non ó contrario (é dicir, están unidas por unha relación privativa), mais isto non é así; en contextos do tipo (84) e (85) esta substitución non é aconsellable:

(84) Isto proclámano a berros ***на каждом углу***/??***на каждом шагу*** [*en cada recanto*/??*a cada paso*].

(85) Nun país onde se comercia abertamente ***на каждом углу***/??***на каждом шагу*** [*en cada recanto*/??*a cada paso*] e é como se todo se fixese para saturar de mercadorías o mercado e, polo tanto, baixa-los prezos do comercio polo miúdo, non hai sitio para o principal protagonista, o que produce estas mesmas mercadorías coa súa propia suor (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец)[107].

Toda a cuestión radica de novo na forma interna. Ó emprega-la UF *на каждом шагу* [*a cada paso*] o falante inclúe o suxeito da observación na situación que se está a describir (é como se o suxeito fose e observase o que está a acontecer), mentres que *на каждом углу* [*en cada recanto*] non require a inclusión do suxeito da observación na situación, permitíndolle «mirar dende a marxe».

[107] É posible unha ampliación de significado estándar, relacionada co debilitamento dos compoñentes espaciais do significado propiamente ditos: *«Реформаторы» взорвали оборонный комплекс и кричат* ***на каждом углу****, что он висел на шее у государства* [*Os «reformistas» voaron o complexo defensivo e berran* ***en cada recanto*** *que este vivía a conta do estado*] (*Sobesédnik*, Собеседник). Neste contexto, a UF enténdese máis ben co significado de 'moito'.

Resulta evidente que cómpre describi-la combinabilidade cunha explicación semántica e para isto propoñémo-lo seguinte modelo:

на каждом шагу [*a cada paso*] ≈ '(algo preséntase) en moitísimos lugares dun espazo limitado';

на каждом углу [*en cada recanto*] ≈ '(algo ten lugar) en moitísimos lugares dun espazo construído'.

A diferenza entre os compoñentes da explicación semántica 'algo atópase' e 'algo ten lugar' ten como obxecto reflecti-la idea de «inclusión vs. non-inclusión» do suxeito da observación na situación descrita. De maneira análoga, os compoñentes semánticos 'en moitísimos lugares dun espazo limitado' e 'en moitísimos lugares dun espazo construído e poboado' permiten dar unha idea das restricións de uso da UF *на каждом углу* [*en cada recanto*], relacionadas coa idea de construción e poboación.

Das reflexións expostas anteriormente e dos estudos psicolingüísticos de fraseoloxía analizados anteriormente resulta evidente que a forma interna dun fraseoloxismo é un elemento importante do seu significado. Xorde entón o problema de reflecti-la forma interna na representación semántica. Podemos, *a priori*, identifica-las dúas estratexias máis comúns:

- na forma dun compoñente particular da explicación semántica, que representa un modelo alternativo de significado, **a estratexia de representación autónoma**;

- como parte constituínte da explicación semántica no marco dun modelo de significado, **a estratexia de representación integral**.

A continuación, analizarémo-las estratexias mencionadas e comezaremos pola análise da categoría «modelo de significado», crucial para a exposición posterior.

3.2.2.2. O concepto «modelo de significado»[108]

Na semántica léxica, polo menos na súa variante rusa, é costume trata-lo concepto de definición coma un instrumento universal para describi-la semántica da palabra e dos fenómenos que están ó seu mesmo nivel (os fraseoloxismos). O termo «definición» ocupa un dos lugares centrais no instrumental conceptual da escola semántica moscovita e concíbese coma unha explicación semántica que describe plenamente e con exactitude todo o plano do contido dun lexema (Апресян 1995б)[109]. É evidente que non sempre se responde con éxito a unha esixencia tan ambiciosa. Ademais, malia

[108] As seccións 3.2.2.2. e 3.2.2.3. ofrecen unha versión precisada e ampliada do artigo Баранов 1996.
[109] Os lingüistas que traballan no marco da lingüística xenerativa (véx., por exemplo Karttunen 1970) e maila creadora da «linguaxe do pensamento» A. Wierzbicka (Wierzbicka 1980, 1996) defenden unha posición tan teórica.

o esforzo manifestamente expreso por universaliza-las metalinguaxes semánticas, existen serias dúbidas acerca de se é posible crear unha metalinguaxe semántica coa que poder describir co mesmo éxito tanto a semántica léxica coma a gramatical (comp. a categoría «descrición integral dunha linguaxe» segundo Апресян 2006б).

Existen varias causas que explican o escepticismo manifestado na afirmación anterior. Estas causas pódense dividir convencionalmente en diversos grupos. O primeiro grupo relaciónase coa natureza mesma da lingua e da actividade da fala, coa **ontoloxía da semántica da lingua**. A semántica da lingua derívase de dous factores: do campo do pensamento e das características específicas da organización da comunicación lingüística. O campo do pensamento, como se desprende dos estudos actuais no ámbito da psicoloxía cognitiva (Величковский 2006), posúe certa autonomía con respecto á lingua. As propiedades máis importantes dos procesos do pensamento, que determinan a súa autonomía, son o carácter non-lineal e non-discreto, que se manifestan, por exemplo, nas formas non-verbais do pensamento (operar con imaxes sonoras e visuais, os fenómenos da intuición). Non obstante, a comunicación lingüística, a causa de restricións puramente técnicas, débese organizar de xeito lineal, sobre un eixe temporal. Como consecuencia, os elementos non-lineais do significado teñen que se transformar dalgún xeito nunha secuencia lineal: «empaquetarse» (comp. o termo «packaging» ou «embalaxe» en W. Chafe (Chafe 1974, 1976)). Dado que a comunicación lingüística ten limitacións de volume, o significado ten que se distribuír en capas semánticas que se distingan polo grao de explicitación[110]. Nas capas semánticas máis explícitas sitúanse a proposición (a afirmación) e o compoñente remático, e nas menos evidentes, a presuposición, o compoñente temático, as consecuencias, as implicaturas do discurso, as premisas de partida dunha pregunta (a directriz), os compoñentes asociativos da semántica etc. Por suposto, resulta difícil abranguer cunha soa metalinguaxe compoñentes do significado tan heteroxéneos e mesmo non é evidente se cómpre facelo.

Na semántica da lingua o carácter non-discreto do pensamento manifestase na falta de claridade e definición das fronteiras do plano do contido das expresións lingüísticas. Esta é a tese da semántica tradicional, universalmente coñecida e parcialmente esquecida no período de ampla difusión do estruturalismo, que non foi refutada por ninguén. Ó contrario, a existencia de descricións alternativas da semántica da palabra, a variabilidade de interpretación da semántica de expresións lingüísticas no contexto, a imposibilidade dunha solución satisfactoria para o problema da división da semántica da palabra e da semántica do contexto no que esta se utiliza (sobre todo para as palabras auxiliares), todo isto o único que confirma é a suposición de que o carácter non-discreto do pensamento do ser humano ten unha forte influencia na semántica lingüística. O significado lingüístico pódese describir tanto coma unha formación discreta coma unha formación non-discreta. A tarefa concreta ante a que se atopa o investigador determina a elección do modo de descrición. É difícil supoñer que cunha soa metalinguaxe semántica se poidan describir tanto os efectos da discreción coma os

[110] Véxase Баранов 2000: 216-220 para máis detalles.

da non-discreción; por exemplo, a metáfora non como modo de desenvolve-lo significado dunha palabra, senón coma fenómeno de colocación «escintilante» de dous dominios conceptuais solapándose, fenómeno que ten innumerables consecuencias (para máis detalles, véx. Баранов 1991, 2004).

A ontoloxía específica da semántica da lingua tamén ten a súa parella conceptual: **a comprensión**. O proceso de comprensión da comunicación lingüística non se pode contemplar coma unha categoría universal única para tódolos casos de uso de formas lingüísticas. Non existe unha comprensión «en xeral», unha comprensión universal. Cada acto de comprensión é específico e depende das tarefas do suxeito, dos coñecementos que posúa do correspondente dominio e tamén das condicións do acto de comprensión, é dicir, das circunstancias nas que se atopa a persoa que comprende (véxase a este respecto a tradición da hermenéutica, algúns de cuxos posicionamentos foron xeneralizados en Баранов 2000: 314-321). En principio é posible reflecti-la profundidade da comprensión na linguaxe semántica, aínda que as metalinguaxes semánticas empregadas na actualidade non están en condicións de reflectir este problema dun xeito axeitado (Баранов, Кобозева 1987). Na maioría dos casos, a cada nivel e a cada aspecto da comprensión correspóndelle unha explicación semántica particular, a miúdo vinculada ó emprego dunha metalinguaxe específica.

Baseándonos no dito podemos chegar a unha conclusión: a descrición semántica das formas lingüísticas pode e debe ser diversa. A forma da definición é un dos modelos de significado posibles.

> **Modelo de significado**: é a descrición do plano do contido dunha forma lingüística feita nunha metalinguaxe semántica especial que explicita os diferentes aspectos da súa semántica e permite predici-lo seu comportamento (uso e restricións de combinación) nun determinado contexto.

Tamén se poden empregar a modo de metalinguaxes de representación tanto unha linguaxe non-estruturada de restricións selectivas coma un instrumental de análise compoñencial, así coma linguaxes construídas por analoxía co cálculo dos predicados (véx. a este respecto Баранов, Кобозева 1987).

Dado que en xeral un modelo non pode reproducir tódalas propiedades do obxecto que se está a modelar, senón unicamente unha parte, o modelo de significado non ten por que describir necesariamente todo o plano do contido do lexema. Aínda que, como xa se sinalou anteriormente, o nivel de esixencia da definición dunha descrición plena e exacta da semántica da expresión definida é elevado, en realidade moitas descricións semánticas (mesmo as formuladas no paradigma teórico das definicións) son un modelo de significado, pois con frecuencia resulta complicado falar dunha descrición semántica plena dunha unidade léxica concreta, xa que unha argumentación definitiva nesta liña é unicamente posible tras realizar unha descrición semántica coherente da maior parte do léxico nunha determinada metalinguaxe. É evidente que mesmo unha definición que describa de maneira completa o plano do contido dun lexema é un

modelo de significado *par excellence*; nada lle impide ó modelo reflectir tódolos aspectos do funcionamento do seu obxecto.

Ademais, o uso do concepto de modelo de significado é máis afortunado porque o termo «definición» pola súa forma interna e a súa historia conceptual tende á explicación (nunha concepción inxenua). Noutras palabras, presuponse xeralmente que unha definición lle explica ó falante dunha lingua o significado dunha palabra explicitando algúns coñecementos e capacidades implícitas (segundo a tradición lexicográfica). Por outra parte, a definición na teoría da definición persegue sobre todo o obxectivo da descrición científica do léxico e a tarefa da descrición científica da semántica das expresións lingüísticas é máis complexa (non se reduce a unha explicación), polo tanto, non son menos importantes as tarefas de clasificación e modelación do funcionamento das formas lingüísticas que non se resolven necesariamente por medio dunha explicación do significado. O termo «modelo de significado» orixinariamente está privado destas connotacións indesexadas e non se asocia coa idea de explicación nunha concepción inxenua.

O modelo de significado na concepción que estamos a discutir é unha categoría máis ampla que abrangue todo o campo de construcións semánticas: as explicacións do plano do contido das expresións lingüísticas. Serán un modelo de significado tanto a definición do dicionario coma a representación do significado dunha palabra nunha lingua de marcadores semánticos nun sistema de busca automática de documentos. É obvio que aínda que asumamos que un modelo de significado non será totalmente completo, isto non quere dicir que se teñan que aceptar erros na descrición semántica. Ademais, o lingüista sempre debe ser consciente das fronteiras do modelo de significado e formulalo o máis claramente posible.

O status teórico do modelo de significado permite equiparar esta categoría a un modo de organización, a un modo de construción de explicacións semánticas na metalinguaxe, pero tamén ó campo do plano do contido que describe. En todos estes casos pódese falar dun **tipo de modelo de significado**. Nel reflíctese o modo de organización dunha determinada metalinguaxe dun xeito máis exacto do que nesa metalinguaxe se considera «unha fórmula construída correctamente», unha unidade funcional mínima, é dicir, un enunciado. Metalinguaxes diferentes poden elabora-las súas fórmulas dun xeito semellante, e tales fórmulas estarán construídas correctamente; en tal caso estas pertencerán ao mesmo tipo de modelo de significado. É obvio que unha construción lóxica e completa da tipoloxía dos modelos semánticos determinados polos parámetros indicados —o «modo de organización» e o «campo de descrición»— é unha tarefa moi complicada que vai moito máis alá dos límites desta sección do libro. Ademais, a praxe lingüística non ofrece unha diversidade infinita de modelos semánticos na concepción descrita. Así, resulta que malia tódalas diferenzas teóricas, as explicacións semánticas na «lingua do pensamento» de A. Wierzbicka e as representacións semánticas na semántica xenerativa pertencen ó mesmo tipo de modelo de significado: ó dos modelos proposicionais (véx. 3.2.2.3.9.), que son os que máis se empregan na actualidade nas descricións semánticas.

Os diferentes tipos de modelos de significado das unidades que estamos a analizar posúen diferentes posibilidades de descrición e predición das restricións de uso. Analizaremos por medio dos fraseoloxismos *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos'] como se pode organizar un modelo de significado que reflicta a influencia da forma interna no significado real (en oposición a outros modelos nos que non se reflicte a forma interna).

3.2.2.3. Combinabilidade e semántica dos fraseoloxismos gramaticais *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos']: o potencial dos modelos de significado

As expresións *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos'[111]] pertencen ó ámbito da fraseoloxía gramatical[112]. Noutras palabras, os problemas que xorden en relación á descrición destas unidades están moi próximos ós problemas analizados na bibliografía específica sobre as características semánticas do léxico auxiliar. Xa se formularon descricións semánticas cualitativas en varias unidades auxiliares, por exemplo, *даже* [*incluso*] en Крейдлин 1975, a semántica da partícula *только* [*só*] en Богуславский 1985, as particularidades de variación de *-то* e *-нибудь*[113] en Селиверстова 1988; Кобозева 1981, a semántica dos usos conxuntivos (Урысон 2001); véx. tamén a análise de diversos elementos discursivos en Баранов, Плунгян, Рахилина 1993. Non obstante, a maior parte das palabras auxiliares aínda está por investigar e require un estudo en cuxa base se poidan construír modelos de significado das unidades léxicas que expliquen as particularidades do seu uso e da súa combinabilidade.

Anteriormente un dos autores deste libro xa intentou describir semanticamente *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*], tentativa que obtivo un modelo de significado no que se baseaba a teoría da valoración e os fraseoloxismos mencionados contemplábanse coma operadores dunha valoración cuxa función fundamental consiste no desprazamento dun significado valorativo dentro dunha escala, determinada polo contexto (Баранов 1989). A interpretación do significado proposta pódese considerar en xeral satisfactoria para os exemplos analizados no artigo, aínda que non explica tódalas restricións no uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*], as cales se explican cunha mostra compacta de material dun corpus de textos do ruso considerablemente representativo[114]. Analizaremos estes contextos un tras outro e,

[111] N. do t.: Nalgúns contextos o equivalente máis exacto de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] sería 'como mínimo' (en principio parece que esta expresión ten un comportamento e unhas restricións similares ós da expresión rusa), pero escollemos usar 'polo menos' por se-lo equivalente máis xeral.

[112] Cómpre sinalar que segundo o criterio da reinterpretación, estas expresións entran na clase das UUFF en sentido estrito. Achéganas á fraseoloxía gramatical a abstracción e a «funcionalidade» do significado real, a que é completamente comparable á semántica das palabras auxiliares e modais.

[113] N. do t.: Partículas empregadas para a formación de pronomes indefinidos.

[114] A modo de fonte empregáronse o *Corpus de xornalística contemporánea rusa* e o *Corpus de literatura dos anos 60-90*, elaborados no Departamento de Lexicografía experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN, cada un inclúe aproximadamente 26 millóns de usos de palabras.

posteriormente, elaboraremos modelos diferentes para as UUFF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*], que, en primeiro lugar, ó estaren formulados en diferentes metalinguaxes, explican de maneira distinta as características específicas do funcionamento destas unidades, e, en segundo lugar, permiten describi-la semántica destas expresións tanto considerando a forma interna (coa estratexia da representación autónoma) coma sen ela.

3.2.2.3.1. Contextos de cantidade

De maneira intuitiva *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] percíbense coma unidades moi próximas no seu significado, pero ó intercambialas demóstrase que isto non é así. En realidade o único contexto no que o intercambio é aceptable e non implica un cambio radical no significado do enunciado é aquel no que figura un numeral no campo semántico de acción das unidades analizadas, comp (86):

(86) **a.** E contra o final do filme adquires ***по крайней мере [/по меньшей мере]*** [*pola medida extrema/pola medida menor*] dúas cousas que se materializan, orixinais e que se mencionan moitas veces, pero poucas veces con tanta convicción: que a xente parece estraña non cando fan descarrilar trens ou cando matan a cinco dunha vez cunha perna (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** Resulta que ***по крайней мере [/по меньшей мере]*** [*pola medida extrema/pola medida menor*] á cuarta parte dos cidadáns, incluíndo os parlamentarios inscritos temporalmente na cidade, non lles funciona ben o «caletre» (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **c.** O cabaleiro e 'cataventos', quen coñecía o trato na capital e fora enviado á provincia por un duelo de amor, tiña que ter ***по крайней мере [/по меньшей мере]*** [*pola medida extrema/pola medida menor*] vinte amantes. Rumata fixo esforzos heroicos para defende-la súa reputación. A metade da súa rede de axentes, en vez de ocuparse do asunto, difundiu rumores repugnantes que suscitaban envexa e entusiasmo entre a mocidade da garda arcana (A. e B. Strugatskii). **d.** É unha persoa convencida. Pero sexan cales sexan as leis habería que mandalo ó cárcere ***по крайней мере [/по меньшей мере]*** [*pola medida extrema/pola medida menor*] cinco anos (Iu. Dombrovksii).

Os contextos cuantitativos chaman a atención polo feito de presupoñeren unha xerarquía de elementos claramente estruturada, o que non sempre, nin moito menos, se pode atopar noutros casos.

3.2.2.3.2. Contextos de negación explícita

Aínda que os contextos cuantitativos son absolutamente compatibles tanto con *по крайней мере* [*pola medida extrema*] coma con *по меньшей мере* [*pola medida menor*], a aparición dunha negación explícita acompañando o cuantificador implica a

prohibición de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] mesmo en contextos similares; comp. *Он привез* ***по крайней мере/по меньшей мере*** *две книги* [*el trouxo pola medida extrema/pola medida menor dous libros*] e *Он привез* ***по крайней мере/*по меньшей мере не две*** *книги* [*el trouxo pola medida extrema/*pola medida menor* non *dous libros*]. Comp. tamén *Если ты не Змей Горыныч, то у тебя* ***по крайней мере/*меньшей мере не 2*** *головы* [*Se ti non es Zmei Gorinich daquela pola medida extrema/*pola medida menor non tes dúas cabezas*]; *– И сколько, по-твоему, продолжается любовь? – Ну уже* ***по крайней мере/*меньшей мере не три*** *дня* [*E ti canto cres que dura o amor? Pois pola medida extrema/*pola medida menor non tres días*]. A imposibilidade dunha negación explícita tamén se estende parcialmente a outros tipos de compoñentes, non necesariamente cuantitativos; comp. *Он* ***по крайней мере/*по меньшей мере*** *не глуп* [*El pola medida extrema/*pola medida menor non é parvo*], *Мы* ***по крайней мере/*по меньшей мере*** *не опоздали* [*Nós pola medida extrema/*pola medida menor non chegamos tarde*].

Esta regularidade obsérvase ben nos córpora dos textos. No Corpus de literatura atópanse 18 contextos coa combinación *по крайней мере не* [*pola medida extrema non*, 'polo menos non'] e soamente un con *по меньшей мере не* [*pola medida menor non*, 'polo menos non']. No Corpus xornalístico atopáronse 45 exemplos de uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] con negación e unicamente 4 exemplos de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] con negación. Como é habitual nas investigacións, xorde o problema da interpretación do material que non corresponde á tendencia común, á regra. Con todo, se o corpus é representativo sempre se dan casos deste tipo. Neste caso trátase das seguintes frases: (87) *менеджер сам должен быть* ***по меньшей мере не*** *худшим профессионалом* [*o propio manager ten que* ***pola medida menor non*** *ser un profesional peor*]; (88) *говорить о некоем коррумпированном генеральском клане* ***по меньшей мере не*** *солидно* [*falar dun clan xeral corrupto é* ***pola medida menor non****-sólido*]; (89) *валютный бизнес на заложниках возглавляет,* ***по меньшей мере не*** *без ведома самого президента, чеченский вице-президент* [*o negocio de divisas cos reféns encabézao,* ***pola medida menor non*** *sen sabelo o propio presidente, o vicepresidente checheno*]; (90) *мой оппонент поступает* ***по меньшей мере не*** *корректно* [*o meu oponente está a actuar* ***pola medida menor non*** *correctamente*]. Dado que nos casos presentados a negación non se refire a un grupo cuantitativo, a prohibición ten un carácter de tendencia, permitindo algunhas desviacións que cómpre explicar por medio da interpretación semántica desas expresións. O exemplo (87) soa mellor coa UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*]: (87') *менеджер сам должен быть* ***по крайней мере не*** *худшим профессионалом* [*o propio manager ten que* ***pola medida extrema non*** *ser un profesional peor*]. O contexto (89) non é moi afortunado nin con *по меньшей мере* [*pola medida menor*] nin con *по крайней мере* [*pola medida extrema*]: (89') *валютный бизнес на заложниках возглавляет,* ***?по меньшей мере/?по крайней мере не*** *без ведома Масхадова, чеченский вице-президент* [*o negocio de divisas cos reféns encabézao,* ***?pola medida menor/?pola medida extrema non*** *sen sabelo Masghádov, o vicepresidente checheno*]. Os contextos (88) e (90) son totalmente aceptables con *по меньшей мере* [*pola medida menor*] e claramente

desafortunados con *по крайней мере* [*pola medida extrema*]: (88') *говорить о некоем коррумпированном генеральском клане* ?***по крайней мере не*** *солидно* [*falar dun clan xeral corrupto é* ?***pola medida extrema non****-sólido*], (90') *мой оппонент поступает* ?***по крайней мере не*** *корректно* [*o meu opoñente está a actuar* ?***pola medida extrema non*** *correctamente*].

Como veremos posteriormente, a restrición de combinabilidade de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] cunha negación explícita en contextos cuantitativos está relacionada co feito de que esta expresión é máis exacta ca *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e require unha definición clara do elemento con respecto ó cal non ten lugar a proposición. Con todo, a negación explícita dun elemento non pode servir coma indicador claro para o outro elemento. Ademais, un dos modelos de significado de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] indica que en contextos cualitativos resulta difícil a introdución dun elemento de negación explícito que acompañe esa expresión porque aparecen dúas operacións simultáneas de alusión á veracidade da proposición respecto a un elemento (*Выполнение работы потребует* ***по меньшей мере*** *трех дней* [*A realización do traballo requirirá pola medida menor tres días*, 'dentro de tres días o traballo estará realizado']) e á falsidade respecto ó elemento menor máis próximo (*Выполнение работы потребует* ***по меньшей мере*** *трех дней* [*A realización do traballo requirirá pola medida menor tres días*, 'dentro de dous días o traballo non estará realizado']). Véx. a sección 3.2.2.3.10.

3.2.2.3.3. Contextos de xeneralización parcial

Dende un punto de vista semántico, os exemplos nos que á maioría dos elementos dun conxunto se lles atribúe unha propiedade son semellantes ós contextos cuantitativos. Aínda que a semellanza sen dúbida existe, o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] nestes casos é complicado (véx. tamén Baranov 1989), comp.:

(91) **a.** Eu non me puxen en contra diso, pero eles sacaron unha inesperada conclusión: «E por iso traballes ou non traballes, é o mesmo». E en interese do non-engrandecemento da entropía do universo eles non traballaban. ***По крайней мере/*по меньшей мере большинство*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] a maioría deles. «An mass», como diría Vibegallo (A. e B. Strugatskii. *O domingo empeza o sábado*, Понедельник начинается в субботу). **b.** Non obstante, os especialistas da antiga KGB sinalan: «A Stalin escoitábanlle as conversas». ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*], a maioría dos argumentos falan a favor desta suposición. Os parafusos están fixados dende dentro. Mesmo se se abre o parqué dende fóra é imposible entrar no pozo sen a axuda dunha barra e un soprete autóxeno; é dicir, está claro que non foi construído para fuxir (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **c.** Se non todos, ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida*

*extrema/*pola medida menor*] a maioría dos delegados votaron a favor desta proposta (KPT[115]).

Nos córpora estudados (o Corpus xornalístico e o Corpus literario) atopáronse cinco exemplos de combinabilidade da expresión *по крайней мере* [*pola medida extrema*] coa palabra *большинство* [*maioría*] (4 no Corpus xornalístico e 1 no Corpus literario) e non se atopou nin un só exemplo con *по меньшей мере* [*pola medida menor*].

3.2.2.3.4. Contextos de concesión con *хоть* [*aínda que/polo menos*]

Como é sabido, o significado de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] é concesivo. En *по меньшей мере* [*pola medida menor*] tamén se atopan elementos da semántica da concesión, xa que fixa a fronteira das «pretensións» do falante na situación comunicativa, aínda que non é posible o uso simultáneo de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] e de *хоть* [*aínda que/polo menos*]:

(92) **a.** ***Хоть, по крайней мере/*по меньшей мере*** [*aínda que sexa/polo menos, pola medida extrema/*pola medida menor*, 'aínda que sexa polo menos'] que non che brillen os ollos, ti vai a un recanto e queda calado (V. Katáev. *A miña coroa de diamantes*, Алмазный мой венец). **b.** Daquela cónteme que é o último que está a ler. Eu ***хоть по крайней мере/*по меньшей мере*** [*aínda que sexa pola medida extrema/*pola medida menor*] hei de sabe-lo que teño que ler (KRR[116]). **c.** —E por que? Sabe que escribiron unha recensión mesmo de «Fantomas» —ri. —Así é. Daquela tamén escribirán de «Fantomas». —Pois disque a recensión de «Fantomas» a escribiu un certo francés... —Non, foi dun dos nosos, que vou dicir, unha película para as masas, pero, se tomamos ese tipo de películas ***хоть по крайней мере/*по меньшей мере*** [*aínda que sexa pola medida extrema/*pola medida menor*] dende o punto de vista da filmación son interesantes (KRR).

É interesante o feito de que sexa posible tamén outra orde da secuencia, onde *хоть* [*aínda que sexa/polo menos*] entra no campo de acción de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]:

(92) **d.** —Cocer cachelos coa monda e o arenque poñérllelo ós convidados sen limpar. ***По крайней мере/*по меньшей мере хоть*** [*pola medida extrema/*pola medida menor aínda que sexa*, 'polo menos aínda que sexa'] has de vencelos en orixinalidade. —En orixinalidade. —Si. E se non, en nada. Entrecosto con chícharos (KRR); **e.** —Non sei como darllos, non trouxen os cartos comigo. Si, velaquí ten dez rublos. —Como que dez! Déame ***po***

[115] O Corpus de textos políticos é parte do Corpus xornalístico (Departamento de Lexicografía experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN).
[116] O *Corpus de lingua falada rusa* (Fondo electrónico do Instituto da Lingua Rusa RAN).

крайней мере хоть [*pola medida extrema aínda que sexa*] cincuenta! (N. V. Gógol. *Almas mortas*, Мертвые души).

Os contextos de concesión coa partícula *хоть* [*aínda que sexa*/*polo menos*] son precisamente os máis característicos da lingua falada. Tamén existen fixacións literarias, en textos dramáticos, aínda que mesmo nese caso se reproduce (modélase) dun xeito artístico un diálogo natural, comp. (92a, e) e (93):

(93) «Ricachóns da cidade de Petersburgo!». E hame de enviar ó diaño e terá razón. Xa de chamar, daquela chama-la policía. Alí, ***по крайней мере, хоть*** [*pola medida extrema, aínda que sexa*] o que está de garda non dorme. De tódolos xeitos non debería durmir, xa que cobra por iso... (A. e B. Strugatskii).

Esta observación tamén se confirma coa análise do material: nin no corpus literario nin no corpus non-literario se atopan exemplos de combinación da partícula *хоть* [*aínda que sexa/polo menos*] e da expresión *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. No Corpus Nacional da lingua rusa unicamente existe un exemplo, aínda que non demasiado afortunado dende o punto de vista estilístico: *Мужчины нередко считают красивую женщину (Анжела вполне могла считаться красивой) если не умной, то, ??**по меньшей мере, хоть** сообразительной* [*Os homes en non poucas ocasións consideran a unha muller fermosa (Anjela podería considerarse absolutamente fermosa), se non intelixente, ??**по меньшей мере, хоть** (??pola medida menor, aínda que sexa) espelida*] (V. Gromov. *Material comprometedor para un oligarca*, Компромат для олигарха).

3.2.2.3.5. Contextos de topicalización

Velaquí un caso máis onde é imposible o emprego de *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos']: os exemplos de topicalización do compoñente (en comezo absoluto dunha oración), cando está expresado por un grupo nominal cunha estrutura relativamente libre:

(94) **a.** Para min ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] isto é inadmisible. **b.** ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] para este caso a regra de composición formulada é totalmente inaplicable. **c.** Eles estaban orgullosos da súa amizade, / de seren amigos dunha maneira tan sinxela / que un do outro nin el nin ela / parecía que non necesitasen máis nada. / Ela, ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*], moitos días / instruíuno na amizade inocente, / pero el, aínda que ben lle cría aquilo a ela con anguria, / non cría en si mesmo dende o comezo de todo (K. Simonov). **d.** Tania tocou a manta coa man. —Meu Deus, con que te estás a tapar! Agora —digo eu— vai calor. Non hai por que taparse. Ti ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*]. —Iso é un cumprimento? —Algo polo estilo (S. Dovlátov).

A restrición pode atinxir ó tópico que é introducido *post factum* ó final do enunciado, moi característico da fala coloquial, comp. (94): **e.** *Но я попытаюсь поближе его узнать, потому что он мне импонирует, честно говоря. Вот. Тогда я разузнаю, что такое Олег, для него,* ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*Pero eu estou a intentar coñecelo mellor porque el me impón, sinceramente. Iso é. Daquela hei de saber que significa Oleg para el,* ***por crayneyey mere/*por menshey mere*** *(pola medida extrema/*pola medida menor)*] (KRR).

É difícil dicir se esta restrición é aplicable a calquera compoñente topicalizado. De tódolos xeitos, aparentemente, é bastante xeral.

3.2.2.3.6. Contextos de comparación

Neste caso trátase da posibilidade de atopar construcións con xiros comparativos no campo de acción das unidades que estamos a tratar, introducidos por operadores coma *такой* [*tal*, *semellante*], *так* [*así*], *похожий* [*parecido*]. O uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos'] nestes casos é difícil, aínda que o de *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] resulta totalmente normal:

(95) **a.** En número de estatuas de pedra Volokolamsk ocupa probablemente o segundo lugar despois de Moscova. ***По крайней мере/*по меньшей мере, подобного*** [*pola medida extrema/*pola medida menor parecida*] cantidade de estatuas por metro cadrado antes non tiñámo-la posibilidade de vela (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** ***По крайней мере/*по меньшей мере такую*** [*pola medida extrema/*pola medida menor* unha pluma *así*] xa lla regalei (KRR). **c.** Bim estaba sentado detrás das costas de Alexa, acubillándose no abrigo de pel, e púxose a pensar - ***по крайней мере/*по меньшей мере, такой*** [*pola medida extrema/*pola medida menor, tal*] era o seu aspecto (G. Troepolskii. *Bim o branco, a Orella negra*, Белый Бим Черное Ухо).

Co corpus tamén se confirma a regularidade indicada. Os córpora existentes non amosan exemplos da combinabilidade da UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*] coas palabras *такой* [*tal*, *semellante*], *так* [*así*], *подобный*, *похожий* [*parecido*]. No Corpus Nacional da lingua rusa atópanse exemplos nos que as palabras con semántica de comparación preceden á UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*]: *Во-первых / если мы говорим о малом и среднем бизнесе и среднем классе / вообще / то это оплот любого демократического общества* [...] *Сейчас им сигнал* ***такой / по меньшей мере*** */ двусмысленный* [*En primeiro lugar / se estamos a falar do negocio pequeno e medio e da clase media / en xeral / isto é baluarte de calquera sociedade democrática* (...)*. Agora* ***tal*** *sinal /* ***pola medida menor*** */ é ambiguo*] (*Egho Moskvi*, Эхо Москвы). Neste contexto obsérvase que *по меньшей мере* [*pola medida menor*] non entra no campo semántico de acción de *такой* [*tal*, *semellante*]: os adxectivos *такой* [*tal*, *semellante*] e *двусмысленный* [*ambiguo*] son independentes un do outro, mentres que a expresión *по меньшей мере* [*pola medida menor*] cualifica o adxectivo

двусмысленный [*ambiguo*].

3.2.2.3.7. Contextos temporais

Nos contextos temporais que se usan no campo de acción das unidades que estamos a estudar, atópanse palabras que designan puntos nunha escala temporal, exactamente puntos e non «cantidades» de tempo: *два/три часа дня/ночи* [*dúas/tres horas do día/da noite*]. A expresión *по меньшей мере* [*pola medida menor*] resulta estraña en contextos temporais, comp. (96) e (97):

(96) ***По крайней мере/?по меньшей мере*** *в два часа я его видел* [*pola medida extrema/?pola medida menor chegou ás dúas*].

(97) ***По крайней мере/?по меньшей мере*** *в двенадцать я уже был свободен* [*pola medida extrema/?pola medida menor ás doce eu xa estaba libre*].

Esta restrición afecta aquelas unidades léxicas con significado deíctico que interactúan con puntos (áreas) nunha escala temporal: *сейчас* [*agora*], *тогда* [*daquela*], *отныне/с сегодняшнего дня* [*a partir de agora/do día de hoxe*], *пока* [*de momento; mentres*], *до* [*ata*] (en usos temporais), *от* [*dende*] (en usos temporais), *в данный момент* [*nun momento dado; neste momento*] etc. A súa particularidade radica, como é sabido, no feito de que o significado da expresión se pode calcular unicamente baseándose no coñecemento da situación.

(98) **a.** ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] *тогда* [*daquela*] eu xa entendera a que pode levar aquilo[117]. **b.** O inspector amosaba unha valoración moi baixa ó non designa-los dous penaltis. É interesante o feito de que o xuíz presentase una apelación e na seguinte análise da situación moitos especialistas tendían a pensar que era máis probable que tivese razón. Pero isto non son máis ca conversas nos corredores. ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*], *пока* [*de momento*]... (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **c**. A xeneralización do uso do automóbil non nos ameaza. ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] *пока* [*mentres*] o goberno non aumente as tarifas de alfándega (parece que os gobernantes pensan que facendo isto salvan a economía nacional) (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **d.** O consenso nacional en Rusia ten unha historia riquísima e brillantes perspectivas. Non hai nin un heleno, nin un xudeu, nin un comunista, nin un fascista, nin un demócrata. Unicamente unha sociedade avanzada chamada pobo soviético. E o que nós imos construír sobre eses alicerces, que tipo de formación, iso «sábeno os boiardos». ***По крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*],

[117] Os exemplos ós que non se lles atribúe ningunha fonte foron creados.

отныне [*a partir de agora*] traban amizade a familia do presidente e maila do novo e prometedor voceiro do parlamento, Iván Ribkin, comunista agrario (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **e.** O profesor afirmou categoricamente que agora, ***по крайней мере/*по меньшей мере*** [*pola medida extrema/*pola medida menor*] *в данный момент* [*neste momento*] non hai ningún indicio de que o rapaz do bar teña cancro. Pero xa que as cousas están así... Xa que el ten medo e un charlatán asustouno, daquela é necesario facer tódalas análises (M. Bulgákov).

Resulta interesante o feito de que ó interpreta-lo tempo coma recurso o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é absolutamente normal, comp. (99):

(99) Non se preocupe, estaba de broma —interrompeume ela, metendo a perna na cabina—. Apúrese e vaia onda a súa Grevs. Está esperando por vostede. Teño que tirar unha proba da auga do Mar dos Misterios, así que ***по крайней мере [/по меньшей мере]*** [*pola medida extrema/pola medida menor*] non a vou molestar durante tres días (I. Varxávskii).

Noutras palabras, os exemplos do tipo (99) son análogos ós contextos de cantidade, véx. (86).

3.2.2.3.8. Contextos de valoración negativa

Os exemplos nos que non se permite o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] son bastante numerosos. Non obstante, non hai que pensar que a oposición contextual entre *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é privativa, é dicir, que o total dos contextos de uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] sexa un estrito subconxunto dos de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. Hai casos nos que aínda que sexa posible utilizar *по меньшей мере* [*pola medida menor*] a UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] resulta totalmente desafortunada:

(100) **a.** E polas páxinas da prensa empezou a circula-la historia do fracaso do drama *De súpeto o verán pasado* en América e do espectáculo de Jitinkin que, con éxito, se puxo en escena por primeira vez en Rusia. Pero Williams escribiu *Un tranvía chamado «Desexo»* en 1947, *A gata sobre o tellado incandescente* en 1955 e *De súpeto, o verán pasado* en 1958. Resulta estraño afirmar, ***по меньшей мере/?по крайней мере*** [*pola medida menor/?pola medida extrema*], que foron escritos ó mesmo tempo (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** O medio millón de rusos de Moldavia formaron dúas comunidades no verán. Unha gran parte desta xente entendeu que marchar de aquí proximamente é, ***по меньшей мере/?по крайней мере*** [*pola medida menor/?pola medida extrema*], irreflexivo. Non os esperan en ningures, non hai cartos, a situación en Rusia é turbia (*Moskovskie novosti*, Московские новости). **c.** Os ministerios de defensa fanlle recriminacións a

miúdo a Alemaña. Si, nós descubrimos aló feitos de abusos, maquinacións etc. Os culpables son castigados. Pero falar dun clan xeral corrupto, ***по меньшей мере/? по крайней мере*** [*pola medida menor/? pola medida extrema*] non ten solidez (*Moskovskie novosti*, Московские новости). **d.** A súa actual acción de cruza-lo Batán foi o exercicio dun turista que decide el mesmo as dificultades e el mesmo as supera. O coeficiente de efecto útil aquí é pequeno. O cruzamento do Batán levoulle dous días, estivo dez días nunha *iaranga*[118] en Kiai e pasou dez días en viaxe de traballo. Empregou máis da metade do tempo nun heroísmo sen sentido. Sexa como sexa, isto ***по меньшей мере/? по крайней мере*** [*pola medida menor/? pola medida extrema*] é un uso irracional do tempo dun enxeñeiro-xeólogo (O. Kuvaev. *O territorio*, Территория).

A particularidade discursiva de contextos deste tipo radica en que o falante, ó utilizar *по меньшей мере* [*pola medida menor*] suaviza a súa valoración negativa, dándolle a entender ó interlocutor (real ou imaxinario) que en realidade a súa valoración da situación é moito peor, pero por educación ou outras consideracións non a verbaliza dun xeito claro.

3.2.2.3.9. Os modelos de significado dos fraseoloxismos gramaticais *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*]

Analizaremos catro tipos de modelos de significado de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e de *по меньшей мере* [*pola medida menor*], así coma as explicacións das particularidades de uso propostas na súa base. Dende o punto de vista da estratexia autónoma de representación da forma interna, o modelo metafórico de significado é o que ten o maior interese (*vide infra*).

A esencia do modo de representación do significado nun **modelo proposicional (modelo-P)** consiste en que o significado da palabra é descrito coma a suma das proposicións que describen o plano do contido do enunciado no que está representada esta palabra[119]. Por iso mesmo o modelo-P distínguese coma tal polo modo de organización (ou construción) da explicación semántica. Está claro que as proposicións en certo modo están relacionadas unhas coas outras. Nas descricións de tipo P (as que empregan o modelo-P) isto indícase xeralmente por medio de remisións anafóricas, pero tamén pola presenza nas proposicións de partes importantes comúns que describen a semántica dunha expresión. O problema fundamental dos modelos-P é a complexidade á hora de determina-lo elemento que a unidade descrita achega á semántica do enunciado. Ademais, os problemas deste tipo son propios de

[118] N. do t.: Tipo de tenda transportable dos pobos nómadas de Siberia.

[119] Falando en xeral, sería máis conveniente empezar por un modelo máis simple de «marcadores semánticos» no que o significado se represente en forma dun conxunto de marcadores semánticos non relacionados entre si (comp. a representación semántica na análise compoñencial; véxase neste sentido Баранов, Кобозева 1987), pero para describi-las expresións que estamos a estudar tal modelo é dificilmente aplicable.

practicamente tódalas metalinguaxes declarativas[120]. Para as unidades obxecto de estudo a representación-P pode te-lo seguinte aspecto:

По крайней мере P(x) [*pola medida extrema P(x)*, 'polo menos']: **1)** *P(x)*; **2)** é posible que con relación a outros (poden ser todos) elementos *y*, ..., *z* dun conxunto desordenado, unificados por un parámetro *F*, teña lugar *P*.

Resultado: a veracidade de *P(y*, ..., *z)* non exclúe a veracidade de *P(x)*.

A realización desta representación en relación a un enunciado concreto coa UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] sería aproximadamente esta: *[А во-вторых,]*[121] *фига, она же дуля, она же кукиш, означает для японца нечто иное, нежели для европейца или,* ***по крайней мере****, для русского* [*En segundo lugar a 'figa', a 'dulia', o 'kúkix'*[122] *para un xaponés significan algo diferente que para un europeo ou,* ***pola medida extrema****, para un ruso*] (A. e B. Strugatskii): 1) a 'figa', [...], o 'kúkix' significan para un ruso algo diferente do que significan para un xaponés; 2) é posible que tamén para outros europeos (parámetro F) 'figa', [...], 'kúkix' signifiquen unha cousa diferente que para un xaponés. Conforme a isto, o resultado indica que "se tamén para outros europeos 'kúkix' significa algo diferente do que significa para un xaponés iso non contradí o feito de que para un ruso signifique algo diferente do que significa para un xaponés".

> **Nota.** Nunha descrición posterior de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] (*NOSS*: 780 e seguintes), que supón unha variante do modelo-P, os contextos de uso deste fraseoloxismo divídense en tres grupos de significados (ou «lexemas», na terminoloxía da escola semántica moscovita): 1) *по крайней мере 1 Q* [*pola medida extrema 1 Q*] = 'o falante non coñece o tamaño exacto de P; o falante afirma que P non é menor ca Q; o falante considera que P pode ser meirande ca Q' (contextos do tipo *Á reunión asistiron по крайней мере* [*pola medida extrema*] *15 persoas*) (*NOSS*: 783); 2) *по крайней мере 2 P* [*pola medida extrema 2 P*] = 'entendendo que non é posible te-lo que se desexa, o falante quere ou está disposto a ter un P máis pequeno, cuxa posesión é algo máis probable' (contextos do tipo *Если ты его не любишь, ты могла бы его по крайней мере уважать* [*Se non che gusta pola medida extrema poderías respectalo*]) (*NOSS*: 780); 3) *P, По крайней мере 3 Q* [*P, pola medida extrema 3 Q*] = 'o falante descoñece a situación exacta das cousas; o falante afirma que ten lugar algo que non é menor ca Q; xeralmente de P despréndese Q; o falante considera que P; para non cargar coa responsabilidade dunha afirmación máis forte sobre a existencia de P o falante substitúeo por unha afirmación máis débil sobre a existencia de Q' (contextos

[120] Véxase con respecto a isto Баранов, Паршин 1990б.
[121] Aquí e posteriormente sitúase entre corchetes a parte do contexto que non se analiza directamente na explicación semántica, pero que é esencial para a comprensión.
[122] N. do t.: Estas palabras designan un xesto moi semellante (e co mesmo valor) que o noso 'corte de mangas'; trátase dun xesto obsceno que imita os xenitais femininos e que se fai con intención de ofender.

do tipo *Paréceme que son bos amigos, по крайней мере* [*pola medida extrema*] *pasan moito tempo xuntos*) (*NOSS*: 783).

Como é sabido, a «fragmentación» da semántica dunha palabra en significados ten as súas vantaxes e os seus inconvenientes. No caso que estamos a estudar *по крайней мере 1* [*pola medida extrema 1*] está claro que cobre os usos «cualitativos» desta expresión, é dicir, os contextos de tipo (54). O terceiro significado *по крайней мере 3* [*pola medida extrema 3*] reflicte o comportamento discursivo de *крайней мере* [*pola medida extrema*] en contextos de argumentación evidente e encuberta (*vide infra* o modelo discursivo do significado de *по крайней мере* e de *по меньшей мере*). Menos claros son os criterios de clasificación do segundo significado, *по крайней мере 2* [*pola medida extrema 2*]. A xulgar pola explicación, estes forman parte dos contextos da semántica dos recursos, véx. a presenza na explicación dos compoñentes semánticos «ter», «o desexado», «posesión»: 'entendendo que **te-lo desexado** é imposible, o falante quere ou **está disposto a ter un** P **menor, cuxa posesión** é máis probable'. Resulta interesante o feito de que custe considerar coma expresións semánticas de posesión moitos dos exemplos ofrecidos para este significado. Ademais, as entidades que alí se discuten tampouco están relacionadas coa categoría «recurso», que é unha das condicións, das premisas da posesión. Así, conforme a explicación e a modificación necesaria nos casos nos que o falante é un observador á marxe[123], o exemplo de N. V. Gógol *По крайней мере* [*pola medida extrema*], *a arrepiante imaxe do usureiro deixou de visitalo, e o retrato desapareceu non se sabe onde* (*NOSS*: 783) habería que interpretalo do seguinte xeito: 'o falante, entendendo que o suxeito da situación non pode conseguir/te-lo que desexa (en xeral esquece-lo acontecido (?)), expresa a súa opinión de que sería bo que o suxeito conseguise algo menor: que a arrepiante imaxe do usureiro deixe de visitalo e o retrato desapareza non se sabe onde, onde a posesión do primeiro (a arrepiante imaxe) e do segundo (o retrato desaparece) son máis probables'. Este exemplo dificilmente transmite dun xeito real o sentido do suxeito de posesión de entidades mentais (de representacións sobre certas situacións) co cal é máis cuestionable que con este enunciado o narrador exprese a súa opinión sobre o feito de que para o suxeito descrito sería bo «ter» algo menor (algunha situación máis probable), máis exactamente a súa representación mental.

Ó intentar aplica-la explicación proposta dentro das ideas de posesión tamén xorden problemas análogos, por exemplo nos contextos: ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*]*, teño o dereito de preguntar acerca de min, por que vou preguntar por ti?* (I. A. Gonchárov); ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*]*, vostede non está enfadado comigo?* (F. M. Dostoievski). Está claro que a 'posesión' na explicación de *по крайней*

[123] [...] 'entendendo que o suxeito da situación non pode consegui-lo que desexa, o falante expresa a opinión de que sería bo que o suxeito conseguise un P menor, cuxa posesión é máis probable' (*NOSS*: 780).

мере 2 [*pola medida extrema 2*] é un compoñente semántico que, ó se utilizar con exemplos concretos, pódese interpretar de maneiras diferentes, e ademais dunha maneira moi ampla. Aínda que, se partimos do presuposto de que a explicación semántica, a interpretación e calquera outro modelo de significado están chamados a face-la semántica da palabra máis clara e comprensible, entón o grao de variabilidade dos compoñentes semánticos á hora de intentar aplica-los modelos a contextos concretos non pode ser excesivo. No caso que estamos a estudar, as oracións cunha semántica allea ó concepto de recurso interprétanse coma recursivas, mentres que a idea de posesión se estende á presenza nunha persoa dalgunhas ideas, pensamentos, desexos etc.

En parte o problema indicado xurdiu por mor da fragmentación dos contextos de uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*].

Aínda existe outra complicación. O que acontece é que os significados se clasifican segundo distintos criterios e, de feito, interpretan diferentes aspectos de uso desta unidade. Como xa se sinalou, *по крайней мере 3* [*pola medida extrema 3*] describe as condicións de uso discursivas desta forma, o que se pode observar no seguinte exemplo: *– Говорят к Петрову опять на лекцию никто не пришел. – Да брось ты, его студенты любят. Каждый раз полная аудитория набирается. Да и в прошлый раз почти все пришли. Ну уж* ***по крайней мере*** *человек 15 было* [*— Disque unha vez máis ninguén foi á clase de Petrov. —Que va, ho! Ós estudantes gústalles. A aula sempre se enche. E mesmo a última vez viñeron case todos. Había* ***pola medida extrema*** *15 persoas*]. Por unha banda isto é un exemplo típico de *по крайней мере 3* [*pola medida extrema 3*] segundo o enfoque de *NOSS*. En realidade 'o falante non sabe con exactitude cantas persoas foron á clase de Petrov; o falante afirma que non foron menos de quince persoas; da afirmación anterior (a última vez foron case todos) despréndese que foron 15 persoas[124]; o falante estima que foron quince persoas, para non cargar coa responsabilidade dunha afirmación demasiado forte sobre a existencia de «a última vez foron case tódolos estudantes»; o falante substitúea por outra afirmación máis débil sobre a existencia de «foron quince persoas»'. Por outra banda, neste caso no uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] tamén se pode aplica-la explicación de *по крайней мере 1* [*pola medida extrema 1*]: 'o falante non sabe a cantidade exacta de estudantes que foron; o falante afirma que a cantidade de estudantes non é inferior a quince persoas; o falante estima que a cantidade de estudantes que foron pode ser superior a quince'. Isto, por suposto, pódese explicar polo efecto de neutralización dos significados, pero as particularidades da semántica desta expresión (descritas intuitivamente polas interpretacións de *по крайней мере 3* [*pola medida extrema 3*] e *по крайней мере 1* [*pola medida extrema 1*]) neste caso non se neutralizan como o fai, por exemplo, a oposición sonoro-xordo das consoantes en final de palabra. Estes aspectos da semántica están presentes no contexto e o falante da lingua percíbeos ben, outra cousa é que describan o funcionamento da expresión

[124] Abstraémonos de discuti-los elementos concretos da interpretación, en particular a lexitimidade do enfoque da relación implicativa e da relación da existencia (*vide infra*).

estudada en diferentes niveis, dende diferentes puntos de vista. Ademais disto, a posibilidade de aplicar simultaneamente dúas interpretacións no mesmo contexto non conduce a efectos inesperados coma xogos de palabras ou contradicións. A descrición dos contextos de uso dende diferentes perspectivas (proposicional, discursiva, comunicativa etc.) non leva á formación de novos significados. Os modelos propostos (anteriormente e a seguir) da semántica de *крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] tampouco establecen novos significados, senón que reflicten o funcionamento destas unidades en relación á profundidade e ós aspectos da comprensión do plano do contido da lingua, é dicir, das frases coas súas correspondentes expresións.

По меньшей мере P(x) [*pola medida menor P(x)*]: **1)** *P(x)*; **2)** para o elemento *q* máis próximo a *x*, menor que *x* polo parámetro *F*, non é *P*[125]; **3)** *x* é o último elemento na sucesión de elementos *q*, *x*, *y*, ..., *z*[126], formada polo incremento do parámetro *F* (de *q* a *z*), sobre os cales o falante está disposto a dicir *P*.

Un enunciado concreto con *по меньшей мере* [*pola medida menor*] neste caso interprétase do seguinte xeito: *Все еще звучат призывы остановиться на краю бездны. На каком краю? Как остановиться, когда мы падаем в нее уже* ***по меньшей мере*** *третий год* [*а конца падению не видно?*] [*Aínda se seguen a oí-las chamadas para que nos deteñamos no bordo do abismo. En que bordo? Como nos temos que deter, onde? Levamos caendo nel* ***pola medida inferior*** *tres anos, (e a fin da caída non está á vista?)*] (KPT); 1) levamos caendo no abismo tres anos; 2) non é certo que caiamos no abismo, (soamente) dous anos'; 3) 3 anos é o último elemento da secuencia 3 anos, 4 anos, 5 anos ..., sobre cada un dos que o falante está disposto a dicir «Levamos caendo no abismo ... anos».

O modelo-P na actualidade é o modelo de significado máis popular. Non obstante, este modo de representación non está privado de inconvenientes. Nos modelos-P é complicado reflecti-las relacións entre as proposicións e o seu status comunicativo, así coma tamén o significado dos diferentes compoñentes da semántica da expresión lingüística no proceso comunicativo. Precisamente por iso os modelos-P, xeralmente, son heteroxéneos e inclúen compoñentes adicionais: marcos modais de diferentes tipos, marcadores do significado das proposicións (de afirmación/aserción, de presuposición/consecuencia) etc. De aquí xorde a metáfora do significado coma «pastel de follado», característica das representacións-P, no que cada estrato se caracteriza polo seu grao de explicitación e accesibilidade. Por exemplo, no caso da representación-P de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] a primeira proposición ten un status de afirmación, mentres que a segunda está claramente máis próxima a unha presuposición. Na representación semántica de *по меньшей мере* [*pola medida inferior*] tanto a primeira coma a segunda proposición forman parte da afirmación, mentres que a

[125] É dicir, 'non é *P(q)*'.
[126] En principio, tamén pode haber outros elementos anteriores a *q* cun significado menor do parámetro *F*.

terceira ten máis ben un carácter presuposicional[127].

No **modelo topolóxico** de significado (modelos-T), o organizador fundamental, o elemento funcional, resulta ser un espazo, as áreas dun espazo e os puntos nun espazo ou nas súas partes. O significado descríbese coma as operacións de fragmentación dun espazo en áreas, o traslado de puntos dunha área a outra, a destrución duns puntos ou doutros, a selección dos puntos ou da área etc. Os modelos-T son máis exóticos cós proposicionais, non obstante, estes tamén se utilizan na descrición da semántica de enunciados (Fauconnier 1985, 1994). Existe unha variante do modelo-T que goza de especial popularidade: o **modelo de escala** (véx., por exemplo, Червенкова 1975). Neste caso o espazo redúcese a unha ou a varias escalas entre cuxos puntos se poden establecer diferentes relacións.

Para describir *по меньшей мере* [*pola medida menor*] dentro da perspectiva dos modelos-T, a variante máis axeitada é a da escala. Neste enfoque os elementos *x*, *y*, ..., *z* alíñanse segundo o grao de incremento dun parámetro *F*, fixado de maneira diferente en cada situación concreta. Nos contextos cuantitativos trátase dunha escala de numerais a partir de 0 que despois vai en aumento e nos contextos de valoración negativa é unha escala de empeoramento da valoración que vai dunha positiva a unha neutral e radicalmente negativa. De cada elemento que conforma esta sucesión (esquerda-dereita) pódese dicir *P* con maior fundamento que do anterior:

Os modelos topolóxicos de significado son procedementais[128], xa que o significado se describe non só coa disposición dos puntos e das áreas no espazo, senón tamén coas operacións por riba delas. No caso que estamos a estudar, a escala anterior ten que ser completada coa descrición dos procedementos de selección do elemento *x* e da comparación deste elemento co elemento *q*: cando '*x é P*', e cando '*q non é P*'. Isto determina a perspectiva de análise da situación ó empregar *по меньшей мере* [*pola medida menor*]: **do elemento que satisfai as proposicións *P* ó elemento que non**

[127] Ende mal, aquí non funcionan os tests de negación e de anomalía semántica, por iso só se pode falar dun status presuposicional de xeito bastante aproximado.

[128] Sobre a descrición procedemental, véxase en particular Баранов, Паршин 1990б. As descricións procedementais do léxico foron empregadas por primeira vez por T. Vinograd no modelo informático de comportamento intelectual, o brazo mecánico que desempeñaba ordes ditadas nunha lingua natural para mover cubos: «Está claro que moito do que sabemos represéntase mellor dunha maneira procedemental; é difícil interpretar tal coñecemento dun xeito puramente declarativo. Se queremos que un robot actúe nun medio relativamente sinxelo (como, por exemplo, uns cubos de xoguete), entón farémolo da maneira máis natural describindo as súas manipulacións como programas» (Winograd 1975: 189).

satisfai as proposicións *P*. O primeiro procedemento amósase no debuxo dun xeito convencional cunha frecha vertical. O segundo procedemento (a comparación co elemento *q*) represéntase convencionalmente cunha frecha que indica a diminución do parámetro *F*.

No caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] a representación-T escalar non é representativa. O que acontece é que ó empregar *по крайней мере* [*pola medida extrema*] a posición dos elementos *x*, *y*, ..., *z* na escala non sempre está definida. Así, no exemplo analizado anteriormente, o conxunto de europeos non está ordenado e seleccionouse unicamente un elemento, «un ruso»: [*А во-вторых,*] *фига, она же дуля, она же кукиш, означает для японца нечто иное, нежели для европейца или,* ***по крайней мере****, для русского* [*(E, en segundo lugar,) a 'figa', a 'dulia', o 'kúkix'*[129] *significan para un xaponés algo diferente do que significan para un europeo ou,* ***pola medida extrema****, para un ruso*] (A. e B. Strugatskii). Dun xeito análogo, a oración *По крайней мере вчера я его видел* [*pola medida extrema eu vino onte*] permite totalmente que o falante tamén vise a esa persoa antes do momento temporal fixado en «onte», no pasado, e despois dese momento. Está claro que o contexto extralingüístico nos suxire dunha maneira máis exacta a perspectiva de análise; compárese *По крайней мере он здоров* [*pola medida extrema el está san*]: a perspectiva de análise sitúase nunha dirección de «mellora», é dicir, o parámetro *F* indica a dirección da saúde cara a un benestar xeral e cara ó éxito (san, con éxito, ledo, contento, feliz etc). Sería estraño «moverse» da saúde en dirección á enfermidade e á morte, pois entre a saúde e a enfermidade (a non-saúde) existe unha certa fronteira natural que dificulta o «movemento» dun extremo ó outro na perspectiva de estudo.

Pódese construír, por suposto, unha escala para *по крайней мере* [*pola medida extrema*]; compárese, por exemplo, a seguinte variante:

Igual que no caso anterior, a operación de escolla do elemento *x* está representada pola frecha. A perspectiva de análise da situación ó empregar *по крайней мере* [*pola medida extrema*] presupón a comparación do elemento *x* cos outros elementos do conxunto formado polo parámetro *F*. Unha representación-T máis completa tamén ten que reflectir isto en forma de operación por riba dos elementos da escala. Neste caso

[129] N. do t.: Véxase a nota 122.

compróbase que a escala non é completamente axeitada, non tanto porque non reflicta a operación de comparación do elemento *x* cos demais elementos do conxunto (problema puramente técnico), coma polo feito de que a representación-T impón unha estrutura xerárquica ó conxunto *y*, ..., *z* e, en calquera caso, orienta os puntos *y*, ..., *z* na escala con respecto a *x* (ben á dereita, coma nesta variante da representación semántica, ou ben á esquerda). Non obstante, cando se emprega *по крайней мере* [*pola medida extrema*], esta estruturación non é imprescindible en absoluto: en exemplos coma *Выпью снотворное – по крайней мере спать буду спокойно!* [*Vou tomar un somnífero, pola medida extrema durmirei tranquilamente!*], o elemento escollido *x* é 'durmirei tranquilo', con todo, os demais elementos do conxunto {*y*, ..., *z*}, aínda que son evidentemente mellores (incremento do parámetro *F*), non están ordenados xerarquicamente con respecto a si mesmos: 'mellora-lo humor', 'volve-lo apetito', 'aumenta-la capacidade de traballo'.

Como xa se dixo con anterioridade, no marco da representación-T pódese falar dunha «perspectiva de análise da situación», definida por aqueles puntos da escala cos que se compara o punto elixido. Na variante escalar da representación-T vese ben que a perspectiva de estudo do elemento elixido, cando se utiliza *по меньшей мере* [*pola medida menor*], está dirixida cara ó elemento máis próximo, cara a aquel no que ten lugar 'non-*P*', mentres que no caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] a perspectiva é, por así dicilo, «máis positiva»: préstase atención á posibilidade de que ademais do punto *x* haxa outros puntos dos cales se poida dicir *P*. O modelo topolóxico no caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] non dá a posibilidade de reflectir dun xeito satisfactorio esta perspectiva «optimista» de estuda-la situación.

O modelo discursivo de significado determina as condicións de funcionamento dun enunciado nunha situación de fala concreta, así coma a súa correspondencia (semántica, ilocutiva) con outros enunciados. Por iso mesmo, este modelo clasifícase sobre todo pola área de descrición do plano do contido do texto. Dende o punto de vista do comportamento no discurso, pódese afirmar que ó utilizar *по меньшей мере P(x)* [*pola medida menor P(x)*], o falante elixe un *x* que, por unha banda, é o máis aceptable para un receptor cunha actitude crítica (hipotética ou real) e, pola outra, segue a satisface-las representacións da realidade do propio falante. A expresión *по крайней мере* [*pola medida extrema*] tamén presenta unha función análoga no discurso, aínda que permite de maneira adicional diminuí-la forza da afirmación, deixando lugar para a existencia doutras alternativas. Neste sentido, *по меньшей мере* [*pola medida menor*] e *по крайней мере* [*pola medida extrema*] opóñense unha á outra: se *по меньшей мере* [*pola medida menor*] precisa a tese, facéndoa máis definida e máis «forte», por outra banda, en *по крайней мере* [*pola medida extrema*] dáse o caso contrario: diminúe o grao de definición da afirmación e déixalle ó falante unha liberdade meirande para defenderse de posibles acusacións.

Finalmente, o **modelo metafórico** de significado pode ofrecer información valiosa

sobre o funcionamento dunha unidade léxica. En xeral trátase dunha metáfora[130] que inflúe na formación do significado real da expresión que está a ser descrita ou que describe ben o significado da expresión que está a ser interpretada. Esta metáfora constitúe a base da forma interna dos fraseoloxismos. En Баранов, Плунгян, Рахилина 1993 a metáfora confrontábase con cada entrada do dicionario e con moitas modificacións dos significados. Funcionaba coma un modo adicional de explica-lo significado. Con respecto ás unidades estudadas nesta sección, pódese falar das metáforas de EXTREMO e MEDIDA, que se atopan na base da súa forma interna. Nunha primeira aproximación, tamén podemos designar coma *extremo de X* aqueles puntos de *X* que pertencen a *X* e que ó mesmo tempo son lindeiros con puntos que xa non son *X*. A metáfora do EXTREMO concorda ben cos outros dous modelos de significado de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. O modelo proposicional indica a posibilidade de que existan outros puntos (elementos) con respecto ós cales ten lugar a predicación *P*. A metáfora de EXTREMO tampouco anula e mesmo presupón (nun sentido limitado, non coma consecuencia) a existencia de puntos de *X* que non son o seu extremo. A idea de EXTREMO tampouco contradí a consecuencia do modelo proposicional: 'a veracidade de *P(y*, ..., *z)* non exclúe a veracidade de *P(x)*', é dicir, a existencia de puntos que non son o extremo non contradí a existencia dos puntos que si son un extremo. A existencia de *X* permite claramente que presente un extremo.

A idea da perspectiva de análise fixada no modelo-P, e en parte no modelo-T, adquire na metáfora do EXTREMO unha interpretación natural. A idea de EXTREMO pola súa esencia está restrinxida a aquelas entidades que si teñen EXTREMO. En principio, o «movemento» alén dos límites de *X* é a miúdo imposible, comp. as locucións *край земли* [*extremo da terra*], *край вселенной* [*extremo do universo*]. Non obstante, cando isto é posible prodúcese a través da perda da medida de *X*. A medición[131] do que se atopa fóra de *X*, da «medida» do propio *X*, é moi difícil[132]. De maneira indirecta isto indícano frases coma [...] *место между землей и небом, не принадлежащее ни земле, ни небу,* ***за краем бытия и вне Бытия*** [(...) *un lugar entre a terra e o ceo, que non pertence nin á terra nin ó ceo,* ***alén do extremo da existencia e fóra da existencia***] (Corpus xorn.); *Поезд оторвался от рельсов и плыл к горизонту, в нарождающийся* ***за краем земли*** *тихий, мягкий мрак* [*O tren despegouse das vías e navegou cara ó horizonte, entrando na silenciosa e branda escuridade que aumentaba* ***alén do extremo da terra***] (V. Astáfev. *O pastor e a pastora*); *Я призываю избегать* ***крайностей*** *в житейских удовольствиях, а сам порою становлюсь участником отвратных оргий* [*Eu fago un chamamento a evita-los* ***extremos*** *nos praceres da vida, mentres que eu mesmo ás veces me fago partícipe de arrepiantes orxías*] (A. Zinovev. *Vai a Golgofa*, Иди на Голгофу). Segundo a perspectiva de análise pódese dicir que o que sae fóra dos límites do punto *x* elixido na dirección dos puntos

[130] A «fonte» da metáfora no par «fonte» vs. «meta» da proxección metafórica nos termos da teoría cognitiva da metáfora.

[131] A metáfora de MEDIDAS, DIMENSIÓNS é propia tanto de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] como de *по меньшей мере* [*pola medida menor*].

[132] Por *medida de X* aquí e no sucesivo enténdese 'a medida, a categorización de *X* en unidades propias á mesma *X*'.

y, ..., *z* non se toma en consideración, atópase como se estivese alén da «medida». Ademais, o concepto EXTREMO en *по крайней мере* [*pola medida extrema*] indica o límite da total seguridade do falante na súa veracidade. O estilo da *Guía polas palabras discursivas* (Баранов, Плунгян, Рахилина 1993), os contextos de uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] pódense denominar NO EXTREMO DA SEGURIDADE SALVADORA, referíndose ó intento do falante de mellora-las súas posicións argumentativas, pasando á afirmación da que pode responsabilizarse totalmente.

A situación da UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é totalmente distinta: aquí a idea de MEDIDA MENOR require a posibilidade de medir en ámbalas dúas direccións a partir do punto *x* elixido, mentres que o concepto de MAIOR-MENOR se apoia na xerarquización dos puntos da escala segundo o parámetro elixido. Este último concepto en principio non é imprescindible no caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. Se intentamos xeneralizar dunha maneira metafórica os contextos de uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*], poderíanse designar coma NON ESTOU DE ACORDO CON MENOS.

Resulta evidente que os catro modelos de significado das unidades estudadas que presentamos non esgotan, nin moito menos, tódolos modelos posibles de interpretación semántica. De feito, cada tipo de comprensión (e non existe unha comprensión «xeral», «universal», como xa se mencionou anteriormente) pódese confrontar co seu modelo semántico tanto de enunciado (do texto) coma daquelas unidades das que está formado.

Cada un dos modelos tratados pode explica-las restricións de uso das UUFF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. Analizarémo-lo seu potencial explicativo en relación ás particularidades de uso sinaladas.

3.2.2.3.10. O potencial explicativo dos modelos de significado

Empezaremos polos contextos cuantitativos nos que *по меньшей мере* [*pola medida menor*] e *по крайней мере* [*pola medida extrema*] son intercambiables. É doado amosar que nin sequera un dos modelos de significado destas unidades presentados contradí os contextos deste tipo. Con todo, nestes usos a semántica dos enunciados coas expresións *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é diferente. O modelo proposicional suxírenos que o enunciado *Там было по крайней мере двое* [*alí había pola medida extrema dúas persoas*] di o seguinte: '1. alí había dúas persoas; 2. é posible que alí houbese máis de dúas', mentres que a oración *Там было по меньшей мере двое* [*alí había pola medida menor dúas persoas*] afirma algo coma: '1. alí había dúas persoas; 2. non se pode dicir que alí houbese unha persoa soa; 3. dous é o último co que podo estar de acordo'. O modelo topolóxico tampouco pon restrición ningunha ós contextos cuantitativos. Dun xeito análogo, os modelos metafóricos non contradín os contextos cuantitativos, tanto na variante NO EXTREMO DA SEGURIDADE SALVADORA coma na variante NON ESTOU DE ACORDO CON MENOS.

Como xa se sinalou, a aparición dunha negación explícita en contextos cuantitativos implica a imposibilidade do uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] mesmo nestes contextos. O que acontece é que a negación dun elemento non pode servir coma «punto de lectura»[133] para o «cálculo» do elemento máis próximo a *x*, con respecto ó cal *P* non ten lugar, o que é requirido tamén nos modelos P e T. De feito, na frase *[– И сколько, по-твоему, продолжается любовь?] – Ну уже* ****по меньшей мере не три** дня* [*(—E canto, cres ti, que dura o amor?) —Pois* ****pola medida menor non tres** días*] o significado de 'non tres' non pode servir no modelo proposicional para revelar *q*, con respecto ó cal *P* non ten lugar (o segundo compoñente do modelo proposicional). En realidade, son dous, tres, catro? No modelo-T, o sentido de 'non tres' hai que interpretalo coma un procedemento á parte que non está previsto polo modelo de significado T desta expresión. Ademais, este significado non permite elixir un punto na escala, pois non serve para a elección, senón para a exclusión do punto. Ó empregar *по крайней мере* [*pola medida extrema*] o sentido de 'non tres' non require a revelación exacta do elemento máis próximo, xa que o propio conxunto non ten por que estar necesariamente ordenado, por iso aparece a posibilidade de construí-lo conxunto de alternativas 'catro', 'cinco', 'seis', 'un mes', 'varios meses', 'un ano' etc.

Parece existir aínda outra restrición máis, presente no modelo de significado P de *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. O primeiro e o terceiro compoñentes deste modelo indican que a proposición ten lugar con respecto ó elemento *x*: '*P(x); x* é o derradeiro elemento na secuencia [...] sobre a que o falante está disposto a dicir *P*'. A forma da proposición *P* aquí resulta esencial. *P* unicamente pode ser unha proposición positiva, dado que con respecto ó elemento *q* máis próximo a *x* a proposición xa non ten lugar. Dende un punto de vista lóxico, a negación dobre anúlase (*non non P = P*), pero na lingua non sempre, nin moito menos, é posible a anulación simple dunha negación dobre. No caso que estamos a estudar, indícase ó mesmo tempo que tamén a proposición é verdadeira para *x* e falsa para *q*. A introdución dunha negación explícita na proposición *P* e a negación simultánea desta proposición cunha negación interna non parece demasiado natural. Non existen tales restricións no modelo-T no caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*].

Os modelos discursivo e metafórico aquí son menos heurísticos. Ademais, o modelo discursivo prognostica algunhas complicacións no contexto da negación explícita tamén no caso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. O problema radica en que a negación explícita na proposición non é moi similar á debilitación dunha tese, é máis ben axeitada para unha contratese. En realidade, nalgúns casos a negación explícita resulta bastante desafortunada, comp. un exemplo de F. Dostoievski: *Ровнешенько настоящий час, – вскричал Федор Павлович, – а сына моего Дмитрия Федоровича все еще нет. Извиняюсь за него, священный старец!* [...] *Сам же я всегда аккуратен, минута в минуту, помня, что точность есть вежливость королей... – Но ведь вы* ?***по крайней мере не король**, – пробормотал сразу не*

[133] N. do t.: Literalmente 'lectura', no sentido de medición; enténdese que alude a un lugar ou principio que se establece para medir ou analizar algo; perspectiva de análise.

удержавшись, Миусов [*É xusto o momento —berrou Fedor Pávlovich—, e o meu fillo Dmitrii Fédorovich aínda non está aquí. Descúlpome por el, santo ancián!* (...) *Eu mesmo son sempre moi puntual, ó minuto, lémbrome de que a puntualidade é a educación dos reis...—Pero é que vostede* ?***pola medida extrema non é un rei*** *— rosmou de contado Miusov, sen controlarse*] (*Os irmáns Karamázov*). O último exemplo resulta máis afortunado se o campo de acción de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] se estende ó pronome *вы* [*vostede*], e non ó compoñente con negación explícita *не король* [*non é un rei*]. Está claro que aquí tamén desempeña un papel o modelo de significado P de *по крайней мере* [*pola medida extrema*], xa que a partir do significado de 'non é un rei' non se poden reconstruír outros elementos do conxunto nin o parámetro da súa formación: barón, duque? Ou ó contrario, emperador? Non obstante, daquela non resulta evidente a maneira en que estes elementos concordan coa semántica de todo o enunciado. Resulta moito máis sinxelo facer isto no contexto con semántica cuantitativa analizado anteriormente.

O feito de que o exemplo (87) sexa desafortunado: *менеджер сам должен быть* ***по меньшей мере не*** *худшим профессионалом* [*o propio xefe ten que ser* ***pola medida menor*** *un profesional* ***non*** *peor*] tamén está relacionado coa presenza dunha negación no campo de acción da UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*], o que dificulta a construción dun conxunto xerárquico ben organizado. Dado que a UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] non require unha ordenación rigorosa do conxunto, resulta máis aceptable neste contexto: (87') *менеджер сам должен быть* ***по крайней мере не*** *худшим профессионалом* [*o propio xefe ten que ser* ***pola medida extrema*** *un profesional* ***non*** *peor*].

Os contextos de xeneralización incompleta que son introducidos por xeneralizadores coma *большинство*, *большая часть*, *многие* [*maioría*, *gran parte*, *moitos*] son incompatibles coa UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. O que acontece é que o modelo proposicional desta unidade indica que para o elemento *q* máis próximo a *x* a proposición *P* non ten lugar, pero non resulta evidente como é ese elemento *q*. Se *x* é a maioría, daquela o elemento «máis próximo» (movemento en dirección á minoría) non ten por que deixar de formar parte da maioría en absoluto. Noutras palabras, a «maioría» é unha zona máis ca unha unidade concreta. A representación a modo de escala nun modelo-T tamén indica os problemas que presenta *по меньшей мере* [*pola medida menor*]: as unidades da escala na que se realiza a selección non están definidas con suficiente nitidez; ou ben se trata de puntos cuantitativos que son descritos coma 'a maioría vs. a minoría', ou ben toda a escala está representada polos puntos 'todos - a maioría - a minoría - ninguén'. Esta indefinición tamén xera unha restrición. Sinalaremos que por ese mesmo motivo o lexema *меньшинство* [*minoría*] tampouco pode estar no campo de acción de *по меньшей мере* [*pola medida menor*]: *Я искренне надеюсь что людей думающих как ты – очень маленький процент или* ***по крайней мере/*по меньшей мере меньшинство*** [*sinceramente espero que a xente que pensa coma ti sexa unha porcentaxe moi pequena ou* ***pola medida extrema/*pola medida menor*** *unha minoría*].

Unha parte significativa dos contextos de restrición de uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] que clasificamos está relacionada co feito de que no marco dos modelos proposicional e topolóxico non se dá construído unha xerarquía. Así, os contextos de «topicalización» (94a-e) inicialmente presupoñen unha oposición de estrutura binaria «tópico vs. non-tópico». Está claro que resulta difícil contemplar coma un exemplo normal de xerarquía un conxunto de dous compoñentes cuxos elementos se distinguen pola presenza/ausencia de negación. Dende un punto de vista natural para unha xerarquía é desexable ter como mínimo tres elementos e unha característica gradual (non-binaria) na base da cal se formula o conxunto.

Outra razón análoga explica o feito de que tampouco sexa desexable o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] en contextos de comparación (comp. 95a-b). En expresións do tipo *По крайней мере такой/так/похожий x – P* [*pola medida extrema tal/tan/parecido - P*] as palabras *такой/так/похожий* [*tal/tan/parecido*] presentan na súa semántica un compoñente anafórico que remite a outro elemento con propiedades análogas; non obstante, tanto segundo o modelo-P coma o modelo-T, o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] presupón a presenza dun conxunto estruturado xerarquicamente cuxos elementos se distinguen uns dos outros. A súa semellanza altera a xerarquía por un parámetro ou por outro.

A necesidade de xerarquiza-lo conxunto tamén explica que o seguinte exemplo non sexa satisfactorio: (89) *валютный бизнес на заложниках возглавляет,* ***по меньшей мере не*** *без ведома самого президента, чеченский вице-президент* [*o negocio de divisas con reféns encabézao,* ***pola medida menor non*** *sen que o saiba o propio presidente, o vicepresidente checheno*]. O segundo elemento obvio do conxunto aquí pode se-la 'participación do presidente no negocio con reféns', aínda que é difícil contemplar un conxunto de dous elementos coma un exemplo normal de xerarquía. Ademais, non está moi claro como calcular neste exemplo o elemento *q* máis próximo, para o que non ten lugar unha predicación. Aparentemente é a 'ignorancia do presidente respecto á participación do vicepresidente no negocio con reféns', pero daquela o parámetro *F* resulta demasiado xeneralizado e, a causa disto, artificial: 'o carácter da relación do presidente co negocio con reféns'. Agora ben, o contexto (89) tampouco é moi afortunado coa UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*], o que está relacionado co feito de que a tese inicial da que se «afasta» o falante, non querendo facerse plenamente responsable dela (modelo discursivo do significado de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]), non só non está formulada, senón que nin sequera se sobreentende.

En contextos temporais (96 e 97), as restricións de uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] están relacionadas coa esencia e coas particularidades específicas do tempo coma categoría cognitiva. A conceptualización estándar do tempo na cultura europea é un eixe unidireccional que vai do pasado ó futuro. Neste eixe entre puntos está determinada a relación 'antes-despois', é dicir, de cada momento no tempo pódese indicar onde se sitúa este momento con respecto a outro no eixe temporal. O concepto de CANTIDADE, que é ben visible na descrición metafórica do significado de *по*

меньшей мере [*pola medida menor*] —NON ESTOU DE ACORDO CON MENOS—, non concorda coa relación 'antes-despois'. De feito, da indicación dun momento concreto no tempo *пять часов*, *три часа с четвертью*, *без десяти восемь* [*as cinco*, *as tres e cuarto*, *as oito menos dez*] de ningún xeito se desprende que as cinco sexan máis ou menos cás tres e cuarto. Por outra banda, a semántica de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] require o cálculo dunha cantidade para establece-la xerarquía entre os elementos *q*, *x*, *y*, ..., *z*, pero tamén para determina-lo elemento máis próximo ó elemento *x* seleccionado: 'para o elemento *q* máis próximo a *x*, menor ca *x* polo parámetro *F*, non é *P*'.

Resulta evidente que o tempo tamén se pode entender dunha maneira cuantitativa (coma un recurso): *прошло два часа*, *у нас осталось девять часов* [*pasaron dúas horas*, *quédannos nove horas*]. Nestes casos, a aparición de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é totalmente axeitada: *прошло* ***по меньшей мере*** *два часа*, *у нас осталось* ***по меньше мере*** *девять часов* [*pasaron* ***pola medida menor*** *dúas horas*, *quédannos* ***pola medida menor*** *nove horas*], comp. tamén (99).

A existencia dunha diferenza fundamental entre a escala do eixe temporal en relación a 'antes-despois', por unha banda, e a valoración cuantitativa coma recurso, pola outra, esvaécese co feito de que en ruso para expresa-la relación 'antes-despois' empréganse a miúdo palabras cunha semántica cuantitativa, comp. a frase *Сейчас уже* ***много*** *времени* [*agora xa hai* ***moito*** *tempo*] que significa 'agora xa é tarde', mentres que a expresión *Еще* ***мало*** *времени* [*aínda hai* ***pouco*** *tempo*] significa 'aínda é cedo'.

Nalgúns casos a incompatibilidade nos contextos temporais tamén está relacionada de maneira adicional coas características específicas das palabras temporais deícticas *сейчас*, *тогда*, *пока*, *в тот момент* [*agora*, *daquela*, *ata agora*, *naquel momento*], comp. (98a-e). Pódese presupoñer que a perspectiva de análise do punto temporal elixido posúe unha grande importancia nestes exemplos. Ó dicirmos *По крайней мере тогда P* [*pola medida extrema daquela P*], referímonos a que 'daquela *P* tamén é posible, en certo(s) momento(s) tamén tivo lugar *P*'. Como xa se mostrou, *по меньшей мере* [*pola medida menor*] non se utiliza para especifica-la relación temporal non-cuantitativa 'antes-despois', senón que neste caso actúa outra restrición fundamental máis. Neste contexto, *по меньшей мере* [*pola medida menor*] debería modifica-lo significado do seguinte xeito: 'daquela *P*, mesmo nun momento do pasado[134], non é *P*, á vez que a pronuncia de *тогда* [*daquela*] é contrastiva no sentido de que necesariamente se opón ou ben ó presente ou ben ó futuro; e o pasado, o futuro e o presente son áreas de puntos e non xerarquías'. Dos modelos de significado P e T de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] despréndese que nas áreas non-estruturadas esta UF «non funciona».

Os contextos de «concesión con *хоть* [*aínda que sexa*, *sequera*, *polo menos*]» —

[134] Neste caso é aceptable a reinterpretación de 'o momento máis pequeno ca este' como 'o momento anterior a este'.

(92)— ofrecen a perspectiva necesaria para o uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*], xa que presupoñen unha estratexia de resolución satisfactoria dunha situación problemática: a frase *Дай хоть десять рублей* [*dáme aínda que sexa dez rublos*] significa que 'dez rublos é pouco, pero satisfactorio'. Así, canto maior sexa a suma, máis satisfactoria será a situación, e maior probabilidade terá de pasar a ser óptima. Esta perspectiva, como xa foi mostrado anteriormente, tamén é propia da semántica de *по крайней мере* [*pola medida extrema*], que orienta o receptor cara a posibilidade de algo mellor. O uso nestes contextos de *по меньшей мере хоть* [*pola medida menor aínda que sexa*] crea unha contradición, xa que, simplificando, a partícula *хоть* [*aínda que sexa*] ofrece a perspectiva de «é mellor máis», mentres que *по меньшей мере* [*pola medida menor*] indica algo parcialmente oposto, «menos imposible». A partícula *хоть* [*aínda que sexa*], por así dicilo, **«aspira a algo mellor»** (igual que *по крайней мере* [*pola medida extrema*]) e corresponde á variante «optimista» de análise da situación, mentres que *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é a **«pesimista».**

Os contextos de «valoración negativa» con *по меньшей мере* [*pola medida menor*] (100a-d) indican que o falante elixe a variante de denominación máis suave dentro dun conxunto de variantes malas, aínda que en realidade o seu pensamento é moito peor. É fundamental o feito de que a valoración permite a gradación na clasificación de elementos ordenados xerarquicamente segundo a cantidade da característica correspondente. Comp. (100a) [...] *Говорить, что они [пьесы] написаны в одно время, –* ***по меньшей мере/?по крайней мере****, странно*: [*Dicir que estas [as obras] foron escritas no mesmo tempo é,* ***pola medida menor***, *?****pola medida extrema***, *estraño*]: {estraño, incorrecto/errado, falso, estúpido, unha parvada}. No uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] o enfoque é completamente diferente, xa que se elixe a peor variante do conxunto das boas. De aí a indesexabilidade do uso desta UF en contextos de valoración negativa (comp. tamén os exemplos 88 e 90).

O modelo discursivo indica esta restrición con maior claridade ca calquera outro: *по крайней мере* [*pola medida extrema*] reduce a «forza» da afirmación anterior, mentres que *по меньшей мере* [*pola medida menor*], ó contrario, intensificaa indicando a presenza dunha tese máis forte pero non explicitada. Nos exemplos (100a-d) obsérvase que en contextos de valoración negativa o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] é unha arma de ataque, xa que a tese inicial (máis forte) non se explicita en absoluto no texto, formando unha reserva estratéxica de argumentación. A UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] utilízase no discurso cunha función totalmente oposta, como resultado dunha estratexia de «retirada cara a unhas posicións previamente preparadas».

Os modelos de significado formulados para a semántica de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] tamén permiten explicar algunhas particularidades do uso destes fraseoloxismos nos textos literarios de F. Dostoievski, véx. a sección 10.3.

3.2.2.4. A forma interna no modelo de significado dunha UF: a estratexia de descrición integral

Na teoría semántica actual e na tradición lexicográfica non se menciona practicamente nada sobre os modos de reflecti-la forma interna das UUFF na definición e, polo tanto, no modelo de significado. É evidente que este feito está relacionado en gran parte coa falta de claridade do status teórico deste fenómeno. Anteriormente analizouse un exemplo no que a forma interna se describía por medio dun modelo de significado especial. A estreita relación da forma interna co significado real dun fraseoloxismo lévanos a sospeitar que tamén é lexítimo o enfoque integral da explicación da forma interna cando se presenta como parte do modelo de significado elixido. Analizaremos tal estratexia co exemplo dun dos modelos de significado: o modelo proposicional nunha variante de definición.

Sen pretender realizar unha descrición teórica completa de tódolos modos de representación da forma interna na definición, faremos algunhas consideracións sobre unha posible tipoloxía de tales medios. Convén comezar polo feito de que a indicación da forma interna nun modelo de significado pode ser explícita e implícita. **A técnica explícita** presupón o uso de operadores semánticos que introducen a idea dun mundo posible en diferentes variantes, da comparación de dúas entidades, da indicación de asociacións etc., coma 'é comparable a *X*', 'como se fose *X*', 'lembra a *X*', 'percíbese coma *X*', 'suscita unha idea de *X*', 'exactamente coma *X*', 'asóciase con *X*', 'pode ser explicado coma *X*', 'dun xeito análogo a *X*', 'interprétase coma *X*' (para máis detalles, *vide infra*). Na técnica explícita o operador introduce unha parte especial (relativamente autónoma) da definición, que tamén é responsable deste compoñente do plano do contido, estando este compoñente ligado ó compoñente figurativo. A lista dos operadores correspondentes depende en gran parte do tipo de dicionario. Unha descrición científica da idiomática require a unificación máxima dos operadores que introducen a indicación da forma interna. Nun caso ideal tería que ser un operador modificable coa axuda de elementos de definición adicionais segundo fose necesario. Compárense operadores coma 'imaxina' ('imagine') que foron utilizados en particular por A. Wierzbicka, por exemplo, para describi-la semántica das palabras que designan as cores (Wierzbicka 1990a). É importante subliñar que, sexa cal sexa o operador que introduce a información sobre a forma interna, a definición non pode repeti-la metáfora. Así, é pouco razoable reflecti-lo compoñente figurativo da UF *сидеть сложа руки* [*estar sentado cos brazos cruzados*, 'non traballar cando se espera que hai que facelo'] coa axuda dun compoñente de definición coma 'imaxina que estás sentado cos brazos cruzados'. Na nosa concepción, como se mostrará posteriormente, ó aplica--la técnica explícita a metáfora nunca se repite na explicación semántica.

Na técnica implícita de representación da forma interna, esta non se identifica no modelo de significado (na definición) por un marcador especial, senón que a información semántica se distribúe entre os diferentes elementos da definición. Mentres que os operadores da técnica explícita pódense deducir de maneira simple, cada caso de indicación implícita da forma interna é único á súa maneira. Non obstante, tamén é

posible formular neste caso regularidades xerais relacionadas, por exemplo, coa explicación na definición de varias consecuencias relevantes da metáfora representada na UF. Non se exclúe que a técnica implícita sexa, en xeral, pouco aceptable para unha descrición científica da semántica das UUFF coherente, xa que esta técnica é irregular. Con todo, a técnica implícita é máis desexable no caso dun dicionario destinado a un usuario non especializado, posto que é menos artificial, menos «formal» e non recarga estilisticamente a definición. Así, na definición da UF *мало не покажется* [*non parecerá pouco*, 'non ha de ser pouco importante/serio/pouca cousa']: 'as consecuencias de algo son tan desagradables que se exclúe a posibilidade de non valoralas completamente', o compoñente da definición 'que se exclúe a posibilidade de non valoralas completamente' transmite implicitamente o compoñente figurativo do plano do contido. Compárense exemplos coma: *Представляешь, вывожу сегодня Чаппи на прогулку, а у подъезда сосед своего пит-буля прогуливает. А у него здоровая сука, течная и без поводка. Чаппи как рванется...* [...] *– Я ему говорю, а он хохочет... А эта каракатица как зарычит... Не поверишь, вот такие зубищи! Такая вцепится – **мало не покажется**...* [*Imaxínalo? Hoxe vou sacar a Chappi de paseo e diante do portal o veciño pasea a súa pit bull. E tenche unha cadela enorme, en celo e sen correa. Chappi de súpeto bótaselle...* (...) *Eu xa lle digo, e el ri... E ese monstro de súpeto gruñe... Non habías de cre-los dentes que ten! É unha desas que se te agarran **non parecerá pouco**...*] (V. Rostokina. *Princesas no bordo do camiño: un palacio para dous*, Принцессы на обочине: дворец на двоих); *Схема известная: дочерние коммерческие структуры с родственниками государственных чиновников во главе. Цены за услуги такие, что **мало не покажется**. И разорвать этот порочный круг весьма сложно* [*O esquema é coñecido: estruturas comerciais filiais cos parentes dos funcionarios estatais á cabeza. Os prezos polo servizo son tales que **non parecerá pouco**. Mesmo quebrar este círculo vicioso é moi complicado*] (Corpus xorn.).

Na práctica real da descrición lexicográfica, nunha mesma definición cómpre con bastante frecuencia utilizar tanto a técnica explícita coma a implícita. Neste caso pódese falar dun **modo mixto** de reflecti-la forma interna (*vide infra* exemplos).

Analizaremos varios casos de uso dos modos indicados: as técnicas explícita, implícita e mixta de introdución da forma interna na definición. Os métodos concretos para reflecti-la forma interna que se discuten con posterioridade non aspiran a ter un carácter completo e universal e poden ser precisados e complementados.

3.2.2.4.1. A técnica explícita (elementos da tipoloxía)

A esencia da técnica explícita consiste en indicar de maneira clara nun modelo de significado o compoñente do plano do contido que se corresponde directamente coa forma interna da UF. A explicitación da indicación conséguese por medio dun operador semántico especial, cuxo significado vén determinado pola relación recíproca entre o significado real da UF e o compoñente figurativo. De considerar que a forma interna da UF indica en certo modo o obxecto denotado, daquela pódense imaxina-los seguintes

tipos de operadores, que introducen o compoñente figurativo na definición. Se a relación entre o significado real e a imaxe é mínima e non atopa unha confirmación regular nos feitos da combinabilidade, aínda que a imaxe sexa viva e ben percibida polos falantes da lingua, é posible utilizar operadores coma 'o cal se describe/entende como', 'a modo de indicación de'. Estes operadores pódense chamar dun xeito convencional **descritivos**. Os operadores deste tipo permiten introducir na definición o compoñente figurativo do xeito máis sinxelo e máis neutral. Neste caso, o compoñente figurativo oponse claramente á explicación propiamente dita do significado real. A universalidade dos operadores descritivos radica en que poden substituír operadores doutros tipos, que con frecuencia permiten describi-lo significado da UF coma unha amálgama do significado real e o compoñente figurativo. Noutras palabras, existen outros tipos de operadores que están máis próximos da técnica implícita de reflecti-la forma interna cós descritivos.

(i) **ВСЕ УШИ ПРОЖУЖЖАТЬ** [*facer zunir tódalas orellas*] (*a alguén/por algo/sobre algo/sobre alguén/con relación a algo/con relación a alguén/por medio de algo*) 'falarlle de maneira insistente a alguén sobre algo ou alguén co obxectivo de acada-lo desexado, o que se describe coma un efecto demasiado intenso para os órganos auditivos':

(101) **a.** —En estoniano «O galo na cepa». —Así se chama un licor —lembreime eu. —Correcto. El xa nos ***все уши прожужжал*** [*fixo zunir tódalas orellas*] con este licor (V. Aksénov. *Laranxas de Marrocos*, Апельсины из Марокко). **b.** Non me fales do estancamento, / non magoes unha alma ferida, / xa me ***прожужжали все уши*** con iso [*fixeron zunir tódalas orellas*] / ese tema faime sentir náuseas (I. Irtéñev. *Cantiga estancada*, Застойная песнь).

(ii) **ОТДАТЬ КОНЦЫ** [*solta-las amarras*] 'morrer, o que se entende coma cesamento dos contactos co mundo que arrodea a un e se describe coma o comezo do procedemento de desamarre dun barco':

(102) **a.** Así é, dunha maneira simplificada, a clasificación do proceso literario, da irmandade literaria. Hai desviacións, matices, sorpresas. Hai ramificacións. Por exemplo, aqueles que bautizaron os bardos. En popularidade, en amor por parte dos lectores, mellor dito, dos oíntes, ninguén os iguala. O poder aínda non atopou o xeito de loitar contra eles. «Dous dos máis maliciosos, meu Deus, ***отдали концы*** [*soltaron as amarras*], o terceiro tampouco está moi san, a miúdo está enfermo...» (V. Nekrásov. *Saperliponet*, Саперлипопет). **b.** —Pois isto a verdade si que lle saíu ben —dixo Arkadii—. Que aparecese o xefe do estado maior. Igual ca no cine. E se fose, por exemplo, un soldado raso? Ou morrese polo camiño... —Precisamente iso era o que eu máis temía —dun xeito totalmente infantil, Seménov sorriu abertamente—. Tanto polo camiño coma despois, á noite, na caseta. O mando do estado maior estaba mal, ás veces perdía a consciencia. E eu pensaba: «***концы отдаст*** [*vai solta-las amarras*]», daquela que me queda? Onde vou ir? Os partisanos han de dicir:

«matouno». E á policía non se pode ir, porque non me han de crer (V. Bikov. *O galope*, Карьер).

O operador 'o que se entende coma/é entendido coma' distínguese pola semántica do operador 'o que se describe coma/é descrito coma' porque indica modos estándar (fixados na lingua) de entender metaforicamente entidades abstractas, por exemplo, unha cantidade que é interpretada coma o grao de enchido dun espazo (comp. iii). O uso de medios de metaforización estándar conduce a miúdo ó «esvaecemento» (da convencionalidade) da metáfora[135]. Convén sinalar que tamén se poden utilizar ó mesmo tempo operadores de diferentes tipos semánticos nunha definición. Así, na definición da UF *битком набитый* [*cheo a golpes*, 'moi cheo'], ademais do operador 'entendido coma', utilízase o operador 'como se', que forma parte dos operadores de xeración dun mundo posible, que serán comentados a continuación, comp. (iii) e (103).

(iii) **БИТКОМ НАБИТЫЙ** [*cheo a golpes*] (*algo*, *con alguén/con algo*) 'algo, entendido coma un recipiente pechado, contén unha cantidade tan grande de diferentes entidades que case reborda, como se para encher tal recipiente se fixesen grandes esforzos, pois xa non queda espazo':

(103) **a.** O depósito estaba ***битком набито*** [*cheo a golpes*] con libros interesantísimos escritos en tódalas linguas do mundo e da historia, da lingua dos atlantes ó pidgin-English e todo (A. e B. Strugatskii. *O domingo empeza o sábado*, Понедельник начинается в субботу). **b.** Eu navegaba neste barco a motor. / Estaba abarrotado, mesmo a adega estaba / ***Битком набит*** [*chea a golpes*] de xentalla de balneario. / Pándega, barullo, ruído (S. Gandlevskii. *Amencía tarde. Unha manta...*, Светало поздно. Одеяло...).

Sinalaremos que a estrutura de valencias desta UF, fixada con anterioridade no lema, é unicamente unha das posibles variantes. Así, en contextos estándar, a valencia expresada polo caso instrumental pódese omitir (104), mentres que nos casos non-estándar é posible o cambio total do modelo de réxime (105):

(104) A sala de espectáculos, ***битком набитая*** [*chea a golpes*] ó longo de todo o serán, goza da baileretada rítmica e a primeira vista monótona dos bailaríns e bailarinas (F. Górenxtein. *Un aeroplano vóase a si mesmo*, Летит себе аэроплан).

(105) E a vida enfurécese dende os dous lados da parede, / privada de cara e trazos de granito. / Mira para adiante, pois non ten costas... / Aínda que de sombras os arbustos están ***битком набито*** [*cheos a golpes*] (I. Brodskii. *Einem alten Architekten in Rom*).

[135] Cómpre subliñar que non se trata do grao de convencionalismo das UUFF (posto que todas elas son convencionais), senón do carácter estándar do modelo metafórico utilizado.

Nalgúns casos a utilización do operador 'o que se entende coma/entendido coma' non presupón unha remisión a modelos metafóricos estándar; comp. (iv) e (106):

(iv) **ОТ ЖИЛЕТКИ РУКАВА [ПОЛУЧИТЬ...]** [*do chaleco (recibir...) as mangas*] 'non recibir nada dun recurso que se esperaba a causa da inxusta distribución deste, o que se entende coma a recepción da parte inexistente de algo':

(106) **a.** Nin sequera un fiscal suízo ten catorce traxes, como máximo cinco ou seis. E iso que un fiscal cantonal suízo cobra cen mil dólares ó ano e co soldo dun mes pode mercar tres traxes deses, mentres que un fiscal xeral ruso cos seus ingresos mensuais (oficiais) ***от жилетки рукава*** [*do chaleco as mangas*] (Corpus xorn.). **b.** A Perestroika afectou sobre todo ós vellos: recollían, coitadiños, os 'grox'[136] nas súas cartillas de aforros como podían. E despois, todo o que acumularan nun bo momento, o propio estado vai e quítallelo, desvalorizando os ingresos. Como di o outro, ***достались от жилетки рукава*** [*do chaleco recibiron as mangas*] os velliños (Corpus xorn.).

O operador 'en forma de indicación de' é análogo ó operador 'o que se explica coma' e é o que posúe a semántica máis sinxela (débil): de feito o seu uso une dun xeito puramente formal o significado real e o compoñente figurativo, compárese:

(v) **ПО РУКАМ** [*polas mans*] 'expresión de disposición por parte dunha das partes de facerse cargo das obrigas dun acordo, un trato, un pacto etc. en forma de indicación dun xesto de estreita-la man, acompañado a miúdo por algún tipo de acordo e xeralmente levado a cabo ó pronunciar esta expresión':

(107) **a.** —[...] Pero repito: vostede é o encargado das chaves, o máis amable, con tódalas chaves que disto se deducen. Incluíndo as das caixas fortes. E isto non lle é pouco. Isto, contando á italiana, son varios millóns de liras netas. [...] Do Estado. É dicir, case que de ninguén, sen vixilancia. E cando vostede lle presta unha parte delas a alguén en segredo, ó principio non se nota nada. En absoluto. Pero despois, despois xa as devolverei eu. Non hei de esquecelo. Moi, moi pronto, asegúrollo. Daquela que, ***по рукам***? [*polas mans?*]. —Imposible —respondinlle eu ó polinizador (Saxa Sokolov. *Palisandria*, Палисандрия). **b.** —Esta é a túa! —dille xenerosamente Galkin a Bardin. —Está ben, imos a medias —entra no acordo Bardin. —***По рукам***? [*polas mans?*] —***По рукам*** [*polas mans*] —concorda Galkin (V. Sanin. *Un novato na Antártida*, Новичок в Антарктиде).

Os operadores coma 'comparable/comparado con', 'en forma dunha comparación con' están próximos polo seu significado ós operadores discursivos. Poden ser denominados **contrastivos**, pois indican de maneira evidente a presenza dunha oposición entre o dominio fonte (no sentido da teoría cognitiva da metáfora) e aquela parte do significado

[136] N. do t.: Nome dunha antiga moeda.

dunha UF que non está relacionada directamente coa forma interna, é dicir, o dominio meta. Este modo de reflectir explicitamente a forma interna está presente, por exemplo, na definición de *в огороде бузина, а в Киеве дядька* [*na horta hai sabugueiro, e en Kíev está o tío*] 'indicación da falta de lóxica dos enunciados do interlocutor, realizado en forma dunha comparación de entidades incomparables'. Comp. tamén a definición de *до кучи* [ó *montón*, 'engadir algo a un conxunto de cousas que xa existe'] (vi) e os contextos (108):

(vi) **ДО КУЧИ** [*á morea, ó montón*] '(facer algo) unha vez concluída a parte obrigatoria dunha serie de accións (é dicir, a parte coa cal se remata a formación dun conxunto de entidades), cando se pasa á parte facultativa (á que completa este conxunto), esta compárase coa irrelevancia de ampliar un gran conxunto non-organizado de obxectos ó lle engadir un ou máis obxectos'[137]:

(108) **a.** El chegou aquela mesma noite en compañía de tres raparigas de lixeira conduta completamente bébedas, que empezaron a espilo, sen nin sequera agardar a que eu marchase. Vendo como eu me apurei cara á porta, el fíxome un aceno amigable coa súa peluda man e anunciou magnanimamente: «Súmate a nós ***до кучи***! [*ó montón!*]» (I. Poliákov. *Cabrito en leite*, Козленок в молоке). **b.** No número 1 da rúa Dubróvskaia colisionaron un «Volkswagen» e un «Jiguli». Do «Jiguli» saíron dous rapaces fortes e sacáronlle ó condutor do coche de marca estranxeira [...] a indemnización pola inconveniencia causada: 40.000 dólares, 17 millóns e medio de rublos e ***до кучи*** [*ó montón*] confiscaron o «Volkswagen» no que se agacharon (Corpus xorn.).

O dominio fonte da metáfora está presente na definición polo compoñente 'irrelevancia de ampliar un gran conxunto non-organizado de obxectos ó lle engadir un ou máis obxectos'. Como quedará claro coa seguinte exposición (véx. a sección 3.2.2.4.2.), a introdución da fonte da metáfora en forma de remisión a un concepto máis xeral (comp. 'morea' e 'conxunto non organizado de obxectos') pódese considerar coma un dos modos da técnica implícita.

[137] Esta UF ten ademais outro significado que se realiza con verbos como *собрать, сложить* [*recoller*, *xuntar*]: 'xuntar tódolos representantes existentes dun conxunto, o que se entende como a creación dun conxunto non-ordenado máis grande de obxectos'. Comp.: [...] *потом я этот подвал переделал в рассказ, рассказ в либретто, либретто в сценарий, сценарий в драму, драму в радиопередачу – собрал все* ***до кучи****, слепил и смотрю – дача* [...] [*despois reescribín aquel folletín e del fixen un relato, do relato un libreto, do libreto un guión, do guión un drama e do drama unha emisión radiofónica: xuntei todo* ***nunha morea****, pegueino e mirei: casa de campo*] (I. Dombrovskii. *A facultade de cousas inútiles*, Факультет ненужных вещей); *Паи можно менять земельные на имущественные и наоборот. Это уже задача третьего этапа, когда начнется сколачивание новых коллективов и сложение паев под определенную цель. Есть возможность – если таков общий выбор - просто сложить паи* ***до кучи*** [*As accións agrarias pódense trocar polas de propiedade e ó revés. Isto xa é unha tarefa da terceira etapa, cando comeza a amálgama de novos colectivos e a acumulación de accións cun fin determinado. Existe a posibilidade —de ser así a decisión xeral— de acumula-las accións simplemente* ***nunha morea***] (Corpus xorn.).

Este exemplo ilustra ó mesmo tempo a técnica explícita e maila implícita de indica-la forma interna (é dicir, é un exemplo de **técnica mixta**). Así, a indicación dun conxunto representado nunha imaxe realízase ó mesmo tempo tanto na primeira parte da definición ('a parte coa cal se remata a formación dun conxunto de entidades') coma na segunda, introducida polo operador 'compárase con' ('compárase coa irrelevancia de ampliar un gran conxunto non-organizado de obxectos ó lle engadir un ou máis obxectos').

Con bastante frecuencia a idea de comparación complícase cunha apelación a un mundo posible. Neste caso un dominio pertence á realidade e o outro trasládase a un mundo imaxinario, conceptual. No caso destas UUFF elíxense operadores coma 'dá a impresión', 'suscita a idea de', 'como se', 'como se fose'. Estes operadores denominarémolos no sucesivo **operadores de xeración dun mundo posible**. Por exemplo, na definición da UF *яблоку негде упасть* [*a mazá non ten onde caer*] utilízase o operador 'dá a impresión', comp. (vii) e (109):

(vii) **ЯБЛОКУ НЕГДЕ УПАСТЬ** [*a mazá non ten onde caer*] *(onde)* 'nun lugar hai tanta xente que <u>dá a impresión</u> de que non queda espazo libre nin sequera para algo diminuto':

(109) **a.** Ti ves? Aquí no ano setenta e dous ***яблоку негде упасть*** [*a mazá non tiña onde caer*]: os hippies estaban sentados por todas partes [...] (V. Aksénov. *Días redondos*, Круглые сутки). **b.** Se ó final dos anos setenta, cando Elton John veu a Moscova por primeira vez e practicamente de balde, por pura curiosidade, as entradas para o seu concerto se distribuíron estritamente a través do comité urbano do partido e nese acontecemento case lendario ***яблоку негде упасть*** [*a mazá non tiña onde caer*], esta vez o das entradas foi completamente diferente (*Ogoniok*, Огонек).

A principal diferenza entre o operador 'suscita a idea de' e 'dá a impresión' consiste en que no último caso a relación causal entre o modo de indicar metaforicamente o obxecto denotado e o significado propiamente dito é máis débil. Isto pódese comprobar ó comparar, por unha parte, a UF *яблоку негде упасть* [*a mazá non tiña onde caer*] e, por outra, a UF *сыт по горло* [*farto ata a gorxa*]:

(viii) **СЫТ ПО ГОРЛО** [*farto ata a gorxa*] *(alguén con algo)* **1.** 'non querer comer en absoluto, o que <u>suscita a idea</u> dunha persoa completamente chea de comida':

(110) **a.** Imos. Fuks cos «vixías» diante do nariz, eu ó volante, e Lom cos mariñeiros de relevo, preparando o almorzo na cociña. Era un mestre da arte culinaria; cociña algo que ***сыт по горло*** [*te farta ata a gorxa*], e aínda así quedas aí sentado e saboréalo (A. Nekrásov. *As aventuras do capitán Vrungelia*, Приключения капитана Врунгеля). **b.** Os enfermos adultos connosco, os nenos eran bos, facíannos preguntas sobre a nosa vida e trataban de darnos de

comer, aínda que nós xa estabamos ***сыты по горло*** [*fartos ata a gorxa*] (V. Xefner. *Un nome para un paxaro*, Имя для птицы).

Sinalaremos que a UF que estamos a comentar presenta tamén outro significado onde a relación entre o significado real e a imaxe inicial xa está máis afastada (co primeiro significado coma intermediario). Así, o operador 'suscita a idea de' non se utiliza na definición deste segundo significado. No seu lugar na definición introdúcese o operador 'parecido a cando/como':

(ix) **СЫТ ПО ГОРЛО** [*farto ata a gorxa*] *(alguén*, *con algo)* **2.** 'algo fartou moito alguén e suscita nel emocións negativas parecidas a cando a comida suscita emocións negativas nunha persoa completamente chea':

(111) **a.** Eu ***сыт по горло*** [*estou farto ata a gorxa*] da India. Xa me encheu cos seus aromáticos siloxismos, coa impenetrable miseria das aldeas, cos xoguetes de lata, coas bucinas dos *ashram* das Grandes Palabras dende a Grande Letra, co exército esnaquizado constituído por poboacións con mantas farrapeiras enriba das cabezas, que se retira polo camiño de Smolensk cara ó Taj-Maghal, coa opaca luz dos farois, as cascas de cacahuetes, as moscas na monótona comida picante. Farteime de loitar coa incomprensión, coa lentitude (Vikt. Eroféev. *Os cinco ríos da vida*, Пять рек жизни). **b.** ***Сыт я по горло*** [*estou farto ata a gorxa*], ata o queixo, / xa mesmo me empecei a cansar das cancións, / querería deitarme no fondo, coma un submarino, / para que non poidan localizarme (V. Visotskii. *Estou farto ata a gorxa, ata o queixo... (a I. Koghanovskii)*, Сыт я по горло, до подбородка... (И. Кохановскому)).

De feito, a relación entre a fartura e o estómago cheo de comida está máis fortemente motivada cá idea da multitude e do pouco espazo no caso da mazá.

O operador 'como se' distínguese doutros operadores de xeración dun mundo posible principalmente porque indica unha ampla clase de situacións nas que o mundo real se opón ó imaxinario: dunhas moi próximas conceptualmente a outras bastante afastadas. Comp. (x) e (112):

(x) **СКРЫВАТЬ ОТ ГЛАЗ** [*ocultar dos ollos*] *(algo) (de algo/dalgúns)* 'non darlle a alguén a posibilidade de saber algo, como se se lle dificultase o acceso visual, aínda que esta persoa querería ter esa información':

(112) **a.** Algunhas películas ***скрывали*** mesmo ***от глаз*** [*llelas ocultaron dos ollos*] a especialistas e cineastas (Corpus xorn.). **b.** O meu profesor de literatura nobremente ***скрывал от*** malos ***глаз*** [*ocultaba dos malos ollos*] as miñas redaccións: o infeliz sociólogo padecía tódalas miñas saídas de ton, sabendo máis ca min onde ía ir parar eu con tales arroutadas e, sobre todo, con tal sinceridade (Corpus xorn.).

O operador 'lembra', a diferenza de 'entendido coma', por unha banda, une entre si dúas situacións reais e, pola outra, indica a presenza dunha relación causal entre o dominio meta e o dominio fonte. Tendo en conta a última das propiedades citadas, o operador 'lembra' está próximo ó operador 'suscita a idea de'.

O operador 'lembra' ocupa unha posición intermedia entre os operadores do mundo posible e os operadores contrastivos: por unha banda, une entre si dúas situacións que poden pertencer a dous mundos diferentes (por exemplo, ó mundo real e ó mundo dos sentimentos, das emocións) e, pola outra, non anula a posibilidade de entender estas situacións coma pertencentes ó mesmo mundo. Neste caso pasa ó primeiro plano a idea de comparación. O operador 'o que lembra' está presente na definición da UF *[ходить] вокруг да около* [*(andar) arredor e dando voltas*], comp. (xi) e (113):

(xi) **ХОДИТЬ] ВОКРУГ ДА ОКОЛО** [*(andar) arredor e dando voltas*] 'evitar (nunha comunicación oral) dirixirse ó problema principal, desviándose a temas menos esenciais, indirectos, o que lembra o movemento repetido de alguén que está moi preto do punto final do seu movemento; isto enténdese coma a falta de desexo do suxeito de moverse directamente ó punto final':

(113) **a.** O lector está seguido a esixirme un argumento, indignándose pola miña leria ***вокруг да около*** [*arredor e dando voltas*], aínda que, tal como eu estou convencido, canto máis potente é unha película, menos importancia ten o argumento (Corpus xorn.). **b.** Non ho, non vivo a carón do «Sokol»... En París de momento aínda non entrou. Pero, por que anda vostede todo o tempo ***вокруг да около***!? [*arredor e dando voltas!?*] Pero pregunte directamente! (V. Visotskii. *Hei de aclarar totalmente tódalas cuestións...*, Я все вопросы освещу сполна...). **c.** Apártome da canteira, vou ó bosque e comigo vén Vania, está a contarme todo o tempo os detalles de como matou a Soljenitsin. É verdade, non fala do acto mesmo do asasinato, todo o tempo é como se ***вокруг да около*** [*arredor e dando voltas*], todo o tempo me conta como intentara convencelo, de xeito que se cadra nin sequera rematou o empezado (Textos lit. int.).

É obvio que os operadores aquí analizados non son, nin moito menos, tódolos operadores que se utilizan para introducir explicitamente a forma interna na definición. Pódese, aínda así, indicar aqueles parámetros polos que os diferentes predicados dunha lingua natural se seleccionan coma tales operadores. Estes parámetros están determinados pola esencia dos procesos de metaforización e nominación. A metaforización está directamente ligada á imposibilidade dunha interpretación literal. Neste caso pasa ó primeiro plano a idea de xeración dun mundo posible. Así, o primeiro parámetro forma parte da xeración dun mundo posible e dita o grao da súa irrealidade. O segundo parámetro está relacionado coa oposición de dúas situacións diferentes (compárense os operadores contrastivos coma 'comparable/comparado con'). E, finalmente, o terceiro parámetro forma parte do propio modo de indicación, fixado pola forma interna: operadores descritivos coma 'o que se describe/entende coma', 'en

forma de indicación de'.

Así, os candidatos para o papel de operadores son como mínimo predicados de dúas valencias, cuxas valencias poden ser desempeñadas por actantes que describen tanto o mundo posible coma o real, así coma diferentes compoñentes do plano do contido da mesma UF (o significado propiamente dito vs. o modo de indica-lo significado/o compoñente figurativo).

3.2.2.4.2. A técnica implícita (elementos da tipoloxía)

No que se refire ós métodos implícitos de representación do compoñente figurativo, en xeral, trátase da plasmación no modelo de significado, neste caso na definición, dunhas ou doutras consecuencias da metáfora que se atopa na base da imaxe, consecuencias que están condicionadas semanticamente ou pragmaticamente. Tamén existen, ademais, outros métodos de indicación implícita da forma interna. Ademais da técnica que explicita as consecuencias da metáfora, posteriormente estudaranse métodos implícitos tales coma a perífrase da forma interna (é dicir, a transformación dun método non-estándar de indicar algo na definición nun método estándar) ou o emprego de relacións xénero-especie entre a definición e a forma interna da UF que está a ser definida. Na actualidade dificilmente é posible unha clasificación completa dos métodos implícitos de introdución do compoñente figurativo, sobre todo porque as consecuencias metafóricas son extremadamente diversas e a súa influencia no significado real é impredicible. Para obter conclusións argumentadas é imprescindible unha maior cantidade de material empírico.

Aquí presentaremos algúns casos bastante representativos. Comezaremos pola técnica que explicita **as consecuencias da metáfora**.

Esta técnica obsérvase particularmente ben naquelas UUFF en cuxa base se atopa a metáfora da PERCEPCIÓN. Por exemplo, nas UUFF *(и) не пахнет* [*e nin cheira*, 'ausencia total de algo'], *конца не видно* [*non se ve a fin*, 'non se ve a fin de algo'] as consecuencias da metáfora PERCEPCIÓN son descritas coma a 'imposibilidade de atopar algo', comp. (xii) e (114) no caso da UF *(и) не пахнет* [*e nin cheira*], e (xiii-xv) e (109-111) no caso dos tres significados da UF *конца не видно* [*non se ve a fin*]:

(xii) **(И) НЕ ПАХНЕТ** [*e nin cheira*] *(a algo*, *onde)* 'algo está totalmente ausente e <u>por iso os intentos de atopar calquera rastro disto acaban sen éxito</u>':

(114) **a.** Outra vez volveu subi-lo prezo de todo, pero o soldo segue a se-lo de antes. Xa desconectaron a calefacción. Todo isto, por suposto, irrita horriblemente e enfada. O humor primaveral ***и не пахнет*** [*e nin cheira*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** Os incribles efectos especiais feitos por ordenador (considerando os logros de *Tron*, *Charlie*, *Terminator 2*) permitiranlles experimentar espectaculares sensacións visuais, pero non

esperen atopar na película algo máis! Do pensamento ***и не пахнет***... [*e nin cheira...*] (Catálogo Vídeo-Lótsman).

(xiii) **КОНЦА НЕ ВИДНО 1** [*non se ve o final*] *(de algo)* 'algo ocupa tanto sitio no espazo que é imposible atopar indicios do seu final':

(115) **a.** E ofendeume tanto que me metése-la man no peto e que os meus filliños estean a morrer de fame no recibidor de Xvérnik e Kalinin que ceibei un ouveo por todo o metro; as escaleiras mecánicas paráronse e saltei para abaixo. Baixei saltando polas escaleiras e ***конца не видно*** [*non se (lles) vía o final*] (I. Alexkovskii. *O canguro*, Кенгуру). **b.** Saíu a lúa, e cada novo paso / brilla coma a prata no ouro areoso. / Outeiros, outeiros. ***Не видно конца*** [*non se ve o seu final*]. / Aquí non se ve por ningures obxectos duros. / Todo é inestable coma a area, coma a sombra dun pai (I. Brodskii. *Isaac e Abraham*, Исаак и Авраам).

(xiv) **КОНЦА НЕ ВИДНО 2** [*non se ve o final*] *(de algo)* 'un proceso ou estado ten lugar no transcurso dun espazo temporal demasiado longo e é imposible atopar indicios da súa fin':

(116) **a.** Pois naqueles minutos silenciosos cando el quedaba só consigo mesmo xurdía nel [...] desacougo porque o tempo pasaba e ***не видно конца*** [*non se vía o final*] da súa estadía alí (V. Bikov. *A canteira*, Карьер). **b.** Está a tomarlle o pelo. Está a tomárno-lo pelo a todos, e a isto ***конца не видно*** [*non se lle ve o final*] (A. e B. Strugatskii. *O escaravello no formigueiro*, Жук в муравейнике).

(xv) **КОНЦА НЕ ВИДНО 3** [*non se ve o final*] *(de alguén/de algo)* 'algo/alguén é de tal magnitude que é imposible atopar un lugar onde non estea presente ese alguén/algo':

(117) **a.** Hoxe en día o hime restitúese por medio dunha operación cirúrxica e un xinecólogo coñecido meu constatou que os interesados en facer isto ***конца не видно*** [*non se lles ve o final*] (Corpus xorn.). **b.** Pero o mar é un medio demasiado alleo, / para crer nas viaxes de alguén polas augas. / A non ser, está claro, que alí houbese xeo. / Parecido, Gorbúnov, ós teus infortunios / ***конца не видно*** [*non se lles ve o final*]. Vese, en anos, / como toda esta historia cun final, / eles contan con... (I. Brodskii. *Gorbúnov e Gorcháko*v, Горбунов и Горчаков).

Cómpre subliñar que en certos casos mesmo as metáforas bastante abstractas requiren unha explicación na definición a modo de consecuencias. Así, a metáfora ONTOLÓXICA, contida na UF *хоть отбавляй* [*aínda que quites*, 'en gran cantidade'], transmítese na definición por medio da idea de reducir unha cantidade, comp. (xvi) e (118):

(xvi) **ХОТЬ ОТБАВЛЯЙ** [*aínda que quites*] *(de alguén/de algo. Onde/a quen)* 'é tal a cantidade de persoas/cousas/do que alguén ten que mesmo de reducir esa cantidade aínda así seguirá a haber moito'.

(118) **a.** Dende a infancia estou adestrada para situacións de estrés. A fin de contas delas hai ***хоть отбавляй*** [*aínda que quites*] (S. Esin. *O imitador*, Имитатор). **b.** Non hai por que entreter con fotografías a persoas alleas e indiferentes a elas: mesmo sen ter en conta os cemiterios xente á que lle gusta alardear hai ***хоть отбавляй*** [*aínda que quites*] (V. Astáfev. *O detective tristeiro*, Печальный детектив). **c.** O coro de abaixo facíase cada vez máis potente, pero tristeza ***хоть отбавляй*** [*aínda que quites*] (O. Artsímovich, B. Okudjava. *A vida privada de Aleksandr Sergéevich, ou Púxkin en Odessa*, Частная жизнь Александра Сергеевича, или Пушкин в Одессе).

Igual ca nos outros casos de explicación da forma interna, a indicación das consecuencias da metáfora permite levar a cabo unha delimitación entre as UUFF relacionadas, por exemplo, coa expresión do significado 'gran cantidade de algo', pero que están fundamentadas en diferentes métodos de indicación metafórica. Así, no caso da UF *до отказа* [*ata o rexeitamento*, 'en gran cantidade'] (en contextos coma *Минут через пять красный уголок был наполнен* ***до отказа*** [*en cuestión de cinco minutos o recanto vermello estaba cheo* ***ata o rexeitamento***] (V. Lipátov. *E isto é todo o que hai sobre el*, И это все о нем) na definición introdúcese unha indicación da imposibilidade de engadir algo que encha un espazo (xvi) e (119):

(xvi) **ДО ОТКАЗА** [*ata o rexeitamento*] *(encher, completar, saturar... algo con alguén/con algo)* 'un espazo limitado acolle tal cantidade de persoas/cousas que é imposible engadir un pouco máis de nada'[138]:

(119) **a.** A estación estaba chea, a plataforma ateigada de xente ***до отказа*** [*ata o rexeitamento*] (A. Ribakov. *Os fillos de Arbat*, Дети Арбата). **b.** Todo foi coma de costume nas actuacións dos Virtuosos de Moscova: a axitación na véspera da actuación dos músicos, as entradas das salas da filharmónica ateigadas de coches, a alta sociedade nas primeiras filas do patio de butacas e as filas de asentos de atrás e os anfiteatros, cheas de espectadores ***до отказа*** [*ata o rexeitamento*] (Corpus xorn.).

[138] Sinalaremos que a UF analizada ten aínda outro significado: 'un espazo contén tal cantidade de algo abstracto que é imposible engadir máis' (*Dos intérpretes dos papeis, dos participantes das escenas de masas conseguín a efervescencia, a lixeireza, a picaresca, o bo humor de fin de ano. Para min era moi importante crear unha atmosfera de despreocupación para que a lúgubre, pseudoseria e desaxeitada actividade do funcionario Ogurtsóv tivese un aspecto aínda máis disparatado. Eu entendía que o aire da imaxe había que saturalo* ***до отказа*** [*ata o rexeitamento*] *con alegría descontrolada* (E. Riazánov. *Resultados NON logrados*, НЕподведенные итоги)) e 'certa acción física lévase ata o seu límite e a súa posterior realización é imposible' (*Os kolghóznik volveron separarse. Golubev sentou cortesmente o piloto no carro e despois el mesmo subiu dun chouto. Ó facer isto da súa parte dobrouse o resorte* ***до отказа*** [*ata o rexeitamento*] (V. Voinóvich. *Vida e extraordinarias aventuras do soldado Iván Chonkin*, Жизнь и необычайные приключения солдата Ивана Чонкина)).

Así, as consecuencias fixadas nas definicións de *хоть отбавляй* [*aínda que quites*] e de *до отказа* [*ata o rexeitamento*] son diferentes: no primeiro caso a indicación metafórica radica na imposibilidade de reducir considerablemente a cantidade existente de algo, mentres que no segundo na imposibilidade de aumentala.

A outra técnica implícita de introduci-la forma interna na definición é a súa **perífrase**. A esencia da transformación perifrástica neste caso consiste en que un método non-estándar de indicar algo, realizado na forma interna, trasládase a unha denominación estándar. Por exemplo, na UF *по пальцам можно пересчитать* [*pódese contar cos dedos*, 'que existe nunha pequena cantidade'] a forma interna indica que para conta-la cantidade de algo abonda cos dedos dunha man ou das dúas. Ese mesmo sentido transmítese dun xeito máis estándar coa idea do 'rexeitamento ó emprego de números maiores', comp. (xvii) e (120):

(xvii) **ПО ПАЛЬЦАМ МОЖНО ПЕРЕСЧИТАТЬ** [*pódese contar cos dedos*] *(de alguén/de algo)* 'a cantidade de persoas/cousas é tan pequena que é doado contala sen utilizar números altos':

(120) **a.** No noso departamento hai moitos internos. Nun mesmo ano ***по пальцам пересчитать*** [*pódese contar cos dedos*] as veces que alguén do internado veu visitalos, e xa nin falar de traer agasallos. E así pasan meses (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** Entón Toestlstói colleu un libro grande para ir desempeñar con el tódolos libros pequenos. Foi correndo polas tendas, que ***пересчитать по пальцам*** [*se podían contar cos dedos dunha man*] (V. Narbíkova. *O plano da primeira cara e da segunda*, План первого лица и второго).

Na UF *несть числа* [*non hai un número*, 'gran cantidade de algo; é incontable'] a designación dunha cantidade grande realízase por medio da descrición: 'ausencia dun número para tal cantidade'. Na definición, este significado transmítese mediante a indicación da 'imposibilidade de contar' esas entidades (comp. xviii) e (121):

(xviii) **НЕСТЬ ЧИСЛА** [*non hai un número*] *(de alguén/de algo)* 'a cantidade de persoas/cousas é tan grande que é imposible contalas':

(121) **a.** En *Bancarrota*, Ostrovskii despedíase alegremente do pasado, dos compradores-tiranos. N'*O derradeiro sacrificio* miraba ó futuro con receo. E mofándose (con malicia, mordacidade, divertíndose e burlándose) non podía oculta-lo desacougo, pois os sacrificios non eran os derradeiros. ***Несть числа*** [*non hai un número*] dos sacrificios feitos ó todopoderoso Mamon (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** A xulgar pola produción rusa de álbums literarios dos últimos tempos, o artista máis popular do século XX aquí é Salvador Dalí (e os seu epígonos noutras exposicións de hoxe en día ***несть числа*** [*non hai un número*]) (Corpus xorn.).

A forma interna da UF *все до одного* [*todos ata un*, 'todos sen excepción'] baséase na expresión non-estándar da idea do esgotamento dun conxunto segundo un parámetro definido. Na definición esta idea transmítese dunha forma máis estándar: 'sen excepción'. Comp. (xix) e (122):

(xix) **ВСЕ ДО ОДНОГО** [*todos ata un*] 'tódolos elementos dun conxunto sen excepción':

(122) **a.** En comparación coa xente realmente rica, en xeral todos son indixentes. E se os *hippies* viaxan en trens de tipo 'Platskart'[139], comen porcalladas e non teñen cartos, daquela os pobres soviéticos cos que se enchen os trens, que viaxan en coche cama de maneira brutal, eles que, tamén son *hippies*? Daquela no noso país todos somos *hippies*, ***все до одного*** [*todos ata un*], agás a *nomenklatura*, pois todos eles son puros ecoloxistas, é dicir, verdes (V. Narbíkova. *O murmurio do ruído*, Шепот шума). **b.** Adormecín envurullándome na mantiña coma no manto de Montecristo. Lembreime das caras ***все до одного*** [*todas ata unha*]: da súa, da do seu papaíño e dos seus colegas de destacamento. Lembrei as caras ***все до одного*** [*todas ata unha*]... O reino dos ceos é voso, pai e nai (I. Alexkovskii. *A man*, Рука).

Na definición da UF *(все) кому не лень* [*tódolos que non teñen preguiza*, 'todo o mundo'] está presente explicitamente a idea de que as posibles restricións no cumprimento de calquera acción están relacionadas exclusivamente cos desexos do suxeito, comp. (xx) e (123):

(xx) **[ВСЕ] КОМУ НЕ ЛЕНЬ** [*tódolos que non teñen preguiza*] 'toda a xente, mesmo aquelas persoas que nunha situación normal non darían feito determinada cousa, xa que a única condición para isto é a presenza do desexo':

(123) **a.** —Morde? —preguntou Farfurkis con receo. —Como vai morder! —dixo o comandante—. É un animal manso, perséguenо ***все кому не лень*** [*tódolos que non teñen preguiza*]... (A. e B. Strugatskii. *Conto sobre a troica*, Сказка о тройке). **b.** Baixo ningún concepto compredes arboriñas a descoñecidos. Agora comercian con elas ***кому не лень*** [*tódolos que non teñen preguiza*]: as avoas, os avós, os nenos salvaxes do metro, na estación e noutros lugares concorridos (Corpus xorn.).

Un dos métodos de transformación perifrástica estándar é a **transformación perifrástica xenérica**, é dicir, o uso dunha denominación xenérica en relación ó nome da especie. Así, na definición da UF *на вес золота* [*a peso de ouro*, 'a un alto prezo'], 'ouro' interprétase coma 'valor', comp. (xxi) e (124); mentres que na definición da UF *прыгнуть выше головы* [*saltar por riba da cabeza*, 'facer algo admirable, que require grandes aptitudes'] a acción física fixada na forma interna é interpretada coma unha

[139] N. do t.: Terceira clase.

acción que supera a idea que se ten das posibilidades do suxeito, comp. (xxii) e (125):

(xxi) **НА ВЕС ЗОЛОТА** [*a peso de ouro*] *(ser, resultar, valorar(se)...)* 'algo considérase de grande valor e como consecuencia diso resulta escaso':

(124) **a.** Ti mesmo sabes que tempiños son estes! Parece que lle están a da-la carta de liberdade á literatura... Agora a xente co meu nivel de pensamento crítico vai estar ***на вес золота***! [*a peso de ouro!*] (I. Poliákov. *Cabrito en leite*, Козленок в молоке). **b.** Nos sombríos tempos da Idade Media os ananos valorábanse ***на вес золота*** [*a peso de ouro*]. Todo gobernante, por pouco que se estimase a si mesmo, tiña que ter con el polo menos un (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

(xxii) **ПРЫГНУТЬ ВЫШЕ ГОЛОВЫ** [*saltar por riba da cabeza*] 'facer algo que supera a idea que se ten das posibilidades dun suxeito':

(125) **a.** Se resulta necesario ***прыгнуть выше головы*** [*saltar por riba da cabeza*] para afianzarse no equipo, procurarei facelo (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **b.** Os tenistas rusos ó comezo ***прыгнули выше головы*** [*saltaron por riba da cabeza*], vencendo ós alemáns na semifinal, pero cando estaban a un paso da cobizada Copa foron derrotados (*Sobesédnik*, Собеседник). **c.** A película de cine negro policial está privada da ruda finura das películas con Humphrey Bogart ou Edward J. Robinson. Non obstante, Peter Weller trata de ***прыгнуть выше головы*** [*saltar por riba da cabeza*] (Catálogo de Vídeo-Lótsman].

Outro exemplo de uso de denominación xenérica para transmiti-la forma interna está presente na definición da UF *капля в море* [*unha pinga no mar*, 'unha cantidade ínfima']. A metáfora fixada na UF contén a comparación dunha PINGA e do MAR, sobre a base da cal tamén se forma o significado real. Na definición esta oposición transmítese a través dunha oposición xeral entre o grande e o pequeno, comp. (xxiii) e (126):

(xxiii) **КАПЛЯ В МОРЕ** [*unha pinga no mar*] 'algo cuantitativamente moi pequeno en comparación a un todo xigante do que ese algo é unha parte mínima':

(126) **a.** As innovacións están patentadas e a fábrica de microelectrónica con experiencia RIF, S.A. xa saca tódolos meses ata 40 mil cociñas eléctricas dun fogón. Isto, por suposto, é ***капля в море*** [*unha pinga no mar*], pois só o mercado interior de Rusia é quen de tragar anualmente ata 16 millóns de novas placas caloríficas (*Ogoniok*, Огонек). **b.** A día de hoxe nos EUA non hai máis de tres mil nenos xuridicamente accesibles para seren adoptados que teñan máis de tres anos de idade. Tendo en conta a demanda existente iso é ***капля в море*** [*unha pinga no mar*] (Corpus xorn.).

3.2.2.5. O potencial explicativo da forma interna na estratexia integral

Cando tratámo-la necesidade de considera-la forma interna nun modelo de significado cos exemplos de *на каждом углу* [*en cada recanto*] e de *на каждом шагу* [*a cada paso*] (véx. sección 3.2.2.1.), utilizamos metáforas fixadas na forma interna dunha UF coma heurística para desvela-la *differentia specifica* dos significados de dúas UUFF de significado próximo. Non obstante, o potencial explicativo da forma interna é considerablemente superior: non é esta unha característica casual, senón un factor regular que organiza determinados fragmentos do sistema fraseolóxico. Ilustraremos esta idea coa axuda do seguinte exemplo do ámbito da idiomática, próximo á fraseoloxía gramatical. En ruso existen as expresións *(душе) угодно* [*lle guste (á alma)*, partíc. indef.], *ни попадя* [*nin caia*, partíc. indef.], *(ни) попало* [*(nin) caeu*, partíc. indef.], *придется* [*haberá que*, partíc. indef.], *под руку попадется* [*caia baixo a man*, partíc. indef.], *бог пошлет*[140] [*Deus envíe*, partíc. indef.] que indican algo indefinido, indeterminado e que forman regularmente UUFF cunha semántica parcialmente predicible coa axuda dos pronomes persoais[141]: *что*, *кто*, *какой*, *где*, *куда*, *откуда*, *когда*, *как* e *сколько* [*que*, *quen*, *de que tipo*, *onde*, *a onde*, *cando*, *como e canto*]. As UUFF dunha serie (as que teñen o mesmo pronome) están moi próximas semanticamente, comp. as series *что (душе) угодно* [*o que lle guste (á alma)*, 'o que sexa'], *что ни попадя* [*o que caia*, 'o que sexa'], *что попало* [*o que caeu*, 'o que sexa'], *что придется* [*o que faga falta*, 'o que sexa'], *что попадется под руку* [*o que caia baixo a man*, 'o que sexa'], *что бог пошлет* [*o que Deus envíe*, 'o que sexa'] e *где (душе) угодно* [*onde lle guste (á alma)*, 'onde sexa'], *где ни попадя* [*onde nin caia*, 'onde sexa'], *где попало* [*onde caeu*, 'onde sexa'], *где придется* [*onde faga falta*, 'onde sexa']. A pesar diso, a regularidade e a predicibilidade destas formas resultan incompletas en dous sentidos. En primeiro lugar, estas UUFF non son sinónimos perfectos e, en segundo lugar, dende o punto de vista da formación das UUFF, as series resultan defectivas, véx. a táboa 1. Tanto o primeiro coma o segundo aspecto, como explicaremos posteriormente, xustifícanse polas diferenzas na forma interna destas expresións.

---

[140] Nesta sección non estudámo-las particularidades do comportamento destas UUFF, relacionadas coa presenza/ausencia de compoñentes facultativos na súa estrutura, así como coas restricións de uso dos compoñentes facultativos nalgunhas UUFF desta serie, comp. *куда душе угодно* [*a onde á alma lle guste*, 'a onde sexa'] fronte á imposibilidade de **откуда душе угодно* [**de onde á alma lle guste*, 'de onde sexa'], **кто душе угодно* [**quen á alma lle guste*, 'quen sexa'], ??*какой душе угодно* [??*do tipo que sexa que á alma lle guste*, 'sexa como sexa'] etc. Na norma literaria estas expresións empréganse sen o compoñente *душа* [*alma*]: *откуда угодно* [*de onde guste*, 'de onde sexa'], *кто угодно* [*quen guste*, 'quen sexa'], *какой угодно* [*do tipo que guste*, 'sexa como sexa'].

[141] Nas locucións estudadas posteriormente é máis natural interpretar estes pronomes coma relativos ca coma interrogativos, xa que as expresións analizadas non teñen as características típicas dunha interrogación.

Táboa 1

	(душе) угодно [*como lle guste (á alma)*, 'o que/onde/ cando etc. sexa']	ни попадя [*que caia*, 'o que/onde/ cando etc. sexa']	(ни) попало [*(nin) caeu*, 'o que/onde/ cando etc. sexa']	Придется [*haberá que*, 'o que/onde/ cando etc. sexa']	попадется (под руку) [*o que caia (baixo a man)*, 'o que/onde/cando etc. sexa']	бог пошлет [*o que Deus envíe*, 'o que/onde/ cando etc. sexa']
que	+	+	+	+	+	+
quen	+	+	+	+	+	+[142]
que tipo de	+	+	+	+	+	+
onde	+	+	+	+	–	–
a onde	+	+	+	+	–	–
de onde	+	+	+	+	–	–
cando	+	–	–	+	–	–
como	+	+	+	+	–	–
canto	+	–	–	–	–	+

A primeira vista a irregularidade dos valores contidos na táboa preséntase coma arbitraria e explícase exclusivamente polo uso. Non obstante, a aplicación dos coñecementos sobre as particularidades da forma interna das UUFF e sobre a semántica dos pronomes relativos permite formular algunhas argumentacións interesantes en volta do fenómeno que estamos a observar.

O primeiro que salta á vista é a defectividade da serie de UUFF co compoñente *попадется (под руку)* [*caia (baixo a man)*]. Aquí a explicación é evidente: a forma interna deste compoñente indica materialidade. Véx. a posible interpretación da UF *что попадется (под руку)* [*o que caia (baixo a man)*] (xxiv) para contextos coma (127):

(xxiv) **ЧТО ПОПАДЕТСЯ (ПОД РУКУ)** [*o que caia (baixo a man)*, 'o que sexa, calquera cousa'] *(a alguén)* 'calquera obxecto que se presente no radio de alcance dun':

(127) **a.** A multitude, esquecendo todo, corre onda o quiosco envorcado e empeza a coller todo do chan, ***что попадется под руку*** [*o que caia (baixo a man)*]. Tumulto. Barullo. Hai quen colle cervexa e quen colle goma de mascar ou

[142] O caso nominativo do pronome *кто* na estrutura da UF *кого бог пошлет* [*quen Deus envíe*, 'quen sexa'] é imposible por motivos obvios: a posición do suxeito xa está ocupada polo compoñente *бог* [*Deus*].

vodka (M. Zadórnov. *A blusiña*, Кофточка). **b.** No espectáculo predominaban os diálogos, a demostración de acrobacias e malabarismos con todo, ***что попадется под руку*** [*o que caese (baixo a man)*]: con puñais, lámpadas, abanos, pratos e outros obxectos (Corpus xorn.).

Noutras palabras, o que pode caer baixo a man non pode ser nin un tempo, nin un lugar, nin un modo de actuar nin unha cantidade. Así mesmo a expresión *попадется (под руку)* [*caia (baixo a man)*] forma UUFF unicamente cos pronomes *что*, *кто* e *какой* [*que*, *quen*, *que tipo de/o que*]. No último caso non hai ningunha contradición, xa que a indicación da propiedade remite ó obxecto correspondente, comp. *Взял стакан – какой под руку попался – и налил себе воды* [*Colleu un vaso —o que lle caeu baixo a man* ('o que cadrou')— *e botou auga*]. Esta propiedade de materialidade tamén caracteriza o compoñente *бог пошлет* [*Deus enviará*] (sobre as diferenzas entre as expresións con *бог пошлет* [*Deus enviará*] e con *попадется под руку* [*caia (baixo a man)*], *vide infra*). Deste xeito, as locucións [???]*где/куда/откуда/когда/как бог пошлет* [[???]*onde/a onde/de onde/cando/como Deus envíe*, 'onde/a onde/de onde/cando/como sexa'] non se perciben coma plenamente normais.

A segunda particularidade da formación das UUFF deste grupo é a defectividade da serie co pronome *сколько* [*canto*]. Este atópase unicamente na estrutura de *сколько (душе) угодно* [*canto lle guste (á alma)*, 'canto sexa'] e de *сколько бог пошлет* [*canto Deus envíe*, 'canto sexa']. Esta defectividade está relacionada tanto coa forma interna coma co significado do pronome *сколько* [*canto*], así coma co significado dos compoñentes de *ни попадя* [*nin caia*], *(ни) попало* [*(nin) caeu*], *придется* [*haberá que*], *попадется (под руку)* [*caia (baixo a man)*] que se realizan nas correspondentes UUFF. Parece existir unha restrición xeral no uso do pronome *сколько* [*canto*] na estrutura das UUFF deste grupo. Esta restrición explícase polo feito de que este pronome, a diferenza doutros pronomes relativos, introduce unha escala cuantitativa e, semanticamente, unha escala cuantitativa está ligada á idea de orde. O significado real das UUFF cos compoñentes *ни попадя* [*nin caia*], *(ни) попало* [*(nin) caeu*], *придется* [*haberá que*], *попадется (под руку)* [*caia (baixo a ma)*] presupoñen arbitrariedade e ausencia de orde na elección dun ou doutro elemento. Por outra banda, nas locucións o compoñente *(душе) угодно* [*lle guste á alma*, 'o que sexa'] non está marcado polo seu significado en relación á idea de ordenación (é dicir, xunto á «selección desordenada» tamén permite a posibilidade de ordenación). Isto implica que este compoñente se pode combinar coa palabra *сколько* [*canto*]. É interesante sinalar que a UF resultante *сколько (душе) угодно* [*canto lle guste (á alma)*, 'moitos'] non posúe o significado que se podería esperar partindo da analoxía coa serie *где/когда/куда/откуда (душе) угодно* [*onde/cando/a onde/de onde (á alma) lle guste*, 'onde/cando/a onde/de onde sexa'] (é dicir, algo así coma 'indistintamente canto'), senón que a cantidade que hai dunha persoa ou cousa é tal que por moita que se diga haberá menos do que hai en realidade, comp. *Я знал это место. Два пивных ларька, а между ними рюмочная. Неподалеку от театрального института. Действительно, пьяных* ***сколько угодно*** [*Eu coñecía este lugar. Dous postos de venda de cervexa e entre eles unha taberna. Non lonxe do instituto do teatro. En realidade, había bébedos* ***cantos guste***

(moitos)] (S. Dovlátov. *A maleta*, Чемодан)[143].

A UF *сколько бог пошлет* [*canto Deus envíe*, 'canto(s) Deus queira'] en principio distínguese polo seu significado da UF *сколько (душе) угодно* [*canto lle guste á alma*, 'moito']. Ten un significado similar a 'tanto como estea a disposición do suxeito como resultado da acción duns factores que se entenden coma a vontade dunha entidade sobrenatural que determina (segundo ideas relixiosas) o que lle é dado ó ser humano'. Se a UF *сколько (душе) угодно* [*canto lle guste á alma*] está máis ben vinculada á idea dunha gran cantidade de algo, *сколько бог пошлет* [*canto Deus envíe*] pódese tratar dunha cantidade tanto grande coma pequena, comp. (128):

(128) **a.** Que non me entendan mal: saíndo en defensa do programa «Planificación familiar», recoñezo o dereito e o desexo de toda persoa a ter tantos fillos, ***сколько Бог пошлет*** [*canto Deus envíe*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета). **b.** Naqueles benditos tempos cando aínda non había nin o teatro nin o grupo MGHAT, Nemírovich compuxo aquí o repertorio dalgunhas obras contemporáneas, Chéghov pescaba e Stanislavskii casaba. E nós mesmos, sen alambicarnos demasiado, debaixo de cada arbusto, en cada recanto e mesmo polas beiras da Kliazma de tranquilas augas, ceibamos Stanislavsiis e Nemiróviches ***сколько Бог пошлет*** [*canto Deus envíe*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета).

A posibilidade de combina-lo pronome *сколько* [*canto*] co compoñente *бог пошлет* [*Deus envíe*] explícase unha vez máis polo feito de que o sentido de 'predestinación' non contradí a idea de ordenación.

A terceira particularidade das UUFF do grupo que estamos a estudar é a restrición na combinación do pronome *когда* [*cando*]. Con este pronome non se combinan os compoñentes *ни попадя* [*nin caia*], *(ни) попало* [*nin caeu*], *попадется (под руку)* [*caia (baixo a man)*], *бог пошлет* [*Deus envíe*]. No caso dos compoñentes *попадется (под руку)* [*caia (baixo a man)*] e *бог пошлет* [*Deus envíe*], esta restrición explícase pola materialidade fixada na forma interna (*vide supra*). No caso dos compoñentes *ни попадя* [*nin caia*], *(ни) попало* [*nin caeu*], a restrición na combinabilidade está relacionada coa presenza dun compoñente espacial na forma interna destes compoñentes. De feito, o verbo *попадать* [*caer*] en combinacións coma *мне попало в руки что-л* [*caeume na man algo*, 'topei con, fun dar con'] utilízase cun sentido espacial. Isto obsérvase tamén no significado das UUFF estudadas; compárese un dos

[143] Esta UF ten outro significado que está lonxe da idea de cantidade: 'facer algo nunha medida que é definida exclusivamente polos desexos do suxeito', comp.: *Необязательным стало состояние меж рациональной мыслью и отчаянием, появилось нечто третье, спокойное, милосердное, и он, Родионцев, может* ***сколько угодно*** *длить эти святые минуты, когда мысль парит и все очевидное и само собой разумеющееся кажется пошлым* [*Fíxose facultativo o estado entre o pensamento racional e a desesperación, aparece unha terceira cousa, tranquila, misericordiosa, e el, Rodóntsev, pode prolongar eses santos minutos* ***canto guste*** *(o que lle pete, o tempo que queira)*] *eses momentos nos que o pensamento plana no aire e todo o evidente e o que se sobreentende parecen banais*] (V. Makanin. *A persoa da comitiva*, Человек свиты).

significados de *что попало* [*o que caeu*, 'o que cadrou'] e *что ни попадя* [*o que caia*, 'o que sexa'] (xviv) e os contextos correspondentes (129).

(xxiv) **ЧТО ПОПАЛО/ЧТО НИ ПОПАДЯ** [*o que caeu/o que caia*, 'o que sexa, calquera cousa'] 'algo que casualmente apareceu no radio de alcance de alguén e que se entende como o resultado dunha selección feita de maneira arbitraria, incluíndo aquilo que non é axeitado en absoluto para ese obxectivo'[144]:

(129) **a.** Igual que inimigos a morte, os membros do artel[145] xuntáronse no medio da cabana, enfrontáronse, esgazáronse as camisas os uns ós outros, chiaban coma cans, agarrábanse polo pescozo, rabuñábanse, batían cos puños ***что попало*** [*no que caeu*, 'no que fose'] (V. Astáfev. *O tsar-peixe*, Царь-рыба). **b.** Estou a le-lo telegrama deitado no chan, convulsionándome e histérico, bato coa cabeza en ***что попало*** [*no que caeu*, 'no que sexa'], teño ganas de morrer agora mesmo, e de novo volve a faltarme a luz nos ollos, e nos oídos o son, a contusión volveu... (I. Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек). **c.** O meu, en canto lle dá á botella, de contado colle o gancho de colle-las potas ou un pau e comeza a destruír ***что ни попадя*** [*o que non caia*, 'calquera cousa'], na casa xa non nos queda nin un prato enteiro (V. Vóinovich. *Vida e aventuras insólitas do soldado Iván Chonkin*, Жизнь и необычайные приключения солдата Ивана Чонкина).

Pódese observar que tamén hai outras diferenzas substanciais na conceptualización do espazo e do tempo, por exemplo, a posibilidade de moverse por diferentes camiños no espazo. Noutras palabras, as relacións temporais non presupoñen unha liberdade de elección coma o espazo. De aí as restricións no emprego dos compoñentes *ни попадя* [*nin caia*], *(ни) попало* [*(nin) caeu*] co pronome *когда* [*cando*].

***

As consideracións presentadas mostran claramente que a forma interna dunha UF é unha parte esencial do seu plano do contido. Dende un punto de vista estrito, pódese discutir sobre se atribuír este fenómeno ó significado da UF ou non, pero é evidente que unha descrición semántica das UUFF que non reflicta a forma interna resulta notablemente incompleta. Nese caso existe a posibilidade de adoptar diferentes sistemas: tanto representacións autónomas da forma interna en forma dun modelo

[144] As UUFF *что попало* [*o que caeu*, 'o que sexa'] e *что ни попадя* [*o que nin caia*, 'o que sexa'] posúen outro significado: 'algo que se concibe como o resultado dunha elección feita deliberadamente, incluíndo algo que non é en absoluto axeitado para un determinado obxectivo'. Comp.: *Liusia viu claramente diante dela o pelo rubio do cabalo coa crin prateada e a estrela prateada na testa, fraco ata o punto de parecer que tiña secos mesmo os pezuños, e detrás del viuse a si mesma, como unha rapaza delgadiña, vestida no* ***что попало*** [*co que caese*, 'con calquera cousa'] [...] (V. Rasputin. *O derradeiro prazo*, Последний срок); *O novo chofer Maksim, escoitando a Tatiana Nikoláevna, come unha libra de estratéxico chocolate. Leva sufrindo todo o camiño dun mal crónico, mordendo inevitablemente unha e outra vez no anzol: come* ***что ни попадя*** [*o que caia*] (Vikt. Eroféev. *Completo*, Комплект).

[145] N. do t.: Cooperativa socialista de obreiros ou labregos.

especial de estratexia coma a inclusión integral e definitoria da forma interna como parte integrante do modelo de descrición elixido.

***

Convén ter en conta que unha metáfora fixada na forma interna non é monosémica. En varios casos a polisemia da metáfora implica o desenvolvemento de diferentes significados reais. Así, a forma interna da UF *не мочь [и] шагу ступить* [*non poder (nin) dar un paso*] pode entenderse tanto coma unha metáfora relacionada coa incapacidade dun cativo de moverse sen axuda allea (metáfora da IMPOTENCIA INFANTIL) coma unha metáfora de ACCIÓN ELEMENTAL/SIMPLE. A primeira interpretación aparece en contextos coma *Федосеев как ни тщился выглядеть лидером,* ***шагу не мог ступить*** *самостоятельно и покорно исполнял чужие приказы* [*Fedoséev, por moito que se esforzarse en ser un líder* ***non podía dar un paso*** *por si só e cumpría submisamente ordes alleas*] (Corpus polic.). Este significado pódese interpretar do seguinte xeito: 'ser incapaz de tomar por si só nin sequera as decisións máis insignificantes, facendo uso continuo da axuda de alguén ou orientándose con algo que conteña instrucións imprescindibles, o que se describe coma a incapacidade propia dun neno pequeno de moverse sen axuda allea, mesmo nunha distancia insignificante'.

A outra interpretación (a metáfora da ACCIÓN ELEMENTAL/SIMPLE) realízase noutros dous significados: (i) 'algo é tan necesario para alguén que sen iso é imposible realiza-la acción máis simple e corrente, comparable a moverse unha mínima distancia no espazo' (*Он похлопал висящий у него на плече магнитофон: – Без техники сейчас* ***шагу не ступишь*** [*Deulle unhas palmadas ó magnetófono que levaba pendurado do ombreiro: —Sen técnica agora* ***non dás un paso***] (V. Sorokin. *Serguéi Andréevich*, Сергей Андреевич)); (ii) 'a cantidade de algo é tan grande que é imposible realiza-la acción máis simple e corrente, comparable a moverse no espazo unha mínima distancia, sen que se manifeste a gran cantidade dese algo' (*– Скажите мне, мой друг! – произнес барон, вытирая замасленные руки о край плаща. – Скажите, благородные доны! С каких пор в столице его величества короля нашего повелось так, что потомки древнейших родов Империи* ***шагу не могут ступить****, чтобы не натолкнуться на всяких там лавочников и мясников?!* [*Dígame, meu amigo! —dixo o barón, secando as mans manchadas de graxa no bordo do manto—. Díganme, nobres señores! Dende cando na capital da súa maxestade ó noso rei lle acontece que os descendentes das máis antigas estirpes do Imperio* ***non poidan dar un paso*** *sen tropezaren con tódolos tendeiros e carniceiros de aló?!*]) (A. e B. Strugatskii. *É difícil ser un deus*. Трудно быть богом)).

A posible polisemia da interpretación da metáfora que se atopa na forma interna require cautela á hora de aborda-lo problema da súa explicación no modelo de significado e, en particular, na definición.

Os métodos de fixación da forma interna no modelo de significado que propuxemos

non aspiran, evidentemente, a ter un carácter definitivo. A lista de métodos de explicación da forma interna, obviamente, será precisada e completada. É evidente, con todo, que a repetición literal dunha metáfora nun modelo de significado, no marco da estratexia integral (mesmo se é introducida por un operador semántico especial coma 'imaxina', 'figúrate'), apenas resulta útil nin dende a perspectiva da teoría semántica nin dende a práctica, dado que nese caso no modelo de significado practicamente se reproduciría a expresión explicada (definida).

Dende o punto de vista da teoría semántica poderíase considerar que o compoñente figurativo ten que ser introducido por un operador estándar de tipo descritivo: 'na forma de indicación de algo' ou 'o cal se describe como'. Esta unificación está completamente xustificada nas explicacións orientadas ós modelos de significado que perseguen simplemente o obxectivo da descrición do sistema léxico (por exemplo, unha clasificación non-contraditoria e exacta). Como se observou previamente, os grupos de operadores que establecemos distínguense pola súa semántica. Estas diferenzas, en principio, pódense transmitir mediante compoñentes adicionais do modelo de significado no caso dun operador único que introduce o compoñente figurativo. É evidente, así e todo, que isto complica considerablemente a sintaxe da explicación semántica resultante. Na práctica lexicográfica resulta importante a comprensibilidade e a naturalidade do modelo de significado-definición.

Deste xeito, a relativa diversidade dos métodos de explicación da forma interna no modelo de significado está condicionada en gran parte polo noso desexo de face-lo modelo de significado lexicográfico (a definición) cómodo para o usuario corrente, é dicir, para quen non é un especialista en semántica léxica. Dende o noso enfoque, a definición lexicográfica non é allea á idea de estilo. Os estudos de semántica, de feito, apenas trataron a necesidade de elaboración estilística da definición. Presupúñase que unha definición que describise completa e exactamente o uso dunha palabra sería boa. Aínda así, o complexo de propiedades da explicación semántica (relacionado coa súa comprensión) é decisivo para a maioría dos traballos lexicográficos. É evidente que non propoñemos unha solución definitiva para este problema tan complexo, pero consideramos conveniente mencionar polo menos que algúns compoñentes do modelo de significado lexicográfico son máis afortunados ca outros dende o punto de vista da súa aceptabilidade estilística, o que facilita a comprensión.

3.3. Funcións das entidades materiais como signos

A forma interna dunha UF, ademais do compoñente figurativo, contén a miúdo un símbolo formado polo influxo da historia e a cultura e percibido, con frecuencia, polos falantes dunha lingua. Por exemplo, a forma interna da UF *на вес золота* [*a peso de ouro*, 'a un alto prezo'] contén unha alusión ó símbolo universalmente coñecido do OURO coma VALOR (véxase o significado desta UF e exemplos de uso na sección anterior: (xxi) e (109)). Na bibliografía fraseolóxica xa se sinalou que o símbolo é unha parte do compoñente figurativo das UUFF (Черданцева 1988; Баранов, Добровольский 1995в; Мелерович 2004; Dobrovol'skij, Piirainen 1997; 2005).

Posteriormente analizaremos algunhas propiedades dos símbolos representados na idiomática, así coma algúns conceptos asociados a eles.

3.3.1. As entidades materiais na dimensión semiótica

Na escola semiótica de Tartu a lingua considérase o sistema de signos primario (Лотман 1967: 31-32). Aínda que é doado demostrar que a lingua contén varios fenómenos que, xunto ós primarios, tamén adquiren funcións secundarias coma signos. O ámbito da idiomática supón precisamente un campo de acumulación de fenómenos de «secundariedade semiótica». De feito, os significados reais das UUFF son secundarios, xa que derivan dos significados dos seus compoñentes e dos coñecementos sobre o mundo asociados a eles. Ademais, moitas UUFF son semanticamente transparentes e/ou analizables. Unicamente se poden atribuír significados relativamente autónomos a compoñentes de UUFF semanticamente transparentes e analizables (para máis detalles, véxase Dobrovol'skij 1982). Por exemplo, na UF *за деревьями не видеть леса* [*non ve-la fraga detrás das árbores*, 'non ve-lo principal a causa da cantidade de detalles'] pódenselles atribuír ós compoñentes *árbores* e *fraga*, respectivamente, os significados de 'o secundario' e 'o principal'. Estes significados poden recibir diferentes denominacións, en función da concepción teórica ou da disciplina que empreguemos para explicar este fenómeno. Pódense denominar significados asociativos (segundo a ideoloxía da experimentación asociativa da psicolingüística), sememas latentes (na semántica léxica) ou categorías semi-simbólicas (no modelo cultural-semiótico do funcionamento do sistema lingüístico)[146]. Nalgúns casos o compoñente do plano do contido que estamos a tratar é tan forte que é comparable a un símbolo no sentido estrito da palabra, comp. *видеть все в черном свете* [*ver todo na luz negra*, 'adoptar unha actitude pesimista'] (*negro*: 'desagradable, malo'); *смотреть на все через розовые очки* [*miralo todo a través dunhas lentes rosas*, 'ser moi optimista e ve-lo aspecto positivo de todo'] (*rosa*: 'bondadoso, ilusorio'); para máis detalles sobre as categorías simbólicas, *vide infra*.

No ámbito da idiomática, os significados asociativos mencionados acompañan na maioría dos casos a palabras cheas dun contido concreto, «material», no seu significado orixinal. De feito, forman un sistema de signos secundario, complementario: unha rede de asociacións secundarias que se poden aplicar ás ideas da realidade «material» e que están fixadas na lingua (neste caso, na idiomática). Ademais, as asociacións materiais forman así outro dominio das funcións secundarias dos signos, dado que, como xa se sinalou, toda a idiomática no seu conxunto representa o campo da «secundariedade semiótica».

O mencionado ámbito das asociacións materiais practicamente non está estudado nin na lingüística (a excepción dos traballos de Dobrovol'skij, Piirainen 1997, 1998, 2005)

[146] Pode parecer que se trata de connotacións, non obstante sería estraño dicir, por exemplo, que a palabra *деревья* [*árbores*] ten as connotacións de 'secundariedade'. O compoñente semántico obxecto de estudo é parte do plano do contido de toda a UF *за деревьями не видеть леса* [*detrás das árbores non se ve a fraga*].

nin nas disciplinas veciñas, aínda que contén toda unha serie de propiedades importantísimas do sistema lingüístico, que se manifestan nos xogo de palabras, nas regras de simbolización do mundo material e na poesía, así coma na literatura en xeral.

Así, é posible estuda-lo campo das entidades materiais (das palabras que designan as unidades do mundo material e as súas propiedades) nas súas funcións de signos secundarios impropios. Só coñecemos un intento de análise de categorías semellantes no marco do estudo das connotacións materiais dos substantivos abstractos: Успенский (1979). Agora ben, neste caso é como se se tratase da dirección de análise oposta: das categorías abstractas ás concretas. No achegamento proposto, as entidades concretas (materiais) investíganse dende o punto de vista da posibilidade da súa reinterpretación abstracta (na forma na que tal reinterpretación está plasmada na idiomática).

O obxectivo desta sección é observar algunhas regularidades da reinterpretación semiótica secundaria das entidades materiais e as súas propiedades a partir de material fraseolóxico concreto. Este método de estudo das categorías materiais é esencial tanto dende un punto de vista puramente semiótico (a modo de cálculo dunhas funcións de signos do mundo material non descritas) coma dende o punto de vista da semántica lingüística. Neste último caso pódese tratar dunha descrición máis completa do plano do contido dunha UF en comparación coa definición clásica. Así, por exemplo, na UF *[как] камень с плеч [свалился] (у кого-л.)* [*(coma) unha pedra dos ombreiros (caeu) (a alguén)*,'sentir un grande alivio'] PEDRA adquire unha función de signo complementaria e pode suscita-la idea de dificultades, problemas, angustias e estado depresivo. Como consecuencia disto, no modelo lexicográfico de significado da UF é aconsellable incluír información sobre o modo de expresión do significado (sobre a apelación á PEDRA). Na maioría dos casos a definición desta expresión sería semellante á seguinte: 'un suxeito que con anterioridade aceptou a posibilidade de que sucedese unha situación desagradable (presuposición 1), o que levou á aparición de anguria e temores nel (presuposición 2), chega á conclusión de que a anguria e os temores xa non teñen razón de ser, grazas a que se produciu un acontecemento que determinou a imposibilidade de que sucedese a situación indesexada (afirmación)'. Compárense os seguintes contextos:

(130) **a.** Nós, ó non nos poñermos de acordo e non discutirmos esta cuestión deixamos de espera-lo terceiro arresto. ***Точно камень свалился с плеч*** [*igual que se unha pedra caese dos ombreiros*] (Corpus xorn.). **b.** —Veña, ho, vouvos asina-la vosa declaración. —Eu, Georgii Ivánovich, había de quedarlle moi agradecido. É que ***камень*** бы ***с плеч сняли*** [*unha pedra caería dos ombreiros*] (Corpus pros. rus.). **c.** Sentinme tan ben como se ***сбросил камень с плеч*** [*guindase unha pedra dos ombreiros*]. Agora e a partir de agora paréceme que isto foi moi sinxelo, pero lémbrome ben de que foi moi difícil (Corpus xorn.).

A variante de definición presentada previamente carece totalmente do compoñente do

plano do contido da UF relacionado coa función de signo secundario da pedra, é dicir, co modo de indica-lo sentimento de anguria e temor.

A consideración do compoñente «material» na estrutura da definición (e, máis amplamente, no modelo de significado dun fraseoloxismo) supón un problema igual ó de reflecti-lo compoñente figurativo, dado que un símbolo a miúdo xera unha imaxe. Con anterioridade, analizáronse os modos de descrición do compoñente figurativo na definición. Así mesmo, estes tamén se poden utilizar para expresa-lo compoñente simbólico da forma interna da UF nun modelo lexicográfico de significado. Como se mostrou previamente (para máis detalles, véxase a sección 3.2.2.4), dentro da estratexia de descrición integral na definición, o compoñente figurativo pódese representar de xeito explícito e implícito. Un dos métodos explícitos é a introdución na definición da descrición abstracta dun compoñente figurativo ou dunha das súas partes, estando este unido á parte principal da definición por medio de diferentes operadores de interpretación e de formación de relacións de analoxía. Así, na definición da UF *думать задницей* [*pensar co traseiro*], o compoñente figurativo reflíctese do seguinte xeito: 'realizar accións que por seren tan disparatadas causan estupor no contorno dunha persoa, o que só se pode explicar co uso dun instrumento non previsto para iso no proceso de pensamento' (xeneralización metafórica de *traseiro* coma instrumento coa axuda do cal se leva a cabo o pensamento). Por este mesmo motivo, a parte figurativa do modelo de significado lexicográfico non repite literalmente a metáfora, senón que é máis ben a súa xeneralización, a explicación dalgunhas propiedades súas, das súas consecuencias (véx. 3.2.2.4).

No relativo ós métodos implícitos de representación do compoñente figurativo, trátase en xeral da plasmación na definición dalgunha consecuencia da metáfora que se atopa na base da imaxe, condicionada semántica ou pragmaticamente (*vide supra*). Comp., por exemplo, *руки чешутся (у кого-л. сделать что-л.)* [*as mans próenlle (a alguén) para facer algo*] 'alguén sente un forte desexo de facer algo (de desempeñar un traballo ou zouparlle a alguén), condicionado fisioloxicamente'. Nesta definición, a idea de 'condicionamento fisiolóxico' despréndese da metáfora fixada na estrutura compoñencial da UF. Dun xeito análogo, na UF *без мыла в задницу влезть* [*entrar no traseiro sen xabón*] 'posuí-la capacidade de facerse coa confianza da xente e acada-los seus obxectivos, recorrendo a tódolos medios posibles, mesmo aqueles censurados socialmente' o compoñente 'recorrendo a tódolos medios posibles, mesmo aqueles censurados socialmente' apóiase na concepción do traseiro coma símbolo dun lugar sucio.

Volvendo á UF *[как] камень с плеч [свалился] (у кого-л.)* [*(como) unha pedra dos ombreiros (caeu) (a alguén)*], analizarémo-lo seu modelo lexicográfico de significado tomando en consideración o compoñente figurativo: 'un suxeito que con anterioridade aceptou a posibilidade de que sucedese unha situación desagradable (presuposición 1), o cal levou á aparición de anguria e temores nel (presuposición 2), chega á conclusión de que a anguria e os temores xa non teñen razón de ser, grazas a que se produciu un acontecemento que determinou a imposibilidade de que sucedese a situación

indesexada (afirmación), feito que se entende coma a liberación da presión exercida por unha carga pesada (reflexo do compoñente simbólico da forma interna)'. I. Mel'čuk e T. Reuther tamén sinalan a necesidade de tomar en consideración a semántica simbólica na definición das UUFF. Na descrición da UF alemá *etwas nicht übers Herz bringen können*, o compoñente *Herz* 'corazón' introdúcese na estrutura da definición na interpretación simbólica coma o «quasi-órgano» dos (bos) sentimentos» (Mel'čuk, Reuther 1984).

Algunhas entidades materiais funcionan coma símbolos en sentido estrito (por exemplo, a PEDRA como símbolo de problemas de diferente índole: *камень преткновения* [*pedra de tropezo*, 'obstáculo, tropezo'], *подводные камни* [*pedras submarinas*, 'escollos, obstáculos'], *нашла коса на камень* [*deu a gadaña coa pedra*, 'choque de diferentes opinións/intereses']; ou O CORAZÓN como símbolo dos sentimentos). Nunha UF pode estar presente máis dun símbolo, comp. *камень на сердце* [*unha pedra sobre o corazón*, 'sufrir un padecemento moral, un desgusto']: *Нет, не Даниэль! Но откуда? Кто?* ***Камень на сердце****... Догадываюсь: конвой разболтал. Либо специально подстроено. Хотят проучить, напугать* [*Non, non Daniel! Pero de onde? Quen?* ***Unha pedra no corazón****... Adiviño: o convoi desaxustouse. Ou construírono a propósito así. Queren dar unha lección, asustar*] (Abram Terts).

3.3.2. O símbolo na cultura e na lingua

O símbolo é un deses raros fenómenos que sempre chamaron a atención de lingüistas, filósofos, psicólogos, culturólogos e especialistas de decenas de diferentes disciplinas vinculadas ó saber humanístico. Nunha medida ou noutra, as interpretacións do símbolo repetían as concepcións teóricas dunha determinada ciencia humanística. Na teoría semiótica de C. Peirce os símbolos opúñanse a índices e signos icónicos e caracterizábanse pola arbitrariedade da relación entre o significado e o significante (Peirce 1960: 247 e seguintes). Esta concepción contradicía as ideas lingüísticas das categorías do símbolo, parcialmente reflectidas no significado da palabra *símbolo*. Para os lingüistas resultou máis natural a concepción fenomenolóxica do símbolo, na que se trataba coma un elemento dotado de significado. O símbolo enténdese dun xeito similar na teoría de F. de Saussure. Comp., por exemplo, a balanza como símbolo de xustiza (Соссюр 1977: 101)[147].

Nunha das versións da análise conceptual desenvolvida por N. D. Aruntiúnova, o símbolo sitúase no mesmo grupo de categorías tales coma a imaxe e o signo, ocupando unha posición intermedia entre eles, o que en certo modo reflicte o comportamento da palabra *símbolo* nunha lingua natural (Арутюнова 1988).

[147] «Para designa-lo signo lingüístico ou, máis ben, o que nós chamamos significante, ás veces emprégase a palabra *símbolo.* Pero este uso non é demasiado axeitado debido precisamente ó noso primeiro principio. O símbolo caracterízase polo feito de que nunca é arbitrario de todo; non está completamente baleiro: nel hai un rudimento de relación natural entre o significante e o significado. O símbolo da xustiza, a balanza, non se pode substituír por calquera cousa, por exemplo por unha carroza» (Соссюр 1977: 101).

Dende a nosa concepción, a «materialidade» do símbolo é a súa particularidade máis importante, a que o distingue das categorías semióticas máis próximas, é dicir, a súa pertenza directa ou indirecta ó mundo das cousas. Un símbolo pode ser unha cousa ou unha propiedade desta, dotadas de funcións específicas no mundo material. Neste sentido, por paradoxal que pareza, as funcións simbólicas dos símbolos propiamente ditas son secundarias. Por exemplo, CRANIO na cultura europea é símbolo de perigo mortal, pero as súas funcións primarias son determinadas pola estrutura anatómica do ser humano. Comp. tamén o CORAZÓN como símbolo, por unha banda, da alma e do amor e, pola outra, como a entidade material que posúe as correspondentes funcións no organismo do ser humano.

Os símbolos son sempre específicos dunha cultura e dependen de condicións históricas concretas. Compárese a AGUIA BICÉFALA como símbolo do sistema estatal ruso ou A FOUCE E O MARTELO como símbolo do imperio soviético.

Cómpre distinguir varios grupos de categorías simbólicas. O primeiro constitúeno os **símbolos culturais** propiamente ditos. A súa particularidade radica no feito de que, xa que a miúdo teñen un ámbito de uso bastante amplo (comp. UN CRANIO E ÓSOS como símbolo de perigo mortal), non se apoian na lingua. Isto significa que non están presentes nas funcións simbólicas do sistema léxico da lingua: non se distingue para eles un significado «simbólico» especial e non son compoñentes de fraseoloxismos cuxa forma interna é importante simbolicamente. O segundo grupo das categorías simbólicas constitúeno os **símbolos lingüísticos**. Nel inclúense as entidades semi-simbólicas fixadas pola lingua, que se atopan presentes no modelo de mundo do falante desa lingua unicamente grazas á lingua. Así, no grupo das UUFF *иметь свою руку (где-л.)* [*te-la súa man en algures*, 'estar implicado en algo']; *быть (чьей-л.) правой рукой* [*se-lo brazo dereito (de alguén)*, 'se-la persoa máis próxima, de confianza de alguén']; *протянуть руку помощи (кому-л.)* [*estende-la man de axuda (a alguén)*, 'prestarlle axuda a alguén'], a palabra *рука* [*man/brazo*] posúe tódalas características do símbolo: designa un elemento dotado do significado de 'axuda'. Aínda así, non se pode afirmar que a man/o brazo como parte do corpo sexa un símbolo de axuda na cultura rusa. Canto á forza do seu efecto, os símbolos lingüísticos non quedan a miúdo nun segundo plano respecto ós culturais. Así, CABEZA como símbolo de importancia, da parte máis importante de algo (*рыба гниет с головы* [*o peixe podrece pola cabeza*, 'cando unha estrutura comeza a corromperse sempre o fai dende a cúpula'], *всему делу голова* [*a cabeza de todo o asunto*, 'persoa ou entidade máis importante/valiosa/necesaria dunha estrutura'] etc.) para os falantes do ruso non é menos importante, por exemplo, có PEIXE como símbolo do cristianismo.

En varios casos os símbolos son ó mesmo tempo culturais e lingüísticos. Este terceiro grupo de categorías simbólicas, moi investigadas na bibliografía lingüística e semiótica, pódese denominar **símbolos en sentido forte**. Esta combinación intensifica a súa influencia, comp. CRUZ como símbolo do cristianismo e de sufrimento, o que ten correlacións lingüísticas coma *нести свой крест* [*leva-la súa cruz*, 'cargar cun problema/unha carga']; *креста на тебе нет* [*para ti non hai cruz*, 'o comportamento

de alguén é totalmente inmoral e reprobable'].

O cuarto grupo constitúeno os **símbolos lingüísticos non-produtivos**. Forman parte deste grupo aquelas categorías que só están presentes na lingua nunha cantidade moi restrinxida de formas. Así, por exemplo, a palabra *зайцы* [*lebres*] na UF *погнаться за двумя зайцами* [*botarse a correr detrás de dúas lebres*, 'intentar facer demasiado dunha vez'] asóciase coa idea dun obxectivo. Non obstante, sería estraño afirmar que a palabra *заяц* [*lebre*] sexa un símbolo de obxectivo. Deste xeito, a diferenza dos símbolos lingüísticos en xeral, os símbolos lingüísticos non-produtivos sono unicamente no seo dunha expresión lingüística concreta e, por ese motivo, non se poden denominar símbolos nun sentido estrito, aínda que se pode presupoñer que forman un potencial simbólico do sistema lingüístico.

O campo da idiomática é interesante precisamente porque nel están presentes practicamente tódolos tipos de símbolos a excepción dos do primeiro grupo (os símbolos culturais propiamente ditos). Denominamos **entidades materiais** ó grupo de categorías simbólicas que está representado nas UUFF.

3.3.3. Descrición lexicográfica das entidades materiais na idiomática rusa

A descrición do campo das funcións semióticas secundarias das palabras que designan entidades materiais inclúe como parte integral o estudo das categorías simbólicas. Con todo, o ámbito dos significados secundarios das palabras que designan entidades materiais é considerablemente máis rico e interesante para a investigación, xa que permite revelar toda unha serie de correspondencias de significado importantes entre os significados abstractos e concretos que forman o potencial simbólico da lingua.

É natural ver unha investigación deste tipo en formato de dicionario. Neste caso pódense concibi-las seguintes entradas do dicionario: 1) da entidade material ás súas interpretacións semióticas secundarias; 2) do significado abstracto ós seus posibles representantes materiais. É evidente que tanto a primeira coma a segunda entrada do dicionario teñen que estar organizadas ó estilo do Tesouro. No primeiro caso, o glosario estará ordenado por categorías tales coma COR, NÚMERO, PARTES DO CORPO, PLANTAS, ANIMAIS, ARTEFACTOS etc.; no segundo caso son categorías coma MEDO, LEDICIA, IRA/FURIA, POBREZA/RIQUEZA, MENTIRA/ENGANO etc.

Unha construción binaria do dicionario coma esta permite, por unha parte, reflecti-las características específicas dun determinado ámbito (que funcións semióticas secundarias adquiren as entidades materiais fixadas na idiomática rusa) e, por outra, ofrece a posibilidade de describir modos de interpretación material dalgúns significados abstractos (produtivos para a idiomática) —para a metáfora política rusa en Баранов, Караулов 1991, 1994, elixiuse un método análogo de descrición

lexicográfica.

Por exemplo, no taxon COR pódense distinguir entradas do dicionario coma NEGRO, VERDE, AMARELO, VERMELLO. Estas entradas teñen que conte-la seguinte información:

NEGRO
función de signo secundaria: 'malo'
UUFF: *видеть/представить в черном свете* [*ver todo na luz negra*, 'ver todo negativo, ser pesimista'], *держать в черном теле* [*manter na cor negra*, 'maltratar, facerlle a vida imposible a alguén'], *на черный день* [*para o día negro*, 'ter algo de reserva para un caso de necesidade'].
VERDE 1
función de signo secundaria: 'favorable'
UUFF: *открыть зеленую улицу* [*abrir unha rúa verde*, 'permiti-lo comezo de algo'], *дать зеленый свет* [*dar luz verde*, 'permiti-lo comezo de algo'], *зеленая волна* [*onda verde*, 'movemento constante a unha velocidade constante'].
VERDE 2
función de signo secundaria: 'sen experiencia'
UUFF: *молодо-зелено* [*mozo-verde*, 'ter pouca experiencia'].
VERDE 3
función de signo secundaria: 'relativo ó vodka'
UUFF: *допиться до зеленого змия* [*beber ata un dragón verde*, 'embebedarse ata ter *delirium tremens*'], *в объятиях зеленого змия* [*nos brazos dun dragón verde*, 'ser alcohólico, embebedarse'], *зелено вино* [*viño verde*, 'forma popular para designa-lo vodka ou calquera outra bebida alcohólica forte'].
AMARELO
función de signo secundaria: 'anormal, diferente da norma en sentido negativo'
UUFF: *желтый билет* [*billete amarelo*, 'carné de prostituta'], *желтый дом* [*casa amarela*, 'manicomio'].
VERMELLO 1
función de signo secundaria: 'principal, importante'
UUFF: *проходить красной нитью* [*pasar a través coma un fío vermello*, 'constituí-la idea esencial de algo, sobresaír'].
VERMELLO 2
función de signo secundaria: 'fermoso'

UUFF: *красная девица* [*moza vermella*, 'rapaza fermosa'], *для красного словца* [*para a palabra vermella*, 'engadir algo ó dito unicamente para luci-la propia sabedoría, alardear'].

A primeira entrada dun dicionario deste tipo resulta, en certo modo, auxiliar, xa que a rede de significados secundarios está representada de maneira completa unicamente na segunda entrada: dos significados ós seus representantes materiais. Non obstante, ata hai pouco tempo foi imposible a elaboración dunha entrada lexicográfica da segunda parte; para isto foi necesario construír un tesouro completo de UUFF rusas. Esta tarefa

non se fixo realidade ata a actualidade, pois tal dicionario xa foi creado, véx. Tesouro. Convén sinalar, aínda así, que a primeira entrada, da cal se vén de mostrar un fragmento, tamén contén información importante sobre as funcións semióticas secundarias das entidades materiais, dado que unha gran parte delas non é evidente, nin moito menos, comp. *красный* [*vermello*] co significado de 'fermoso' (significado secundario, plasmado mesmo nos dicionarios monolingües da lingua rusa) e *красный* [*vermello*] co significado de 'principal, importante' (compoñente do significado que se deduce unicamente do plano do contido da UF).

***

A categoría das entidades materiais, introducida nesta sección do libro, é xeneralizante con respecto ás categorías simbólicas e con respecto ás de aparencia simbólica, fixadas dun xeito ou doutro no sistema da lingua. Estas últimas están incluídas nas categorías materiais coma subconxuntos. Tal ampliación resulta moi útil para a descrición lexicográfica e para a revelación dos compoñentes do significado das unidades da lingua que están relacionados co compoñente figurativo do plano do contido das expresións lingüísticas.

3.4. A forma interna como fenómeno lingüístico e cognitivo

A forma interna das UUFF é unha formación complexa que posúe diferentes aspectos. Por unha banda, é parte do plano do contido e non só no sentido de que inflúe no significado real e de que lle impón restricións á combinabilidade das UUFF, senón tamén no sentido de que o falante da lingua, ó utilizar unha UF, non pode absterse da imaxe xerada por esta. Isto maniféstase tanto nos casos de xogos de palabras coas UUFF coma no carácter figurativo-expresivo da idiomática, subliñado por practicamente tódolos investigadores-fraseólogos. Para reflecti-la achega da forma interna no plano do contido neste capítulo ofreceuse un aparato metalingüístico: estratexias de representación autónoma e integral. No último caso, para representa-la forma interna no modelo de significado lexicográfico (na definición) utilízanse operadores especiais, así coma a técnica implícita de considera-la influencia da forma interna no significado real.

A forma interna, ademais, é un fenómeno cognitivo. Isto foi demostrado de maneira convincente en varios experimentos psicolingüísticos levados a cabo por especialistas en psicoloxía cognitiva americanos e italianos. Por isto mesmo, a forma interna é unha unidade propiamente dita do lingüístico e do cognitivo. O aspecto cognitivo da forma interna maniféstase, cando menos, en que esta posúe unha realidade psicolóxica para o falante da lingua. Pero isto non é todo nin moito menos. Un dos obxectivos dos experimentos psicolingüísticos levados a cabo consistía en amosar que o significado real está motivado pola forma interna, pero evidentemente non no sentido de que este sempre se poida predicir baseándose no compoñente figurativo, senón no sentido de que se poden indica-los fundamentos da motivación. De feito, G. Lakoff (en Лакофф 2004: 578 e seguintes) analiza como exemplo a motivación da UF inglesa *to keep*

someone at arm's length, 'manter alguén a distancia'. Segundo G. Lakoff, a motivación do significado real desta UF baséase en dúas metáforas conceptuais: AS RELACIÓNS AMIGABLES SON UNHA PROXIMIDADE ESPACIAL e O DANO SOCIAL/PSICOLÓXICO É UN DANO FÍSICO[148], así coma na imaxe convencional do brazo estendido. «Manter alguén a unha distancia equivalente á lonxitude dun brazo» significa non permitirlle que se achegue no espazo físico e, ó facelo, protexerse dun dano físico. A metáfora representa este coñecemento no significado da UF: «manter alguén a unha distancia social bastante grande de un mesmo, non establecer relacións próximas con esa persoa para evitar un dano social ou psicolóxico» (Лакофф 2004: 579). É evidente que esta interpretación da imaxe contida na UF depende da cultura. Esa mesma imaxe do brazo estendido, segundo Keysar, Bly 1999, pódese entender dun xeito completamente diferente, xustamente o de 'ter unha relación estreita con alguén', 'ser accesible para alguén'. Esta interpretación está presente, por exemplo, na idiomática do hebreo. En realidade, dende un punto de vista cognitivo, unha distancia entre dous obxectos igual á lonxitude dun brazo estendido pódese interpretar perfectamente coma moi próxima.

O status da motivación en si mesma coma realidade psicolóxica segue sendo cuestionado. Non está claro quen é o portador da motivación (o suxeito por separado ou a comunidade de falantes da lingua) e ata que punto é percibida de maneira consciente. Ademais, neste campo é particularmente difícil traza-la fronteira entre a sincronía e a diacronía. O exemplo de Keysar, Bly 1999 analizado previamente mostra de maneira convincente que a motivación do significado real se basea nas estruturas de coñecemento do modelo do mundo dunha persoa, en *frames* e nos *scenarios* concretos. Estas categorías foron introducidas por primeira vez na ciencia cognitiva coma modelo das capacidades intelectuais dunha persoa e do seu pensamento para a creación dun sistema de intelixencia artificial. En lingüística, estas categorías utilízanse xeralmente dun xeito informal. Nós utilizámolas para explica-la motivación do significado real, ignorando tanto o problema da comprensión sincrónica vs. diacrónica da motivación coma o aspecto da concienciación individual desta motivación. A resolución destes problemas máis ben forma parte da competencia da psicoloxía cognitiva. Dende un punto de vista propiamente lingüístico, o que esperta maior interese son xustamente as posibilidades de motivación do significado real dunha UF por medio da estrutura de coñecementos que se atopa detrás da imaxe que constitúe a base da forma interna da UF. No seguinte capítulo analízase un dos enfoques formalizados para a descrición da motivación, baseado en operacións realizadas sobre eses coñecementos.

[148] Comp. ingl. INTIMACY IS PHYSICAL CLOSENESS e SOCIAL (OR PSYCHOLOGICAL) HARM IS PHYSICAL HARM (Lakoff 1987: 448).

Capítulo 4. O plano do contido das UUFF: a modelación cognitiva do significado real dunha UF

4.1. Formulación da tarefa

A metáfora, que xoga un papel decisivo na xeración do significado real das UUFF, interpretábase tradicionalmente coma o resultado dun desprazamento do significado. Na teoría cognitiva da metáfora, a concepción tradicional modificouse e, en certo sentido, precisouse. Nun principio, a diferenza que presenta o achegamento cognitivo está relacionada co feito de que a metáfora se recoñece non tanto coma un fenómeno lingüístico senón coma un fenómeno conceptual: o resultado da interacción de diferentes estruturas de coñecementos. Segundo a célebre concepción de G. Lakoff, a metaforización ten lugar coma unha interacción do dominio fonte (*source domain*) e o dominio meta (*target domain*) (Lakoff, Johnson 1980; Lakoff 1987, 1993; Lakoff, Johnson 1999; Лакофф, Джонсон 2004; Лакофф 2004). Esta concepción tan xeral, non obstante, non foi descrita con suficiente exactitude nin sequera en termos informais, feito que se pode explicar polas diversas complexidades xurdidas durante os primeiros intentos de describir formalmente un campo tan problemático.

En primeiro lugar, non existe unha metalinguaxe universal de representación dos coñecementos, única para tódalas situacións problemáticas. É sabido que o instrumental dos sistemas de intelixencia artificial, mesmo se se fundamenta na idea xeral de *frames* e *scenarios*, varía substancialmente dun sistema a outro. Compárense, por exemplo, a linguaxe de dependencias conceptuais de R. Schank (Schank 1975) e as estruturas de coñecementos (elementos, átomos, moléculas, planos etc.) utilizadas no modelo de imitación das ideoloxías de R. Abelson (Abelson 1973). Ademais, a teoría cognitiva da metáfora de G. Lakoff non opera cos conceptos de *frames* e *scenarios*. Nalgunha etapa das súas investigacións Lakoff tratou a teoría da Gestalt (Лакофф 1981), elaborada na psicoloxía cognitiva alemá clásica. Non obstante, a este autor non lle interesaba tanto o nivel de coñecementos do mundo, senón máis ben o nivel de interpretacións lingüísticas estándar dalgúns conceptos, que se realiza na teoría da metáfora conceptual.

En segundo lugar, o feito de trata-los coñecementos non limita de ningún xeito o investigador no grao de minuciosidade e amplitude da representación da información semántica. Se no caso dos sistemas aplicados estas fronteiras son determinadas de maneira natural polas tarefas concretas, no caso das investigacións puramente semánticas isto leva a unha infinitude teórica.

Aínda así, o problema cómpre resolvelo dalgún xeito. Para evita-las complicacións relacionadas coa elección ou creación dunha metalinguaxe concreta de representación dos coñecementos, que ademais forman parte da competencia da ciencia cognitiva e da intelixencia artificial, é razoable dividi-la tarefa común de descrición de procesos metafóricos en dúas partes. A primeira parte é a «semántica da metaforización»: a representación do contido do dominio fonte e do dominio meta e a descrición das súas combinacións típicas, por exemplo, na metáfora da GUERRA, moi popular no discurso político ruso, empregada en relación ó campo da actividade política (A ACTIVIDADE POLÍTICA É UNHA GUERRA; comp. expresións tales coma *обойма аргументов* [*cargador de argumentos*, 'conxunto de argumentos'], *наступление левых по всему политическому фронту* [*a aparición de políticos de esquerda por toda a fronte política*, 'o campo de actividade política'], *выйти из окопов* [*saír das trincheiras*]). Esta primeira parte presupón a investigación da profundidade e a minuciosidade da estruturación nos tesouros da GUERRA e A ACTIVIDADE POLÍTICA postas en relación na conciencia inxenua. Neste caso, o tesouro lingüístico pódese contemplar coma un dos modos de representa-los coñecementos sobre o mundo. A segunda parte é a descrición daquelas operacións que se realizan na xeración do significado real das metáforas no proceso de interacción dos coñecementos que pertencen ó dominio fonte e ó dominio meta, no noso caso á GUERRA e á ACTIVIDADE POLÍTICA. Este aspecto do problema que estamos a estudar pódese chamar «sintagmática das operacións cognitivas» e non é menos interesante có primeiro, ademais de que (neste nivel de desenvolvemento da lingüística cognitiva) permite polo menos unha formalización e unha tipoloxización.

A sintagmática das operacións cognitivas atópase na base da xeración do significado real dunha UF. Os autores xa trataron con anterioridade esta problemática en diversas publicacións (Баранов, Добровольский 1990, 2000; Baranov, Dobrovol'skij 1996, 1999), onde se amosou que a xeración do significado real dunha UF se pode describir coma o resultado da interacción de diferentes *frames*. Como é sabido, un *frame*, segundo a definición de M. Minskii, «é unha estrutura de datos destinada a representar unha situación estereotipada» (Минский 1978: 254). Nun sentido máis amplo pódese dicir que un *frame* é unha estrutura conceptual para a representación declarativa (descritiva) dos coñecementos sobre unha situación tipificada que contén *slots* relacionados entre si por medio de determinadas relacións semánticas (Баранов 2000: 16). A miúdo os *frames* son representados en forma de táboas onde as ringleiras representan os *slots*. Por exemplo, o *frame* de MESA nunha representación en forma de táboa incluiría os nomes dos *slots* (material, superficie, cantidade de patas, existencia dun pedestal) e o contido dos *slots* (madeira, plástico, vidro etc.; o aspecto da parte superior da mesa: rectangular, oval, redonda etc.).

É importante subliñar unha vez máis que o status da categoría «xeración do significado real» non resulta evidente, posto que —como xa se sinalou con anterioridade— non pertence á competencia da lingüística en sentido estrito. Aínda así, esta categoría pódese utilizar na lingüística coma unha das heurísticas posibles na investigación do plano do contido das UUFF.

A continuación, explicaremos a que nos estamos a referir. O significado real da UF rusa *без царя в голове* [*sen o tsar na cabeza*] 'superficial, pouco serio (dito dunha persoa)' xérase (non no sentido etimolóxico, senón no sentido da posibilidade de interpreta-la relación entre a forma interna e o significado real) sobre a base dos *frames* ESTADO e PERSOA. No *frame* ESTADO atópase o *slot* «instancia gobernante», representada con frecuencia por entidades tales coma un tsar, un presidente, un goberno etc. Sacar este *slot* do *frame* ESTADO leva á súa disfunción (debilitación do control sobre a actividade etc.). A proxección do *frame* ESTADO modificado (é dicir, coa instancia gobernante ausente) sobre o *frame* PERSOA perfila (subliña dunha maneira cognitiva) a idea de disfunción do pensamento. Así, a xeración do significado real da UF *без царя в голове* [*sen o tsar na cabeza*] pódese concibir non coma un desprazamento do significado dunha combinación libre de palabras cunha estrutura léxica análoga, senón coma o resultado da interacción de dous *frames*.

Tal achegamento explica máis cá concepción tradicional de desprazamento do significado: de feito, non está claro, por exemplo, cal se pode considera-lo «significado literal» do enunciado *Он без царя в голове* [*el está sen o tsar na cabeza*]. Ademais, tal e como parece, dende un punto de vista intuitivo o achegamento cognitivo resulta máis aceptable có tradicional. O significado non se «despraza», senón que se xera como resultado das operacións sobre os coñecementos.

É evidente que as operacións sobre os coñecementos se poden describir dunha maneira formal ou, polo menos, dunha maneira formalizada. Ata a actualidade non foi proposto un modelo formal de tal interacción. As ideas básicas sobre un achegamento formalizado para describi-la xeración do significado real dunha UF baseada nas operacións sobre os coñecementos xa as formulamos con anterioridade dun modo xeral, véx. Баранов, Добровольский 2000. Con posterioridade analizarémo-la cuestión de como se materializa a interacción entre o *frame* de partida e o resultante (o *frame* fonte e o *frame* meta), como son as posibles restricións de interacción destas estruturas conceptuais (se é que existen), que se oculta detrás do concepto de «interacción» etc. Trátase dunha cuestión de grande importancia para revela-los fundamentos cognitivos do funcionamento das UUFF, non no sentido da psicoloxía individual dos falantes da lingua (compárense os experimentos psicolingüísticos descritos no capítulo anterior), senón no sentido das consecuencias lingüisticamente relevantes ó operar con coñecementos.

4.2. Conxunto das principais operacións cognitivas

O campo de acción das operacións cognitivas son os *frames* fonte e os *frames* meta. Aínda que as particularidades do armazón das estruturas de coñecementos pertencen máis ben á «semántica da metaforización» (primeira tarefa, véx. 4.1.) é imprescindible ter unha mínima idea sobre a organización destas estruturas cognitivas. Segundo a concepción de *frame* universalmente aceptada, esta estrutura cognitiva está constituída por un conxunto de *slots*, cada un dos cales consta do nome do *slot* e do seu contido. O enchido do contido dos *slots* dun *frame* é definido por unha situación problemática concreta. A modo de exemplo presentarémo-lo *frame* ACTIVIDADE enchendo dunha maneira concreta os *slots* do texto do relato *Corazón de can* de M. Bulgákov. Véx. táboa 1.

Táboa 1. Estrutura xeral do *frame* ACTIVIDADE (exemplificada cunha posibilidade de enchido de *slots* co episodio do xantar do relato de M. Bulgákov *Corazón de can*)

Número do *slot*	**Denominación/nome do *slot***		**Contido do *slot***
Slot 1	Tempo		Noite de inverno
Slot 2	Fases da actividade	Comezo da actividade	Indeterminado
		Metade da actividade	Indeterminado
		Final da actividade	Indeterminado
Slot 3	Lugar da actividade		Piso do profesor Preobrajenskii
Slot 4	Aspecto/contido da actividade		Xantar
	Compoñentes da actividade	Procedemento 1	Poñe-la mesa
		Procedemento 2	Sentar á mesa
		Procedemento 3	Servi-la comida
		Procedemento n	...
Slot 5	Suxeitos da actividade, participantes		Prof. Preobrajenskii
			Doutor Bormental
			Daria Petrovna (a criada)
			O can Xárik
Slot 6	Obxectos da actividade (incluídos os recursos)		Cubertos para comer, comida: salmón, angulas marinadas, queixo; bebidas etc.
Slot 7	Resultado da actividade e consecuencias		Fartura e sensación de pracer por parte dos participantes
	Outros *slots*...		

O obxecto de estudo máis importante para a idiomática é o proceso de interacción entre os *frames* fonte e mailos *frames* meta, descrito tradicionalmente coma

«desprazamento» do significado. Na base do modelo formal de «desprazamento» do significado atópase a función de representación do *frame* fonte no *frame* meta (comp. o concepto de *mapping* na teoría de G. Lakoff e M. Johnson). Os *slots* do *frame* fonte actúan a modo de argumentos desta función. O significado da función de representación é o correspondente *slot* do *frame* meta. A representación múltiple dos *slots* do *frame* fonte no *frame* meta leva á reprodución parcial da estrutura do *frame* fonte no *frame* meta (comp. o concepto de fragmentación da estruturación metafórica en Лакофф, Джонсон 2004: 89 e seguintes). O resultado da representación —a reprodución da estrutura do *frame* fonte no *frame* meta— xera certo estado psicolóxico no falante, estado que tamén distingue os procesos de metaforización do tratamento doutros signos lingüísticos. Sinalaremos, non obstante, que a descrición deste estado psicolóxico sae claramente dos límites da lingüística, mesmo se a entendemos nun sentido bastante amplo. Se intentamos describir este estado psicolóxico dun xeito metafórico (o cal é perfectamente aceptable se temos en conta a función cognitiva da metáfora), poderíase dicir que a interacción de dous *frames* estruturados e, polo tanto, discretos leva á formación dunha entidade cognitiva non-discreta cuxas fronteiras son borrosas. A aparición do non-discreto a partir do discreto tamén constitúe a esencia cognitiva da metaforización (Баранов 1991).

Nun nivel lingüístico propiamente dito (dentro dos obxectivos da lingüística cognitiva), cómpre describi-los procesos de metaforización coma o conxunto das operacións básicas sobre os *slots* do *frame* fonte e o *frame* meta. Estas operacións son elementais no sentido de que resulta cómodo utilizalas coma «ladrilliños» soltos (elementos dunha metalinguaxe coa axuda da cal se constrúen as descricións do material obxecto de estudo). Na actualidade un inventario básico inclúe as seguintes operacións:

- a introdución dunha estrutura cognitiva noutra;
- a eliminación dunha estrutura cognitiva;
- a posta de relevo dunha estrutura cognitiva;
- a repetición dunha estrutura cognitiva.

É imprescindible caracterizar cada unha das operacións dende os seguintes puntos de vista: sobre que se aplica (o campo de acción da operación e aquelas entidades que entran na súa acción), e como é o contido da transformación presuposta pola operación, así coma o do resultado obtido. Noutras palabras, as operacións teñen que ser descritas coma predicados con argumentos determinados ou coma funcións cunha área de partida e unha área de chegada.

A táboa 2 describe dun xeito xeneralizante as operacións que estamos a introducir.

Táboa 2. Operacións básicas sobre as estruturas de coñecementos no proceso de formación do significado real dunha UF

Nome da operación	**Campo de acción e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Introdución dunha estrutura cognitiva noutra	Estruturas cognitivas (*frames*, partes dos *frames*, coñecemento[149])	Int(CS_1, CS_2), Int é un predicado de dous lugares, CS_1 é a estrutura cognitiva que é introducida na estrutura cognitiva CS_2	A estrutura cognitiva CS_2 contén a estrutura cognitiva CS_1
Eliminación dunha estrutura cognitiva	Estruturas cognitivas (*frames*, partes dos *frames*, coñecemento)	El(CS_1, CS_2), El é un predicado de dous lugares, CS_1 é a estrutura cognitiva que se deduce do conxunto da estrutura cognitiva CS_2	A estrutura cognitiva CS_2 non contén a estrutura cognitiva CS_1
Posta de relevo dunha estrutura cognitiva	Estruturas cognitivas (*frames*, partes dos *frames*, coñecemento)	Hl(CS), Hl é un predicado dun lugar; CS é a estrutura cognitiva que se traslada da memoria a longo prazo do sistema cognitivo á memoria operativa	A estrutura cognitiva CS atópase no centro de atención do suxeito
Repetición dunha estrutura cognitiva	Estruturas cognitivas (*frames*, partes dos *frames*, coñecemento, operacións elementais)	Rep(CS), Rep é un predicado dun lugar; CS é a estrutura cognitiva que se repite.	Aparición dunha estrutura cognitiva máis, idéntica a CS.

Aínda que nós formulámo-lo propio conxunto de operacións dun xeito indutivo, baseándonos na análise dunha gran cantidade de UUFF, as propias operacións están amplamente representadas no ámbito da sintaxe e da semántica. Así, as operacións de introdución e eliminación empréganse con frecuencia á hora de describi-las transformacións sintácticas. A operación de posta de relevo é característica da teoría da

[149] Neste caso, por «coñecemento» non se entenden os propios instrumentos de representación dos coñecementos (os *frames*, os *slots* etc.), senón o seu contido.

organización comunicativa do significado do enunciado (comp. os conceptos próximos de «punto de vista», «foco», «empatía», «marcación acentual» etc.)

Aínda que a repetición da estrutura cognitiva foi descrita previamente coma unha operación elemental, en realidade é unha operación máis complexa. Ó repeti-lo coñecemento este introdúcese na estrutura do *frame meta* (véx. a operación de introdución). Noutras palabras, a repetición inclúe en si mesma a operación de introdución e neste sentido é non-elemental. Ademais, a repetición da secuencia de operacións pode ir acompañada da posta de relevo duns compoñentes dun *frame* ou doutros etc. Agora ben, a análise do material mostra que é cómodo te-lo procedemento de repetición na lista de operacións básicas, xa que se atopa a miúdo en diferentes transformacións cognitivas (*vide infra*).

Analizarémo-las operacións básicas polo miúdo.

A operación de introdución (Int) dunha estrutura cognitiva (CS_1) noutra (CS_2) realízase sobre os *frames*, sobre as súas partes (os *slots* e as combinacións de *slots*), así coma sobre o contido dos *frames* propiamente dito. En xeral, na xeración do significado real dunha UF baseada nunha metáfora interactúan varios *frames*. Na maioría dos casos trátase de dous *frames*: un que pertence ó dominio fonte (aquí denomínase *frame fonte* ou *frame de partida*) e outro que pertence ó dominio meta (*frame meta* ou *frame* resultante). Na teoría cognitiva da metáfora afírmase que no proceso de proxección metafórica ten lugar a estruturación do *frame meta* segundo a estrutura da fonte («principio de invariabilidade» segundo G. Lakoff). Aínda así, a esencia desta estruturación invariable segue a ser pouco clara. Aparentemente, por estruturación invariable enténdese a formación de *slots* homónimos no *frame* resultante baixo a influencia do *frame de partida*. Está claro que a interpretación do tempo en termos de espazo, en realidade, transmítelle ó tempo a estrutura das relacións espaciais (o pasado coma algo que se despraza para atrás; o futuro coma o *vindeiro*, é dicir, o que vén ó encontro do suxeito etc.). Aínda así, existen outro tipo de exemplos nos que a proxección metafórica se realiza entre dous *frames* de estrutura similar —*vide infra* o exemplo da UF *сменить пластинку* [*cambia-lo disco*, 'cambia-lo tema de conversa']. De feito, tanto no caso do *frame* POÑER-ESCOITAR MÚSICA coma no caso do *frame* CONVERSA existen *slots* homónimos, en particular o «contido» e o «cambio do contido». Está claro que a metaforización non xera estes *slots* no *frame* resultante, senón que introduce un novo contido no *slot* homónimo. Así mesmo, o cambio do tema de conversa enténdese coma o cambio do portador de música (do disco). Noutras palabras, nalgunhas proxeccións metafóricas o que ten lugar non é tanto a reestruturación do *frame* resultante segundo a estrutura do *frame* fonte coma o desprazamento dun contido conceptual específico que vai do *frame* fonte ó *frame* resultante. Xustamente esta operación é a que nós denominamos operación de introdución: Int.

Analicemos, a seguir, dous exemplos. A xeración do significado real da UF *помалкивать/молчать в тряпочку* [*calar no trapo*] 'non expresa-la opinión dun, pois

tal acción pode desencadear consecuencias desagradables' (comp. o exemplo 1) presupón a introdución na estrutura do *frame* COMUNICACIÓN dun contido complementario non característico do *frame* CHORO, do tipo «pano para o nariz ou trapo». A forma interna da UF motiva o significado real no seguinte sentido: dun xeito semellante a coma, nunha situación de pranto/ofensa, aquel que chora non é un participante activo da situación, do mesmo xeito, nunha situación de comunicación a persoa-suxeito perde o seu status activo.

(1) **a.** E logo non podes? Non tes valor? Pois daquela cala, ***помалкивай в тряпочку*** [*cala no trapiño*]. Isto non é a sociedade anónima «Inturist» con comida de primeira clase, querido amigo (Iu. German. *Eu respondo por todo*. Я отвечаю за все). **b.** —Eu non construín nin ese país nin este. E ti tampouco. Así que ***помолчи в тряпочку*** [*cala no trapo*], patriota! —Esa é precisamente a cuestión, construír non construín en ningures, e xa estás a buscar privilexios. E quen vai construí-la terra prometida? Non é necesaria?... Daquela devolvédellela ós palestinos e deixade de enganar! (Corpus textos coloquiais internet). **c.** —***Молчал бы ты в тряпочку*** [*se calases no trapo*], piollento, se non hasmas de pagar! —ameazou o chosco. —Camaradas, e logo pode ser que isto sexa contrarrevolucionario? (Corpus detect.).

Esa mesma operación está presente na xeración do significado real da UF *сменить пластинку* [*cambia-lo disco*, 'cambia-lo tema da conversa']. Comp. os contextos (2). No caso que estamos a estudar atopámonos ante dous *frames*: o *frame* de POÑER E ESCOITAR MÚSICA e o de CONVERSA. Tanto un coma outro inclúen o *slot* «cambio de contido». O contido do *slot* «cambio de contido» do *frame* POÑER E ESCOITAR MÚSICA introdúcese no *slot* homónimo do *frame* CONVERSA, o que acaba xerando o correspondente significado real.

(2) Mentres o dono e o can realizaban a selección, eu decidín apartarme dun tema tan serio e á miña maneira habitual ***сменил пластинку*** [*cambiei o disco*]: —Todos estes son orixinais? —pregunteille ó dono da casa con envexa; en tódalas paredes do despacho había pendurados cadros bonitos, en xeral paisaxes. —E logo?!—respondeu con orgullo o director (Corpus xorn.).

A outra operación representada na táboa 2 é a eliminación da estrutura cognitiva: E1. Esta operación é un predicado con dous argumentos CS_1, CS_2, onde a primeira estrutura cognitiva (CS_1) se deduce do conxunto da outra estrutura cognitiva (CS_2). Ó elimina-lo contido cognitivo ten lugar a destrución dun *slot*, de varios *slots* do *frame* ou do contido destes. Esta operación está presente, por exemplo, na formación do significado real da UF *без конца [и] без края* [*sen final (e) sen extremo*] 'algo ocupa tanto sitio no espazo que é imposible atopar indicios do seu final'. A forma interna desta UF está fundamentada na metonimia, é dicir, no proceso de xeración do significado real utilízase un *frame*: o *frame* do ESPAZO LIMITADO; deste *frame* (do CS_2) apártase o contido do *slot* «final/fronteira/extremo» (CS_1); como resultado desta operación sobre o *frame* fonte preséntase a posibilidade de reinterpretación e fórmase o

significado real desta UF; comp. (3):

(3) **a.** O gran deserto abríase diante deles ***без конца, без края*** [*sen final, sen extremo*], terrible e solemne no seu silencio, lixeiramente ondulado, e os finos grans de area amarelos esvaraban lixeiramente por el, levantados polo vento... (A. Volkov. *Urfin Jews e os seus soldados de madeira*, Урфин Джюс и его деревянные солдаты). **b.** Non deixaban de aparecérselle aquelas nubes de vapores por riba da superficie do pantano consumíndose, ***без конца и без края*** [*sen final e sen extremo*] (V. Makanin. *O cidadán que foxe*, Гражданин убегающий). **c.** Por ámbolos dous lados ela tiña coma un espazo sen vida; non era nin unha estepa, nin un deserto, nin un prado, nin area, nin pedra, era algo liso, incomparable a nada, e no medio aquel camiño ardente, branco, poeirento ***без конца, без края*** [*sen final, sen extremo*], que parecía ir de ningures a ningures (V. Vóinovich. *Vida e insólitas aventuras do soldado Iván Chonkin*, Жизнь и необычайные приключения солдата Ивана Чонкина).

Un procedemento análogo amósano as UUFF *без звука* [*sen son*, 'sen protestar en absoluto, sen obxectar nada'], *любить/влюбиться без памяти* [*amar/namorarse sen memoria*, 'amar apaixonadamente'], *креста нет (на ком-л.)* [*non hai cruz (en alguén)*, 'o comportamento de alguén é totalmente inmoral/reprobable']. Sinalaremos que a operación de eliminación non só está representada nas UUFF cuxa forma interna inclúe unha negación. Así, a xeración do significado real da UF *белая ворона* [*un corvo branco*, 'persoa pouco habitual no seu comportamento/aspecto etc.'] presupón a realización de varias operacións sobre as estruturas de coñecementos, unha das cales se reduce á eliminación do contido típico do slot «a cor do corvo» no frame de CORVO (para máis detalles, *vide infra*).

A operación de posta de relevo da estrutura cognitiva (H1), a diferenza das que acaban de ser analizadas, é un predicado dun só lugar. A posta de relevo enténdese coma o transvasamento dunha estrutura cognitiva (CS) da memoria a longo prazo á memoria operativa[150]. Así, a parte en cuestión do *frame* está no centro de atención dos participantes da situación comunicativa. Por exemplo, a xeración do significado real da UF *язык без костей* [*unha lingua sen ósos*] ≈ 'dise dunha persoa á que lle gusta murmurar' (comp. 4) presupón na primeira etapa a posta de relevo no *frame* LINGUA de unicamente unha (entre as moitas propiedades da lingua): a idea de ausencia de ósos nesta, a súa flexibilidade e mobilidade, o que é a seguir o fundamento para a reinterpetación «a flexibilidade do instrumento de produción da fala» coma «a incontinencia na fala mesma». Un procedemento análogo está presente nas UUFF *пить горькую* [*bebe-la amarga*, 'beber alcohol, normalmente nunha maneira excesiva ou improcedente'], *сидеть на хлебе и воде* [*estar sentado enriba de pan e auga*, 'estar castigado a unha cantidade de comida reducida, a pasar fame'], *трясти концом* [*a*

[150] É obvio que a descrición deste procedemento para o funcionamento do sistema cognitivo presupón a distinción de dous campos de acción: a memoria a longo prazo e a memoria a curto prazo (operativa). Agora ben, neste nivel de análise, no nivel dos *frames* e os seus *slots*, esta operación pode ser descrita como un predicado dun só lugar.

punta treme, 'estar espido (un home)'].

(4) **a.** —...E cómpre que alguén lle dea á lingua un pouco menos. ***Язык-то без костей***! [*unha lingua sen ósos!*] —óese a exclamación de alguén, como lanzada dende ningures (A. Makanin. *Unha persoa do séquito*, Человек свиты). **b.** Eu non fun soldado nin sequera unha vez. E aquí connosco, en compañía de escritores, ***язык без костей*** [*unha lingua sen ósos*]. Non sabemos facer outra cousa (Corpus xorn.).

A repetición (Rep) da estrutura cognitiva (CS) está presente en practicamente tódolos casos nos que ten lugar unha interacción entre dous *frames*, cando as operacións desempeñadas no *frame* fonte se repiten no *frame* meta. É esencial o feito de que se pode repetir non só o contido, senón tamén unha ou varias operacións cognitivas. Por exemplo, na UF *паршивая овца* [*ovella sarnosa*, 'persoa que coa súa conduta é a vergonza; o elemento disuasorio dun conxunto'] (5) percíbese a operación de repetición de varios procedementos cognitivos: no *frame* de partida RABAÑO ten lugar a posta de relevo das características negativas dun dos representantes do rabaño e, a continuación, esa estrutura repítese no *subframe* PERSOA do *frame* meta SOCIEDADE (para máis detalle, *vide infra* a análise da UF semellante *белая ворона* [*un corvo branco*]).

(5) **a.** Os centros de ensino superior que non queiran ou non sexan quen de pasa--lo informe serán *outsiders*: aló ha de ir aquela xente que xa non ten a onde ir. Ademais, non está excluído que entre as institucións acreditadas de novo haxa ***паршивые овцы*** [*ovellas sarnosas*]: os membros das comisións do informe son xente corrente e os donos dos centros de ensino superior poden poñer en funcionamento sen ningún problema o diñeiro gañado e as conexións adquiridas (*Itogui*, Итоги). **b.** —Ten a palabra o secretario da organización do partido... —Denísova non é a única responsable, todos nós témo-la culpa. Non vímo-la ***паршивую овцу*** [*ovella sarnosa*]... (Corpus pros. rus.).

As operacións básicas introducidas poden ter diferentes campos de acción dependendo do contexto. Algunhas variantes típicas de realización das operacións básicas están representadas nas táboas 3-9.

Táboa 3. Realización típica da operación Int (introdución) na xeración do significado real dunha UF: introdución dun coñecemento.

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Introdución dun coñecemento (variante de operación Int)	*Slot*, *frame*; coñecemento	IntKn (Kn_1, Kn_2, 'Slot', 'Frame'), IntKn é un predicado de catro lugares; Kn_1 é unha variable para o coñecemento xa contido en 'Slot', Kn_2 é unha variable para o coñecemento introducido; 'Slot' é unha variable para o *slot* do *frame*, 'Frame' é unha variable para o *frame*	O *Slot* 'Slot' do *frame* 'Frame' contén o coñecemento Kn_2 *Consecuencia*: Kn_2 pode completar un coñecemento Kn_1 xa existente en 'Slot'

Na maioría dos casos, a realización da operación de introdución redúcese á introdución dun novo coñecemento nunha estrutura cognitiva xa existente. Na táboa 3 móstrase que no *slot* do *frame* no que xa hai un coñecemento Kn_1 pódese introducir un novo coñecemento Kn_2. Tal operación realízase, por exemplo, na xeración do significado real da UF *отдать концы* [*desata-las amarras*] co significado de 'morrer, entendido coma a fin de estar en contacto co mundo circundante e que se describe coma o comezo do procedemento de desamarre dun barco'. Na explicación do compoñente figurativo desta UF vese que no *frame* resultante se introduce o coñecemento sobre o procedemento de desamarre dun barco.

Táboa 4. Realización típica da operación El (eliminación) na xeración do significado real dunha UF: a eliminación do significado

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Eliminación dun coñecemento (variante de operación El)	*Slot*, *frame*; coñecemento	ElKn (Kn, 'Slot', 'Frame'), ElKn é un predicado de tres lugares; Kn é unha variable para o coñecemento, 'Slot' é unha variable para o *slot* do *frame*, 'Frame' é unha variable para o *frame*	O *slot* 'Slot' do *frame* 'Frame' non contén o coñecemento Kn

O método estándar de realización desta operación é a eliminación (El) dun coñecemento típico (Kn) dun *slot* ('Slot') do *frame* ('Frame'). Está claro que tamén se poden eliminar *slots* enteiros e mesmo combinacións de *slots*, non obstante o máis frecuente na xeración do significado real dunha UF é que se realice a variante da eliminación do significado. Tal operación está presente, por exemplo, na xeración do significado da UF *креста нет (на ком-л.)* [*non hai cruz (en alguén)*, 'o comportamento de alguén é totalmente reprobable/inmoral'], a cal presupón a eliminación do contido do *slot* «atributo típico» dunha PERSOA-LABREGA.

Táboa 5. Realización típica da operación Rep (repetición) na xeración do significado real dunha UF: a repetición do contido dun *slot*

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Repetición do contido dun *slot* no *slot* doutro *frame* (variante de operación Rep)	*Slot*, *frame*; coñecemento	RepKn (Kn, 'Slot$_1$', 'Frame$_1$', 'Slot$_2$', 'Frame$_2$'), RepKn é un predicado de cinco lugares, onde Kn é o coñecemento contido no *slot* 'Slot$_1$' do *frame* 'Frame$_1$', 'Slot$_2$' é o *slot* do *frame* 'Frame$_2$', no que se repite o contido Kn	O *slot* 'Slot$_2$' do *frame* 'Frame$_2$' contén o coñecemento Kn

A operación que estamos a estudar pódese ver no exemplo da xeración do significado real da UF *на автопилоте* [*co piloto automático posto*] 'sen estar en condicións de pensar dunha maneira racional (a miúdo nun grave estado de embriaguez), moverse polo espazo utilizando a intuición, que se entende coma o movemento dun avión voando coa axuda dun dispositivo especial que non require a intervención da tripulación'. No *frame* CONDUCIR UN AVIÓN existe o *slot* «navegación-planificación dun movemento». Un *slot* análogo tamén está presente no *frame* MOVEMENTO DUNHA PERSOA A PÉ. O significado real da UF fórmase coma resultado da repetición do contido do *slot* «navegación-planificación dun movemento» do *frame* CONDUCIR UN AVIÓN no *frame* resultante.

Ata agora analizáronse casos nos que no campo de acción das operacións figuraba un coñecemento. Agora pasaremos á análise daqueles casos de operacións realizadas sobre partes dos *frames* e os seus *slots*.

Táboa 6. Realización típica da operación Int (introdución) na xeración do significado real dunha UF: a introdución dun *slot*

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Introdución dun *slot* no *frame* (variante de operación Int)	*frame*; *slot*	IntSlot ('Slot', 'Frame'), IntSlot é un predicado de dous lugares; 'Slot' é unha variable para o *slot*, 'Frame' é unha variable para o *frame*	O *frame* 'Frame' contén o *slot* 'Slot'

A operación de introdución (Int) pode introducir no *frame* resultante non só o contido dun coñecemento, senón tamén novos *slots*. Neste caso realízase a idea da invariabilidade de G. Lakoff: a estrutura do *frame* resultante sofre transformacións baixo a influencia da estrutura do *frame* de partida. Estas transformacións acompañan, por exemplo, a formación do significado real de moitas UUFF do campo semántico do tempo entendidas en termos metafóricos de relacións espaciais. Non obstante, a idea de tempo tamén se pode entender de maneira diferente. Na UF *с младых ногтей* [*dende as unllas novas*, 'dende moi pequeno, dende a infancia'], a idade enténdese non coma categorías espaciais, senón coma partes do corpo propias dunha persoa cunha idade específica. Noutras palabras, no *frame* resultante aparece o *slot* «parte do corpo propia dunha persoa nova», o que é realizado polo contido «unllas». Aínda que non sexa moi evidente o que son as «unllas novas», a comprensión do significado real require recorrer a esta parte dos dedos dunha persoa nova, parte que na conciencia lingüística non posúe trazos distintivos relativos ó parámetro da idade. Normalmente concíbense coma «atributos» da idade o cabelo, a barba, unha calva etc. Nese caso poderíase falar da introdución dun contido (coñecemento) nun *slot* xa existente, pero no caso que estamos a estudar tal *slot* é introducido no *frame* resultante baixo a influencia do de partida.

Táboa 7. Realización típica da operación El (eliminación) na xeración do significado real dunha UF: a eliminación dun *slot*

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Eliminación dun *slot* do *frame* (variante de operación El)	*frame*; *slot*	ElSlot ('Slot', 'Frame'), ElSlot é un predicado de dous lugares; 'Slot' é unha variable para o *slot*, 'Frame' é unha variable para o *frame*	O *frame* 'Frame' non contén o *slot* 'Slot'

Esta operación, que presupón a destrución dun *slot* do *frame*, está presente, por exemplo, na xeración do significado real da UF *разговор глухих* [*conversa de xordos*, 'conversa na que ninguén entende a ninguén']. En realidade o *frame* CONVERSA nun caso normal presupón a presenza do *slot* «comprensión», pero o significado da UF *разговор глухих* [*conversa de xordos*] indica que non hai comprensión. Noutras palabras, do *frame* resultante elimínase un dos *slots* máis importantes.

Táboa 8. Realización típica da operación Hl (posta de relevo) na xeración do significado real dunha UF: a posta de relevo dun *slot* ou *subframe*

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Posta de relevo dun *slot* ou dun *subframe* dun *frame* complexo (variante de operación Hl)	*frame*; *slot*, *subframe*	HlSlot/[151] 'Sub-Frame' ('Slot'/'Sub-Frame', 'Frame'), HlSlot é un predicado de dous lugares; 'Slot' é unha variable para o *slot*, 'Sub-Frame' é unha variable para o *subframe*; 'Frame' é unha variable para o *frame*	O *slot* 'Slot' ou o *subframe* 'Sub-Frame' do *frame* 'Frame' atópase no centro de atención do suxeito

Esta transformación é típica daquelas UUFF cuxo significado se basea na metonimia. Así, no significado real da UF que analizaremos *пить горькую* [*bebe-la amarga*, 'beber alcohol, normalmente dunha maneira excesiva ou improcedente'] destácase o *slot* dun sabor. Esta mesma transformación tamén se atopa nas UUFF baseadas nunha metáfora. Así, como un dos pasos que levan á xeración do significado real, na UF *белая ворона* [*corvo branco*] (*vide infra*) utilízase a operación de posta de relevo do *slot* «cor» e do *subframe* PERSOA no *frame* SOCIEDADE. De feito, para indicar unha cor atípica (*branco*) é necesario previamente introducir no foco de atención a idea mesma da cor, é dicir, ilumina-lo *slot* «cor» no *frame* de partida. Por outra banda, para a comprensión do significado real desta UF é presuposto imprescindible recorrer á idea dun grupo de corvos (de típica cor gris), xa que con eles de fondo un *белая ворона* [*corvo branco*] se interpreta coma portador dun trazo non-característico. Por analoxía, a idea de «non-xerarquización» trasládase ás características dunha persoa posta de relevo con outras persoas de fondo.

Sinalaremos que é difícil trazar unha fronteira entre a posta de relevo dun *slot* e a iluminación do contido dun *slot*. A posta de relevo dun *slot* desencadea automaticamente a iluminación do seu contido. O contrario tamén é certo: a posta de relevo do contido tamén leva á introdución do propio *slot* no foco de atención. Por isto mesmo non facemos ningunha diferenza entre estas dúas variantes da operación de

[151] O signo / enténdese como «ou divisorio»; o campo de acción son dúas expresións próximas.

posta de relevo.

Táboa 9. Realización típica da operación Rep (repetición) na xeración do significado real dunha UF: a repetición da operación

Nome da operación	**Campo de acción da operación e o seu obxecto**	**Descrición formal da operación**	**Resultado da operación**
Repetición da operación noutro *frame* cunha estrutura de *slots* semellante (variante de operación Rep)	*Frame*; operación	RepOp (Op, 'Frame$_1$', 'Frame$_2$'), RepOp é un predicado de tres lugares onde Op é a posta de relevo, a eliminación, a introdución; 'Frame$_1$' é o *frame* no que xa se realizou a operación Op; 'Frame$_2$' é un *frame* cunha estrutura semellante a 'Frame$_1$', no cal se realiza a mesma operación Op *Condición de realización*: Presenza en 'Frame$_2$' de *slots* cos mesmos nomes que en 'Frame$_1$', os cales se ven afectados pola operación Op	No *frame* 'Frame$_2$' realízase a operación Op, a cal dá os mesmos resultados ca no *frame* 'Frame$_1$' con exactitude ata distingui-lo conxunto dos *slots*

Esta operación participa na xeración do significado real de moitas UUFF baseadas en transformacións non-metafóricas. Por exemplo, o significado da UF *носить воду решетом* [*levar auga nunha peneira*] ('realizar unha actividade cun obxectivo empregando de maneira consciente medios pouco axeitados para isto, o cal irremediablemente conduce ó fracaso') presupón a participación de, polo menos, as seguintes operacións: en primeiro lugar, da operación de introdución dun contido non-característico no *slot* «instrumento» do *frame* de partida TRANSPORTE DE AUGA ('dun instrumento non-axeitado para transportar auga'); en segundo lugar, da operación de repetición da operación anterior no *frame* meta, neste caso no *frame* de ACTIVIDADE CUN OBXECTIVO. É precisamente esta operación de repetición a que lle achega ó *frame* final a idea de utilización de medios pouco axeitados e, consecuentemente, de fracaso.

Entón, xorde a pregunta de como interactúan na xeración do significado real das UUFF as operacións estudadas unhas coas outras.

4.3. Modelación cognitiva do significado real das UUFF

Os elementos de descrición formal introducidos manifestan de que maneira se forma o significado real das UUFF sobre a base dos coñecementos do mundo que están fixados no sistema cognitivo en forma de *frames*. A descrición deste proceso de formación do significado real por medio da utilización de estruturas de coñecemento na metalinguaxe proposta tamén se denomina modelación cognitiva.

> **Modelación cognitiva do significado real dunha UF:** representación formalizada deste proceso coa axuda da metalinguaxe dos *frames* e das operacións sobre eles.

A continuación, demostrarémo-lo funcionamento das ferramentas fornecidas con varios exemplos concretos.

Dende o punto de vista da modelación cognitiva a UF *положить/уложить на [обе] лопатки (кого-л.)* [*poñer/colocar (alguén) en (ámbalas dúas) pas*] representa unha das clases máis típicas. Nesta UF distínguense tres significados. O primeiro, o máis próximo ó *frame* de partida, é 'vencer alguén nunha competición deportiva, que se entende coma unha vitoria nun tipo de loita deportiva (clásica, libre etc.)'; comp. (6a). O segundo significado refírese a un conflito de calquera tipo, a excepción de debates, discusións etc., pero tamén a competicións deportivas: 'vencer alguén nun conflito, que se entende coma unha vitoria nun tipo de loita deportiva (clásica, libre etc.)'; comp. (6b). Finalmente, o último significado é o conflito conceptual que se realiza sobre todo no ámbito lingüístico: 'vencer alguén nunha discusión, un debate etc., que se entende coma unha vitoria nun tipo de loita deportiva (clásica, libre etc.)'; comp. (6c):

(6) **a.** Sunny, no pasado boxeador profesional, ***укладывает*** Wins ***на обе лопатки*** [*coloca a* Wins *en ámbalas dúas pas*], pero o valoroso mozo caeulle ben e Sunny elixe a Wins coma gardacostas (Xorn. int.). **b.** Falando sobre o futuro da aviación militar rusa, o Presidente da FR deu instrucións ós pilotos durante a instrución de sempre ***класть на обе лопатки*** ó inimigo convencional [*colocar* ó inimigo convencional *en ámbalas dúas pas*] (Corpus xorn.). **c.** Por certo, pregunteille ó ordenanza sobre o enxeñeiro Vasílev. Non hai ninguén mellor ca este oficial. Sempre intercede polo seu equipo. Algúns oficiais din que é necesario castigar máis, pero el replícalles. Discute con razón. [...] Nunha discusión ***на обе лопатки положит*** a calquera oficial [*coloca* a calquera oficial *en ámbalas dúas pas*] (A. Novikov-Priboi. *Tsusima*, Цусима).

Na base desta expresión atópanse dúas estruturas de coñecementos: a LOITA DEPORTIVA (o *frame* fonte) e o CONFLITO (*frame* meta). Igual que na maioría dos casos de metaforización, no *frame* fonte está representada unha área conceptual máis concreta ca no *frame* meta (máis abstracta). Analicémo-las operacións concretas que levan á formación do significado real desta UF de forma non especificada: sen

considerar coñecementos concretos.

POÑER/COLOCAR EN [ÁMBALAS DÚAS] PAS (ALGUÉN)

***Frame* fonte: LOITA DEPORTIVA**

***Frame* meta: CONFLITO**

Operación 1: HlKn (Kn_1 [poñer en pas], $Slot_1$ [resultado], $Frame_1$ [loita deportiva])

Como resultado da primeira operación no *slot* «resultado» do *frame* de partida LOITA DEPORTIVA destácase o contido 'POÑER EN PAS o seu rival'.

Operación 2: ElKn (Kn_2 [descrición do resultado típico do conflito: vitoria, derrota, consenso], $Slot_2$ [resultado], $Frame_2$ [conflito])

No seguinte paso ten lugar a eliminación do contido do *slot* «resultado» no *frame* CONFLITO.

Operación 3: RepKn (Kn_1 [poñer en pas], $Slot_1$ [resultado], $Frame_1$ [loita deportiva], $Slot_2$ [resultado], $Frame_2$ [conflito])

Na etapa final o contido do *slot* «resultado» do *frame* de partida LOITA DEPORTIVA repítese no *slot* «resultado» do *frame* meta CONFLITO.

O cálculo dos procedementos demostra que neste caso o que forma a base da lóxica da xeración do significado real é a idea de substitución: os compoñentes do *frame* meta substitúense polos correspondentes compoñentes do *frame* fonte. Dun xeito análogo están estruturadas as UUFF *за закрытыми дверями* [*tras portas pechadas*, 'non publicamente, de maneira oculta'], *ворон/галок считать* [*contar corvos/grallas*, 'estar despistado, ensimesmado'], *ловить ворон* [*cazar corvos*, 'estar distraído'], *не за горами* [*non detrás das montañas*, 'próximo, inminente, preto'], *не отходя от кассы* [*sen marchar da caixa*, 'agora mesmo, neste mesmo momento'], *кавалерийский наскок* [*ataque cabaleiresco*, 'actuación moi rápida, con moita decisión'], *в пожарном порядке* [*en orde de incendio*, 'feito con présa, mal'], *с порога* [*dende o limiar*, 'de contado, axiña'], *пропахнуть нафталином* [*cheirar a naftalina*, 'moi vello, anticuado, desfasado' (dito dunha persoa, idea ou cousa)], *винтиков не хватает (у кого-л.)* [*(a alguén) fáltanlle parafusos*, 'estar tolo'], *носить воду решетом* [*levar auga nunha peneira*, 'facer algo completamente inútil'], *с левой резьбой* [*de rosca esquerda*, 'persoa, cousa ou idea pouco habitual, espelida, estraña'], *мальчик у армян* [*un neno onda os armenios*, 'membro da sociedade privado dos seus dereitos, que non se pode defender'], *мелко плавать* [*nadar en anacos miúdos*, 'non te-los recursos necesarios para facer algo/ocupar unha modesta situación social'], *жидко обосраться* [*cagar líquido por si*, 'fracasar nun asunto dunha maneira

escandalosa'], *наступить на грабли* [*pisa-lo angazo*, 'cometer unha acción con efectos adversos para quen a fai'], *пытаться прыгнуть выше головы* [*intentar saltar por riba da cabeza dun*, 'intentar facer algo que está máis alá das capacidades dun'].

A lóxica da SUBSTITUCIÓN asiste non só ás transformacións puramente metafóricas, senón tamén á metonimia, que tamén está moi presente na formación do significado real das UUFF. Analicemos a modo de exemplo a UF *пить горькую* [*bebe-la amarga*, 'beber alcohol, normalmente dunha maneira excesiva ou improcedente']; comp. (7). A diferenza da metáfora, que esixe a existencia de dúas estruturas de coñecementos —do *frame* fonte e do *frame* meta—, os desprazamentos metonímicos acontecen dentro dun mesmo *frame*.

(7) **a.** Doe ver cando os nosos fortes e sans labregos ***пьют горькую*** [*beben unha amarga*] por seren conscientes da súa impotencia e entenderen que neste país ninguén os precisa (Corpus xorn.). **b.** De acordo, eliximos un novo Tsar. E despois, que? A ver, e se algún dos nosos futuros monarcas, despois de herdar legalmente o imperio, empeza, por exemplo, como é normal, a ***пить горькую***? [*beber unha amarga?*]. E se algunha das súas fillas lexítimas de súpeto non tira cara á dereita, senón cara á esquerda? Daquela que hai que facer coa alma confusa dos súbditos? O feito é que o que vai beber e vai ir de troula non é calquera, é un símbolo! (Corpus publ.). **c.** [...] nos anos setenta o líder da NF coñeceu a Lamber, o «príncipe do cemento», que tiña unha chea de millóns. Aquel ***пил горькую*** [*bebía unha amarga*], divertíase con drogas e, en xeral, non tiña moita cabeza (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

O significado desta UF pódese interpretar do seguinte xeito: 'beber regularmente alcohol (na maioría dos casos bebidas fortes), feito que adquire a forma dunha afección enfermiza, e está motivado por unha insatisfacción continua coa propia vida'[152]. De feito, non se pode dicir ??*Вчера мы выпили горькой* [??*Onte bebemos unha amarga*] en relación a unha única vez na que se consume alcohol. É obvio tamén que esta UF non pode cualificar situacións nas que o que bebe empeza a atoparse ben; compárese o desafortunados que resultan contextos do tipo ??*Роман пьет горькую и ему становится хорошо* [??*Roman bebe a amarga e empeza a sentirse ben*]. Se o consumo de alcohol non é continuo, esta UF tamén é desafortunada: ??*Горькую он пил раз в год* [??*bebía unha amarga unha vez ó ano*]. Así mesmo, dificilmente se pode considerar que a persoa que bebe empregue a cervexa coma «amarga»: **Виктор пил горькую – в основном пиво* [**Víktor bebía unha amarga: principalmente cervexa*]. A idea de «gusto amargo» motiva a semántica do carácter enfermizo e da insatisfacción coa vida representada no significado real da UF que estamos a estudar. Sinalaremos que na definición se utiliza a técnica implícita de reflecti-la forma interna (para máis detalle véxase a sección 3.2.2.).

[152] Comp. a definición no *FSRIA*: 'embebedarse fortemente, de maneira incontible'.

Imos describir agora a formación do significado real desta UF nos termos da modelación cognitiva:

BEBER UNHA AMARGA

***Frame* CONSUMO DE ALCOHOL co *subframe* VODKA E BEBIDAS SEMELLANTES**

No *frame* CONSUMO DE ALCOHOL está presente o *slot* «o consumido». O *slot* énchese co contido 'vodka e bebidas semellantes', o que se clasifica nun *subframe* diferente. É fundamental o feito de que este *subframe* contén o *slot* «sabor», desempeñado polo contido «amargo».

Operación 1: HlKn (Kn_1 [amargo], $Slot_1$ [sabor], Sub-$Frame_1$ [vodka e bebidas semellantes])

Na primeira etapa ten lugar a posta de relevo do contido 'amargo' do *slot* «sabor» do *subframe* VODKA E BEBIDAS SEMELLANTES.

Operación 2: RepKn (Kn_1 [amargo], $Slot_1$ [sabor], Sub-$Frame_1$ [vodka e bebidas semellantes], $Slot_2$ [recurso], $Frame_1$ [consumo de alcohol])

O contido do *slot* «sabor» do *subframe* VODKA E BEBIDAS SEMELLANTES repítese no *slot* «o consumido» do *frame* CONSUMO DE ALCOHOL. Para unha maior claridade mostraremos esta operación dunha forma gráfica:

Operación 3: IntKn (Kn_2 [alto grao], $Slot_3$ [intensidade do consumo], $Frame_1$ [consumo de alcohol])

A última operación non é moi obvia no contexto das anteriores, pero os contextos demostran que realmente está presente na xeración do significado real, xa que *пить горькую* [*beber unha amarga*] non significa simplemente 'consumir bebidas alcohólicas': véx. a definición anterior.

Na UF *чесать репу* [*raña-lo nabo*, 'esforzarse pensando para resolver un problema'] está presente unha variante máis da lóxica da SUBSTITUCIÓN. A diferenza da UF *положить/уложить на [обе] лопатки (кого-л.)* [*poñer/colocar (alguén) en (ámbalas dúas) pas*, 'demostrarlle a alguén unha clara superioridade'], onde a interacción se realizaba entre dous *frames* cunha estrutura comparable, neste caso interactúan dous *frames* que se diferencian moito na súa estrutura: o *frame* fonte NABO e o *frame* meta PENSAMENTO.

RAÑA-LO NABO

***Frame* fonte: NABO**

***Frame* meta: PENSAMENTO**

Operación 1: HlKn (Kn_1 [cabeza], $Slot_1$ [instrumento de pensamento], $Frame_1$ [pensamento])

A primeira operación é a posta de relevo do contido 'cabeza' do *slot* «instrumento de pensamento» do *frame* PENSAMENTO.

Operación 2: IntKn (Kn_2 [semellanza coa cabeza], $Slot_2$ [forma], $Frame_2$ [nabo])

No seguinte paso ten lugar a introdución do contido 'semellanza coa cabeza' no *slot* «forma» do *frame* NABO.

Operación 3: ElKn (Kn_1 [cabeza], $Slot_1$ [instrumento de pensamento], $Frame_1$ [pensamento])

Do *frame* PENSAMENTO elimínase o contido 'cabeza' do *slot* «instrumento de pensamento».

Operación 4: IntKn (Kn_1 [=0], Kn_2 [$Frame_2$ [nabo]], $Slot_1$ [instrumento de pensamento], $Frame_1$ [pensamento])

O contido do *frame* NABO introdúcese no *slot* «instrumento de pensamento» do *frame* PENSAMENTO.

Operación 5: HlKn (Kn$_3$ [rañar [Kn$_2$ [Frame$_2$ [nabo]], Slot$_1$ [instrumento de pensamento], Frame$_1$ [pensamento]], Slot$_3$ [manifestación externa do intento de resolve-lo problema], Frame$_1$ [pensamento])

No último paso destácase a idea de que ante a manifestación externa de dificultades no pensamento, o ser humano, nunha imaxe inxenua do mundo, xeralmente raña a cabeza, a cal, como resultado das operacións anteriores, é substituída por un nabo.

A análise realizada permite formula-la seguinte definición para a UF que estamos a estudar: 'pensar de maneira tensa ó resolver un problema, experimentando unha carencia no recurso mental, o que se entende coma a manifestación externa da acción típica do que pensa, que indica a dificultade existente'. Nesta definición utilízase a combinación da técnica explícita e da técnica implícita para transmiti-la forma interna. A parte explícita é introducida polo operador 'o que se entende coma', mentres que a parte implícita é transmitida polo compoñente da definición 'experimentando unha carencia no recurso mental': a comparación da cabeza cun nabo demostra o debilitación do pensamento. Véx. o exemplo (8):

(8) **a.** Na redacción do informe ti négaste a comunicar onde traballas, pero os policías de tráfico son listos e poden dar facilmente co teu enderezo, e despois virá toda a leria xudicial. E entón chega o día no que a vostede lle asignan un executor xudicial, e este ***чешет репу*** [*raña o nabo*] e pensa: «como poderei sacar pasta deste delincuente, se non traballa nin estuda?» (Corpus textos coloquiais internet). **b.** O mundo occidental, do que tamén forma parte Rusia, ***чешет репу*** [*raña o nabo*], intentando entender: realmente é tan grande a ameaza do fundamentalismo islámico, que destaca por unha extrema agresividade e unha intolerancia verdadeiramente patolóxica ós valores liberais? Ata o día de hoxe non hai unha resposta clara (Corpus xorn.). **c.** [...] Agora Rusia está en ascenso, a conxuntura do mercado mundial é favorable, por primeira vez en moitos anos aparecen entre nós cartos libres. No goberno ***чешут репу*** [*rañan o nabo*] sobre onde investilos con máximos dividendos (Corpus xorn.).

Un caso moito máis complicado dende o punto de vista da modelación cognitiva represéntao a UF *белая ворона* [*corvo branco*, 'persoa de comportamento/características pouco habituais']. O significado desta UF pódese describir da seguinte maneira: 'persoa que se distingue dos demais membros dunha comunidade por algunhas características importantes para unha determinada situación, onde o feito mesmo de ser diferente é percibido por esta comunidade dun xeito negativo'. Sorprende que ningún dos dicionarios que nós coñecemos plasme na súa definición a idea da actitude negativa dunha comunidade con respecto ó propio feito da diferenza, así coma o feito de que as características que o distinguen sexan relevantes

nunha situación concreta, e non en xeral[153]. Comp. (9):

(9) **a.** Serguéi tiña que convence-la muller para que fose con el ó pícnic. Tódolos diplomáticos estarían aló coas mulleres, e resultáballe incómodo presentarse só: mesmo de non facer aquilo para eles el xa era ***белой вороной*** [*corvo branco*] (Corpus pros. rus.). **b.** Ás veces, mesmo te sentes incómodo cando no Consello da Federación colegas doutras rexións falan dos problemas da retención de pensións, e eu parezo un ***белой вороной*** [*corvo branco*] e calo, porque na rexión de Tium non hai problemas dese tipo (Corpus xorn.). **c.** El sabía falar, cometía menos erros cós outros, non máis de tres nas palabras estranxeiras longas. Por iso non lles gustaba ós seus colegas e eles considerábano ***белой вороной*** [*corvo branco*] (Corpus pros. rus.).

A forma interna desta UF reflíctese dunha maneira implícita na definición xa pola propia idea de diferenza segundo características situacionalmente relevantes. É interesante que o potencial desta imaxe inflúa de xeito distinto no significado real en diferentes linguas. Así, a UF alemá *ein weißer Rabe*, lit. «un corvo branco» significa 'entidade que se atopa moi raramente, sexa un obxecto ou unha persoa'. A idea dunha actitude negativa con respecto a esta entidade aquí está ausente. Resulta tamén interesante o feito de que esta tampouco se deixa modelar dun xeito cognitivo, *vide infra*. Isto último reflicte unicamente a semántica da diferenza dunha entidade con respecto ás súas semellantes.

No dominio fonte e no dominio meta da UF que estamos a estudar están presentes dous *frames*, un dentro do outro: o *frame* fonte GRUPO DE CORVOS co *subframe* CORVO e o *frame* meta COMUNIDADE co *subframe* PERSOA. A esencia das transformacións cognitivas radica en que despois de realiza-lo conxunto de procedementos sobre o *frame* fonte, estes repítense en orde inversa (con diferenzas insignificantes) no *frame* meta. Isto corresponde a unha lóxica que podemos denominar dun xeito convencional ENVORCADO. Nas UUFF *без царя в голове* [*sen o tsar na cabeza*, 'persoa parva, con poucas luces'], *стоять у руля* [*estar ó leme*, 'dirixir'], *серая мышь* [*rato gris*, 'persoa dunha importancia insignificante'], *стреляный воробей* [*un pardal disparado*, 'persoa con experiencia da vida'] está presente unha lóxica análoga.

CORVO BRANCO

***Frame* fonte: GRUPO DE CORVOS co *subframe* CORVO**

***Frame* meta: COMUNIDADE co *subframe* PERSOA**

Operación 1: HlKn (Kn$_1$ [gris], Slot$_1$ [cor típica], Sub-Frame$_1$ [corvo])

[153] Comp. 'persoa que destaca moito por algo entre as persoas que o arrodean, que se distingue por algo, é diferente a eles' (*FSRIA*); 'a person who is vastly different from those around him, unlike all the rest' (*REDI*).

A primeira operación leva á posta de relevo do contido 'gris' do *slot* «cor típica» no *frame* CORVO.

Operación 2: ElKn (Kn_1 [gris], $Slot_1$ [cor típica], Sub-$Frame_1$ [corvo])

A continuación, con esta operación elimínase este contido.

Operación 3: IntKn (Kn_1 [=0], Kn_2 [cor non-característica: branco], $Slot_1$ [cor típica], Sub-$Frame_1$ [corvo])

No terceiro paso no *slot* baleiro «cor típica» introdúcese o contido non-característico 'branco'.

Operación 4: HlKn (Kn_1 [gris], $Slot_2$ [cor típica], $Frame_1$ [grupo de corvos])

A operación 1 repítese no *frame* GRUPO DE CORVOS, é dicir, destácase o contido do *slot* «cor típica» do *frame* GRUPO DE CORVOS.

Operación 5: IntKn (Kn_3 [gris], Kn_1 [cor non-característica: branco], $Slot_2$ [cor típica], $Frame_1$ [grupo de corvos])

A operación 5 repite a operación 3, producida no *subframe* CORVO, no *frame* GRUPO DE CORVOS, é dicir, que no *slot* «cor típica» do *frame* GRUPO DE CORVOS se introduce a cor non-característica 'branco', á vez que permanece a cor típica 'gris'. Por este motivo, o *frame* GRUPO DE CORVOS transfórmase de xeito que ademais dos representantes típicos (os corvos grises) tamén inclúe un representante da cor non-característica: o corvo branco.

Operación 6: ElKn (Kn_4 [semellanza], $Slot_3$ [características comúns], $Frame_1$ [grupo de corvos])

A eliminación da idea 'semellanza' dos representantes do grupo, a cal é o contido do *slot* «características comúns», prodúcese a causa da cor non-característica no *slot* «cor típica» do *frame* GRUPO DE CORVOS.

Operación 7: IntKn (Kn_4 [=0], Kn_5 [diferenza], $Slot_3$ [características comúns], $Frame_1$ [grupo de corvos])

No *slot* «características comúns» do *frame* GRUPO DE CORVOS introdúcese a idea de 'diferenza'.

Operación 8: HlSub-Frame (Sub-$Frame_1$ [corvo], $Frame_1$ [grupo de corvos])

Como resultado, destácase o representante atípico do grupo: o *subframe* CORVO, coa cor non-característica: 'branco'.

Operación 9: RepOp (Op [onde Op= HlSub-Frame (repetición da Operación 8), ElKn (repetición da Operación 6), IntKn (repetición da Operación 7), HlKn (repetición da Operación 4), ElKn (repetición da Operación 2), IntKn (repetición da Operación 3)], $Frame_1$ [grupo de corvos], $Frame_2$ [colectivo])

Esta operación transmite dun xeito xeneralizado a repetición no *frame* COMUNIDADE co *subframe* PERSOA de tódolos procedementos realizados, que foron analizados anteriormente no *frame* GRUPO DE CORVOS (co *subframe* CORVO). A repetición ten lugar practicamente en orde inversa. Ilustraremos estas operacións de maneira consecutiva:

Operación 9_1: HlSub-Frame (Sub-$Frame_2$ [persoa], $Frame_2$ [comunidade])

Nesta etapa destácase o *subframe* PERSOA do *frame* COMUNIDADE.

Operación 9_2: ElKn (Kn_4 [semellanza], $Slot_3$ [características comúns], $Frame_2$ [comunidade])

A continuación elimínase a idea de 'semellanza' do *slot* «características comúns» do *frame* COMUNIDADE.

Operación 9_3: IntKn (Kn_4 [=0], Kn_5 [diferenza], $Slot_3$ [características comúns], $Frame_2$ [comunidade])

No *slot* baleiro «características comúns» do *frame* COMUNIDADE introdúcese a idea de 'diferenza'.

Operación 9_4: HlKn (Kn_6 [o típico], $Slot_4$ [características típicas], Sub-$Frame_2$ [persoa])

Con esta operación destácase a idea do 'típico' do *slot* «características típicas» do *subframe* PERSOA.

Operación 9_5: ElKn (Kn_6 [o típico], $Slot_4$ [características típicas], Sub-$Frame_2$ [persoa])

Elimínase o contido do *slot* «características típicas» do *subframe* PERSOA.

Operación 9_6: IntKn (Kn_6 [=0], Kn_7 [o atípico], $Slot_4$ [características típicas], Sub-$Frame_2$ [persoa])

O *slot* «características típicas» do *subframe* PERSOA énchese co contido do 'atípico'.

Operación 10: HlKn (Kn_7 [o atípico], $Slot_4$ [características típicas], $Sub\text{-}Frame_2$ [persoa])

Na derradeira etapa ten lugar a posta de relevo das características atípicas no *subframe* PERSOA do *frame* COMUNIDADE. Noutras palabras, xérase o significado de 'persoa que se diferencia doutros membros dunha comunidade debido a certas características'.

***

Unha das categorías centrais da semántica clásica é o concepto de desprazamento de significado e, conforme a isto, o de significado derivado. A pesar diso, aínda non se realizou ningunha investigación específica que explique a esencia deste fenómeno . É obvio que o propio concepto de desprazamento de significado é unha metáfora ESPACIAL combinada coas metáforas de MOVEMENTO e a metáfora ONTOLÓXICA de que O OBXECTO GRAMATICAL É UN OBXECTO FÍSICO (AS IDEAS SON ENTIDADES FÍSICAS). A metalinguaxe presentada neste capítulo é un intento de revela-lo contido desta metáfora nos termos propios da categoría ciencia cognitiva.

Sinalaremos que o paradigma cognitivo na lingüística permite recorrer ó aspecto ontolóxico dos fenómenos lingüísticos apelando a como ten lugar realmente o funcionamento da lingua. A capacidade dun programa informático de modelar certos aspectos do funcionamento do sistema lingüístico é un criterio de comprobación. En xeral, non se chega a un experimento informático propiamente dito, o que debilita considerablemente as posicións dos cognitivistas na teoría lingüística. No caso que estamos a estudar tamén é difícil —practicamente imposible— falar dun experimento informático real. O formalismo proposto non aspira á realidade psicolóxica ou á verificación informática.

Trátase máis ben do que se atopa detrás do desprazamento de significado e da categoría da motivación introducida xa por F. de Saussure. É obvio que a motivación é un fenómeno individual e subxectivo. Non obstante, canto máis transparente sexa a imaxe que se atopa na base do significado real, máis posibilidades haberá de que a motivación revele os trazos comúns á maioría dos falantes desa lingua. Por outra banda, canto menos motivada estea a forma interna (comp. UUFF coma *бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*[154], 'lacazanear'] e *точить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar']), tanto máis difícil será predicir que *frames* concretos serán utilizados polos participantes da comunicación.

Non se exclúe que a revelación das diferentes «lóxicas» de formación do significado real (das estratexias de motivación: SUBSTITUCIÓN, ENVORCADO etc.) poida ter

[154] N. do t.: Véxase a nota 1.

consecuencias lingüisticamente relevantes. Este feito ofrece unha perspectiva para a construción dunha tipoloxía orientada cognitivamente que explique as diferenzas nos procesos de elaboración cognitiva das diferentes UUFF.

Capítulo 5. O aspecto nacional-cultural da fraseoloxía[155]

5.1. As características específicas nacional-culturais na fraseoloxía: o enfoque comparativo

5.1.1. A categoría das características específicas nacional-culturais: realidade ou ficción?

O tema da especificidade nacional-cultural xa é habitual nas investigacións fraseolóxicas. Durante moitos anos nos traballos de fraseoloxía (en particular os realizados no marco da lingüística tradicional) tense afirmado que as UUFF representan unidades nacionais específicas da lingua que acumulan o potencial cultural dun pobo. Compárese a característica afirmación de A. M. Babkin, que di que a idiomática «é o *sancta sanctorum* dunha lingua nacional», onde dun xeito irrepetible se manifesta o espírito e a peculiaridade dunha nación (Бабкин 1979: 7).

A atribución *a priori* de determinados trazos específicos nacionais á fraseoloxía dunha lingua resulta máis que cuestionable cando se analiza detidamente. Contra tal idea pódense presentar diferentes obxeccións, tanto de carácter intuitivo coma teórico. Dende un punto de vista intuitivo non parece evidente que teñamos que percibir unha especifidade nacional ou cultural en UUFF coma *лезть на стену* [*gabear pola parede*, 'estar moi desesperado'] (*При неврите тройничного нерва воспаляется веточка нерва, и вы буквально начинаете* ***лезть на стену*** [*En caso de neurite do nervio trixémino inflámase a bifurcación do nervio, e vostede literalmente empeza a* ***gabear pola parede da dor***]); *качать права* [*infla-los dereitos*, 'esixir, reclamar (dereitos)'] (*Ныть, жаловаться,* ***качать права*** *уже как-то неинтересно и даже неловко* [*Laiarse*, *queixarse*, ***esixi-los dereitos dun*** *xa está deixando de ser interesante e en certo modo é incómodo*]); *не моргнув глазом* [*sen pestanexa-lo ollo*, 'de contado' ~ *'sen pestanexar'*] (*Если в банк придет запрос – а нет ли там у вас денег Ивана Ивановича, замеченного в разных неприглядных делах? – вам,* ***не моргнув глазом****, ответят на этот вопрос отрицательно* [*Se chega ó banco unha petición dicindo:*

[155] Neste capítulo utilízase o material dos artigos Добровольский 1997, 1998; Dobrovol'skij 1998.

«e non terán aquí os cartos de Iván Ivánovich, ó que se lle atoparon diferentes asuntos sucios?», a vostede ***sen pestanexa-lo ollo****, hanlle de responder negativamente*]). Dende un punto de vista teórico resulta difícil e inoportuno incluír no instrumental de descrición científica aqueles conceptos que non posúen definicións operacionais. Deste xeito explícase o rexeitamento ó uso do concepto da especificidade nacional-cultural dos lexemas (tanto de palabras soltas coma de fraseoloxismos) en traballos que aspiren a un relativo rigor.

A dicir verdade, sinalaremos que na lingüística se utilizan numerosos conceptos que non son rigorosos, de xeito que o que acabamos de dicir non se refire unicamente ó problema que estamos a tratar aquí. Parece que a especificidade deste ámbito de coñecemento non permite acadar en tódolos aspectos o rigor formal que lles corresponde ós canons das ciencias naturais. Non obstante, rexeitar de maneira total os intentos de operacionaliza-los conceptos utilizados traslada os textos correspondentes do campo da ciencia ó campo da ensaística. Isto faise particularmente evidente cando se tratan as categorías do tipo da especificidade nacional-cultural das expresións lingüísticas.

Na asignación de trazos específicos nacionais a toda a idiomática, púxose de manifesto a mestura involuntaria dos diferentes aspectos de estudo dunha lingua. A maioría das UUFF, igual cás outras unidades figurativo-metafóricas do dicionario, raramente posúen equivalentes absolutos noutras linguas, o que se explica non tanto pola súa peculiaridade nacional-cultural coma pola non-coincidencia da técnica de nominación. As consecuencias desta falta de coincidencia son tanto as diferenzas no compoñente figurativo do plano do contido de UUFF de significado próximo coma as faltas de coincidencia no significado real cando as formas internas están próximas. Así, a mellor maneira de trasladar ó ruso un dos significados da UF alemá *das kannst du vergessen* (lit. «isto podes esquecelo»), que expresa o escepticismo do falante con respecto ás expectativas positivas expresadas polo interlocutor na réplica anterior, realízase por medio de UUFF coma *дохлый номер* [*un número morto/esmirrado*, 'mal estaba a cousa/non había nada que facer'] (*Завернул к закусочной – пообедать не мешало бы. Очередь занимали, наверно, уже на ужин.* ***Дохлый номер*** [*Entrou na cafetería, xantar algo non estaría mal. Algúns estaban a facer cola probablemente xa para a cea.* ***Un número morto***]); *свежо предание – да верится с трудом* [*A historia é fresca, pero dificilmente crible*, 'información falsa, incorrecta'] (*Кто будет отдавать эти деньжищи? Правительство?* ***Свежо предание*** [*Quen vai devolver toda esa cantidade de cartos? O goberno?* ***A historia é fresca***]), as cales, sen dúbida, se diferencian polo compoñente figurativo.

Por outra banda, UUFF tan próximas tanto pola forma interna coma pola estrutura compoñencial coma a rusa *поставить на карту (что-л.)* [*poñer algo na carta*, 'arriscar, apostar por algo'] e a alemá *(etw.) aufs Spiel setzen* (lit. «poñer algo en xogo») non son idénticas no seu significado real. A análise das particularidades de uso destas UUFF demostra que a UUFF rusa só se pode empregar en contextos nos que se trata non só de risco, senón dun risco coa esperanza de obter un determinado beneficio

(comp. observacións semellantes en Костева 1996: 11). O significado da UUFF alemá non contén este trazo, por iso estas expresións son equivalentes unicamente en contextos de neutralización. Por este motivo, sobre todo, non se pode utiliza-la UF *поставить на карту (что-л.)* [*poñer algo na carta*] ó traduci-la seguinte oración alemá: *Rettungsschwimmer setzen ständig ihr Leben aufs Spiel*. A modo de tradución aceptable pódese propoñer: *Os socorristas continuamente poñen a súa vida en perigo/arriscan a súa vida*.

Exemplos semellantes tamén se poden atopar ó compara-lo ruso co inglés. As UUFF *пускать пыль в глаза (кому-л.)* [*botarlle po a alguén nos ollos*, 'impresionar, enganar'] e *throw dust in/into someones's eyes* (comp. 1a, b), totalmente idénticas segundo o compoñente figurativo, presentan por outra parte diferenzas de significado considerables. A UF inglesa defínese en *Longman DEI* coma 'to confuse (someone) or take his attention away from something that one does not wish him to see or know about' ('confundir alguén, desvia-la atención de alguén con respecto a algo que un non quere que vexa ou saiba'), mentres que a UF rusa significa algo similar a 'intentar presentarlle a alguén unha situación ou un mesmo como se fose mellor do que en realidade é, coa axuda de accións ou palabras que causan efecto' (*KRAFS*).

(1) **a.** Non hai dúbida ningunha sobre o feito de que a lingua rusa é grandiosa e potente. Pódese discutir ata que punto é libre, como afirma Turguénev. Non obstante, polo que se refire á veracidade, o ruso, coma, por outra parte, o resto das linguas, ofrécelle ó falante unha gran cantidade de posibilidades de esquivar e esvarar, de ***пустить пыль в глаза*** [*botar po nos ollos*] ou de enganar (Corpus xorn.). **b.** The information she gave to the police only ***threw dust into*** their ***eyes*** because she was trying to protect her husband (*Longman DEI*).

Con todo, as diferenzas deste tipo existentes entre distintas linguas non están relacionadas de ningún xeito coas características específicas dunha cultura nacional. A análise de exemplos semellantes en xeral fai supoñer que as diferenzas na fraseoloxía de linguas distintas se poden describir en termos puramente semánticos, sen trata-lo concepto da especificidade nacional-cultural. Aínda que tamén se atopan casos nos que as explicacións semánticas resultan insuficientes para a xustificación de determinadas restricións no uso dos fraseoloxismos. Así, nas traducións de obras literarias algunhas UUFF resultan axeitadas pero outras non. Por exemplo, o intento de traduci-la UF alemá *(jmdm.) zeigen, was eine Harke ist* (lit. «amosarlle a alguén qué é un angazo») por medio da UF rusa *показать кузькину мать (кому-л.)* [*amosa-la nai de Kuzka*, 'darlle unha lección a alguén'] resulta desafortunada. Dende un punto de vista semántico precisamente hai que considera-la UF *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*] coma o equivalente máis pleno desa UF alemá, dado que tanto no significado dunha UF coma da outra (a diferenza das unidades semi-sinónimas) está presente a idea de aclaración das relacións de status entre os participantes dunha situación (véx. a análise da semántica desta UF na sección 3.2.1.1.). Noutras palabras, tanto *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*] coma *zeigen, was eine Harke*

ist (lit. «amosarlle a alguén qué é un angazo») implican sobre todo facerlle a alguén recoñece-lo papel dominante do suxeito. Non obstante, aínda que a UF *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*] tamén se propón coma un dos equivalentes aceptables desta UF alemá en *NRFS* nunca se emprega, polo que sabemos, na tradución de textos alemáns que conteñen a UF *(jmdm.) zeigen, was eine Harke ist*. Compárense os contextos de obras de B. Brecht, E. Schrittmatter e H.H. Kirst (2) ofrecidos no *NRFS* a modo de exemplos. Este feito indica que hai restricións non ligadas á semántica propiamente dita dunha UF.

(2) **a.** Wenn ich ihm ***gezeigt habe, was eine Harke ist***, dann können wir viel leichter in ein anständiges Verhältnis zueinander kommen (B. Brecht. *Dreigroschenroman*) || Cando eu ***дам ему понять, что шутить не намерен*** [*lle dea a entender que non estou disposto a facer bromas*], daquela ha de ser moito máis doado ter unha relación decente un co outro. **b.** Am Nachmittag geht er zum Bürgermeister. Der sagt ihm mit Schulterzucken: «Wissen Sie, das sind solche Brüder, denen müssen Sie ***zeigen, was 'ne Harke ist***» (E. Strittmatter. *Eine Mauer fällt*) || Á tarde vai el onda o alcalde. Este encóllese de ombreiros e dille: «Esta xente élle daquela á que lle hai que ***проучить как следует*** [*ensinar como cómpre*, 'ensinar como se fan as cousas']». **c.** Und wenn hier irgendeiner Schwierigkeiten machen will – dann sage ich: nur zu, soll er doch kommen! Wir ***werden*** ihm schon ***zeigen, was eine Harke ist*** (H. H. Kirst. *Kameraden*) || E, se alguén quere crear dificultades, eu dígolle: «Pois adiante, que veña e o intente! Habémoslle de ***покажем, где раки зимуют***! [*amosarlle onde pasan o inverno os cangrexos*, 'ensinarlle quen é quen']».

Pódese presupoñer que do que se trata aquí é da especificidade dos compoñentes *кузькина мать* [*a nai de Kuzka*], que impón restricións no uso desta UF. Noutras palabras, no plano do contido de varios fraseoloxismos (parece que, especialmente, das UUFF e dos proverbios) está presente un compoñente particular que dun xeito convencional se pode denominar nacional-cultural.

5.1.2. Heurística da investigación

Para aclara-la esencia do compoñente nacional-cultural na fraseoloxía cómpre, ante todo, poñerse de acordo en que é o que se considera especificidade nacional-cultural. Podemos concibir dúas posicións extremas á hora de abordar este problema. Segundo a primeira, o compoñente nacional-cultural maniféstase unicamente no significado das denominadas palabras específicas dunha cultura coma *samovar* [*aparato para ferve-lo té*], *lapxi* [*sopa de fideos*], *xchi* [*sopa de verduras*] e, consecuentemente, en UUFF coma *и мы не лаптем щи хлебаем* [*nós non comémo-lo xchi con alpargatas*, 'non somos parvos'] (*Возьмите только один БДТ, или один МХАТ, или один «Современник» - это же классные артисты, не чета американским, так что* ***не лаптем щи хлебаем*** [*Pensade, por exemplo, no BDT ou no MGHAT, ou no «Contemporáneo», son uns artistas de primeira, non coma os americanos, así que* ***non***

comémo-lo xchi cunha alpargata]); *ездить в Тулу со своим самоваром* [*ir a Tula co samovar dun*, 'face-lo ridículo'] (*Пресс-конференция театра показала: наши журналисты в не меньшей степени, чем английские, считают, что ехать в Москву с «Ивановым» все равно, что* ***в Тулу со своим самоваром*** [*A rolda de prensa do teatro demostrou que os nosos xornalistas coinciden nas súas opinións cos ingleses; consideran que ir a Moscova con «Ivanov» é o mesmo que* ***ir a Tula co samovar dun***]) etc. De adoptarmos este punto de vista, hai que considera-las UUFF cun carácter marcadamente nacional coma un fenómeno moi marxinal. Dende un punto de vista puramente intuitivo tal redución do campo de estudo resulta inxustificada, xa que se poden atopar exemplos de restricións de uso relevantes en fraseoloxismos que non conteñen palabras específicas dunha cultura (comp. o exemplo da UF *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*], tratado anteriormente).

Unha posición diametralmente oposta sería a inclusión no concepto de cultura nacional dun conxunto de fenómenos lingüísticos o máis amplo posible. Tal posicionamento remite ás ideas de W. Humboldt sobre a forma interna da lingua e a encarnación do «espírito dunha nación» na lingua, que atoparon o seu maior desenvolvemento na tradición neohumboldtiana. A esencia de tal argumentación pódese presentar simplificadamente do seguinte xeito: a «apropiación espiritual da realidade» ten lugar baixo a influencia da lingua materna, pois podemos pensar sobre o mundo só coas expresións desta lingua, utilizando a súa rede conceptual, é dicir, quedando no seu «círculo lingüístico». Consecuentemente, as diferentes comunidades lingüísticas, ó utilizaren diferentes instrumentos para a formación de conceptos, forman imaxes distintas do mundo, que na súa esencia son o fundamento das culturas nacionais (comp., por exemplo Weisgerber 1962*).

Canto á análise da fraseoloxía, nos traballos de V. N. Telia deféndense posicións próximas ás mencionadas. A «especificidade nacional-cultural das UUFF» manifóstase na posibilidade de interpreta-lo seu significado nas categorías da cultura, a cal, citando a N.A. Berdiáev (Бердяев 1990: 26), é recoñecida na súa esencia coma nacional. Dado que as UUFF se caracterizan por ter unha motivación figurativa «que está ligada directamente á visión do mundo do pobo falante dunha lingua», as UUFF posúen, en principio, unha connotación nacional-cultural (Телия 1996: 214-215). Con respecto á cultura nacional, recoñécese como relevante todo o que se pode interpretar nos termos da estipulación de valores, da «prescrición da sabedoría nacional», da «visión do mundo e da concepción do mundo por parte dun pobo». Así, son culturalmente específicas as UUFF *плевать в потолок* [*cuspir ó teito*, 'lacazanear'], *считать ворон* [*contar corvos*, 'estar despistado'], *валять дурака* [*envorca-lo parvo*, 'facer parvadas'] etc., xa que nelas se expresa unha «directriz estereotípica para a autoconciencia rusa: 'non é digno para unha persoa dedicarse (aínda menos activamente) dunha maneira consciente a actividades baleiras e sen resultado'» (Телия 1996: 257). Dun xeito semellante, UUFF coma *лежать на печи* [*estar deitado na estufa*, 'lacazanear'] e *сидеть сложа руки* [*sentar cos brazos cruzados*, 'lacazanear'] interprétanse conforme as directrices dunha «filosofía práctica», segundo as cales a inactividade (a pasividade) é obxecto de reprobación (Телия 1996: 257-258). Pódese

considerar coa mesma seguridade que tódalas UUFF citadas reflicten a falta de ganas de traballar dos rusos. Comp. os proverbios que reforzan esta interpretación: *работа дураков любит* [*o traballo quere os idiotas*, 'a ninguén lle gusta traballar, hai que ser parvo para traballar'], *от работы кони дохнут* [*os cabalos morren por mor do traballo*, 'o traballo é algo malo, non leva a nada bo'], *солдат спит – служба идет* [*cando o soldado dorme o seu servizo pasa*, 'non hai que esforzarse demasiado á hora de traballar'], *работа не волк – в лес не убежит* [*o traballo non é un lobo, non ha de fuxir ó bosque*, 'non hai que esforzarse demasiado á hora de traballar'], comp. (3). Por outra banda, na fraseoloxía rusa tamén existen exemplos totalmente opostos: *без труда не вытащишь и рыбку из пруда* [*sen esforzo non has de sacar nin un peixe do estanque*, 'é necesario traballar para obter algo'], *терпение и труд все перетрут* [*a paciencia e mailo traballo han de moer todo*, 'expresión da necesidade de tesón e paciencia para sobrepoñerse a obstáculos'] (4). Deste xeito, é obvio que dificilmente se poden extraer conclusións xerais sobre a especificidade da mentalidade dun pobo co material fraseolóxico.

(3) **a.** E non quero ir ós cursos. É moita leria. A min gústame facer traballos lixeiros, para vivir máis comodamente, porque, a ver? ***Работа***, ***дураков любит*** [*o traballo quere os idiotas*] (F. Raskólnikov. *Artigos sobre a literatura rusa*, Статьи о русской литературе). **b.** Non é un feito que só ***от работы кони дохнут*** [*os cabalos morren por mor do traballo*]: os resultados dunha investigación levada a cabo recentemente demostraron que se unha persoa é dependente do traballo iso necesariamente indica que ten a saúde desfeita e que hai unha ausencia total do sentimento de felicidade (Xorn. int.). **c.** Estou convencido de que o exército precisa de profesionais e non de favoritos: ***солдат спит – служба идет*** [*cando o soldado dorme o seu servizo pasa*] (Xorn. int.). **d.** No garaxe Saxa non fixo amizade con ninguén, mantiña relación unicamente con Gleb. Acabou de pinta-los autobuses, recibiu os cartos, repartiunos con Leonid: el conseguíralle o traballo. «Non pasa nada, habemos de atopar outro —Gleb non se laiaba—, ***работа не волк, в лес не убежит*** [*o traballo non é un lobo, non ha de fuxir ó bosque*]» (A. Ribákov. *Medo*, Страх).

(4) **a.** Pero para que esa tivese lugar cumpría intentalo. Na Terra iso chámase traballo. E, como din na Terra, ***без труда не вытащишь и рыбку из пруда*** [*sen esforzo non has de sacar nin un peixe do estanque*]... (A. Jitinskii. *Novelas, relatos, historias*. Романы, повести, рассказы). **b.** As súas mans, afeitas a un traballo de muller, apenas podían levar a cabo un proxecto tan grandioso, pero, como se adoita dicir, ***терпение и труд все перетрут*** [*a paciencia e mailo traballo han de moelo todo*] e, en pouco tempo, os homes, xuntando esforzos, erixiron enriba da mesa un monstro de cor crema parecido á torre de control dun aeroporto (V. Aksénov. *O meu avó: un monumento*. Мой дедушка – памятник).

En realidade, a presenza de directrices de valores opostos está presente na idiomática

de moitísimas linguas. Por iso mesmo, resulta estraño contrasta-la mentalidade de diferentes pobos partindo dos datos do material fraseolóxico. Por outra banda, tampouco é lícito clasificar unha destas directrices como a principal para caracterizar un pobo e atribuírlle o status de culturalmente específica. De feito, a preguiza repróbase noutras culturas nacionais, non só na rusa[156]. Tamén queda aberta a cuestión de se a interpretación que se propón significa que palabras coma «lacazanear», «roubar», «mentir», «finxir» son culturalmente específicas. Aínda que en Телия 1996 isto non se afirma dun xeito explícito, pódese presupoñer que no marco da concepción alí presentada esta pregunta tería resposta afirmativa: todas estas palabras (do mesmo xeito que as correspondentes UUFF) son interpretadas en termos das directrices de valores que xeran determinadas valoracións. En realidade, o verbo «mentir» non é só dicir unha mentira, senón realizar un acto valorado negativamente e «lacazanear» non indica repouso, senón a ausencia reprobada de actividade etc.

É posible aplicar outro enfoque semellante, que ultimamente atrae a atención dos especialistas e tamén está xustificado dende o punto de vista dun discurso lingüístico-filosófico, pero que, na nosa opinión, non axuda moito á resolución de tarefas propiamente lingüísticas, é dicir, á descrición e á explicación das particularidades das unidades dunha lingua. Ademais, deste enfoque pódese esixi-lo mesmo que da fraseoloxía tradicional, xa que tampouco propón criterios operacionais de clasificación da «especificidade nacional-cultural» das expresións lingüísticas.

Para evitar problemas deste tipo (sen volver a unha concepción reducionista que limite o conxunto de fenómenos específicos a nivel nacional-cultural dunha lingua ós nomes de obxectos expostos habitualmente coma pezas nunha exposición nos museos de etnoloxía), é conveniente distinguir dúas concepcións da especificidade nacional en principio diferentes. No primeiro caso, a especificidade nacional-cultural do fenómeno dunha lingua concreta determínase en relación a outra lingua. Este enfoque pódese denominar **comparativo**. No segundo caso, trátase da percepción que os falantes dunha lingua teñen da marcación nacional das unidades da súa lingua sen comparalas con outras linguas. Este enfoque pódese denominar, cun certo grao de convencionalismo, **introspectivo**.

No enfoque comparativo, dende a perspectiva da lingua L_j (e da súa cultura) recoñécense como específicos tódolos feitos da lingua L_i (en relación á lingua L_j) que sexan moi importantes dende o punto de vista da cultura nacional tradicional na lingua L_j. Neste proceso non nos interesa a circunstancia de que moitos dos feitos clasificados como específicos tamén poidan ter lugar noutras linguas (culturas).

É importante sinalar antes de nada que non tódalas diferenzas que se atopan entre

[156] Se xa falamos de opinións «especificamente rusas» sobre este campo conceptual habería que sinalar máis ben a indulxencia atribuída tradicionalmente á conciencia rusa en relación á acción de lacazanear e ós lacazáns; comp. os múltiples testemuños folclóricos a favor de «que Iván o parvo estea deitado á beira da lareira» (como contrapeso á actividade frenética).

linguas distintas son significativas a nivel cultural. Posteriormente deterémonos neste feito con máis detalle, pero agora cómpre unicamente indica-la posibilidade nun principio de distinguir dentro do conxunto das diferenzas que amosan unhas linguas fronte a outras, por unha banda, aquelas diferenzas que non son casuais e, por outra, as que pertencen ó sistema de ideas específicas dunha cultura. Neste campo os traballos de A. Wierzbicka (en particular Wierzbicka 1992) crearon unha tradición específica. Sinalaremos que a discusión sobre o contido do concepto cultura non forma parte das tarefas deste traballo. Para determina-la importancia cultural dun feito lingüístico aquí propóñense criterios puramente heurísticos: o feito lingüístico será recoñecido como culturalmente relevante se a súa presenza ten consecuencias para a interpretación doutros sistemas de signos, comunmente relacionados cunha cultura nacional tradicional (véx., por exemplo, Никитина 1993), ou se se percibe como condicionado polo funcionamento de sistemas de signos semellantes. Noutras palabras, aquí unicamente se contemplan como culturalmente significativos aqueles fenómenos que teñen correspondencias noutros códigos culturais. Estas heurísticas propóñense para un enfoque comparativo, xa que para determina-la significación cultural de fenómenos lingüísticos no marco do enfoque introspectivo poden resultar importantes outros criterios.

O enfoque introspectivo está fundamentado na idea da presenza de características nacional-culturais «inmanentes» independentemente da especificidade doutras linguas e culturas. As heurísticas de investigación deste tipo apelan máis ben a métodos psicolingüísticos. A tarefa da investigación formúlase coma a busca dunha resposta á pregunta de en que consiste a especificidade nacional da lingua L_i ós ollos dos seus falantes. Os procedementos de investigación máis axeitados neste caso son o cuestionario de preguntas e diferentes textos para aclara-las relacións dos falantes dunha lingua con respecto ós feitos lingüísticos. Así, por exemplo, un sinal da presenza de especificidade nacional «inmanente» pode se-la opinión sobre a inadecuación dalgúns enunciados cando son utilizados por un estranxeiro. Tamén son relevantes as observacións sobre a fala dos propios falantes dunha lingua, en particular o uso que fan de comentarios metacomunicativos coma *como a xente di*, o que pode dar proba da marcación nacional dunha estrutura lingüística anticipada deste xeito[157].

Dende a perspectiva do enfoque comparativo, os fenómenos seleccionados como específicos poden non só non coincidir co conxunto de fenómenos clasificados seguindo o enfoque introspectivo, senón que pode que nin sequera teñan un punto de contacto con eles.

[157] No sucesivo, para evitar formulacións aparatosas falaremos principalmente de especificidade cultural segundo ó conxunto de fenómenos clasificados na base do enfoque comparativo e de especificidade nacional segundo ó enfoque introspectivo. Malia todo o seu convencionalismo, esta delimitación terminolóxica está xustificada polo feito de que un dos criterios máis importantes nunha análise comparativa é a elevación das diferenzas establecidas que amosan linguas diferentes á especifidade das culturas correspondentes, mentres que o enfoque introspectivo presupón recorrer á intuición dos falantes da lingua, que caracterizan algúns fenómenos como «propios e só propios», é dicir, estritamente nacionais.

Neste libro non é posible describir dun xeito moi detallado ámbolos dous enfoques, por iso unicamente nos deteremos nos problemas máis importantes relacionados con eles.

5.1.3. O enfoque comparativo

5.1.3.1. Sobre o papel da forma interna

Ó investiga-la especificidade nacional-cultural dos fraseoloxismos no marco do enfoque comparativo, resulta oportuno tratar exclusivamente o plano do contido, xa que o plano da expresión nas unidades de diferentes linguas é, por definición, distinto. Como se demostrou anteriormente, no plano do contido dos fraseoloxismos (particularmente cando a súa motivación é perceptible sincronicamente) distínguense dous aspectos: o significado real e o compoñente figurativo. O máis importante para resolve-las tarefas presentadas é o estudo do compoñente figurativo, xa que, en primeiro lugar, é precisamente aquí onde se poden atopa-las diferenzas fundamentais entre as linguas (o conxunto de significados reais representados na fraseoloxía, como se sabe, é ata certo punto universal; Райхштейн 1980) e, en segundo lugar, as diferenzas deste tipo poden máis ben ser motivadas culturalmente.

Aclararémo-lo dito cun exemplo: no caso de UUFF coma *Матросская Тишина* (*o Silencio do mariñeiro*[158]) (*В следственном изоляторе (знаменитая* ***Матросская тишина****) ему выбили глаз* [*Na prisión preventiva (a famosa* ***Silencio do mariñeiro****) sacáronlle un ollo*] (A. Strugatskii. *O demo está entre a xente*, Дьявол среди людей)), o seu significado non só está cargado de asociacións histórico-culturais, senón que é único con respecto a outras linguas. Non obstante, para demostrar esta unicidade non é preciso recorrer á categoría da especificidade nacional-cultural. Dende un punto de vista funcional-semántico, estas UUFF son nomes propios, que son únicos por definición. Este exemplo tamén demostra que as asociacións histórico-culturais e a especificidade nacional-cultural (no sentido comentado aquí) non son a mesma cousa.

Dende un punto de vista puramente lingüístico é difícil considerar culturalmente específicos os coñecementos extralingüísticos relacionados co uso da lingua, así coma tamén os relacionados co uso de UUFF non fixadas no modo de referirse ó obxecto denotado, na forma interna. A designación dun elemento cultural específico dunha cultura non é por si mesma condición suficiente para clasifica-la forma lingüística correspondente como culturalmente específica nun sentido propiamente lingüístico. Compárese en relación a isto a UF *черный ворон* [*corvo negro*, 'furgón da policía no que levan os arrestados']. Ó ser unha UF cunha semántica identificadora, é dicir, unha UF que permite un uso referencial (para o problema da tipoloxía correspondente das UUFF, véx. Добровольский 1990б) designa un obxecto ó cal está ligado todo un complexo de asociacións histórico-culturais. Neste sentido, o propio obxecto denotado resulta único e marcado culturalmente. Por outra banda, na forma interna desta UF atópase unha remisión a un concepto que xoga un papel importante no folclore ruso, o

[158] N. do t.: Nome dun célebre cárcere en Moscova.

que tamén permite falar da especificidade cultural da expresión *черный ворон* [*corvo negro*] como un feito do ruso en comparación con outras linguas; comp. a equivalente UF alemá *grüne Minna* (lit. «Mina verde») e a inglesa *Black Maria* (lit. «María negra»)[159].

(5) **a.** Pola negra rúa detrás do ***ворон черный*** [*corvo negro*], / detrás desta carroza, onde as fiestras teñen barrotes, / hei de axitarme dun lado para o outro baixo a honorable vixilancia, / hei de axitarme dun lado para o outro baixo a honorable, vixilancia, / ata que, sen forzas, caia redondo ó chan! (A. Gálich. *O retorno a Ítaca*, Возвращение на Итаку) **b.** Oskar hätte, durch lange Erfahrung auf diesem Gebiet gewitzt, Schaufenster vor beachtlichen Auslagen mittels seiner immer noch diamantenen Stimme aufgetrennt und gleichzeitig den Aufpasser gemacht, während Herbert, wie man so sagt, schnell bei der Hand gewesen wäre. Wir brauchten ja keine Schweißbrenner, Nachschlüssel, Werkzeugkiste. Wir kamen ohne Schlagring, Schießeisen aus. Die «***Grüne Minna***» und wir, das waren zwei Welten, die sich nicht zu berühren brauchten (G. Grass. *Die Blechtrommel*).

No sucesivo centrarémonos exclusivamente naqueles casos nos que os fenómenos culturalmente significativos se atopan na forma interna das UUFF. O estudo das asociacións culturais e históricas xeradas polos obxectos denotados polas UUFF forma parte do problema de reflectir na lingua as particularidades de épocas históricas concretas (o que pode chegar a ser un tema de investigación independente, non vinculado necesariamente ós fraseoloxismos ou ás metáforas). Estas asociacións poden ter consecuencias lingüísticas moi importantes. Así, precisamente as asociacións histórico-culturais ligadas ó obxecto denotado fan que o contexto sexa pouco accesible, e dificulte que individuos doutras culturas realicen unha interpretación axeitada (6), feito que se ve adicionalmente complicado polos xogos de palabras, para cuxa comprensión tamén é imprescindible utiliza-la información histórico-cultural (neste caso, os coñecementos sobre o papel da palabra *красный* [*vermello*] nos nomes de xornais, revistas, empresas, fábricas etc.):

(6) Persikov cunha man termou da tarxeta, estivo a piques de rachala pola metade, e coa outra guindou a pinza enriba da mesa. Na tarxeta estaba escrito cunha letra florida: «Descúlpeme, pídolle que me reciba, prezado profesor, durante tres minutos, en relación ó asunto público da prensa, así coma en relación ó traballador da revista satírica «***Красный ворон*** [*O corvo vermello*]», publicada pola GPU» (M. Bulgákov. *Os ovos fatais*, Роковые яйца).

Así, cómpre distinguir aqueles casos nos que «os propios fraseoloxismos adquiren o

[159] Esta UF inglesa (particularmente na grafía *Black Mariah*) tamén ten o significado de 'coche fúnebre'. Comp. *Sent to the skies on a Benny Jag Blue / Off to bed without his supper like a Linda brides do / He got to do the story with the old widow Jones / Got a wooden coat, this boy is never coming home / Here come the Big* ***Black Mariah****, here come the Big* ***Black Mariah*** */ Here come the Big* ***Black Mariah****, I seen that big black Ford* (Tom Waits, *Big Black Mariah*).

papel de estereotipos culturais» (*девичья память* [*memoria de rapariga*, 'mala memoria'], *женский ум* [*mente feminina*, 'intuición, maneira de pensar feminina'], *женская логика* [*lóxica feminina*, 'lóxica pobre atribuída á maneira de pensar das mulleres'] etc.) (Телия 1996: 232-233), daqueles outros casos nos que no seu compoñente figurativo está presente outro compoñente que remite a categorías culturais. A mestura das asociacións históricas (dos coñecementos sobre o mundo) ligadas ó obxecto denotado e a elevación á tradición cultural (dos coñecementos sobre outros códigos de signos), é dicir, a unificación destes fenómenos baixo o impreciso concepto da «cultura na lingua» resulta inaceptable, xa que conduce ós paradoxos da non-distinción de unidades da lingua tan diferentes polas súas características funcionais coma, por exemplo, por unha banda *Тушинский вор* [*ladrón de Túxino*, '(o falso Dmitrii II) persoa que se fai pasar por outra'] e, pola outra, *при царе Гороxе* [*na época do tsar Chícharo*, 'nun tempo moi afastado']. A UF *Тушинский вор* [*ladrón de Túxino*] refírese a un personaxe histórico real, Ljedmitrii II[160], mentres que *при царе Гороxе* [*na época do tsar Chícharo*] apela á tradición folclórica (7). Sinalaremos que a especificidade nacional-cultural de UUFF coma *при царе Гороxе* [*na época do tsar Chícharo*] se pode definir tanto dentro do marco do enfoque comparativo coma do introspectivo.

(7) Armenia e, consecuentemente, Karabakh formaron parte de Rusia co tratado de 1813. Ós nosos patriotas máis fervorosos gústalles lembrar que eran nosos ***при царе Гороxе***! [*na época do tsar Chícharo!*] (Corpus xorn.).

Recorrer á forma interna das UUFF (de base figurativo-metafórica ou simbólica) permite, como é o caso, desvela-las diferenzas fundamentais que existen entre as linguas, diferenzas onde se plasma a falta de coincidencia das diversas comunidades lingüísticas no tocante á interpretación de determinados fragmentos da realidade. Por outra banda, só algunhas destas diferenzas conceptuais son culturalmente significativas.

5.1.3.2. Fundamentos cognitivos das diferenzas entre linguas

Antes de trata-la cuestión de como se pode determina-la significación cultural das diferenzas conceptuais entre as linguas, sinalaremos que non se debe interpretar en absoluto coma conceptual unha diferenza calquera na forma interna das unidades do dicionario, é dicir, coma unha diferenza nos modos de entende-la realidade (comp. В. Апресян, Ю. Апресян 1993: 33). Isto ocorre unicamente no caso de que as faltas de coincidencia concretas na elección dos medios lingüísticos se poidan atribuír ás diferenzas entre estruturas cognitivas invariables que se atopan detrás destas expresións lingüísticas. No caso das UUFF en cuxa base se atopa unha metáfora, as «metáforas conceptuais» ou os «modelos metafóricos» resultan ser esas estruturas cognitivas invariables (na terminoloxía de G. Lakoff (Lakoff 1987)). Pero a presenza de diferenzas entre linguas en metáforas lingüísticas concretas representadas por diferentes UUFF non implica nada ó respecto. Explicarémolo cun exemplo.

[160] N. do t.: O falsamente autoproclamado Dmitrii II.

En inglés existe a UF *put all one's eggs into one basket* (lit. «poñer tódolos ovos nunha cesta»), comparable polo seu significado á UF rusa *ставить все на одну карту* [*poñer todo nunha carta*, 'apostar todo por algo, arriscar todo por algo'], véx. *ARFS*. Malia as características específicas que presenta o compoñente figurativo desta UF inglesa en comparación co sistema figurativo do ruso, sería estraño interpretar este feito coma unha imaxe do mundo e aínda o sería máis percibir neste caso diferenzas nacional-culturais. Deste xeito, sería bastante absurdo afirmar que os ovos e as cestas na cultura inglesa xogan un papel máis importante ca na rusa. Nestes casos, non se trata de diferenzas significativas, senón de casualidades lingüísticas. Isto, en particular, demóstrase polo feito de que nos últimos anos esta UF (máis exactamente a súa tradución literal) utilízase no ruso cada vez con máis frecuencia, sobre todo en textos xornalísticos. Na base de datos da idiomática rusa de textos de xornais, preparada por K. Wenzl (Wenzl 1996), figuran tres textos con esta UF (8a-c), escritos por diversos autores para xornais de tendencias políticas tan dispares coma *Moskóvskie nóvosti* e *Zavtra*. É característico que nin tan sequera un destes contextos conteña algunha connotación «especificamente inglesa», é dicir, a UF utilízase coma unha unidade estándar do ruso[161]. No contexto (8c) figura esta UF cunha forma modificada onde o compoñente *cesta* é substituído pola forma máis popular *лукошко* (tipo de cesta de vimbio), o que demostra significativamente o grao de apropiación desta expresión por parte da lingua rusa. Isto mesmo tamén se manifesta a través do uso do marcador metacomunicativo *говоря попросту* [*falando simplemente*, 'para dicilo sinxelamente, dito dunha maneira sinxela'], que precede a esta UF no contexto (8b):

(8) **a.** Dispersar, e non ***класть все яйца в одну корзину*** [*non poñer tódolos ovos na mesma cesta*], é xusto o contrario do que se empeña en facer certo tipo de propaganda na que toda decisión é fatal, todo combate é o derradeiro e o decisivo [...]. A min paréceme que tería sentido presentar máis a miúdo o proceso histórico do xeito máis disperso posible no espazo e no tempo, desprovisto dun pequeno número de momentos de «elección decisiva» (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости). **b.** Non é unha casualidade que precisamente neste período fose cando os emprendedores decidisen diversifica-los investimentos políticos e, dito dunha maneira simple, non ***класть все яйца в одну корзину*** [*non poñer tódolos ovos na mesma cesta*]. É sabido que Inkombank participou na financiamento do bloque Iábloko e ó mesmo tempo da unificación de PRES. Ó mesmo tempo MOST apoiaba a PRES, Vybor Rossii, Iábloko, e o Movemento ruso de reformas democráticas, que non superou a barreira do cinco por cento (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости). **c.** [...] moitos patriotas e nacionalistas ven en

[161] É curioso que o correspondente da revista *Spiegel*, J. R. Mettke, cualifique esta UF de «sabedoría lingüística rusa» (*russische Sprachweisheit*): «[...] es [heißt], Sie hätten nicht nur Jelzin, sondern auch seine Konkurrenten Jawlinski und Lebed mit großen Summen unterstützt. Folgten Sie der russischen Sprachweisheit, daß es nicht klug ist, *alle Eier in einen Korb zu packen*?» (*Spiegel*, nº 6, 1997). — «[...] é dicir, seica vostede non só apoiou Ieltsin con grandes sumas de diñeiro, senón tamén os seus rivais Iavlinski e Lébed. Estaba a segui-lo dito ruso (lit. «a sabedoría lingüística rusa») de que non é sensato *poñer tódolos ovos nunha cesta*?».

> Jirinovskii un personaxe da traxedia de Rusia planificada a conciencia, un monicreque xudeu-masónico cuxos donos nunca ***кладут все яйца в одно лукошко*** [*non poñen tódolos ovos na mesma cesta*] (*Zavtra*, Завтра).

Así, unicamente se pode falar de diferenzas significativas a nivel cognitivo no caso de falta de coincidencia de metáforas conceptuais. O aparato de análise de metáforas proposto por G. Lakoff posúe unha considerable forza explicativa e permite obter resultados interesantes mesmo non relacionados coa problemática da especificidade cultural. A teoría cognitiva da metáfora permite, en particular, explicar por que algunhas das UUFF doutras linguas se entenden con facilidade e mesmo se poden tomar emprestadas, mentres que no caso doutras non é así. Isto depende en primeiro lugar de se as metáforas conceptuais que se atopan detrás das correspondentes expresións lingüísticas son coñecidas na lingua receptora. A UF *класть все яйца в одну корзину* [*poñer tódolos ovos na mesma cesta*] introduciuse con tanta facilidade na lingua rusa, probablemente porque se pode relacionar con dúas metáforas conceptuais coñecidas nesta lingua: OS MEDIOS PARA ACADAR UN FIN SON ENTIDADES FÍSICAS (comp. *держать порох сухим* [*mante-lo po seco*, 'estar alerta, sempre preparado para a defensa'], *ломать копья* [*romper lanzas*, 'loitar por algo, discutir fervorosamente por algo'], *хвататься за соломинку* [*agarrarse a unha palliña*, 'recorrer á única solución posible nun momento de necesidade, mesmo se é de pouca axuda']) e O EIDO DE EMPREGO DOS MEDIOS PARA ACADAR UN FIN É UN RECIPIENTE (comp. *бездонная бочка* [*barril sen fondo*, 'obxecto de perdas materiais interminables, que consume moitos recursos'] en contextos do tipo *Да это же* ***бочка бездонная****, а не завод! Легче взорвать и новый построить!* [*Pero se iso é* ***un barril sen fondo****, e non unha fábrica! É máis doado voala polos aires e construír unha nova!*] (I. Latínina. *A caza do cervo siberiano*, Охота на Изюбря)).

As diferenzas no modo de presenta-los fraseoloxismos na tradución do *Satiricón* de Petronio baixo a dirección de B. I. Iargho pódense explicar dun xeito análogo. Dado que á hora de face-la tradución se estableceu coma tarefa conserva-las imaxes e a simboloxía representada na fraseoloxía do orixinal en tódolos casos onde fose posible, os fraseoloxismos traducíronse literalmente e as correspondentes unidades fraseolóxicas rusas indicábanse nas notas. Ás veces, non obstante, empregouse o procedemento contrario, é dicir, a tradución literal aparecía nas notas (Ярхо 1990: 13-14). Neste último caso tratábase de metáforas conceptuais e/ou símbolos lingüísticos que non están presentes no ruso. Por exemplo, o fraseoloxismo *per scutum per ocream* (lit. «a través do escudo, a través das caneleiras») tradúcese coma *и так и сяк* [*tanto dunha maneira coma da outra*, 'intentar facer ou descubrir algo'], *и думал и гадал* [*pensaba e intentaba adiviñar*, 'intentar facer ou descubrir algo']. Dun xeito semellante, a expresión latina co significado literal de «a alma [foise] dentro do nariz» tradúcese coma *душа ушла в пятки* [*a alma foi ós calcañares*, 'sentir medo'] (Petronio Arbitr 1990: 115). Neste caso non é posible ofrecer unha tradución literal, xa que a UF rusa *душа ушла в пятки* [*a alma foi ós calcañares*, 'sentir medo'] baséase na oposición conceptual de O DE ARRIBA ESTÁ BEN vs. O DE ABAIXO ESTÁ MAL (segundo Lakoff 1994) e, dado que se pensa que o recipiente da alma se sitúa na zona

do peito, o desprazamento da alma para dentro do nariz dende o punto de vista da lingua rusa non se pode interpretar dun xeito inequívoco no sentido dun semi-sinónimo de emocións negativas.

Fronte a isto, a expresión *асс у тебя есть – асса ты стоишь* [*se tes un ás vales un ás*, 'non valer nada'] é unha tradución literal do correspondente fraseoloxismo latino (Ярхо 1990: 13), pois para os falantes do ruso tal interpretación simbólica dunha unidade monetaria mínima é perfectamente comprensible. As denominacións das unidades monetarias mínimas tamén simbolizan as entidades que ocupan os lugares máis baixos na xerarquía na lingua rusa, comp. *гроша ломаного не стоит* [*non vale un grox*[162] *roto*, 'non ter ningún valor'].

A hipótese da existencia dunha dependencia entre a comprensión de fraseoloxismos de linguas estranxeiras e a presenza na lingua receptora de expresións que se poden atribuír a estruturas cognitivas análogas tamén se pode ilustrar coa axuda de exemplos do libro *A fraseoloxía do Corán* (Ушаков 1996). Un falante do ruso pode comprender sen problema UUFF coma *sabbata 'aqdamahum* (lit. «reforza-las pegadas de alguén») 'reforzar alguén espiritualmente, na súa fe' e *ja'ala 'ala basarihi gisawatan* (lit. «poñer un veo sobre as súas miradas») 'privar (alguén) da posibilidade de distingui-la verdade da mentira'. Pola contra, outras coma *yaqbiduna 'aydiyahum* (lit. «pechan as súas mans en puños») co significado de manifestar avaricia e *ja'ala sadrahu dayyiqan harajan* (lit. «face-lo peito de alguén estreito, pequeno») 'poñer alguén nunha situación difícil, privalo da posibilidade de ir polo camiño correcto' non atopan analoxías cognitivas no ruso e resultan incomprensibles. Así, por exemplo, o *peche de mans en puños* interprétase en ruso coma un semi-sinónimo da ira e o *estreitamento do peito* coma un semi-sinónimo de angustia, o que impide a comprensión do verdadeiro significado destas UUFF árabes.

En todos estes casos, pódese falar dunha ausencia de coincidencia entre as linguas comparadas, ausencia que está condicionada cognitivamente. Estas diferenzas teñen un carácter non-casual e demostran, sen dúbida, as características específicas da interpretación de determinados fragmentos da realidade por parte de comunidades lingüísticas concretas. Outra cuestión é ata que punto son feitos das culturas nacionais outras diferenzas semellantes condicionadas cognitivamente. En todo caso, a identificación automática do cognitivo co cultural non é lícita[163]. Así, o concepto de WAY é explotado no inglés dun xeito moito máis activo có concepto de camiño no ruso; comp. *this way, please* 'por aquí, por favor', *the right way of doing a thing* 'a maneira correcta', *in one or another way* 'dun xeito ou doutro', *way of thinking* 'opinión', *in some ways* 'nalgúns aspectos', *in a way* 'en certo modo, ata certo punto', *the other way round* 'ó contrario', *by the way* 'por certo', *out of the way* 'inusual'. A pesar de todo, resultaría estraño concluír que este concepto ten unha relevancia maior

[162] N. do t.: Véxase a nota 136.
[163] A correlación do cultural e do cognitivo no proceso de interpretación da realidade ultimamente tamén está sendo investigado dun xeito bastante activo dende o ámbito da antropoloxía cultural; véx., en particular, os traballos de N. Quinn e D. Holland (por exemplo, Quinn, Holland 1987).

na cultura inglesa.

5.1.3.3. Importancia cultural das diferenzas entre as linguas

As diferenzas conceptuais regulares fixadas na fraseoloxía de linguas obxecto de comparación (se é que é posible atopalas, tarefa moi importante en si mesma que ata agora non se intentou levar a cabo seriamente) pódense considerar unicamente candidatas a seren unidades da lingua marcadas culturalmente. Para seren recoñecidas coma tales, os feitos lingüísticos (como xa se dixo previamente) teñen que reflecti-las características específicas da conciencia inxenua dos representantes dunha determinada cultura en comparación coa conciencia inxenua dos representantes doutras culturas. Esta tese pódese ilustrar coa axuda dun exemplo dun dos dialectos do baixo alemán[164], o denominado Westmünsterländisch.

Cando rompe unha cunca de porcelana, os falantes deste dialecto empregan a miúdo o fraseoloxismo *de Seele geht nao de Fabrick hen* (lit. «a alma volve á fábrica»)[165], que, dende un punto de vista cognitivo, está baseado na metáfora conceptual UNHA CUNCA É UNHA PERSOA. Este modelo metafórico inclúe, en particular, as seguintes analoxías (*correspondances* na terminoloxía de G. Lakoff):

(a) unha persoa ten alma → a cunca ten alma;

(b) unha persoa morre → a cunca rompe;

(c) a alma dunha persoa morta abandona o seu corpo → a alma dunha cunca que rompeu abandona a súa perecedoira envoltura;

(d) a alma dunha persoa volve onda o creador → a alma dunha cunca volve á fábrica onde a fixeron.

Á parte do feito de que a metáfora da PERSONIFICACIÓN dun recipiente de porcelana non está consolidada no uso nin do ruso literario nin das linguaxes literarias xermánicas[166], os presupostos da aparición deste fraseoloxismo requiren unha interpretación cultural. Parece que a analoxía (d) explicitada na súa estrutura compoñencial e, do mesmo xeito, as analoxías (a-c) representadas implicitamente en forma de presuposicións pragmáticas (na lectura literal) teñen que ser interpretadas ó

[164] Cómpre sinalar que, respecto ás oposicións relevantes a nivel cultural, na nosa opinión a miúdo os dialectos difiren das linguas literarias (os seus parentes máis achegados) máis cás linguas literarias non-emparentadas (comp., por exemplo, Dobrovol'skij, Piirainen 1997).

[165] Este e moitos outros exemplos de fraseoloxismos do Westmünsterländisch foron proporcionados por xentileza de E. Piirainen, a quen os autores lle están sinceramente agradecidos.

[166] É posible, ademais, a personificación de obxectos doutro tipo; comp. alem. *das Kleid gibt seinen Geist auf* (lit. «o vestido entrega o seu espírito»), *das Auto haucht seinen Geist aus* (lit. «o coche expira o seu espírito»); rus. *телевизор дышит на ладан* [*o televisor exhala incenso*, 'o televisor está moi estragado e vai funcionar por pouco tempo'].

estilo dunha «mitoloxía nacional» segundo a cal o acto de produción das cuncas se compara metaforicamente co acto da creación. En comparación coas linguaxes literarias que coñecemos, neste caso resulta único e culturalmente significativo non tanto o feito de recorrer á metáfora da personificación (véx. a nota 12) coma o feito de focaliza-las consecuencias «da vida de ultratumba».

A presenza de costumes populares característicos desta zona xeográfica que presentan a alma coma unha entidade material á que cómpre abrirlle a fiestra e indicarlle o camiño para que se desprace despois da morte fala a favor da clasificación dos criterios cognitivos da aparición do fraseoloxismo *de Seele geht nao de Fabrick hen* entre os feitos da cultura tradicional dos falantes do dialecto Westmünsterländisch. Segundo este costume, cando alguén morre poñen o defunto tres días no cadaleito aberto xusto debaixo da fiestra do faiado para que á alma lle sexa máis doado atopa-la saída. É característico o feito de que un dos nomes dialectais da fiestra do faiado sexa *Liekspier* (de *Liek*, 'cadáver'). A importancia e estabilidade deste costume son reafirmadas por outros testemuños lingüísticos, comp. as UUFF *he kick et leste Maol döör't Balkenschlopp* (lit. «está a mirar pola fiestra do faiado por derradeira vez») e *he steck de Nösse nao't Balkenschlopp* (lit. «meteu o nariz pola fiestra do faiado») co significado de 'morrer'.

É importante subliñar que as características culturais específicas da metáfora conceptual que estamos a tratar, A ALMA É UN OBXECTO MATERIAL, son facilmente perceptibles mediante unha comparación coa lingua literaria (comp. as máis próximas, a do alemán e a do neerlandés, nas que este modelo metafórico está ausente), pero non ó comparalas con outros dialectos. Os dialectos parecen reflecti-los restos do pensamento mitolóxico en maior medida cás linguas literarias.

5.1.3.4. O compoñente simbólico e a importancia cultural

En xeral, está estendida a opinión de que a importancia cultural dun fraseoloxismo aumenta naqueles casos nos que na súa estrutura está presente un compoñente simbólico (coma *крест* [*cruz*] na UF *нести свой крест* [*leva-la súa cruz*, 'cargar cun problema/unha carga']). En Арутюнова 1988: 157-158 chámase a atención sobre o feito de que o status semiótico do símbolo é máis alto có da imaxe. Isto está relacionado, en parte, co feito de que o símbolo se interpreta máis a miúdo en termos de cultura. A importancia dos símbolos fixados na estrutura dun fraseoloxismo pódese ver limitada ó ámbito lingüístico (comp. *рука* [*man/brazo*] como símbolo de axuda no grupo de UUFF *иметь свою руку где-л.* [*te-la súa man en algures*, 'estar implicado en algo'], *быть (чьей-л.) правой рукой* [*se-lo brazo dereito (de alguén)*, 'se-la persoa máis próxima, de confianza de alguén'], *протянуть руку помощи (кому-л.)* [*estende--la man de axuda (a alguén)*, 'prestarlle axuda a alguén']) ou mesmo estenderse a outros sistemas semióticos (comp. *креста на тебе нет* [*non hai cruz (en alguén)*, 'o comportamento de alguén é totalmente inmoral/reprobable'], onde *крест* [*cruz*] é o símbolo do cristianismo, que posúe esta función mesmo fóra dos límites da lingua) (para máis detalles, véx. a sección 3.3.).

É natural que os símbolos do último grupo —os símbolos en sentido estrito— se poidan interpretar con maior razón en termos culturais (comp., por exemplo, Никитина 1993: 66-68). Así, en diversas UUFF árabes a palabra *naqiran* ('fendiña da pebida do dátil') simboliza unha cantidade moi pequena, por exemplo, *la yuzlamuna naqiran* (lit. «non se ofenderán nin sequera a fendiña da pebida do dátil»), *la yu'tuna naqiran* (lit. «non han de dar nin sequera a fendiña da pebida do dátil») 'non han de dar nada'. Dende o punto de vista do ruso, trátase dunha forma moi exótica de indicar 'unha cantidade infimamente pequena' (no caso do ruso emprégase, por exemplo, *грош*, comp. *не дать ни гроша* [*non dar nin un grox*[167], 'non dar nada por algo, non apostar en absoluto por algo'], *ни на грош* [*nin por un grox*, 'por nada de nada']). Non obstante, pódese considerar que esta diferenza posúe un status nacional-cultural? A resposta a esta pregunta non é evidente. Por unha banda, as UUFF indicadas anteriormente están fixadas no Corán (Ушаков 1996), polo tanto están cargadas de asociacións culturais adicionais, e, por outra banda, as pebidas dos dátiles apenas posúen funcións simbólicas fóra desas expresións lingüísticas, motivo polo que non se poden considerar símbolos culturais.

Coma exemplos de oposición simbólica culturalmente relevante pódense citar UUFF de varias linguas europeas co compoñente simbólico SETE (9-12) e UUFF xaponesas nas que aparece o concepto OITO cunha función análoga (13) que, polo seu significado, son comparables ás primeiras:

(9) rus. *семи пядей во лбу* [*sete palmos de testa*, 'persoa moi intelixente']; *за семь верст киселя хлебать* [*beber kísel*[168] *a sete verstás*[169] *de distancia*, 'desprazarse a un lugar afastado para facer algo e volver sen éxito, intento frustrado']; *семь верст до небес (и все лесом)* [*sete verstás ata os ceos (e todo o tempo polo bosque)*, 'situación na que un fala moito pero moi afastado do tema concreto, falar moito sen sentido']; *семь потов сошло* [*saíron sete suores*, 'facer esforzos extraordinarios para conseguir algo'];

(10) alem. *in sieben Sprachen schweigen* (lit. «calar en sete linguas») 'negarse de maneira insistente a pronunciarse sobre algo'; *eine böse Sieben* (lit. «un mal sete») 'muller rosmona'; *mit jmdm. um/über sieben Ecken verwandt sein* (lit. «ser parente de alguén a/sobre sete recantos»), comp. rus. *седьмая вода на киселе* [*a sétima auga no kísel*, 'familiar moi afastado'];

(11) neerl. *niet in zeven sloten/geen zeven sloten tegelijk lopen* (lit. «non correr ó mesmo tempo por sete gabias») 'ser capaz de ocuparse unicamente de si mesmo'; *een boek met zeven zegels zijn* (lit. «ser un libro con sete selos»), comp. rus. *книга за семью печатями*[170] [*libro detrás de sete selos*, 'libro

[167] N. do t.: Véxase a nota 136.
[168] N. do t.: Véxase a nota 31.
[169] N. do t.: Véxase a nota 71.
[170] Esta UF de orixe bíblica está presente en moitas linguas do mundo cristián.

esotérico']; *iem. is uit de zevende hemel gevallen* (lit. «alguén caeu do sétimo ceo») 'alguén inesperadamente experimentou unha gran desilusión';

(12) fin. *jtk on seitsemän lukon/sinetin takana* (lit. «algo atópase detrás de sete ferrollos/selos»), comp. rus. *за семью замками* [*detrás de sete fechaduras*, 'moi ben gardado/custodiado']; *hänellä on suu (iso) kuin seitsemän leivän uuni* (lit. «ten unha boca (grande) coma para sete pans») 'ten unha boca moi grande'; *seitsemän on valehtelijan määrä* (lit. «o sete é a cantidade do mentireiro») 'maneira de indicar que o falante entende que o interlocutor non está a dici-la verdade';

(13) xap. *hitai ni hachi no ji wo yoseru* (lit. «engurra-la testa formando oito engurras») 'pensar moi intensamente sobre algo'; *happo bijin* (lit. «muller fermosa (que fala) ás oito partes do mundo») 'persoa que intenta compracer a todo o mundo'; *kuchi hatcho, te hatcho* (lit. «oito bocas, oito mans») 'alguén que fala con elocuencia e traballa destramente'; *happo fusagari* (lit. «pechado por oito partes») 'situación desesperada'.

Pódese considerar que estas diferenzas están condicionadas culturalmente, xa que se explican polo papel do número OITO no xintoísmo (Dobrovol'skij, Piirainen 1997). Por outra banda, pódese afirmar que as UUFF (9-13) contribúen ó mantemento e á reprodución dunha semántica simbólica particular dos números SETE e OITO na conciencia dos falantes da lingua[171].

Os fraseoloxismos ingleses co compoñente *nine* (nove) ofrecen unha interpretación menos inequívoca: *be on cloud nine* (lit. «estar na novena nube»; comp. rus. *быть на седьмом небе* [*estar no sétimo ceo*, 'estar extraordinariamente feliz, satisfeito']), *a stitch in time saves nine* (lit. «unha puntada a tempo vale por nove») 'unha miudeza feita a tempo aforra moito traballo despois'; *be dressed up to the nines* (lit. «estar (ben) vestido ata os noves») 'estar moi elegantemente vestido'; *a nine day's wonder* (lit. «milagre de nove días») 'algo que se percibe coma moi atractivo nunha época determinada pero que co tempo se esquece moi pronto'.

O papel do concepto NOVE na fraseoloxía inglesa pódese explicar a partir do seu significado na antiga cultura xermánica. O NOVE desempeña un papel importante na mitoloxía xermánica (comp. os nove mundos nos mitos nórdicos, as dez divindades inferiores etc.), no sistema xurídico (o prazo de nove días tiña un status xurídico especial), unha semana tiña nove días e a distancia de nove pasos utilizábase como unidade de lonxitude. Ata hai pouco tempo no mundo xermánico existía a crenza de que un gato tiña nove vidas (para máis detalles, véxase Weinhold 1897). Posteriormente, en tódalas linguas xermánicas, agás no inglés, o número NOVE foi

[171] No xaponés tamén existen fraseoloxismos co número SETE cunha función semellante, feito que se explica pola influencia do budismo chegado dende a India (compárese, por exemplo, *nanatsu dogu* (lit. «as sete pertenzas») 'tódalas cousas e cachifallos xuntos'). Así, mesmo naqueles casos que parecerían indiscutibles, tales diferenzas interlingüísticas e interculturais resultan ser relativas e non convén esaxera-lo seu papel.

desprazado nas súas funcións especiais como símbolo polo número SETE. Así, dende unha perspectiva do contraste entre linguas, pódese falar da especificidade dos fraseoloxismos ingleses que teñen o compoñente *nine* mencionados previamente. Non obstante, o feito de que na cultura inglesa e americana non sexa o NOVE senón o SETE o que cumpre as funcións de número «especial», «prototípico» (ademais da presenza de UUFF no inglés co compoñente *seven*, comp. *be in the seventh heaven*[172], que compite na súa lectura simbólica con *nine*) obriga a enfoca-la cuestión da especificidade nacional-cultural do número *nine* con certa cautela. Noutras palabras, SETE na conciencia lingüística inglesa é un símbolo nun sentido amplo (lingüístico e cultural ó mesmo tempo), mentres que NOVE é un símbolo lingüístico (véx. a sección 3.3.). A súa motivación cultural ten sobre todo un carácter etimolóxico. Hai que cualificar como culturalmente significativas as razóns do xurdimento de fraseoloxismos ingleses con este numeral cunha lectura simbólica. Aínda así, dificilmente se pode falar dunha interpretación significativa dende o punto de vista cultural por parte dos falantes do inglés actual[173].

***

A análise levada a cabo permite chegar a varias conclusións. O compoñente nacional-cultural do plano do contido dos fraseoloxismos (distinguido coma tal no enfoque comparativo) baséase, en xeral, no compoñente figurativo e relaciónase coas diferenzas significativas a nivel cognitivo que existen entre as linguas. A relación entre a expresión lingüística, a estrutura conceptual e a cultura nacional ten sido a miúdo postulada en investigacións lingüísticas, sobre todo nos traballos de G. Lakoff e A. Wierzbicka (en diferentes contextos teóricos). Comp. o enunciado característico de Лакофф, Джонсон 2004: 175: «As metáforas novas posúen a capacidade de crear unha nova realidade. [...] Se unha nova metáfora entra a formar parte do sistema conceptual que serve de fundamento para a nosa actividade, esta cambiará ese sistema, así coma tamén as concepcións e accións xeradas por el. Na cultura teñen lugar moitos cambios como consecuencia da asimilación de novos conceptos metafóricos e da perda dos vellos».

Con relación a isto é importante subliñar unha vez máis tres particularidades: 1) non toda diferenza nos modos de denotación lingüística (codificación) da realidade é relevante a nivel cognitivo; 2) non toda diferenza relevante a nivel cognitivo é

[172] Comp. o seguinte exemplo, onde esta UF se utiliza nun xogo de palabras, feito que, non obstante, non impide a súa tradución practicamente literal ó ruso: *If marriages are made* ***in the heavens****, then ours was made* ***in the seventh*** / *Если браки заключаются на небесах, то наш был заключен на седьмом* [*Se os matrimonios se fan nos ceos, o noso foi feito no sétimo*] (S. Rushdie, *Grimus*).

[173] O uso do concepto CORENTA na fraseoloxía rusa, que ten raíces histórico-culturais, pode ser un exemplo máis do campo da simboloxía dos números; por exemplo, *сорок сороков* [*corenta dos corenta*, 'gran cantidade de algo, moitísimos']. Dado que CORENTA co significado de 'moito' non se atopa, por exemplo, nas linguas xermánicas, a UF *сорок сороков* [*corenta dos corenta*] é culturalmente específica. Noutras palabras, tendo en conta a orixe e a comparación con outras linguas, *сорок сороков* [*corenta dos corenta*] e as UUFF inglesas co compoñente *nine* están condicionadas culturalmente, pero na actualidade non se percibe o significado simbólico dos numerais que están presentes nelas.

significativa no tocante á cultura nacional; 3) a relevancia cultural das unidades da lingua pode estar condicionada pola posibilidade de relacionalas con outros códigos semánticos (principalmente o folclore, os mitos, as crenzas), o que nalgúns casos é percibido de maneira consciente polos falantes da lingua e noutros casos non.

5.2. O carácter específico nacional-cultural na fraseoloxía: o enfoque introspectivo

5.2.1. Observacións previas

Antes de pasarmos á discusión do enfoque introspectivo da descrición do aspecto nacional-cultural na fraseoloxía presentaremos unha recapitulación das disquisicións anteriores.

Distinguimos dúas concepcións da especificidade nacional en principio diferentes. No primeiro caso, a especificidade nacional-cultural do fenómeno dunha lingua concreta determínase con respecto a outra, enfoque que aquí denominamos comparativo. É importante indicar que non tódalas diferenzas entre linguas son significativas culturalmente, senón que unicamente o son aquelas que non son casuais e que están ligadas a códigos condicionados culturalmente (véxanse os exemplos de numerais con función simbólica analizados con anterioridade). Por outra banda, no segundo caso considéranse as ideas que teñen falantes dunha lingua sobre o carácter marcadamente nacional dunhas unidades determinadas da súa lingua sen establecer comparacións con outras linguas. Tal enfoque denomínase aquí introspectivo.

A especificidade nacional-cultural na súa variante introspectiva ten que manifestarse na presenza de restricións de uso que non estean relacionadas con parámetros semánticos propiamente ditos. Compárese, por exemplo, o uso de *это тебе/вам не у Пронькиных (чай пить)* [*isto non che/lle é como (beber té) na casa dos Próñkini*, 'algo é digno de admiración, non se debe de infravalorar'] no contexto (14a) e o uso non formular[174] (e por iso relativamente non-estándar) desta UF en (14b):

(14) **a.** Fedor baixou en ascensor ó primeiro andar e saíu ó vestíbulo do hotel. «Да, ***это тебе не у Пронькиных***... [*isto non che é coma na casa dos Próñkini*...] Saben como crear un estado de ánimo, carallo!», marabillouse, botando unha ollada polo vestíbulo, inusual para el: as paredes que refulxían con zarrapicadas douradas, o estanque cuberto de pedras e con florecentes nenúfares, o xardín exuberante e verde en medio do estanque con paxariños a cantar con doces sons nas pólas (Corpus detect.). **b.** Quen pense que os turistas estranxeiros viven no hotel do mesmo nome ben e folgados engánase. Non, por suposto, no Inturist, chamado con fins publicitarios «a súa casa rusa durante o tempo da súa estadía en Moscova», hai todo o necesario para que o

[174] Véx. a discusión sobre a categoría «fórmulas discursivas» no capítulo 2.

estranxeiro entenda que está vivindo ***не у Пронькиных*** [*non na casa dos Próñkini*]. É dicir: o casino Gabriela, o bar español Osborn, un restaurante chinés e outro mexicano e outros puntos máis de lecer e alimentación cultural (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица).

Nestes contextos a UF que estamos a analizar resulta totalmente orgánica. Aínda así, o uso desta expresión para describir e valorar elementos culturalmente específicos doutros países dificilmente se pode considerar normal. Compárese o contexto (15), o cal, aínda que auténtico, non deixa de ser estraño e no que se contrapoñen as denominacións de elementos culturais específicos de Australia e de Europa:

(15) En Sidney tamén hai novidades: se en outono apareceu aquí o primeiro casino xigante, agora abriron os dous primeiros prostíbulos legais. ***Не у Пронькиных***! [*non é coma na casa dos Próñkini!*] Que Europa non pense que isto é unha provincia perdida! (Xorn. int.).

Este tipo de UUFF tampouco son axeitadas para as traducións de textos artísticos, particularmente cando os personaxes empregan o estilo directo (comp. disquisicións semellantes en Eismann 1995: 101). No artigo de Segura García 1997: 224, dedicado á análise das traducións de Mario Vargas Llosa ó alemán, indícase a imposibilidade de traduci-la UF *el chino de la esquina* ('pequena tenda de comestibles de tipo tradicional'), cun uso moi estendido na variante peruana do español, pola UF alemá equivalente *Tante-Emma-Laden* (lit. «a tenda da tía Emma»). En realidade, tanto a primeira coma a segunda denominación están condicionadas cultural e historicamente. No primeiro caso, considérase que o ámbito tradicional dos negocios dos chineses en América Latina (tamén en parte de América do Norte) estaba relacionado orixinalmente coa apertura de pequenas tendiñas con mercadorías de uso cotián, que estaban abertas case 24 horas ó día; moi a miúdo situábanse na intersección de dúas rúas: na esquina. En realidade, isto é unha copia das prácticas de facer negocios dos comerciantes do Sueste Asiático: as pequenas tendas de comestibles en Taiwan, en Hong Kong e en Macau dispóñense do mesmo xeito. A UF alemá, en troques, contén un nome propio de muller que practicamente xa non se usa, asociado na conciencia dos falantes da lingua á sinxeleza e a un modo de vida tradicional. A causa disto, tanto a primeira coma a segunda expresión unicamente se poden entender no marco de cadanseu contexto cultural.

O enfoque introspectivo fundaméntase na idea da existencia de características nacional-culturais «inmanentes», independentemente das características específicas doutras linguas e culturas. A heurística da investigación neste campo parece que ten que apelar, en primeiro lugar, a métodos psicolingüísticos. A investigación formúlase coma a busca dunha resposta á pregunta de en que consiste a especificidade nacional da lingua ós ollos dos seus falantes. Os métodos de investigación máis axeitados son o cuestionario de preguntas e diferentes textos dirixidos a aclara-las actitudes dos falantes da lingua con respecto ós feitos lingüísticos (tanto con respecto a UUFF específicas coma ós seus contextos de uso). Por exemplo, un sinal de especificidade nacional

«inmanente» pode se-lo feito de pensar que en boca dun estranxeiro resulte desaxeitado un enunciado que conteña unha determinada UF. Tamén son ilustrativas as observacións sobre a fala dos propios falantes da lingua, en particular o uso que fan de diferentes comentarios metalingüísticos que poden ser proba do carácter marcadamente nacional dunha estrutura lingüística introducida deste xeito.

Os fenómenos seleccionados coma específicos baseándonos no enfoque comparativo non só se diferencian dos fenómenos clasificados sobre a base do enfoque introspectivo polo «punto de lectura»[175] que dita os criterios da súa clasificación, senón tamén por varias características fundamentais. Por unha parte, na análise comparativa, a posibilidade de atribuí-las diferenzas interlingüísticas observadas á especificidade das culturas é un parámetro decisivo, mentres que, pola outra, o enfoque introspectivo presupón recorrer á intuición dos falantes dunha lingua, os cales consideran algúns parámetros coma «propios e só propios», é dicir, estritamente nacionais.

5.2.2. O enfoque introspectivo

A definición do conxunto de fraseoloxismos que os falantes dunha lingua perciben de maneira intuitiva coma nacionais e a análise dos seus trazos distintivos constitúen un obxecto de investigación razoable (para traballos relativamente recentes que desenvolveron esta problemática, véx. Ковшова 1999, 2004). Como xa se dixo con anterioridade, para responder á pregunta de cal é o tipo de fraseoloxismos que os falantes consideran específicos da súa cultura nacional o máis oportuno é recorrer directamente á intuición lingüística dos propios falantes. Posteriormente, presentaranse os resultados de dous experimentos[176] que, a causa do carácter limitado do material lingüístico e do número de enquisados, obviamente, non poden aspirar ó status de conclusións exactas, pero aínda así permiten formular algunhas hipóteses.

A esencia destas hipóteses redúcese ó seguinte: á hora de percibir intuitivamente a especificidade nacional dun fraseoloxismo os elementos máis significativos son as particularidades da súa organización formal[177]. A modo de tales particularidades poden aparecer, por unha banda, factores de complexidade da forma (rima, semellanza sonora etc.: *авось да небось* [/avós da nebós/ *se cadra e probablemente; se cadra*, *case seguro*, 'dunha maneira ou doutra'], *сами с усами* [/sami s usami/ *os mesmos cos bigotes*, 'o falante, en plural, reivindica que o grupo ó que pertence ten o seu propio criterio e pensa; non somos parvos'], *тишь да гладь (да божья благодать)* [/tix da glat (da bojia blagodat)/ *tranquilidade e chan (e a bendición de Deus)*, 'situación completamente tranquila, sen contratempo ningún'], *ни кола ни двора* [/ni kolá ni dvorá/ *nin pau nin patio*, 'non ter absolutamente nada'], *куда ни кинь*, *всюду – клин*

[175] N. do t.: Véxase a nota 133.

[176] O autor agradécelles ós estudantes da Universidade de Saarbrücken (participantes no seminario de fraseoloxía alemá dos anos 1992 e 1995) a axuda prestada durante a realización do cuestionario.

[177] O carácter non-estándar do plano da expresión dos fraseoloxismos pode actuar en principio como un factor de significado que inflúe no seu uso. Nun contexto diferente, dedicado á resolución doutras tarefas, A. D. Reichstein tratou este aspecto (1980: 50).

[/kudá ni kiñ, vsiudu klin/ *guindes onde guindes*, *cuñas por tódalas partes*, 'a situación é negativa por tódalas partes, todo se presenta negativo'], *огород городить* [/ogorod gorodit/ *poñer un valado*, 'crear complicacións e preocupacións innecesarias']; para máis detalles, véxase Dobrovol'skij 1995a: 36; Баранов, Добровольский 1996б: 59. Por outra banda, outros factores posibles son os derivados dunha determinada marcación dos diferentes compoñentes do fraseoloxismo. Aquí inclúense, sobre todo, fraseoloxismos con nomes propios nacionais e derivados (*во всю ивановскую* [*en toda a Ivanóvskaia*, 'berros moi fortes'/'completamente'], *коломенская верста* [*verstá*[178] *de Kolómenskoe*, 'persoa moi delgada e alta'], *показать кузькину мать* [*amosa-la nai de Kuzka*, 'darlle unha boa lección a alguén], *шемякин суд* [*xulgado de Xemiaka*, 'situación na que unha opinión ou acusación é inxusta e infundada, baseada no interese dunha das partes'])[179]; fraseoloxismos con personaxes da mitoloxía popular (*к лешему* [*ó trasno do bosque*, 'ó demo']); con palabras realia[180] (*в белый свет как в копеечку* [*na cor branca coma no kopéek*[181], 'facer algo sen criterio, ó chou, que xeralmente acaba fracasando'], *моя хата с краю* [*a miña ghata*[182] *está ó final*, 'expresión para indicar que o que acontece non atinxe ó falante]); con compoñentes arcaicos (*бить челом* [*bater coa testa*, 'facer unha reverencia, solicitar algo']), en particular, se non se usan fóra da estrutura compoñencial das UUFF e das paremias, é dicir, se son únicos (*за тридевять земель* [*máis alá de tres veces nove terras*, 'moi lonxe'], *змея подколодная* [*serpe debaixo dun cepo*, 'persoa moi perigosa, traizoeira'], *турусы на колесах* [*torres sobre rodas*, 'mentiras ou fantasías completamente inverosímiles']). Ademais, tamén se inclúen as UUFF que presentan formas morfolóxicas non-estándar dos compoñentes. O uso destas formas pódese fundamentar nun xogo de palabras: comp. *с таком* [*con así*, 'sen nada'] en contextos coma *Конфеты кончились, и пришлось пить чай* ***с таком*** [*Os caramelos acabáronse e tivemos que toma-lo té* ***con así***]; nunha desfiguración dialectal da forma: comp. a UF *ни туды и ни сюды* [*nin por aló nin por acó*, 'non moverse, non desprazarse'], derivada da UF *ни туда и ни сюда* [*nin por aló nin por acó*, 'non moverse, non desprazarse'], que non posúe as mesmas connotacións. Finalmente, o carácter non-estándar da forma morfolóxica dun compoñente pódese explicar por ser arcaico: *ничтоже сумняшеся* [*non dubidaron nada*, 'sen dubidalo, sen pensalo'], *темна вода во облацех* [*auga escura nas nubes,* 'algo non está claro en absoluto'].

Por paradoxal que poida parecer, os falantes dunha lingua tenden a considerar «ancestralmente nacionais» (é dicir, «propio» nun alto grao) as unidades que conteñen elementos que non son totalmente comprensibles, aínda que a miúdo estes elementos non sexan ancestrais etimoloxicamente, por exemplo, *ни* ***бельмеса*** *не понимать* [*non entender nin belmes*[183], 'non entender absolutamente nada'], *сбить с* ***панталыку***

[178] N. do t.: Véxase a nota 71.
[179] Isto tamén atinxe ós nomes de persoa relacionados coa historia nacional, comp. *как Мамай прошел* [*Pasou igual que como Mamai*, 'estado de desorde, caos e ruína total'], *мамаево побоище* [*campo de batalla de Mamai*, 'estado de desorde, caos e ruína total'].
[180] N. do t.: Obxectos da cultura material, sobre todo local.
[181] N. do t.: Unidade centesimal do rublo.
[182] N. do t.: Casiña.
[183] N. do t.: Compoñente único.

[*derribar do pantalik*[184], 'confundir completamente alguén; volver alguén tolo']. Segundo os datos dos especialistas en etimoloxía, *бельмеса* e *панталыку* son na súa orixe formas de linguas turcas. Este fenómeno parece estar relacionado co «proceso de sacralización de textos incomprensibles», sobre o que escribiron I. M. Lotman e A. M. Piatigorskii (Лотман, Пятигорский 1992: 136).

A seguir, tratarémo-los resultados dos cuestionarios.

5.2.2.1. Datos dos experimentos

No primeiro experimento participaron 60 falantes de alemán de idades comprendidas entre os 14 e os 26 anos. Os suxeitos tiñan que responder á pregunta de como valorarían o uso por parte de estranxeiros das UUFF enumeradas a continuación:

{1} *rutsch mir doch den Buckel runter!* (lit. «baixa da miña chepa!») 'expresión na que o falante manifesta un forte desexo de cesar calquera tipo de interacción co interlocutor';

{2} *Hansdampf in allen Gassen* (lit. «vapor de Hans en tódalas canellas»; *Hansdampf*: compoñente único) 'persoa (xeralmente de sexo masculino), que manifesta unha actividade excesiva e aspira a posuír coñecementos en tódolos campos';

{3} *jmdn. in die Mangel nehmen* («levar alguén ás pranchas para a roupa[185]»; *Mangel* é unha palabra que xa non se utiliza con este significado) 'obrigar alguén a asumi-la responsabilidade das accións cometidas, empregando para este fin tanto métodos lícitos coma ilícitos';

{4} *da fliegt dir doch das Blech weg* (lit. «de xeito que che sae voando a folla de lata») 'expresión de abraio extremo por mor da inesperada revelación das propiedades dun obxecto ou dunha situación';

{5} *mit leeren Händen dastehen* (lit. «estar coas mans baleiras») 'non acada-lo resultado desexado';

{6} *in einem Boot sitzen* (lit. «estar sentados no mesmo bote») 'estar unidos por intereses comúns, do cal deriva a necesidade de accións solidarias';

{7} *das ist nicht mein Bier* (lit. «isto non é a miña cervexa») 'isto non é cousa miña';

[184] N. do t.: Compoñente único.
[185] N. do t.: Pranchas grandes que se utilizaban para alisa-la roupa, para pasarlle o ferro.

{8} *viel auf dem Kerbholz haben* (lit. «ter moita puntuación no marcador», remóntase ó método utilizado no pasado para marcar débedas; *Kerbholz*: compoñente único) 'levar a cabo accións que feren os intereses doutras persoas e ameazan ó suxeito con serias contrariedades'.

Ofrecíanse 7 respostas posibles:

[1] soa totalmente normal

[2] suscita admiración

[3] eu non o notaría

[4] iso perturbaría o curso da comunicación

[5] soa estraño

[6] como se o aprendesen de memoria

[7] non soa natural

As respostas formuláronse de xeito que o papel dos factores casuais se reducise, dentro do posible, ó mínimo. Algunhas formulacións duplicáronse conscientemente, o que permite captar determinadas tendencias na valoración das UUFF propostas, mesmo no caso dunha variedade de reaccións considerable. Así, as opcións [1] «soa totalmente normal» e [3] «eu non o notaría» son, na súa esencia, sinónimas, mentres que as respostas da [4] á [7] indican de diferentes maneiras que o informante considera pouco axeitado o uso da UF. A resposta [2] é ambivalente, xa que, aínda que é positiva dende un punto de vista formal, demostra que o uso da UF por parte dun estranxeiro perturbaría en certo modo o curso dunha comunicación natural. Así, unicamente se poden cualificar coma reaccións propiamente positivas as variantes de resposta [1] «soa totalmente normal» e [3] «eu non o notaría».

Na resposta permitíase escoller simultaneamente varias opcións. As respostas obtidas móstranse na seguinte táboa, na que en horizontal están indicados os números das respostas, e en vertical os números das UUFF obxecto do cuestionario; na intersección das columnas e das liñas indícase a cantidade de informantes que elixiron esa resposta para cada UF:

Táboa 1. Resultados do cuestionario dos informantes

	[1]	[2]	[3]	[4]	[5]	[6]	[7]
{1}	17	4	6	7	14	4	8
{2}	0	16	1	2	10	11	20
{3}	9	19	5	1	11	8	7
{4}	2	3	1	6	10	8	30
{5}	20	18	12	0	2	5	3
{6}	13	19	9	1	7	6	5
{7}	14	14	11	3	7	6	5
{8}	6	20	4	1	4	12	13

A causa da reacción negativa ó uso dunha UF pode ser non só a idea de que posúa unha especificidade fortemente nacional, senón tamén a súa marcación estilística. Por ese motivo, non é de sorprender que nin unha soa das UUFF propostas fose valorada como absolutamente aceptable en boca dun estranxeiro. As UUFF que recibiron menos reaccións positivas foron, en primeiro lugar, {2} e {4}, e a continuación {8} e {3}. Destas catro UUFF, tres ({2}, {3} e {8}) conteñen un compoñente único ou quasi-único; ademais, na UF {2} está presente o nome propio *Hans*, tipicamente alemán. Así, os resultados do cuestionario levado a cabo permiten supoñe-lo relevante que resulta a presenza de compoñentes únicos e/ou nomes propios marcados nacionalmente na estrutura da UF.

Os resultados obtidos no transcurso do segundo experimento corroboran esta suposición. A esencia do experimento reducíase ó seguinte: presentáronselles 15 UUFF alemás (dos máis diversos tipos estruturais e funcionais-semánticos) a 186 falantes do alemán. Os enquisados tiñan que distribuír, segundo a súa intuición, estas UUFF en dúas columnas: (a) unidades «particularmente alemás», supostamente sen correspondencias noutras linguas e culturas e (b) unidades «neutrais-internacionais». Na maioría dos casos, os informantes incluíron na columna (a) as seguintes UUFF:

> *klipp und klar* ('breve e claramente'; *klipp* é un compoñente único; ámbolos dous compoñentes significativos están relacionados por aliteración);
>
> *Hinz und Kunz* ('todo o mundo, todo fillo de veciño'; *Hinz* e *Kunz* son compoñentes únicos que representan as formas breves anticuadas dos nomes de persoa *Heinrich* e *Konrad* e que presentan unha relación de semellanza fónica);
>
> *grinsen wie ein Honigkuchenpferd* (lit. «sorrir coma un cabalo de melindre»; *Honigkuchenpferd* é un compoñente quasi-único, unha palabra composta, constituída por *Honigkuchen* (melindre con mel) e *Pferd* (cabalo) e empregada unicamente coma compoñente deste xiro comparativo);

dummer August (lit. «Augusto parvo»; *August* é un nome de persoa tradicional, hoxe en día practicamente en desuso), 'pallaso, bromista';

ab nach Kassel (lit. «imos a Kassel!»: durante a guerra de independencia das colonias inglesas en Norteamérica, Kassel era o punto de reunión dos recrutas alemáns vendidos a Inglaterra polos príncipes alemáns), 'exhortación dirixida ó interlocutor para que abandone un lugar canto antes';

ausgehen wie das Hornberger Schießen (lit. «rematar coma o tiroteo de Hornberg»; na base da forma interna está a lenda do desafortunado intento de instaurar un saúdo para honra-la chegada do Kurfürst en Hornberg), 'rematar nun fracaso'.

A relevancia da presenza de compoñentes únicos e de métodos de complexidade da forma para clasificar unha UF entre as unidades marcadamente nacionais confírmase claramente na oposición das UUFF quasi-sinónimas *klipp und klar* e *kurz und bündig.*

A UF *klipp und klar*, que contén un compoñente único e mais unha aliteración, foi incluída na columna (a) por 109 suxeitos, mentres que 77 situárona na columna (b)[186]. En relación á UF *kurz und bündig* (que non presenta, a diferenza da anterior, particularidades de forma evidentes), as opinións dos informantes distribuíronse do seguinte xeito: (a) 76, (b) 110[187]. Así, pódese dicir que a presenza de compoñentes únicos e de métodos de complexidade da forma constitúe, neste caso, un factor significativo.

Estas observacións concordan con frecuencia cos datos dos experimentos psicolingüísticos descritos nos traballos de Cacciari, Glucksberg 1991 e Cacciari, Rumiati, Glucksberg 1992, nos que se afirma que as imaxes suscitadas polas UUFF na conciencia dos falantes dunha lingua se basean exclusivamente nos significados directos dos compoñentes por separado. A partir do cuestionario levado a cabo, resulta evidente que os significados directos das palabras que constitúen unha UF inflúen na súa interpretación en relación ás características específicas nacionais. Se unha UF contén un compoñente marcado dun xeito particular (sexa unha palabra arcaica, un nome propio, unha palabra específica dunha cultura, a denominación dun personaxe da «mitoloxía popular» etc.), este feito é cualificado polos informantes como un parámetro esencial.

No relativo ós métodos de complexidade da forma (en particular, a rima e a aliteración), tamén teñen un papel evidente na creación dun colorido especificamente nacional. Dado que a utilización de tales métodos fixa a atención na forma lingüística, o uso dese tipo de fraseoloxismos activa a función poética da lingua (no sentido de R. O. Jakobson: Jakobson 1960; Якобсон 1975), é dicir, o signo lingüístico indica non só

[186] Diferenzas estatisticamente significativas, $\chi^2 = 5{,}51$, $p = 0{,}019$.
[187] Diferenzas estatisticamente significativas, $\chi^2 = 6{,}22$, $p = 0{,}013$.

o obxecto denotado, senón tamén a propia forma. Deste xeito, no centro de atención non só figura o significado, senón tamén o significante idiosincrático, o que tamén produce unha sensación de singularidade nunha expresión determinada.

5.2.2.2. UUFF marcadas nacionalmente no texto

Calquera propiedade das unidades da lingua tense que manifestar dalgún xeito no texto. Consecuentemente, para confirma-la veracidade dunha peculiaridade postulada hipoteticamente é conveniente recorrer ós textos. En relación á peculiaridade aquí tratada (a marcación nacional das unidades fraseolóxicas), isto significa que un texto moi marcado estilisticamente (á maneira tradicional narrativo-poética) ten que posuí-los fraseoloxismos (UUFF e paremias) que presentan as características descritas anteriormente.

Como material que permita comprobar esta hipótese nun primeiro achegamento, escollémo-los seguintes capítulos (marcados estilisticamente) da novela de Saxa Sokolov *Entre o can e o lobo*: «Alén do río Itil» («Заитильщина»), «Dzinzireli» («Дзынзырэлы»), «De Ilia Petrikeich» («От Ильи Петрикеича»). O estilo narrativo empregado nesta novela oriéntase, en gran medida, cara a unha estética posmoderna, o que implica a condensación dos medios lingüísticos ata a mesma parodia do procedemento. Neste aspecto, *Entre o can e o lobo* supón un material ideal para investiga-la dependencia da realización de fins artísticos con respecto ós medios da lingua elixidos, incluíndo a fraseoloxía. A contraposición intencionada de diferentes modos de narración e de narradores ficticios que se atopan detrás deles nos diferentes capítulos, permite falar dun carácter non-casual nas diferenzas de uso dos fraseoloxismos. Se en capítulos coma «Relato de caza» ou «Cadros da exposición» practicamente non aparecen os tipos de fraseoloxismos que nos interesan, o texto dos capítulos escritos á maneira «popular» está fortemente cargado de UUFF que revelan as particularidades non-estándar da forma. Nestes capítulos están presentes UUFF con compoñentes únicos e quasi-únicos (16), con compoñentes con formas morfolóxicas non-estándar (17), con nomes propios (18) e con palabras específicas dunha determinada cultura (19), así coma UUFF en cuxa organización da forma participan factores complementarios de complexidade coma a rima, a aliteración, as asonancias etc. (20):

(16) *сбить с* ***панталыку*** [*derribar do pantalik*, 'confundir completamente alguén; volver alguén tolo']; *не* ***ахти*** [*non ah*, 'irrelevante, que merece pouca atención']; *выделывать* ***мыслете*** [*escribi-las letras mislete*[188], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol']; *и вся* ***недолга*** [*e toda a non longa*, 'e isto é todo']; *выведать всю* ***подноготную*** [*descubrir todo o que está debaixo das unllas*, 'descubrir tódolos detalles ocultos']; *с* ***покону*** *веков* [*dende o principio dos tempos*, 'dende hai moito tempo'], *на* ***шермака*** [*a xermak*, 'facer/obter algo sen esforzarse']; *сума* ***переметная*** [*bolsa posta en*

[188] N. do t.: Véxase a nota 26.

bandoleira, 'persoa que cambia facilmente de convicción']; *и в* ***заводе*** *нет (чего-л.)* [*e na fábrica tampouco hai (algo)*, 'algo non existe en absoluto']; ***калики*** *перехожие* [*peregrinos de paso*, 'persoas que viaxan moito e producen a impresión de estaren privadas do necesario para vivir']; *как* ***тать*** [*coma un ladrón*, 'sixilosamente, sen chama-la atención']; *хоть бы* ***хны*** [*aínda que ghni*, 'coma se nada, non pasou nada']; *точить* ***лясы*** [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar']; *почем фунт* ***лиха*** [*a que prezo vai a libra de mal*, '(saber/experimentar) o que é pasalo mal']; ***семо*** *и* ***овамо*** [*por aquí e por alí*, 'por todas partes'] (esta última UF aparece coa forma *семо-овамо*: *Не удивляйтесь, зимой эта публика так и снует* ***семо-овамо*** [...] [*Non vos sorprendades, en inverno este público móvese por aquí-por alí* (...)]).

(17) *вынь да* ***положь*** [*sácao e pono*, 'inmediatamente']; *темна вода во* ***облацех*** [*auga escura nas nubes*, 'algo non está claro en absoluto'] (esta última UF aparece nun contexto humorístico: *Бог с ней, думаю, пускай гремит,* ***скрытная вода во облацех****, авось пронесет* [*Eu creo que non importa*, *ela que faga o ruído que queira*, ***auga agachada nas nubes***, *pode ser que todo saia ben*]).

(18) ***кондрашка/кондратий*** *хватил (кого-л.)* [*alguén tivo un ataque de apoplexía*, 'sentirse moi mal por mor de algo desagradable'] ([...] *и* ***Кондратий*** *ее с испугу* ***хватил*** [*e deulle un ataque do susto*]), *наобум* ***Лазаря*** [*sen prepararse coma Lázaro*, 'sen prepararse previamente']; *каким* ***Макаром*** [*con que Macario*, 'de que maneira']; ***Федот*** *да не тот* [*Teodoro pero non aquel*, 'algo é parecido pero non exactamente o mesmo'].

(19) *не* ***лаптем щи*** *хлебать* [*non come-lo xchi*[189] *cunha alpargata*, 'non ser parvo']; *с суконным рылом в* ***калашный ряд*** [*co fociño de tea onde se vende o pan*, 'un non se debe meter en situacións inadecuadas'] (esta última UF está presente coa forma non-estándar: [...] *нам ли* ***с нашими бестолковыми моськами в калашный ряд*** [...] [*non podemos* ***entrar cos nosos fociños estúpidos onde se vende o pan***]) .

(20) *явился-не запылился* [/iavilsia-ne zapililsia/ *presentouse e non se cubriu de po*, 'dito de alguén que se presenta de improviso']; *днем с огнем не сыскать* [/dniom s ogniom ne siskat/ *de día non se pode atopar con lume*, 'algo está moi perdido ou agachado e é imposible atopalo']; *и смех и грех* [/i smegh i gregh/ *tanto risa coma pecado*, 'situación cómica e tráxica ó mesmo tempo']; *горе горевать* [/gore gorevat/ *estar apenado por unha pena*, 'pasar un período de pena, sufrimento')]; *огород городить* [/ogorod gorodit/ *poñer un valado*, 'crear complicacións e preocupacións innecesarias']; *ни брат ни сват* [/ni brat ni svat/ *nin consogro nin irmán*, 'non ser parente en absoluto,

[189] N. do t.: Véxase a nota 70.

non ter que ver con alguén'] (coa forma: ***Брат и сват*** *я кому-то* [***Irmán e consogro*** *son eu de alguén*]); *ни дать ни взять* [/ni dat ni vziat/ *nin dar nin coller*, 'precisamente, xustamente']; *салом по сусалам* [/sálom po susálam/ *con unto por riba da cara*, 'facerlle a alguén reproches polo seu comportamento dun xeito desagradable']; *ни кожи ни рожи* [/ni koji ni roji/ *nin a pel nin o fociño*, 'non ter valor ningún'] (coa forma: ***ни кожа ни рожа*** [/ni koja ni roja/]); *наш пострел везде поспел* [/nax postrel vezdé pospel/ *o noso aduaneiro tivo tempo de chegar a tódalas partes*, 'dito de alguén que está en todas partes, despectivo']; *ни шатко ни валко* [/ni xatko ni valko/ *nin abanea nin cae*, 'nin ben nin mal; así, así']; *тишь да гладь* [*tranquilidade e chan*, 'situación completamente tranquila, sen ningún contratempo']; *ищи-свищи* [/ixchí-svixchí/ *busca e asubía*, 'imposible de atopar']; *взятки гладки с кого-л.* [/vziatki gladki/ *subornos lisos de alguén*, 'é imposible responsabilizar alguén de algo negativo']; *с боку припеку* [/s boku pripioku/ *dun lado moi quente*, 'algo ou alguén completamente inútil e prescindible'].

No último grupo de fraseoloxismos, pódense clasificar separadamente algunhas fórmulas con rima, as que xeralmente parece que son percibidas coma unidades marcadamente nacionais: *моряк с печки бряк* [/moriak s pechkí briak/ *o mariñeiro caeu da lareira*, 'dito de alguén que intenta impresionar coa súa forza e suposto éxito, aínda que en realidade carece deles'], *живем – хлеб жуем* [/jiviom-ghleb juiom/ *vivimos e mastigámo-lo pan*, 'imos tirando'], *снова-здорово* [/snovo-zdórovo/ *de novo, bo!*, 'algo, xeralmente negativo, vólvese repetir']. Varias UUFF presentan ó mesmo tempo varias das características que estamos a tratar, comp.: *Федот да не тот* [/fedot da ne tot/, *Teodoro pero non aquel*, 'dúas cousas parécense moito pero non son o mesmo)] (nome propio + rima); *сикось-накось* [/sikos-nakos/ *inclinado*, 'de calquera maneira, como saíu'], *штучки-дрючки* [/xtuchki-driuchki/ *cousas pequeniñas*, 'cousas insignificantes, sen importancia'], *с бухты-барахты* [/s bughti-baraghti/ 'sen pensar, sen preparar'], *шуры-муры* [/xuri-muri/ 'intrigas'], *тити-мити* [/titi-miti/ 'cartos'], *тяп да ляп* [/tiap da liap/ 'mal feito, unha chafallada'], *тары-бары* [/tari-bari/ 'falar por falar, sen facer nada'] (rima + compoñentes únicos).

O feito de que en contextos de usos non-estándar se reforcen precisamente estas características constitúe unha proba indirecta de que a irregularidade na forma favorece a creación dun efecto de carácter nacional. Así, os compoñentes únicos das UUFF *попасть впросак* [*caer po vprosak*, 'atoparse nunha situación incómoda'] e *бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*[190], 'lacazanear'] danse en formas que subliñan o seu carácter inusual (21-22), mentres que no último caso (22) a UF aparece nun contexto construído sobre aliteracións e que contén a forma *обаче*[191], pouco comprensible. A UF *ни кола ни двора* [*(non ter) nin pau nin patio*, 'non ter absolutamente nada'], que contén compoñentes con rima, sitúase (en forma elíptica) nun contexto con rima, onde abundan as aliteracións e as asonancias (23).

[190] N. do t.: Véxase a nota 1.
[191] N. do t.: Forma que non se utiliza en ruso.

(21) [...] *а у ребяток с валенками* ***просак*** [*e os nenos teñen* ***vprosak*** *coas botas (non teñen botas)*]; ***Быть безысходно в просаках*** *– Ильи Джынжирелы удел* [***Estar en vprosaks sen saída*** *(en situacións sen saída) é o destino de Iliá Djindjirela*]; *И опять я* ***в просаке****, когда, гордясь, поручику советую в билет заглянуть* [*E de novo atópome nun* ***vprosak*** *(nunha situación incómoda), cando, con orgullo, lle aconsello ó tenente que mire o billete*].

(22) *Много* ***б****родил я, трудился и вы****б****ивался из жил*, о***б***аче ***б***олее ***б****ил* ***б****аклухи*. [/Mnogo **b**rodil ia, trudilsia ia vi**b**ivalsia iz jil, o**b**ache **b**olee **b**il **b**aklughi/ Moito vaguei eu, esforceime e sufrín moito e, ademais, golpeaba as *bakluxi*[192]].

(23) ***Нет у Коли-Николая ни кола****, / Ли****ш****ь ко****с****тылики. И валит, валит снет. / Непогода. И* ***гал****дят* ***колокола****, / И летят куда-то* ***гал****ки на ночлег* [/**Net u Koli-Nikoláia ni kolá**, **lix ko**stiliki. I valit, valit sneg. Nepogoda. I **gal**diat **kolokolá/** ***Kolia-Nikolai non ten nin un pau****, / só muletas. E neva, neva. / Mal tempo e berran as campás. / E voan as choivas a algures para pasa-la noite*].

O reforzamento deste procedemento tamén se observa en contextos que conteñen dentro dos límites dunha oración máis dunha UF coas características analizadas.

(24) Mesmo a Zimar-Chelovek lle dá pena mata-la muller, pero non abandona a súa decisión. Dásme mágoa —chóralle el—, pero lévote para afogarte. Daquela non me leves —dille ela a el—, unha vella loubana que che dá consello, pensa na cantidade de anos que estivemos xuntos. Si, por iso mesmo —lamentábase Zimar—, non te dou aturado nin un día máis, arrepíasme. Pero por favor —segue el—, ponte na miña situación e non lle gardes especial rancor a un imbécil. Non che hai outro remedio —ela perdóalle o pecado—, ***вольному воля, охулки на руку не клади*** [*ó libre a liberdade, non poñas unha blasfemia sobre a man*, 'fai o que queiras, non perdas ocasión'], pero ti, amiguiño, perdóame: pode ser que ás veces te veña molestar. Non necesariamente tódalas noites —di ela—, pero de cando en vez hei de visitarte para asustarte.

(25) ***Сбили, сбили с панталыку*** [*derribaron do pantalik*] a Iliá, atopouse ***с боку припеку*** [*dun lado moi quente*], o público alégrase das súas desgrazas.

É evidente que sería precipitado chegar a conclusións serias baseándose na análise dunha soa obra, xa que as características sinaladas pódense explicar polas particularidades do estilo do autor. Para obter unha imaxe máis obxectiva é desexable examina-lo material de, polo menos, unha obra literaria máis comparable a nivel narrativo. Con este obxectivo, recorremos ó material d'*A pulga* (Блоха) de Evgenii

[192] N. do t.: Véxase a nota 1.

Zamiatin, unha obra dramática escenificación do *Zurdo* (Левша) de N. Leskov. Como é sabido, *A pulga* é unha das mostras máis brillantes do estilo narrativo poético, por este motivo é natural presupoñe-la presenza de recursos lingüísticos marcadamente nacionais no texto, incluídos os fraseoloxismos.

A análise do texto confirma esta suposición. Malia a diversidade das tarefas artísticas que se tratan n'*A pulga* e en *Entre un can e un lobo*, ámbolos dous textos (aínda que en proporcións diferentes) conteñen fraseoloxismos dos distintos tipos. Na obra de Evg. Zamiatin están presentes UUFF con compoñentes únicos (*ни за (по)нюх табаку* [*nin por unha aspirada de tabaco*, 'por nada'], *хоть бы хны* [*aínda que ghni*, 'coma se nada, non pasou nada'], *ни синь-пороху* [*nin pólvora chinesa*, 'nada de nada'], *распустить нюни* [*soltar niuni*, 'laiarse, choromicar'], *иди ты к ляду* [*vai ti onda o demo do bosque*, 'expresión de desaprobación para desfacerse do oínte']); UUFF con nomes propios (*Митькой звали* [*chamábanlle Mitka*, 'desaparecer sen rastro']); UUFF con palabras específicas dunha cultura (*не лаптем щи хлебать* [*non come-lo xchi*[193] *cunha alpargata*, 'non ser parvo']); fraseoloxismos construídos sobre unha semellanza fónica (*тяп-ляп* [/tiap da liap/ 'mal feito, unha chafallada'], *ревмя реветь* [/revmia revet/ *bruar un bruído*, 'chorar intensamente']). Así mesmo, as fórmulas con rima aparecen con moita frecuencia, comp.: *в одном кармане – блоха на аркане, а в другом – мощи тараканьи* [/v odnom karmane – bloghá na arkane, a v drugom – moxchi tarakañi/ *nun peto unha pulga no lazo, e no outro momias de cascudas,* 'non ter absolutamente nada, ser moi pobre']; *ни свету, ни совету, ни толку нету* [*non hai nin luz, nin consello, nin sentido*, 'situación de degradación, de ignorancia, de miseria']; *сани до Казани, язык до Киева* [/sani do Kazani, iazik do Kieva/ *a zorra a Kazán, a lingua a Kíev*, 'afirmación de que viaxar non é tan difícil, sempre se atopa xente que pode axudar a un']; *жизнь наша – копейка, судьба – индейка* [/jizn naxa – kopeika, sudbá – indeika/ *a nosa vida é un kopéek*[194]*, o noso destino un pavo*, 'tendo en conta o xeito de vida de un non se poden esperar sorpresas agradables, pero tampouco é para preocuparse'].

En diversos casos, o procedemento de acentuación da forma refórzase coa axuda de procedementos complementarios, comp. a inclusión das UUFF *авось да небось* [/avós da nebós/ *se cadra, case seguro*, 'dunha maneira ou doutra'], *(не) лаптем щи хлебать* [(*non) come-lo xchi cunha alpargata*, '(non) ser parvo'] nun contexto que contén unha fórmula con rima (26-27):

(26) Pode ser! E oíu isto: ***авоська веревки вьет, небоська петли затягивает***? [*unha rede pequena fai cordóns, e probablemente tensa os nós*[195]*?*, 'non está ben esperar que todo vaia saír máis ou menos ben'] Non, vós dicídeme simplemente: pero que estades a facer?

[193] N. do t.: Véxase a nota 70.
[194] N. do t.: Véxase a nota 181.
[195] N. do t.: Xogo de palabras coa expresión *авось да небось* [/avós da nebós/ *se cadra, case seguro*, 'dunha maneira ou doutra'].

(27) Os ingleses botaron por ela: "E non se pode nin respirar. No voso país, disque estades moi atrasados. No voso país, disque, ***лаптем щи хлебают, гвоздем хлеб ковыряют***... [*coméde-lo xchi cunha alpargata, picáde-lo pan cun cravo*..., 'estades moi atrasados']".

***

Para acaba-la análise dos fraseoloxismos cun marcado carácter nacional, cómpre subliñar que entre a particularidade da especificidade nacional e as características vistas anteriormente non existe unha correspondencia recíproca biunívoca. Así, é obvio que, por exemplo, non tódalas UUFF que conteñen un compoñente único se entenden coma «especificamente rusas». Por outra banda, atópanse diversas UUFF que non presentan as características tratadas aquí e que, non obstante, se consideran fenómenos especificamente nacionais, comp. as UUFF que se atopan n'*A pulga* e en *Entre o can e o lobo*: *зубы заговаривать* [*conxura-los dentes*, 'desvia-lo tema dunha conversa para que o interlocutor non se decate do que non quere o falante'], *от греха подальше* [*do pecado o máis lonxe posible*, 'exhortación a ser prudente e manterse afastado dunha conduta incorrecta'], *разуть глаза* [*descalza-los ollos*, 'abri-los ollos e ve-la realidade'], *лямку тянуть* [*tirar da correa*, 'continua-la rutina de cada día'], *достаться на орехи* [*conseguir noces*, 'sufrir unha amoestación ou violencia física'], *кто-л. не дышлом кроен* [*alguén non está cuberto cun temón*, 'non ser parvo'], *не лыком шит* [*non estar cosido con líber*[196], 'sabe-lo que un fai'], *не дулей делан*[197] [*non estar feito cun corte de manga*, 'non ser parvo']. Comp., por exemplo, (28-29):

(28) Os intelixentes gabábanos, os parvos criticábanos, por iso, ademais de alegría houbo quen ***доставалось на орехи*** [*conseguiu noces*], o que tamén vos desexo a vós (Evg. Zamiatin. *A pulga*, Блоха).

(29) E vós que pensabades? Pensaban que ***лыком я шит, дулей делан*** [*estou cosido con líber, feito cun corte de manga*], digo eu. Esperaban que o afiador tivese palla na tarteira? (Saxa Sokolov. *Entre o can e o lobo*, Между собакой и волком).

Nunha serie de casos, a «memoria etimolóxica» pode explica-las connotacións nacionais dos fraseoloxismos que non conteñen as particularidades do plano do contido (sobre a influencia da memoria etimolóxica no potencial pragmático da palabra, véx. Апресян 1995a: 171-172). Se os falantes dunha lingua perciben unha UF ou un proverbio como atribuíbles á «lingua popular» tradicional ou ás obras do folclore,

[196] N. do t.: Véxase a nota 44.

[197] Ademais, mesmo nestes casos é posible sinalar certa singularidade da estrutura. Así, as palabras *дышло* [*temón dun carro*], *лыко* [*líber*] e *дуля* [*corte de manga*] son percibidas como arcaizantes, mentres que na UF *зубы заговаривать* [/zubi zagovarivat/ *conxura-los dentes*, 'desvia-lo tema dunha conversa para que o interlocutor non se decate do que non quere o falante'] pódese atopa-la insinuación dunha aliteración. Non obstante, neste último caso (igual ca en *тянуть лямку* [*tirar da correa*]) son máis significativos os factores da «memoria etimolóxica» (*vide infra*).

poden amosar limitacións de uso semellantes. Véx. os fraseoloxismos coa indicación *folk* ou *folk poet* no dicionario *REDI*, por exemplo, *жил-был* [*había-vivía*, 'fórmula para empeza-los contos tradicionais rusos'], *буйная головушка* [*cabeza exuberante*/*ardente*, 'cabeza tola'], *завить горе веревочкой* [*enroscar unha pena cun cordón*, 'beber para esquecer unha preocupación'], *моченьки нет/не стало* [*non hai/queda máis forciña*, 'imposibilidade de facer algo'], *одна радость в глазу* [*unha única alegría no ollo*, 'só hai un motivo para estar alegre']. O significado da indicación *folk poet* descríbese do seguinte xeito: «*folk poet (folkloric poetic)*: folclórico-poético; o fraseoloxismo xurdiu dunha creación popular oral, sobre todo contos, e conserva en certa medida un colorido folclórico poético» (*REDI* 1997: xix)[198]. O parámetro da orixe folclórica tampouco se pode contemplar coma un criterio fiable dado que os únicos fraseoloxismos deste tipo que se inscriben no conxunto de fenómenos descrito son as unidades con memoria etimolóxica viva cuxa motivación folclórica se percibe a nivel sincrónico. Ademais, este parámetro parece posuír unha forza de previsión menor có criterio de irregularidade da estrutura formal dun fraseoloxismo.

En xeral só se pode falar de determinadas tendencias que, nun primeiro achegamento, axudan a esboza-lo conxunto de fenómenos que aspiran a ter un carácter nacional. Pode xurdi-la pregunta de ata que punto está xustificada a formulación de tal tarefa: a clasificación e descrición das unidades léxicas con carácter marcadamente nacional (tanto de fraseoloxismos coma de palabras illadas) axudará a descubrir algún aspecto relativamente independente do seu plano do contido? A nivel práctico, a conveniencia dunha tarefa semellante deriva da necesidade dunha diferenciación consecuente das unidades léxicas segundo esta característica. Sen entrarmos a debater aquí a cuestión dos métodos de representación da información deste tipo e dos correspondentes elementos metalingüísticos, sinalaremos que os dicionarios fraseolóxicos existentes practicamente ignoran estas diferenzas. Por exemplo, tanto no *FSRIA* coma no *REDI* as UUFF *к черту* [*ó demo*, 'ó carallo'] e *к лешему* [*ó silvano do bosque*, 'ó carallo'] ofrécense coma variantes con significado e características estilísticas idénticas (*vulg.* en *FSRIA* e *highly coll.* en *REDI*). Aínda así, contextos coma o (30) demostran que a substitución da expresión *к лешему* [*ó silvano do bosque*] pola expresión *к черту* [*ó demo*] leva a determinados cambios na tonalidade da narración:

(30) [...] pero aló están a disparar, por aló. O valoroso comandante, a paso de marcha, afúndese. —De non ser así, vou matalos dun disparo. Que lle imos facer, houbo que ir, e de súpeto, claro, guindounos ***к лешему*** [*ó silvano do bosque*] por detrás das faxinas (Saxa Sokolov. *Entre o can e o lobo*, Между собакой и волком)[199].

Comparadas cos seus sinónimos máis frecuentes, UUFF coma *к лешему* [*ó silvano do bosque*] percíbense coma marcadas de maneira adicional. Dado que é aconsellable

[198] O significado da marca *folk*, tamén utilizada de maneira correcta no *REDI*, non se explica no limiar deste dicionario.

[199] Neste contexto o uso da UF *к лешему* [*ó silvano do bosque*] está motivada de maneira adicional pola lóxica da serie de varios sons (en particular, da aliteración do son 'x' [-*ш*-]).

plasmar dalgún xeito estas particularidades das unidades léxicas nos dicionarios, a descrición deste aspecto do plano do contido é unha tarefa razoable mesmo dende un punto de vista estritamente fraseolóxico. As anotacións coma *folclórico* e *folclórico-poético* non desempeñan esta función, xa que se orientan máis á orixe do fraseoloxismo cás particularidades do seu uso. Así, entre os fraseoloxismos marcados en *REDI* coma *folk* ou *folk-poet*, falta a maioría das unidades tratadas nesa sección. As coincidencias atópanse principalmente naqueles casos nos que o fraseoloxismo contén unha ou varias características formais relevantes (coma rima, compoñentes únicos, irregularidades morfolóxicas etc.), véx. *ни в сказке сказать, ни пером описать* [/ni v skazke skazat, ni perom opisat/ *non se dá descrito nin cunha pluma*, 'é indescritible']; *в тридевятом/тридесятом царстве/государстве* [*no reino/estado tres veces nove/tres veces dez*, 'nun reino afastado/remoto']; *в некотором царстве, в некотором государстве* [*en certo reino, en certo estado*, 'fórmula para empeza-los contos tradicionais rusos']; *пир на весь мир* [*banquete para todo o mundo*, 'gran festa, banquete']; *забубенная головушка* [*cabeciña de tambor*, 'persoa inconsciente, festeira']; *змея подколодная* [*serpe debaixo dun cepo*, 'persoa falsa, perigosa'], *по белу свету* [*polo mundo branco*, 'por todo o mundo'].

No *Dicionario tesouro da idiomática rusa actual* as particularidades do plano do contido das UUFF rusas que acabamos de estudar —a súa marcación nacional— plásmanse coa axuda da anotación especial *народн* [*popular*]. No Tesouro, esta anotación téñena, por exemplo, expresións coma: *было [и/да прошло] и/да быльём поросло* [*foi (e pasou) e creceu herba por riba*, 'algo rematou e pasou ó pasado']; *на морковкино заговенье* [*para a véspera da coresma da Cenoria*, 'nunca']; *с петухами* [*cos galos*, 'moi cedo']; *от горшка два вершка* [*a dous verxoks*[200] *da tarteira*, 'pequeno, baixiño']; *мал мала меньше* [*pequeno, máis pequeno ca pequeno*, 'moi pequeno']; *седина в бороду, [а] бес в ребро* [*pelo branco na barba pero o demo na costela*, 'expresión utilizada cando unha persoa entrada en anos fai algo que non é propio da súa idade']; *мать сыра земля* [*a terra húmida nai*, 'a terra']; *семь верст до небес [и всё лесом]* [*sete verstás*[201] *ata os ceos (e todo o tempo polo bosque)*, 'situación na que un fala moito pero está moi lonxe dun determinado tema, falar moito sen sentido']; *куда Макар телят не гонял* [*onde Makar non levou os cuchos*, 'algo inexistente, imposible']; *скатертью дорога/дорожка* [*camiño coma un mantel*, 'invitación do falante ó oínte para que abandone o lugar no que se atopan']; *[и] поминай как звали* [*lembra como o chamaban*, 'algo/alguén que foi visto e desapareceu pouco despois']. O sistema de anotacións estilísticas do *Thesaurus* tratarase con máis detalle no capítulo 11.

***

Ningunha das características externas con respecto ó plano do contido (tanto as particularidades da estrutura compoñencial coma a orixe do fraseoloxismo) parece te-la

[200] N. do t.: Medida de lonxitude.
[201] N. do t.: Véxase a nota 71.

capacidade de predicir con total seguridade o seu comportamento na fala. Neste sentido as restricións relacionadas coa marcación nacional non son unha excepción. A novidade da heurística proposta nesta sección consiste ante todo en que (ademais de características evidentes coma a orixe folclórica dun fraseoloxismo ou a presenza de palabras específicas dunha cultura na súa estrutura) no conxunto de fenómenos relevantes dende este punto de vista introdúcense varias características que non foron tratadas anteriormente neste contexto, en particular a correspondencia da forma interna das UUFF cuns ou outros sistemas semióticos culturalmente significativos. Unha vez máis, é imprescindible subliñar que, por mor da limitación que presenta o material empírico estudado nesta sección, as nosas observacións non poden aspirar ó status de conclusións definitivas. O obxectivo desta sección consistía ante todo na formulación do problema e na discusión das correspondentes hipóteses.

Capítulo 6. As UUFF: a semántica da sintaxe

6.1. A negación nas UUFF: restricións semántico-sintácticas[202]

6.1.1. Introdución ó problema

A irregularidade da fraseoloxía e do seu núcleo —a idiomática— maniféstase en restricións bastante caprichosas que presentan as unidades fraseolóxicas á hora de realizaren as categorías gramaticais. No caso dos fraseoloxismos, a posibilidade de aplicar transformacións sintácticas relativamente estándar (tales coma a introdución de complementos ou a pasivización) tamén está considerablemente restrinxida.

A transformación en voz pasiva, permitida nunha ampla clase de construcións sintácticas, no caso das oracións con UUFF verbais ten un carácter selectivo que non é totalmente comprensible. Por exemplo, as UUFF *сдвинуть с мертвой точки (что-л.)* [*sacar/mover do punto morto*, 'retomar, volver poñer en marcha'] e *ставить на одну доску (кого-л. с кем-л.)* [*poñer (a alguén con alguén) no mesmo taboleiro*, 'poñer (comparando) ó mesmo nivel'] son posibles tanto na voz activa coma na voz pasiva, comp. (1) e (2):

(1) **a.** Non obstante, o fervor e a fogosidade con que esta xente que recibiu unha educación totalmente decente e que tamén distingue pola idea o anuncio do TV-Park e o equilibrio de ácidos e alcalinos das películas de Bergmann, pero que as ***ставящие на одну доску*** [*poñen no mesmo taboleiro*], só se poden explicar pola psicoloxía (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета). **b.** El ***сдвинул с мертвой точки*** [*sacou do punto morto*] o proceso das reformas. É un organizador extraordinario. Pero para min está claro que representaba os intereses de determinados grupos, sobre todo os das estruturas financeiras (*Ogonek*, Огонек).

(2) **a.** Ó final o exército, que derramara sangue para que o país non se dividise, ***поставлена на одну доску*** [*foi posto no mesmo taboleiro*] con delincuentes polos «defensores do dereito» (*Vek*, Век). **b.** [...] cos esforzos de mediación do ministro ruso de asuntos exteriores, o proceso de regulamento do conflito de

[202] Este apartado baséase no artigo Baranov, Iuxmánova 2000.

Pridnestrov ***был сдвинут с мертвой точки*** [*foi sacado do punto morto*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета).

Agora ben, a pasivización non é posible no caso das UUFF *сверлить взглядом (кого-л.)* [*furar coa mirada*, 'mirar en fite, fitar'] e *вогнать в гроб (кого-л.)* [*guindar no cadaleito*, 'mandar á tumba']: *Он сверлит ее взглядом* [*el fúraa coa mirada*] vs. **Она сверлима взглядом* [**ela é furada coa mirada*]; *Он вгонит ее в гроб* [*el guíndaa no cadaleito*] vs. **Она будет вогнана в гроб* [**ela será guindada no cadaleito*]. Sinalaremos que tanto dende unha perspectiva sintáctica coma semántica non se observan neste caso prohibicións manifestas para a pasivización. Os verbos que presentan unha semántica próxima permiten a transformación correspondente, comp. *Она была внимательно изучена/исследована/осмотрена* [*Ela foi estudada/investigada/examinada con atención*]; *Она была отравлена/замучена/уничтожена/убита* [*Ela foi envelenada/torturada/destruída/matada*] etc.

Na morfoloxía tamén se poden atopar facilmente exemplos de irregularidades evidentes. Por exemplo, é difícil predicir en que casos unha UF permite variabilidade de número nos substantivos que aparecen na súa estrutura e en que casos non. Así, na UF *не будь дурак* [*non sexas parvo*, 'non ser parvo, ser listo'] permítese a concordancia (co suxeito) en plural, mentres que en *семи пядей во лбу* [*sete palmos de testa*, 'persoa moi intelixente'] non é así, a pesar de que o singular é aceptable en ámbolos dous casos. Comp. (3a) e (3b):

(3) **a.** Antes diso ela tamén mirara para el, a nosa Matera... el foi onda os labregos que vivían daquela, chegou e dixo: «Eu son así e así, quero que, cando a morte me veña buscar, me enterredes enriba dun alto barranco. E en contrapartida eu heivos de construír unha igrexa cristiá». Os labregos, ***не будь дураки*** [*non sexas parvo*, 'que non eran parvos'], estiveron de acordo. E, de feito, deixóulle-los cartos; o comerciante seica era rico... milleiros e milleiros, dunha vez ían dez, doutra doce (V. Rasputin. *A despedida da nai*, Прощание с Матерой). **b.** É natural que os directivos, mesmo se ***семи пядей во лбу/*лбах*** [*teñen sete palmos de testa/*de testas*] e sanearon a empresa da maneira máis espectacular, queden sen nada dentro dun ano e medio por mor da gran contía da multa (*Segodnia*, Сегодня).

No relativo ás oposicións aspectuais, a situación é igual de relevante. Por exemplo, a UF *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'] co significado de 'expresión dunha experiencia de forte estado emocional' unicamente é aceptable en aspecto perfectivo, comp. (4):

(4) Pasou a man pola cara, como apalpándose a si mesmo: «Eu son descendente de Tiútchev. O seu bisneto. ***С ума сойти***! [*É para baixar da mente!*]» (vs. ***С ума сходить***![203]) (V. Sorokin. *Norma*, Норма).

Aínda que os problemas da pasivización das UUFF e da variabilidade morfolóxica

[203] N. do t.: A mesma expresión pero co verbo en aspecto imperfectivo.

tiveron certa presenza na literatura (véx., por exemplo, Möhring 1996; Dobrovol'skij 1999a, 2000a, 2000f, 2001a, 2002d; Добровольский 2005a, 2007)[204], practicamente non se trataron as regularidades de interacción das UUFF coa negación, en particular a introdución dunha negación na estrutura dunha UF. Sinalaremos que D. N. Xmélev (Шмелев 1958) estudou o problema da expresión do significado negativo en enunciados con outros tipos de fraseoloxismos (fraseoesquemas). Considerando un material lingüístico máis amplo, estudáronse expresións cunha «negación interna» para a lingua inglesa (*negative polarity items*) (véx., por exemplo, Baker 1970; Seuren 1974, 1978). Esta sección centrarase nas UUFF. Dende o punto de vista da interacción coa negación, o estudo deste campo do sistema lingüístico permite revelar tanto propiedades xerais (que aproximan a idiomática ó léxico común) coma tamén características específicas inherentes unicamente ás UUFF. Analizarémo-la capacidade que teñen estas unidades para integrar unha negación e as condicións nas que a inclusión da negación é imposible ou difícil. Ademais, intentaremos revela-las causas dalgunhas restricións que posúen un carácter semántico e pragmático.

6.1.2. Clasificación formal das UUFF en relación á negación

As UUFF verbais servirannos de obxecto de investigación. Clasificáronse como UUFF verbais aqueles fraseoloxismos que posúen un compoñente verbal con significado pleno: *жить вчерашним днем* [*vivir no día de onte*, 'non vivi-lo presente, vivir no pasado'], *ждать своего часа* [*agarda-la súa hora*, 'estar listo pero en espera ata que chegue o momento axeitado'] etc. Así, na lista resultante non se incluíron UUFF sen verbos ou sen verbos con significado pleno coma [*быть*] *не в кайф* [*non (estar) no pracer*, 'situación/cousa desagradable'], *от случая к случаю* [*de caso a caso*, 'de cando en vez, esporadicamente'], *стреляный воробей* [*un pardal disparado*, 'persoa con experiencia da vida'], *год от года* [*de ano a ano*, 'dun ano a outro'], *сбодуна* [*con resaca*], *по пьяни/пьянке* [*ó xeito bébedo*, '(facer algo) en estado de ebriedade']. Por outra banda, tampouco se analizaron colocacións coma *принимать решение* [*tomar unha decisión*].

As UUFF verbais dividíronse en grupos seguindo dous criterios principais:

(i) presenza dunha negación na forma da UUFF no dicionario

(ii) capacidade da UF de integrar unha negación.

Ó dicirmos 'forma da UF no dicionario' referímonos non tanto á presenza dunha negación nas entradas lexicográficas das UUFF nos dicionarios existentes coma á intuición dos falantes dunha lingua, que suxire que unha determinada UF nun «dicionario abstracto» (en contraposición á «gramática abstracta») ten que ir con negación e non sen ela. Como se pode ver, o feito de que a forma dunha UF (con negación ou sen ela) sexa un elemento 'do dicionario'[205] está relacionado coa frecuencia de uso, co feito de que teña un carácter estándar facilmente perceptible polos falantes da lingua, coa naturalidade de uso, así coma tamén coa produtividade

[204] Para a análise das particularidades da pasivización das UUFF véx. tamén o apartado 6.2.
[205] N. do t.: Terminoloxía dos autores.

gramatical (é dicir, coa capacidade de realizar transformacións gramaticais coma a pasivización, crear formas verbais etc.). O exemplo máis simple deste tipo son as UUFF que en principio só se utilizan con negación. Así, a UF *не лезть в карман за словом* [*entrar no peto para colle-la palabra*, 'ser solto de palabras, ter labia'] sempre se utiliza cunha negación explícita; comp. exemplos coma o (5):

(5) Quen sorprendeu non foi Nazdratenko; sorprenderon os enredantes xornalistas da capital, ***обыкновенно не лезущие за словом в карман*** [*que normalmente non entran no peto para colle-la palabra*]. Aquí mesmo, nos encontros persoais, eran amables, atentos, cordiais e claramente non estaban dispostos a ter unha conversa concreta cunha persoa para quen se amoreaban as preguntas entre os telespectadores (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости).

Os contextos de uso desta UF sen negación percíbense ben coma incorrectos ou ben coma humorísticos, comp. o titular do artigo da *Nóvaia gazeta*, Новая газета do 14 abril de 1997: ***За словом лезут в карман***. *Для чего покупают российскую прессу* [***Entran no peto para colle-la palabra***. *Para que mercan a prensa rusa*]. A este grupo de UUFF tamén pertencen *[работа...] не бей лежачего* [*(un traballo...) non pegues a quen está deitado*, 'traballo moi doado de facer']; *не укладывается в голове* [*non se coloca na cabeza*, 'ser difícil de entender/aceptar']; *ахнуть не успеть* [*non ter tempo a dicir ag!*, 'algo que acontece moi rápido, nun santiamén']; *оглянуться не успеть* [*non ter tempo de da-la volta e mirar*, 'algo que acontece moi rápido, nun santiamén']; *не успеть [и] [глазом] моргнуть* [*non ter tempo (nin) de pechar (un ollo)*, 'algo que acontece moi rápido, nun santiamén']; *[сидеть...] не отрывая задницы* [*(estar sentado...) sen arrinca-lo cu*, 'non moverse en absoluto (dun lugar)']; *молоко на губах не обсохло (у кого-л.)* [*(a alguén) aínda non lle secou o leite nos beizos*, 'ser moi novo, sen experiencia']; *не ударить в грязь лицом (перед кем-л.)* [*non dar coa cara na lama (perante alguén)*, 'resolver unha situación que supón unha proba ou desafío']; *мало не покажется (кому-л.)* [*non lle parecerá pouco (a alguén)*, 'non ha de ser pouco importante/serio/pouca cousa']; *палец в рот не клади (кому-л.)* [*non póña-lo dedo na boca (a alguén)*, 'certa persoa é perigosa ou non é de fiar, o oínte debe estar alerta']; *не пришей кобыле хвост* [*non lle cosas unha cola a unha egua*, 'algo/alguén totalmente innecesario e superfluo, fóra de lugar'] e moitas outras. Para explicar este fenómeno resulta axeitado facer unha analoxía con palabras que conteñan unha negación na estrutura morfolóxica coma *неудовольствие* [*desagrado*], *неприятность* [*contrariedade*], *ненависть* [*odio*]. Dado que as UUFF coma sistema están próximas ás palabras comúns —as unidades do dicionario abstracto—, nas UUFF desta clase a negación convértese nun factor léxico máis ca sintáctico.

As UUFF deste tipo denominarémolas **explícito-negativas**. As UUFF explícito-negativas non son homoxéneas en canto á presenza obrigada da negación. Aínda así, nunha parte delas é posible a omisión da negación nalgúns contextos, véx. a UF *не заставить себя долго ждать* [*non obrigarse a esperar moito tempo*, 'non facer(se) esperar'] nos exemplos (6) e (7):

(6) O abraiante non é que estoupase o escándalo arredor do RTR, senón o feito de que ***долго себя заставил ждать*** [*se obrigase a esperar moito tempo*] (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости).

(7) [...] despois de mira-la cabeza da muller, Kern sinalou cun aire de preocupación: —Hai algo que lle fai a Saloméi ***заставляет себя долго ждать*** [*obrigarse a esperar moito tempo*] (A. Beliáev. *A cabeza do profesor Dowell*, Голова профессора Доуэля).

Disto dedúcese que, no grupo de UUFF que estamos a estudar, nalgúns casos a fixación da negación explícita posúe un carácter de tendencia que require unha descrición especial en forma de lista de excepcións ou de regras correspondentes.

Así, as UUFF explícito-negativas divídense en dous grupos: aquelas con negación eliminable e aquelas con negación non-eliminable. As primeiras ímolas denominar **UUFF explícito-negativas débiles** e as segundas **UUFF explícito-negativas fortes**.

Aplicando os mesmos criterios distínguese a clase das **UUFF explícito-positivas fortes** e a clase das **UUFF explícito-positivas débiles**. As primeiras non permiten a aparición dunha negación, mentres que as segundas si o permiten. Á primeira clase pertencen, por exemplo, *в отцы годиться* [*valer para se-los pais*, 'ser suficientemente vello como para se-lo pai'], *в сорочке родиться* [*nacer coa camisa posta*, 'ter moita sorte'], mentres que á segunda pertencen *вешать лапшу на уши* [*pendurarlle a alguén un fideo das orellas*, 'enganar'], *вбить себе в голову* [*meter algo na cabeza*, 'inculcar, facer aprender'], compárense, respectivamente, (8) e (9):

(8) Por suposto que é agradable que o nome do capitán da selección da URSS goce de tal autoridade na Liga, pero o que parece totalmente de fantasía é que case un terzo do equipo Fetisov ***(*не) годится в отцы*** [*(*non) valla para se-los pais*] (*Ogonek*, Огонек).

(9) Eu estudaba de noite, el tiña sona de corifeo. Eu era máis listo, el relucía. Eu era máis profundo, el ***(?не) вешал лапшу на уши*** [*(?non) lle penduraba un fideo das orellas*]. E todos o querían (M. Weller. *A rodiña*, Колечко) vs. Vostedes, digo eu, son cobras, ***не вешайте*** *мне* ***лапшу на уши***! [*non me penduren un fideo das orellas!*] (Abram Terts. *A voz do coro*, Голос из хора).

No traballo de Iu. D. Apresián (Апресян 1990) proponse considera-las UUFF explícito-negativas do tipo *пальцем не пошевелить* [*non mover un dedo*, 'non facer nada'], *не уступить ни на йоту* [*non ceder nin un iota*, 'non ceder en absoluto'] coma afirmativas no dicionario e explica-la presenza da negación en usos reais por medio dunha contradición entre o marco modal e a parte asertiva dos enunciados con estas unidades. Así, a UF *не уступить ни на йоту* [*non ceder nin un iota*] preséntase no dicionario da seguinte maneira: «*X на йоту уступит* [*X cede un iota*] significa, nunha primeira aproximación, '*X* cede moi pouco; o falante considera que *X* non cede en absoluto'» (Апресян 1990: 62). Segundo esta interpretación, a contradición na forma de partida da entrada do dicionario anúlase ó introducir no contexto unha negación cun campo de acción selectivo: a afirmación. Malia toda a súa orixinalidade,

a variante de descrición das UUFF explícito-negativas proposta por Iu. D. Apresián non é sempre aplicable ás UUFF do grupo elixido. En realidade pódese estender ás UUFF cun grao bastante alto de desmembramento nas que está presente un compoñente ó que se lle pode contrapoñe-lo significado 'pequeno grao de manifestación de algo': *йота (ни на йоту не уступить)* [*iota (non ceder nin iota)*]; *палец (пальцем не пошевелить* [*dedo (non mover un dedo)*]; *пальцем о палец не ударить* [*non dar dedo con dedo*]; *слово (слова не сказать)* [*palabra (non dicir palabra)*] etc. A UF do mesmo grupo *на порог не пускать* [*non deixar entrar no limiar*, 'non deixar entrar na casa dun'] úsase en contextos análogos de eliminación da negación: *– Знаю я тебя, – отрезал Энергичный. – {Если} Ты кого* ***на порог пустишь****, язык уже не повернется отказать. А так – посмотрел в глазок, не понравился человек – и не открываешь. Дома как будто нету* [*—Xa te coñezo eu —espetoulle o Enérxico—. {Se} Ti* ***deixas entrar*** *alguén* ***no limiar*** *e xa non se pode dicir que non. E así miras pola gradicela, non che gusta a persoa e non abres. Como se non houbese ninguén na casa*] (E. Kozlovskii. *Un piso, un guión de cine*, Квартира, киносценарий)[206]. Non obstante, a interpretación proposta parece ser demasiado artificial: *X non deixa entrar a Y no limiar* ≈ '*X* deixa entrar a *Y* no limiar moi pouco; o falante considera que *X* non deixa entrar a *Y* en absoluto'. É bastante difícil interpreta--lo primeiro compoñente da explicación semántica.

Os problemas de tipo técnico referidos á modificación do método de definición non son máis importantes cá capacidade destes para explica-lo fenómeno da supresión da negación neste grupo de UUFF explícito-negativas débiles e tamén noutras UUFF (tanto explícito-negativas coma explícito-positivas). O natural non é estuda-las características específicas do comportamento das UUFF explícito-negativas dende a perspectiva das anomalías lingüísticas, senón dende a norma, no contexto de factores de inclusión dunha negación nas UUFF de tódolos grupos tratados. Ademais, no caso de haber varias expresións lingüísticas iguais é mellor considerar como forma do dicionario aquela variante que realmente estea presente na práctica na maioría dos exemplos de uso e que non contradiga a intuición lingüística. En todo caso, tal restrición sería natural para dicionarios monolingües destinados a un usuario normal. Cantas menos construcións lingüísticas haxa neles, mellor. Sinalaremos que no artigo de Iu. D. Apresián que estamos a tratar atópase unha idea importante sobre a semántica dos contextos permisivos, que se caracterizan coma enunciados «temerosos» (preguntas e tamén oracións cunha semántica de dúbida, de concesión, de condición).

Finalmente, existen UUFF que se empregan con facilidade tanto en forma afirmativa coma negativa, véx. (10). A este grupo pertencen, por exemplo, *знать в лицо* [*coñecer na cara*, 'coñecer de vista'], *бросаться в глаза* [*guindarse (a alguén) ós ollos*, 'chama-la atención']. Estas UUFF pódense denominar **negativo-neutrais**, é dicir, que admiten facilmente unha negación.

(10) A egua quedou inmóbil de novo e, agora, cando estaba sen sela, especialmente ***бросалось в глаза*** [*guindábase ós ollos*], coma ondas tremendo, coma

[206] Entre chaves restablécense os compoñentes da oración omitidos como resultado da elipse.

ondiñas pequenas na auga que corrían polas negras ancas (F. Iskander. *O home-lóstrego, ou o puxkinista de Chegem*, Молния-мужчина, или чегемский пушкинист) vs. Pódese polinizar de contado e dentro dun día arrinca-la coroa, para que ***в глаза не бросался*** [*non se guinde ós ollos*] (V. Dudíntsev. *Roupas brancas*, Белые одежды).

Resulta evidente que dende un punto de vista lingüístico as UUFF máis interesantes son as explícito-negativas e as explícito-positivas na súa variante débil, xa que precisamente estes dous grupos, por definición, son capaces de admitir unha negación en determinadas condicións. O problema das UUFF explícito-negativas e as explícito-positivas de tipo forte merece unha atención especial. Nalgúns casos, as razóns do seu debilitación en relación coa negación débense á súa semántica, aínda que este feito require unha discusión adicional (*vide infra* algunhas observacións).

Hai que ter en conta que existen UUFF con diferentes significados que se poden incluír en distintos grupos da clasificación establecida. Por exemplo, a UF *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'] presenta varios significados, que interaccionan coa negación de maneiras diferentes (Баранов, Добровольский 1995б). O primeiro significado ('perde-la capacidade de pensar correctamente e/ou comportarse de maneira axeitada ás circunstancias como resultado dun trastorno psíquico'), que se realiza en contextos do tipo *Конечно, и выкинула врачиха моя той же ночью... Беда... Седая вся враз сделалась. А может, и* ***с ума сошла****. Долго ли, маршал,* ***с ума сойти*** *от такого зверства?* [*Pois claro, a miña doutora abortou aquela mesma noite...Que traxedia...O seu cabelo volveuse todo gris. E pode que* ***baixara da mente****. É doado, mariscal,* ***baixar da mente*** *por unha brutalidade así?*] (I. Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек), forma parte do grupo das UUFF negativo-neutrais. Sería perfectamente posible imaxinar un contexto de uso desta UF con este significado utilizando unha negación explícita, por exemplo: *И это все – и Сталин, и хурма, / И дым застолья, и рассветный кочет, – / Все для того, чтоб* ***не сойти с ума****, / А суть Твоя является сама, / Но лишь, когда сама того захочет!* [*E isto é todo: tanto Stalin coma o caqui, / e o fume do banquete, e o galo da alborada. / Todo para* ***non baixar da mente*** */ e a Túa esencia aparece ela mesma, / pero só cando ela mesma o queira!*] (A. Gálich. *Canción sobre Tbilissi*, Песня о Тбилиси).

Por outra banda, os significados de *сойти с ума* [*baixar da mente*] 'pensar de maneira incorrecta e/ou actuar de maneira desaxeitada ás circunstancias, dando a idea dun comportamento de enfermo mental' (11) e 'experimentar un forte sentimento de amor por alguén, que vai acompañado dunha concentración de atención extrema sobre esa persoa, o que se manifesta nunha determinada actividade e lembra o comportamento dun enfermo mental' (12) entran na clase das UUFF explícito-positivas de tipo débil (en ámbolos dous casos acéptase a aparición da negación no imperativo):

(11) Ti ***с ума сошла***! [*baixaches da mente!*] Intentar chama-la atención con tales pretensións! (E. Gainsbourg. *Unha ruta cruel*, Крутой маршрут) vs. ***Не сходи с ума***! [*non baixes da mente!*] Ti cháma-la atención con pretensións estúpidas.

(12) Cando Valia o ve abanéanlle os xeonllos. Ela por el ***сходит с ума*** [*baixa da mente*] vs. Non vale un pataco. He ***сходи*** *по нему* ***с ума***! [*non baixes da mente por el!*].

Tamén se distinguen contextos de uso de *сойти с ума* [*baixar da mente*] nos que se manifesta unha forte experiencia emocional (positiva ou negativa) experimentada polo falante (13). Con este significado *сойти с ума* [*baixar da mente*] entra no grupo das UUFF explícito-positivas fortes.

(13) Borka! Paaara! Pero se isto é ***с ума сойти***! [*baixar da mente!*] (Ven. Eroféev. *A noite de Valpurgis, ou os pasos do comendador*, Вальпургиева ночь, или шаги командора).

Neste contexto é imposible introducir unha negación explícita na UF; comp. **Ведь это с ума не сойти!* [**é non baixar da mente!*].

No sucesivo, en caso de ser necesario, indicarase especificamente o significado co que se empregan as UUFF.

6.1.3. Operación de negación dunha UF

Por «negación dunha UF» enténdese a operación de introducir unha negación xeral nunha UF. Noutras palabras, interésanno-las condicións que permiten pasar dunha construción do tipo NON É CERTO QUE *P* (onde na estrutura de *P* aparece unha UF verbal) a unha construción na que a negación aparece na estrutura sintáctica da UF e o cambio do contido corresponde á semántica da propia negación. Estes casos denominarémolos casos de **admisión da negación** da UF. Ó dicir que unha UF admite unha negación referímonos a que UUFF, afirmativas na súa forma orixinal, permiten un uso en forma negativa, de xeito que a negación é explícita e intégrase na súa estrutura sintáctica: *Курьеры* ***знали*** *друг друга* ***в лицо*** [*Os correos* ***coñecíanse*** *uns ós outros* ***na cara***, 'os correos coñecíanse uns ós outros de vista'] vs. *Курьеры* ***не знали*** *друг друга* ***в лицо*** [*Os correos* ***non se coñecían*** *uns ós outros* ***na cara***, 'os correos non se coñecían uns ós outros de vista'] (*Izvestia*, Известя).

O caso das UUFF explícito-negativas é lixeiramente diferente. Neste caso investíganse as condicións nas que se suprime a negación interna na UF como reacción á introdución dunha negación xeral: *Не бери в голову всякую ерунду* [*Non metas na cabeza calquera parvada*] vs. *Если ты будешь брать в голову всякую ерунду, то долго не проживешь* [*Se vas meter na cabeza calquera parvada non has de vivir moito tempo*]. O procedemento de supresión da negación en UUFF explícito-negativas é semellante á supresión da dobre negación, pero non é equivalente a esta porque, a diferenza dos enunciados afirmativos habituais, mesmo as UUFF explícito-positivas presupoñen no seu emprego elementos dun contexto contrastivo.

Unha negación xeral considérase normalmente un operador en cuxo campo de acción se atopa unha proposición. A operación de negación é moi empregada na análise semántica: «Un método natural de análise semántica interna da lingua de oracións con partículas negativas é a eliminación desas partículas, con tódolos caprichos da súa distribución na estrutura da oración, e a súa substitución polo lexema NON É CERTO

[QUE...]» (Падучева 1974: 144). Aquí este método utilízase, en certo sentido, dende a outra banda: unha negación xeral representada polo operador NON É CERTO [QUE] introdúcese na estrutura sintáctica da UF.

Cómpre salientar de maneira especial que neste caso non nos interesa a negación contrastiva, xa que o foco do contraste nunha situación contrastiva pode ser practicamente calquera compoñente do enunciado, mesmo unha parte dunha palabra, coma no exemplo (Wierzbicka 1975): – *John is interested in heterogeneity. – John is interested in hetero-what? – In heteroGENEITY.* Así mesmo, sinalaremos que incluso con respecto a unha negación contrastiva, as UUFF non sempre se comportan seguindo a regra xeral. Nalgúns casos os compoñentes da UF están tan amalgamados semanticamente (indesmembrables) que nin sequera se poden atopar no campo de acción dunha negación contrastiva. Por exemplo, nas UUFF *дать дуба* [*da-lo carballo*, 'morrer'] ou *сыграть в ящик* [*xogar ó caixón*, 'morrer'] o compoñente substantivo non se pode negar contrastivamente, xa que é imposible representar a qué pode estar contraposto. Construcións coma *Он дал не ДУБА, а березу* [*Non deu o CARBALLO, senón a BIDUEIRA*]; *Он сыграл не в ЯЩИК, а в домино* [*Xogou non ó CAIXÓN, senón ó dominó*] enténdense unicamente nun contexto de xogo de palabras. Isto tamén é válido para a UF *откинуть копыта* [*guinda-los pezuños*, 'morrer, espichala'], aínda que estruturalmente se lle pode contrapoñe-la UF quasi-sinónima *откинуть коньки* [*guinda-los patíns*, 'morrer, espichala']. Incluso neste último caso a contraposición construída unicamente é aceptable como xogo de palabras: *Он откинул не КОПЫТА, а КОНЬКИ* [*el guindou non os PEZUÑOS, senón os PATÍNS*]. A capacidade de se converter no foco do contraste está aparentemente relacionada coa propiedade da desmembrabilidade semántica das UUFF. A cada compoñente dunha UF desmembrable semanticamente pódeselle atribuír un significado partindo do significado real de toda a UF no seu conxunto, comp. os contextos do tipo *Это не СВЯЩЕННАЯ, а вовсе даже ДОЙНАЯ корова* [*Isto non é unha vaca SAGRADA, senón mesmo unha vaca LEITEIRA*].

Os seguintes parámetros do proceso da comunicación forman parte das principais particularidades dunha situación de contraste: a presenza dun conxunto situacional a partir do cal se produce a selección do elemento contrastivo, a propia selección do elemento contrastivo, a presenza dunha contraposición explícita ou implícita, o coñecemento por parte de tódolos participantes da situación comunicativa do conxunto situacional etc. (para máis detalles, véxase Баранов 1984). As situacións non contrastivas, debido ás súas propiedades, están preto dos contextos de uso das descricións. Noutras palabras, unha negación non contrastiva, dado que loxicamente é restritiva e que aparta un elemento do «non negativo» análogo, dende o punto de vista da intención comunicativa do falante ten que estar preto dunha descrición, dunha definición non-restritiva, aínda que neste caso non se pode conseguir unha identificación plena, senón que debe ser coma a tendencia dunha función cara ó seu límite. Por exemplo, ha de ser contrastivo o emprego da negación na UF *сидеть на шее* [*estar sentado no pescozo de alguén*, 'vivir a costa de alguén']: «*Ты собираешься делать карьеру? – иронически спросил Борменталь. – Собираюсь.* ***Не на шее*** *же у вас* ***сидеть****. Я взрослый пес... то есть, мужчина, – поправился Василий*» [«*Ti tes*

pensado facer carreira? —preguntou ironicamente Bormental. —Teño. Pois non vou ***estar sentado no seu pescozo****. Son un can adulto... é dicir, un home —corrixiuse Vasilii»*] (A. Jitinskii. *O neto do doutor Bormental*, Внук доктора Борменталя). O uso da partícula *же* [*pois*, *pero*] indica a conflitividade do enunciado de maneira adicional. Cómpre sinalar que as partículas participan con frecuencia na formación do contexto de admisión da negación das UUFF, véx., por exemplo: *Мы* ***еще*** *живы. Мы* ***еще не вышли в тираж****. «Еще ноги наши ходят, еще кони наши скачут, и пушка моя возле тела греется. Еще рука моя тебя достигнет»* [*Nós* ***aínda*** *estamos vivos.* ***Aínda non saímos ó sorteo*** *(aínda non caemos en desuso/quedamos vellos). «As nosas pernas aínda camiñan, os nosos cabalos aínda saltan e o meu canón aínda quece a carón do meu corpo. A miña man aínda te ha de alcanzar»*] (M. Weller. *Os fillos dos vencedores*, Дети победителей); *Покончить собой? Жена какого царя позволила бы себе такое? Нигде и никогда этого не бывало. Понимали, что такое царствование! Не смели бросить тень на царственного супруга.* ***Даже*** *в заточении,* ***даже*** *в монастыре* ***не кончали с собой*** [*Acabar comigo mesma? A muller de que tsar había de se permitir algo así? Isto non se deu nunca e en ningures. Entenderon o que é ser tsar?! Non se atreveron a lanzarlle unha sombra ó marido real.* ***Mesmo*** *en prisión,* ***mesmo*** *no mosteiro* ***non acababan consigo mesmos*** *(non se quitaban a vida)*] (A. Ribakov).

Certa conflitividade tamén é propia de contextos cunha oposición explícita (por exemplo, en presenza de conxuncións adversativas): *В РАО существует свой взгляд на то, как разрубить «приморский узел»: для этого необходимо выплатить угольщикам зарплату, чтобы те перестали бастовать. И тогда начать постепенно разбираться со всеми остальными проблемами. Правда, нечто подобное уже происходило в недалеком прошлом,* ***однако с мертвой точки дело не сдвинулось*** [*No RAO teñen a súa propia visión de como desface-lo «nó mariñeiro»: para isto é imprescindible pagarlles un soldo ós delincuentes para que non deixen de estar en folga. E daquela comezar a tratar tódolos demais problemas. É verdade que algo semellante xa aconteceu nun pasado non moi afastado* ***aínda que o asunto non se moveu do punto morto*** *(aínda que o asunto non foi retomado)*] (*Segodnia*, Сегодня).

A un nivel superficial, na maioría dos casos a negación contrastiva é referida a unha palabra (en contraposición á referida a unha frase, en xeral utilizada cun predicado). Resulta interesante o feito de que entre as UUFF explícito-negativas existan expresións cunha negación referida a unha palabra, a cal dende unha perspectiva semántica está referida a toda a frase (xeral), comp. *не вчера родился* [*non nacín onte*, 'teño experiencia de abondo'], *знать не понаслышке* [*non coñecer de oídas*, 'coñecer moi ben'], *жить не по средствам* [*non vivir segundo os seus medios*, 'non vivir conforme ós seus recursos'], *не на того напасть* [*non atacar a ese*, 'imprecación do falante para deixar claro que non se deixa enganar/convencer'], *встать не с той ноги* [*non erguerse con esa perna*, 'estar de mal humor (dende a mañá)'], *[как] не фига делать* [*non facer nin un corte de manga*, 'non facer absolutamente nada'], *не даром есть свой хлеб* [*non come-lo seu pan de balde*, 'afirmación do falante deixando claro que traballa duro para gaña-lo pan'], *прийтись не ко двору* [*non chegar ó patio*, 'non ser

conveniente/axeitado']. Estas expresións tamén se estudaron considerando a posibilidade de admitir unha negación. Así mesmo, sinalaremos que algunhas destas UUFF permiten variabilidade de situación da negación. A negación referida a unha palabra tamén se pode transformar nunha negación referida a unha frase a nivel da sintaxe superficial: *Я часто выступал здесь в 60-70-е годы, потом был вынужденный перерыв в связи с тем, что моя музыка* ***не пришлась ко двору*** *советским властям* [*Eu actuaba a miúdo aquí nos anos 60 e 70; despois vinme obrigado a facer unha pausa porque a miña música* ***non lles chegaba ó patio*** *ás autoridades soviéticas*] (*Izvestia*, Известя). Comp. a forma estándar desta UF no dicionario: *прийтись не ко двору* [*non chegar ó patio*].

Dado que os contextos que favorecen a inclusión dunha negación (ou, pola contra, a súa supresión) se repiten nos diferentes grupos de UUFF estudadas, a lóxica da exposición que segue está orientada ós tipos de contextos e ós factores de admisión dunha negación. Ademais, as particularidades de comportamento específicas dos diferentes grupos de UUFF indícanse de maneira concreta en cada contexto.

6.1.4. Contextos de admisión da negación

6.1.4.1. O contexto do imperativo

A introdución dunha negación nun contexto imperativo é posible sobre todo no caso das UUFF explícito-positivas de tipo débil. A principal restrición para a semántica redúcese a que a UF na súa forma afirmativa designe unha situación indesexable e susceptible de control por parte do receptor. A forza ilocutiva dun imperativo negado pode ser unha prohibición (morfoloxicamente exprésase mediante unha negación en combinación co aspecto imperfectivo: o prohibitivo) ou unha advertencia (negación e aspecto perfectivo: o preventivo[207]). A forza ilocutiva dunha advertencia na forma gramatical do preventivo atópase relativamente en poucas ocasións na idiomática, comp.: *Смотри, не сверни себе шею!* [*Ten coidado de non torce-lo pescozo!*, 'de non rompe-la crisma!'], *Смотри, не сядь в калошу!* [*Ten coidado de non sentar nunha chinela!*, 'de non mete-la pata!'], *Смотри, не сядь в лужу!* [*Ten coidado de non sentar nunha poza!*, 'de non mete-la pata!']. Non obstante, a prohibición si que está presente con máis frecuencia na idiomática, comp.: *Не вешай лапшу на уши!* [*Non pendures un fideo das orellas!*, 'non enganes!'], *Не крути мозги!* [*Non retórza-los miolos!*, 'non intentes enganar!'], *Не забивай себе голову!* [*Non te cárgue-la cabeza!*, 'non éncha-la cabeza de cousas absurdas!']. A análise do corpus demostra que mesmo se nun principio o verbo da UF permite o uso de ámbolos dous aspectos, o imperativo negativo fórmase ben na forma do prohibitivo, ben na forma do preventivo, comp. *пудрить/запудрить мозги* [*empoa-los miolos*, 'intentar confundir, enganar alguén'] e *Не пудри мне мозги!* [*Non me empóe-los miolos!*] fronte á imposibilidade de **Не запудри*[208] *мне/ему мозги!* [**Non me/lle empóe-los miolos!*]. Parece evidente que isto está relacionado coa semántica da propia UF. No caso dos verbos, esta restrición é

[207] Neste caso utilízase a terminoloxía introducida en *Tipoloxía das construcións imperativas* (1992).

[208] N. do t.: Forma verbal co prefixo perfectivo *за-* [/za/], que, neste caso, lle confire un aspecto perfectivo a un verbo que orixinalmente era de aspecto imperfectivo.

menos categórica, comp. *обманывать/обмануть* [*enganar*]: *Не обманывай меня/его!* [*non me/o enganes!* (en aspecto imperfectivo)] e *Не обмани меня/его!* [*non me/o enganes!* (en aspecto perfectivo)].

A restrición xeral para a semántica das UUFF explícito-positivas débiles (a indesexabilidade da situación descrita e o control desta situación por parte do receptor) pode ser precisada para cada un destes subgrupos. Distínguese especialmente un grupo de UUFF que describen as **infraccións das regras da interacción lingüística entre as persoas**. A este tipo de regras pertencen, en particular, as célebres máximas de Grice (Грайс 1985). A situación de infracción da **máxima de calidade** («Di a verdade!») regúlase, por exemplo, por medio das expresións *не пудри мозги* [*non me empóe-los miolos*], *не вешай мне лапшу на уши* [*non me pendures un fideo das orellas*], *не заговаривай мне зубы* [*non me conxúre-los dentes*, 'non intentes eludi-la cuestión'], *не рассказывай мне сказки* [*non me contes contos*], *не морочь мне голову* [*non me escuréza-la cabeza*, 'non me confundas'], *не ломай комедию* [*non fagas comedia*, 'non esaxeres/mintas']. Con estas UUFF unha simple negación contrastiva non é suficiente, comp. *Он из тех, кто всю жизнь православным* ***лапшу на уши (*не) вешает*** [*El é un deses que en toda a súa vida* ***(*non) lles pendurou un fideo das orellas*** *ós ortodoxos*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). Resulta evidente que calquera das negacións aceptables desta UF se entende coma contrastiva. Comp. o exemplo *Я никогда никому лапшу на уши не вешал* [*Eu nunca lle pendurei a ninguén un fideo das orellas*], onde se presupón a presenza dunha opinión contraria dos interlocutores ou de terceiras persoas.

A infracción da **máxima de relevancia** («Non divagues do tema!») pódese corrixir por medio de enunciados imperativos coas UUFF *сбивать с толку* [*derribar do sentido*, 'desconcertar, confundir'] e *ходить вокруг да около* [*ir arredor e dando voltas*, 'dar rodeos, non ir ó núcleo da cuestión']: *Слушайте, что вы боитесь называть вещи своими именами?* ***Не ходите*** *вы* ***вокруг, да около*** [*Escoiten, por que teñen medo de chama-las cousas polo seu nome?* ***Non vaian arredor e dando voltas***] (*Nóvaia gazeta*, Новая газета); *– Да эти деньги у меня, брат, не пропащие, ты мне их вынь да положь... Много ли дал Патап на яйца?.. Подавай сюда... – Да ты постой, погоди,* ***не сбивай меня с толку****, – молил отец Михаил, отмахиваясь рукой. – Скажи путем, про какие ты деньги поминаешь?* [*—Pero estes cartos, irmán, non están perdidos, dámos xa, agora mesmo... Patan deu moito polos ovos?... Dáme... — Para, espera,* ***non me derribes do sentido*** *—pregou Mighaíl, o crego, facendo un aceno de rexeitamento coa man—. Dime como é debido: de que cartos estás a falar?*] (P. Mélnikov-Pecherskii. *Nos bosques*, В лесах). A infracción da **máxima de modo** («Fala claro e con coherencia, sé organizado, sé conciso») pódese corrixir mediante as formas *не болтай языком* [*non abanée-la lingua*, 'non fales por falar'], *не тяни волынку/резину* [*non tíre-la gaita/goma*, 'non tardes tanto'], *не тяни время/кота за хвост* [*non lle tires ó tempo/gato do rabo*, 'non tardes'], *не вали все в одну кучу* [*non botes todo no mesmo montón*, 'non mestures/confúnda-las cousas']: ***Не вали в одну кучу*** *актерскую профессию и организацию театра. Репертуарный театр сегодня - это ведь чисто организационная вещь* [***Non botes no mesmo montón*** *a profesión de actor e a organización dun teatro. Un teatro de repertorio hoxe en día é*

unha cousa puramente organizativa] (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета); *Цуриков перестал кашлять, снял трубку и задумался еще глубже. Из зала ободряюще крикнули: – Давай, Мотыль,* ***не тяни резину****!* [*Tsúrikov deixou de tusir, quitou a pipa e púxose a pensar aínda máis profundamente. Co ánimo alto, dende a sala berraron: —Veña, Motil,* ***non tíre-la goma****!*] (S. Dovlatov. *A zona*, Зона); *– Прежде чем пускать воду, следует навести в зоне затопления порядок, подготовить территорию... Дед Егор не вытерпел: – Ты* ***не тяни кота за хвост****. Ты скажи, кресты по какой такой надобности рубил?* [*—Antes de solta-la auga cómpre poñer orde na zona da inundación, prepara-lo territorio... O avó Egor non o deu aturado: —****Non lle tires ó gato do rabo****. A ver, di, que necesidade había de corta-las cruces?*] (V. Rasputin. *A despedida da nai*, Прощание с Матерой).

O proceso de comunicación dunha lingua natural non só se organiza coas máximas de Grice, senón tamén con principios máis socializados, en particular, co **principio de cortesía** de Leech (Leech 1983), unha de cuxas máximas, a **máxima do tacto** («Respecta os intereses do outro! Non inváda-las fronteiras do seu ámbito persoal»), aparece con moita frecuencia na idiomática. O imperativo con negación das UUFF tamén se pode utilizar para normaliza-lo proceso de comunicación: *не лезь мне в душу* [*non te metas na miña alma*, 'non te metas na miña vida'], *не суй нос в чужие дела* [*non méta-lo nariz en asuntos alleos*], *не зажимай/затыкай мне рот* [*non te tapes/péche-la boca*]: *Я скажу вам ласково, граждане с повязкой, / В* ***душу*** *ко мне лапою* ***не лезь***[209]*, / Про жизнь мою личную и непатриотичную / Знают уже органы и ВЦСПС* [*Dígovos con cortesía, cidadáns con venda, /* ***non te metas na miña alma*** *coa pata, / sobre a miña vida persoal e non patriota / saben tódolos órganos e o VTSSPS*] (V. Visotskii. *O embargo de Leningrado*, Ленинградская блокада); *Как платить - наивнейший вопрос. / Дело наше, и* ***не суй*** *в него* ***свой нос*** [*Como pagar é a pregunta máis inxenua. / É asunto noso e* ***non méta-lo nariz nel***] (A. Zinovev. *Alturas abertas*, Зияющие высоты); *– Тише тут! – цыкнула техник-смотритель. – Не на митинге! – Вы нам* ***рот не затыкайте****! – немедленно сменил объект атаки Страдокамский* [*—Silencio! —mandou cala-lo construtor-técnico—. Non están nun mitin! —Vostede* ***non*** *nos* ***tapa a boca****! Lentamente cambiou o obxecto de ataque Stradokamskii*] (V. Konetskii. *Afonso o Desafortunado*, Невезучий Альфонс).

O segundo gran grupo de UUFF explícito-positivas débiles, que permite o imperativo con negación, caracterízase pola semántica de causar unha perda (en sentido amplo, non só con mala intención necesariamente), de causar un dano físico, mental, emocional etc. O compoñente do significado en cuestión é parte do significado ou despréndese como consecuencia deste. Neste caso, a negación no imperativo persegue o obxectivo de aconsellar e de previ-lo receptor do dano que se pode causar a si mesmo. As variacións da advertencia neste caso son moi diversas: exhortacións a non prestar atención ós factores negativos da situación, a non desgustarse (*не принимай близко к сердцу* [*non o tomes preto do corazón*, 'non o tomes tan en serio'], *не бери в голову* [*non metas na cabeza*, 'non penses niso, non creas'], *не вешай нос* [*non pendúre-lo nariz*, 'non te desanimes'], *не вешай голову* [*non pendúre-la cabeza*, 'non

[209] N. do t.: Expresión invariable que sempre vai en segunda persoa de singular.

te rendas, non desistas'], comp. 14); consellos sobre non propoñerse facer tarefas irrealizables (*не бейся головой об стену* [*non batas coa cabeza contra a parede*, 'imprecación do falante ó interlocutor para que non siga intentando facer algo imposible'], *не бейся как рыба об лед* [*non te batas coma un peixe contra o xeo*, 'non traballes tan duro para saír adiante'], comp. 15); recomendacións de non traballar máis do necesario (*пупок не надрывай* [*non rómpa-lo embigo*, 'non fagas aquilo que non se pode facer, que é moi difícil'], comp. 16); proposicións de non moverse demasiado rápido (*не несись как угорелый* [*non te movas coma un queimado*, 'non te movas tanto/andes tan inquieto'], *не беги/носись сломя голову* [*non corras/vaias rompendo a cabeza*, 'non corras tan rápido'], *не бегай высунув язык* [*non corras botando a lingua fóra*, 'non corras tan rápido'], comp. 17); proposición de non levar a cabo movementos innecesarios, de non rebulir (*не вертись как белка в колесе*[210] [*non deas voltas coma un esquío na roda*, 'non andes tan atarefado, non andes a cen'], comp. 18); consellos de non arriscarse (*не суй голову в петлю* [*non méta-la cabeza no lazo*, 'non corras un risco tan grande'], *не лезь на рожон* [*non subas a unha estaca afiada*, 'non te metas nun asunto perigoso'], *не ищи приключений на свою жопу/задницу* [*non busques aventuras para o teu cu/traseiro*, 'non te metas en asuntos perigosos/dubidosos'], comp. 19). Adiantándonos ó que expoñeremos posteriormente, sinalaremos que aquelas UUFF en cuxa forma interna se atopa un xiro comparativo introducido pola partícula comparativa *как* [*como*] con frecuencia non admiten unha negación. As expresións *не бейся как рыба об лед* [*non te batas coma un peixe contra o xeo*], *не вертись как белка в колесе* [*non deas voltas coma un esquío na roda*], *не носись как угорелый* [*non te movas coma un queimado*], *не вертись как угорь на сковородке* [*non deas voltas coma unha angula na tixola*, 'non deas tantas voltas'] neste sentido supoñen unha excepción:

(14) **a.** Se non ves como casa o teu fillo, se non esperas polos teus netos? Sabes, como din, o máis importante de todo son os nervios. ***Не принимай*** todo ***близко к сердцу*** [*Non tomes todo preto do corazón*]. Pode ser que eu non fale así, pero a verdade é que os mortos non os podes traer de volta e os vivos non os podes axudar: cada un ten o seu destino, cada un ten que vivi-la súa vida, el mesmo (A. Sokolova. *As fantasías de Fariátev*, Фантазии Фарятьева). **b.** — Canto lle debo? –***Не бери в голову*** [*Non o metas na cabeza*]. Xa botaremos contas (V. Kunin. *Interrapaza*, Интердевочка). **c.** Non pasa nada, xa faremos contas. Non é a primeira vez. E ***не вешай нос***! [*non pendúre-lo nariz!*] Ti e mais eu aínda habemos de facer tantas cousas así (I. Katáev. *O corazón*, Сердце).

(15) **a.** Seica non informaron sobre a fin do mundo....Velaquí o consello que che dou: ***не бейся как рыба об лед***... [*non te batas coma un peixe contra o xeo...*] (Fala popular internet). **b.** Se aínda así se confirma o diagnóstico, querida, ***не бейся головой об стену*** [*non batas coa cabeza contra a parede*], non córte-

[210] A UF *вертеться как белка в колесе* [*dar voltas coma un esquío na roda*] é polisémica, aínda que neste caso unicamente se ten en conta un dos seus significados.

-las veas e non tragues puñados de pastillas, que Deus te salve! (Corpus textos coloquiais int.).

(16) Non has facer todo e non has gañar tódolos cartos, así que ***не надрывай пупок*** [*non rómpa-lo embigo*] (Corpus textos coloquiais int.).

(17) **a.** ***Не носись как угорелый*** [*Non te movas coma un queimado*], cómpre ir amodo e sen precipitarse, nunha vía non sobrecargada a velocidade media da viaxe do comezo ó final non é superior a 115 km/h (Corpus textos coloquiais int.). **b**. E entón entre as pernas métense esas cousiñas, os ferreiriños, e facíanse familiares; neles non hai nada atrevido nin que engaiole o espírito, nin moito menos! —Ah, xentil home, detente un segundo, ***не беги сломя голову*** [*non corras rompendo a cabeza*], que a oficina, a fotocopiadora e maila mercadotecnia esperen un pouco, mira! —canta cordialidade hai nestes nosos ferreiriños! (S. Xustov. *Os ferreiriños*, Синички).

(18) —Como pode ser? Eu neste terreo xa empecei a tolear... E non podo deixar de relacionarme con el. —Ti non te desgustes e ***не вертись как белка в колесе*** [*non deas voltas coma un esquío na roda*] (Corpus textos coloquiais int.).

(19) **a.** Apalpei o gume no cinto, tireino e dirixíndome ó labrego que me obstruía o camiño: —Non te apures... [...] ***Не суй голову в петлю*** [*Non méta-la cabeza no lazo*] —aconsellou Chuják—, de momento espera, pénsao ben [...] (O. Grigóreva. *Ladoga*, Ладога). **b.** —Detéñase, mozo! —berrou o pensionista cun pau—. Eu loitei contra Kolchak e contra Denikin! Escoite o vello, ***не лезьте на рожон***! [*non suba a unha estaca afiada!*] (V. Altov. Alegrías caninas, Собачьи радости). **c.** Entrar en xuízo con policías sae caro. ***Не ищи приключений на свою жопу***! [*Non busques aventuras para o teu cu!*]. Os policías sonche unha xente astuta, obstínanse, e ti pérde-lo tempo e os cartos. Teño experiencia. Recoméndoche que pagues 500 rublos e que o esquezas (Corpus textos coloquiais int.).

A restrición xeral na semántica das UUFF explícito-positivas débiles, que consiste na indesexabilidade da situación descrita, vese ben ó comparar tres UUFF con significados próximos: *бежать сломя голову* [*correr rompendo a cabeza*, 'correr moi rápido'], *бежать высунув язык* [*correr sacando a lingua*, 'correr moi rápido'], *бежать со всех ног* [*correr dende tódalas pernas*, 'correr moi rápido']. Nas dúas primeiras, a forma do imperativo é totalmente posible: – *Да* ***не беги ты сломя голову****! Успеем!!* [***Non corras rompendo a cabeza****! Temos tempo!!*]; ***Не бегай высунув язык*** *– весь потный уже, простудишься!* [***Non corras botando a lingua fóra***; *xa estás todo suado, haste arrefriar!*]. No caso da última UF, esta forma non é posible: ****Не беги со всех ног****! Успеем!/Простудишься!* [****Non corras dende tódalas pernas****! Temos tempo!/Haste arrefriar!*]. Ademais, o imperativo afirmativo no caso da UF *бежать со всех ног* [*correr dende tódalas pernas*] é totalmente natural: *Как только увидишь лодку – беги к ней* ***со всех ног****!* [*En canto véxa-la barca, corre cara a ela* ***dende tódalas pernas****!*]. Dado que só se pode exhortar a facer algo bo, isto implica que na semántica de *бежать со всех ног* [*correr dende tódalas pernas*] se atopa unha indicación sobre o feito de que, polo menos, o obxectivo da acción/do

movemento non é negativo, e mesmo a propia acción é positiva. Comp. o exemplo característico: *Как приятно, переспав с незнакомой, даже неприятной (!) женщиной,* ***со всех ног бежать*** *к любимой заспанной жене в фланелевом халатике и всем грешным телом ощущать, что лучше ее нет и не будет* [*Que agradable é, despois de durmir cunha muller descoñecida, mesmo desagradable (!),* ***ir correndo dende tódalas pernas*** *onda a muller querida, medio durmida, coa batiña de flanela e sentir con todo o corpo pecador que non hai nin haberá ningunha mellor ca ela*] (*Argumenti i fakti*). O primeiro significado da UF *бежать сломя голову* [*correr rompendo a cabeza*] designa un movemento rápido. Non obstante, tamén se pode utilizar en contextos que indican unha acción non totalmente xustificada e lixeiramente perigosa. Neste caso, esta expresión ten un significado similar a 'despois de tomar unha decisión, empezar a poñela en práctica de contado, sen prestar atención ás posibles consecuencias negativas': *Вскочил и* ***бежать*** *оттуда* ***сломя голову****. Да так, что по дороге в столб врезался, и теперь уж и сам не пойму: то ли это в действительности было, то ли мне примерещилось!* [*Levanteime dun chimpo e* ***saín correndo de alí rompendo a cabeza****. De maneira que polo camiño batín contra unha columna e agora xa nin eu mesmo entendo: isto pasou en realidade ou só mo pareceu a min!*] (*Rosíiskaia gazeta*, Российская газета); *Восстановление Российской империи невозможно. Об этом могут мечтать только люди, лишенные здравого смысла. Но и* ***разбегаться сломя голову*** *нельзя – чревато непредсказуемыми последствиями. Особенно в экономике* [*O restablecemento do Imperio Ruso é imposible. Con isto só poden soñar persoas desprovistas de sentido común. Pero tampouco se pode* ***ir correndo dun lado para o outro rompendo a cabeza****: estaría inzado de consecuencias impredicibles, sobre todo na economía*] (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета). Por outra banda, a forma interna da UF *бежать высунув язык* [*correr sacando a lingua*], que se manifesta no significado real, chama a atención sobre a influencia negativa da acción (física ou virtual) no organismo da persoa: *Всю последнюю неделю* ***бегал высунув язык*** *между институтом, министерством, райкомом и ОВИРом и заработал нервное расстройство* [*Pasou toda a semana pasada* ***correndo e sacando a lingua fóra*** *entre o instituto, o ministerio, o comité do distrito e o Departamento de Visados e Permisos e o que gañou foi unha crise nerviosa*]. Aprécianse así as particularidades de combinabilidade sinaladas: nun acto de fala de aconsellar alguén pódense negar aspectos negativos da situación fixados nos significados das UUFF *бежать сломя голову* [*correr rompendo a cabeza*] e *бежать высунув язык* [*correr sacando a lingua fóra*], mais a negación de aspectos positivos da situación neste tipo de actos de fala ten un aspecto anómalo, polo que resultan desafortunadas as formas de consello-imperativo: **Не беги со всех ног* [**Non corras dende tódalas pernas*].

A semántica ilocutiva do imperativo negativo tamén se pode expresar de maneira indirecta, por exemplo, coa axuda dunha pregunta en función impropia (función semellante a unha pregunta retórica), comp. *Это, конечно, ваше семейное дело, но зачем надо было* ***комедию ломать****, родинка, уродинка. Какое-то посмешище!* [*Isto, por suposto, é un asunto familiar seu, pero para que facía falta* ***rompe-la comedia*** *(face-la comedia), ai que feíña! Que ridículo!*] ≈ 'Не ломай комедию!'[*Non rómpa-la comedia*] (L. Petruxévskaia. *Érguete, Anchutka*, Вставай, Анчутка!); -

Сколько же можно срывать к чертям собачьим работу и ***мотать*** *людям* ***нервы****! Когда прекратятся ваши диверсии?* [*Como é posible interromper tanto o traballo e* ***enroscarlle os nervios*** *(poñer mal dos nervios) á xente, carallo?!*] ≈ 'Не мотай нервы!'[*Non enrósque-los nervios!*] (M. Weller. *Todo se vai arranxar*, Все уладится); *Я разозлился. – Ты знаешь что-нибудь или парадоксами развлекаешься? Один человек застрелился, из другого сделали медузу... Что ты нам* ***голову морочишь****?* [*Enfadeime. Ti sabes algo ou divírteste cos paradoxos? Unha persoa pegouse un tiro e doutro fixeron unha medusa... Que nos estás a* ***escurece-la cabeza*** *(marea-la cabeza, tomárno-lo pelo)?*] ≈ 'Не морочь голову!' [*Non escuréza-la cabeza!]* (A. e B. Strugatskii. *Mil millóns de anos antes da fin do mundo*, За миллиард лет до конца света).

A restrición na semántica dos verbos explícito-positivos débiles que se manifesta na formación destas formas é análoga á restrición que se dá na formación do imperativo negativo. No entanto, a esta restrición tamén se lle poden engadir outras. Así, a forma do imperativo categórico con *чтоб(ы)* [*para que/que*] cunha negación explícita non é posible no caso de UUFF coa semántica de 'cargar coa responsabilidade de algo que roza o feito de causarse un mal a si mesmo': **Чтоб* ***грех на душу*** *мне тут на себя* ***не брал****!* [**Que ninguén* ***non tome o pecado á alma aquí****,* 'Que ninguén faga aquí nada inmoral!']; ***Грех*** *мне тут* ***на себя не брать****!* [**Que o pecado aquí* ***non se tome a si mesmo****,* 'Non fagas nada inmoral aquí'], mentres que si é correcto *Чтоб* ***руки*** *мне тут* ***не распускал****!* [*Que ninguén* ***abra as mans*** *aquí!*, 'Que ninguén levante a man/chegue ás mans aquí!']; *Чтоб* ***голос*** *мне тут* ***не повышал****!* [*Que* ***a voz*** *aquí* ***non a levante (ninguén)****!*, 'Que ninguén levante a voz aquí!']; ***Руки*** *мне тут* ***не распускать****!* [***As mans*** *aquí* ***non abrir****!*]; ***Голос*** *мне тут* ***не повышать****!* [***A voz*** *aquí* ***non levantar****!*]. Neste caso, a razón da inadmisibilidade é evidente: o imperativo negativo no caso da UF *брать грех на душу* [*toma-lo pecado sobre a alma*] permite unicamente dar un consello, mentres que a forma gramatical presentada está ligada a unha esixencia categórica, a unha orde. Pola contra, as UUFF *руки распускать* [*abri-las mans*, 'baterlle, pegarlle a alguén'] e *голос повышать* [*levanta-la voz*] é perfectamente posible e axeitado usalas no imperativo negativo cunha semántica de esixencia categórica, pois nelas descríbense accións censuradas socialmente.

No caso das UUFF explícito-negativas débiles, un contexto de imperativo non favorece a supresión da negación. Así, a UF analizada anteriormente *не заставить себя долго ждать* [*non obrigarse a esperar moito tempo*, 'non facerse esperar'] só é posible utilizala na forma do imperativo cunha negación, comp. *Не заставляй себя долго ждать* [*Non te obrigues a esperar moito tempo*] fronte á imposibilidade de **Заставляй себя долго ждать* [**Obrígate a esperar moito tempo*].

6.1.4.2. Contexto de cita

Os procedementos de cita, ó simultanear diferentes características da fala de dous suxeitos nun diálogo, sempre supoñen un campo de infracción de moitas regras semánticas, pragmáticas e sintácticas. Contextos deste tipo permiten conserva-la negación nas UUFF explícito-positivas débiles se esta estaba no antecedente da cita, é dicir, na expresión de partida que é citada. O procedemento de cita directo é pechado

para a persoa que cita e permite reproducir practicamente todo o dito. É dicir, a persoa que cita non pode modificar nada. O procedemento de cita indirecto é máis libre para a penetración do punto de vista da persoa que cita. Neste caso, as formas do imperativo en ruso pódense reproducir por medio dunha construción con *чтобы* [*para que/que*] ou cun infinitivo; ademais, pódense empregar verbos de fala e de transmisión de información do tipo *говорить*, *передавать*, *просить*, *сообщать* [*falar*, *transmitir*, *pedir*, *comunicar*]. Neste caso é completamente normal que se conserve a negación explícita no grupo das UUFF explícito-positivas débiles: *Началось с того, что режиссеры написали заявления о своем отказе участвовать в соискании главных кинематографических призов. Но при этом – по «слезной просьбе» Мережко – пообещали, по образному выражению Полоки, «**не гнать волну**»* [*Comezou con que os directores escribiron declaracións sobre o seu rexeitamento a participaren nos concursos dos principais premios cinematográficos. Pero nisto —pola «solicitude lacrimosa» de Merejko— prometeron, segundo a metafórica expresión de Poloka, «**non facer corre-la onda** (non alporizarse)»*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета); [...] *редакции стали настоятельно советовать «**не гнать волну**» и «притушить» дискуссию по поводу погранналога* [(...) *á redacción empezaron a aconsellarlle insistentemente que «**non fixese corre-la onda**» e «atenuase» a discusión sobre o imposto de fronteiras*] (*Izvestia*, Известя); – *А Валю, Валю ты утешил? – Пришла бы на защиту – сама бы утешала! – Она просила **не гнать волну*** [*—E a Valia, a Valia consoláchela? —Poñeríase á defensiva, ela mesma había de consolarse. —Pediume que **non fixese corre-la onda***] (G. Baxkírova. *Onte e mañá*, Вчера и завтра). Noutras palabras, se no antecedente do fragmento reproducido se utiliza a UF en forma negativa, a negación tamén se conserva na propia cita.

6.1.4.3. Contexto de futuro

No caso dalgunhas UUFF explícito-positivas débiles, a introdución da negación é posible no tempo futuro. Neste grupo inclúense sobre todo UUFF en cuxa semántica está presente a idea dunha humillación cara ó propio suxeito: *идти на поклон* [*ir facer unha reverencia*, 'rebaixarse diante dunha instancia superior para obter algo'], *встать/поставить на колени* [*erguerse/poñerse de xeonllos*, 'poñerse/poñer alguén nunha situación subordinada, subordinar alguén'], *лизать подметки* [*lambe-las solas de alguén*, 'intentar gaña-lo favor de alguén mostrándose servizal e submiso'], *ломать шапку* [*rompe-lo gorro (perante alguén)*, 'facer algo en principio humillante para consegui-lo favor de alguén'], *обивать пороги* [*gastar limiares*, 'moverse moito, dar moitas voltas para conseguir algo'], *кланяться в ножки* [*poñerse de xeonlliños*, 'pedir algo humildemente'], *ползать на брюхе* [*arrastrarse sobre a barriga*, 'adoptar unha actitude submisa para conseguir algo'], *ходить на задних лапах* [*camiñar sobre as patas traseiras*, 'adoptar unha actitude submisa para conseguir algo']. Comp.: *Я не желаю врать и **не буду ползать на брюхе** перед начальством. И это уже кажется нам сумасшествием? Неужели мы настолько оскотинились в нашем «существовамсе»?* [*Eu non quero mentir e **non me vou arrastrar sobre a barriga** diante do xefe. E isto, xa nos parece unha tolemia? É posible que xa nos fixésemos tan animais na nosa «existencia»?*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица); – *Откуда у тебя деньги?! Это он? – допытывалась она. Это он тебе деньги дал?!! Чего он от*

нас хочет, а? Ты как хочешь, но я за целковый ***на задних лапах ходить не буду****!* [*—De onde sacáche-los cartos?! Foi el? —preguntaba ela—. Foi el quen che deu os cartos?! E el que quería de nós, eh? Como ti queiras, pero eu por un rublo* ***non vou camiñar sobre as patas traseiras****!*].

O compoñente semántico 'perda da propia cara (próximo á idea de humillación)' —en forma de consecuencia ou doutros compoñentes «débiles» do significado— está presente nas seguintes UUFF: *сидеть на шее* [*estar sentado no pescozo*, 'vivir a costa de alguén'], *лапу сосать* [*lambe-la pata*, 'non ter nada'], *руки марать* [*ensucia-las mans*, 'non facer algo que en principio é considerado reprobable, humillante'], *пойти на попятную* [*ir para atrás*, 'negarse a actuar segundo un acordo/decisión xa tomada'], *плакаться в жилетку* [*chorar no chaleco*, 'laiarse con alguén da mala sorte dun, choromicar']. Precisamente por este motivo, estas UUFF admiten unha negación no futuro, e non só nun sentido estritamente gramatical: *Я об тебя даже* ***руки марать не стану****! – ответил Илико* [*Eu contigo xa non vou* ***ensucia-las mans****! — respondeu Iliko*] (N. Dumbadze. *Eu, a avoa, Iliko e Illarion*, Я, Бабушка, Илико и Илларион); *– Назвать меня материально обеспеченным человеком было бы преувеличением, но* ***сидеть на шее*** *у мужа я* ***не собираюсь*** [*—Chamarme a min persoa ben situada economicamente sería unha esaxeración, pero* ***non teño a intención de sentar no pescozo*** *do meu home*] (Corpus xorn.); *Мне искренне жаль, что я длительное время не мог уделять внимание сайту.* ***Плакаться в жилетку не буду****, потому что просто не хочу* [*Sinceramente dáme pena que durante moito tempo non lle puidese prestar atención á páxina web.* ***Non hei de chorar no chaleco****, simplemente porque non o quero facer*] (Corpus xorn.).

As UUFF *выйти сухим из воды* [*saír seco da auga*, 'librarse dun castigo'], *сойти с рук* [*caer (a alguén) das mans*, 'saír impune'] e *легко отделаться* [*separarse lixeiramente*, 'saír impune'] describen o comportamento censurable dun suxeito que evita o castigo a consecuencia de ter cometido algunha falta. A negación destas expresións no futuro ten no campo semántico de acción un matiz semellante á 'impunidade', é dicir, coma resultado xorde un acto de fala cunha semántica ilocutiva de ameaza/advertencia ou a descrición da correspondente situación de ameaza: *Итак, Том Пауэрс возомнил о себе слишком много (с точки зрения боссов мафии). Он решил доказать, что хозяин в городе не кто иной, как Том Пауэрс. Так просто это ему* ***с рук не сойдет*** [*Así, Tom Powers deuse demasiada importancia (dende o punto de vista dos xefes da mafia). Decidiu demostrar que o amo da cidade non é ninguén máis ca Tom Powers.* ***Non lle ha de caer das mans*** *tan facilmente*] (Catálogo informático de Vídeo-Lótsman). A negación suscita esta mesma idea de ameaza na UF *гладить по головке* [*acariciar pola cabeciña*, 'loar, aprobar unha decisión ou a conduta de alguén']: (Sobre uns numismáticos) *Новые хозяева разрозненного хазарского золота понимают, что если они «раскроются», то* ***по головке*** *их никто* ***не погладит*** *– по закону все найденное надлежит сдать государству. Утаивать клад уголовно наказуемое дело* [*Os novos donos do ouro espallado dos kházaros entenden que, se os «descobren», daquela ninguén lles vai* ***acaricia-la cabeciña****; segundo a lei todo o que se atope cómpre devolverllo ó estado. Ocultar un tesouro está castigado coma delito*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский

комсомолец).

As UUFF *переходить на личности* [*pasar a personalidades*, 'dar nomes'] e *показывать пальцем* [*sinalar co dedo*, 'referirse a algo/alguén directamente'] cando presentan unha negación en futuro adquiren unha función ilocutiva de eufemización e alusión algo diferente: *Артисты в Отечестве нашем очень разные. Те, кто терзается, перемещаясь по сценическим подмосткам, дилеммой быть или не быть, то есть люди театра, как правило, персоны с весьма активной гражданской позицией. Некоторых сия активность заводит в непролазные дебри, но* ***не будем переходить на личности*** [*Os artistas na nosa patria son moi diferentes entre si. Aqueles que se torturan movéndose polas táboas escénicas, haxa un dilema ou non, é dicir, a xente do teatro, en xeral, son persoas cunha vida social moi activa. Esta actividade a algúns deles lévaos a uns labirintos impenetrables, pero* ***non imos pasar a personalidades***] (*Izvestia*, Известя); *Короче говоря, я - Разум - с ног сбился, днем и ночью мозгами шевелю, а они ведь не бессмертны, вроде моей Душеньки, они у меня, позвольте заметить, тленны-с! Им не дано за смертные пределы заглянуть в отличие от некоторых,* ***не будем показывать пальцем*** [*Resumindo: eu son a Razón, dei moitas voltas, debullo os miolos día e noite e eles non son inmortais coma a miña Almiña, os meus —fagan o favor de o notar— son perecedoiros! Non lles foi concedido ollar alén dos límites humanos, a diferenza dalgúns,* ***non imos sinalalos co dedo***] (I. Alexkovskii. *A man*, Рука).

Entre as UUFF explícito-positivas débiles existen bastantes minigrupos específicos coma estes e resulta difícil realizar un cómputo completo deles, pois o campo de acción da negación é único en cada caso. Así e todo, o material analizado demostra que a introdución dunha negación nas UUFF explícito-positivas débiles require a presenza dun significado valorado negativamente na semántica destas expresións, o máis débil posible. É precisamente este significado o que entra no campo de acción da negación.

6.1.4.4. Contexto de oracións condicionais

O contexto condicional facilita considerablemente a introdución de negacións nas UUFF. As oracións condicionais propiamente ditas trasladan a situación a un mundo posible que *par excellence* permite un grao de liberdade considerablemente maior có real. Entre as UUFF explícito-positivas débiles, as que describen situacións que se poden valorar positiva e negativamente permiten a introdución dunha negación en oracións condicionais. Moitas delas describen unha acción aconsellable ou, pola contra, indesexable, ou ben un cambio de estado. No caso dunha valoración positiva, a oración principal caracterízase pola semántica '(irá) mal', mentres que a subordinada ten a forma xeral 'se non é *P(x)*'. Así son, por exemplo, as UUFF *взяться за ум* [*collerse á mente*, 'facerse cabal, senta-la cabeza'], *разложить по полочкам (что-л.)* [*dispoñer (algo) por metadiñas*, 'organizar algo segundo un sistema, de maneira ordenada'], *сдвинуться с места (что-л.)* [*moverse do lugar (algo)*, 'poñerse en marcha, arrincar'], *сменить гнев на милость* [*cambia-la ira pola graza*, 'deixar de estar enfadado con alguén e empezar a tratalo amablemente'], *выбить дурь из головы* [*sacar dun golpe a parvada da cabeza de alguén*, 'obrigar alguén a desistir dunha idea pola forza, dun comportamento incorrecto etc.'], *выйти из положения* [*saír dunha*

situación, 'ser quen de saír dunha situación desagradable, difícil etc.'], *выкроить минуту* [*recortar un minuto*, 'atopar tempo para dedicarse a outra persoa/cousa], *держать себя в руках* [*manterse nas mans*, 'domina-la emoción do momento, non perde-lo equilibrio'], *держать язык за зубами* [*mante-la lingua detrás dos dentes*, 'calar ben un segredo, non falar de máis'], *взять в свои руки* [*coller nas súas mans*, 'facerse responsable de algo, toma-la dirección de algo'], *сдвинуть с мертвой точки (что-л.)* [*sacar/mover do punto morto*, 'retomar, volver poñer en marcha'], *поставить на место (кого-л.)* [*poñer (alguén) no seu lugar*, 'amoestar alguén, mostrarlle a alguén cal é a posición que lle corresponde'], *выкинуть из головы (что-л.)* [*guindar (algo) fóra da cabeza*, 'esquecer, deixar de pensar en algo']. Comp.: *Было время, когда, по понятным причинам, американская внешняя политика жила одной Россией, но сегодня обстановка уже не та. Другими словами, если Россия* ***не возьмется за ум****, она останется на обочине. Ее вес будет заключаться в том, что она представляет собой проблему, а не возможности* [*Houbo unha época na que, por motivos obvios, a política exterior americana vivía unicamente de Rusia, pero a situación hoxe en día xa non é esa. Noutras palabras, se Rusia* ***non se colle á mente****, vai quedar de lado. O seu peso ha de consistir no feito de que representa un problema e non posibilidades*] (*Segodnia*, Сегодня); *– Так вот, если вы* ***не возьметесь за ум****, – веско и внушительно говорит Юрий Михайлович, – то можете вообще вылететь из Москвы* [*—Daquela, se vostede* ***non se colle á mente*** *—dixo seria e impoñentemente Iurii Mighâilovich—, xa pode desaparecer de Moscova*] (L. Filátov, I. Xevtsov. *Fillos de cadela*, Сукины дети); *Если в ближайшие месяцы правительство* ***не сдвинется с мертвой точки*** *и не начнет действительно существенные экономические реформы, Россия может потерять еще один шанс включится в глобальную экономическую гонку* [*Se nos próximos meses o goberno* ***non se move do punto morto*** *e non empeza reformas económicas realmente importantes, Rusia pode perder outra oportunidade de integrarse na carreira económica global*] (*Segodnia*, Сегодня); *Если* ***не будешь держать язык за зубами*** *и будешь много болтать, мы тебя быстро отправим, куда следует* [*Se* ***non vas mante-la lingua tralos dentes*** *e lle vas dar moito á lingua, logo te habemos de mandar onde faga falla*] (Xorn. int.).

Se a UF designa algo negativo, entón a oración principal transmite o significado xeral de '(irá) ben'. Nestes contextos existen UUFF que permiten unha negación: *бегать на сторону* [*correr para o lado*, 'traizoar, pasarse ó outro bando'], *позволять себе лишнее* [*permitirse o excesivo*, 'incorrer en gastos superiores ás posibilidades reais dunha persoa'], *за юбками гоняться* [*correr detrás das saias*, 'gustarlle a un moito as mulleres'], *вертеть задом/хвостом* [*axita-la parte de atrás/o rabo*, 'intentar evitar algo'], *строить глазки* [*construír olliños*, 'mirar para alguén coa intención de capta-la súa atención, coqueteando'], *болтать языком* [*parolar coa lingua*, 'dicir parvadas'], *висеть на телефоне* [*estar pendurado do teléfono*, 'falar moito tempo por teléfono'], *остаться на бобах* [*quedar enriba das fabas*, 'quedar sen nada de nada despois de ter feito gastos e plans para conseguilo'], *принимать в штыки* [*tomar nas baionetas*, 'recibir de moi malos modos'], *сделать ручкой* [*facer cunha manciña*, 'move-la man en sinal de saúdo'], *вставлять палки в колеса* [*poñer paus nas rodas*, 'obstaculiza-los

proxectos de alguén'], *выставить на улицу* [*poñer na rúa*, 'botar fóra dun traballo, da casa etc.'], *ползать на брюхе (перед кем-л.)* [*arrastrarse sobre a barriga*, 'adoptar unha actitude submisa para conseguir algo']. Comp.: *На эти деньги можно существовать неплохо,* ***если не позволять себе лишнего****, вроде еженедельного похода в какой-нибудь бар* [*Con estes cartos pódese ir tirando para vivir,* ***se un non se permite o excesivo*** *como ir unha vez á semana a un bar*] (Xorn. int.); *Михайлов возвращается домой. – Иди-ка сюда, – зовет он. И вот обычным и ровным голосом он объясняет старшему сыну, что начиная с завтра старший будет заниматься с известным математиком Стрепетовым; если же сын* ***не будет валять дурака*** *и окажется не тупицей, то, поступив в университет, он, возможно, станет на долгие даже годы учеником этого блестящего ученого* [*Mighaílov volve á casa. —Ven para acó! —chama el. E velaquí que lle explica ó fillo máis vello, cunha voz normal e impasible, que a partir do día seguinte vai estudar co célebre matemático Strepelov; sempre e cando* ***non vaia roda-lo parvo*** *(face-lo parvo) e non resulte ser un pailán, senón que entre na universidade; se cadra ha de facerse alumno dese brillante científico, mesmo por moitos anos*] (B. Makanin. *O respiradoiro*, Отдушина).

O elemento de valoración xeral da oración principal pódese modificar mediante unha valoración da probabilidade en forma de expresión de sorpresa. Nestes enunciados de fala, a UF que se atopa na subordinada condicional ten que caracterizar negativamente a situación valorada. Compárense exemplos coma: *Я* ***очень удивлюсь****, если он* ***не сядет в лужу / не попадется на удочку / не свернет себе шею****: – Он тип сомнительный. От него лучше бы подальше держаться. – Почему? – Черт его знает! Его довольно трудно раскусить, это крепкий орешек. Скользкий тип.* ***Очень удивлюсь****, если мы с ним* ***не влипнем в*** *какую-нибудь грязную* ***историю*** [***Sorprendereime moito*** *de que* ***non sente nunha poza*** *(faga o ridículo) /* ***non caia na cana de pescar*** *(pique o anzol) /* ***non torza o pescozo*** *(parta a crisma): —É un tipo sospeitoso. O mellor é manterse o máis lonxe posible del. —Por que? —Quen demo sabe quen é el! É bastante difícil saber como é; é duro de pelar! Un tipo esvaradío.* ***Sorprendereime moito*** *se* ***non quedamos pegados*** *a algunha* ***historia*** *sucia (nos metemos nun asunto turbio)*]. Nestes casos, a supresión da negación na UF resulta anómala, pois a resposta negativa esperable valórase como moi probable, comp.: [??]*Я очень удивлюсь, если он* ***сядет в лужу*** [[??]*Sorprendereime moito se non* ***quedamos sentados nunha poza*** *(facémo-lo ridículo)*].

Parte das UUFF empregadas cunha negación no imperativo (véx. 6.1.4.1) pódense utilizar coa forma negativa mesmo en oracións condicionais. Na maioría dos casos trátase de UUFF que indican unha infracción das regras de interacción entre as persoas: *водить за нос* [*levar polo nariz*, 'enganar'], *валять дурака* [*roda-lo parvo*, 'face-lo parvo'], *голову забивать* [*carga-la cabeza*, 'enche-la cabeza de ideas/preocupacións innecesarias'], *задирать нос* [*levanta-lo nariz*, 'ser arrogante, fachendoso'], *лезть в душу* [*entrar na alma*, 'entremeterse nos asuntos persoais de alguén'], *морочить голову* [*escurece-la cabeza*, 'confundir alguén'], *пудрить мозги* [*emproa-los miolos*, 'intentar enganar alguén'], *путаться под ногами* [*learse debaixo das pernas*, 'molestar coa súa presenza, distraer alguén no traballo'], *распускать руки* [*abri-las*

mans, 'pegarlle, baterlle a alguén'], *распускать язык* [*solta-la lingua*, 'falar demasiado, permitirse dicir demasiadas cousas'], *совать свой нос в чужие дела* [*mete-lo nariz en asuntos alleos*, 'entremeterse en asuntos alleos'], *стоять над душой* [*estar enriba da alma de alguén*, 'importunar continuamente alguén pedíndolle algo'], *трепать языком* [*sacudi-la lingua*, 'pasa-lo tempo falando no canto de facer outra cousa'], *тянуть время* [*estira-lo tempo*, 'adiar, aprazar algo no canto de facelo no momento'], *тянуть резину* [*tira-la goma*, 'actuar ou responder cunha lentitude extrema'], *читать мораль* [*lerlle a moral a alguén*, 'amoestar alguén'], *читать нотации* [*le-las notacións*, 'amoestar alguén'], *мозолить глаза* [*facerlle calos nos ollos a alguén*, 'molestar, irritar coa súa presenza alguén'], *выводить из себя* [*sacar de si mesmo*, 'irritar e facerlle perder a alguén o control'], *действовать на нервы* [*actuar nos nervios*, 'irritar alguén, amolalo'], *говорить под руку* [*falar debaixo da man*, 'facer un comentario molesto mentres alguén traballa, causando así unha molestia']. Comp.: [...] *«несовковое» в советском прошлом, в советском искусстве способно помочь нам, сегодняшним, если, разумеется,* ***дурака не валять*** *и новой конъюнктуре не подыгрывать* [*o «non soviético» no pasado soviético, na arte soviética é quen de axudarnos a nós, á xente de agora se, está claro,* ***non rodámo-lo parvo*** *e non xogamos coa nova conxuntura*] (*Rossiiskie vesti*, Российские вести); *Думаешь* ***если не водить за нос*** *мужиков, а брать бабло с клиентов, то память резко улучшается?* [*Ti pensas que* ***se non levamos polo nariz*** *os labregos, senón que collémo-los cartos dos clientes, a memoria ha de mellorar dun golpe?*] (Corpus textos coloquiais int.).

As UUFF desta clase permiten introducir unha negación cando se atopan na oración subordinada que determina a condición de cumprimento da predicación principal, comp.: *Если ты* ***не будешь мозолить ему глаза****, он вообще никогда о тебе не вспомнит* [*Se* ***non lle fas calos nos ollos****, non se ha de lembrar de ti nunca máis*]; *Если ты не будешь тут сидеть и* ***действовать ему на нервы****, он и огрызаться на тебя не будет* [*Se non vas estar sentado aquí e* ***actuarlle nos nervios*** *non se vai enfadar contigo*]; *Если ты* ***не будешь торчать у меня над душой и говорить мне под руку****, я тебя уверяю, дело пойдет существенно быстрее* [*Se* ***non estás enriba da miña alma e me falas debaixo da man*** *asegúroche que o asunto irá considerablemente máis rápido*]. Posto que na oración subordinada se utiliza o futuro, estes contextos inclúense nas dúas seccións da clasificación (*vide supra* o contexto do futuro); así e todo, parece que aquí a semántica condicional como factor de admisibilidade dunha negación é máis importante có tempo futuro.

No caso das UUFF explícito-positivas débiles, a capacidade de admitiren unha negación tamén se mantén, en xeral, naqueles casos nos que a semántica condicional non se transmite mediante conxuncións puramente condicionais, senón mediante outras conxuncións, por exemplo, a conxunción *когда* [*cando*]: ***Когда*** *не спешишь,* ***не несешься*** *вниз* ***сломя голову****, натыкаясь на пухлые портфели, подлые зонтики, детей и толстобоких хозяек,* [...] *а стоишь спокойно, то соседний эскалатор, движущийся в противоположном направлении, превращается в платформу для разнообразных социологических изысканий* [***Cando*** *non vaias con présa,* ***non baixes rompendo a cabeza*** *(moi rápido), batendo con maletíns gordos, con paraugas*

detestables, nenos e mulleres de anchas cadeiras (...) *e esteas tranquilo, a escaleira mecánica veciña que se move en dirección contraria hase converter nunha plataforma para as máis diversas investigacións sociais*] (Vikt. Erofeev. *As vacas e as vaquiñas de Deus*, Коровы и божьи коровки). Así mesmo, a negación tamén é posible en oracións que non teñen un significado propiamente condicional (incluso irreal) nas que practicamente se perde o matiz hipotético. Comp.: – *Постой-ка, – он снова налил по полной. – Не буду, – сказал я, – я уже и так совсем пьян. – Пейте, ничего.* ***Язык не заплетается*** *– значит все в порядке* [*—Espera —el volveu enche-los vasos. —Non quero máis —dixen eu—; xa estou totalmente bébedo. —Bebe, non pasa nada.* ***A lingua non se che lea*** *(dás falado, a lingua non se che traba), é dicir, que todo esta ben*]; – *На носу такие ответственные игры, а ты жениться вздумал. Подождешь! Не исключено, что Третьяку действительно пришлось бы ждать, если бы* ***не дал добро*** *Тарасов* [*Falta moi pouco para os partidos decisivos, e a ti dáseche por casar. Debes agardar! Non se descarta que Tretiak en realidade teña que esperar en caso de que Tarásov* ***non lle dea o ben*** *(non dea o visto e prace/o seu consentimento)*] (*Sobesédnik*, Собеседник).

A negación anúlase nalgunhas UUFF explícito-negativas débiles cando se usan en oracións condicionais. Isto é válido, sobre todo, para aquelas UUFF cuxa forma interna contén unha alusión a unha cantidade mínima de algo, coma por exemplo *и пальцем не тронуть* [*non tocar nin cun dedo*, 'non causarlle dano físico ningún a alguén'], *ни один волос с головы не упал/упадет* [*nin un só pelo caeu/caerá da cabeza*, 'non lle pasou/pasará nada'], *не обмолвиться ни словом* [*non irse da lingua nin cunha palabra*, 'non soltar nin unha palabra'], *не пускать на порог* [*non deixar entrar no limiar*, 'non deixar entrar na casa dun'], *капли в рот не брать, пальцем не пошевелить* [*non mover un dedo*, 'non facer nada'], *пальцем о палец не ударить* [*non golpear dedo con dedo*, 'non facer nada']. Con frecuencia, esta transformación vai acompañada da partícula *хоть* [*polo menos*, *aínda que sexa*]. O contido ilocutivo que presentan estes exemplos é de ameaza ou de advertencia. Comp.: ***Если хоть один волос упадет с ее головы****, я тебя так отделаю, что мама родная не узнает!* [***Se un só pelo lle cae da cabeza****, heiche dar unha que nin a túa propia nai te ha recoñecer!*]; *На меня раз начальница отряда ментов травануля, но я ей сказала: меня* ***пальцем тронут****, я тебе на приеме или в коридоре горло вскрыть успею!* [*Unha vez a miña xefa de sección acirrou os policías en contra miña, pero eu díxenlle: «Se me* ***tocan cun dedo****, hei ter tempo de cortarche a gorxa na recepción ou no corredor!»*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица); ***Если*** *ты* ***хоть каплю в рот возьмешь****, можешь домой не возвращаться* [***Se tomas na boca aínda que sexa unha soa pinga*** *(como bebas unha soa pinga de alcohol, nin volves á casa*]. Nalgúns casos esta transformación pode levar a unha anulación da idiomaticidade. Así, a expresión *не отходить ни на шаг* [*non afastarse nin un paso*, 'non afastarse dunha persoa, quedar ó seu carón'] nun contexto condicional interprétase de maneira practicamente literal: ***Если*** *ты от меня* ***хоть на шаг отойдешь****, провалишься в болото* [***Se*** *te afastas de min* ***aínda que sexa un paso****, haste de afundir nun pantano*]. Nun contexto condicional a negación pódese anular mesmo no caso de UUFF explícito-negativas débiles doutros tipos, comp. a UF *своим глазам не верить* [*non cre-los propios ollos*, 'non dar creto'] no seguinte contexto sobre o monumento xigante dedicado a Colón (126 m) de

Tsereteli: ***Если верить своим глазам и ушам**, был осуществлен самый дорогой в истории человечества рукотворный подарок в виде самого высокого в той же истории нефункционального сооружения* [***De cre-los seus propios ollos e oídos**, foi feito o regalo máis grande da historia da humanidade, en forma da construción non funcional máis alta desa mesma historia*] (*Itogui*, Итоги). Este último exemplo, ademais, vese complicado de maneira adicional polo compoñente humorístico: a contaminación entre as UUFF *не верить своим глазам* [*non cre-los propios ollos*] e *не верить своим ушам* [*non cre-los propios oídos*].

6.1.4.5. Contexto de oracións finais

As UUFF explícito-positivas débiles combínanse coa negación dunha maneira completamente natural en oracións de significado final. Comp.: *Ты же угрожал угробить майора Лашина, а это, сам знаешь, лагерный террор называется, минимум, десять лет. – Я ему не угрожал, – беззаботно заметил Леха, – я просился на строгий режим или в тюрьму как раз с той самой целью, **чтоб грех на душу не брать*** [*—Ti ameazaches con liquida-lo maior Laxin e iso, como ti mesmo sabes, chámase terrorismo de campamento, mínimo dez anos. —Eu non o ameacei —sinalou despreocupadamente Legha—. Eu pedín pasar a un réxime severo ou que precisamente me mandasen ó cárcere **para non colle-lo pecado á alma** (para non cometer algo inmoral)*] (V. Delone. *Retratos nun marco con pinchos*, Портреты в колючей раме); [...] *все политбюро сошлось на том, что* [...] *магазины «Березка», где по сертификатам без маскировки продукты продают высшего качества, закрыть немедленно, чтобы они, сволочи, **не мозолили** народу **глаза** и не уничтожали его веры в наше бесклассовое общество* [...] [(...) *todo o Politburó acordou que* (...) *pechar de contado as tendas «Berezka» onde se vendan con certificados, sen disfrazalo, produtos de calidade suprema para que eles, canallas, **non lle fagan calos nos ollos** (farten, lle amarguen a vida) ó pobo e non destrúan a súa fe na nosa sociedade sen clases* (...)] (I. Alexkovskii. *O disfrace*, Маскировка). Sinalaremos que, igual que acontece con moitos dos contextos analizados anteriormente, que favorecen a inclusión dunha negación, as oracións con significado final tamén describen un mundo posible, diferente da realidade.

6.1.4.6. Contexto de oracións interrogativas

Como é sabido, as preguntas, tanto as xerais coma as específicas, posúen un complexo conxunto de posicionamentos que expresan a actitude do falante con respecto a unha alternativa de resposta ou a outra (véx. por exemplo, neste sentido Баранов, Кобозева 1983). Así, as preguntas negativas xerais simples coa partícula *не* [*non*] na súa estrutura provocan unha determinada actitude do falante ante a alternativa negativa da resposta, mentres que as preguntas negativas coa partícula *ли*[211] caracterízanse por promover unha «alternativa afirmativa posible na conciencia salientable sobre a probabilidade menor dunha alternativa negativa» (Баранов, Кобозева 1983: 32). Resulta evidente que un contexto de preguntas negativas xerais debe favorece-la introdución dunha negación nas UUFF e, de feito, moitas UUFF explícito-positivas

[211] N. do t.: Partícula para introducir preguntas de tipo «si» ou «non».

débiles combínanse cunha negación nas preguntas negativas, á vez que a semántica ilocutiva dunha pregunta «verdadeira» adquire os trazos dun acto de fala de temor. Parece evidente que o contido ilocutivo dunha pregunta deste tipo impón unha restrición á semántica das UUFF de que se trate: teñen que ser UUFF nas que se describa unha situación valorada negativamente (e mesmo perigosa). Esta esixencia cúmprena, por exemplo, UUFF con significado de castigo coma *дать по мозгам* [*dar polos miolos*], *дать по шапке* [*dar polo gorro*], *голову оторвать/отвинтить* [*arrincar/desaparafusa-la cabeza*] (20); UUFF coa semántica 'deixar de vivir, morrer' coma *отдать концы* [*entrega-los finais*], *протянуть ноги* [*estira-las pernas*], *сыграть в ящик* [*xogar ó caixón*], *откинуть копыта* [*guinda-los pezuños*] (21); UUFF coa semántica de engano, coma *обвести вокруг пальца* [*xirar arredor do seu dedo*] e *пудрить мозги* [*empoa-los miolos*] (22):

(20) **a.** —Escoita, e á avoa non lle has de ***голову не оторвет*** [*arrinca-la cabeza*] polo dos tomates e os cogombros? —Si, agora é mellor non ir onda ela... **b.** —E non nos han de ***по мозгам не дадут*** [*dar polos miolos*] polo cambio do guión feito na sonorización? (Fala popular internet).

(21) Nunha palabra, el enviouma: delgadiña, miudiña. Despois da revisión, co primeiro que lle fixo, ela sandou. Despois marchou. De súpeto, no coche enchéuselle o ollo esquerdo de sangue e xa no traballo empezoulle a incha-la pálpebra. É estraño, pero ela, por algún motivo, non se asustou. Por iso Igor chama e di: —Que temos que facer? Que acontece? ***Она не отдаст концы***? [*Ela non ha de entrega-los finais?*] (Xorn. int.).

(22) **a.** A el mesmo lle entrou a dúbida: e sería verdade que había guerra ou, por casualidade, que o ***обвели вокруг пальца***? [*levaran arredor do dedo?*] **b.** Probablemente vostede, ó ve-las miñas invencións, ha de exclamar: —E non nos ha de ***пудрит мозги***? [*empoa-los miolos?*] (Xorn. int.).

As UUFF co significado de 'paso a un estado mental diferente da norma' tamén permiten a negación nunha pregunta xeral, véx.: *– Человек, захотевший изменить себя, станет страдать от пристрастия к алкоголю или наркотикам? – Нет. –* ***И крыша не поедет****? – Исключено* [*—Unha persoa que quere cambiarse a si mesma empeza a padecer unha afección polo alcohol ou polas drogas? —Non. —****E o tellado non se lle vai*** *(e non tolea)? —Descartado*] (*Megapolis-Express*).

Na conciencia inxenua tamén se presenta coma potencialmente perigosa a afección ás bebidas alcohólicas, comp.: *– А он у вас* ***в бутылку не заглядывает****? Знаем мы эти замашки! Сегодня бутылка, завтра бутылка, а там, глядишь, и спился!* [*—Se non, el* ***non ha de mirar na botella*** *(ser alcohólico)? Nós xa coñecemos eses hábitos! Hoxe unha botella, mañá outra botella e alí o ves que xa quedou durmido!*]. Non obstante, se no significado da UF se atopa fixada unha actitude positiva ou, polo menos, neutral con respecto ó consumo de alcohol (por exemplo, o caso dun feito illado e non dun estado continuo), daquela non é posible que se xere un contexto no

que se poida incluír unha negación, comp.: **А они не примут на грудь?*[212] [**E eles non han de tomalo a peito*]; **А он бутылку не раздавит?* [**E el non ha de esmagar unha botella?*, 'E non ha de embebedarse?]. Se a pregunta alude a un feito illado (por exemplo, unha pregunta cun tema inherente), daquela a introdución da negación é admisible mesmo para as UUFF do último tipo, comp.: – *Ребята постоянно смеются, уж* ***не заложили*** *ли они* ***за галстук****?* [*Os rapaces están a rir seguido,* ***xa non meteron por detrás da gravata*** *(aínda non se embebedaron)?*]

Neste mesmo tipo de UUFF atópanse os fraseoloxismos que indican infraccións de normas do proceso comunicativo: *Пятерка дружно шла к ларьку. – Он тебе* ***не действует на нервы****? - Саш, пожалуйста, не надо* [*Os cinco foron xuntos ó quiosco. —El* ***non te actúa nos nervios*** *(non te pon dos nervios/non te pon enfermo)? —Sax, por favor, non sigas*] (A. Minchin. *A facultade de patoloxía*, Факультет патологии).

Con frecuencia, as UUFF deste grupo empréganse en oracións interrogativas en futuro: *А ты* ***не будешь читать*** *мне* ***мораль*** [*E ti non me vas le-la moral (amoestar, rifar)*] / ***лезть мне в душу*** [*entrar na alma (entremeterte nos meus asuntos)*] / ***стоять над душой*** [*estar enriba da miña alma (acosar, estar enriba)*]. Neste caso posúen un matiz adicional de significado de condición-advertencia, por exemplo, 'non fagas así, se non eu non vou facer algo que ti precisas'. Así, as UUFF que presentan un significado que indica infracción das regras de comunicación e o estándar é que aparezan habitualmente en imperativo cunha negación, tamén posúen ese significado imperativo negativo ('non fagas así') noutros contextos nos que é posible que se dea unha negación.

No caso de preguntas específicas, a categoría da suposición de partida (a actitude) non é menos crucial. A unión dunha UF cunha negación «redobra» na maioría dos casos a actitude do falante, transformando a pregunta verdadeira nunha modificación dela (nunha acusación, nunha expresión de descontento, nunha afirmación case retórica etc.). Por exemplo, as preguntas co adverbio pronominal interrogativo *почему* [*por que?*] pódense interpretar coma unha pregunta sobre a causa de algo (pregunta pura), pero tamén coma unha acusación de incumprimento do necesario. Así, a pregunta *Почему ты не дочитал книгу?* [*Por que non remataches de le-lo libro?*] en sentido literal permite as respostas *Она совершенно неинтересна* [*Non é nada interesante*] ou *Не хочется тратить время на чтение, когда стоит такая прекрасная погода* [*Non quero pasa-lo tempo a ler cando está tan bo tempo*], mentres que a mesma pregunta coma acusación por parte do profesor con respecto ó alumno presupón unha xustificación do tipo *Я не смог найти ее в библиотеке* [*Non o dei atopado na biblioteca*]. A negación dunha UF en oracións interrogativas coa partícula interrogativa *почему* [*por que?*] transforma de maneira regular estas oracións en preguntas cunha función indirecta: *Почему ты не* ***послал*** *его* ***к черту****?* [*Por que non o* ***mandaches ó demo*** *(á merda/ó carallo)?*]; *Почему ты после этого скандала не* ***выставил*** *его* ***за дверь****?* [*Por que despois dese escándalo non o* ***puxeches detrás da porta*** *(non o*

[212] Referímonos a un contexto de temor. Esta pregunta tamén é posible noutro contexto, comp. o acto de fala nunha pregunta coma *На посошок не примешь?* [*Non tomara-la última copa?*].

botaches da casa)?]. Resulta evidente que estes enunciados da fala conteñen non tanto unha esixencia de información coma unha expresión de descontento do falante con respecto á situación descrita.

O contexto dunha pregunta xeral —en particular, o contexto dunha pregunta indirecta semellante a unha retórica— resulta se-lo medio natural para a supresión da negación nas UUFF explícito-negativas débiles. O que acontece é que unha pregunta xeral en principio presupón a existencia dunha alternativa de resposta afirmativa e negativa. Na estrutura superficial dunha pregunta con función retórica, saliéntase a alternativa que se lle presenta ó falante como irregular, mentres que a alternativa que reflicte a súa opinión resulta se-la implícita, permitindo así que se produza un efecto influínte imprescindible. Como é ben coñecido da teoría da influencia da fala, a información oculta e, en moitos casos, implícita é máis efectiva cá información explícita, clara. O mero feito da presenza mesmo virtual dunha alternativa negativa facilita a supresión da negación nas UUFF explícito-negativas débiles. Comp., por exemplo, as UUFF *не валяться на дороге* [*non se atopa ciscado no camiño*, 'ser inusual, non ser algo que se ve tódolos días'] e *язык не поворачивается* [*a lingua non se revolve*, 'algo é difícil de dicir (unha idea/opinión)'] nos seguintes exemplos: *Ты, что думаешь, мой милый,* ***мужья на дороге валяются****? Их надо хранить и беречь* [*Ti que cres, querido, que* ***os homes se atopan ciscados no camiño****? Hai que coidalos e ocuparse deles*]; ***Повернется*** *ли у кого-нибудь* ***язык*** *осудить женщину, вернувшуюся с ребенком после работы по контракту на Кубе к уже не существующему домашнему очагу?* [*A alguén se lle* ***revolverá a lingua*** *para condenar unha muller que volveu cun neno a un fogar que xa non existe despois dun traballo con contrato en Cuba?*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета); *Чего ты кричишь как резаная. Я хоть* ***пальцем*** *тебя* ***тронул****?* [*Pero estás a berrar como se te matasen. Seica te* ***toquei cun dedo*** *(che fixen algo de dano)?*].

6.1.4.7. Contextos de valoración

Nos exemplos de introdución dunha negación na UF que vimos de analizar verifícase unha regularidade común: en xeral, a introdución dunha negación, vai acompañada dunha ampliación do contexto a través do uso de medios sintácticos e léxicos. Nos contextos de valoración prodúcese o mesmo efecto: introdúcese un predicado de valoración (factor léxico), que ó mesmo tempo complica a estrutura sintáctica da oración, comp.: ?*Он* ***не вышел из себя*** [?*El* ***non saíu de si mesmo*** *(non perdeu o control/os estribos)*], fronte á frase completamente normal *Удивительно, что с его темпераментом он* ***не вышел из себя***[213] [*É sorprendente que co seu temperamento* ***non saíse de si mesmo***]. Un predicado de valoración pode expresar tanto unha valoración negativa (en xeral, unha valoración lixeiramente negativa mesturada con sorpresa) coma unha positiva, aínda que a valoración positiva é a que se atopa con máis frecuencia. Isto parece estar relacionado co feito de que a idiomática verbal en principio tende á descrición de situacións que diverxen da norma de maneira negativa,

[213] Enténdese que a ampliación do contexto é posible non só grazas á complicación da estrutura sintáctica da oración, senón tamén debido á introdución nun diálogo: *– Он, наверное, на тебя орал? – Да нет, он не* ***вышел из себя*** [*El, probablemente, berrouche? —Non ho, non* ***saíu de si mesmo***].

comp.: – *У нас там доходяга один ваш. Совсем плохой –* ***хорошо****, что* ***дуба не дал****. Вот он услыхал, что вы тут в столовой работаете, да и послал меня. Хлеба просит* [*Nós aló temos un dos vosos que está rematado. Está moi mal, aínda* ***bo é*** *que* ***non dese un carballo*** *(menos mal que non morreu). El oíu que vós traballades aquí no comedor e mandoume aquí. Pide pan*]; *Они скоро всех повыселят, а комнаты сдавать будут по 500 рублей.* ***Хорошо*** *еще, что нам* ***от ворот поворот не дали*** [*Eles botarán fóra a case todos e han de aluga-los cuartos a 500 rublos. Aínda* ***bo é*** *que* ***non nos xiraran dende as portas*** *(menos mal que non nos dixeron que non)*]. No último exemplo, a presenza da partícula *еще* [*aínda*] aumenta o efecto de valoración creando na conciencia do receptor a expectativa de algo peor ('tamén podería ser moito peor'), comp.: ***Хорошо еще****, что* ***под замком не держит*** [***Aínda bo é*** *que* ***non o garda baixo un ferrollo*** *(menos mal que non o garda baixo chave)*]; ***Хорошо еще****, что* ***на сторону не бегает*** [***Aínda bo é*** *que* ***non corra ó outro lado*** *(menos mal que non pasa ó outro bando)*]; ***Хорошо еще****, что* ***руки не распускает*** [***Aínda bo é*** *que* ***non abre os brazos*** *(menos mal que non levanta a man)*]. Sobreenténdese que os predicados de valoración poden ser moi variados: *Ты* ***молодец****, что* ***не опустил руки*** [***Fuches moi bravo*** *ó* ***non baixa-las mans***, 'estiveches moi ben ó non te render']; ***Спасибо, языком не болтает*** *– и то уже* ***плюс*** [***Grazas que non abanea a lingua*** *(menos mal que non bota a lingua a pacer), iso tamén é un* ***plus***]; ***Странно****, что он* ***не нагрел*** *на этом* ***руки*** [***É moi raro*** *que* ***non quentase as mans*** *sobre isto (é moi raro que disto non quitase beneficio ningún)*]; *– Наш секретарь работает на компьютере, говорит по телефону, отвечает на вопросы и подписывать деловые бумаги. И при этом остается любезным и никогда не жалуется.* ***Остается загадкой****, как он* ***не теряет голову*** *в такой обстановке* [*O noso secretario traballa no ordenador, fala por teléfono, responde as preguntas e asina documentos de negocios. E aínda así continúa sendo unha persoa amable e non se queixa nunca.* ***Segue a ser unha adiviña*** *como* ***non perde a cabeza*** *(segue a ser un misterio como é posible que dea feito todo nunha situación así)*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

6.1.4.8. Contextos de aclaración

A aparición dunha negación nas UUFF é admisible en contextos de aclaración nos que unha situación é descrita ó mesmo tempo con outros recursos, que ás veces non son idiomáticos: *Он не взорвался,* ***не вышел из себя*** [*El non estoupou,* ***non saíu de si mesmo*** *(non perdeu o control/os estribos)*]; *Он рассказывает все по порядку и* ***не валит все в одну кучу*** [*Conta todo de maneira ordenada e* ***non bota todo no mesmo montón*** *(non mestura/confunde as cousas)*]. A orde de sucesión dos compoñentes da construción aclaratoria está determinada pola súa semántica. Por exemplo, se a UF posúe un significado máis xeral cós outros compoñentes, entón sitúase diante, comp.: *Но и врачи, организуясь в кооператив,* ***не бросают*** *народные* ***деньги на ветер****, не держат в нем множество чиновников, нет в Бразилии лишних медицинских начальников* [*Pero mesmo os médicos, ó se organizaren en cooperativas,* ***non guindan os cartos*** *do pobo* ***ó vento*** *(non malgastan), non manteñen nela unha cantidade de funcionarios, en Brasil non hai xefes de medicina de sobra*] (*Izvestia*, Известя). Con todo, se o grao de xeneralidade da descrición da UF e do elemento que non é unha UF é

aproximadamente o mesmo, nese caso o fundamental é a figuratividade da UF, é dicir, o compoñente de valoración que fai que a UF se sitúe detrás da expresión non-idiomática, comp.: *Взглянув на рассвете под его сорочку, Войтик сразу понял, что Буров не протянет долго. Тогда за все, что случится, придется отвечать Войтику. Потому он не торопился,* ***сломя голову не бежал*** *невесть куда за подводой* [*Ollando ó amencer para debaixo da súa camisa, Voitik entendeu de contado que Burov non había tardar moito. Daquela habería que dar contas a Voitik por todo o que acontecese. Por iso non se apurou,* ***non correu rompendo a cabeza*** *(moi rápido) quen sabe para onde, detrás do carro*] (V. Bikov. *Na néboa*, В тумане). Noutras palabras, o que se clasifica semanticamente tamén se clasifica de maneira comunicativa. Os compoñentes de aclaración tamén se poden distribuír en varias oracións, comp.: *Он весьма хладнокровно воспринял свалившееся на него всенародное восхищение. Блажь и самомнение* ***не ударили ему в голову, носа он не задрал****. А это говорит об уме человека* [*Tomou con moito sangue frío o entusiasmo que todo o pobo puxo nel. O antollo e a presunción* ***non lle golpearon a cabeza, non levantou o nariz*** *(non se lle subiron á cabeza, non se fixo arrogante por iso). E isto di moito da intelixencia dunha persoa*] (*Nóvaia gazeta*, Новая газета).

6.1.4.9. Contextos cuantificadores

Nun primeiro momento, os contextos contrastivos foron excluídos do campo de análise, posto que en principio a contrastividade permite varia-lo campo de acción dunha negación, aínda que as UUFF, como xa se sinalou con anterioridade, nese caso presentan certas restricións. As situacións nas que se expresan diferentes significados cuantificadores están próximas ás situacións contrastivas, aínda que non son idénticas a elas nin moito menos. A cuantificación na lingua pódese expresar tanto lexicamente (por exemplo, *все*, *всегда*, *никто*, *никогда*, *нигде*... [*todos*, *sempre*, *ninguén*, *nunca*, *ningures*...]) coma gramaticalmente (*Эту штуку уже не починишь* ≈ 'никогда не починить') [*esta peza xa non se pode reparar* ≈ 'nunca se poderá reparar']. Con respecto ó problema que estamos a tratar, o que nos interesa son partículas cuantificadoras coma *никогда* [*nunca*], *нигде* [*ningures*] e *никто* [*ninguén*]. O uso dun cuantificador nunha afirmación reafirma a este último, no sentido de que o cuantificador se opón ás outras alternativas posibles (aínda que tamén pode ser que se opoña ás puramente lóxicas), de aí a achega dalgunhas particularidades das situacións contrastivas.

O campo de acción dun cuantificador pode afecta-los actantes da UF, pero tamén as variantes pragmáticas: o tempo e o espazo do que acontece. Véxase, por exemplo, o tempo: *Мать никогда* ***не теряла головы****, и сейчас ее голос был спокоен* [*A nai nunca* ***perdeu a cabeza*** *(nunca deixou de ser sensata) e agora a súa voz estaba tranquila*] (V. Tendriákov); os participantes da situación: *Замечательно находиться там, где ты никому* ***не жмешь на мозоль****, где и тебя никто не теснит, приятно быть целый год в обществе милых, интеллигентных людей* [*É fantástico atoparse nun lugar onde* ***non lle pisas unha bocha*** *(non molestas) a ninguén, onde tampouco te amola ninguén; é agradable estar todo un ano en compañía de xente simpática e intelixente*] (V. Aksénov. *Á procura do «baby» triste*, В поисках грустного беби); o

lugar: – *Он нигде* ***порогов не обивал*** [*el en ningures* ***gastou os limiares*** *(se moveu moito para consegui-lo que quería)*]. Con moita frecuencia, nunha oración poden estar presentes varios cuantificadores; en tal caso, cada un deles posúe cadanseu campo de acción: *Главное – я презираю тех, кто добровольно пресмыкался. И сам я* ***на коленях*** *никогда* [tempo] *ни перед кем* [participante] ***не стоял*** [*O máis importante: eu desprezo tódolos que se arrastraban voluntariamente. E eu mesmo nunca* (tempo) ***estiven de xeonllos*** *(me arrastrei/humillei) perante ninguén* (participante)].

En contextos con UUFF, a expresión gramatical de cuantificación relaciónase a miúdo coas formas verbais da segunda persoa do futuro. A gramática tradicional define estas formas coma persoais-xeneralizantes. En moitas UUFF explícito-negativas esta forma resulta se-la única posible, comp.: *водой не разольешь* [*non as dás diluído con auga*, 'sobre dúas persoas que se levan moi ben']; *за уши не оттянешь* [*non o poderás apartar tirando das orellas*, 'alguén está tan cativado por algo que é imposible apartalo diso']; *каши не сваришь* [*non darás feito unha papa*, 'é imposible chegar a un acordo con alguén']; *снега зимой не выпросишь* [*non lle podes pedir neve en inverno*, 'dise de alguén moi agarrado e austero']; *костей не соберешь* [*non recollera-los ósos*, 'advertencia de que unha empresa é moi perigosa, que un sucumbirá no intento']; *на мякине не проведешь* [*non os dás collido con farelos*, 'imposibilidade de enganar alguén que é moi espelido']. Algunhas UUFF explícito-positivas débiles, ó teren unha forma diferente no dicionario, tamén admiten, entre outras, a forma da segunda persoa de singular cun significado persoal-xeneralizante. A estas pertencen, por exemplo, as UUFF que posúen a semántica xeral de 'influencia exercida no receptor coa finalidade de acadar un obxectivo propio': *взять голыми руками* [*coller coas mans espidas*, 'gañar, obter ou superar algo sen dificultade ningunha']; *взять на понт* [*tomar a 'pont'*[214], 'enganar, tirarse un farol']; *взять на пушку* [*coller nun canón*, 'intentar enganar alguén, mesmo recorrendo a ameazas']; *взять на измор* [*coller no esgotamento*, 'obrigar alguén a facer algo acosándoo continuamente, esgotándoo']; *взять на жалость* [*tomar en compaixón*, 'provocar compaixón en alguén para obter algún beneficio ou protección']; *выбить/высадить из седла* [*quitar/facer baixar da sela*, 'privar alguén da súa posición/estabilidade emocional etc.']; *положить на лопатки* [*poñer nas pas*, 'vencer rotundamente alguén (física ou fig.)']; *прижать к стенке* [*apertar contra a parediña*, 'utilizando argumentos irrefutables, evitar que alguén se poida defender dunha acusación']; *взять на арапа* [*tomar alguén de aduaneiro*, 'conseguir que alguén faga o que un queira por medio dun engano']; *сбыть с рук* [*desfacerse das mans*, 'desfacerse de algo incómodo/innecesario, dar vendido algo difícil de vender']; *поставить на колени* [*poñer de xeonllos*, 'poñerse/poñer alguén nunha situación de subordinación, subordinar alguén']; *заткнуть рот* [*tapa-la boca*, 'impedir que alguén fale, que exprese a súa opinión']; *поймать за руку* [*coller pola man*, 'coller alguén xusto cando está a cometer algo reprobable']; *вывести на чистую воду* [*levar á auga limpa*, 'revela-las verdadeiras intencións negativas de alguén']; *вокруг пальца обвести* [*xirar arredor do seu dedo*, 'enganar alguén de maneira astuta']; *сбить с толку* [*derribar do sentido*, 'confundir']; *вогнать в краску* [*poñer alguén en cores*, 'facer que alguén se poña rubio']; *выжать слезу* [*forzar para*

[214] N. do t.: 'Pont' é un compoñente único.

que saia unha bágoa, 'facer que alguén se conmova']:

(23) **a.** Señor Berbej, vostede polo menos sabe quen é esta xente? E por que están a desafialo? Vostede dixo que dentro de media hora, pero eu non sei que lle ha de pasar a vostede dentro de media hora. E Berbej comprendeu: «a Cetel non o has de ***с рук не сбудешь*** [*desfacer das mans*] tan facilmente» (I. Dombrovksii. *A lady morena*, Смуглая леди). **b.** A diferenza de calquera tenente, por moito que te queiras desfacer dun xeneral, ***на улицу не выставишь*** [*non o pos na rúa*] tan facilmente (*Segodnia*, Сегодня). **c.** Simplemente esixiron: prohibir, prohibir, prohibir, prohibir! Ademais, hai poucas esperanzas de ter un resultado así: non pasaron por iso. A Hollywood ***на арапа не возьмешь*** [*non o tomas de aduaneiro*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

En contextos cuantitativos é posible suprimi-la negación naquelas UUFF explícito-negativas débiles cuxa forma interna presenta unha alusión a unha cantidade mínima de algo. Igual ca no caso das oracións condicionais (*vide supra*), o contido ilocutivo destes actos de fala é a ameaza; comp.: ***Любой****, кто ее хоть* ***пальцем тронет****...* [***Calquera*** *que a* ***toque*** *sequera* ***cun dedo*** *(que lle faga o mínimo dano, que lle poña a man enriba)...*]; ***Любой****, кто об этом* ***обмолвится хоть словом*** [***Calquera*** *que* ***se vaia da lingua sequera unha palabra*** *sobre isto (que diga algo sobre isto)*]. Sinalaremos que, a diferenza dos casos anteriores, nos exemplos estudados aquí utilízanse cuantificadores coma *любой* [*calquera*]: *Они прекрасно знают, что их снова обманут. Но надежда на чудо живет в их сердцах. Они будут проклинать Мавроди, но они перегрызут глотку* ***любому****, кто* ***тронет его пальцем*** [*Eles saben perfectamente que os han de enganar outra vez. Pero nos seus corazóns vive a esperanza dun milagre. Maldicirán a Mavrodi, pero saltaranlle ó pescozo a* ***calquera que o toque cun dedo***] (*Ogonek*, Огонек).

6.1.4.10. Combinación de factores

Evidentemente, a distinción dos diferentes factores que permiten a integración dunha negación non significa que estes actúen exclusivamente por separado. As diferenzas a nivel de plano dos factores que fan posible unha negación favorecen a súa combinabilidade nun mesmo contexto. Por exemplo, a cuantificación pódese combinar cunha oración subordinada final e cunha de valoración, comp.: ***Чтобы*** *более* ***никто*** *из сыщиков и следователей ему больше* ***голову не морочил****, 4 мая прокурор уже выносит официальное постановление: уголовное дело прекратить* [***Para que ninguén máis*** *cós detectives e os investigadores* ***lle escureza a cabeza*** *(lle maree a cabeza), o 4 de maio o fiscal xa emitiu a resolución oficial: acabar co asunto criminal*] (*Ogonek*, Огонек); *Вообще* ***странно****, что его* ***никто*** *до сих пор* ***на чистую воду не вывел*** [*En xeral* ***é estraño*** *que ata agora aínda* ***ninguén o levase á auga limpa*** *(é estraño que ata agora ninguén sacase á luz os seus asuntos escuros)*]. A valoración, á súa vez, combínase facilmente cunha condición e cunha cuantificación: *Как было бы* ***хорошо и спокойно, если бы никто в душу не лез / над душой не стоял / на нервы не действовал / грязью не поливал*** [*Que* ***ben estaría e que tranquilidade se ninguén entrase na alma / non estivese enriba da alma / non actuase nos nervios /***

non botase sucidade *(que ben estaría e que tranquilidade se ninguén se metese na intimidade dun / non molestase / non puxese a un dos nervios / non falase mal dun)*].

A combinación do futuro e dunha oración interrogativa constitúe un caso máis de simultaneidade de factores. Todo o anteriormente tratado reforza a acción dos factores que permiten a negación, comp.: *– Я скажу тебе правду. Но* [...] *ты* ***не будешь читать мне мораль****? Я ее сама себе уже прочитала. И если ты после этого не сочтешь возможным мне помогать, то дай слово, что хотя бы мешать не станешь* [*—Heiche de dici-la verdade. Pero* (...) *ti* ***non me vas le-la moral*** *(non me vas recriminar nada/rifar)? Eu mesma xa o lin. E se despois disto non ves posible axudarme, polo menos dáme a palabra de que non me empezarás a amolar*] (A. Marínina. *Xogos de homes*, Мужские игры).

6.1.4.11. Contextos únicos

Os contextos únicos de negación son característicos dalgunhas UUFF illadas ou dos pequenos grupos que constitúen; precisamente por este motivo é difícil facer unha enumeración completa. Neste grupo de contextos únicos pódese incluír, por exemplo, a construción *достаточно/довольно* [UF] *чтобы/что* [*suficientemente*, *dabondo* (UF) *como*, *para que*], a cal supón a supresión da negación nalgunhas UUFF explícito-negativas débiles. Comp. as UUFF *пальцем не пошевелить* [*non mover un dedo*, 'non face-lo mínimo esforzo para acadar algo'] e *не пускать на порог* [*non deixar entrar no limiar*, 'non deixar entrar na casa dunha persoa'] nas UUFF (24 a, b):

(24) **a.** A situación na illa e arredor dela estase facendo incontrolable. Á Unión Soviética ***достаточно пошевелить пальцем, чтобы*** [*abóndalle con mover un dedo para*] facer que vos anexionedes. A illa atópase nun campo natural de influencia soviética (V. Aksénov. *A illa de Crimea*, Остров Крым).
b. Para ser xustos hai que recoñecer que, en realidade, ó correspondente de *KP* non lle levaron nin unha copa nin nada para picar. Ademais, como nunca ía á sauna, esta vez ***довольно что пустили на порог*** [*tivo dabondo con que o deixasen entrar no limiar*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета).

Nalgúns casos son os propios contextos os que lle impoñen a negación á UF, incluíndoa coma compoñente indispensable. É o caso, por exemplo, da construción *разве что не P* [*a non ser que P*]: *В рубрике «Моя реклама» было опубликовано объявление одной организации, предлагавшей работу исполнителя судебных приговоров. Страшно хотелось узнать, позвонит ли хоть кто-то по указанному телефону, и я* ***разве что на коленях не стоял****, упрашивая представителей этой организации поприсутствовать при телефонном собеседовании* [*Na sección «A miña publicidade» publicouse o anuncio dunha organización que ofrecía un traballo de executor de condenas xudiciais. A un éntralle unha curiosidade enorme por saber se haberá sequera unha persoa que chame ó teléfono aló indicado, eu mesmo* ***pouco menos que estiven de xeonllos*** *(fixen de todo/arrastreime), suplicándolles ós representantes desta organización que me deixasen estar presente nunha conversa telefónica*] (*Sobesédnik*, Собеседник). Este contexto, ó ser único, imponlle ademais ó predicado inserido *P* unhas restricións bastante fortes. Poden ser UUFF que expresen

un alto grao de manifestación dunha particularidade específica da situación (o grao de pracer, a forza dunha petición, dunha dor, dun rexeitamento etc.): – *Я хочу сказать об остановке в полете, неустойчивом равновесии, о той форме чувствования, при которой* ***разве что не сходишь с ума****, – о счастье...* [—*Quero dicir sobre a parada no voo, sobre o equilibrio inestable, sobre ese tipo de sensacións que fai que* ***por pouco un non baixe da mente*** *(por pouco un non tolee) sobre a felicidade...*] (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета); *От чудовищной боли* ***разве что об стенку не бился****...* [*Coa monstruosa dor que tiña por pouco* ***non se golpea contra a parede*** *(por pouco non se desespera da dor)...*]; *По всякому объяснял, что не пью,* ***разве что по матери не посылал*** [*Explicaba de moitas formas que non bebo,* ***pouco faltou para que os mandase pola nai*** *(pouco faltou para que os insultase/para que os mandase a paseo)*]. Sinalaremos que non tódalas UUFF, nin moito menos, que responden ás características formuladas permiten unha negación neste contexto, compárese o exemplo real pero pouco satisfactorio do *Moskóvskii komsomólets* (Московский комсомолец) do 21 de marzo de 1994: *Выборы прошли без особых эксцессов. Теперь 20 миллионов чернокожих ждут – Мандела наобещал им* ***разве что не небо в алмазах****. Откуда возьмутся средства на очередной вариант земного рая, остается загадкой* [*As eleccións discorreron sen particulares excesos. Agora 20 millóns de persoas de cor esperan; Mandela prometeulles* ***pouco menos que o ceo en diamantes*** *(fixo todo tipo de promesas irrealizables). Segue a ser un enigma de onde se van tira-los medios para a próxima variante do paraíso terreal*].

Ó conxunto de contextos únicos tamén pertence o contexto de palabras modais que permita prescindir da negación de maneira formal da estrutura de UUFF explícito-positivas débiles: *глаз не оторвать* [*non arrinca-los ollos*, 'non ser quen de deixar de mirar algo, estar engaiolado por unha visión'], *глаз не смыкать* [*non pechar ollo*, 'non dar durmido'], *места себе не находить* [*non atopar lugar para un*, 'intentar evitar pensar en algo sen conseguilo'], *глазам/ушам [своим] не верить* [*non cre-los (propios) ollos/oídos*, 'non dar creto'], *носа не показывать* [*non ensina-lo nariz*, 'non acudir a un lugar, non presentarse'].

(25) **a.** Claudia afundía unha e outra vez a mirada no libro e ***не могла поверить своим глазам*** [*non podía cre-los seus ollos*]: estábaa mirando a mesma dama cuxo retrato se atopaba pendurado na galería Richie Oddey (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета). **b.** Todo aquel día ata o serán mesmo el ***не мог найти себе места*** [*non daba atopado un lugar para si*] e daba voltas arreo polo patio, quedaba debaixo do tellado, quedaba sentado na cociña (V. Bikov. *A canteira*, Карьер). **c.** É a cuarta noite que Vera dorme mal, ata o amencer ***глаз сомкнуть не может*** [*non dá pechado un ollo*] despois de que ti falases con tanta dozura con ela sobre a cuestión do piso (V. Lipatov. *E isto é todo sobre el*, И это все о нем).

Con todo, neste caso a eliminación da negación é só aparente. O que acontece é que a semántica destas UUFF xa contén un compoñente modal que determina as características «pacientes» do suxeito por medio da negación da posibilidade de control: *X не находит себе* места [*non atopa sitio para el*] = '*X*, ó estar preocupado por algo, intenta ocuparse doutra cousa, pero, malia a súa vontade, **non pode** facer

outra cousa que pensar niso'. A aparición explícita dun verbo modal cunha negación na oración simplemente duplica o compoñente do plano do contido da UF: a negación desaparece da estrutura superficial da UF pero permanece na semántica.

A negación da UF *мокрого места не останется* [*non quedará un lugar mollado*, 'alguén será completamente destruído, vencido, castigado sen piedade'] é única á súa maneira: non conduce a unha transformación antonímica, xa que a negación está ligada ó modo de indica-lo significado, á forma interna. Comp. *Если бы Жириновский замахнулся на Наину Иосифовну (она тоже была где-то рядом), от него* ***осталось бы мокрое место*** [*Se Jirinonskii levantase a man contra Naína Iosífovna (ela tamén estaba por aí preto), del* ***quedaría un lugar mollado***] (*Nóvaia gazeta*, Новая газета); *Если бы грохнуло, от нас* ***мокрого места бы не осталось*** [*Se estoupase, de nós* ***non quedaría un lugar mollado***] (*Izvestia*, Известя). En realidade, o que acontece é que ámbalas dúas expresións (*останется мокрое место* [*quedará un lugar mollado*] e *мокрого места не останется* [*non quedará un lugar mollado*]) teñen o mesmo significado: 'acabar completamente con alguén; unha desgraza ou castigo non ten piedade ningunha con quen a sofre'.

6.1.5. Esencia dos factores que permiten unha negación

O modelo semántico do plano do contido dunha expresión lingüística presupón a revelación da interacción do seu significado cun contexto (sobre o concepto de modelo de significado, véxase a sección 3.2.2.2). Estes dous compoñentes forman o significado real dun enunciado de fala. Con respecto ó problema que estamos a tratar, os factores que permiten unha negación pódense dividir dunha maneira convencional en **internos** (determinados pola semántica da UF) e **externos** (vinculados ó contexto). Aínda que o obxectivo desta sección estea relacionado coa busca dos factores externos, ó mesmo tempo, inevitablemente, tamén se foron revelando os factores internos. Nun caso ideal, os factores internos poden ser descritos coma as particularidades da semántica dunha UF que implican unhas determinadas particularidades da combinabilidade coa negación. Ata agora pódese falar unicamente de tendencias. No caso das UUFF explícito-positivas, coma tal característica diagnóstica do plano do contido pódese considera-la situación descrita e a presenza de control sobre ela por parte do receptor. Tales fraseoloxismos —este grupo está constituído, sobre todo, por aquelas UUFF que describen situacións de infracción de regras xerais da interacción comunicativa e situacións nas que se causan danos— permiten a negación no imperativo e noutras formas gramaticais próximas pola súa función ilocutiva: *Не пудри мне мозги!* [*Non me empóe-los miolos!*, 'non trates de enganarme!']; *Не вешай лапшу на уши!* [*Non me pendures un fideo das orellas!*, 'non me enganes!']; *Не принимай близко к сердцу всякую ерунду!* [*Non tomes preto do corazón tódalas parvadas!*, 'non tomes tan en serio tódalas parvadas!']; *Не бери в голову!* [*non metas na cabeza!*, 'non penses niso, non te preocupes!']. Moitas das UUFF deste tipo pódense utilizar coa negación en oracións condicionais e interrogativas.

O outro grupo de UUFF explícito-positivas débiles en cuxa semántica está presente a idea de humillación permite a introdución dunha negación en futuro. Nun uso performativo, tales enunciados están próximos ós actos de fala de xuramento: *На*

задних лапах я перед ним ходить не буду! [*Non hei de camiñar sobre as patas traseiras diante del!* 'non me hei de arrastrar!']; *На брюхе перед начальством ползать не буду!* [*Non me hei de arrastrar sobre a barriga diante dos xefes!* 'non me hei de arrastrar diante dos xefes!']. A presenza dunha valoración positiva ou negativa da situación tamén se pode contemplar coma factor diagnóstico no significado da UF. As UUFF con esta característica semántica permiten a negación en oracións condicionais: *Если ты не возьмешься за ум...* [*se non te agarras á razón...*, 'se non sentas cabeza'...]; *Если дело не сдвинется с мертвой точки...* [*se o asunto non se move do punto morto...*, 'se o asunto non se retoma...']. As UUFF explícito-negativas débiles en cuxa semántica está presente unha alusión ó significado mínimo dalgún trazo característico perden a negación nas oracións condicionais cunha función ilocutiva de ameaza: *Если хоть один волос упадет с ее головы...!* [*como lle caia un só pelo da súa cabeza...!*, 'como lle aconteza algo...!']; *Если ты хоть каплю в рот возьмешь...!* [*como tomes na boca aínda que sexa unha pinga...!*, 'como bebas algo de alcohol! (por pouco que sexa)...']. Os factores externos que permiten unha negación están estreitamente ligados a dous fenómenos: á esencia da negación coma diverxencia da norma —do estándar— e á idiomática coma modo non completamente estándar de utiliza-la lingua para describir unha situación. É obvio que nestes casos se trata de normas de contido diferente. A norma equiparable ós enunciados afirmativos corresponde a unha norma —o estándar—, o cal, como xa se expuxo de maneira convincente en Санников 1988, entra no significado das conxuncións coordinativas *и*, *а то и*, *но*, *а* [*e*, *pero tamén*, *pero*, *e en cambio*]. Neste sentido, na descrición normal dunha situación tamén normal é natural utilizar un enunciado en forma afirmativa. Por exemplo, se comparámo-las definicións restritivas e as non restritivas, só estas últimas carecen dunha valoración subxectiva do falante, é dicir, describen un estándar. Ó utilizar definicións restritivas, o falante elixe un obxecto do conxunto situacional de obxectos segundo unha característica determinada e ó facelo nega as demais. A esencia da negación radica nisto: en certo sentido sempre é unha diverxencia da norma.

A idiomática tampouco é estándar noutro sentido: o seu emprego require do falante uns coñecementos únicos, «individuais» sobre o funcionamento da lingua que non son cubertos pola gramática común e que se atopan nunha zona intermedia en continuo cambio, situada entre a gramática e o dicionario (véxase a este respecto Баранов, Добровольский 1996б, 2005a). A colocación dunha diverxencia da norma sobre outra non sempre ten efectos previsibles. A análise do material demostra que na maioría dos casos as UUFF non permiten a negación. En realidade, a negación dunha UF que describe unha situación non-estándar ten que chama-la atención ou ben sobre o estándar ou ben sobre o conflito, o contraste. Resulta demasiado complicado describir unha situación estándar e normal dun xeito tan rebuscado (aínda que no sistema lingüístico abondan os exemplos de non-economicidade e falta de lóxica). Con todo, a tendencia é evidente: a introdución (ou a eliminación) dunha negación na estrutura dunha UF, na maioría dos casos require un cambio substancial do contexto, determinado polos factores externos que permiten a negación. É natural facerse a pregunta de como é a esencia destes cambios e, en consecuencia, como é o contido

destes factores externos. Os factores externos estudados con anterioridade divídense en tres grupos principais:

En primeiro lugar, se a situación das cousas que se está a describir non é real, senón hipotética, entón a súa negación ten máis posibilidades de ser admisible. Así, é estraño dicir *он лапшу на уши мне не вешает* [*el non me pendura un fideo das orellas*, 'non me engana'], xa que a comunicación normal non presupón a mentira, pero é natural dicir *не вешай мне лапшу на уши* [*non me pendures un fideo das orellas*, 'non me enganes'], pois o que aquí se describe xa non é unha realidade veraz con tódalas súas posibles normas e diverxencias, senón que se chama a atención sobre a situación hipotética e desexable das cousas. Así, unha UF que estea nunha forma que non é de indicativo ten máis posibilidades de combinarse cunha negación ca unha que está en indicativo, se entendemos 'non –indicativo' en sentido amplo, incluíndo non só o modo subxuntivo e o imperativo, senón tamén as oracións interrogativas, as condicionais e as finais, así coma tamén o futuro. De aquí despréndese a esencia dos factores externos de admisibilidade da negación tratados anteriormente, que permiten introducir unha negación nas UUFF explícito-positivas e explícito-negativas en oracións condicionais, interrogativas, finais etc.

En segundo lugar, no contexto dos procedementos de cita e no contexto de aclaración o discurso atópase noutro plano da discusión. Ó entraren no nivel do metatexto, os falantes tamén se afastan da discusión de determinados aspectos da realidade, centrándose nas realidades da lingua, do sistema lingüístico e do uso das expresións lingüísticas na fala.

Finalmente, atopamos outro grupo de factores externos de admisibilidade da negación que permiten introducir unha negación nunha UF. Estes factores achéganlle a un contexto características das situacións contrastivas: a oposición, a selección dunha actitude/expectativa do interior dun conxunto (carácter restritivo). O último, en xeral, acompáñase dunha ampliación do contexto, dunha aclaración explícita das particularidades da situación que está a ser descrita. Os factores deste tipo manifféstanse de maneira total en contextos de valoración e en contextos cuantitativos. Os enunciados de valoración léxica e os cuantitativos son a miúdo complicados por partículas, sobre todo intensificadoras e restritivas.

Un problema particular que non se discutiu son as características semánticas e sintácticas das UUFF explícito-positivas fortes e das explícito-negativas. É moi probable que a imposibilidade absoluta de introducir unha negación (ou de eliminala) estea relacionada directamente coa súa semántica. Algunhas regularidades revélanse de maneira relativamente fácil na primeira etapa da análise. Así, non permiten a negación UUFF sentenciais coma *а ларчик просто открывался* [*o cofriño abriuse de maneira simple*, 'un problema aparentemente difícil resultou ter unha fácil solución'], *бабушка надвое сказала* [*a avoa dixo de dúas maneiras*, 'algo aínda é incerto'], *вернемся к нашим баранам* [*volvamos ós nosos cordeiros*, 'volvamos ó centro da nosa conversa']. En gran medida isto explícase pola fixación da estrutura das UUFF deste tipo; nelas simplemente non se prevé un lugar para a introdución da negación. En xeral, non se combinan cunha negación aquelas UUFF en cuxa estrutura superficial está presente a

conxunción *как* [*coma*] e as análogas: *бежать как черт от ладана* [*correr coma o demo afastándose do incenso*, 'correr moi rápido'], *беречь как зеницу ока* [*gardar coma a pupila do ollo*, 'coidar con moito esmero'], *везет как утопленнику* [*ter tanta sorte coma un afogado*, 'ter moi mala sorte'], *будто в воду смотреть* [*coma se se vise na auga*, 'adiviñar algo, presentir'], *будто ветром сдуло* [*coma se o levase o vento*, 'algo ou alguén desapareceu moi rápido'], *врать как сивый мерин* [*mentir coma un cabalo castrado ruzo*, 'mentir moito'], *расти как грибы* [*medrar coma cogomelos*, 'proliferar, aumenta-lo número de algo moi rápido'].Parece evidente que isto está relacionado coa contradición entre a estrutura superficial e a estrutura profunda destas UUFF. Nas comparacións habituais pódese integrar unha negación xeral que se une sintacticamente a *как* [*coma*]: *Неверно, что он делает все как я* [*non é certo que el fai todo coma min*] → *Он делает все не как я* [*el fai todo non coma min*]. Dun xeito análogo, tamén é posible transformar unha estrutura semántica na que estea presente un predicado de comparación. Con todo, o significado real das UUFF do tipo que estamos a estudar, en xeral, non contén unha comparación: *X бежит от Y-а как черт от ладана* [*X corre afastándose de Y coma o demo afastándose do incenso*] ≈ 'X non desexa ter nada que ver con Y e leva a cabo esforzos activos para que así sexa'; *X*-ы *растут как грибы* [*Os X medran coma cogomelos*] ≈ 'Os elementos X aumentan cuantitativamente moi rápido'. A negación nas UUFF desta estrutura habería que introducila segundo o esquema estándar, é dicir, coa conxunción *как* [*coma*]; non obstante, no significado real a esta conxunción non lle corresponde nada, pois un xiro comparativo unicamente é un xeito de indica-lo alto grao no que se manifesta un trazo característico: MAGN. Precisamente esta resulta se-la causa pola que non se admite a negación. En contextos contrastivos é posible a inclusión dunha negación referida ó verbo con significado, comp.: *Да* ***не бережет*** *он ничего* ***как зеницу ока*** *– все давно пропил* [*Pero se el* ***non garda*** *nada* ***coma a pupila do ollo****... Hai tempo que gastou todo bebendo*]; *Давно уже* ***не растут*** *малые предприятия* ***как грибы*** *– при нынешнем законодательстве это просто невозможно* [*Xa hai tempo que as pequenas empresas* ***non medran coma cogomelos****: coa lexislación actual isto é simplemente imposible*].

É interesante observar que a UF *вертеться как белка в колесе* [*dar voltas coma un esquío nunha roda*, 'andar moi atarefado'] permite a negación no imperativo (*Да не вертись ты как белка в колесе*! [*Pero non deas voltas coma un esquío nunha roda!*]). Resulta evidente que a importancia da prohibición de infrinxirse dano a si mesmo prevalece sobre as restricións semánticas discutidas.

Por este mesmo motivo, non é posible introducir unha negación nas UUFF co cuantificador *все* [*todos/as*]*: бить во все колокола* [*golpear con tódalas campás*, 'chamar toda a atención sobre algo negativo'], *все дороги ведут в Рим* [*tódolos camiños levan a Roma*, 'tódolos indicios conducen ó mesmo lugar/feito etc.'], *все соки вытянуть* [*tirar tódolos zumes*, 'tirar todo o proveito posible dunha persoa, explotar'], *все уши прожужжать* [*zunir tódolos oídos*, 'insistirlle a alguén para que faga algo']. O que acontece é que o significado real destas expresións non contén un cuantificador de xeneralidade. Unha vez máis, as partículas cuantificadoras son un modo de codifica--la semántica do alto grao de manifestación dun trazo característico.

Sinalaremos que mesmo noutros casos nos que está presente a idea dun alto grao de manifestación dun trazo característico a introdución dunha negación resulta realmente difícil, comp.: *беречь пуще глаза/глазу* [*gardar máis ca un ollo*, 'coidar con moito esmero'], *бить ключом* [*ferver*, 'estar radiante de vida'], *бить через край, покраснеть до корней волос* [*poñerse vermello ata a raíz do pelo*, 'poñerse completamente rubio, poñerse coma un tomate'], *выдать с головой* [*entregar alguén coa cabeza*, 'entregarlle unha persoa a alguén que a maltratará ou que lle fará dano']. Aquí aplícase unha regra xeral: a negación, ó ser un fenómeno non só semántico, senón tamén sintáctico, «traballa» coa forma interna, pero a forma interna das UUFF non é máis ca un modo de codifica-lo significado real. Se o modo de codifica-lo significado real na forma interna e mailo propio significado real forman unha estrutura composicional, a negación admítese dun xeito máis regular. Agora ben, naqueles casos nos que a UF é semanticamente indesmembrable, a introdución da negación vese complicada, comp. *медведь на ухо наступил (кому-л.)* [*o oso pisoulle a orella (a alguén)*, 'non ter oído musical ningún, ser totalmente negado para a música']. A aparición dunha negación neste caso pode causar un efecto de materialización dunha metáfora fixada na forma interna.

En xeral, a clasificación e as características das UUFF explícito-positivas fortes e das explícito-negativas fortes requiren un estudo especial.

6.2. A pasivización das UUFF: semántica e sintaxe[215]

6.2.1. Consideracións preliminares e formulación do problema

Como xa se indicou previamente, a incapacidade das UUFF de someterse dun xeito regular ás transformacións estándar da estrutura sintáctica contémplase coma un dos trazos característicos constitutivos da fraseoloxía coma compoñente especial do dicionario. De entre as transformacións sintácticas cuxa acción non se estende ó ámbito da idiomática, cítanse a miúdo a topicalización, a introdución dun cuantificador ou dun complemento de calquera tipo no grupo nominal, as substitucións anafóricas, a transformación da voz activa en pasiva (pasivización), a nominalización, a inclusión dunha UF nun contexto de oracións interrogativas e imperativas, a introdución dunha negación (véxase a sección anterior) etc. Estas transformacións e outras semellantes ou ben provocan a agramaticalidade das oracións con UUFF (a diferenza das oracións que non conteñen UUFF) ou ben permiten unicamente unha lectura literal de tales oracións, é dicir, transforman as UUFF en «non-UUFF».

As investigacións das últimas décadas no campo da fraseoloxía demostraron, con todo, que no caso de determinadas UUFF resultan aceptables algunhas transformacións da estrutura sintáctica e a súa realización non leva á destrución do significado real (Fraser 1970; Katz 1973; Burger 1973: 81-89; Fleischer 1997: 49-58). Por exemplo, *заварить кашу* [*cociñar unha papa*, 'emprender algo complicado e custoso que case sempre acaba mal']→ *Эту кашу заварил Иван* [*Esta papa cociñouna Iván*]; *Ты опять заварил жуткую кашу* [*Volviches cociñar unha papa espantosa*]; *Что за кашу ты*

[215] Para a realización deste apartado baseámonos nos artigos de Добровольский 2005a, 2007.

опять заварил? [*Que papa cociñaches agora?*]; *Боюсь, что нам еще долго придется расхлебывать заваренную им кашу* [*Temo que dentro dun tempo teremos que desface-la papa que cociñou*], onde o compoñente *каша* [*papa*] pode ser modificado por pronomes demostrativos e adxectivos, atoparse no campo de acción dunha pregunta específica etc. Compárese (26) e tamén os exemplos ingleses de Nunberg, Sag, Wasow (1994: 502), que ilustran as posibilidades de modificacións anafóricas (27) e o desprazamento da parte nominal da UF á posición tópica (28):

(26) **a.** Ai Señor! Dure o que dure isto ha de chega-lo final. Que ***заварил кашу***! [*papa cociñou!*] Que ***кашу***... [*papa*] para que! (V. Rasputin. *Vive e lembra*, Живи и помни). **b.** Pero para que valen os seus esforzos, se aí está Rostóvtsev, mentireiro e aduaneiro? El, por suposto, se non perdese o interese polo movemento dos 'preocupados polo futuro' había de ***кашу заварил*** [*cociñar unha papa*] máis na súa fila. Na oficina de Malibán renxerían sen para-las máquinas rexistradoras, mentres que el, Danílov, tocaría a viola (V. Orlov. *Altist Danilov*, Альтист Данилов). **c.** É un gran misterio por que «Rosghlebprodukt» suprimiu o centeo. Pero a inestabilidade na formación do mercado dos cereais na escala de Rusia é un verdadeiro drama. É lóxico que aquel mesmo que ***заварил кашу*** [*cociñou unha papa*] comece a ***ее расхлебывать*** [*desfacela*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **d**. O candidato das ciencias xurídicas Aleksándr Peghterev, ó se atopar ó mesmo tempo entre os clientes de dous bancos fracasados, do «Chara» e mais do «Gorni Altai», supón que, por moito que se esforcen os servidores do Femid ruso en ***расхлебывать кашу, заваренную*** [*desface-la papa cociñada*] no mercado financeiro por homes de negocios con mala fe, estes han de precisar un ano máis: as dimensións do acontecido son demasiado grandes (*Izvestia*, Известя).

Naturalmente, en contextos non-estándar pódese utilizar practicamente calquera modificación dunha UF. Falar aquí de calquera das regras tería pouco sentido; a principal complicación consiste no feito de que é difícil establece-la fronteira entre as transformacións estándar e non-estándar dunha UF baseándose en criterios claros e comprobables. Clasificar cada modificación concreta coma estándar ou non-estándar depende en gran medida das condicións do contexto e da recepción individual. En principio, calquera diverxencia con respecto á forma do dicionario pódese contemplar coma un uso máis ou menos non-estándar. É obvio que no estudo posterior das transformacións sintácticas apoiámonos en gran medida na propia intuición. Agás nos casos mencionados especificamente, intentamos utilizar unicamente aqueles contextos que (mesmo con certa liberdade propia do estilo xornalístico) non conteñen infraccións inequívocas da norma literaria e que non teñen un carácter de claro xogo de palabras. Así, os exemplos 26a, b, d diverxen, en certo modo, da norma. Neste caso é importante o feito de que ilustran as transformacións semántico-sintácticas das UUFF que se atopan no discurso coloquial actual.

(27) Although the FBI kept ***tabs*** on Jane Fonda, the CIA kept ***them*** on Vanessa Redgrave. «Aínda que o FBI mantiña ***etiquetas*** sobre Jane Fonda, a CIA mantíña**as** sobre Vanessa Redgrave».

≈ 'Aínda que o FBI controlaba/observaba a Jane Fonda, a CIA controlaba/observaba a Vanessa Redgrave'.

(28) ***Those strings***, he wouldn't pull for you. «***Eses fíos*** el non os habería de mover por ti».

≈ 'El non faría uso da súa influencia nese asunto por ti'.

Así, pódese falar do carácter selectivo das UUFF en relación á modificabilidade da súa estrutura. Esta selectividade maniféstase, por unha parte, no feito de que non tódalas UUFF presentan a capacidade de seren modificadas e, por outra banda, en que a mesma UF non permite tódalas transformacións posibles, senón unicamente algunhas delas, totalmente específicas (véx. os exemplos rusos en Баранов, Добровольский 1991). Estes problemas foron tratados con material lingüístico inglés en Fraser 1970, onde se propuxo unha «xerarquía da fixación» das UUFF (*hierarchy of frozeness*), segundo a cal a capacidade de cada UF concreta de someterse a unhas ou outras transformacións depende da súa posición nesa xerarquía: canto máis próxima estea a UF do polo da fixación, tanto menor será a cantidade de transformacións de diferentes tipos que permita. Os tipos concretos de transformacións tamén forman unha serie gradual: se unha determinada forma permite a transformación T_1, tamén ten que permiti-la transformación T_2, aínda que non ó revés. Sabendo o lugar que ocupa a UF na xerarquía e o lugar da transformación na escala pódese, desta maneira, predicir que transformacións poderá sufrir unha UF. Posteriormente, McCawley, no seu célebre artigo publicado baixo o pseudónimo de Quang Phuc Dong, demostrou con contraexemplos que esta teoría non funciona (McCawley 1971).

Os exemplos alemáns (29) e (30), analizados en Nunberg, Sag, Wasow (1994) tamén demostran a selectividade das UUFF en relación á posibilidade de sufrir transformacións.

(29) Hans ***hat den Vogel abgeschossen***. «Hans abateu o paxaro dun disparo».

'Hans acadou éxito'.

(29a) ***Den Vogel hat*** Hans ***abgeschossen***. «O paxaro abateuno dun disparo Hans».

(29b) ****Abgeschossen hat*** Hans ***den Vogel***. *«Abateu dun disparo Hans o paxaro».

(30) Er ***hat ins Gras gebissen***. «El mordeu na herba».

'Morreu'.

(30a) ***Ins Gras hat*** er ***gebissen***.[216] «Na herba el mordeu».

[216] Malia a opinión dos autores, esta oración é aceptable unicamente en condicións contextuais moi específicas. As diferenzas no grao de aceptabilidade das oracións (29a) e (30a), nas que os autores non se deteñen especificamente, dependen do grao de desmembrabilidade semántica das correspondentes UUFF (para máis detalles, *vide infra*). Mentres que o compoñente *Vogel* permite unha lectura independente (similar a 'éxito'), ó grupo de compoñentes *ins Gras* non se lle pode atribuír ningunha interpretación comprensible.

(30b) ***Gebissen hat** er **ins Gras**. *«Mordeu el na herba».

O compoñente nominal da UF *den Vogel abschießen* e o grupo preposicional da UF *ins Gras beißen* poden, polo menos nalgúns contextos, desprazarse á posición inicial da oración (29a e 30a), mentres que isto non é posible no caso dos compoñentes verbais destas expresións (29b e 30b). Noutras palabras, non tódolos compoñentes dunha UF son susceptibles de topicalización.

Xorde entón a pregunta de como se poden explicar semellantes fenómenos. Existen regras que expliquen a aceptabilidade dunha ou doutra transformación para as UUFF dun tipo específico? Ou é que estas restricións teñen un carácter totalmente arbitrario? Se neste ámbito existen regras específicas, en que termos se deben formular? Son semánticas pola súa esencia, é dicir, o significado da UF, en certa medida, pode predici-lo seu comportamento sintáctico? Ou é que nos atopamos ante regras doutra natureza?

A finalidade desta sección é intentar atopar respostas a algunhas das preguntas formuladas. Tomando coma exemplo a pasivización das UUFF, demostraremos que para un tipo específico de transformación é posible formular unhas condicións cuxa observación permite realiza-la transformación sen infrinxi-las esixencias do uso. Non obstante, se estas condicións se infrinxen, este feito implica ben a aparición de efectos semánticos e pragmáticos relevantes (en particular, efectos de xogo de palabras), ben realizacións claramente incorrectas da UF.

6.2.2. Factores de pasivización

O interese dos investigadores pola pasivización das UUFF está condicionado pola necesidade de explica-las diferenzas no comportamento das UUFF verbais en relación ás transformacións da voz verbal. Na bibliografía científica existen diferentes intentos de explicación ; véx. Abraham 1989; Chafe 1968; Newmeyer 1974; Dobrovol'skij 1999a, 1999c, 2000f, 2001a.

Unha das hipóteses máis convincentes neste campo baséase na desmembrabilidade semántica das UUFF, é dicir, na relativa autonomía semántica dos compoñentes que constitúen a UF. Conforme a esta hipótese, a capacidade dunha UF para forma-la voz pasiva depende de se é posible atribuírlle un significado relativamente autónomo ó grupo nominal que aparece na estrutura da UF con función de obxecto (Ruwet 1983, 1992; Gibbs, Nayak 1989; Dobrovol'skij 1997: 91-102)[217]. No caso do ruso poderíanse incluír aquí UUFF tales coma *сломать лед* [*quebra-lo xeo*, '(re)toma-las relacións con alguén'] *(en relacións)* → *лед был сломан* [*o xeo foi roto*] *(nas súas relacións)*, *объявить бой* [*declararlle o combate*, 'empezar a loitar contra algo'] *(a un fenómeno)* → *был объявлен бой* [*foille declarado o combate*] *(a un fenómeno, por exemplo ó alcoholismo)*, a diferenza de UUFF coma *бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*[218],

[217] Compárese, por exemplo, a afirmación característica: «Idioms are, in varying degrees, analysable and their literal meaning (or the literal meaning of their constituents) almost always remains relevant. [...] This correspondence seems to be a necessary – though not sufficient – condition for an idiom not to be frozen, so that it may undergo passive for example» (Ruwet 1983: 14-16).
[218] N. do t.: Véxase a nota 1.

'lacazanear'] → **баклуши были биты* [**as bakluxi foron golpeadas*]. A razón disto radica en que *лед* [*xeo*] e *бой* [*combate*] posúen unha determinada autonomía semántica e, ó seren desprazados á posición do suxeito (e consecuentemente do suxeito temático), pódense interpretar dun xeito consciente. Pola contra, á palabra *баклуши* [*bakluxi*] na UF *бить баклуши* [*golpea-las bakluxi*] non se lle pode atribuír ningún significado autónomo, o que impide calquera transformación que cambie o status comunicativo do compoñente nominal. Véxase tamén o contexto alemán (31):

(31) *Mit dieser neuen Produktpalette, die von der Fuchs Mineralölwerke GmbH in Mannheim entwickelt wurde,* ***werden*** *gleich* ***zwei Fliegen mit einer Klappe getroffen****: Neben der Entlastung der Umwelt könnten derartige Produkte auch dazu beitragen, die landwirtschaftlichen Flächen verstärkt für den Anbau nachwachsender Rohstoffe zu nutzen* (*Mannheimer Morgen*).

Dado que o grupo nominal en función de obxecto *zwei Fliegen* (*dúas moscas*) posúe un significado relativamente autónomo dentro da estrutura semántica da UF (algo así coma 'dous premios' ou 'dous obxectivos'), a forma *zwei Fliegen werden mit einer Klappe getroffen* (*dúas moscas son matadas dun golpe*) ten sentido (compárese a UF rusa de semellante significado *убить двух зайцев* [*matar dúas lebres*, 'conseguir dúas cousas dunha vez'], que amosa determinados paralelismos mesmo no comportamento sintáctico). Esta forma pode ser interpretada do seguinte xeito: 'como resultado dunha acción conséguense dous obxectivos'. Desta forma, resulta correcta a idea da dependencia da pasivización con respecto á desmembrabilidade semántica da estrutura dunha UF. Con todo, evidentemente este criterio non se pode considerar universal.

É obvio que a autonomía semántica dos compoñentes (así coma o status referencial ligado a ela) non ten importancia no cambio de voz das UUFF dos seguintes exemplos:

(32) **a.** Naquel tempo no que Kozlik cumpriu trinta anos, o príncipe aínda non ***был сдан в архив*** [*fora entregado ó arquivo*, 'botar algo ó esquecemento como algo inservible'] (M. E. Saltikov-Xchedrin. *Os e as burócratas despóticos*, Помпадуры и помпадурши). **b.** Eu, aínda que agora *fun* ***сдан в архив*** [*entregado ó arquivo*], coñezo ben o mundo, sei de que pé coxea cada un (I. S. Turgénev. *Pais e fillos*, Отцы и дети). **c.** Estamos contentos de que nas nosas escolas aínda respecten as tradicións rusas e esperamos que o himno soviético non sexa definitivamente ***сдан в архив*** [*entregado ó arquivo*] e que a bandeira da Federación Rusa sexa izada unicamente cos sons do himno da Federación Rusa! (Corpus xorn.). **d.** O socialismo de cuartel foi ***сдан в архив*** [*entregado ó arquivo*]. Os comentaristas do *MN* compararon os arquitectos construtivistas e a *Madonna* de Rafael cos logros dos descendentes: os descendentes perderon (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости).

Neste caso é posible a pasivización, en particular, porque a UF *сдать в архив (кого-л./что-л.)* [*entregar ó arquivo*] posúe claramente unha valencia de acusativo. Os actantes actúan no papel casual do paciente e na pasivización desprázanse á posición do suxeito, que aparece nun caso estándar como tema do enunciado.

A análise dunha selección representativa de UUFF alemás en contextos escollidos a

partir dos córpora textuais do Instituto da Lingua Alemá de Mannheim permite presupoñer que os mecanismos de pasivización das UUFF se rexen por regras de natureza complexa e non poden ser explicados dun xeito sinxelo coa axuda dunha regra calquera. A capacidade das UUFF para crearen formas en voz pasiva é unha propiedade gradual. Isto significa que, á parte daqueles casos nos que a posibilidade de pasivización non suscita dúbidas (33) ou, pola contra, está totalmente excluída (34), existen formas de pasiva unicamente aceptables en determinadas condicións contextuais (35):

(33) *jmdn. mit offenen Armen empfangen → jmd. wird mit offenen Armen empfangen*

(34) *den Löffel abgeben → *der Löffel wurde abgegeben*

(35) *die Finger von etw. lassen → Davon werden im Allgemeinen die Finger gelassen; Davon werden die Finger gelassen!*[219]

O carácter gradual da capacidade para forma-la pasiva vese confirmado tamén polo feito de que con frecuencia as opinións dos informantes sobre a admisibilidade das formas da voz pasiva son diverxentes. Ademais, a análise dos exemplos dos córpora textuais amosa que nalgúns casos o uso das formas da pasiva está máis estendido có das formas en voz activa (coma, por exemplo, no caso da UF inglesa *to take aback someone*, 'deixar alguén pasmado, estupefacto')[220], mentres que noutros casos non é posible atopar ningún exemplo real de formas de pasiva potencialmente aceptables[221]. Isto é totalmente explicable debido a que a voz verbal serve non só e non tanto para a redistribución dos roles sintácticos coma para a redistribución dos rangos comunicativos que se atopan detrás deles (Плунгян 2000: 195-199); por iso, para que a pasivización dunha UF sexa percibida de maneira natural, non abonda coa súa aceptabilidade gramatical, senón que tamén fai falla que existan situacións que diten as correspondentes condicións pragmáticas. É moi posible que para algunhas UUFF tales situacións sexan comunicativamente máis significativas que para outras. Ademais, a relativa frecuencia de aparición de determinadas formas pódese explicar por meras preferencias de uso. Nesta sección non se estudarán estes factores nin outros semellantes: o obxectivo consiste en determina-las condicións cuxa observación é indispensable para que a pasivización sexa, en principio, posible.

Unha das maneiras posibles de resolver esta tarefa é distinguir diferentes factores heteroxéneos que favorecen a pasivización (véx. para o alemán Burger 1973; Fleischer 1997 e Abeillé 1995 para o francés) e factores que a impiden (comp., por exemplo, a presenza dun verbo que non se pode pasivizar na estrutura da UF ou a clara imposibilidade de que o significado do verbo poida ter un axente). Se a UF presenta varios factores que facilitan a pasivización, a súa transformación en voz pasiva

[219] Para unha interpretación detallada destes casos de pasivización, véxase Dobrovol'skij 2001a.
[220] A forma de voz pasiva *to be taken aback* atópase no 95% dos usos fixados nos córpora textuais ingleses (Moon 2007).
[221] Sobre a inadecuación dun enfoque inflexible respecto ó problema da aceptabilidade/inaceptabilidade das expresións lingüísticas, véxase Pertsov 1996: 31-34.

percíbese como máis estándar ca naqueles casos nos que se atopa unicamente un deses factores ou nos casos en que aparecen determinados factores que impiden a creación de formas en voz pasiva (para máis detalle véx. Dobrovol'skij 1997, 1999a, 2000a, 2001a). En principio, as condicións de pasivización das UUFF pódense describir como resultado da acción de factores individuais independentes uns dos outros, tales coma a desmembrabilidade semántica, a presenza de compoñentes verbais que crean de maneira libre e regular formas de pasiva na lingua de que se trate, a transitividade gramatical da UF, a sinonimia da UF con respecto ó verbo que permite a transformación pasiva, a variabilidade do artigo no compoñente nominal (nas linguas con artigo) etc.[222] En cambio, un enfoque orientado á busca dalgunhas regularidades comúns que se atopan tralos factores ofrece máis perspectivas, xa que posúe un potencial explicativo considerablemente maior. Moitos dos factores que favorecen a pasivización ou que a impiden supoñen o reflexo dalgunhas propiedades básicas das correspondentes UUFF. Consecuentemente, unha investigación orientada a establece-la dependencia de propiedades básicas deste tipo pode favorece-la identificación de regras relativamente xerais ás que se supedita a transformación sintáctica, antes que a revelación de correlacións inconexas entre as diferentes características da UF e o seu comportamento sintáctico.

6.2.3. A voz pasiva e os fenómenos próximos

Na seguinte exposición intentaremos centrarnos non nas condicións da formación da pasiva como forma morfosintáctica especial, senón nas condicións da aplicación da transformación en pasiva. Se partimos do feito de que a pasivización coma transformación sintáctica en calquera caso presupón o desprazamento dun grupo nominal (*NP-movement*), cómpre levar a cabo unha diferenciación consecuente entre a pasiva como forma morfosintáctica, por unha banda, e a transformación pasiva, pola outra. No primeiro caso trátase da posibilidade, en principio, de utilizar unha determinada UF verbal nunha forma concreta e específica en cada lingua: no caso do ruso é unha forma en *-ся* para os verbos de aspecto imperfectivo e unha forma constituída polo verbo copulativo *быть* [*ser/estar*] e o participio pasivo breve para os verbos de aspecto perfectivo (aquí cumpriría incluí-los xiros pasivo-participais coma *сданный в архив X* [*X foi entregado ó arquivo*, 'foi entregado ó esquecemento']); no caso do alemán é a forma *werden* + participio II ou a forma do *stativ sein* + participio II. No segundo caso trátase dun cambio de diátese, é dicir, dunha redistribución dos roles semánticos nas posicións sintácticas mediante o uso das correspondentes formas morfosintácticas. Consecuentemente, pódese falar de transformación pasiva (ou pasivización) unicamente no caso de que o grupo nominal se desprace da posición de non-suxeito á posición do suxeito gramatical (para máis detalles no caso de diferentes linguas, compárese, por exemplo, Givón 1995: 243). Noutras palabras, aquí vaise estudar unicamente a «pasiva total», que, a diferenza da pasiva «preguiceira» (sen o adiantamento dos complementos) e da «pasiva impersoal» (pasiva con axente nulo), presupón que se adiante o complemento (directo ou indirecto) á posición de suxeito

[222] Así, en Abeillé 1995: 21 indícase que un dos factores que favorecen a pasivización é a presenza dun verbo axente na estrutura da UF e dun suxeito animado na súa estrutura do argumento.

(para máis detalles sobre estes tipos de pasiva, véxase Плунгян 2000: 220). É posible que unha orientación cara a unha «pasiva total» como realización da voz verbal na que conflúen a «forma pasiva» e o «significado pasivo» (Zifonun, Hoffmann, Strecker *et al.* 1997: 1816-1817) permita formular algunhas regras xerais aplicables a diferentes linguas e que estas, polo tanto, posúan unha forza explicativa meirande cás regras específicas máis particulares[223].

A continuación, explicarémo-lo que acabamos de dicir: o «significado pasivo» posúeno non só as formas canónicas da voz pasiva, senón tamén moitas outras construcións que teñen unha semántica pasiva, que, á súa vez, forman unha subcategoría dentro da categoría semántico-sintáctica da conversión (para máis detalles, véxase Апресян 1995б: 264). Na orientación cara a un «significado pasivo» teranse que aplicar na análise tódolos medios léxicos que serven ó desprazamento do foco comunicativo á vez que se conserva o contido proposicional do enunciado. Así, por exemplo, no alemán a idea de pasiva pódese transmitir por medio de construcións con *sich lassen* 'deixarse' (por exemplo, *sie lässt sich nicht täuschen*, 'ela non se deixa enganar'), construcións con *bekommen* 'recibir' (por exemplo, [...] *die bekommen wirklich Zucker in den Arsch geblasen bei uns* (*taz-Sonderheft*)), construcións constituídas polos verbos *sein*, *bleiben*, *stehen*, *gehen* ou pola forma *es gibt* en combinación co infinitivo precedido pola partícula *zu* (por exemplo, *der Schmerz ist kaum zu ertragen*, 'a dor apenas se pode aturar') etc. (para máis detalles, véxase, por exemplo, *Duden-Grammatik* 1984: 184-185). Non obstante, dado que a voz verbal é unha categoría gramatical, ten sentido falar da pasivización unicamente naqueles casos nos que existe unha correlación regular de formas. Deste xeito, oracións coma *Sie lässt sich nicht an der Nase herumführen* [*non deixa que a leven collida polo nariz*], non as consideramos entre os exemplos de pasivización da UF *jmdn. an der Nase herumführen* [*levar alguén collido polo nariz*, 'enganar alguén'].

Na bibliografía especializada sobre fraseoloxía atópanse casos nos que as UUFF que expresan significados próximos ós pasivos (os cales, en xeral, non transmiten a idea de pasividade nun sentido exacto) interprétanse como o resultado dunha pasivización. Véx. o exemplo característico de Левин-Штайнман (2000: 31). O autor identifica erroneamente a forma *виден/видна насквозь* [*visible a través*, 'transparente, que se poden recoñece-las súas verdadeiras intencións'] no contexto (36) coma unha pasiva de estado:

(36) Aquilo non era axeitado para o caso de Mania, pois no seu caso non se desvelara todo e era banal: Mania era ***видна насквозь*** [*visible a través*] e Iura era ***виден насквозь*** [*visible a través*] (L. Petruxévskaia. *Mania*, Маня).

En realidade, non se trata da voz pasiva de *видеть насквозь (кого-л.)* [*ver a través (de alguén)*], posto que *виден* [*visible*, *visto*] non é o participio pasivo de *видеть* [*ver*],

[223] N. Chomsky tamén chama a atención sobre a imposibilidade de que en principio coincidan a sintaxe, a morfoloxía e a semántica: «Even within a single language that has syntactic passives with movement and passive morphology, we may find passive morphology without movement [...], movement with the sense of passive but without passive morphology [...], and the passive sense with neither passive morphology nor movement» (Chomsky 1993: 122).

senón a forma breve do adxectivo *видный* [*visible*]. Así, neste caso está ausente a «forma pasiva», do mesmo xeito que tamén o está a pasividade en sentido estrito. Ademais disto, ás veces interprétanse coma correspondencias de voz pares coma *выпустить в трубу* [*ceibar dentro do tubo*, 'levar alguén á bancarrota'] – *вылететь в трубу* [*voar para dentro do tubo*, 'quebrar, quedar en bancarrota, volverse insolvente'] (Телия 1972: 60). Aquí tamén nos atopamos ante un caso que, adoptando unha interpretación da semántica pasiva en sentido amplo, evidentemente pode ser clasificado na categoría da pasividade pero que, estritamente falando, representa un decausativo (para máis detalles, véxase Падучева 2001). Con todo, o principal é que nese caso está ausente a «forma pasiva»: trátase de diferentes UUFF unidas entre si por unha relación causativa. Comp. dun xeito análogo: *сойти в могилу* [*ir á tumba*, 'morrer'] – *загнать в могилу* [*botar á tumba*, 'causa-la morte de alguén prematuramente, xeralmente por preocupacións etc.'], así coma os paradigmas conversivos coma *почва уходит из-под ног* [*alguén perde o chan debaixo dos pés*, 'a posición de alguén faise moi inestable, alguén perde confianza nas súas posibilidades'] – *выбить почву из-под ног* [*quitarlle a alguén o terreo debaixo dos pés*, 'mina-la seguridade de alguén, empeora-los plans, perspectivas de alguén'] – *лишиться почвы под ногами*[224] [*perde-la terra baixo os pés*, 'perde-la estabilidade, o control sobre unha situación'], que tamén se atopan na fraseoloxía. En xeral, os decausativos utilizan con frecuencia a mesma forma cós verbos en voz pasiva (en ruso úsase sobre todo a forma en *-ся*) e por este motivo interprétanse a miúdo erroneamente coma construcións pasivas. Posteriormente trataremos isto en detalle.

No relativo á «forma pasiva» sen «significado pasivo», esta inclúe, sobre todo, as pasivas dos verbos transitivos, amplamente estendidas en linguas coma o inglés e o alemán. Por exemplo, en alemán é posible a formación da pasiva a partir de verbos coma *helfen* (*axudar*). Oracións coma *ihm wurde geholfen* (*a el axudóuselle*) descríbense, segundo diferentes concepcións, coma pasivas dun só membro ou coma pasivas impersoais (sen suxeito) (comp. o concepto de *Eintakt-Passiv* en Zifonun, Hoffmann, Strecker *et al.* 1997). A capacidade deste tipo de verbos de crearen formas de pasiva (as cales, estritamente falando, non son o resultado dunha transformación pasiva, xa que neste caso falta o desprazamento dun grupo nominal á posición temática) maniféstase nas UUFF verbais (por exemplo, *jmdm. auf die Sprünge helfen* → *jmdm. wird auf die Sprünge geholfen*; véx. tamén a sección 6.2.4). Obviamente, é necesario describir estes casos por medio de regras especiais, características do alemán e que non son aplicables no ruso[225]. Tamén cumpriría aplicar regras especiais para describi-las construcións rusas próximas á pasiva coma *ему легко работалось* [*a el*

[224] Os autores agradécenlle a E. V. Padúcheva a análise destes exemplos.

[225] Na fraseoloxía rusa tamén se atopan formas de pasiva sen suxeito. Na maioría dos casos, non obstante, estas dan a sensación dunha certa diverxencia da norma.Véx.: – *Вы, наверное, знаете, что лавра после революции была разорена и на многие годы закрыта. Все сокровища вывезли. В мощах преподобного Сергия тоже копались. Мародеры и трупоеды!* [...] *Все осквернено,* ***наплевано в самую душу*** [*—Vós sabedes, probablemente, que despois da revolución o mosteiro foi saqueado e estivo moitos anos pechado. Levaron tódolos tesouros. Tamén buscaron nas reliquias de San Serguéi. Espoliadores e necrófagos!* (...) *Todo está profanado,* ***cuspíronlle na alma mesma*** *(foi gravemente ofensivo)*] (V. Soloughin. *O derradeiro chanzo*, Последняя ступень).

traballóuselle ben, 'rendeulle o tempo, o traballo'], cando estas estean presentes na fraseoloxía. Trátase da forma denominada «pasivo-potencial», que non é semanticamente idéntica á voz pasiva, aínda que utilice a mesma forma en *-ся*, pero que tamén é unha pasiva en sentido estrito[226]. As diferenzas do *potencialis* con respecto á pasiva canónica fanse particularmente evidentes cando nos fixamos noutra lingua. Para transmitir este significado, tanto o inglés coma o alemán utilizan outras formas morfolóxicas que non coinciden coas pasivas.

A interpretación das formas verbais rusas rematadas en *-ся* é unha das principais complicacións que xorden ó estuda-la pasivización, xa que tamén posúen, ademais do significado de pasiva, os significados do decausativo, do reflexivo e do recíproco[227]. Con frecuencia é extremadamente difícil delimitar estes significados (véx. Плунгян 2000: 206-220). Os pares de UUFF de forma afín están a miúdo unidos por diferentes relacións semánticas. Por exemplo, *сбиться с панталыку* [*derribarse do pantalik*, 'sentirse completamente confundido, volverse tolo'] e *сводиться на нет* [*ser reducido ó non*, 'ser reducido ó mínimo na súa importancia'] son o decausativo de *сбить с панталыку* [*derribar do pantalik*] e *сводить на нет* [*reducir ó non*], mentres que *схватываться на лету* [*ser agarrado no voo,* 'ser entendido moi rapidamente'] e *сбрасываться со счетов* [*ser guindado fóra das contas*, 'ser excluído como posibilidade, ser ignorado'] son as formas en pasiva de *схватывать на лету* [*agarrar ó voo*] e *сбрасывать со счетов* [*guindar fóra das contas*]. O decausativo distínguese da pasiva polo feito de que a situación á que se refire non ten axente e permite a ausencia dun causante, a causa externa do cambio de estado, mentres que nunha situación descrita como pasiva o axente sobreenténdese (a non ser que apareza explicitamente) (Падучева 2001: 62-67). Comp. *они это схватывают на лету* [*eles agarran isto no voo*] – *это схватывается (ими) на лету* [*isto é agarrado (por eles) no voo*], *они это сбрасывают со счетов* [*eles guindan isto das contas*] – *это сбрасывается (ими) со счетов* [*isto é guindado (por eles) das contas*].

Na UF *руки опускаются* [*as mans déixanse caer*, 'facer que alguén se desanime, se renda'], a forma en *-ся* é un decausativo, comp. co contexto (37). Tamén é un decausativo a forma *заварилась каша* [*cociñouse unha papa*, 'emprender algo complicado e custoso que case sempre acaba mal'] en (38). Naturalmente, estes casos requiren unha análise individual e non se someten ás regras da pasivización das UUFF.

---

[226] «A forma en *-ся* dalgúns verbos de acción pode ter un significado pasivo-potencial (termo proposto por V. A. Plunguián): *юбка отстиралась* [*a saia lavouse* , 'deuse lavado a saia']. [...] A parella imperfectiva deses mesmos verbos designa unha acción que se pode aplicar ó obxecto no uso, ou mesmo á súa propiedade —'X é de tal xeito que se pode someter a esta acción con facilidade/con dificultade' [...]: *Книга легко читается, Пятна от чая отстирываются с трудом* [*O libro lese facilmente, As manchas de té quítanse dificilmente*]» (Падучева 2001: 73). I. G. Testélets (Тестелец 2001: 421) utiliza o termo *potencialis* para designar esta clase de construcións e considérao un dos tipos de pasiva. Dado que neste artigo relativo ás UUFF estamos a analizar unicamente a pasivización «prototípica», é dicir, a pasiva formada a partir de verbos axentivos-transitivos, o *potencialis* (cuxa semántica indubidablemente amosa un elemento de pasividade) non forma parte do noso campo de análise. Sobre construcións coma *мне хорошо работается* [*a min trabállaseme ben*], véxase tamén Апресян 2005.

[227] T. Givón (Givón 1990) chama a atención sobre a condicionalidade diacrónica desta homonimia de formas e os seus aspectos tipolóxicos (neste parámetro en particular o ruso está preto do español).

(37) Eu non me considero un pesimista, pero teño que dicir con toda responsabilidade que se un se pon a reflexionar con máis atención sobre a esencia da vida queda claro que todo remata coa morte. Nisto non hai nada de particular, e mesmo non sería democrático se alguén de nós de súpeto quedase vivo e se salvase. É obvio que todos queren vivir, pero cando pensas que Leonardo da Vinci tamén morreu, é que simplemente ***руки опускаются*** [*as mans déixanse caer*] (A. Terts. *Xeada*, Гололедица).

(38) **a.** Ó camarada Reutov máis lle valía te-la boca calada, pero é tan parvo que nos vai denunciar en tódalas instancias. Está claro que, ***заварилась каша***! [*cociñouse unha papa!*]. A Genka pouco lle faltou para saír despedido dos despachos dos secretarios antes de tempo. E mesmo o camarada Pilipenko nos desafiaba... (V. Lipatov. *E isto é todo sobre el*, И это все о нем). **b.** E ***заварилась каша*** [*cociñouse unha papa*] e saíulles ben, e púxose en marcha a panca de Arquimedes do poderoso armamento soviético, e na prensa rusa apareceron artigos de gran repercusión [...] (B. Leontev. *Novas aventuras de Ostap Bender*, Новые приключения Остапа Бендера). **c.** E ***заварилась каша*** [*cociñouse unha papa*] porque a declaración do KKK supoñía un plan de «traballo», de «purgatorio» para liquidar tódolos funcionarios comprometidos ata as orellas; foron comunicadas as súas biografías detalladas, coa enumeración das obras, feitos e causas polos que se viron sometidos á destrución (V. Golováchev. *O interceptor*, Перехватчик).

Así, a orientación cara á confluencia do «significado pasivo» e da «forma pasiva», é dicir, ós tipos de pasivización canónicos, é unha premisa indispensable para calquera intento de formulación de regras relativamente universais. As particularidades de cada forma concreta quasi-pasiva e de cada lingua concreta pódense describir na seguinte fase da investigación a modo de suplementos destas regras xerais e como especificacións da súa aplicación. Con respecto á pasivización, as diferenzas entre as linguas son ben coñecidas. Moitas delas están relacionadas cun grao diferente de gramaticalización da pasiva. Así, no inglés a pasiva está gramaticalizada en maior medida ca no alemán e no alemán en maior medida ca no ruso. No ruso a pasiva é unha forma pouco frecuente, típica de verbos axentivos, véx. Апресян 2002; Падучева 2003: 196. Consecuentemente, é necesario describir calquera forma de pasiva non-canónica (por exemplo, a pasiva de verbos estativos) por medio das regras particulares específicas de cada lingua.

6.2.4. Regras de pasivización das UUFF

6.2.4.1. Condicións semánticas xerais

A condición máis importante para a creación de formas canónicas de pasiva ten un carácter puramente semántico e non é específica das UUFF. En principio, as unidades léxicas (os verbos e os fraseoloxismos verbais de calquera tipo) pódense pasivizar só naqueles casos nos que se entenden coma verbos cunha semántica axentivo-transitiva. Noutras palabras, hai que interpretar estes verbos coma verbos que designan unha acción causada por unha entidade activa (obrigatoriamente un axente en sentido estrito)

e dirixida ó obxecto (en xeral o paciente ou tema)[228] (para máis detalles, véxase Givón 1995: 76). A obrigatoriedade dunha interpretabilidade axentivo-transitiva non só con respecto ó significado real, senón tamén con respecto ó compoñente figurativo, é específica da idiomática. Noutras palabras, unha UF lida literalmente tamén ten que aceptar unha interpretación axentivo-transitiva de xeito que ó ser transformada nunha forma de voz pasiva represente unha expresión que non contradiga as normas da lingua da que se trate. Isto último atinxe principalmente ás UUFF que teñen unha forma interna transparente.

Así, por exemplo, a UF *быльем поросло* [*creceulle herba por riba*, 'caeu no esquecemento'] en principio non pode forma-la pasiva, pois nin o seu significado real nin a súa forma interna se poden interpretar coma axentivo-transitivos. A UF *мерить всех на свой аршин* [*medir polo seu arxín*[229], 'medir coa mesma medida'] tomada en sentido literal posúe un significado axentivo, pero o seu significado real non describe unha acción, senón un estado mental do suxeito (*grosso modo*, 'ó ser incapaz de adopta-lo punto de vista doutras persoas ou non querendo facelo, guiarse nas súas opinións exclusivamente polos propios xuízos de valores'), por iso é practicamente imposible dicir ??*все мерились на его аршин*[230] [??*todo se mediu polo seu arxín*].

Partindo destas observacións pódese reformular, en termos máis xerais, a hipótese sobre o feito de que a capacidade de pasivización das UUFF depende da presenza dun verbo semi-sinónimo que se pode pasar a pasiva de maneira regular (Chafe 1968; Newmeyer 1974). Como é sabido, esta hipótese permite predicir, por exemplo, a incapacidade da UF *to kick the bucket* (≈'morrer') de crear formas de pasiva baseándose no feito de que o verbo *to die* (*morrer*) non se pode utilizar en voz pasiva. O criterio de semi-sinonimia dunha UF cun determinado verbo pódese aplicar unicamente a unha clase de casos, xa que existen bastantes expresións que non se poden parafrasear coa axuda dun verbo (comp., por exemplo, a UF *мерить всех на свой аршин* [*medir a todos polo mesmo arxín*]). Resulta interesante o feito de que a idea da relevancia do criterio de «tradución» dunha UF por medio dun verbo pasivizable non é compartida, nin moito menos, por tódolos investigadores (comp., por exemplo, Nunberg 1978; Abeillé 1995). Así, A. Abeillé considera que as UUFF *to give up the ghost* (lit. «ceiba-lo espírito») e *to throw in the towel* (lit. «guinda-la toalla»), que non responden a este criterio, pódense pasivizar, malia que os seus equivalentes non-idiomáticos *to die* ('morrer') e *to resign* ('renderse, retirarse dunha loita') non formen a pasiva (Abeillé 1995). Os falantes de inglés que interrogamos valoraron a expresión ??*the ghost was given up* (*grosso modo*, 'o espírito foi ceibado') coma incorrecta, mentres que consideraron a expresión ?*the towel was thrown in* convencionalmente aceptable co significado de 'as intencións que había foron valoradas coma irrealizables', o que permite unha interpretación axentiva. Este caso pódese considerar un argumento adicional a favor da suposición de que o factor

[228] En linguas coma o inglés tamén se pode tratar do *addressee*, *recipient* e *benefitor*.
[229] N. do t.: Medida de lonxitude específica rusa, equivalente a 0,71 m.
[230] Un impedimento adicional para a formación da pasiva é a substitución de *свой* [*propio*] por *его* [*seu*/*del*], imprescindible debido á da perda de correferencia do suxeito e do pronome posesivo como resultado da pasividade. En certa medida, unha substitución similar acaba coa fixación da UF.

decisivo non é a (semi-)sinonimia con calquera verbo concreto, senón as características semánticas inherentes da UF de que se trate.

Así, a restrición para a pasivización que se sinala na bibliografía especializada, relacionada coa presenza de verbos non-pasivizables na estrutura dunha UF (Burger 1973: 81; Fleischer 1982: 49; Möhring 1996: 51), pódese describir coma un caso particular da obrigatoriedade xeral da admisibilidade dunha interpretación natural axentivo-transitiva de ámbolos dous aspectos do plano do contido (é dicir, do significado real e da forma interna). Compárense, por exemplo, aquelas UUFF rusas co significado de 'castigo, amoestación', coma *намылить голову (кому-л.)* [*enxaboarlle a cabeza a alguén*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'] e *накрутить хвост (кому-л.)* [*retorcerlle o rabo a alguén*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén']. A súa transformación en voz pasiva é claramente dificultosa (???*ему была намылена голова* [???*foille enxaboada a cabeza*, 'foi amoestado'], ???*ему был накручен хвост* [???*foille retorcido o rabo*, 'foi amoestado']), aínda que o significado real non impide a pasivización: ≈ 'el foi sometido a un castigo, a unha amoestación'. Os verbos *намылить* [*enxaboar*] e *накрутить* [*retorcer*] por si mesmos crean libremente formas de voz pasiva. O impedimento débese máis ben á falta de naturalidade destas locucións en xeral entendidas literalmente. No caso de *накрутить хвост* [*retorcerlle o rabo a alguén*] non está moi claro como interpretar unha acción semellante e ante a necesidade de describir unha situación que é designada pola locución interpretada de maneira literal *намылить голову* [*enxaboarlle a cabeza a alguén*] en pasiva, diriamos máis ben algo coma *его голова была намылена* [*a súa cabeza foi enxaboada*], e non ???*ему была намылена голова* [???*a el foille enxaboada a cabeza*]. Así, isto significa que o que acontece non é tanto que na estrutura dunha UF un determinado verbo impida a súa pasivización (aínda que iso obviamente é unha razón dabondo para as restricións de transformación), como que estas UUFF, tomadas no seu sentido literal, non poden ser lidas dun xeito natural coma locucións cunha semántica axentivo-transitiva.

Con respecto á condición que non permite a creación de calquera forma de pasiva a partir de UUFF que conteñen verbos non-pasivizables, esta é refutada por toda unha serie de contraexemplos. Así, a UF alemá *auf Nummer sicher gehen* (lit. «ir a número seguro», 'apostar polo seguro, non arriscar'), malia conte-lo verbo non-pasivizable *gehen*, constrúe formas da pasiva «preguiceira»: *Diesmal* ***wurde*** *vom Trainer* ***auf Nummer sicher gegangen****. Er hat die erkrankten Sportler gar nicht in Betracht gezogen* ['desta volta o adestrador apostou polo seguro (lit. «polo adestrador foise a número seguro»). Nin sequera contaba coa participación dos deportistas enfermos']. As particularidades da creación de formas non-canónicas de pasiva son específicas da lingua en maior medida cá formación da «pasiva total», e requiren un estudo especial.

Velaquí un exemplo máis que ilustra o papel da forma interna das UUFF no seu comportamento sintáctico. É sabido que a formación da pasiva se ve dificultada coas *nomina anatomica* que aparecen na función de propiedade persoal do suxeito (véx. Апресян 2001: 18-19)[231]. Esta restrición, ó non ser específica da fraseoloxía, pasa

[231] Comp.: 'a presenza dun vencello interno entre o suxeito e o que é a súa pertenza inalienable impide a pasivización [...] os verbos do tipo *вынимать* [*sacar*], *опускать* [*deixar caer*], *открывать* [*abrir*],

tamén a aquelas UUFF con tales compoñentes. Por este motivo expresións coma *развесить уши* [*pendura-las orellas abríndoas*, 'escoitar con moita atención'] e *вытаращить/вылупить/выпучить/выкатить глаза* [*desencaixar/sacar/botar para fóra, botar a rodar para fóra os ollos*, 'abri-los ollos pola sorpresa'] non forman a pasiva: **уши развесились (Петькой)* [**as orellas foron penduradas abríndose (por Petka)*], **уши были развешены (Петькой)* [**as orellas están penduradas abertas (por Petka)*], **глаза выпучивались/выкатывались... (Петькой)* [**os ollos eran botados para fóra/botados a rodar para fóra... (por Petka)*], **глаза были вытаращены/вылуплены/выпучены (Петькой)* [**os ollos están desencaixados/sacados/botados para fóra (por Petka)*][232]. Sinalaremos que, non obstante, son posibles usos do tipo *глаза Петьки оставались вытаращенными* [*os ollos de Petka quedaban sacados*, 'Petka quedou cos ollos coma pratos'], que, ó non seren formas pasivas en sentido estrito, non se ven afectados por esta restrición (aínda así, non se pode dicir **уши Петьки оставались развешенными* [**as orellas de Petka quedaban penduradas abertas*]). De acordo coa restrición para a pasivización das expresións con *nomina anatomica*, as UUFF que conteñen estes compoñentes non forman a voz pasiva —se se trata propiedade intrínseca do suxeito da UF— fóra da dependencia da axentividade e transitividade do seu significado real. Resulta interesante que a prohibición da formación da pasiva tamén é válida aplicada a UUFF tales coma *резать глаз* [*corta-lo ollo*, 'facer dano á vista por mor da intensidade dunha cor, causar unha impresión moi negativa por ser moi diferente do que se espera de algo'], malia que neste caso *глаз* [*ollo*] é unha pertenza inalienable do *Experiencer*, e o

---

поднимать [*levantar*], *растягивать* [*estender*], *сжимать* [*contraer*] etc., que se combinan sobre todo con *nomina anatómica* son a clase máis importante dos substantivos de pertenza inalienable; comp. *Мужчина вынимает руки из карманов <опускает голову, открывает рот, поднимает руку, растягивает губы, сжимает зубы>* [*O home saca as mans dos petos (baixa a cabexa, abre a boca, levanta a man, abre os beizos, pecha os beizos)*]. Nestes usos están presentes un axente, o verbo de acción física e o complemento directo do verbo, é dicir, as condicións ideais necesarias para a pasivización. Non obstante, a construción pasiva total (co axente no caso instrumental) é imposible na forma de aspecto IMPERF (comp. a incorrección de construcións coma **Голова опускается мужчиной* [**A cabeza é baixada polo home*], **Рот открывается мальчиком* [**A boca é aberta polo neno*]), mentres que cun verbo en forma PERF é claramente difícil. Por outra banda, coa presenza dun complemento despersonificado é aceptable a pasivización en forma IMPERF e en forma PERF é totalmente libre. Comp. *Гроб опускается <был опущен> рабочими в могилу, Дверь открывается <была открыта> привратником* [*O cadaleito báixase (foi baixado) polos obreiros na tumba, A porta ábrese (foi aberta) polo porteiro*] etc. Comp. tamén verbos coma *морщить* [*enrugar*], *скалить* [*amosar (os dentes)*], *таращить* [*desencaixar (os ollos)*], *хмурить* [*pregar*], *щурить* [*entornar (os ollos)*] etc., que se utilizan maioritaria ou excepcionalmente con *nomina anatomica* e para os que a pasivización en forma IMPERF está categoricamente contraindicada. Mesmo nunha lingua coma o inglés, onde a pasiva está gramaticalizada nunha maior medida e se pode formar non só a partir dos verbos transitivos, senón tamén dos intransitivos (mesmo os verbos de estado), esta resulta imposible coa presenza dun complemento personificado; comp. *He knocked his fist (on the table)*, pero non **His fist was knocked by him (on the table)* (Апресян 2001: 18-19).

[232] O feito de que a forma *глаза выпучены* [*os ollos están botados para fóra,* 'poñe-los ollos coma pratos'] (por exemplo, *его глаза были так страшно выпучены* [*os seus ollos estaban botados para fóra tan espantosamente*]) sexa en principio posible (aínda que non permita unha interpretación fraseolóxica), non contradí o dito. Neste caso, *глаза выпучены* [*os ollos están botados para fóra*] non é o correspondente pasivo de *выпучить глаза* [*bota-los ollos para fóra*], é dicir, non é unha pasiva; comp. a imposibilidade de restablece-lo axente: **его глаза были так страшно им выпучены* [**os seus ollos foron botados para fóra por el tan espantosamente*]. Os autores agradécenlle a E. V. Raghilina a análise deste exemplo.

suxeito de oracións coma *двойные стандарты слишком уж резали глаз* [*a dobre moral xa cortaba o ollo*, 'a dobre moral xa era demasiado evidente'] é o tema[233]. Aínda así, non se pode dicir **глаз резался двойными стандартами* [**o ollo estaba cortado pola dobre moral*]. O significado real desta UF (*grosso modo*, 'sorprender de maneira desagradable, indignar, de maneira contraria ás ideas éticas, estéticas e outras normas que ten o suxeito') permite unha lectura axentivo-transitiva[234], mentres que o significado literal, non. Isto non está relacionado coas particularidades do verbo *резать* [*cortar*] (comp. *мясо резалось на мелкие ломтики острым ножом* [*a carne cortouse en toros finos cun coitelo afiado*]), senón coas restricións para a pasivización de construcións deste tipo.

Así, as restricións para a formación da pasiva que se adoitaban explicar pola acción de factores superficiais pódense reducir a causas semánticas bastante xerais.

6.2.4.2. Condicións semántico-sintácticas da pasivización

Ademais do requisito semántico xeral da interpretabilidade axentivo-transitiva, tamén existen outros presupostos semántico-sintácticos que se teñen que dar para que se poida produci-la pasivización. Dado que a transformación en pasiva é un tipo de desprazamento do grupo nominal (GN), na estrutura compoñencial da UF ou dentro dos seus actantes ten que estar presente un GN que sexa capaz de desprazarse á posición do suxeito. En xeral, no ruso (igual ca no alemán) este é o complemento directo (en inglés pode selo tanto o directo coma o indirecto ou o preposicional). Nun caso normal, este complemento ten que posuír unha relativa autonomía semántica (sobre as excepcións, *vide infra*). Este presuposto xeral realízase no ámbito da idiomática en dúas variantes:

1) na estrutura valencial da UF ten que estar presente unha valencia cuxo actante sexa capaz de toma-la función de suxeito, o cal é a condición do desprazamento externo do GN;

2) GN que é desprazado á posición do suxeito é un compoñente da propia UF (e non simplemente a súa valencia) e en tal caso terá que posuír un significado relativamente autónomo, o cal é a condición do desprazamento interno do GN.

De seguido, procederemos a analizar con máis detalle estas variantes de desprazamento do GN.

6.2.4.2.1. Condicións do desprazamento externo do GN

A pasivización dunha UF verbal pode realizarse grazas a que na estrutura valencial

[233] Por «tema» enténdese o papel semántico (caso profundo) do actante que, ó se supeditar á acción, non obstante, non cambia substancialmente. Un exemplo disto sería unha pelota na situación dun partido de fútbol.

[234] Estritamente falando, isto non é un exemplo totalmente estándar dunha semántica axentivo-transitiva. Neste caso, na posición do suxeito non se atopa un axente inanimado, senón un tema inanimado e o complemento directo *глаз* [*ollo*] substitúe o *experiencer/paciens* só metonimicamente. En calquera caso, o motivo principal da imposibilidade dunha pasivización non se atopa no carácter específico do significado real da UF, senón na inadmisibilidade da súa forma na súa comprensión literal.

desta UF se atopan uns actantes que, en virtude das súas propiedades semántico-sintácticas (roles casuais), poden adopta-la función dun suxeito temático (que nun caso estándar coincide coa función sintáctica do suxeito). Sintacticamente estas propiedades manifféstanse en forma da presenza dunha valencia aberta que (naquelas linguas que teñan a categoría de caso) é desempeñada por un actante en acusativo —máis raramente por un dativo—. En tal caso, o grupo nominal, desprazado á posición temática, non é unha parte da UF, senón un elemento do seu contorno sintáctico. Comp. *связать по рукам и ногам кого-л.* [*atar (alguén) de mans e pés*, 'privar alguén da liberdade de actuar como quere, restrinxi-las súas accións'] → *кто-л. был связан по рукам и ногам* [*alguén foi atado de mans e pés*], *стереть в порошок кого-л.* [*fretar alguén ata facer po*, 'destruírlle a alguén os seus plans etc.'] → *кто-л. был стерт в порошок* [*alguén foi moído ata facer po*], *взять на абордаж кого-л.* [*tomar alguén en abordaxe*, 'tomar medidas drásticas con alguén'] → *кто-л. был взят на абордаж* [*alguén foi tomado en abordaxe*], *предать анафеме кого-л./что-л.* [*entregar alguén á excomuñón*, 'condenar, estigmatizar'] → *кто-л./что-л. был(о) предан(о) анафеме* [*alguén/algo foi entregado á excomuñón*], *размазать по стенке кого-л.* → *кто-л. был размазан по стенке* [*emboutar alguén pola parediña* → *alguén foi emboutado pola parediña*, 'darlle unha boa malleira a alguén' → 'recibir unha boa malleira']. Consecuentemente, aquí a descompoñibilidade dunha UF en partes integrantes significativas non cumpre o presuposto indispensable para a pasivización. Comp. os contextos característicos (39) e (40):

(39) **a.** E a nós, aínda medio durmidos, lévannos a rastro a un soto de ferro e formigón, onde polos recantos aínda hai ciscadas patacas do dono e uns trapos, e meu pai, consolando a miña nai, pronuncia: «Aquí un impacto directo é demasiado perigoso...! Así que destruirá a parte de arriba e o soto quedará intacto! Está feito de formigón armado!». E apalpa as grises paredes, e todos o escoitan moi atentamente. E logo! Calquera palabra sobre seguridade ***ловится на лету*** [*cóllese ó voo*] (A. Pristavkin. *A de Riazán*, Рязанка). **b.** Canta saúde ***было пущено коту под хвост*** [*foi dada baixo a cola do gato*, 'se estragou'] (*Sobesédnik*, Собеседник). **c.** Hai tempo que porfiaban, o Krilov e mailo Tulin. Iso sábeo todo o mundo. Vostede pensa que Krilov non entende que Tulin ***на песке построено***? [*ten todo construído sobre area?*, 'construíu todo sen un fundamento sólido'?] Enténdeo perfectamente. Pregúntelle (D. Granin. *Vou cara á treboada*, Иду на грозу). **d.** Como se atreve vostede cos seus caprichos de dama! Aquí hai nais, enténdao, nais! Os seus fillos foron separados delas pola forza e ***брошены на произвол судьбы*** [*entregados ó arbitrio do destino*, 'entregados á súa sorte']. E vostede atrévese a ofende-las nais! Compara-los nosos fillos cos seus gatos e caniches! (E. Ginsburg. *Un xiro cruel*, Крутой поворот). **e.** Dziga Vertov, o revolucionario, que fixo arte do xornalismo cinematográfico, daquela vexetaba nos patios interiores do Estudo Central de Documentais. Tódalas súas teorías ***были выброшены на свалку*** [*foron guindadas a un vertedoiro de lixo*, 'foron ignoradas, non foron tomadas en consideración'], e el mesmo de milagre, despois de numerosas críticas, saíu ileso dos excesos dos membros do

NKVD, converteuse nun velliño de ollos asustados e sorriso bondadoso e tímido (E. Riazánov. *Balances NONfeitos*, НЕподведенные итоги).

(40) **a.** *Ein Sprecher der Kreisverwaltung schätzt, daß keine 1000 Rabenvögel per Abzug* ***in die ewigen Jagdgründe geschickt wurden****. Man sei "sehr zurückhaltend", da selbst die Gutachter fast wie die Krähen heftig aufeinander herumhacken. Über den Nutzeffekt sind sie sich keineswegs einig* (*Mannheimer Morgen*). **b.** [...] *Entwicklungsinvestitionen und eine dann fällige saftige Konventionalstrafe summieren sich zu Beträgen, die nicht einfach* ***in den Wind geschrieben werden*** *können (Mannheimer Morgen).* **c.** [...] *käme Kohls Kandidat, Waldemar Schreckenberger, der wegen politischer und administrativer Pannen im Kanzleramt als Chef dieses Amtes* ***aufs Abstellgleis gestellt wurde*** [...] (*Die Zeit*). **d.** *Ja, Frankfurt hatte damals keinen guten Ruf. Inzwischen hat sich viel geändert.* [...] *Aber anders als München oder Hamburg läßt sich Frankfurt schwerlich lieben.* [...] *Ob das vielleicht damit zusammenhängt, daß jene Bürger Frankfurts – man unterschätze ihre Zahl nicht –, die der künstlerischen Gegenwelten bedürfen, die also auf Oper und Theater angewiesen sind, hier seit einiger Zeit* ***im Stich gelassen werden****, jedenfalls nicht auf ihre Rechnung kommen?* (*Der Spiegel*).

A pasivización dunha UF é acompañada a miúdo pola transformación nunha forma atributivo-participial; véx. (41)[235]:

(41) **a.** Na montaña Poklónnaia a terra está toda revolta por mor dunhas obras inacabadas sen sentido ningún. ***Сведенный на нет*** [*Foi levado ó 'non'*, 'acabaron con, destruíron'] o parque. Enriba de toda esa fealdade amoréase a cúpula do memorial da Vitoria, aínda sen rematar (A. Usov. *Violencia*, Насилие). **b.** Nunha palabra, con respecto ó repouso de verdade hai que ter unha actitude aguda e crítica e escoller sen enganarse aquela variante de lecer para que despois non haxa unha dor torturadora ***за брошенные на ветер деньги*** [*por mor dos cartos guindados ó vento*, 'por mor dos cartos malgastados'] e acabes cos nervios esnaquizados un ano por adiantado (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). **c.** O programa da mostra de inverno-primavera do ano 1993 do partido comunista non se percibe doutra maneira ca coma un conxunto de lemas ***сваленных в одну кучу*** [*guindados uns enriba dos outros nunha morea*, 'todos mesturados'] sen criterio ningún (Corpus xorn.). **d.** ***Сбитые с толку*** [*Os derribados do sentido*, 'os confundidos'] cortesáns na súa desesperación dubidaban entre os dous reis, fuxindo do lume e indo parar ás lapas (O. Vovk. *Os catro mosqueteiros ou cunha esponxa polo cranio*, Четыре мушкетера или мочалкой по черепу). **e.** Sen a «liberdade interior» intelectual, ***высосанной***

[235] Cómpre interpreta-lo seguinte contexto dun xeito algo diferente: – *А что я должен буду делать? – разыгрывая откровенность уже почти купленного с потрохами осведомителя-интеллектуала, спросил я* [*—E que terei que facer? —preguntei, finxindo a sinceridade do intelectual-confidente comprado coas entrañas (totalmente vendido)*] (E. Evtuxenko. *Non morras antes da morte*, Не умирай прежде смерти). A UF propiamente dita aquí é *с потрохами* [*coas entrañas*, 'totalmente'].

> ***из пальца*** [*chupada do dedo*, 'inventada'] pola debilidade coa súa desgraciada «arte pura», sen unha pallasada intelixente sequera: por esa mesma debilidade (Corpus xorn.). **f.** Como persoa bastante honrada eu quererría segui-lo seu consello, pero ó día seguinte chegou onda ela o seu home, de súpeto ***выброшенный на свалку истории*** [*guindado ó vertedoiro de lixo da historia*, 'esquecido pola historia'], un tipo arrepiante, e ela tamén, unha vella do máis noxento, e que vaian ó carallo! (Vikt. Eroféev. *Carta á nai*, Письмо к матери).

Existen UUFF nas que esta forma está fixada coma a forma de partida, por exemplo: *забытый богом* [*esquecido por Deus*].

A pasivización das UUFF con desprazamento externo do GN é un fenómeno bastante estendido. Así, nos córpora de textos rusos atópanse exemplos de formas pasivas coma as seguintes: *кто-л. был поставлен на место* [*alguén foi posto no seu sitio*], *что-л. было сбыто в рук* [*algo foi desfeito das mans*, 'algo deuse vendido, alguén deuse librado de algo'], *кто-л. был списан/что-л. было списано на свалку* [*alguén/algo foi dado de baixa ó vertedoiro de lixo*, 'ignorar, desconsiderar'], *кто-л. был списан в тираж* [*alguén foi escrito no sorteo*, 'sacar alguén do seu posto de responsabilidade por considerar que non é quen de desempeñalo'], *что-л. было сброшено/списано со счета/счетов* [*algo foi botado/escrito fóra das contas*, 'algo foi excluído, deixou de considerarse unha opción válida'], *кто-л. был поставлен в тупик* [*alguén foi posto nunha rúa sen saída*, 'poñer alguén nunha situación difícil, sen saída'], *что-л. было вынесено за скобки* [*algo foi sacado das parénteses*, 'sacar algo fóra de contexto'], *кто-л. был отправлен на все четыре стороны* [*alguén foi enviado ós catro puntos cardinais*, 'botar fóra alguén (dun traballo, dos estudos, dun lugar)'], *что-л. было перевернуто вверх дном* [*algo foi envorcado de arriba a abaixo*, 'a algo dáselle a volta, revírase'], *кто-л. был обобран до нитки* [*algo foi arrincado ata un fío*, 'esgotar un recurso, esquilmar'], *что-л. пропускалось/было пропущено мимо ушей* [*deixar pasar ó lado das orellas*, 'facer caso omiso de algo, ignorar deliberadamente'], *что-л. принималось/было принято за чистую монету* [*algo foi tomado por moeda limpa*, 'fiarse de algo do que en principio un non se debería fiar'], *кто-л. был выведен из себя* [*alguén foi sacado de si mesmo*, 'levar alguén a que perda o dominio de si mesmo, enfadalo moito'], *что-л. было собрано по крохам* [*algo foi composto por anaquiños*, 'o proceso de elaboración dunha cousa foi longo e laborioso']. De tódolos tipos de pasivización das UUFF este é, evidentemente, o máis simple. Precisamente por este motivo nalgúns traballos de fraseoloxía o estudo da pasivización das UUFF limítase a este tipo de desprazamento do GN (véx., por exemplo, Левин-Штайнман 2000). Para realizar esta transformación é suficiente, ademais do requisito xeral de axentividade e transitividade semántica, con que a UF teña unha valencia de obxecto libre, é dicir, dende o punto de vista das transformacións pasivas, unha valencia para un suxeito potencial. Naturalmente, isto só é unha regra moi xeral que en principio afecta á esta clase de transformación. O uso e as preferencias sintácticas específicas de cada lingua deciden en gran medida como se comportan as UUFF concretas. Xa se sinalou con anterioridade que o grao de gramaticalización da pasiva varía dunha lingua a outra. É doado comprobalo comparando os contextos do inglés, do alemán e do ruso (41-43):

(41) *There will of course be some changes. There will be hearings, and possibly some insight into the mechanics of how the USA* ***was led by the nose*** *into a major war for no reason* (*The Register*).

(42) *Wenn die neue Gouverneurin angesichts der Grenzüberschreitungen des entfesselten Mobs schliesslich durchschaut, dass sie* ***an der Nase herumgeführt worden ist****, so steckt darin tragische Ironie* (*Neue Züricher Zeitung*).

(43) Despois «***водился за нос*** [*foi levado polo nariz*, 'foi enganado']» con éxito por Suleimán, esperando cada temporada os ataques contra Askunia, pero polo que eu entendín nin o mesmo Suleimán tiña a intención de facelo (Fala popular internet).

As UUFF *to lead someone by the nose*, *jmdn. an der Nase herumführen* e *водить за нос кого-л.* [*foi levado polo nariz*] coinciden na forma interna e están relativamente próximas unhas das outras, malia que non son idénticas no significado real: a UF inglesa *to lead someone by the nose* non significa 'enganar', senón 'controlando totalmente as accións de alguén, obrigar esa persoa a face-lo que o suxeito quere', e por iso é posible que sexa axentiva en maior medida cás súas correspondentes rusa e alemá. Conforme á regra de pasivización con desprazamento externo do GN formulada nesta sección, cabería esperar que as tres UUFF tivesen que admiti-las formas da voz pasiva. De feito, así é. Agora ben, aínda que os contextos ingleses e alemáns semellantes a (41) e a (42) están amplamente estendidos no uso e son percibidos coma completamente neutros, os contextos rusos do tipo (43) atópanse en moi raros casos e producen unha certa sensación de falta de carácter estándar. Isto está aparentemente relacionado coa homonimia do verbo *водиться* [*levarse*]: a pasiva de *водить* [*levar*, *conducir*] e 'manter relacións con alguén'. De aí despréndese que a observación das regras discutidas aquí unicamente é unha condición indispensable deste tipo de pasivización. A súa verdadeira realización é unha cuestión de uso e da conveniencia comunicativa.

6.2.4.2.2. Condicións do desprazamento interno do GN

A pasivización dunha UF verbal pódese realizar grazas a que na estrutura compoñencial da UF o GN se despraza á posición do suxeito: *спутать* ***все карты*** [*confundir* ***tódalas cartas***, 'frustra-los plans de alguén'] → ***все карты*** *были спутаны* [***tódalas cartas*** *foron confundidas*]; *испортить* ***всю обедню*** [*estragar* ***toda a misa***, 'danar ou impedi-los plans de alguén'] → ***вся обедня*** *была испорчена* [***toda a misa*** *foi estragada*]; *дать* ***зеленый свет*** [*dar* ***luz verde***, 'da-la aprobación para poñer algo en marcha'] → ***зеленый свет*** *был дан* [***luz verde*** *foi dada*][236].

[236] É interesante que a pasiva en *-ся* [pronome reflexivo *se*] resulte en xeral contextualmente máis limitada cá pasiva formada coa axuda dun participio breve; comp. *открыть / открывать Америку* [*descubrir América*, 'descubrir algo que xa é coñecido dende hai tempo']; *И вот в очередной раз была открыта Америка* [*E velaquí que unha vez máis foi descuberta América*]; [?]*Всякий раз, когда им открывалась Америка...* [[?]*Cada vez que América era descuberta por el...*]. Isto está aparentemente relacionado co feito de que no caso do ruso a pasiva de aspecto perfectivo é máis inequívoca, mentres que as formas en *-ся* posúen varios significados homónimos e, para unha correcta comprensión, precisan doutras condicións adicionais. No caso contrario pode xurdir un xogo de palabras. Comp. o exemplo aducido en Санников 1999 de *Winnie the Pooh*, onde se xoga de maneira consciente coa polisemia da forma en *–ся: «Собака* ***кусается****»... Что ж,*

O GN ten que ter un significado relativamente autónomo. En tal caso a UF verbal interprétase non coma un predicado indivisible, senón coma un grupo verbal construído segundo os principios sintácticos regulares, é dicir, coma un predicado verbal cos seus actantes. Este grupo nominal desempeña a función dun actante que está desvinculado da totalidade semántica e posúe o seu propio significado. Unha condición importante para pasar a pasiva neste caso é o rol casual do grupo nominal que é desprazado á posición temática (no sentido da oposición «tema vs. rema»). En linguas coma o ruso ou o alemán ten que ser ou ben o paciente ou ben o tema. Nalgúns casos, as UUFF do tipo que estamos a estudar conteñen un compoñente propiamente idiomático e un non-idiomático. Se a modo de non-idiomático actúa un verbo coa semántica correspondente, entón é posible a pasivización. A desmembrabilidade semántica en tales casos esténdese ata o verbo, mentres que o GN permanece indesmembrable[237]. Por exemplo, a UF *найти общий язык* [*atopar unha lingua común*] pódese parafrasear coma 'atopar un modo de poñerse de acordo'. Consecuentemente, a súa forma pasiva *общий язык был найден* [*unha lingua común foi atopada*] enténdese coma 'foi atopado un modo de poñerse de acordo'. Neste sentido, o verbo *найти* [*atopar*] non é idiomático ou, coma moito, é idiomático en baixa medida. Incluso se pode propoñer un modo de descrición no que coma UF propiamente dita unicamente se considere a expresión *общий язык* [*lingua común*]. Compárese tamén *вся малина была испорчена* [*toda a framboesa foi estragada*] ≈ 'todo o pracer foi estragado'. Non obstante, a baixa idiomaticidade do compoñente verbal non é condición indispensable para a desmembrabilidade semántica da UF e, por iso mesmo, tampouco da súa capacidade para se pasivizar. Comp. *эта карта бита* [*esta carta está vencida*] ≈ 'este argumento está refutado' e *кровь была пролита* [*foi derramado sangue*] ≈ '(como resultado dun conflito armado) morreu xente'.

Cando observamos contextos reais demóstrase que a pasivización das UUFF desmembrables (neste sentido) é un fenómeno bastante estendido, onde o potencial semántico autónomo do grupo nominal atópase con maior frecuencia do que se percibe claramente. Comp. os contextos rusos (44) e alemáns (45):

(44) **a.** Nada impedía o desenvolvemento, o crecemento da orquestra cando nela se presentou, digamos, outro grupo máis de corda... O contrario: a nós literalmente ***давалась зеленая улица*** [*dábasenos rúa verde*, 'facilitábannos, apoiaban'] tódalas nosas empresas (Corpus xorn.). **b.** Viva o compatriota e querido camarada Stalin, corifeo de tódolos países e caudillo dos pobos progresistas de boa vontade. Nós retirámo-los obstáculos fascistas do camiño cara ó comunismo, e dende agora para sempre ***открыта зеленая улица***

не беда. / Загадочно то, что собака, / Хотя и ***кусается****, но никогда /* ***Себя не кусает****, однако...* [*O can* ***mórdese****... O que non é unha traxedia. / É misterioso que o can / aínda que* ***se morda****, con todo, nunca /* ***se morda a si mesmo****, non obstante...*] (N. do t.: En ruso di, literalmente "o can mórdese", co sufixo que indica reflexividade. Isto non quere dicir que se morda a si mesmo, en realidade significa que "o can morde", no sentido de que pode morder e é perigoso. Por iso máis adiante se reduplica a reflexividade e se di que "non se morde a si mesmo").

[237] As cuestións relacionadas coa desmembrabilidade semántica das UUFF, cos seus tipos, coa busca de criterios operativos etc., merecen unha análise especial (comp. Dobrovol'skij 1997; Добровольский no prelo).

[*está aberta a rúa verde*, 'témo-lo apoio, facilítasenos'] por Ilich, eternamente vivo. Hurra! (I. Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек). **c.** Á xente ***выбита почва из-под ног*** [*quitáronlle o chan de debaixo dos pés*, 'está confusa, non ten onde apoiarse'], atópase nun estado de total confusión, mesmo de pánico, e moitos desanimáronse (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). **d.** O humor, e particularmente a sátira, son específicos dunha época. Mesmo aquilo que os autores satíricos contemporáneos entendían a miúdo só con media palabra para outra xeración facíase pouco claro, requiría explicacións, aclaracións. E dado que non está claro, ***в чей огород брошен камешек*** [*en que finca guinda a pedriña*, 'a quen alude, de quen está a falar'], significa que tampouco é divertido (E. Riazánov. *Balances NON feitos*, НЕподведенные итоги).

(45) **a.** *Gestern nun* ***wurde*** *doch* ***die Katze aus dem Sack gelassen*** (*Mannheimer Morgen*). **b.** *Wenn sich aber als traurige Konsequenz der Auflösung Jugoslawiens die Völker in Kroatien, Serbien und Bosnien die Köpfe einschlagen, dann* ***ist der Rubikon überschritten*** (*Mannheimer Morgen*).

A desmembrabilidade semántica dunha UF é unha categoría gradual, é dicir, a autonomía dos seus compoñentes por separado pode ter un grao diferente de expresividade. Canto máis claramente se sente a autonomía semántica dun grupo nominal, tantas menos condicións específicas se requiren para que a pasivización desta UF sexa admisible dende a perspectiva do uso e tantos máis contextos coa forma en pasiva se poderán atopar nos córpora. Nun polo atópanse UUFF coma *открыть/дать зеленую улицу* [*abrir/dar rúa verde*, 'posibilita-lo cumprimento de algo, da-lo seu apoio'] (comp. 44a), onde *зеленая улица* [*rúa verde*] se pode describir coma un grupo nominal totalmente autónomo semanticamente, mentres que no outro polo están as UUFF indesmembrables coma *показать небо в алмазах (кому-л.)* [*amosa-lo ceo en diamantes (a alguén)*, 'fórmula de ameaza'], *показать кузькину мать (кому-л.)* [*amosa-la nai de Kuzka*, 'darlle unha lección a alguén'], *прописать ижицу (кому-л.)* [*prescribirlle a alguén a letra ijitsa*, 'reprimir, castigar, amoestar'], *заговаривать зубы (кому-л.)* [*conxurarlle os dentes a alguén*, 'desvia-lo tema dunha conversa para que o interlocutor non se decate do que non quere o falante'], *точить лясы* [*tornea-los balaústres*, 'dedicarse unicamente a falar'], *света белого невзвидеть* [*non ve-la luz do branco*, 'non te-la oportunidade de descansar por mor dunha excesiva carga de traballo, padecer unha dor terrible']. No primeiro caso a pasiva fórmase de maneira regular e sen ningún tipo de dificultades; no segundo é absolutamente imposible (a excepción, naturalmente, dos contextos de xogos de palabras, que se perciben coma tales precisamente polo feito de que neste proceso se infrinxe algunha regra): ???*ему было показано небо в алмазах* [???*a el foille ensinado o ceo en diamantes*], **ему была показана кузькина мать*, [**a el foille amosada a nai de Kuzka*], **ему была прописана ижица* [**a el foille prescrita a letra ijitsa*], ???*ему были заговорены зубы* [???*a el fóronlle conxurados os dentes*], **лясы были точены* [**os balaústres foron torneados*], **свет белый был невзвиден* [**a luz branca non foi vista*, 'non era que non podía descansar por mor de moito traballo, non padecía unha dor terrible'].

A autonomía semántica do compoñente nominal é particularmente evidente naqueles

casos nos que existen dúas ou máis UUFF que se basean na mesma metáfora e que se corresponden unha coa outra pola estrutura compoñencial; comp., por exemplo, *заваривать кашу* [*cociñar unha papa*, 'levar a cabo unha empresa complicada e custosa que case sempre acaba mal'] e *расхлебывать кашу* [*desface-la papa*, 'resolver unha situación incómoda creada']. As definicións destas UUFF teñen que presentar unha parte común que nos seus significados reais corresponda ó compoñente *каша* [*papa*] que está na estrutura léxica destas UUFF e na estrutura da metáfora na que se basea a súa forma interna: ≈ 'contrariedades'. Así, a UF *заваривать кашу* [*cociñar unha papa*] pódese pasivizar. Tamén se dan contextos nos que ámbalas dúas UUFF —*заваривать кашу* [*cociñar unha papa*] e *расхлебывать кашу* [*desfacer unha papa*]— se empregan xuntas e en voz pasiva (46). Neste último caso a autonomía semántica do compoñente nominal vese subliñada pola presenza do adxectivo que modifica e polo cuantificador *большинство* [*maioría*].

(46) Cómpre dicir que a maioría das ***каш, завариваемых сегодня, неизбежно будут расхлебываться*** [*papiñas do estado que se cociñan hoxe inevitablemente serán desfeitas* , 'as leas feitas hoxe serán arranxadas'] máis tarde, dentro de moitos anos (V. Soloughin. *O derradeiro chanzo*, Последняя ступень).

Sinalaremos, ademais, que o contexto (46) non se pode contemplar coma exemplo da norma literaria, é máis ben un xogo de palabras que persegue como obxectivo a creación do efecto estilístico correspondente.

A presenza de autonomía semántica nun compoñente nominal ou noutro demóstrase pola capacidade deste de atoparse no campo de acción dos deícticos. En tales contextos o compoñente nominal adquire un status concreto-referencial; véx. (47):

(47) **a.** [...] o encargado baixou do vagón dun chimpo, pasou correndo diante de Kolka e detívose. —Ha! Ola! —berra. Amosa os dentes. [...] —Eu xa imaxinara que tipo de ***каша заваривается*** [*papa se está a cociñar*], fuxín para o camiño. Vou viaxando, como ves. Pódote levar onde queiras (A. Pristavkin. *Pasaba a noite unha nubiña dourada*, Ночевала тучка золотая). **b.** Os americanos despois do asunto Ames simplemente experimentaron un *shock*. Nos últimos anos, especialmente dende a descomposición da Unión Soviética, nin podían supoñer que habían perder deste xeito. Aquí foi ferido o orgullo. Eles deportaron do país o noso espía aberto e nós respondemos co mesmo. ***Заварилась*** unha ***каша***! [*cociñouse unha papa!*] (*Ogonek*, Огонек). **c.** —E o profesor... Avaricioso... Esclerótico do carallo... Unha vez na vida confiáronlle algo, así que non... Deu perdido... Pola súa culpa toda esta ***каша заварилась***... [*papa cociñouse*...] Que lle imos facer?! (L. Tumánova, V. Rostókina. *Felicidade en empréstito*, Счастье в кредит). **d.** Por certo, Tristán xa morreu... E eu pensei que máis tarde, cando atope a Lev Abalkin terei que atopar sen falta aquela xente por cuxa culpa ***заварилась*** toda esta ***каша*** [*se cociñou toda esta papa*] (A. e B. Strugatskii. *Un escaravello no formigueiro*, Жук в муравейнике).

Existen UUFF nas que o substantivo que é desprazado á posición de suxeito non se utiliza na forma canónica do caso nominativo, senón noutras formas, particularmente en xenitivo:

(48) **a.** ***Вот ужо будет наломано дров***! [*Vaise fender moita leña!*, 'Vana facer boa!'] A non ser, por suposto, que o Comité de vixilancia constitucional considere imprescindible entremeterse... (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). **b.** Tratábase da igualdade e a desigualdade. Un temiña ben fresquiño, non é? Hai tantas copias e tanta ***дров наломано*** [*leña fendida*, 'desfeitas'] que se cadra abondaría para acender non unha, senón decenas de civilizacións (V. Aksenov. *En busca do baby triste*, В поисках грустного беби).

Nestes casos a pasivización supedítase á regra xeral do desprazamento interno do GN, incluíndo o caso de contexto humorístico (48b). O compoñente *дрова* [*leña*] enténdese coma semanticamente autónomo (≈ 'consecuencias negativas de accións irreflexivas') e a elección do caso non-canónico do compoñente desprazado supedítase á coñecida regra de pasivización de verbos acumulativos de aspecto perfectivo co prefixo *на-* coma: *наколоть* [*partir (unha cantidade de)*], *наносить* [*levar/traer (unha cantidade de)*], *наготовить* [*preparar (unha cantidade de)*], *накупить* [*mercar (unha cantidade de)*] (Храковский 1991: 156). Resulta interesante observar que na semántica desta UF hai un cuantificador oculto: *наломать дров* [*fender leña*] ≈ 'realizar moitas accións irreflexivas con consecuencias negativas'[238]. Na pasivización, este cuantificador explicítase en parte; comp. *дров наломано столько* [*fendeuse tanta leña*] en (48b) e a combinación con partículas coma *вот ужо* [*velaquí xa*] coa semántica de 'moito' en (48a).

Existen UUFF nas que a forma pasiva baseada no desprazamento interno do GN está lexicalizada. Así, a forma *руки связаны (у кого-л.)* [*alguén ten as mans atadas*, 'alguén non ten liberdade para actuar ou tomar decisións'] é tan «propia dun dicionario», como o é *связать руки (кому-л.)* [*atarlle as mans a alguén*, 'privar alguén da liberdade de tomar decisións ou actuar'] e a forma *жребий брошен* [*a sorte está botada*] percíbese se cadra coma a primaria en relación á forma activa *бросить жребий* [*bota-la sorte*]. Comp. o uso destas UUFF nos contextos (49). A UF *(чья-л.) песенка спета* [*a canción (de alguén) está cantada*, 'os bos tempos de algo/alguén están chegando á súa fin'] está sempre lexicalizada na forma pasiva. Noutras linguas tamén se atopan fenómenos semellantes. Por exemplo, a UF alemá *von allen guten Geistern verlassen sein* (lit. «estar abandonado por tódolos bos espíritos», 'sentirse mal, estar descontento, enfadado') orixinariamente está fixada na forma de pasiva de estado (comp. 50), mentres que a UF *jmdm. den Zahn ziehen* (lit. «sacarlle o dente a alguén», 'privar alguén de ilusións') emprégase tan a miúdo en pasiva que neste caso pódese falar dunha lexicalización parcial:

[238] Os verbos cunha semántica acumulativa no seu significado a miúdo conteñen o sentido de «demasiado» e caracterízanse por unha valoración negativa que resulta dese sentido de «demasiado» (comp. Зализняк, Шмелев 1997: 96-97). Esta valoración negativa hérdana, en xeral, as UUFF que conteñen eses verbos.

(49) **a.** O director púxose enriba da mesa, coma se fose unha tribuna, e pronunciou: «Vinte e dous anos estiven eu sentado nesta cadeira de brazos e non tomei nin unha soa decisión. Tiña medo da responsabilidade. Estaba todo o tempo a espera-lo meu momento. E ó final chegou: déixanme xubilarme a partir do día de mañá. Quere dicir que por todo o que eu faga hoxe, mañá responderá outra persoa. Chamen a todos e cada un para que veñan agora onda min, un detrás do outro! Hei de asinar e permitir todo, sancionalo. Media vida ***руки были связаны*** [*tiven as mans atadas*]; a ver se polo menos podo traballar como Deus manda medio día. Chegou o momento!» (A. Kanevskii. *Chegou o momento!*, Дождался). **b.** Abrindo a porta dun golpe, os croatas interromperon as consultas, que non se puideron comezar: ***жребий был брошен*** [*a sorte fora botada*] uns días antes (*Ogonek*, Огонек).

(50) *Die Union sei immer schlecht mit einer verführten Personaldiskussion gefahren. «Wir* ***wären von allen guten Geistern verlassen****, wenn wir das jetzt tun würden»* (*Mannheimer Morgen*).

É obvio que a regra de pasivización que propoñemos unicamente regula a posibilidade de crear *a priori* as formas en cuestión. A aplicabilidade real destas formas depende de diversas causas que están fora do marco da correlación entre a semántica e a sintaxe en sentido estrito: depende principalmente da conveniencia comunicativa da pasivización en cada caso concreto e do uso de cada lingua nunha etapa específica do seu desenvolvemento. Isto faise en particular evidente ó comparar varias linguas.

Por que é incorrecto dicir *козел был пущен в огород* [*o castrón foi metido no horto*, 'darlle acceso a unha persoa a un lugar onde esta pode causar dano']? Esta UF é desmembrable semanticamente e, segundo as regras propostas, ten que forma-la pasiva dun xeito regular: o compoñente *козел* [*castrón*] é suficientemente autónomo a nivel semántico, pois identifícase cunha persoa que obtivo acceso a un recurso e empregou ese recurso no seu interese, é dicir, correspóndese co actante dunha situación fixada no significado real. Polo que se pode ver, aquí do que se trata é de condicións comunicativas. Para xustificar pragmaticamente a pasivización é imprescindible un contexto que faga o desprazamento do compoñente *козел* [*castrón*] á posición dun tema comunicativamente comprensible. Comp., por exemplo: *...и таким образом этот козел был пущен в огород* [*...e deste xeito este castrón foi metido no horto*]. De estaren ausentes as condicións contextuais necesarias, as UUFF na pasiva, como xa foi dito con anterioridade, percíbense a miúdo coma pouco naturais. Está claro que isto acontece non porque as regras propostas non funcionen, senón porque a pasiva (coma calquera outra forma marcada) require para a súa realización máis condicións específicas ca unha forma non-marcada.

Agora ben, en linguas coma o inglés e o alemán, onde a pasiva en xeral é máis frecuente e, consecuentemente, está menos marcada (posiblemente debido ó menor uso das construcións indefinidas-persoais que compiten entre si), atópanse moitos máis casos de uso de UUFF en pasiva cando se dá unha ausencia de fortes indicadores do contexto. Compárese o uso da forma pasiva da UF alemá *den Bock zum Gärtner*

machen (lit. «face-lo castrón xardineiro»)[239] nos contextos (51):

(51) **a.** [...] *statt dessen wurde auch noch* ***der Bock zum Gärtner gemacht*** (*Stern*). **b.** [...] *der zweite Komplex dreht sich um die Erteilung von Subaufträgen an das Darmstädter Ingenieurbüro Dittrich, mit dem laut Sitzungsprotokoll* ***der «Bock zum Gärtner» gemacht wurde*** (*Mannheimer Morgen*). **c.** [...] *käme Kohls Kandidat, Waldemar Schreckenberger, der wegen politischer und administrativer Pannen im Kanzleramt als Chef dieses Amtes aufs Abstellgleis gestellt wurde, an die Spitze des Rechnungshofs, so* ***würde****, meint der Abgeordnete Esters, «****der Bock zum Gärtner gemacht****»* (*Die Zeit*).

Neste caso, sinalaremos que o suxeito da transformación pasiva *Bock* tampouco está topicalizado en ningún dos contextos atopados nos córpora. O desprazamento deste compoñente, dende o punto de vista das normas de uso, tería resultados cuestionables. Comp. ??[...] *mit dem der Bock laut Sitzungsprotokoll zum Gärtner gemacht wurde*.

Os aspectos relacionados co uso das construcións pasivas específicos de cada lingua tamén se manifestan ó compara-la UF rusa *взять быка за рога* [*toma-lo touro polos cornos*, 'enfrontarse da un problema de maneira decidida e inmediata cando cómpre'] coa alemá *den Stier bei den Hörnern packen*. Comp. a expresión cuestionable ??*Бык снова был взят за рога, задача была решена* [??*O touro de novo foi tomado polos cornos*] e a expresión alemá totalmente habitual *Der Stier ist auch heute wieder bei den Hörnern gepackt worden; man hat die Aufgabe gelöst* (exemplo de W. Fleischer 1997: 50).

A correspondencia entre os dous tipos de pasivización estudados nas seccións 6.2.4.2.1 e 6.2.4.2.2 (con desprazamento externo e interno do GN) pódese observar nun exemplo

[239] A UF rusa *пускать козла в огород* [*deixar entra-lo castrón no horto*, 'darlle acceso a unha persoa a un lugar onde pode causar dano'] e a UF alemá *den Bock zum Gärtner machen* son equivalentes só parcialmente. A UF *пускать козла в огород* significa 'confiarlle a alguén o control sobre un campo de actividade determinado, aínda que esta persoa sexa capaz de causar un dano considerable neste campo e vaia aproveitarse da situación para o seu propio beneficio'. A UF alemá *den Bock zum Gärtner machen* diferénciase da rusa polo compoñente de significado 'aproveitarse da situación para o seu propio beneficio'. Noutras palabras, esta UF atópase normalmente en contextos sobre o nomeamento para un cargo dunha persoa que non posúe a correspondente competencia e, polo tanto, é incapaz de traballar de xeito eficiente nese cargo. O feito de que esa persoa se aproveite ou non da súa situación no seu propio interese vén determinado en xeral polas circunstancias do contexto, é dicir, este significado non está contido na semántica da UF. Sinalaremos que estas diferenzas entre linguas poden ser explicadas (polo menos ata certo punto) en termos do compoñente figurativo. Na base da forma interna da UF rusa atópase a metáfora dun CASTRÓN QUE OBTIVO ACCESO Ó RECURSO DESEXADO, que perfila a idea de aproveitarse dun recurso para obter un beneficio propio. A forma interna da UF alemá non dá a idea de acceso ó recurso, senón que esta está baseada na metáfora dun CASTRÓN QUE SE FIXO XARDINEIRO, que salienta de xeito comunicativo a idea dun «nomeamento absurdo». Non se exclúe que as particularidades de uso destas UUFF en contextos de pasivización estean motivadas por estas diferenzas semánticas. É posible que aqueles casos nos que no proceso de pasivización un substantivo animado se converte no suxeito sexan menos característicos da fraseoloxía rusa ca da alemá ou da inglesa. Sábese que no ruso a oposición de substantivos animados e substantivos inanimados ten implicacións lingüísticas moi serias. En calquera caso, esta cuestión merece un estudo particular.

das formas inglesas da pasiva «interna» (*inner passive*) e «externa» (*outer passive*)[240]. Así, a UF *to take advantage of someone* pódese pasivizar tanto seguindo as regras do desprazamento interno do GN, coa forma resultante *advantage was taken of someone*, coma tamén segundo as regras do desprazamento externo do GN na forma —exótica dende o punto de vista do ruso— *someone was taken advantage of* (*outer passive*). Esta variabilidade das formas en pasiva admitida pola gramática inglesa permítelles ós falantes varia-lo desmembramento tema-rema en función do foco da comunicación, que se consegue por medio do cambio da orde das palabras no caso do ruso e do alemán. Cando o enunciado se constrúe coa forma canónica da voz pasiva *advantage was taken of someone*, o compoñente *advantage* desprázase á posición do suxeito e topicalízase. Deste xeito, o falante emprega o potencial da desmembrabilidade semántica desa UF. Cando se utiliza a forma de pasiva «externa» *someone was taken advantage of*, na posición do suxeito tópico colócase un actante que desempeña a valencia de obxecto da UF, é dicir, ten lugar un desprazamento externo do GN, mentres que a propia UF compórtase sintacticamente coma indesmembrable (comp. Kuiper 2007).

En xeral, a utilización do potencial semántico contido na estrutura interna dunha UF é ata certo punto individual. É obvio que en moitos tipos de contextos as UUFF desmembrables actúan do mesmo xeito cás indesmembrables (a pasiva inglesa «externa» non é máis ca un destes tipos). Noutras palabras, o potencial de desmembrabilidade semántica só se manifesta se se dan determinadas condicións sintácticas. Tamén é obvio que, dado que o grao de desmembrabilidade dunha UF pode ser diferente, naqueles casos nos que a súa expresividade é débil existe a posibilidade de que se produza unha variabilidade individual na interpretación. Unha UF que un falante percibe coma desmembrable pode ser percibida coma indesmembrable por outro. Por este motivo, en situacións semellantes obsérvanse discrepancias na valoración da admisibilidade da pasivización dunha UF por parte de diferentes falantes dunha lingua.

6.2.4.2.3. Casos de asimetría semántico-sintáctica

Tódalas condicións de pasivización analizadas ata agora son, en gran parte, relativamente triviais, xa que reflicten principios bastante xerais da transformación da voz activa en pasiva. A especificidade das UUFF, en comparación cos verbos, manifóstase unicamente na súa capacidade de levar a cabo o desprazamento do GN, o que tamén é bastante obvio, xa que a valencia do compoñente verbal da UF está fixada e é desempeñada por un actante dentro da propia UF, é dicir, transfórmase nunha constante (comp. 6.2.4.2.2).

Máis complexos e interesantes no plano teórico son casos coma *вылить ушат холодной воды (на кого-л.)* [*botarlle (a alguén) unha sella de auga fría*, 'difamar alguén inxustamente'] → *(на кого-л.) был вылит ушат холодной воды* [*(a alguén)*

[240] A *outer passive* consiste en varias construcións pasivas exóticas onde o elemento que se despraza á posición do suxeito non é o obxecto directo, senón o obxecto indirecto, o complemento preposicional ou o circunstancial de lugar. Estas construcións están lexicalizadas en gran medida, é dicir, son propias de pequenos grupos de palabras, aínda que non tódolos verbos que en principio son capaces de formar estas construcións desenvolven esta capacidade; para máis detalles, véxase Апресян 1993: 10.

foille botada unha sella de auga fría], *поставить крест (на ком-л./чем-л.)* [*poñer unha cruz (sobre alguén/algo)*, 'ó quedar decepcionado con alguén/algo, desistir de esperar calquera cousa del, deixar de contar con el'] → *(на ком-л./чем-л.) был поставлен крест* [*(sobre algo/alguén) foi colocada unha cruz*]. O significado da UF *поставить крест* [*poñer unha cruz (sobre alguén/algo)*], debido á estrutura da metáfora na que se basea, desmémbrase mal en fragmentos semanticamente independentes: os compoñentes isomorfos *поставить* [*poñer*] e *крест* [*cruz*]. Compárese a inadmisibilidade de transformacións coma **крест, который был на нем поставлен* [**a cruz que foi posta sobre el*] ou **какой крест был поставлен на нем?* [**que tipo de cruz foi posta sobre el?*].

Deste xeito, o desprazamento do compoñente *крест* [*cruz*] á posición do suxeito contradí a condición da desmembrabilidade semántica. En realidade, é estraño realizar operacións por riba do rango comunicativo dun elemento léxico que non posúe un status referencial independente no significado real. É obvio que en tal caso o desprazamento do compoñente nominal á posición do suxeito é unha operación puramente sintáctica que non conduce a un cambio do seu rango comunicativo[241]. O que se eleva á posición tópica non é este compoñente, senón o actante que desempeña a valencia de paciente, ou calquera outro membro da oración; compárese, por unha banda, o enunciado prosodicamente neutro *На Иване Ивановиче был поставлен крест* [*Sobre Iván Ivánovich foi colocada unha cruz*, 'Deixaron de contar con Iván Ivánovich'] e os contextos (52), e, por outra, o enunciado ??*Крест был поставлен на Иване Ивановиче* [??*Unha cruz foi colocada sobre Iván Ivánovich*], o cal claramente require unhas condicións contextuais especiais e unha prosodia específica:

(52) **a.** No traslado do persoal tamén se observa algo interesante. [...] Así, segundo a opinión dalgúns participantes destas conversas, ***поставлен крест*** [*unha cruz foi colocada*] sobre un goberno checheno efectivo e autónomo. Os protexidos de Moscova, reforzados polas vellas filas do partido, son sen dúbida para Grozni un réxime de ocupación (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости). **b.** Si, había alguén a quen a paz en Chechenia non lle conviña en absoluto. A ese acordo esperado durante tanto tempo tamén lle ***был поставлен крест*** [*foi colocada unha cruz*] (*Izvestia*, Известя).

Subliñaremos que do que se trata non é da orde de sucesión dos compoñentes (*был поставлен крест* vs. *крест был поставлен* [*foi colocada unha cruz* vs. *unha cruz foi colocada*]), senón precisamente da posición temática: o que resulta inusual e require unhas condicións especiais non é a orde das palabras *крест был поставлен* [*unha cruz foi colocada*], senón a elevación do compoñente *крест* [*cruz*] ó tema do enunciado, así coma o cambio do seu rango comunicativo. No relativo á orde dos compoñentes, esta é totalmente admisible, por exemplo, no caso da desmembración comunicativa dunha oración na que toda a UF se atopa no tema, mentres que o rema forma un *Paciens* plural, coma no caso (53):

[241] Isto é un «quasi-argumento» na terminoloxía de N. Chomsky (Chomsky 1993) ó que se lle atribúe un rol semántico «baleiro».

(53) Algo antes, [***крест был поставлен***]$_{\mathbf{T}}$ [*unha cruz fora posta*] sobre Serguéi Kiriákov, Ígor Xalímov e Dmitrii Gharin (*Interfax-AIF*, Интерфакс-АИФ).

Os contextos atopados nos córpora de textos[242] e na internet confirman a presenza de limitacións semellantes na distribución dos roles comunicativos. Compárense, por unha banda, os exemplos neutros de uso desta UF en voz pasiva (54) e, pola outra, os contextos claramente non-estándar (55). Resulta evidente que a forma pasiva da UF *поставить крест (на ком-л./чем-л.)* [*poñer unha cruz (sobre alguén/algo)*] é admisible naqueles casos nos que esta se inclúe totalmente (a excepción dos seus actantes, naturalmente) ben no tema[243] ou ben no rema ou forma dunha maneira total os compoñentes da organización comunicativa do sentido do enunciado.

(54) **a.** No KGB intentaron recrutar practicamente tódolos licenciados da facultade de xornalismo. A excepción constituíana aquelas unidades coma min, os que xa tiveran a ocasión de padece-lo KGB e ós cales [***был поставлен крест***]$_{\mathbf{R}}$ [*lles colocaran unha cruz*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). **b.** Non se sabe se Gainikamal tiña talento para ser doutora, pero ela tamén soñaba con facerse construtora de avións [...]. E as películas indias seguían a inquieta-la imaxinación [...] [***крест был поставлен***]$_{\mathbf{T}}$ [*unha cruz fora posta*] da carreira médica rapidamente e sen volta atrás (*Nóvosti nedeli*, Новости недели).

(55) **a.** <u>Unha definitiva e gran (lit. «graxenta»)</u>[244] ***крест был поставлен*** [*cruz foi colocada*, 'abandonáranse as esperanzas'] despois de que no club se producise un incendio: arderon varios hangares con todo o equipo [...] (Xornalismo de internet). **b.** Enriba da miña mesa hai unha morea de xornais e todos son branquiños e gordiños, pero só o último número se puxo negro e <u>unha gran (lit. «graxenta»)</u> ***крест был поставлен*** [*cruz foi colocada*] (Xornalismo de internet).

O carácter non-estándar dos contextos (55) vese subliñado pola introdución dos complementos *жирный* [*graxento*, 'gran'] e *окончательный* [*definitivo*] na estrutura da UF. Sinalaremos, ademais, que o complemento adxectival *жирный* [*graxento*, 'gran'] se atopa con tanta frecuencia na estrutura desta UF que a percepción da locución *поставить жирный крест* [*poñer unha cruz graxenta*, 'desistir definitivamente a contar con alguén, excluír completamente alguén'] coma non-estándar ultimamente vaise esvaecendo un pouco, particularmente se nos contextos de pasivización non se infrinxe a desmembración normal tema-rema do enunciado, comp. (56):

(56) Ós tímidos intentos de Moscova de converterse no oitavo membro de pleno dereito do club principal da elite política e económica do mundo ***<u>жирный</u>***

[242] Na análise do material ruso utilizáronse o Corpus nacional da lingua rusa, os córpora de textos rusos da Universidade de Tübingen (Alemaña) e os córpora do Departamento de Lexicografía Experimental do Instituto Lingua Rusa RAN.

[243] Neste caso, o «tema» non se entende coma un rol semántico, senón coma parte da oposición «tema – rema», unha das estruturas da organización comunicativa do significado dun enunciado.

[244] N. do t.: A palabra "graxenta" emprégase nesta e noutras UUFF que aparecen a continuación como intensificador e ten o significado de "gran".

крест был поставлен [*foille colocada unha graxenta cruz*] despois da caída do rublo en 1998 (*Segodnia*, Сегодня).

No exemplo (57) atópase un caso lixeiramente diferente:

(57) E. KISELEV: —[...] Quero preguntarlle ó meu convidado de hoxe, o experto do noso programa de hoxe Stanislav Belkovskii: vostede no seu tempo dixo que [a Medvédev]$_{T}$ [***поставлен крест***]$_{R}$ [*lle fora colocada unha cruz*], se non me engano, se digo ben? S. BELKOVSKII: —A ver, non é de todo así, {[***крест***]$_{T}$ *на нем*}$_{dado}$ {[*не* ***поставлен***]$_{R}$}$_{novo}$ [{[*unha cruz*]$_{T}$ a el}$_{dado}$ {[non *foi colocada*]$_{R}$}$_{novo}$] de tódolos xeitos por parte da xente que o apoiou, ou sexa, Roman Abrámovich e compañía; pero as súas oportunidades no último ano diminuíron considerablemente, iso é un feito (Xornalismo de internet).

Na réplica de resposta, o compoñente *крест* [*cruz*] atópase na posición temática, formando parte ademais do compoñente máis sólido *крест на нем* [*unha cruz sobre el*], o cal se refire ó dado, o que é coñecido[245]. Neste caso, actúan dous factores que permiten a elevación do que sería algo así coma o compoñente semanticamente baleiro *крест* [*cruz*] á posición do tema. En primeiro lugar, trátase dos factores do discurso: a contrastividade da comunicación, da discusión. Antes, na intervención anterior do presentador, xa foi utilizada a construción *на Медведеве поставлен крест* [*sobre Medvédev foi colocada unha cruz*]. Ó facer unha obxección en contra desa intervención, o entrevistado pon o compoñente *крест* [*cruz*] nunha posición de contraste. En segundo lugar, o uso contrastivo da UF confírelles unha certa autonomía semántica ós seus compoñentes.

Ó compoñente *крест* «asóciaselle» unha semántica de 'privación', de 'actualización', de 'prohibición', que non é allea á cruz, non coma símbolo cristián, senón coma representación gráfico-visual de riscar algo cunha cruz, aínda que tampouco é allea a unha variante máis simple do risco: un risco feito cun trazo só[246]. Nestas condicións, a pasivización da UF nun fragmento concreto do discurso resulta admisible.

A asimetría semántico-sintáctica que se produce na pasivización das UUFF é un fenómeno bastante estendido na fraseoloxía rusa. Dun xeito similar pasivízanse aquelas UUFF cuxos compoñentes se corresponden con algúns conceptos independentes na estrutura da metáfora na que se basea a UF, pero que non posúen unha auténtica independencia semántica. Coma exemplo poden servi-las UUFF que conteñen o compoñente *мозги* [*cerebro*, *miolos*]. Comp.: *вправлять* [*encaixar*, *enderezar*], *засорять* [*ensuciar*, *contaminar*], *компостировать* [*tradear*], *крутить* [*retorcer*], *полоскать* [*enxugar*], *промывать* [*lavar*], *пудрить* [*poñer pos*], *канифолить* [*untar*

[245] Nalgunhas teorías da organización comunicativa, a desmembración actual non se recoñece como binaria, senón como ternaria: introdúcese o elemento *transition*, de transición do tema ó rema (véx., por exemplo, Firbas 1965; Sgall, Hajičová, Panevová 1986). Neste caso, a locución *на нем* [*nel*] interprétase como *transition*.

[246] Resulta interesante o feito de que esta semántica do 'risco' e do 'borrado' non é universal. Nalgúns sistemas semióticos, o risco e o borrado non se interpretan coma prohibición ou supresión, senón coma marca comunicativa. Por exemplo, os prezos rebaixados nas etiquetas do prezo márcanse cun risco horizontal, véx. os prezos marcados cun desconto en Taiwán: ~~7000 NTD.~~

de colofonia] etc. combinados co elemento *мозги (кому-л.)* [*o cerebro*]. En todas estas UUFF ó compoñente *мозги* [*cerebro*, *miolos*] na estrutura da metáfora opónselle unha entidade conceptual relativamente autónoma: un «instrumento do pensamento», mentres que o verbo se corresponde co feito de «pasar este instrumento a un estado modificado». Non obstante, estas UUFF non pasan os tests sintácticos de desmembrabilidade; comp. **me самые мозги, которые были вправлены…* [**eses mesmos miolos que foron enderezados*, 'que foi sentada a cabeza']. Naqueles casos nos que son posibles formas en voz pasiva[247], a pasivización ten lugar segundo o principio de asimetría semántico-sintáctica, mantendo as limitacións para a topicalización do suxeito da transformación pasiva que foron analizadas anteriormente, comp. (58):

(58) A maioría dos literatos teñen os ***засраны мозги*** [*cerebros tan cheos de merda*, 'cerebros tan cheos de ideas absurdas'] que non poden aceptar de ningún xeito que un diácono (estamos a falar de Petr Busláev), que aínda por riba escribía en versos silábicos e que ademais fíxoo sobre a entrada da súa falecida protectora no Reino dos Ceos, puidese crear algo decente. E resulta que o diácono era un xenio, un xenio extraordinario (V. Markov. *Anotacións á antoloxía «100 poetas rusos»*, Примечания к антологии «100 русских поэтов»).

O status comunicativo da pasivización representada nos exemplos coma o (58) non consiste tanto no cambio de estrutura da organización comunicativa coma na omisión do axente, feito que lle permite ó falante concentrarse no contido dos cambios na conciencia e/ou no pensamento da xente, ignorando a fonte ou a causa destes cambios.

A pasivización «asimétrica» non só é característica do ruso. Compárese a UF alemá *jmdm. den Garaus machen* (*matar alguén*) co compoñente único *Garaus*:

(59) **a.** *Ratten, Mäuse, Kakerlaken – den lästigen Hausgenossen soll nun mit einem neuen System* ***der Garaus gemacht werden****: Ein elektromagnetischer Schädlingsbekämpfer, kurz EMS «steckt» den Mitbewohnern, daß sie unerwünscht sind* (*Mannheimer Morgen*). **b.** *Der «Jahrhundertvertrag» für Landwirte ist nach Kurt Weiser, SPD-Kreisvorsitzender und Leiter des AK-Landwirtschaft im Bezirk Rheinland-Hessen/Nassau «ein Deckmantel, unter dem der bäuerlichen Landwirtschaft* ***der Garaus gemacht wird****, bis nur 10% der Betriebe übriggeblieben». Alle Maßnahmen der CDU/FDP-Agrarpolitik von Milchquote bis Flächenstillegung, sind «Sterbehilfen für Bauern, vor allem in Gebieten wie dem Kreis Bitburg-Prüm»* (*Mannheimer Morgen*).

Nos exemplos (59), a pasivización da UF tamén permite omiti-lo axente da consumación de determinada acción.

Outro caso de asimetría semántico-sintáctica atopámolo na fraseoloxía inglesa. O uso

[247] Neste caso, a pasivización non é sempre posible nin moito menos. Así, a formación da pasiva de tódolos verbos IMPERF coma *вправлять* [*encaixar*/*enderezar*] / *засорять* [*ensuciar*/*contaminar*] / *компостировать* [*tradear*] é difícil debido á súa homonimia co reflexivo e co decausativo (comp. *мозги вправляются* [*o cerebro é enderezado*, 'a alguén fáiselle senta-la cabeza'], eles mesmos ou por outra persoa?), mentres que non existen verbos PERF equivalentes para tódalas UUFF deste grupo.

da UF *to pull someone's leg* (lit. ≈ «tirarlle a alguén a perna», 'tomarlle o pelo a alguén') en construcións pasivas coma *I think my leg is being pulled* (lit. ≈ «creo que a miña perna está a ser tirada», 'creo que me están a toma-lo pelo') implica que o paciente (*I*) apareza destacado a nivel comunicativo. Así, pasa a se-lo tema do enunciado (é posible que mesmo o tópico, aínda que sen contexto non está completamente claro) e asóciase co posesor do substantivo *leg*, expresado por medio do posesivo *my*. Ademais, á posición do suxeito da oración subordinada desprázase todo o grupo nominal *my leg*[248]. A importancia comunicativa do paciente é subliñada pola súa posición temática na oración principal: ***I** think*.

En todos estes casos, a xulgar polo que se pode observar, atopámonos diante dunha falta de concordancia entre as funcións do suxeito gramatical e o tema/tópico. Resumindo o exposto, pódese dicir que a pasivización das UUFF dificilmente desmembrables ou totalmente indesmembrables a nivel semántico é posible nunha situación na que o suxeito perde as características comunicativas estándar que lle son propias. Estes fenómenos son particularmente interesantes para a teoría fraseolóxica en xeral e, sobre todo, para elaborar unha gramática das UUFF.

É importante salientar que os modos de pasivización das UUFF tratados nas seccións 6.2.4.2.1, 6.2.4.2.2 e 6.2.4.2.3 teñen diferentes status. Se as dúas primeiras regularidades teñen o carácter de regras e posúen (xunto ó requisito semántico xeral da interpretabilidade axentivo-transitiva da UF) unha certa forza preditiva, a presenza de determinadas asimetrías semántico-sintácticas só axuda a explica-los casos que non cumpren estas regras. Como foi indicado previamente, a pasivización en xeral baséase nas seguintes regras:

a UF é capaz de crea-la pasiva «total»[249],

1) se na súa estrutura valencial hai unha valencia cuxo actante é capaz de toma-la función do suxeito

e

2) se o grupo nominal que forma parte da UF e que se pode desprazar á posición do suxeito, posúe un significado relativamente independente.

Os casos nos que se ven alteradas estas condicións, pero a voz pasiva é posible e admisible no uso, pódense explicar por asimetrías de diferente tipo na organización das estruturas semántica e sintáctica, en particular pola falta de concordancia das funcións do suxeito gramatical e do tema/tópico. Non é posible predicir en que casos concretos ten lugar tal falta de concordancia, unicamente se pode indicar en que linguas son máis

[248] «A syntactic phenomenon, in which a larger constituent has to be moved when only a subpart of the constituent is the focus of the syntactic operation, is called pied-piping» (Schenk 1992: 102).

[249] Trátase unicamente, como é natural, de formas estándar consolidadas polo uso. En contextos non-estándar atópanse as máis variadas diverxencias da norma, mesmo claras infraccións das regras propostas aquí. Evidentemente, a pasivización non-estándar é posible incluso fóra dos límites da fraseoloxía. Comp. os exemplos de uso humorístico das formas pasivas en Annikov 1999, especialmente: – *Позвольте* ***быть*** *вам* ***проводимой мной*** *Где вы живете?* [*—Permita* ***ser acompañado por min*** *(permítame que o acompañe eu). Onde vive vostede?*] (A. Averchenko. *Unha persoa horrible*, Страшный человек).

características as asimetrías semántico-sintácticas e en cales menos.

En canto ás regras de pasivización das UUFF, naturalmente, estas son relativas, xa que en principio están orientadas ás posibilidades do sistema lingüístico e non poden tomar en consideración factores non-sistemáticos: as preferencias de uso, a conveniencia comunicativa, a xustificación por medio de condicións específicas do contexto etc. O uso real de UUFF na forma pasiva depende de diversas condicións comunicativas e pragmáticas adicionais, pero tamén das particularidades de cada lingua (o grao de gramaticalización da pasiva e a presenza de construcións pasivas non-canónicas, nese caso). Tamén cómpre tomar en consideración a dinámica do uso: a valoración de admisibilidade de determinadas expresións lingüísticas cambia co tempo. A tarefa de revela-las dependencias estritas complícase aínda máis polo feito de que a desmembrabilidade semántica das UUFF, ó ser unha categoría significativa para a formulación das condicións da súa pasivización, só se deixa operacionalizar de maneira relativa. Aínda así, está claro que calquera regra que explique o comportamento sintáctico das UUFF partindo da súa semántica é útil para a teoría da fraseoloxía.

***

O material exposto neste capítulo demostra que no comportamento sintáctico das UUFF hai moitos fenómenos que dependen da súa semántica. Non obstante, atopar regras non suxeitas a condicións é improbable. Aínda así, o estudo das restricións semánticas con respecto ó comportamento sintáctico das UUFF permite entender moitos aspectos da esencia da idiomática coma estrato particular do léxico. Así, o estudo das restricións relacionadas coa introdución dunha negación na estrutura dunha UF crea unha imaxe da idiomática coma instrumento especial para describi-las diverxencias da norma, mentres que a investigación dos mecanismos de pasivización das UUFF precisa a categoría da composicionalidade na súa aplicación ó ámbito da fraseoloxía.

Parte 3. AS UUFF E O DICIONARIO

Capítulo 7. O Tesouro da idiomática

7.1. Sobre o problema da construción dun Tesouro de UUFF rusas

A actividade lexicográfica presenta un conxunto de motivacións, pero está determinada principalmente por unha necesidade informativa, é dicir, polo desexo de obter unha determinada información lexicográfica por parte do usuario do dicionario ou, utilizando terminoloxía informática, do usuario final. A unión da investigación puramente científica e da redacción dunha entrada lexicográfica é un trazo característico da lexicografía rusa, aínda que dende unha perspectiva histórica é relativamente nova (véx. o exemplo prototípico do *NOSS*). En xeral, entre o traballo propiamente lexicográfico e a descrición da semántica do plano teórico, existe unha fronteira infranqueable. Se non temos en conta as edicións lexicográficas concibidas para un especialista en semántica lingüística exclusivamente (véxase, por exemplo, Баранов, Плунгян, Рахилина 1993), a gran maioría dos dicionarios teñen un carácter aplicado.

A análise da actividade lexicográfica dentro da lingüística aplicada concédelles ós lexicógrafos indulxencia para unha utilización máis libre das ideas (e do instrumental correspondente) procedentes doutras disciplinas científicas. Dende o punto de vista dun enfoque deste tipo, máis amplo, na base dos traballos lexicográficos atópase a idea da representación de coñecementos, a cal entrou na filoloxía dende o mundo da arte[250].

Os filólogos, e sobre todo aqueles que elaboran os dicionarios, teñen que ser conscientes finalmente de que nos dicionarios están a fixar diversos tipos de coñecementos, non simplemente significados de palabras ou algunha outra información adicional de carácter gramatical e estilístico. Segundo o tipo de dicionario (monolingüe, bilingüe, enciclopédico etc.), cambian tanto o campo do coñecemento que é fixado coma os métodos de representación[251].

A idea da representación dos coñecementos do mundo vese de maneira máis clara e transparente nos denominados dicionarios ideográficos, dado que a modo de entradas dos artigos do dicionario non figuran expresións da lingua natural, senón expresións

[250] O aparato conceptual correspondente foi elaborado orixinalmente na teoría de distinción de imaxes, véx. Минский 1978.
[251] Para máis detalles, véxase Баранов 2000.

dunha metalinguaxe semántica que se corresponde directamente co campo de coñecemento (Караулов 1981). Tesouros clásicos, tales coma o de Roget (*Roget's Thesaurus* 1987) ou o de Dornseiff (Dornseiff 1959), aspiraban a abranguer de maneira bastante completa tódolos campos conceptuais, así coma a establecer vencellos explícitos non-contraditorios entre os diferentes conceptos. Nos tesouros de diferentes áreas problemáticas (especialmente nos tesouros específicos e aplicados, por exemplo nos de busca informática) tamén se prevé unha cantidade meirande de relacións paradigmáticas, tales coma relacións de asociación, de inclusión, relacións do tipo 'ser parte', 'entrar no conxunto' etc.

En relación á representación ideográfica dos coñecementos sobre o mundo nos dicionarios, xorde unha pregunta moi seria: calquera descrición lexicográfica representa un modo de conservación dos coñecementos (sobre a lingua, a realidade, o ser humano, unha comunidade etc.), de onde tiran os creadores dos dicionarios esa rede de relacións semánticas que máis tarde explicitan nos diferentes taxons do tesouro? Ou ben esa rede de relacións é absolutamente apriorística e non se corresponde de ningún xeito co material lexicográfico que utilizan, ou ben no correspondente campo léxico as palabras teñen características semánticas fixas que suxiren unha ou outra estrutura do tesouro. Isto poderíase comprobar experimentalmente e consistiría precisamente en presentarlles ós suxeitos do experimento varios grupos de palabras e propoñérlle-la tarefa de distribuíren esas palabras en diferentes taxons relacionados entre si polo significado. No ámbito da psicoloxía cognitiva leváronse a cabo experimentos semellantes, aínda que os resultados non foron os mesmos, nin moito menos: obtivéronse esquemas diferentes que con frecuencia non están relacionados en absoluto co significado das palabras que conforman unha determinada área problemática, senón coas particularidades funcionais das situacións que describen. Por exemplo, os nomes dos mobles e dos elementos dunha vaixela normalmente distribúense en taxons diferentes, mais nalgúns casos, no marco dunha descrición funcional, no mesmo grupo atópanse obxectos totalmente distintos dende outros puntos de vista, digamos, por exemplo, que nun mesmo taxon se unen palabras coma *вилка* [*garfo*], *ложка* [*culler*], *стакан* [*vaso*], *тарелка* [*prato*], *стол* [*mesa*], *клеенка* [*hule*] e semellantes. Os suxeitos do experimento unificanas no mesmo grupo porque o campo de extensionais desas palabras resulta estar unido funcionalmente, por exemplo, durante o xantar. A realidade de tales relacións asociativas confirmouse en experimentos cuxos resultados foron fixados no *Dicionario asociativo ruso*; por exemplo, a palabra *тарелка* [*prato*] xorde como reacción a estímulos tales coma *еда* [*comida*], *обед* [*xantar*], *есть* [*comer*], *масло* [*manteiga*] e *столовая* [*comedor*].

Experimentos deste tipo non confirman a idea de que nos dicionarios ideográficos haxa un principio descritivo apriorístico das palabras dado dende o principio. Noutras palabras, no propio léxico obxecto de descrición existe algún factor que lle suxire ó lexicógrafo unha clasificación ou outra. Sinalaremos que as hipóteses enunciadas deben ser completadas con outra máis: na distribución por grupos do léxico tamén exerce influencia a experiencia do ser humano, os coñecementos obtidos no proceso de interacción co mundo circundante; de feito, se non comésemos sentados á mesa facendo uso dos correspondentes utensilios, en realidade dificilmente se podería forma-

-lo correspondente taxon lexicográfico.

A crítica de tesouros tendo en consideración a imperfección da estrutura dos taxons establecidos é unha parte indispensable de calquera valoración dun proxecto de elaboración dun tesouro. Cal é o motivo da indeterminación e a insuficiencia da lista de taxons cos que se describe o léxico nos dicionarios ideográficos? Parece ser que a solución se ten que atopar na estrutura do plano do contido das unidades do dicionario.

A semántica da palabra é un fenómeno complexo que se pode representar nunha metalinguaxe semántica coma a totalidade (un conxunto) de elementos semánticos relacionados entre si por medio de determinadas relacións. O aparato dunha estrutura semántica así presupón que existe a posibilidade de clasificar un mesmo lexema en varios grupos ideográficos. Por exemplo, o verbo *убивать* [*matar*], se o interpretamos coma 'facer que alguén morra', pode aparecer, cando menos, nos seguintes taxons: no grupo de verbos causativos ('facer de xeito que'), no grupo das unidades léxicas que teñen no seu significado o sema 'morte', pero tamén no taxon de CAMBIO DE ESTADO.

Aquí pode resultar crucial o fenómeno intuitivo da significación, do «peso» do elemento semántico ou do complexo dos elementos semánticos no significado dunha palabra. Os elementos máis significativos tamén determinan a situación dunha palabra nun taxon ou noutro. Conforme á práctica existente, os redactores dos tesouros non explicitan de ningún xeito a categoría da significatividade, pero dun xeito ou doutro utilízana; de non ser así, cada palabra aparecería no dicionario tantas veces como estean representados no seu significado os elementos semánticos e as relacións que os asocian. De considerar que a profundidade da descomposición semántica pode ser diferente, ó utilizar ambiciosos proxectos coma a metalinguaxe semántica *lingua mentalis* de A. Wierzbicka, daquela todo o léxico estará distribuído en dúas decenas de taxons ou poida que aínda menos. O valor práctico dunha descrición ideográfica deste tipo é moi cuestionable, aínda que en teoría este enfoque está totalmente xustificado. Dado que non existen regras coas que poidamos determinar dunha maneira inequívoca que elemento (ou grupo de elementos) é o máis significativo no significado da palabra, a categoría da significatividade non resulta operacional, aínda que non é posible prescindir dela ó elaborar un tesouro.

Ademais, na descrición funcional das unidades do dicionario os autores guíanse non tanto polos significados coma polos seus coñecementos: a experiencia da interacción co mundo circundante, materializado en procedementos estereotípicos (*scenarios*), nos que se implican os obxectos denotados. Noutras palabras, a cuestión da distribución dunha palabra en diferentes taxons do tesouro resulta ser extremadamente importante e, ó mesmo tempo, de difícil resolución.

Por suposto, é posible intentar clasifica-los elementos máis significativos dun xeito puramente intuitivo, sen recorrer ás regras formais de clasificación dos semas máis significativos, que, de feito, é o que se fai na redacción dos tesouros. Trátase dunha estratexia totalmente admisible e habemos de comentala con detalle máis adiante.

O outro camiño que se pode seguir é a explicación de tódolos elementos semánticos posibles e, conforme a isto, coloca-la unidade en cuestión en tantos taxons simultaneamente coma elementos semánticos fosen clasificados no seu significado.

É obvio que esta solución é inviable no caso dos dicionarios comúns, xa que requiriría, por unha banda, unha descrición moi exacta do significado das unidades léxicas e da clasificación de tódolos elementos semánticos que están realmente presentes neles e, por outra banda, para facer isto non habería papel dabondo, pois tódolos compoñentes semánticos, tanto os elementais coma os atomais e os complexos constituídos por varios semas menos complexos, estarían representados por varias seccións diferentes do tesouro. Un problema á parte é a profundidade da descomposición semántica dos elementos da definición (*vide supra*). Un tesouro deste tipo, polo que se pode observar, unicamente se podería levar a cabo en versión informática.

Non se sabe con certeza como se facían os dicionarios ideográficos tradicionais que continuamos a utilizar activamente. Aínda así, pódese supoñer con bastante seguridade que están construídos a partir dun principio apriorístico: baséanse, precisamente, nunha clasificación apriorística, é dicir, na existencia dunha interpretación de partida dos coñecementos da realidade (que é posible que estivese influída por unha visión científica do mundo formada, á súa vez, baixo a influencia dos logros das ciencias naturais), e tódalas palabras da lingua natural adáptanse ás seccións do Tesouro con máis ou menos éxito.

A particularidade dun esquema apriorístico radica en que a imaxe do mundo creada sobre a base dese esquema diferénciase considerablemente da imaxe fixada por unha lingua natural. Precisamente por isto xorde a sospeita de que a imaxe do mundo representada nos dicionarios ideográficos clásicos (coma o Roget e o Dornseiff) non se apoian na semántica da lingua natural, aínda que intuitivamente o usuario presupón isto dun xeito ou doutro.

Se imaxinamos que un dicionario se pode realizar por medio dun método puramente indutivo (é dicir, atribuírlle a cada unidade dunha lingua natural un determinado conxunto de descritores semánticos e distribuí-las unidades nos correspondentes taxons) obteríase como resultado unha imaxe do mundo completamente diferente: unha imaxe lingüística do mundo propiamente dita, con diferenzas considerables con respecto á imaxe resultante dos esquemas apriorísticos. Precisamente por isto, o esperable é que o intento de aplicar un esquema abstracto ideal a capas concretas do léxico e da fraseoloxía dunha lingua poida dar un resultado totalmente inadecuado. O que acontece é que mesmo se o modelo apriorístico en conxunto —pode ser— chega a apoiarse no léxico (xa que unha lingua natural é o instrumento universal de representación de coñecementos), as diferentes clases de palabras poden resultar ser «impenetrables» para unha clasificación apriorística, pois nesta están ausentes as seccións en cuestión. É moi probable que esta «impenetrabilidade» sexa propia de moitas áreas da idiomática e da fraseoloxía en conxunto. Isto explícase polo feito de que a idiomática está orientada non tanto ó mundo real coma ó ser humano e ó ámbito das súas ideas. As clasificacións apriorísticas en certo sentido son realmente universais, xa que en gran medida están relacionadas cos resultados do coñecemento colectivo da

realidade, transmitido por unha institución tan social coma a ciencia, os cales se propagan na sociedade a través da formación escolar. Aínda que, ó mesmo tempo, este tipo de clasificacións non son universais no sentido de que lles falta a forza para distinguiren aquelas capas do léxico e da fraseoloxía que, por seren antropocéntricas, reflicten a experiencia subxectiva da interacción do ser humano coa realidade, así coma o seu terreo emocional.

Pasemos ó problema da descrición ideográfica das UUFF. Ante todo convén sinalar que ata agora non foi elaborado un tesouro idiomático de ningunha lingua, de feito, non se realizou nin tan sequera un dicionario de UUFF que lembre na súa organización estrutural, por exemplo, ó dicionario de Roget.

Aínda que, por outra banda, hai intentos de crear obras de consulta (en xeral a modo de apéndices nos dicionarios) feitas sobre corpus non demasiado grandes nos que as UUFF da lingua están ordenadas en diferentes seccións conceptuais: os taxons (Яранцев 1985; Шанский и др. 1988; Görner 1979; Schemann 1989). O *Dicionario de expresións figurativas do ruso*, creado baixo a dirección de V. N. Telia (*SOVRIA*), si que se achega en certo modo ó prototipo dun dicionario-tesouro da idiomática.

Non obstante, estas obras de consulta ideográficas e edicións lexicográficas non se poden considerar verdadeiros tesouros idiomáticos. En primeiro lugar, a relación entre os diferentes taxons non se explicita de ningún xeito, é dicir, faltan as relacións entre os campos conceptuais e, en segundo lugar, a clasificación dos propios taxons conceptuais prodúcese unicamente segundo un só principio elixido arbitrariamente. Deste xeito, a cada UF atribúeselle algún —na maioría dos casos un só— descritor, o cal é bastante arbitrario, e a continuación as UUFF distribúense polos taxons.

As tarefas ante as que se atopa a fraseoloxía actual no ámbito da idiomática redúcense fundamentalmente á construción dun verdadeiro tesouro idiomático. Para levar a cabo este labor cómpre, en primeiro lugar, describi-la semántica de cada UF en forma de definición ou de explicación semántica de xeito que o descritor non sexa elixido de maneira arbitraria, senón sobre a base dunha análise, dunha definición detallada e axeitada do significado da UF. A continuación, a cada UF cómpre asignarlle non un, senón varios descritores, posto que, como xa se dixo con anterioridade, a elección do descritor máis significativo, por dicilo dalgunha maneira, do principal, sempre será bastante arbitrario e unicamente se pode realizar de xeito intuitivo. A continuación cada UF terá que ser clasificada nos taxons que corresponden ós descritores que lle foron atribuídos. Finalmente —isto é sempre unha tarefa fundamental— hai que construír un sistema conceptual significativo para a idiomática, é dicir, os diferentes campos conceptuais cubertos polas UUFF e representados nun dicionario de tipo tesouro a modo de diferentes taxons terán que estar ordenados, e entre eles haberá que establecer relacións.

É obvio que este é o método ideal de elaboración dun tesouro idiomático. Non obstante, é obvio que se intentamos identificar no significado dunha UF todos aqueles compoñentes semánticos que están presentes nela e, ó facelo, chegamos ós significados orixinais, daquela atoparemos construcións coma as que realiza Anna Wierzbicka ó atribuí-lo significado dunha palabra a unidades elementais do significado, ó que ela

denomina primitivos semánticos (Wierzbicka 1980). E isto, como xa foi sinalado con anterioridade, no caso dun dicionario ideográfico é inadmisible.

Resulta evidente que cun enfoque deste tipo non obteremos un dicionario que reflicta adecuadamente a nosa concepción do mundo fixada no sistema idiomático. A idea de clasificación dos elementos máis significativos no plano do contido dun enunciado parece requirir un estudo adicional, porque esta idea é precisamente a que permite liberarse do improdutivo procedemento de calcula-los significados e de repetir cada UF en cada un dos taxons que lles corresponden ós significados presentes nesa UF. De xeito intuitivo é obvio, por exemplo, que na semántica da UF *джентльменский набор* [*conxunto de cabaleiros*, 'totalidade dos elementos dun conxunto, que é estándar nunha situación concreta e suficiente para a resolución dos problemas típicos que xorden nesa situación, entendida coma algo inherente a unha persoa nobre'] o compoñente do significado 'resolución de problemas' é moito menos importante có compoñente 'totalidade dos elementos dun conxunto' ou có compoñente 'carácter estándar nunha situación concreta', mentres que o último elemento, á súa vez, é menos importante có significado 'totalidade dos elementos dun conxunto'.

Está claro que a formalización dunha concepción intuitiva sobre a significatividade dos compoñentes dunha explicación semántica das UUFF (e non só das UUFF) supón unha tarefa moi complexa que dificilmente se pode resolver por completo cos coñecementos sobre o funcionamento do sistema lingüístico que temos na actualidade. Aínda así, é posible e necesario expresar algunhas reflexións sobre este aspecto (véx. a sección 7.2.6).

Os problemas teóricos da creación dun tesouro que acabamos de analizar serviron como punto de partida para a elaboración dun novo tipo de tesouro de UUFF, realizado con material da idiomática rusa. Na primeira etapa, a idiomática representábase en forma de base de datos, onde a cada significado dunha UF se lle asignaba un conxunto de descritores semánticos que reflectían os compoñentes esenciais do plano do contido desa UF. A clasificación dos descritores levábase a cabo seguindo maioritariamente criterios intuitivos (véx., ademais, a sección 7.2.6).

Na segunda etapa formáronse as clases terminais das UUFF, nas cales entraron aquelas UUFF que no rexistro da base de datos tiñan un descritor que correspondía ó nome da clase terminal (do taxon).

Baseándose no enfoque escollido conseguiuse clasifica-las seccións tradicionais dos tesouros, que tamén aparecen tanto no tesouro de Roget coma no de Dornseiff, e mesmo nas seccións ideográficas do compendio de proverbios e ditos de Dal (Даль 1957). Son, por exemplo, taxons coma IRA (*рвать и метать* [*arrincar e guindar*, 'estar furioso, perde-lo control pola ira'], *пойти вразнос* [*desfacerse en anacos*, 'face--lo que un quere sen prestar atención ás normas sociais e/ou morais'], *заводиться с пол-оборота/полуоборота* [*poñerse en marcha con media volta*, 'enfadarse facilmente, perder facilmente o control dun mesmo'], *с резьбы сорваться* [*saírse da rosca,* 'perde-lo control de si mesmo, por enfado, desesperación etc.'], *выйти из себя* [*saír de si mesmo*, 'perde-lo control por mor da ira, enfadarse moito'], *вожжа/шлея под хвост попала* [*a renda/correa caeu debaixo do rabo*, 'alguén se comporta dunha

maneira estraña, salvaxe, como se estivese posuído']); RISA (*животики надорвать* [*facer estoupa-las barriguiñas*, 'rir moi intensamente'], *скалить зубы* [*amosa-los dentes*, 'sorrir/rir, ás veces con malicia'], *умирать со смеху* [*morrer da risa*, 'rir moi intensamente'], [*лежать*] *в лёжку* [*estar deitado*, 'rir moi intensamente'], *смешинка в рот попала* [*entrou a risa na boca*, 'entrarlle a risa a alguén']); LEDICIA (*прыгать до потолка* [*saltar ata o teito*, 'dar mostras dunha gran ledicia'], *на седьмом небе* [*no sétimo ceo,* 'nun estado de gran felicidade'], *именины сердца* [*o día do santo do corazón*, 'algo agradable, que dá pracer'], *маслом по сердцу* [*coma manteiga polo corazón*, 'sensación de gran felicidade e pracer'], *ловить балду* [*cazar unha balda*[252], 'experimentar unha satisfacción']); MEDO (*душа в пятки ушла* [*a alma foi ós calcañares*, 'experimentar un gran temor'], *в штаны наложил* [*carga-los pantalóns*, 'ter moito medo'], *медвежья болезнь* [*a enfermidade do oso*, 'gran medo'], *дрожмя дрожать* [*tremer unha tremelicada*, 'experimentar un gran medo'], *метать икру* [*guinda-lo caviar*, 'expresa-lo enfado dunha maneira esaxerada, normalmente sen xustificación'], *слаб в коленках, мороз [пополз...] по коже/спине* [*frío correu pola pel/polas costas*, 'sentir un gran temor'], *поджилки трясутся/дрожат* [*os tendóns tremen*, 'experimentar medo']); PENA (*все глаза выплакал* [*chorou tódolos ollos*, 'ter sufrido moito por algunha pena'], *рвать душу [на части]* [*esgaza-la alma (en partes)*, 'sentir un gran pesar'], *сердце разрывается* [*o corazón desgárrase*, 'sentir un gran pesar'], *хоть волком вой* [*aínda que ouvees coma un lobo*, 'expresión empregada para indicar desesperación, impotencia'], *[хоть] ложись да/и помирай* [*(aínda) que te deites e morras*, 'situación de desesperación, sen saída posible']); BORRACHEIRA (*принять на грудь* [*tomar a peito*, 'embebedarse'], *бутылку раздавить* [*esmaga-la botella*, 'beber moito alcohol'], *под градусом* [*debaixo do grao*, 'bébedo'], *под мухой* [*debaixo da mosca*, 'bébedo'], *глаза налить/залить* [*enche-los ollos*, 'embebedarse'], *хватить лишку* [*abonda-lo excesivo*, 'beber demasiado'], *спится с круга* [*beberse dende o círculo*, 'beber demasiado, embebedarse'], *заложить за воротник* [*meter por detrás do colo*, 'embebedarse']); BONDADE (*ангел во плоти* [*un anxo en carne*, 'persoa dunha gran bondade'], *воды не замутит* [*non enturba a auga*, 'persoa dunha gran bondade e amabilidade'], *тише воды, ниже травы* [*máis silencioso cá auga, máis baixo cá herba*, 'persoa tímida, humilde'], *с человеческим лицом* [*con cara humana*, 'humano'], *[и] мухи не обидит* [*(nin sequera) ofende a unha mosca*, 'persoa de gran bondade, inofensiva']); COVARDÍA (*заячья душонка* [*unha almiña de lebre*, 'persoa covarde'], *страусиная/страусова политика* [*política de avestruz*, 'maneira de actuar pouco valente'], *не сметь рта раскрыть* [*non atreverse a abri-la boca*, 'non ter valor, ser covarde'], *поджать хвост* [*aperta-lo rabo para abaixo*, 'retirarse, renderse ante a superioridade do rival'], *не из храброго десятка* [*non ser da decena valente*, 'ser covarde'], *спасать [свою] шкуру* [*salvar (a propia) pel*, 'preocuparse de saír ben parado dunha situación no canto de axudar a outros'], *прятаться/держаться за мамину юбку/мамкины юбки* [*agacharse/agarrarse da saia de mamá*, 'ser covarde, comportarse dun xeito inmaturo no canto de actuar'], *пуганая ворона куста боится* [*un corvo asustado ten medo mesmo dun arbusto*, 'persoa que, por ter levado un forte susto ou sufrir, chega a ter medo de cousas insignificantes']).

[252] N. do t.: 'Balda' é un compoñente único.

Ter en conta as necesidades do usuario do dicionario require que na denominación non se use un descritor (coma no caso de observa-lo principio estrutural da organización dunha metalinguaxe; véxase ó respecto Баранов, Кобозева 1987), senón que se usen varias denominacións sinónimas ou quasi-sinónimas. Así, o descritor IRA non é máis ca parte da denominación do taxon «DESCONTENTO, DESGUSTO, DESAPROBACIÓN, RABIA, FURIA, MALDADE, IRA, IRRITACIÓN, INDIGNACIÓN, ENFADO», mentres que o descritor MEDO é parte da denominación do taxon «MEDO, SUSTO, TERROR, PÁNICO».

Ó mesmo tempo incluíronse na clasificación aqueles taxons que normalmente non se clasifican, porque na súa forma pura en raras ocasións conforman a parte central do significado dos lexemas, aínda que moi a miúdo figuran coma compoñentes semánticos por si sós no plano do contido dunha UF. Trátase de taxons tales coma CONTROL, dentro do cal se distinguen o CONTROL propiamente dito, SEGUIMENTO (a parte radical do taxon, comp. *глаз не спускать* [*non baixa-lo ollo*, 'observar atentamente'], *под колпаком* [*debaixo dunha tapa*, 'observar, vixiar, controlar'], *на крючке* [*nun gancho*, 'estar completamente baixo o control de alguén'], *держать руку на пульсе* [*mante-la man sobre o pulso*, 'estar moi atento ó que acontece']) e o subtaxon PERDA DE CONTROL, AUSENCIA DE CONTROL. Ademais de categorías coma a de COÑECEMENTO-DESCOÑECEMENTO[253], con moitos subtaxons entre os cales se distinguen, por exemplo, INTUICIÓN (*как в воду смотрел/глядел* [*como se o vise/mirase na auga*, 'como se previse os acontecementos'], *витать/носиться в воздухе* [*aboiar, desprazarse polo aire*, 'ser previsible, estar á vista de todo o mundo'], *внутренний голос* [*a voz interna*, 'intuición'], *видеть на три метра в землю* [*ver tres metros dentro da terra*, 'ser moi observador, astuto'], *печенкой чуять* [*sentir co fígado*, 'intuír algo, presentir'], *шестое чувство* [*sexto sentido*, 'intuición']); EXPERIENCIA, DESTREZA (*на автомате* [*nun autómata*, 'dun xeito automático'], *на автопилоте* [*co piloto automático*, 'sen ter que pensar, dunha maneira automática'], *стреляный воробей* [*un pardal disparado*, 'persoa con experiencia da vida'], *не первый год замужем* [*non estar no primeiro ano de casado*, 'ter experiencia da vida'], *мёртый калач* [*ser un kalach*[254] *moído*, 'persoa con experiencia da vida'], *не лыком шит* [*non estar cosido con líber*[255],'non é parvo, non naceu onte'], *понюхать пороха/пороху* [*cheirar pólvora*, 'participar/ter participado nunha guerra']); MEMORIA (*узелок на память* [*nó para a memoria*, 'axuda ou truco para lembrarse de algo'], *вертеться на языке* [*dar voltas enriba da lingua*, 'tratar de lembrarse de algo sen conseguilo'], *стоять перед глазами* [*estar diante dos ollos*, 'estar continuamente presente no pensamento de alguén, xeralmente algo que pertence ó pasado']). O taxon DESCOÑECEMENTO tamén é parte do taxon COÑECEMENTO-DESCOÑECEMENTO (*ни аза* [*nin a letra az*[256], 'non saber nada'], *ни бум-бум* [*nin bum-bum*, 'non saber/entender nada de nada sobre algo'], *китайская грамота* [*unha*

[253] Na denominación deste taxon tamén están presentes os descritores COMPRENSIÓN-INCOMPRENSIÓN, MEMORIA-ESQUECEMENTO.
[254] N. do t.: Rosca de pan específica da cultura rusa.
[255] N. do t.: Véxase a nota 44.
[256] N. do t.: Letra rusa.

letra chinesa, 'ser algo completamente incomprensible'], *ни в зуб ногой* [*nin cunha perna no dente*, 'non saber/entender nada de nada sobre algo'], *не Копенгаген* [*nin Copenhague*, 'non saber nada'], *табула раса* [*tabula rasa*, 'non ter coñecemento ningún'], *заблудиться в трех соснах* [*perderse en tres piñeiros*, 'non ser quen de solucionar problemas sinxelos']); xunto ós subtaxons INDETERMINACIÓN (*вилами по/на воде писано* [*escrito na auga cun angazo*, 'non hai seguridade da realización de algo, é pouco probable'], *гадание на кофейной гуще* [*adiviñar nos pousos do café*, 'facer previsións infundadas, sen fundamento ningún'], *тёмная лошадка* [*cabalo escuro*, 'rival ou situación que non se coñece ben e pode dar sorpresas'], *ни ответа, ни привета* [*nin resposta, nin saúdo*, 'non se recibiron novas, resposta por parte de alguén do que en principio se esperaba quedar en contacto']); ESQUECEMENTO, SER ESQUECEDIZO (*как отрезало* [*como se cortase*, 'unha relación ou amizade cortouse de súpeto'], *зарасти травой* [*ser cuberto por herba*, 'caer no esquecemento'], *в одно ухо влетает – в другое вылетает* [*entra voando nunha orella e sae noutra*, 'algo que se dixo non é recordado polo outro por falta de atención']); AUSENCIA DE EXPERIENCIA, FALTA DE DESTREZA (*дурак с мороза* [*parvo dende a xeada*, 'ser totalmente parvo'], *молоко на губах не обсохло* [*o leite aínda non secou nos beizos*, 'persoa moi nova e sen experiencia'], *не нюхать пороха/пороху* [*non cheirar pólvora*, 'ser inmaturo, ter pouca experiencia'], *плохому танцору яйца/сапоги... мешают* [*a un bailador malo moléstanlle os collóns/as botas*, 'ser incompetente, non te-la capacidade para facer un traballo']).

Unha característica importante da idiomática é o feito de que as UUFF se poden atopar non só nos taxons terminais sobre os que se constrúen as árbores, senón tamén en taxons de nivel máis alto; noutras palabras: o grao de abstracción do significado de diferentes UUFF pode variar e as que posúen un significado máis abstracto han de atoparse respectivamente nos taxons de rango máis alto (que teñen un significado máis alto). Por exemplo, o taxon «ÉXITO, LOGRO, VITORIA, AUSENCIA DE ÉXITO, FRACASO, DERROTA» na parte radical contén as UUFF *со щитом или на щите* [*co escudo ou enriba do escudo*, 'vencendo ou deixando todo no combate'] e *разыгрывать (какую-л.) карту* [*xogar (unha determinada) carta*, 'facer uso dun recurso'], que chaman a atención sobre o propio proceso de logro dun obxectivo, pero non ofrecen unha resposta sobre se ese obxectivo foi conseguido ou non. Nese sentido, a semántica destas UUFF é máis abstracta cá das expresións *брать/одерживать верх* [*tomar/conquista-la parte de arriba*, 'resultar superior, máis forte'], *попасть в десятку/девятку* [*dar no dez/nove*, 'acertar, dar con algo'], *утереть нос* [*seca-lo nariz*, 'demostra-las mellores capacidades dunha persoa con respecto ás demais'] ou das UUFF *сойти с дистанции* [*saír da distancia*, 'fracasar, non ser quen de soporta-la competencia'], *мимо денег* [*a carón dos cartos*, 'non ter nada de éxito nunha situación, sobre todo falando de cartos'], *остаться в дураках* [*quedar nos parvos*, 'acabar nunha situación estúpida, ridícula'], *пойти/полететь кувырком* [*ir/voar rodando*, 'fracasar'], *сесть в лужу* [*sentar nunha poza*, 'acabar nunha situación ridícula, quedar mal, mete-la pata (por un erro etc.)']].

Outra particularidade importante do Tesouro da idiomática radica na notable asimetría das árbores que se manifesta en que os taxons que resultan dunha clasificación na que

como criterio se emprega un único parámetro e que se distinguen só polo significado deste parámetro, con frecuencia difiren considerablemente no número de UUFF que entran nestes taxons. En xeral, contén moitas máis UUFF un taxon que presenta a negación dunha característica ca outro que indica o significado positivo desa característica. Por exemplo, o taxon coa semántica de BEN contén 59 UUFF (coma por exemplo: *[всё] в ажуре* [*(todo) está ó día*, 'estar en perfecta forma, ordenado etc.'], *на зависть* [*para envexa*, 'tan bo, bonito etc., que dá, causa envexa'], *разлюли-малина* [*la-la-la-framboesa*, 'algo marabilloso, fantástico, inmellorable'], *молочные реки и кисельные берега* [*ríos de leite e beiras de kísel*[257], 'unha situación/un lugar de absoluta abundancia e bonanza'], *чин-чинарём* [*chin-chinarem*[258], 'todo está ben, en orde'], *и волки сыты, и овцы целы* [*os lobos están saciados e as ovellas enteiras*, 'situación na que tódalas partes en litixio saen ben paradas']), mentres que no taxon coa semántica xeral de MAL hai 164 (por exemplo: *не ах* [*non ai!*, 'non moi bo, non particularmente bo'], *не ахти* [*non ah!*, 'non moi bo, non particularmente bo'], *врагу не пожелаешь* [*non llo desexas ó inimigo*, 'algo malísimo, tremendo'], *конец света* [*a fin do mundo*, 'situación catastrófica, terrible'], *оставлять желать [много] лучшего* [*deixar desexar (moito) mellor*, 'situación na que o resultado podería ser moito mellor'], *не сахар* [*non é azucre*, 'algo, alguén, unha situación non é agradable/doada'], *в дурном сне/дурных снах не приснится* [*non se soña nun soño malo/nuns soños malos*, 'algo moi malo que lle acontece a alguén']). O taxon NECESIDADE, IMPRESCINDIBILIDADE contén 8 UUFF (por exemplo: *нужен... как воздух* [*necesario coma o aire*, 'absolutamente necesario'], *до зарезу нужен* [*necesario ata a desgraza*, 'necesario custe o que custe'], *[хоть] кровь из носу/носа* [*(aínda que) saia sangue do nariz*, 'algo ten que ser feito urxentemente custe o que custe'], *как без рук* [*coma sen mans*, 'non dar feito algo sen a axuda de algo ou de alguén']), mentres que no taxon INNECESIDADE, INUTILIDADE atópanse 59 UUFF (entre as que están *на тебе, боже, что нам/мне негоже* [*toma, Deus, o que a nós/a min non me vai*, 'acción, cousa totalmente innecesaria'], *на кой шут сдался* [*para que pallaso fai falla*, 'algo totalmente inútil e innecesario'], *ни уму ни сердцу* [*nin á mente nin ó corazón*, 'algo/alguén que de ningún xeito conmove o intelectual nin o emocional'], *нужен как собаке пятая нога* [*necesario coma unha quinta pata para o can*, 'absolutamente innecesario']). Pola súa parte, o taxon PRESENZA, EXISTENCIA contén 3 UUFF (*в глаза* [*ós ollos*, 'comunicación directa cunha persoa, cara a cara'], *иметь место быть* [*ter lugar*, *ser*, 'existir, estar']), mentres que no taxon AUSENCIA[259] temos 18 (entre elas: *ищи-свищи* [*busca-asubía*, 'é inútil intentar buscar alguén, pois é completamente imposible atopalo'], *с глаз долой* [*abaixo dos ollos*, 'irse ou quitar algo de xeito que outra persoa non o vexa'], *ни ногой* [*nin cun pé*, 'non ir nin estar nunca nun lugar']). Pódense dar moitos máis exemplos deste tipo. Non obstante, tamén existen exemplos que mostran unha particularidade precisamente oposta, é dicir, casos nos que o taxon co significado positivo da característica resulta ser considerablemente máis potente có negativo. Así, o taxon coa semántica MOITO contén 98 UUFF (coma *битком набит(ый)* [*cheo a golpes*, 'totalmente cheo,

[257] N. do t.: Véxase a nota 31.
[258] N. do t.: Expresión derivada dunha palabra rusa que significa 'correctamente'.
[259] Non se presupón que cese unha existencia.

ateigado'], *видимо-невидимо* [*visible-invisible*, 'gran cantidade de algo'], *сколько влезет* [*canto colla*, 'gran cantidade de algo'], *выше головы* [*por riba da cabeza*, 'gran cantidade de algo'], *как грязи* [*coma sucidade*, 'gran cantidade de algo']), mentres que o da semántica POUCO comprende unicamente 35 (por exemplo: *капля в море* [*unha pinga no mar*, 'cantidade ínfima, insignificante de algo'], *кот наплакал* [*o gato chorou*, 'cantidade moi pequena de algo'], *с гулькин нос* [*á medida do nariz dunha pomba*, 'moi pouco/pequeno']). Aínda así, neste caso tamén predominan as UUFF cunha valoración negativa coma *как собак нерезаных* [*coma cans sen castrar*, 'en gran cantidade'] (véx. a sección 7.3). Así, en xeral, a tendencia é que haxa un aumento cuantitativo considerable dos taxons cando se dá un significado negativo da característica. Este efecto poderíase explicar polo carácter de «figura» xeral que presenta a idiomática (e a fraseoloxía) no seu conxunto (concepto da lingüística cognitiva). Se utilizámo-la terminoloxía da psicoloxía cognitiva, a idiomática constitúe unha figura no transfondo do léxico común. Isto está relacionado, en primeiro lugar, coa presenza da forma interna nas UUFF, a miúdo viva e facilmente perceptible polos falantes da lingua. Por outra parte, se un fraseoloxismo xorde como denominación alternativa a unha expresión estilisticamente neutra que consta dunha palabra, é moi probable que se produza unha discrepancia estilística e semántica con ela. Ademais, trátase dun feito sistemático importante que tamén favorece o desprazamento da semántica cara ós extremos: o máximo e o mínimo, o polo positivo e o polo negativo. Posto que para unha persoa o ámbito do negativo é, en certo modo, máis importante có ámbito do positivo, da mesma maneira dende unha perspectiva cuantitativa as UUFF cun contido negativo teñen que prevalecer sobre as UUFF que indican os significados positivos dunha característica.

Como resumo da experiencia obtida no transcurso do traballo sobre o *Dicionario-tesouro da idiomática rusa actual* (no sucesivo, Tesouro), cómpre sinala-los seguintes aspectos:

Primeiro. É imprescindible precisar e investigar de maneira adicional aqueles principios segundo os cales se poderían clasifica-los compoñentes máis significativos e esenciais no plano do contido dunha palabra e dunha UF. O máis adecuado sería ter unhas regras máis ou menos estritas que permitisen cualifica-los compoñentes do plano do contido da UF dende o punto de vista da súa relevancia, proceso no que os significados do parámetro de relevancia teñen que ser graduais e non binarios.

Segundo. A estratexia de construción do Tesouro da idiomática exposta aquí é moi complexa dende un punto de vista operacional, xa que presupón a realización dun traballo preliminar considerable de unificación dos datos descritos e de clasificación dos compoñentes do significado dunha UF que resultan máis esenciais para a súa descrición.

Terceiro. O campo da idiomática é un ámbito moi específico en comparación con outras capas do dicionario no que se produce un modo de fixación dos coñecementos bastante peculiar, máis exactamente un modo de indica-lo significado real mediante unha forma interna. Esta última tamén está presente a miúdo nas palabras comúns, aínda que está menos actualizada para un falante da lingua, descrita cun detalle

considerablemente menor no significante, o que diminúe o seu potencial influencial e comunicativo.

A idea dunha forza específica de influencia das UUFF xa se converteu nun lugar común nas investigacións actuais do dicionario. Se comparamos, por unha parte, a UF *глаза налить/залить* [*enche-los ollos*, 'embebedarse'] e, pola outra, a palabra *пьянствовать* [*embebedarse*], atoparemos que a primeira expresión lingüística posúe unha serie de particularidades que teñen influencia non só para o receptor, senón tamén para o falante, xa que o mesmo falante ó utilizar esta UF percibe a situación que está a describir dun xeito diferente a como o faría de utiliza-lo verbo *напиться* [*embebedarse*]. En particular, ó conceptualizar unha situación de consumo de alcohol coa axuda da UF *глаза налить/залить* [*enche-los ollos*] (coas variantes *бельма налить/залить* [*enche-los globos oculares*], *зенки/шары/фары налить/залить* [*enche-los ollos*]), o falante entende as consecuencias da acción de embebedarse como o resultado dunha percepción visual inadecuada da realidade, causada polo funcionamento irregular dos órganos da visión. Comp. contextos coma *Паша* ***залил шары*** *на дискотеке и облевал неосторожных фанатов диско* [*Paxa* ***encheu cun líquido os ollos*** *na discoteca e golsou por riba dos incautos fans da música disco*]; ***Глаза налил*** *и купаться: чуть не захлебнулся* [***Encheu os ollos cun líquido*** *e foi bañarse: houbo afogar*]; ***Глаза залил*** *– побил жену* [***Encheu os ollos cun líquido*** *e bateu na muller*]. A definición da UF que estamos a analizar sería aproximadamente así:

глаза налить/залить [*enche-los ollos*] = 'beber alcohol e embebedarse como resultado de tal acción, deixando de percibi-la realidade correctamente e de valora-las propias accións, o que se interpreta como o resultado do efecto do alcohol sobre os órganos de visión, que fai que estes non funcionen ben'.

O motivo de que o potencial da idiomática teña unha influencia tan forte consiste na categorización adicional da situación, presente na forma interna e que con moita frecuencia se manifesta no significado real da UF. Esta categorización pódese denominar de fondo, xa que acompaña a categorización principal presente no significado real. Así, a categorización de fondo pódese definir do seguinte xeito:

> **Categorización de fondo**: interpretación secundaria da entidade ou da situación descrita na UF, que está motivada pola metáfora que se atopa na base da forma interna desta UF.

Na sección 3.2, comentáronse algúns métodos de fixación na definición da categorización de fondo, «suxerida» pola forma interna. Como se demostrou, a categorización de fondo pódese introducir, sobre todo, por predicados descritivos do tipo 'que se describe/interpreta coma, en forma dunha indicación de'.

Como se sabe, a idiomática presenta un punto medio de factores de irregularidade que se estenden tanto nas regras de combinación dos significados da expresión que entran nunha UF (véx. capítulo 1) coma tamén nas particularidades da organización sintáctica e na capacidade de someterse a transformacións sintácticas (véx. capítulo 6). É ben sabido que, dende o punto de vista da realización das categorías gramaticais, as UUFF

son defectivas. Así mesmo, a presenza dunha forma interna que inicia unha categorización de fondo tamén é un factor de irregularidade importante. O particular potencial de influencia das UUFF radica na súa irregularidade. En Баранов 1990в introduciuse o concepto de «privatización» do coñecemento, cuxa esencia se reduce ó seguinte: no proceso de asimilación dun novo coñecemento ten lugar a súa ontoloxización, é dicir, a súa introdución no modelo do mundo e a conciliación cos coñecementos xa existentes. Como resultado da ontoloxización xorde a privatización do coñecemento por parte do ser humano, así coma o seu emprego nos procesos intelectuais. No proceso de privatización do coñecemento invístense determinados esforzos, recursos do sistema cognitivo. O proceso de privatización das UUFF (e da fraseoloxía no seu conxunto) en xeral require da persoa un investimento de esforzos adicional en comparación ó léxico común. Este feito explícase pola irregularidade multiplánica da idiomática. Paradoxalmente, este investimento de esforzos adicional aumenta a relevancia do significado obtido. No ensino, emprégase a miúdo un método cando o novo significado non se presenta en forma dun enunciado explícito, senón en forma dunha tarefa que cómpre resolver. A información obtida deste xeito resulta máis significativa: lémbrase con máis facilidade e emprégase con maior frecuencia en situacións problemáticas.

A irregularidade da idiomática resulta se-lo factor que fai aumenta-lo investimento de esforzos que se produce na comprensión dunha determinada expresión. Se consideramos dous enunciados, un cunha UF e o outro sen ela, atoparemos que a comprensión e a construción da imaxe conceptual ou da situación descrita vese complicada no caso do enunciado coa UF polo feito de que é necesario facer esforzos adicionais para determina-lo significado real. Ademais, a ontoloxización do coñecemento fixado no enunciado que contén a UF vese complicada por diferentes factores de irregularidade que tamén constrúen a UF coma fenómeno lingüístico particular. Este investimento adicional de esforzos favorece a asimilación ou ontoloxización do coñecemento, así coma tamén a súa privatización. Canto máis traballemos sobre un coñecemento, máis se nos ha de achegar ese coñecemento, encadrándose, deste xeito, na historia da experiencia subxectiva do coñecemento e menor ha de se-lo noso desexo de rexeitalo. Precisamente por isto os enunciados con UUFF posúen unha forza de influencia considerablemente meirande cá dos enunciados sen UUFF, pois habitualmente para entender estes últimos non cómpre facer uns esforzos por riba do normal. Por outra banda, os esforzos que se invisten na comprensión do significado do enunciado non poden ser demasiado significativos. Aquí é imprescindible un certo equilibrio: se os esforzos que investimos na comprensión resultan ser demasiado grandes, mentres que o coñecemento en si mesmo é ínfimo, non se producen nin a ontoloxización efectiva nin a privatización de coñecementos.

Subliñaremos unha vez máis que dende un punto de vista cognitivo é moi importante o feito de que na privatización do coñecemento traballa aquela imaxe que está fixada na forma interna da UF. Se esta imaxe está viva, daquela, grazas á categorización de fondo, ofrécelles ós falantes dunha lingua a posibilidade —por dicilo dalgunha maneira— de revivi-lo momento no que xurdiu o significado real da UF. Se a imaxe

non é transparente, entón mesmo en tal caso a conciencia trata a miúdo de «descifralo» e atopa-lo significado oculto. Isto indícao a considerable porcentaxe do uso das UUFF no discurso (aproximadamente o 3% dos usos de UUFF fixadas na base de datos da idiomática actual[260]). Unha parte considerable dos casos de xogos de palabras está relacionada co intento de penetrar na forma interna. Por exemplo, na reinterpretación poética dun episodio mitificado da época soviética, feita por V. Visótskii, o compoñente opaco *зги*[261] [*zga*] da UF *ни зги не видно* [*non se ve nin zga*, 'non se ve nada'] intégrase na mesma serie enumerativa cá palabra *лодка* [*barca*], producindo así o efecto de crear un novo obxecto: *Стихия реветь продолжала, / И тихий шумел океан, / Зиганшин стоял у штурвала / И глаз ни на миг не смыкал. / Суровей, ужасней лишенья, /* ***Ни лодки не видно, ни зги****. / И принято было решенье, / И начали есть сапоги* [*O elemento continuou bradando, / e o océano Pacífico facía ruído, / Ziganxin estaba ó leme / e non pechaba os ollos nin por un intre. / Privacións máis severas, máis horribles, /* ***non se ve nin unha barca nin zga****. / E tomouse a decisión, / e comezaron a come-las botas*] (V. Visótskii. *49 días*, 49 дней).

A clara expresividade da forma interna (polo menos no caso das UUFF que conforman o centro desta clase de fraseoloxismos) e a irregularidade do significante e do significado son os principais factores que favorecen a ontoloxización específica do coñecemento cando se utiliza a idiomática e que garanten o seu impresionante efecto de influencia.

Con todo, as UUFF non só se diferencian das palabras comúns, senón tamén das oracións-enunciados. Os enunciados, como é sabido, xéranse na fala, mentres que as unidades léxicas comúns non, senón que se reproducen xa na súa forma 'acabada'. As unidades léxicas comúns están fixadas no campo da competencia lingüística, responsable da lexicalización do enunciado. As UUFF ocupan unha posición intermedia entre os lexemas e os enunciados: por unha banda, son unidades do dicionario, mentres que, pola outra, o falante no proceso de pronuncia ten a posibilidade cada vez de «revivir» a formación do significado real ou, polo menos, a súa motivación.

As reflexións sobre os problemas xerais da elaboración dun tesouro da idiomática expresadas nesta sección foron tratadas en maior ou menor medida no proxecto de creación do dicionario tesouro de UUFF que dende 1990 está a ser elaborado baixo a dirección dos autores. Nas seguintes seccións trataranse os enfoques concretos que se tiveron en conta ó crea-lo Tesouro para a inventarización das UUFF e os métodos da súa representación nun dicionario deste tipo. Ademais, demóstrase coma un tesouro acabado pode, á súa vez, ser obxecto de investigación lingüística.

---

[260] A base de datos da idiomática actual creouse no Instituto de Lingua Rusa RAN en 1985 baixo a dirección dos autores e continúa ata o presente. Na actualidade inclúe máis de cincuenta mil contextos de uso obtidos como resultado dunha ampla selección de UUFF en textos xornalísticos e na literatura contemporánea (dende os anos 60 do séc. XX). Noutras palabras, o grupo de usos humorísticos contén aproximadamente uns 1500 contextos (non existen estimacións verosímiles da frecuencia dos usos humorísticos do léxico común, pero pódese presupoñer que esta ha ser considerablemente menor, particularmente en comparación coa frecuencia xeral do uso da idiomática).

[261] N. do t.: Véxase a nota 35.

7.2. O *Dicionario-tesouro da idiomática rusa actual*: fundamentos teóricos

7.2.1. Presupostos de partida

O Tesouro persegue o obxectivo de describi-la idiomática rusa actual dende unha perspectiva ideográfica. Como xa foi sinalado, esta necesidade explícase polo feito de que tanto na práctica mundial coma na de Rusia faltan descricións ideográficas completas das UUFF. Nalgúns dicionarios (véx. Жуков, Сидоренко, Шкляров 1987; Яранцев 1997; СОВРЯ 1995; Бирих, Мокиенко, Степанова 1997) clasifícanse os campos semánticos das UUFF, aínda que estes dicionarios están feitos cun material lingüístico limitado: o seu glosario non supera os 1500 fraseoloxismos e, ademais, ou ben non estruturan con detalle o material idiomático, ou ben representan a idiomática en forma de series sinónimas illadas. No dicionario Levin-Steinmann (1999) lévase a cabo un intento de representar ideograficamente os fraseoloxismos rusos relacionados coas características do ser humano. Debido á maneira de concibir esta tarefa, a descrición proposta non se pode considerar un tesouro da idiomática rusa en sentido estrito, mesmo se contén unha serie de taxons lexicográficos relacionados entre si a nivel temático.

Na lexicografía inglesa e alemá faltan tamén dicionarios de fraseoloxía completos con estrutura dun tesouro. Existen unicamente dicionarios cun glosario máis ou menos limitado (véx. Görner 1979; Müller 1994; Spears 2000). Cómpre mencionar de maneira especial o dicionario ideográfico de expresións fixas do alemán (Schemann 1989), o cal, aínda que se distingue polo considerable volume do seu glosario, non inclúe exemplos e está baseado esencialmente nun esquema dedutivo, en certo modo próximo ós tesouros de Roget (*Roget's Thesaurus* 1987), de Dornseiff (Dornseiff 1959) e, sobre todo, de Hallig e Wartburg (Hallig, Wartburg 1963)[262].

O noso Tesouro foi elaborado dun xeito indutivo, é dicir, non se partiu dun esquema lóxico abstracto ata chegar ás UUFF, senón que se fixo dende as UUFF ata chegar ós campos semánticos (véx. algunhas reflexións sobre isto na sección anterior). O dicionario baséase nun método lingüístico totalmente novo para a fraseoloxía. O método indutivo de elaboración do Tesouro está máis xustificado con respecto á fraseoloxía ca con respecto ó léxico común[263]; o que acontece é que moitos campos semánticos postulables *a priori* na fraseoloxía poden estar completamente ausentes. Polo tanto, partindo dun esquema puramente lóxico é imposible predici-la súa existencia na fraseoloxía.

Entre as particularidades da estrutura do noso Tesouro cómpre destaca-la ausencia dun esquema arbóreo consecuente de taxons. Isto reflicte a estrutura natural da semántica da fraseoloxía, que en xeral non se organiza segundo un principio xerárquico, senón

[262] Aínda que estes tesouros están organizados de maneira moi diferente, úneos unha orientación baseada no principio de describi-lo corpo léxico da lingua natural segundo un esquema xerárquico ou arbóreo. Para máis detalles sobre os tesouros en xeral, véxase Караулов 1976; Marello 1990.

[263] As vantaxes e desvantaxes das estratexias dedutiva e indutiva de construír un tesouro de fraseoloxía tamén se tratan en Никитина 1995.

segundo un principio de rede[264] (ademais, os taxons TEMPO e CANTIDADE posúen un aspecto arbóreo moi similar ó que aparece noutros tesouros dunha profundidade considerable: ata cinco niveis). As relacións entre os taxons reflíctense en forma de remisións paradigmáticas[265]. De aí derívase o feito de que non haxa unha orde motivada de disposición dos taxons a nivel de contido (duns con respecto ós outros), aínda que é posible utilizar métodos puramente técnicos para indica-la consecución dos taxons (de feito, utilizáronse en varias ocasións).

Ademais, unha das particularidades fundamentais do noso enfoque é a división do taxon nunha parte central e nunha periférica, o que reflicte a idea xeral de que na base da semántica dunha lingua natural non existen oposicións de contrariedade, senón escalas construídas sobre un principio gradual, é dicir, unha unidade léxica pode estar incluída nun campo semántico ou noutro en maior ou menor medida.

En diferentes traballos xa tratámo-la concepción da fraseoloxía que nos serviu de fundamento teórico para o Tesouro: Баранов, Добровольский 1992, 1995а, 1995б, 1996б, 1998, 1999, 2003б, 2005а; Добровольский 1996б; Baranov, Dobrovol'skij 1999; Dobrovol'skij 1995a. Non obstante, é importante expoñer de forma abreviada a concepción teórica do Tesouro.

7.2.2. Organización do material

A diferenza máis importante do Tesouro con respecto ós diferentes dicionarios de fraseoloxía existentes consiste en que se realizou cunha orientación a un material lingüístico auténtico e actual. No glosario incluíronse unicamente UUFF que se atoparon en textos xornalísticos e literarios dos anos 60-90 do século XX. Tamén se utilizou material de comezos do século XXI, aínda que en menor medida. Se unha UF concreta non se atopou na base de datos e nos córpora de textos, entón non foi incluída no Tesouro, con independencia de se está presente nos dicionarios de fraseoloxía existentes ou non. No Tesouro non se incluíron UUFF arcaicas cuxo significado lle é descoñecido, polo que parece, á maioría dos falantes do ruso actual. En particular, consideráronse coma tales as seguintes UUFF: *семо и овамо* [*aquí e alí*, 'en tódalas partes'], *выписывать мыслете* [*escribi-las letras mislete*[266], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol'], *подбитый ветром* [*forrado con vento*, 'persoa pouco seria, superficial; ir vestido cunha roupa desaxeitada para a época do ano'], *охулки на руку не класть* [*non poñer unha blasfemia sobre a man*, 'non perder unha boa ocasión, un posible beneficio']. En parte, isto empobrece o dicionario, xa que algúns escritores introducen conscientemente nos seus textos unha idiomática arcaica, xogando co efecto do inusitado e da opacidade (véx. as novelas de Sáxa Sokolov). Por outra banda, as UUFF anticuadas e comprensibles sen unha explicación especial, coma *во время оно* [*no tempo aquel*, 'daquela, nun tempo pasado'], *на веки вечные* [*polos séculos eternos*, 'para sempre'] foron incluídas no Tesouro coa anotación *устар.* [*antic.*] (*vide infra*).

[264] A organización segundo o principio de rede semántica caracteriza todo o léxico en conxunto (comp. o estudo destes problemas no marco da tradición do coneccionismo: Фодор, Пылишин 1996).
[265] É interesante o feito de que ideas análogas sobre a estrutura dos dicionarios tesouro teñen sido enunciadas polos elaboradores do Tesouro informatizado. Comp., por exemplo, Вapra 1970.
[266] N. do t.: Véxase a nota 26.

Non estamos en condicións de ofrece-los principios claros que delimitan a diferenza entre UUFF actuais e UUFF arcaicas. O único criterio que se utilizou na formación do glosario do dicionario foi a propia intuición.

Este mesmo principio de orientación ás fontes orixinais empregouse como base para a formación do corpus de exemplos. Os exemplos de uso das UUFF non se tomaron dos dicionarios, senón de textos orixinais, sobre todo dunha base de datos creada especialmente para iso (para máis detalles, *vide infra*). A finalidade desta estratexia consiste en reflectir no conxunto de voces e no corpus de exemplos o estado actual da idiomática rusa da maneira máis obxectiva posible, así como facer este corpus de exemplos accesible para os investigadores.

Así, para a estratexia de obtención das fontes e para as etapas de traballo deste proxecto foron determinantes tres factores:

- carácter descritivo do Tesouro;
- a orientación cara ó uso da lingua dos anos 60-90 do século XX e de comezos do século XXI;
- a necesidade de introduci-lo material fraseolóxico actual no campo da descrición científica.

Cómpre subliñar que o período de desenvolvemento da lingua elixido non é homoxéneo: abrangue tanto o «desxeo» de Ghruxchov coma o período de «estancamento», a Perestroika e a Posperestroika. A situación sociopolítica, obviamente, influíu considerablemente no funcionamento da lingua rusa. No período da Perestroika tiveron lugar transformacións particularmente fortes. A elección dos marcos temporais do material lingüístico explícase en primeiro lugar polo feito de que é precisamente a fraseoloxía deste período a que ten menor presenza nas edicións lexicográficas existentes.

O glosario xeral do Tesouro fundaméntase na Base de datos da idiomática contemporánea, a primeira fonte do proxecto. Na actualidade, esta base de datos inclúe arredor de cincuenta mil contextos de uso de UUFF. No tocante ós xéneros comprendidos, a base de datos abrangue os principais ámbitos de uso da lingua rusa: a literatura, o xornalismo, as diferentes xergas etc.; a literatura científica tamén está presente, aínda que de maneira parcial. A construción da Base de datos da idiomática contemporánea finalizouse cando os experimentos que se levaban a cabo regularmente para acada-la totalidade da representación do material amosaron uns datos que se achegaban ó 100%. Noutras palabras, rematouse a adición continua de textos á Base e a introdución de novos contextos cando nun extracto arbitrario de textos do período estudado segundo as fontes indicadas (da orde de 10-20 páxinas de texto) só quedou un 1% (ou menos) de UUFF novas[267].

[267] Dende o ano 2006 o proxecto da Base de datos da idiomática actual realízase no marco dun proxecto planificado do Instituto da Lingua Rusa. Para o 2008 espérase amplia-lo número de exemplos ata 100.000

Os taxons do Tesouro formáronse sobre a base do Glosario xeral.

Como segunda fonte para a construción do Tesouro utilizamos tres córpora textuais elaborados especificamente para o dicionario: «Xornalismo ruso actual», «Prosa rusa (dos anos 60-90)» e «Novela policial rusa». Os primeiros dous córpora teñen un volume de preto de 25 millóns de usos de palabras, mentres que o último ten arredor de 15 millóns.

Os exemplos para o Tesouro tomáronse principalmente de textos do xornalismo actual. Se para unha UUFF non se atopaba unha cantidade de exemplos suficiente no corpus «Xornalismo ruso actual», entón recorríase ás outras fontes: o corpus «Prosa rusa (dos anos 60-90)» e mailo corpus «Novela policial rusa». Deste feito dedúcese que unha parte significativa dos exemplos do Tesouro representa aquela variante do ruso que se utilizaba precisamente no ámbito do xornalismo nos anos 80-90, xa que o corpus «Xornalismo ruso actual» está constituído por xornais deses anos. O xornalismo do período anterior está representado principalmente na Base de datos da idiomática contemporánea, na que se recolle sobre todo o ficheiro de fraseoloxismos de B. S. Schwarzkopf, que incluía de forma fragmentaria o xornalismo dos anos 60-70.

Xunto ós córpora textuais mencionados, tamén se empregaron variadas fontes da internet en ruso e un corpus de fala coloquial de volume limitado.

A gran presenza de textos xornalísticos no Tesouro explícase polo feito de que en edicións lexicográficas sobre fraseoloxía rusa empréganse pouco exemplos do xornalismo actual, e tamén polo feito de que a linguaxe xornalística reacciona rapidamente ós cambios producidos no uso das UUFF. En caso de necesidade, modificáronse os contextos seleccionados (véx. máis detalles sobre este aspecto na sección 7.2.5).

Así mesmo, para a realización do proxecto foi necesario crea-lo programa informático apropiado. A estratexia xeral do soporte informático do dicionario está representada no Esquema 1:

---

contextos de uso, así como modificar considerablemente a cobertura informática e preparar esta fonte lexicográfica para que estea dispoñible na internet.

Esquema 1. Soporte informático do dicionario

7.2.3. Representación das características sintácticas das UUFF no dicionario

Nas edicións existentes dos dicionarios a estrutura das valencias das UUFF verbais non está descrita de maneira totalmente satisfactoria. Isto explícase tanto polas características semánticas e sintácticas específicas das propias UUFF coma pola falta de atención dos autores ó seu comportamento sintáctico. Por exemplo, no *FSRIA* na entrada da UF *избави бог/господь* [*libra Deus/Señor*, 'desexo de que non aconteza algo'] e *избави боже/господи* [*libra Deus/Señor*[268]] as valencias non se indican de ningún xeito. Non obstante, estas son moi importantes, dado que neste caso concreto a variación das valencias da estrutura implica un cambio de significado da UF. Noutras palabras, esta UF posúe un modelo de réxime distinto en cada un dos seus diferentes significados. Sen valencias, coma formación sintáctica autónoma, a UF ten os significados de 'rexeitamento á proposta do interlocutor' e 'desacordo coa proposta (real ou posible) do interlocutor' (exemplos coma: *Может, вернемся, Петр*

[268] N. do t.: Forma en vocativo.

Викторович? – ***Боже избави****!* [*—Pode ser que volvamos, Petr Víktorovich? —****Deus libre****!*]; *– Фотографировать секретные военные объекты? –* ***Избави Бог****!* [*—Fotografar obxectos militares secretos?* ***Deus libre****!*]. Pola contra, coa valencia *от чего-л* [*de algo*], o significado é 'temor, receo': *– Ну, так вот, трудный больной, – заговорил доктор, – как все актеры, мнителен и вспыльчив. И язык как бритва! К этому нужно быть готовым. – Но зато и отходчив, – сказал Волк, – не надо только говорить ему под руку. От этого* ***боже избави****, конечно, но после он сам все поймет* [*—A ver, pois, o enfermo difícil —dixo o doutor— coma tódolos actores é aprehensivo e irascible. E ten a lingua coma un gume afiado! Cómpre estar preparado para iso. —Pero en cambio é apracible —dixo Volk—. O único que hai que evitar é facerlle comentarios molestos. Disto* ***Deus libre****, por suposto, pero despois el mesmo ha de entendelo todo*] (Iu. Dombrovskii. *O rescrito real*, Королевский рескрипт). Sinalaremos que para o segundo significado tamén é posible o uso do infinitivo, comp. ***Избави Бог*** *пересказать что-то марксистское своими словами* [*Que* ***libre Deus*** *relatar algo marxista con palabras propias*], aínda que en realidade este supón a elipse da forma máis extensa ***Избави Бог*** *от того, чтобы пересказать что-то марксистское своими словами* [*Que* ***libre Deus diso***[269]*, de relatar algo marxista con palabras propias*].

Outro exemplo máis deste tipo: na detallada entrada *2* do dicionario *REDI* para a UF *будь здоров* [*que teñas saúde*] co significado de 'en gran cantidade' non se ofrece ningunha valencia (véx. «[usu. adv (intensif)] (used to emphasize the high degree of some quality or the intensity of some activity) very much or many, very strong, big, etc.»; *REDI*: 36). Non obstante, as valencias son imprescindibles tanto sintáctica coma semanticamente. Comp.:

будь *здоров* (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) [*que teñas saúde*, 'gran cantidade' *(de persoas/de cousas nalgún lugar/alguén ten)*] / Ø Пошел в музей на выставку, не попал. Народу там было *будь здоров!* [*Foi ó museo a unha exposición, pero non deu entrado. Había xente 'que teñas saúde' (había moitísima xente)!*] • Фирма каждый день завозит свежие пельмени из свинины. Очень вкусные и сочные, без всякой заморозки. Дерут за них – *будь здоров* [*A empresa subministra tódolos días ravioli frescos de porco. Son moi ricos e saborosos, non son conxelados. Por eles cóbranche... 'que teñas saúde' (moito, son moi caros)*][270].

Pódense atopar facilmente moitos máis exemplos de descricións inexactas das valencias das UUFF verbais.

O segundo problema (relacionado co primeiro) é cómo representa-las valencias no dicionario-tesouro. Dado que nun taxon do Tesouro poden estar presentes diferentes significados dunha UF, o conxunto de valencias dunha entrada do dicionario pode variar. Consecuentemente, é imprescindible elaborar un método para introducir no dicionario os modelos de réxime alternativos.

---

[269] N. do t.: Tradución literal da construción rusa coa estrutura 'diso'.

[270] Aquí e no sucesivo utilízase, ás veces, a notación das entradas do dicionario Tesouro. O signo Ø indica a presenza dunha «valencia cero». Con respecto a isto, *vide infra*.

Finalmente, o terceiro problema ten que ver co feito de que non só as UUFF propiamente verbais (é dicir, aquelas expresións que conteñen un verbo), senón tamén as UUFF-predicados (que en absoluto teñen por que ter un verbo na súa estrutura compoñencial) requiren indicacións relativas ás valencias.

Esencialmente, a descrición das valencias nun dicionario consiste no feito de engadir tódalas valencias sintácticas obrigatorias e as facultativas que son imprescindibles para unha correcta comprensión.

Seguindo a tradición, non indicámo-la valencia subxectiva no caso das UUFF cuxo verbo está en infinitivo. Agora ben, coma unha parte considerable das UUFF verbais utilízase con maior frecuencia nalgunha forma persoal concreta ou mesmo exclusivamente nesa forma, esa é a forma elixida como entrada do dicionario e cabo dela indícase a valencia subxectiva. Por exemplo, *был, да весь вышел (кто-л./что-л.)* [*era, e saíu todo (alguén/algo)*, 'alguén xa non ten unha calidade que tiña no pasado (talento, beleza etc.)], *не думал [и] не гадал (кто-л.)* [*non pensaba (e) non adiviñaba (alguén)*, 'non poder nin imaxinar algo, algo inesperado'], *не лыком шит (кто-л.)* [*non estar cosido con líber*[271], 'non ser parvo'], *[и] мухи не обидит (кто-л.)* [*(nin sequera) ofende unha mosca*, 'persoa de gran bondade, inofensiva']. A valencia de suxeito (valencia subxectiva) indícase expresamente tanto no caso de que sexa a única coma no caso de que, ademais dela, haxa outras valencias. Comp. *плевать хотел (кто-л. на кого-л./что-л.)* [*quería cuspir (a alguén/algo)*, 'fórmula que expresa unha falta total de interese ou desprezo con respecto a algo por parte do suxeito'], *взял [за] моду (кто-л. делать что-л.)* [*tomou (como) moda (alguén, facer algo)*, 'adoptar un hábito, un costume'].

Se a UF non contén un verbo, pero é un predicado ou parte del, a valencia de suxeito indícase nos seguintes casos:

- Se a valencia de suxeito está distribuída entre dous ou mais actantes, comp. *одна сатана (кто-л. и кто-л.)* [*un Satanás (alguén e alguén)*, 'dise de cando dúas persoas teñen os mesmos intereses, desexos etc.'].

- Na presenza de modelos de réxime alternativos, comp. *два сапога пара (кто-л. и кто-л.)/(кто-л. с кем-л.)* [*dous zapatos son un par (alguén e alguén)/(alguén con alguén)*, 'dúas persoas son moi semellantes no seu comportamento, xeralmente por algo negativo, indesexable'].

- Se ademais da valencia de suxeito tamén hai outras valencias, comp. *не пара (кто-л. кому-л.)* [*non ser par (alguén, para alguén)*, 'non se-la persoa axeitada para outra, a miúdo entendido para un matrimonio'], *ни бум-бум (кто-л. в чем-л.)* [*nin bum-bum (alguén, de algo)*, 'non saber/entender nada de nada sobre algo'], *ни ногой (кто-л. куда-л.)* [*nin cun pé (alguén, nun lugar)*, 'non ir nin estar nunca nun lugar']; isto é imprescindible para distinguir estes casos daqueles outros onde se dá unha ausencia significativa da valencia subxectiva (UUFF coma *как подменили (кого-л.)* [*como que o substituíron (alguén)*, 'a personalidade, carácter etc., de alguén sufriu un gran

[271] N. do t.: Véxase a nota 44.

cambio']).

• Se a valencia de suxeito se expresa dun xeito non-estándar no plano morfolóxico, particularmente se se expresa por medio dun infinitivo, comp. *проще простого (сделать что-л.)* [*máis simple có simple (facer algo)*, 'moi doado, moi sinxelo'], *не след (кому-л. делать что-л.)* [*non rastro (a alguén, facer algo)*, 'alguén non debería facer algo, desaconséllase que se faga algo'].

• A valencia de suxeito tamén se indica no caso de que ó prescindir dela o significado da entrada léxica non estea completamente claro; comp. *что надо (кто-л./что-л.)* [*o que fai falla (algo/alguén)*, 'moi ben, moi bo (aprobación de algo)'] en contraposición a, por exemplo, *сделать, что надо* [*face-lo que fai falla*, 'face-lo correcto'].

• Se a valencia dun predicado de suxeito contén unha limitación de combinabilidade importante, que se pode reflectir ata certo punto por medio de pronomes persoais indeterminados, comp. rexistros coma *тут как тут (кто-л.)* [*aquí coma aquí (alguén)*, 'estar (sempre) no momento xusto, chegar cando se espera'], *на проводе (кто-л.)* [*sobre un cable*, 'ó teléfono, en liña'], *высокого полета (кто-л.)* [*de alto voo*, 'persoeiro/xente de importancia, que ten poder ou renome'] que indican que esta valencia só pode se pode desempeñar mediante designacións de persoas.

En tódolos casos sinálase a presenza dunha valencia se só está expresada por un infinitivo, comp. *не дурак (кто-л. делать что-л.)* [*non ser parvo (alguén, para facer algo)*, 'ser demasiado intelixente para cometer unha acción determinada'], *взял [за] моду (кто-л. делать что-л.)* [*tomou (como) moda (alguén, facer algo)*, 'adoptar un hábito, un costume']. Así mesmo, tamén se indica a valencia expresada por un infinitivo e que presupón a presenza dunha negación explícita, comp. *ни под каким видом (не делать что-л.)* [*(non facer algo) baixo ningún tipo*, '(non facer algo) en absoluto, de ningunha maneira'], *ни за какие коврижки (не делать что-л.)* [*(non facer algo) por ningunhas fogaciñas*, '(non facer algo) en absoluto'].

Moitas UUFF son predicados complexos en cuxa estrutura se atopa un verbo cun significado bastante xeral coma *быть* [*ser*/*estar*] ou *иметь* [*ter*]. En determinados contextos este verbo está ausente na estrutura superficial, aínda que nalgunhas ocasións se pode substituír por outro verbo cun significado concreto que posúe o seu modelo de réxime. Esta variabilidade da forma dificulta considerablemente a descrición da estrutura valencial das UUFF. Por exemplo, a UF *в самый раз* [*na mesma vez*, 'xustamente, oportuno'] no contexto *Костюм ему в самый раз* [*o traxe a el (é) na mesma vez*, 'o traxe vénlle moi ben'] realízase nunha variante onde se omite a cópula *быть* [*ser*/*estar*]. Neste caso, a descrición do modelo de réxime «*что-л. кому-л.*» [*a algo a alguén*] refírese á expresión *быть в самый раз* [*ser na mesma vez*], aínda que tradicionalmente na formación do lema omítese a cópula.

Con frecuencia, debido á variabilidade do verbo *быть* [*ser*/*estar*] (tradicionalmente non introducido no lema) e do verbo con significado pleno, xorde a necesidade de utilizar un «cero valencial» (representado co signo Ø) na presentación do modelo de réxime dunha UF. Isto indica a ausencia significativa dunha valencia. Por exemplo, *бог знает сколько (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) / Ø* [*Deus sabe que cantidade (de*

persoas, de cousas, hai nun lugar/alguén ten), 'gran cantidade de algo']; compárense os contextos *Времени у нас бог знает сколько* [*Temos tempo Deus sabe canto*] e *Картина провисела в нашем музее бог знает сколько* [*O cadro estivo pendurado no noso museo Deus sabe canto*].

Tendo en conta a posibilidade de que as valencias teñan grandes restricións a nivel de combinabilidade, no Tesouro elixiuse un modo de presentación que permite reflectir estas particularidades. Por exemplo, no caso da UF *как рукой сняло* [*quitou como coa man*, 'desaparecer completamente, referido a emocións, unha enfermidade, cansazo etc.'], a valencia obxectiva é desempeñada por designacións de enfermidades e de estados semellantes: [*болезнь/боль...*] *как рукой сняло* [*(unha enfermidade/unha dor...) quitou como coa man*].

As valencias atributivas, a diferenza das outras valencias que se presentan ó final do lema, indícanse antes do substantivo, dado que estes en principio teñen unhas características sintácticas e semánticas diferentes en comparación ás valencias activas do predicado. Por exemplo, *последний гвоздь в (чей-л.) гроб* [*o derradeiro cravo no cadaleito (de alguén)*, 'derradeira acción que leva á destrución de algo/de alguén']; *просить (чьей-л.) руки [и сердца]* [*pedi-la man (e o corazón) (de alguén)*[272], 'facer unha proposta de matrimonio']; *просить (чью-л.) руку [и сердце]* [*pedi-la man (e o corazón) (de alguén) (obxecto en acusativo)*]; *если хоть [один] волосок/волос упадет с (чьей-л.) головы...* [*aínda que caia (un) só peliño/pelo da cabeza (de alguén)...*, 'advertencia do que pode ocorrer se a alguén lle acontece algo negativo ou lle fan algo malo']; *(чьи-л.) [ослиные] уши торчат (где-л./откуда-л.)* [*as orellas (de burro) (de alguén) sobresaen (en algures/dun lugar)*, 'a estupidez de alguén nunha situación concreta é moi obvia, evidente'].

Nos seguintes casos fixéronse excepcións con respecto a este principio:

(a) Cando a valencia atributiva pode ser desempeñada morfoloxicamente dun xeito diferente; é dicir, ademais das formas propiamente posesivas, nesta posición tamén é posible utilizar formas coma *у кого-л.*, *кому-л.* [*a alguén*, *para alguén*] etc. Por exemplo, *на глазах (чьих-л./у кого-л.)* [*nos ollos (de alguén/en alguén)*, 'en presenza directa de alguén, diante de alguén']; *под/перед [самым] носом (у кого-л./чьим-л.)* [*baixo/diante (o mesmo) nariz (de alguén)*, 'diante mesmo de alguén']; *за [широкой] спиной (чьей-л./у кого-л.)* [*detrás das (anchas) costas (de alguén)*, 'protexerse/agocharse detrás de alguén']; *спутать/смешать [все] карты (чьи-л./кому-л.)* [*confundir/barallar (todas) as cartas (de alguén/a alguén)*, 'confundir alguén'].

(b) Cando un substantivo aparece precedido por un cuantificador e a valencia atributiva é desempeñada con frecuencia por un xenitivo posposto. Nestes casos adoptouse a solución puramente técnica de designa-la valencia do xenitivo mediante unha forma do pronome posesivo. Por exemplo, *следить за каждым шагом (чьим-л.)* [*seguir detrás de cada paso (de alguén)*, 'seguir ou controlar incesantemente alguén'].

[272] N. do t.: Obxecto en xenitivo.

As valencias nas UUFF tamén poden ser sentenciais. Neste caso utilízanse diferentes formas de rexistro, por exemplo, *спать и видеть (как произойдет что-л.)* [*durmir e ver (como acontece algo)*, 'soñar, imaxinar']; *добро бы [еще] (имело место нечто, но имеет место другое)* [*bo sería [aínda] (tivo lugar algo pero ten lugar outra cousa)*, 'estaría ben se, oxalá']; *как раз (имеет место нечто, когда нечто другое имеет место)* [*como vez (ten lugar algo cando outra cousa tamén ten lugar)*, 'xustamentente, precisamente'].

7.2.4. Orientación cara ó uso estándar

Ata certo punto, os exemplos lingüísticos do Tesouro e as entradas léxicas reflicten a variabilidade das UUFF. En xeral, excluíronse as modificacións non-estándar das UUFF, tanto de forma coma de contido. En parte é por este motivo polo que modificamos practicamente tódolos exemplos tirados da literatura e de textos xornalísticos. Ademais, os exemplos foron normalizados non só dende o punto de vista da utilización das UUFF, senón tamén dende o punto de vista da facilidade da súa comprensión: dentro do posible eliminouse a polisemia, reveláronse usos anafóricos, simplificouse o sistema de nomes e descricións e tamén se simplificaron construcións sintácticas complicadas. Se no texto de partida había varias UUFF, no resultante, coma norma, deixábase só unha, a correspondente á entrada léxica. Daremos un exemplo deste tipo de modificación. Comp. o contexto de partida (1) e a súa variante simplificada (2), que foi a que pasou a formar parte do Tesouro:

(1) Por terceira vez o médico xefe do hospital psiquiátrico ó dalo de alta advertiu o seu paciente: «Mira, vas volver, aquí estarás a curarte de por vida. Isto prométocho». Nikolai mirou o doutor ós ollos e aseguroulle que non se habían de atopar nunca máis, estaba seguro de que o demo non había de tentalo máis e de que se había de manter lonxe das mulleres. El, por suposto, non ***кривил душой*** [*torcía a alma*, 'estaba mentindo'], senón que era totalmente sincero. En estado de remisión, Nikolai era de verdade unha persoa calada e pacífica que non aceptaba a violencia. Iso só cando a enfermidade estaba remitindo, pero cando volvía non era responsable de si mesmo, coma se fose outra persoa que, adoptando a súa forma, saía de caza (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

(2) Nikolai mirou o psiquiatra ós ollos e aseguroulle que non se habían de atopar nunca máis. Non ***кривил душой*** [*torcía a alma*], pois a enfermidade estaba remitindo. Iso era porque estaba remitindo, pero cando volvía non era responsable de si mesmo.

Houbo casos nos que tamén se excluíron as variantes formais dunha UF que están próximas ás variantes usuais pero que teñen unha frecuencia de aparición considerablemente menor en comparación á forma de base. Así, aínda que no material tamén estea presente a variante *в мутной водичке рыбку ловить* [*pescar un peixiño en auguiña revolta*, 'tirar beneficio dunha situación que é desvantaxosa ou negativa para outros'], na entrada lexicográfica do Tesouro deixouse unicamente a variante de base *в мутной воде рыбку ловить* [*pescar un peixiño en auga revolta*].

7.2.5. Consideración da heteroxeneidade do plano do contido dunha UF

Na semántica actual converteuse nun tópico a afirmación de que o plano do contido das expresións lingüísticas é heteroxéneo dende o punto de vista da significatividade dos seus compoñentes (Апресян 1995; Падучева 1977; Wierzbicka 1972), afirmación totalmente válida no caso das UUFF. Por exemplo, a UF *бежать как крысы с [тонущего] корабля* [*fuxir coma ratas dun barco (que se afunde)*, 'fuxir en masa dunha situación chea de adversidades ou perigo, xeralmente desentendéndose dun proxecto común'] presenta na súa semántica os compoñentes 'fuxida, partida e traizón', que se perciben coma heteroxéneos a nivel de significatividade. A xulgar por contextos coma (3a-c), esta UF emprégase nunha situación na que a xente, ó percibir que se achega un perigo, abandona un lugar inseguro que durante bastante tempo lle serviu coma fonte dun determinado recurso, feito que se interpreta coma unha traizón:

(3) **a.** Todo o que creara con tanta minuciosidade e cariño, o que Gordéev recollera granciño a granciño e pulira, ha esboroarse nun intre, coma un castelo de cartas. Dá tanta mágoa que lle entran a un ganas de chorar. E mesmo perante Gordéev séntese vergoña, non deron soportado nin as primeiras dificultades, acovardáronse, ***разбежались, как крысы с корабля*** [*botáronse a correr coma ratas dun barco*] (A. Marínina. *Xogos de homes*, Мужские игры). **b.** O que é certo é certo. A forza xuvenil do noso Lenia non se derretía por días, senón por horas; xa en moi poucas ocasións recorría ó magnetismo, senón que molestaba con puro entusiasmo. E velaquí que eu, como se facía antes, leveille unha declaración sobre a miña saída do servizo estatal, el nin sequera se puxo a porfiar e unicamente preguntou, reprochándome: —E logo, Savelii Kuzmich, ti tamén ***бежишь, как крыса с тонущего корабля***? [*corres coma unha rata dun barco que se afunde?*] Todos miran de lado, e ti tamén? (Abram Terts. *Liubímov*, Любимов). **c.** A patria, coma os pais, non se escolle. Iso acontece despois, cando, ***как крысы с тонущего корабля, убегают*** [*coma ratas dun barco que se afunde, se botan a correr*] da «mala» patria. E, unha vez «a salvo», inventan historias fantásticas (Corpus xorn.).

No plano do contido desta UF distínguense o compoñente proposicional propiamente dito e uns complementos que inclúen unha categorización secundaria da situación descrita pola metáfora. O compoñente proposicional é introducido pola parte principal da oración, mentres que no caso dos complementos insírense en forma de xiros participiais e xerundiais, así coma con oracións subordinadas. A definición desta UF é a seguinte: *бежать как крысы с [тонущего] корабля* [*correr coma ratas dun barco (que se afunde)*] = 'abandonar con présa un lugar, unha organización etc. debido a un perigo evidente, sen face-lo intento de defender ese lugar, organización etc. (lugar que foi fonte de existencia); este feito compárase ó comportamento de animais egoístas e ruíns (na conciencia habitual) que abandonan un barco que se está afundindo'.

Neste caso, dende un punto de vista comunicativo é máis importante precisamente o compoñente proposicional: 'abandonar con présa un lugar, unha organización etc.

debido a un perigo evidente'. Os compoñentes relacionados cos significados de 'traizón' e 'ruín' ('sen face-lo intento de defender ese lugar, organización etc., que foi fonte de existencia') son secundarios a nivel comunicativo. Unha boa descrición ideográfica ten que considerar tal heteroxeneidade.

Dende un punto de vista teórico, unha heteroxeneidade deste tipo pódese contemplar coma o reflexo da heteroxeneidade do contido dunha unidade maior: o enunciado, que se divide en afirmación, presuposición e consecuencias, tema e rema, 'o dado' e 'o novo' etc. Esta estruturación é necesaria, pois o contido da comunicación ten que ser «empaquetado» nunha estrutura lineal. Aínda que os fundamentos teóricos desta estrutura do plano do contido da lingua están claros, isto, na lexicografía práctica, non recibiu a debida atención. No noso Tesouro intentouse dividi-lo taxon nunha parte central e noutra periférica. As UUFF cuxo compoñente semántico do plano do contido é significativo, importante a nivel comunicativo, inclúense na parte central do taxon, mentres que na parte periférica inclúense as UUFF que están relacionadas non coa semántica do taxon de maneira directa, senón a través das consecuencias, as presuposicións e os semas periféricos e facultativos.

Con respecto ó exemplo de *бежать как крысы с [тонущего] корабля* [*correr coma ratas dun barco (que se afunde)*], xa analizada, este principio da estrutura do Tesouro funciona de xeito que esta UF se inclúe en dous taxons: na parte central do taxon PARTIDA, MARCHA, FUXIDA e na periferia do taxon TRAIZÓN, PERFIDIA, RUINDADE. No significado desta UF, o compoñente semántico 'partida' ('abandonar (de présa) un lugar, organización etc., debido a un perigo evidente') resulta ser máis importante a nivel comunicativo cá indicación indirecta da idea de 'traizón' ('sen face--lo intento de defender este lugar, organización etc., que era unha fonte de existencia'). Isto demóstrao, por exemplo, a proba da introdución da UF nun contexto de prohibición: a frase *Нельзя бежать как крысы с тонущего корабля!* [*Non se pode correr coma ratas que foxen dun barco que se afunde!*] interprétase máis ben coma unha prohibición de irse, xa que a acción de irse en tal situación sería unha traizón.

Analicemos un exemplo que, en certo modo, é o contrario do anterior: nel a idea de 'inmoralidade' (relacionada semanticamente coa de 'traizón') resulta ser importante a nivel comunicativo. A UF *грести под себя* [*anciñar debaixo dun*, 'intentar saca-lo máximo proveito de todo] está presente na parte central do taxon INMORALIDADE, DESHONESTIDADE, RUINDADE e na periferia do taxon CONSECUCIÓN DE BENS MATERIAIS. Intuitivamente é obvio que ó utilizar esta expresión a idea de 'inmoralidade' é a que está no foco de atención e, polo tanto, é máis significativa cá idea de 'consecución de bens materiais'. Comp. os exemplos (4a-c):

(4) **a.** —Que significa *koxchéi*[273]? —Nos contos, un avaro que ***под себя гребет*** [*anciña debaixo del*, 'intenta saca-lo máximo proveito de todo]. Nunha palabra, un agarrado (B. Vasílev. *Soidade*, Глухомань). **b.** Os camaradas do goberno, aínda que chegaban a ***гребли под себя*** [*anciñar debaixo deles*], gustáronlle máis a Mighaíl Ivánovich. Os señores que os substituíron son uns

[273] N. do t.: Personaxe dos contos populares rusos.

> «do mercado», son diferentes. Cultos e educados: non lles has atopar chatas. Gústalles divagar sobre o interese social, pero só se preocupan do seu (Text. lit. int.). **c.** Que ideais se poden ofrecer a cambio dos perdidos? Que todo o mundo se enriqueza como poida, que non fagades outra cousa que ***гребите под себя*** [*anciñar debaixo de vós*] ou rouba-lo que foi roubado antes? Isto tamén o coñecemos. Tanto como o feito de que non conducía a nada bo (Corpus xorn.).

Na definición, este feito pódese reflectir do seguinte xeito: *грести под себя* [*anciñar debaixo dun*] – 'preocuparse unicamente polos propios intereses (principalmente materiais) nas actividades dun mesmo, ignorando os intereses doutros e/ou os intereses da sociedade, o que se compara con alguén que intenta trasladar todo á área do seu inmediato control físico'. O compoñente da definición 'preocuparse unicamente polos propios intereses (principalmente materiais), nas actividades dun mesmo, ignorando os intereses doutros e/ou os intereses da sociedade' está moi próximo semanticamente ó concepto de inmoralidade; de feito, é unha variante dun comportamento inmoral. O sentido de 'consecución de bens materiais' non está presente na definición de maneira directa, pero pódese deducir coma consecuencia dos compoñentes 'preocuparse polos propios intereses' e 'principalmente materiais'.

O que intuitivamente se percibe no tocante á relevancia dos significados sinalados na semántica da UF *грести под себя* [*anciñar debaixo dun*] confírmase coa introdución da expresión nun contexto de prohibición: a frase *Перестань, наконец, грести под себя!* [*Deixa dunha vez de anciñar debaixo de ti!*] enténdese non tanto coma unha prohibición da consecución de bens materiais, senón máis ben coma a esixencia da súa adecuada distribución (segundo as ideas do falante).

A UF *у X-а [все] как у людей* [*no caso de X [todo] está coma no caso da xente*, 'ser como ten que ser, como se espera social/moralmente'] sitúase na parte central dos taxons CORRESPONDERSE COA SÚA POSICIÓN SOCIAL, COA NORMA SOCIAL, COA NORMA DE STATUS e CORRESPONDERSE CUN PATRÓN, CUN MODELO, pero tamén na parte periférica do taxon BENESTAR, COMODIDADE ECONÓMICA. Isto explícase polo feito de que a característica concreta pola cal *X* se inclúe no conxunto de persoas designado pola UF non ten por que estar necesariamente ligada a un recurso material. Así, o sema 'benestar, comodidade económica' é unha das posibles consecuencias semánticas.

Existen tamén outros casos nos que a inclusión dunha UF na periferia do taxon se explica polo carácter facultativo dun determinado sema. Por exemplo, a UF *на вес золота* [*a peso de ouro*, 'por un alto prezo, moi cotizado'] está incluída na parte central do taxon IMPORTANCIA, RELEVANCIA, VALOR e na parte periférica do taxon POUCO, PARTE MENOR, INSUFICIENTE, UN POUCO. A conveniencia desta decisión despréndese do significado desta UF: 'algo considérase de gran valor e a consecuencia disto a miúdo resulta insuficiente'. Mentres que o sema 'gran valor' é central e non se neutraliza en ningún dos posibles contextos, o sema 'insuficiente' que é introducido polo compoñente da definición 'a miúdo' non se realiza en tódolos contextos, nin moito menos; comp. (5), onde pode ser que a idea de insuficiencia estea

presente e (6) onde non se atopa esta idea:

(5) Xa sabes ti, vaia tempos que están chegando! É como se á literatura lle desen carta de liberdade... Agora a xente co meu nivel de pensamento crítico estará ***на вес золота***! [*a peso de ouro!*] (I. Poliákov. *Cabrito en leite*, Козленок в молоке).

(6) Nos escuros tempos da Idade Media ós ananos valorábanos ***на вес золота*** [*a peso de ouro*]. Todo gobernante que se prezase de ser alguén tiña que ter canda si polo menos un (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

O feito de clasificar unha UF na periferia dun taxon pode estar relacionado non só co grao de significatividade dun sema ou doutro, senón tamén co feito de que o significado da UF se corresponda de maneira diferente coa semántica de determinado campo representado pola totalidade de descritores no encabezamento do taxon.

Ás veces a distribución das UUFF na parte central e na parte periférica dun taxon non tiña un carácter de contido, senón meramente técnico. No caso de que nalgún grupo grande de UUFF un dos semas significativos non fose fundamental e outro (igual de significativo) si fose fundamental, é dicir, non fose común para todo o grupo, por mor dos semas fundamentais estas UUFF incluíronse nas partes centrais dos correspondentes taxons, mentres que por mor dos semas non-fundamentais situáronse na periferia. Por exemplo, o grupo de UUFF *где ни попадя* [*onde nin caia*, 'en calquera lugar, onde sexa'], *когда придется* [*cando cumpra*, 'cando sexa, en calquera momento'], *сколько [душе] угодно* [*canto lle guste [á alma]*, 'canto sexa, a cantidade que sexa'] etc., unidas pola idea de CALQUERA, ELIXIDO ARBITRARIAMENTE, están situadas na periferia deste taxon. Con todo, tamén se inclúen nas partes centrais dos taxons ESPAZO (subtaxon NUN LUGAR ARBITRARIO: *где ни попадя* [*onde nin caia*]), TEMPO (subtaxon NUN MOMENTO TEMPORAL INDETERMINADO NO PASADO OU NO FUTURO: *когда придется* [*cando cumpra*]) e CANTIDADE (subtaxon MOITO, GRAN CANTIDADE, DABONDO, DEMASIADO: *сколько [душе] угодно* [*canto lle guste (á alma)*]).

Como amosa o resultado do noso traballo, existen casos nos que as UUFF unicamente se encontran nas partes periféricas dos taxons. Isto está relacionado co feito de que a idiomática só é unha parte do dicionario e por iso mesmo non cobre completamente tódolos campos semánticos posibles, nin moito menos. Cando unha UF só se inclúe na parte periférica dun taxon, isto quere dicir que o compoñente semántico central do seu significado resulta único para a idiomática; noutras palabras, para esta UF non se atopa a cantidade suficiente de «compañeiros» que poidan formar un taxon propio, independente. Por exemplo, a UF *язык сломаешь* [*has rompe-la lingua*, 'expresión ou palabra de moi difícil pronuncia'] está presente unicamente na periferia dos taxons FALAR e DIFICULTADES, CONTRARIEDADES, DESGRAZA, PROBLEMA. Este feito ten que ver con que no centro da semántica desta UF está o compoñente 'difícil de pronunciar', e ese taxon no Tesouro non foi distinguido coma tal, pois non hai máis UUFF que designen algo difícil de pronunciar. Aínda así, as ideas máis próximas ó sema central desta UF son 'falar' e 'dificultades'.

Ademais da distribución das UUFF na parte central e na parte periférica dos taxons, no Tesouro tamén se utiliza un sistema de remisións (referencias) paradigmáticas. As remisións paradigmáticas empréganse principalmente para reflecti-la estrutura en forma de rede da idiomática. Non obstante, tamén permiten transmiti-la heteroxeneidade do plano do contido dunhas UUFF ou doutras. Por exemplo, as UUFF do taxon RIQUEZA, BENESTAR MATERIAL posúen na súa estrutura semántica o compoñente non-fundamental 'moito', pois a riqueza presupón unha cantidade considerable dalgún recurso material. En principio, cumpriría duplicalas na súa totalidade no taxon MOITO, GRAN PARTE, DABONDO, DEMASIADO. No fondo isto sería incómodo, mesmo tecnicamente, por iso no taxon MOITO, GRAN PARTE...[274] atópase unha remisión ó taxon RIQUEZA, BENESTAR MATERIAL.

7.2.6. Estrutura do Tesouro: o Tesouro como rede semántica

En xeral unha rede semántica fórmase a través de nós que se unen uns cos outros mediante diferentes relacións semánticas. A diferenza dunha árbore, a rede semántica non está orientada, non ten unha estrutura xerárquica. Dependendo do tipo de relacións semánticas que existen entre os nós, pódense atopar relacións de herdanza das propiedades semánticas, relacións causais etc. Dende un punto de vista formal, o Tesouro presenta un conxunto de taxons ordenados segundo características bastante arbitrarias. Este feito relaciónase con que en xeral a semántica natural-lingüística non está organizada por un principio de «árbore», senón por un de rede. Diferentes fragmentos do sistema léxico pódense ordenar en forma de árbore, por exemplo, os termos de parentesco, os nomes de flores, verduras, froitas, animais etc. Así mesmo, nalgúns taxons do Tesouro tamén se pode atopar unha clara estrutura de árbore, comp., por exemplo, os campos TEMPO, CANTIDADE, aínda que isto é máis ben a excepción cá regra.

Por isto mesmo, o Tesouro non constitúe unha única árbore, senón un conxunto de diferentes taxons, algúns dos cales teñen estrutura de árbore. Os taxons con estrutura arbórea conteñen unha parte raíz na que están incluídas UUFF cunha semántica moi ampla, pero tamén outras para as que non se atopou un subtaxon particular dentro dese taxon en forma de árbore. Por exemplo, na raíz do subtaxon ESPAZO, LUGAR situáronse tanto as UUFF *мать сыра земля* [*a terra húmida nai*, 'a terra'], *этот свет* [*este mundo*, 'o mundo dos vivos, o mundo no que vivimos'], que se caracterizan por unha semántica espacial bastante ampla, coma UUFF con significados máis concretos: *в головах* [*nas cabezas*, 'a carón da cabeza ou do lugar onde se atopa a cabeza dun cando está deitado'], *за бугром* [*detrás do cómaro*, 'no estranxeiro'], *под открытым небом* [*baixo ceo aberto*, 'fóra de calquera edificio ou construción, ó aire libre'] etc.

As estruturas tradicionais dos tesouros coma as dos dicionarios de Roget, Hallig e Wartburg son unha solución intermedia: representa-la rede nunha árbore leva a inevitables deformacións. Consecuentemente, nos tesouros son inevitables as remisións

[274] Os puntos suspensivos que aparecen ó lado dos nomes dos taxons indican que están formados por máis descritores, pero que se omiten nese caso por seren innecesarios.

«horizontais» (comp. o tesouro de Roget)[275]. No noso Tesouro as relacións entre os taxons exprésanse por medio dun complexo de remisións paradigmáticas. Outro método de reflectir na idiomática as relacións en rede é a división do taxon nunha parte central e noutra periférica.

Nos tesouros baseados en linguaxes informáticas distínguense normalmente tres tipos principais de relacións paradigmáticas: relacións xénero-especie, relacións antonímicas e relacións asociativas. Dado que é difícil formaliza-la clasificación das relacións asociativas coma tales, o que pode levar a unha arbitrariedade absoluta na creación dun sistema de remisións paradigmáticas, nós intentamos orientarnos cara ás relacións xénero-especie e ás súas modificacións. Sinalaremos que as relacións antonímicas e parte das relacións xénero-especie se fixan na propia estrutura dos taxons do Tesouro; por exemplo, nos nomes dos taxons BEN-MAL, POBREZA-RIQUEZA, MOVEMENTO-PARO, IMPORTANCIA-NON IMPORTANCIA está presente unha relación de antonimia. Isto significa que neles se distinguen subtaxons que conteñen UUFF cos seus correspondentes semas antónimos.

A continuación, citarémo-los tipos básicos de relacións que abrangue o sistema de remisións paradigmáticas no Tesouro. O tipo de relacións máis común presente no sistema de remisións é a relación de inclusión, é dicir, cando un significado ou un complexo de significados resulta estar ó mesmo tempo en UUFF que pertencen a diferentes taxons.

Relacións de inclusión. Un exemplo típico deste tipo de relacións é a situación na que as UUFF do taxon *X* conteñen o sema *α*, así coma as UUFF dos taxons *Y, ..., Z*. Agora ben, o significado das UUFF que están nos taxons *Y, ..., Z* resulta ser máis específico có significado das UUFF do taxon *X*. Neste caso, o taxon *X* remite ós taxons máis particulares *Y, ..., Z*, en cambio no caso contrario non é así. Con todo, non se pode dicir que *X* sexa un concepto xenérico en relación a *Y, ..., Z*. Por exemplo, o taxon HAI MOITO TEMPO remite a VELLEZ e VELLO (aínda que non o contrario) pois a idea de 'hai moito tempo = nun momento do tempo considerablemente afastado do momento da fala' atópase en tódalas UUFF coa semántica de 'vello' e de 'vellez'. No taxon HAI MOITO TEMPO inclúense UUFF tales coma *испокон веков* [*dende os séculos*, 'dende hai moito tempo'], *во время оно* [*no tempo aquel*, 'daquela, nun tempo pasado'], *давным-давно* [*hai moito tempo-hai moito tempo*, 'nun tempo afastado no pasado, hai moito tempo'], *при царе Горохе* [*cando o tsar Chícharo*, 'hai moito tempo']. Resulta obvio que a semántica destas UUFF relacionadas co concepto de 'tempo' é aínda máis xeral cá semántica das UUFF do taxon VELLEZ: comp. *до седых волос* [*ata os cabelos grises*, 'ata idade avanzada, ata a vellez'], *старая гвардия* [*a garda vella*, 'xente de carácter e formación antigas'], *старая дева* [*vella virxe*, 'muller solteira entrada en anos, solteirona'], *мышиный жеребчик* [*cabalo de rato*, 'vello ó que lle gusta ir detrás das mozas novas'], *старой закваски* [*do vello fermento*, 'de opinións ou costumes vellos'], *старая калоша* [*chinela vella*, 'persoa vella, estúpida e fea'], *на краю могилы* [*ó bordo da tumba*, 'persoa á que lle falta

[275] Neste sentido a tradición lexicográfica italiana (na que os elementos da estrutura de rede dos tesouros xa se utilizaban dende o século XVI) figura un pouco á parte.

pouco para morrer'], *божий одуванчик* [*dente de león de Deus*, 'persoa de idade avanzada, delicada de saúde'], *песок сыплется (из кого-л.)* [*a area despréndese (de alguén)*, 'persoa moi vella, decrépita'] e as do taxon VELLO (comp. *сдать в архив (кого-л./что-л.)* [*entregar ó arquivo (a alguén/alguén)*, 'prescindir de alguén para sempre por resultar obsoleto'], *с бородой* [*con barba*, 'dito dunha historia, un chiste etc. vello, xa coñecido por todos'], *каменный век* [*idade de pedra*, 'algo/alguén primitivo, pouco desenvolvido'], *видавший виды* [*que viu vistas*, 'persoa que viviu moito, cunha grande experiencia de vida'], *пропахнуть нафталином* [*cheirar a naftalina*, 'cousa ou persoa moi vella e anticuada'], *в обед сто лет* [*ó xantar fai cen anos*, 'algo moi anticuado, que non é moderno'], *старо как мир* [*vello coma o mundo*, 'moi vello'].

A elección desta dirección de remisións está motivada ademais polo feito de que para o lector, ó que se lle presentan as UUFF do taxon *X*, tamén é importante coñece-las UUFF dos taxons *Y*, ..., *Z*, aínda que non o contrario. De feito, se o lector xa se interesou polos significados máis particulares dos taxons *Y, ..., Z*, daquela as UUFF do taxon *X* serán percibidas coma ruído informativo.

No caso dos significados 'ben' e 'mal' é importante sinalar que para as remisións establecéronse relacións de inclusión segundo a consecuencia semántica e non só segundo o contido propiamente dito. Por exemplo, no taxon FALTA DE SONO, INSOMNIO, ESPERTAR atópanse as UUFF *ворочаться с боку на бок* [*revirarse dun lado para outro*, 'non dar durmido'], *глаз не смыкать* [*non pechar ollo*, 'non dar durmido'], *продирать глаза* [*desgarra-los ollos*, 'espertar'], *сна ни в одном глазу (у кого-л.)* [*non hai sono nin nun só ollo (a alguén)*, 'non ter ganas/non ser quen de durmir'], *сон как рукой сняло* [*o sono quitárono coma cunha man*, 'perde-lo sono, desvelarse']. Aínda que na estrutura do significado destas UUFF non aparece o compoñente 'mal', a nivel pragmático esta valoración está motivada polo coñecemento de que non durmir de noite é malo. Consecuentemente, do taxon MAL fíxose unha remisión paradigmática ó taxon FALTA DE SONO... Esta decisión contradí a directriz xeral de non considera-las relacións extralingüísticas, pero neste caso está xustificado por mor da importancia comunicativa desta consecuencia e, polo tanto, do seu rol pragmático.

Cómpre sinalar que a introdución dunha remisión case nunca depende do propio nome do taxon. Por exemplo, no caso das UUFF do taxon BORRACHEIRA debido ó nome do taxon poderíase esperar unha valoración negativa e, xa que logo, unha remisión ó taxon MAL. Agora ben, en realidade a maioría das UUFF deste taxon non conteñen unha valoración negativa, comp. *под банкой* [*debaixo do tarro*, 'bébedo'], *бутылку/пузырь раздавить* [*esmaga-la botella/burbulla*, 'beber unha botella de alcohol], *закладывать/заливать за воротник* [*meter/verter por detrás do colo*, 'beber alcohol, xeralmente en grandes cantidades'], *закладывать/заливать за галстук* [*meter/verter por detrás da gravata*, 'beber alcohol, xeralmente en grandes cantidades'], *под газом* [*baixo gas*, 'bébedo'], *промочить/прополоскать горло* [*molla-la gorxa*, 'beber unha pequena cantidade de alcohol'], *принять на грудь* [*tomar a peito*, 'embebedarse'], *не дурак выпить* [*non ser parvo para beber*, 'persoa á que lle gusta beber e que o sabe facer']. Noutras palabras, os nomes dos taxons non

poden reflectir totalmente tódalas propiedades das UUFF que forman parte deses taxons.

Relacións clásicas xénero-especie. As relacións clásicas xénero-especie diferéncianse das relacións de inclusión unicamente polo feito de que a categoría *X* é de xénero en relación ás categorías *Y, ..., Z*. A modo de exemplo das relacións xénero-especie citarémo-los taxons CASTIGO... e EXECUCIÓN. Dado que a EXECUCIÓN (comp. *высшая мера [наказания]* [*grao máis alto (de castigo)*, 'pena capital, execución'], *пустить... в расход (кого-л.)* [*deixar... no gasto (alguén)*, 'executar, liquidar'], *поставить к стенке (кого-л.)* [*poñer (alguén) contra a parediña*, 'executar, fusilar']) é un tipo de CASTIGO, no taxon CASTIGO... hai unha remisión a EXECUCIÓN, pero non ó contrario.

Relacións de cruzamento segundo o extensional. Nalgúns casos entre os taxons reflectiuse unha relación lóxico-semántica non incondicional, senón máis ben de probabilidade. Por exemplo, algunhas UUFF do taxon VELLO coma *сдать в архив (кого-л./что-л.)* [*entregar ó arquivo (a alguén, alguén*], *видавший виды* [*que viu vistas*,], *пропахнуть нафталином* [*cheirar a naftalina*], *в обед сто лет* [*ó xantar fai cen anos*] pódense empregar en relación á xente vella, aínda que non necesariamente. Noutras palabras, unha parte do extensional do taxon VELLO crúzase con parte do extensional do taxon VELLEZ. E tamén acontece o contrario: algunhas UUFF do taxon VELLEZ (*старая гвардия* [*a garda vella*], *старой закваски* [*do vello fermento*]) nalgúns contextos préstanlle atención non á vellez do ser humano, senón ó seu punto de vista, normas, valores, que se interpretan coma antigos. Nestes casos, fixéronse remisións simétricas.

Un caso similar é o dos taxons RAPIDEZ... e MOVEMENTO RÁPIDO... Se temos en conta os seus nomes, parece que entre estes dous taxons unicamente existen relacións xénero-especie, mais non é así: a remisión do taxon RAPIDEZ... ó taxon MOVEMENTO RÁPIDO... está motivada en realidade por relacións xénero-especie, pero ademais desta remisión, no Tesouro tamén se atopa a remisión contraria. As UUFF do taxon MOVEMENTO RÁPIDO..., naturalmente, están sempre relacionadas coa idea de movemento (comp. *бросаться врассыпную* [*lanzarse á esparexida*, 'botarse a correr rapidamente, en moitas direccións'], *дать по газам* [*dar polos gases*, 'acelerar, preme-lo acelerador'], *сломя голову* [*rompendo a cabeza*, 'moi rápido'], *очертя голову* [*trazando a cabeza*, 'lanzarse moi rapidamente a facer algo']), aínda que a remisión ó taxon RAPIDEZ é importante para o lector porque moitas UUFF deste taxon pódense utilizar en relación a un movemento rápido (comp. *с быстротой молнии* [*coa rapidez dun lóstrego*, 'moi rápido']). Así, atopámonos aquí coa combinación dos dous tipos de relacións semánticas tratadas previamente: xénero-especie e cruzamento segundo o extensional.

No modo de organización do Tesouro que nós escollemos, as relacións de rede explicítanse non só por medio de remisións paradigmáticas, senón tamén pola reduplicación das UUFF en diferentes taxons. Isto pode indicar tanto que nestes taxons a UF se utiliza con diferentes significados coma que no seu plano do contido están presentes diferentes semas nun mesmo significado. Por exemplo, a fórmula discursiva

снова(-)здорово [*de novo, bo!*, 'algo, xeralmente negativo, vólvese repetir'] contén na súa semántica os compoñentes 'de novo, repetidamente' e 'problemas, dificultades'. A xulgar por contextos coma o (7), esta UF emprégase nunha situación na que volve aparecer un problema que o falante xa consideraba resolto:

(7) En realidade, el pensaba que ía colle-los «seus» doce mil dólares nun sobre (e onde senón hai que gardar unha divisa convertible?!), e entón —***снова-здорово***! [*de novo, bo!*]— e velaquí ten, da conta do banco. Pero isto significa que é imposible non paga-lo imposto ó estado! E trátase de máis de 3000 dólares! (*Nóvaia gazeta*, Новая газета).

Polo tanto, a UF que estamos a tratar atópase en dous taxons do Tesouro: DE NOVO, OUTRA VEZ e DIFICULTADES... Este modo de reflecti-las relacións rede elíxese naquel caso no que os taxons *X* e *Y* comparten unha ou varias UUFF, é dicir, cando esta relación é improdutiva. No caso contrario, o máis económico é non reduplica-la UF, senón utilizar un sistema de remisións.

Debido á súa semántica, a UF *за душой/душою нет (у кого-л. чего-л.)* [*detrás da alma (de alguén, de algo) non hai*, 'non ter nada (posesións materiais, cartos)/non ter principios morais'], coas súas variantes *не иметь за душой/душою (чего-л.)* [*non ter detrás da alma (algo)*]; *за душой – ни черта (у кого-л.)* [*detrás da alma (de alguén, de algo) non hai nin un demo*]; *пусто за душой (у кого-л.)* [*está baleiro detrás da alma (de alguén)*], emprégase en relación a distintas categorías de valores que están presentes no Tesouro en diferentes seccións. En consecuencia, esta UF inclúese en cada unha das correspondentes seccións, por exemplo, no contexto (8) en INMORALIDADE, DESHONESTIDADE, BAIXEZA; no contexto (9) en IGNORANCIA, INCOMPRENSIÓN, DESCOÑECEMENTO; no contexto (10) en POSICIÓN SOCIAL BAIXA...; e, finalmente, no contexto (11) en POBREZA, FALTA DE DIÑEIRO:

(8) **a.** A mocidade de hoxe en día, á parte de discotecas e drogas, ***ничего за душой нет*** [*non ten nada mais detrás da alma*, 'non ten principios morais'] (Corpus xorn.). **b.** A calquera outra persoa no lugar de Víktor Migháilovich unha invitación tan pouco cerimoniosa seguramente había ofendela. El, que practicamente é un académico, ten que ir visitar un simple posgraduado que non ten ***ничего за душой нет*** [*nada detrás da alma*, 'que é insignificante, que non fixo nada'], á parte de insolencia e descaro (Corpus pros. rus.).

(9) **a.** Némtsov dixo que os comunistas ***за душой*** [*detrás da alma*, 'non teñen nada'] nin un só pensamento económico razoable (Corpus xorn.). **b.** Non me facía nada de graza o de ir onda o xefe á súa titoría xa o terceiro día dun traballo persoal, e aínda por riba ***не имея за душой*** [*non tendo detrás da alma*, 'non tendo'] nin unha soa idea intelixente (A. e B. Strugatskii. *Pequerrecho*, Малыш). **c.** Cando, virándose cara ó oeste, os salvadores nacionais ouveaban, xa non había máis probas evidentes de que, no aspecto económico, eles ***пусто за душой*** [*estaban baleiros detrás da alma***,** 'non tiñan nada de nada'] (Corpus xorn.).

(10) A simple lóxica da moral burguesa suxire que, ó non ter poder, non sucumbes ás tentacións. Por iso ó presidente americano na película de Eastwood contrapónselle un marxinado-renegado, ***за душой нет*** [*detrás de cuxa alma non hai*, 'o cal non ten'] nin unha posición na sociedade, nin influencia sobre a xente, e non había de ter nin sequera un pataco de non se-lo mellor ladrón dos Estados Unidos (Corpus xorn.).

(11) **a.** Habías de aprender con xente intelixente como hai que vivir! E en cambio andas con ese Nikiforov, quen, ademais dun abrigo vello e remendado, ***ничего за душой нет***! [*non ten nada detrás da alma!*, 'non ten nada de nada'] (Corpus pros. rus.). **b.** Non aprendiches ningún oficio decente, mesmo estás a traballar de manicurista porque eu te coloquei. ***За душой ничего нет*** [*Detrás da alma non tes nada*, 'non tes nada de nada']. Tampouco es capaz de dedicarte ós negocios (Corpus pros. rus.) **c.** E, de momento, vivo nunha residencia, pobre coma unha rata, ***за душой – ни черта*** [*detrás da alma non hai nin un demo*, 'non teño nada de nada']. Todo está no futuro (V. Xuxkin. *Un punto de vista*, Точка зрения).

Outro caso da aparición dunha UF en varios taxons é a presenza da polisemia. Así, a UF *за здорово живешь* [*vives polo san*] ten dous significados: 1. 'traballar ou facer algo sen esperar nada a cambio, sen recibir compensación ningunha' e 2. 'facer algo sen ningunha razón, sen motivo'. No significado presente en exemplos coma o (12), esta UF forma parte do taxon CASUALIDADE, mentres que co significado co que aparece en exemplos coma o (13), sitúase no taxon BARATO, DE BALDE:

(12) Por suposto, a vida agora, sobre todo en cidades tan grandes coma Moscova, non é fácil. Con todo, eu tampouco teño oído que alguén, así, ***за здорово живешь*** [*vivindo polo san*, 'sen motivo ningún'], collese e morrese de fame (Corpus xorn.).

(13) Ó persegui-los seus propios obxectivos, a delegación chechena representou unha complexa obra de dous actos. Ó principio deron a entender que dispoñían de algo moi, moi serio. Despois, demostraron que entendían perfectamente o prezo daquilo do que dispoñían e non estaban dispostos a entregaren aquel material ***за здорово живешь*** [*vives polo san*, 'de balde, sen pedir nada a cambio'] (Corpus xorn.).

No Tesouro non están representadas aquelas relacións entre os taxons que reflicten coñecementos do mundo e que non se manifestan de maneira regular no significado das UUFF (véx., por exemplo, as excepcións tratadas con anterioridade). Por exemplo, a guerra ou a enfermidade poden conducir á morte, mais nas UUFF esta simultaneidade na semántica de enfermidade e de morte é irregular, así coma tamén no caso na semántica de guerra e de morte. Así, as remisións non reflicten os coñecementos extralingüísticos se estes non se apoian na semántica das correspondentes UUFF. Con todo, se, por exemplo, unha UF simultanea a idea de guerra e a idea de morte no seu significado (*сложить голову* [*dobra-la cabeza*, 'sacrifica-la vida dun por algo, entrega-la vida']), tal UF inclúese nos taxons correspondentes. Por outra banda, da experiencia da interacción co mundo circundante sábese que a chegada de alguén

implica a presenza desta persoa nun lugar determinado, polo que o plano do contido da UF co significado de chegada normalmente xa inclúe o compoñente semántico 'atoparse nun lugar determinado', comp. expresións coma *[заходить...] на огонек (к кому-л.)* [*(visitar) (alguén) á luciña*, 'ó pasar diante da casa de alguén, parar para lle facer unha visita'], *тут как тут (кто-л.)* [*aquí coma aquí (alguén)*, 'estar (sempre) no momento xusto, chegar cando se espera'], *как чертик/черт из табакерки* [*coma un demiño/un demo que sae dunha tabaqueira*, 'de súpeto, inesperadamente']. Este tipo de relacións extralingüísticas que obteñen unha «confirmación lingüística» reflectíronse nas remisións paradigmáticas.

Coma exemplo similar tamén poden servi-las UUFF que pertencen a taxons coma ENGANO. O concepto de ENGANO inclúe o sema 'mal' e polo tanto tódalas UUFF que designan o ENGANO forman parte do taxon MAL. Naturalmente, estas UUFF non se reduplican no taxon MAL, senón que se fai unha remisión paradigmática dende o taxon MAL ó taxon ENGANO. Por outra banda, o taxon SEMELLANZA, IGUALDADE, IDENTIDADE tamén contén UUFF co sema 'mal', pero dado que non tódalas UUFF deste taxon conteñen este sema, as que si o conteñen repítense nun e noutro taxon, e as remisións recíprocas dun taxon a outro tamén se manteñen.

Do que acabamos de dicir dedúcese que nas remisións dun taxon a outro só se explicita unha pequena parte das relacións semánticas existentes entre os campos semánticos das UUFF. Non obstante, as relacións obxecto de clasificación forman en certo sentido unha «liña de tendencia» que permite ver máis claramente as relacións semánticas básicas entre os grupos de fraseoloxismos.

***

O Tesouro creado é principalmente un dicionario que reflicte o estado actual da idiomática rusa e introduce na práctica científica un material lingüístico totalmente novo e orixinal. Sería imposible obter estes datos sen utiliza-las tecnoloxías informáticas actuais de tratamento de datos lingüísticos e sen a base dun corpus representativo. O método de descrición semántica elixido no Tesouro inevitablemente fai menos definidas as oposicións semánticas existentes entre as diferentes UUFF. Agora ben, isto é compensado pola totalidade do glosario e polos contextos de uso auténticos.

Por outra banda, o Tesouro é un instrumento, pero tamén un obxecto de investigación lingüística. A continuación, exemplificarémo-lo uso do Tesouro como obxecto de investigación mediante a análise de varios campos semánticos de UUFF: os campos CANTIDADE, SIGNIFICADOS CUANTIFICADORES e os campos COMEZO-FIN.

7.3. O Tesouro como obxecto de investigación semántica: significados cuantificadores na idiomática rusa

Un dicionario como tal raras veces se converte en obxecto de análise semántica. Na maioría das ocasións, este é o resultado dunha descrición lexicográfica, é dicir, unha fonte de información contida nun dicionario. No mellor dos casos, na lexicografía, no proceso de creación da tipoloxía dos dicionarios, investíganse os principios da

construción dun determinado tipo de dicionarios. Con todo, un dicionario completo e representativo resulta interesante mesmo como obxecto de investigación. Neste caso, pode contemplarse coma un corpus representativo de datos dalgún campo problemático. O uso da información contida nun dicionario con esta perspectiva é o que ofrece máis posibilidades no caso dos dicionarios de tipo tesouro, que son relativamente completos con respecto ó glosario que inclúen e cuxa tarefa principal consiste nunha determinada clasificación semántica do léxico.

Un dos primeiros estudosos da tradición lingüística rusa que se ocupou do fenómeno dos Tesouros foi Iu. N. Karaulov, que estudou os tipos de tesouros existentes e prestou atención ó potencial teórico dunha inventarización de tipo Tesouro do léxico (Караулов 1981). Moitos dos métodos de análise do léxico empregados por este autor eran experimentais, o que favoreceu o desenvolvemento da teoría e da práctica da lexicografía. Nesta sección tratámo-lo *Dicionario-tesouro da idiomática rusa* non tanto por se-lo resultado dunha descrición lexicográfica como por ser un obxecto de investigación lingüística que reflicte os trazos esenciais da organización do sistema léxico.

Como demostraron os experimentos realizados, o glosario do Tesouro é suficientemente representativo. O Tesouro non foi construído tendo coma base os dicionarios fraseolóxicos existentes, senón que tivo coma base un rexistro masivo de textos de diferentes xéneros e, así, para comprobar ata que punto era completo o glosario obtido con ese procedemento, periodicamente leváronse a cabo medicións estatísticas. A esencia destas medicións-experimentos consistía en que nas diferentes etapas da construción do glosario se valoraba a súa totalidade: cando nunha escolla aleatoria de textos había unicamente un 1% (ou menos) de UUFF que aínda non se incluíran no glosario, cesábase o rexistro regular de textos[276]. O feito de que o glosario do Tesouro sexa tan completo permite valorar dun xeito adecuado o conxunto da idiomática rusa actual, a estrutura dos campos semánticos que abrangue a idiomática e as relacións idiomáticas entre eles. O estudo das relacións paradigmáticas entre os taxons ofrece a posibilidade de determinar cales son máis «centrais», máis importantes no sistema fraseolóxico. Mesmo a simple valoración cuantitativa das UUFF que forman parte dos diferentes campos serve coma base obxectiva para extraer conclusións sobre a estrutura da «imaxe fraseolóxica do mundo» rusa. Neste caso, o investigador obtén a posibilidade de operar non con ideas subxectivas sobre a estrutura semántica da idiomática, senón con datos obxectivos concentrados no glosario e nos exemplos do Tesouro. É obvio que tamén existen outras formas de usa-lo Tesouro coma instrumento e obxecto de estudo lingüístico, que se definen no traballo sucesivo realizado con el.

---

[276] Sinalaremos que o material do Tesouro está constituído por UUFF en sentido estrito. No glosario non se incluíron colocacións coma *принимать решение* [*tomar unha decisión*], *проливной дождь* [*choiva que penetra ó caer*, 'choiva intensa'], *зерно истины* [*un gran de verdade*, 'cantidade ínfima de verdade'] nin proverbios. Tampouco contén fraseoloxismos sintácticos coma *где ты, а где X* [*onde estás ti e onde está X*, 'as situacións de dúas persoas son incomparables'], *X он и в Африке X* [*el é X e en África tamén é X*, 'expresión enérxica da verdadeira natureza de alguén'], *X X-ом, но...* [*X é X, pero...*, 'algo en principio non se cuestiona pero hai un feito que si o pon en dúbida'] .

Analizaremos agora algunhas posibilidades da análise mencionada co exemplo das UUFF do campo semántico de CANTIDADE, SIGNIFICADOS CUANTIFICADORES. Estámonos referindo ás UUFF en cuxa semántica se atopan os elementos de significado 'moito', 'pouco', 'todos', 'todo', 'cada', 'parcialmente', 'totalmente'. Por exemplo, *вагон и маленькая тележка* [*un vagón e unha carretilla*, 'gran cantidade de algo, moito'], *по горло* [*pola gorxa*, 'gran cantidade, moito'[277]], *как грязи* [*coma lama*, 'moito, en gran cantidade'], *можно сосчитать/пересчитать/перечесть... по пальцам [одной руки]* [*pódense contar... cos dedos (dunha man)*, 'a cantidade de elementos é moi pequena'], *раз-два и обчёлся* [*unha vez-dúas e enganácheste ó contar*, 'a cantidade de elementos é moi pequena, moi poucos'], *[все] кому не лень* [*(todos) os que non teñan preguiza*, 'todo o mundo'], *каждой/всякой твари по паре* [*de cada criatura un par*, 'todo tipo de xente, de tódalas clases'], *на корню [скупить/уничтожить...]* [*á raíz (comprar/destruír...)*, 'completamente, ata o final'].

Este campo semántico (taxon do Tesouro) ten unha estrutura «lóxica» bastante ramificada, o que en xeral non é moi característico dos campos semánticos das UUFF, cuxa profundidade raramente supera os 3-4 niveis. O intento de descomposición dun taxon habitual en subtaxons máis pequenos leva á aparición dunha gran cantidade de taxons terminais que conteñen unha ou dúas UUFF. En tal caso, ás veces debido á súa complexidade o nome do taxon achégase a unha definición. É obvio que o obxectivo do Tesouro non consiste en dar unha descrición semántica completa de cada unidade léxica, senón en reflecti-la estrutura xeral dos campos semánticos. Por este mesmo motivo, no dicionario ideográfico non é desexable que se dean casos nos que os taxons inclúan dúas ou tres UUFF.

No momento actual, a estrutura do taxon CANTIDADE, SIGNIFICADOS CUANTIFICADORES ten o seguinte aspecto[278]:

CANTIDADE, SIGNIFICADOS CUANTIFICADORES

1. DESCRICIÓN DA CANTIDADE[279]

1.1. CANTIDADE INDETERMINADA	1.1.1. MOITO, A MAIOR PARTE; SUFICIENTE, DEMASIADO ➔ MOITO TEMPO... ➔ RIQUEZA... ➔ MOITA COMIDA... ➔ MOITO DUN RECURSO ... ➔ MOITO TRABALLO ➔ PRETO, A CARÓN DE; POUCO ESPAZO	1.1.1.1. AUMENTO, CRECEMENTO

[277] N. do t.: A miúdo referido a unha cantidade de traballo.
[278] Co signo ➔ introdúcense as remisións paradigmáticas a outros taxons do Tesouro.
[279] Propiedades do conxunto.

	1.1.2. POUCO, A MINORÍA; INSUFICIENTE, DEMASIADO POUCO ➔ POUCO TEMPO... ➔ POBREZA... ➔ INSUFICIENCIA DE COMIDA... ➔ POUCO DUN RECURSO... ➔ POUCO TRABALLO	1.1.2.1. DIMINUCIÓN ➔ DIMINUCIÓN DUN RECURSO...
1.2. CANTIDADE DETERMINADA		

2. DESCRICIÓN CUANTIFICADORA[280]

2.1. TODOS/AS, TODO ➔ PERIODICIDADE ➔ EN TODAS PARTES, TODO (SOBRE UN ESPAZO)	2.1.1. EN CONXUNTO ➔ ACORDO$_1$...
2.2. NINGUÉN, NADA, DE NINGÚN XEITO ➔ PERDA...	
2.3. DE TÓDOLOS XEITOS, DE TÓDALAS MANEIRAS	
2.4. CADA ➔ PERIODICIDADE ➔ CALQUERA...	
2.5. TOTALMENTE	
2.6. PARCIALMENTE, EN PARTE	

Na construción da estrutura do Tesouro consideráronse os seguintes principios de organización dos taxons:

1. Principio de naturalidade. Segundo este principio, as regras de unificación das UUFF nun taxon teñen que ser intuitivamente comprensibles, é dicir, os seus semas (compoñentes semánticos) teñen que ser «fortes».
2. Principio de equilibrio. Os taxons resultantes non poden ser, en xeral, nin extremadamente pequenos nin extremadamente grandes.
3. Principio de sistematicidade. Este principio esixe que no taxon estean presentades tódalas variantes de realización dos significados dun parámetro determinado, en caso

[280] Propiedades dos elementos dun conxunto.

de que ese parámetro sexa elixido. Así, o taxon CANTIDADE INDETERMINADA está representado (considerando os seus subtaxons) por varias decenas de UUFF. Dende un punto de vista sistémico, cómpre presupoñer que o taxon CANTIDADE DETERMINADA tamén ten que formar parte do Tesouro, aínda que só conteña tres expresións na súa parte central[281]: *чертова дюжина* [*a ducia do demo*, 'trece'], *один-единственный* [*un-único*, 'algo/alguén é único na súa especie, irrepetible'] e a fórmula discursiva *бог троицу любит* [*Deus ama o número tres*, 'expresión que denota que tres é mellor ca dous, que o número tres dá sorte etc.'].

O principio de sistematicidade é máis forte có principio de equilibrio.

O feito de segui-los principios enumerados na análise das UUFF coa semántica de cantidade para distribuílas polos taxons do Tesouro deu lugar á clasificación de diversas oposicións conceptuais. Estas oposicións, reveladas empiricamente no estudo do material fraseolóxico, son as seguintes:

1. aumento vs. diminución
2. moito vs. pouco
3. suficiente vs. insuficiente para algo
4. cantidade determinada vs. cantidade indeterminada
5. no campo de acción entra todo o conxunto vs. entra unha parte do conxunto
6. presenza vs. ausencia de negación

A primeira oposición determina a aparición dos seguintes taxons no campo CANTIDADE:

AUMENTO, CRECEMENTO

расти/вырастать... как грибы после дождя [*medrar/agromar... coma cogomelos despois da choiva*, 'proliferar con moita intensidade'].
расти/подниматься... [как] на дрожжах [*medrar/levantarse... (coma) enriba de fermento*, 'medrar moi rápido'].
расти/увеличиваться... как снежный ком *neutr.*[282] [*medrar/aumentar... coma unha bóla de neve*, 'medrar moi rápido'].
по нарастающей *neutr.* [*pola crecente*, 'medrando, en aumento'].
набирать обороты *neutr.* [*aumenta-lo número de revolucións*, 'incrementar, aumentar'].

FÓRMULAS DISCURSIVAS

дальше – больше [*canto máis lonxe... máis*, 'a medida que se avanza nun proceso/actividade este faise máis intenso, normalmente nun sentido negativo'].

[281] A parte periférica deste taxon contén dúas expresións máis: *один-одинёшенек* [*un-soíño*, 'estar totalmente só, abandonado'] e *один как перст* [*só coma un dedo*, 'estar totalmente só, abandonado'], que focalizan máis ben a idea de soidade cá de cantidade determinada.
[282] Sobre o sistema de anotacións estilísticas do Tesouro, véxase o capítulo 11.

чем дальше в лес, тем больше дров [*canto máis te metes na fraga, máis leña hai*, 'a medida que avanzan os acontecementos preséntanse máis complicacións'].
нашего полку прибыло *xorn.*; полку (кого-л./чего-л.) прибыло *xorn.* [*o noso rexemento aumentou; o rexemento (de alguén/algo) aumentou*, 'o número de persoas que apoian unha causa aumentou'].

DIMINUCIÓN

сбавлять обороты [*diminuír revolucións*, 'diminuír, minorar'].

Estes taxons forman parte dos taxons máis xerais MOITO e POUCO, respectivamente. Estes últimos, á súa vez, ditan a segunda oposición importante ('moito vs. pouco') entre os taxons. Agora ben, esta oposición non se clasifica por separado e combínase coa oposición (3) 'suficiente vs. insuficiente'. En realidade, as UUFF *бог знает сколько* [*Deus sabe canto(s)*, 'gran cantidade de algo, moito'] e *видимо-невидимо* [*visible-invisible*, 'gran cantidade de algo, moito'] en contextos coma *Земли у России* ***бог знает сколько/видимо-невидимо****: дачный участок каждому достанется* [*En Rusia hai terra* ***Deus sabe canta/visible-invisible****: un terreo para unha dacha consígueo calquera*] tamén indican que hai moitos recursos e que son suficientes ó mesmo tempo.

MOITO, *A MAIOR PARTE*, *SUFICIENTE*, *DEMASIADO MOITO*[283]

бог знает сколько (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) / Ø [*Deus sabe canto(s) (dunha persoa/cousa en algures/alguén ten)*, 'gran cantidade de algo, moito'].
вагон и маленькая тележка (чего-л.) [*un vagón e unha carretiña (de algo)*, 'gran cantidade de algo, moito']; воз и маленькая тележка (чего-л.) [*un carro e unha carretiña (de algo)*, 'gran cantidade de algo, moito'].
видимо-невидимо (кого-л./чего-л.) [*visible-invisible (dunha persoa/cousa)*, 'gran cantidade de algo, moito'].
не вышептать *xerga.* [*imposible de murmurar*, 'gran cantidade de algo'].
с гаком [*con gancho*, 'e un pouco máis, e pico'].
за глаза хватит (чего-л. кому-л.) [*para os ollos abonda (de algo para alguén)*, 'abonda, é suficiente'].
выше головы (чего-л. где-л./у кого-л.) / Ø [*por enriba da cabeza (de algo en algures/alguén ten)*, 'ter demasiado (traballo, preocupacións etc.)'].
как грязи (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) *inform. xerga* [*coma a lama (dunha persoa/cousa en algures/alguén ten)*, 'en gran cantidade, moito'].
[...]
кишмя кишит (что-л. где-л.) / (что-л. кем-л./чем-л.) [*formigue o formigo (algo en algures) / (algo por algo/alguén)*, 'haber en gran cantidade'].
конца не видно (чему-л.) *neutr.* [*non se lle ve o final (a algo)*, 'haber en gran cantidade'].

[283] Neste caso e posteriormente, non se presenta o conxunto de taxons na súa totalidade.

POUCO, *A MINORÍA*, *INSUFICIENTE*; *POUCO*

не бог весть сколько (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) / Ø *coloq-pop.* [*non Deus sabe canto(s) (de persoas/de cousas en algures/alguén ten)*, 'cantidade pequena de algo'].
с бору/бора по сосенке [собирать (кого-л./что-л.)] [*de cada bosque un piñeiriño (recoller alguén/algo)*, 'cantidade moi pequena de algo'].
всего-навсего (что-л. у кого-л.) / Ø *neutr.* [*de todo-a de todo (algo alguén ten)*, 'só, unicamente'].
не густо (с кем-л./чем-л. где-л./у кого-л.) / Ø [*non espeso (con alguén/con algo en algures/alguén ten)*, 'non hai moito de algo, pouca cantidade'].
на один зуб (что-л. кому-л./для кого-л.) / (что-л./чего-л. кому-л.) [*para un dente (algo a alguén/para alguén) / (algo/de algo para alguén)*, 'cantidade ínfima de algo, que apenas dá para satisfacer unha necesidade'].
капля в море [*unha pinga no mar*, 'cantidade ínfima de algo'].
кот наплакал (чего-л. где-л./у кого-л.) [*o gato chorou (de algo en algures/alguén ten)*, 'cantidade moi pequena de algo'].
можно сосчитать/пересчитать/перечесть... по пальцам [одной руки] (кого-л./что-л.) [*pódense contar cos dedos (dunha man) (de persoas/de cousas)*, 'a cantidade dos elementos é moi pequena'].
пара-тройка (кого-л./чего-л. где-л./у кого-л.) / Ø [*un par ou tres (de persoas/de cousas en algures/alguén ten)*, 'pequena cantidade de algo'].
ровным счётом *neutr.* [*coa conta igual*, 'exactamente'].
малая толика [*pequena cantidade*, 'pouco'].
на учёте (что-л. у кого-л.) *neutr.* [*na conta (algo alguén ten)*, 'moi pouco'].

Resulta interesante sinalar que a particularidade común dos significados de 'moito' e 'pouco' é a que explica a simultaneidade das oposicións 'moito vs. pouco' e 'suficiente vs. insuficiente'. Neste sentido, son polisémicos mesmo no léxico común. Os adverbios «moito» e «pouco» significan tanto 'moito' e 'pouco' en xeral (fóra dunha actividade concreta cunha finalidade específica) coma 'suficiente' e 'insuficiente' para acadar un obxectivo. Compárese, por exemplo, unha UF coma *за глаза хватит (чего-л. кому-л.)* [*para os ollos abonda (de algo para alguén)*, 'abonda, é suficiente'], onde se indica de maneira concreta a idea de suficiencia: *Необходимости закупать амфетамины у заграничных производителей у нас давно уже нет. Того, что делают в Питере,* ***за глаза хватает*** *и Питеру, и Москве* [*Hai xa tempo que non é preciso mercarlles anfetaminas a produtores estranxeiros. O que fan en San Petersburgo* ***abonda para os ollos*** *para San Petersburgo e para Moscova*] (Corpus xorn.); *– Я могу вообще не спать. Мне и двух часов* ***за глаза хватит****, чтобы отдохнуть* [*Eu son quen de non durmir nada. A min, mesmo dúas horas* ***abondan ós ollos*** *para descansar*] (Corpus pros. rus.).

Pasemos á oposición (4): 'cantidade determinada vs. cantidade indeterminada'. O modo de indica-la cantidade na idiomática, en xeral, non implica a determinación. Dende un punto de vista fraseolóxico, unha cantidade determinada é secundaria con respecto a unha idea de indeterminación. A semántica da indeterminación abrangue varias decenas de UUFF que se distribúen na raíz do taxon 4.1.1. CANTIDADE INDETERMINADA e dos subtaxons 4.1.1.1. MOITO, A MAIOR PARTE;

SUFICIENTE, DEMASIADO; 4.1.1.1.1. AUMENTO, CRECEMENTO; 4.1.1.2. POUCO, A MINORÍA, INSUFICIENCIA, DEMASIADO POUCO; 4.1.1.2.1. DIMINUCIÓN. Véx. tamén o gráfico 1.

A oposición (5) 'no campo de acción entra todo o conxunto vs. entra unha parte do conxunto' refírese á distribución do parámetro da cantidade por todo ou por unha parte do conxunto descrito pola UF. Esta oposición é relevante só para o taxon DESCRICIÓN DOS ELEMENTOS DUN CONXUNTO, aínda que non para o de DESCRICIÓN DE TODO O CONXUNTO. No taxon DESCRICIÓN DOS ELEMENTOS DUN CONXUNTO, fundamentado na oposición (5), distínguense os taxons TOTALMENTE e PARCIALMENTE, EN PARTE:

TOTALMENTE

с головы до ног; с ног до головы [*da cabeza ós pés; dos pés á cabeza*, 'completamente, abranguendo todo o corpo'].
до копейки [*ata o kopéek*[284], '(gastar ou recibir) unha cantidade de cartos íntegra, unha suma por completo'].
от корки до корки [*de cortiza a cortiza*, '(ler, estudar, saber) completamente, totalmente'].
от и до [*dende e ata*, 'completamente, totalmente'].
с потрохами *inform.*; со всеми потрохами *inform.* [*cos despoxos; con tódolos despoxos*, 'completamente, con todo'].
от сих до сих *antic.* [*de estes a estes*, 'de maneira limitada, de aquí a aquí'].
на все сто; на [все] сто процентов *neutr.* [*a todo o cen; a (todo) o cen por cen*, '(estar de acordo, apoiar etc.) completamente'].
целиком и полностью *neutr.* [*completamente e totalmente*, 'totalmente'].

PARCIALMENTE, EN PARTE

слушать вполуха [*escoitar a medio oído/media orella*, 'percibir acusticamente de maneira pouco precisa, oír a medias'].
увидеть... краем глаза [*ver... co bordo do ollo*, 'ver de pasada, percibir visualmente de maneira pouco precisa'].
услышать... краем уха [*oír... co bordo da orella*, 'oír de pasada, percibir acusticamente de maneira pouco precisa'].
постольку-поскольку *neutr.* [*por tanto-por canto*, 'ata certo punto, nunha medida limitada'].
не до смерти [*non ata a morte*, 'parcialmente, ata certo punto'].

Un dos significados deste parámetro, precisamente o de 'abranguer totalmente o conxunto', é esencial para a organización dos taxons TODOS/AS, TODO e de NINGUÉN, NADA, DE NINGÚN XEITO. O significado 'negación', presente no parámetro (6), é importante para a organización de toda unha serie de taxons, tales coma NINGUÉN, NADA, DE NINGÚN XEITO e CANTIDADE

[284] N. do t.: Véxase a nota 181.

INDETERMINADA. Cun campo de acción diferente en certa medida, a negación está presente nos taxons MOITO vs. POUCO; AUMENTO vs. DIMINUCIÓN.

Introduciremos a continuación o concepto de produtividade dun taxon:

> Por **produtividade** dun taxon enténdese a cantidade de UUFF que está presente nel.

A produtividade de taxons diferentes é un factor importante para valora-la importancia das oposicións semánticas que acabamos de explicar. Aquí é posible utilizar dúas estratexias. No primeiro caso, a cantidade de UUFF de cada taxon considérase coma a suma de tódalas UUFF que se inclúen tanto nos seus subtaxons coma na raíz. Así, no caso do taxon TODOS/AS, TODO, ó facérmo-lo cálculo da produtividade, teremos que considerar non só UUFF coma *от А до Я* [*da letra a á letra ia*, 'completamente, de principio a fin'], senón tamén UUFF coma *шерочка с машерочкой* [*xérochka s maxérochka*[285], 'dúas mulleres que se levan moi ben, amigas inseparables'], que forman parte do taxon EN CONXUNTO. Resulta obvio que o significado 'todos/as' tamén está presente nas UUFF do subtaxon EN CONXUNTO, incluído na expresión *шерочка с машерочкой* [*xérochka s maxérochka*], aínda que dende un punto de vista comunicativo é menos importante có significado 'en conxunto' propiamente dito. Para calcula-la produtividade é mellor empregar outra estratexia: calcula-la cantidade de UUFF que hai en cada taxon sen considera-los taxons de rango inferior que contén. A táboa 1 e o gráfico 1 reflicten os resultados da valoración da produtividade dos subtaxons que comprende o taxon CANTIDADE. No cálculo consideráronse tanto as UUFF que están situadas na parte central dos subtaxons coma as que están na periferia.

Táboa 1. Distribución cuantitativa das UUFF en taxons

1.	9
1.1.	5
1.1.1.	98
1.1.1.1.	8
1.1.2.	35
1.1.2.1.	1
1.2.	5
2.	0
2.1.	21
2.1.1.	19
2.2.	30
2.3.	3
2.4.	5
2.5.	18
2.6.	5

[285] N. do t.: Véxase a nota 6.

Gráfico 1. Distribución cuantitativa das UUFF nos taxons

Na táboa 1 e no gráfico 1 obsérvase que é ó taxon MOITO ó que lle corresponde a maior cantidade de UUFF. Segundo a cantidade de UUFF, o seguinte taxon é o de POUCO e, deste xeito, dedúcese que a oposición máis importante para a idiomática é a de 'moito-pouco'. Ademais disto, o significado de 'moito' é substancialmente máis produtivo có de 'pouco': o número de UUFF co compoñente significativo de 'moito' é case tres veces maior có das que presentan o compoñente 'pouco'. Agora ben, non por isto se debe saca-la conclusión de que para a idiomática o significado positivo do parámetro cuantitativo sexa máis importante có negativo. Noutros subtaxons do campo que estamos a estudar pode predomina-lo significado de cantidade pequena ou o de ausencia dos elementos dun conxunto. Así, o taxon coa semántica 'ninguén, nada, de ningún xeito' inclúe 30 UUFF, o que supón unha diferenza insignificante con respecto ó taxon POUCO (35 UUFF). Se analizámo-la idea da asimetría da idiomática, a valoración negativa é o parámetro esencial: en xeral, a idiomática expresa máis a miúdo significados relacionados cunha valoración negativa. Isto non significa que a preponderancia das UUFF co significado de 'moito' no material obxecto de estudo contradiga esta tendencia xeral da idiomática: unha parte considerable das UUFF do taxon MOITO está relacionada precisamente con valoracións negativas, comp. *лошадиная доза* [*dose de cabalo*, 'dose moi grande, xeralmente dunha menciña'], *мало не покажется* [*non parecerá pouco*, 'as dimensións/repercusións de algo son considerables, non se deben infravalorar'], *плюнуть некуда* [*non hai onde cuspir*, 'un lugar está moi cheo de xente, hai pouco espazo'], *как сельди в бочке* [*coma arenques nunha lata*, 'un lugar está moi cheo de xente, hai pouco espazo'], *как собак нерезаных* [*coma cans sen castrar*, 'en gran cantidade'], *яблоку негде упасть* [*a mazá non ten onde caer*, 'un lugar está moi cheo de xente, hai pouco espazo'] .

Á hora de valora-la importancia dun taxon dentro do Tesouro pode ser importante o concepto de **centralidade**. Este concepto foi utilizado con anterioridade nas investigacións de grafos semánticos, mesmo no campo do mapeo cognitivo (véx. ó respecto Херадствейт, Нарвесен 1987). Como é sabido, un grafo é un obxecto formal que está composto por nós e polas relacións que unen estes nós (arcos), ás veces frechas. Cantos máis arcos (frechas) entren e saian dun nó, máis central será este. No mapeo cognitivo, coma método de análise do plano do contido dun texto político, a centralidade dun nó indicaría a importancia que ten nesa situación política[286] o acontecemento político designado por ese nó.

Dado que a representación en árbore utilizada no Tesouro supón unha variante do grafo, o parámetro de centralidade tamén pode ser aplicado nos taxons. Neste caso, a modo de nós figuran os propios taxons e a modo de arcos (relacións), as remisións paradigmáticas ós outros taxons do Tesouro. Resulta interesante opoñe-la produtividade dos taxons á centralidade destes.

> Por **centralidade dun taxon** da árbore do Tesouro enténdese a cantidade de remisións paradigmáticas entrantes e saíntes que van dun taxon concreto ós outros e destes taxons ó taxon en cuestión.

Calcularémo-la centralidade de cada taxon coa a mesma estratexia que foi empregada para determina-la produtividade. Véx. a táboa 2 e mailo gráfico 2.

Táboa 2. Descrición da centralidade dos taxons

1.	1[287]
1.1.	0
1.1.1.	7[288]
1.1.1.1.	0
1.1.2.	6[289]
1.1.2.1.	1
1.2.	0
2.	0
2.1.	2
2.1.1.	1
2.2.	1
2.3.	0
2.4.	2
2.5.	0
2.6.	0

[286] Ademais da categoría de centralidade, para estudar un dicionario tesouro representativo tamén resulta esencial o problema da interrelación das sub-árbores dun grafo común. Por outra parte, no caso que estamos a estudar non é posible valorar dun xeito adecuado a coherencia dos taxons debido ó método elixido para indica-las remisións paradigmáticas, xa que nestas non se indican tódalas relacións semánticas existentes entre as UUFF, senón só unhas poucas.
[287] Unha remisión entrante.
[288] Inclúe unha remisión entrante.
[289] Inclúe unha remisión entrante.

Gráfico 2. Descrición da centralidade dos taxons

Na táboa 2 e no gráfico 2 pódese comprobar que a valoración da centralidade ten outra dimensión. En realidade, se a produtividade acada case un valor de 100, a centralidade non supera un valor de 6. Isto relaciónase coa estratexia adoptada no Tesouro de engadi-las remisións paradigmáticas. Así, aquí pódese considerar fiable toda cantidade de remisións superior a 2. A existencia dunha ou de dúas remisións pódese considerar ruído informativo. Deste xeito, os taxons centrais resultan se-los seguintes:

1.1.1. MOITO, A MAIOR PARTE; SUFICIENTE, DEMASIADO

➔ MOITO TEMPO... ➔ RIQUEZA... ➔ MOITA COMIDA... ➔ MOITOS RECURSOS... ➔ MOITO TRABALLO ➔ PRETO, A CARÓN DE; POUCO ESPAZO

1.1.2. POUCO, A MINORÍA; INSUFICIENTE, DEMASIADO POUCO

➔ POUCO TEMPO... ➔ POBREZA... ➔ COMIDA INSUFICIENTE... ➔ POUCOS RECURSOS... ➔ POUCO TRABALLO

É obvio que os taxons centrais tamén son os máis produtivos. Así, estes dous parámetros resultan estar interrelacionados: tanto a produtividade dun taxon (a cantidade de UUFF que contén) coma a súa centralidade (a cantidade de relacións paradigmáticas con outros taxons) indican a importancia dese significado ou desa combinación de significados para o sistema da idiomática. A produtividade dun taxon exprésase por medio da minuciosidade da descrición das diferentes situacións dunha determinada tendencia temática por parte de moitas UUFF distintas. A centralidade dun

taxon transmítese mediante relacións semánticas con outros taxons. Noutras palabras, a produtividade e a centralidade reflicten dende aspectos diferentes a importancia do taxon para o sistema fraseolóxico dunha lingua.

***

Un dicionario representativo consiste, por dicilo dalgunha maneira, en datos lingüísticos «de segunda orde». Ata hai pouco tempo como obxecto específico de investigación atopábase na periferia das investigacións lingüísticas, o que non é de sorprender, pois a recollida e a organización destes datos por si mesmas supoñen unha tarefa laboriosa. Con todo, unha vez recollido e organizado, este material resulta accesible para os máis diversos experimentos de investigación.

O Tesouro da idiomática é un obxecto formal e, coma tal, permite a realización de procedementos de análise formalizados. Por iso mesmo, os datos lingüísticos «de segunda clase» favorecen a obxectivización do coñecemento humanístico, un vello problema, pero non por iso menos actual.

7.4. O «comezo» e o «final» na idiomática rusa

A globalidade evidente dos conceptos de COMEZO e de FINAL é a responsable de crea-las expectativas acerca de formular interesantes reinterpretacións destas categorías no corpo das UUFF. Trátase da elección dun método para indicar estes conceptos, que está fixado na forma interna dos fraseoloxismos. Para expresar estas categorías, a lingua emprega na estrutura das UUFF estruturas conceptuais máis concretas: os dominios fonte (de operarmos coa terminoloxía da teoría cognitiva da metáfora), que permiten reinterpreta-lo abstracto en termos máis concretos.

Conforme ós coñecidos posicionamentos da teoría do localismo, que exerceu unha influencia crucial na teoría da metáfora, poderíase presupoñer que a reinterpretación dos conceptos espaciais de COMEZO e de FINAL é predominante noutras categorías e, de feito, esta suposición está xustificada parcialmente. A interpretación espacial non é máis ca unha das moitas interpretacións posibles. Non obstante, a propia tipoloxía dos métodos de interpretación dos conceptos analizados, por si mesma, non é trivial de todo e é practicamente impredicible.

No caso clásico de modelación cognitiva, a investigación de calquera categoría conceptual empeza coa formación dunha estrutura de coñecementos de tipo *frame* ou *scenario*. Neste caso, este método de análise é dificilmente aplicable de maneira directa, xa que resulta complexo concibi-lo conxunto de *slots* dun *frame* (ou das etapas dun *scenario*) dun COMEZO ou dun FINAL en xeral. A idiomática, dende este punto de vista, é aquela área do sistema léxico na que se poden atopar moitos modos diferentes de concretización lingüística destes conceptos tan abstractos, pois cada UUFF que posúe unha forma interna viva crea o seu modo particular de interpretación lingüística das categorías estudadas.

A análise conceptual dos conceptos de COMEZO e de FINAL presupón tres direccións fundamentais nas investigacións. En primeiro lugar, o estudo dos tipos de modelos metafóricos presentes nas UUFF que designan un COMEZO e un FINAL. Na

teoría cognitiva da metáfora (véx. os coñecidos traballos de G. Lakoff e os seus colegas Лакофф, Джонсон 2004; Lakoff, Johnson 1980, 1999; Lakoff 1987) pódense atopa-las ideas fundamentais dunha análise deste tipo. Como resultado desta análise, é posible tirar conclusións sobre os métodos dunha concepción inxenua desas categorías. Por «inxenuo» aquí enténdese algo utilizable realmente por unha persoa no proceso de pensamento[290]. Tal análise pódese denominar dirección «meta → fonte». Adiantándonos un pouco, sinalaremos que, malia que se conseguiu clasificar algúns métodos produtivos de reinterpretación, moitas reinterpretacións metafóricas resultaron ser únicas, é dicir, vinculadas a UUFF únicas e, polo tanto, improdutivas. Nun nivel de abstracción bastante elevado, as interpretacións que son en principio únicas pódense reducir a varios tipos.

A segunda dirección é, en certo modo, oposta á primeira. Consiste na investigación de como as palabras «comezo» e «final» (e consecuentemente os conceptos relacionados con elas) son utilizadas na estrutura das UUFF para a categorización de fondo das entidades máis diversas. Noutras palabras, existen algúns campos conceptuais para cuxa denominación se utilicen dun xeito estándar os conceptos de COMEZO e de FINAL da maneira que estean presentes nas palabras «comezo» e «final»? De se atoparen tales campos conceptuais, poderían aportar unha información complementaria sobre como son explotados estes conceptos pola conciencia inxenua. É evidente que as restricións do material con UUFF que conteñen as palabras «comezo» e «final» supoñen un certo estreitamento da tarefa xeral de investiga-los conceptos de COMEZO e de FINAL. Tal estreitamento neste caso resulta xustificado, xa que a resolución desta tarefa require unha descrición a fondo da semántica de tódalas UUFF, o que nesta etapa é imposible. Convencionalmente, esta dirección de análise pódese denominar investigación «fonte → meta».

A terceira dirección pódese denominar «sintagmática conceptual» e permite dar unha resposta á pregunta de con qué semas do significado real adoitan combinarse as ideas de COMEZO e de FINAL. Por exemplo, a idea de FINAL combínase con bastante frecuencia cos significados de 'éxito', 'fracaso' e 'morte'. Debido á limitación do seu volume, non imos tratar esta orientación.

A continuación, especificaremos de maneira preliminar o material de investigación. No traballo analizáronse, por unha banda, as UUFF nas que as palabras «comezo» e «final» se empregan ben cun significado espacial (*палка о двух* ***концах*** [*pau con dous* ***finais***, 'situación ou cousa que presenta vantaxes e desvantaxes'], *свет в* ***конце*** *тоннеля* [*luz ó* ***final*** *do túnel*, 'esperanza que se albisca nunha situación de desesperación']), ben cun significado temporal (***конец*** *света* [***fin*** *do mundo*]); e, por outra banda, UUFF en cuxo significado real está presente a idea de COMEZO ou de FINAL. Así, do estudo excluíronse as UUFF nas que non se metaforiza o COMEZO nin o FINAL, senón outros compoñentes. Por exemplo, na UF *начать за/во здравие, а кончить за упокой* [*empezar por/na saúde pero rematar polo descanso eterno*, 'situación na que o comezo foi moi bo e prometedor pero rematouse mal, o desenlace

[290] É obvio que esta perspectiva unicamente ten sentido no caso de partir do presuposto de que a forma interna inflúe no modo que ten o ser humano de categoriza-la realidade.

foi negativo'], os verbos *начать* [*empezar*] e *кончить* [*rematar*] cos seus significados literais expresan os conceptos de COMEZO e de FINAL, mentres que a parte propiamente metafórica da UF, representada polos compoñentes *за/во здравие* [*por/na saúde*] e *за упокой* [*polo descanso eterno*], manifesta os significados de 'ben' e 'mal'. Ademais, tampouco se consideraron as expresións nas que a idiomaticidade non se consegue por medio da reinterpretación, senón por medio da opacidade (*vide supra*); por exemplo, *лиха беда начало* [*o comezo é unha ruín miseria*, 'o máis difícil dunha empresa son os comezos'].

Outra particularidade do material empregado consiste en que non se trata dun compendio casual de UUFF extraídas dun conxunto calquera de fraseoloxismos, senón dunha descrición practicamente completa da idiomática rusa en formato de tesouro. O *Dicionario-tesouro da idiomática rusa* inclúe máis de 8500 UUFF con contextos de uso. Noutras palabras, neste caso foron analizadas tódalas UUFF do ruso actual nas que os significados de 'comezo' e 'final' son centrais. Trátase principalmente de UUFF pertencentes ó taxon COMEZO-FINAL (incluíronse aquelas nas que o comezo e o final fan referencia principalmente a procesos e a accións) e ó taxon COMEZO, MEDIO, FINAL DUN INTERVALO TEMPORAL[291]. Tamén se analizaron algúns exemplos de UUFF doutros taxons nos que os conceptos estudados ocupan unha posición central. Loxicamente, para a segunda dirección («fonte → meta») tamén se empregaron UUFF doutros campos semánticos.

Comecemos coa primeira das direccións citadas.

7.4.1. DIRECCIÓN «META → FONTE»

A análise mostra que na metaforización de COMEZO ou de FINAL presente nas UUFF hai varios modelos metafóricos comúns. Trátase, sobre todo, da idea de ESPAZO e da idea de MOVEMENTO (relacionada coa de ESPAZO). Así, o concepto de COMEZO na forma interna das UUFF enténdese a nivel espacial e dinámico (é dicir, coma MOVEMENTO) *[плясать/танцевать] от печки* [*(bailar) dende a estufa*, 'comezar dende o comezo de todo, dende o básico'], *[и] пошло-поехало* [*(e) foi-partiu*, 'un proceso deu comezo, arrincou'], *полный вперед* [*totalmente cara adiante*, 'interxección para incitar a poñerse en marcha inmediatamente'], *лед тронулся [, господа присяжные заседатели]* [*o xeo rompeu (, señores do xurado)*, 'accións que hai tempo que se esperan xa se puxeron en marcha'], *[и] понеслось говно по трубам* [*(e) empezou a corre-la merda polos canos*, 'dan comezo, empezan a desencadearse acontecementos negativos']. Comp. [...] *впервые бюджет* ***танцует от печки*** *– от фактически собираемых доходов* [(...) *por primeira vez o orzamento* ***baila dende a estufa****, dende os ingresos recollidos realmente*] (*Segodnia*, Сегодня); *Достаточно разок-другой взяться за дубинку –* ***и пошло-поехало****. Тогда обществу потребуется еще двадцать лет, чтобы возобновить прерванное движение к свободе* [*Abonda con coller un garrote unha vez ou outra e* ***xa foi-partiu****. E entón á sociedade faranlle falla vinte anos máis para renova-lo movemento interrompido cara á liberdade*] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета); *– Иди делай макияж, и*

[291] Resulta evidente que aquí non se analizan as UUFF que designan o punto medio dun intervalo temporal.

будем обедать. Потом туфли тебе подберем, и ***полный вперед*** [*Vaite maquillar e imos xantar. Despois habemos de elixirche os zapatos, e* ***totalmente cara adiante***] (*Ogonek*, Огонек); *То ли парламентарии берегли себя для схватки за поправки к закону о разделе продукции, то ли из-за жары силы покинули оппозиционеров, но против Бюджетного кодекса не высказался ни один депутат. Итак,* ***лед тронулся****: Бюджетный кодекс прошел первое чтение* [*Ou ben os parlamentarios se reservaron para a contenda polas emendas á lei do reparto da produción ou ben, por mor da calor, as forzas abandonaron os opositores, pero contra o Código do orzamento non se pronunciou nin un só deputado. Así,* ***rompeuse o xeo****: A lei sobre os orzamentos pasou pola súa primeira lectura*] (*Izvestia*, Известя); *Энергично и высокохудожественно, не без приблатненного надрыва Парфенов пишет Киселеву, заложив основу для литературно-художественного турнира. Дальше – по части художеств – понеслось говно* ***по трубам*** [*Enérxica e moi artisticamente, pero non sen certo arranque case criminal, Parfénov escríbelle a Kiselev, poñendo a base para o torneo artístico-literario. Despois —no aspecto artístico—* ***empezou a corre-la merda polos canos***] (Xornalismo de internet). Na UF *выйти на финишную прямую* [*saír á recta final*, 'chegar á última fase dun proceso'] pódese apreciar unha codificación espacial-dinámica de FINAL: *Подписная кампания на периодические издания в большинстве регионов* ***вышла на финишную прямую*** [*A campaña de sinaturas para edicións periódicas na maioría das rexións* ***saíu á recta final*** *(chegou á súa recta final)*] (*Izvestia*, Известя).

A metáfora da GUERRA (en sentido amplo) tamén é un dos modelos metafóricos comúns que serve tanto para COMEZO coma para FINAL, comp. as UUFF *боевое крещение* [*bautismo de combate*, 'primeira participación de alguén nunha batalla'], *вступить в строй* [*entrar en formación*, 'entrar en funcionamento'], *ввести в строй (что-л.)* [*introducir na formación*, 'poñer/facer operativo'], nas que se expresa a idea de COMEZO, e por outra parte a UF *[сидеть/ждать...] до победного* [*(estar sentado/agardar...) ata o vitorioso*, 'agardar ata o momento de éxito final'], na que está presente a idea de FINAL. A UF *боевое крещение* [*bautismo de combate*] é interesante polo feito de que contén dous planos na súa forma interna: a primeira interpretación metafórica está ligada á idea de combate, mentres que a segunda está vinculada a un ritual eclesiástico. Tamén é común a metáfora de COMUNICACIÓN, máis exactamente de ENTRAR EN COMUNICACIÓN e SAÍR DA COMUNICACIÓN, comp.: *снова(-)здорово!* [*de novo, bo!*, 'algo, xeralmente negativo, vólvese repetir'], que segundo o significado real é comezo repetido, mentres que a forma interna indica restablecemento da comunicación por medio do saúdo; *и привет* [*e ola!*, 'fórmula para rematar unha situación'] e *и до свидания* [*e adeus!*, 'fórmula para rematar unha situación'], en contextos coma *Отработал свое –* ***и привет/и до свидания*** [*Fixéche-lo teu traballo,* ***e ola/e adeus****!*] ou *Раньше, по словам Н. Белого, бродяги задерживались здесь недолго. Отоспится, отъестся -* ***и до свидания****. Теперь же картина изменилась: от добра добра не ищут* [*Antes, segundo as palabras de N. Beli, os vagabundos non quedaban moito tempo por aquí. Ha de durmir, comer,* ***e adeus****! Pero agora a situación cambiou: cando che dan algo bo non hai que esixir*] (*Izvestia*,�вестя).

Outro modelo metafórico común: a metáfora de CONTAR pódese identificar nas UUFF *[начать] с нуля* [*(comezar) dende cero*, 'comezar dende o principio de todo, moitas veces dun xeito rudimentario'], *перво-наперво* [*primeiro-ó primeiro*, 'en primeiro lugar, antes que nada'] e *(чьи-л.) дни сочтены* [*os días (de alguén) están contados*, 'a fin de algo/de alguén está próxima']. En UUFF coma *[еще] на заре (чего-л.)* [*(xa) na alborada (de algo)*, 'ó comezo mesmo'] e *на закате (чего-л.)* [*no solpor (de algo)*, 'ó final'] está fixada a metáfora A DURACIÓN DUN DÍA. Comp. *Как-то* ***на заре*** *перестройки устроили советским рокерам тур по Греции* [...] [*Dalgún xeito* ***na alborada*** *da Perestroika organizáronlles a roqueiros soviéticos unha xira por Grecia*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец); *Как сообщил «Фокус»,* ***на закате*** *эпохи холодной войны шесть теперь уже бывших сотрудников Национальной службы безопасности (НБА) США, работавших в Западном Берлине, продали КГБ секретные коды телефонной связи, которой пользовались германская разведка, а также лидеры стран НАТО* [*Como informou Fokus,* ***no solpor*** *da época da guerra fría, seis colaboradores do Servizo Nacional de Seguridade dos EUA naquel momento, que traballaban en Berlín Occidental, vendéronlle ó KGB os códigos secretos dunha conexión telefónica que utilizaban os servizos secretos alemáns, así coma tamén líderes de países da OTAN*] (*Segodnia*, Сегодня).

No grupo de modelos comúns tamén se pode clasifica-la metáfora GASTRONÓMICA. Comp. *первый блин комом* [*a primeira filloa sae feita una bóla*, 'non se pode esperar que o primeiro intento de facer algo sexa un éxito']; *на десерт* [*de sobremesa*, 'para rematar, coma colofón']; *на закуску* [*de aperitivo*, 'para comezar']; *остатки сладки* [*os restos son doces*, 'o mellor vén ó final']; *по усам текло, а в рот не попало* [*escorregou polos bigotes pero na boca non entrou nada*, 'quedar moi preto de acadar algo que se desexaba']. Se no caso das catro primeiras UUFF a motivación está clara, no caso da última, en cambio, malia a total transparencia da forma interna, a relación do significado real coa metáfora GASTRONÓMICA non é evidente. Para aclara-la motivación o recomendable é recorrer a un plano máis de reinterpretación: o modelo metafórico do NARRATIVO, pois sábese que os contos de fadas rusos a miúdo remataban con esta fórmula.

Para a interpretación metafórica tanto de COMEZO coma, especialmente, de FINAL, é usual a metáfora da ESCRITURA. O concepto de COMEZO está representado dentro desta metáfora pola UF *проба пера* [*a proba da pluma*, 'primeiro intento de alguén de escribir unha obra literaria']: *Удачной оказалась режиссерская* ***проба пера*** *известного британского актера Гэри Олдмана – фильм «Не для внутреннего потребления». Он показывает лондонское пролетарское дно с его насилием, пьянством, наркотиками и прочими свинцовыми мерзостями* [*Resultou exitosa a* ***proba da pluma*** *como director do actor británico Gary Oldman: a película, que non era para consumo interno, mostra o fondo proletario londiniense coa súa violencia, o seu alcoholismo, as drogas e demais plúmbeas ignominias*] (Vídeo-Lótsman). De difícil interpretación, pero claramente próxima á metáfora da ESCRITURA, é a fórmula discursiva *[и] пошла писать губерния* [*(e) foi escribi-la provincia*, 'algo comezou, despois iniciouse a acción e os acontecementos precipitáronse rapidamente'].

Cando se utiliza este modelo metafórico para o concepto de FINAL, o modo de indica--lo significado real consiste na fixación do final dunha frase ou dun texto na forma interna mediante un signo de puntuación ou tipográfico, por exemplo: *поставить [последнюю] точку (в чем-л.)* [*poñe-lo punto (final) (en algo)*, 'poñer fin a algo'], *подвести черту (под чем-л.)* [*pasar un trazo (por debaixo de algo)*, 'poñer final a algo, terminalo']. Comp. *Сценарий Сорокина и Зельдовича «Москва» – признание в любви к жирной и самодовольной Москве –* ***поставил точку*** *в эволюции самого автора* [*O argumento «Moscova» de Sorokin e Zeldovich —unha declaración de amor á graxenta e fachendosa Moscova—* ***puxo punto*** *á evolución dos mesmos autores*] (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета); *Конец холодной войны* ***подвел черту*** *под представлениями о сферах влияния, оставшимися от эпохи колониальных империй* [*A fin da guerra fría* ***pasou un trazo*** *por debaixo das ideas que quedaran dos imperios coloniais acerca dos ámbitos de influencia*] (*Itogui*, Итоги). Dado que un texto escrito require a disposición lineal de signos no espazo, é obvio que neste caso se pode ve-la relación coa metáfora ESPAZO. Con todo, dende un punto de vista puramente lingüístico, isto carece de interese.

A UF *поставить/расставить все точки над i* [*poñer/dispoñer tódolos puntos sobre os 'is'*, 'deixar todo ben claro para que non haxa ambigüidades'], semellante á anterior na forma interna, baséase en destaca-la idea de que un texto queda definitivamente rematado. No significado real o que está fixado non é tanto o concepto de FINAL coma o de CLARIDADE, OBTENCIÓN DE COÑECEMENTO. Non obstante, no significado real tamén está presente o sema de 'final'. Comp.: *Иствуд не был бы Иствудом, если б позволил себе провести на весьма избитой сценарной мякине. Он с элегантностью, шармом и артистизмом обходит все рогатки, а также препоны,* ***расставляет все точки над i****, и порок и добродетель в который раз на полагающихся им местах* [*Eastwood non sería Eastwood se se deixase enganar con algo de tan pouca calidade escénica e tan visto. Con elegancia, encanto e arte supera tódolos obstáculos, así coma os impedimentos,* ***pon tódolos puntos sobre os 'is'*** *e volve poñe-lo vicio e a virtude nos lugares que lles corresponden*] (*Segodnia*, Сегодня).

Tamén é posible a explotación da idea de risca-lo escrito: *поставить крест (на чем-л./ком-л.)* [*poñer unha cruz (sobre algo/alguén)*, 'despois de quedar decepcionado con algo/alguén, renunciar definitivamente a el, desistir'], aínda que o que ocupa a posición central na semántica desta UF é a idea de FRACASO. A UF *[и] весь сказ* [*(e) todo o conto*, 'todo foi dito, non hai nada máis que dicir'] está próxima á metáfora da ESCRITURA e na súa forma interna explicítase a idea de FINAL DUNHA NARRACIÓN/DUN DISCURSO.

Así, malia a especificidade e a irrepetibilidade da base figurativa de cada UF, tanto a clara interrelación conceptual de COMEZO e de FINAL, coma o feito de que pertenzan ó mesmo espazo conceptual, permiten interpretalos metaforicamente dentro dun único dominio fonte. Isto pódese explicar, por unha banda, porque os dominios fonte se desenvolven no tempo e, polo tanto, teñen un comezo e un final ou, pola outra, porque se comparan con puntos no espazo que se interpretan coma o comezo ou o final dun movemento.

Volvamos agora a aquelas UUFF en cuxa forma interna están presentes metáforas específicas do COMEZO ou do FINAL.

Algunhas metáforas do COMEZO están relacionadas coa idea de AUSENCIA. A nivel de contido, isto interprétase como que algo acaba xurdindo como resultado de varios procesos ou dunha actividade cunha finalidade concreta realizada polo ser humano. Neste caso, a fonte escollida é tamén bastante abstracta, por exemplo, o concepto dunha metáfora de CONSTRUCIÓN: *на пустом/ровном месте* [*sobre un lugar baleiro/chan*, 'empezar da nada, sen nada sobre o que construír'], a forma interna desta UF nun nivel máis alto de abstracción relaciónase coa idea de ESPAZO e, neste sentido, pódese considerar que esta expresión está incluída dentro do modelo metafórico espacial-dinámico, común para COMEZO e FINAL. Resulta obvio que os verbos apoian semanticamente esa lectura, o que é inevitable ó utilizar un dominio fonte tan abstracto. Comp. *В молодости все проходит легче, много еще впереди, возможно, хорошего. А у нас? Начинать* ***на пустом месте****, когда уже под сорок, очень тяжело. Ни площади, ни прописки, ни прав, ни денег, ни работы... ни прежних сил* [*Na xuventude todo pasa máis facilmente, aínda quedan moitas cousas por diante, pode ser que moito bo. Pero nós? Comezar* ***sobre un lugar baleiro*** *cando un xa se achega ós corenta é moi difícil. Non hai nin a praza, nin o rexistro, nin os dereitos, nin os cartos, nin o traballo... nin as forzas de antes*] (*Ogonek*, Огонек); *Я не имею опыта построить что-то* ***на ровном месте****, с нуля, бизнес складывается постепенно* [*Eu non teño a experiencia necesaria para construír algo* ***sobre un lugar chan****, dende cero; un negocio constrúese gradualmente*] (*Izvestia*, Известя).

A metáfora da CONSTRUCIÓN tamén está presente en UUFF doutros campos semánticos cuxa estrutura de significado contén o sema de 'final': *сравнять с землей (что-л.)* [*aplanar coa terra (algo)*, 'destruír completamente, xeralmente nunha guerra']; *камня на камне не оставить* [*non deixar pedra sobre pedra*, 'destruír completamente, xeralmente nunha guerra']. Agora ben, nestes casos esta metáfora non ocupa unha posición central, xa que aquí a idea dominante é a de DESTRUCIÓN: *В результате снимают они с полки современные издания, к примеру, Батюшкова или Вяземского, заглядывают в комментарии и давай их дополнять, да так, что* ***камня на камне не остается****...* [*Ó final quitan dos andeis as edicións actuais, por exemplo Bátiuxkov ou Viázemskii, botan unha ollada ós comentarios e veña a completalos, de xeito que* ***non queda pedra sobre pedra****...*] (*Nezavísimaia gazeta,* Независимая газета); *Здесь, возле Покровского мужского монастыря, хоронили, говоря новоязом, первых лиц Симбирска. Большевики решили, разумеется, "вбить в прошлое осиновый кол": кладбище* ***сравняли с землей****, сделали асфальтовые дорожки, засадили деревьями и кустарником. Не тронули, конечно, только могилу отца Ульянова-Ленина* [*Aquí, a carón do mosteiro masculino do Manto da Virxe, enterraron, falando na nova lingua, os dirixentes de Simbirsk. Os bolxeviques decidiron, obviamente, «chantarlle unha estaca de álamo ó pasado»: o cemiterio* ***achandárono coa terra****, fixeron camiños de asfalto, plantaron árbores e arbustos. O único que, por suposto, non tocaron foi a tumba do pai de Uliánov-Lenin*] (*Izvestia*,�вестя).

Para expresa-la idea de COMEZO DUN INTERVALO TEMPORAL distínguense as

seguintes metáforas, presentes en varias UUFF: *с колыбели* [*dende o berce*, 'dende moi pequeno']; *с пеленок* [*dende os cueiros*, 'dende moi pequeno']; *с/от младых/молодых ногтей* [*dende as unllas novas*, 'dende pequeno'], con metonimia obxectiva, a cal explota «símbolos da infancia» para designa-lo comezo da vida.

Tamén é específica a metáfora da CHEGADA DA PRIMAVERA, utilizada para expresa-los primeiros indicios de algo novo; comp. *первая ласточка* [*primeira andoriña*, 'primeiro indicio de algo']. Metaforicamente, esta UF ten dous planos: detrás da metáfora da CHEGADA DA PRIMAVERA ocúltase a metonimia da *первая ласточка* [*primeira andoriña*] coma símbolo da chegada da primavera. Dentro desta metáfora conceptual tamén se pode considera-la UF tratada con anterioridade *лед тронулся* [*rompeuse o xeo*, 'accións que hai tempo que se esperan xa se puxeron en marcha']. Trátase dun elemento que pertence ó campo conceptual do ESPAZO e ó do MOVEMENTO e, ó mesmo tempo, esta UF indica un trazo característico da chegada da primavera.

Para os conceptos de COMEZO e de FINAL atopamos varias metáforas únicas que non constitúen un campo conceptual único. Por este motivo, é difícil consideralas modos típicos de interpretación destes conceptos. Así, no caso do concepto de COMEZO, a UF *для затравки* [*para cebo*, 'para comezar'], historicamente atribuíble á metáfora MILITAR pero sincronicamente non recoñecible coma tal, pertence ó grupo das metáforas únicas. Trala fórmula discursiva *давненько не брал я в руки шашек* [*hai tempo que non tomo na man un xogo de damas*, 'hai tempo que unha persoa non facía unha determinada actividade'] atópase a metáfora do XOGO, aínda máis complexa debido ás asociacións condicionadas culturalmente relacionadas co texto-fonte de Gógol.

No caso do concepto de FINAL, as seguintes metáforas pertencen ó grupo das metáforas únicas: a metáfora ANIMAL *лебединая песнь/песня* [*o canto/a canción do cisne*, 'derradeira obra dun artista, xeralmente a culminación da súa carreira']; a metáfora NÁUTICA *суши весла!* [*seca os remos!*, 'acaba de facer algo!, remata!']; a metáfora MUSICAL *(чья-л.) песенка спета* [*a canción (de alguén) xa está cantada*, 'a carreira, éxito, benestar etc. de alguén está a piques de rematar a causa de circunstancias desfavorables']; a metáfora BALEIRADO DUN RECIPIENTE *сливай воду!* [*bota fóra a auga!*, 'acaba xa!, remata!']; a metáfora PROCEDEMENTAL *положить на стол (что-л.)* [*poñer na mesa (algo)*, 'atopa-la solución final para rematar un asunto']; a metáfora TEATRAL *под занавес* [*debaixo do pano*, 'xusto antes do final, xeralmente referido ó feito de deixar unha acción para xusto antes do final']. A UF *подбить бабки* [*golpea-las xogas*, 'facer balance dunha situación'], que se remonta historicamente á metáfora do XOGO, non está motivada sincronicamente. Ó grupo de UUFF detrás das que non hai unha metáfora claramente recoñecible tamén se poden engadi-las expresións *довести до ума (что-л.)* [*levar (algo) á mente*, 'mellorar un proxecto, un traballo etc.'], *гуляй, Вася!* [*e pásao ben, Vasia!*, 'fórmula para rematar algo'], *[и] дело с концом* [*(e) o asunto con final*, 'unha determinada acción poralle fin a algo'].

Malia a súa unicidade externa, a un nivel superior de abstracción atópase unha

importante particularidade común a algunhas das metáforas estudadas. Na base de moitas metáforas está a idea de remate dunha actividade: *подбить бабки* [*golpea-las xogas*]; *суши весла!* [*seca os remos!*]; *(чья-л.) песенка спета* [*a canción (de alguén) xa está cantada*]; *сливай воду!* [*bota fóra a auga!*]; *под занавес* [*debaixo do pano*]; *наводить глянец* [*dar lustre*, 'darlle os últimos retoques a algo para que teña un bo aspecto']; *гуляй, Вася!* [*e pásao ben, Vasia!*]; *окончен бал [, погасли свечи]* [*rematou o baile (, apagáronse as candeas)*, 'algo (xeralmente positivo) chega á súa fin']; *мавр сделал свое дело, мавр может уйти/удалиться* [*o mouro rematou o seu asunto, o mouro pode marchar/afastarse*, 'algo foi rematado, chegou á súa fin'].

7.4.2. DIRECCIÓN «FONTE → META»

A abstracción dos conceptos que estamos a tratar leva a que na metaforización estes se empreguen en variantes máis concretas: coma final dun obxecto (dun pau, dun cordel etc.) ou coma parte dun espazo (extremo, bordo, fronteira etc.). É importante sinalar que esta liña de investigación presupón a desmembrabilidade semántica da UF. De feito, se a UF non é desmembrable semanticamente, é dicir, se os diferentes compoñentes que conforman a UF non se poden contrastar con interpretacións semánticas independentes (partes/compoñentes do significado real), daquela é difícil falar dunha reinterpretación das palabras analizadas.

No concepto de COMEZO no noso material atopáronse dúas UUFF co lexema *начало* [*comezo*]: *под началом (чьим-л./у кого-л.)* [*baixo o comezo (de alguén/onda alguén)*, 'baixo as ordes/supervisión de alguén'] e *начало [всех] начал* [*comezo de tódolos comezos*, 'comezo, principio']. No primeiro caso pódese considerar que *начало* [*comezo*] se interpreta coma algo principal e importante, comp. tamén *начальник* [*xefe*][292]. Dende unha concepción clásica, é difícil falar dunha metáfora neste caso, xa que se están a comparar dúas entidades moi abstractas e coa intuición dos falantes non é posible percibi-la representación metafórica dun campo conceptual no outro. Tamén podemos considerar discutible o caso da expresión *начало [всех] начал* [*comezo de tódolos comezos*]. Neste caso, *начало* [*comezo*] ten o significado de 'base (de algo)' e por iso mesmo lembra ó exemplo que acabamos de analizar. En xeral, pódese dicir que na idiomática non existe ningún dominio meta estable asociado coa palabra *начало* [*comezo*] e co concepto que lle corresponde.

En ruso, coa palabra *конец* [*final/amarras/extremo*] existe toda unha serie de UUFF: *не найти концов* [*non atopa-los finais*, 'ser imposible dar coa razón de algo, coa causa ou culpable de algo']; *прятать концы в воду* [*agacha-los finais na auga*, 'tratar de oculta-las pistas, as probas dunha acción criminal']; *отдать концы* [*solta-las amarras*, 'morrer, *espichala*']; *пропасть с концами (куда-л.)* [*desaparecer cos finais (en algures)*, 'desaparecer sen deixar rastro, completamente']; *концы с концами не сходятся (у кого-л.)* [*(a alguén) non se lle xuntan uns finais con outros*, 'non ter medios económicos dabondo para manterse a si mesmo e a familia dun']; *еле сводить*

[292] N. do t.: As palabras *начало* [/nachalo/] e *начальник* [/nachalnik/], *comezo* e *xefe* respectivamente, comparten a mesma raíz («comezar»), polo que *xefe* se podería interpretar aproximadamente como «comezador».

концы с концами [*atar con dificultade os extremos entre si*, 'dar resolto algo pero con moitas dificultades']; *конца не видно (чему-л.)* [*non se ve o final (a algo)*, 'algo é inconmensurablemente grande']; *нет конца-краю* [*non hai final-extremo*, 'algo é inconmensurablemente grande']; *нет ни конца ни края* [*non hai final nin extremo*, 'algo é inconmensurablemente grande']; *без конца и края* [*sen final e extremo*, 'algo é inconmensurablemente grande']; *во все концы света* [*en tódolos finais do mundo*, 'por todas partes']; *из конца в конец* [*de final a final*, 'cubrindo unha superficie enteira']; *трясти концом* [*treme-la punta*, 'estar espido']; *конец света* [*a fin do mundo*, 'día no que o mundo chegue á súa fin'], coas variacións *наступает конец света* [*chega a fin do mundo*], *край света пришел* [*a fin do mundo chegou*]; *конец концов уже подкрался* [*a fin das fins xa se deu colado*, 'a fin de algo chegou inesperadamente' (eufemismo autorial de Iuz Alexkovskii)]. Ademais, tamén existen colocacións coma *ему пришел конец* [*chegoulle a fin*, 'a alguén acábaselle a vida ou unha situación privilexiada na que se atopaba']: *Вдруг разглядел в полумраке белую с синими цветами фарфоровую вазу, стоявшую на полу. Она звала его. Схватил стеклянно-скользкое тело, поднял над головой – и Краснову* ***пришел*** *бы* ***конец****, но* [...] [*De súpeto distinguiu na penumbra un vaso de porcelana branco con flores azuis que estaba no chan. Estaba a chamalo. Agarrou o corpo escorregadizo de vidro, levantouno por riba da cabeza e a Krásnov* ***chegaríalle a fin****, pero* (...)] (V. Dudíntsev. *Roupas brancas*, Белые одежды). Nalgunhas destas expresións, non hai reinterpretación metafórica e, polo tanto, non ten sentido estudalas aquí. Pola contra, outras expresións si que amosan determinadas reinterpretacións metafóricas, por exemplo, as UUFF *не найти концов* [*non atopa-los finais*] e *прятать концы в воду* [*agacha-los finais na auga*] están fundamentadas na reinterpretación do FINAL coma obxecto (ou coma unha parte del) situado nun espazo, co significado de 'pegadas dunha actividade'. A UF *пропасть с концами (куда-л.)* [*desaparecer cos finais (en algures)*] está próxima a esta interpretación. Nas UUFF *концы с концами не сходятся (у кого-л.)* [*(a alguén) non se lle xuntan uns finais con outros*,], *еле сводить концы с концами* [*atar con dificultade os extremos entre si*] os FINAIS percíbense coma os extremos dun obxecto, que normalmente non coinciden. Noutras palabras, neste caso, tal coma anteriormente, atopámonos ante unha interpretación espacial. Non obstante, é difícil atribuírlle á palabra *конец* [*final*] algún compoñente do significado real, é dicir, nestas UUFF está ausente a desmembrabilidade semántica. A UF *палка о двух концах* [*pau de dous finais*, 'situación ou cousa que ten vantaxes e desvantaxes'], pola contra, permite interpreta-la palabra *конец* [*final*] coma un dos aspectos da análise dun problema.

A diferenza dos casos anteriores, nas UUFF *конца не видно (чему-л.)* [*non se ve o final (a algo)*], *нет конца-краю* [*non hai final-extremo*], *нет ни конца ни края* [*non hai final nin extremo*], *без конца и края* [*sen final e extremo*]; *во все концы света* [*en tódolos finais do mundo*], *из конца в конец* [*de final a final*] o final non é unha parte do obxecto (comp. final dun cordel, dun pau etc.), senón unha parte do espazo. Precisamente esta lectura espacial da palabra *конец* [*final*] ('o final coma fronteira') chega mesmo a conservarse no significado real da UF. Consecuentemente, neste caso non se dá a reinterpretación metafórica do compoñente *конец* [*final*].

O material estudado demostra que para os conceptos de COMEZO e de FINAL distínguense modelos metafóricos comúns e específicos. A segunda orientación das investigacións non deu resultados significativos ningúns, o que se pode explicar pola alta abstracción dos conceptos analizados. Noutras palabras, *начало* [*comezo*] e *конец* [*final*] practicamente non actúan coma fontes de interpretación metafórica.

A investigación levada a cabo forma parte dun programa de investigación máis xeral, cuxa obxectivo central consiste no cálculo de tódolos conceptos-fonte posibles para a designación de determinados conceptos meta e viceversa. Só mediante unha descrición completa de toda a idiomática segundo a metodoloxía proposta é posible chegar a conclusións significativas sobre a estrutura da conciencia inxenua que opera con categorías condicionadas culturalmente.

***

Neste capítulo estudáronse dous aspectos da fraseoloxía que son moi diferentes, pero que están relacionados entre si: por unha banda, tratáronse os fundamentos teóricos da representación ideográfica das UUFF nun dicionario de tipo tesouro e, pola outra, analizouse a estrutura do espazo semántico cuberto pola idiomática. O Tesouro presentado aquí é un dicionario sen parangón, non só no eido da lexicografía nacional rusa, senón mesmo na lexicografía mundial. A particularidade distintiva máis importante é o rexeitamento de calquera tipo de esquema apriorístico e a orientación cara a métodos indutivos para a formación de taxons. Noutras palabras, os taxons do Tesouro creáronse adscribíndolle a cada UF un conxunto determinado de descritores semánticos. Dado que en xeral a idiomática se orienta non tanto ó mundo real coma ó ser humano, ás súas concepcións do mundo e á percepción emocional do que acontece, é o método indutivo na formación de taxons o que achega resultados máis axeitados e permite facer presuposicións fiables sobre a estrutura da rede semántica relevante para a idiomática.

O traballo levado a cabo para elabora-lo Tesouro tamén resultou útil para perfecciona--lo aparato conceptual de representación ideográfica das UUFF. Así, no transcurso da construción do Tesouro establecéronse tres principios básicos de organización dos taxons: **o principio de naturalidade**, **o principio de equilibrio** e **o principio de sistematicidade**. A existencia dunha forma interna viva na maioría das UUFF, a cal inicia unha **categorización de fondo** (concepto tamén importante, elaborado durante a investigación deste eido), supón unha dificultade particular á hora de crea-lo Tesouro.

Ademais disto, o Tesouro pódese considerar coma un obxecto de análise semántica, xa que brinda a posibilidade de operar con datos obxectivos relativos ó corpo dos diferentes campos semánticos (dos taxons) e das súas relacións. Resulta evidente que non convén ser demasiado rotundos respecto ó grao de obxectividade, pero, en calquera caso, esta obxectividade apóiase no material real. Para a descrición de fenómenos relevantes introducíronse o concepto de **produtividade** do taxon, medible segundo cantidade de UUFF que contén, e o concepto de **centralidade**, medible segundo a cantidade de conexións semánticas dun determinado taxon cos outros taxons do Tesouro (remisións entrantes e saíntes). A seguir, propúxose unha clasificación das relacións semánticas entre os taxons, que inclúe: (a) relacións de **inclusión**, (b)

relacións clásicas **xénero-especie** e (c) relacións de **cruzamento polo extensional**.

O Tesouro tamén se pode considerar coma un instrumento de análise semántica. A clasificación ideográfica das UUFF supón un paso imprescindible no camiño cara á construción de definicións axeitadas para elas. Só mediante a comparación de unidades semanticamente próximas é posible revelar e describi-las súas particularidades distintivas individuais. Os métodos de representación das UUFF nun dicionario monolingüe serán estudados no seguinte capítulo.

Capítulo 8. As UUFF no dicionario monolingüe

8.1. O novo *Dicionario fraseolóxico ruso*: fundamentos do proxecto e criterios de realización

8.1.1. Obxectivos

A fraseoloxía, sen dúbida, pertence a unha das áreas da lingua rusa que máis dinamicamente se desenvolven. Isto maniféstase tanto nos cambios no conxunto das UUFF que se utilizan de maneira activa coma nas manipulacións creativas da idiomática, amplamente estendida non só en textos literarios e xornalísticos, senón tamén na fala coloquial cotiá. Resulta obvio que a lexicografía ten que reflecti-los procesos reais que teñen lugar neste campo da lingua rusa. De momento, é difícil citar un dicionario monolingüe fraseolóxico ruso que poida aspirar ó mesmo tempo a ser completo e actual. O dicionario elaborado baixo a dirección de A. I. Molotkov (*FSRIA*) foi publicado por primeira vez no ano 1967 e volveu publicarse máis tarde, pero sen modificación ningunha. Contén un conxunto de máis de 4000 fraseoloxismos que abrangue (segundo a idea orixinal dos autores) os dicionarios do século XIX e da primeira metade do XX. No ano 1991 publicouse o dicionario de A. I. Fedorov (Федоров 1991), que tiña como obxectivo completa-los materiais presentes no *FSRIA* coa literatura do século XVIII e co arquivo das falas rusas de Siberia. Este dicionario (Федоров 1991), aínda que inclúe unha pequena cantidade de novas UUFF, non cambiou de maneira radical a situación da descrición da fraseoloxía rusa actual. A día de hoxe o *Dicionario fraseolóxico da lingua literaria rusa*, realizado baixo a dirección de A. I. Fedorov (Федоров 2000), é o dicionario de fraseoloxía rusa máis completo e inclúe preto de 7000 combinacións fixas de palabras. En certo modo, este dicionario é a suma dos dicionarios *FSRIA* e Федоров 1991 e conserva totalmente os principios de presentación do material adoptados no *FSRIA* . Con todo, ningún dos dicionarios mencionados resolve a principal tarefa lingüística da representación lexicográfica da fraseoloxía rusa, xa que as edicións lexicográficas que estamos a comentar carecen dunha descrición detallada das particularidades semánticas, combinatorias e pragmáticas das expresións, a cal lle facilitaría ó usuario datos imprescindibles sobre os modos de funcionamento de calquera UF na fala. O dicionario *BFS* achégase á resolución desta tarefa, aínda que o seu obxectivo principal non é tanto

abranguer de maneira total a idiomática rusa e describir dun xeito detallado as particularidades de significado e uso das UUFF, senón que trata de facer unha representación lexicográfica das súas características específicas nacional-culturais, é dicir, das peculiaridades da imaxe do mundo presentes na fraseoloxía rusa.

Pódense facer varias obxeccións ós métodos adoptados nos dicionarios fraseolóxicos tradicionais para describi-los significados. As definicións dos dicionarios existentes redúcense, na maioría dos casos, a substitucións case sinónimas, véx. *не отворять рта* [*non abri-la boca*, 'calar, non dicir nada'] e *отбросить коньки* [*guinda-los patíns*, 'morrer, espichala'] (Федоров 1991). As longas perífrases utilizadas para explica-lo significado de UUFF, similares a definicións na súa estrutura, non ofrecen unha idea real das diferenzas entre UUFF próximas semanticamente, comp. *сердце замирает, сердце замерло* [*o corazón párase, o corazón parouse*, 'levar un gran susto, estar impresionado, alarmado, apesarado']: 1. 'alguén experimenta un profundo pesar, unha pena ou un forte medo, unha mala premonición relacionada con algo'[293]; *сердце заходится, сердце зашлось* [*o corazón párase, o corazón parouse*] 1. 'alguén experimenta fortes sensacións desagradables ou angustia, medo, terror' e *сердце захолонуло (захолонет)* [*o corazón quedou xeado (queda xeado)*] 'alguén queda paralizado por un susto, por medo, por compaixón etc.'[294].

Con frecuencia, a estruturación dos significados das UUFF nos dicionarios non está elaborada. Así, na entrada de *сходить с ума* [*baixar da mente*, 'tolear, perde-lo xuízo'], no *FSRIA* non se recolle, polo menos, un dos significados desta UF, presente en contextos coma *Какая же она кривоногая!* ***С ума сойти****!* [*Que pernas máis tortas ten ela!* ***Baixar da mente****! (é unha loucura/pasada!)*]. Tamén no caso da UF *на фиг* [*ó figo*, 'expresión de ira, rabia, para desfacerse de alguén ou maldicir algo'] nese mesmo dicionario só se distingue un significado: 'con que finalidade, por que, para que (é necesario, cómpre etc.)'. No dicionario *REDI*, pola contra, para esa mesma UF recóllense dous significados: 1) enviar ~ (*a alguén*) [...] used to express anger, a desire, to get rid (or rid o.s.) of s.o. or sth. 2) ~ (é necesario, cómpre *a alguén* etc.) [...] used (often in a rhetorical question) to express one's contempt for sth. and one's opinion that it is absolutely useless, not needed by one or s.o. etc.[295] Con todo, *на фиг* [*ó figo*] utilízase no ruso actual polo menos en cinco tipos diferentes de contextos:

1) ***на фиг*** [*ó figo*] *inform*. 'un procedemento que leva á eliminación dun elemento nunha situación realizouse de maneira total, feito comparable co desprazamento dese elemento a un espazo que se atopa fóra dos límites do ámbito persoal do falante': Ela di: «A min, a memoria volvéuseme lixeiramente mala...». Ti decátaste de que xiros

[293] En Федоров 1991 nesta UF rexístrase un significado máis: 'alguén experimenta benestar, acougo, sensación de ledicia'.

[294] Comp. *сердце заходится, сердце зашлось* [*o corazón párase / parouse*] 2. 'alguén experimenta entusiasmo, un desexo apaixonado' (Федоров 1991).

[295] Sen analizarmos se son axeitadas as definicións propostas no *REDI* para os significados seleccionados da expresión *на фиг* [*ó figo*], sinalaremos que na entrada do dicionario están mesturadas polo menos tres UUFF diferentes: *на фиг* [*ó figo*], *послать на фиг* [*enviar ó figo*] e *идти на фиг* [*ir ó figo*]. De feito, a UF *послать на фиг* [*enviar ó figo*] é un metaacto en relación a *идти на фиг* e *на фиг* (en contextos coma *Ну тебя на фиг* [*Anda, ti ó figo*]).

utiliza falando?! «Lixeiramente», oíches? Outra diría simplemente: «Eu parece que, seica, non recordo nada. A memoria foise ***на фиг***... [*ó figo*..., 'ó carallo']» (Iu. Trifonov. *Tempo e espazo*, Время и место);

2) ***на фиг/на фига*** [*ó figo/á figa*] *inform*. 'expresión de abraio extremo por parte do falante debido ás accións inadecuadas de alguén': *На фига* [*ó figo*] marchaches ou que? Pero se prometeras que esperarías!;

3) ***на фиг/на фига нужен*** [*necesitar ó figo/á figa*] (alguén/algo a alguén) *inform*.; ***на фиг/на фига нужно*** [*é necesario ó figo/á figa*] (a alguén facer algo) *inform*. 'alguén/algo xa non é en absoluto necesario para alguén, o que se fixo obvio para o falante, aínda que se supoñía o contrario': *Там у них крутые мужики, / Знающие толк в литературе, /* На фига нужны *им леваки, / Разной нахватавшиеся дури?* [*Aló, onda eles, os labregos son moi crueis, / entenden de literatura, / necesitan* ó figo *inútiles (non necesitan), / que acumularon diferente estupidez*] (I. Irtéñev);

4) ***на фиг*** [*ó figo*] 'expresión de sinceridade por parte do falante con respecto ás súas intencións comunicativas': —Que canso estou! As pernas *на фиг* [*ó figo*, 'dígocho de verdade'] xa non me aguantan;

5) ***[ну] на фиг*** [*(pois) ó figo*] (a alguén/algo con alguén/con algo) *inform*. 'expresión por parte do falante dun forte desexo de interromper calquera interacción ou relación con alguén/algo, o que se materializa en forma dun desexo —humillante para o receptor— de desprazarse a un lugar que se atopa fóra do ámbito persoal do falante': *Нет как нет, и быть не может! / Впереди и позади / страшно Лева! Ну и рожи! /* Ну *их* на фиг*! Не гляди!* [*Non hai e non hai, e non pode haber! / Diante e detrás / Leva dá medo! Que morros! Boh,* que vaian ó figo *(que vaian ó carallo)! Non mires!*] (T. Kibirov. *Al. S. Rubinxtein*, Л.С. Рубинштейну).

Un caso particular é o corpus de exemplos utilizados. Sen analizarmos agora as razóns ideolóxicas da selección dos textos empregados para crea-lo dicionario *FSRIA*, sinalaremos que, dende un punto de vista cronolóxico e segundo os valores literarios, a diversidade das fontes provoca serias obxeccións. Compárense no *FSRIA* as fontes de exemplos de Kírov: *Os bolxeviques de Leningrado entre os congresos XVI e XVII do VKP(b)*, G. Nokolaeva: *Relato sobre o director do MTS e o agrónomo principal*, I. Solovev: *O día a día na policía*. En Федоров 1991 tamén se usan obras coma: N. Matukovskii: *A fazaña dun soldado*, V. Ovechkin: *Cun saúdo da fronte*, V. Ribin: *Fedor, o Estraño*, E. Markin: *A persoa co marteliño*, S. Ionin: *Asuntos de homes*, E. Braithwaithe: *Para o profesor, con amor*. A proximidade destes textos coas obras de Lérmontov, Griboédov, Gógol, Tolstói, Dostoievski, Chéghov e outros clásicos rusos causa un efecto comunicativo totalmente inesperado, que sería desexable evitar. Resulta evidente que a censura daqueles anos non permitía utilizar textos de Bulgákov, Nabókov, Bunin, Pasternak, Zamiatin, Remízov, Merejkóvskii e outros. Ademais, podemos imaxinar que había normas secretas para cita-la literatura partidista que esixían que se introducisen no corpus do dicionario exemplos de Lenin, Kírov etc. Non obstante, de tódolos xeitos, non está completamente claro por que como mostras literarias se utilizan obras de autores soviéticos que daquela eran pouco coñecidos e que na actualidade son absolutamente descoñecidos. En calquera caso, é obvio que a

descrición da idiomática no ruso actual require a utilización dun corpus de exemplos máis actual para o que son fundamentais as tecnoloxías de procesamento de datos lingüísticos para a elaboración de corpus.

Sinalaremos que, en realidade, no *SOVRIA* repítese o mesmo corpus, aínda que tamén contén exemplos da literatura actual, así coma outros exemplos de autores que por criterios ideolóxicos non se incluíron nos dicionarios (B. Pasternak, M. Bulgákov). Ademais, neste dicionario tamén se utilizan exemplos creados polos propios autores das entradas do dicionario. As entradas do dicionario no *SOVRIA* están ordenadas por seccións ideográficas de carácter moi xeral coma ESTADO FÍSICO, ACTIVIDADE. Cómpre sinalar tamén que este dicionario, así coma o *BFS*, distínguese positivamente de tódolos dicionarios fraseolóxicos rusos anteriores por ter unha maior precisión nas definicións. No relativo ó glosario, inclúe preto de 1000 UUFF, na maioría dos casos orientadas a un nivel estilístico coloquial neutro (estándar da fala, na terminoloxía dos autores), e só utiliza de maneira limitada unidades novas que non se incluíron en dicionarios fraseolóxicos anteriores (comp. *крыша поехала* [*o tellado foise*, 'alguén perdeu o xuízo/a cabeza'])[296].

O *Dicionario fraseolóxico ruso-inglés* (*REDI*) de S. I. Lubénskaia publicado en 1995[297] cubriu unha lagoa parcialmente destacada[298]. Isto é un acontecemento de indubidable transcendencia na tradición da descrición da fraseoloxía rusa, que require un traballo de análise e comprensión especial. Ó non término-la posibilidade de analizar este dicionario pormenorizadamente, deterémonos, non obstante, con máis detalle nalgunhas peculiaridades da súa estrutura. Este, sen dúbida ningunha, non é só o dicionario de fraseoloxía ruso-inglés máis completo (arredor de 13.000 fraseoloxismos e 6900 entradas), senón tamén practicamente a única descrición lexicográfica da fraseoloxía rusa comparada coa inglesa que se fundamenta nas ideas actuais sobre as particularidades máis relevantes da idiomática a nivel lingüístico[299].

As entradas do dicionario están elaboradas de xeito que responden ás esixencias tanto dos dicionarios de tradución coma ás dos dicionarios de estudo. Ademais dos equivalentes ingleses, cada entrada contén información relativamente detallada sobre a semántica, así coma sobre diversas particularidades sintácticas e pragmáticas das expresións definidas, o que é absolutamente necesario para facilita-lo seu uso activo por parte dunha persoa que non ten o ruso coma lingua materna.

A sección gramatical de cada entrada do dicionario ábrese cunha indicación sobre a

---

[296] Sinalaremos, non obstante, que esta UF tamén está presente no dicionario Ожегов, Шведова 1992.

[297] Comp. tamén as reedicións Лубенская 1997 e Лубенская 2004.

[298] Aquí non estamos a analizar nin os dicionarios fraseolóxicos específicos (por exemplo, Бирих, Мокиенко, Степанова 2001; Буй 1995; СФС, КРАФС, Мелерович, Мокиенко 1997; Мокиенко, Бирих 1998; Тезаурус, Фелицына, Мокиенко 1999; Шанский и др. 1988; ШФС, Яранцев 1985; SOL) nin aqueles dicionarios que reflicten unha parte da fraseoloxía rusa antiga, tales como Даль 1957; Михельсон 1912. Todo isto require unha análise especial no marco da tipoloxización das publicacións de dicionarios fraseolóxicos.

[299] O *Breve dicionario fraseolóxico ruso-inglés* (*KRAFS*) (a primeira edición saíu no ano 1988) é unha fonte lexicográfica moi útil, pero non é comparable co *REDI* nin en volume nin na minuciosidade da súa realización (especialmente na escolla dos equivalentes ingleses e dos exemplos ilustrativos).

clase morfosintáctica do fraseoloxismo (por exemplo, VP para os verbais, NP para os nominais e PrepP para os grupos preposicionais). Nas UUFF que son grupos nominais indícase o caso alí onde sexa necesario. A continuación, na sección gramatical tamén se inclúe información sobre as restricións morfolóxicas e sintácticas relevantes. Nalgúns casos indícase a posición sintáctica que pode ocupa-lo fraseoloxismo na oración: por exemplo, suxeito (sux.) ou complemento (obx.). No caso dos fraseoloxismos que son predicados indícase con que elementos léxicos (mesmo cunha exactitude que chega ata a categoría semántica) se enchen as valencias sintácticas.

A información indicada na sección gramatical é dun interese teórico considerable, pois permite clasifica-las estruturas sintácticas típicas da fraseoloxía rusa e traza-las fronteiras da variabilidade léxica, á vez que fai reflexionar sobre as causas das restricións para efectuar determinadas modificacións sintácticas. O estudo polo miúdo do material do *REDI* mostra que, ademais das convencións de uso que se atopan na natureza mesma da fraseoloxía (contraposta ás combinacións libres de palabras), as características específicas da forma interna do fraseoloxismo son, con frecuencia, a causa das restricións existentes.

Ás UUFF de tipo predicado opónselle-la súa forma proposicional. Esta información rexístrase nunha zona á parte da entrada do dicionario, por exemplo: *ни в зуб ногой (в чем, по чему)* [*nin sequera no dente co pé (en algo, sobre algo)*, 'non te-la mínima idea sobre algo'] – *в Y-е X ни в зуб ногой* [*en Y X nin sequera no dente co pé*, 'X non ten nin idea sobre Y']. En comparación coa denominación tradicional das variables (*кто-л. в чем-л.*) [*alguén*, *en algo*], esta forma de indicación resulta máis cómoda para un dicionario bilingüe, xa que permite opoñerlle a un determinado fraseoloxismo ruso os seus equivalentes ingleses con diferentes diáteses sen necesidade de comentarios adicionais. Comp. *в Y-е X ни в зуб ногой* [*en Y X nin sequera no dente co pé*, 'X non ten nin idea sobre Y'] ≈ *X doesn't know beans <the first thing, a damn thing> about Y; Y is a closed book to X*. Estes modelos preséntanse na forma aspectual-temporal na que se utiliza máis frecuentemente a UF.

Outra diferenza substancial do *REDI* con respecto a fontes lexicográficas similares é a presenza de definicións. As definicións escritas en inglés axudan ó usuario a entende-lo significado de cada fraseoloxismo ruso «dende dentro», é dicir, sen engadi-los trazos adicionais (que ademais, a miúdo, supoñen unha digresión) incluídos no plano do contido dos correspondentes equivalentes ingleses. As definicións son extremadamente útiles para os tradutores. Ningún dicionario pode propoñer tódalas variantes posibles de tradución dun determinado fraseoloxismo, xa que esas variantes, a causa da natureza mesma da tradución, sempre dependen do contexto e, en principio, é imposible abranguer tódolos contextos potenciais. Non obstante, a definición permítelle ó tradutor atopa-lo equivalente que máis lle conveña en cada caso concreto.

Os equivalentes que se dan nunha sección á parte da entrada raramente coinciden co fraseoloxismo ruso definido en tódolos parámetros relevantes. Aínda así, estas equivalencias inglesas son particularmente útiles para o falante ruso, xa que, mesmo de non haber unha coincidencia total coa correspondente UF rusa no comportamento semántico, sintáctico e pragmático, dan unha idea sobre como se pode expresa-lo

concepto a través dos recursos fraseolóxicos do inglés. Nos exemplos ilustrativos, as unidades que presentan o maior número de equivalentes son as UUFF-interxeccións coma *надо же!* [*pois cómpre!*, 'expresión de sorpresa, desagrado, incredulidade etc.'], xa que son as máis sensibles ó contexto.

Ademais de exemplos ilustrativos (un dos compoñentes máis importantes de calquera dicionario), esta obra contén ou ben contextos de obras literarias, ou ben contextos creados polo autor (así mesmo, algunhas entradas non conteñen ningún exemplo). Tódolos contextos están traducidos ó inglés, e no caso dos exemplos literarios utilizáronse as traducións existentes das correspondentes obras, que a miúdo propoñen valiosos equivalentes. Os exemplos deste tipo, por unha banda, demóstranlle ó usuario que as posibilidades de tradución das UUFF a outra lingua van máis alá dos límites dos equivalentes que dá o dicionario, posto que en principio ningún dicionario pode ter en conta tódalas estratexias admisibles condicionadas polo contexto para parafrasea-los enunciados que conteñen unha unidade léxica; e, por outra banda, pon a disposición do investigador un rico material para o estudo da influencia do contexto no modo de traduci-las unidades fraseolóxicas, así coma de diferentes estratexias de tradución.

Neste dicionario, ademais da literatura clásica rusa, á que se lle concede o lugar principal coma fonte de exemplos, introdúcese material ilustrativo actual totalmente novo.

Ademais das seccións descritas previamente, as entradas do dicionario conteñen outro tipo de información, máis ou menos tradicional nos dicionarios fraseolóxicos bilingües. Neste grupo inclúense os datos sobre a variabilidade dos diferentes compoñentes, sobre os equivalentes ingleses (aproximados), así coma as anotacións estilísticas (trataremos isto con máis detalle posteriormente).

Algúns trazos do *REDI* son discutibles, especialmente o relativo ó volume do glosario. O dicionario contén unha cantidade bastante elevada de unidades que, segundo algúns parámetros, son marxinais no sistema fraseolóxico da lingua rusa; neste sentido, aspira claramente a ser completo. Comp., por unha banda, UUFF tan pouco coñecidas (a miúdo extremadamente arcaicas) coma *как темна вода во облацех* [*coma auga turbia nas nubes*, 'algo está moi pouco claro'], *охулки на руку не класть* [*non poñer unha blasfemia sobre a man*, 'non perder unha boa ocasión, un posible beneficio'], *выделывать мыслете* [*facer letras mislete*[300], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol'], e, por outra banda, expresións de baixa idiomaticidade (maiormente colocacións) coma *брать пример* [*coller exemplo*, 'segui-lo exemplo de alguén'], *брать в расчет/в соображение* [*tomar en cálculo/en consideración*], *отдавать/выходить замуж* [*entregar/saír en marido*, 'casar'], *войти в доверие/в привычку/в положение/в свои права* [*entrar en confianza/en costume/nunha situación/nos seus dereitos*, 'coller confianza/colle-lo costume/entrar nunha situación/facer uso dos seus dereitos'], *поставить под вопрос* [*poñer baixo pregunta,* 'cuestionar'], *не без основания* [*non sen fundamento*, 'con fundamento']. Tradicionalmente, estas últimas non se describen nos dicionarios fraseolóxicos, senón

[300] N. do t.: Véxase a nota 26.

nos dicionarios de combinabilidade. Existe unha explicación totalmente natural para isto: as UUFF «clásicas», a diferenza das colocacións, supoñen un inventario relativamente visible das unidades do sistema léxico[301]. Comp. a decisión tomada no *TKS* de describi-las colocacións dentro da entrada da palabra correspondente (é dicir, forma parte dela máis coma parte das combinacións de unidades léxicas ca coma parte das unidades léxicas íntegras)[302]. Aínda que o *REDI* inclúe as unidades indicadas no *TKS*, non hai UUFF de uso completamente habitual coma por exemplo *(чей-л.) путь не усыпан розами* [*o camiño (de alguén) non está cuberto de rosas*, 'a vida de alguén non é tan doada, agradable']; *тьму-таракань* ['*Tmutarakaň*'[303], 'lugar moi remoto, afastado e descoñecido']; *седина в бороду, (а) бес в ребро* [*pelo branco na barba pero o demo na costela*, 'expresión utilizada cando unha persoa entrada en anos fai algo impropio da súa idade']; *под дулом автомата <пистолета>* [*baixo a boca da metralleta <pistola>*, 'obrigado, pola forza'] (comp. *Да я* ***и под дулом пистолета*** *не соглашусь на эти условия* [*Pero eu nin sequera* ***baixo a boca dunha pistola*** *(aínda que me ameacen) aceptarei estas condicións*]).

Resulta obvio que tales pretensións, a miúdo esixidas polas fontes lexicográficas, non teñen un fundamento académico. Calquera lingüista sabe que non existen dicionarios totalmente completos e que, en principio, non poden existir. A inclusión ou non inclusión dunha unidade determinada no glosario dun dicionario depende de diferentes factores obxectivos e subxectivos, incluíndo —en non poucos casos— a intuición lingüística do autor. Con todo, neste aspecto poderíase esperar unha maior exactitude dun dicionario de tanta categoría. Sería perfectamente admisible, por exemplo, excluír do estudo tódalas colocacións e tódolos proverbios, deixando no glosario unicamente as UUFF e neste caso tamén sería posible limitarse unicamente ó material presente nos textos actuais (estratexia elixida para o noso Tesouro). Así mesmo, admitiríase a introdución de restricións de carácter estilístico ou mesmo prescritivo-normativo, excluíndo do glosario tódalas UUFF vulgares, indecentes e obscenas. No tocante a este parámetro, o *REDI* tampouco amosa coherencia. Neste dicionario hai UUFF deste tipo, incluso dúas claramente obscenas (comp. a entrada número M50)[304]. Xorde, entón, a pregunta de por que, de todo o rico repertorio de UUFF con compoñentes obscenos, foron elixidas precisamente esas, e por que, non obstante, non se incluíron outras UUFF coñecidas que teñen unha estrutura compoñencial máis neutra, coma, por

[301] Segundo as estimacións existentes, o número de UUFF que se utilizan realmente en cada período concreto da evolución dunha lingua é aproximadamente de 10.000 no caso das linguas cunha tradución literaria desenvolvida.

[302] Se partimos da idea de que o conxunto léxico das colocacións é, con frecuencia, bastante impredicible e a información deste tipo é útil para o lector, a inclusión dalgunhas colocacións nun dicionario fraseolóxico (sobre todo nun dicionario dirixido a un usuario estranxeiro) pode resultar acertado dende un punto de vista práctico. Aínda así, mesmo nese caso paga a pena limitarse a colocacións «imprevisibles» coma *возлагать надежды* [*colocar esperanzas*, 'poñer esperanzas'] ou *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*, 'vencer'] (colocación que, por certo, non figura no *REDI*), excluíndo combinacións semanticamente transparentes quasi-produtivas con verbos de tipo *lexical functions* (para máis detalles, véx. Апресян 2004).

[303] N. do t.: Deformación do nome dunha cidade.

[304] Estas UUFF posúen unha estrutura semántica moi complicada e presentan unha polisemia desenvolvida, véx. Буй 1995. No *REDI* non están definidas e, por exemplo, a indicación que se atopa nesta entrada, «a very strong expletive» (expresión ofensiva), non se pode considerar unha definición.

exemplo, a expresión fixada no Ожегов, Шведова 1992 *из говна конфетку сделать* [*facer caramelos a partir da merda*, 'crear algo a partir de nada'].

Outra cuestión que merece ser comentada son as definicións. Na maioría dos casos están escritas cunha linguaxe bastante clara e reflicten moitas particularidades de uso das expresións definidas, mais tamén existen definicións que sería posible precisar. Tomémo-lo exemplo xa comentado anteriormente: *носить воду решетом* [*levar auga nunha peneira*, 'facer algo completamente inútil, algo que non reporta beneficio ningún']. A definición «to do sth. knowing that one's efforts, actions are in vain, will bring no results» ('facer algo sabendo que os propios esforzos, as accións son en van, que non han de dar resultado') non é totalmente exacta, pois quen *носит воду решетом* [*leva auga nunha peneira*] non ten por que saber necesariamente que os seus esforzos son inútiles; é máis, en xeral non ten que sabelo. Quen sabe iso é o falante, o que se demostra polo feito de que elixiu esta UF para describi-la situación[305]. Comp., por exemplo, o contexto bastante frecuente (1):

(1) [...] o número de infraccións da lei por parte de menores de idade en comparación ó ano pasado diminuíu un 12%. E aínda así seguimos sen ser quen de conseguir unha educación para o 100% dos nenos. [...] O principal obxectivo é previ-lo propio feito da falta de vixilancia, posto que loitar unicamente con métodos policiais é o mesmo ca ***носить воду в решете*** [*levar auga nunha peneira*] (Xorn. int.).

No exemplo citado vese que quen fai unha valoración dos esforzos ou das accións do suxeito entendéndoos coma inútiles e sen resultado non é o propio suxeito (se non este non faría o que fai), senón o falante. Tamén se pode observar que a causa de que os esforzos do suxeito sexan infrutuosos é a escolla dun método equivocado (o «instrumento», nun senso amplo). Esta idea maniféstase na forma interna da UF (claramente, unha peneira non é un instrumento axeitado para transportar auga) e, coma en moitos casos semellantes, reflíctese no seu significado real (véx. con máis detalle no capítulo 3). Consecuentemente, para esta UF consideramos que sería máis adecuada unha definición similar a: '*to try to achieve a goal using a totally inappropriate means for achieving this goal, which inevitably leads to failure*' ('intentar acadar un obxectivo utilizando un medio totalmente inadecuado para ese fin, o cal leva irremediablemente ó fracaso'). Precisamente a idea de «instrumento pouco adecuado», contida na forma interna, é a que distingue esta UF doutras expresións do campo semántico do ESFORZO VAN. Comp. : *толочь воду (в ступе)* [*machucar auga (nun morteiro)*, 'empregar esforzos en facer algo que non terá resultado ningún'], en cuxo foco se atopa o absurdo e a falta de sentido da acción realizada; *искать иголку в стоге сена* [*buscar unha agulla nun monte de feo*, 'levar a cabo unha tarefa moi complicada e difícil de realizar'], que se centra na idea de que a tarefa de buscar alguén ou algo é desmesuradamente complicada, o que fai que os esforzos investidos sexan pouco

[305] É obvio que nalgúns contextos poden coincidi-lo suxeito da acción e mailo falante, pero no caso que estamos a analizar tal coincidencia é máis ben unha excepción ca unha regra, comp. os seguintes exemplos: 'Eu, por suposto, sabía perfectamente que ***ношу воду решетом*** [*levaba auga nunha peneira*], pero para mante-la tranquilidade xeral facía coma se sentise un entusiasmo incrible no traballo e non entendese nada'.

efectivos; ou, finalmente, *биться как рыба об лед* [*baterse coma un peixe contra o xeo*, 'enfrontarse infatigablemente a dificultades insuperables'], onde o que se atopa no centro de atención é a loita do suxeito con dificultades insuperables, ante circunstancias obxectivas desagradables. Estes exemplos demostran que as definicións máis exactas son aquelas que se apoian na forma interna en gran medida e as que recoñecen o status dun compoñente especial do significado coma o compoñente figurativo. Nalgúns casos, as definicións do *REDI* toman en consideración o compoñente figurativo; noutros, non totalmente[306].

Algunhas definicións resultan dificilmente verificables, sobre todo se se trata dunha expresión arcaica e a entrada do dicionario non contén exemplos. Comp. a UF *с царем в голове* [*cun tsar na cabeza*, 'sensato, que sabe como face-las cousas'], definida no *REDI* coma *one is clever, practical, one knows how to get things done etc.* A diferenza da UF antónima *без царя в голове* [*sen un tsar na cabeza*, 'pouco intelixente, parvo'], esa expresión deixouse practicamente de utilizar. Os contextos actuais que se deron atopado resultan máis ou menos humorísticos e/ou apártanse da semántica da UF *без царя в голове* [*sen un tsar na cabeza*, 'pouco intelixente, parvo']. Comp. o contexto (2), onde a expresión *с царем в голове* [*cun tsar na cabeza*] se interpreta coma 'tampouco tan parvo':

(2) [...] dun condutor non se require a cualificación de piloto «de fórmula 1» para domar un automóbil. [...] a tracción total, o embrague relativamente 'suave' e a caixa de cambios de seis marchas pódeas dominar mesmo un novato se, por suposto, está ***с царем в голове*** [*cun tsar na cabeza*]; as liberdades perdóanse, pero non todas (Xorn. int.).

Os exemplos da literatura do século XIX que nos son accesibles tamén resultan insuficientes para verifica-la definición proposta. Comp. (3):

(3) Aínda que en realidade el tiña práctica e experiencia en cuestións da vida, así coma tamén unhas capacidades extraordinarias, gustáballe máis presentarse coma executor dunha idea allea que coma alguén ***с царем в голове*** [*cun tsar na cabeza*], unha persoa «entregada sen falsidade», mesmo ruso e bondadoso, que voltas dá a vida! (F. M. Dostoievski. *O idiota*, Идиот).

No último exemplo citado alúdese non á intelixencia, ó pragmatismo e ó feito de saber como consegui-lo que se desexa, senón á autonomía de pensamento.

[306] Comp. *толочь воду (в ступе)* [*machucar auga (nun morteiro)*]: 'to do something absolutely fruitless, useless for a long period of time (often used in situations when one engages in empty talk instead of taking action in some matter)'; *биться как рыба об лед* [*baterse coma un peixe contra o xeo*]: 'to strive in vain to cope with one's low standard of living, work very hard to survive'; *как иголка в стогу <в стоге> сена* [*buscar unha agulla nun monte de feo*]: '(a person, thing etc that has vanished and is) very difficult or almost impossible to find'.

Para pechar esta breve visión xeral do dicionario, sinalaremos que esta obra se pode valorar coma un feito moi positivo na descrición lexicográfica da fraseoloxía. Por outra banda, é evidente que a aparición do dicionario de S. I. Lubénskaia —o mellor a día de hoxe polo glosario que inclúe e pola minuciosidade da descrición— non compensa de ningunha maneira a ausencia dun dicionario monolingüe actual da idiomática rusa.

Así, a creación dun novo dicionario fraseolóxico é un dos obxectivos prioritarios da lexicografía rusa actual. O novo dicionario fraseolóxico ten que distinguirse das edicións fraseolóxicas existentes, cando menos, polos seguintes parámetros: 1) polo corpus dos exemplos utilizados; 2) polo glosario; 3) polos métodos de definición dos significados das UUFF e 4) polo sistema de marcas estilísticas[307]. No marco do proxecto *Dicionario fraseolóxico ruso* (no sucesivo, *RFS*) abórdase o intento de resolver estes obxectivos. Nas seccións sucesivas describirémo-las súas características principais (sobre este proxecto lexicográfico, véxase tamén Баранов, Добровольский 1995б).

8.1.2. Corpus das fontes

Un dicionario da idiomática actual coma o *RFS* ten que basearse nun corpus de textos representativo, textos que son utilizados a modo de fontes. É evidente que os límites temporais do concepto «actual» na expresión «ruso actual» poden variar moito. Nós partimos de que no novo dicionario teñen que estar presentes textos novos e autores novos; novos precisamente para a tradición existente de descrición lexicográfica da fraseoloxía. O dicionario *FSRIA*, que saíu á luz no ano 1967 e que se reeditou posteriormente sen ningún tipo de modificación, obviamente non podía reflecti-lo uso lingüístico posterior, dende mediados dos anos 60 ata a actualidade. Aínda que no dicionario Федоров 1991 está presente, en certo modo, a literatura dun período posterior, foi escollida de maneira arbitraria e non é representativa no conxunto de autores (véx. a presenza de exemplos de V. Pikul, Iu. Bondárev, V. Astáfev, A. Ivanov, S. Esin, V. Bikov, F. Abramov, V. Xefner, Iu. Nagibin, S. Zaliguin, B. Proghorov, Iu. German, D. Granin, S. Mighálkov, V. Kojevnikov, F. Panferov, B. Vasílev, F. Iskander, G. Markov, M. S. Gorbachev e a omisión das obras de Iu. Trifónov, V. Rasputin, V. Voinovich, T. Tolstói, L. Petruxévskaia, A. Bitov, S. Dovlátov, Iu. Dombrovskii, V. Dudíntsev, A. Zinovev, A. Kabákov, V. Nekrásov, V. Orlov, A. Ribákov, A. Soljenitsin, Saxa Eroféev e Sokolov, B. Okudjava, V. Sorokin, V. Makanin, Iuz Alexkovskii, Ven. Eroféev, Vikt. Eroféev, A. e B. Strugatskii). Ademais, pódese comprobar que moitos dos escritores dos anos 60-90 que figuran en Федоров 1991 están representados cun ou con dous exemplos (V. Tokarev, V. Xuxkin, V. Aksénov), argumento para considera-los textos dos anos 60-90 coma material novo para a representación lexicográfica da idiomática e mesmo da fraseoloxía en xeral.

Cómpre mencionar de maneira particular a pobreza de xéneros do corpus de textos utilizado para ilustra-los significados nos dicionarios fraseolóxicos existentes. Así, é moi raro atopar exemplos do xénero dramático, o xornalismo practicamente non está

[307] Este último problema, o cuarto, non se tratará aquí, pois a el está dedicado o capítulo 11 deste libro.

presente e o ruso coloquial (que indubidablemente é o medio de existencia natural das UUFF) tampouco. Non obstante, o corpus textual do *RFS* está orientado á maior diversidade posible de xéneros. Nel inclúense textos de prosa literaria, de poesía, de teatro, de xornalismo e de folclore actual (*chastuxki*[308]). Os textos en prosa incluídos pertencen a obras de practicamente tódolos grandes escritores dos anos 60-90. Son inevitables determinadas preferencias á hora de escolle-los autores; en particular, o noso corpus carece de textos de A. Proghánov, V. Kochétov, A. Ivanov, G. Márkov e algúns outros escritores cuxas obras se editaban amplamente naquela época. Ademais, estes autores están en certo modo presentes nos materiais ilustrativos do dicionario Федоров 1991. No noso corpus, a poesía está representada por nomes coma I. Brodskii, V. Visotskii, T. Kibírov, S. Gandlevskii e I. Irtéñev. Os textos poéticos utilizáronse maiormente coma fonte de exemplos do uso non-estándar de UUFF (*vide infra* a estrutura dunha entrada do dicionario) e só nalgúns casos chegaron a ser utilizados coma ilustracións con valor propio. Por este motivo, a parte poética do corpus non pode (e non debe) aspirar a ser completa. Ademais dos textos das obras de teatro de A. Vampílov, E. Xvarts, L. Petruxévskaia e outros dramaturgos, no corpus introducíronse exemplos de uso de UUFF en películas.

É importante sinalar que o método de recollida do material supuxo a copia completa das obras escollidas. Isto permitiu crear un corpus representativo de exemplos: unha base de datos da idiomática actual que se utilizou directamente coma fonte de exemplos para as entradas do dicionario.

Ademais das obras de escritores e poetas, a modo de fontes utilizáronse textos procedentes dos medios de comunicación: xornais, revistas, programas de televisión e radio. Copiáronse, sobre todo, textos de publicacións coma *Izvestia*, *Moskovskie nóvosti*, *Moskóvskii komsomólets*, *Nezavísimaia gazeta*, *Komsomólskaia pravda*, *Argumenti i fakti*, *Zavtra*, *Deñ*, *Pravda*, *Sovétskaia Rossiia*, *Ogonek*, *Stolitsa*, *Kommersant-Weekly*, *Kommersant-Daily*, *Deñgi*, *Domovói*, *Revizor*, *Ekspert*, *Obivatel*, *Gorizont*, *Iunost*, *Megapolis-Express*. Non hai que pensar que as publicacións indicadas se empregaron exclusivamente coma fonte de textos xornalísticos, pois a diversidade de xéneros dos materiais publicados neles é moi ampla: dende ensaios de economía ata poesía conceptual e folclore.

Os textos da fala coloquial rusa fixados nas escolmas Русская разговорная речь [*Fala coloquial rusa*] 1978; Живая речь [*Fala viva*] 1995 e Китайгородская, Розанова 1995, 2005, que se conservan en formato dixital ou electrónico (no «Corpus da fala coloquial rusa» no departamento de fondos electrónicos do Instituto da Lingua Rusa RAN, o KRR), constitúen un caso particular. Dende o punto de vista do volume da descrición lexicográfica dos datos, a utilización de materiais da fala coloquial é moi axeitada. Con todo, como demostran as investigacións, a fala coloquial contén varias diverxencias da norma da lingua literaria escrita (e das súas diferentes variantes orais, coma por exemplo a lingua da oratoria). Tradicionalmente, a lexicografía rusa orientouse non tanto á descrición do uso real coma á estipulación e fixación da norma.

[308] N. do t.: Coplas populares rusas, chistes.

Dende esta concepción, o emprego de textos coloquiais reais contradiría esta tendencia. O máis razoable parece unha solución intermedia: tomar exemplos da fala coloquial rusa naquelas situacións nas que o exemplo non infrinxa as normas básicas da lingua literaria.

8.1.3. O programa informático

O corpus de exemplos do *RFS* consérvase en formato informático en forma dunha base de datos que permite procesar con relativa facilidade os materiais existentes, tirando extractos do material rexistrado segundo os parámetros necesarios. Na súa orixe, para conserva-los exemplos empregábanse bases de datos coma DBASE; no ano 1994 os ficheiros pasáronse a ACCESS, que traballa nun contorno WINDOWS. Este contorno facilita o proceso de escritura das entradas do dicionario, así coma o posterior procesamento do texto noutras aplicacións deste sistema operativo, especialmente no procesador de textos WinWord. Para a recollida dos exemplos, ademais da base de datos de idiomática tamén se utilizaron uns córpora de textos creados especialmente con ese fin, así coma o programa informático PSI, elaborado por M-N. Migháilovich. En xeral o soporte informático do *RFS* repite a estratexia da creación do Tesouro (véx. a sección 7.2.2).

8.1.4. Ámbito da descrición (glosario)

O carácter do glosario dun dicionario está totalmente determinado polo corpus das fontes utilizadas. É importante subliñar que na elaboración do glosario do *RFS* só se utilizaron fontes orixinais: non se copiou material dos dicionarios fraseolóxicos e monolingües existentes. Isto explícase polo feito de que o proxecto inicial pretendía reflectir precisamente o estado actual da idiomática rusa (non tratado en interpretacións lexicográficas anteriores). O que acabamos de afirmar significa que no glosario do *RFS* non se inseriron UUFF arcaicas presentes en obras de autores contemporáneos. Isto empobrece parcialmente o dicionario, xa que algúns escritores introducen conscientemente nos seus textos unha idiomática arcaica, xogando co efecto do inusual e da opacidade (comp. as novelas de Saxa Sokolov). Non podemos propoñer principios claros que delimiten as UUFF actuais das arcaicas; o único criterio que se utilizou na elaboración do glosario foi a propia intuición. Así, as UUFF *семо и овамо* [*aquí e alí*, 'por todas partes'], *выписывать мыслете* [*escribi-las letras mislete*[309], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol'], *подбитый ветром* [*forrado con vento*, 'persoa pouco seria, superficial; ir vestido cunha roupa desaxeitada para a tempada do ano'], *охулки на руку не класть* [*non poñer unha blasfemia sobre a man*, 'non perder unha boa ocasión, un posible beneficio'] percíbense de maneira intuitiva coma arcaicas e, polo tanto, aínda que tamén se atopan en textos da prosa contemporánea (por exemplo, en Saxa Sokolov), non formaron parte do glosario do dicionario.

[309] N. do t.: Véxase a nota 26.

8.1.5. Exemplos de entradas do dicionario

Amosaremos neste apartado exemplos de entradas do dicionario cuxa estrutura se estudará na sección seguinte.

СОЙТИ С *УМА* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'] **1.** *neutr.* Perde-la capacidade de pensar correctamente e/ou comportarse segundo as circunstancias debido a unha doenza psíquica, que se interpreta coma un desprazamento espacial de descenso dende un lugar que está arriba ("arriba" equipárase co pensamento correcto); facerse un enfermo mental, louquear, tolear 🗐 Конечно, и выкинула врачиха моя той же ночью... Беда... Седая вся враз сделалась. А может, и *с ума сошла*. Долго ли, маршал, *с ума сойти* от такого зверства? [*Pois claro, a miña doutora abortou aquela mesma noite... Que traxedia... O seu cabelo volveuse todo gris. E pode ser que* ***baixase da mente****. É doado, mariscal,* ***baixar da mente*** *por unha brutalidade así*] (Iuz Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек). • Но, допустим, он, будучи вполне нормальным мошенником, совершил эту невероятно выгодную ему сделку, и его можно было бы привлечь, но он от радости по поводу этой волшебной сделки внезапно *сходит с ума*, и теперь его опять нельзя привлекать к ответственности как невменяемого [*A ver, supoñamos que el, sendo un estafador completamente normal, pechou ese trato incriblemente vantaxoso para el, e poderíase levar a un tribunal, pero da alegría por ese trato máxico de súpeto* ***baixou da mente****, e agora non é posible facelo responsable como persoa fóra de si que é*] (F. Iskander. *O día do escritor*, День писателя). • Я не то что *схожу с ума*, но устал за лето. / За рубашкой в комод полезешь, и день потерян [*Eu non é que* ***baixe da mente****, senón que cansei este verán. / Vas buscar unha camisa á cómoda e perdes todo o día*] (I. Brodskii. *Parte da fala*, Часть речи). • Если бы не эта газета, я бы вообще *с ума сошел*. Я и так не находил себе места. Я всю жизнь мечтал стать свидетелем какого-нибудь переломного исторического события, чего-нибудь вроде крушения империи, революции или хотя бы контрреволюции. [*Se non fose por este xornal eu* ***baixaría da mente.*** *E aínda así non dei atopado un lugar para min. Levo toda a vida soñando con facerme testemuña dalgún acontecemento histórico crucial, algo coma a caída dun imperio, unha revolución ou polo menos unha contrarrevolución*] (V. Voinovich. *Moscova 2042*, Москва 2042). • И это все – и Сталин, и хурма, / И дым застолья, и рассветный кочет, – / Все для того, чтоб не *сойти с ума*, / А суть Твоя является сама, / Но лишь, когда сама того захочет! [*E isto é todo: tanto Stalin coma o caqui, / e o fume do banquete, e o galo da alborada, / todo para* ***non baixar da mente*** */ e a túa esencia aparece ela mesma, / pero só cando ela mesma o queira!*] (A. Gálich. *Canción sobre Tbilissi*, Песня о Тбилиси).

O contaminación con expresións coma *хоть волком вой* [*por moito que o lobo ouvee*, 'situación moi desagradable, sen saída'], *хоть криком кричи* [*por moito que berres berros*, 'situación moi desagradable'], as cales permiten a posibilidade dun control sobre a acción: Я страсть боюсь жить в этом доме. Мне уж не ночевать одной. Я не мама. Зимой как завоет-завоет во всех печах да трубах, да кольцо на крыльце забрякает – *хоть с ума сходи* [*Teño un medo terrible a vivir nesta casa. Xa*

non dou durmido soa. Non son mamá. Cando en inverno se oe un zunido en tódalas estufas e nos tubos e un forte ruído no soportal, por moito que ***baixes da mente***] (F. Abramov. *Cabalos de madeira*, Деревянные кони).

– materialización dunha metáfora unida á oposición aspectual: На кухне Кирилл Афанасьевич в сотый раз рассказывал Доре и жене Тоне, как Алик начинал *сходить с ума* и как сегодня – сошел [*Na cociña Kirill Afanásevich contáballes por enésima vez a Dora e a Tonia como Alik comezaba a* ***baixar da mente*** *e como hoxe* ***baixou*** *de todo*] (S. Kaledin. *O corredor*, Коридор).

2. pensar incorrectamente e/ou proceder de maneira inadecuada ás circunstancias, comportándose coma un enfermo mental; tolear, enlouquecer 🗐 – Вы все *сошли с ума*, олухи и трусы! Переспишь с бабой, через неделю сообщают – тебе ее подсунули, она стукачка... [*Todos vós* ***baixastes da mente****, imbéciles e covardes! Déitate coa muller, dentro dunha semana hante de informar, coláróncha, é unha confidente da policía...*] (V. Aksénov. *A queimadura*, Ожог). • – Ты *с ума сошла*! – восклицала Юля. – Привлекать к себе внимание такими претензиями! И это в то время, когда они еще не разобрались в кривошеевских доносах на тебя! [*—Ti* ***baixaches da mente****! —exclamou Iulia—. Chama-la atención cunhas pretensións así! E ademais no momento no que non comprenderon as denuncias de Krivoxéev contra ti!*] (E. Gainsburg. *A ruta cruel*, Крутой маршрут). • – Ладно, молитесь на меня. Крылов со мною. Нет, не здесь, в сотне километров отсюда. Хотите адрес? Этот меланхолик *сойдет с ума*, когда узнает, что я вас встретил [*Está ben, rezade por min. Krilov está comigo. Non, non aquí, a cen quilómetros de aquí. Queréde-lo enderezo? Este melancólico* ***baixará da mente*** *cando saiba que eu vos atopei*] (D. Granin. *Vou á treboada*, Иду на грозу). • Она, ничего не ответив и ничем меня не накрыв, тут же провела мне широкую просеку посреди темени. – Мадам! – вскочил я. – Что это такое вы делаете? Да вы *с ума сошли*! Я же просил сделать мне полубокс [*Ela, sen responder nada e sen cubrirme con nada, fíxome unha devasa na cabeza. —Madame! —saltei eu. Pero que está a facer? Pero vostede* ***baixou da mente****! Pero se eu o que lle pedín é que me fixese un corte tipo casco!*] (V. Vóinovich. *Moscova 2042*, Москва 2042). • Пришел милиционер – пожилой, усталый, простой человек в запотевшей гимнастерке. Пришел и ушел, ничего не поняв и ничего не записав. Просто неодобрительно покачал головой и ушел. – Второй холостой вызов сегодня, – сказал он, – прямo *с ума сошли* [*Chegou un policía: unha persoa maior, cansa e sinxela cunha chaqueta militar enchoupada de suor. Chegou e marchou, sen entender nada e sen anotar nada. Simplemente sacudía a cabeza cun aire de desaprobación e marchou. —Segunda falsa alarma hoxe —dixo—;* ***baixaron completamente da mente***] (Iu. Dombrovskii. *O gardián de antigüidades*, Хранитель древностей).

■ máis frecuente con aspecto perfectivo

— é posible a variante co verbo *посходить* (verbo *сходить* + prefixo *по*), co que a característica de pensamento/comportamento se estende a un conxunto de xente: Машина наша была в ремонте, и первые трудности начались уже в метро, когда подростки, пьяные мужики, подвыпившие бабы, полковники, вагоновожатые как

будто *с ума посходили* – каждый норовил меня за что-то потрогать, пощупать, и все кричали двусмысленно: «Эй, Снегурочка, из-под тебя течет! Смотри, не растай!» [*Tiñámo-lo coche no taller e as primeiras dificultades xa comezaron no metro, cando uns adolescentes, uns labregos bébedos, unhas vellas que beberan, uns coroneis e uns condutores de tranvía como se* ***baixasen da mente****: cada un deles intentaba tocarme por algún sitio, apalparme, e todos berraban con retranca: «Ei, Brancaneves, estás a pingar por abaixo! Mira de non te derreter!»*] (Corpus xorn.).

— con frecuencia dáse unha personificación: Первое впечатление – вся Москва *сошла с ума* [*A primeira impresión: Moscova enteira* ***baixou da mente***] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). • Почта вообще *с ума сошла.* Никакие доводы о беспочвенности повышения цен на нее не действуют [*Correos a verdade é que* ***baixou da mente****. Non hai argumentos sobre a inxustificada subida de prezos que teñan efecto sobre este servizo*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). • Мяч в моих руках – *с ума* трибуны *сходят* [...] [*A pelota está nas miñas mans: as gradas* ***baixan da mente*** (...)] (V. Visotskii. *O porteiro*, Вратарь).

— aparece a miúdo en preguntas retóricas: Георгий не испытывал от ревности жены удовольствия, потому что к Липе он давно особых чувств не питал, и чтобы прекратить неумелые и нелепые претензии жены, просто сказал ей: – Ну, чего ты *с ума* все *сходишь*?! [*Georgii non sentía pracer ningún polos celos da muller, pois había tempo que non alimentaba sentimentos especiais por Lipa e para remata-las torpes e absurdas pretensións da muller simplemente lle dixo: —A ver, ti que: segues a* ***baixar da mente****?!*] (S. Kaledin. *O corredor*, Коридор). • О каких бабочках может идти речь зимой, притворно удивляется педагог, вы что – *с ума сошли*? [*De que bolboretas se pode tratar en inverno —o pedagogo abraiouse con finxida sorpresa—. Vostede que,* ***baixou da mente****?*] (Saxa Sokolov. *Escola para parvos*, Школа для дураков).

— combinada frecuentemente con *просто, прямо* [*simplemente, totalmente*]: Что же это вы ускоряете смерть Кривицкого? Просто *с ума сходит*, что вы к нему не идете. А после такого инсульта малейшее волнение... [*Pero por que estades a apresura-la morte de Krivitskii? Simplemente está a* ***baixar da mente*** *porque non ides visitalo. Despois dunha embolia así, a máis pequena axitación...*] (E. Ginzburg. *Un percorrido cruel*, Крутой маршрут). • Наша директриса просто *с ума сходила*, она даже подала петицию, чтобы школу переименовали. Но все равно о Макове даже речи идти не может, он же не сталевар, верно? [*A nosa directora simplemente* ***baixou da mente****, mesmo presentou a petición de que cambiasen o nome da escola. Pero, de tódolos xeitos, non pode ser nin sequera Makov; el non é un fundidor de aceiro, non si*?] (T. Tolstáia. *O sonámbulo na néboa*, Сомнамбула в тумане). • Пришел милиционер – пожилой, усталый, простой человек в запотевшей гимнастерке. Пришел и ушел, ничего не поняв и ничего не записав. Просто неодобрительно покачал головой и ушел. – Второй холостой вызов сегодня, – сказал он, – прямо *с ума сошли* [*Chegou o policía: unha persoa maior, cansa e sinxela cunha chaqueta militar enchoupada de suor. Chegou e marchou, sen entender nada e sen anotar nada. Simplemente sacudía a cabeza cun aire de desaprobación e*

marchou. —Segunda falsa alarma hoxe —dixo—; ***baixaron*** *completamente* ***da mente***] (Iu. Dombrovskii. *O gardián de antigüidades*, Хранитель древностей).

— a miúdo co *да* «clasificador»: Нет! Никогда! Что вы! Да вы *с ума сошли*... Дика! очнись! это я!.. это я... Она побежала за этими, с сачками и баграми... [*Non! Nunca! Pero que di vostede! Pero vostede* ***baixou da mente****... Dika! Esperta! Son eu!... son eu... Ela saíu correndo detrás deles, coas redes e os bicheiros...*] (A. Bitov. *O profesor de simetría*, Преподаватель симметрии). • [...] Ну по каким? По хрипушинским, неймановским, по вашим, мало ли на свете подходящих карманов? Той, которая меня допрашивала, тоже что-нибудь, собаке, на орехи – на сережки или на колечко – обломилось бы. – Да вы *с ума сошли*! – ошалело воскликнул прокурор. Зыбин, усмехаясь, поглядел на него. – Неужели? – спросил он насмешливо [(...) *Pero por cales? Polos de Ghripúxin, Neuman, polos seus, hai poucos petos axeitados no mundo? Aquela cadela que me interrogou, algunha cousa tamén obtería, para mercar uns pendentes ou un anel. —Pero vostede* ***baixou da mente****! —exclamou abraiado o procurador. Zibin, sorrindo maliciosamente, mirou para el. —De veras? —preguntou con aire de mofa*] (Iu. Dombrovskii. *A facultade das cousas innecesarias*, Факультет ненужных вещей).

— a diferenza do primeiro e quinto significado, no imperativo está permitida a aparición dunha negación: – Вылезай! Простудишься! – взвизгнул Юля. – Да просто вот он... – Глеб с трудом выдернул из воды кулак с тяжелым тросом. – Зацеплю, раз уж плаваю. Нырну... – *С ума не сходи*, ледяная... [*—Sae! Haste arrefriar! —chiou Iulia—. E velaí está o cable... Gleb tirou da auga un puño cun pesado cable. —Vou enganchalo, xa que estou nadando. Voume mergullar... —Non* ***baixes da mente****, a auga está xeada...*] (S. Kaledin. *O traballo suplementario de Gleb Bogdixev*, Шабашка Глеба Богдышева).

O falta de coherencia do significado da UF nas réplicas dun diálogo: na réplica inicial emprégase coa segunda acepción e na réplica de resposta coa primeira (comp. *пока* [*de momento*]): Натали**:** Гуревич, милый, ты *с ума сошел*... Гуревич**:** Пока – нисколько [*Natalie: Gúrevich, querido, ti* ***baixaches da mente****... Gúrevich: De momento, en absoluto*] (Ven. Eroféev. *A noite de Valpurgis, ou os pasos do comendador*, Вальпургиева ночь, или Шаги Командора).

3. (por algo) atoparse nun estado de obsesión acerca de algo, que vai acompañado dunha concentración excesiva de atención sobre algo e que se manifesta nunha determinada actividade e que fai pensar no comportamento dun desequilibrado mental; tolear por algo, enlouquecer por algo. 🗐 Чунка и Деспина влезли на дерево и, стоя на разных ветках, начали рвать инжир, то сами поедая, то нам подбрасывая. Чунка еще и в корзину успевал собирать. Мне инжиры бросал только Чунка, а тетушке Хрисуле в основном бросала Деспина, но и Чунка нередко подбрасывал, потому что тетушка Хрисула прямо *с ума сходила* по черному инжиру [*Chunka e Despina gabearon pola árbore e, enriba de diferentes pólas, empezaron a arrincar figos, comendo algúns deles e guindándonos outros a nós. Chunka, ademais, aínda deu apañado uns poucos nunha cesta. A min os figos só mos guindou Chunka e á tía Ghrisula guindáballos sobre todo Despina, pero Chunka ás*

veces tamén lle guindaba, porque a tía Ghrisula ***baixaba*** *totalmente* ***da mente*** *polos figos negros*] (F. Iskander. *Gharlampo e Despina*, Харлампо и Деспина). • Жюстин стала пятой ракеткой планеты, а ведь еще год назад стояла в мировой табели лишь сотой. Энин не производит впечатления зазнайки, она не *сходит с ума* по деньгам. Заработанные на Уимблдоне 324.400 долларов 19-летняя франкоговорящая бельгийка обещала не тратить «на всякие глупости» [*Justin converteuse no quinto foguete do planeta, e só hai un ano era o número cen na táboa mundial. Enin non causa a impresión de ser un chulo, non* ***baixa da mente*** *polos cartos. Os 324.400 dólares que a belga francófona de 19 anos gañou en Wimbledon prometeu non gastalos en «todo tipo de parvadas»*] (Corpus xorn.).

■ é preferible o aspecto imperf.: *Ela *сошла с ума* [**baixou da mente*,] polos figos; comp., por outra parte: o mundo enteiro *сошел с ума* [*baixou da mente*] polo fútbol; un rapaz sinxelo que *сошел с ума по* [*baixou da mente*] polos coches; O noso gato *сошел с ума по* [*baixou da mente*] pola comida da súa gata.

4. (por alguén) experimentar un forte sentimento de amor por alguén (acompañado dunha excesiva concentración de atención cara a esta persoa) que se manifesta nunha conduta que fai pensar no comportamento dun desequilibrado mental 🗐 Владимир Андреевич в молодости был мужчиной видным – высоким, стройным. Не зря студентки и аспирантки по нему *с ума сходили* [*Vladímir Andréevich, cando era novo, era un home de boa presenza: alto e esvelto. Non en van as estudantes e as posgraduadas* ***baixaban da mente***] (Corpus pros. rus.). • Савелий вошел в самолет и занял свое место. К нему тут же подсел красавец кавказского типа лет тридцати с огромными карими глазами. «По таким девки *с ума сходят*», – промелькнуло в голове у Савелия [*Savelii entrou no avión e ocupou o seu posto. Xunta el sentou un home guapo de trazos caucásicos con enormes ollos marróns. «Por eses homes as rapazas* ***baixan da mente****» pasoulle pola testa a Savelii*] (Corpus detect.). • Когда Валя его видит, у нее коленки подгибаются – она *сходит* по нему *с ума* [*Cando Valia o ve, trémenlle os xeonllos:* ***baixa da mente*** *por el*] (KRR).

■ prefírese o aspecto imperf., comp. *Ela *сошла с ума* [**baixou da mente*] por el; non obstante, na literatura do século XIX úsase este aspecto: [...] – помнишь Варварушку из Кинешмы? – совсем *с ума сошла* по нем; как уехал, так в прорубь кинуться хотела, руки на себя наложить [(...) *Lémbraste de Varvaruxka a de Kinexma?* ***Baixou da mente*** *completamente por el; cando marchou queríase botar nun burato feito no xeo, quería acabar coa súa vida*] (P. I. Mélnikov-Pecherskii. *Nos bosques*, В лесах).

O a valencia exprésase dun xeito non-estándar; utilízase un grupo preposicional introducido por *no* [*por*]: Но ничего такого себе не позволяла: уж очень была гордая. По ее недоступности доктор Линде чуть *с ума* не *сошел*. «Спорю, – говорит, – на две дюжины пива, что я с этой феей в течение двух вечеров войду в интимное положение» [*Pero non permitiu algo así: xa era moi orgullosa. Pouco faltou para que o doutor Linde* ***baixase da mente*** *pola súa inaccesibilidade. «Aposto —di— dúas ducias de cervexa a que ó cabo de dous seráns hei entrar nunha situación íntima con esta fada»*] (Abram Terts. *Liubímov*, Любимов).

5. expresión dunha forte vivencia emocional (positiva ou negativa) experimentada polo falante 🗐 Натали (истерично): Борька! Переста-ань! Перестаааань! Ведь это *с ума сойти*! [***Natalie** (histérica): Borka! Paaara! Paaaaaaaaaaara! Pero se iso é **baixar da mente**!*] (Ven. Eroféev. *A noite de Valpurgis, ou os pasos do comendador*, Вальпургиева ночь, или Шаги Командора). • Барашек. Дуська его в сухом вине вымачивает, лучок, травки там, перчик... *с ума сойдешь*! [*É un cordeiriño. Duska marínao en viño seco, ceboliña, herbiñas, pementiña... é para **baixar da mente**!*] (Iuz Alexkovskii. *Camuflaxe*, Маскировка). • Он провел рукой по лицу, словно ощупывая себя. – Я потомок Тютчева. Его правнук. *С ума сойти*! [*Pasou a man pola cara, como apalpándose. —Eu son descendente de Tiútchev. O seu bisneto. É para **baixar da mente**!*] (V. Sorokin. *Norma*, Норма). • Ну вот вчера звоню одному нашему с тобой общему знакомому, спрашиваю: «Ты давно не видел Гришу Крошина?» А он мне: «Да нет, вчера видел его на сессии...» *С ума сойти*! Так запросто: в Кремле! [*Pois resulta que onte chamo a un coñecido que temos en común e pregúntolle: «Hai moito que non ves a Grixa Kroxin?» e el a min: «Non ho, onte vino na sesión...» É para **baixar da mente**! Con toda a naturalidade do mundo: no Kremlin!*] (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица).

■ só na estrutura dunha oración exclamativa

— admisible unicamente o aspecto perf.

— realízase no infinitivo ou na segunda persoa de singular do futuro (máis raramente na primeira): —Ai, eu *с ума сойду* [*hei baixar da mente*] —alporizouse Lora—, vai rompe-los derradeiros vasos. (T. Tolstáia. *O somnámbulo na néboa*, Сомнамбула в тумане).

— a miúdo en combinación con *можно* [*pódese*]

O a modalidade non-estándar (é posible unha variante dialectal): Бригадир в радостях убежал тотчас же, потому что боялся, что Катерина раздумает, а бабы, уходя завтракать, только головами качали. Двенадцать коров на руках у Катерины, да еще и телятник взяла. *С ума надо сойти*! [*O brigadier coa alegría saíu correndo de contado porque tiña medo de que Katerina cambiase de opinión e as vellas, mentres ían almorzar, non facían máis ca abanea-la cabeza. Doce vacas nas mans de Katerina e aínda por riba collera unha corte. É para **baixar da mente**!*] (V. Belov. *Un asunto habitual*, Привычное дело).

ВЫЖИТЬ/ВЫЙТИ ИЗ *УМА* [*saír vivindo fóra da mente/saír da mente*, 'perde-las facultades por mor da idade avanzada'] **1**. *neutr.* Perder coa idade a capacidade de pensar correctamente e/ou comportarse de maneira axeitada ás circunstancias, como se se abandonase o ámbito do pensamento correcto; volverse parvo, idiota 🗐 «Я вижу, вы не очень-то мне верите, – неожиданно сказал под конец беседы Сон Сок У. – Думаете, небось: старый, *выживший из ума* колдун. [...]» [*«Vexo que non me cre moito —dixo inesperadamente Son Sok U cara ó final da charla—. Seguramente pensa: un bruxo vello, que **saíu da mente**. (...)»*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец). • [...] я сказал, что аллюзивная часть сочинения мне показалась меньше, потому что слишком затянулись сроки, то есть они настолько

затянулись, что когда начнется ростепель, потекут ручьи и лопнут почки, на это замечательное явление природы будут взирать не молодой поэт и его пламенная подруга, а совершенно *выжившие из ума* старик и старуха, с клюками, редкими волосьями и пигментными кляксами на лице и руках [...] [(...) *eu dixen que a parte alusiva da composición me pareceu menor porque dilataron demasiado os versos, é dicir, dilatáronse tanto que cando empece o desxeo, empecen a corre-los regatos e abran os gromos, este fascinante fenómeno da natureza vaino contemplar, non un poeta novo e a súa fervorosa amiga, senón un vello e unha vella completamente* ***saída da mente****, con bastóns, pouco pelo e manchas de pigmentación na cara e nas mans* (...)] (Vikt. Eroféev. *Berdiáev*, Бердяев). • Предположение эксперта по баллистике, что телом Гумми выстрелили из пушки, было тут же отвергнуто, а старый полковник артиллерии в отставке сочтен *выжившим из ума* [*A conxectura do experto en balística de que dispararan ó corpo de Gummi cun canón foi rexeitada de contado e o vello coronel de artillería retirado foi considerado* ***saído da mente***] (A. Bitov. *O profesor de simetría*, Преподаватель симметрии). • Скрываете от меня, чтоб я не знала. Говорите: завтри, завтри, а боле все, боле не будет завтри. Вы думаете, я совсем *из ума выжила*, ничего не понимаю [*Ocúltemo para que non o saiba. Díganme «mañá, mañá», aínda que xa non haxa un mañá. Vostedes pensan que* ***saín*** *completamente* ***da mente****, que non entendo nada?*] (V. Rasputin. *O derradeiro prazo*, Последний срок). • На Дашкино двадцатилетие – 20 января – были званы все. Из экспедиции специально приехала свекровь-геологиня в сопровождении обросшего, бряцающего на гитаре мужика. Геологиня сделала химию, маникюр и просила всех называть себя попросту – Таней. Дашка прибежала с изменившимся лицом и выпалила: *вышедшая из ума* «старуха Таня» склонна выйти замуж за периферийного мужика [*Ó vixésimo aniversario de Daxka (o 20 de xaneiro) foron invitados todos. Da expedición veu a propósito a sogra xeóloga en compañía dun labrego espeluxado que tocaba a guitarra. A xeóloga fixera química, manicura e pedíalles a todos que a chamasen sinxelamente Tania. Daxka chegou correndo coa cara cambiada e espetou: «a "vella Tania", que* ***saíu da mente****, ten a intención de casar cun labrego da periferia»*] (G. Xcherbákova. *O ano de Alena*, Год Алены). • 14 июня гитлеровцы заняли Париж. 17 июня *выживший из ума* престарелый Петен с детской наивностью предложил Гитлеру перемирие. Получив это предложение, фюрер презрительно усмехнулся: «С агрессором? Никогда!» [*O 14 de xuño os hitlerianos tomaron París. O 17 de xuño o vello Peten, que* ***saíra da mente****, cunha inxenuidade infantil ofreceulle a Hitler o armisticio. Ó recibi-la proposta, o Führer riu con desprezo: «Co agresor? Xamais!»*] (Corpus xorn.). • Только нравственные слепцы и *выжившие из ума* старцы, которым не нравится всякое проявление жизни света, могут противиться доступу женщины к просвещению [*Unicamente os cegos morais e os vellos que* ***saíron da mente*** *ós que non lles gusta calquera manifestación da vida no mundo poden opoñerse ó acceso da muller á educación*] (Corpus xorn.).

■ con frecuencia úsase en forma da combinación fixa de palabras *выжить из ума от старости* [*saír vivindo fóra da mente pola vellez*]; comp. o carácter non desexable da forma ?*выжил из ума от болезни* [?*saíu vivindo da mente por enfermidade*].

— é posible a personificación: Мы отныкаем лишнее у еврейской плутократии, охумутаем большевистскую Россию и перетрясем фамильные сундуки *выжившей из ума* Европы. Мы, арийцы, погуляем по буфету, а быдло пускай поупирается [*Arrebatarémoslle o que lle sobre á plutocracia xudía, poñerémoslle o xugo á Rusia bolxevique e sacudirémo-los baúis da familia de Europa que* ***saíu vivindo da mente***] (Iuz Alexkovskii. *O canguro*, Кенгуру).

— no material existente para este significado predomina a forma participial.

O antonimia e combinabilidade non-estándar con *немножко* [*un pouco*]: Аня и Нюра сладко мирилась в соседней комнате. Они ругались и мирились на равных, несмотря на то, что одной было три года, а другой семьдесят. Аня еще не *вошла в ум*, а Нюра уже *немножко выжила*. Их умственные способности были идентичны [*Ania e Niura reconciliábanse docemente no cuarto contiguo. Rifaban e reconciliábanse coma iguais, malia que unha tiña tres anos e a outra setenta; Ania aínda non* ***entrara na mente*** *(non pensaba coma unha persoa adulta, non era capaz de pensar por si soa) e Niura xa* ***saíra vivindo da mente un pouco*** *(perdera un pouco as facultades mentais). As súas capacidades mentais eran idénticas*] (V. Tokáreva. *Un día longo*, Длинный день).

— a utilización da primeira persoa e a combinabilidade non-estándar co adverbio *заодно* [*conxuntamente, ó mesmo tempo*], o cal presupón o predicado da acción controlada: Рубище сушу свое немудрящее, которым, слава Господу, владею еще. Великовато становится оно с году на год, сохну я, усыхаю в последние сроки, да *выживаю* заодно *из ума* [*Eu seco os meus sinxelos farrapos que, grazas a Deus, aínda posúo. Fanse grandes de ano a ano, eu vou secando, sécoo estando nas últimas, mentres que ó mesmo tempo* ***saio vivindo da mente***] (Saxa Sokolov. *Entre o can e o lobo*, Между собакой и волком).

2. pensar de maneira incorrecta e/ou actuar de maneira non axeitada ás circunstancias, o que dá a idea de que se trata dunha persoa que perdeu coa idade as súas capacidades e parece que abandonou o dominio do pensamento correcto; tolear, enlouquecer 🗐 – Зря убил майора, сынок. Майор кончал Кныша... – Кончал вора, Фаэтон! – поправил его Мотылек. – Ты глупее, чем я думал, – сокрушенно развел руками Фаэтон. – [...] *Из ума выжил*! [*—Mataches en van o comandante, filliño. O comandante matou a Knix... —Matou un ladrón, Faeton! —corrixiuno Motilok. —Ti es máis parvo do que eu pensaba —axitou os brazos compunxido Faeton—.* (...) ***Saíches vivindo da mente****!*] (V. Visotskii, L. Monchinksii. *A candea negra*, Черная свеча). • Так наши и убрались ни с чем, а тут, вишь, гонцы. Наши перепужались, озлобились, чуть не плачут; кто руки заламывает, кто со страху описался, а Константин Леонтьич, что в углу у окошка сидит, на время как бы *из ума вышел*: стал кричать, что, дескать, вижу, вижу столп бестелесный, пресветлый, преужасный, громоподобный и стоочитый, и в том столпе верчение, и струение, и крылья, и зверь, идущий на четыре стороны [*Así, os nosos marcharon sen nada, e mira ti, aquí chegaron uns mensaxeiros. Os nosos espantáronse, enfadáronse, por pouco choran; houbo quen axitaba as mans, quen mexou por el co medo, mentres Konstantin Leóntich, sentado no recanto cabo da ventá, por un intre pareceu como se*

***saíse da mente**: púxose a berrar que seica vía unha columna incorpórea, clarísima, horrible, semellante a un trono e con cen ollos e naquel piar unha rotación e un manar en chorro e unhas ás e unha besta que ía nas catro direccións*] (T. Tolstáia. *Kis*, Кысь).

ГЛАЗА* НА ЛОБ ПОЛЕЗЛИ (de alguén/a alguén)** [*os ollos subiron á testa*, 'abrir moito os ollos como expresión de dor, sorpresa etc.')] **1.** alguén experimenta fortes sufrimentos físicos que a miúdo se reflicten nun xesto na cara que expresa o estado que está a sentir 🗐 «В милицейскую машину, пожалуйста, Милашкин!» Удивляюсь такому обороту дела, но иду. От каждого шага у меня *глаза на лоб лезут*, так больно и жжет, и копится в моей душе большая обида на партию [*«Entre no coche da policía, por favor, Milásxkin!» Sorpréndome do xiro que están a toma-las cousas, pero vou. A cada paso que dou, os **ollos sóbenme á testa**, con qué dor me queima e se me crava na alma a grande ofensa ó partido*] (Iuz Alexkovskii. *Camuflaxe*, Маскировка). • Ужас что творится. На помощь никто не приходит. Какая уж тут помощь в День танкиста? Все в свое удовольствие живут. Спирта у санитаров хватает... у Маркса на губах пена желто-зеленая, *глаза на лоб* от боли *лезут* [*O que está a pasar é un horror. Ninguén vén axudar. Que axuda vai haber no día do tanquista*[310]*? Todos viven na súa comodidade. Os enfermeiros teñen alcohol abondo... Marx ten nos beizos unha escuma amarelo-verdosa, da dor **os ollos soben á testa] (Iuz Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек). • Гроза бедняжку быстро обступила да как бабах из-за спины тихонько громом старикашку, что у того *глаза на лоб* [*A treboada rapidamente arrodeou o coitadiño e o vello colleuno por detrás das costas cun trono, coma un pum!, de xeito que a este lle **subiron os ollos á testa***] (Text. lit. int.).

O materialización da metáfora: Если бы не это... А тут, понимаешь, сразу промывание желудка, под давлением, представляешь? Клизму такую засадили, вредители! Знаешь, сегодня я только понял, какая это страшная пытка у инквизиторов была, когда сзади воду закачивают... Веришь, у меня *глаза на лоб полезли*, впору к окулисту проситься!.. [*Se non fose isto... E entón, entendes?, deseguida un lavado de estómago, baixo presión, imaxínalo? Metéronlle unha lavativa así, sabotadores! Sabes, eu non foi ata hoxe que entendín que tortura máis arrepiante era aquela dos inquisidores, cando metían auga por detrás... Crerás que **os ollos me soben á testa** , non me queda outro remedio que ir ó oculista!...*] (Ven. Eroféev. *A noite de Valpurgis, ou os pasos do comendador*, Вальпургиева ночь, или Шаги Командора).

> **VAR *шары/фары... на лоб полезли (чьи-л./у кого-л.)*** [*as bólas/os faros*[311]*... subiron á testa*, 'abrir moito os ollos como expresión de dor, sorpresa etc.'] *xerga* 🗐 Проснувшись, Лева осторожно попытался повернуться, и *шары полезли на лоб* от боли: руки были крепко прикручены проволокой к спинке кровати [*Ó espertar Leva intentou con*

[310] N. do t.: Día que conmemora os logros da artillería pesada soviética na II Guerra Mundial.
[311] N. do t.: Variantes coloquiais de «ollo».

coidado da-la volta e da dor ***as bólas subíronlle á testa****: tiña as mans atadas fortemente cun arame á cabeceira da cama*] (Corpus detect.). • Получив удар в промеж глаз Савелий зарычал, *шары* у него *полезли на лоб*, но он удержался на ногах [*Despois de recibir un golpe entre os ollos Saveloo chiou,* ***as bólas subíronlle á testa****, pero mantívose de pé*] (Corpus detect.).

2. alguén experimenta unha sorpresa causada por unhas circunstancias que se volveu descubriu que eran negativas, o que a miúdo se reflicte na cara cun xesto que expresa o estado que se está a sentir; quedar apampado[312] 🗐 Заброс газеты на месяц, потом вдруг взгляни, и у тебя *глаза на лоб полезут* от удивления, как ты мог эту муть читать ранее [*Ti deixa as revistas de lado un mes, despois volve miralas e da sorpresa hanche* ***subi-los ollos á testa*** *por como puideches ler todas esas parvadas antes*] (A. Zinovev. *Alturas brillantes*, Зияющие высоты). • Бараньи *глазки* Бикчентаева *лезут на лоб*. – Как вы смеете оказывать давление на свидетеля! Я вас сейчас в нижний карцер отправлю! [***Os olliños*** *de cordeiro de Bikchentáev* ***sóbenlle á testa****. —Como se atreve a coaccionar unha testemuña! Vouno mandar ó cárcere de abaixo agora mesmo!*] (E. Ginzburg. *Un percorrido cruel*, Крутой маршрут). • Человечество складывается из мужчин и женщин. Антон создан специально для женщин. Если бы ты знала, скольких он уже успел покорить, у тебя бы *глаза полезли на лоб* [*A humanidade componse de homes e mulleres. Antón foi creado especialmente para as mulleres. Se soubeses cantas xa deu conquistado,* ***os ollos*** *habíanche* ***subir á testa***] (Corpus pros. rus.). • В Гостином дворе Славик работает около трех месяцев, живет в общежитии на шоссе Энтузиастов. В комнате – 17 человек. У меня *глаза на лоб вылезают* от этой цифры, а Славик смеется: «Хорошее общежитие, чистое. Столовая есть, душевые» [*Slavik leva traballando arredor de tres meses no centro comercial Gostinii Dvor, vive nunha residencia na estrada dos Entusiastas. No cuarto hai 17 persoas. A min* ***sóbenme os ollos á testa****, pero Slavik ri: «A residencia é boa, está limpa. Hai comedor e duchas»*] (Corpus xorn.). • Кто-то по дурости, что ли, или по озорству, не знаю уж как, и направил их к бабке Фимке. Она и напела им десятка два песен. Прямо по Авенариусу шпарила, есть у него такая книга «Былины в обработке для детей среднего возраста». У тех инда *глаза на лоб полезли*. Вот это материал! [*Alguén, se cadra porque era parvo, eu que sei, ou mesmo por facer unha trasnada, enviounos onda a avoa Fimka. Ela chegou a cantarlles unhas vinte cancións. Narraba segundo Avenarius, que ten o libro «Lendas épicas en versión para nenos». A eles ás veces* ***os ollos subíanlles á testa****. Iso si que é material!*] (Iu. Dombrovskii. *A facultade de cousas innecesarias*, Факультет ненужных вещей).

---

[312] É interesante o feito de que no *SOVRIA*, no *KRAFS* e no *FSRIA* este significado da UF *глаза на лоб полезли* [*os ollos subiron á testa*] (no *KRAFS* e no *FSRIA* ámbolos dous significados están unificados nun só) correspóndese tamén coa idea de medo. Non obstante, é obvio que no ruso moderno as expresións do tipo *У меня от стараха глаза на лоб полезли* [*a min do medo os ollos subíronme á testa*] non son correctas. O único exemplo citado no *FSRIA* e repetido no *SOVRIA* non se corresponde co uso normativo actual desta UF: *– Не пугай! – вызывающе крикнула Галя. – Не испугаешь. У самой от страху глаза на лоб лезут* [*Non te asustes! — berrou Galia, desafiante. —Non te debes asustar. Só polo medo non che han subi-los ollos á testa*] (F. Gladkov. *Vólnitsa*, Вольница).

■ na fala coloquial omítese con frecuencia o compoñente verbal: Когда Любаня мне это предложила – у меня *глаза на лоб*. Естественно, мы уже жили как муж и жена, только без общего дома, и родители наши к нам уже привыкли [*Cando Liubania mo propuxo, a min* ***os ollos á testa****. Naturalmente, nós xa viviamos como home e muller, só que sen unha casa común, e os nosos pais xa se afixeran a nós*] (*Ogonek*, Огонек).

✪ a valencia e a materialización da metáfora exprésanse dun xeito non-estándar: – Шалашовка разливная.[...] От тебя у твоей Наденьки *глаза на лоб полезли*... [*Puta a granel* (...) *Pola túa culpa á túa Nádeñka* ***os ollos subíronlle á testa****. O diaño. Unha criada do demo...*] (Iuz Alexkovskii. *O modesto paniño azul*, Синенький скромный платочек).

— personificación e materialización da metáfora: Вот что стало известно корреспонденту «МК» о развитии событий после скандального отстранения шефа СБ от занимаемой должности в Грузии. Проведя прощальную пресс-конференцию и обвинив на ней ряд ведущих политических партий и политиков в преступлениях, Георгадзе исчез с глаз общественности, которые *полезли на лоб* в результате его своеобразного «прощания» [*Velaquí o que soubo o correspondente de* MK *sobre a evolución dos acontecementos despois da escandalosa retirada do xefe do SB do cargo que desempeñaba en Xeorxia. Despois de realizar unha rolda de prensa de despedida e de acusar nela de delitos a unha serie dos principais partidos políticos e políticos, Georgadze desapareceu dos ollos da vida pública, os cales* ***subiron á testa*** *como resultado da súa peculiar «despedida»*] (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

> **VAR** ***брови на лоб полезли (de alguén/a alguén)*** [*as cellas subíronlle á testa*] 🗐 «Господин ротмистр, – сказал он. – Разрешите обратиться. Там старшина сто четырнадцатого кого-то привел. Не взгляните ли?». Господин ротмистр подошел к окну, посмотрел, *брови* у него *полезли на лоб* [*«Señor capitán de cabalería —dixo el—. Permita que me dirixa a vostede. Alí o starxiná*[313] *do cento catorce trouxo alguén. Non vai mirar?». O capitán de cabalería achegouse á fiestra, mirou,* ***as cellas subíronlle á testa***] (A. e B. Strugatskii. *A illa habitada*, Обитаемый остров).
>
> ***шары/фары... на лоб полезли (de alguén/a alguén)*** *xerga* [*as bólas/os faros*[314]*... subiron á testa*] 🗐 И вот тут, значит, этот самый Голландец поднимается на «голубятник», подходит к капитану. «Просемафорьте, пожалуйста, встречному – не нужен ли матрос?» Я себе представляю этого кепа – у него, наверное, *шары на лоб вылезли* [*E así, daquela, este mesmo holandés sobe á «pombiña»*[315]*, achégase ó capitán. «Déalle un sinal, por favor, ó barco que vén cara a nós; non precisarán un mariñeiro?» Eu imaxino que a este capitán seguramente* ***lle subiron as bólas á testa***]

[313] N. do t.: Sarxento.
[314] N. do t.: Véxase a nota 311.
[315] N. do t.: Ponte de mando do barco.

(G. Vladímov. *Tres minutos de silencio*, Три минуты молчания). • У меня *фары на лоб полезли* от такой догадливости. Что он, следил за мной, думаю, что ли? [*De tanta agudeza* ***os faros subíronme á testa****. Pero el que? Seguíame, penso eu, non?*] (Iuz Alexkovskii. *Nikolái Nikoláevich*, Николай Николаевич). • «Признавайся сходу – занимаешься онанизмом?» Первый раз в жизни иду в сознанку. «Занимаюсь. Только статьи такой нет – кодекс наизусть знаем.» У него *шнифты на лоб*: «Зачем?» «Привык, – говорю, – с двенадцати лет по тюрьмам ошиваюсь» [*—Recoñécеo ante a congregación: practíca-lo onanismo? —Practico. Só que non hai ningún artigo sobre iso: o código seino de memoria.* ***Os ollos á testa****: —Por que? —Estou afeito —digo eu—; dende os doce anos estou a dar voltas polas prisións*] (Iuz Alexkovskii. *Nikolái Nikoláevich*, Николай Николаевич).

8.1.6. Estrutura de cada entrada

Nos exemplos citados con anterioridade pódese comprobar que as entradas do *RFS* están compostas polas seguintes seccións: 1) lema; 2) número que indica a orde do significado; 3) valencias; 4) marcas; 5) definición; 6) exemplos; 7) comentarios; 8) usos non-estándar; 9) variantes. En cada significado realízase a repetición das seccións (recursión), a partir da segunda.

O **lema** está constituído pola forma básica da UF (as variantes aparecen nunha sección á parte, *vide infra*). Se hai pares aspectuais, no lema só se indica un deles, en xeral, o máis comunmente utilizado, pero se a UF só se utiliza cun aspecto do verbo, indícase especificamente nun comentario. Neste caso (verbos que contan cun só aspecto), loxicamente non se indican as restricións aspectuais.

O **número de orde do significado** indícase, naturalmente, só no caso de verbos que teñen diferentes significados.

As **valencias da UF** reflíctense no lema coa axuda de pronomes indeterminados coma *alguén*, *algo*, que se indican nos casos correspondentes. A valencia de suxeito non se indica (a excepción dos casos especificados na sección 7.2.3). As valencias opcionais ofrécense sempre que sexan imprescindibles para a correcta comprensión do significado da UF.

Sobre a sección das **anotacións**, véx. o capítulo 11.

A **definición** consta, en xeral, de dúas partes: unha definición propiamente dita e expresións semi-sinónimas que están separadas da primeira parte por medio dun punto e coma. Na metalinguaxe da definición propiamente dita existen algunhas limitacións, as cales non se poden considerar resultado dunha observancia coherente dos postulados de ningunha escola semántica. Pódese falar máis ben dun tipo de definición que cumpre os requisitos mínimos dunha explicación semántica (requisitos xa elaborados na tradición fraseolóxica) e que, ó mesmo tempo, exclúe do uso dese dicionario o usuario común. Os elementos da definición só poden ser expresións da lingua natural (principio de naturalidade), é dicir, para face-las definicións non se utilizaron UUFF nin significados de palabras unidos de forma idiomática. Ademais do significado da UF

(separado da maneira habitual), tamén se introduce o compoñente figurativo, unha descrición da súa forma interna, que, na nosa opinión, é a parte máis importante do plano do contido das expresións idiomáticas (para máis detalles, véxase o capítulo 3).

Na sección dos **exemplos**, a cantidade ideal para cada significado é de catro contextos de uso. Un mesmo exemplo —no caso de que este conteña varias UUFF— pode aparecer en máis dunha entrada. Nos exemplos a UUFF destacouse en cursiva seminegra.

Os exemplos para o uso das UUFF podénse atopar non só na sección dos exemplos, senón tamén nas seccións dos comentarios, dos usos non-estándar e das variantes.

A sección dos **comentarios** é, en certo modo, opcional. Nela inclúese dun xeito relativamente libre información sobre as particularidades gramaticais, semánticas e pragmáticas das UUFF. A explicación das pecularidades específicas de uso require, en varios casos, o emprego de terminoloxía lingüística e, consecuentemente, esta parte da entrada non está destinada ó usuario común, senón ó especialista en semántica.

A diferenza do léxico común, o funcionamento da idiomática vai acompañado con frecuencia dunha desviación da norma. Segundo a base de datos da idiomática actual que temos á nosa disposición, pódese emitir un xuízo sobre a difusión deste fenómeno. Aínda que as fontes literarias foron seleccionadas de maneira indiscriminada e non se tivo como obxectivo ningunha fixación especial dos usos non-estándar, na base de datos estes casos constitúen arredor do 3% de tódolos exemplos. Resulta interesante o feito de que na práctica lexicográfica os usos non-estándar das UUFF non se diferenciaban nunha área á parte e a miúdo introducíanse a modo de exemplos comúns do significado do fraseoloxismo. Así, no *SOVRIA* para a UF *раз плюнуть* [*unha vez cuspir*, 'é moi doado'] atopámo-lo seguinte exemplo da novela teatral de M. Bulgákov: *– Теперь вы наш, – решительно продолжал Стриж... – Ежели желаете, мы это сейчас же сделаем.* ***Плюнуть раз****!* [*—Agora vostede é noso —dixo decididamente Strij—. E, se quere, podemos facelo agora mesmo.* ***Cuspir unha vez****!*]. Baseándonos neste exemplo e na entrada do *SOVRIA* na que aparece, esta UF interprétase como se fose unha expresión cunha orde de palabras libre. Ademais, é evidente que o contexto de Bulgákov non é moi habitual e, en todo caso, non sería recomendable usalo coma ilustración da norma. Aínda así, é conveniente reflectir este tipo de desviacións (desviacións dun uso estándar) na entrada do dicionario, xa que, en primeiro lugar, a fixación das desviacións da norma dá conta dalgunhas tendencias na evolución da idiomática e, en segundo lugar, o conxunto das desviacións permite que sexamos conscientes desa norma de xeito máis claro. Ademais do *SOVRIA*, outros dicionarios fraseolóxicos tamén inclúen con frecuencia na sección de exemplos ilustrativos contextos de uso non completamente estándar, sen achega-los correspondentes comentarios, comp. o exemplo do *FSRIA* : *Соседка показалась ему* ***не первой молодости****, лет двадцати двух, двадцати трех, – может быть, несколько даже старше* [*A veciña pareceulle ser* ***non da primeira xuventude****; de vinte e dous, vinte e tres anos, se cadra mesmo uns poucos máis*] (Garxin. *A felicidade de pouca duración*,

Недолгое счастье)[316]. Sinalaremos que o exemplo tamén contradí a definición da UF que aparece nese mesmo dicionario: *не первой молодости* [*non da primeira xuventude*]: 'non nova, de idade media'.

Ó decatármonos da importancia das desviacións da norma, distinguimos en cada entrada do dicionario unha **sección de usos non-estándar**. Nesta sección (marcada co signo ✪) inclúense usos que reflicten os casos de desviación consciente ou inconsciente con respecto á forma estándar das correspondentes UUFF e ás súas regras de uso, así coma tamén aqueles contextos nos que se infrinxe algunha norma do proceso de comunicación (por exemplo, as máximas de Grice). Trátase a miúdo de contextos con xogos de palabras.

O problema da variabilidade da forma das UUFF é unha das cuestións máis importantes no ámbito da fraseoloxía actual. Posto que moitas UUFF presentan un conxunto de variantes, na lexicografía sempre existiu o problema da súa fixación no dicionario. Para o *RFS* propúxose distinguir unha **sección de variantes** específica que permitise reflectir de maneira bastante completa os casos de variabilidade da estrutura compoñencial dunha UF sen sobrecarga-lo lema. Cando é posible, ofrécense exemplos destas variantes.

8.1.7. Recursos tecnolóxicos empregados

O traballo no proxecto do dicionario empezou no ano 1990 coa creación dunha base de datos da idiomática actual informatizada. O rexistro na base de datos incluía os seguintes campos: UF (en forma de lema), exemplo, fonte e autor. A elaboración e o proceso de enchido da base de datos foi a primeira etapa na creación do *RFS*. A modo de fontes utilizáronse as obras literarias descritas de maneira xeral na sección 8.2. É importante ter presente que as fontes literarias non se seleccionaron de modo fragmentario coa finalidade de elixi-los exemplos para unha lista de UUFF previamente fixadas, senón que se fixo dunha maneira integral. Os córpora textuais do ruso actual, elaborados especificamente para o Tesouro e para este proxecto lexicográfico, son un complemento esencial para a base de datos (para máis detalle, véxase a sección 7.2.2); por outra parte, tamén se poden utilizar para realizar buscas adicionais de exemplos. Así, ó procurar exemplos para a UF *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'] na base de datos da idiomática non se atoparon contextos para ilustra-lo terceiro e mailo cuarto significado (*сходить с ума по кому-л./чему-л.* [*baixar da mente por alguén/algo*, 'perde-lo xuízo/tolear por alguén/algo']), senón que se atoparon nos córpora textuais.

A elaboración do glosario do dicionario (a segunda etapa) levouse a cabo tendo en conta o glosario do Tesouro da idiomática e a base de datos da idiomática existente (que se actualiza continuamente). Nesta etapa, chegou a utilizarse un manual de idiomática rusa elaborado no Instituto da Lingua Rusa RAN entre os anos 1990 e 1993, que unificaba os glosarios de varios dicionarios diferentes (*MAS*, *RBFS*, Федоров

[316] Non se descarta que o carácter non-estándar deste exemplo estea ligado ó cambio na percepción da idade da muller que tivo lugar na conciencia da sociedade no último século.

1991, Ушаков 1934, *FSRIA* , Vitek 1973)[317]. Así, púidose garantir que as diferentes UUFF actuais que por algún motivo non formaban parte da base de datos estean incluídas no glosario do *RFS*. A día de hoxe, podemos considerar que o glosario do *RFS* está definitivamente finalizado.

Na terceira etapa levouse a cabo a redacción propiamente dita das entradas do dicionario. Esta é a etapa máis científica elaboraciónd o dicionario e comprende varios pasos: 1) a creación dun «arquivo informático» para cada UF (que consistía na UF correspondente xunto cos exemplos de uso existentes extraídos da base de datos e do corpus de textos); 2) a clasificación das UUFF en campos semánticos (para isto empregáronse materiais do Tesouro xa acabado[318]); 3) a clasificación primaria dos diferentes significados de cada UF (que consistía na distribución dos contextos de uso dunha UF en varios significados baseándonos na intuición, ademais de contar coa axuda da clasificación ideográfica das UUFF contida no Tesouro); 4) a redacción das definicións do dicionario e dos comentarios que conteñen información sobre as particularidades de uso dunha UF para cada un dos seus significados, xunto coa clasificación definitiva en significados baseándonos na análise semántica realizada.

En conclusión, a tecnoloxía utilizada para a elaboración do *RFS* é eminentemente de tipo informático, o que permite elevar substancialmente a calidade da descrición da idiomática e garanti-la diversidade de xéneros nas fontes empregadas. Ademais, a base informática do dicionario pódese utilizar para posteriores investigacións lingüísticas dos máis variados tipos.

Resulta evidente que a elaboración do *RFS* tal como se fixo neste proxecto é un proceso extremadamente longo e laborioso e, por iso, é máis razoable utilizar unha estratexia que prevexa produtos lexicográficos intermedios. A primeira destas publicacións lexicográficas intermedias (aínda que completamente independente) é o *Dicionario monolingüe da idiomática rusa actual*, que se está a realizar no Departamento de Lexicografía Experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN, e que presenta un formato para as entradas que se diferencia lixeiramente do proposto para o proxecto do *RFS*. O cambio fundamental é relativo á minuciosidade da descrición das UUFF: a diferenza do *RFS*, as entradas deste dicionario están abreviadas considerablemente, achegándose así á forma habitual das entradas dos dicionarios fraseolóxicos existentes. Non obstante, consérvase a sección que indica os usos non-estándar (introducida polo signo ⭘), aínda que non se comenta dun xeito detallado.

Citaremos como exemplos de entradas deste dicionario algunhas UUFF relacionadas coa expresión da semántica 'moito, demasiado'.

ХОТЬ *ОТБАВЛЯЙ* [*aínda que quites*, 'moito, en gran cantidade'] **(de alguén/de algo en algures/alguén ten)** a cantidade dalgunha cousa/de persoas que hai en algures ou que ten alguén é tan grande que, mesmo se diminúe esa cantidade, seguirá a haber moito; moitísimo, demasiado 🗐 Я с детства тренирован на стрессах. В конце

[317] O manual atópase no Departamento de Lexicografía Experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN en forma de base de datos.
[318] O nome completo do Tesouro é *Dicionario-tesouro da idiomática rusa actual*.

концов, у каждого их *хоть отбавляй* [*Dende a infancia estou adestrado para situacións de estrés. A fin de contas, todo o mundo ten* ***aínda que quites*** *delas*] (S. Esin. *O imitador*, Имитатор). • Незачем тешить фотографиями чужих и равнодушных к ним людей — показухи и без кладбищ *хоть отбавляй* [*Non hai por que entreter con fotografías a xente allea e indiferente a elas: fantasmadas hainas* ***aínda que quites****, mesmo sen cemiterios*] (V. Astáfev. *O apesarado detective*, Печальный детектив). • Хор внизу становился мощнее, но грусти — *хоть отбавляй* [*O coro de abaixo facíase máis potente, pero tristeza habíaa* ***aínda que quites***] (O. Artsímovich, B. Okudjava. *A vida privada de Aleksandr Sergéevich, ou Púxkin en Odessa*, Частная жизнь Александра Сергеевича, или Пушкин в Одессе). • Политических и околополитических газет в городе мало, зато рекламных и «желтых» изданий – *хоть отбавляй* [*Xornais políticos mesmo e de tipo político hai poucos na cidade, mentres que edicións publicitarias e prensa sensacionalista hainas aínda que quites*] (Corpus xorn.). • После того как знаменитый гроссмейстер стал невозвращенцем (а поводов поступить таким образом в те давние, 70-е годы у него было *хоть отбавляй*), его имя было изъято из употребления [*Despois de que o famoso gran mestre se convertese nun disidente (e motivos para actuar de xeito semellante, naqueles distantes anos 70, tíñaos* ***aínda que quites****), o seu nome foi retirado do uso*] (Corpus xorn.). • Переодеваний, хитрых простаков и величественных идиотов в «Лунном мире» Гайдна *хоть отбавляй*, чисто музыкальных находок и изюминок тоже [*No «Mundo da lúa» de Haydn hai* ***aínda que quites*** *de cambios, de babecos astutos e maxestosos imbéciles, e achados puramente musicais e perlas tamén*] (Corpus xorn.). ✪ Бездорожья в России и странах СНГ *хоть отбавляй*, а настоящим раллистам с мировыми именами только этого и надо [*En Rusia e nos países da CEI hai estradas en mal estado* ***aínda que quites****, pero os corredores de rally de renome internacional é precisamente isto o que buscan*] (Corpus xorn.).

КАК *СОБАК* НЕРЕЗАНЫХ [*coma cans non castrados*, 'en demasiada cantidade, demasiado/a(s)'] **(de alguén/de algo en algures/alguén ten)** *pexor*. a cantidade que hai de persoas é tan grande que sería desexable que houbese menos; moitísimo, demasiado 🗐 Я в армии четвертый год и вашей «спецификой», поучениями о бдительности не то что сыт — перекормлен! Однако ни одного шпиона даже во сне не видел!. [...] А вас, охотничков, — *как собак нерезаных*!.. НКВД, НКГБ, контрразведка, прокуратура, трибуналы... И еще милиция!.. [*Levo catro anos no exército e non é que estea farto das vosas «peculiaridades», dos vosos sermóns sobre a vixilancia: é que estou cheo! Aínda así non teño visto nin un espía nin sequera en soños!* (...) *Non obstante, cazadores coma vós hainos* ***coma cans non castrados****. A NKVD, a NKGB, os servizos de contraespionaxe, a fiscalía, os tribunais... E aínda por riba a policía!...*] (V. Bogomólov. *O momento da verdade*, Момент истины). • Мишка – врач, он вдруг затих: / В Израиле бездна их, – / Гинекологов одних – / *Как собак нерезаных* [...] [*Mixka, o médico, de súpeto calou: / «En Israel hai unha chea deles, / só de xinecólogos hai /* ***coma cans non castrados****»* (...)] (V. Visotskii. *Mixka Xifman*, Мишка Шифман). • – Да кто он такой? Начальник кредитного отдела банка, только и всего. У нас этих банков сейчас *как собак нерезаных* [*Pero quen é el? O xefe do departamento de crédito do banco, nada máis e nada menos. No noso país*

agora bancos destes hainos ***coma cans non castrados***] (Corpus xorn.). • Фанов «Боруссии» на матче было *как собак нерезаных* – и некоторые в соответствующей кондиции. Корпус Публ [*No equipo había fans do Borussia* ***coma cans non castrados****... e algúns nas condicións correspondentes*] (Corpus xorn.). • – Какой врач бросит свою клиентуру и уедет в столицу, где его никто не знает и где зубных врачей *как собак нерезаных*?! [*Que médico abandona os seus pacientes e marcha á capital, onde ninguén o coñece e onde hai dentistas* ***coma cans non castrados****?!*] (Corpus xorn.).

ТЬМА*(-)ТЬМУЩАЯ** [*unha morea-moreante*, 'moito, en gran cantidade'] **(de alguén/de algo en algures/alguén ten) / Ø** a cantidade dalgunha cousa/de persoas que hai en algures ou que ten alguén é tan grande que é difícil de percibir; moitísimo 🗐 Он получил неслыханный урожай огурцов. Сколько ни шарили в кустах колхозники, проходившие мимо его бахчи, огурцов оставалась *тьма-тьмущая* [*Tivo unha colleita de cogombros coma nunca antes. Por moito que entraban os kolghozniki*[319] *a roubar nos arbustos, pasando diante da súa horta, seguía a haber* ***unha morea-moreante *de cogombros*] (F. Iskaneder. *Sandro o de Chegem*, Сандро из Чегема). • А потом, Яш, на лодочке на остров поплывем за грибами. Там же грибов *тьма-тьмущая*. Все белые и ни одного червивого... [*E despois, Iax, habemos de ir navegando á illa apañar cogomelos. Aló hai cogomelos* ***unha morea-moreante****. Todos brancos e ningún avermellado...*] (V. Zalotugha. *O camiño*, Дорога). • Что-то маньяков в Америке развелось — *тьма тьмущая*. Что ни кино — то маньяк. Или наоборот: что ни маньяк, то кино [*En América propagáronse os maníacos:* ***unha morea-moreante****. Onde non hai un cine, hai un maníaco. Ou ó revés: onde non hai un maníaco, hai un cine*] (Corpus xorn.). • Сердобольные женщины из Комиссии по социальной защите – единственные, кто хоть как-то пытаются найти ответы на шахтерские вопросы. Вопросов же *тьма-тьмущая*. Те же шахтеры-пенсионеры [*As mulleres da Comisión de defensa social que padecen do corazón son as únicas que polo menos intentan dalgún xeito atopar respostas ás cuestións mineiras. E cuestións hainas* ***unha morea-moreante****, tantas coma mineiros xubilados*] (Corpus xorn.). • – Пишите смело на мое имя, здесь *тьма-тьмущая* литераторов и среди них есть такие, которые носят куда более замысловатые фамилии, чем моя [*Escriba con valor o meu nome, aquí literatos hainos* ***unha morea-moreante****, entre eles hainos dos que levan un apelido moito máis rebuscado có meu*] (Corpus xorn.). • Фильм, поставленный по мотивам романа «Кабал», получился довольно добрым и сентиментальным... У богатых тетушек были имена английских королев (Виктория и Элизабет), много денег и *тьма-тьмущая* родственников. Которые, разумеется, претендовали на наследство [*A película feita baseada na novela «Kabal» resultou ser moi boa e sentimental... As vellas tías tiñan nomes de raíñas inglesas (Victoria e Elisabeth), moitos cartos e parentes* ***unha morea-moreante****, que, obviamente, aspiraban á herdanza*] (Corpus xorn.). ❍ И однажды взглянули они вокруг себя: *тьма* кругом *тьмущая*, только что кончилась мезозойская эра, и не начинался еще третичный период, и никакого просвета впереди, — эдакое

[319] N. do t.: Traballadores dun kolghoz.

междувластие [*E unha vez miraron arredor de si: unha* ***morea*** *arredor* ***moreante****, acababa de remata-la era mesozoica e aínda non empezara o período terciario e non había ningunha felicidade á vista, unha especie de interregno*] (V. Visótskii. *Unha vida sen sono*, Жизнь без сна).

КИШМЯ **КИШИТ** [*buliga o bulicio*, 'haber moita cantidade'] **1. (algo con alguén/con algo)** nun lugar, que se entende coma un recipiente, é tan grande a cantidade de persoas ou cousas que dá a impresión de que reborda por mor das entidades que se moven de maneira desordenada; ateigado, inzado 🗐 В уже известном тебе читальном зале, похожем на машинный зал, густо сидят, по словам моего революционного деда, циники, скептики и оппортунисты, которыми, предупреждал меня дед, *кишмя кишит* город [*Na sala de lectura que ti xa coñeces e que se parece a unha sala de máquinas están sentados pegados uns ós outros, segundo as palabras do meu avó o revolucionario, cínicos, escépticos e oportunistas, dos que, como me advertía o meu avó,* ***buligan o bulicio*** *coa cidade*] (V. Lipatov. *E isto é todo sobre el*, И это все о нем). • Финский злив и впрямь *кишмя кишел* минами [*O golfo de Finlandia a verdade é que* ***buliga o bulicio*** *con minas*] (N. Mighailovskii. *O almirante Tributs*, Адмирал Трибуц). • Судя по всему, Пентагон *кишмя кишит* советскими шпионами (на дворе 87-ой год, и шпионские страсти в американском кино, хоть и начинают угасать, но еще конвульсируют) [*A xulgar polo que se ve, o Pentágono* ***buliga o bulicio*** *con espías soviéticos (chega o ano 87 e as paixóns pola espionaxe no cine americano, aínda que empezan a apagarse, seguen causando convulsións)*] (Corpus xorn.). • – Нам рассказали, что воды озера с романтически звучащим названием Мирафлорес *кишмя кишат* аллигаторами [*A nós contáronnos que as augas do lago co romántico nome de Miraflores* ***buliga o bulicio*** *con caimáns*] (Corpus xorn.).

2. (alguén/algo en algures) nun lugar ou dominio abstracto, que se entende coma un espazo, a cantidade de persoas/cousas é tan grande que dá a impresión de que, ó se moveren de maneira desordenada, ocupan todo ese espazo; moitísimo 🗐 Может быть, там бесы *кишмя кишат*, так что же нам - попов прикажешь с собой брать? [*Se cadra aló* ***buliga o bulicio*** *con demos, daquela que nos está a mandar? Que levemos canda nós uns sacerdotes?*] (A. e B. Strugatskii. *A cidade condenada*, Град обреченный). • На берегах Енисея сейчас полно туристов, одержимых идеей здорового отпуска, и браконьеров всех мастей: в реке *кишмя кишит* стерлядь, ловят ее чуть ли не тоннами [*As beiras do Ieniséi agora están cheas de turistas obsesionados pola idea dunhas vacacións saudables, así coma cazadores furtivos de tódolos tipos: no río* ***buliga o bulicio*** *con esturións, péscanos case a toneladas*] (Corpus xorn.). • Враги *кишмя кишат* вокруг, и потому Проскурин – повторю еще раз, в конце 60-х, во время ресталинизации страны, оправдывает даже сталинскую жестокость против народа, хотя, казалось бы, только и делает, что клянется народом, его интересами [*Arredor* ***buliga o bulicio*** *con inimigos, e por iso Proskurin —repito unha vez máis—, ó final dos anos 60, durante o período de reestalinización do país, xustifica mesmo a dureza stalinista contra o pobo, aínda que parecese que o que facía era preocuparse polo pobo, no interese do pobo*] (N. Ivanova. *A ciencia do odio*, Наука ненависти). • Оказалось, что в сфере парапсихологии

существует жестокая конкуренция и *кишмя кишат* откровенные мошенники и проходимцы [*Resultou que no campo da parapsicoloxía existe unha desapiadada competencia e* ***buliga o bulicio*** *con claros estafadores*] (Corpus xorn.).

ВАГОН **И МАЛЕНЬКАЯ ТЕЛЕЖКА** [*un vagón e unha pequena carreta*, 'haber moita cantidade'] **(de algo); ВОЗ И МАЛЕНЬКАЯ ТЕЛЕЖКА** [*un carro e unha pequena carreta*, 'haber moita cantidade'] **(de algo)** a cantidade que hai de algo, que se entende coma o contido, é meirande do necesario, non só unha cantidade moi grande, senón mesmo algo máis; moitísimo, en exceso 🗐 Да ты не паникуй, Миша, — успеешь еще в свой Ленинград. У тебя ж два месяца – *вагон и маленькая тележка*... [*A ti que non che entre o pánico, Mixa, has ter tempo para chegar ó teu Leningrado. Pero se tes dous meses!* ***Un vagón e unha pequena carreta***...] (A. Mariamov. *Mixka no Norte*, Мишка на Севере). • Хотя одна московская машина по уборке мусора почти впятеро дешевле западного аналога, ее стоимость доходит до 75 тысяч долларов. А ведь кроме них городу нужны *воз и маленькая тележка* прочего оборудования [*Aínda que un vehículo para recolle-lo lixo en Moscova é case cinco veces máis barato có seu equivalente occidental, o seu prezo chega a 75 mil dólares. E o que acontece é que, ademais deles, a cidade precisa* ***un vagón e unha pequena carreta*** *de máis equipamento*] (Corpus xorn.). • Все те, кому Конституция предоставляет право законодательной инициативы, напридумывали за каникулы кучу всяких законов. Так что дел у народных избранников – *вагон и маленькая тележка* [*Todos aqueles ós que a Constitución lles confire o dereito de iniciativa lexislativa inventaron durante as vacacións unha morea de leis de todo tipo. Así que os elixidos polo pobo teñen* ***un vagón e unha pequena carreta*** *de traballo*] (Corpus xorn.). ✪ – Да, – сказал я и стал рассматривать слона, – и кто же на нем? – *Вагон и маленькая тележка*, – сказала мама, – дедушка, бабушка, тетя Аида, тетя Гуля. Еще горсточка внуков и даже прабабушка [*—Si —dixen eu e púxenme a observa-lo elefante—, e quen é o que está enriba del? —****Un vagón e unha pequena carreta*** *de xente —dixo a nai—, o avó, a avoa, a tía Aida e a tía Gulia. E mais un puñado de netos e mesmo a bisavoa*] (K. Karakózov. *Retorno á casa*, Возвращение домой). • Кличка Берем-и-Едем появилась из его привычки клеить девиц. На улице, в метро, в гостях, увидев подходящий кадр, Семен, не задумываясь, вклинивался без предисловия: «Ну что? Берем бутылку и едем ко мне?» «А что время тратить? – удивился он. – Результат один и тот же всегда, только трепа *вагон с прицепом*...» [*O alcume de 'Collemos-e-imos' puxéronllo polo seu costume de ligar con raparigas. Na rúa, no metro, de visita, cando vía a situación axeitada, Semen, sen pensalo, entráballes sen preámbulos: «A ver? Collémo-la botella e imos á miña casa?» «E para que imos perde-lo tempo? —sorprendíase el—. O resultado é sempre o mesmo, só que hai* ***un vagón e un remolque*** *de rexouba...»*] (D. Savitskii. *Dende ningures con amor*, Ниоткуда с любовью).

ВЫШЕ ***ГОЛОВЫ*** [*por riba da cabeza*, 'moita cantidade'] **1.** [**traballo, trasfega, problemas... (en algures/alguén ten)**] **/ Ø** (traballo, trasfega, problemas etc.) a cantidade que alguén ten ou que hai en algures é tan grande que se entende coma unha cantidade que supera as posibilidades físicas que ten o suxeito; moitísimo 🗐 А в

последнее время вступил в кооператив, стал зарабатывать две тысячи в месяц. Нули замаячили. Не человек – гончая собака. И уже ни томления, ни страдания – завален делами *выше головы* [*E recentemente entrou nunha cooperativa, empezou a gañar dous mil ó mes. Fano traballar coma un animal. Non é unha persoa, é un can de carreiras. E xa nin ten abafo nin sufrimento, está inundado* ***por riba da cabeza*** *de traballo*] (V. Tokáreva. *Eu son. Ti es. El é*, Я есть. Ты есть. Он есть). • Неделю не притрагивался к дневнику. Дел было *выше головы* [*Levaba unha semana sen toca--lo seu diario. Tiña traballo* ***por riba da cabeza***] (Iu. Nagibin. *A illa amotinada*, Бунташный остров). • Вот если бы вы все здесь дружно проголосовали закрыть эти вонючие копи, я бы сделал это сегодня же. А работы вам всегда будет *выше головы* [*Pois se todos vós votásedes nun espírito amable e decidísedes pechar estas fedorentas minas, eu había de facelo hoxe mesmo. E traballo sempre habemos ter* ***por riba da cabeza***] (A. e B. Strugatskii. *Practicantes*, Стажеры). • Проблем у республики • *выше головы*: десятки тысяч беженцев из Чечни, целые поселки времянок, безработица [*A república ten problemas* ***por riba da cabeza****: decenas de milleiros de refuxiados de Chechenia, poboados enteiros con cacharrada portátil, paro*] (Corpus xorn.). • – У нас сейчас и так работы *выше головы*: Бюджетный кодекс, Налоговый кодекс... [*Agora nós tamén temos traballo* ***por riba da cabeza****: código orzamentario, código fiscal...*] (Corpus xorn.).

2. (de algo a alguén) / Ø a cantidade dun recurso que alguén ten é tan grande que é meirande có necesario para acadar un determinado obxectivo, e non se espera que ese recurso sexa empregado na súa totalidade; moitísimo 🗐 Ты повезешь к себе мать? Ты будешь за ней ходить? А корову продашь – деньги будут. Матери много не надо – видишь, она почти не ест. Ей коровы *выше головы* хватит [*Levara-la túa nai canda ti? Irás visitala? Pero se vénde-la vaca has ter cartos. A nai non precisa moito: ti verás, ela case non come. A ela as vacas abóndanlle* ***por riba da cabeza***] (V. Распутин. *O derradeiro prazo*, Последний срок). • Те, кого мы зовем «цивилизованными странами», обеспечены продовольствием *выше головы*. При этом ни одну горсть зерна нельзя назвать лишней – на нашей планете миллиарды людей недоедают, а миллионы мрут с голоду. Но бедным странам нечем платить за хлеб [*Os que nós chamamos «países civilizados» están provistos de alimentos* ***por riba da cabeza****, pero aínda así non se pode dicir que sobre nin un puñado de gran: no noso planeta están infraalimentados milleiros de millóns de persoas e millóns morren de fame, xa que os países pobres non teñen con que paga-lo pan*] (Corpus xorn.). ✪ Это чистое разбойство! Я так ни с чем и обратно поехала. Нагляделась зато за глаза. Эти подгородные-то наживаются, ой, наживаются *выше головы*. Куды оне столь хапают, нашто имя?! [*É pura piratería! Eu había de volver mesmo sen nada. Polo menos cansaríame de mirar e mirar. Esta xente dos arrabaldes enriquécese, ho! Enriquécese* ***por riba da cabeza****. Por que arramplan con tanto, para que o precisan?!*] (V. Rasputin. *A despedida da nai*, Прощание с Матерой).

ПО *ГОРЛО* [*ata a gorxa*, 'moito'] **1. [de traballo, de trasfega, de problemas... (en algures/alguén ten)] / Ø** a cantidade que alguén ten/que hai de algo é tan grande que se entende coma unha cantidade que case esgota as posibilidades físicas que ten o suxeito; moitísimo 🗐 Мне сейчас некогда, старик, сказал Мазила. Да, откровенно

говоря, и не до этого. У меня своих дел *по горло* [*Eu agora non teño o tempo, velliño, dixo Mazila. Si, sinceramente, non o teño para iso. Dos meus problemas xa teño* ***ata a gorxa***] (A. Zinovev. *Alturas brillantes*, Зияющие высоты). • Мне работа с иностранцами неимоверно тяжела. Кроме всех тех проблем, которых хватает *по горло* в отечественном кинопроизводстве, здесь добавляется уйма новых [*O traballo cos estranxeiros éme incriblemente pesado. Ademais de todos eses problemas dos que teño* ***ata a gorxa*** *na produción de cine nacional, aquí aínda por riba engádese unha chea doutros novos*] (E. Riazánov. *Resultados NON analizados*, НЕподведенные итоги). • Петров человек самолюбивый, дел у него *по горло*, только успевай [*Petrov é unha persoa con amor propio, ten traballo* ***ata a gorxa****, non ten tempo para nada máis*] (Corpus detect.). • Устанавливая следующую зону экономического благоприятствования, следует исключить из нее северные и иные территории, где *по горло* своих неразрешимых проблем [*Ó establece-la seguinte zona de favorecemento económico cómpre excluír dela os territorios nórdicos e outros, onde teñen* ***ata a gorxa*** *de problemas irresolubles*] (Corpus xorn.). ✪ Закопанный *по горло* во всякие дела, как говорят у нас, текущие, они и впрямь текущие, то есть утекающие, что ни день, как речка в пустыне, бесследно в песок, я давненько не был на Рязанке, не ездил никуда по ней [*Enterrado* ***ata a gorxa*** *en todo tipo de asuntos ou, como din onda nós, en asuntos "que corren" (porque en realidade si que corren, é dicir, que día a día corren coma un río no deserto, sen deixar rastro na area); hai tempo que non vou polo camiño de Riazanka, nunca viaxei por aló*] (A. Pristavkin. *Riazanka*, Рязанка). • – Спишь все. Монету так проспишь, – добродушно прохрипел Воробей, входя в сарай. – Пожрать хочешь? На котлетку. Выпить желаешь? – Он по столу пододвинул Мишке термос. – За то, что не посадили. Много не пей, у нас сегодня дел *под кадык* [*—Aínda dormes. Se segues durmindo así has perde-la posibilidade de gañar cartos —dixo amablemente o Pardal, entrando no alpendre—. Queres comer? Colle unha hamburguesa. Queres beber? —Pasoulle a Mixka un termo por riba da mesa—. Brindemos porque non te meteron no cárcere. Non bebas moito, hoxe temos asuntos* ***por debaixo da noz*** (da gorxa)] (S. Kaledin. *O cemiterio reconciliado*, Смиренное кладбище). • Закопанный *по горло* во всякие дела, как: Цыгане пели нам про шаль / И скрипками качали – / Вливали в нас тоску-печаль, – / *По горло* в нас печали [*Enterrado* ***ata a gorxa*** *de problemas, coma: os xitanos cantábannos sobre un manto / e abaneaban os violíns, / metían en nós a tristura e o pesar, / entristecíannos* ***ata a gorxa***] (V. Visotskii. *Portas abertas...*, Открытые двери...).

2. (de algo a alguén) / Ø a cantidade dun recurso que alguén ten é tan grande que é meirande có necesario para acadar un determinado obxectivo e non se espera que ese recurso sexa empregado na súa totalidade; moitísimo 🗐 Золы теперь – завались. Все пожег, все доски, так что просеил и целая горка получилась, я ее ссыпал в бочку железную и накрыл от дождя. Золой обеспечены можно сказать *по горло* на все лето [*Agora hai moreas de cinza. Todo ardeu, tódalas táboas, de xeito que peneiraron e saíu unha morea enteira de cinza, boteina nun barril de ferro e cubrino para que non entrase a choiva. Pódese dicir que estamos abastecidos de cinza* ***ata a gorxa*** *para todo o verán*] (V. Sorokin. *Norma*, Норма). ✪ Покажи, что новенького сделал. Литератор бегло скользнул взглядом по работам Мазилы, зевнул и сказал, что он

там всего такого насмотрелся *по горло* [*Amósame que nova cousa fixeches. O literato pasou fugazmente unha mirada esvaecida polos traballos de Mazila, bocexou e dixo que daquel tipo de cousas vira* ***ata a gorxa***] (A. Zinovev. *Alturas brillantes*, Зияющие высоты).

ХОТЬ *ЗАВАЛИСЬ* [*aínda que te cubras de*, 'moito, gran cantidade'] **(de algo de algures/alguén ten)** *pexor.* en algures hai/alguén ten unha cantidade tan grande dun recurso (unha substancia ou un conxunto de obxectos relativamente miúdos) que mesmo se pode utilizar de xeito indebido, por exemplo para cubrir con el por completo a unha persoa causándolle algunhas incomodidades; moitísimo, demasiado 🗐 – Ну что ж, жить можно: еды – *хоть завались*, керосин тоже есть [*A ver, ho! Pódese vivir: comida hai* ***aínda que te cubras dela*** *e petróleo tamén temos*] (Corpus pros. rus.). • – Главное, подобрать интересный материал. – Да материалу – *хоть завались*. Вся жизнь моя была на виду у народа [*—O máis importante é escoller material interesante. —E material hai* ***aínda que te cubras del****. Toda a miña vida estivo á vista do pobo*] (Corpus xorn.). • – Я вот на год во Францию по научному обмену еду. Буду читать лекции, заработок приличный, валюты – *хоть завались* [*Eu vou por un ano a Francia a un intercambio científico. Vou dar clases, o soldo é decente; a divisa,* ***aínda que te cubras dela***] (Corpus xorn.). ✪ Когда-то секретарь ЦК КПСС Долгих завозил в Кузбасс мыло и стиральный порошок, лишь бы народ не бастовал. Нынче у населения *хоть завались* и мыла, и стачек. [*Houbo un tempo no que o secretario do Comité Xeral do PCUS Dólgigh fornecía o Kuzbass*[320] *de xabón e deterxente, unicamente para que o pobo non fixese folga. Agora a poboación ten xabón e folgas* ***aínda que te cubras delas***] (Corpus xorn.). • При всей своей дисциплинированности Глотов не выдержал. – Как же так? – сказал он на слезе. – Лев человека преследует – и не стрелить? – А тебе непременно «стрелить» надо? – Начальник пожевал губами. – Ну и стрелял бы в студента. Лев один, а студентов *хоть завались* [*Malia toda a súa disciplina Glotov non deu aturado. —E logo? —dixo el chorando. —Un león está a perseguir unha persoa... e non hai que disparar? —E ti necesariamente tes que «disparar»? —o xefe movía os beizos. —Pois había de disparar mesmo a un estudante. O león é un só, pero estudantes hai* ***aínda que te cubras dela***] (Iu. Nagibin. *E o león daba mágoa...*, А льва жалко...).

ХОТЬ *ЗАЛЕЙСЯ* [*aínda que te enchoupes*, 'moito, gran cantidade'] **(de algo en algures/alguén ten)** *inform.* en algures hai/alguén ten unha cantidade tan grande dun recurso líquido que mesmo se pode utilizar de xeito indebido, por exemplo para cubrir con el por completo a unha persoa, causándolle algunhas incomodidades; moitísimo, demasiado 🗐 И разговор повернулся опять близкой обоим, согласной и заманчивой стороной. Он, конечно, раззадорил мужиков. Потребовалось снова выпить – тем более что водка была рядом, *хоть залейся*, и за нее наперед заплатили [*E de novo a conversa volveuse familiar para ámbolos dous, un aspecto consensuado e atractivo. El, por suposto, irritara os labregos. Cumpría volver beber, con máis motivo porque á súa beira tiña vodka* ***aínda que te enchoupes*** *e xa a pagaran de antemán*] (V. Rasputin. *O derradeiro prazo*, Последний срок). • Ну, давай

[320] N. do t.: Rexión industrial de Rusia.

убежим в мелколесье / Подмосковной условной глуши, / Где в колодце воды – *хоть залейся* / И порою весь день ни души! [*Veña, vaiamos correndo ó bosque / lugar perdido convencional dos arrabaldes de Moscova, / onde no pozo hai auga* ***aínda que te enchoupes****, / e ás veces en todo o día non hai nin unha alma!*] (A. Gálich. *Vals de algodón vermello*, Кумачовый вальс). • – Да там много чего было – медикамент, бинты, детские игрушки, сгущенки, *хоть залейся*, всякого добра впрок на три землетрясения и четыре картины художника Каленкина для больниц [*E aló había de todo: medicamentos, vendas, xoguetes de nenos, leite condensado* ***aínda que te enchoupes****, provisións de todo para tres terremotos e catro cadros do artista Kalenkin para os hospitais*] (V. Aksénov. *O barril cheo de produtos*, Затоваренная бочкотара). • Пей отраву – *хоть залейся* / Благо денег не берут. / Сколь веревочка не вейся, / Все равно совьешься в кнут [*Bebe veleno* ***aínda que te enchoupes*** */ o ben non quita os cartos. / Non te retorzas coma un cordel, / de tódolos xeitos has de acabar retorcéndote nun látego*] (V. Visotskii. *Canción dos bandidos*, Разбойничья песня). • – Раньше порядок был. Водки *хоть залейся*, цены вниз всяк март скок да скок [*Antes había orde. Había vodka* ***aínda que te enchoupes****; os prezos cada mes de marzo baixaban e baixaban en picado*] (Corpus xorn.). • Пока дешевой приморской нефти в мире *хоть залейся*, ажиотаж вокруг Каспия – это больше политика, чем экономика [*Mentres no mundo siga a haber petróleo marítimo barato* ***aínda que te enchoupes****, a axitación arredor do Caspio é máis política ca económica*] (Corpus xorn.).

МАЛО **НЕ ПОКАЖЕТСЯ** [*non ha de parecer pouco*, 'moito, fortemente'] as consecuencias de algo son tan desagradables que resulta imposible non percibilas completamente; moito, fortemente 🗐 – Представляешь, вывожу сегодня Чаппи на прогулку, а у подъезда сосед своего пит-буля прогуливает. А у него здоровая сука, течная и без поводка. Чаппи как рванется... [...] – Я ему говорю, а он хохочет... А эта каракатица как зарычит... Не поверишь, вот такие зубищи! Такая вцепится – *мало не покажется*... [*Imaxínalo? Hoxe vou sacar a Chappi de paseo e diante do portal o veciño pasea o seu pit bull. E tenche unha cadela enorme, en celo e sen correa. Chappi bótaselle de súpeto...* (...) *Eu xa lle digo e el ri... E este monstro de súpeto gruñe... Non habías crer que dentes ten! É unha desas que se te agarran...* ***non ha de parecer pouco***...] (V. Rostokina. *Princesas ó bordo do camiño: un pazo para dous*, Принцессы на обочине: дворец на двоих). • Зюга. Вот видишь! Он нас никогда не обманывал! Жирик. А других? Зюга. Другие не в счет. Дождемся! Жирик. Дождаться-то дождемся... Зюга. Ты веришь? Жирик. Верю. Дождемся, как пить дать... Такое придет, *мало не покажется*! [*Ziuga: —Ves?! El nunca nos enganara! Jirik: —E ós demais? Ziuga: —Os demais non contan. Esperaremos! Jirik: —Esperar si que habemos de esperar... Ziuga: —Ti cres? Jirik: —Creo. Esperaremos, iso é seguro... O que vai pasar* ***non ha de parecer pouco****!*] (V. Xenderovich. *Bonecas. Esperando a Godot*, Куклы. В ожидании Годо). • Схема известная: дочерние коммерческие структуры с родственниками государственных чиновников во главе. Цены за услуги такие, что *мало не покажется*. И разорвать этот порочный круг весьма сложно [*O esquema é coñecido: estruturas comerciais filiais cos parentes dos funcionarios estatais á cabeza. Os prezos polos servizos son tales que* ***non ha de parecer pouco****. E sempre é difícil quebrar ese círculo vicioso*] (Corpus xorn.). • Долго

скрывавшаяся от милиции и задержанная в июле этого года Соловьева наконец начала говорить. Сказано пока немного, но кому-то и этого *мало не покажется*. Потому что хозяйка «Властилины» начала свои откровения с таких имен... [*Soloveva, que se agachaba da policía e fora arrestada en xullo deste ano, por fin empezou a falar. De momento, dicir dixo pouco, pero hai para quen con iso* ***non ha de parecer pouco****, porque a dona de «Vlastilina» empezou a súa sinceridade cuns nomes que...*] (Corpus xorn.). ✪ «Игродром» будет рад видеть всех фанатов компьютерных игр на празднике газеты 25 июня в «Лужниках». И будьте уверены, что *мало не покажется...* [*«Igrodrom» estará ledo de ver tódolos fanáticos dos xogos informáticos na festa da revista o 25 de xuño en «Lujniki». E poden estar seguros de que* ***non ha de parecer pouco***] (Corpus xorn.).

Como se pode observar nos exemplos das entradas do dicionario que acabamos de citar, neste dicionario dedícaselle unha atención especial ó problema da división dos quasi-sinónimos (tarefa que non acomete ningún dos dicionarios fraseolóxicos tradicionais). A división das UUFF semellantes pero de significado diferente establécese grazas a que na definición se toma en consideración a forma interna das UUFF do mesmo campo semántico (sobre os procedementos e métodos da fixación na definición da forma interna, véxase a sección 3.2).

8.2. A polisemia regular no campo da idiomática

8.2.0. Anteriormente mostrouse como se pode resolve-lo problema da semi-sinonimia no dicionario coa axuda da metalinguaxe de definición proposta, que reflicte unha achega na semántica da forma interna. Esta sección está dedicada ó problema da polisemia regular, que tampouco foi percibida coma tal na fraseografía tradicional. É evidente que a polisemia regular das UUFF require unha representación uniforme. O obxectivo desta sección é unha discusión sobre a polisemia regular no campo da idiomática, non só dende o punto de vista da súa representación lexicográfica, senón tamén coa finalidade de aclara-la natureza deste fenómeno. Este propósito resulta interesante polos seguintes motivos:

— aínda se está empezando a facer descricións detalladas das UUFF, por iso calquera tipo de datos sobre a organización sistémica da idiomática e/ou sobre a acción neste ámbito dalgúns mecanismos regulares comúns para todo o sistema léxico, favorecerá o desenvolvemento desa liña de investigación;

— o estudo da polisemia regular permite responder á pregunta de ata que punto a idiomática está organizada dun xeito sistemático; é sabido que neste sentido existen puntos de vista bastante diferentes;

— o tratamento das cuestións de polisemia regular axudará en certo modo a resolver un problema tradicional das investigacións fraseolóxicas: as particularidades específicas da idiomática con respecto ó léxico, en qué se parece a idiomática ó léxico e qué diferenzas específicas ten;

— dende o punto de vista da semántica lingüística en xeral é interesante observar ata que punto se realizan de maneira regular na lingua determinados modelos

de derivación semántica;

— finalmente, se as posibilidades de derivación semántica regular que se atopan na base conceptual das UUFF dunha clase semántica determinada se realizan de maneira moi selectiva, cómpre preguntarse sobre a acción dos factores decisivos que explicarían estas particularidades. Unha das preguntas máis importantes da teoría da fraseoloxía é a procura de explicacións axeitadas sobre os camiños e métodos de reinterpretación metafórica no significado real das UUFF: son posibles nese caso descricións en termos de «gramática do dicionario» ou é máis axeitado falar de «caprichos do uso»?

Na primeira parte desta sección deterémonos nalgúns aspectos xerais da polisemia regular. Na segunda parte, tomando coma exemplo diferentes clases semánticas de UUFF rusas, tratarémo-las peculiaridades da derivación semántica fundamentada na metáfora, o seu grao de regularidade e de predecibilidade, así coma os factores que inflúen na formación e no uso dos significados derivados no ámbito da idiomática.

8.2.1. A polisemia regular («combinación de significados dunha palabra con varios significados que se repite en todas ou na maioría das palabras dunha determinada clase semántica», Апресян 1993: 10[321]) é un fenómeno cuxa análise é especialmente significativa tanto dende o punto de vista teórico coma práctico.

No aspecto teórico, o estudo da polisemia regular afonda nas nosas ideas sobre os principios de organización do dicionario, das súas vías de ampliación e do seu desenvolvemento, sobre a interrelación do sistémico e do asistémico, do regular e do casual na semántica dunha lingua natural. A polisemia regular é dunha natureza claramente cognitiva: no caso dun desprazamento metonímico, os distintos significados son visións diferentes dun concepto, mentres que no caso da reinterpretación metafórica utilízanse algúns esquemas produtivos de representación dun campo conceptual noutro (comp. Lakoff 1993). Partindo deste feito, é razoable presupoñer que tanto os tipos de polisemia regular coma as clases semánticas —das cales esta é característica— se atopen en linguas diferentes. Considerando esta suposición, calquera diferenza existente entre linguas no ámbito da polisemia regular require un estudo pormenorizado e unha aclaración das causas de por que non se realiza un modelo de polisemia determinado (sobre isto, véx. con máis detalle Dobrovol'skij 2002f). *A priori* pódese esperar que as palabras dunha mesma clase semántica —da cal é característica a polisemia regular— amosen un conxunto de significados practicamente análogo mesmo nas linguas máis diferentes. Dado que a miúdo isto non é así, é evidente que xunto ás regularidades xerais de derivación semántica tamén actúan algúns outros factores que á súa vez poden ter un carácter sistémico.

Así, o paradigma de derivación semántica dos verbos ingleses que designan unha posición no espazo (*stand*, *lie*, *sit*, *hang*) inclúe catro significados (véx. Падучева 2004: 153 segundo Levin, Rappaport Hovav 1995):

1) significado axentivo de conservación da posición

[321] Comp. tamén as definicións máis formais de polisemia regular e produtiva en Апресян 1995б: 189, 191.

2) significado axentivo de toma dunha posición (incoativo)

3) significado dunha posición pasiva no espazo

4) significado axentivo dunha causación de posición no espazo.

Destes catro significados, os verbos rusos equivalentes *стоять*, *лежать*, *сидеть*, *висеть* [*estar de pé*, *estar deitado*, *estar sentado*, *estar pendurado*] teñen unicamente dous: o primeiro e o terceiro. Para o segundo significado —o incoativo— empréganse os verbos *встать*, *лечь*, *сесть*, *повиснуть* [*erguerse*, *deitarse*, *sentar*, *pendurar*], mentres que para o terceiro —o causativo— os verbos *поставить*, *положить*, *посадить*, *повесить* [*poñer de pé*, *poñer deitado*, *sentar (tr.)*, *pendurar (tr.)*].

Estes casos son importantes para a tipoloxía semántica. Dende esta perspectiva, resultan moi prometedoras as investigacións comparativas nun gran número de linguas; comp., por exemplo, o proxecto «Catálogo de transicións semánticas» (Зализняк 2001).

Tamén é dun grande interese teórico o problema da delimitación dos réximes de uso dunha palabra, os que se poden deducir baseándose nas implicacións, así coma nos seus diferentes significados fundamentados en desprazamentos metonímicos regulares ou reinterpretacións metafóricas. Compárese o tratamento da estrutura semántica de palabras coma *школа* [*escola*] (coma institución, coma edificio, coma a xente que se atopa nese edificio etc.) nos traballos de M. Bierwisch e F. Kiefer (Bierwisch 1983; Kiefer 1990), onde os autores consideran que tales palabras posúen o mesmo significado, que sofre modificacións condicionadas pola situación. En xeral, este enfoque é característico das teorías lingüísticas (máis exactamente de modelos teóricos cunha perspectiva de realización informática), nos cales a semántica léxica está reducida ó máximo. Dentro destas teorías, a polisemia regular trasládase practicamente na súa totalidade do campo da competencia semántica ó da competencia pragmática. Así, neste caso, a cuestión da «polisemia vs. implicación conversacional» resólvese a favor da última. Non obstante, esta cuestión segue a ser moi actual para aqueles enfoques de estudo do sistema léxico fundamentados nunha semántica «rica». Para delimitar estes dous fenómenos dun xeito coherente requírense criterios operacionais (véx. Апресян 2006a: 34-35).

O estudo da polisemia regular permite realizar con certa cautela prognósticos sobre a evolución semántica ulterior de palabras de determinadas clases. Comp. a idea de «apertura do sendeiro» enunciada por MacWhinney (MacWhinney 1989: 229-230). Cantas máis palabras utilicen un determinado «sendeiro» (*pathway*) para a derivación semántica, máis ancho é este «sendeiro» e, polo tanto, máis palabras han poder utilizalo. En principio, de aí resulta a posibilidade de predicir algunhas tendencias da evolución posterior da semántica das palabras. J. Pustejovsky (por exemplo, Pustejovsky 1993: 74) tamén enunciou ideas semellantes. É moi probable presupoñe-la presenza dunha dependencia de métodos de derivación semántica preferentes con respecto á cantidade de palabras xa utilizadas por tal método, posto que o principio de analoxía é un dos mecanismos máis fortes que actúan nunha lingua natural. Por outra banda, é obvio que tales prognósticos só poden ter un carácter heurístico.

De aquí derívase a coñecida limitación de posibilidades de utilización práctica das xeneralizacións obtidas sobre a base das observacións da polisemia regular. É imposible predicir con antelación (non en relación ás tendencias, senón en relación ó uso real das palabras lexitimizado no uso) qué palabra concreta desenvolverá un determinado significado figurado (comp. Апресян 1993: 10). Isto refírese mesmo a transformacións semánticas moi frecuentes, por exemplo, «recipiente-contido». Outro problema adicional radica no feito de que tras un aparente paralelismo a miúdo se ocultan diferenzas semánticas substanciais.

Para a lexicografía, isto implica a necesidade de fixar de maneira explícita tódolos significados de cada unidade léxica. A construción da denominada «gramática do dicionario», a cuxo ámbito pertence a polisemia regular, favorece a descrición sistemática do léxico, pero non ofrece a posibilidade de (polo menos nos casos de polisemia regular) «descargar» o dicionario, xa que é practicamente imposible predicir cando ten lugar en realidade un significado derivado que en teoría é posible. Aparentemente, a semi-sinonimia condicionada semanticamente, característica sobre todo do inglés (tratada nos traballos de C. Fillmore, A. Goldberg e J. Pustejovsky), é o único terreo no que non se poden ofrece-los significados dunha palabra en forma de lista, senón que é necesario deducilos mediante regras que actúan sobre determinadas partes da estrutura semántica. Comp., por exemplo, os usos «normais» do verbo *help* e o seu uso en construcións coma *Sam helped him into the car*, pero tamén os desprazamentos diatéticos de diferente tipo, por exemplo: *John opened the door* vs. *The door opened* ou *The book sells well*. Aínda así, mesmo nestes casos o dicionario ten que duplica-la información correspondente. O estudo da polisemia regular permite formular expectativas lexicográficas probables (véx. este concepto nos traballos de Iu. D. Apresián), pero non así regras de derivación.

Por outra banda, a procura das tendencias regulares que forman a «gramática do dicionario» é un obxectivo totalmente razoable, xa que o coñecemento da existencia desas tendencias posúe un valor heurístico e tamén explica as operacións cognitivas por medio das que se realiza a comprensión dos usos ocasionais de palabras de tipo metafórico e metonímico.

8.2.2. As clases semánticas das que é característica a polisemia regular describíronse de maneira aceptable para a lingua rusa (véx. os traballos de Iu. D. Apresián, E. V. Padúcheva, T. I. Rozina, G. I. Kustova, Anna A. Zalizniak etc.). A continuación enunciaremos brevemente as principais conclusións obtidas nestas investigacións. As palabras dunha clase semántica achegan unha polisemia similar (conxuntos de significados en principio admisibles para calquera palabra desa clase). Estes conxuntos de significados constitúen, á súa maneira, paradigmas, é dicir, diferentes significados deducibles uns a partir dos outros segundo determinados principios. Ademais, no caso dalgunhas clases de unidades léxicas (por exemplo, no caso das palabras cunha semántica experimental analizadas nos traballos de G. I. Kustova; comp. Кустова 2002; 2004), a deducibilidade duns significados a partir dos outros posúe unha «regularidade case gramatical» (Кустова 2002: 34). O feito de que unha palabra non posúe tódolos significados potencialmente posibles pódese explicar pola súa semántica individual, é dicir, as desviacións do esquema común son descritas coma restricións da

validez das regras xerais (véx. Падучева 1998; Падучева, Розина 1993; Розина 2005; Зализняк 2006).

Xorde entón a pregunta de ata que punto son universais estas conclusións, é dicir, se se poden extrapolar a calquera subsistema do dicionario. A principal peculiaridade da idiomática como campo específico do sistema léxico consiste en que, en xeral, na base da semántica das UUFF se atopa unha metáfora convencional e só en raros casos unha metonimia. Esta peculiaridade predetermina, en certo modo, as vías da ulterior evolución semántica das UUFF: a evolución dos novos significados das UUFF na maioría dos casos baséase nunha metaforización secundaria e non nun desprazamento metonímico. Dado que dende o punto de vista da regularidade se investigou principalmente a polisemia motivada metonimicamente, orixinariamente non hai ningunha seguridade sobre se as conclusións tamén se poden estender a aqueles ámbitos do dicionario caracterizados por unha polisemia fundamentada na metáfora. A polisemia motivada metaforicamente, mesmo se nalgúns casos amosa unha determinada regularidade[322], pode resultar produtiva, aínda con limitacións? Esta cuestión non foi tratata de maneira rigorosa; os únicos traballos que coñecemos dedicados a este problema son o artigo de R. I. Rozina (2002) e a correspondente sección da súa monografía (Розина 2005). Dende este punto de vista, o caso das UUFF é particularmente prometedor, xa que algúns campos semánticos (tales coma VERDADEIRO-FALSO, ESTADOS EMOCIONAIS/FÍSICOS, SENTIMENTOS, COÑECEMENTO-IGNORANCIA, SITUACIÓN SOCIAL, REPUTACIÓN, STATUS, TRABALLO-DESCANSO, PROBLEMAS-AUSENCIA DE PROBLEMAS, ÉXITO-FRACASO etc.)[323] presentan un gran volume de UUFF —varias decenas de milleiros—, o que é dabondo para definir ata que punto un determinado proceso semántico é casual ou, pola contra, regular.

A continuación, estudaremos dous campos semánticos deste tipo: (a) EFECTO FÍSICO, VIOLENCIA FÍSICA e (b) MORTE.

8.2.2.1. O primeiro que salta á vista ó trata-lo campo EFECTO FÍSICO, VIOLENCIA FÍSICA (tal e como está descrito no Tesouro) é o predominio de UUFF polisémicas. Así, hai un menor número de UUFF que non forman parte de máis dun taxon (expresións coma *бить смертным боем* [*golpear cun combate mortal*, 'combater sen piedade'], *намять бока* [*esmaga-los costados*, 'golpear, baterlle fortemente a alguén'], *всыпать горячих* [*botar dentro quentes*, 'golpear, baterlle fortemente a alguén'], *выпустить кишки* [*facer saí-los intestinos*, 'matar'], *пустить кровь* [*ceibar sangue*, 'pegarlle con forza a alguén ou matalo'], *пересчитать ребра* [*conta-las costelas de alguén*, 'pegarlle con forza a alguén'], *попортить фотографию* [*estraga-la*

[322] Compárense casos coma *бархатный (платье – кожа)* [*de veludo (vestido – pel)*], *железный (кровать – нервы)* [*de ferro (cama – nervios)*], *каменный (стена – челюсти)* [*de pedra (parede – mandíbulas)*], tratados en Апресян 1995б: 215, detrás dos cales se atopa o modelo regular «pertencente a *X* – parecido a *X*».

[323] Igual que noutros casos, a análise baséase en materiais do Tesouro (*Dicionario-tesouro da idiomática rusa actual*), pero tamén nos córpora textuais do Departamento de Lexicografía Experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN.

fotografía, 'baterlle con forza a alguén na cara']) ca UUFF que se clasifican ó mesmo tempo en dous ou máis taxons[324]. Analizaremos algunhas delas.

Algunhas UUFF presentan a denominada polisemia única. Por exemplo, a UUFF *[взять (кого-л.)] под микитки* [*(tomar alguén) por debaixo das costelas flotantes*, 'baterlle forte a alguén'], ademais do significado relacionado co efecto físico (4a), ten o significado de 'arrestar' (4b):

(4) **a.** Isto chamábase combate de cazadores, un contra un. Quen caía primeiro, perdía. Aínda así, era necesario guiarse por regras escritas. Non se podía golpear «***под микитки*** [*debaixo das costelas flotantes*]», debaixo da respiración ou «na alma» (V. Matizen. *Stolitsa*, Столица). **b.** A inmensa maioría dos habitantes da Federación Rusa recibiron cun sentimento de profunda satisfacción a nova sobre as heroicas accións do servizo americano de inmigración e regularización, ***взявшей под микитки*** [*que tomou por debaixo das costelas flotantes*] ó antigo administrador do Kremlin, quen no seu día formou parte das dez persoas máis influentes do noso glorioso país (Corpus xorn.).

Este caso de derivación semántica pódese explicar ó trata-lo compoñente figurativo do plano do contido dunha UF. É evidente que na base da imaxe está a idea de restrición da liberdade de movemento, a cal concorda co significado real dun arresto (sobre o papel do compoñente figurativo na semántica das UUFF, véxase o capítulo 3). A UF *сделать котлету (из кого-л.)* [*facer unha costeleta (de alguén)*, 'bater fortemente e repetidamente alguén'], ademais da idea de 'violencia física', expresa a idea de 'vitoria, supremacía'; comp. (5):

(5) A potente, mesmo poderosa representante dos EUA [a tenista Lindsay Devenport] é capaz de ***сделать котлету*** [*facer unha costeleta*] de calquera rival [...] (Xorn. int.).[325]

Este tipo de polisemia (segundo o modelo «efecto físico → vitoria») é totalmente regular. Comp., por exemplo, as UUFF *жопу надрать (кому-л.)* [*arrinca-la pel do cu*,

[324] En xeral, a inclusión dunha determinada UF en varios taxons simultaneamente non significa necesariamente que esa UF sexa polisémica. Neses casos, pódese tratar da presenza de varios trazos semánticos marcados na estrutura do seu significado. Por exemplo, a UF *ободрать как липку (кого-л.)* [*desgarrar coma un tileiro (a alguén)*] inclúese tanto no taxon ENGANO NON VERBAL, coma no taxon EMPOBRECER, PRIVAR DUN RECURSO, xa que o seu significado se pode describir aproximadamente como 'privar alguén de recursos (económicos), en xeral como resultado da compra desvantaxosa dunha mercadoría ou dun servizo'. A pesar disto, nos casos analizados o motivo da inclusión das UUFF en cuestión en dous ou máis taxons radica na súa polisemia.

[325] É conveniente estuda-los usos do tipo (4) e (5) como significados autónomos (e non como modificacións do significado básico condicionadas conceptualmente) por dous motivos. En primeiro lugar, estes usos son bastante frecuentes e non se poden clasificar como modificacións semánticas ocasionais e, en segundo lugar, caracterízanse por unha reorganización bastante significativa da estrutura semántica, na que se elimina o compoñente 'efecto físico', central para o significado básico; isto implica o cambio das relacións paradigmáticas destas UUFF no sistema léxico.

'pegarlle (con forza) a alguén'], *дать... леща (кому-л.)* [*dar... unha brema*[326] *(a alguén)*, 'golpear fortemente alguén'], *дать... по соплям (кому-л.)* [*dar... polos mocos (a alguén)*, 'pegarlle a alguén na cara'], que realizan este modelo de derivación semántica.

Outro tipo de polisemia semántica regular (ou relativamente regular) constitúeno aquelas UUFF coma *драть как сидорову козу* [*arrinca-la pel coma a cabra de Sidor*, 'pegarlle ou castigar (fortemente) alguén'], *дать по соплям* [*dar... polos mocos (a alguén)*, 'pegarlle a alguén na cara'], *размазать по стенке* [*emboutar alguén pola parediña*, 'pegarlle fortemente a alguén'], *всыпать по первое число* [*botar polo primeiro número*, 'dar unha boa reprimenda'], *дать по шее/шеям* [*dar no(s) pescozo(s)*, 'castigar alguén con severidade'], *драть три шкуры/(последнюю) шкуру* [*arrincar tres peles/a (derradeira) pel*, 'aproveitando unha situación de poder explotar alguén financeiramente, facerlle pagar moito por algo etc.']. Todas estas UUFF mostran o significado derivado de 'castigo non físico, amoestación, crítica'. Esta vía de derivación semántica é totalmente natural entre as UUFF deste taxon, xa que a violencia física pódese interpretar, en principio, coma un castigo físico, e o castigo físico é, en definitiva, un castigo. Consecuentemente, ó salientar na comunicación o castigo coma tal, o aspecto físico pode desaparecer, eliminarse, o que chega a forma-la base (nas condicións contextuais correspondentes) para a reinterpretación do castigo coma un efecto non físico senón verbal (crítica, amoestación, condena, enunciado de pretensións etc.). Polo tanto, é esperable que as UUFF do taxon EFECTO FÍSICO, VIOLENCIA FÍSICA, que, conforme á imaxe fixada na súa estrutura léxica, se utilizan de maneira usual co significado de castigo corporal, desenvolvan unha polisemia deste tipo con especial facilidade.

En realidade, as UUFF *дать... по ушам* [*dar... polas orellas*, 'pegarlle a alguén'], *дать... по соплям* [*dar... polos mocos (a alguén)*, 'pegarlle a alguén na cara'] e *всыпать... по первое число* [*botar... polo primeiro número*, 'dar unha boa reprimenda'], *драть* [*последнюю*] *шкуру* [*arrinca-la (derradeira) pel*, 'aproveitando unha situación de poder explotar alguén financeiramente, facerlle pagar moito por algo etc.'][327] emprréganse co seu significado de base máis a miúdo para expresa-la idea de castigo corporal (e non simplemente coma 'golpear') (comp. 6), mentres que no seu significado derivado expresan a idea dunha amoestación verbal intensa (7):

(6) **a.** A condutora do tranvía alcanzou o estrondoso tranvía, saltou en marcha, freouno, ***надавала*** *нам* ***по ушам*** [*deunos polas orellas*] e entregounos á

[326] N. do t.: Peixe (*Abramis brama*) de auga doce que habita nos ríos e lagos de Irlanda, Reino Unido, centro e norte de Europa, e Rusia.

[327] A UF *драть [последнюю] шкуру* [*arrincar tres peles/a (derradeira) pel*, 'aproveitando unha situación para explotar alguén financeiramente, facerlle pagar moito por algo etc.'] merece unha análise especial, xa que os seus significados (polo menos dende o punto de vista do uso actual) son 'explotación despiadada' e 'engano financeiro'. Comp. o seguinte exemplo, onde se realiza o significado 'explotación despiadada': *Она держала в своих руках промышленность, сельское хозяйство, торговлю и продолжала* ***драть шкуру*** *с румынского народа и жить в роскошных домах и дачах...* [*Ela tiña nas súas mans a industria, a agricultura, o comercio e continuaba a* ***quitarlle a pel*** *ó pobo romanés e a vivir en luxosas casas e dachas...*] (Corpus xorn.).

policía, e Kolia despois rescatounos de aló (Corpus pros. rus.). **b.** Os estudantes van mirar como xiras: hanche ***по соплям надают*** [*dar polos mocos*], a ti e mais a nós. Ti queda quieto correctamente... (Text. lit. int.). **c.** Un Mercedes choca contra un jeep de moda tipo 600. Do jeep baixa un home de traxe con gravata, miudiño, calvo, e detrás del un home de pouco menos de dous metros, pelo longo louro e bigote, engancha o homiño do Mercedes e guíndao ó asento de atrás do jeep. O xefe di: «Vasia, lévao ó bosque e ***всыпь по первое число*** [*bótalle polo primeiro número*] e despois sóltao» (Corpus coloquial Int.). **d.** Ti pensaches en pasar á outra banda? —murmurou el—. É demasiado pronto! Como te colla... ***шкуру сдеру***! [*heiche arrinca-la pel!*] (A. Bolnigh. *As ás douradas do dragón*, Золотые крылья дракона).

(7) **a.** Por uns asuntos así, mesmo a un ladrón de renome lle ***по ушам дают*** [*dan polas orellas*]. Por suposto, el é un ladrón a escala soviética, ou sexa, que só a xunta xeral ten o dereito de decidir sobre o seu destino (Corpus detect.). **b.** A comezos de decembro un redactor coñecido meu deume un manuscrito do presidente da nosa comisión de veciños para que fixese unha recensión. Deumo e díxome: «***Врежь*** *ты ему* ***по соплям*** [*córtalle polos mocos*] e non teñas medo de nada, a recensión é interna» (Corpus pros. rus.). **c.** —Non vas adiviñar para que te chamei. —Os xefes chaman só en tres casos... para dar unha tarefa, para gabar por algo ou para ***навешать по первое число*** [*pendurar polo primeiro número*] (Corpus detect.). **d.** [...] sobre as infraccións nos centros sanitarios da cidade, onde comezaron a ***драть последнюю шкуру*** [*arrinca-la derradeira pel*] de nós pola produción de análises médicas [...] (xornal *Duel*, «Дуэль»).

Noutras palabras, a consecuencia semántica posible para toda esta clase de UUFF, a de «efecto físico (coa finalidade de castigar)» serve de elo conector entre o significado de base da UF e o significado derivado que nos interesa. A transición cara a un significado derivado ten lugar con maior facilidade alí onde a consecuencia semántica sinalada é particularmente estable e está fixada no significado léxico.

A favor desta suposición tamén atopámo-lo feito de que aquelas UUFF que, debido ás características específicas do seu compoñente figurativo, normalmente non se poden interpretar coma expresións que designen un castigo, non experimentan a posterior evolución semántica «físico → non físico». Comp. *пересчитать ребра* [*volver conta-las costelas*, 'bater fortemente en alguén'], *попортить фотографию* [*estraga-la fotografía*, 'baterlle fortemente a alguén na cara']. O carácter concreto do efecto físico fixado na imaxe non permite interpreta-las accións correspondentes coma castigo, por iso as restricións na formación do significado derivado 'castigo non físico' resultan totalmente naturais.

Non obstante, é máis complicado explicar por que UUFF coma *размазать по стенке* [*emboutar alguén pola parediña*, 'pegarlle con forza a alguén'], *дать... по шее* [*dar... polo pescozo*, 'darlle unha boa reprimenda a alguén'], que posúen a semántica de efecto físico pero non se utilizan normalmente co significado dun castigo corporal e non inclúen na súa estrutura léxica os elementos correspondentes (8), adquiren o significado

de dura amoestación, de crítica destrutiva (9):

(8) **a.** Eu dígolle, a ver, dáme os cartos, e el dime, agora, a ver, heiche de dar unha... ***по стенке размажу*** [*emboutareite pola parediña*]. El é grandote, empezou a ameazarme cos seus músculos (Corpus detect.). **b.** —Eu agora ***по стене размажу***! [*emboutareite pola parediña!*]. Ti, psicópata do carallo! Atáca-la xente... Agarrados fortemente un ó outro, loitaban no bordo mesmo do descanso da escaleira e os perseguidores, despois de volveren en si, puxéronse a separar e arreda-los adversarios (Corpus detect.). **c.** Aquí déuselles por vir a franceses e preguntaban insistentemente se Hemingway era alcohólico. Aquelas indagacións a min non me gustaron, eu non lles respondín nada, simplemente un par de veces ***дал хорошенько по шее***! [*deilles ben no pescozo!*] Tamén é verdade que eu daquela era moito máis forte ca agora... (Corpus xorn.). **d.** Gena, despois de pisa-lo chan cuberto de inusuais flores de pedra, dixo: «Camiñade detrás miña e seguídeme paso a paso. Quen rompa un só cristal, mátoo!» Matar non ha de matar, pero ben pode ***накостылять по шее*** [*dar bastonazos polo pescozo*]. Porque el non colecciona a natureza e non a somete, senón que a comprende deleitándose nela (Text. lit. int.).

(9) **a.** E ti agora quen es? Unha puta que matou un oficial. Pois eles hante ***размажут по стене***! [*emboutar pola parediña!*]. Ninguén sequera te ha de levar á policía, a non ser despois dun accidente por electricidade ou por un camión que aparece de súpeto (Corpus detect.). **b.** Onte houbo recaer no estado no que estivera durante o período dos seus problemas: e entendeu canto perdera e por que precisamente o profesor lle ***дал по шее*** [*dera polo pescozo*]. Pero nada, mellor tarde que nunca (Fala popular internet). **c.** Despois de coller velocidade, o piloto quedou durmido no seu posto e a nave con todo o impulso espetouse no planeta na zona do casquete polar. Como resultado do impacto a órbita desprazouse e o planeta, despois de recibi-lo potencial dunha rotación complementaria, esparexeu todo o xeo polar pola parte ecuatorial onde, dun xeito misterioso, quedou fixado. Ó piloto ***дали по шее*** [*déronlle polo pescozo*], pero perdoárono, pois ninguén morreu na monstruosa aterraxe, o que é estraño (Text. lit. int.).

É obvio que a consecuencia semántica «efecto físico coma castigo» está ausente no plano do contido destas UUFF. Polo tanto, a presenza desta consecuencia (capaz de pasar ó rango de compoñente semántico no caso de se realizar de maneira estable) non é condición obrigatoria para representa-la idea dun efecto físico sobre o campo conceptual dun castigo non físico e para que apareza un significado adicional na expresión correspondente. A derivación semántica «do físico ó non físico» tamén se pode realizar sen a axuda desta ponte semántica.

Ademais, a presenza de tal ponte semántica non sempre ten como consecuencia a correspondente derivación semántica. Así, atópanse UUFF que se poden interpretar totalmente coma medios de expresión da idea dun castigo corporal, mais que non desenvolven un significado derivado de amoestación, comp. *всыпать/влепить горячих* [*botar dentro quentes*, 'castigar ou baterlle a alguén'], *надрать уши* [*tirar das*

orellas, 'aplicarlle un castigo a alguén'] etc. Polo menos, nos córpora analizados non se atoparon exemplos que teñan este significado.

Así, pódese chegar á conclusión de que a capacidade dunha determinada UF do campo semántico EFECTO FÍSICO, VIOLENCIA FÍSICA de obter nestes contextos a interpretación de 'castigo corporal' non é un factor que favoreza dun xeito inequívoco o desenvolvemento do significado derivado 'castigo non físico, amoestación'. Este significado derivado pódese formar inmediatamente a partir do significado de base xeral do efecto físico, pasando por alto o elo intermedio fundamentado na consecuencia semántica estable «aplicar violencia física coa finalidade de castigar».Como se pode comprobar, resulta máis importante a propia posibilidade do desenvolvemento semántico en cuestión, potencialmente contida no significado de base das UUFF deste campo. De qué xeito concreto se realiza é máis ben unha cuestión de uso. Así mesmo, as características específicas do compoñente figurativo do plano do contido non son máis ca un factor potencial que non posúe unha gran forza explicativa e que se manifesta máis ben coma unha tendencia xeral. Neste caso, tamén desempeña un papel fundamental o grao de convencionalidade da imaxe e ata que punto estea esvaecida (véx. Арутюнова 1988). Canto máis viva e inusual sexa a imaxe (comp., por exemplo, *попортить фотографию* [*estraga-la fotografía*, 'baterlle fortemente a alguén na cara']), máis forza terá o compoñente figurativo para inmiscirse no comportamento semántico da UF.

8.2.2.2. Pasemos á análise das UUFF do campo semántico MORTE. Este material permite observar como se realizan as potencialidades dunha ulterior reinterpretación semántica que se atopan no significado de base da unidade léxica. Dado que a metáfora da PERSONIFICACIÓN é universal e omnipresente (Арутюнова 1990), calquera unidade léxica deste campo (tanto unha palabra coma unha UF) pode reinterpretarse potencialmente co sentido de 'deixar de funcionar e/ou deixar de existir' e utilizarse en referencia a calquera entidade inanimada. De feito, practicamente calquera expresión do campo MORTE permite —de maneira usual ou ocasional— tales usos. Comp. as expresións usuais *компьютер сдох/дышит на ладан* [*o ordenador espichouna/respira en incenso*, 'o ordenador deixou de funcionar/ó ordenador quédalle pouco tempo']; *отделение славистики дышит на ладан* [*o departamento de eslavística respira en incenso*] e a expresión claramente inusual, aínda que aceptable nunha fala de ton emocional pero indiscutiblemente comprensible ?*отделение славистики сдохло* [?*o departamento de eslavística espichouna*]. Trátase de «posibilidades lexítimas de emprega-las palabras, aínda que non estean estipuladas pola descrición do dicionario» (Апресян 1991: 9).

Partindo das particularidades do material deste campo semántico é interesante trata-las seguintes cuestións: que UUFF deste campo se utilizan habitualmente co significado derivado de 'deixar de funcionar e/ou deixar de existir'? Por que precisamente esas? Pódense distinguir factores que favorezan ou impidan o uso dun significado derivado? Que motiva a selectividade en relación ás diferentes clases semánticas, é dicir, por que, por exemplo, unha UF se pode empregar en relación a instrumentos e te-lo significado de deixar de funcionar, mentres que outra se emprega en relación a organismos e institucións e focaliza a idea de deixar de existir?

A seguir, estudarémo-lo material. A análise dos córpora de textos demostrou que, por exemplo, as UUFF *испустить дух* [*ceiba-lo alento/espírito*], *приказать долго жить* [*ordenar vivir moito tempo*], *почить в бозе* [*descansar en Deus*], *уйти в небытие* [*marchar á non-existencia*] empréganse de maneira estable e usual co significado de 'deixar de existir (institucións, organizacións, formacións estatais, sistemas políticos, proxectos, edicións etc.)'[328]. Comp. (10-13):

(10) **a.** Pero a ZIL o que precisa é un motor, e non «O Motor». Precisa un motor de calidade, non é importante onde nin por quen foi producido, e non precisa a fábrica de Iártsevo coa súa ruín produción. Unha fábrica que non se pode pechar unicamente porque sen ela a cidade completamente ***испустит дух*** [*ceiba o espírito*] (*Izvestia*, Известя). **b.** Coa saída da terceira película da epopea imponse unha tradución renovada do seu nome «É difícil morrer». En realidade, a un proxecto cinematográfico de tanto éxito non lle é doado ***испустить дух*** [*ceiba-lo espírito*]: sempre se han de atopar persoas que desexen darlle nova vida a un vello tema (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

(11) **a.** Dende o 1 de marzo o Iubileinii pecha por obras de renovación. Os adestradores e os deportistas andan a buscar traballo no estranxeiro, a escola de patinaxe por parellas máis ben ***прикажет долго жить*** [*ordena vivir por moito tempo*] (*Izvestia*, Известя). **b.** Aínda que hai tempo que os mísiles apuntan a outro lado, a guerra fría ***приказала долго жить*** [*ordenou vivir moito tempo*] e os nosos xenerais empezaron a sentirse coma uns máis nas dependencias do estado maior da OTAN, as relacións entre as administracións de defensa rusa e xaponesa dificilmente se poden cualificar coma demasiado estreitas (*Moskóvskie nóvosti*, Московские новости).

(12) **a.** Polo seu contido, o «Toque eslavo» lembra ás «Novas eslavas», que saían en Minsk, pero ***почившие в бозе*** [*descansaron en Deus*] e nas que se facía propaganda da idea do concilio eslavo «Rusia Branca» (*Óbxchaia gazeta*, Общая газета). **b.** Nós maldiciámo-lo traballo gratuíto comunista dos sábados coas peores palabras, pero no noso interior viámolo coma unha festa nacional tradicional (enténdase: unha xolda). A grande iniciativa ***почил в бозе*** [*descansou en Deus*] en silencio e sen chama-la atención. E nós deixamos de ir unha vez ó ano amigablemente branquear árbores e varrer rúas, afiar barras e coser calzóns. E empezamos a atopar outros motivos para reunirnos de maneira informal despois do traballo e beber co xefe (*Itogui*, Итоги).

(13) **a.** En agosto de 1991 tivo lugar a quebra do réxime bolxevique-soviético case coa mesma facilidade coa que no ano 1917 ***ушли в небытие*** [*foron á non existencia*] a monarquía e o goberno democrático temporal (*Moskóvskie*

[328] É interesante o feito de que con este significado derivado a UF *уйти в небытие* [*marchar á non-existencia*, 'deixar de existir/funcionar'] tamén se emprega na forma *кануть в небытие* [*desaparecer na non-existencia*, 'deixar de existir/funcionar'], pero co significado de base é imposible a variante con *кануть* [*desaparecer*].

nóvosti, Московские новости). **b.** O teatro de arte académica da URSS M. Gorkii ***ушел в небытие*** [*foi á non existencia,*] xunto con aquel país cuxo nome representaba (*Izvestia*, Известя).[329]

En contextos con características semellantes tamén se usa a UF *отбросить коньки* [*guinda-los patíns*, 'morrer, espichala'] (14); con todo, estes contextos non son completamente estándar. O feito de que se perciban coma lixeiramente non-estándar está aparentemente relacionado co feito de que esta expresión pertence á xerga, é dicir, en certo modo é menos convencional ca, por exemplo, *испустить дух* [*ceiba-lo alento/espírito*]. Consecuentemente, a imaxe que se atopa na súa base tamén se percibe coma bastante expresiva e inusual. É característico que no contexto (14) se introduza un marcador adicional de personificación do *komsomol*[330]: vello.

(14) Na opinión do grupo coa iniciativa hai xa tempo que xurdiu a necesidade da organización da unión: mesmo nos tempos da descomposición da VLKSM (*Unión de Xuventudes Comunistas Leninistas da Unión Soviética*). Dende que o vello *komsomol* ***отбросил коньки*** [*guindou os patíns*], non apareceu nin un só órgano que unificase realmente tódolos estudantes da Federación Rusa (*Moskóvskii komsomólets*, Московский комсомолец).

É moi difícil dar unha resposta en termos de relacións causa-efecto á pregunta de por que precisamente estas UUFF adquiriron este significado derivado mentres que non foi así no caso doutras UUFF do campo semántico MORTE. Comp. as UUFF que non desenvolven os correspondentes significados derivados: *закрыть глаза навеки* [*pecha-los ollos para sempre*, 'morrer']; *кончить/окончить свои дни* [*remata-los seus días*, 'morrer']; *господь прибрал (кого-л.)* [*o señor escolleu (alguén)*, 'morrer']; *дать/врезать дуба* [*dar/cortar un carballo*, 'morrer']; *дух/душа вон (из кого-л.)* [*o espírito/a alma para fóra (de alguén)*, 'morrer']; *умереть... под забором* [*morrer... debaixo do valado*, 'morrer na pobreza, esquecido, nunha situación desgraciada']; *хватила кондрашка (кого-л.)* [*darlle un ataque de apoplexía (a alguén)*; 'morrer']; *отдать концы* [*solta-las amarras*, 'morrer, espichala']; *откинуть лапти* [*guinda-las alpargatas*, 'morrer']; *склеить ласты* [*pega-las aletas*, 'morrer, espichala']; *отбросить/откинуть лыжи* [*guinda-los esquís*, 'morrer']; *уйти... в лучший мир* [*ir a un mundo mellor*, 'morrer']; *уйти... в мир иной* [*ir... a outro mundo*, 'morrer']; *покинуть этот мир* [*abandonar este mundo*, 'morrer']; *мрут как мухи (кто-л.)* [*morrer coma moscas*, 'morrer en gran cantidade']; *протянуть ноги/ножки* [*estira-las pernas/perniñas*, 'morrer']; *отправиться... к праотцам* [*dirixirse... xunta os devanceiros*, 'morrer']; *отправиться на тот свет* [*dirixirse a ese mundo*, 'morrer']; *уснуть вечным сном* [*durmi-lo sono eterno*, 'morrer']; *сыграть в ящик* [*xogar ó caixón*, 'morrer']. Como se pode observar, en principio é máis correcto falar dunha posible reinterpretación para tódalas unidades léxicas deste campo. O feito de que esta posibilidade se realice de maneira selectiva (máis exactamente o feito de que o proceso

[329] A comparación destes contextos amosa claramente a unicidade semántica de cada UF. A substitución recíproca das UUFF nos contextos (10-13) a miúdo produce un resultado semántico diferente (ás veces pouco aceptable). Estas diferenzas semánticas individuais e as súas causas deben ser obxecto dun estudo especial.
[330] N. do t.: Mozo membro do partido comunista.

de lexicalización dos usos non teña lugar de maneira paralela para tódalas unidades do campo) hai que atribuírllelo ós «caprichos do uso». Así mesmo, a cuestión de por que as UUFF que estamos a analizar se utilizan co seu significado derivado en combinación con denominacións de institucións, organizacións, formacións estatais, sistemas políticos etc., e non, por exemplo, en combinación con denominacións de instrumentos, hai que considerala, aparentemente, en termos de preferencias de uso. En xeral, é perfectamente posible dicir algo coma *телевизор приказал долго жить* [*o televisor ordenou vivir moito tempo*], comp. (15):

(15) **a.** Os hidrocompensadores, que fan tanto ruído despois de queceren, han de rañar unha suma considerable do seu peto. [...] A bomba «de suor» GUR demostra que o prensaestopas ***приказал долго жить*** [*ordenou vivir moito tempo*] e haberá que substituílo totalmente por unha bomba (*Avtopilot*, Автопилот). **b.** Por exemplo, o escintileo da lámpada de sinalización vermella ou do indicador de avaría do motor avisa de que o inmobilizador «***приказал долго жить*** [*ordenou vivir moito tempo*]» e que o desconectaron, mentres que toda a parte electrónica traballa no modo de avaría (*Avtopilot*, Автопилот). **c.** Así, empezamos a tocar, intentando non mirar na sala baleira, e na segunda canción o amplificador de baixos empezou a botar fume e ***приказал долго жить*** [*ordenou vivir moito tempo*] (A. Makárevich. *Todo é moi sinxelo*, Все очень просто).

É interesante destacar que no caso da UF *испустить дух* [*ceiba-lo espírito/alento*] se atopou un contexto de uso no que se refire á denominación dun mecanismo (16):

(16) [...] o noso país está contraindicado para o pensamento profesional lóxico e as accións profesionais claras. Un mecanismo estranxeiro intelixente na nosa realidade sempre se ha de considerar chatarra de ferro e sae un malicioso «Aaah, cara...!» cando ese obxecto non feito aquí ***испустит дух*** [*ceiba o espírito/alento*]. Ese é o lado oculto da fermosa teoría sobre a «misteriosa alma rusa»: ingobernabilidade, desorde e salvaxismo (*Nóvaia gazeta*, Новая газета).

Aínda que o contexto (16) ten un carácter claramente non-estándar e humorístico (véx., ademais, o contexto (15), percibido coma totalmente non-estándar), demostra que a potencial reinterpretación posterior que se atopa no significado das UUFF desta clase semántica é, en principio, realizable. En xeral, é perfectamente posible encontrar contextos non-humorísticos nos que apareza esta UF cun significado derivado. Neste sentido, o tipo de polisemia que estamos a tratar aquí é, en realidade, regular. Ata que punto unha realización determinada desta potencialidade semántica responde ás esixencias dun bo estilo é unha cuestión de uso. A modo de demostración desta situación pódense dar argumentos de dous tipos: «comparativos» e «históricos».

No relativo ós argumentos «comparativos» abonda con recorrer a exemplos do alemán. A UF alemá *den Geist aufgeben*, que coincide coa expresión rusa *испустить дух* [*ceiba-lo espírito/alento*] tanto na estrutura léxica coma no significado de base (no caso da UF alemá, este último en realidade xa é un pouco arcaico), tamén desenvolveu un significado derivado secundario que hoxe en día é o máis frecuente. Este significado,

non obstante, realízase exclusivamente en combinación coa denominación de aparellos e mecanismos e focaliza a idea de cesamento de funcionamento normal, comp. (17):

(17) Sollte der Scheibenwischer einmal ***seinen Geist aufgeben***, hilft der Apfel-Trick: Man schneidet einen Apfel in der Mitte durch und reibt mit den Hälften über die Scheibe (*Mannheimer Morgen*).

Así, en alemán os que *geben seinen Geist auf* [*ceiban o espírito/alento*] non son organizacións e proxectos, senón limpaparabrisas, ordenadores e televisores. Se a combinabilidade e, consecuentemente, a perfilación semántica da expresión reinterpretada dependesen, por exemplo, das características específicas da imaxe, non podería pasar algo así, pois o compoñente figurativo de *испустить дух* [*ceiba-lo espírito/alento*] e de *den Geist aufgeben* é totalmente idéntico.

En canto ó segundo tipo, os argumentos «históricos» desempeñan un papel importante para apoia-la idea da mobilidade da estrutura semántica das UUFF que estamos a tratar e, consecuentemente, tamén para a impredicibilidade (para unidades lingüísticas concretas) dos correspondentes cambios semánticos. A seguir, exemplificaremos este feito coa axuda da UF *испустить дух* [*ceiba-lo espírito/alento*]. Ó recorrermos a textos do século XIX e da primeira metade do XX non demos atopado nin un só contexto que ilustrase o significado derivado desta UF; comp. (18-21). Isto, por suposto, estritamente falando, non demostra nada, sobre todo porque dende o punto de vista da xerga habería que empregar textos coloquiais dese período e non textos literarios, aínda que concorda perfectamente coa tese de que o significado derivado referido a entidades inanimadas se desenvolveu hai relativamente pouco tempo. De ser así, hai fundamentos para crer que no sucesivo, tanto nesta UF coma noutras deste campo semántico, se poden aparecer algúns novos significados, aínda non sancionados polo uso. O único que pode predici-la teoría semántica actual son aqueles marcos nos que pode influí-la derivación semántica regular nas unidades de cada clase.

(18) Ó final o pobre Akakii Akákievich ***испустил дух*** [*ceibou o espírito/alento*] (N. V. Gógol. *O abrigo*, Шинель).

(19) Sinalarei que en canto Stepán Trofímovich perdeu o coñecemento (esa mesma mañá), Várvara Petrovna de contado volveu botar fóra da *izba*[331] a Sofía Matvéevna e coidou do enfermo ela mesma, soa ata o final; e en canto el ***испустил дух*** [*ceibou o espírito/alento*], chamou en seguida por ela (F. M. Dostoievski. *Demos*, Бесы).

(20) Pero Iván Ivánovich xa non oía nada. Deu enganchado o can e en defensa propia esmagoulle o pescozo. O cadeliño ceibou un chío e ***испустила дух*** [*ceibou o espírito/alento*] (F. M. Dostoievski. *Unha muller allea e un marido debaixo da cama*, Чужая жена и муж под кроватью).

(21) O infeliz xa estaba a morrer. Non acabou de falar, berrou e ***испустил дух*** [*ceibou o espírito/alento*]. Dalgún xeito, todos o comprenderon de contado,

[331] N. do t.: Casa tradicional rusa.

empezaron a quita-los chapeus e a persignarse (B. L. Pasternak. *O doutor Jivago*, Доктор Живаго).

8.2.3. Dende o punto de vista da descrición das UUFF, no dicionario monolingüe é evidente que a polisemia regular das UUFF require unha representación lexicográfica uniforme. Noutras palabras, en tódolos casos nos que unha UF amosa un significado adicional xurdido como resultado dunha derivación semántica regular, este significado ten que ser fixado e a forma da definición ten que explicita-las relacións semánticas entre o significado derivado e o significado produtor. A modo de exemplo citarémo-las definicións de varias UUFF do campo semántico MORTE do *Dicionario monolingüe da idiomática rusa actual*.

ПОЧИТЬ В *БОЗЕ* [*descansar en Deus*] *elev.* **1.** (dito de alguén, sobre todo dunha persoa que posúe un alto status) morrer de xeito non-violento (por unha enfermidade, a causa da vellez etc.) (ó utilizar esta expresión en relación a persoas que claramente non son estimadas prodúcese un efecto de ironía) **2.** (dito de algo que anteriormente foi importante) deixar gradualmente de existir (a miúdo debido a causas naturais), sen provoca-los resultados esperados, o que se describe coma a morte (ó utilizar esta expresión en relación a entidades inanimadas prodúcese un efecto de ironía).

ПРИКАЗАТЬ *ДОЛГО* ЖИТЬ [*ordenar vivir moito tempo*] *liter.* **1.** (dito de alguén) morrer, en xeral de morte non-violenta (por unha enfermidade, a causa da vellez etc.), o que se describe por medio dun acto ritualizado de despedida: desexo do moribundo dunha vida longa e feliz ós seus achegados **2.** (dito de algo) deixar gradualmente de existir (a miúdo debido a causas naturais), sen da-los resultados esperados, o cal se describe coma a morte.

ИСПУСТИТЬ *ДУХ* [*ceiba-lo espírito/alento*] *elev.* **1.** (dito de alguén) morrer, onde a morte se describe coma a saída da alma do corpo no que se atopaba, non sendo controlada pola persoa que está morrendo **2.** (dito de algo) deixar de existir (a miúdo debido a causas naturais), sen provoca-los resultados esperados, o que se describe coma a morte.

ОТБРОСИТЬ/ОТКИНУТЬ *КОНЬКИ* [*guindar/lanza-los patíns*] *inform. xerga*; **ОТБРОСИТЬ/ОТКИНУТЬ КОНИ** [*guindar/lanza-los cabalos*] *inform. xerga* **1.** (dito de alguén) morrer, deixando de desempeña-las funcións vitais, o que se asocia co entumecemento das extremidades e se entende coma a imposibilidade de continua-las actividades deportivas, de xeito que xa non se necesitan aparellos deportivos (a expresividade desta metáfora e o carácter de xerga da UF pode producir un efecto de ironía en contextos dun rexistro estilístico neutro) **2.** (dito de algo) deixar de existir, deixando de desempeña-las súas funcións, o que se describe coma a morte.

ОТБРОСИТЬ/ОТКИНУТЬ *КОПЫТА* [*guindar/lanza-los pezuños*] *inform. xerga* **1.** (dito de alguén) morrer, deixando de cumpri-las funcións vitais, o que se asocia co entumecemento das extremidades (a expresividade desta metáfora e o carácter de xerga da UF pode producir un efecto de ironía en contextos dun rexistro estilístico neutro) **2.** (dito de algo) deixar de existir, deixando de desempeña-las súas

funcións, o que se describe coma a morte (a expresividade desta metáfora, o carácter de xerga da UF e o seu emprego en relación a entidades inanimadas pode producir un efecto de ironía).

УЙТИ... В НЕБЫТИЕ [*marchar á non-existencia*] *elev.* **1.** (dito de alguén) morrer, entendido coma a acción de pasar ó mundo dos mortos **2.** (dito de alguén/de algo) deixar de existir no mundo do falante a partir dun momento no pasado ou no futuro, o que se entende coma a acción de pasar ó mundo dos mortos **3.** (dito de alguén/ de algo) pasar a ser esquecido, o que se entende coma a acción de pasar ó mundo dos mortos.

ПРОБИЛ ПОСЛЕДНИЙ *ЧАС* [*da-la derradeira hora*] (de alguén/de algo) *elev.* **1.** (de alguén) indicación da aproximación, da chegada da morte de alguén, que se relaciona coa idea dun reloxo con 'tictac' que conta o tempo de vida que lle queda á persoa **2.** (de algo) indicación da chegada dun período de tempo no que cesa a existencia de algo que se relaciona coa idea dun reloxo que facendo 'tictac' conta o tempo de vida que lle queda a algo.

БЛАЖЕННОЙ *ПАМЯТИ* [*á benaventurada memoria*] *ant.* **1.** (dito de alguén) acción de mencionar un finado dun xeito respectuoso e con amor, cuxa lembranza evoca emocións moi positivas **2.** (de alguén/de algo) dito dunha persoa ou dunha cousa que existiu antes pero agora xa non existe, o que evoca ó mesmo tempo un sentimento positivo e negativo, algo parecido a unha combinación de nostalxia e sarcasmo.

8.2.4. Para concluír, sinalaremos que a idiomática está organizada, en xeral, seguindo os mesmos principios có léxico. Igual que acontece no léxico, na idiomática realízanse determinados modelos predicibles de polisemia regular e esta última, á súa vez, fundaméntase na posibilidade dunha ulterior evolución semántica. O conxunto concreto de significados dunha UF vén determinado polo uso. A particularidade das UUFF (coma tamén dos outros fenómenos léxicos con metáforas convencionais na forma interna) consiste en que na formación dos significados derivados pode influír un factor adicional: o compoñente figurativo. Aquí o grao de influencia do compoñente figurativo oscila de UF a UF e depende da expresividade e da singularidade vs. do grao de 'borrado' e da convencionalidade da imaxe.

Os principais resultados da análise deste problema pódense reducir ás seguintes conclusións: a polisemia regular é propia da idiomática nunha medida bastante considerable. Non obstante, isto non significa que a dirección da evolución semántica poida ser predita para cada UF concreta. Igual ca no léxico, neste caso trátase máis ben de determinadas potencialidades de evolución de significados novos, secundarios para as UUFF dunha determinada clase semántica. Neste sentido pódese falar dunha «gramática do dicionario», que chega a estenderse ó campo da idiomática. Dado que estes potenciais semánticos se realizan dun xeito bastante selectivo, en relación a UUFF concretas o máis axeitado é unha descrición que siga os principios do dicionario. Noutras palabras, as UUFF foron e seguen a ser «unha mercadoría que se vende solta, de unha en unha».

Parte 4. As UUFF no discurso

Capítulo 9. A semántica das UUFF e a intención comunicativa

9.1. Formulación do problema e material de investigación

Na bibliografía específica sobre fraseoloxía sinálase continuamente que os fraseoloxismos son unha parte única do sistema léxico da lingua. E, de feito, as particularidades da estrutura da fraseoloxía e os fenómenos da idiomática estudados nos capítulos anteriores confirman esta tese aceptada universalmente. Non obstante, unha das particularidades distintivas máis importantes da fraseoloxía —a presenza da forma interna— tamén é, ó mesmo tempo, un potencial para a supresión das diferenzas esenciais entre algúns tipos de unidades lingüísticas que pertencen ó nivel léxico. No discurso, no proceso de funcionamento directo da lingua, a forma interna é a miúdo máis importante có feito da fixación dunha expresión coma unidade complexa ou simple do dicionario. Neste capítulo analízase o tipo de discurso no que no nivel de comunicación se suprimen as diferenzas entre as UUFF e as metáforas cunha forma interna viva[332].

O funcionamento das unidades deste tipo (palabras con significado metafórico e UUFF) na lingua coloquial espontánea descríbese con exemplos do alemán. Trátanse os métodos de descrición das metáforas e das UUFF en cuxa base se atopa unha metáfora percibida polo falante, dentro dos correspondentes campos semánticos formados sobre a base da análise de textos coloquiais auténticos.

Como material para a investigación utilizámo-las transcricións das gravacións en cinta das pescudas dun xuízo arbitral publicadas en Schröder (1994): os denominados «diálogos do discurso de conciliación» (*Schlichtungsgespräche* é un substantivo composto formado polo substantivo *Gespräch* 'conversa' e polo verbo *schlichten* 'conciliar'). Trátase dun tipo de texto bastante inusual, xa que esta clase de xuízos arbitrais parece existir só en Alemaña[333]. A esencia do «discurso de conciliación» (no sucesivo DC) consiste no seguinte: cando un particular presenta unha declaración nun xulgado cunha demanda sobre outro particular, esta declaración diríxese nun principio

[332] Neste capítulo inclúese o material dos traballos de Dobrovol'skij 1995a e Добровольский 1996a.
[333] O Instituto de Xuíces de Paz de Rusia, creado recentemente, está próximo, por unha serie de características, a esta forma de comunicación social.

a un xuíz arbitral (alem. *Schlichter* ou *Schiedsmann*). O xuíz chama as partes en litixio a unha conversa, no transcurso da que intenta concilialas e evitar que o asunto sexa transferido a un xulgado. Trátase, en xeral, de litixios entre veciños (*vide infra* os exemplos DC1, DC5, DC6), casos menos frecuentes son os intentos dos consumidores de defende-los seus dereitos en situacións de compravenda (*vide infra* DC4) etc. No transcurso da conversa, o xuíz aduce argumentos que demostran o absurdo do conflito e o indesexable que sería o feito de facelo público, así coma os adicionais gastos materiais, inevitables no caso de transferi-lo caso a un tribunal. As partes en litixio, pola súa banda, intentan demostrar que teñen razón. Pódese afirmar que, malia a singularidade de cada pescuda concreta, tódolos DDCC seguen o mesmo esquema organizativo.

En total foron analizados seis diálogos de discursos de conciliación. O primeiro deles (DC1) trátase da demanda dunha anciá solitaria, a señora Scheer, contra o seu xoven veciño, o señor Borg, quen a ameazou, segundo as palabras da propia señora. O señor Borg considera a acusación infundada e á súa vez preséntalle á señora Scheer varias reclamacións. Ó final o xuíz, que ademais coñecía persoalmente ámbolos dous implicados, deunos conciliado, demostrando que o conflito non tiña fundamentos reais.

No DC2 estúdase a demanda da señora Blank, de 38 anos, interposta contra o señor Herrmann, de 43. A señora Blank amoestou o señor Herrmann despois de que el deixara aceso o motor do seu coche durante bastante tempo, co cal —segundo a opinión da señora Blank— o medio natural se veu danado. O señor Herrmann respondeu a esta amoestación dun xeito bastante vulgar, o que fixo que ela se decidise a denuncialo. O conflito foi arranxado en poucos minutos, pois o señor Herrmann non negaba a súa culpa e estaba disposto a escusarse, sinalando unicamente que a señora Blank tampouco fora especialmente educada con el.

No DC3 analízase unha declaración sobre unha acusación de calumnia. A enfermeira Ritzbecker, quen interpuxo a denuncia, afirma que viu como o fillo dunha paciente, da señora Schade, colleu do chan e meteu no peto un billete de 100 marcos que perdera un dos pacientes. Como resposta, a señora Schade lanzou a suposición de que fose a propia señora Ritzbecker a que agachara eses cartos, o que foi motivo para chegar á acusación de calumnia. A investigación foi moi tensa e requiriu do xuíz considerables esforzos argumentativos, pois cada unha das mulleres insistía no seu posicionamento. Aínda así, o xuíz deu conciliado as dúas partes.

O DC4 diferénciase dos anteriores, xa que se trata dunha defensa dos dereitos dos consumidores. A señora Klocke pediu que lle fixesen un moño na perruquería do señor Plack. Como o moño que lle fixeron non lle gustou e o señor Plack se negou a facerllo de novo argumentando que o fixera seguindo as instrucións que ela lle indicara, denunciouno.

No DC5 estúdase unha rifa entre dúas veciñas: a señora Beck (unha anciá solitaria) e a señora Kraft, que vivía co seu home e mais cos fillos na mesma casa. A señora Beck afirma que cando amoestou os fillos da señora Kraft esta enfrontouse a ela con insultos, motivo polo cal se dirixiu a un tribunal. No transcurso da investigación, a señora Kraft declarou que ela tamén fora insultada pola señora Beck. Esta última viuse obrigada a

confirmar que a rifa verbal tiña un carácter recíproco, recoñecendo deste xeito que non tiña motivos para dirixirse a un tribunal.

No DC6 analízase a denuncia feita polo señor Heilmann ó seu veciño de hai tempo, o señor Boos, quen parece que seguía a insultalo a el e máis á súa familia. O señor Boos nega esas acusacións e, á súa vez, manifesta o seu descontento con respecto ó ruído que fai a familia do señor Heilmann.

Naturalmente, a análise dos seis DDCC non abonda para extraer conclusións globais sobre as particularidades deste tipo de texto e aínda menos sobre as particularidades de comportamento das UUFF no discurso; non obstante, o tratamento deste material permite facer algunhas xeneralizacións útiles. O DC é un material acertado para a investigación das características discursivas das UUFF, xa que se trata dun diálogo espontáneo que, con todo, presenta unha estrutura clara, polo que a súa análise permite atopar algunhas regularidades relativamente xerais do funcionamento das UUFF e das metáforas no discurso.

Cunha rápida ollada ós textos DC1-DC6 faise evidente a súa semellanza estrutural e de contido. O DC como tipo de texto caracterízase por uns roles comunicativos asignados nun principio ós participantes da situación; na base do diálogo atópase un modelo prototípico estruturado dun xeito claro e que pode ser descrito do seguinte xeito:

DISCURSO DE CONCILIACIÓN

I. Participantes da situación:

A – demandante;

B – demandado;

C – xuíz árbitro.

II. Motivo da interacción comunicativa:

O motivo do conflito é, xeralmente, unha rifa no transcurso da que se profiren insultos (recíprocos) ou, en casos máis raros, se inflixe un dano físico.

III. Obxectivo comunicativo xeral do discurso:

O DC trátase dunha investigación co fin de arranxar un conflito entre *A* e *B*.

IV. Pasos comunicativos/accións dos participantes dun discurso de conciliación:

C pon a *A* e *B* en coñecemento dos obxectivos do DC, chama a atención das partes en litixio sobre o carácter pouco cooperativo do seu comportamento, a inconmensurabilidade dos motivos reais do conflito e das consecuencias que implicaría o feito de transferi-lo asunto a un tribunal. *C* ve as verdadeiras razóns do conflito na perda de control das accións e afirmacións por parte de *A* e *B*, na súa innecesaria emotividade.

C subliña as vantaxes do DC con respecto a un procedemento xudicial. En primeiro lugar, no caso dun DC non se lle dará publicidade ó conflito, mentres que un procedemento xudicial pasaría a ser de dominio público. En segundo lugar, un proceso xudicial vai ligado a considerables gastos materiais para *A* e para *B*. En terceiro lugar, dado que en varias ocasións os comportamentos do demandante e do demandado que conduciron ó conflito non son intachables en ningún dos dous casos, tal proceso non o pode gañar ningunha das dúas partes.

A e *B* insisten en que cada un ten a razón e rexeitan reexamina-las súas posicións. Cada unha das partes acusa a outra de provoca-lo conflito, negando a súa propia culpa. As partes lembran os insultos e ofensas recíprocos, citándoos a miúdo e intentando dese xeito convencer a *C* da inutilidade dos seus esforzos conciliadores. Neste estado, o DC é como se pasase a unha fase aínda máis activa, pois no proceso argumentativo *A* e *B* lanzan con frecuencia novas afirmacións ofensivas dirixidas un ó outro (sobre todo acusacións de mentira).

C repite que a finalidade do DC consiste na liquidación do conflito e advirte a *A* e a *B* de que, se continúan obstinándose, ha tomar medidas severas contra eles. En xeral non se especifica o carácter destas hipotéticas medidas.

Ó percibir en *A* e/ou en *B* os menores indicios de dúbida con respecto á conveniencia de transferi-lo asunto a un tribunal, *C* cambia a súa estratexia argumentativa e sinala que cómpre contempla-la liquidación do conflito coma un éxito común, acompañado dun sentimento de alivio e de liberación.

Ó final *C*, coa axuda de diferentes argumentos, dá convencido a *A* e *B* de que renuncien a seguir adiante co conflito e é quen de concilia-las partes.

Este esquema supón en certo modo un «modelo cognitivo idealizado» (no sentido de G. Lakoff; comp. Lakoff 1993), é dicir, realizacións concretas (por exemplo, DC1-DC6) poden amosar certas diverxencias do esquema que describe o caso prototípico. Non obstante, factores coma o número constante de participantes da situación, os seus roles e intencións comunicativas análogas e a orientación cara a determinadas estratexias argumentativas conducen a que, cando os textos deste tipo se dividen en fragmentos relativamente independentes, na maioría dos casos tanto estes fragmentos coma a secuencia deles resultan ser invariables. Cada fragmento pódese considerar coma un grupo de actos argumentativos de certo tipo. No caso prototípico estes fragmentos están clasificados e numerados[334].

A utilidade de tales procedementos de análise do discurso obsérvase, sobre todo, no feito de que coa súa axuda se poden revelar correlacións entre o uso dunhas ou doutras unidades léxicas (neste caso de UUFF e de metáforas) e as intencións concretas dos falantes, así coma as súas funcións argumentativas (véx. a sección 9.2). Ademais, a comparación de fragmentos análogos de diferentes textos pertencentes á mesma clase

[334] Nos DDCC de grande extensión repítense con frecuencia os mesmos argumentos aducidos polos participantes da conversa; é coma se o diálogo quedase estancado. Nestes casos, a secuencia dos fragmentos clasificados é bastante arbitraria, pero a súa estrutura segue a ser, en principio, invariable.

(é dicir, a comparación das diferentes realizacións de determinadas situacións comunicativas reais) permite distinguir grupos de unidades semanticamente próximas, o que favorece a resolución de determinadas tarefas lexicográficas (véx. a sección 9.3).

9.2. O papel da metáfora na organización dos textos do discurso de conciliación

O primeiro que salta á vista á hora de describir estes textos é a abundancia de UUFF e de metáforas. Na gran maioría, non se trata de metáforas «creativas» senón de metáforas estándar, de uso, convencionais, comp. *Weg* «camiño, vieiro» co significado de 'maneira de acadar un obxectivo' (e as colocacións baseadas nesta metáfora, coma *einen Weg beschreiten* «ir por un camiño»), colocacións metafóricas fixas coma *blöde Kuh* «vaca parva», *dumme/alte Gans* «gansa parva/vella», *dumme Pute* «pavo vello»; as UUFF *mit der Faust auf den Tisch schlagen* «golpear co puño na mesa», *etw. in den Schmutz ziehen* «pasar algo pola sucidade», *gut davongekommen sein* «saír ben parado» nos contextos (1-6):

(1) *C*: ...versucht zumindest das, ***den Weg*** zu ***beschreiten***, selbst wenn er einem von vornherein nicht so sympathisch ist. Aber man versucht, ***den Weg*** zu ***beschreiten*** [...]. (DC4)

C: ... intenta polo menos *ir por este camiño* (poñerse de acordo), mesmo se nun principio a un non lle parece moi agradable. Pero cómpre *ir por este camiño* (intentalo) [...].

(2) *A*: Das einzige, was ich runtergerufen hab': sie ist ja ***ne blöde Kuh***, weil sie überhaupt mich gar nicht zu Wort kommen... ja, sonst hab' ich nix gesagt [...]. (DC5)

A: O único que lle berrei dende arriba é que é unha *vaca parva* (muller parva), porque non me deixaba para nada abri-la boca... e nada, polo demais non dixen máis nada [...].

(3) *C*: Da fällt schon mal dies und jenes Wort. Wir legen uns hier nicht fest, daß hier gesagt worden ist «Du ***dumme Pute***, du ***alte Gans***» oder was auch immer. (DC3)

C: Acontece que a un lle sae unha palabra ou outra. O que aquí nos interesa non é que alguén dixese: «Ti *pavo parvo*, ti *vella gansa*» (muller parva) ou o que sexa.

(4) *C*: Und meine Aufgabe ist es, hier den Frieden unter Nachbarn wiederherzustellen [...]. Ja? Also, sonst muß ich nämlich mal ***mit der Faust auf den Tisch schlagen*** also. (DC1)

C: E a miña tarefa aquí é arranxa-las relacións entre uns veciños [...]. Ah, si? Senón *terei que golpear co puño na mesa* (vou falar con vostedes doutra maneira).

(5) *B*: Unser Name *ist* auch *in den Schmutz gezogen worden*, ja. (DC3)

B: O noso nome tamén *o pasaron pola sucidade* (foi calumniado), iso.

(6) *A*: *Sind* Sie *gut davongekommen*, können Sie unserem Herrgott in der Kirche danken. (DC5)

A: Se *saíu ben parado*, pódelle dar grazas a Deus.

O grao de uso destas palabras e UUFF pode ser diferente (atópanse sobre todo unidades marcadas a nivel dialectal), pero o seu status de unidades lexicalizadas é bastante evidente e na maioría dos casos aparece confirmado polos dicionarios.

Metáforas novas e creativas atópanse só en casos extremadamente raros, comp., por exemplo, a combinación de palabras non-lexicalizada *eine Hemmschwelle überwinden* «superar un limiar de contención» 'superar incomodidades/limitacións' en (7), que se pode considerar ben contaminación do verbo *hemmen* 'conter, impedir, obstaculizar' pola UF *eine Schwelle überwinden* «superar un limiar», ben contaminación do substantivo *Hemmschuh* «zapata do freo» por parte desta UF:

(7) *A*: Da mögen Sie vielleicht recht haben [...], weil in den Angelegenheiten gehört eine unglaubliche... ein unheimlicher Ruck dazu, ***diese Hemmschwelle zu überwinden***. Sie wissen genau, wenn jemand auf so was angewiesen ist, ein Haarteil zu tragen, dann ist das so 'n bißchen... 'ne Art, die so ins... in den Tabubereich vielleicht fällt [...]. (DC4)

A: Pode ser que vostede teña razón [...] porque en asuntos coma este é normal que se dea un forte, un grande esforzo para superarse a si mesmo (*superar este limiar de contención*). Vostede ben sabe que se alguén se ve obrigado a levar pelo postizo iso é un pouco... ou sexa... algo que entra no eido do tabú [...].

Como se pode comprobar, a abundancia de metáforas de uso común, de colocacións metafóricas fixas e de UUFF correntes en tódolos participantes da situación comunicativa pódese explicar polo carácter semi-íntimo da situación, pola intención consciente do xuíz de crear un ambiente de confianza, o que presupón a utilización de recursos da lingua coloquial cotiá (comp. outros tipos de textos de lingua coloquial presentes nos córpora de textos do Instituto da Lingua Alemá de Mannheim).

Tamén é esencial o feito de que as metáforas creativas chamen a atención dos participantes da situación sobre a propia forma de comunicación e non sobre o contido ou os obxectivos do discurso. Por outra banda, é precisamente a forma de comunicación conflitiva anterior a que a miúdo se converte en obxecto de discusión. Nese caso, o xuíz intenta traslada-la atención dos participantes da forma ó contido. *Vide supra*: *Da fällt schon mal dies und jenes Wort. Wir legen uns hier nicht fest, daß hier gesagt worden ist «Du* ***dumme Pute****, du* ***alte Gans****» oder was auch immer* [Acontece que a un lle sae unha palabra ou outra. O que aquí nos interesa non é que alguén dixese: «Ti *pavo vello*, ti *vella gansa*» (muller parva) ou o que sexa]. As metáforas creativas o que farían, precisamente, sería traslada-la atención á forma da interacción comunicativa. Ademais, é evidente que as metáforas novas requiren esforzos complementarios por parte dos participantes da comunicación para que se produza a comprensión, o que non sempre —nin moito menos— axuda a que se

consiga unha comprensión mutua.

No aspecto semántico, chama a atención o feito de que nos DDCC a maioría das metáforas se agrupan arredor de dous conceptos centrais: (a) CONFLITO e (b) CONSENSO, onde (a) predomina claramente a nivel cuantitativo. O carácter básico destes conceptos en textos deste tipo é claro: están presentes en diferentes combinacións en tódolos fragmentos do *scenario* prototípico. Para describi-las características semánticas e pragmáticas desas metáforas resulta conveniente utiliza-lo aparato de modelos metafóricos (tamén denominados «metáforas conceptuais») elaborado por G. Lakoff dentro da súa teoría cognitiva da metáfora (véx. Lakoff 1987, 1993 e, en particular, 1994).

Noutras palabras, cómpre descubrir qué dominios fonte (*source domains*) «están implicados» na interpretación metafórica dos dominios meta que enumeramos anteriormente (*target domains*) dos campos conceptuais (a) e (b). No transcurso da análise distinguíronse varios modelos metafóricos; a continuación, indícanse os máis importantes.

O CONFLITO/A CAUSA DO CONFLITO é unha entidade física (metáfora ontolóxica):

(8) *C*: Feststeht, daß Frau Scheer sich verängstigt fühlt, und ***das muß aus der Welt geschaffen werden***. (DC1)

C: É un feito que a señora Scheer está asustada *e isto cómpre quitalo do mundo* (hai que poñerlle fin a esta situación).

(9) *C*: Ich gehe davon aus, daß es uns gelingen wird, heute hier ***die Sache aus der Welt zu schaffen***. (DC3)

C: Eu parto de que hoxe aquí *daremos quitado este asunto do mundo* (daremos posto fin a este asunto).

(10) *C*: Er entschuldigt sich für sein Verhalten, und ***dann ist die Sache vom Tisch***. (DC1)

C: El descúlpase polo seu comportamento, *e entón o asunto está fóra da mesa* (e entón o asunto está resolto).

(11) *C*: Diese Äußerung [...] ***die muß vom Tisch***. (DC3)

C: Esta afirmación [...] *ten que saír da mesa* (hai que esquecela/non merece a pena nin mencionala).

(12) *C*: ...wie wir diese Sache hier, ***diese Kuh vom Eis bringen***. (DC6)

C: ... como *estamos a quitar esta vaca do xeo* (liquidar este asunto).

(13) *C*: Wir müssen aber zur Kenntnis nehmen, daß die Mutter das Kind gefragt hat und es zur Rede gestellt hat. [...] aber das ändert nichts daran, daß diese böse Nachrede ***im Raum steht***. (DC3)

C: Pero temos que ter en conta que a nai lle preguntou ó fillo e que lle pediu explicacións. [...] pero iso non cambia nada, pois *esta acusación de difamación está no espazo* (este asunto da difamación segue aí).

En tódolos contextos deste tipo é característico que a metáfora ontolóxica adquira unha interpretación máis concreta: o conflito (que se atopa de maneira inmediata na forma interna das unidades léxicas correspondentes) enténdese non simplemente coma unha entidade física senón coma un obstáculo físico. Comp. tamén (14), onde tal interpretación tamén é posible sen un apoio contextual:

(14) *C*: Sie wollte weiterem Ärger ***aus dem Wege gehen***, [...] ich bin also gerne bereit zu protokollieren... (DC3)

C: Ela non *quería arrodea-lo conflito coma un obstáculo no camiño* (quería seguir a rifar), [...] eu estou disposto a incluír isto no protocolo...

A función argumentativa destas expresións e das metáforas conceptuais que se atopan na base resulta evidente. Calquera obstáculo supón unha certa restrición de liberdade e, dado que na xerarquía de valores da cultura europea a liberdade ocupa un dos lugares máis elevados, tódalas entidades asociadas a obstáculos son interpretadas negativamente. Así, nos enunciados do xuíz o conflito interprétase coma algo que restrinxe a liberdade, o que pode servir de argumento indirecto a favor da conciliación.

Nesta lectura, coa metáfora ontolóxica está asociada a interpretación da resolución do conflito e o retorno a un comportamento cooperativo como eliminación de obstáculos físicos que impiden o movemento: A LIQUIDACIÓN DUN CONFLITO É O COMEZO DO MOVEMENTO, comp. (15-16):

(15) *C*: Unter Nachbarn sollte man das versuchen [...], daß von beiden Seiten ***sich ein Ruck gegeben wird*** [...] (DC1)

C: Entre veciños habería que intentar [reconciliarse] [...], cómpre *que ámbalas dúas partes se dean un empurrón* (que fagan un esforzo para conseguilo) [...].

(16) *C*: Das können Sie also getrost hier erklären. Beide, die Sie hier sitzen, Sie haben nämlich dann beide ***einen kleinen Ruck sich gegeben*** und einen Beitrag zur Wiederherstellung des Rechtsfriedens hier geleistet (DC3)

C: Agora poden declarar tranquilamente que vostedes, que están sentados aquí, *déronse un pequeno empurrón* (fixeron un esforzo) e contribuíron a restaura-la paz entre os veciños.

O potencial argumentativo desta metáfora e das UUFF derivadas dela baséase na concepción —característica da civilización occidental— do progreso coma un proceso de cambio e, consecuentemente, de mellora continua. O movemento preséntase coma un tipo de cambio, de modificación, e percíbese coma unha categoría valorativa. Calquera restrición de movemento é entendida coma unha falta de desenvolvemento, de progreso e, polo tanto, a comparación da liquidación dun conflito co comezo dun movemento para os participantes dunha situación comunicativa contén unha apelación oculta a unha xerarquía de valores.

Na base das UUFF dos contextos (17-18), atópase a metáfora conceptual UN CONFLITO INTELECTUAL É UN CONFLITO FÍSICO:

(17) *C*: ...ja, wegen Kindereien kommen sich Menschen, die also über zwei Jahrzehnte lang nebeneinander gewohnt haben, die sogar per du waren, die also bis dato sich auch nichts zuschulden kommen ließen, wegen so 'nem Quatsch, dann ***kommen die... dann sich praktisch in die Haare***. (DC6)

C: ...si, e por cousas de nenos, persoas que levan vivindo máis de vinte anos uns xunta outros, que mesmo se trataban de ti e que ata entón non tiveran ningún enfrontamento, por unha parvada así por pouco *chegan ó pelo* (chegan ás mans).

(18) *A*: ...wenn ich so viele Schandtaten ***ins Gesicht geworfen krieg'*** [...], so was ***an den Kopf geschmissen krieg'***. (DC5)

A: ...e *cando mas guindan á cara* (cando me acusan de tantas infamias) [...], cando *mo lanzan á cabeza* (me acusan de algo así).

É característico que nunha serie de casos as condicións contextuais concretas precisan a idea que se atopa na base da metáfora, a de VIOLENCIA FÍSICA no sentido de «violencia incontrolada», véx. (17). O exemplo (17) pódese describir ó mesmo tempo coma a realización da metáfora UN CONFLITO INTELECTUAL É UN CONFLITO FÍSICO e coma método de argumentación orientada dun xeito valorativo, xa que o autocontrol é un valor cultural significativo. Non é tanto a propia violencia coma o seu carácter incontrolado o que se percibe coma perigoso para o status social da persoa. A contraposición dos exemplos (17) e (18) mostra a diferenza dos intereses de *C* e de *A,* condicionados polos seus roles comunicativos no DC: o xuíz está interesado en presenta-lo conflito coma o resultado de accións incontroladas, mentres que o demandante ve no comportamento do demandado a presenza dunha mala intención á vez que conserva plenamente o autocontrol. Non se descarta que por este motivo no contexto (18) se utilicen UUFF que son ó mesmo tempo variantes dunha metáfora ontolóxica.

O comportamento cooperativo pódese interpretar coma comunicación verbal con carácter de diálogo; comp. as UUFF e as colocacións no contexto (19). O potencial argumentativo destas expresións fundaméntase na idea do diálogo coma un valor cultural:

(19) *C*: Man muß nicht miteinander unbedingt Kaffee trinken, Frau Scheer. Aber man soll zumindest versuchen, zumindestens ***die Tageszeit zu sagen, wenn man sich über den Weg läuft***. [...] zumindest versuchen, doch wenigstens ***miteinander mal ein Wort zu wechseln***. (DC1)

C: Non é que haxa que quedar para tomar café, señora Scheer, pero polo menos hai que *dicirlle unha á outra que hora é cando nos atopamos por casualidade* (intentar saudarse cando un se ve) [...] polo menos tratar de intercambiar unha palabra.

Ademais, distínguese un grupo de UUFF diferentes na forma interna, que expresan a idea de perda de autocontrol. Comp. as UUFF *jmdm. platzt der Kragen* e *über die Stränge schlagen* nos contextos (20) e (21), baseadas na metáfora conceptual A ELIMINACIÓN DO LIMITADOR É UNHA PERDA DE AUTOCONTROL, así coma tamén a UF *über das Ziel hinausschießen* no contexto (22), que realiza a metáfora UNHA ACCIÓN EXCESIVA É UNHA PERDA DE AUTOCONTROL.

(20) *B*: ...und sagte: «Mach den Motor aus, du Umweltverschmutzer, ich zeige dich an!». Und da ***ist mir der Kragen geplatzt***. (DC2)

B: ...e dixo: «Apaga o motor, es un contaminador do medio ambiente, voute denunciar». E entón *estoupoume o pescozo* (perdín o control).

(21) *C*: Ja, und kann es nicht grad in so 'nem Zustand dann erst recht passieren, daß man ***über die Stränge schlägt*** und daß man also mal was sagt, was wir vielleicht normalerweise nicht sagen würden? (DC6)

C: E seica cando estás así é imposible que *rómpa-las rendas* (non te poidas conter) e que digas cousas que se cadra non dirías normalmente?

(22) *C*: [...] und da wird man vielleicht also manchmal etwas ungehalten und ***schießt*** vielleicht einmal zugegebenermaßen auch ***über das Ziel 'naus***. (DC6)

C: [...] e ás veces un tampouco se contén e, hai que admitilo, *dispara máis aló do branco* (pásase da raia).

O potencial argumentativo das metáforas deste grupo fundaméntase na idea —significativa a nivel cultural— do autocontrol coma un dos valores máis importantes que van ligados ó prestixio social. Unha persoa que perde o autocontrol amosa debilidade e, dese xeito, o seu status social diminúe. O feito de recoñecer que a entrada no conflito estivo ligada a unha perda de autocontrol é equivalente a pedir desculpas, véx. (20). Os argumentos do xuíz árbitro en (21) e (22) fundaméntanse sobre o desprazamento da causa do conflito dende o ámbito das contradicións reais de intereses ó das emocións. O xuíz, ó supoñer que o conflito foi provocado por un comportamento incontrolado dos participantes da situación, afirma de maneira indirecta que a posterior profundización do conflito así coma a súa divulgación son perigosas para a imaxe social das persoas en litixio. A tese do «desprestixio» das causas do conflito tamén é outro fundamento da opinión do xuíz (contra a que, por certo, as partes nunca obxectan nada) de que a publicidade do asunto é indesexable para ámbalas dúas partes en litixio; véx. (23). De concibi-lo conflito coma unha loita pola verdade, unha defensa da dignidade agraviada etc., o medo á súa divulgación sería dificilmente explicable. Así, as UUFF en cuxa semántica se atopa a idea da perda de autocontrol (independentemente do carácter da metáfora na que se basea) posúen un potencial argumentativo significativo dende unha perspectiva cultural, o que se emprega tamén no DC.

Determinadas metáforas deste grupo pódense remontar a diferentes dominios fonte e o dominio fonte relevante poderase fixar de maneira distinta en función de cal dos compoñentes do significado real sexa focalizado polo contexto. Así, por exemplo, a UF

jmdm. ist der Kragen geplatzt (*a alguén lle estoupou o pescozo*, 'perde-la paciencia') en (20), seguindo a lóxica da concepción de G. Lakoff (en Lakoff 1987), ten que ser descrita coma a realización da metáfora conceptual A IRA É UNHA PRESIÓN ELEVADA NUN RECIPIENTE PECHADO. Non obstante, se o que se atopa no foco de atención non é a IRA senón a idea de AUTOCONTROL, entón para a descrición do vencello motivador entre o compoñente figurativo e o significado real resulta máis axeitada a metáfora A ELIMINACIÓN DO LIMITADOR É UNHA PERDA DE AUTOCONTROL (*vide supra*). Dentro desta metáfora cumpriría tamén incluí-la UF non motivada sincronicamente *über die Stränge schlagen* en (21), que se remonta etimoloxicamente á imaxe das carreiras de cabalos (*Stränge* aparece aquí co significado de 'arreos do cabalo'). A UF *über das Ziel hinausschießen* pódese describir, en principio, coma unha expresión que se relaciona coa metáfora conceptual ACADAR UN OBXECTIVO É UN DISPARO ACERTADO (e, consecuentemente, «un disparo máis aló do branco» relaciónase co concepto de NON ACADAR UN OBXECTIVO). Agora ben, no contexto (22) é máis axeitado explicar esta UF por medio da metáfora conceptual UNHA ACCIÓN EXCESIVA É UNHA PERDA DE AUTOCONTROL, xa que esta interpretación permite liga-lo uso da metáfora á intención do falante. O dominio meta neste caso non depende do significado «do dicionario», senón do significado condicionado polo contexto, mentres que o dominio fonte vén determinado polas consecuencias da forma interna, as cales se explicitan dun xeito real mediante o contexto.

É evidente que a forza explicativa do aparato dos modelos metafóricos aumenta ó considera-las condicións contextuais. Non obstante, para revelar e describi-la función de UUFF concretas e de expresións metafóricas no discurso, a miúdo resultan máis significativos outros elementos do seu plano do contido. En particular, non é casual o feito de que no campo semántico PERDA DE AUTOCONTROL o participante *B* escolla a UF *jmdm. ist der Kragen geplatzt*, mentres que o participante *C* escolla as UUFF *über die Stränge schlagen* e *über das Ziel hinausschießen*. A persoa que perde o autocontrol, no primeiro caso (20) preséntase coma un paciente sometido ó efecto de forzas que non dependen da súa vontade, mentres que nos outros casos (21-22) é coma un axente que realiza accións «incorrectas». Deste xeito, o demandado *B*, ó elixi-la expresión *mir ist der Kragen geplatzt*, é coma se arredase de si a responsibilidade das súas accións nunha situación de conflito, mentres que o xuíz *C*, ó emprega-las UUFF *über die Stränge schlagen* e *über das Ziel hinausschießen*, cualifica as accións das partes en conflito coma activas —aínda que non razoables—, e por ese mesmo motivo lles propón que tomen conciencia do seu comportamento errado e que non agraven o conflito.

O tipo de análise de UUFF e de metáforas proposta aquí ofrece a posibilidade de revela-lo papel destas expresións lingüísticas no transcurso dunha argumentación (comp. a análise das metáforas na argumentación política en Баранов, Казакевич 1991). As metáforas e as UUFF empréganse no DC non só para crear un ton de confianza, como pode parecer a primeira vista, senón sobre todo para introducir de maneira implícita no discurso categorías de valores tales coma «liberdade», «desenvolvemento», «diálogo» e «autocontrol». A argumentación por medio de UUFF

e metáforas constrúese, deste xeito, non sobre a análise dos detalles e as circunstancias do conflito obxecto de estudo, senón sobre unha apelación oculta a aqueles valores que habitualmente non se poñen en dúbida (comp. a clasificación da argumentación valorativa coma un tipo á parte en Баранов, Сергеев 1987).

Dado que o plano do contido das UUFF e das metáforas ten a miúdo un compoñente valorativo, o emprego destas expresións pódelles impoñer implicitamente ós participantes da comunicación unha determinada valoración da situación que se está a avaliar. O emprego das UUFF *etw. bleibt unter uns* 'algo queda entre nós' e, sobre todo, de *etw. kommt jmdm. zu Ohren* 'algo chega a oídos de alguén' no contexto (23) dificulta a dilucidación dos fundamentos racionais da convicción do xuíz sobre o indesexable que sería a publicidade sobre o asunto. O que acontece é que na UF *etw. kommt jmdm. zu Ohren* unicamente pode figurar coma suxeito algo «malo», por exemplo, *сплетни, пересуды, слухи, дурные вести* [*rexoubas, murmuracións, rumores, malas novas*] etc. A UF *etw. bleibt unter uns* tamén amosa restricións semellantes (aínda que máis débiles) para expresa-la valencia de suxeito. Ó utilizar metáforas semellantes, o xuíz caracteriza de maneira indirecta as causas e as circunstancias do conflito coma algo censurado pola sociedade e que por iso non se debe facer público. O feito de que as partes en litixio non obxecten nada en contra destas opinións do xuíz confirma a coñecida posición sobre a incuestionabilidade dos elementos implícitos situados no plano do contido do enunciado con respecto a posibles intentos de cuestiona-la súa veracidade.

(23) *C*: ...so daß also alles, was hier geschieht, ***unter uns bleibt*** und ***keinem anderen mehr was zu Ohren kommt***. (DC2)

C: ... así que todo o que está a pasar aquí *queda entre nós* e *non debe chegar a oídos de ninguén*.

A abundancia de UUFF e metáforas semellantes nos DDCC analizados fai supoñer que o seu uso se regula non só polas preferencias individuais dos falantes, senón tamén polas características comúns dos textos deste tipo, características que residen no propio carácter da situación comunicativa (comp. o *scenario* prototípico dun DC). Queda no aire a pregunta de se o emprego de metáforas e de UUFF que conteñen esas metáforas na forma interna é resultado dunha elección consciente (polo menos por parte do xuíz, cuxa fala é máis metafórica e idiomática cá das partes en litixio) ou ben se a elección vai «introducida» pola estrutura xeral, é dicir, polo *scenario* do DC. Aínda que esta pregunta apenas ten interese no marco dunha investigación estritamente lingüística. En todo caso, cómpre considerar conveniente unha investigación semellante sobre as metáforas e sobre as UUFF con fins argumentativos, xa que o xuíz na gran maioría dos casos dá acadado os seus obxectivos.

9.3. Propiedades discursivas das UUFF e das metáforas e a súa representación no dicionario

Como se demostrou nunha análise realizada, recorrer ás metáforas e ás UUFF cunha forma interna transparente permite describir máis minuciosamente as particularidades

dos textos correspondentes. Por outra banda, o tratamento dos textos ten que servir ós intereses dunha descrición sistemática das metáforas, en particular da súa representación lexicográfica. Esta posición totalmente crucial, por estraño que pareza, segue a estar practicamente fóra dos límites da atención da lexicografía[335]. Ademais, os textos (principalmente os que se asemellan estruturalmente ós DDCC) poden resultar un instrumento moi útil para a representación ideográfica das unidades metafóricas da lingua (tanto das palabras cun significado metafórico coma das UUFF).

É sabido que un dos problemas máis complexos da descrición ideográfica do léxico radica na ausencia de métodos fiables de verificación dos campos semánticos obtidos no curso desa descrición (dos taxons do Tesouro). A afirmación de que os membros dun campo semántico teñen que amosar entre eles unha certa semellanza é difícil de operacionalizar, xa que o concepto de semellanza unicamente se pode utilizar nunha investigación científica a condición de que se definan os criterios segundo os cales certos elementos do conxunto se recoñecen coma semellantes, así coma a condición de que se presenten procedementos que permitan distingui-los aspectos da semellanza esenciais con respecto ós non-esenciais (Popper 1965). A operacionalización de tales procedementos para a clasificación de grupos de lexemas fundamentados na semellanza semántica vai acompañada de considerables dificultades. Respecto á sinonimia, en Апресян 1995в: 66-71, descríbense tanto estas mesmas dificultades coma os métodos para solucionalas. Sinalaremos que a construción da definición formal dun campo semántico é unha tarefa aínda máis complexa, pois unha serie semántica, en comparación a un campo semántico, constitúe un conxunto de lexemas máis homoxéneo e máis claramente bosquexado.

Aínda así, do que acabamos de afirmar non se pode deducir que, en ausencia dunha definición formal de campo semántico, os intentos de descrición ideográfica do léxico estean lonxe de ter carácter científico. Pola contra, a acumulación de material empírico pode favorece-la precisión dos conceptos, dun xeito análogo a coma un dicionario de sinónimos ben feito «pode servir coma base máis fiable para un novo avance no ámbito da teoría da sinonimia ca esquemas apriorísticos» (Апресян 1995в: 69).

Recorreremos ó material e intentaremos amosar de que xeito os textos (en particular as gravacións de fala coloquial real analizadas aquí) se poden empregar para resolver tarefas deste tipo a modo de instrumentos complementarios de verificación das fronteiras dos campos semánticos na descrición ideográfica.

Textos diferentes pertencentes á mesma clase comunicativo-funcional, por definición, teñen que mostrar na súa organización paralelos conceptuais-semánticos. Con anterioridade afirmouse que, aínda que algúns DDCC concretos presentan particularidades no contido e na forma, tódolos DDCC seguen o mesmo esquema e obsérvanse trazos comúns no conxunto de metáforas e na idiomática presentes neles, mesmo ata chegar a repeticións literais das mesmas metáforas nos diferentes DDCC.

[335] Unha rara excepción constitúea o dicionario Баранов, Караулов 1994, cuxas entradas se elaboran cun apoio directo nos textos. Comp. tamén o proxecto dun dicionario de imaxes poéticas rusas, que foi discutido en Павлович 1995 e realizado en Павлович 1999.

Con todo, é máis frecuente atopar metáforas próximas semanticamente ca repeticións literais, en fragmentos análogos de textos diferentes. Esta circunstancia suxire a posibilidade de empregar estes textos para verifica-la presenza dunha semellanza semántica entre as unidades. Se distintos xuíces empregan en fragmentos análogos de DDCC rexistrados en momentos diferentes en diversas rexións de Alemaña, por exemplo, UUFF que posúen compoñentes comúns de significado, tales coma *etw. aus der Welt schaffen, etw. muß aus der Welt, etw. vom Tisch bringen, die Sache muß vom Tisch, die Kuh vom Eis bringen,* é lóxico considerar estas UUFF coma pertencentes ó mesmo campo semántico. Mentres que unha semellanza semántica detectable dun xeito intuitivo unicamente pode servir de fundamento para admiti-la posible pertenza de lexemas ó mesmo campo, a súa frecuencia real de aparición en fragmentos análogos de textos diferentes do mesmo tipo permite verificar con certas reservas esta suposición.

A continuación presentaremos con diferentes exemplos os campos semánticos obtidos deste xeito, que inclúen UUFF e palabras cun significado metafórico[336], así coma as correlacións destes campos cos fragmentos do *scenario* prototípico dun DC (véx. 9.1 IV; para unha análise máis detallada, véxase Dobrovol'skij 1995a).

No fragmento (i) están representados os seguintes campos:

(a) «liquidación do conflito»: *etw. aus der Welt schaffen/haben*, 'quitar algo do mundo'[337]*; etw./die Sache ist aus der Welt*, 'algo/o asunto foi quitado do mundo'; *etw./die Sache ist/muß vom Tisch*, 'algo/o asunto está fóra/hai que quitalo da mesa'; *die Kuh vom Eis bringen*, 'quita-la vaca do xeo'; *einen gemeinsamen Nenner finden*, 'atopar un denominador común';

(b) «comportamento non-cooperativo, infracción das normas sociais universalmente aceptadas»: *jmdn. in Mißkredit bringen*, 'desacreditar alguén'; *einen Streit vom Zaune brechen*, 'provocar unha rifa' (na base da forma interna atópase a idea de traspasa-la fronteira das leiras dos veciños); *sich in die Haare kommen*, 'chegar ás mans'; *auf stur schalten*, 'obstinarse'; *jmdm. etw. zur Last legen*, 'inculpar alguén de algo (na base da forma interna atópase a idea de carga); *jmdn. in Mitleidenschaft ziehen*, 'danar, causarlle prexuízo a alguén';

(c) «perda de control sobre as propias emocións, accións e enunciados»: *die Nerven verlieren*, 'perde-los nervios'; *über das Ziel hinausschießen*, 'disparar máis aló do branco'; *über die Stränge schlagen*, 'rompe-las rendas'; *im Eifer des Gefechts*, 'no fragor da batalla'; *etw. kommt von jmds. Munde*, 'algo (especialmente unha observación ofensiva) sáelle a alguén da boca'.

---

[336] Como demostra a investigación levada a cabo, dende un punto de vista semántico non sempre se xustifica describir por separado as UUFF e as palabras cun significado metafórico que están asentadas na práctica lexicográfica. Nalgúns casos, só é posible unha división así a partir dunha análise detallada do concepto de UF. Comp., por exemplo a locución que aparece a miúdo nos textos dos DDCC *blöde Kuh* «vaca parva», que se describe nuns dicionarios como fraseolóxica e noutros como libre (neste último caso *Kuh* [*vaca*] interprétase como unha metáfora usual co significado de 'muller parva', mentres que a locución con *blöd* [*parvo*] próducese segundo a regra estándar de borrado de significados).

[337] N. do t.: Nestes casos, indícase entre comiñas simples a tradución galega do texto alemán a partir da tradución ó ruso dos autores, o máis próxima posible á literal.

Os argumentos utilizados no fragmento (ii) implican o emprego de metáforas e de UUFF pertencentes a campos semánticos tales coma:

(d) «ausencia de publicidade»: *etw./das bleibt unter uns*, 'algo/isto queda entre nós'; *keinem anderen kommt was zu Ohren*, 'non vai chegar a oídos de ninguén'; *hinter verschlossenen Türen*, 'a portas pechadas';

(e) «gastos materiais»: *das Geld zum Fenster hinauswerfen/rauswerfen*, 'bota-los cartos pola fiestra';

(f) «fracaso, inutilidade, incomodidades»: *alt aussehen*, 'parecer vello'; *ausgehen wie das Hornberger Schießen*, 'rematar coma o tiroteo de Hornberg' (na base da forma interna atópase a lenda sobre o desafortunado intento de elaborar unha salva en honor da chegada do príncipe electo a Hornberg); *aufs Kreuz fallen*, 'caer de costas'.

O fragmento (iii) caracterízase polo feito de que a iniciativa pasa do xuíz ás partes en litixio, o que se manifesta no uso de metáforas pertencentes a campos tales coma:

(g) «insultos, ofensas»: *(dumme) Pute*, 'pava (parva)'; *dumme/alte Gans*, 'ganso parvo/vello'; *blöde Kuh*, 'vaca parva'; *Drecksau*, 'porca sucia'; *Wildsau*, 'porca brava'; *du gehörst vergast*, 'habían de mandarte á cámara de gas'; *alter Schrubber*, 'cepillo vello'; *du sollst mich am Arsch lecken*, 'lámbeme o cu'; *bei/an ihr ist Hopfen und Malz verloren*, 'no seu caso está perdido o lúpulo e maila malta' (na base da forma interna atópase unha metáfora relativa á produción de cervexa), 'é un caso perdido';

(h) «mentira, calumnia»: *etw. ist aus der Luft gegriffen*, 'está collido do aire', 'algo está totalmente inventado'; *etw. in die Welt setzen*, 'poñer algo no mundo (invencións calumniosas)'; *jmdm. etw. in die Schuhe schieben*, 'meterlle algo a alguén nos zapatos', 'botarlle a alguén a culpa de algo';

(i) «xuramentos»: *ich schwöre bei Gott*, 'xuro por Deus'; *ich soll auf alle zwei Augen blind werden, wenn das von meinem Munde gekommen ist*, 'que eu quede cego dos dous ollos se iso saíu da miña boca'.

As ameazas do xuíz de tomar medidas severas con respecto ás partes en litixio no fragmento (iv) correspóndense co campo (k):

(k) «medidas severas, accións enérxicas (principalmente metáforas co potencial ilocutivo de ameaza)»: *mit der Faust auf den Tisch schlagen*, 'golpea-la mesa co puño'; *mit harten Bandagen kämpfen*, 'loitar con duras vendaxes de boxeador', 'loitar encarnizadamente'; *jmdm. einen Denkzettel verpassen*, 'darlle unha lección a alguén'; *ich möchte nicht in Ihrer Haut stecken*, 'non me gustaría estar na súa pel'.

O fragmento (v) caracterízase polo emprego de metáforas do campo semántico (l):

(l) «éxito, fin das contrariedades, emocións positivas»: *ein ganz großes Stück weiter sein*, 'avanzar bastante'; *aus dem Schneider (heraus)sein*, 'saír dunha situación difícil' (na base da forma interna atópase unha imaxe do xogo de cartas 'Skat'); *kein Sterbenswort mehr über die Sache sprechen*, 'non mencionar nin unha palabra máis sobre este asunto'; *der Zukunft ins Auge schauen*, 'mirarlle ó futuro ós ollos'; *den Blick*

nach vorne (und nach oben) richten, 'dirixi-la mirada para diante (e para arriba)'; *frohen und fröhlichen Herzens*, 'con corazón alegre e feliz'.

O enfoque proposto aquí pódese considerar non só un instrumento adicional para verifica-la división intuitiva do dicionario en campos semánticos, senón tamén un método alternativo de clasificación do léxico ligado ó funcionamento deste no discurso.

***

A modo de conclusión sinalaremos que o estado actual das investigacións sobre a lingua coloquial rusa deixa bastante que desexar. Aínda que se editan periodicamente textos coloquiais (comp., por exemplo, Русская разговорная речь 1978; Живая речь 1995; Китайгородская, Розанова 1995; 2005; Речь северо-востока России 1998; Речь Заполярья 2002, así coma textos orais do Corpus nacional da lingua rusa), seguen a faltar córpora de textos ordenados de maneira temática e dispoñibles directamente para os usuarios, o que dificulta a descrición científica da fala coloquial. A publicación sistemática de diálogos temáticos semellantes ós DDCC analizados aquí podería cambiar substancialmente a situación deste campo de investigación.

Capítulo 10. A idiomática de autor

10.1. A UF de autor: cara a unha definición do concepto[338]

As UUFF de autor, igual cás UUFF comúns, caracterízanse pola reinterpretación e/ou pola opacidade. Non obstante, segundo o parámetro da fixación, estas UUFF diferéncianse substancialmente das UUFF comúns. De feito, entre as UUFF de autor cómpre incluír unicamente as expresións que ou ben foron creadas polo autor e non se utilizan fóra do contexto das súas obras ou ben as que, sendo UUFF comúns na lingua en cuestión, están transformadas a nivel estrutural e de contido. Segundo esta afirmación, debe quedar claro que a fixación das UUFF de autor é relativa, pois son fixas unicamente no marco da lingua dun falante concreto: a do escritor ou poeta.

Así, as particularidades de uso específicas das UUFF que son inherentes a un escritor e que o distinguen dos demais falantes da lingua pódense considerar idiomáticas de autor. Nós concebimo-los seguintes tipos de emprego autorial de UUFF, que se poden considerar criterios para a tipoloxía da idiomática de autor:

- Modificacións autoriais léxicas dunha UF
- Transformacións autoriais gramaticais
- Modificacións autoriais semánticas dunha UF
- *Frecuentalismos* autoriais
- Dearcaísmos autoriais
- UUFF autoriais propiamente ditas

Analizaremos con máis detalle cada un dos tipos citados.

10.1.1. Modificacións autoriais léxicas dunha UF

O primeiro tipo de transformacións caracteriza aqueles casos nos que en certa medida cambia a estrutura compoñencial da UF presente na lingua literaria do período temporal estudado.

> **Nota.** Ó describi-la idiomática de autor no período clásico da literatura rusa do século XIX, por exemplo nas obras de F. M. Dostoievski[339], xorden

[338] Os materiais deste apartado representan unha variante precisada e revisada dos artigos Баранов, Добровольский 1996а; Баранов, Добровольский 2005б.

complicacións adicionais que atinxen non só á clasificación das transformacións léxicas por parte do autor, senón tamén a outros tipos de transformacións (*vide infra*). Nun caso ideal a sistematización dos casos de variabilidade require o cumprimento das seguintes condicións:

1) que a norma, ou ben a situación normal que é obxecto de investigación, sexa coñecida (e estea descrita);

2) que o límite entre a variabilidade normal sexa anormal é coñecido;

3) que ó estuda-lo estado do obxecto de investigación en diferentes períodos temporais, é dicir, da lingua en diferentes épocas, se vexa claramente como foi cambiando a norma co paso do tempo.

O cumprimento destas condicións (en realidade, mínimas) é moi difícil no caso da lingua de Dostoievski. Só podemos falar da norma literaria daquela época dun xeito moi aproximado; ademais, practicamente non temos datos sobre os diferentes rexistros da lingua coloquial daquel tempo. Por exemplo, a expresión *кошки из избы нечем выманить* [*non ter con que facer saír ó gato da izba*[340], 'ser moi pobre'] aparece unha soa vez na novela *Humillados e ofendidos* (Униженные и оскорбленные) e non hai información sobre o uso desta expresión naquel momento. Así, dispoñendo unicamente dos datos que existen hoxe a partir da descrición do caudal léxico do século XIX, non é posible tomar unha decisión definitiva sobre o status desta expresión, se é puramente de autor ou, pola contra, de amplo uso naquela época.

Nos casos de variabilidade das UUFF recoñecibles coma tales, tómase a seguinte decisión técnica: se non temos datos fiables relativos ó emprego dunha UF concreta no período de tempo estudado, as modificacións non-estándar con respecto ó estado actual da lingua literaria que se observen nas obras de Dostoievski considéranse de autor.

Na novela de Dostoievski *Demos* atópanse transformacións de varias UUFF e, deste xeito, por exemplo, a UF *с глазу на глаз* [*de ollo a ollo*, 'sen testemuñas, a soas'] emprégase na forma *глаз на глаз* [*ollo a ollo*] (1); a expresión *сдувать пылинки с кого-л.* [*quitarlle soprando grans de po a alguén*, 'amosar unha preocupación excesiva por alguén'] emprégase na forma *охранять от каждой пылинки кого-л.* [*protexer alguén de cada gran de po*] (2); e *не ударить в грязь лицом* [*non bater coa cara na sucidade*, 'resolver ben unha tarefa que ó principio parecía demasiado difícil'] na forma *не ударить себя в грязь* [*non baterse a si mesmo na sucidade*] (3):

(1) Hai amizades estrañas: os dous amigos lévanse tan mal que case se queren comer un a outro, levan toda a vida así e, aínda así, non se dan separado. E separarse mesmo é totalmente imposible: de acontecer algo así, o amigo que se encaprichase e quebrase a relación habería enfermar primeiro e, se cadra,

[339] En xeral, analizamos a continuación os aspectos da teoría da fraseoloxía relacionados coa idiomática de autor mediante a utilización de material das obras de Dostoievski (véx. sobre todo os apartados 10.2 e 10.3).
[340] N. do t.: Véxase a nota 331.

morrer. Eu sei con certeza que Stepán Trofímovich en varias ocasións, e ás veces despois das máis íntimas efusións ***глаз на глаз*** [*ollo a ollo*, 'sen testemuñas, a soas'] con Várvara Petrovna, despois de que ela marchara, ergueuse de súpeto dun chimpo do sofá e empezou a bater cos puños na parede (*Demos*, Бесы).

(2) En realidade, seguro que Várvara Petrovna moi a miúdo chegou mesmo a odialo [a Stepán Trofímovich]; pero había só unha cousa que el non notara nela ata o mesmo final, que ó cabo para ela se convertera no seu fillo, na súa creación, incluso se pode dicir que na súa invención, fixérase carne da súa carne, e tampouco se decatara de que ela en absoluto o sostiña e mantiña unicamente por mor da «envexa das súas dotes». Ademais, se cadra, canto se podía ofender con tales suposicións! Nela ocultábase un amor insoportable por el, en medio dun odio ininterrompido, de celos e de desprezo. Ela ***охраняла его от каждой пылинки*** [*protexíao de cada gran de po*, 'amosar unha preocupación excesiva por alguén'], levaba vinte e dous anos coidando del coma se fose un neno, non durmiría noites enteiras da preocupación se un asunto tocase a súa reputación de poeta, de científico, de cidadán (*Demos*, Бесы).

(3) É obvio que Stepán Trofímovich non podía ***в грязь себя ударить*** [*baterse a si mesmo na sucidade*, 'fracasar'] e, de feito, as súas maneiras eran as máis exquisitas. Aínda que non era, polo que parece, de clase alta, resulta que dende a máis tenra infancia fora educado nunha nobre casa de Moscova e, daquela, dun xeito decente; falaba francés coma un parisiense (*Demos*, Бесы).

As situacións nas que na lingua actual existe unha clara infracción na forma da UF universalmente aceptada, pero nas que se puido constatar con precisión que esa forma era a norma naquel período constitúen un caso máis complicado. Por exemplo, a variación da UF *быть на равной/дружеской/короткой ноге* [*estar nunha perna igual/amigable/curta*, 'ter unha boa relación con alguén, levarse ben con alguén'] (*быть на деликатной ноге* [*estar nunha perna delicada*, 'ser considerado o un co outro'], *быть на тонкой ноге* [*estar nunha perna fina*, 'ser considerado o un co outro'] etc.) é totalmente típica da lingua coloquial do período obxecto de estudo. Así, en A. S. Púxkin, na súa correspondencia e nos seus esbozos e planos, atópanse os dous contextos seguintes:

(4) Ti toleaches, querido Xíxkov; escribíchesme hai varios meses: Excelentísimo señor, meu prezado coñecido, é unha grande honra, o seu máis humilde servidor... de xeito que non recoñecín o meu camarada de Tsárskoie Seló. Se consideras oportuno escribirme, pídoche de antemán que sexas comigo ***на старой ноге*** [*nunha perna vella*, 'igual que eras antes']. De non ser así, hei de poñerme triste (Dunha carta a Xíxkov, agosto-novembro 1823).

(5) O príncipe Odoevskii inventou o conto da Nosa Señora, o de que se lle apareceu á nai do moribundo e lle mandou que se confiase á súa graza. As doncelas foron chamadas ó patio e recibidas на ***ноге фрейлен*** [*nunha perna*

de 'Fräuleins', 'coma señoritas/cortesás'] (*As fillas da Nosa Señora*, Богородицыны дочки, 1831).

Noutros escritores do século XIX tamén se atopan exemplos análogos:

(6) Despois de oír sobre o axudante do crego que xa empezaba a darse aires de importancia ***на хозяйственной ноге*** [*nunha perna de señor*, 'comportándose coma un señor'], Gugo Kárlich durante moito tempo non o quería recibir, pero cando o oficinista anunciou que se trataba dun asunto importante, dixo: «Que veña» (N. Léskov. *Unha vontade de ferro*, Железная воля).

(7) Pero, ó ver que a medida que avanzaban os acontecementos se complicaban máis as cousas, [...] despois entrou no rexemento de infantería de P***. O rexemento de infantería de P*** non era en absoluto do mesmo tipo cá maioría dos rexementos de infantería e, malia o feito de que na súa maior parte estaba espallado por aldeas, estaba ***на такой ноге*** [*nunha perna tal*, 'tiña unha relación tal'] que non cedía perante outros nin perante os cabaleiros. A maior parte dos oficiais bebía vimorozki[341] e eran quen de arrastrar xudeus polos rizos, non peor cós húsares [...] (N. Gógol. *Iván Fédorovich Xpoñka e a súa tiíña*, Иван Федорович Шпонька и его тетушка).

(8) Non, na miña opinión, se o sitio que tes está ben comunicado e é vantaxoso para a fábrica, se tes bosques dabondo e auga sen usar e, sobre todo, un capital limpo e libre que non dependa dunha propiedade e que non chegou ó teu poder por medio dunha hipoteca, daquela que Deus te axude para monta-la túa fábrica, pero móntaa ***на коммерческой ноге*** [*nunha perna comercial*, 'con visión comercial'], coma na mesma Moscova, na ponte de Kuznétskii. Ti xa es un fabricante e non un terratenente (V. Sollogub. *Tarantas*, Тарантас).

(9) Estaba ***на такой ноге*** [*nunha perna tal*, 'nunha relación tal'] na cidade que o billete de invitación del podía servir de pasaporte para tódolos salóns [...] (L. Tolstói. *A infancia*, Детство).

É doado ver que a variabilidade sobre todo atinxe a un compoñente do contido: o tipo de relación que está expresada polo elemento que describe o substantivo *нога* [*perna*]: *старая* [*vella*], *хозяйственная* [*autoritaria*], *коммерческая* [*comercial*] e mesmo *нога фрейлен* [*perna 'Fräulein'*, 'á maneira dunha señorita/cortesá']. A escala de variabilidade da forma desta UF no ruso do século XIX é tal que en varios exemplos o tipo de relación substitúese por unha variable: *однако ж был* ***на такой ноге****, что не уступал иным и кавалерийским* [*con todo, estaba* ***nunha perna tal*** *(tiña tal relación) que non cedía perante outros nin perante os cabaleiros*] e *он был* ***на такой ноге*** *в городе, что...* [*estaba* ***nunha perna tal*** *(tiña tal relación) na cidade que...*]. Loxicamente, as variacións da forma desta UF tamén aparecen en obras de F. M. Dostoievski:

[341] N. do t.: Viño tratado por medio de conxelación.

(10) Descúlpoo totalmente, señor oficial, e asegúrolle que vostede facultades ten. Siga co mesmo comportamento no salón, porque dentro de pouco unha actitude así tamén ha abondar de sobra para un salón; de momento velaquí ten dúas moedas de dúas *grivnas*, beba e coma algo; desculpe, axente a molestia causada; tamén lle agradecería a vostede o traballo, pero é que vostede agora está ***на такой благородной ноге***... [*nunha perna tan xenerosa*, 'está cunha actitude tan xenerosa...'] (*O adolescente*, Подросток).

(11) Daquela el tiña trinta e cinco anos e xa posuía unha certa fortuna, en absoluto pequena. No traballo non amosaba capacidades especiais, pero tampouco incapacidades. Relacionábase con tódalas altas esferas da provincia e tiña fama ***на прекрасной ноге*** [*nunha perna estupenda*, 'estupenda'] (*O marido eterno*, Вечный муж).

(12) A ver, todo isto é un disparate, e só ela, ó ver que ti xa non es un estudante, que quedaches sen estudos e sen traxe, e ó ver que despois da morte da señorita xa non ten por que ***на родственной ноге держать*** [*manterte nunha perna familiar*, 'manter contigo unha relación de tipo familiar'], de súpeto asustouse; e así coma ti pola túa banda te metiches nun recanto e non apoiaches nada do anterior, ela decidiu botarte do piso (*Crime e castigo*, Преступление и наказание).

É natural que resulte difícil considerar estes exemplos totalmente autoriais, aínda que en varios casos nas obras de Dostoievski mesmo se infrinxe esa ampla marxe de variabilidade que antes era propia da UF *быть на (какой-л.) ноге с кем-л.* [*estar en (algún tipo de) perna con alguén*, 'ter (un tipo de) relación con alguén']. Así, por exemplo, a forma *на равной ноге* [*nunha perna igual*, 'levarse ben con alguén'] era e segue a ser estándar, pero a variante *на высшей ноге* [*nunha perna máis alta*, 'tratar alguén dende arriba'] xa daquela se percibía coma unha diverxencia da norma. Isto demóstrao un contexto de uso autónomo desta UF, é dicir, a análise desta expresión por parte dos personaxes no exemplo (13) e as interpretacións dela coma *lapsus* que serve para crear un xogo de palabras:

(13) —O principal é que temos que convencelo de que colla os nosos cartos —continuaba Alexa na súa éxtase— e non só ***на равной, но даже на высшей ноге***... [*nunha perna igual, senón mesmo máis alta*..., 'tratando coma un igual, senón coma un superior'] —«***На высшей ноге*** [*nunha perna máis alta*, 'cun trato de superioridade']». —Estupendo, Alekséi Fédorovich, pero fale, fale! —É dicir, eu non me expresei adecuadamente... ***о высшую ногу***... [*sobre a perna máis alta*..., 'sobre o trato de superioridade'] pero non pasa nada porque... —Ah, nada, nada, claro, nada! Perdoe, Alexa, querido... Sabe unha cousa? Ata agora eu case non o respectei, é dicir, respectábao, mesmo ***на равной ноге*** [*nunha perna igual*, 'o vía de igual a igual'], pero agora hei respectalo ***на высшей***... [*nunha perna máis alta*..., 'coma a un superior'] Querido, non se enfade polas miñas «ocorrencias» —continuou ela de contado cun forte sentimento (*Os irmáns Karamázov*, Братья Карамазовы).

No conxunto de transformacións autoriais tamén se poden incluír eufemismos de

UUFF ofensivas, comp. *темно как у негра в ухе/в штанах/в желудке* [*escuro coma no oído/nos pantalóns/no estómago dun negro*] en lugar de *темно как у негра в жопе* [*escuro coma no cu dun negro*] co sentido de 'moi escuro, igual que no lugar máis escuro dunha entidade na que a escuridade é unha propiedade inherente'; comp. (14-17):

(14) E marchou. Detívose no limiar e botou unha ollada. De tódolos xeitos, é moito máis sinxelo traballar de día ca de noite! Lémbrome de como estaba deitado neste mesmo limiar. ***Темно как у негра в ухе***... [*estaba escuro coma no oído dun negro...*] (A. e B. Strugatskii. *Pícnic á beira do camiño*, Пикник на обочине).

(15) ***Темно, как у негра в ухе*** [*Está escuro coma no oído dun negro*], do foso «A xelatina da bruxa» saen unhas linguas azuis coma lapas de alcohol e o que é unha mágoa: nada, carallo, non aluman nada, mesmo parece que está máis escuro por mor desas linguas (A. e B. Strugatskii. *Pícnic á beira do camiño*, Пикник на обочине).

(16) D'Artagnan colleu o papel e intentou lelo. —Pero isto ***темно как у негра в... штанах***! [*está escuro coma nos pantalóns dun negro!*] —maldiciu—. Colle unha candea, diaño! (O. Vovk. *Os catro mosqueteiros ou cunha esponxa polo cranio*, Четыре мушкетера или мочалкой по черепу).

(17) —Que quiten canto antes a camuflaxe da luz, que senón ***темно, как у негра в желудке*** [*está escuro coma no estómago dun negro*] —dixo Ígor enfadado (E. Ghrutskii. *O cuarto chanzo*, Четвертый эшелон).

10.1.2. Transformacións autoriais gramaticais

O segundo tipo de transformacións autoriais está constituído polas UUFF que sofren cambios nas súas características gramaticais na lingua do autor. Aquí analizaremos un exemplo interesante da variabilidade autorial da UF *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'perde-lo xuízo, tolear'], comp. (18):

(18) Segue escoitando: a Miteñka agora crúzaselle no camiño o vello do pai. Resulta que este de súpeto ***с ума сошел*** por Grúxeñka [*baixou da mente*], babexa só de mirar para ela (*Os irmáns Karamázov*, Братья Карамазовы).

No ruso moderno, esta UF co significado de 'experimentar un forte sentimento de amor por alguén (acompañado dunha excesiva concentración de atención cara a esta persoa) que se manifesta nunha conduta que fai pensar no comportamento dun desequilibrado mental' co réxime *по ком-л.* [*por* + caso preposicional] practicamente non se utiliza no aspecto perfectivo. Compárese o uso estándar *Она **по** нему уже давно **с ума сходит*** [*xa hai tempo que ela baixa da mente por el*]. Os contextos que infrinxen esta regra[342] ou ben se atopan na literatura do século XIX: [...] *помнишь Варварушку из Кинешмы? – совсем **с ума сошла по нем**; как уехал, так в прорубь кинуться*

[342] N. do t.: No primeiro caso (caso estándar) trátase dunha forma verbal en presente e en aspecto imperfectivo, mentres que no segundo caso (non-estándar) utilízase en pasado e aspecto perfectivo.

хотела, руки на себя наложить [(...) *lémbraste de Varvaruxka a de Kinexma?* ***Baixou*** *completamente* ***da mente por el****; en canto el marchou, ela queríase botar nun burato no xeo, quería matarse*] (P. I. Mélnikov-Pecherskii. *Nos bosques*, В лесах)[343], ou ben se perciben coma non completamente normativos. Compárense os contextos actuais onde a UF *сходить с ума* [*baixar da mente*] ten un significado próximo ó que estamos a analizar de 'atoparse nun estado de arrebato dirixido a algo, que vai acompañado dunha concentración excesiva de atención cara a algo e que se manifesta nesa actividade que lembra o comportamento dun desequilibrado mental': *Весь мир* ***сошел с ума по*** *футболу; простой парень который* ***сошел с ума по*** *машинам; У нас кот* ***сошел с ума по*** *своей кошачьей жратве* [*O mundo enteiro* ***baixou da mente*** *polo fútbol; un rapaz sinxelo que* ***baixou da mente*** *polos coches; o noso gato* ***baixou da mente*** *pola súa comida*].

10.1.3. Modificacións autoriais semánticas dunha UF

A variabilidade semántica presupón un determinado cambio no significado da UF. No caso máis sinxelo o que ten lugar é un cambio da combinabilidade semántica, o que evidencia a modificación do significado. Así, en (19) a UF *марать руки* [*mancha-las mans*, 'involucrarse en algo feo, desagradable'], que habitualmente se utiliza en relación a algo que denigra o status social do suxeito, refírese á escritura de poesías, o que dificilmente se pode considerar censurable. Ó mesmo tempo ten lugar de maneira parcial a materialización da forma interna, xa que ó utiliza-la pluma pódense ensucia-los dedos. Compárese tamén o uso da UF *слово в слово* [*palabra en palabra*, 'literalmente'] en (20), onde se infrinxe a combinabilidade estándar con verbos coma *сказать* [*dicir*], *передать* [*transmitir*] (comp., por exemplo, *Не беспокойся – я передал все слово в слово* [*non te preocupes: transmitín todo palabra en palabra*]).

(19) Así, cando el veu visitarme compuxo estes versiños. «Por primeira vez —di— ***руки мараю*** [*mancho as mans*], escribo versos para seducir, é dicir, para unha causa útil. Así que me faga co capital desa grande estúpida, entón xa poderei facer algo de proveito coma cidadán» (*Os irmáns Karamázov*, Братья Карамазовы).

(20) Baixou rapidamente a mirada, apoiou ámbalas dúas mans nos xeonllos e preparouse impacientemente para escoitar. Tighon leu, ***припоминая слово в слово***... [*lembrando palabra en palabra...*] (*Onda Tighon*, У Тихона).

Non obstante, prodúcese moi a miúdo un cambio radical de significado; compárese a utilización da UF *смотреть сквозь пальцы* [*mirar por entre os dedos*, 'mostrar conivencia'] en (21):

(21) Todos eles e vostede xunto a eles, ***просмотрели*** ó pobo ruso ***сквозь пальцы*** [*miraron por entre os dedos*], e sobre todo Belinskii: iso foi evidente para Gógol xa naquela carta mesma (*Demos*, Бесы).

[343] O que, por certo, indica que o uso da forma *сойти с ума по ком-л.* [*baixar da mente por alguén*] non se limitaba ás obras de Dostoievski.

Neste exemplo, a UF *смотреть сквозь пальцы на что-л.* [*mirar por entre os dedos*], que se utiliza habitualmente nunha situación na que alguén non lle presta atención a algo censurable[344] (comp. o contexto estándar (22)), emprégase co significado de 'non comprender, non apreciar alguén':

(22) Malia tódalas marcas de prisioneiro, os grillóns e os odiosos paus do valado da prisión que o illan do mundo e que o manteñen apartado coma un animal nunha gaiola, el pode conseguir alcohol, é dicir, un pracer rigorosamente prohibido, así coma ter relacións sexuais, e ás veces mesmo (aínda que non sempre) suborna-los seus superiores máis achegados, os tolleitos de guerra e mesmo algún suboficial, que ***сквозь пальцы будут смотреть*** [*han mirar entre os dedos*] cando incumpra a lei e a disciplina [...] (*Anotacións dende unha casa morta*, Записки из мертвого дома).

10.1.4. Frecuentalismos autoriais

O cuarto tipo confórmano aquelas UUFF que existen na lingua común pero que na lingua do escritor que estamos a considerar se utilizan cunha frecuencia considerablemente maior. No caso de Dostoievski forman parte deste conxunto algunhas UUFF que caracterizan estados mentais anormais, en particular *сойти с ума* [*baixar da mente*]. Ós frecuentalismos autoriais tamén pertence a UF tratada posteriormente *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] (véx. a sección 10.3).

10.1.5. Dearcaísmos autoriais

Ó quinto tipo de UUFF de autor pertencen aqueles casos de «reavivación» artística dunha UF que hai tempo que caeu en desuso, por exemplo as expresións anticuadas *подбитый ветром* [*forrado con vento*, 'persoa pouco seria, superficial; ir vestido cunha roupa desaxeitada para a tempada do ano'], *семо и овамо* [*aquí e alí*, 'por tódalas partes'], *выписывать/выделывать мыслете* [*escribir/facer letras mislete*[345], 'non ser quen de camiñar recto por mor do alcohol'], *охулки на руку не класть* [*non poñer unha blasfemia sobre a man*, 'non perder unha boa ocasión, un posible beneficio'] en obras de Saxa Sókolov, comp. (23) e (24). No caso de Dostoievski é bastante complicado identificar dun xeito claro este tipo de exemplos.

(23) Non —dixeron— o deles non é nada doutro mundo, a súa situación está bastante enfastiada, só lle queda o consolo de ***мыслете выделывать*** [*facer letras mislete*] (Saxa Sókolov. *Entre o can e o lobo*, Между собакой и волком).

(24) Non hai outro remedio, ela perdóalle o pecado, fai o que queiras, ***охулки на руку не клади*** [*non poñas unha blasfemia sobre a man*], pero ti, amiguiño,

[344] *Смотреть сквозь пальцы (на что-л.)* [*mirar por entre os dedos*] 'non prestarlle atención a algo censurable, o que se entende como a acción de ignorar un obstáculo evidente que impide a percepción visual'.
[345] N. do t.: Véxase a nota 26.

perdóame: pode ser que ás veces te moleste (Saxa Sókolov. *Entre o can e o lobo*, Между собакой и волком).

10.1.6. UUFF autoriais propiamente ditas

Finalmente, distínguense as UUFF autoriais propiamente ditas, combinacións de palabras que son utilizadas con frecuencia unicamente polo autor e que posúen propiedades da idiomaticidade do significado. A modo de exemplo pódese presenta-la UF *в прах* [*en po*, 'moito, profundamente'], que figura en diferentes obras de Dostoievski cun significado de intensificador en predicados que expresan estados emocionais, comp. (25) e (26):

(25) Várvara Petrovna, despois da súa [de Xátov] enfermidade, envioulle en secreto e de maneira anónima cen rublos. Non obstante, el descubriu o segredo, pensouno, aceptou os cartos e foi onda Várvara Petrovna para agradecerllo. Ela recibiuno con fervor, pero mesmo aquí el defraudou as expectativas dela dun xeito vergoñoso: non estivo sentado máis de cinco minutos, en silencio, mirando inexpresivamente para o chan e sorrindo coma un parvo e, de súpeto, sen acabar de escoitala e no momento máis interesante da conversa, ergueuse, fixo unha reverencia así coma de lado, torpemente, avergoñouse ***в прах*** [*en po*] e, ademais, xa batera contra a querida mesiña de traballo dela e tiráraa ó chan, causando un grande estrépito [...] (*Demos*, Бесы).

(26) [...] el [o preso] [...] pode estar de pándega, alborotar, ofender alguén ***в прах*** [*en po*] e demostrarlle que pode facer todo isto, que está «nas nosas mans» [...] (*Anotacións dende unha casa morta*, Записки из мертвого дома).

A análise das obras de Gógol, Tolstói, Turguénev e Chéghov mostrou que estes outros autores non utilizan esta UF; nelas unicamente aparece a UF *разбить/рассыпаться в прах* [*romper/esfarelarse en po*], que expresa destrución.

A xulgar polo material, a UF *ссора/спор зуб на зуб* [*unha rifa/discusión dente a dente*, 'porfía, rifa, situación conflitiva'] ten un carácter puramente autorial, comp. (27) e (28):

(27) A min sempre me parece que nese período os petersburgueses están terriblemente enfadados e tristes e encólleseme o corazón xunto ó meu folletín satírico. Séguème parecendo que todos eles están sentados preguiceiramente nas súas casas, cunha tristura chea de enfado, uns desafogando a alma con rexoubas, outros celebrando o día cunha ***ссорой зуб на зуб*** [*rifa dente a dente*] coa muller [...] (*Crónica de San Petersburgo*, Петербургская летопись).

(28) Temos oído que moita xente está moi contenta coa tempada literaria de inverno. Non houbo nin berros, nin un ambiente especialmente animado, nin tampouco ***споров зуб на зуб*** [*rifas dente a dente*], aínda que se presentaron varios xornais e revistas novos (*Crónica de San Petersburgo*, Петербургская летопись).

Non está descartado que a evolución do significado da UF *зуб на зуб* [*dente a dente*] para designar situacións conflitivas estea relacionada cunha reinterpretación do fraseoloxismo de orixe bíblica *око за око [u], зуб за зуб* [*ollo por ollo, dente por dente*], reducido á forma *зуб за зуб* [*dente por dente*]. A etapa de redución do fraseoloxismo bíblico, cuxa semántica está directamente relacionada co conflito, está fixada en toda unha serie de contextos de obras do século XIX[346]:

(29) Eu era espelido, lacazán e irascible, pero sensible e ambicioso e con amor podía obterse todo de min; desafortunadamente, todo o mundo se inmiscía na miña educación e ninguén sabía ocuparse de min. Cos profesores era afoutado e facía trasnadas; con Anna Petrovna ***бранился зуб за зуб*** [*enfrontábame dente por dente*]; con Mixeñka tiña rifas interminables e pelexas (A. S. Púxkin. *Crítica e xornalística*, Критика и публицистика).

(30) Aquilo sobre o que os de antes non sabían pensar nin discutir —máis ben non se atrevían—, os de agora cos vellos están ***зуб за зуб*** [*dente por dente*, 'están enfrontados']. Non precisan nin consellos, nin sermóns, nin nada (N. S. Léskov. *A ningures*, Некуда).

A confusión da forma *зуб за зуб* [*dente por dente*] coa forma *зуб на зуб* [*dente a dente*] con este significado pódese considerar unha particularidade específica da lingua de Dostoievski[347].

***

A concepción dos fenómenos de idiomaticidade e de UUFF que expuxemos no primeiro capítulo do libro non exime o investigador da necesidade de tomar decisións en casos conflitivos. Como demostramos, a categoría da idiomaticidade non é simplemente gradual, senón que é ditada por un conxunto de trazos de diferente índole, cada un dos cales, á súa vez, tamén é gradual. O fenómeno das UUFF diferénciase por presentar unha estrutura aínda máis complicada: ademais da idiomaticidade, presuponse a presenza da fixación. Disto despréndese que unha definición xeral de UF que responda á intuición do lingüista dificilmente pode ser operacional.

O concepto de UF de autor é un concepto aínda máis complexo, xa que caracteriza a conciencia lingüística dun falante da lingua e non de toda a comunidade lingüística no

[346] A información foi extraída do Corpus da literatura clásica elaborado no Departamento de Lexicografía Experimental (aproximadamente 11 millóns de usos de palabras) e o Corpus da literatura clásica do século XIX compilado por N. V. Pávlovich, cuxo volume é de alrededor de 13 millóns de usos de palabras.

[347] Non se descarta que nos exemplos citados a expresión *зуб за зуб* [*dente por dente*] estea máis relacionada cun contraataque entre iguais ca simplemente cun conflito como tal. Comp. con relación a isto o exemplo da correspondencia de P. A. Viazémskii con A. S. Púxkin: *Еще окончательное слово: стихотворческого дарования, не говорю уже о поэтическом, в Катенине не признаю никакого; с Шаховским можно еще быть* ***зуб за зуб****: бой ровнее: он род удельного князя, который также при случае может напасть в расплох, и отразить его приносит некоторую честь* [*E agora a palabra definitiva: en Katenin non atopo talento ningún para escribir versos, xa non falo de dotes poéticas; con Xághovskii aínda se pode estar* ***dente a dente****; o combate é máis igualitario, xa que é dunha estirpe dun príncipe feudal que, se se dá o caso, pode atacar de improvisoe reducilo trae algo de honra*] (P. A. Viazémskii – A. A. Púxkin. 30 de abril 1820. Varsovia).

seu conxunto. Calquera valoración da fixación dunha determinada expresión no caso dun autor concreto é problemática. Malia a informalidade dos parámetros propostos para a clasificación das UUFF de autor, estes pódense utilizar coma heurísticas produtivas para a busca.

10.2. As UUFF nas obras de F. M. Dostoievski

A investigación da idiomática de autor, en xeral, considérase que forma parte do estudo do estilo dun escritor. Non obstante, unha análise propiamente lingüística non ten por que estar necesariamente orientada a aspectos estilísticos. Outra cousa é que os seus resultados se poidan empregar para unha análise literaria dos recursos estilísticos propios dun determinado escritor. Para a investigación lingüística é máis interesante a forma, as características externas do texto en relación ó contido da obra que, en xeral, non son indiferentes a este contido.

Sen intentar abranguer aquí tódolos campos da análise lingüística dun texto literario, sinalarémo-los seguintes aspectos importantes do estudo lingüístico da idiomática de autor:

1) determinación da frecuencia de uso das UUFF tanto no conxunto de tódalas obras do autor coma en cada unhas delas e mesmo en cada personaxe por separado;

2) descrición da variabilidade formal da estrutura das UUFF dentro da norma e fóra dos seus límites;

3) descrición da función macroestrutural das UUFF, é dicir, da súa relación co desenvolvemento do argumento, coa introdución duns temas ou doutros no texto;

4) identificación das características sintácticas das UUFF; en particular, a combinación con palabras modais de diferentes tipos e con outras unidades fraseolóxicas.

A continuación, citaremos algúns exemplos pertencentes ós campos de investigación da idiomática de autor que acabamos de enumerar.

Frecuencia das UUFF. A análise da base de datos da idiomática de Dostoievski[348] achega unha idea xeral sobre a frecuencia de uso de UUFF dun determinado grupo semántico. Un dos máis frecuentes é o campo de UUFF que designan estados mentais anormais. A este campo pertencen unidades coma *сойти с ума* [*baixar da mente*, 'tolear']; *быть не в своем уме* [*non estar na mente dun*, 'non estar cordo, estar desequilibrado']; *сбить с толку* [*derribar do sentido*, 'confundir, atordar']; *впасть в детство* [*caer na infancia*, 'perde-las facultades mentais por mor da vellez']; *вне себя* [*fóra de si*, 'moi irritado, enfadado, alterado']; *выйти из себя* [*saír de si mesmo*, 'perde-lo control pola ira']; *выбит из колеи* [*que lle fixeron saír dos raís*, 'sacado do ritmo normal da súa vida, desconcertado']; *себя не помнить* [*non lembrarse a si mesmo*, 'perde-lo control pola emoción, a ledicia etc.']; *как пораженный громом*

[348] A base de datos da idiomática de Dostoievski elaborouse no Departamento de Lexicografía Experimental do Instituto da Lingua Rusa RAN e inclúe a idiomática de tódalas súas obras literarias. A base foi creada como fonte para o dicionario de UUFF de Dostoievski e para a súa descrición científica.

[*como derribado por un trono*, 'en estado de *shock*, nun estado de estupor total']; *потерять рассудок* [*perde-lo xuízo*, 'tolear']; *потерять нитку* [*perde-lo fío*, 'deixar de entender ou segui-la serie de razoamentos ou sucesos nunha determinada situación, conversa etc.']; *стать в тупик* [*estar nunha rúa sen saída*, 'atoparse nunha situación na que un non sabe como actuar, comportarse etc.']. Este grupo de UUFF predomina practicamente en tódolos textos literarios de Dostoievski, o que parece estar relacionado coa atención que este escritor lles presta ós estados mentais, á vida espiritual interna dos protagonistas. Ademais, a Dostoievski, igual cós psicólogos, non lle interesa a norma, senón as desviacións desta; non o estándar, senón os casos limítrofes que ilustran as particularidades singulares da personalidade humana. Esta particularidade do pensamento creativo de Dostoievski tamén se manifesta no emprego que fai das UUFF.

Ó mesmo tempo, xunto ás tendencias xerais tamén se observan regularidades particulares que caracterizan o potencial idiomático das diferentes obras. Por exemplo, en *Demos* e *Crime e castigo* a cantidade xeral de UUFF é bastante grande, mentres que n'*O xogador* a idiomática ten pouca presencia na fala dos personaxes. Nese caso, trátase dunha particularidade da trama: n'*O xogador* a acción desenvólvese en Alemaña (na cidade ficticia de Roulettenburg) e entre os personaxes hai moitos que non son rusos (De Grieux, Mr. Astley, Mademoiselle Blanche), cuxa lingua, naturalmente, está adecuada estilisticamente como corresponde.

A frecuencia de uso das UUFF tamén pode depender doutros factores, en particular do status social do personaxe, da súa educación, do seu carácter, da idade etc. Compárese, por exemplo, a gran cantidade de UUFF na fala de Razumighin (*Crime e castigo*) e a idiomática relativamente pobre da fala de Stavroguin (*Demos,* Бесы). Outro factor que repercute na frecuencia é a perspectiva da narración e o tipo de narrador. Así, en *Crime e castigo* o narrador está ausente e a narración lévaa unha terceira persoa, mentres que *Demos* e *O xogador* están escritos en primeira persoa. Agora ben, os narradores ficticios G-v e o *outchitel* son completamente distintos: detrás deles atópanse historias de vidas diferentes, o que, naturalmente, se reflicte nas características idiomáticas da súa fala.

Outro factor que determina a frecuencia das UUFF (así coma a distribución de UUFF de diferentes grupos semánticos nos fragmentos dunha obra) é a estrutura do texto, o carácter do desenvolvemento da trama, a estrutura dos acontecementos. Canta máis acción, acontecementos e cambios de situación haxa, haberá menos UUFF (porcentualmente) relativas ó campo mental e máis UUFF que caractericen propiedades externas e observables das persoas, dos obxectos do mundo circundante, dos acontecementos etc. Por exemplo, na novela *Demos* (Бесы), que se caracteriza por unha estrutura dinámica de desenvolvemento da acción, atópanse a miúdo UUFF coma *навострить уши* [*agudiza-las orellas*, 'escoitar con moita atención']; *наговорить с три короба* [*falar dende tres caixas*, 'falar moito, sen parar']; *вылупить глаза* [*pela-los ollos para fóra*, 'abrir moito os ollos polo abraio']; *позеленеть от злости* [*poñerse verde da ira*, 'enfadarse moitísimo']; *разинуть рот* [*abrir moito a boca*, 'quedar moi abraiado']; *понурить голову* [*baixa-la cabeza*, 'estar decaído, abatido']; *побледнеть как мертвец* [*palidecer coma un cadáver*, 'poñerse moi pálido'],

relacionadas coas manifestacións visibles dunha situación.

Variabilidade formal. Nos textos de Dostoievski atópanse os casos máis diversos de variabilidade da estrutura dunha UF. Como é sabido, a variabilidade no campo da sintaxe e da semántica léxica pódese contemplar coma unha das características do estilo literario. Indicarémo-los casos de variabilidade idiomática máis típicos de Dostoievski.

Introdución de compoñentes adicionais na UF

лопнуть как мыльный пузырь [*estoupar coma unha burbulla de xabón*, 'fracasar, fallar' (referido a un plan, proxecto, unha ilusión etc.)] → *лопнуть как* ***радужный*** *мыльный пузырь* [*estoupar coma unha burbulla multicolor de xabón*]:

(31) Foron velos e pasaron xuntos case toda a tempada de inverno en San Petersburgo. Non obstante, na Coresma todo ***лопнуло, как радужный мыльный пузырь*** [*estoupou coma unha burbulla multicolor de xabón*]. Os soños esnaquizáronse e o caos non só non se aclarou, senón que se fixo aínda máis arrepiante (*Demos*, Бесы).

нашептать в ухо [*murmurar na orella*, 'divulgar rumores, rexoubas'] → *нашептать в* ***оба*** *уха* [*murmurar en ámbalas dúas orellas*]:

(32) É que eu unicamente quería dicir que se trata dun deses administradores que teñen uns corenta anos, que ata esa idade vexetaron na nada e despois, de súpeto, saen e van onda a xente cunha esposa adquirida de repente ou por medio de calquera outro método non menos desesperado... Ou sexa, el agora marchara... É dicir, que de contado ***нашептали в оба уха*** [*murmuraron en ámbalas dúas orellas*] que eu era un corruptor da mocidade e un sementador do ateísmo na provincia... (*Demos*, Бесы).

сбить с толку [*derribar do sentido*, 'confundir, desconcertar'] → *сбить с* ***последнего*** *толку* [*derribar do derradeiro sentido*]:

(33) Stepán Trofímovich esperábame cunha impaciencia histérica. Xa había unha hora que volvera. Atopeino coma se estivese bébedo; polo menos os primeiros cinco minutos pensei que estaba bébedo. Ai! A visita ós Drozdovie ***сбил его с последнего толку*** [*derribárao do derradeiro sentido*] (*Demos*, Бесы).

Substitución dun compoñente da UF por outro compoñente non-estándar

принять за чистую монету [*tomar coma moeda limpa*, 'aceptar como correcto algo que se debería tomar con escepticismo'] → *принять за* ***самую неразменную*** *монету* [*tomar coma a moeda máis incambiable*]:

(34) Nisto achegouse Petr Stepánovich e, decontado, explicoume todo. Reveloume que un gran pensamento está a axitarvos, ante o cal nó-los dous e el non somos absolutamente nada, pero que de tódolos xeitos eu estou no voso camiño. El mesmo sumouse; quería realmente que estivésemo-los tres e contaba cousas fantásticas sobre unha barca e uns remos de pradairo dunha canción rusa. Eu loeino, díxenlle que era un poeta, e el ***принял за самую***

неразменную монету [*tomouno coma a moeda máis incambiable*, 'tomouno por certo'] (*Demos*, Бесы).

выбить из колеи [*sacar das vías*, 'sacar da rutina, da orde establecida dunha persoa, desestabilizar'] → *выбить из* ***рельсов*** [*sacar dos raís*]:

(35) Petr Stepánovich era, sen dúbida, culpable diante deles: todo puido ir dun xeito máis harmonioso e *doado* se el se ocupase de adobia-la realidade aínda que fose un chisco. En lugar de presenta-lo feito dun xeito decente, con algo romano-burgués ou similar, só expoñía a súa propia pel a un medo vasto e á ameaza, o cal xa era simplemente de mala educación. Por suposto, a loita pola supervivencia está en todo e non hai outro principio, isto sábeo todo o mundo, pero é que aínda así... Pero Peter Stepánovich non tiña con que move-los romanos; el mesmo ***был выбит из рельсов*** [*fora sacado dos raís*] (*Demos*, Бесы).

быльём заросло [*cuberto por herba*, 'desfasado, superado polo paso do tempo'] → ***песком*** *заросло* [*cuberto por area*]:

(36) Non se enfade, non se enfade, que non lle escintilen os ollos... Ademais, vostede non escintila. Ten curiosidade sobre por que estou a ser tan sincero? Pois precisamente porque agora todo cambiou, rematou, pasou e ***песком заросло*** [*está cuberto por area*]. De súpeto, cambiei a opinión que tiña sobre vostede. O vello camiño rematou de todo; agora xa non o vou comprometer nunca co vello camiño, agora vai ser cun novo camiño (*Demos*, Бесы).

с луны свалился [*alguén caeu da lúa*, 'non saber cousas que todo o mundo sabe'] → *с луны* ***соскочил*** [*saltou da lúa*]:

(37) Non hai cousa máis astuta cá miña propia cara, porque ninguén me ha de crer. A min, a dicir verdade, teríame gustado ter cara de parvo, porque ter cara de parvo sería máis doado cá cara que teño eu; pero dado que un parvo de tódolos xeitos é un extremo, e todo extremo provoca curiosidade, por iso me decidín a escolle-la miña propia cara definitivamente. Pois a ver, como é a miña propia cara? O termo medio: nin parvo, nin listo, sen dons particulares e ***с луны соскочил*** [*acaba de saltar da lúa*, 'sen darme conta de nada'], como di aquí a xente sensata, non si? (*Demos*, Бесы).

палка о двух концах [*pau con dous finais*, 'situación/solución/recurso etc. con vantaxes e desvantaxes'] → ***идея/дело/все*** *о двух концах* [*idea/asunto/todo con dous finais*]:

(38) Se eles tivesen feitos, é dicir, feitos reais ou, polo menos, algunhas sospeitas fundadas, daquela intentarían de verdade oculta-lo xogo: na esperanza aínda se pode gañar máis (e, ademais, hai tempo que xa terían feito un rexistro!). Pero eles non teñen ningún feito, nin un só, todo é un espellismo, ***все о двух концах*** [*todo ten dous finais*], unha idea é voadora e eles intentan derribala con descaro. E, se cadra, el mesmo está irritado por non ter feitos e rebentou polo enfado (*Crime e castigo*).

(39) E agora permita que llo diga: probas! Iso, de seren iso, supoñamos, probas, meu Deus, en realidade serían probas que ***o двух концах*** [*teñen dous finais*]; na maioría dos casos (e eu son un xuíz de instrución e por iso unha persoa débil) arrepíntome: quereria unha consecuencia, por dicilo así, que se puidese representar claramente dun xeito matemático, quereria conseguir unha probiña que se parecese a que dous máis dous son catro! (*Crime e castigo*).

(40) Por iso Porfirii tampouco ten nada ademais dese *delirio*, ningún feito á parte da ***психологии о двух концах***[349] [*psicoloxía de dous finais*], nada positivo (*Crime e castigo*).

(41) —Estamos a comenta-lo seu curiosísimo artigo —afirmou o monxe Iosif, o bibliotecario, dirixíndose ó vello e sinalando a Iván Fédorovich. —Describen moitas cousas novas pero, polo que parece, ***идея-то о двух концах*** [*a idea ten dous finais*] (*Crime e castigo*).

Substitución dun gramema por unha categoría gramatical

O caso máis frecuente é a substitución do aspecto verbal da UF polo seu contrario (se un verbo está en aspecto perfectivo, cambia polo imperfectivo, e viceversa):

вылупить глаза [*saca-los ollos para fóra*, 'abrir moito os ollos polo abraio'] → ***лупить***[350] *глаза* [*pela-los ollos para fóra*]:

(42) Lembke chámame para que vaia traballar, para que sente a cabeza. Sabe unha cousa? Eu tortúroo dunha maneira terrible, é dicir, denígroo, de xeito que mesmo ***лупит глаза*** [*pela os ollos*]. Iulia Migháilovna fomenta a situación. E si, por certo, Gagánov está terriblemente enfadado con vostede. Onte en Dúghov faloume moi mal de vostede (*Demos*, Бесы).

шито белыми нитками [*cosido con fios brancos*, 'algo que debería estar oculto é visible, de xeito que é obvio para todo o mundo'] → ***сшито*** *белыми нитками* [*cosido xunto con fios brancos*]:

(43) De novo fixose o silencio. —Son listos; no domingo puxéronse de acordo... —espetou el de súpeto. —Oh, sen dúbida —berrei eu, aguzando os oídos—; todo isto é unha confabulación e está ***сшито белыми нитками*** [*cosido xunto con fios brancos*,] e feito de maneira tan estúpida. —Eu non estou a favor disto. Vostede sabe que todo isto foi ***сшито белыми нитками*** [*cosido xunto con fios brancos*] adrede, para que eles soubesen... quen ten que facelo (*Demos*, Бесы).

Cambio de pertenza a unha categoría

поливать помоями [*verter auga sucia*, 'difamar alguén'] → ***излияние*** *помой* [*vertedura para fóra de auga sucia*]:

---

[349] En *психологии о двух концах* [*psicoloxía de dous finais*] a cursiva é de F. M. Dostoievski.
[350] N. do t.: Sen o prefixo 'vi'.

(44) —Ou sexa, ves? Ela quere fixar un día e un lugar para que vos deades explicacións mutuamente; os restos dos vosos sentimentos. Ti coqueteaches con ela vinte anos e aprendícheslle os modais máis ridículos. Pero non te preocupes, agora xa non é iso; ela mesma di, a cada minuto, que non empezou a «darse conta» ata agora. Eu expliqueille directamente que toda esta amizade que tedes non é máis ca unha ***излияние помой*** [*vertedura para fóra de auga sucia*] recíproca (*Demos*, Бесы).

Neste caso que estamos a analizar, a transformación presenta un aspecto máis complexo. Xunto ó cambio de pertenza a unha categoría, prodúcese a un tempo a substitución por un semi-sinónimo: *поливать* → *изливать* → *излияние* [*verter* → *verter para fóra* → *vertedura para fóra*].

удержать на краю [*manter no extremo*, 'protexer dun perigo'] → ***удержание*** *на краю* [*mantemento no extremo*]:

(45) Petr Stepánovich, nalgúns casos co seu silencio e noutros con insinuacións, favorecía que se arraigase a estraña idea que ela tiña. Ela imaxinábao de revolucionario (en relación a todo o que hai en Rusia), pero, ó mesmo tempo, entregado a ela ata divinizala. O descubrimento da confabulación, o agradecemento dende Petersburgo, a posterior carreira, a influencia do «aloumiño» sobre a mocidade para ***удержания*** *ее* ***на краю***... [*o mantemento dela no extremo*...] todo iso acomodouse harmonicamente na súa fantástica cabeza (*Demos*, Бесы).

<u>Cambio do modelo de réxime</u>

погреть руки на чем-л. [*quenta-las mans en algo*, 'sacar beneficio de algo por unha vía deshonesta, sacar partido de algo'] → *погреть руки* ***около кого-л.*** [*quenta-las mans arredor de algo*]:

(46) A desgraciada atopouse de súpeto convertida nun campo de xogo para influencias do máis dispar, ó mesmo tempo imaxinándose orixinal. Moitos mestres ***погрели около*** *нее* ***руки*** [*quentaron as mans arredor dela*] e aproveitábanse da súa sinxeleza no seu breve período como gobernante (*Demos*, Бесы).

Este uso da UF, non-estándar dende o punto de vista das normas actuais, tamén se pode interpretar coma a introdución dunha valencia facultativa ó omiti-la valencia *на чем-л.* [*en algo*]. Compárese o contexto actual: *Многие погрели руки на военных заказах около военного министерства* [*Moitos quentaron as mans do ministerio militar nos encargos militares*]. En N. Léskov atópase un exemplo interesante de modificación do modelo de réxime desta expresión:

(46') Mighail Andréevich costeaba el mesmo as súas empresas e pagaba os gastos de Kazimira, así coma os gastos de Kixenskii para atopar modos de levar a cabo o grande asunto da iluminación de cidades cun método sorprendentemente barato, mentres que Kixenskii ***грел руки со*** [*quentou as mans das (nas)*] contas de Kazimira e facía corretaxes con aquelas persoas

> destras ás que entregaba a Bodrostin, colmando de loanzas nos xornais tanto a eles mesmos coma ós seus xeniais plans [...] (N. Léskov. *En coitelos*, На ножах).

É importante ter en conta que os tipos de variabilidade da estrutura formal das UUFF que enumeramos aquí descríbense dende a perspectiva da norma do ruso moderno. Outra cuestión á parte é como se corresponde esta variabilidade coa norma da segunda metade do século XIX. Lamentablemente, non hai información suficientemente fidedigna sobre o emprego das UUFF no século XIX e os dicionarios que existen daquela época (Даль 1994; Михельсон 1912) non reflicten máis que de maneira insignificante o funcionamento real da idiomática. Con todo, nalgúns casos pódese determinar como se usaban algunhas expresións. Un exemplo disto constitúeo, como se demostrou con anterioridade, a UF actual *быть на равной/дружеской ноге* [*estar nunha perna igual/amigable*, 'levarse ben, ter unha boa relación con alguén'] que na lingua daqueles anos permitía unha variabilidade do adxectivo substancialmente maior, comp. os exemplos (4-9) e (10-12).

Non obstante, na maioría dos casos non se pode determinar se nos atopamos diante dunha desviación da norma ou diante dunha característica do século XIX que difire da norma actual.

Función macroestrutural das UUFF. Nos estudos lingüísticos, a macroestrutura dun texto analízase habitualmente dende dúas perspectivas. Por unha banda, o texto pódese percibir coma a secuencia concluída dos elementos dunha trama de diferente complexidade. Coma tales elementos actúan, por exemplo, a exposición, os episodios, o tema, o acontecemento, o obxectivo-intento-resultado e a fin/o remate (Баранов, Паршин 1990a; Цимбурский 1990). Estas son as características da trama do texto que non teñen relación cos personaxes. Segundo este enfoque, as UUFF poden funcionar coma marcadores dos diferentes compoñentes da macroestrutura ou coma marcadores da transición dun compoñente da macroestrutura a outro.

Por outra banda, o desenvolvemento da trama pódese contemplar non coma unha secuencia formal de episodios, acontecementos etc., senón coma a alternancia dos estados cognitivos dos personaxes. O formalismo de U. Lehnert describe dun xeito máis claro este aspecto do plano do contido do texto (Lehnert 1981; Олкер 1987). Segundo este autor, os estados cognitivos dun personaxe pódense representar coma combinacións estruturais de estados elementais (unidades afectivas). Por exemplo, o elemento da trama «realización exitosa dun proxecto» concíbese coma unha alternancia de estados cognitivos, que leva da motivación dun plano das accións á súa realización (Lehnert 1981). As UUFF nos textos literarios de F. M. Dostoievski non son indiferentes ós estados dos personaxes. Moi a miúdo estes «revelan» determinadas ideas dos protagonistas, que xorden en diferentes situacións e son unha característica lingüística do seu estado cognitivo. Así, o uso frecuente de UUFF ofensivas (sobre todo co compoñente *черт* [*diaño*]) na fala de P. Verghovenskii indica o estilo conflitivo do seu pensamento e o estado agresivo de fondo.

Existen certas ideas que están presentes en toda a obra de Dostoievski e que caracterizan a súa percepción do mundo. Así, a idea de «ambivalencia e incerteza» do

que existe e, sobre todo, do pensamento e do comportamento do ser humano pódese incluír no conxunto destas constantes conceptuais. Esa idea pódese formular doutro xeito: todo o que existe é tan complexo que non se pode dicir nada con exactitude; toda verdade contén elementos de mentira e o contrario: en toda mentira hai a súa verdade. Isto refírese ante todo ás valoracións morais do comportamento das persoas. A idea de incerteza obsérvase en moitos niveis do texto e reflíctese, sobre todo, nas particularidades de uso das UUFF.

No discurso do avogado defensor D. Karamázov esa idea de incerteza maniféstase no emprego da UF *палка о двух концах* [*pau con dous finais*, 'situación/solución/recurso etc. con vantaxes e desvantaxes'] e das súas variantes, así coma no emprego de expresións relacionadas semanticamente con ela coma *с одной стороны, с другой стороны* [*dende un lado, dende o outro lado*, 'por unha banda, por outra banda']. De feito, esta UF posúe a función de xerar un texto. A continuación, amosaremos fragmentos da macroestrutura do texto do discurso do avogado defensor que ilustran o emprego da UF obxecto de análise[351]:

(1) DISCURSO DO AVOGADO DEFENSOR. ***ПАЛКА О ДВУХ КОНЦАХ*** [*pau con dous finais*, 'situación/solución/recurso etc. con vantaxes e desvantaxes']	metatexto; nome do capítulo; introdución do tema
(2) [...] O seu discurso podíase dividir en dúas metades: a primeira metade é unha crítica, unha refutación da acusación, ás veces maliciosa e sarcástica. Agora ben, na segunda metade é coma se de súpeto cambiase de ton e mesmo de método e se elevase ata o patético, e coma se a sala estivese esperando por iso e se estremecese toda polo entusiasmo. [...]	metatexto; exposición da fala do avogado
(3) Pero o que acontece, señores, é que a psicoloxía, aínda sendo algo profundo, aseméllase de tódolos xeitos a un ***палку о двух концах*** [*pau con dous finais*] (risas no público)	tese principal

[351] Na descrición da macroestrutura diríximonos ós diferentes niveis de división do texto: o texto propiamente dito vs. o metatexto (Вежбицка 1978), os compoñentes ilocutivo (véx. o concepto de conexión ilocutiva e de peche en Баранов, Крейдлин 1992, Баранов 1990б), argumentativo e temático (non no sentido actual da división). Para a presente investigación non é imprescindible a descrición completa de cada un dos niveis.

(4) Oh, vostedes, por suposto, descúlpenme pola miña trivial comparación; eu non son un mestre en falar con demasiada elocuencia. Pero, velaquí un exemplo: collo o primeiro que cadra do discurso do fiscal. O acusado, á noite, no xardín, cruza o valado escapando e co puño de cobre dun morteiro reduce un lacaio que se enganchara á súa perna. A continuación, dá un salto e volve entrar de contado no xardín, e pasa tres minutos enteiros preocupado enriba do home abatido, intentando adiviñar: matouno ou non? E velaí que o fiscal non quere crer en absoluto que sexa verdade a declaración do acusado de que volvese dun salto onda o vello Grigorii por compaixón. «Non; acaso pode haber tanta sensibilidade nun momento así? Iso non é natural, senón que saltou precisamente para comprobar se estaba viva ou morta a única testemuña do seu crime e, polo tanto, se fora testemuña de que cometera ese crime; pois non é posible que volvese dun salto ó xardín por calquera outro motivo, inclinación ou sentimento».	metatexto exemplificación fin do fragmento da argumentación pechado ilocutivamente
(5) Velaquí a psicoloxía; pero tomemos esa mesma psicoloxía e apliquémola ó asunto, pero unicamente ***с другого конца*** [*dende o outro final*], e non ha de resultar en absoluto menos verosímil.	comentario metatextual á seguinte argumentación; remisión á tese principal
(6) O asasino, por precaución, baixa dun chimpo para comprobar se a testemuña está viva ou morta e, entre tanto, acababa de deixar no despacho do seu pai, ó que el mesmo lle dera morte —segundo a declaración do propio fiscal— unha proba colosal que apunta a si mesmo en forma de paquete aberto onde estaba escrito que contiña tres mil. «Porque se el collese e levase	comezo do fragmento pechado ilocutivamente da argumentación

ese paquete ninguén en todo o mundo chegaría a saber sequera que existía ese paquete e que nel había cartos e que, polo tanto, o acusado roubara eses cartos». [...]	
(7) NON HABÍA CARTOS. NON HOUBO ROUBO	título do segundo nivel; tese
(8) Houbo un detalle no discurso do defensor que mesmo derribou a todos: precisamente a total negación da existencia deses fatais tres mil rublos e, polo tanto, da posibilidade do seu roubo. [...]	exposición da argumentación polo narrador
(9) [...] Se cadra, han de obxectar: «Hai testemuñas de que malgastou na aldea de Mokrii eses tres mil rublos que lle collera á señora Verghóvtseva un mes antes da catástrofe; todos dunha vez, como se se tratase dun só kopéek[352], de xeito que non podía separa-la metade».	contratese
(10) Pero quen son esas testemuñas?	tese á contratese
(11) No xuízo xa se confirmou a autenticidade destas testemuñas. Ademais, o anaco de pan sempre parece máis grande na man allea. En definitiva, ningunha desas testemuñas contou os cartos, senón que simplemente fixo unha estimación a ollo. De feito, a testemuña Maxímov demostrou que o acusado tiña nas súas mans vinte mil.	argumento á tese anterior
(12) Vexan, señores do xurado, dado que a ***психология о двух концах*** [*psicoloxía ten dous finais*], daquela permítanme que aplique aquí mesmo ***другой конец*** [*o outro final*, 'o outro punto de vista'] e vexamos que sae.	metatexto; remisión á tese principal; xogo de palabras coa UF: materialización da metáfora
(13) Un mes antes da catástrofe, a	comezo do fragmento da

[352] N. do t.: Véxase a nota 181.

señora Verghóvtseva confioulle ó acusado tres mil rublos para que os enviase por correo, pero a pregunta é a seguinte: é xusto que lle fosen confiados con tal deshonra e humillación como se proclamou non hai moito tempo?	argumentación pechado ilocutivamente
(14) [...] o fiscal non quere admitir baixo ningún concepto que ese mesmo día, o día da acusación, puidese aparta--la metade dos cartos recibidos e metelos nun amuleto cosido: «non é así, disque é o seu carácter, non pode ter sentimentos así». Pero vostedes mesmos proclamaron que Karamázov é complexo; vostedes mesmos berraron e falaron sobre ***две крайние бездны*** [*os dous abismos extremos*, 'as opinións antagónicas'] que se poden observar en Karamázov. Karamázov é precisamente unha ***натура о двух сторонах***, ***о двух безднах*** [*natureza de dous lados, de dous abismos*, 'persoa con dúas caras'], que mesmo no caso de te-la necesidade máis irresistible de esmorga pódese deter se alguén o convence ***с другой стороны*** [*dende o outro lado*, 'empregando o outro razoamento'].	fin do fragmento da argumentación pechado ilocutivamente
(15) [...] NON HOUBO NIN SEQUERA ASASINATO	título do segundo nivel; tese
(16) [...] Temos oído como a propia acusación testificou que ata o último día, ata hoxe mesmo, ata o día do xuízo, dubidou sobre se inculpa-lo acusado de asasinato premeditado, pleno e consumado; dubidou ata a aparición desta mesmísima e fatal carta «bébeda» que lle foi presentada hoxe ó xuíz.	argumento
(17) «Consumouse segundo está	cita da contratese do fiscal

escrito!»	
(18) Pero de tódolos xeitos, insisto: el foi correndo onda ela, detrás dela, unicamente para saber onde estaba. E isto é un feito irrevogable. De atoparse ela na casa, el nunca iría correndo, senón que quedaría xunta ela e non cumpriría o que prometera na carta. El marchou correndo inesperadamente, de súpeto; e daquela se cadra nin se lembraba da súa carta «bébeda». «Disque apañou o puño do morteiro», e lembren como unicamente a partir deste puño nos revelaron toda a psicoloxía: por algún motivo tivo que tomar ese puño do morteiro coma arma, collelo coma arma, e etc. etc.	argumentos fin do fragmento da argumentación pechado ilocutivamente
(19) E nisto que me vén á cabeza un pensamento do máis común. A ver, e se ese puño do morteiro non estivese á vista, se non estivese no andel do que o colleu o acusado, senón que o metesen nun armario [...].	argumentación conflitiva[353]
(20) Señores do xurado, ***психология о двух концах*** [*a psicoloxía ten dous finais*] e nós tamén podemos entendela.	repetición da tese principal

A análise do texto amosa que o emprazamento habitual da UF *палка о двух концах* [*pau con dous finais*, 'situación/solución/recurso etc. con vantaxes e desvantaxes'] e das súas variantes é o que teñen os compoñentes dun texto marcados a nivel estrutural: o comentario metatextual (véx. 1, 5 e 12) e a fin do fragmento da argumentación pechado ilocutivamente (véx. 14 e 20). Ademais, esta UF aparece na posición marcada tematicamente: na introdución do tema principal do texto, que é ó mesmo tempo a tese principal da defensa (1, 3 e 20). Ó utilizar todo o potencial desta metáfora, o avogado defensor tamén recorre ó xogo de palabras: o fragmento (12).

As UUFF tamén poden ter unha función lixeiramente diferente: a de marcadores de determinados elementos da trama (véx. o capítulo anterior, así coma Dobrovol'skij 1995a: 213-240). Ó aparecer en diferentes fragmentos dunha novela, a UF serve de elemento anafórico, introducindo na estrutura da narración remisións a estados cognitivos dos personaxes, a determinados acontecementos, ideas etc. Este semella se--lo papel da UF de autor *жениться на чужих грехах* [*casar con pecados alleos*,

[353] Na teoría da argumentación este termo refírese ós actos de argumentación que presupoñen a construción dun mundo posible do tipo «Se...», «Supoñamos que...», «Se acontecese algo...».

'casar cunha persoa que con anterioridade fixo algo considerado reprobable'], que se utiliza con bastante frecuencia en *Demos* e está ausente nos outros textos literarios de Dostoievski. A primeira alusión a esta UF (nunha forma reducida) atópase no título do terceiro capítulo, «Чужие грехи» [«*Pecados alleos*»]. Ademais, esta UF aparece en todos aqueles casos nos que no texto se fai referencia á voda de Stepán Trofímovich Verghovénskii con María Xátova, dende o punto de vista de Stepán Trofímovich. Este último enténdea coma un atentado contra a súa honra pois, na súa opinión, a noiva proposta era a amante de Nikolai Stavroguin. A continuación citaremos fragmentos de textos nos que está presente esta UF:

(i) —Pero eu mesmo tamén quero crer que é un disparate e resúltame triste escoitalo porque, como vostede afirma, a moza máis nobre está implicada, en primeiro lugar, no asunto dos setecentos rublos e, en segundo lugar, en evidentes intimidades con Nikolai Vsevolódovich. Pero para que necesita a súa Excelencia avergoña-la moza máis nobre ou deshonrar unha muller allea, de xeito parecido a como resultou o meu caso? Se se lles presenta unha persoa chea de bondade eles han obrigalo a tapa-los ***чужие грехи*** [*pecados alleos*, 'faltas cometidas pola outra persoa antes do matrimonio'] coa súa honrada fortuna.

A seguir inclúense fragmentos que conteñen citas do seu emprego básico.

(ii) Cun sorriso miserable e perdido —un sorriso de vergoña e total desesperación, e ó mesmo tempo de certo estraño entusiasmo—, murmurou [Stepán Trofímovich], deténdose un intre:

—É que eu non podo ***жениться на «чужих грехах»***! [*casar con «pecados alleos»!*].

(iii) —Stepán Trofímovich escribiulle así, dicindo que ***женится на «чужих грехах*** [*casaba con pecados alleos*] cometidos en Suíza» e pídelle que vaia voando para «salvalo», con estas mesmas expresións? —achegouse de súpeto Várvara Petrovna, toda amarela, co rostro contraído, cos beizos tremendo.

—É dicir, vostede ve? Se hai algo aquí que eu non entendín —coma se Petr Stepánovich se asustase e se apresurase aínda máis sen motivo— é que el é culpable, está claro; só o propio feito de que escriba así. Velaquí a carta. Saiba vostede, Várvara Petrovna, as cartas son interminables e ininterrompidas; nos últimos dous ou tres meses unha carta tras outra e, admítoo, eu, ó final, ás veces non acababa de lelas. Stepán Trofímovich, ti perdóame pola miña estúpida confesión, pero has estar de acordo, por favor, en que polo menos estaría ben que me enviases cartas e me escribises máis para os meus descendentes, xa que todo tanto che ten... A ver, a ver, non te ofendas; de tódolos xeitos non somos estraños! Pero esta carta, Várvara Petrovna, esta carta si que acabei de lela. Estes ***«грехи»-с – эти «чужие грехи»*** [*«pecados...» «estes pecados alleos»*], seguramente son os nosos propios pecados, e aposto que dos máis inocentes, pero por culpa deles de súpeto ocorréusenos levantar unha historia terrible cun matiz nobre: precisamente

levantámola por ese nobre matiz. Aquí, non vedes? Ó facer cálculos hai algo que non funciona, a ver, ó final hai que admitilo!

(iv) —Ela mostrábache as miñas cartas!

—Todas. É dicir, por suposto, senón como as ía ler? Boh! Canto papel gastaches escribindo, coido que máis de dúas mil cartas... E sabes, vello, eu penso que vós tivestes un momento no que ela estaba disposta a casar contigo. Deixáchela marchar da maneira máis estúpida! Eu, por suposto, falo dende o teu punto de vista, pero de tódolos xeitos vexo que a situación agora é moito peor, case te ***сосватали на «чужих грехах»*** [*casaron con «pecados alleos»*], por cartos, por pura diversión, coma un bufón.

—Por cartos! É ela, é ela a que di que por cartos! —chiou Stepán Trofímovich coma un enfermo.

(v) —Pero de verdade que llas mostraches? —Stepán Trofímovich ergueuse dun chimpo, aterrorizado.

—E logo non o ía facer! Foi a primeira cousa que fixen. En canto me informaches de que te estaba a explotar e que envexaba as túas capacidades, e o dos ***«чужих грехах»*** [*«pecados alleos»*].

As alusións a esta UF remiten con claridade ó lector a un determinado fragmento da trama e a un conxunto de ideas. Dende este punto de vista pódese falar dunha función anafórica da idiomática no texto literario. Dado que todo elemento anafórico é moito máis breve có antecedente (das anáforas) no relativo á forma da expresión, daquela pódese falar dun «enroscado», unha «condensación» dalgúns elementos do texto. A anaforización e o «enroscado» dun compoñente do texto indican a súa relevancia para a estrutura da narración.

Características sintácticas do funcionamento das UUFF. O ámbito da sintaxe comprende as condicións de realización conxunta das UUFF con outras palabras e expresións no discurso. A excepción de diversas observacións relativas, xeralmente, ás expresións responsables da modalidade do enunciado, este campo non se tratou nos traballos de fraseoloxía existentes[354]. Pola súa parte, a idiomática de autor ofrece un rico material para estudos deste tipo. Algúns trazos do estilo de Dostoievski manifféstanse na frecuente utilización de lexemas limitadores, que nalgunha medida eliminan a responsabilidade do falante con respecto ó seu enunciado (unidades coma *почти* [*case*], *вроде* [*algo así como*], *как бы* [*como se*]) (comp. os *hedges* segundo

[354] Aquí non nos estamos a referir ás denominadas «palabras acompañantes», clasificadas como tales por V. P. Júkov (Жуков 1986) para UUFF coma *кричать во все горло* [*berra en toda a gorxa*, 'berrar moi forte'] ou *принимать с распростертыми объятиями* [*tomar con apertas estendidas*, 'acoller efusivamente, calidamente, recibir cos brazos abertos']. Nelas os verbos *кричать* [*berrar*] e *принимать* [*tomar*] descríbense como palabras acompañantes que non forman parte da estrutura da UF como tal. Pódese discutila lexitimidade desta interpretación, pero en todo caso por sintaxe normativa nós entendemos un contexto de uso máis amplo, é dicir, aquelas unidades que non se inclúen na estrutura da UF sexa cal sexa a súa comprensión.

Lakoff 1973). Dado que as UUFF conteñen a miúdo un compoñente metafórico vivo, a aparición de lexemas limitadores é completamente natural, aínda que F. M. Dostoievski non emprega os limitadores habituais das UUFF *буквально* [*literalmente*], *по образному выражению* [*segundo a expresión figurada*], *как говорится* [*como din*], *чуть не*[355] [*case*], senón lexemas que, polo menos na lingua actual, non se utilizan en combinación con UUFF. Compárese o emprego dun dos limitadores preferidos de Dostoievski, *как бы* [*como se*] nas novelas *Demos*, *Crime e castigo* e *Os irmáns Karamázov*:

(47) Podíase pensar que era unha pura rapazada, está claro que do menos imperdoable; e, non obstante, despois contaban que el, no momento mesmo da operación, estaba case pensativo, «***точно как бы с ума сошел*** [*igual que como se baixase da mente*, 'igual que como se tolease']»; pero isto lembrárono e comprendérono moito tempo despois (*Demos*, Бесы).

No último exemplo xunto ó limitador *как бы* [*como se*] utilízase o lexema-limitador *точно* [*igual que, exactamente*] (e mesmo comiñas), o que en realidade non resulta totalmente normativo na lingua actual, aínda que cada un dos lexemas limitadores desta combinación por separado ten un aspecto totalmente normal: *как бы с ума сошел* [*como se tolease*], *точно с ума сошел* [*igual que se tolease*]. Compárese o exemplo actual: *Представляете, Истина становится частью вас! Это огромная мысль. И отец Серафим, рассуждая на эту тему,* ***как бы с ума сошел*** [*Imaxine, a Verdade estase a converter nunha parte de vostede! Isto é un pensamento grandioso. E o pai Serafim, matinando neste tema,* ***era como se baixase da mente***].

O feito de que os contextos con limitadores se perciban coma non-estándar pode estar condicionado non tanto pola presenza dos lexemas limitadores coma por unha modificación do significado pouco común. Comp. (48):

(48) Daquela o estado de ánimo das mentes era estraño. Especialmente na sociedade das damas espallouse unha certa frivolidade e non se pode dicir que se producise amodo. ***Как бы по ветру было пущено*** [*Como se fosen guindados ó vento*, 'como se esparexesen sen criterio ningún'] algunhas ideas extremadamente desvergoñadas (*Demos*, Бесы).

A diferenza dos casos tratados con anterioridade, os contextos que veremos posteriormente (49)-(53) corresponden máis ben ó estándar, aínda que non todos. O que acontece é que no caso de UUFF cunha forma interna viva que están baseadas en transformacións tropolóxicas (a metáfora e a metonimia), os falantes dunha lingua perciben que estas constitúen dúas capas semánticas: a forma interna e o significado real. Ademais, nalgunhas situacións a forma interna mesmo se percibe nunha maior medida. Este, por exemplo, é o caso das expresións obscenas, cuxo significado real non ten relación ningunha co ámbito do sexo que é tabú. A forma interna tamén se percibe con total claridade naqueles casos nos que os fraseoloxismos se utilizan para transmitir

[355] No material do alemán, os lexemas limitadores estándar que acompañan a UF aparecen descritos en Wotjak 1992; Dobrovol'skij, Lûbimova 1993.

unha información negativa. Isto tamén o demostra a gran cantidade de enunciados que expresan defensa da honra e da dignidade e que se relacionan co emprego de fraseoloxismos coma *плод безумного/больного/болезненного воображения* [*froito da tola/enferma/enfermiza imaxinación*]. Nestes casos, do que se trata é de que a UF *плод безумного/больного/болезненного воображения* [*froito da tola/enferma/enfermiza imaxinación*] non indica en absoluto a tolemia da persoa á que se refire: *Вообще, женщина модерна – мистификация,* ***плод болезненного воображения художников*** [*En xeral a muller moderna é unha mistificación,* ***o froito da enfermiza imaxinación dos artistas***] (*Nezavísimaia gazeta*, Независимая газета). Así, é evidente que neste último contexto non se entende que os artistas padezan un tipo ou outro de trastorno mental[356]. Por outra parte, esta percepción consciente da forma interna tamén se manifesta a miúdo en que os falantes da lingua (maiormente os xornalistas) ó utiliza-las UUFF póñenas entre comiñas, comp. *Товар ей подвозят мелкими партиями,* ***«с пылу с жару»*** [*A mercadoría subminístranlla en pequenas partidas, «****do fervor da calor****» (quentiña, directamente saída do forno)*] (Corpus xorn.).

A comprensión consciente da metáfora que se atopa na base da forma interna permite utilizar nas UUFF expresións-delimitadores, incluíndo *как бы* [*como se*], comp. *как бы плод болезненного воображения* [*coma o froito dunha imaxinación enfermiza*, 'como resultado dunha imaxinación enfermiza'], *как бы в воду канул* [*como se caese na auga*, 'como desaparecido sen rastro'], *как бы не первой молодости* [*como se non (fose) da primeira xuventude*, 'como se xa non fose tan novo'], *как бы на крыльях* [*como con ás*, 'como entusiasmado/inspirado']. Por outra banda, é obvio que non se permite o uso de expresións con UUFF que teñen unha forma interna que os falantes teñen dificultades para percibir, cando está esvaecida ou é opaca, comp. ???*как бы ни зги не видно* [???*como se non se ve nin zga*[357], 'como que se non se ve nada'], ???*как бы не хухры-мухры* [???*como se 'ghughri-mughrí'*, 'como que non é pouca cousa'], ???*как бы испокон веков/веку/века*[358] [???*como se dende o 'pokon'*[359] *dos séculos/dun século*, 'como que dende tempos inmemoriais']. En realidade, a expresión *как бы* [*como se*] traslada a situación descrita ou unha parte dela ó plano do irreal, pero se a propia situación ou os seus compoñentes non están claros, daquela tamén a operación de traslado á esfera do irreal resulta imposible. Nos exemplos das obras literarias de Dostoievski que se analizan posteriormente, o grao de admisibilidade do delimitador *как бы* [*como se*] en combinación cunha UF determínao, precisamente, a percepción da forma interna: se nos contextos (49), (51), (52) e (53) a combinación cun delimitador é totalmente normal, no exemplo (50) é menos admisible polo feito de que a imaxe da

[356] Para máis detalles, véxase Баранов 2007.
[357] N. do t.: Véxase a nota 35.
[358] É obvio que tamén hai outros factores que non permiten a utilización de delimitadores con UUFF. A estes pertencen, por exemplo, os contextos de uso performativo. As UUFF performativas non se poden utilizar con delimitadores, comp.: **как бы сколько лет - сколько зим* [**como se - cantos anos cantos invernos*, 'como se pasase moito tempo dende a última vez'] (saúdo); **как бы ваш покорный слуга* [**como que 'o seu humilde servente' (fórmula de cortesía)*] (despedida), **как бы [тебе что,] жить надоело?* [**como que (ti, que), fartácheste de vivir? (xa non tes ganas de vivir?)*] (ameaza), **как бы честное слово* [**como se - palabra de honra*] (xuramento).
[359] N. do t.: *'Ghughri-mughrí'* e *'pokon'* son compoñentes únicos en ruso.

UF *сбить с толку* [*derribar do sentido*, 'confundir, desconcertar'] é menos clara:

(49) Levantou o puño, axitándoo exaltadamente e ameazante por riba da cabeza e, de súpeto, deixouno caer para abaixo, enfurecido, ***как бы разбивая в прах*** [*como se esnaquizase en po*, 'fixese po'] o seu contrincante (*Demos*, Бесы).

(50) —Fóra, aínda é cedo! Espera ata que o chamen! Por que o trouxeron antes? —rosmou extremadamente enfadado Porfirii Petróvich, ***как бы сбитый с толку*** [*como se estivese derribado do sentido*, 'como se estivese confundido, desconcertado'] (*Crime e castigo*).

(51) ***Как бы себя не помня*** [*Como se non se lembrase de si mesmo*, 'como perdendo o control pola emoción'], ergueuse dun salto e, axitando os brazos, foi ó centro do cuarto, pero volveu rápido e volveu sentar xunta el, case tocándoo ombreiro con ombreiro (*Crime e castigo*).

(52) Contaban que naquela situación a súa nova muller manifestaba incomparablemente máis nobreza e grandeza ca Fedor Pávlovich, que, como é sabido agora, lle roubara a ela xa daquela, de contado, tódolos seus cartiños; nada menos que vinte e cinco mil, xusto nada máis recibilos ela, de xeito que aqueles milleiros foron para ela definitivamente ***как бы канули в воду*** [*como se caesen na auga*, 'desaparecesen completamente'] (*Os irmáns Karamázov*).

(53) O mozo foi abatido, comezou a sospeita-la mentira, o engano, ***почти вышел из себя и как бы потерял ум*** [*case saíu de si mesmo e como se perdese a razón*, 'case perdeu o control e como se tolease'] (*Os irmáns Karamázov*).

O último exemplo é particularmente interesante pola presenza de dúas UUFF con significados semellantes nos límites dunha oración, para cada un dos cales se emprega cadanseu lexema-delimitador.

Sinalaremos que o amplo emprego de delimitadores por parte de Dostoievski pódese contemplar coma un método máis de expresa-la idea de incerteza global, xa que calquera delimitador léxico reduce a responsabilidade do falante con respecto á proposición do enunciado.

O estudo da idiomática no marco dun corpus de textos —sendo este último significativo pero ó mesmo tempo de volume e método autorial restrinxidos—, permite ve-las diferentes dimensións de funcionamento das UUFF e suxire métodos para estudalas. Neste sentido, a investigación da idiomática de autor é importante non só para describi-las particularidades dun texto literario e o estilo do escritor, senón tamén para unha análise lingüística propiamente dita. O enfoque lingüístico habitualmente elixe a modo de punto de partida un aspecto da descrición das unidades lingüísticas, sen limitarse a si mesmo á elección dos datos. O enfoque orientado a un texto concreto ou a un grupo de textos, pola contra, limita o investigador no relativo ó material, pero a cambio require unha descrición multiaspectual. É precisamente nisto onde se ve a perspectiva propiamente lingüística da investigación da idiomática de Dostoievski.

Como xa se sinalou con anterioridade, Dostoievski, igual que calquera outro escritor,

ten unha preferencia por certas UUFF, ligadas seguramente tanto ó método de creación como á súa visión do mundo. Posteriormente analízanse dúas UUFF: *по крайней мере* [*pola medida extrema*, 'polo menos'] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*, 'polo menos'], a primeira das cales aparece con frecuencia nas obras de Dostoievski, mentres que no caso da segunda, pola súa semántica, ocorre o contrario: practicamente non se atopa nos seus textos.

10.3. Unha expresión de Dostoievski: *по крайней мере* [*pola medida extrema*] como «delimitador» da forza dunha proposición[360]

É frecuente estuda-las particularidades de uso da lingua dun escritor nun contexto teórico amplo. Dende o punto de vista do sistema, mesmo un grande escritor é, ante todo, un falante dunha lingua, comparable a outros falantes que non teñen ningunha relación con elaboradas creacións literarias. Ademais, non hai certeza ningunha de que o operador de instrumentos técnico-sanitarios Iván Ivánich estea menos interesado no uso da lingua ca L. N. Tolstoi ou F. M. Dostoievski. Outra cousa é o feito de que os falantes dunha lingua acaben resultando interesantes cada un dunha maneira diferente por como modifican a norma no proceso de uso desta. A identificación destas diferenzas e a formación dunha tipoloxía das desviacións individuais con respecto ó estándar tamén conforman o obxecto de estudo da lingüística de autor no seu conxunto (se é que se pode empregar este termo) e, sobre todo, da lexicografía de autor. Resulta evidente que con esta presentación do problema é pouco razoable limita-lo estudo da fala dun escritor unicamente ó estudo da lingua dos escritores, aínda que, ó estar fixada en textos escritos, de momento segue a se-lo obxecto de estudo máis cómodo.

Esta concepción ampliada dos obxectivos da lexicografía de autor require un conxunto de instrumentos de descrición universal. No noso caso, é natural recorrer á categoría da variabilidade (Bolinger 1980; Баранов, Паршин 1986), que permite clasifica-las particularidades de uso dun falante concreto da lingua coma determinadas desviacións dunha norma-prototipo. As características destas desviacións variables tamén ditan a tipoloxía do uso que un autor fai da lingua, a cal tamén se pode interpretar en función dos intereses do investigador: como base para estuda-lo estilo, o pensamento do escritor, o seu método creativo etc.

Esta actitude con respecto á lingua do autor presupón o cumprimento dunhas condicións que xa se trataron con anterioridade ó comezo deste capítulo: 1) coñécese (e está descrita) a norma ou ben o estado normal da lingua que é obxecto de investigación; 2) coñécese o límite entre a variabilidade normal e anormal; 3) ó estuda-los diferentes estratos temporais resulta evidente como foi cambiando a norma co paso do tempo. O cumprimento destas condicións (en realidade, mínimas) é moi difícil ó falarmos da lingua de F. M. Dostoievski, xa que non podemos ter opinións fundamentadas nin sobre a norma literaria nin sobre as particularidades lingüísticas dos xéneros daquela época.

[360] Este apartado baséase en Баранов 1996.

Todas estas complicacións aumentan dun xeito inconmensurable se falamos do léxico auxiliar e das UUFF funcionalmente próximas a el: malia o amplo estudo da semántica e da sintaxe das palabras auxiliares nas últimas décadas, os resultados obtidos non permiten afirmar que a semántica léxica estea na actualidade en condicións de ofrecer unha descrición semántica axeitada para cada unha das palabras auxiliares. Por iso mesmo a «norma» e o «estándar» no ámbito do léxico auxiliar non poden estar sempre, nin moito menos, apoiados pola correspondente descrición semántica, respecto á cal, estritamente falando, tamén se pode reflecti-la variabilidade: a admisible e a inadmisible.

Con anterioridade, na sección 3.2.2.3, propuxéronse os modelos de significado proposicional, topolóxico, discursivo e metafórico dos fraseoloxismos *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. As particularidades autoriais neste caso pódense explicar tanto pola variabilidade en cada un dos modelos existentes como pola elección dun modelo e a preferencia polo modelo elixido en comparación ós outros modelos á hora de explica-las particularidades de uso.

As diferenzas substanciais de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] nos textos literarios de Dostoievski manifféstanse xa na variabilidade da frecuencia de uso destas formas lingüísticas por parte do autor. A UF *по меньшей мере* [*pola medida menor*] non forma parte do léxico característico de Dostoievski, «non é a súa palabra», non é unha palabra de Dostoievski. En trinta e cinco textos literarios deste escritor atópanse só tres usos de *по меньшей мере* [*pola medida menor*]: dous en contextos «cuantitativos» habituais e un nun contexto máis propio de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]:

(54) Exactamente igual de imposible sería dilucidar na súa primeira visita se amaba a súa resignada e submisa muller ou non, mais el en realidade amábaa, e ela, por suposto, entendíao. Esta Marfa Ignátevna era unha muller non só non parva, senón, se cadra, mesmo máis intelixente có seu esposo, ***по меньшей мере*** [*pola medida menor*] máis sensata nas cousas cotiás, e, non obstante, ela sometíase a el con resignación e humildade dende o comezo mesmo do matrimonio, e respectábao indiscutiblemente coma o cumio da espiritualidade (*Os irmáns Karamázov*).

No exemplo (54) sería claramente máis afortunado *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. Se reflexionamos sobre o modelo discursivo, distinguimos facilmente a tese 'Marfa Ignátevna era unha muller non só non parva, senón, se cadra, mesmo máis intelixente có seu esposo' e o debilitamento desta tese na afirmación 'máis sensata nas cousas cotiás'. Noutras palabras, no caso que estamos a estudar, o falante móvese cara a unha tese máis segura e non se esforza en demostrar que en realidade a súa valoración da situación é peor do que di, o que sería esperable no caso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*].

En contraposición a *по меньшей мере* [*pola medida menor*], a UF *по крайней мере* [*pola medida extrema*] sen dúbida forma parte do léxico de Dostoievski. No caso desta locución, a concordancia ocupa máis de duascentas páxinas de texto. Segundo os datos do Corpus de literatura dos anos 60-90, a distribución das UUFF *по меньшей мере*

[*pola medida menor*] e *по крайней мере* [*pola medida extrema*] na literatura contemporánea en prosa é a seguinte: por cada uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] danse 7 de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. Nos textos literarios de Dostoievski atopámonos ante unha situación completamente diferente: por cada uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] danse 228,3 usos de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] (*по крайней мере*, 685 casos atopados en 35 textos literarios; *по меньшей мере*, 3 casos en 35 textos literarios). Poderíase pensar que no ruso da época de Dostoievski a distribución de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*] era precisamente así, é dicir, que a frecuencia de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] era radicalmente superior á de *по меньшей мере* [*pola medida menor*], mais non é así. Unha análise preliminar do corpus de textos de N. V. Gógol amosa que a diferenza na frecuencia destas unidades non é tan grande coma en Dostoievski: por cada uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] hai 83 de *по крайней мере* [*pola medida extrema*], véxase ó respecto Баранов 2000: 45. Aínda máis próxima á distribución actual están os datos do Corpus de literatura clásica rusa do século XIX compilado por N. V. Pávlovich. Se excluímos del os textos de Dostoievski, fronte a 1026 usos de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] hai 40 de *по меньшей мере* [*pola medida menor*], é dicir, a correlación é de 25,6 casos atopados de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] fronte a un de *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. É interesante o feito de que a distribución das unidades que estamos a estudar dependa claramente das características estilísticas do texto. Se na literatura actual a frecuencia de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] é maior cá de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] (7:1), no Corpus xornalístico actual a frecuencia de uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] aumenta: por cada uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] hai 4,3 de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. En xeral, no xornalismo o uso destas expresións está máis equiparado ca na literatura.

A análise de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] permite distingui-los dous tipos máis importantes de contextos de uso desta expresión nos textos literarios de Dostoievski, que se explican da maneira máis sinxela nun modelo discursivo. No primeiro tipo de contextos, *по крайней мере* [*pola medida extrema*] reduce a excesiva indeterminación da tese precedente. Isto é, en realidade, unha fuxida ó EXTREMO DA SEGURIDADE SALVADORA. A tese é introducida a miúdo por «intensificadores» da proposición que a reforzan, lexemas coma *вовсе* [*absolutamente*], *наверно* [*con seguridade*], *до чрезвычайности* [*extraordinariamente*], *чрезвычайно* [*extremamente*], *несомненно* [*sen dúbida*]. Con todo, no texto que aparece despois esa mesma tese debilítase coa axuda de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]. Estes usos pódense denominar **contrastivos**. En moitos casos, esta contraposición produce unha sensación de contradición: acaba de dicirse unha cousa e de contado case se afirma o contrario. Compárense contextos nos que se produce unha contradición en (55):

(55) **a.** Ela empezou a falar baixiño, pero con claridade, para toda a sala. Expresábase con <u>extrema</u> tranquilidade ou ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] esforzándose por estar tranquila (*Os irmáns Karamázov*). **b.** O señor

estaba coma todos, nel non había nada particular, pasou rápido pero mirou para Velcháninov fixamente e por algún motivo axiña atraeu a súa atención nun modo extremo. ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*] a súa cara resultoulle coñecida a Velcháninov (*O home eterno*).

As sucesións de lexemas intensificadores e lexemas limitadores[361] son moi características do estilo de Dostoievski e crean unha sensación de desleixo estilístico; así, no texto reflíctese con exactitude o proceso de pensamento humano no diálogo e na comunicación de fala espontánea coa impredicibilidade, flexibilidade e contradición externa que a caracterizan. Neste sentido, podemos dicir que Dostoievski é un xenio da modelación literaria do diálogo natural. Comp.:

(i) intensificador – *по крайней мере* [*pola medida extrema*] – intensificador:

(56) Daquela só tiña vinte anos (o seu irmán Iván tiña vinte e catro anos e o seu irmán máis vello, Dmitrii, vinte e oito). Antes de nada declaro que ese rapaz, Alexa, en absoluto era un fanático e eu creo que, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*], nin sequera un místico en absoluto (*Os irmáns Karamázov*).

(ii) limitador – intensificador – *по крайней мере* [*pola medida extrema*]:

(57) —Vostede está a preocuparse en van polo vello criado Grigorii Vasílev. Saiba vostede que está vivo, volveu en si e, malia a forte malleira, parece que vai quedar vivo sen dúbida, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] segundo o ditame do doutor (*Os irmáns Karamázov*).

(iii) limitador – intensificador – *по крайней мере* [*pola medida extrema*] – limitador – intensificador:

(58) Fédor Pávlovich rematou o seu té canto antes e pechouse só na casa. A súa espera era terrible e inquieta. O que acontece é que precisamente esa noitiña estaba a agarda-la chegada de Grúxeñka xa case con seguridade; ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] Smerdiákov, xa pola mañá cedo, case lle asegurara, que «eles sen dúbida prometeran vir» (*Os irmáns Karamázov*).

As cadeas de intensificadores e limitadores son moi heteroxéneas tanto pola combinatoria coma pola cantidade de elementos.

No segundo tipo de contextos, *по крайней мере* [*pola medida extrema*] aparece xunto a outras expresións limitadoras que reducen a forza da afirmación (*кажется* [*parece*], *чуть не* [*case*], *как бы* [*como se*]), reforzando o carácter indefinido da tese e reducindo a responsabilidade do falante con respecto á proposición. Estes contextos pódense denominar **non-contrastivos**:

[361] Os lexemas limitadores son *hedges* segundo G. Lakoff (Lakoff 1973). Trátase de lexemas coma *кажется* [*parece*], *по-видимому* [*polo que se ve*], *почти* [*case*], *частично* [*en parte*] etc. Ademais, resulta útil introduci-la categoría de unidades léxicas opostas: os «intensificadores» (*несомненно* [indubidablemente], *определенно* [*seguramente*], *точно* [*exactamente*], *абсолютно* [*absolutamente*] etc.), que se comportan semanticamente dun xeito oposto ós limitadores.

(59) **a.** Así, todo acontece sen a menor compaixón con respecto ao eclesiástico, pois en moitos casos aló xa nin sequera quedaron igrexas, senón que unicamente quedaron os cregos e os formidables templos, os propios templos hai xa tempo que aspiran a pasar de algo baixo, como é unha igrexa, a algo alto, coma o Estado, para desaparecer completamente nel. Así, parece que é, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*, 'polo menos'] nos países luteranos (*Os irmáns Karamázov*). **b.** Pero ó final decateime de que el mesmo era como se xa empezase a atormentarse polo desexo de revelarme algo. ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*] isto empezou a facerse moi visible aproximadamente un mes despois de que empezase a visitarme (*Os irmáns Karamázov*). **c.** Daquela —berra Lebiadkin— a moza rouboume setecentos rublos e quere recuperalos case por medio dunha orde policial, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] ameaza e peta ás portas de toda a cidade... (*Demos*, Бесы). **d.** Stepán Trofímovich esperábame cunha impaciencia histérica. Xa había unha hora que volvera. Atopeino como se estivese bébedo; os primeiros cinco minutos ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] pensei que estaba bébedo (*Demos*, Бесы). **e.** Todo conmovido, quedei onde estaba; despois, de súpeto, erguinme, collín o chapeu e saín, como se non estivese a entender. ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*] non sei para que nin a onde. Lukeria empezou a reparti-los abrigos (*A breve*, Кроткая).

Os dous grupos de contextos de uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] citados con anterioridade (os contrastivos —introdución dunha contradición— e os non contrastivos —reforzo da indeterminación da tese—) están dentro da norma, aínda que xa preto do seu límite. Non obstante, tamén existen numerosos contextos nos que o emprego de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] prodúcelle ó falante actual a sensación de que non se trata dun uso estándar, de que se infrinxen unhas regras semánticas e pragmáticas relacionadas con esta expresión. Estudarémo-los dous subgrupos máis representativos do conxunto de **usos non-estándar**.

A. Problemas de definición do conxunto *x, y, ... z* e complicacións na xustificación da clasificación do elemento *x*. Comp. (60) – (64).

(60) Aconteceu algo estraño: Iván Fédorovich de súpeto, coma nunha convulsión, mordeu os beizos e pechou os puños, un intre máis e, por suposto, lanzaríase enriba de Smerdiákov. Este ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] decatouse diso nese mesmo momento, estremeceuse e arredou todo o corpo cara a atrás (*Os irmáns Karamázov*).

No exemplo (60) hai tres posibilidades para ocupa-la posición do elemento elixido *x*: 'este [Smerdiákov]', 'iso [o perigo de que Iván Karamázov se poida lanzar enriba de Smerdiákov]' e 'decatouse'. Tódalas variantes resultan estrañas, pois non está completamente claro segundo que criterios se constrúe o conxunto *x, y, ... z*. Se no conxunto entra 'este [Smerdiákov]', entón a quen máis se está considerando, a Iván Karamázov? Pero se Smerdiákov se decatou do perigo, daquela Iván Karamázov xa «se decatou» exactamente do que está a facer. Con respecto a el apenas pode haber dúbidas neste sentido. Do modelo proposicional de *по крайней мере* [*pola medida extrema*]

despréndese que o elemento elixido é o candidato máis evidente para desempeña-la valencia *x* con respecto ó predicado *P*. En cambio, en (60) isto non é nada evidente. Se o elemento 'iso [o perigo de que Iván Karamázov se poida lanzar enriba de Smerdiákov]' forma parte do conxunto, entón como son os seus outros elementos: menos evidentes? Esta mesma pregunta xorde ó intentar reconstruír un conxunto segundo o elemento 'decatouse'.

A situación en (61) é análoga: Dmitrii Karamázov é a figura menos evidente dende o punto de vista da «entrada no clasicismo», e no exemplo ofrécese coma a variante máis evidente:

(61) E eu entón díxenlle: «Os Karamázov non son uns canallas, senón uns filósofos, porque tódolos verdadeiros rusos son filósofos, pero ti, aínda que chegaches a estudar, non es un filósofo, es un pailán». El ri, con malicia. E eu dígolle: «de *pensamentibus non est disputandum*, boa a ocorrencia, non si? ***По крайней мере*** [*pola medida extrema*] eu entrei no clasicismo» —ceibou unha gargallada de súpeto Mitia (*Os irmáns Karamázov*).

No exemplo (62) a elección de 'deuses' a modo de *x* dificulta a definición dos outros elementos do conxunto *x, y, ... z*, pois non está claro que poida ser 'máis alto cós deuses'. Compárese tamén (63):

(62) En non poucas ocasións acontece que un escritor ó que durante moito tempo lle atribuíron unha gran profundidade de ideas e do que esperaban unha influencia extrema e seria na sociedade, cara ó final amosa unha febleza e unha miudeza tales na súa ideíña principal que xa ninguén nin sequera se lamenta de que se puidese esgotar tan pronto coma escritor. Pero os velliños grises non se decatan diso e enfádanse. O seu amor propio, xustamente cara á fin da súa carreira, toma ás veces dimensións dignas de abraio. Deus sabe por quen empezan a tomarse... ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] por deuses (*Demos*, Бесы).

(63) —E as relacións, sexan como sexan, prodúcense ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] de un en un e non en compañía de vinte descoñecidos! —espetou o coxo (*Demos*, Бесы).

B. O segundo gran grupo de usos non-estándar está relacionado coa infracción das restricións sintácticas, con aqueles casos nos que *по крайней мере* [*pola medida extrema*] altera a orde do compoñente, comp. (64):

(64) a. E seica agora é o mesmo ca antes? Agora púxoselle fin, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] a <u>unha pantasma</u>, a un monstro: esta persoa súa «anterior», indiscutible, fatal, desapareceu sen deixar pegada (*Os irmáns Karamázov*). b. Así que aí estaba o paquete ese que eles tiñan no recanto, detrás das iconas. Sería ridículo telo debaixo do colchón, ***по крайней мере*** [*pola medida extrema*] <u>nunha caixiña baixo chave</u>. En cambio aquí todos creron que estaba debaixo do colchón. Unha opinión ben estúpida (*Os irmáns Karamázov*).

***

A desproporción da frecuencia entre *по крайней мере* [*pola medida extrema*] e *по меньшей мере* [*pola medida menor*], así coma as funcións de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] que estudamos nos textos literarios de F. M. Dostoievski, indican con certeza algunhas orientacións creativas deste escritor. Se nos resistimos á tentación de atribuí-la preferencia de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] a serios fundamentos ideolóxicos, entón unicamente se pode dicir que Dostoievski ten unha clara preferencia pola descrición da conversa espontánea, na que o uso de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] é moito máis axeitado có de *по меньшей мере* [*pola medida menor*]. Ademais, Dostoievski céntrase nun protagonista reflexivo, a miúdo mesmo extremadamente reflexivo, pero esta reflexión vai da man dunha continua revisión crítica dos propios xuízos. Así, neste caso, a diminución da forza da afirmación precedente mediante *по крайней мере* [*pola medida extrema*] resulta completamente natural. Por outra banda, o uso de *по меньшей мере* [*pola medida menor*] non encaixa coa reflexión e co diálogo cotián, xa que é unha expresión demasiado estrita e segura, demasiado «científica». Esta UF axuda a reafirmar unha idea, máis ca debilitala. O discurso coloquial cotián é difícil de compaxinar co científico.

Se nos deixamos levar un pouco pola fantasía, poderíase ir máis lonxe, relacionando a gran frecuencia de *по крайней мере* [*pola medida extrema*] cunha visión específica da realidade, propia de Dostoievski, e mesmo cun particular modelo nacional do mundo fixado na lingua rusa etc. Neste caso, son admisibles afirmacións coma: para Dostoievski todo o que existe é demasiado complexo, todo «ten dous extremos» (véx. a sección 10.2), e non permite unha interpretación inequívoca. Ó falar do que non se pode, é natural empregar medios léxicos que reduzan a forza e a determinación da tese. *По меньшей мере* [*pola medida menor*], ó ser menos exacta, non responde a esta directriz creativa, mentres que *по крайней мере* [*pola medida extrema*] é totalmente axeitada para tal concepción da realidade.

10.4. A fraseoloxía d'*A dama de picas* de Púxkin[362]

10.4.1. Obxectivos da investigación

Esta sección está dedicada á exposición e descrición das particularidades características do funcionamento de diferentes tipos de fraseoloxismos —colocacións e UUFF— na prosa literaria de Púxkin. A análise lévase a cabo principalmente con material d'*A dama de picas*; en casos particulares tamén recorremos a outras obras de Púxkin. O obxectivo principal desta sección non consiste en revela-las características específicas do uso do léxico por parte do autor, senón na comparación dos fraseoloxismos da época de Púxkin cos seus equivalentes na actualidade. Noutras palabras, o punto de partida do estudo é o uso actual, é dicir, as particularidades de uso dos fraseoloxismos (colocacións e UUFF) na prosa de Púxkin non se determinan con respecto ás normas das tres primeiras décadas do século XIX, senón con respecto ó momento actual.

[362] Neste apartado utilízase o material dos artigos Добровольский 2001, 2003, 2005б.

As diferenzas na valoración das expresións dende o punto de vista da norma dos anos 30 do século XIX e dende o punto de vista da norma actual pódense ilustrar coa axuda de expresións fixas coma *возлагать надежды на кого-л./что-л* [*depositar esperanzas sobre alguén/algo*]. En Púxkin esta colocación[363] está presente coa forma *полагать надежду на что-л.* [*poñer esperanzas sobre alguén/algo*]; comp. (65):

(65) Ela describiulle a barbarie do marido da maneira máis negativa e ó final dixo que ***всю свою надежду полагает*** [*poñía toda a súa esperanza*] na súa amizade e amabilidade (*A dama de picas*).

No traballo de V. V. Vinográdov, «O estilo d'*A dama de picas*», indícase que tales expresións (ó seren calcos xa asimilados do francés) «parecen arcaísmos unicamente dende o punto de vista da lingua literaria actual» (Виноградов 1980: 237), mentres que os contemporáneos de Púxkin non as percibían coma expresións alleas ó marco do uso literario común[364]. Na opinión de Vinográdov, n'*A dama de picas* «Púxkin simplemente fai uso daqueles recursos literarios 'de estilo francés', que cara ós anos 30 do século XIX xa deixaran de ser percibidos coma calcos [...]» (op. cit.).

Dende o punto de vista do uso da lingua na actualidade, estas expresións percíbense coma elementos do texto marcados e valóranse ben coma claros calcos do francés, ben coma arcaísmos. Esta percepción débese a desviacións concretas das regras de combinación léxica en vigor hoxe en día. Así, no exemplo (65) infrínxense, dende o punto de vista do uso actual, polo menos tres regras da combinación léxica válidas na actualidade:

(a) A colocación correspondente coa palabra de apoio *надежда* [*esperanza*] require o verbo *возлагать* [*depositar*] e non *полагать* [*poñer*]. En termos do aparato de funcións léxicas (véx. Жолковский, Мельчук 1967) no ruso moderno, o $Oper_1$ do substantivo *надежда* [*esperanza*] exprésase por medio do verbo *возлагать* [*depositar*].

(b) substantivo de apoio da estrutura desta colocación emprégase máis a miúdo en plural: comp. *возлагать надежды* [*deposita-las esperanzas*] e o menos usual ?*возлагать надежду* [?*deposita-la esperanza*]. Véx., non obstante, os contextos actuais: *Генпрокурор* ***возлагает надежду*** *на предстоящие изменения в законе о прокуратуре* [*O procurador xeral* ***deposita a esperanza*** *nos inminentes cambios na lei sobre a fiscalía*]; *Гораздо* ***большую надежду*** *Владимир Попов* ***возлагает*** *на скорое принятие* [*Vladímir Popov* ***deposita unha esperanza*** *bastante máis grande*

[363] Lembraremos que por colocacións se entenden os fraseoloxismos de baixa idiomaticidade que teñen unha estrutura de combinación de palabras, nos cales o principal compoñente semántico se utiliza co significado literal (véx.con máis detalle o capítulo 2).

[364] Compárense ademais nesta serie expresións coma [...] ***сделала знак*** *молодому человеку* [***fixolle un sinal*** *ó mozo*]; *Этот эпизод* ***возмутил*** [...] ***торжественность*** *мрачного обряда* [*este episodio* ***indignou*** (...) ***a solemnidade*** *do sinistro ritual*]; para máis detalles, véxase Vinográdov 1980: 237. A orixe francesa destas combinacións de palabras faise particularmente evidente na comparación d'*A dama de picas* coa tradución de Prospère Mérimé. Traducidas literalmente, estas expresións resultan totalmente usuais en francés: *он ее боялся, как огня* [*el tiña medo dela coma do lume*] – *il la craignait comme le feu*; *сделала знак молодому человеку* [*fixolle un sinal ó mozo*] – *fit un signe au jeune officier* (Виноградов 1935: 311).

nunha pronta aceptación]; ***Большую надежду*** *республика, по словам Бакая,* ***возлагает*** *на Туркменистан* [*A república, segundo as palabras de Bakai,* ***deposita unha grande esperanza*** *en Turkmenistán*]; *В связи с этим* ***большую надежду*** *министр внутренних дел* ***возлагает*** *на Русскую православную церковь* [*En relación a isto, o ministro do interior* ***deposita unha grande esperanza*** *na Igrexa ortodoxa rusa*].

(c) Finalmente, *возлагать надежды* [*deposita-las esperanzas*] non se combina ben con palabras coma *дружба* [*amizade*] e *любезность* [*amabilidade*]. As combinacións máis frecuentes e admisibles no uso son as do tipo *возлагать надежды на своих учеников/на их талант* [*deposita-las esperanzas nos seus alumnos/no seu talento*].

As características específicas da percepción da prosa de Púxkin por parte dun lector capacitado están predeterminadas, entre outras cousas, por este tipo de desviacións das normas de combinación léxica actuais, en particular polos cambios na estrutura das colocacións. Adiantando un pouco os acontecementos, sinalaremos que os cambios na estrutura das UUFF empregadas por Púxkin non resultaron tan significativos —en contra da tan estendida opinión que di que a idiomática é o compoñente máis dinámico do sistema léxico (*vide infra*). Por este motivo, nesta sección dedícaselles unha atención especial ás colocacións.

Nesta sección non se fai unha interpretación do contido d'*A dama de picas*. Considerando que sobre a prosa literaria de Púxkin e, sobre todo, sobre *A dama de picas* se escribiu unha gran cantidade de textos de teoría literaria[365], resulta razoable limitarse ás tarefas puramente lingüísticas. Antes de pasar á análise de exemplos concretos, convén deterse brevemente no concepto de combinabilidade léxica, xa que esta categoría lingüística é fundamental para a descrición científica das colocacións.

10.4.2. Sobre o concepto de combinabilidade léxica

Na lingüística actual distínguense dous tipos de combinabilidade de lexemas: **semántica** e **léxica** (Апресян 1995б). A combinabilidade semántica é predicible a partir do significado da palabra. Calquera particularidade da combinabilidade semántica que sexa relevante para a percepción actual dun texto pode ser descrita mediante a definición dos correspondentes lexemas (igual que se fixo nalgúns casos no SIAP), ou ben mediante indicacións explícitas sobre as restricións combinatorias a modo de clases semánticas. Diferente é o asunto da combinabilidade léxica, a cal non se deduce do significado e non se pode describir a partir de regras xerais. Compárese a imposibilidade de explicar en termos semánticos o feito de que en ruso se diga *взять реванш* [*colle-lo desquite*, 'vingarse'] e *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*, 'vencer'], e non **одержать реванш* [**prevalece-lo desquite*, 'vingarse'] e **взять победу* [**colle-la vitoria*, 'vencer']. As expresións fixas deste tipo, denominadas 'colocacións' na bibliografía especializada (ou, na terminoloxía de V. V. Vinográdov, 'combinacións fraseolóxicas'), son os exemplos máis típicos de combinabilidade

[365] Comp., por exemplo, a bibliografía en Schmidt 1997.

léxica. A súa descrición científica prodúcese por medio do aparato das funcións léxicas. Isto refírese, en primeiro lugar, ás colocacións cunha estrutura de grupo verbal, comp. o exemplo (65).

A combinabilidade léxica, naturalmente, non se limita ás colocacións, senón que inclúe calquera restrición para a combinación de palabras non motivada semanticamente, así coma as restricións fixadas no uso. Comp., por exemplo, (66) e (67):

(66) A ela [á condesa] coñeceuna un pouco unha persoa ***очень замечательный*** [*moi excelente*] (*A dama de picas*).

(67) —Por quen sabe todo iso? —preguntou ela rindo. —Polo amigo dunha persoa que vostede coñece —respondeu Tomskii—, unha persoa ***очень замечательного*** [*moi excelente*] (*A dama de picas*).

Conforme ó estipulado polas normas actuais, o MAGN da palabra *замечательный* [*excelente*] non se pode expresar por medio do adverbio *очень* [*moi*]. Tamén resulta desafortunada estilisticamente a combinación deste adxectivo con outros adverbios MAGN, comp. ??*крайне/чрезвычайно замечательный* [??*extremadamente/excesivamente excelente*]. Máis admisibles resultan combinacións de palabras coma ?*весьма/совершенно замечательный* [?*moi/totalmente excelente*]. Compárense os contextos actuais: *Глупо отрицать изначальное дарование Евтушенко,* ***весьма замечательное****, сильное и свежее* [*É estúpido nega-lo talento orixinal de Evtuxenko,* ***moi excelente****, forte e fresco*] (Corpus xorn.); *Есть люди хорошие, есть очень хорошие, и есть некоторое количество замечательных людей, редко попадаются* ***весьма замечательные****, и, наконец, среди* ***весьма замечательных*** *людей может попасться* ***совершенно замечательный*** *человек* [*Hai xente boa, hai xente moi boa e hai unha certa cantidade de xente excelente, unha que raramente se atopa que é* ***moi excelente*** *e, finalmente, entre a xente* ***moi excelente*** *pódese atopar unha persoa* ***totalmente excelente***] (D. Granin. *O bisonte*, Зубр). Sinalaremos que o primeiro destes contextos non é o ideal dende un punto de vista estilístico e o segundo non é totalmente neutral, xa que nel se produce conscientemente unha oposición gradual: *excelente – moi excelente – totalmente excelente*. Agora ben, é obvio que a combinabilidade da palabra *excelente* co MAGN resulta bastante selectiva. Por exemplo, a combinación de palabras *в высшей степени замечательный* [*excelente na maior medida*] resulta perfectamente admisible segundo o uso actual[366]. Neste sentido —polo menos nunha interpretación puramente sincrónica— pódese falar neste caso de combinabilidade léxica máis ca de semántica, dado que no caso contrario non estarían permitidas as combinacións deste adxectivo con calquera intensificador semi-sinónimo da palabra *очень* [*moi*]. Non obstante, dende un punto de vista diacrónico, moito do que se presenta coma arbitrario e puramente casual sincronicamente, a miúdo ten unha motivación máis ou menos semántica. Tales

[366] O adxectivo *замечательный* [*excelente*] tamén se combina libremente con MAGN «no límite» do tipo *самый* [*mesmo*], adxectivo empregado para forma-lo superlativo en ruso. Nestes casos ten lugar unha interacción dos significados en principio diferente, que pertence inequivocamente ó campo da combinabilidade semántica.

cuestións, estritamente falando, exceden as marxes da problemática que está a ser tratada, polo que só nos deteremos brevemente nalgunhas delas utilizando o exemplo de combinabilidade da palabra *замечательный* [*excelente*]. Ademais, isto é conveniente aínda que sexa unicamente polo feito de que os exemplos (66) e (67) precisan explicacións adicionais de orientación diacrónica.

> **Nota.** Nos exemplos (66) e (67), o adxectivo *замечательный* [*excelente*] non é utilizado co significado máis habitual hoxe en día de 'moi bo, excelente', senón co significado arcaico de 'curioso, inusual, digno de atención'; comp. *замечательная физиономия* [*unha curiosa fisionomía*] n'*O idiota* de Dostoievski: *В одном из вагонов третьего класса, с рассвета, очутились друг против друга, у самого окна, два пассажира – оба люди молодые, оба почти налегке, оба не щегольски одетые, оба с довольно* ***замечательными физиономиями*** *и оба пожелавшие, наконец, войти друг с другом в разговор* [*Nun dos vagóns de terceira clase, ó raia-lo día, atopáronse un fronte ó outro, xunta á ventá mesma, dous pasaxeiros: ámbolos dous novos, ámbolos dous case sen equipaxe, vestidos sen elegancia, con* ***fisionomías*** *bastante* ***curiosas****; ámbolos dous quixeron, finalmente, iniciar unha conversa un co outro*].
>
> Os cambios que se produciron na semántica implicaron modificacións na combinabilidade. A palabra *замечательный* [*excelente*] co seu significado anterior podíase atopar no campo de acción de modificadores que indican o grao de manifestación dun trazo coma *довольно* [*bastante*] e *очень* [*moi*]. Non obstante, se interpretamos *замечательный* coma 'excelente', daquela as combinacións de palabras *довольно замечательный* [*bastante excelente*] e *очень замечательный* [*moi excelente*] resultan semanticamente inadmisibles. O significado de 'moi bo' non se podería modificar por medio de *довольно* [*bastante*], xa que o propio significado deste adverbio entraría en contradición co compoñente semántico 'moi'. Así mesmo, os intensificadores de alto grao[367] coma *очень* [*moi*] tampouco poden actuar neste caso en calidade de modificadores do grao de manifestación dun trazo, porque o significado de 'moi' xa está «incluído» no significado real da palabra *замечательный* [*excelente*]. A combinación de palabras *очень замечательный* [*moi excelente*] resulta correcta se a interpretamos no sentido de 'notable en alto grao'. Deste xeito, o significado que a palabra *замечательный* [*excelente*] ten hoxe en día permite unicamente a súa combinación con intensificadores de grao extremadamente alto (*Intensivierer der extrem hohen Stufe* segundo van Os 1989), comp. *в высшей степени замечательный* [*excelente en grao sumo*], xa que neste caso existe un aumento de significado determinado. Naturalmente, esta explicación non resulta universal, posto que non tódolos intensificadores de grao extremadamente alto son admisibles no uso neste tipo de combinacións; véx. as combinacións de palabras analizadas previamente ?*чрезвычайно замечательный,* ?*крайне замечательный*

[367] Segundo a clasificación de intensificadores en van Os 1989.

[?*extremadamente/excesivamente excelente*][368]. Isto demostra unha vez máis que non se poden atopar explicacións semánticas en tódolos casos nos que non se permite a combinación do adxectivo *замечательный* [*excelente*] (véxase con máis detalle Добровольский 2005в).

Por moi selectiva e impredicible que resulte ó final a combinabilidade deste adxectivo co MAGN, a combinación *очень замечательный* [*moi excelente*] non se pode considerar unha colocación, xa que unha das condicións obrigatorias para clasificar unha combinación de palabras coma colocación é a presenza na súa estrutura dunha palabra única (coma *грецкий орех* [*noz grega*, 'noz']) e/ou reinterpretada (é dicir, semanticamente «baleirada» ou metaforicamente reinterpretada, comp. *принимать решение* [*tomar unha decisión*] e *зерно истины* [*un gran de verdade*, 'un mínimo de verdade']). No caso de *очень замечательный* [*moi excelente*], ámbolos dous compoñentes utilízanse cos seus «principais» significados literais malia o seu carácter non-estándar.

Tampouco se pode considerar unha colocación a combinación *ветреное тщеславие* [*frívola vaidade*] no seguinte contexto: [...] *но молодые люди, расчетливые* ***в ветреном своем тщеславии****, не удостаивали ее внимания, хотя Лизавета Ивановна была сто раз милее наглых и холодных невест, около которых они увивались* [(...) *pero a xente nova, circunspecta* ***na súa frívola vaidade****, non lle prestaba atención, aínda que Lizabeta Ivánovna era cen veces máis agradable cás insolentes e frías mozas ás que eles lles facían as beiras*] (*A dama de picas*). No uso actual da lingua, esta combinación, que non é unha colocación, é moi inusual, pois o adxectivo *ветреный* [*ventoso; baleiro, superficial, frívolo*] hoxe en día combínase ou ben para describir unha persoa (*ветреный человек* [*persoa ventosa*, 'persoa superficial, frívola, coa cabeza baleira']) ou ben con palabras tales coma *поступок* [*acto, acción*]. Ademais, é difícil establecer unha clase semántica para este tipo de combinacións, xa que implica realizar unha descrición de casos semellantes dende o punto de vista da combinabilidade léxica.

Na presente sección limitarémonos á análise das colocacións, xa que as combinacións de palabras coma *очень замечательный* [*moi excelente*] e *ветреное тщеславие* [*frívola vaidade*] evidentemente non pertencen ó ámbito da fraseoloxía. No campo da descrición, inclúense ante todo as combinacións fraseoloxizadas fixas de lexemas (colocacións) que se atopan n'*A dama de picas* e que se perciben coma non-estándar no ruso moderno (aquelas cuxo carácter non-estándar non se deduce directamente dos significados dos seus compoñentes), así coma tamén UUFF (comp. 10.4.4). Pola contra, quedan fóra do campo da descrición aquelas combinacións de palabras non-fraseolóxicas que infrinxen as normas actuais de combinabilidade léxica e combinacións de palabras coma *измениться неизъяснимо* [*cambiar de maneira inexplicable*] no contexto (68):

[368] Comp. en relación a isto o típico exemplo alemán *ein äußerst bemerkenswerter Film* (*unha película extremamente notable*), o cal demostra que o alemán *bemerkenswert* se corresponde máis ben co significado de partida do ruso *замечательный* [excelente] ou co emprego actual do adxectivo *примечательный* [*notable*].

(68) De súpeto, esta faciana morta ***изменилось неизъяснимо*** [*cambiou de maneira inexplicable*] (*A dama de picas*).

Na época de Púxkin, o adverbio *неизъяснимо* [*de maneira inexplicable*] non só posuía o significado que se mantivo ata o día de hoxe de 'de xeito que é difícil expresalo con palabras', senón tamén o significado que xa caeu en desuso de 'inusualmente, excepcionalmente' (SIAP). En consecuencia, en casos semellantes non nos atopamos ante unha combinación léxica, senón semántica. Véx. tamén os exemplos de uso do verbo *следовать* co significado de 'seguir' (69), de *доставить* co significado de 'dar, subministrar; traer' (70), de *назначить* co significado de 'denominar' (71) e de *оказать* co significado de 'manifestar, atopar' (72):

(69) [...] e mentres tanto el pasaba noites enteiras sentado detrás das mesas onde se xogaba ás cartas e ***следовал*** [*seguía*] cun estremecemento febril os diferentes xiros do xogo (*A dama de picas*).

(70) Non! Cálculo, moderación e laboriosidade: velaquí as miñas cartas seguras, o que triplica o meu capital e me ***доставит*** [*subministra*] acougo e independencia! (*A dama de picas*).

(71) —E pódeme vostede —continuou Hermann—, ***назначить*** [*denominar*] esas tres cartas seguras? (*A dama de picas*).

(72) Ante a visión da pistola, a condesa ***оказала*** [*experimentou*] por segunda vez un forte sentimento (*A dama de picas*).

Malia a aparente claridade da contraposición da combinación léxica e semántica, nalgúns casos non é tan sinxelo traza-la fronteira entre elas, especialmente se se trata do uso arcaico dunha palabra. Así, nos contextos (70) e (72) a elección do verbo pódese explicar, por unha banda, polo seu significado e, pola outra, como o resultado do uso das combinacións fixas de palabras *доставить кому-л. покой и независимость* [*subministrarlle (proporcionarlle) a alguén acougo e independencia*] e *оказать сильное чувство* [*prestar, dar (experimentar) un forte sentimento*]. Dun xeito análogo, os seus equivalentes actuais *обеспечить/принести кому-л. покой и независимость* [*proporcionar/traerlle a alguén acougo e independencia*] e *обнаружить сильное чувство* [*atopar (experimentar) un forte sentimento*] pódense considerar combinacións de lexemas relativamente fixas, próximas ás colocacións, nas que a elección do verbo está motivada non só polo seu significado, senón tamén polo seu uso. Tendo en conta as complexidades que xorden obxectivamente na análise de textos bastante afastados no tempo, no sucesivo tamén analizaremos algúns destes casos conflitivos.

10.4.3. Tipos de colocacións non-estándar

Intentaremos mostra-los tipos básicos das colocacións que conteñen desviacións con respecto ás normas actuais da combinabilidade léxica. Para facilita-la descrición, estudaremos de maneira separada as colocacións que presentan unha estrutura de grupos verbais e nominais e, na parte final desta sección, analizaremos algúns casos especiais.

10.4.3.1. Colocacións con estrutura de grupo verbal

Empezaremos polos grupos verbais (GV). Un trazo específico das colocacións con estrutura de GV é a presenza dun verbo «baleirado» semanticamente combinado cun substantivo «de apoio», portador do significado léxico principal da colocación. Denominaremos estes verbos **funcionais** (comp. a denominación que se adoptou na lingüística alemá: *Funktionsverben*).

10.4.3.1.1. Citaremos aqueles exemplos máis característicos nos que os cambios das normas de combinabilidade afectaron a elección do verbo funcional:

(73) A condesa tiña o costume de ***делать вопросы*** [*facer preguntas*] na carroza a cada minuto [...] (*A dama de picas*).

A combinación *делать вопросы* [*facer preguntas*] é un claro galicismo (comp. *faire des questions* na tradución de Prospère Mérimé)[369]; no ruso moderno con este significado utilízase a colocación *задавать вопросы* [*dar preguntas*] (véx. tamén a nota a rodapé número 27). Convén sinalar que a forma estándar desta colocación tamén aparece nos textos de Púxkin; comp. os exemplos (74):

(74) **a.** Se es coma a túa familia, daquela es un literato (fai o favor, non poeta): escríbeme sobre as novidades da nosa literatura; que é iso da Creación do mundo de Milónov? Que fai Katenin? Era el quen lle ***задавал вопросы*** [*daba preguntas*] a Voeikov n'*O fillo da patria* do ano pasado? Quen vai contra nós? (a L. S. Púxkin e O. S. Púxkina o 27 de xullo de 1821). **b.** Trouleiro ruín, desterrado sen esperanza, / ti seducíche-la beleza de María a tenra / e atréveste a ***вопросы задавать***! [*darme preguntas!*] (*Gavriiliada*, Гавриилиада).

Noutras palabras, no exemplo (73) pode que se reflicta conscientemente o estilo da fala do personaxe, similar a un estilo indirecto impropio. Por outra parte, en xeral a colocación *делать вопросы* [*facer preguntas*] é típica da literatura da primeira metade do século XIX. Compárense os seguintes exemplos característicos: *Дело было ясно, но товарищ прокурора так же, как и вчера, поднимая плечи,* ***делал*** *тонкие* ***вопросы****, долженствовавшие уловить хитрого преступника* [*O asunto estaba claro, pero o camarada do fiscal, igual có día anterior, levantando as mans* ***facía*** *sutís* ***preguntas*** *que tiñan que caza-lo astuto delincuente*] (L. Tolstoi. *Resurrección*, Воскресенье); *Впрочем, приезжий* ***делал*** *не всё пустые* ***вопросы*** [*Ademais, o forasteiro* ***facía preguntas*** *non totalmente inútiles*] (N. Gógol. *Almas mortas*, Мертвые души); – *Юрий... и ты смеешь* ***делать*** *такие* ***вопросы****!...* [*Iurii... ti tamén sabes* ***facer*** *cada* ***pregunta****!...*] (M. Lérmontov. *A princesa Ligóvskaia*, Княгиня Лиговская).

No exemplo (75) utilízase a colocación *попробовать счастия* [*intentar sorte*] sinalada no SIAP coma combinación fixa de palabras que se viu desprazada pola colocación *попытать счастья* [*probar sorte*] (*MAS*):

[369] Por exemplo: «En voiture, la comtesse avait l'habitude de *faire* sans cesse *des questions* [...]» (Mérimée 1931: 53).

(75) «E que pasaría —pensaba el ó día seguinte á noitiña, dando voltas por San Petersburgo—, que pasaría se a vella condesa me desvelase o seu segredo?!... ou se me asigna esas tres cartas seguras?! Por que non ***попробовать своего счастия***? [*intenta-la miña sorte?*] Presentarme a ela, ***подбиться в ее милость***... [*golpearme por debaixo na clemencia dela...*, 'gaña-lo seu favor'] se cadra facerme o seu amante [...]» (*A dama de picas*).

No uso normativo, a forma actual *попытать счастья* [*probar sorte*] non permite a utilización de pronomes posesivos coma *своего* [*miña*]. Comp. tamén a combinación de palabras *составить счастье* [*compoñe-la felicidade*, 'facer feliz alguén'] en (76):

(76) —Vostede pode —proseguiu Hermann— ***составить счастие*** [*compoñe-la felicidade*] da miña vida e iso non lle vai custar nada: eu sei que vostede pode adiviñar tres cartas seguidas... (*A dama de picas*).

O contexto (77) contén outro exemplo dunha colocación arcaica ou puramente de autor coma a anterior *подбиться в чью-л. милость* [*golpearse por debaixo na clemencia de alguén*] (comp. a actual *добиться чьей-л. Милости* [*adquiri-lo favor de alguén*]):

(77) Saint-Germain púxose a pensar. «Eu pódolle facer un favor prestándolle esta suma —dixo el—, pero sei que non vai estar tranquilo ata que non ma devolva, e non querería ***вводить*** вас ***в новые хлопоты*** [*introducilo en novas trasfegas*, 'causarlle máis complicacións']. Hai outra solución: vostede pode desquitarse. [...]» (*A dama de picas*).

A combinación de palabras *вводить кого-л. в хлопоты* [*introducir alguén en trasfegas*] non é normativa no ruso moderno: pódese *вводить кого-л. в расход* [*introducir alguén nun gasto*, 'causarlle un gasto a alguén'] ou *причинять кому-л. хлопоты* [*causarlle trasfegas a alguén*, 'causarlle problemas a alguén']. A combinación de palabras de tipo proposicional *молчание царствовало* [*reinaba o silencio*] (78) está próxima ás colocacións con estrutura de GV; esta combinación caeu en desuso e foi desprazada por *молчание царило*[370] [*reinaba o silencio*], máis frecuente hoxe en día. O verbo *царствовать* [*reinar*] tamén se atopa noutras obras de Púxkin en prosa con esta función, comp. (79):

(78) Hermann colleu unha carta e púxoa na mesa, tapándoa cunha morea de billetes. Aquilo parecía un duelo. Arredor ***молчание царствовало*** [*reinaba un silencio*] profundo (*A dama de picas*).

(79) Malia as predicións, os baxkirios non se amotinaron. Arredor da nosa fortaleza ***спокойствие царствовало*** [*reinaba a tranquilidade*] (*A filla do capitán*, Капитанская дочка).

10.4.3.1.2. Nalgúns casos, a peculiaridade das colocacións verbais non se explica pola elección do verbo funcional, senón polo carácter inusual do substantivo de apoio, comp. (80):

[370] N. do t.: Trátase doutro verbo que ten unha forma similar e o mesmo significado de «reinar».

(80) A condesa estaba visiblemente turbada. Os seus trazos reflectían o forte movemento da súa alma, pero pronto ***впала в прежнюю бесчувственность*** [*caeu na insensibilidade anterior*, 'volveu á insensibilidade anterior'] (*A dama de picas*).

O verbo *впасть* [*caer en*] hoxe en día combínase de maneira estándar con nomes que designan determinados estados mentais, comp. *впасть в депрессию* [*caer en depresión*], *впасть в маразм* [*caer no marasmo*], *впасть в состояние чего-л* [*caer nun estado de algo*] (por exemplo, *в состояние полнейшей апатии* [*nun estado de completa apatía*]). O substantivo *бесчувственность* [*insensibilidade*], en si mesmo bastante inusual na lingua actual, non se combina con este verbo.

Merecen especial atención aqueles casos nos que o compoñente nominal da colocación presenta unha fixación determinada de número (úsase ben no singular ou ben no plural). De non respectar estas restricións de número, a colocación no seu conxunto percíbese coma anómala. Citaremos exemplos:

(81) Lizabeta Ivánovna estaba sentada no seu cuarto, aínda cos seus atavíos de baile, mergullada en profundas reflexións. Cando chegou á casa apresurouse a despedi-la criada que lle ***предлагавшую свою услугу*** [*ofrecía o seu servizo*], que estaba durmida (*A dama de picas*).

As normas actuais só permiten o uso desta GV na forma *предлагать (свои) услуги* [*propoñe-los (seus) servizos*]. O singular sería axeitado unicamente no caso de que se tratase dun servizo concreto, coñecido por tódolos participantes da situación. Sinalaremos que é conveniente considerar esta combinación de palabras coma unha colocación, en parte debido ás restricións relativas ó número gramatical do compoñente nominal. De feito, a combinación do substantivo *услуги* [*servizos*] co verbo *предлагать* [*propoñer*] en si mesma é semanticamente transparente e, de non haber restricións adicionais impostas polo uso e relativas ó emprego dos seus compoñentes, poderíase considerar coma totalmente libre, é dicir, coma unha combinación de palabras non-fraseolóxica. Compárase un caso semellante, o (82):

(82) Lizabeta Ivánovna levantouse, tirou a chave da cómoda, entregoulla a Hermann e ***дала наставление*** [*deulle unha instrución detallada*] (*A dama de picas*).

Así mesmo, na actualidade a colocación *дать кому-л. наставления* [*darlle unha instrución a alguén*] require o plural do compoñente nominal.

10.4.3.2. Colocacións con estrutura de grupo nominal. As colocacións con estrutura de grupo nominal (GN) que se atopan n'*A dama de picas* tamén presentan desviacións das normas actuais de combinabilidade. Coma exemplo de GN pode servir *чистые деньги* [*cartos limpos*] co significado de 'cartos en metálico, en efectivo'; comp. (83) e (84):

(83) En Moscova constituíuse unha sociedade de ricos xogadores baixo a presidencia do célebre Chekalinskii, quen pasou todo o século detrás das

cartas e adquiriu no seu día millóns gañando letras de cambio e perdendo ***чистые деньги*** [*cartos limpos*] (*A dama de picas*).

(84) [...] eu non dou xogado ás cartas doutro xeito que non sexa con ***чистые деньги*** [*cartos limpos*] (*A dama de picas*).

Na actualidade, no ruso moderno, *чистые деньги* [*cartos limpos*] ten o significado de 'cartos gañados dunha maneira honesta'[371]. Compárese tamén a combinación de palabras *неподвижная идея* [*idea inmóbil*, 'idea fixa'] en (85), calco do francés (*idée fixe*), que se viu desprazada co tempo pola colocación *идея фикс* [*idea fixa*]:

(85) Na natureza moral non poden existir conxuntamente dúas ***неподвижные идеи*** [*ideas inmóbiles*], do mesmo xeito que no mundo físico dous corpos non poden ocupa-lo mesmo lugar (*A dama de picas*).

Neste caso, atopámonos ante un cambio no uso particularmente intrigante e impredicible: unha combinación de palabras que xa estaba adaptada á lingua volveu á forma de partida, imitando o orixinal na outra lingua. A existencia na lingua actual da colocación sinónima *навязчивая идея* [*idea impertinente/insistente*, 'idea insistente, fixa'] contribúe a que a situación sexa aínda máis complexa.

Un caso de desviación da norma actual parcialmente diferente constitúeo o GN *игрецкий дом* [/igretskii dom/ *casa de xogo*], véx. (86), exemplo onde tampouco se utiliza dun xeito estándar o adxectivo *открытый* [*aberto*], que neste caso se refire a 'de acceso público, aberto ó público'. A anomalía desta colocación que caeu en desuso ó ser desprazada pola combinación de palabras *игорный дом* [/igornii dom/ *casa de xogo*[372]] non se explica só por restricións de uso relativas á combinabilidade, senón tamén polo carácter singular da palabra *игрецкий* [*de xogo*] na lingua actual[373]. Así mesmo, a combinación de palabras *банковый билет* [/bankovii bilet/ *billete bancario*] nos contextos (87) e (88) en certo sentido lembra o exemplo (86), pois o adxectivo *банковый* [/bankovii/ *bancario*] foi desprazado polo adxectivo *банковский* [/bankovskii/ *bancario*[374]]. Estritamente falando, neste caso —aínda en maior medida ca en (86)— trátase de procesos de formación de palabras. Estes casos pódense incluír no ámbito da fraseoloxía unicamente a consecuencia da singularidade do compoñente

[371] É interesante que *чистые деньги* [*cartos limpos*, 'efectivo, contante'] claramente non é a única colocación non-estándar (dende o punto de vista do uso actual) co compoñente de apoio *деньги* [*cartos*] utilizada na lingua literaria do século XIX. Comp. *ходячие деньги* [*cartos andantes*, 'cartos en efectivo'] n'*O idiota* de Dostoievski: *И, однако, все-таки сто тысяч* ***ходячими деньгами****, о которых мимолетно, насмешливо и совершенно неясно намекнула Настасья Филипповна, успели составиться, за проценты, о которых даже сам Бискуп, из стыдливости, разговаривал с Киндером не вслух, а только шепотом* [*E, porén, aínda así, os cen mil* ***cartos andantes****, ós que de maneira rápida, burlonamente e sen ningunha claridade aludira Nastasia Filippovna, chegaron a formarse cunhas porcentaxes sobre as que o propio Biskup, pola vergoña, falaba con Kinder non en voz alta, senón só cun susurro*].

[372] N. do t.: Expresión que contén un adxectivo para indicar 'de xogo' diferente da anterior.

[373] Sinalaremos que a palabra *игорный* [*de xogo, relativo ó xogo*] tamén presenta na lingua literaria actual unha combinabilidade extremadamente reducida; comp. MAS. Isto permite considerar que tanto *игрецкий дом* [/igretskii dom/ *casa de xogo*] coma *игорный дом* [/igornii dom/ *casa de xogo*] forman parte das colocacións fixas.

[374] N. do t.: Trátase doutra forma léxica derivada da palabra 'banco'.

adxectival:

(86) El quería arrincarlle un tesouro á engaiolante fortuna nas ***в открытых игрецких домах*** [*casas de xogo abertas de París*] (*A dama de picas*).

(87) Hermann tirou do peto un ***банковый билет*** [*billete bancario*] [...] (*A dama de picas*).

(88) Chakalinskii barallou. Hermann colleu unha carta e púxoa na mesa, tapándoa cunha morea de ***банковых билетов*** [*billetes bancarios*] (*A dama de picas*).

Parece ser que no uso se rexeitou o método de formación de adxectivos a partir de substantivos co sufixo -*ов*- [/-ov-/] (o cal é perfectamente estándar e produtivo) e que se preferiu a forma *банковский* [/bankovskii/] debido a causas de carácter semántico. Na lingua actual é máis habitual que o sufixo -*ск*- [/-sk-/] (usado xunto co interfixo -*ов*- [/-ov-/] despois dalgunhas raíces que sofren derivación con acumulación de consoantes a final de palabra) forme adxectivos a partir de substantivos que designan institucións sociais, comp. *приходской* [/prighodskoi/ *parroquial*], *университетский* [/universitetskii/ *universitario*], *заводской* [/zavodskoi/ *de fábrica*], *парламентский* [/parlamentskii/ *parlamentario*] e *думский* [/dumskii/ *relativo á Duma*]. Os adxectivos derivados de substantivos por medio do sufixo -*ов*- [/-ov-/] na maioría dos casos designan «algo xeral, non concretado con respecto á raíz produtiva da que derivan»: *вкусовой* [/vkusovoi/ *relativo ó sabor/ó gusto*], *банановый* [/bananovii/ *relativo ó plátano, de plátano'*], *абрикосовый* [/abrikosovii/ *relativo ó albaricoque, de albaricoque'*] (Земская 1999a: 349). Compárese *парковая ограда* [/parkovaia ograda/ *valado dun parque*] (neste caso é imposible **парковская ограда* [*/parkovskaia ograda/]) e a posible combinación de palabras *зоопарковский служащий* [/zooparkovskii slújaxchii/ *empregado do zoolóxico*] (non sen obxeccións estilísticas, pero totalmente admisible). Ó parecer, na lingua da época de Púxkin estas funcións dos sufixos -*ск*- [/-sk-/] e -*ов*- [/-ov-/] aínda non foran especificadas.

10.4.3.3. Casos especiais. O GN *долговременная опытность* [*experiencia de longa duración*, 'grande experiencia da vida'] en (89), parecida ás colocacións examinadas na sección 10.4.3.2, non pertence, estritamente falando, nin á combinabilidade léxica nin á fraseoloxía, xa que nesta combinación de palabras, por unha banda, ningún dos dous compoñentes se corresponde co uso actual e, pola outra, non ten fixación nin idiomaticidade abondo.

(89) A súa ***долговременная опытность*** [*experiencia de longa duración*] fixoo merecedor da confianza dos seus camaradas [...] (*A dama de picas*).

Hoxe en día nesta situación utilízase algo coma *многолетний опыт* [*experiencia de moitos anos*][375] e resulta difícil dicir cal dos compoñentes cambiou a súa

[375] Na prosa de Púxkin tamén se atopan outros usos da palabra *опытность* [*experiencia, habilidade*]: ***Опытность*** *давала ему перед нами многие преимущества* [*A* ***experiencia*** *dáballe moitas vantaxes fronte a nós*] (*O disparo*, Выстрел). En conxunto, dá a impresión de que os substantivos co sufixo -*ность* estaban moito máis estendidos ca hoxe, comp. tamén *доверенность* [*confianza*] (en lugar de *доверие*, variante actual desa palabra, sen o sufixo –*ность*) no contexto que estamos a tratar.

combinabilidade. Por outra banda, o GN *порошковые карты* [*cartas de po*, 'cartas trucadas/marcadas para facer trampas no xogo'], en (90), estudámolo neste grupo de casos especiais por outras causas:

(90) —Unha coincidencia! —dixo un dos invitados. —Iso é un conto! —sinalou Hermann. —Pode ser que sexan ***порошковые карты***? [*cartas de po?*] —engadiu un terceiro (*A dama de picas*).

Esta combinación de palabras non caeu en desuso nin porque os lexemas que forman parte da súa estrutura cambiasen a súa combinabilidade nin tampouco porque se percibise que a combinación no seu conxunto non correspondía ás normas de uso actuais, senón porque o elemento culturalmente específico designado desapareceu: *порошковая карта* [*cartas de po*] 'carta utilizada por estafadores e que está marcada cun punto feito por medio dun po especial' (SIAP). Así, poderíase afirmar que se debe a razóns históricas. Aínda que esta combinación de palabras no século XIX era fixa e, aparentemente, non-idiomática, dende o punto de vista do uso actual ten lugar a imaxe oposta: en tales casos non se debe falar de fixación, pois no uso non se observan combinacións deste tipo, pero en cambio debido ó alto grao de opacidade, así coma por analoxía coa colocación *крапленая карта* [*carta marcada*, 'carta trucada/marcada para facer trampas'], a combinación de palabras *порошковая карта* [*cartas de po*, 'cartas trucadas/marcadas para facer trampas'] percíbese coma unha expresión idiomática, é dicir, un *todo* léxico.

Como certo tipo de historicismo tamén se pode considera-la combinación de palabras *закладывать карету* [*mete-la carroza*, 'engancha-la carroza'], bastante frecuente na literatura do século XIX. Esta combinación de palabras quedou anticuada a causa da desactualización do correspondente elemento culturalmente específico e porque designa unha acción bastante exótica hoxe en día.

Ademais das colocacións-historicismos, n'*A dama de picas* tamén se atopan colocacións-arcaísmos, é dicir, combinacións fixas de palabras que no seu conxunto se perciben coma anticuadas, aínda que o seu significado segue a ser actual hoxe en día. Comp. *надобно знать, что...* [*cómpre saber que...*] en (91):

(91) ***Надобно знать, что*** [*cómpre saber que...*] a miña avoa, hai sesenta anos, foi a París e foi moi popular aló (*A dama de picas*).[376]

A utilización desta combinación fixa de palabras non é característica do ruso moderno. Cunha función semellante utilízanse expresións coma *дело в том, что...* [*o asunto está en que*, 'o que acontece é que']. O carácter pouco usual da forma *надобно знать, что...* [*cómpre saber que*] non se explica, así e todo, polas particularidades da combinabilidade léxica do adverbio ruso *надобно* [*cómpre*] co verbo *знать* [*saber*], pero distínguese por ese mesmo motivo dos fenómenos estudados nas seccións 10.4.3.1 e 10.4.3.2.

[376] O contexto (91) contén outra desviación máis das normas actuais: *бабушка* [...] *была там в большой моде* [*a miña avoa* (...) *estivo alí en gran moda*, 'foi moi popular alí']. Para casos semellantes de combinabilidade non-estándar, véxase Добровольский 2001.

10.4.4. Características específicas da utilización das UUFF

Convén analizar de maneira particular as características específicas da utilización das UUFF que se atopan n'*A dama de picas*. É interesante destacar que, a diferenza das colocacións, a gran maioría das UUFF na prosa literaria de Púxkin, sobre todo n'*A dama de picas*, percíbense coma totalmente actuais. O seu uso non se desvía das normas actuais nin debido a parámetros semánticos nin a pragmáticos. Parece evidente que en certa medida isto está relacionado co feito de que, a diferenza de moitos predecesores e contemporáneos seus, Púxkin no momento da creación das súas obras practicamente non utilizou UUFF dialectais ou arcaicas. Así mesmo, as modificacións non-estándar dos fraseoloxismos tampouco son características da prosa de Púxkin (a diferenza, por exemplo, da prosa de Dostoievski), véx. para máis detalles Федоров 1973: 95-112. Deste xeito, pódese supoñer que, ó utilizar UUFF, Púxkin optou conscientemente polo uso do seu tempo, o que —como quedou claro— permaneceu invariable. Neste contexto son particularmente perceptibles os usos de UUFF coma a que aparece no exemplo (92):

(92) Pense que vostede é vello e xa non ha de vivir moito; eu estou disposto a ***взять грех ваш на свою душу*** [*toma-lo seu pecado á miña alma*, 'facerme responsable moral do erro cometido por vostede'] (*A dama de picas*).

Ó comparar este contexto coa UF *взять грех на душу* [*tomar un pecado á alma*, 'facerse responsable moral dun erro cometido'], de uso común hoxe en día, chama a atención ante todo a modificación formal desta UF: a introdución dos adxectivos posesivos *ваш* [*seu* (de vostede/s)] e *свою* [*miña*] (neste caso) na súa estrutura. Esta modificación fai que a UF se lea cun significado algo diferente (en comparación ó actual), é dicir, coma a acción de 'facerse responsable ante Deus do incumprimento dos mandamentos cristiáns cometido por outra persoa'. Dende a perspectiva dun lector actual conséguese un efecto semántico adicional (e, consecuentemente, artístico) mediante as asociacións do contexto (92), no cal a combinación de palabras *грех ваш на свою душу* [*tomar un pecado á alma*], como se pode ver, non se interpretou en absoluto coma a correspondente UF actual[377]. É moi difícil dicir algo máis concreto sobre isto, xa que a expresión *взять грех на душу* [*tomar un pecado á alma*] non se volve atopar nos textos de Púxkin (incluídos os xornalísticos e a correspondencia) nin unha soa vez máis.

No contexto (93) a UF *час от часу* [*de hora a hora*, 'cada vez (máis/menos...)'] percíbese dende o punto de vista do uso actual coma non totalmente axeitada. Hoxe en día neste contexto diriamos *раз от разу* [*de vez a vez*, 'cada vez (máis/menos...)'] ou

[377] Comp. un contexto de uso actual desta UF: *Посочувствовали мы ему, погоревали, да делать нечего. Расстались мирно. Двухнедельное пособие выдали, характеристику хорошую. А про этот недостаток ничего не написали, скрыли,* ***взяли грех на душу****. Может, у него это еще пройдет – зачем парню биографию калечить?* [*Compadecémonos del, aflixímonos con el, pero non había nada que facer. Separámonos pacificamente. Déronlle un subsidio de dúas semanas e mais boas referencias. E sobre aquel defecto non escribiron nada, ocultárono,* ***tomaron o pecado á alma****. Se cadra iso aínda lle ha de pasar: para que estragarlle a biografía ó rapaz?*] (A. Kanevskii. *O axitador da tranquilidade*, Возмутитель спокойствия).

день ото дня [*de día a día*, 'cada vez (máis/menos...)']:

(93) [...] e as súas anotacións facíanse ***час от часу*** [*de hora a hora*] máis longas e tenras (*A dama de picas*).

Neste caso, atopámonos ante un uso desta UF moi característico da lingua de Púxkin. A expresión *час от часу* [*de hora a hora*, 'gradualmente, cada vez (máis/menos)'] atópase nos textos de Púxkin bastante a miúdo, tanto co significado co que se coñece hoxe en día (94-97) coma cun significado máis xeral (na actualidade xa perdido): 'cambio gradual no tempo, non limitado por fragmentos comparables á duración dunha hora' (98-101). É posible que este uso da UF *час от часу* estivese relacionado co feito de que a palabra *час* [*hora*] daquela se utilizaba máis ca na actualidade co significado de 'certo intervalo de tempo'. Hoxe en día en contextos coma os dos exemplos (98-101) utilizaríase sobre todo a UF *день ото дня* [*dun día a día*, 'cada día máis/menos']. Tamén se atopan contextos ambiguos, nos cales é difícil determinar cal dos dous significados é o que ten en conta o autor (102):

(94) A cervexa corría. Iurko comía por catro; Adrián non lle quedaba detrás; as súas fillas sentían vergoña; a súa conversa en alemán facíase ***час от часу*** [*de hora a hora*] ruidosa (*O fabricante de cadaleitos*, Гробовщик).

(95) O cocheiro saltou, pero seguía a mirar cara ó leste. Os cabalos corrían rapidamente. Mentres tanto, o vento facíase ***час от часу*** [*de hora a hora*] forte (*A filla do capitán*, Капитанская дочка).

(96) «Meu señor, cometiches unha falta [...]; por iso has ser castigado, obrigado a beber *unha copa de grande aguia*»[378]. Korsakov sorprendíase ***час от часу*** [*de hora a hora*]. Nun minuto os invitados arrodeárono, esixindo ruidosamente o cumprimento inmediato da lei (*O pillabán de Pedro o Grande*, Арап Петра Великого).

(97) Entrementres, a saúde de Andrei Gavrílovich empeoraba ***час от часу*** [*de hora a hora*]. Vladímir previu a súa pronta destrución e non se afastaba do vello, que se convertera totalmente nun neno (*Dubrovksii*, Дубровский).

(98) Tempo non, príncipe. Ti tardas, e mentres tanto / a fidelidade dos teus secuaces queda conxelada, / o perigo e as dificultades ***час от часу*** [*de hora a hora*] / fanse máis perigosos e difíciles [...] (*Borís Gadunóv*, Борис Годунов).

(99) No meu maxín os anos que pasaron / son ***час от часу*** [*de hora a hora*] escuros, máis escuros; / pero esta canción espertou / nun lugar profundo da miña memoria (*Xitanos*, Цыгане).

(100) Agora a Academia está a prepara-la terceira edición do seu Dicionario, cuxa distribución se está a facer ***час от часу*** [*de hora a hora*] imprescindible. A nosa fermosísima lingua tende a caer baixo a pluma de escritores iletrados e

[378] N. do t.: Castigo imposto por Pedro o Grande.

pouco hábiles. As verbas defórmanse. A gramática cambaléase (Obras críticas e xornalísticas de Púxkin).

(101) Os días e os meses pasaban e o namorado Ibraguim non se daba decidido a deixárlle-la muller seducida. A condesa atábase a el ***час от часу*** [*de hora a hora*] (*O pillabán de Pedro o Grande*, Арап Петра Великого).

(102) O paso de Europa a Asia faise ***час от часу*** [*de hora a hora*] perceptible: desaparecen os bosques, os outeiros aplánanse, a herba faise máis mesta e amosa a maior forza da vexetación; aparecen paxaros descoñecidos nos nosos bosques; as aguias están pousadas enriba de bloques de terra indicando un gran camiño, como se estivesen en garda, e miran con orgullo o viaxeiro [...] (*Viaxe a Arzrum*, Путешествие в Арзрум).

Tradicionalmente, nas investigacións sobre fraseoloxía, en principio clasifícanse coma UUFF os xiros comparativos fixos coma *глуп как пробка* [*parvo coma unha cortiza*, 'moi parvo'], sobre todo se a comparación non está motivada (para máis detalles, véx. o capítulo 1). Dende este punto de vista, merece atención a construción comparativa *трепетать, как тигр* [*tremer coma un tigre*, 'tremer moito'] que aparece no contexto (103):

(103) Hermann ***трепетал, как тигр*** [*tremía coma un tigre*], mentres esperaba o momento asignado (*A dama de picas*).

Esta construción comparativa non se corresponde coas normas do uso actual. Dado que o material do que dispoñemos non permite emitir un xuízo sobre a frecuencia de uso deste xiro, non temos fundamentos para consideralo unha UF. Noutras palabras, non sabemos ante que nos atopamos: é unha figura da fala do autor ou é un xiro fixo coma elemento do sistema léxico (o que, por certo, é menos probable)?

Independentemente disto, é interesante sinalar que o carácter non-estándar desta locución se explica non tanto polas particularidades combinatorias dos lexemas coma pola posibilidade de relacionala cun modelo do mundo diferente do actual. A primeira vista, nas construcións comparativas deste tipo atopámonos diante dunha combinación léxica, xa que a elección do *comparatum* é arbitraria e teoricamente pode variar moitísimo. A única restrición semántica é a presenza dun compoñente común de significado no *comparatum* e no *comparandum*[379]. Aínda así, non sería moi correcto describir este caso e os semellantes dentro da dinámica da combinabilidade léxica, xa que a lingua rusa actual carece dunha combinación fixa co verbo *трепетать* [*tremer*], é dicir, non se pode afirmar que un determinado lexema cambiase a súa combinabilidade de uso.

[379] Con todo, este aspecto en común non é obvio. Así, no exemplo (103) segue a estar pouco claro por que se escolleu precisamente *тигр* [*tigre*] como portador prototípico do trazo «tremer». Consecuentemente, aquí (igual ca noutras construcións comparativas fixas) non se trata dun trazo ontolóxico do *comparatum*, senón dunha característica que se lle atribúe metaforicamente.

10.4.5. Interpretación dos resultados

Na lingua da prosa literaria de Púxkin a combinabilidade léxica, en particular o conxunto das colocacións, é o campo no que dende o momento da creación destas obras tiveron lugar os cambios máis perceptibles. Dende un punto de vista lingüístico, isto explícase polo feito de que a combinabilidade léxica, a diferenza da semántica, está motivada non tanto polas regras de conxunción de significados coma polo uso. Non obstante, o uso, por definición, é impredicible e invariable. Así, os fenómenos baseados no uso (entre os cales se inclúe, sobre todo, a combinabilidade léxica) son os que están «ensamblados» con menos rixidez no sistema da lingua. Co paso do tempo, poden cambiar, sen exercer influencia ningunha no funcionamento do sistema lingüístico no seu conxunto. Con isto explícase por que a comprensión das obras de Púxkin, cuxa lingua amosa diferenzas considerables con respecto ás normas de combinabilidade válidas hoxe en día, non comporta practicamente ningunha dificultade para o lector actual.

Aínda que as normas de combinabilidade léxica en principio posúen a capacidade de variar, en cada sección sincrónica concreta resultan relativamente fixas. Así, as colocacións na lingua actual son formacións moi estables; non só opoñen resistencia á variación dos seus compoñentes, senón que con frecuencia tamén conservan na súa estrutura elementos únicos, comp. *радость обуяла* [*a ledicia apoderouse (de alguén)*], *закадычный друг* [*amigo íntimo*], *заклятый враг* [*inimigo xurado*], *проливной дождь* [*choiva que cae penetrando*, 'ballón, chuvieira'][380]. A fixación sincrónica das colocacións obsérvase sobre todo dentro da norma literaria. Fóra dela, nas linguas cunha tradición literaria aínda non consolidada, nos dialectos e falas locais, a variabilidade e a mobilidade no ámbito das combinacións léxicas son substancialmente máis altas.

Neste sentido, pódese falar de dúas tendencias opostas na combinabilidade léxica: variabilidade admisible (en principio) vs. estabilidade do uso. A singularidade do período ó que pertencen as obras de Púxkin radica en que as normas de combinabilidade léxica, na forma na que se coñecen hoxe en día, estaban en proceso de formación. A maioría das colocacións presentes nos textos daquel tempo, ó parecer, eran calcos directos do francés[381]. Moitas delas conserváronse con aquela forma ata os

[380] Por outra banda, aquí tamén se poden atopar exemplos dunha dinámica determinada. Compárese a observación de E. A. Zemskaia (Земская 1999б: 239-340), segundo a cal a colocación *ставить вопрос* [*poñer unha pregunta*] se atopa na fala da primeira vaga de emigrantes, en lugar de *задавать вопрос* [*dar unha pregunta*], que é o habitual hoxe en día. Resulta interesante que o dicionario de Uxákov tamén trate estas expresións como sinónimos plenos, aínda que na lingua actual a expresión *ставить вопрос* [*poñer unha pregunta*] con este significado está claramente marcada estilisticamente. Así, nalgúns casos as normas no ámbito das colocacións cambian literalmente diante dos nosos ollos, o cal, non obstante, non anula a estabilidade que nun principio teñen as colocacións, a súa resistencia a substitucións léxicas libres. Por exemplo, o xiro *делать вопрос* [*facer unha pregunta*], utilizado tanto por Púxkin coma por autores posteriores (Lev Tolstoi e A. I. Kuprin incluídos) é totalmente imposible na lingua actual.

[381] Nalgúns casos, non obstante, é bastante difícil distingui-los calcos das formacións propias. «Por exemplo, que é *имею честь* [*teño o honor*]: unha formación xurdida dentro do ruso ou un calco do francés *j'ai l'honneur*?» (Гак 1999: 269). Sinalaremos que neste caso, de tódolos xeitos, o máis probable é que nos atopemos diante dun calco.

nosos días; outras coma *делать вопросы* [*facer preguntas*] foron modificadas.

O seguinte exemplo pode servir para ilustra-la flexibilidade das normas de combinabilidade daquel tempo. Na *Carta de Karamzin a Dmitrii* aparece a combinación de palabras *я беру участие в твоем горе* [*eu collo participación na túa pena*, 'eu comparto a túa pena'] (véx. Виноградов 1935: 208), mentres que na prosa literaria de Púxkin a colocación *брать участие* [*coller participación*, 'participar, tomar parte'] non se atopa nin unha soa vez. Pola súa parte, a colocación que segue as normas de uso actual *принимать участие* [*tomar participación*, 'participar, tomar parte'] atópase cinco veces, tanto cos dous significados coñecidos hoxe en día de 'participar' e de 'ter compaixón, compartir', coma co significado próximo a 'favorecer, cooperar'; 'estar interesado'; comp. (104-106):

(104) Pero o champaña apareceu, a conversa animouse e todos ***приняли участие*** [*tomaron participación*] nel (*A dama de picas*).

(105) En varias ocasións atopeina chorando. Iso non me sorprendeu; eu sabía ata que punto ***участие принимала*** [*tomaba participación*] dolorosamente no destino do sufrimento do noso país (*Roslavlev*, Рославлев).

(106) Charskii foi un dos primeiros en chegar. El ***принимал участие*** [*tomaba participación*] en gran medida no éxito da representación e quería ve-lo improvisador para saber se estaba contento con todo (*Noites exipcias*, Египетские ночи).

Dende un punto de vista lingüístico, o máis interesante é intentar responde-la pregunta de onde radica a causa de tales cambios. Naturalmente, calquera intento de explicación neste campo pode levar unicamente á construción de hipóteses máis ou menos probables, que, ó seren reflexións *post factum*, non predín o comportamento posterior do uso. Neste sentido, é perfectamente admisible unha posición segundo a que, en principio, non se aborden as cuestións relativas ás causas dos cambios da combinabilidade léxica. Non obstante, mesmo de estarmos ante unha norma non completamente asentada, terían que existir algunhas causas que explicasen a elección de alternativas preferentes en cada caso concreto. Por que, por exemplo, na colocación *брать участие* [*coller participación*] nalgún momento se substituíu o verbo *брать* [*coller*] por *принимать* [*tomar*]? Ou mesmo se concibimos que estas formas existían de maneira paralela con aproximadamente a mesma validez, por que se reafirmou na lingua a alternativa *принимать участие* [*tomar participación*]?

A continuación, intentaremos formular algunhas suposicións xerais relativas ante todo ás colocacións con estrutura de tipo GV. En primeiro lugar, dá a impresión de que, a diferenza do francés, do inglés e do alemán, o ruso non prefire utilizar coma verbos funcionais verbos de semántica xeral de uso moi común, como é o caso dos ingleses *be*, *have*, *get*, *come*, *give*, *bring*, *take*, *put*, senón que prefire utilizar verbos cun ámbito de uso máis reducido. Así, no ruso hai moitas menos colocacións co verbo *брать/взять* [*coller*] ca no francés co verbo *prendre*, no inglés co verbo *take* ou no alemán co verbo

nehmen[382]. Isto pode explicar parcialmente que, mesmo se nunha primeira etapa, cando se tomaron prestadas do francés colocacións que contiñan, por exemplo, o verbo *prendre*, estas fosen traducidas por combinacións co verbo *брать* [*coller*], e posteriormente, na etapa da súa adaptación ó ruso, este verbo substituíuse por *принимать* [*tomar*].

En segundo lugar, en ruso atópanse varias colocacións que conteñen un compoñente único ou case único[383], por exemplo, *одержать победу* [*prevalece-la vitoria*], *возлагать надежды* [*depositar esperanzas sobre alguén/algo*], *причинять кому-л. боль/вред/хлопоты* [*causarlle a alguén dor/dano/problemas*]. Aínda que no *MAS* o verbo *причинить* [*causar, ocasionar*] se define coma un verbo con significado propio e non vinculado fraseoloxicamente a 'provocar, servir de causa de algo ou facer que algo o sexa', o seu uso real limítase practicamente ás colocacións indicadas. É posible que esta tendencia a utilizar medios lingüísticos non-estándar para expresar Oper explique a substitución de *попробовать* [*intentar*] por *попытать* [*probar*] na combinación de palabras *попытать счастья* [*probar sorte*] (véx. o exemplo 75). Resulta interesante que tanto a combinación de palabras de Púxkin *попробовать своего счастия* [*intenta-la miña sorte*] en (75) coma o seu equivalente actual *попытать счастья* [*probar sorte*] tamén se remonten ó francés *tenter sa chance*, é dicir, a preferencia do verbo *попытать* [*probar*] explícase por causas internas da lingua e non pola influencia doutra lingua. O verbo *попытать* [*probar*] con este significado é practicamente único. Ningún dos exemplos de uso deste verbo co significado «intentar» indicados no *MAS* é actual.

En terceiro lugar, tamén dá a impresión de que, no caso de haber alternativas dentro dun determinado invariante semántico, dáselle prioridade ó verbo no que estea menos acentuado o trazo dunha acción física, comp. *принимать ванну* [*tomar un baño*] vs. *брать ванну* [*coller un baño*]. Naturalmente, tamén é doado atopar contraexemplos coma *брать вину на себя* [*colle-la culpa para un mesmo*]. Neste caso, só se pode falar dunha tendencia pouco manifesta. Dun xeito semellante, o verbo *mettre* en combinacións coma *mettre son espérance/son espoir dans qn* poderíase traducir ó ruso coma *класть/положить* [*poñer*]; con todo, a combinación **класть/положить надежды на кого-л.* [**poñe-las esperanzas en alguén*] e outras semellantes a esta percíbense coma inadmisibles no ruso. A orientación cara ó «non físico» é actual, polo que parece, non só para a elección dos verbos funcionais, senón tamén para os outros compoñentes das colocacións cuxa función consiste na modificación semántica do

[382] Isto, naturalmente, non quere dicir que no ruso non haxa colocacións co verbo *брать* [*coller*]; comp. *брать на себя смелость* [*coller para si o valor*, 'armarse de valor'], *брать на заметку что-л.* [*coller algo na nota*, 'tomar nota de algo'], *брать на вооружение что-л.* [*coller algo no armamento*, 'tomar algo como arma'], *брать чью-л. сторону* [*colle-lo lado de alguén*, 'poñerse do lado de alguén'], *брать под защиту кого-л.* [*coller alguén baixo defensa*, 'defender alguén'], así como expresións baseadas na personificación de emocións, coma *зло берет* [*o mal colle (alguén)*, 'enfadarse'], *моска берет* [*o aburrimento colle*, 'que aburrimento!'], *досада берет* [*a irritación colle*, 'que rabia, que mágoa']. Sinalaremos, non obstante, que todas estas colocacións, polo tipo de relacións semántico-sintácticas entre o verbo e o substantivo, están construídas dunha maneira diferente ás arcaicas *брать/взять участие* [*coller participación*, 'tomar parte, participar'] ou *брать/взять ванну* [*coller un baño*, 'tomar un baño'].

[383] N. do t.: Refírese aos verbos das seguintes construcións.

substantivo de apoio expresado polo compoñente nominal. Compárese a colocación, actualmente en desuso, *неподвижная идея* [*idea inmóbil*] (exemplo (85)), onde a presenza dun significado espacial no adxectivo *неподвижный* [*inmóbil*] foi, supostamente, o que desempeñou un papel determinante na substitución do adxectivo *неподвижный* [*inmóbil*] por *навязчивый* [*impertinente, insistente*] ou pola palabra única no ruso *фикс* [*idea fixa*].

Ademais, no caso de existiren alternativas, é máis frecuente que como verbo funcional haxa un cunha estrutura morfolóxica complexa, por exemplo *возлагать* [prefixo /voz-/ (significado de movemento ascendente) + /lagat/ (poñer, colocar)] en lugar de *класть* [*poñer*]; *принимать* [*tomar*] en lugar de *брать* [*coller*], *задавать* [/zadavat/, prefixo /za-/ + *dar*] en lugar de *давать* [simplemente *dar*]; en xeral trátase da prefixación. Finalmente, á hora de elixi-lo verbo funcional, as tendencias de uso na lingua rusa semellan estar orientadas cara a unha «minimización da polisemia». Así, unha das posibles causas da substitución do verbo *полагать* [*poñer*] por *возлагать* [/voz/ + *poñer*] na combinación de palabras *возлагать надежды*[384] [*poñe-las esperanzas*] pode se-la causa de que en *полагать* se desenvolvera un significado totalmente diferente, o que impide que se entenda coma *mettre*. Compárese tamén a expresión de Púxkin *молчание царствовало* [*reinaba o silencio*] e a actual *молчание царило*[385] [*reinaba o silencio*]. Ámbalas dúas expresións teñen a súa orixe na expresión francesa *le silence règne*. A substitución de *царствовало* [/tsarstvovalo/ *reinaba*] por *царило* [/tsarilo/ *reinaba*] explícase, polo que parece, polo feito de que *царить*, a diferenza de *царствовать*, na actualidade non se utiliza co significado literal de 'ser tsar/emperador'. O significado principal deste verbo é 'ter lugar; estenderse; predominar, dominar'; comp. *где-л. царили уют и чистота* [*en algures reinaba a comodidade e a limpeza*], *царила атмосфера чего-л.* [*reinaba unha atmosfera de algo*], *царил консерватизм* [*reinaba o conservadorismo*], *царит полумрак* [*reinaba a penumbra*]. Tódolos exemplos de uso do verbo *царствовать* [*reinar*] con este significado que aparecen no *MAS* percíbense hoxe en día coma anticuados ou marcadamente figurados: *Всего более поражала меня тишина, которая безмятежно* ***царствовала*** *при таком многочисленном стечении зрителей; даже на сцене и за кулисами было тихо* [*O que máis me abatía era o silencio que* ***reinaba*** *tranquilamente nunha confluencia tan numerosa de espectadores; mesmo no escenario e entre bastidores había silencio*] (S. Aksákov. *Lembranzas literarias e teatrais*, Литературные и театральные воспоминания); *В гостиной* ***царствовала*** *некоторая натянутость* [*No salón* ***reinaba*** *certa tensión*] (V. Korolenko. *Os irmáns Mendel*, Братья Мендель). No século XIX ámbolos dous verbos se empregaban tanto co significado literal coma co derivado, o que, aparentemente, tamén explica a posibilidade de empregalos de maneira alternativa na estrutura dunha colocación daquela época.

---

[384] Sinalaremos que na semántica do verbo *возлагать* [*poñer* + 'voz'] está presente a idea física de acción. Así, as diferentes tendencias que explican a elección dos verbos funcionais poden entrar en contradición unhas coas outras.

[385] N. do t.: Véxase a nota 370.

En xeral, pódese afirmar que o ruso, á hora de elixi-lo verbo funcional (a diferenza do francés, do inglés e do alemán), prefire non emprega-lo conxunto estándar de verbos básicos cunha semántica o máis ampla posible, senón verbos máis específicos pola forma e/ou pola semántica; comp. o concepto de illamento léxico-semántico proposto por V. G. Gak (1977: 211-212). Así, o feito de recorrer ós textos da prosa literaria de Púxkin permite obter unha información complementaria que resulta interesante tanto dende un punto de vista hermenéutico como para resolver tarefas puramente lingüísticas, sobre todo para investiga-la natureza da combinabilidade léxica e a dinámica da fraseoloxía.

Capítulo 11. Características discursivas, estilísticas e temporais das UUFF

Un dos problemas máis serios da fraseoloxía actual é a diferenciación estilística das UUFF. Este problema tampouco se resolveu completamente no caso do léxico e o que acontece é que a maioría das características dos lexemas que tradicionalmente se describían coma estilísticas son bastante heteroxéneas e caracterizan o emprego do léxico en tipos concretos de discursos. Ademais, na concepción tradicional, as características léxicas reflíctense e reduplícanse na definición, e extrapólanse en parte fóra do que se describe coma significado léxico.

Iu. D. Apresián propuxo no *NOSS* un excelente enfoque para a diferenciación estilística do léxico, que require unha determinada revisión do sistema vixente de marcas estilísticas empregado polos dicionarios tradicionais. Este enfoque prevé a introdución de novas marcas coma *наррат.* [*narrativo*], *необиходн.* [*non-corrente*], *обиходн.* [*corrente*], *потенц.* [*potencial*], *разг.-сниж.* [*coloquial-informal*], *советск.* [*soviético*], *стил.* [*estilístico*] e *уходящ.* [*arcaico*]. Algunhas destas marcas teñen moi pouca relación coa fraseoloxía: por exemplo, a marca *потенц.* [*potencial*] engádese a aquelas formas gramaticais dunha palabra permitidas polo sistema da lingua e que, en cambio, non están fixadas no uso, mentres que a marca *стил.* [*estilístico*] se utiliza para lexemas arcaicos empregados coa finalidade de obter un efecto estilístico, é dicir, esta marca caracteriza os usos concretos dun lexema e non o seu status no sistema da lingua. Dado que o sistema de marcas que propoñemos posteriormente está orientado a dicionarios onde se representan características sistemáticas (é dicir, tipificadas) da fraseoloxía, neste caso é pouco axeitada unha descrición detallada das propiedades concretas do uso.

No caso da fraseoloxía, son potencialmente relevantes sobre todo marcas tales coma *разг.-сниж.* [*coloquial-informal*] e *обиходн.* [*corrente*] (que se corresponden aproximadamente na nosa concepción coa marca *снижен.* [*informal*]), así coma tamén *советск.* [*soviético*] (comp. as nosas marcas *совет.* [*soviético*] e *совидеол.* [*ideoloxía soviética*]). No relativo ás marcas *необиходн.* [*non corrente*] e *наррат.* [*narrativo*], que indican graos intermedios entre un estilo neutro de fala e un estilo literario ou narrativo, requiren unha diferenciación estilística tan sutil (apoiada fundamentalmente na intuición), que resultan practicamente inaplicables para o material fraseolóxico.

Coma a fraseoloxía no seu conxunto tende a ter un rexistro coloquial, nese caso os graos estilísticos máis altos resulta difícil diferencialos entre si. Para describi-lo material fraseolóxico, hai marcas de rexistro e discursivas abondo, coma por exemplo *высок.* [*elevado*], *книжн* [*literario*], *журн.* [*xornalístico*] e *нейтр.* [*neutral*] (*vide infra*). A marca *уходящ.* [*arcaico*], que indica lexemas arcaicos, tamén resulta problemática para a fraseoloxía, xa que o estrato da fraseoloxía arcaica non se distingue con demasiada claridade. É moi difícil avaliar de maneira obxectiva o proceso de «envellecemento» dos fraseoloxismos (aquel mediante o que se volven anticuados), en primeiro lugar porque unha parte considerable da fraseoloxía (a excepción, se cadra, das colocacións) é bastante individual e a miúdo é un atributo do estilo do autor ou unha particularidade do comportamento da fala dun grupo social e, en segundo lugar, porque a desaparición das UUFF do uso activo se produce con frecuencia con moita rapidez. As UUFF que aínda están vivas na fala da xeración máis vella de determinadas clases sociais reciben nos nosos dicionarios a marca *народн.* [*popular*].

O sistema de marcas que propón S. I. Lubenskaia no dicionario *REDI* merece especial atención coma un posible método para resolve-lo problema de describir nun dicionario a singularidade estilística das unidades fraseolóxicas. Este sistema non só reflicte os rexistros de estilo (de *elev* «elevado» a *vulg* «vulgar» e *taboo* «tabú»), as características temporais (de *obs* «arcaico» a *recent* «recente»), senón tamén marcas do carácter da fala, coma *humor* «humorístico», *impol* «descortés», *derog* «despectivo», así coma marcas que indican o tipo de discurso (*offic* «oficial», *lit* «literario», *folk poet* «popular-poético»). Con todo, mesmo un sistema de marcas tan ben desenvolvido resulta nalgúns casos insuficiente para delimita-las expresións que presentan características pragmáticas claramente incongruentes. Compárese, por exemplo, a UF *за семь верст киселя хлебать* [*ir comer kísel*[386] *a sete verstás*[387] *de distancia*, 'desprazarse a un lugar moi lonxe en balde, sen o resultado esperado'] e *на задворках* [*nos recantos dun patio interior (de algo)*, 'nun segundo plano, nunha posición secundaria']. Tanto unha expresión coma outra reciben no *REDI* a marca *coll* ≈ «coloquial». De maneira intuitiva, isto non é totalmente exacto, xa que a primeira destas expresións se percibe coma «popular», é dicir, posúe connotacións nacionais específicas (esa expresión, por exemplo, é pouco axeitada para textos traducidos doutras linguas), mentres que a segunda é, en realidade, simplemente coloquial.

Ademais, parece que a marca *folk poet* «popular-poético» non ten un valor práctico moi claro. Esta emprégase no *REDI* en contadísimas ocasións e utilízase con UUFF tales coma *в некотором царстве, в некотором государстве* [*en certo reino, en certo estado*, 'había unha vez'[388]]. É máis conveniente introduci-la marca *народное* [*popular*] e poñela naquelas expresións que amosan connotacións nacionais específicas, independentemente de se son percibidas coma elementos dunha poética folclórica (comp. *мать сыра земля* [*a terra húmida nai*, 'a terra'], *для милого дружка семь верст не околица* [*para un querido amiguiño sete verstás de distancia*

[386] N. do t.: Véxase a nota 31.
[387] N. do t.: Véxase a nota 71.
[388] N. do t.: Fórmula para comezar contos.

non son un valado, 'mesmo unha distancia moi longa parece curta cando se vai ver alguén querido'])[389], ou de se máis ben forman parte dun discurso coloquial tradicional «rural»: comp. *Федот, да не тот* [*Fedot, pero non ese*, 'a cousa ou persoa da que se está a falar ten as características dun grupo, pero non é exactamente idéntica']; *мели, Емеля, твоя неделя* [/meli, Emelia, tvoiá nedelia/ *Ti moe, Emelia, a túa semana*, 'indicación ó interlocutor de que pode seguir falando o que queira, pero ninguén o vai tomar en serio']; *ни в мать, ни в отца, а в проезжего молодца* [*(non parecido) nin á nai ó pai, senón a un mozo que estaba de paso*, 'algo non ten nada que ver con outra cousa]; *по усам текло, (а) в рот не попало* [*escorregou polos bigotes pero na boca non entrou nada*, 'quedar moi preto de acadar algo que se desexaba']; *раздать всем сестрам по серьгам* [*repartir pendentes a todas e cada unha das irmás*, 'normalmente dito dunha amoestación, unha crítica da que ninguén se salva, todos a reciben']; *на тебе, боже, что нам негоже* [*toma, Deus, o que a nós/a min non me vai*, 'acción, cousa totalmente innecesaria'] (exemplos do Tesouro).

É moi acertado marcar estas unidades por medio dunha indicación especial, sobre todo nos dicionarios bilingües, xa que tales expresións poden resultar estrañas na boca de persoas que non teñen o ruso coma lingua materna.

Está claro que o ámbito das marcas estilísticas representa o compoñente menos operacionalizable da descrición das unidades léxicas no dicionario. Practicamente calquera decisión que se tome neste campo está baseada na intuición do investigador, na súa experiencia lingüística individual, ou ben na tradición lexicográfica existente, por iso son pouco produtivas as discusións sobre se é correcto ou incorrecto poñer unha determinada marca en cada caso concreto. Agora ben, é evidente que hai que continuar buscando nesta dirección. Neste sentido, a concepción estilística do *REDI* é de grande interese, sobre todo en contraposición á tradición existente de marcación estilística das UUFF nos dicionarios. Posteriormente, ofrécese unha visión completamente diferente do sistema de marcas estilísticas dun dicionario fraseolóxico, que presupón un desprazamento do «punto de lectura»[390] do uso neutral que non se marca nunha descrición lexicográfica.

A complexidade da clasificación dos fraseoloxismos nun tipo estilístico determinado radica no feito de que a fraseoloxía en si mesma se distingue coma tal do léxico común a causa da súa elevada figuratividade, do papel que ten a forma interna e da dinámica continua que se manifesta tanto no cambio do conxunto dos fraseoloxismos coma na modificación da súa semántica. Isto significa que a modo de «punto de lectura» —o non marcado polo uso— no caso dos fraseoloxismos cómpre considera-la fala coloquial e non un estilo neutro oposto ós estilos informal e elevado da teoría clásica de estilos. Consecuentemente, no dicionario os fraseoloxismos coloquiais non deben recibir unha marca especial, mentres que os neutros, pola contra, si a requiren. A segunda particularidade do enfoque proposto aquí é a división das marcas estilísticas tradicionais na fraseoloxía en catro grandes grupos: marcas discursivas, estilísticas,

[389] A primeira destas expresións non está presente no *REDI* e a segunda ofrécese sen marca.
[390] N. do t.: Véxase a nota 133.

temporais e operadores de rexistro[391]. Tamén existen outras clasificacións das marcas estilísticas fundamentadas no emprego de diferentes escalas. Así, en Апресян 1995д: 307 distínguense sete escalas, algunhas das cales son interdependentes.

Marcas estilísticas. Na serie de marcas estilísticas empréganse tanto algunhas marcas tradicionais coma outras novas para a teoría da estilística e as súas aplicacións (incluídas as do dicionario):

- *высок.*: «elevado» (*пыль веков* [*o po dos séculos*, 'o paso do tempo'], *[да] минует/минет чаша сия (кого-л.)* [*que me pase esta cunca*, 'expresión de desexo do falante de que non lle aconteza algo negativo'], *с нами крестная сила* [*con nós a forza da cruz!*, 'expresión supersticiosa que se di cando un está asustado ou sorprendido']).

- *нейтр.*: «neutro» (*отчаянные головы* [*cabeza desesperada*, 'persoa moi atrevida, sen medo'], *вызвать огонь на себя* [*atrae-lo lume a un mesmo*, 'asumi-la culpa de algo, de xeito que o castigo, a crítica cae sobre un'], *на каждом шагу* [*a cada paso*, 'continuamente, en todas partes'], *знать себе цену* [*sabe-lo prezo para si mesmo*, 'ser consciente dos propios méritos, capacidades etc']).

- ausencia significativa de marca (*до победного* [*ata o vitorioso*, 'ata o momento de éxito final'], *как из пушки* [*como saído dun canón*, 'estar listo, chegar no momento xusto'], *медвежий угол* [*o recanto do oso*, 'lugar afastado, xeralmente pouco agradable']).

- *снижен.*: «informal» (*разлюли-малина* [*la-la-la–framboesa*, 'algo marabilloso, fantástico, inmellorable'], *метать икру* [*guindar caviar*, 'montar en cólera de maneira desmesurada, xeralmente de maneira inxustificada'], *я с тобой свиней вместе не пас, гуляй, Вася!* [*ti e mais eu non levámo-los porcos a pastar xuntos, vai a paseo, Vasia!*, 'fórmula do falante para desentenderse do oínte, deixando claro que non ten nada que ver con el']).

- *груб.*: «vulgar» (*в задницу* [*no traseiro*, 'expresión de ira'], *к свиньям собачьим* [*ós porcos dos cans*, 'expresión de ira']; *в дерьме [быть/сидеть/оказаться...]* [*na merda (estar/estar sentado/atoparse)*, 'atoparse nunha situación desagradable, complicada etc.'], *к едрене фене* [*ir/enviar á robusta 'Fenia'*[392], 'expresión para insultar alguén, para mostrarlle desprezo']).

- *неприл.*: «indecente» (*[сидеть...] не отрывая жопы* [*(estar sentado) sen arrinca-lo cu*, 'non moverse dun lugar, estar sentado quedo'], *ни бзднуть ни пёрнуть (где-л.)* [*nin botar un peido nin cagar un peido (en algures)*, 'non ter posibilidades de facer nada, de actuar']).

[391] No sentido de M. A. K. Halliday (Halliday, Hasan 1989).
[392] N. do t.: Véxase a nota 47.

- *неценз.*: «obsceno» (*х.. с маслом* [*carallo con manteiga*, 'nada de nada'], *к е... фене* [*ir/enviar... á robusta 'Fenia'*, 'expresión para insultar alguén, para mostrarlle desprezo']).

A marca *снижен.* [*informal*] non se refire a tódalas UUFF informais (pois tamén son informais os fraseoloxismos vulgares, os indecentes e os obscenos), senón que se refire a aquelas UUFF que, ó non seren nin neutras nin «nulas» (no sentido indicado con anterioridade), úsanse sobre todo en situacións dun estilo de fala máis informal en comparación ó estilo coloquial. De todas maneiras, non forman parte nin das expresións vulgares nin das indecentes ou obscenas. Deste xeito, a UF *с полпинка* [*con media patada*, 'algo é moi doado de facer, non require o mínimo esforzo'] percíbese coma informal en relación ó estándar coloquial, sen ser ó mesmo tempo nin vulgar nin, aínda menos, indecente ou obscena. Sinalaremos que as situacións nas que se usan as UUFF informais (coa marca *снижен* [*informal*] e outras de rexitro máis baixo) a miúdo presupoñen unha xesticulación que non resulta aceptable nunha comunicación regularizada, por exemplo a utilización da UF *ни бум-бум (кто-л. в чем-л.)* [*nin bum-bum (alguén, en algo)*, 'non saber nada de nada sobre algo'] vai con frecuencia acompañada de golpes característicos dos cotenos contra unha superficie plana (xeralmente contra unha mesa).

Marcas discursivas. As marcas *книжн.* «literario», *журн.* «xornalismo», *жарг.* «xerga», *совидеол.* «ideoloxía soviética», *народн.* «popular» e *прост.* «de fala simple» pódense denominar discursivas, pois non caracterizan un rexistro estilístico da lingua en sentido estrito, senón particularidades específicas dunha sublinguaxe concreta. Noutras palabras, estas UUFF forman parte do conxunto de prácticas discursivas de determinados ámbitos de emprego da lingua. Ademais da intuición, tamén hai probas formais da necesidade de distingui-las marcas discursivas coma tales. Para diferenciar unidades da lingua segundo o estilo e segundo o tipo de discurso utilízanse parámetros diferentes, aínda que interrelacionados. A comparación de dous córpora de textos —o Corpus de xornalismo actual e o Corpus de literatura— demostra que é doado atopar UUFF características da linguaxe xornalística, e tendo en conta as características propiamente estilísticas as UUFF poden ser moi diferentes: dende UUFF elevadas (coma *на закате дней* [*no solpor dos días*, 'ó final da vida de alguén']) a informais e 'de fala simple' (coma *Вася Пупкин* [*Vasia Pupkin*, 'alguén sen importancia ningunha, insignificante'] e *две большие разницы* [*dúas grandes diferenzas*, 'dúas cousas moi distintas']). Fronte a isto non é posible atopar UUFF específicas unicamente da lingua da prosa literaria. A explicación deste fenómeno radica en que o xornalismo se pode considerar un tipo particular de discurso, mentres que no caso da lingua da prosa literaria non é así. Esta última é individual de cada autor (e mesmo de cada obra) e reflicte diferentes tipos de discursos.

Á marca *прост.* [*de fala simple*] atribúenselle tradicionalmente dous significados nos dicionarios monolingües: 1) característica da fala de xente inculta e 2) característica dun rexistro estilístico máis baixo có *разг.* [*coloquial*]. No noso sistema, esta marca emprégase unicamente co primeiro significado (é dicir, caracteriza unha fala inculta ou unha utilización estílistica dela), por ese motivo aquí interprétase coma discursiva e

non coma de rexistro. Comp. UUFF tales coma *незнамо когда* [*descoñecido cando*, 'non se sabe cando'], *чаи гонять* [*perseguir/cazar tés*, 'pasar moito tempo a beber té'], *всю дорогу* [*todo o camiño*, 'continuamente, arreo'], *давать пешака* [*dar peón*, 'ir a pé, ir andando'], *хорошая мысля приходит опосля* [*a boa idea chega tarde*, 'as boas ideas chegan co tempo']. Sinalaremos que aínda que as marcas discursivas se combinan coas de rexistro, en particular son en teoría admisibles as combinacións «*Ø*[393] *прост.*» [«*Ø fala simple*»], «*снижен. прост.*» [«*inform. fala simple*»], «*груб. прост.*» [«*vulg. fala simple*»] etc., aínda que predominan as combinacións cun «cero estilístico»; así e todo, é difícil distingui-los casos «*снижен. прост.*» [«*inform. fala simple*»] dos «*Ø прост.*» [«*Ø fala simple*»]. No relativo ás UUFF que teñen as marcas de rexistro *груб.* [*vulgar*], *неприл.* [*indecente*], *нецензурн.* [*obsceno*], son tan expresivas polas súas características estilísticas que é difícil valoralas como pertencentes a un tipo particular de discurso.

A marca *журн.* «xornalismo» indica as UUFF que son características do xornalismo, que practicamente non se atopan na fala coloquial e moi raramente se atopan na literatura en contextos que non sexan humorísticos. Por exemplo, as UUFF *город на Неве* [*a cidade do Neva*, 'San Petersburgo'], *страна восходящего солнца* [*o país do sol nacente*, 'Xapón'], *карета скорой помощи* [*carroza de axuda rápida*, 'ambulancia'], *блюстители закона* [*os cumpridores*, 'a policía/os policías'] representan modelos de fraseoloxismos típicos do xornalismo. Xunto á marca *журн.* [*xornalismo*] tamén se utilizaba a marca tradicional *книжн.* [*literario*], que marcaba as UUFF características da lingua escrita en xeral e non unicamente as do xornalismo. Por exemplo, *рядиться в тогу* [*ataviarse nunha toga*, 'intentar pasar por alguén que un non é, xeralmente doutra clase social, movemento, escola de pensamento etc.'], *двуликий Янус* [*Xano de dúas caras*, 'persoa hipócrita']; *истина в последней/конечной инстанции* [*a verdade na instancia derradeira/final*, 'a auténtica verdade']. Esta mesma marca empregábase en relación a UUFF propias da linguaxe administrativa coma *в плане* [*en plano*, 'no sentido de'] e *в таком разрезе* [*nese corte*, 'dende ese punto de vista/esta óptica']. O uso de córpora de textos permitiu orientarse cara a parámetros puramente cuantitativos á hora de poñer marcas coma *журн.* [*xornalismo*] e *книжн.* [*literario*], é dicir, considera-la frecuencia de aparición relativa das UUFF.

O campo de acción da marca discursiva *совидеол.* [*ideoloxía soviética*] crúzase con frecuencia co campo de acción da marca temporal *совет.* [*soviético*] (que nestes casos é mellor omitir; de feito, non se atopa a combinación de marcas «*совидеол. совет.*» [*ideoloxía soviética-soviético*]). Tales cruzamentos son naturais, pois o tipo de discurso forma parte da historia. Non obstante, tamén pode ser que en varios casos as UUFF características da época soviética non leven ningunha carga ideolóxica. Algunhas desas UUFF reciben as marcas «*совет. журн.* [*soviético-xornalismo*]»; comp. *голубой экран* [*a pantalla azul*, 'a televisión'] e *[одна] шестая часть суши* [*(unha) sexta parte da superficie terrestre*, 'a URSS']. Como exemplos de expresións que recibiron a marca *совидеол.* [*ideoloxía soviética*] tamén poden servir UUFF coma *опиум для*

[393] Con este signo márcase o «cero estilístico» naqueles casos nos que se opón claramente ás outras marcas.

народа [*opio para o pobo*, 'a relixión'], *продажная девка империализма* [*prostituta do imperialismo*, 'a cibernética'] e *школа коммунизма* [*escola do comunismo*, 'sindicatos soviéticos']. A marca *жарг.* [*xerga*] engádese non só en UUFF coma *лепить горбатого* [*modelar un chepudo*, 'dicir cousas sen sentido, mentir'], *гнать дуру* [*perseguir unha parvada*, 'dicir estupideces, cousas sen sentido'], *склеить ласты* [*pega-las aletas*, 'morrer, espichala'] (nestes casos a marca *жарг.* [*xerga*] utilízase a miúdo en combinación coas marcas de rexistro *снижен.* [*informal*] e *груб.* [*vulgar*]), senón tamén con UUFF coma *груз 300* [*carga 300*, 'soldado ferido nun conflito militar'] e *коктейль Молотова* [*cóctel Molotov*], que se utilizan en xergas profesionais (neste caso na militar).

Nunha serie de UUFF tamén se utiliza a marca *народн.* [*popular*], a cal caracteriza expresións coma *ехать в Тулу со своим самоваром* [*ir a Tula levando o seu samovar*[394], 'levar algo completamente inútil']; *по усам текло, а в рот не попало* [*escorregou polos bigotes pero na boca non entrou nada*, 'quedar moi preto de acadar algo que se desexaba']; *знать свой шесток* [*coñece-la propia hasta*, 'coñece-lo lugar que lle corresponde a un']; [*семь верст*] *киселя хлебать (куда-л.)* [*ir comer kísel*[395] *a sete verstás*[396] *de distancia*, 'desprazarse a un lugar moi lonxe en balde, sen o resultado esperado'].

Operadores de rexistro. Ó grupo de operadores de rexistro pertencen as marcas *эвф.* («eufemismo») e *дисф.* («disfemismo»). Estas dúas marcas constitúen un tipo especial de marcas que caracterizan un cambio de forma da UF que leva ó seu desprazamento dun rexistro estilístico da fala a outro: ben elevando o rexistro (*эвф.* [*eufemismo*]), ben baixándoo (*дисф.* [*disfemismo*]). Tradicionalmente, tamén forman parte dos eufemismos as expresións que representan denominacións alternativas de entidades tabuizadas. No sentido estrito da palabra, os eufemismos deste tipo non son operadores de rexistro, pero, rendéndolle tributo á tradición, incluímolos dentro dunha soa marca e estudámolos xuntos. Así mesmo, a marca *эвф.* [*eufemismo*] caracteriza dúas clases principais de UUFF: 1) UUFF que se utilizan en lugar doutras obscenas e 2) UUFF que se utilizan en lugar das denominacións tabuizadas directas. Chamarémo-lo primeiro tipo de eufemismos «eufemismos do obsceno», e o segundo «eufemismos do tabuizado». Os eufemismos do obsceno son anáforas, no sentido de que remiten á correspondente expresión obscena que está presente na conciencia lingüística dos falantes, mentres que os eufemismos do tabuizado non posúen esta propiedade, xa que denominan dun xeito alternativo o concepto ou a *realia* tabuizados.

No sistema que nós propoñemos, a marca *эвф.* [*eufemismo*] utilízase en relación ós eufemismos do obsceno unicamente para aquelas UUFF que na conciencia do falante de ruso se asocien coas correspondentes expresións obscenas; esta expresión obscena percíbese como a principal e non coma unha variante inventada artificialmente. Por este motivo, por exemplo, a UF *пристать/прилипнуть как банный лист (к кому-л.)* [*estar pegado (a alguén) coma unha folla de baño*, 'impoñerlle a propia presenza a

[394] N. do t.: Aparato para ferve-lo té.
[395] N. do t.: Véxase a nota 31.
[396] N. do t.: Véxase a nota 71.

alguén de maneira molesta, non separarse de alguén'] está marcada coma *снижен.* [*informal*], pero non coma *эвф.* [*eufemismo*]. Fóra dos límites da fraseoloxía, pode servir de exemplo análogo o verbo *накрыться* [*cubrirse, taparse*] co significado de 'sufrir un fracaso, non ter lugar, romper' etc. Na conciencia dos falantes do ruso este verbo non se asocia a unha UF obscena, e por iso non se percibe coma eufemismo[397]. A marca *эвф.* [*eufemismo*] (coma eufemismo do obsceno) combínase a miúdo con marcas estilísticas, por exemplo, *[сидеть...] не отрывая задницы/зада* [*(estar sentado...) sen arrinca-lo traseiro/as pousadeiras*, 'non moverse dun lugar/estar sentado quedo'] – *груб. эвф.* [*vulgar eufemismo*].

Os eufemismos do segundo grupo (eufemismos do tabuizado) pertencen fundamentalmente ós taxons MORTE e SEXO, pois na cultura europea estes dous campos están tabuizados. Analicemos isto con exemplos do campo conceptual MORTE. Cómpre clasificar coma eufemismos as numerosas UUFF nas que se atopa unha redenominación da morte e dos fenómenos que a acompañan; é dicir, cómpre consideralas denominacións indirectas que en diverso grao suprimen a responsabilidade do falante con respecto ó dito, con respecto ó tratamento dese campo prohibido. Por outra banda, non tódalas denominacións indirectas —nin moito menos— neste campo semántico pertencen ó grupo dos eufemismos; non se poden considerar eufemismos aquelas denominacións indirectas nas que o concepto de MORTE e os fenómenos asociados a ela se transmiten por medio de situacións que provocan a risa: *сыграть в ящик* [*xogar ó caixón*, 'morrer, espichala], *склеить ласты* [*pega-las aletas*, 'morrer, espichala] ou *кеды выставить* [*poñer fóra os zapatos*, 'morrer, espichala]. Nestes casos, suprímese a tabuización da propia categoría MORTE. Unha forma interna que fai rir non presupón en absoluto que o falante queira librarse da responsabilidade de trata-la categoría tabuizada, senón o contrario: o desprazamento desa categoría ó campo da diversión, a súa «carnavalización» permítelle ó falante non preocuparse por posibles «sancións»[398]. Noutras palabras, a peculiar natureza de «talismán» dos eufemismos, típico do campo conceptual da MORTE, está ausente nas UUFF cunha forma interna que fai rir.

Iso mesmo tamén é válido para os eufemismos do tabuizado do campo conceptual do SEXO. Neste caso, as UUFF cunha forma interna que provoca risa tampouco se perciben coma eufemismos: *поставить на корягу (кого-л.)* [*poñer sobre un cepo (alguén)*, 'penetrar sexualmente alguén'], *поставить на четыре кости (кого-л.)* [*poñer sobre catro ósos (alguén)*, 'penetrar sexualmente alguén por detrás'], *гонять лысого* [*persegui-lo calvo*, 'masturbarse'], *натянуть (кого-л.) по самые помидоры* [*estirar (alguén) polos mesmos tomates*, 'penetrar sexualmente alguén de maneira forte/virulenta']. Outra cousa é que a natureza de «talismán» neste campo conceptual non sexa actual.

O segundo factor que inflúe no status dunha UF coma eufemismo do tabuizado é o grao

[397] N. do t.: Neste caso prodúcese un traslado de significado, pero non de carácter eufemístico, xa que o termo "eufemismo" só se utiliza ó falar de expresións obscenas.

[398] Como é sabido, o xogo de palabras permite neutraliza-los significados negativos e elimina-las prohibicións culturais con respecto ás entidades tabuizadas. Véxase neste sentido Бахтин 1990.

de convencionalidade da denominación. É sabido que co tempo os eufemismos perden a súa forza alegórica e acábanse tabuizando. Entre os exemplos deste tipo pódese incluí-la palabra *уборная* [*retrete, váter*], que se utilizaba coma eufemismo e despois foi substituída polo préstamo *туалет*[399] [*retrete*]. Compárese tamén a palabra *сортир* [*retrete, váter*] que, igual cá palabra *уборная* [*retrete, váter*], no seu día foi un eufemismo. No ámbito da idiomática forman parte dos fenómenos da deseufemización parcial as UUFF co compoñente *хер* [/gher/][400] as cales, sendo menos vulgares cás correspondentes UUFF obscenas, resultan considerablemente máis vulgares cás UUFF co compoñente *хрен*. [/ghren/ *rabo*].

Cando unha denominación indirecta se fai habitual, xa non se percibe coma un intento de evita-la denominación directa da entidade tabuizada. Por este motivo, as UUFF do campo da MORTE coma *отдать богу душу* [*darlle a alma a Deus*, 'morrer'], *господь прибрал (кого-л.)* [*o señor colleu canda si*, 'morrer'], *уйти в лучший мир* [*ir a un mundo mellor*, 'morrer'], *закрыть глаза навеки* [*pecha-los ollos para sempre*, 'morrer'] e *приказать долго жить* [*mandar vivir moito tempo*, 'morrer'] non se marcan coma eufemismos. En cambio, UUFF coma *груз 200* [*carga 200*, 'soldado morto nunha guerra'] e *черный тюльпан* [*tulipán negro*, 'avión que transportaba os soldados mortos e feridos de Afganistán á URSS'] pertencen ó grupo dos eufemismos, pois percíbense coma un intento de fuxir da denominación directa da entidade tabuizada polo feito de que nelas se utiliza unha nova designación inesperada.

A substitución eufemística implica con frecuencia non só un cambio dos parámetros pragmáticos, senón tamén consecuencias semanticamente impredicibles. Así, *послать... на букву «х»* [*mandar... á letra «x»*[401], 'mandar alguén á letra «c», mandar ó carallo'], *послать... на три буквы* [*mandar... ás tres letras*[402], 'fórmula de insulto'], *послать на хутор бабочек ловить* [*mandar ó casarío a cazar bolboretas*[403], 'fórmula de insulto'] son posibles unicamente en relación a nomes animados. Non se pode dicir, por exemplo, **послать работу на букву «х»/на три буквы/на хутор бабочек ловить* [**manda-lo traballo á letra «x»/ás tres letras/ó casarío cazar bolboretas*]. Resulta evidente que a imposibilidade de utilizar estas UUFF cun nome inanimado está relacionada co feito de que neste caso o eufemismo remite a un acto de fala de insulto e se se utilizan estas UUFF con denominacións de obxectos inanimados o insulto está ausente. É obvio que en tales casos as UUFF teñen que describirse coma lemas independentes.

En certo sentido, a marca *дисф.* [*disfemismo*] oponse a *эвф.* [*eufemismo*]. A primeira caracteriza aquelas UUFF que son obscenas ou vulgares e que se perciben coma derivadas de UUFF habituais da lingua literaria. Por exemplo, a UF *с гулькин х...* [*á medida do carallo dunha pomba*, 'moi pequeno, case nada'] percíbese coma derivada de *с гулькин нос* [*á medida do nariz dunha pomba*, 'moi pequeno, case nada']. Deste

[399] N. do t.: Préstamo do francés '*toilette*'.
[400] N. do t.: Compoñente que alude ao órgano sexual masculino, moi vulgar.
[401] N. do t.: Aquí, a letra «x» [/gh/] refírese ó pene, altamente tabuizado en ruso.
[402] N. do t.: As tres letras aquí refírense ó pene, altamente tabuizado en ruso.
[403] N. do t.: Xogo de palabras coa palabra que designa o pene.

xeito, as UUFF-disfemismos opóñense ós eufemismos do obsceno.

A marca *нейтр.* [*neutral*], introducida con anterioridade, describiuse coma puramente estilística. Sinalaremos, non obstante, que entre as marcas temporais e entre as marcas discursivas tamén hai unha especie de zona neutral. Así, no caso das temporais resultan neutrais as UUFF que non se asocian con determinadas restricións temporais e, no caso das discursivas, as UUFF neutrais son as que non forman parte de ningunha das sublinguaxes citadas. Ademais, é evidente que as marcas temporais e as discursivas constitúen un tipo de escala diferente das marcas estilísticas. As marcas estilísticas dispóñense nunha escala gradual entre os polos *высок.* [*elevado*] e *неценз.* [*obsceno*]. En contraposición a isto, as marcas temporais e discursivas supoñen unha serie de oposicións binarias, en cada unha das cales o membro marcado se opón ó neutral: *устар.* [*anticuado*] vs. *нейтр.* [*neutral*]; *журн.* [*xornalismo*] vs. *нейтр.* [*neutral*]; *жарг.* [*xerga*] vs. *нейтр.* [*neutral*]. O contido do concepto «neutralidade» no campo das marcas temporais e discursivas é diferente do do campo das marcas estilísticas, o que se explica pola diferenza na estrutura das correspondentes escalas. Así, se, no caso das marcas discursivas e temporais, *нейтр.* [*neutral*] se opoñía a outras marcas, no caso das estilísticas *нейтр.* [*neutral*], ó non ser un membro de oposicións binarias, ocupa o lugar dun dos significados do parámetro gradual entre «cero» e a marca *высок.* [*elevado*].

Do que acabamos de dicir dedúcese que o concepto de «neutralidade» non é puramente estilístico e, polo tanto, nunha notación exacta habería que utilizar tres marcas diferentes de *нейтр.* [*neutral*]: *нейтр.*$_1$ (relativo ó tempo), *нейтр.*$_2$ (para a descrición do estilo) e *нейтр.*$_3$ (para reflecti-las propiedades discursivas). Con todo, é obvio que isto dificultaría o emprego do dicionario, polo que no método de representa-la información de *нейтр.* [*neutral*] que nós seleccionamos utilízase de maneira sincrética: inclúese unicamente naqueles casos nos que a UF resulta neutral segundo as tres escalas. En consecuencia, *нейтр.* non se pode combinar con ningunha das outras marcas.

Esta notación ofrece unha solución intermedia: por unha banda, é cómoda para o lector, xa que non utiliza marcas coma *нейтр.*$_1$, *нейтр.*$_2$, *нейтр.*$_3$, pero por outra non é o suficientemente exacta, pois non permite diferenciar casos coma «estilisticamente neutral + xornalismo» e «ausencia significativa de marca + xornalismo». Sinalaremos, con todo, que estes casos son moi pouco habituais.

O sistema de marcación proposto caracterízase por complexas relacións semánticas e pragmáticas. Á hora de coloca-las marcas consideráronse algunhas destas relacións. Así, as marcas *книжн.* [*literario*] e *высок.* [*elevado*] son interdependentes: as UUFF características do discurso escrito empréganse na fala a miúdo en situacións que requiren un alto rexistro estilístico. En parte, tamén acontece o contrario, e por iso mesmo as marcas *книжн.* [*literario*] e *высок.* [*elevado*] non se empregan unha xunto á outra. Por outra banda, as marcas «de rexistro» *снижен.* [*informal*], *груб.* [*vulgar*], *неприл.* [*indecente*] combínanse libremente coa marca *эвф.* [*eufemismo*], pois a eufemización actúa sobre diferentes niveis estilísticos. As marcas discursivas tamén se combinan libremente coas de rexistro, comp. *держать за падло (кого-л.)* [*considerar*

(alguén) unha prea, 'desconsiderar, desprezar completamente alguén'] – *груб. жарг.* [*vulgar xornalismo*] ou *(чье-л.) место у/около/возле параши* [*o lugar (de alguén) está no/xunta o/a carón do retrete*, 'atoparse nunha situación humillante, degradante'] – *груб. жарг.* [*vulgar xornalismo*]. Tamén se atopan combinacións de marcas temporais con marcas discursivas (*пустить красного петуха* [*ceibar un galo vermello*, 'desafinar e soltar un ton agudo ó cantar'] – *устар. народн.* [*anticuado popular*]), así coma con marcas de rexistro (*почить в бозе* [*descansar en Deus*, 'morrer, deixar de funcionar'] – *устар. высок.* [*anticuado elevado*]).

Sinalaremos que as UUFF poden ter diferentes características estilísticas, segundo o significado co que se utilicen; comp. *сумасшедший дом* [*casa de tolos*] co significado de 'lugar de residencia e cura de tolos' pertence ás UUFF neutrais, mentres que co significado de 'desorde' pertence ás UUFF marcadas polo «cero estilístico», que na fraseoloxía corresponde a un rexistro de fala coloquial.

Nas características estilísticas dunha UF reflectidas nas súas marcas inflúe fundamentalmente o estilo dos compoñentes que constitúen a súa estrutura. Así, se polo menos un dos compoñentes é unha palabra obscena, toda a UF será percibida coma tal e recibirá a marca *неценз.* [*obscena*]. No caso das UUFF obscenas aplícase este principio, que tamén se utilizou á hora de poñe-la marca *народн*[404] [*popular*]. Con todo, a distribución das marcas estilísticas non vén determinada exclusivamente polas características estilísticas das palabras que funcionan coma compoñentes da UF. Por exemplo, é evidente que a UF *черт-те где* [*o demo onde*, 'ninguén sabe onde está algo/alguén'] non pertence ás UUFF informais e funciona coma un «cero estilístico», aínda que potencialmente o compoñente *черт* [*demo*] pode produci-lo efecto dunha informalidade estilística. Isto é característico daqueles casos nos que a forma interna da UF co compoñente en cuestión se percibe como viva. Así, a UF *черт принес (кого-л.)* [*o demo trouxo (alguén)*, 'expresión de desagrado cando se presenta alguén cuxa presenza é indesexada'] percíbese claramente coma informal. Sinalaremos que nin sequera o factor da forma interna viva se pode contemplar coma universal. No caso das UUFF cunha forma interna viva, o que pode influír na súa caracterización estilística é a presenza dun elemento humorístico na semántica e na situación descrita por esta forma interna. Así, na UF *как чертик/черт из табакерки* [*coma un demiño/un demo que sae dunha tabaqueira*, 'de súpeto, inesperadamente'], a forma interna reflicte unha situación humorística (enténdese o *чертик* [*demiño, demo pequeno*] como parte dun xoguete). Consecuentemente, esta expresión non se inclúe entre as UUFF informais.

Entre os factores que inflúen nas características estilísticas dunha UF tamén están a citabilidade da UF, a súa pertenza á tradición folclórica, ós contos, a rituais populares etc. Comp. a marca *народн.* [*popular*] para UUFF coma *при царе Горохе* [*na éproca do tsar Chícharo*, 'nun tempo moi afastado'], *было [и/да прошло] и/да быльём поросло* [*foi (e pasou) e creceu herba por riba*, 'algo rematou e pasou ó pasado'], *морковкино заговенье* [*para a véspera da coresma da cenoria*, 'nunca']. As características

[404] Comp. a discusión sobre os criterios de distribución das marcas estilísticas dos fraseoloxismos baseados nas características estilísticas das palabras que os compoñen en Федосов 1977; Проблемы 1996: 129.

estilísticas das UUFF (e non só das UUFF) non son en absoluto indiferentes á semántica «proposicional». Este aspecto semántico do estilo está mal estudado, aínda que cómpre prestarlle atención. Por exemplo, a descrición de características e trazos extremos pode ter como consecuencia que o rexistro estilístico da expresión en cuestión se vexa modificado. No taxon INTENSIFICADORES DO MALO, as UUFF neutrais están totalmente ausentes ó predominar marcas coma *снижен.* [*informal*], *груб.* [*vulgar*], *неприл.* [*indecente*]. Obsérvase un efecto análogo na utilización de tropos, de expresións figurativas etc. Como exemplo pode servi-la propia idiomática «desprazada», que se afasta da «norma» estilística.

A orde de sucesión das marcas nun lema vén determinada polo seu tipo: primeiro aparecen as temporais, a continuación as estilísticas e despois as discursivas. A marca *эвф.* [*eufemismo*] sempre se pon de última. Entre as marcas ponse unha coma se o que se ten en conta é que están vinculadas por unha relación de disxunción; por exemplo, a marca de ***со товарищи*** [*e compañía*, 'en compaña dos amigos'] *устар., журн.* [*anticuado, xornalismo*] indica que esta UF se utiliza ben coma anticuada, ben coma propia do xornalismo. Se as marcas están vinculadas por unha relación de conxunción, é dicir, se as dúas son simultáneas, entón entre elas non se pon a coma, por exemplo: ***голубой экран*** [*a pantalla azul*, 'a televisión'] *совет. журн.*[*soviét. xornalismo*].

Á hora de asignarlles unha marca estilística a aquelas UUFF que conteñen un compoñente obsceno que se pode omitir ou substituír por un eufemismo, utilízase unha forma que permite marcar estilisticamente cada variante. Citarémo-lo exemplo do formato do lema dunha UF deste tipo: ***груши околачивать*** *снижен* [*recoller peras a sacudidas*, 'non facer nada, lacazanear'] [*informal*]; ***х..м груши околачивать*** *неценз.* [*recoller peras a sacudidas co... carallo*, 'non facer nada, lacazanear'] [*obsceno*]; ***хреном груши околачивать*** *груб. эвф.* [*recoller peras a sacudidas co rabo (pene)*, 'non facer nada, lacazanear'] [*vulgar eufemismo*]. Nestes casos, non se pode aplicar unha nota entre parénteses coma ***[х..м/хреном] груши околачивать*** [*recoller peras a sacudidas (co... carallo/rabo)*]. Sinalaremos que mesmo naqueles casos nos que en tódalas variantes dunha UF representadas no mesmo lema coinciden as características estilísticas, as marcas adscribíronse a cada variante por separado. Isto vén ditado pola necesidade de separar estes casos daqueles lemas nos que algunhas variantes son un «cero estilístico» e, polo tanto, a ausencia de marcas resulta significativa.

Tamén se utilizou outro método para presenta-lo lema, relacionado coa variabilidade das características estilísticas: ***одна извилина, и та на жопе/заднице, причем не извилина, а прямая линия*** *(у кого-л.) неприл./груб.* [*(alguén ten) unha dobra no cerebro (e esa está no cu/traseiro, ademais non é unha dobra, senón unha liña recta)*, 'ser totalmente estúpido'] [*indecente vulgar*]. Vide supra o formato para representa-la variabilidade estilística coma en ***ссать/плевать... против ветра*** *неприл.* / Ø... [*mexar/cuspir... contra o vento*, 'facer algo malo que se volve en contra dun'] [*indecente* / Ø...]. Resulta conveniente esta maneira de presenta-la entrada ben polo feito de que o compoñente do que depende a descrición estilística da UF ten unha ampla marxe de variabilidade (comp. *ссать* [*mexar*], *плевать* [*cuspir*], *мочиться* [*ouriñar*] etc. *против ветра* [*contra o vento*]), ou ben porque o lema está fortemente cargado e a elección dunha forma de notación cunha enumeración das variantes da UF

por medio de punto e coma dificultaría de maneira inxustificada a comprensión desa entrada do dicionario. Nalgúns casos, as particularidades estilísticas dos compoñentes facultativos indícanse coa axuda de notas entre corchetes coma en ***поздняк метаться [, обвисли яйца]*** *жарг. [неприл.]* [*é tarde para moverse dun extremo a outro (, os ovos están caídos) xerga (indecente)*, 'ser demasiado tarde (ser incapaz de facer algo)'].

O emprego dunha barra oblícua (/) para reflecti-la variabilidade das marcas estilísticas crea determinadas dificultades naqueles casos nos que o campo de acción da barra non resulta inequívoco. Así, a UF *испугал ежа голой жопой/задницей* [*asustou o ourizo cacho co cu/traseiro espido*, 'esforzos inútiles para convencer alguén ou acadar algo cunha ameaza'] coa palabra *жопа* [*cu*] é indecente, mentres que coa palabra *задница* [*traseiro*] é vulgar e ó mesmo tempo un eufemismo. Neste caso, utilízase a notación *неприл./груб. эвф.* [*indecente/vulgar eufemismo*], que se podería entender erroneamente coma *неприл. эвф.* vs. *груб. эвф.* [*indecente eufemismo vs. vulgar eufemismo*], cando o que en realidade se quere dicir é *неприл.* vs. *груб. эвф.* [*indecente vs. vulgar eufemismo*]. Na maioría dos casos, é admisible esta polisemia da notación.

